

H O M E N A X E S



À PATRIA ENTEIRA

Homenaxe a
Xosé Ramón
Barreiro Fernández

EDICIÓN AO COIDADADO DE
X. L. Axeitos
Emilio Grandío Seoane
Ramón Villares

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
REAL ACADEMIA GALEGA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A PATRIA ENTEIRA

Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández

O tránsito cara à *jubilatio* dun profesor universitario é un momento ideal para facer un alto no camiño e convocar a colegas e discípulos a unha celebración especial, idea que mobilizou a persoas e institucións a promover, crear e editar este libro homenaxe ao profesor Xosé Ramón Barreiro Fernández.


Na biografía intelectual do homenaxeado sobrancean certas características que compre suliñar.

Trátase, ante todo, dun historiador vocacional e de raza, cunha obra publicada de enorme amplitude e calidade, que abrangue moitos eidos do saber histórico. Dende os anos oitenta, o seu labor de investigación deseña dúas grandes liñas de traballo. Dunha banda, a historia da vida política de Galicia, nomeadamente no século XIX –que o levou a indagar o proceso de formación das grandes correntes ideolóxicas e políticas da Galicia dos séculos XVIII e XIX–, a historia das eleccións parlamentarias, o funcionamento do caciquismo e as biografías dos principais líderes políticos. Doutra, a historia cultural e institucional, na que, tamén ao carón de moitos artigos especializados, compre salientar unha serie de publicacións sobre a historia da prensa e da imprenta en Galicia, en especial no século XIX, con resultados que están na liña de grandes estudosos como Soto y Freire ou Antonio Odriozola. De par deste inxente labor investigador, habería que situar a dedicación de Barreiro á alta divulgación da historia moderna e contemporánea de Galicia, coa redacción e edición de títulos que hoxe son referentes obrigados e indispensables. Como docente, e por máis que a docencia deixe escasas pegadas materiais, susceptibles de seren cuantificadas, de Barreiro fica en pé unha unánime imaxe que, a fin de contas, é a base do valor que máis se aprecia e menos se pode definir no mundo universitario: o prestixio.

Finalmente, a dimensión de Xosé Ramón Barreiro esténdese aínda a outro eido, que encaixa moi ben co abeiro institucional ao que se acolle este libro. Trátase da súa condición de ter sido un parceiro esencial de moitas institucións culturais galegas, desde os seus tempos mozos (Patronato Rosalía de Castro, Centro de Estudos Xacobeos) ata a época de plenitude vital e madurez intelectual, na que se incorporou ás primeiras institucións galegas, desde o Instituto de Estudos Galegos «Padre Sarmiento» –do que foi secretario nos anos 1979-1983–, ao Consello da Cultura Galega desde a súa creación en 1983 e, nomeadamente, á Real Academia Galega, na que ingresou en 1997 e da que é o seu presidente desde 2001.

Pero alén do universitario, do docente e do investigador, está o intelectual e cidadán consciente de que pertencer a unha cultura e a unha patria como Galicia comporta paixón e compromiso, vontade de adoptar un ideal, forza para defendelo e decisión de transmitila aos seus contemporáneos.

A patria inteira



A PATRIA ENTEIRA

HOMENAXE A
XOSÉ RAMÓN BARREIRO FERNÁNDEZ

Edición a cargo de
X. L. AXEITOS
EMILIO GRANDÍO SEOANE
RAMÓN VILLARES

2008
CONSELLO DA CULTURA GALEGA
REAL ACADEMIA GALEGA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



R40709

USC

huc 12/02/08

A patria enteira : homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández / edición a cargo de X. L. Axeitos, Emilio Grandío Seoane, Ramón Villares. — Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega : Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico ; A Coruña : Real Academia Galega, 2008. — 1159 p. ; 24 cm. — D.L C 1089-2008. — ISBN 978-84-9887-000-8

1.Política - Historia. 2.Medios de comunicación - Historia. 3.Cultura. 4.Sociedade. 5.Agricultura. 6.Relixión. 7.Galego (Língua). 8.Literatura galega. 9.Barreiro Fernández, Xosé Ramón. I.Axeitos, Xosé Luís, ed. lit. II.Grandío Seoane, Emilio, ed. lit. III.Villares, Ramón, ed. lit. IV.Consello da Cultura Galega, ed. V.Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, ed. VI. Real Academia Galega, ed.

082.2:93 Barreiro Fernández, Xosé Ramón
93 Barreiro Fernández, Xosé Ramón:082.2

© Universidade de Santiago de Compostela, 2008


Deseño de cuberta
Alejandro Vidal

Edición técnica
Servizo de Publicacións
e Intercambio Científico
Campus universitario sur
15782 Santiago de Compostela
www.usc.es/spubl

Maqueta e Imprime
Imprenta Universitaria
Campus universitario sur

Dep. Leg. C 1089-2008
ISBN 978-84-9887-000-8


Foto: Xurxo Lobato





...the ... of ...

...the ... of ...



...the ... of ...

...the ... of ...

ÍNDICE

<i>Unha homenaxe debida</i>	13
-----------------------------------	----

I

HISTORIA POLÍTICA

<i>«Todo por España y España para Dios». A Bandera Legionaria Gallega de Falange Española na Guerra Civil</i>	21
AURORA ARTIAGA	
<i>O monterismo en Galicia</i>	49
MARGARITA BARRAL MARTÍNEZ	
<i>«Escravo das miñas confidencias e apoio nas miñas necesidades...» Contribución ao estudo da «Guerrilla do chao» no rural galego: a rede de enlaces do guerrilleiro Manuel Castro Tellado</i>	65
ANA CABANA IGLESIA	
<i>O adolescente viril: o maurismo en Galicia, 1914-1923</i>	83
MIGUEL CABO VILLAVARDE E ANTONIO MÍGUEZ MACHO	
<i>Gomá en la II República y la Guerra Civil. Acotaciones</i>	105
JOSÉ MANUEL CUENCA TORIBIO	
<i>Represión e corrupción. Aproximación á sociedade galega no «primeiro franquismo»</i>	127
LORENZO FERNÁNDEZ PRIETO	
<i>A encrucillada galega dos anos trinta: Igrexa, política e violencia</i>	145
EMILIO GRANDÍO SEOANE	
<i>Unha aproximación á conformación dos poderes locais en Galicia. Arzúa entre a II República e a protoinstitucionalización do réxime franquista (1931-1937)</i>	171
DANIEL LANERO TABOAS	
<i>Una aproximación a Falange en la provincia de Lugo (1936-1942)</i>	195
PILAR LÓPEZ RODRÍGUEZ E M. ^a JESÚS BAZ VICENTE	
<i>Las «Camarillas» de los reyes de España</i>	221
M. MORENO ALONSO	

<i>Notas sobre nacionalismo e mobilización bélica na Guerra Civil Española (1936-1939)</i>	237
XOSÉ MANUEL NÚÑEZ SEIXAS	
<i>El movimiento estudiantil universitario de Valladolid en el último decenio del franquismo</i>	259
JESÚS-MARÍA PALOMARES IBÁÑEZ	
<i>«... en este municipio no se conocía otra política que la de los bandos». Unha aproximación ó poder local na provincia de Ourense (1917-1936)</i>	277
XULIO PRADA RODRÍGUEZ	
<i>El estado autonómico y los nacionalismos en España</i>	307
JAIME RODRÍGUEZ-ARANA MUÑOZ	
<i>Interinidade e conflitividade: dinámica institucional do Concello de Lugo na Segunda República</i>	321
ANTONIO SOMOZA CAYADO	
<i>A persecución política da muller. Lucenses detidas no cárcere provincial de Lugo (1936-1940)</i>	343
X. M. SOUTO	
<i>Reflexións ao redor do encontro entre a masonería e os movementos revolucionarios</i>	361
ALBERTO VALIN FERNÁNDEZ	
<i>Poder e representación política en Galiza (1790-1856). Avance de investigación e algunhas premisas de partida</i>	381
XOSÉ R. VEIGA ALONSO	
<i>Os fusilados de Carral. De heroes españois a mártires galegos</i>	399
RAMÓN VILLARES	

II

HISTORIA DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

<i>J.E. Delmás, un mpresario de la comunicación, fundador del periódico Irurac Bat y promotor del «Partido Vascongado» en 1856</i>	431
JOSEBA AGIRREAZKUENGA	
<i>Formación y función de la opinión pública durante el reinado de Isabel II (1833-1868)</i>	453
CELSO ALMUIÑA	

Breves apuntamentos para entender o nacemento do xornalismo en lingua propia. 477
 ROSA ANEIROS E XOSÉ LÓPEZ GARCÍA

O progresismo provincialista galego a través de La Oliva (1856-1857) 497
 JUSTO BERAMENDI

Do posibilismo á tentación insurreccional. A prensa católica durante a Segunda República 523
 JESÚS DE JUANA LÓPEZ E XULIO PRADA RODRÍGUEZ

Carta de Fraga Iribarne á Conferencia Episcopal Española para mellorar a eficacia da aplicación da censura prevista na súa Lei de Prensa (28 de abril de 1967) 543
 OLIVIA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

Roberto Blanco Torres: a memoria ética de Galicia 567
 ANDRÉS TORRES QUEIRUGA

Prensa, libros y censura en los orígenes de la España contemporánea (1814-1820). 571
 JUAN B. VILAR

Despois da galaxia Gutenberg e da galaxia McLuhan 587
 DARIÓ VILLANUEVA

III

HISTORIA CULTURAL

Realidade e utopía. Ramón de la Sagra en Cuba 607
 XOSÉ LUÍS BARREIRO BARREIRO

Don Antonio López Ferreiro (1837-1910) y su forma de hacer historia 625
 JULIÁN BARRIO BARRIO

Aristides Francisco de Lima Olimpio (o «almirantito de caoba» traído de Colombia polo capitán Francisco Iglesias Brage, veciño de Vigo) 639
 X. L. FRANCO GRANDE

Pegadas fisiocráticas na obra do ilustrado galego José Alonso López Nobal 645
 PABLO GONZÁLEZ MARIÑAS

Fonseca e a encomenda de Pazos de Arenteiro: evolución dunha notaría de Número e Concello de Santiago de Compostela 665
 MARÍA JOSÉ JUSTO MARTÍN

<i>El Seminario de Estudos Galegos. Auge, ocaso y «continuidad»</i>	673
EDUARDO PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS	
<i>Audiovisual, teatro e sociedade</i>	695
EULOXIO RODRÍGUEZ RUIBAL	
<i>San Salvador de Camanzo: historia e arte dun mosteiro esquecido</i>	703
RAMÓN YZQUIERDO PERRÍN	

IV

HISTORIA SOCIAL

<i>Epistolario de Murguía: o libro e a escrita como categoría social</i>	729
X. L. AXEITOS	
<i>A mantenza dos galegos</i>	737
XAVIER CASTRO	
<i>Un achegamento ao protoecoloxismo do movemento anarquista en Galicia</i>	757
FRANCISCO DIAZ-FIERROS VIQUEIRA	
<i>La población urbana de Galicia en el siglo XIX: el ejemplo de Santiago de Compostela (1845-1877)</i>	769
CARMEN FERNÁNDEZ CASANOVA E CARLOS P. DEL ORO	
<i>El comercio con América, desde A Coruña y Baiona, en el siglo XVI</i>	791
CAROLINE MÉNARD	
<i>Cincuentenario do Congreso da Emigración</i>	801
XOSÉ NEIRA VILAS	
<i>Las estampas obscenas de la Rúa del Villar (1828-1833)</i>	805
ISAURA VARELA GONZÁLEZ	

V

HISTORIA AGRARIA

<i>Da cultura do lume á barbarie incendiaria</i>	815
XESÚS BALBOA LÓPEZ	
<i>Liberales y emprendedores. Los proyectos de desecación de la laguna de Antela (A Limia, Ourense), 1827-1874</i>	841
EDUARDO RICO BOQUETE	

- O entramado comunitario do campesiñado galego de mediados do XVI a comezos do XIX* 867
 PEGERTO SAAVEDRA

VI

CULTURA E RELIXIÓN

- «*Causas de descristianización del medio obrero en España*». *Un informe del episcopado español de 1962* 897
 J. LUIS MÍNGUEZ GOYANES

- Eppur si muove. Relixión, modernización e secularización na Galicia contemporánea. Logros e retos da nosa historiografía* 917
 JOSÉ RAMÓN RODRÍGUEZ LAGO

- A pegada relixiosa na toponimia galega. 1. Edificios relixiosos* 935
 ANTÓN SANTAMARINA

VII

DE LINGUA E LITERATURA GALEGA

- Denuncia pública e autor anónimo. O diálogo dos esterqueiros (1807)* 953
 ROSARIO ÁLVAREZ BLANCO

- Poemas galegos de Julio Camba cando mozo e anarquista* 973
 XOSÉ MARÍA DOBARRO PAZ

- A creación do Instituto da Lingua Galega en 1971 e o desencontro normativo coa Academia* 985
 FRANCISCO FERNÁNDEZ REI

- A defensa da lingua galega nunha institución centenaria (Real Academia Galega 2001-2007)* 1011
 MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

- «*La opinión de una mujer española acerca de la guerra actual*», *en un autógrafo inédito de Emilia Parzo Bazán (1898)* 1027
 JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ HERRAN

- Dous rateos do século XIX do Foro do Cabido de Eirapedriña e do Foro de Camba de Framán (Bugallido, Ames)* 1055
 RAMÓN LORENZO

Sobre notarios e uso do romanzo na Galicia de mediados do século XIII. Ao lor da data dun documento en galego de Tombo de Caaveiro 1071
HENRIQUE MONTEAGUDO

O teatro de Lorca e os dramaturgos galegos 1091
JOSÉ MARÍA PAZ GAGO

VIII

VARIA

Transversal. Do escudo do reino á bandeira da nación 1105
XOSÉ BARRO

Carta a Xosé Ramón Barreiro ó lor do Sabre de Solís 1033
DARÍO XOHÁN CABANA

Historiador no mundo da cultura galega 1137
FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

O Pozo da Señora 1141
VÍCTOR F. FREIXANES

Xosé Ramón Barreiro Fernández 1147
SALVADOR GARCÍA-BODAÑO

Sobre as Cartas a un mozo galego 1149
CAMILO GONSAR

La liberté guidant le peuple (vórtice) 1155
XOSÉ LUIS MÉNDEZ FERRÍN

Poesía e cosmovisión 1159
LUZ POZO GARZA

Diálogo 1165
HELENA VILLAR JANEIRO

Unha homenaxe debida

X. L. AXEITOS
Real Academia Galega

E. GRANDÍO SEOANE
Universidade de Santiago de Compostela

RAMÓN VILLARES
Consello da Cultura Galega

Por máis que as razóns sexan puramente administrativas, o tránsito cara á situación da *jubilatio* dun profesor universitario aconsella facer un alto no camiño e convocar a colegas e discípulos a unha celebración algo especial. Non se trata de palabras e músicas que leve o vento, nin de fastos propios de «paraninfos», senón de traballos e investigacións, cuxos contidos han de ficar para o porvir. Esta foi a idea que nos moveu, a persoas e institucións das que de contado se falará, para elaborar este libro-homenaxe ao profesor Xosé Ramón Barreiro Fernández. A iniciativa foi ben doada, pola disposición que todos os participantes amosaron para contribuíren ao que se lles demandaba. E os resultados á vista están, nestes dous volumes que serán por tempo punto de referencia para a historia da cultura galega, nomeadamente da súa época máis recente.

A idea de facer este libro partiu en primeira instancia do Departamento de Historia Contemporánea e de América, daquela dirixido pola profesora María Xesús Baz Vicente, quen puxo todo o seu empeño persoal para que esta iniciativa fose partillada pola propia Universidade de Santiago de Compostela e por outras institucións. Por esta razón se sumaron á preparación e edición desta obra, institucións nas que o profesor Barreiro tivo e segue a ter especial presenza, como son o Consello da Cultura Galega e a Real Academia Galega. Os tres coordinadores do libro tamén estamos agradecidos a todas tres institucións por térsenos confiado

este traballo e, de forma especial, queremos deixar patente a nosa gratitude ao Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela por acoller esta publicación na súa programación editorial.

Na convocatoria de contribucións para este libro, feita apenas hai un ano, quixemos que houbera algunha congruencia entre as querenzas intelectuais do homenaxeado e a natureza dos traballos solicitados. Os resultados foron superiores ás expectativas. Alén de artigos de natureza científica, apareceron outros contributos, en forma de pezas poéticas ou de lembranzas persoais, que revelan esa capacidade de convocatoria que ten o autor homenaxeado. O número de participantes rolda a cifra de sesenta persoas. Do poema composto para a ocasión por Salvador García Bodaño, tomamos o título da publicación.

A distribución interna das colaboracións vai ordenada de acordo coas grandes liñas de especialización do homenaxeado. Ábrese a publicación cunha sección de historia política, na que se recollen case ducia e media de colaboracións que, dentro da súa diversidade, se achegan aos temas estudados ou mandados estudar polo profesor X. R. Barreiro, como son o galeguismo, as familias políticas, o caciquismo, a represión na guerra e primeiro franquismo. Este último apartado é o máis atendido, pois ata sete contributos se ocupan desta época da guerra e do franquismo, o que pon de manifesto a radical mudanza que se está a producir nas liñas de investigación de historia contemporánea en Galicia. Segue logo unha segunda sección dedicada á historia dos medios de comunicación, con oito colaboracións procedentes de campos profesionais ben diversos, desde a historia ou o xornalismo ata a teoría da literatura. Con estas dúas seccións, componse o primeiro volume deste libro.

No segundo volume incorpóranse colaboracións que pertencen a campos máis plurais, que reflicten tanto a diversidade de querenzas intelectuais do homenaxeado como as tendencias historiográficas máis recentes. Un importante monlo de contributos de temática ben diversa fica agrupado baixo o rubro de historia cultural, na que van tanto perfís biográficos de figuras como López Ferreiro, Alonso y López ou Ramón de la Sagra, como achegas á historia de institucións concretas. Seguen logo tres seccións dedicadas á historia social, á historia agraria e á historia relixiosa, menos farturas do que se puidese supor, para continuar logo cunha importante sección dedicada a estudos sobre a lingua e a literatura galega, que revela a repercusión que logrou o homenaxeado no campo dos estudos filolóxicos e literarios. O volume céntrase cunha serie de contributos de curta extensión pero de notable singularidade, compostos de evocacións persoais da figura do profesor X. R. Barreiro ou de composicións poéticas que a ocasión inspirou, case todos eles debidos a membros da Real Academia Galega.

Os participantes nesta homenaxe e, desde logo, os encargados do coidado da edición deste libro somos coñecedores da biografía intelectual e profesional do profesor X. R. Barreiro, de modo que sería innecesario alongar esta presentación con ningunha nota biográfica que, por breve, pode volverse inxusta. Pero pensando nos lectores, presentes e futuros, deste libro, coidamos pertinente incluír unhas cantas referencias biográficas que axuden a encadrar o labor universitario, investigador e docente, dunha persoa que foi capaz de agrupar ao seu carón a tan numerosos amigos e discípulos.

* * *

Naceu X. R. Barreiro na cidade mariñeira de Ribeira, nunha familia popular pero de tradición culta e profesional, con parentes no xornalismo, na carreira eclesiástica e no maxisterio. Formado no Seminario compostelán, que aínda gardaba algún saibo da vella Universidade Pontificia, deu cima ao seu brillante *cursus honorum* cunha estadia de varios anos na cidade de Roma, onde frecuentou as aulas da Universidade Gregoriana, onde se doutorou en Dereito Canónico. Os anos pasados en Roma, que coincidiron cos tempos da Italia da *dolce vita* felliniana pero tamén das sesións do Concilio Vaticano II, foron de proveito non só intelectual senón tamén vital. Retornado a Compostela, moi axiña se volveu unha figura relevante na cidade, como profesor no Seminario, pero tamén como referente dun grupo de sacerdotes que quixeron aplicar á Igrexa galega algunhas das novidades conciliares. Aínda contando con máis comprensión que favor do saudoso cardeal Quiroga Palacios, o pulo xuvenil daquela xeración de clérigos renovadores careceu de vieiros polos que se desenvolver e cadaquén acabou por coller o seu propio camiño

No caso do profesor X. R. Barreiro, a escolla feita foi a de se incorporar á Universidade compostelá, cursando nela a carreira de Filosofía e Letras, na súa sección de Historia. Chegou á súa condición de estudante cun fardel de coñecementos e de experiencia que se fixo de contado ben patente entre todos os seus condiscípulos, aos que sempre tratou con solidariedade e comprensión intelectual. Alén da diferenza de idade e de formación, tiña tamén ao seu favor unha liña de investigación propia no ámbito da historia eclesiástica, con estudos sobre arcebispos de Compostela (Vélez, García Cuesta) ou sobre a parroquia galega, así como coa dirección da revista *Compostellanum*, pensada como voceiro dos estudos xacobeos e que el foi reconducindo cara ao campo dos estudos históricos de Galicia, incluídos algúns tan afastados do seu propósito inicial como a demografía histórica ou a historia agraria. Esta inicial especialización en historia da Igrexa,

que nunca abandonou de todo, vese reflectida nesta propia homenaxe con contributos moi específicos dalgúns colegas e discípulos.

A partir de mediados dos anos setenta, unha vez graduado en Historia cunha “tesina” sobre a historia da universidade compostelá na súa etapa de reformas de Fernando VI e Carlos III, incorpórase á docencia na Facultade, primeiro na área de Historia Moderna baixo a dirección do profesor A. Eiras Roel e, moi axiña, na de Historia Contemporánea, nun departamento que comezou a se configurar coa chegada a Compostela dos profesores J. M. Palomares, en 1976, e de Juan José Carreras, en 1977. Desde aquelas datas ata hoxe, o profesor Barreiro nunca deixou de poñer clase ningún curso académico (nunca se acolleu á posibilidade de ter un “ano sabático”) nin de aceptar impartir as materias máis diferentes, por máis que fose a historia de Galicia contemporánea a disciplina que con maior gusto e intensidade teña explicado aos alumnos das carreiras de Historia e, desde 1991, tamén aos de Xornalismo e Comunicación Audiovisual.

Alén da súa condición de profesor, a súa carreira académica concreouse na realización dunha segunda Tese de doutoramento, sobre o Campesiñado Galego no século XIX, presentada en 1979, así como no seu acceso á condición de profesor numerario, en 1983 no corpo de “adxuntos” e desde 1987 como catedrático da área de Historia contemporánea, con especialización recoñecida en historia de Galicia. Desempeñou asemade, en diversas xeiras, cargos académicos como os de Director de Departamento, Decano da Facultade e Vicerreitor de Política Cultural da Universidade. Cargos aos que accedeu máis por prestar un servizo á institución que por paixón persoal, pois en todos eles se demorou o menor tempo posible.

Na biografía intelectual do profesor X. R. Barreiro atópanse varias características centrais que merecen ser subliñadas nesta presentación. Trátase, antes de nada, dun historiador vocacional e de raza, cunha obra publicada de enorme amplitude e calidade, que abrangueu moitos campos do saber histórico. A súa condición de historiador é o resultado dunha vocación que xa comezara na súa fase vital de pertenza á carreira eclesiástica, pero que desenvolveu a xeito despois da súa incorporación á universidade compostelá, xa desde os tempos de escolante. Naquela altura ou xa como recén graduado publicou elaborados artigos sobre a difusión do evolucionismo en Galicia ou sobre as orixes federais do galeguismo, así como algunhas obras que se volveron decisivas para a historiografía da Galicia contemporánea, que tal resultaron ser *El carlismo gallego* (Pico Sacro, 1975) ou *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo* (Pico Sacro, 1977). Obras que, tempo andado, se poden considerar máis clásicas do que pioneiras, porque despois de trinta anos seguen a ser referentes básicos para a comprensión dos primeiros pasos da Galicia contemporánea.

O seu traballo de investigador tivo, desde os anos oitenta, dúas grandes liñas de traballo. Dunha banda, unha liña de historia da vida política de Galicia, nomeadamente no século XIX, que o levou a indagar o proceso de formación das grandes correntes ideolóxicas e políticas da Galicia dos séculos XVIII e XIX, (*Liberales y absolutistas*, Edicións Xerais, 1981), a historia das eleccións parlamentarias, o funcionamento do caciquismo e as biografías dos principais líderes políticos. Os resultados, publicados en diferentes artigos e contributos especializados, tiveron a mellor plasmación no seu *Diccionario de parlamentarios de Galicia* (Parlamento de Galicia/RAG, 2000), que é unha obra prosopográfica de referencia para a historia política e parlamentar da época contemporánea española. A segunda liña de traballo ten que ver coa historia cultural e institucional, na que tamén ao carón de moitos artigos especializados compre salientar unha serie de publicacións sobre a historia da prensa e da imprenta en Galicia, nomeadamente no século XIX, con resultados que están na liña de grandes estudosos como Soto y Freire ou Antonio Odriozola. Alén diso, salientan dous grandes proxectos: a dirección (e redacción parcial) da *Historia da Universidade de Santiago*, froito dun proxecto pensado para conmemorar o quinto centenario da Minerva compostelá, da que se levan publicados dous volumes (1998 e 2002) e, en segundo lugar, o estudo biográfico da figura esencial do Rexurdimento galego, que foi o historiador Manuel Murguía, do que, en colaboración con X. L. Axeitos, se levan publicados dous volumes do seu *Epistolario* (Fundación Barrié, 2003 e 2005) e do que en pouco tempo sairá a luz unha biografía, obra persoal do profesor Barreiro.

De forma paralela a esta actividade investigadora, levou a cabo X. R. Barreiro un notable labor de alta divulgación da historia moderna e contemporánea de Galicia a través de diferentes proxectos, como son os de *Historia de Galicia. IV. Época contemporánea* (Galaxia, 1981), *Historia contemporánea de Galicia* (Gamma Editorial, 2002, 4 vols.), a participación no *Proxecto Galicia* (Hércules de Ediciones, 1991) con cinco volumes e, en tempos máis recentes, a dirección da *Gran Historia de Galicia* (Arrecife Edicións, 2007), divulgada polo xornal *La Voz de Galicia* en 32 volumes, dos que o profesor Barreiro é autor persoal de cinco deles. Neste mesmo campo da alta divulgación, aínda que conteña unha notable parte de investigación arquivística directa, podería encadrarse a súa obra *Historia de la ciudad de La Coruña* (*La Voz de Galicia*, 1986), que representa un especial contributo á historia urbana de Galicia.

A vocación universitaria de X. R. Barreiro tivo axeitada expresión tanto na docencia como na dirección de investigacións. Porque é unanimemente recoñecido, mesmo oficialmente nas enquisas de avaliación dos estudantes, que se trata dun profesor universitario con grandes calidades como docente. Por máis que a docencia deixe escasas pegadas materiais, susceptibles de seren cuantificadas, fica

en pé unha imaxe que se transmite dunha xeración a outra que, a fin de contas, é a base do valor que máis se aprecia e menos se pode definir no mundo universitario: o prestixio. Pois diso se trata, de prestixio como profesor e como docente. Tamén como director de investigacións, como se pode comprobar mesmo nas participacións deste libro, debidas en boa parte a discípulos directos. Hai tres campos nos que a man do X. R. Barreiro se deixou notar de forma especial á hora de enfocar traballos de investigación por el dirixidos: a transición ao liberalismo; o estudo da vida política en Galicia, incluída a fase da guerra civil e do franquismo; e, en terceiro lugar, a historia cultural e da comunicación.

Hai unha terceira calidade do profesor X. R. Barreiro que queremos subliñar neste introito, que cadra moito ben co amparo institucional con que se publica este libro. Trátase da súa condición de ter sido un parceiro esencial de moitas institucións culturais galegas, desde os seus tempos mozos (Patronato Rosalía de Castro, Centro de Estudos Xacobeos) ata a época de plenitude vital e madurez intelectual, na que se incorporou ás primeiras institucións galegas, desde o Instituto de Estudos Galegos "Padre Sarmiento" –do que foi o seu secretario nos anos 1979-1983–, ao Consello da Cultura Galega desde a súa creación en 1983 e, nomeadamente, á Real Academia Galega, na que ingresou en 1997 e da que é o seu presidente desde 2001. Esta participación directa en tan importantes centros de referencia cultural debe explicarse polo feito de que sempre acreditou na necesidade de afortalar a cultura galega a través das súas institucións, porque son as que permanecen por riba das persoas. Esta lealdade institucional, que mesmo se podería entender como máis proclive á propia cultura galega ca ás organizacións que a encadran, define toda unha biografía intelectual. Porque alén do universitario, do docente e do investigador, está o intelectual e cidadán consciente de que pertencer a unha cultura e a unha patria como Galicia comporta paixón e compromiso, vontade de adoptar un ideal, forza para defendelo e decisión de transmitila aos seus coetáneos. Calidades e actitudes que son patentes para nós e para as cinco dúcias de colaboradores deste libro. Confiamos en que tamén sexan igual de evidentes para quen lea estas páxinas.

A Coruña/Santiago de Compostela, outubro de 2007

I

HISTORIA POLÍTICA

Faint, illegible text at the top of the page, possibly a header or introductory paragraph.

Main body of faint, illegible text, appearing to be several paragraphs of a document.

APPENDIX

Faint, illegible text located below the section header, likely the beginning of an appendix.

Bottom section of faint, illegible text, possibly concluding the page or a section.

«Todo por España y España para Dios». A Bandera Legionaria Gallega de Falange Española na Guerra Civil¹

AURORA ARTIAGA

Universidade de Santiago de Compostela

A X. R. Barreiro, brillante profesor e compañeiro xeneroso

O papel das milicias de voluntarios na guerra civil española non foi marxinal. Dende os momentos iniciais do frustrado golpe, a súa presenza numérica foi considerable, tanto no bando leal á República como no bando rebelde, se ben, obviamente, cun significado político totalmente diferente en cada un deles. A relevancia destas unidades integradas por civís non residiu tanto na súa eficacia militar, non ausente con todo, como no que tiveron de expresión do profundo conflito social e de vehículo dunha mobilización ideolóxica que fracturou a sociedade española daquel tempo. Compre recordar ademais que, fracasado o asalto ó réxime republicano, o desencadeamento da guerra civil tamén foi posible grazas ó fenómeno das milicias que, como xa é sabido, foron un compoñente esencial das columnas militares con que ámbolos dous bandos emprenderon a contenda. Foi, pois, esta incorporación masiva de cidadáns á fronte bélica, a que permite salientar a dimensión popular que tivo a guerra civil, por canto non foi un enfrontamento limitado ós seus compoñentes militares clásicos².

1 Este traballo forma parte do proxecto de investigación "Guerra civil e construción do franquismo en Galicia", financiado pola DXID da Xunta de Galicia e coordinado polo profesor Lourenzo Fernández Prieto. A súa realización tería sido imposible de non contar coa xenerosidade da familia Barja de Quiroga, que puxo á nosa disposición a documentación de carácter privado que gardaba sobre as actividades da Bandera Legionaria. Agradezo moi especialmente a amabilidade de Pedro López Barja de Quiroga para reproducir e trasladar pacientemente a documentación conservada no domicilio familiar madrileño.

2 Véxanse, neste sentido, as reflexións de Aróstegui (1981).

Non obstante, cómpre subliñar que as milicias creadas no bando rebelde estiveron supeditadas ó mando militar. O protagonismo castrense na coordinación de tódolos elementos cooperantes coa sublevación foi absoluto. De feito, o recurso á iniciativa dos militares —como única maneira de transcender as diverxencias internas entre as diversas organizacións dereitistas que apoiaban a rebelión anti-republicana e suplir en positivo a inexistente unidade política— implicaba xa a previa aceptación dunha participación subsidiaria³. Os contactos establecidos con anterioridade ó golpe fan nesa dirección e contribúen a explicar a rápida presenza dos voluntarios nas rúas xunto ós militares rebeldes⁴.

Pero foi o propio e imprevisto fracaso da acción golpista e a súa deriva nunha guerra que pronto se advertiu de longa duración o que modificou a perspectiva inicial dos sublevados respecto á colaboración popular no esforzo bélico. Nas novas circunstancias, asegurar a defensa e organización da retagarda, así como o fluxo constante de homes e materiais que a fronte demandaba, obrigou a coordinar as actuacións de tódolos elementos cívicos armados. Falanxistas, tradicionalistas e tamén japistas eran, en principio, as organizacións mellor preparadas para canalizar a achega de voluntarios, pola súa experiencia previa e pola súa crecente presenza pública. Pero o certo é que, no conxunto do país, estas organizacións da dereita tradicional carecían de medios e dunha estrutura organizativa axeitada ás necesidades dun conflito bélico, de tal maneira que se puxeron a disposición dos xefes militares de cada zona⁵.

E, a diferenza do bando republicano, os militares golpistas nin crían nin contaban coas masas populares, consideradas basicamente como viveiros de soldados a militarizar. Xa nos primeiros momentos da guerra, diversos escritos do cuartel xeral do Generalísimo ordenaban que non se mesturasen os soldados mobilizados polo procedemento normal das quintas cos voluntarios. O que o xeneral Mola organizou, primeiro en Navarra e despois desde a xefatura do exército do norte en Burgos, foi unha especie de exército popular de cidadáns “[...] cosido a su retaguardia, como las viejas falanges griegas, en las que cada ciudadano sentía su privilegio en su disciplina, en su acción ordenada”⁶. Pero tanto a iniciativa da súa creación como o seu mando quedaron sempre baixo férreo control militar. Os rebeldes non querían a milicia, pero soportárona pola súa evidente funcionalidade ante o fracaso inicial do seu asalto ó réxime republicano. As palabras de Salas Larrazábal condensan á perfección a súa postura falando do “[...] escaso entusiasmo

3 Lleixá 1988: 216.

4 Sobre a colaboración das diversas forzas dereitistas, moi especialmente a Falanxe, na preparación do golpe militar en Galicia, véxanse as achegas para cada provincia contidas en De Juana e Prada (coords.) 2006.

5 Lleixá 1988: 215.

6 Casas de la Vega 1977: 134-135, 221.

que mostraron los militares en contar con una ayuda que no solicitaron más que cuando la comprobaron indispensable, pero que nunca desearon⁷.

1. A organización dos elementos civís

E de igual maneira que no conxunto da España “nacional”, tamén en Galicia a proliferación de voluntarios a partir do Alzamento tivo inicialmente un carácter anárquico. Xurdiron algunhas unidades creadas a escala local e comarcal, ou incluso como resultado dalgunha iniciativa particular. Tal foi o caso do falanxista de Ribadavia, Silvio Viso, quen nos primeiros días da guerra, e mentres os restantes camaradas permanecían acuartelados no Seminario Conciliar e no Instituto da capital ourensá, agardando a seren mobilizados, organizou pola súa conta unha centuria con voluntarios procedentes do Ribeiro e marchou cara a Asturias sen esperar ordes dos militares⁸. Pero o proceso pronto foi reconducido. Ante a potencialidade militar e política que presentaban, os militares desenvolveron unha rápida iniciativa para facerse coa dirección das milicias, incluída a falanxista⁹. De maneira que tanto as limitacións organizativas das forzas dereitistas, como a superior preparación técnica e a propia natureza da insurrección armada, acabaron impondo o control militar sobre as unidades de voluntarios.

Na cidade da Coruña, a primeira milicia organizada polos sublevados foi a bautizada co nome de “Caballeros de la Coruña”. Nacida o día 23 de xullo e integrada por numerosos mozos da Falanxe e doutras organizacións dereitistas, tiña como obxectivo

[...] coadyuvar con la tropa en la represión y pacificación de las zonas de la provincia de La Coruña atacadas por los elementos subversivos [...] [e] ser la base de una organización militar de elementos civiles que, por su espíritu, han de tener la gloriosa misión de restaurar los valores nacionales, hasta hoy en franca decadencia.

O espírito de combate debería ser unha das calidades inherentes a estes voluntarios, organizados polo comandante lexionario Jesús Teijeiro Pérez. Acollido, como tantos outros conspiradores, ó retiro extraordinario previsto pola lei Azaña, foi o encargado de coordinar as accións dos elementos civís “[...] para guardar el

7 Sobre o contraposto papel outorgado á participación de voluntarios nos bandos republicano e sublevado, derivado da diverxente concepción que tiñan das masas populares, véxase Aróstegui 1981, de onde procede a cita (p. 323).

8 Prada Rodríguez 2005: 221.

9 Na provincia de Ourense, segundo Prada (2006: 111), só 48 horas despois de declarado o estado de guerra, a Comandancia militar puxo ó capitán de Veterinaria, Federico Pérez Iglesias, á fronte de tódalas milicias que operaban na provincia. O xefe de milicias da FE de las JONS continuou no seu cargo, pero sometido a un estrito control por parte do anterior, nunha posición claramente subordinada. O control militar completárase, pouco despois, co nomeamento do comandante de infantería Rafael Valcarce Sanz como Inspector Provincial de Milicias.

orden en la población, para dominar los pueblos de la comarca, para pacificar el campo, para lo que el Mando ordene"¹⁰.

Entre as primeiras actuacións dos Caballeros estivo a organización, nos derradeiros días do mes de xullo, de tres expedicións especiais de Correo con destino á fronte de batalla. A coñecida como Expedición Postal, integrada por 26 falanxistas ó mando do sarxento Armando Casteleiro, saíu o 31 de xullo e retornou nos primeiros días de agosto. A recepción da cidade herculina, presidida polo xeneral ó mando da Oitava División, Carlos del Bosch, converteuse nun acto de afirmación da componente miliciana do exército sublevado:

El ejército de España es de una heterogeneidad inenerrable. El yugo y las flechas de la FE se mezclan con la cruz de la Victoria de las Juventudes de Acción Popular; la boina roja de los requetés con la cuartelera gorrilla kaki.¹¹

Pero a súa principal achega foi a colaboración nas actividades represivas dos primeiros momentos. Ademais de exercer servizos de vixilancia, colaboraron activamente tanto nos "paseos", como nas clausuras e incautacións realizadas na cidade. E a imitación do seu exemplo, pronto xurdiron pola xeografía galega outras milicias similares, como foi o caso dos Caballeros de Santiago na provincia de Ourense, organizados nos primeiros días de agosto polo comandante de infantaría Antonio Casar Olavarrieta, integrada por persoas de idade madura que, se ben non estaban en condicións de acudir á fronte, desexaban colaborar ó triunfo da "causa nacional" ocupándose do control da retagarda¹².

A incorporación á fronte bélica do comandante Teijeiro, o día 4 de agosto¹³, deixou vacante a xefatura da milicia coruñesa. O relevo foi asumido polo tenente coronel da Garda Civil, Benito de Haro Lumbreras, daquela xefe tamén das Milicias Armadas Coruñesas, con sede na antiga residencia dos xesuítas na rúa

10 A primeira referencia sobre a creación desta milicia aparece no xornal *El Ideal Gallego* do 26 de xullo de 1936, p. 2; e 28 de xullo de 1936, p. 2. "[...] El Caballero de Coruña ha de ser combativo, decidido, valiente. [...] Al enemigo hay que combatirlo donde y como se encuentre y llegar hasta él arrollándolo todo, en un impulso definitivo".

11 *El Ideal Gallego* (7 de agosto de 1936, p. 3). A primeira expedición conducía correspondencia para León, Valladolid, Soria, Calatayud e Zaragoza. A segunda, para Palencia, Burgos, Vitoria, Pamplona e Logroño. E a terceira, para Astorga, Zamora, Salamanca e Cáceres.

12 Así o sinalan Lamela García (1998: 106-110) e Fernández Santander (1982: 92). O máis rigoroso e detallado estudo destas unidades voluntarias é o de Prada (2005: 244-280), que detalla amplamente a súa implicación nas actividades represivas. De xeito máis puntual, sobre accións realizadas en diversas comarcas na mesma provincia ourensá, tamén Núñez Seixas (1993) e Gurriarán (2005: 148-150).

13 Para relevar o comandante Ceano, que acababa de ser ferido no mando dunha columna que partira en dirección a Asturias. Participou na liberación de Oviedo e morreu en Grado o 27 de novembro de 1936, sendo relevado, á súa vez, polo tamén africanista e figura visible da sublevación en Galicia, o coronel Pablo Martín Alonso. Foi convertido nun dos primeiros mártires da causa rebelde e referente dos voluntarios de calquera procedencia ideolóxica. Na súa honra, a mediados de xaneiro de 1937, unha unidade dos Caballeros, recibiu o nome de "Hijos del Teniente Coronel Teijeiro".

Fonseca e, polo tanto, responsable do encadramento militar dos voluntarios na cidade herculina¹⁴. Baixo a súa responsabilidade iniciáronse, na primeira quincena do mes de agosto, os labores propagandísticos destinados á creación das Milicias Voluntarias. O día 10, facía un chamamento a aqueles homes “de conducta intachable para incorporarse a las Milicias Españolas y cooperar al mantenimiento del orden en la población, prestando los servicios que el mando necesite”, previa acreditación ante persoas solventes ou os xefes da Garda Civil¹⁵.

O intenso traballo organizativo pronto comezou a dar resultados. O primeiro, a creación das chamadas Gardas cívicas. Integradas por aqueles homes que ben por razóns de idade, ocupación profesional ou situación familiar non podían incorporarse ás milicias destinadas á fronte bélica, o principal cometido destas forzas consistiu basicamente no desempeño dos servizos de vixilancia e mantemento da orde dentro das poboacións e no seu extrarradio, sendo “[...] en todo momento el más solícito y fiel auxiliar del Ejército y de la G Civil” a “Orden General de la Milicia Española”, que determinaba o uniforme regulamentario e a súa organización interna, precisaba que tódolos seus compoñentes “tendrán funciones de policía gubernativa y cuando estén de servicio se les considerará como fuerza armada, con todos sus efectos”¹⁶.

O día 23 de agosto facía o seu primeiro desfile a Milicia Cidadá Coruñesa, acompañada polas formacións dos Requetés, da Falange, dos Caballeros de la Coruña e dos Legionarios galegos. Un corpo de 600 milicianos, de idades comprendidas entre os 30 e os 60 anos, —“médicos, abogados, odontólogos, industriales, comerciantes, propietarios, oficinistas, empleados, etc”—, que nacía coa vontade de “prestar servicio de vigilancia y policía, dando descanso a las fuerzas de Asalto, y a los Falangistas y Caballeros que hasta ahora venían atendiéndolos”¹⁷. E con idéntica natureza e obxectivos, estas Gardas Cívicas paramilitares estaban xa estendidas por toda Galicia¹⁸.

14 Implicado activamente na organización do golpe militar —en xullo de 1936 estaba en situación de dispoñible forzoso pola súa participación no intento de sublevación da comandancia coruñesa do mes de abril— e colaborador de González Vallés —responsable da incorporación ó golpe do instituto armado, nos primeiros momentos Haro Lumbreras fora nomeado xefe de Asistencia Cidadá.

15 *El Ideal Gallego*, 11 de agosto de 1936, p. 7.

16 *El Pueblo Gallego*, 12 de setembro de 1936, p. 3; *El Ideal Gallego*, 20-8-36, p. 6. O distintivo da milicia consistía na Cruz de Santiago e no seu centro, en forma de escudo, a bandeira española. Tódolos seus membros recibían instrución diaria e os servizos que debían cumprir sinalábanse tamén diariamente.

17 *El Ideal Gallego*, 25 de agosto de 1936, p. 4. *La Voz de Galicia*, 26 de agosto de 1936, p. 3.

18 Tal foi o caso xa sinalado dos Caballeros de Santiago na provincia ourensá, segundo Prada (2005: 244). A garda pontevedresa foi mandada inicialmente por un tenente da Benemérita, para quedar pronto baixo o mando do exdeputado de Renovación Española e sinalado represor Víctor Lis Quibén, segundo Rodríguez Gallardo (2006:150). Na cidade de Vigo, a súa formación tivo lugar a mediados do mes de agosto, segundo o xornal *El Pueblo Gallego* (12 de setembro de 1936, p. 1).

Asegurada a pacificación e o control da retagarda, coa colaboración destas forzas auxiliares, o alto mando sublevado procedeu tamén durante as mesmas datas ó encadramento daqueles voluntarios de idade inferior ós 35 anos noutro tipo de milicias destinadas a se converter en tropas de choque durante a campaña bélica. De feito, xa nos últimos días do mes de xullo saíran de Galicia as dúas primeiras columnas de soldados para a fronte de batalla. A primeira delas, —ó mando do tenente coronel do Regimiento Zamora, Oscar Nevado de Bouza— saía o día 26 de xullo da Coruña, en dirección a Castela¹⁹. A segunda, mandada polo Comandante Ceano, partiu de Ourense o día 28 en dirección a Asturias. A estes primeiros corpos expedicionarios integrados por soldados, tamén se sumaron algunhas unidades de voluntarios, tanto na propia Galicia, como no resto do seu percorrido. Tal foi o caso por exemplo da incorporación á columna Ceano, nos primeiros días de agosto, das consideradas como primeiras forzas voluntarias que, en “unidade definida” saíron de Galicia: os Voluntarios de Ourense, mandados polo capitán Manuel Rodríguez Volta²⁰. A afluencia de voluntarios foi tan intensa en toda a xeografía galega que requiriu da habilitación de espazos específicos, sobre todo nas capitais provinciais, para poder albergalos mentres recibían instrución militar en espera do seu destino. Sen ánimo ningún de exhaustividade, os Caballos de La Coruña e as milicias pontevedresas loitaron na fronte asturiana; japistas herculinos, lugueses e composteláns fixérono no Guadarrama; a 1ª Compañía dos voluntarios vigueses tivo destacadas accións en Estremadura²¹ e tamén a mediados de agosto partiu para a fronte o 1º Tercio de Requetés galego²².

2. A creación da “Bandera Legionaria Gallega de Falange Española”

Pero quizais o mellor expoñente da achega do voluntariado galego ó Alzamento fose a creación da “Bandera Legionaria Gallega de Falange Española”. Por varias

19 Desenvolvería as súas accións na fronte do Guadarrama. Nos primeiros días de marzo de 1937, Nevado retornaría á cidade herculina para mandar o Regimiento de Infantería de Zamora.

20 Procedente do Tercio, en xullo de 1936 estaba destinado no Regimiento Zamora, con sede na cidade herculina. A súa unidade, que recrutou tódolos seus membros en Ourense, e foi coñecida popularmente como la “harka de Orense” pola súa intrepidez, saíu o día 13 de agosto en dirección a Lúcar. Durante o mes de outubro, o capitán Volta organizaría de novo en terras ourensás o “Batallón Calvo Sotelo”.

21 Foi creada o día 10 de agosto, baixo o mando do capitán de infantería retirado don Agustín Valderrama y Morales de los Ríos, fillo do notario coruñés don Víctor Valderrama. Trala declaración do estado de guerra, lanzou un rápido chamamento á incorporación de voluntarios cos que organizou tres compañías: unha foi a Asturias, outra a Bilbao, e a terceira, con Valderrama, a Estremadura, desenvolvendo as súas accións en Mérida, acoplada á Bandera do Tercio. *El Pueblo Gallego*, 11 de agosto de 1936, p. 4; e 8 de setembro de 1936, p. 2.

22 A creación desta unidade con destino á fronte do Guadarrama foi resultado do labor organizativo desenvolvido en Galicia a partir do 11 de agosto polo tenente de requetés valisoletano Gómez Ruiz, en colaboración co dirixente tradicionalista ourensán Nicolás Alcaraz del Río, segundo Núñez Seixas (1993).

razóns. En primeiro lugar porque, pese a tratarse dunha empresa xurdida na provincia da Coruña, por iniciativa do Comandante de Estado Maior retirado, Juan Barja de Quiroga, esta formación miliciana non quedou circunscrita ó territorio provincial senón que acolleu nas súas filas membros procedentes de toda a xeografía galega. En segundo lugar, porque se ben non foi a primeira milicia que saíu de Galicia para a fronte bélica, si foi a primeira que tivo un carácter decididamente falanxista, aínda que noutras unidades previas tamén se integrasen homes desta filiación²³. Ámbalas dúas consideracións, reflectidas na amplitude da súa mesma denominación, foron xa sinaladas polos coetáneos, que a cualificaban de “[...] representación genuina de todo el voluntariado gallego en la actual campaña”²⁴.

A creación desta Bandera foi unha iniciativa de Barja de Quiroga, aprobada polo mando da VIII División o día 9 de agosto de 1936. Recibido o seu mando, xa ó día seguinte, o comandante iniciou unha febril actividade para o recrutamento dos seus integrantes, iniciada cun chamamento radiofónico ós coruñeses de entre 25 e 35 anos de idade porque:

El triunfo está próximo y es seguro [...] y yo quiero que en esa hora en que se junten, para exaltarlo, las banderas de todas las regiones y los pendones de todas las ciudades que a lograrlo contribuyan, no falten nuestras gloriosas banderas de voluntarios coruñeses.

E procedeu a percorrer a provincia visitando dezoito vilas, en catro días, para realizar o acto final da campaña preparatoria na vila de Santa Marta de Ortigueira, onde o seu acendido discurso —“El espíritu se expande, ansioso de respirar nuevamente aire de España. ¡Guerra para siempre a la anti-Patria que quería aprisionarnos”— foi tan entusiasticamente recibido que logrou 50 inscricións naquela localidade. Ata o día 14, e acompañado dos xefes falanxistas, percorreu toda a xeografía galega para publicitar a iniciativa²⁵.

O resultado de tan intensa actividade pronto deu froitos. Nos primeiros momentos do golpe, os voluntarios chegados dos distintos puntos da provincia, foran concentrados na praza de touros, onde tres tenentes de infantería se ocupaban da súa instrución militar. E a mediados do mes de agosto, a prensa estimaba en máis de medio millar o número de mozos e de falanxistas que, procedentes de toda Galicia, chegaran á Coruña para incorporarse á Falange Española e á lexión

23 Foi considerada pola prensa a “primera unidad de combatientes voluntarios con camisa azul”. Duran (1988: 72) sinala, ademais, que debeu ser a primeira existente en España con estas características, e moito antes de que FETJONS crease as súas propias milicias.

24 Silva Ferreiro 1938: 452.

25 *La Voz de Galicia*, 11 de agosto de 1936, p. 1; *El Ideal Gallego*, 12 de agosto de 1936, p. 6. Arquivo Barja de Quiroga: escrito do comandante da Bandera Legionaria ó General Inspector das Milicias en Burgos poñéndose á súa disposición, datado o 25 de agosto de 1936.

de voluntarios. Para aloxar este continxente humano foi necesario habilitar os locais da Falange, da Escola Normal e de Comercio, o edificio dos Salesianos e os pavillóns da nova praza de San Agustín²⁶.

Foi neste contexto, no que a mobilización a prol do bando sublevado resultou perentoria para atender as necesidades bélicas, cando os continuos desfiles de voluntarios comezan a inundar as rúas coruñesas, e doutras vilas e cidades galegas, en numerosos actos de "afirmación patriótica". Ademais de constituíren unha demostración de capacidade organizativa, de integración das masas nunha estrutura disciplinada, tiñan tamén un evidente contido exemplarizante. A marcialidade das diversas unidades, dotada cada unha delas cos seus propios uniformes, bandeiras, cancións e ata mascotas, formaba parte integrante dun ritual destinado a provocar unha reacción emocional que se traducise nunha activa implicación na contenda que estaba en marcha, e alentase a incorporación á causa rebelde daqueles sectores sociais que se mostraran máis reticentes ou pasivos. Pero tamén, e moi especialmente naqueles momentos iniciais de incerteza sobre o futuro, constituíron unha rotunda demostración de forza destinada a ter un marcado efecto intimidatorio, disuasor de calquera posible resistencia. De igual maneira que, xa máis avanzada a contenda, os desfiles de cada nova unidade de voluntarios que se incorporaba á guerra servirían de recordatorio permanente das penalidades dos soldados, destinado a reforzar o compromiso e a implicación activa na causa "nacional" da poboación que permanecía na retagarda.

O labor propagandístico dos medios de comunicación —prensa, e tamén radio— neste proceso de exaltación patriótica, foi inestimable. O puntual e detallado seguimento de tódalas súas actividades tivo un notorio efecto amplificador das constantes mensaxes para animar á mobilización dos indecisos. E incluso un "patriota coruñés descoñecido" cifraba en 5.000 os voluntarios cos que a cidade coruñesa debía contribuír para non desmerecer a colaboración ó esforzo bélico realizada polos requetés navarros, as milicias aragonesas ou os falanxistas valisoletanos²⁷.

26 *La Voz de Galicia*, 12 de agosto de 1936, p. 5; 13 de agosto de 1936, p. 1; *El Ideal Gallego*, 13 de agosto de 1936, p. 6. Os mesmos xornais subliñan a destacada participación de falanxistas ourensáns na Legión Galega. Segundo Prada (2005: 224), foi tralo fracaso de tódolos intentos de crear unha unidade miliciana exclusivamente ourensá cando os máis entusiastas pasaron a colaborar activamente na iniciativa coruñesa de Barja de Quiroga.

27 "Bien se que en La Coruña se han alistado en las milicias ciudadanas y en Falange beneméritos profesores, honrados obreros, ingenieros, comerciantes, altos funcionarios de la magistratura, modestos ciudadanos, industriales, etc. Mas si tenemos en cuenta la población de La Coruña, pronto sacaremos la desagradable consecuencia de que nuestra bella ciudad no ha hecho la aportación personal que le corresponde. ¿Qué hacen o esperan esos centenares, esos millares de hombres de 30 a 60 años que permanecen casi todo el día y gran parte de la noche metidos en cafés, en bares, en casinos? [...] hay que confesar que hay muchos inconscientes que no se dan completa cuenta de la gravedad de estos momentos. Quizás si hubiésemos tenido

O proceso organizativo da Bandera Legionaria foi moi rápido. O día 13 de agosto comezou a concentración das forzas e o 17 iniciouse un período intensivo de instrución militar ó tempo que se completaba o seu equipamento, composto polo uniforme propio de Falanxe, ademais dun mono e dun gorro caqui para os servizos de campaña. De tal maneira que, apenas quince días despois do inicio do recrutamento, o propio Comandante Barja expuña ó Xefe Nacional de Milicias que “[...] tenga a bien disponer de esta fuerza nacida unicamente para el combate y que solo espera recibir sus ordenes, para lanzarse al frente”.

A celeridade na súa organización parece responder a unha coidadosa distribución de funcións entre os sublevados. Non foi casual, neste sentido, que entre os mandos de milicias, tanto de primeira como de segunda liña, figurasen militares acollidos ó retiro extraordinario da lei Azaña, no inicio do réxime republicano. Tal foi o caso, entre os xa sinalados, do capitán Valderrama en Vigo, do tenente coronel Jesús Teijeiro e do propio comandante Barja de Quiroga na cidade herculina. Militares retirados foron tamén os que mandaron as unidades de maiores dimensións dos Caballeros de Santiago ourensáns²⁸. A súa propia formación castrense, o coñecemento do medio e a experiencia de mando deberon resultar insubstituíbles para canalizar de xeito rápido e disciplinado a enerxía dos civís mobilizados. E a súa estreita vinculación ideolóxica á dereita monárquica, incluída a máis radical, permite entender o seu incuestionable posicionamento antirrepublicano. Un dos numerosos panexíricos publicados sobre o comandante Teijeiro describía a seguinte situación:

En el abril ominoso [...] no conoce más régimen que la Monarquía y dice a quien le quiere oír: ‘Yo he jurado una bandera y no vuelvo a jurar otra’. Y se retira a su hogar [...] que le conforta de ver como su Patria se va derrumbando.²⁹

E poucas dúbidas caben do posicionamento ferventemente monárquico do comandante Barja de Quiroga. A finais de 1931 avalaba coa súa sinatura o manifesto fundacional da Coalición Regional de Derechas Democráticas, formación que se ben insistía no seu carácter conservador, tamén o facía no respecto á legalidade política³⁰. Colaborador asiduo da revista *Acción Española* a partir de

la desdicha de presenciar y sufrir los martirios, las crueldades, los ultrajes [...] por las hordas comunistas, entonces reaccionaríamos de otra manera”, *La Voz de Galicia*, 15 de agosto de 1936, p. 2.

28 Prada (2005: 249-251) salienta ademais os contactos establecidos entre os conspiradores e numerosos militares retirados residentes na capital ourensá, pero de fonda raízame rural e cunha importante rede relacional. A súa noción da conxura quizais fose moi vaga, pero a maioría quedou a disposición dos seus compañeiros de armas.

29 *El Ideal Gallego*, 7 de outubro de 1936, p. 3.

30 Arquivo Barja de Quiroga, folleto solto. Sobre a súa creación en Galicia, como proba da reacción dos sectores conservadores católicos ante o novo contexto político republicano, véxase Grandío Seoane 1998: 78-83.

1933 —captado por mediación do seu amigo dos tempos africanos, o avogado monárquico Eugenio Vegas Latapie— os seus escritos poñen de manifesto un monarquismo progresivamente autoritario tan do gusto da mencionada publicación³¹. Neles fai unha firme defensa da “milenaria institución monárquica, más que en ningún otro pueblo consustancialmente unido a la historia del nuestro”³², que deixa entrever a mitificación dunha determinada forma política monárquica, a dos tempos dos Reis Católicos, o nacemento do estado moderno e o período imperial posterior. A España católica, monárquica e imperial é considerada o modelo a restaurar para recuperar o pasado protagonismo histórico. O reverso, unha durísima diatriba contra o liberalismo, e por extensión contra a legalidade vixente, estaba implícita no seu derradeiro escrito, de xuño de 1936, que resulta certamente revelador e premonitorio dos acontecementos³³.

Dende esta perspectiva ideolóxica, cobra coherencia a inequívoca vinculación ó Alzamento de militares retirados como o tenente coronel Teijeiro ou o mesmo Barja de Quiroga. O creador dos “Caballeros de La Coruña” sumouse á rede conspirativa tralo fracasado golpe do mes de abril de 1936³⁴. Máis complexo e difícil de precisar, en cambio, resulta o papel do creador da Bandera Legionaria, pois o seu nome non figura nas abundantes haxiografías dos alzados, feito que xa ten sido atribuído precisamente ó rigor con que urdiu a trama conspirativa³⁵. Non obstante, diversos factores convertérono nunha figura idónea para tratar de unir vontades en favor da causa rebelde. Por un lado, a súa vella amizade co xeneral Mola, trabada durante o seu destino na Comandancia Xeneral de Melilla entre decembro de 1925 e xaneiro de 1928. E, por outro, a súa ampla e polifacética traxectoria vital, que lle conferiu unha relevante proxección social. En efecto, tralo retiro do exército, licenciouse en Dereito, especializado en asuntos civís e de

31 Sobre a teorización contrarrevolucionaria realizada pola revista *Acción Española* durante a etapa republicana resultan imprescindibles os traballos de Morodo (1985), e os de González Cuevas (1998), así como as máis recentes achegas de Saz (2003).

32 Barja de Quiroga, J. (1933), “La crisis capitalista”, *Acción Española*, 40, vol. VII, novembro.

33 “El pueblo se desinteresó del estado porque el liberalismo [...] no acertó a recoger ninguno de los valores morales esencia de la Patria [...]. El pueblo, sin fe en sus gobernantes, [...] sólo vió en el estado un centro de concupiscencias [...] sombra abominable que, [...] dio lugar a que tomase cuerpo en el cerebro de sus hijos la figura de la antiespaña. Si la España que quiere seguir siéndolo aspira a borrar esta imagen del pueblo, es preciso que arranque previamente de su ser el exotismo con el que ahoga en su seno los valores eternos de la hispanidad. Lo es asimismo que se disponga a una gloriosa campaña de reconquista de las mentes y de los corazones, dándose cuenta de la invasión extranjera, bajo cuyo yugo yacen, esclavizadas, las inteligencias de tantos españoles, soldados al servicio de la antipatria hechos fuertes en la ciudadela estatal. Felizmente, un movimiento hispanista anuncia a la patria y al mundo la aurora de un nuevo día”. Barja de Quiroga, J. (1936) “La visión proletaria del Estado”, *Acción Española*, 88, vol. XVII, xuño.

34 Fernández Santander 1982: 60.

35 Así o sinala Durán (1988: 72), que o sitúa como enlace destacado de Mola e encargado de organizar a trama civil.

comercio, foi profesor mercantil e directivo da Caixa de Aforros e desenvolveu unha intensa actividade como Delegado Rexional de Acción Católica en Galicia, e como incansable propagandista agrario, chegando a ser secretario da Federación Católica Agraria da Coruña, e profesor do Centro de Estudos Sociais da mesma cidade.

De feito, a prensa católica coruñesa non dubida en sinalar o seu papel de enlace dos sublevados³⁶. E tamén as memorias políticas de Eugenio Vegas —con quen trabara amizade durante a súa común estadía africana en 1926, primeiro destino do daquela tenente do Corpo Xurídico— testemuñan a súa colaboración na trama conspirativa, cando menos dende principios do mes de xuño. Daquela, Vegas, xunto a outro destacado monárquico, viaxou á Coruña para cambiar impresións con Barja de Quiroga e contactar con algúns xefes militares. O comandante organizoulles dúas reunións. Unha delas, con dous capitáns de artillería, que deron conta do violento ambiente reinante entre a oficialidade, que aínda non callara nunha organización eficaz. A segunda, no domicilio do propio Barja, co coronel Pablo Martín Alonso, que lles encomendou que informasen en Madrid da actitude reticente dalgúns mandos daquela rexión militar. Xa nos primeiros días de xullo, Eugenio Vegas fixo unha viaxe a Ferrol portando instrucións para o capitán de fragata Salvador Moreno Fernández sobre a ubicación dos buques de guerra daquel Departamento cando se producise o golpe militar. E na cidade herculina, Barja facilitoulle unha nova entrevista con Martín Alonso, figura clave da sublevación en Galicia³⁷. E poucas dúbidas poden quedar da súa implicación trala lectura das escasas anotacións manuais do comandante conservadas sobre os primeiros días da acción golpista, pois inclúe un extenso repertorio telefónico de destacadas persoas e institucións militares coruñesas protagonistas da sublevación, ademais de deixar constancia do establecemento de comunicacións con diversas cidades españolas seguindo a marcha dos acontecementos³⁸.

36 *El Ideal Gallego* 4 de xaneiro de 1938, p. 3. Pola súa parte, Rodríguez Lago (2002: 593) e (2004: 463), seguindo o *Boletín da Asociación Católica de Propagandistas*, sinala os seus numerosos contactos con Mola tralo triunfo do Frente Popular, así como a súa implicación nas conversas mantidas desde os primeiros días de xullo entre os xenerais Mola e Sanjurjo.

37 Na primeira das reunións, Barja informáralos da súa recente visita a Oviedo para cambiar impresións con algúns compañeiros pero que, apenas iniciados os contactos, o gobernador militar, o xeneral Aranda, obrigouno a saír do Principado. Barja interpretou o feito como proba da súa adhesión ó goberno do Frente Popular. Anos máis tarde, Aranda manifestáralle a Vegas que o motivo da expulsión foi o temor a que o seu plan de acción se vise perturbado por innecesarias actuacións espontáneas. Vegas Latapie (1983: 292-302).

38 Arquivo Barja de Quiroga. Papeis soltos agrupados baixo o epígrafe "Primeros instantes de la guerra". Comunicacións establecidas con Palma, Jaca, Zaragoza, Vitoria, Burgos, Valladolid, Pontevedra, Tetuán e Córdoba. Ademais de dar conta da progresiva normalización da vida cidadá nas principais cidades de Galicia, consérvanse dous borradores. Un deles, redactado arredor do día 25 de xullo, constitúe unha boa síntese do seu posicionamento ideolóxico que despois imprimiría á Bandera Legionaria. O segundo probablemente fose o texto dunha arenga destinada ós soldados e milicianos voluntarios.

Moi probablemente fose o coñecemento da trama golpista o factor que influíu decisivamente na rápida organización da Bandera Legionaria Gallega, capaz de mobilizar e organizar a saída á fronte de combate de algo máis de 800 persoas, entre mandos, voluntarios e persoal auxiliar, nun reducido período de tempo. En palabras do seu propio creador, nacía como unha

[...] unidad falangista de voluntarios gallegos, encuadrada militarmente con mandos del Ejército Español [...] Los falangistas que integran la unidad son una parte jóvenes de 19 y 20 años y en otra muy considerable hombres de más de 25 años, que dejan todo por España [...] Por su encuadramiento y recluta esta unidad integrada por unos seiscientos hombres, tiene todas las características de una fuerza de choque.

Os voluntarios foron agrupados en seis centurias —cinco de fusileiros e unha de metralladoras e especialidades—, que ostentaban a representación das catro provincias galegas, ademais doutra centuria que estaba baixo o patrocinio de Santiago. Cada unha delas levaba a súa propia mascota e, bordados nos bandeiríns, varios mariscos, que constituirían, como veremos, os seus sinais de identidade. O organigrama de mandos estaba configurado da maneira seguinte:

Plana Maior				
		Axudantes		
Comandante de Estado Maior	Capitán	Tenente	Tenente	
Juan Barja de Quiroga	Manuel Caruncho	Pablo Redondo	Ventura Osset	
Centurias				
	Capitán	Tenente	Alférez	Alférez
1ª	José López Asúnsolo	Antonio Corvillón Míguez	Andrés Sande García	Israel Amor Freijido
2ª	Lisardo Boado González	Jesús Rodríguez Rodríguez	José Ramos Ponte	José Meijide Fariña
3ª	Felipe Landazábal Merino	Santiago Fernández García	Honorato Luengo Prieto	Paulino Valiño da Torre
4ª	Francisco Núñez Cabaleiro	Andrés Carreira	Doroteo Núñez Vallejo (<i>Tenente</i>)	Jesús Babío Calleja
5ª	Francisco Curbera Selleiro	Conrado López Pérez	Agustín Marín Alemany (<i>Tenente</i>)	Bernardo Máiz Bello
6ª	Ezequiel Román Guitián	Francisco Iglesias Marín	Carlos Paz Losada (<i>Tenente</i>)	--

A Plana Maior, ó mando directo de Barja, estaba integrada por persoas de plena confianza do comandante, co que compartían filiación ideolóxica, condición militar ou activismo católico. Redondo Piquenque unía á condición de tenente de artillería retirado a súa participación nas actividades das JURD, representantes a nivel popular da dereita católica en Galicia. O tenente Ventura Osset era un vello coñecido do comandante Barja —das tertulias melillesas en casa de E. Vegas— tamén retirado coa lei Azaña e membro da Asociación Católica de Propagandistas. Afiliado á Falanxe³⁹, o día 28 de xullo, acompañou a Burgos ó xeneral Calvalcanti,

39 Inspector dunha Compañía de Seguros na Coruña, foi o mediador para o arrendamento dun piso da Compañía ós falanxistas ourensáns, segundo Meleiro (1957: 31).

incansable conspirador antirrepublicano, acabado de chegar de Portugal, que ía poñerse á disposición dos sublevados⁴⁰. Osset converteríase no abandeirado da Bandera, de igual maneira que o licenciado en Dereito e tamén destacado propagandista católico, Jesús Babío Calleja, sería o alférez secretario da mesma.

Á falta dun detallado estudo sobre tódolos seus integrantes, tamén os mandos das respectivas centurias parecen responder ó mesmo perfil. Tal é o caso do capitán da primeira delas, José López Asúnsolo, xenro do senador Maximiliano Linares Rivas e fillo de José Asúnsolo Obanza, prestixioso avogado e membro do Consello Provincial de Fomento e do Consello de Administración da Caixa de Aforros, cargo no que coincidiu co pai do comandante, o tamén avogado Manuel Barja Cerdeira. Referencias diversas, extraídas da prensa, confirman a presenza entre os voluntarios de estudantes universitarios, fillos de militares, empregados, funcionarios e profesionais liberais; unha orixe sociolóxica habitual entre os falanxistas. En suma, as clases medias conservadoras, a representación das xentes de orde posicionadas contra a política dun goberno republicano que atentaba contra valores considerados esenciais: orde pública, familia tradicional e relixión católica.

Especial relevancia acadou a participación xuvenil entre os voluntarios. De feito, e pese á precariedade material e ó carácter minoritario da Falanxe en Galicia⁴¹, non cabe dúbida de que, en relación a outras organizacións dereitistas como os Requetés ou as Juventudes de Acción Popular, os falanxistas constituían a forza de choque máis organizada e presentaban o perfil máis xuvenil, activo e inconformista. Motivo polo que xustamente engrosara as súas filas, a partir do triunfo da Frente Popular, con incorporacións procedentes do amplo espectro ideolóxico da dereita tradicional. Neste sentido, para os descendentes das familias conservadoras a incorporación á Bandera presentaba o atractivo, en certa maneira romántico, da acción directa fronte ó que consideraban “rutinarias” accións políticas dos seus maiores. Se temos en conta, ademais, a activa implicación de Falanxe na preparación da acción golpista, que incluíu a visita do propio Manuel Hedilla a Galicia nos días previos á sublevación con instrucións de preparar os falanxistas para o inminente golpe⁴², cobra pleno significado o protagonismo desta filiación na Bandera Legionaria, pese á participación de voluntarios procedentes doutras organizacións, sobre todo das Xuventudes de Acción Popular.

40 *Faro de Vigo*, 5 de agosto de 1936, p. 2.

41 Arredor de 500 militantes no conxunto de Galicia, segundo Núñez Seixas (1993).

42 Prada (2004: 32-38) sinala que Hedilla, ademais de ultimar os preparativos do golpe en Lugo, A Coruña e Vigo, cohesionar a actuación dos falanxistas, e reestruturar os seus cadros, participou tamén na organización dunha columna que someteu as aldeas situadas entre as vilas de Tui e A Guarda.

Ademais da nutrida presenza xuvenil, tense sinalado como outra das características distintivas desta milicia o feito de ter afastado da retagarda un nutrido grupo de “camisas vellas”, que tiñan probado a súa capacidade de violencia nos meses precedentes, e que deberon resultar temibles naqueles momentos de incerteza sobre o futuro político do país. De feito, na Bandera enroláronse grupos de jonsistas vigueses e da comarca do Morrazo, coñecidos pola súa predisposición á violencia, así como membros da Garda Cívica viguesa, entre eles os irmáns Adolfo e Felipe Bárcena de Castro, considerado este último o impulsor da Bandera na provincia de Pontevedra, que estaban integrados na cuarta centuria⁴³.

A Bandera contaba ademais con equipo médico propio⁴⁴ e cunha nutrida asistencia relixiosa integrada polo superior dos xesuítas, Claudio García Herrero; Valeriano Lavandeira, ecónomo de Feás; José Mouriño Pérez, párroco de Beiro; Miguel Castro Maceda; José Gago Tarrío, párroco de Cea; así como José Fernández Parada, o párroco de Bouzas, coñecido popularmente como o Padre Comesaña. Significado pola súa temperá integración nas filas de Falange e a súa activa campaña propagandística a favor da xove organización fascista, a súa popularidade veríase incrementada en toda Galicia polo fervor patriótico relixioso que imprimía ás misas de campaña coas que arengaba os lexionarios na fronte de guerra⁴⁵. E á fronte de todo o persoal relixioso, ía o capelán castrense Ramón Fernández González.

Tan ampla representación de autoridades eclesiásticas estaba en consonancia co acendrado catolicismo que conformaba un dos sinais distintivos desta Bandera Legionaria, ademais do profundo compromiso católico dalgúns dos seus mandos. O propio comandante Barja, como Delegado rexional de Acción Católica, tivera ó seu cargo a difusión desta organización en tódalas dioceses galegas. E igualmente intensa fora a actividade do avogado Jesús Babío Calleja, xefe do seu secretariado arquidiocesano.

A batalla dos propagandistas en contra da política secularizante do goberno republicano —lei do divorcio, ensino laico, peche de colexios relixiosos, etc.— traducírase nunha infinidade de actos, conferencias, retiros espirituais e campañas en favor da revisión constitucional. No clima de tensión social posterior ás eleccións de febreiro de 1936, a sensación de frustración dos sectores da dereita católica debeu ser especialmente forte pois ademais de seren derrotados

43 Duran 1988: 72.

44 O equipo cirúrxico estaba integrado polo cirurxián Francisco Ferreiro e os médicos axudantes José Cereijo e Daniel Rodríguez; e polos practicantes Vicente Fuentes Otero e Antonio Valcárcel. Os médicos das centurias eran os doutores Fermin, Gutiérrez, López del Castillo, Baqueiro, Aspilicueta e Barreiro. E os practicantes Antonio López Varela, Arturo Rodríguez, e José Martínez. *El Ideal Gallego*, 28 de agosto de 1936, p. 1.

45 Rodríguez Lago (2006: 463 e 2005: 594) sinala que o seu amplo labor a favor da organización falanxista foi recompensado coa obtención, en xuño de 1949, da primeira praza de todo o Corpo Castrense español.

nas urnas, as institucións relixiosas e as asociacións de carácter católico converteéronse nun dos brancos dos grupos de esquerdas. A interiorización da política secularizante republicana como unha afronta e decidida persecución dos católicos, debeu ser moi intensa, a xulgar pola combativa reacción da prensa afín⁴⁶. O mesmo comandante Barja puido experimentar persoalmente ese clima de acoso cando o daquela Delegado da Xunta Central na arquidiocese de Santiago viu boicoteada a súa prevista intervención no Salón Teatro compostelán, o día 8 de xullo, pola acción intimidatoria dalgúns "extremistas". Foi neste contexto de forte polarización social e ideolóxica no que as posturas maximalistas atoparon o terreo preparado, de tal maneira que xa no mes de maio a prensa conservadora coruñesa consideraba que: "La lucha de clases ha trascendido a la calle para convertirse en verdadera contienda civil"⁴⁷.

A reacción a esta situación de abandono dos principios relixiosos, para unha organización tan xerárquica como Acción Católica, consistiu no repregue da loita política para centrarse na formación de líderes capacitados para convertérense nos máximos responsables do apostolado segrar. Nunha conferencia impartida na coruñesa Acción Católica da Muller, Barja de Quiroga explicitaba o seu obxectivo de recristianización da sociedade:

La primera labor de A. Católica es la de formar sus cuadros, preparar a sus miembros dirigentes. Nada de aparato ni de grandes propagandas mientras no tengamos directores bien preparados. No corre prisa ganar la masa.⁴⁸

Probablemente fose esta reiterada preocupación pola formación de elites dirixentes imbuídas da doutrina social da Igrexa, o punto de conexión de propagandistas católicos como Barja de Quiroga coa concepción educativa dos xesuítas, cos que practicaba con frecuencia retiros espirituais. Dende a disolución da Compañía de Jesús, en 1932, o colexio xesuíta instalado dende 1928 no vigués barrio obreiro de Teis vírase obrigado a pechar as súas portas e recolocar os seus alumnos noutros centros educativos. A partir de xaneiro de 1935 trasladou o seu labor ás instalacións do colexio xesuíta de Curia, no norte de Portugal, no que xa existía unha nutrida representación de estudantes galegos, que alí recibirían as primeiras noticias da guerra.

46 Especialmente reveladoras, a partir de abril de 1936, foron as chamadas de atención contra a política educativa do goberno, con titulares como "Por Cristo y por España a defender a los niños", "¡Otra vez la coeducación!, ¡Persecución contra los niños cristianos!, ¡Escuelas sin Dios!, ¡La defensa de los hijos!, ¡Padres de familia, campesinos y marineros: cuidad de vuestros hijos!. Sobre conflitos de tipo relixioso na provincia da Coruña, véxase Grandío Seoane 1998: 281.

47 *El Ideal Gallego*, 15 de maio de 1936, p. 1.

48 *El Ideal Gallego*, 9 de xullo de 1936, p. 8; e 11 de xullo de 1936, p. 8.

O relato do alumno Jesús Núñez, sobre a morte do seu pai, o industrial e tesoureiro da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación e expresidente da Federación Gremial de Patronos de Vigo Estanislao Núñez Barrios —tiroteado por grupos esquerdistas no barrio de Lavadores, o día 20 de xullo— proporcionaría un modelo de mártir da dereita católica nos primeiros días da sublevación. Os alumnos galegos do colexio portugués de Curia foron mobilizados e organizados na chamada “Legión viril” —co lema “España en pie. A vencer” — por ex alumnos como José Luís Paz Durán e Joaquín Otero Goyanes, capitán auditor e un dos enlaces coruñeses dos militares rebeldes, ademais de presidente da Deputación Provincial trala sublevación. Quizais fose esta unha das vías que explique a nutrida participación na Bandera Legionaria de mozos membros de organizacións católicas —moitos deles apenas superaban os 19 anos— que deixaron cumprida constancia do voluntarismo ardente da cruzada bélica e relixiosa que iniciaban, nunha mestura de elementos militares, fascistas e católicos⁴⁹. O conflito relixioso constituíu, pois, un importante acicate mobilizador destes mozos voluntarios, nunha resposta probablemente de carácter máis emocional que estritamente ideolóxica.

A mesma atmosfera de exaltación místico patriótica acompañou tódolos actos de formalización da Bandera, posta baixo o patrocinio do Sagrado Corazón de Xesús. O día 28 de agosto, a entrega da insignia nacional durante unha misa de campaña celebrada na praza de María Pita, coa nutrida asistencia das máximas autoridades da cidade, constituíu a súa despedida. A madriña do acto, a dona do comandante, M.^a Josefa Paz Losada de Barja, rematou a súa intervención coas seguintes palabras:

Todo por España: España para Dios. Que este lema vuestro sea una realidad vivida, en la que ha de fundarse la Patria grande que de los soldados de España esperamos.

A resposta de Barja, nunha vibrante arenga dirixida ós seus lexionarios, pode ser considerada como o “bautismo” ideolóxico desta milicia:

Nunca como hoy pude decir, al recibir de vuestras manos esta bandera, que voy a luchar por mi Dios, por mi Patria y por mi dama [...] Vamos a hacer una España grande, pero antes hemos de merecerla, luchando como leones, para que la Bandera de la Patria, al cobijar todas las tierras de España, sea signo de paz y de amor. Para que impere este amor vamos primero a vencer el odio, que como cizaña entre la mies, han sembrado traidoramente los hijos espúreos de la Patria. Mientras esta cizaña no sea extirpada, no cejaremos. Este es el compromiso de honor que, al recibir

49 As publicacións católicas non perderon a oportunidade de alentar o recrutamento de xoves voluntarios, segundo Rodríguez Lago (2002: 594, 619), que achega significativos testemuños sobre as razóns da súa participación na Bandera Legionaria, como os seguintes:[...] no he vacilado en empuñar las armas y salir a luchar por Dios [...] aquí en el campo de batalla cumplo como apóstol de Acción Católica. ¡Que grande es el apostolado en campaña”; ou “[...] la insignia de la juventud de AC la llevo encima de la de Falange [...] por Cristo, Nuestro Capitán!

la bandera, contraemos de manera solemne. Que en el campo de lucha ninguno entre nosotros sea el último, porque todos hemos de ser los primeros. Así lo espera de vosotros vuestro jefe, que en este momento, rememorando frase célebre, os conjura diciéndoos: Si avanzo: seguidme. Si retrocedo: matadme. Si muero: vengadme.⁵⁰

O mesmo día 28, pola tarde, unha centuria, en representación da Bandera, desprazouse a Santiago de Compostela para invocar a protección do Apóstolo Santiago na nova cruzada de independencia emprendida para reintegrar España ó seu ser católico e tradicional. Poucos días antes, Barja de Quiroga xa expresara ó Jefe Nacional de Milicias o seu desexo de que

[...] por tratarse de fuerza gallega que rememorando al Batallón Literario que salió de Compostela en la guerra de la Independencia, quiere abrazarse con sus hermanos de Castilla, pide a ser posible se la destine al Ejército del Norte sintiendo un vehemente deseo de hacer su entrada en Burgos, para salir de la vieja capital castellana, corazón de España, al frente de combate.

Nestas coordenadas ideolóxicas está perfectamente integrado o esencial da argumentación da España e da antiEspaña, que tanto contribuíra a difundir, durante o período republicano, a revista *Acción Española*, da que Barja de Quiroga fora colaborador. Un discurso de afirmación nacional, de carácter contrarrevolucionario, que xa fora explicitado ó longo do primeiro terzo do século XX e que, na tesitura de xullo de 1936, tivo a virtualidade de constituír o denominador común dos heteroxéneos e indefinidos proxectos sociais e políticos daquelas forzas dereitistas unidas case exclusivamente polo seu posicionamento antirrepublicano. E máxime nun momento como aquel, de especial incerteza tanto sobre a mesma evolución do conflito, como sobre o futuro político da nova España.

Como foi habitual entre os sublevados e máis tarde entre os franquistas, non se fala nunca de guerra civil, nin sequera de guerra a secas, palabra incómoda polo seu significado de loita fratricida que o máis estendido termo de “glorioso alzamiento” ou “cruzada de reconquista”, permitía omitir. A preferencia por denominacións como guerra de independencia ou de reconquista explícase pola implícita consideración dos sublevados como os únicos depositarios das esencias patrias: a idealizada e a histórica España eterna, gloriosa, católica e imperial. Unha identificación destinada a negar os adversarios políticos — neste caso ós republicanos leais— a condición de españois, nun discurso que non era novidoso, pois xa fora empregado a principios do XIX, na guerra contra o francés, en contra dos liberais acusados de afrancesados. A desnacionalización dos españois considera-

50 *La Voz de Galicia*, 29 de agosto de 1936, p. 1.

dos contrarios ós intereses patrios e, polo tanto estranxeiros —traidores pagados por Moscova— constituía o paso previo necesario para a súa eliminación⁵¹.

E a mesma inversión aplicábase ó terreo relixioso. A defensa da independencia nacional era inseparable da esencia católica da nación española. Precisábase con rotundidade Barja de Quiroga, en vésperas da contenda bélica:

El español o es católico o anticatólico; lo que no puede ser es un anodino protestante, con fe en la razón individual o en la conciencia colectiva del pueblo. Por eso, a diferencia de lo que en otros pueblos sucede, entre los españoles católicos y anticatólicos ningún lazo común existe. Enemigos irreconciliables ambos bandos.⁵²

Así pois, “los hijos espúreos de la Patria”, identificados coa Frente Popular e os seus partidarios, convertíanse na representación da antipatria, tamén polo seu empeño en destruír a relixión, considerada como un elemento constituínte da mesma nacionalidade española. De feito, para os relixiosos que acompañaron as tropas sublevadas, de igual maneira que para numerosos voluntarios procedentes do tradicionalismo, do catolicismo político, e mesmo do falanxismo, o conflito era sobre todo “una guerra de religión sostenida en nuestra España”. Para todos eles, tratábase de lograr a reincorporación de España á causa de Deus e, ó propio tempo, reincorporar o territorio inimigo á verdadeira España. Noutras palabras, os rebeldes eran católicos por seren españois, e viceversa, pero era a fe a que guiaba o patriotismo⁵³.

E xunto á defensa da patria e da fe católica, outro sinal de identidade da Bandeira foi a recorrente exaltación da unidade de España, na que se reservaba a Castela un indubidable papel unificador e cohesionador. Na máis pura tradición do 98, Castela era convertida na síntese das mellores calidades tradicionais españolas e os rexionalismos, nacionalismos e separatismos nunha expresa manifestación máis da antipatria a combater⁵⁴.

51 Tamén as palabras definiron outro campo de batalla, como sinala Godicheau (2006: 140-148) respecto á imposible aceptación polos sublevados do termo “guerra civil” para referirse ó conflito que vivía o país. Para Saz (2003: 158-171), a contenda bélica converteuse a un tempo no meirande episodio nacionalizador e des-nacionalizador dos españois dende a guerra de independencia, debido ó carácter “total” en tanto excluínte do adversario, que revestiron tanto a propia guerra como a vitoria “nacional”. E sobre o discurso nacionalista dos rebeldes como instrumento mobilizador e argumento lexitimador da rebelión, véxase Núñez Seixas 2006: 177-327.

52 “La visión proletaria del Estado”, *Acción Española*, 88 (1936), vol. XVII.

53 Núñez Seixas 2006: 222.

54 Para Barja de Quiroga “Así, mientras bajo la hegemonía castellana la España varia podía ser una, bajo el unitarismo liberal, la España una se revuelve en esfuerzos sangrantes, para volver a ser varia [...] Hay que reconstituir el vínculo y devolver el mayorazgo a su titular histórica. La hegemonía castellana, asentada en la realeza, es el único camino de la restauración hispánica [...] Pues que la España liberal se desmembra, cumplamos el deber de, amayorazgando Castilla, integrar nuevamente a España”. “El mayorazgo de España”, *Acción Española*, 60-61 (1934), vol. X.

3. Actuacións bélicas e afirmación da hexemonía castrense

Con estas credenciais de nacemento a Bandera Legionaria partiu para a fronte o día 30 de agosto nun tren especialmente dotado a tal efecto. Cun multitudinario acompañamento popular, os 825 lexionarios despedíronse da cidade herculina cun desfile e unha revista das tropas no patio da estación ferroviaria polo xeneral da VIII División, Luís Lombarte, acompañado doutras autoridades militares e representantes de diversos organismos civís, como a Cámara de Comercio ou a Caixa de Aforros. En Burgos, a onde chegaron o 2 de setembro, a Bandera foi revistada tamén polo presidente da Junta de Defensa Nacional, o xeneral Cabanellas. Na cidade castelá reiterou Barja de Quiroga, ante os micrófonos de Radio Castilla, o seu inequívoco compromiso coa unidade de España:

Galicia [...] siente con Castilla las emociones de esta hora gloriosa del resurgimiento de España [...]. Galicia sólo es un trozo de España, que no se concibe a sí misma sin España [...]. Su Historia es la Historia de España, sus instituciones son las instituciones de Castilla; toda ella es España y sólo España [...]. Por eso hemos querido salir de Santiago de Compostela después de hacer nuestra ofrenda al Apóstol [...] y hemos hecho juramento solemne de que queremos vencer o morir al grito tradicional de ¡Santiago y cierra España!⁵⁵

Curta pero intensa foi a vida desta unidade de voluntarios. De Burgos partiu en dirección a Andoain, na fronte guipuscoana, onde recibiría o seu bautismo bélico. Trala ocupación da vila de Urnieta o 6 de setembro, a Bandera participou en dúas accións de gran valor táctico de cara a estreitar o cerco sobre San Sebastián. A primeira foi a conquista de Santiago Mendi, unha posición estratéxica pola súa altura pois permitía dominar Hernani —polo que xa fora moi cobizada durante as guerras carlistas—, nunha acción coordinada coa columna mandada polo coronel Beorlegui e axudada por requetés navarros. A segunda foi a toma, o día 12, en colaboración coa columna mandada polo coronel Iruretagoyena, do forte de Santa Bárbara, “baluarte donde el enemigo se había concentrado con toda suerte de elementos por ser la posición que determinaba la suerte de San Sebastián”⁵⁶.

Estas accións que mereceron entusiásticas felicitacións das autoridades locais herculinas e tamén do propio xeneral Mola, foron igualmente coreadas pola prensa galega, que celebraba o heroísmo dos lexionarios na toma destas dúas posicións “al asalto y con el fulgor de las bayonetas”, nunhas accións que o propio

55 *El Ideal Gallego*, 4 de setembro de 1936, p. 1.

56 Arquivo Barja de Quiroga, “Diario sintético de operaciones en que intervino esta unidad”. Tanto Beorlegui como Iruretagoyena foran colaboradores do xeneral Mola na sublevación de Pamplona. O primeiro fixérase cargo o 18 de xullo da Comandancia da Garda Civil e da Xefatura de Orde Pública da cidade navarra, para partir á fronte o día 21 e desenvolver as súas accións en Irún e San Sebastián. O segundo, desenvolvería un amplo historial bélico. Couceiro Tovar (1969: 90).

comandante Barja definía como “[...] jornadas de extraordinaria violencia, en que se puso a prueba el temple de nuestra gente”. E celebraban, sobre todo, a concurrencia nestas accións de dúas circunstancias. Unha, que a primeira vitoria bélica da Bandera se producise nunha poboación que levaba o nome de Santiago, patrón de Galicia e de España. E a segunda, que tivese lugar precisamente en territorio vasco “[...] allí de donde salió la cobarde injuria que ha dejado de ser un insulto para convertirse en un grito de guerra y en una afirmación de lealtad española: «mariscos»”⁵⁷. Referíase o xornalista ó alcume acuñado por unha emisora de radio bilbaína, o 11 de agosto de 1936, para aludir, de xeito despectivo —“en Galicia no hay más que mariscos pero no hombres” —ás forzas galegas que partiran en dirección a Asturias. A reacción dos “inxuriados” consistiu en adoptar os crustáceos —nas súas máis variadas manifestacións, dende cigalas e lagostas ata percebes— como mascota de guerra. E os primeiros en facelo foron xustamente os voluntarios da Bandera Legionaria, que lucían orgullosos estes símbolos bordados nos seus uniformes e mesmo bautizaban con nomes destas especies mariñas algunhas patrullas das súas centurias.

Houbo, pois, moito de revancha na celebración da prensa. A propaganda de guerra franquista pronto convertera este suceso puntual nunha sorte de aldraxe colectiva infundida a unha rexión enteira. A afronta ocasionada polos representantes da antipatria era convenientemente lavada agora polo heroísmo dos lexionarios da Bandera⁵⁸. Pero o significado era máis profundo. A exaltación da personalidade rexional ofendida, que a popularización do termo contiña, estaba chamada a se converter nun poderoso instrumento mobilizador con que contrarrestar os esforzos bélicos dos antiespañois separatistas. Máxime no caso de Galicia que, por ser territorio dominado polos rebeldes, podía ser facilmente presentable como unha “avanzadilla” da nova España disposta a recuperar outros territorios para a causa “nacional”. E houbo na Bandera Legionaria un uso hábil e intenso dese orgullo rexional ferido, manifestado no emprego sistemático de

57 *El Ideal Gallego*, 13 de setembro de 1936, p. 1; *La Voz de Galicia*, 16 de setembro de 1936, pp. 1-2.

58 “Ya escribieron una página heroica más en esta guerra por la reconquista de España, los ‘mariscos’ de la región gallega, que trepaban en avalanchas furiosas, irresistibles, por la posición de Santa Bárbara. [...] allá en las montañas de la hermosa Guipúzcoa y muy cerca de la emisora roja que les denominó despectivamente mariscos inofensivos de Galicia [...]. Los ‘mariscos’ son ya una formidable delantera más del Ejército Español”, *Faro de Vigo*, 16 de setembro de 1936, p. 1. O orgullo polos éxitos bélicos traducírase, ademais, na aparición dunha infinidade de coplas, como as seguintes, recollidas polo semanario mindoniense *Vallibria* (núm. 353, 22 de novembro de 1936, p. 1):

“Si eres do puño cerrado/ escoita este fandanguillo/ me ca[...] no colorado/ no fouciño e no martillo.”

“E no medio, mo medio da ría/ o compás, o compás dos cantares/ os “mariscos” que veñen de lonxe/ a San Sebastián foron tomaren”.

“No hay quien pueda/ no hay quien pueda/ con la Bandera Gallega/ la Gallega triunfadora/ no hay quien pueda por ahora”.

símbolos marisqueiros así como da música e das cancións galegas, convertidos en sinais de identidade estreitamente unidos á recorrente invocación relixiosa, dende o apóstolo Santiago ó Sagrado Corazón de Xesús, pasando pola coruñesa Virxe do Rosario, patróns e protectores dos lexionarios⁵⁹. Dende esta perspectiva, a exaltación da cultura rexional, que non do rexionalismo en termos políticos, convertíase nun instrumento axeitado para salientar a rica diversidade da nación española⁶⁰.

A celebración puntual das fazañas bélicas “marisqueiras”, así como o constante recordatorio das numerosas contribucións materiais de Galicia á causa rebelde, tiñan ademais un evidente contido reivindicativo. Facíana acreedora dun lugar de honra na nova España que estaban contribuindo a reconquistar. Expressábo claramente o falanxista Moure Mariño:

Ahora, al borde seguramente de los días finales de la guerra, nos interesa sobre todo mirar hacia el futuro. Un futuro que, a la Falange de Galicia, le reserva una gran tarea a realizar: Hay que rescatar de su miseria a los trabajadores gallegos de la tierra y el mar; hay que afrontar el problema del minifundio en nuestro agro; hay que mejorar y perfeccionar los medios de explotación de nuestra riqueza ganadera; hay que industrializar una región de situación tan privilegiada como Galicia. ¡Todo esto hay que hacerlo urgentemente!⁶¹

Tratábase de reservar un acceso prioritario ás recompensas da futura vitoria.

A segunda actuación bélica da Bandera tivo lugar xa na fronte de Huesca, a onde chegaron o 18 de setembro para colaborar coas forzas do coronel Beorlegui na defensa desta cidade, ante a presión das forzas sobre todo anarquistas procedentes de Cataluña. O seu primeiro obxectivo foi ocupar a poboación de Tiers, onde o inimigo resistía, para tratar de combater a resistencia do estreito do Quinto, en colaboración cos requetés navarros, coas Banderas aragonesas de Palafox e Sanjurjo e coa Legión. Na durísima toma da poboación, o día 20, foron pasados a coitelo 93 gardas civís e de asalto. E a partir do día 22 a Bandera relevou no flanco esquerdo as forzas navarras na posición de Torre Bescó e pola dereita á Falange de Huesca, na ermida de Salas, polo que quedou ó seu cargo a fronte defensiva da cidade aragonesa⁶². De novo, a prensa saudou o ardor combativo dos galegos: “[...]”

59 Nese clima de rivalidade rexional —entre os “fillos da España grande” e os “traidores separatistas”— os mariscos, ubicados na fronte de Huesca durante o mes de novembro, comunicaban “[...] que a los rabassaires no les hace mucha gracia [...] y por esto mismo, por llevarles la contraria en todo, incluso en la música, desean llevarse a las trincheras una gaita gallega”.

60 Sobre a refolclorización da cultura rexional realizada durante a guerra, en aras da superior identidade española, véxase Núñez Seixas 2006: 291-305.

61 Moure Mariño 1939: 228.

62 Arquivo Barja de Quiroga. Diario sintético de operaciones de la Bandera. *El Ideal Gallego*, 28 de setembro de 1936, p. 7.

nuestros soldaditos están dando pruebas de que son unos formidables guerreros. ¡Que lo digan los marxistas y los nacionalistas vascos de Guipúzcoa. ¡Que lo digan los rabassaires del frente de Huesca!”. E converteu en mártires os lexionarios caídos nas numerosas homenaxes póstumas que, con profusión de autoridades, foron celebradas nos seus respectivos lugares de orixe⁶³.

A dureza da campaña traducíuse en numerosas baixas, ocasionadas non só polos propios combates, senón tamén polas enfermidades, de maneira que a principios do mes de outubro a Bandera só dispuña de 350 soldados. Recrutar novos voluntarios foi o obxectivo dunhas instrucións emitidas polo comandante Barja dende a nova posición en terras aragonesas, moi reveladoras da situación que atravesaba esta milicia. Serían admitidos todo tipo de voluntarios, non exclusivamente falanxistas, sempre que contasen coa aceptación previa do xefe de Milicias ou equivalente. Pero coa advertencia explícita de que calquera mando de Falanxe debía renunciar ó seu cargo, pois segundo o acordado en Burgos entre o propio Barja e a Xefatura Nacional do partido, os únicos mandos de FE existentes na Bandera —os xefes de centuria— xa foran convertidos en alféreces honorarios, axudantes do capitán, “[...] al objeto de que ante los falangistas no hubiese en la Bandera otra cosa que mandos militares”⁶⁴.

Os receos existentes entre militares e falanxistas eran notorios. Barja de Quiroga denunciaba que algúns dos xefes políticos

[...] trataron oficiosamente de conservar mandos que no les correspondían, siendo repetidamente promotores de murmuraciones que quebrantaron el espíritu y moral de la fuerza, y por lo general sin discutir sus cualidades políticas, resultaron unos perniciosos Jefes militares. En una palabra [...] se hace preciso que todos los reclutados se den cuenta que en la Bandera, son meros soldados falangistas al servicio de España en el orden militar sometidos a la disciplina del ejército.

Nun intento de afirmación da supremacía castrense, precisaba ademais que o feito de que os novos recrutados tivesen o carácter de soldados e non de milicianos aumentaría de xeito extraordinario a eficiencia da Bandera.

As abertas críticas contidas nestas disposicións non quedaron sen resposta. En primeiro lugar, do xefe territorial de FEJONS de Galicia, Correa Calderón, que manifestou a súa disposición a cubrir as baixas producidas

63 *El Ideal Gallego* 25 de setembro de 1936, p. 1. Tanto este xornal como *La Voz de Galicia* fixeron un detallado seguimento tanto das operacións bélicas como do retorno e enterro dos voluntarios mortos.

64 Arquivo Barja de Quiroga. “Instrucciones para el reclutamiento”, redactadas na ermida de Salas a 7 de outubro de 1936.

[...] sin condiciones ajenas a nuestras normas, ni juramentos ajenos a nuestro juramento [...] porque sé que la gloria que alcanzó esta bandera, la alcanzó sin duda con su buena dirección, pero únicamente con la sangre de la Falange.⁶⁵

Pero o conflito chegou ata o Xefe de Mando da Junta Provisional, Manuel Hedilla, informado persoalmente por tres xefes de centurias expulsados da Bandera, do malestar que entre os falanxistas causaban as ordes do comandante prohibindo a exhibición das súas insignias. En sendas cartas, manifestou ó comandante Barja o seu pesar polo que consideraba un intento de desvirtuar o carácter falanxista da Bandera, e reiteráballo o acordo

[...] en que en la parte militar solo sean los Mandos militares respectivos los que tengan el pleno ejercicio de sus facultades; pero no podemos prescindir de las jerarquías de nuestras milicias que existen por mandato reglamentario [...] Yo ruego a Vd. que adopte las medidas pertinentes para que esa Bandera no pierda de ningún modo nuestro carácter, evitando que se quebrante la disciplina y sobre todo que los centenares de falangistas que todavía quedan a sus ordenes puedan sentirse preteridos, ya que ellos abandonaron sus hogares para defender a España bajo nuestra bandera y nuestra insignia del yugo y las flechas imperiales.⁶⁶

Dado o enorme potencial militar e político das unidades falanxistas, provedoras da meirande porcentaxe de voluntarios para o exército, as autoridades militares, como vimos, nunca descoidaron o seu control e trataron de evitar que o seu número e tamaño acadase unha dimensión excesiva. Cando en agosto de 1936 comezou o relevo das tropas, ordenouse que os voluntarios destinados en campaña permanecesen nas unidades ás que foran asignados, debendo incorporarse ás unidades do exército regular as milicias que se atopaban na retagarda. E as xefaturas falanxistas non tardaron en aceptar esta subordinación ó mando militar. O propio Hedilla remitiu sendas notas, no mes de setembro, ó xeneral Mola, nas que recoñecía que as súas unidades acadarían a máxima eficacia de manterse “subordinadas siempre a las órdenes del mando militar y a las exigencias de la campaña”⁶⁷. Pero na medida en que interesaba manter a súa colaboración tanto nas tarefas bélicas como na retagarda, os militares tamén tiveron que ceder algo. De maneira que as milicias puideron conservar a súa simboloxía específica e tamén certa autonomía, en tanto mantiveron unidades específicas no marco da súa colaboración co exército. Neste sentido, cabe situar a tensión interna existente na Bandera Legionaria como un máis dos múltiples incidentes que a causa do

65 Archivo Barja de Quiroga. Carta do Xefe Territorial de FEJONS de Galicia dirixida a Juan Barja de Quiroga, na ermida de Salas, e datada o 18 de outubro de 1936.

66 Archivo Barja de Quiroga. Carta do Xefe da Junta de Mando Provisional de FEJONS ó comandante Barja de Quiroga, xefe da Bandera Legionaria Gallega de FEJONS, con data de 18 de outubro de 1936. *Ibidem*, datada o día 23 de outubro de 1936.

67 Rodríguez Jiménez 2000: 250.

emprego de himnos, tipos de saúdos ou emblemas políticos, tiveron lugar entre diversas forzas políticas e oficiais do exército. A profusión de bandeiras dos requetés, a animosidade coa que os falanxistas realizaban o saúdo fascista, rexeitaban os símbolos da monarquía borbónica, ou exaltaban o heroísmo e a valentía dos seus mozos nos campos de batalla, en contraposición á tranquilidade da retagarda, causaba especial malestar entre os mandos militares e tamén entre as forzas conservadoras⁶⁸.

Existiu, sen dúbida, un interese corporativo que moveu os militares a reear das milicias. Pero a oposición entre o militar profesional e o miliciano non se formulou en abstracto, senón sobre o pano de fondo da indefinición política coa que se iniciara o Alzamento e a respectiva toma de posicións sobre o futuro das diversas forzas colaboradoras coa causa rebelde. Máxime cando o xeneral Franco viña de ser investido, o 1 de outubro, pola Junta de Defensa Nacional con tódolos poderes, tanto políticos como militares, do novo Estado aínda inexistente. Unha designación que confirmaba o desexo do exército de seguir controlando os resortes do poder por un tempo indeterminado.

Así pois, os avatares internos da Bandera Legionaria reproducían, a pequena escala, a pugna polo control de espazos de poder entre mandos militares e a principal forza política rebelde que o imprevisto alongamento da guerra orixinaba. A gravidade das desavinzas era tal que nunha carta privada a un compañeiro, Barja de Quiroga confesaba que

[...] dada la situación interna de la Bandera con Falange Española que conoces, no es posible que mantenga la Unidad mucho tiempo [...] Claro es que esto ya no me interesa, sino el llegar bien al final liquidando la Bandera coincidiendo —a ser posible— con la entrada en Madrid.

E expresaba o seu desexo de que

[...] inmediatamente de la liquidación de esta aventura (pues como tal puede considerarse el cogerse del brazo de los jefes falangistas) ir al puesto que por el General Mola se me señale.⁶⁹

Tras dous meses de vida, unha circular do xeneral Mola, o 25 de setembro de 1936, dirixida a evitar o sobredimensionamento das milicias falanxistas e a afirmar a hexemonía castrense, marcaría o final da Bandera. Ademais de prohibir

68 Como recollía o xornal *El Pueblo Gallego*: "Sus deberes —que ellos mismos se han graduado— empiezan en la colocación del lacito patriótico, culminan en el aplauso a tal o cual desfile o manifestación, y acaban oyendo por la noche, arrellanados en un sillón confortable, la Radio Burgos y la charla del general Queipo de Llano"; Cit. de Rodríguez Jiménez (2000: 268).

69 Arquivo Barja de Quiroga. Carta confidencial de Barja de Quiroga ó comandante de Estado Maior Gil Soto en Zaragoza. Datada en Huesca o 23 de outubro de 1936. As parénteses son do propio autor.

a creación de “[...] nuevas milicias ni tolerar por ningún concepto propagandas políticas”, fixaba un prazo dun mes para que aqueles *xóvenes* incorporados a filas que se atopasen encadrados en calquera das milicias de primeira liña, se integrasen nos seus respectivos corpos⁷⁰. Esta disposición, sumada ás baixas ocasionadas polos combates, puña á Bandera, en palabras do seu propio xefe “[...]en grave peligro de extinción”, ante a perentoria reorganización que esixían.

Dende que se fixo público o seu retorno a Galicia, as homenaxes e mostras de agradecemento dos aragoneses foron constantes. A Bandera foi entusiasticamente despedida en Huesca o día 9 de novembro, e saudou a Pilarica ó seu paso por Zaragoza, onde colleitou novos eloxios. Pero apoteósico foi o recibimento brindado pola cidade herculina o día 14 de novembro. Pechou o comercio, as rúas foron engalanadas e tódalas organizacións falanxistas obrigadas a asistir ó acto de benvida, que contou coa presenza das máximas autoridades civís e militares. Ante as multitudes concentradas de novo na praza de María Pita, o comandante Barja expresou a súa satisfacción polo heroísmo dos soldados: “[...] La bandera que pusisteis en nuestras manos en esta misma plaza pocos días antes de salir, la traemos cubierta de gloria. Hemos cumplido con nuestra promesa”⁷¹. Os actos de homenaxe repetíronse en tódalas poboacións de orixe dos lexionarios. A actuación da Bandera mereceu as felicitacións de Franco, Mola e os xenerais da VI e da VIII Rexión Militar. E o seu retorno foi celebrado ademais cunha misa de acción de grazas en Santiago de Compostela, de novo ante a imaxe do Apóstolo. Atrás quedaban as penalidades da guerra, as disensións internas e atrás quedaban tamén os mortos. Dos 825 homes que partiran a fins de agosto e que, coas posteriores incorporacións chegaran a 1.200, só retornaron a Galicia 400, un terzo dos que partiran⁷².

Pouco despois da súa disolución, o decreto de militarización das milicias, de 20 de decembro, sancionaba definitivamente a supremacía militar. O seu mando, encadramento, dispoñibilidade na fronte ou nas provincias, e desmobilización, quedaban nas mans do exército⁷³. Na práctica, o decreto viña regulamentar unha realidade previa porque as milicias do bando rebelde xa eran practicamente forzas militares dende a declaración do estado de guerra, se por tal entendemos o control militar das mesmas e o seu sometemento ó Código de Xustiza Militar.

70 Aróstegui 1981: 321.

71 *La Voz de Galicia*, 15 de novembro de 1936, p. 3.

72 Durán 1988: 65. *La Voz de Galicia* 15 de novembro de 1936, p. 1.

73 *La Voz de Galicia* (25 de decembro de 1936, p. 1) reproduce o texto completo. O artigo 9º deste decreto dispuña a reserva, nas escolas militares establecidas para a habilitación de alféreces de campaña, dun número de prazas para o persoal das milicias, que terían preferencia para cubrir as prazas nas unidades da súa procedencia. Con motivo do aniversario do retorno da Bandera, o xornal *El Ideal Gallego* (14 de novembro de 1937, p. 2) estimaba en máis de 100 os alféreces saídos das súas filas.

Pero a súa promulgación foi o paso previo dun proceso máis amplo de control do poder que culminaría no decreto de unificación, de abril de 1937, que afectou non só ás organizacións partidistas senón tamén ás milicias, liquidando todo posible resto de autonomía.

As novas disposicións non significaron a fin das milicias falanxistas. De feito, foi a partir de mediados de decembro de 1936 cando tódalas forzas políticas “nacionais” iniciaron unha activa campaña de recrutamento de voluntarios entre a xuventude que, no caso de Falange, contou incluso coa participación do secretario nacional, Francisco Bravo. Resultado destas iniciativas foi a organización de catro novos batallóns galegos —un por provincia—, entre eles a Bandera de Falange da Coruña, que partiu á guerra o 18 de xaneiro de 1937. E tampouco rematou aquí o periplo bélico do comandante Barja de Quiroga, que xa nos primeiros días de decembro se incorporara ó cuartel xeneral do exército do Norte, ás ordes do xeneral Mola, con destino á fronte de Bilbao, para manter aínda unha intensa actividade ata a súa morte no durísimo cerco de Teruel, nos primeiros días de 1938. Pero estas historias ben merecen outras páxinas.

Bibliografía

- AROSTEGUI, Julio (1981): “Sociedad y milicias en la guerra civil española, 1936-1939. Una reflexión metodológica”, en *Estudios de Historia de España. Homenaje a Tuñón de Lara*, Madrid, UIMP, vol. 2.
- AROSTEGUI, Julio e GODICHEAU, François (eds.) (2006): *Guerra civil. Mito y memoria*, Madrid, Marcial Pons.
- CASAS DE LA VEGA, Rafael (1977): *Las milicias nacionales en la guerra de España*, Madrid, Editora Nacional.
- COUCEIRO TOVAR, José (1969): *Hombres que decidieron (17 a 22 de julio de 1936)*, Madrid, Editorial Rollan.
- DURÁN, José Antonio (1988): [Historias inactuales] *La Voz de Galicia* (18 de marzo de 1988).
- FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (1982): *El alzamiento de 1936 en Galicia. Datos para una historia de la guerra civil*, Sada, Edición do Castro.
- FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (2000): *Alzamiento y guerra civil en Galicia (1936-1939)*, Sada, Edición do Castro.
- GODICHEAU, François (2006): “Guerra civil, guerra incivil: la pacificación por el nombre”, en Arostegui, J. e Godicheau F. (eds.): *Guerra civil. Mito y memoria*, Madrid, Marcial Pons.
- GONZALEZ CUEVAS, Pedro Carlos (1998): *Acción Española. Teología política y nacionalismo autoritario en España (1913-1936)*, Madrid, Tecnos.

- GRANDÍO SEOANE, Emilio (1998): *Los orígenes de la derecha gallega: la C.E.D.A. en Galicia (1931-1936)*, Sada, Edición do Castro.
- GRANDÍO SEOANE, Emilio (2006): "Golpe de estado y represión franquista en la provincia de A Coruña: ¿Qué pasa con Coruña?", en Juana, Jesús de e Prada, Julio (coords.): *Lo que han hecho en Galicia: violencia, represión y exilio (1936-1939)*, Barcelona, Crítica.
- GURRIARÁN RODRÍGUEZ, Ricardo (2005): *Gonzalo Gurriarán Gurriarán (1904-1975)*, O Barco de Valdeorras, Instituto de Estudios Valdeorreses.
- JUANA, Jesús de e PRADA, Julio (coords.) (2006): *Lo que han hecho en Galicia. Violencia política, represión y exilio (1936-1939)*, Barcelona, Crítica.
- LAMELA GARCIA, V. Luis (1998): *Estampas de injusticia: la guerra civil del 36 en A Coruña y los documentos originados en la represión*, Sada, Edición do Castro.
- LAMELA GARCIA, V. Luis (2002): *A Coruña 1936. Memoria convulsa de una represión*, Sada, Edición do Castro.
- LLEIXA, J. (1988): "Reflexiones políticas acerca de la movilización derechista en la guerra civil", en Aróstegui, J. (coord.): *Historia y memoria de la guerra civil*, Salamanca, Junta de Castilla y León.
- MELEIRO, Fernando (1957): *Anecdotario de la Falange de Orense*, Madrid, Ediciones del Movimiento.
- MORODO, Raúl (1985): "Los orígenes ideológicos del franquismo", en *Acción Española*, Madrid, Alianza Editorial.
- MOURE MARIÑO, Luis (1939): *Galicia en la Guerra*, Madrid, Ediciones Españolas.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel (1993): "El fascismo en Galicia. El caso de Ourense (1931-1936)" *Historia y Fuente Oral*, 10.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel (1998): "Violencia política e represión en Galicia da II República á posguerra: algunhas reflexións históricas", en Castro, Xavier e Juana, Jesús de (eds.): *XI Xornadas de Historia de Galicia. Historia da cultura en Galicia*, Ourense, Deputación provincial de Ourense.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel (2006): *¡Fuera el invasor!*, Madrid, Marcial Pons Historia.
- PRADA RODRIGUEZ, Julio (2002): "A cultura da violencia no Ourense republicano (1934-1936)", Castro, Xavier e Juana, Jesús de (eds.): *XI Xornadas de Historia de Galicia. Historia da cultura en Galicia*, Ourense, Deputación Provincial de Ourense.
- PRADA RODRIGUEZ, Julio (2004): *Ourense, 1936-1939. Alzamento, guerra e represión*, Sada, Edición do Castro.
- PRADA RODRIGUEZ, Julio (2005): *A dereita política ourensá: monárquicos, Católicos e fascistas (1934-1937)*, Vigo, Universidade de Vigo.

- PRADA RODRIGUEZ, Julio (2006): "Golpe de estado y represión franquista en la provincia de Ourense", en de Juana, Jesús e Prada, Julio (coords.): *Lo que han hecho en Galicia: violencia, represión y exilio (1936-1939)*, Barcelona, Crítica.
- RODRÍGUEZ GALLARDO, Ángel (2006): "Golpe de estado y represión franquista en la provincia de Pontevedra", de Juana, Jesús e Prada, Julio (coords.): *Lo que han hecho en Galicia: violencia, represión y exilio (1936-1939)*, Barcelona, Crítica.
- RODRÍGUEZ JIMÉNEZ, José Luis (2000): *Historia de Falange Española de las JONS*, Madrid, Alianza Editorial.
- RODRÍGUEZ LAGO, José Ramón (2002): *Clero secular y Acción Católica en la Galicia del nacionalcatolicismo (1936-1965)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, [Tese de doutoramento].
- RODRÍGUEZ LAGO, José Ramón (2004): *La Iglesia en la Galicia del franquismo (1936-1965)*. *Clero secular, Acción Católica y Nacional-catolicismo*, Sada, Edición do Castro.
- SAZ, Ismael (2003): *España contra España. Los nacionalismos franquistas*, Madrid, Marcial Pons.
- SILVA FERREIRO, Manuel (1938): *Galicia y el Movimiento Nacional. Páginas Históricas*, Santiago de Compostela, Imprenta y Enc. del Seminario Conciliar.
- SOUTO BLANCO, María Jesús (2006): "Golpe de estado y represión franquista en la provincia de Lugo", en Juana, Jesús de e Prada, Julio (coords.): *Lo que han hecho en Galicia: violencia, represión y exilio (1936-1939)*, Barcelona, Cátedra.
- VEGAS LATAPIE, Eugenio (1983): *Memorias políticas. El suicidio de la Monarquía y la Segunda República*, Barcelona, Editorial Planeta.

O *monterismo* en Galicia

MARGARITA BARRAL MARTÍNEZ
Universidade de Santiago de Compostela

Introdución

Dende a experiencia da Revolución francesa e as ideas que propagou nas sociedades de Europa occidental pretendeuse responder á cuestión do fundamento da lexitimación do poder, ¿era de esencia divina ou residía na soberanía dos cidadáns? Arredor desta dicotomía consolidáronse as familias políticas ao longo do século XIX, a tradicionalista e contrarrevolucionaria unha, e as familias liberal e democrática as outras.

O enfrontamento entre liberais e demócratas acada un carácter maior dende o momento no que a Revolución industrial modifica as condicións da vida cotiá. Comeza o rexeitamento do proteccionismo estatal e a defensa da liberdade, non só a nivel político senón tamén a nivel económico e social; pero o liberalismo "progresista" faise conservador e contra el xorden novas familias políticas: o socialismo e o anarquismo.

Pero durante a maior parte do século XIX a realidade das familias políticas era unha nebulosa onde os únicos elementos activos foron as elites, posuídas de mandato a partir dunha elección moi parcial e onde as redes clientelares tiveron un papel fundamental para o funcionamento do sistema. Para o caso das elites de finais do século XIX en Europa occidental o liderado que as distinguía baseábase sobre todo nas funcións "importantes" que desenvolvían dentro da consideración social do momento.

O paso do Estado liberal ao democrático foi gradual nos diversos países de Europa e sucedeu baixo axitacións sociais e contrastes dentro das familias políticas. Xunto a isto, no século XIX o sistema liberal construíuse sobre vínculos

clientelares ligados ao desenvolvemento de partidos políticos de notables¹ dentro desas familias políticas das que falamos.

Neste momento foi tamén cando determinadas formas de estruturación dos partidos e dos estados favorecen a consolidación das clientelas políticas como medio de control dos electores e da integración das rexións periféricas, nun contexto de fragmentación territorial e debilidade xeral das institucións estatais. A eclosión da sociedade de masas aínda era moi incipiente, sobre todo en estados onde a crise finisecular tivo pésimas consecuencias, caso de España e Italia, polo mesmo feito de seren países pouco integrados na economía internacional, desencadeando en boa medida a emigración masiva a América².

Durante as décadas de 1870 e 1880 no liberalismo europeo aconteceu o que Paolo Pombeni chama a "transformación da política", unha densidade de elementos que van dende importantes reformas electorais nalgúns estados como a etapa bismarkiana en Alemaña, a experiencia da III República francesa, a substitución da *Destra Storia* pola *Sinistra* na nova Italia e o fenómeno do "transformismo", ata a proclamación da Restauración borbónica en España e o "turnismo" pacífico no goberno.

A progresiva separación de poderes, a participación popular na elección dos executivos alternantes e unha independencia cada vez maior do poder efec-

-
- 1 Os partidos de notables, tamén chamados de parlamentarios, atopábanse dominados por uns poucos individuos e controlados pola clase propietaria, burgueses e aristócratas sobre todo, e por algunhas clases medias que comezan a xermolar coa revolución liberal. Non eran partidos políticos de masas cunha organización ampla, centralizada e dependente dos resultados das eleccións. Dende o punto de vista institucional tampouco asumían a representación de ningún interese, non contaban con afiliados inscritos formalmente e non posuían personalidade xurídica; viñan a ser grupos de parlamentarios con clientelas a escala rexional e local que lles servían de apoio á hora de ser elixidos nos comicios a cambio de favores dispensados dende o legislativo e o executivo. Para unha análise dos partidos políticos a obra clásica é a de Duverger, Maurice (1961): *Los partidos políticos*, México, Fondo de Cultura Económica. Unha obra máis recente é a de Pombeni, Paolo (1992): *Introduction à l'histoire des partis politiques*, Paris, PUF; unha obra máis concreta sobre Europa durante o derradeiro cuarto do século XIX é tamén a de Pombeni, Paolo (1986): *La trasformazione politica nell'Europa liberale, 1870-1890*, Bolonia, Il Mulino. Para o caso concreto de Francia, ver Huart, Raymond (1996): *La Naissance du Parti politique en France*, Paris, Presses de Sciences Politiques; ver tamén Hanley, David (2002): *Party, Society, Government. Republican Democracy in France*, New York-Oxford, Berghahn Books. Para o caso de Italia, ver Quagliariello, Gaetano (1990): *Il Partito politico nella Belle Époque. Il dibattito sulla forma-partito in Italia tra '800 e '900*, Roma, Guiffrè; ver tamén o libro de Noiret, Serge (1994): *La nascita del sistema dei partiti nell'Italia contemporanea. La proporzionale del 1919*, Piero Lacaita, Manduria-Bari-Roma. Un artigo tamén interesante é o de Ullrich, Hanns (1985): "Parlamenti, partiti, elezioni nell'Italia liberale", en Brigalia, Manlio (1985): *L'Origine di partiti nell'Europa contemporanea (1870-1914)*, Bolonia, Il Mulino.
- 2 Véxase Baines, Dudley (1995): *Emigration from Europe 1815-1930*, Cambridge, University Press; para o caso de España consultar o libro de Yáñez Gallardo, César (1993): *La emigración española a América: siglos XIX y XX. Dimensión y características cuantitativas*, Colombres, Archivo de Indios; para o caso de Italia, véxase a obra dirixida por Bevilacqua, Piero; Clementi, Andrina de e Franzina, Emilio (2001): *Storia dell'emigrazione italiana*, Donzelli, Roma; para o caso particular de Galicia, a obra de Villares, Ramón (1996): *Historia da emigración galega a América*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Col. A nosa diáspora.

tivo foi o devir histórico que levou ás sociedades civís independentes dotadas de administracións neutrais e competitivas, pero foi esta unha realidade que non se acadou en verdade ata a Primeira Guerra Mundial.

1. Europa sur-occidental

Os países mediterráneos constituíron un excelente terreo para o desenvolvemento do clientelismo político, pero non é un fenómeno exclusivo desta macrorrexión. O caciquismo é unha práctica estendida en contextos sociais con inseguridade, privatización e concentración do poder. Pero isto non significa tampouco que o clientelismo sexa a outra cara da moeda da modernidade, como sinalaba a historiografía máis tradicional. Máis que analizar e presentar a corrupción, débese afondar nas relacións entre política oficial e política oficiosa³; o estudo da fronteira que separa ambas as dúas é onde se atopa o centro da política clientelar.

Poderíase dicir que o clientelismo comporta, como instrumento ou medio de penetración territorial do Estado, un elemento paradoxal: por unha banda participa na penetración das comunidades nun conxunto máis extenso; pola outra, é un obstáculo á realización do obxectivo último desa mesma integración, a modernización política⁴. Esta dimensión paradoxal mantívose coa aparición de novos grupos políticos que non foron en realidade un obstáculo insalvable; todo o contrario, o clientelismo pasou a ser un medio indispensable para a adaptación das novas condicións da política dende finais do século XIX⁵. O desenvolvemento da modernidade política coa aparición dos partidos de masas e a burocratización do Estado aconteceu sen que as prácticas clientelares desaparecesen; mesmo foron axentes activos desa modernización⁶. Isto tamén demostra que a modernización non se pode explicar como un movemento uniforme a través do que se acadan os ideais que o sosteñen.

Atopar o significado do caciquismo en termos de poder a través dos aspectos sociais e económicos ademais de políticos foi a meta das últimas investigacións. Estudar os liderados en función non só de elementos políticos senón

3 É este o enfoque que Gabriella Gribaudi e Luigi Musella lle dan ao seu artigo "Acteurs et représentations de l'échange politique. Clientélisme et corruption à Naples à travers les enquêtes judiciaires", en Briquet, Jean-Louis et Sawicki, Frédéric (dirs.) 1998: 277-306.

4 Luigi Graziano é un dos maiores defensores desta tese tan explícita, a de presentar o clientelismo como un obstáculo á institucionalización da autoridade das institucións públicas. Véxase Graziano 1984: 53-54. As interpretacións sobre o obstáculo á modernización e da disfunción da democracia sobreviven e impúxéronse ata non hai moito tempo como teses privilexiadas sobre o clientelismo nas sociedades modernas. Véxase Cazorla Pérez 1995: 35-51.

5 Simon-Ékovich 1987: 445-466.

6 Briquet, Jean-Louis (1998): "La politique clientélaire. Clientélisme et processus politiques", en J. L. Briquet et F. Sawicki (dirs.) 1998: 26.

tamén afondando nos mecanismos que facilitaron o mantemento no poder axudan a comprender mellor a “institucionalización” que acadou o caciquismo e a complexidade do mesmo. A posición económica, o recurso ao “capital social”, o control da opinión pública ou as vinculacións coas maquinarias estatais dos partidos, derivados en moitas ocasións dunhas “relacións persoais” que podían mesmo chegar a antepoñerse ao interese político, son aspectos que completan a actividade meramente política.

Estas derradeiras achegas levan a considerar con reservas a visión tradicional sobre a política “descendente” da Restauración⁷. Tamén en España dende finais do século XIX se sucederon transformacións económicas e sociais que iniciaron o camiño cara á politización do medio rural e amosan unha visión “ascendente”, dende a participación local no exercicio da política como a máis axeitada á hora de estudar esta etapa⁸.

1.1. España: restauración borbónica, *turismo* pacífico e caciques

Durante a etapa isabelina (1843-1868) o favor e a recomendación xa se desenvolveran a través do clientelismo, pero foi na etapa sucesiva da Restauración borbónica (1874-1923) cando acadan a súa máxima expresión ao ampliarse o recurso ao poder público como fonte de favores clientelares. Por este tempo as redes de “amigos políticos” e os caciques viñeron a definir o sistema político a través do fomento do padroado e a manipulación electoral. Os notables foron conscientes da necesidade de exercer un control efectivo sobre a sociedade como fórmula de xestionar os seus intereses e asegurar a pervivencia dunha orde social que os favorecía.

O réxime monárquico restaurado polo pronunciamento do xeneral Martínez Campos en Sagunto (Valencia) o 29 de decembro de 1874 trouxo consigo un novo sistema político, o “turnismo” ou alternancia pacífica no poder entre conservadores e liberais, instaurado “oficialmente” a partir do *Pacto del Pardo* entre Cánovas e Sagasta tras o pasamento do rei Alfonso XII en 1885 pero que fora artellado por Antonio Cánovas del Castillo, *leader* dos conservadores, e posto en práctica dende 1881, cando se nomea o primeiro goberno liberal da Restauración con Sagasta como presidente.

A xustificación final da implantación desta alternancia dos partidos dinásticos foi a de que por unha banda os militares perderan o protagonismo que tiveran ata entón no Goberno e pola outra manter as outras agrupacións (republicanos, socialistas, rexionalistas e carlistas) afastadas do poder.

7 Zamora 1963: 626.

8 Cruz Artacho 1996: 199 e ss.

Neste contexto o cacique era unha persoa que exercía o poder nunha determinada localidade, provincia ou rexión, vinculado a través dun partido político cun oligarca e que mantiña a colectividade sobre a que exercía o poder en situación de clientela a través dunha rede de relacións informais e paralelas á orde institucional⁹. A partir de aquí, o caciquismo viría a ser a variante española do clientelismo político que se estaba a desenvolver por Europa como paso previo á desaparición do liberalismo e ao nacemento das democracias.

Os caciques, como personaxes que exercían o "control político" nunha área determinada e sen ningún tipo de soporte legal, tiñan "importancia" pola súa capacidade para establecer unha rede de persoas ou grupos sometidos a eles baixo unha relación diádica que se traducía no apoio aos primeiros e na mobilización política dos segundos nos episodios electorais. Este sistema permitiu a participación da poboación á marxe do xogo político, aínda que non era unha participación libre e, polo tanto, non contribuíu a favorecer o desenvolvemento dunha política moderna¹⁰, aínda que axudou a sentar as bases da participación cidadá nas eleccións fronte ao absentismo. Neste sentido pódese considerar ao caciquismo un certo valor "positivo" ou compoñente de "modernización". Fixo posible a participación política dunha parte da sociedade nun momento no que non se daban as condicións axeitadas para que se levase a cabo¹¹.

O cacique cumpría ademais unha función social: era o único personaxe que podía transmitir aos poderes centrais as necesidades de orde material, o personaxe que velaba polos intereses máis inmediatos. Os homes de prol ou "grandes caciques", oligarcas do caciquismo, viñeron a ser os verdadeiros "protectores" da poboación, aqueles que ostentaban cargos na política central de Madrid e que se mantiñan en contacto cos seus distritos a través da relación cos principais caciques locais que formaban parte da súa complexa rede clientelar a nivel provincial e rexional.

Pero o emprego arbitrario destas atribucións levou á corrupción no seu estado máis puro; os caciques empregaban os recursos públicos como xeito de favorecer os adictos e relegar os contrarios, difundindo así a discriminación entre os cidadáns, algo que contrastaba coa declarada igualdade do sistema liberal.

1.2. O caso de Galicia

O poder das elites agrarias nas deputacións provinciais galegas foi constante dende o comezo do liberalismo, igual que aconteceu coa maioría dos deputados

9 Moreno Luzón, 1995: 194.

10 Carasa Soto 2001: 177.

11 Seco Serrano 2000: 277 e ss.

e senadores de orixe galega. Ademais dos “cuneros” de costume, a elite galega estaba formada por fidalgos, pequena nobreza e sectores profesionais e do comercio. Os máis tradicionais viñan xa de familias políticas recoñecidas na comunidade, caso dos Vázquez Queipo, dos Figueroa ou do conde de Pallares.

Unha primeira renovación das elites políticas acontece na etapa do Sexenio, un tempo de debate doutrinal e de renovación que tamén chegou a Galicia. Entre os novos representantes que aparecen nestes anos atopamos un grupo importante que se dicían progresistas, como Rodríguez Seoane e Montero Ríos, outros unionistas, como Romero Ortiz, e outros demócratas ou “cimbrios”, entre os que destacamos a Becerra e a Gasset. Os republicanos como Eduardo Chao tamén acadaron relevancia na comunidade a partir sobre todo do discurso agrarista en defensa da redención foral. Estes novos representantes da política procedían de sectores comerciais e outras profesións liberais emerxentes dende agora: xornalistas como Gasset y Artime e Urzaiz y Cuesta, economistas e banqueiros como Riestra e Bustelo e avogados que comezaban a ter recoñecemento como Montero Ríos e os Bugallal. Novas elites e novos membros que eclosionan dende o Sexenio e que se consolidaron como figuras políticas nos anos sucesivos.

Unha vez que se inicia a etapa da Restauración a convivencia entre os representantes do grupo liberal foi un tanto áspera polo enfrontamento aberto entre dous dos seus máximos representantes na rexión, Vega de Armijo e Montero Ríos. Os adversarios eran sobre todo o conde de Pallares, os Ordóñez e os Bugallal, xefes indiscutibles do partido conservador.

Todas estas “plataformas políticas” que se desenvolven en Galicia arredor dos partidos “turnantes” chegaron a acadar unha forza extraordinaria, mesmo despois do desastre do 98. Os *leaders* destas “plataformas” fixeron emprego absoluto do nepotismo e a “xenrocracia” para chegar a desenvolver tupidas redes clientelares. Posuían residencias palacianas, verdadeiras manifestacións de poder e dominio; moitas destas emblemáticas construcións atopábanse, e aínda hoxe se conservan, no litoral pontevedrés, onde o clima acompañaba. Lugares de descanso que se converteron en auténticas “quintas políticas” ás que acudían os máximos representantes da política do momento ademais dos caciques provinciais e locais (deputados, gobernadores civís, alcaldes e concelleiros) para xestionar a concesión de cargos e favores; tamén aquí ían en manifestación ou comisión os representantes dos diferentes grupos populares coa intención de solicitar intercesión e prebendas. Vega de Armijo posuía o Castelo de Soutomaior en Mos; Riestra, o predio da Caeira; Montero Ríos a emblemática Granxa de Lourizán; etc.

Porén, a realidade do caciquismo galego non ten diferenzas sobresaíntes con respecto ao desenvolto no resto das rexións do Estado durante esta etapa; foi un máis dos exemplos de política clientelar da Restauración. Unha división

demasiado simplista quizais, pero que nos axudará a ver o control que os partidos dinásticos tiñan sobre os distritos galegos sería a seguinte:

1. Na provincia da Coruña algunhas das importantes familias políticas rivalizaban cos deputados dos “distritos enfeudados” dando paso a unha situación política delicada que se fixo complexa unha vez que as divisións internas entre os partidos “turnistas” eran xa irreconciliables. O distrito da capital herculina caracterizárase sempre pola súa condición esquerdista e o feito da unión a este dos concellos de Carballo e Carral a partir da lei electoral de 1878 podería xustificarse como medida eficaz para favorecer os sectores máis conservadores e afogar o peso do voto republicano da cidade.

2. A provincia de Pontevedra foi a que desenvolveu unha maior complexidade á hora de analizar a súa xeografía da influencia. Zona de recreo de moitos homes de prol galegos, estivo dividida por representantes de ambos os bandos, pero en liñas xerais predominaron máis as tendencias liberais que as conservadoras, sobre todo nos distritos do norte e boa parte da costa, mentres que os conservadores bugallistas dominaban máis cara ao interior e o sur.

3. A familia conservadora dos González Besada foron os máximos representantes na provincia de Lugo e contaban ademais coa representación de Cambados (Pontevedra); o patriarca, Augusto, foi considerado como o presidente de honra dos caciques¹².

4. Na provincia de Ourense foi case exclusivamente a familia dos Bugalla a que controlou e dominou os distritos do interior e en estreita relación co home de prol e “primate” conservador Raimundo Fernández Villaverde. O seu rival liberal na provincia foi o sagastino Vicente Pérez y Pérez, moi vencellado á banca local e que acadou ser deputado polo distrito de Ourense entre 1872 e 1919.

1.3. A “plataforma política” do *monterismo*

Nas provincias onde basicamente tivo arraigo a plataforma *monterista* foi na da Coruña, sobre todo no distrito de Santiago, e na de Pontevedra. As loitas internas que dende 1898 sacudiron os partidos dinásticos tamén se fixeron sentir en Galicia. Montero Ríos atopábase disidente coa facción máis conservadora do seu partido representada por Linares Rivas e en boa medida isto, xunto con outros aspectos de confrontación interna, aproximou a este cara aos conservadores. O procer galego contaba ademais dende 1891 co grande apoio do xornal máis representativo do norte da rexión, *La Voz de Galicia*, unha vez que o seu director, o militar republicano Juan Fernández Latorre, se vencella ao *monterismo* para poder representar unha acta no congreso.

12 *A Nosa Terra*, 21 de marzo de 1918.

Para o caso da provincia da Coruña, foron varios os distritos *monteristas*:

1. O distrito de Santiago, o “feudo caciquil” por excelencia do *monterismo*. José Montero acadara xa a representación deste distrito entre 1871-1873, pero de xeito definitivo foi Eugenio Montero Ríos o que se posicionou na acta dende 1886. A representación mantívoo ao seu nome ata 1889, cando foi nomeado Senador vitalicio. O seu sucesor na representación do distrito dende as eleccións de 1891 foi o xenro Benito Calderón Ozores; o pasamento deste ao ano seguinte, en 1892, fixo que Montero “colocase” outro dos xenros como representante do distrito a partir das eleccións de 1893, o futuro sucesor como xefe do *monterismo* Manuel García Prieto. Pero o feito de que García Prieto acadase o marquesado de Alhucemas en 1911 e a oferta dun escano de senador vitalicio fixo que a representación pasara ás mans dun dos fillos do xurisconsulto, Eugenio Montero Villegas, que viña de representar Muros e pasou a representar Santiago entre 1912 e 1917, ano do seu pasamento. Neste momento o distrito pasou a ser ostentado por un *monterista* da terceira xeración, Manuel Sáinz de Vicuña, entre 1918 e 1919; era xenro de García Prieto e neto político de Montero.

Santiago foi, polo tanto, o distrito *monterista* por excelencia, clave da estratexia política de Montero en Galicia, a base da súa complexa trama clientelar; un exemplo absoluto de “distrito enfeudado” por unha das “plataformas políticas” que viñan facer as funcións de partidos políticos na etapa da Restauración.

2. O distrito de Arzúa estivo representado por un recoñecido sagastino entre 1876 e 1898, Benito María Hermida y Vereá, o fidalgo de Andrade. Este personaxe, un cacique de rango local que non formou familia clientelar a pesar de manterse na política tres décadas, foi o que se enfrontou dentro do partido a Montero polo control da deputación provincial. Algúns anos despois do seu pasamento de novo a figura dun liberal, Ramón Sanjurjo Neira y Pardiñas, pasou a ser o deputado polo distrito entre 1907 e 1919; este personaxe fora concelleiro de Santiago, cidade natal do seu pai, en varias ocasións dentro do tecido *monterista* da cidade.

3. O distrito de Muros estivo representado por un dos fillos de Montero Ríos, Eugenio, entre 1899 e 1912, ano no que pasa a substituír a García Prieto na representación por Santiago. Este fora un dos distritos alternativos onde non había un deputado “enfeudado” polo que fora escollido pola familia para asignarllo a un dos membros, neste caso Eugenio Montero Villegas. Dende o ano 1919, porén, é a familia Bugallal a que se fai co control do distrito, confirmando así a consolidación e influencia dos conservadores na etapa final da Restauración máis aló dos seus feudos orixinais (sur de Pontevedra). O mesmo Vicente Risco dá esta impresión de retroceso do partido liberal en Galicia a partir do pasamento de

Montero (1914): "ganando el [partido] conservador [...] las tres cuartas partes de nuestro territorio"¹³.

4. O distrito de Ortigueira estivo representado por Juan Fernández Latorre, propietario e director de *La Voz de Galicia*, entre 1891 e 1910. Este militar republicano aproximárase a Montero e á familia Maciñeira, os *monteristas* do distrito, para poder acadar a representación da acta. Nas eleccións de 1911 foi escollido por Ortigueira e pola Coruña, aceptando finalmente a segunda das representacións.

5. O distrito da Coruña: tras o pasamento de Aureliano Linares Rivas, o seu deputado entre 1881 e 1901, este escano foi ostentado por diferentes personaxes e entre eles destacaron dous *monteristas*: Fernández Latorre, entre 1911 e 1912, e José María Ozores de Prado, vencellado primeiro a Montero e logo a García Prieto, que representou a acta entre 1914 e 1923.

Para o caso da provincia de Pontevedra, Montero Ríos fora unha das primeiras figuras liberais en sobresaír, cunha traxectoria que comezara xa no Sexenio. Fora elixido deputado por esta provincia entre 1869 e 1871. Viñeron logo Riestra e Vega de Armijo. Entre os adversarios destacaron Elduayen, verdadeiro representante dos conservadores xa dende o Sexenio, e os Bugallal. Dende os inicios da Restauración sobresaíu tamén un importante núcleo republicano na capital da provincia e as asociacións agrarias dende finais do século XIX e comezos do XX. Elduayen tiña obsesión por rematar co liderado da plataforma *riestrista* e isto levouno a entrar en contacto con outros liberais contrarios á liña de Riestra como foi o caso do *monterista* Álvarez Giménez. Unha vez que Elduayen vai a Madrid, a súa representación pasa a ser substituída polo conservador Raimundo Fernández Villaverde, que era ademais amigo persoal de Riestra e mantiña boas relacións tamén cos González Besada e os Bugallal.

A complexidade da xeografía da influencia na provincia de Pontevedra viña determinada tamén polo feito de que existía unha gran rivalidade entre as distintas faccións encabezadas por Montero Ríos e por Antonio Aguilar y Correa, marqués de la Vega de Armijo, a partir sobre todo do momento no que Montero desprazara o marques no distrito de Pontevedra dende 1884, do que fora representante dende 1871; dende este momento Vega de Armijo pasa a representar un dos distritos por excelencia da familia Riestra, A Estrada.

A rivalidade entre Montero e o marqués era constantemente observada por Riestra. O marqués de la Vega de Armijo iniciara a súa formación política antes xa do sexenio, en concreto no ano 1854, ao acadar a súa primeira acta por Córdoba; fora tamén ministro de Fomento e de Gobernación. A partir de que en 1881 Sagasta o nomea ministro consolídase como home de prol da Restauración pero

13 Risco 1981: 203.

a súa discreción levouno a non ser quen de formar unha trama clientelar semellante á de Montero Ríos. O marqués de Riestra era o que exercía de árbitro entre os dous personaxes e era ademais íntimo amigo de Montero, compañeiros nas Constituíntes de 1869. Tentou sempre suavizar asperezas entre os representantes do liberalismo, ademais de recrutar xente, mesmo entre os conservadores e o clero para as filas *monteristas*¹⁴. En 1885 tivo lugar un banquete na Caeira, no predio da familia Riestra, onde os dous personaxes enfrontados chegaron a un acordo amigable dos "feudos" pero que non excluía a competitividade entre as súas respectivas bandeirías, que na maior parte dos casos eran protagonizadas por pequenos caciques e faccións locais, baixo esa mesma arbitraxe de Riestra¹⁵. Os Riestra foron unha curiosa familia política que, se ben tivo sempre vinculación co grupo liberal, tamén dialogaba cos conservadores para sacar unha candidatura de seu:

1. O distrito da capital, Pontevedra, foi un escano moi desexado por Montero; de feito, a súa primeira acta como deputado foi a representación pola provincia de Pontevedra entre 1869-1871. Unha vez que desprazou o marqués de la Vega de Armijo a "colocación" de Juan Manuel Landa Pérez como deputado do distrito en 1884 foi unha solución transitoria adoptada pola *plataforma monterista* mentres non enfeudaba o distrito noutro dos xenros de Montero, Eduardo Vincenti, dende 1886 e ata 1923.

2. O distrito de Cambados tamén tivo unha representación *monterista* a través dun fillo de Montero, Eugenio Montero Villegas, deputado a partir de 1898, momento no que queda vacante polo falecemento do seu titular dende 1893, Antonio Díaz de Rábago Aguiar. Eugenio mantén a representación ata o ano seguinte, 1899.

3. O distrito de Lalín: Montero colocou dende 1910 un "cunero" de orixe aragonesa, Ángel Álvarez, un personaxe que fora pasante do seu bufete de avogado e logo do de García Prieto. Mantívose á fronte deste distrito ata 1918, momento no que é substituído polo xenro de García Prieto, Manuel Sáinz de Vicuña, entre 1919 e 1923 e unha vez que este perde a representación de Santiago.

4. O distrito de Tui foi un caso un tanto atípico. A familia Ordóñez, de condición *romerista*, era a que tiña o poder; Ezequiel Ordóñez foi o deputado polo distrito entre 1879-1903. Pero este distrito litoral precisaba de alguén que fixese sentir as súas inquiredanzas no Parlamento, polo que empresarios representativos da zona como os Massó e os Tapias se aproximaron a Montero Ríos entre 1903 e 1905; pero foi finalmente Urzáiz, o deputado indiscutible de Vigo entre 1893 e

14 Duran 1986: 255, 270 e ss.

15 Para coñecer a influencia que os Riestra exercían na provincia de Pontevedra, véxase a obra de: Taboada Moure, Pablo (1987): *Las élites y el poder político. Elecciones provinciales en Pontevedra, 1836-1923*, Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra.

1923, o seu máximo representante. Urzáiz y Cuesta formárase como sagastino, achegouse despois a Montero e remata no *maurismo*. Con Montero como Presidente do goberno (1905) foi nomeado ministro de Facenda.

Os tentáculos da trama *monterista* chegaron incluso á provincia de Lugo, onde tamén exerceu poder nalgúns distritos:

1. O distrito de Mondoñedo: entre 1871 e 1899 estivera “enfeudado” polo liberal Cándido Martínez Montenegro pero tras o seu pasamento, Montero “apropiouse” da representación desta acta colocándolla a outro dos fillos, Andrés Ave-lino Montero Villegas, que representa o distrito ata 1916, momento no que foi nomeado senador pola provincia.

2. O distrito da Fonsagrada, onde Manuel Portela Valladares acadou a representación en 1905 da man de Montero Ríos e onde chegou a ter moita forza a partir da súa actividade agrarista e do apoio que lle vai prestar despois Canalejas. Isto levouno a un distanciamento do *monterismo*, sobre todo dende 1910, intre no que é nomeado Gobernador civil de Barcelona. Tras o pasamento de Canalejas dedicouse aos seus negocios e seguiu a representar o distrito da Fonsagrada ata 1923, momento no que se achega aos liberais liderados por García Prieto e remata por ser nomeado ministro de Fomento.

Para o caso da provincia de Ourense Montero tamén colocou e formou un adicto á súa “plataforma política” no distrito da capital da provincia:

1. O distrito de Ourense foi onde pouco a pouco Vicente Pérez y Pérez fora collendo parte do protagonismo que ata entón tiña o representante liberal, Adolfo Merelles Caula. Este, ao ver a progresión e éxito de Vicente Pérez a partir do apoio de Montero, optou por aproximarse aos conservadores. Pérez y Pérez “enfeudou” así coa bandeira *monterista* o distrito dende 1872 a 1919.

Reflexións finais

1. A “plataforma política” do *monterismo* artellouse a partir dunha serie de elementos non moi diferentes doutras formacións na España da Restauración: un *leader* con ambición política e que con anterioridade á Restauración contaba xa cun sólido prestixio profesional en Madrid, onde destacara como político do Dereito na etapa do Sexenio; a partir de 1886 xa é unha figura da política estatal e dende este momento pasa a ser un dos máximos representantes da simbiose entre “gran cacique” e liderado político.

Pero a estrutura do poder construída por Montero tendeu a dexenerar na xestión dese mesmo poder, rematando no *affaire* puro e simple: aproveitaba a presenza dos homes fieis nos postos clave da administración pública para favorecer os amigos, excluindo a todo aquel que se declarase alleo ou aos que se consideraban elementos perigosos para o sistema.

2. A realidade da dinámica política compostelá vén confirmar as teorías que apuntan como na práctica o poder se construíu dende os ámbitos provinciais. Tratábase de formacións que contaron coa suficiente forza como para garantir a estabilidade política a nivel local e mesmo impedindo a aplicación do bipartidismo, que era unha das claves do sistema, polo menos en condicións de igualdade entre conservadores e liberais. En Santiago houbo un predominio do partido liberal a partir da manifestación do *monterismo*, convertendo o partido conservador nunha forza secundaria e mesmo marxinal. Esta anomalía na aplicación da quenda, para nada exclusiva de Compostela, revélanos que o mecanismo "turnista" non dependía tanto da alternancia no Goberno central como das esixencias de organizacións fortes nos ámbitos locais, que se aceptaban en tanto non constituían unha ameaza para o fundamento do sistema e incluso eran un freo para o desenvolvemento de novas forzas políticas.

3. O clientelismo vén ser un factor retardario no proceso de secularización e racionalización cara á democratización da sociedade occidental pero, ao mesmo tempo, tamén lle hai que conceder esa función estabilizadora da vida política e mesmo integradora para superar a etapa final do liberalismo, se ben é certo que por medio dunhas vías ambiguas, opacas e que remataron por provocar disfuncións no sistema.

Bibliografía


- BAINES, Dudley (1995): *Emigration from Europe 1815-1930*, Cambridge, University Press.
- BEVILACQUA, Piero; CLEMENTI, Andreina de; e FRANZINA, Emilio (2001): *Storia dell'emigrazione italiana*, Roma, Donzelli.
- BRIQUET, Jean Louis e SAWICKI, Frédéric (dirs.) (1998): *Le clientélisme politique dans les sociétés contemporaines. Politique d'aujourd'hui*, Paris, PUF.
- CARASA SOTO, Pedro (2001): "Castilla y León", en Varela Ortega, José (dir.), *El poder de la Influencia. Geografía del caciquismo en España (1875-1923)*, Madrid, Marcial Pons - Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, pp. 175-235.
- CAZORLA PÉREZ, José (1995): "El Clientelismo de partido en la España de hoy. Una disfunción de la democracia", *Revista de Estudios políticos*, 87, pp. 35-51.
- CRUZ ARTACHO, Salvador (1996): "Estructura y conflicto social en el caciquismo clásico. Caciques y campesinos en el mundo rural granadino (1890-1923)", en Robles Egea, Antonio (comp.): *Política en penumbra. Patronazgo y clientelismo políticos en la España contemporánea*, Madrid, Siglo XIX.
- DURÁN, José Antonio (1986): *Crónicas. Conflictos de hoy, historias románticas y diarios modernos*, Madrid, Akal, vol. 4.

- DUVERGER, Maurice (1961): *Los partidos políticos*, México, Fondo de Cultura Económica.
- GRAZIANO, Luigi (1984): *Clientelismo e sistema politico. Il caso dell'Italia*, Milano, Franco Angeli.
- HANLEY, David (2002): *Party, Society, Government. Republican Democracy in France*, New York-Oxford, Berghahn Books.
- HUARD, Raymond (1996): *La Naissance du Parti politique en France*, París, Presses de Sciences Politiques.
- JOVER ZAMORA, José María (1963): *Introducción a la Historia de España*, Barcelona, Teide.
- MORENO LUZÓN, Javier (1995): "Teoría del clientelismo y estudio de la política caciquil", *Revista de Estudios Políticos*, 89, pp. 191-224.
- NOIRET, Serge (1994): *La nascita del sistema dei partiti nell'Italia contemporanea. La proporzionale del 1919*, Manduria-Bari-roma, Piero Lacaita.
- POMBENI, Paolo (1992): *Introducción à l'histoire des partis politiques*, París, PUF.
- POMBENI, Paolo (1986): *La trasformazione politica nell'Europa liberale, 1870-1890*, Bologna, Il Mulino.
- QUAGLIARELLO, Gaetano (1990): *Il Partito politico nella Belle Époque. Il dibattito sulla forma-partito in Italia tra '800 e '900*, Roma, Guiffrè.
- RISCO, Vicente (1981): "El problema político de Galicia", en Bobillo, Francisco Javier: *Vicente Risco. Obra completa. Teoría nacionalista*, Madrid, Akal, p. 203.
- RUBÍ, Gemma e FERRÁN TOLEDANO, Lluís (1993): "A propòsit de la història social crítica alemanya", *L'Avenç*, 170 (maio), pp. 44-47.
- SECO SERRANO, Carlos (2000): *Historia del conservadurismo español*, Madrid, Temas de Hoy.
- SIMON-ÉKOVICH, Francine (1987): "Recherche sur la nature des machines politiques aux États-Unis", en *Droit, institutions et système politiques. Mélanges offerts à Maurice Duverger*, París, PUF, pp. 445-466.
- TABOADA MOURE, Pablo (1987): *Las élites y el poder político. Elecciones provinciales en Pontevedra, 1836-1923*, Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra.
- ULLRICH, Hanns (1985): "Parlamentari, partiti, elezioni nell'Italia liberale", en Brigalia, M.: *L'Origine di partiti nell'Europa contemporanea (1870-1914)*, Bologna, Il Mulino.
- VILLARES PAZ, Ramón (1996): *Historia da emigración galega a América*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Col. A Nosa Diáspora.
- YÁNEZ GALLARDO, César (1993): *La emigración española a América: siglos XIX y XX. Dimensión y características cuantitativas*, Colombres, Archivo de Indianos.
- ZAMORA, José María (1963): *Introducción a la Historia de España*, Barcelona, Teide.


ANEXO: Mapas dos distritos *monteristas* en Galicia (1864-1915)MAPA 1: Distritos *monteristas* entre 1864-1881

Fonte: elaboración propia

MAPA 2: Distritos monteristas entre 1881-1898/1899



Fonte: elaboración propia

MAPA 3: Distritos *monteristas* entre 1898-1910/1915 aprox.

Fonte: elaboración propia

«Escravo das miñas confidencias e apoio nas miñas necesidades...» Contribución ao estudo da «guerrilla do chao» no rural galego: a rede de enlaces do guerrilleiro Manuel Castro Tellado

ANA CABANA IGLESIA
Universidade de Santiago de Compostela

Introdución

Un vecino de Palas de Rei recorda no seu testemuño oral o medo que na súa aldea pasaron cando viron como un garda civil traía un guerrilleiro morto. O pavor non o provocaba a macabra visión en si, a dun cadáver pendurado dunha montura, senón a intranquilidade de que o cabo que traía o “botín” do monte reparara en que o calzado do abatido estaba pulcro e lustroso. Na vila sabían que o guerrilleiro en cuestión morrera uns días antes por causas naturais mentres durmía na casa dun dos seus enlaces. Este optara por deixar o corpo morto no monte para evitar a súa segura condena por prestarlle axuda dándolle pousada¹. Os veciños eran sabedores de que se o garda civil se decatara do coidado aspecto dos zapatos do guerrilleiro a maquinaria represiva do franquismo se poría en marcha. Era a inquestionable e evidente proba da cotiá axuda que a guerrilla antifranquista recibía nos núcleos rurais.

Alfonso Domingo no seu traballo sobre o movemento guerrilleiro define aos enlaces como os “heroes do día a día” e sinálaos como os grandes esquecidos da revisión historiográfica vivida por esa temática². Secundino Serrano, proba-

1 Arquivo de Historia Oral de Galicia (HISTORGA). Entrevista núm. 177. Entrevista a M.P.C., da parroquia de S. Breixo, concello de Palas de Rei (Lugo).

2 Domingo, Alfonso 2002: 17. A historiografía sobre o movemento guerrilleiro en España pasou por varias fases. Primeiro foi obra dos represores, que empregaban a narración para exaltar o “servizo” prestado á sociedade. No exilio iniciouse a liña oposta, que se continuou no interior a partir de 1975, na que os militantes

blemente o mellor coñecedor do movemento armado antifranquista en España, vai un paso máis alá e descríbese como “os outros guerrilleiros” porque entende que “a organización do chao era o elemento cardinal para a supervivencia dos maquis”³. Estes historiadores, xunto a Fernanda Romeu e, sobre todo, a Mercedes Yusta son dos poucos que teñen feito un especial fincapé no estudo da “guerrilla do chao” ou das tamén chamadas “milicias pasivas”⁴.

En Galicia son poucos os autores que teñen entrado devagar na análise dos apoios da guerrilla, malia que o interese polo estudo da mesma non fixo máis que medrar nos últimos anos, nos que os temas relacionados coa guerra civil e a ditadura franquista están no centro do interese historiográfico e do debate social⁵. As memorias dos guerrilleiros —xa realizadas de modo autobiográfico xa elaboradas por segundas persoas— son as que traen a colación máis habitualmente a transcendencia do seu labor, amosándose moi esclarecedoras sobre o papel determinante que tiveron as comunidades rurais no mantemento do movemento guerrilleiro. Francisco Rey Balbís (a) “Moncho”, nado en San Ciprián, concello de Cervo, e guerrilleiro da zona coruñesa de Abegondo, declaraba:

[...] temos que partir do feito de que a guerrilla é o pobo [...] aínda a xente con máis medo, os sectores máis ignorantes, [...] menos politizados [...] estaban na nosa banda. A colaboración do pobo era múltiple. Unhas portas abríanse máis e outra abríanse menos pero ninguén nos denunciaba [...] dirixíamonos sempre a familias pobres, pequenos campesiños ou xornaleiros. Dábannos leite, pan, manteiga. En veces, para desemular o que nos daban levábannolo ó monte no carro, debaixo do adival, pono por caso, e se ían cara ó agro, debaixo do esterco ou nalgún saco de semente. Vivían mal e anque non querían cobrarnos case sempre lle pagábamos estes abastecementos. A algúns enlaces dábamoslle cartos por adiantado para que nos mercasen roupa, conservas, menciñas [...].⁶

Carlos García Reigosa recolle no seu relato da viaxe que fixeron tres dos máximos dirixentes da Federación de Guerrillas Galicia-León nos anos oitenta co obxectivo de rememorar o seu pasado de loita que, un deles, Marcelino Fernández Villanueva (a) Gafas, repetía continuamente “os verdadeiros heroes daquela loita foron esas xentes que arriscaron as súas vidas por axudarnos, sen recibiren nada a cambio, porque nós nada tiñamos e nada lles podíamos dar”⁷. Francisco Martínez

antifranquistas convertían os guerrilleiros en heroes a magnificar sen paliativos. Nos últimos anos tense consolidado unha liña de investigación superadora de adhesións partidistas que permite unha visión máis obxectiva deste movemento de oposición armada ao franquismo.

3 Serrano 2001: 213.

4 Romeu Alfaro 1987; Yusta Rodrigo 2003.

5 Sobre este auxe, véxase Veiga, 2006: 359-373. Unha excepción é Prada Rodríguez 1989: 218-223.

6 Neira Vilas 1991: 45-46 e 1976.

7 García Reigosa 2004: 146. Os outros dous guerrilleiros eran os tamén asturianos Mario Moran e César Ríos.

(a) Quico, guerrilleiro da Federación de Guerrillas Galicia-León, insiste tamén nas súas memorias no papel dos enlaces. Ao rememorar a vida dos guerrilleiros da comarca leonesa do Bierzo sinala que “hai que rematar con esa imaxe romántica e diabólica do guerrilleiro condenado a vivir en covas no monte, illado de toda relación política ou social. Nós durmiamos case todas as noites baixo teito, había moita xente que nos axudaba e daba cobixo e alimento”⁸.

É moito o que aínda hoxe descoñecemos sobre a relación entre os homes e mulleres que abandeiraron a loita armada contra Franco e a poboación do rural que os permitiu que a súa actividade se desenvolvese. O noso interese está en pescudar os mecanismos que posibilitaron que, nunha situación onde axudar aos guerrilleiros era ilegal e extremadamente perigoso, unha parte da poboación tomara a decisión de facelo de maneira estable no tempo. É dicir, ímonos centrar na análise das relacións estables existentes entre un guerrilleiro e/ou partida e os seus enlaces. Buscamos descubrir como, por parte do guerrilleiro, se conquire información sobre as oportunidades de aloxamento e auxilio e en que está baseada a cooperación que a este se lle ofrece por parte dos membros da comunidade que aceptan converterse nos seus puntos de apoio.

O estudo da guerrilla do chao podería abranguerse a partir de dous métodos de análise diferentes, o realizado a partir de datos atributivos e o que emprega datos relacionais. Os datos atributivos son aqueles relativos ás actitudes, opinións e comportamentos dos suxeitos de estudo que son vistos como propiedades, calidades ou características que lles pertencen como individuos. Os métodos apropiados para analízalos son os da análise de variables, onde os atributos son medidos como valores de variables particulares (xénero, ocupación, educación, procedencia, etc.). Os datos relacionais son os relativos aos contactos, lazos e conexións dos suxeitos e os grupos ou agregados que conforman. Estes non poden ser reducidos a propiedades dos suxeitos individuais xa que as relacións non son propiedades dun ente particular, senón dun conxunto. O método apropiado para analizar este tipo de datos son as análises de redes, onde as relacións son tratadas como expresión de vencellos que existen entre os suxeitos. Como estes datos non é posible tomalos e tratalos cuantitativa e estatisticamente, a análise de redes consiste nun corpo de medidas cualitativas⁹. Nós optamos por esta segunda metodoloxía para desleiar a madeixa que compoñen os puntos de apoio da guerrilla antifranquista, pois parécenos a opción que permite apreciar mellor o decisivo das relacións

8 Martínez López 2006.

9 Scott, John 1991: 2-3.

interpersoais como xeradoras de comportamentos e actitudes e enfatizar a interdependencia dos individuos dentro dunha comunidade¹⁰.

Un apuntamento inicial que, por obvio, non pode deixar de facerse explícito. As redes de apoio establecéronse xeograficamente alí onde as partidas tiñan o seu lugar de actuación, é dicir, coinciden xeralmente coas zonas de orixe dos guerrilleiros. A presenza ou ausencia da guerrilla en determinados lugares, xa que logo, marca de primeiras unha fenda entre unha parte da sociedade rural que, ao non verse involucrada, puido manterse indiferente e aquela que tivo que tomar parte na loita entre o réxime franquista e o movemento armado que buscaba o seu derrocamento¹¹.

Ademais, o conxunto da sociedade que habitaba os espazos de influencia da guerrilla non sufría por igual a súa presenza. Así, involucrarse en fórmulas de apoio para co movemento guerrilleiro partía, en moitas ocasións, da eventualidade, de que o suxeito se vira afectado persoalmente pola petición ou requirimento de axuda dun guerrilleiro, non dunha aliñación consciente e previa contra o franquismo. É evidente que a guerrilla contou co apoio de suxeitos que partían dunha postura contraria ao franquismo, igual que tivo nas comunidades rurais francos opositores que se involucraron activamente na súa eliminación, pero non son a norma. A maioría da poboación que axudou dalgún xeito e nalgún momento aos guerrilleiros no rural galego sitúase no que Primo Levi define como a "zona gris", ese espazo onde se atopan xeralmente as maiorías sociais, os "cidadáns correntes"¹². E neles os sentimentos que predominaban eran os de permanecer a salvo da dura represión estatal que a presenza da guerrilla imponía, sen faltar aos códigos que a cultura campesiña imponían respecto ás lealdades sociais, pero tamén desexosos de non involucrarse coa oposición antifranquista, senón de manter a distancia suficiente cos dous extremos en liza para asegurar o maior grao posible de seguridade e normalidade na súa vida cotiá.

10 Estudos dos movementos de oposición armada contra os diferentes réximes fascistas están principiando a dar conta da inoperatividade de estudar os protagonistas de ditas organizacións e os seus apoios sociais da maneira clásica, é dicir, a partir de datos atributivos. Coñecer a extracción social, a idade, o sexo ou o nicho laboral dos suxeitos non permite, como se pensaba inicialmente, aprehender na súa complexidade as razóns que os levaron a participar ou involucrarse dalgún xeito nestes grupos de oposición armada nin a apoialos. Andrieu 1997: 69-94.

11 Segundo os datos de Fernanda Romeu, na provincia da Coruña funcionaban 37 partidas, 21 en Lugo, 15 en Ourense e 1 en Pontevedra. Dende o primeiro momento as zonas de maior implantación xeográfica dos guerrilleiros foron o noroeste da provincia da Coruña, a parte máis oriental de Ourense (sobre todo Valdeorras, A Gudiña e Verín) e o norte e o sur da de Lugo. Romeu Alfaro 1987: 186; Serrano 2001: 49; Heine 1980.

12 Sobre a "zona gris" que queda entre perpetradores e vítimas inocentes en todo réxime ditatorial e/ou autoritario, véxase Levi 2001. A denominación de "cidadáns correntes" a partir de Goldhagen 1997.

1. O concepto de “rede”: unha ferramenta para a análise da “guerrilla do chao”

Para entender o fenómeno de creación e funcionamento da guerrilla do chao é preciso reconstruír as características dunhas complexas relacións sociais rurais inscritas no marco das comunidades. Porque todas as comunidades están formadas por suxeitos que posúen fasquías propias, pero que se definen pola súa pertenza a unha configuración social que existe grazas a unha rede de interaccións entre os diferentes membros da mesma.

Barnes, o estudoso da Escola de Manchester que introduciu o concepto de rede, defínea como unha malla de relacións flexibles e discrecionais, nas que non todos os compoñentes se coñecen entre si pero, igualmente, poden interaccionar entre eles. A rede crea un espazo de interdependencia entre varios estratos sociais e favorece a solidariedade e a axuda mutua en varias situacións: soporte material, problemas cotiáns, inserción laboral, etc. Segundo Barnes, a rede social sostén o idioma igualitario e a identidade comunitaria e é o principal factor de estabilidade e equilibrio entre os distintos grupos sociais¹³.

As relacións sociais, dentro dos agregados familiares ou fóra destes, son constitutivas dunha rede máis ca dun grupo organizado, isto é, dunha configuración social na que só algúns, non todos os compoñentes, teñen intercambiado algún tipo de relación. A rede xoga un papel crucial xa que é tamén un factor decisivo que caracteriza o proceso de socialización do individuo, de interiorización de normas e valores, de definición do estatus e da identidade e, alén diso, permite entender a dinámica de control normativo.

Hai dous modos nos que están sendo consideradas as redes nos diferentes traballos de Socioloxía ou Historia Social respecto ao seu uso instrumental. Un, como corrente de comunicación, o outro, como fluxo de bens e servizos¹⁴. Os primeiros centran a súa atención non tanto na influencia da estrutura da rede sobre a acción individual —opción predilecta do segundo modelo analítico—, senón na monopolización da comunicación a través das redes, e poñen en evidencia a tarefa que estas poden asumir como instrumento de definición e de control social. A rede dende esta óptica ten un papel crucial na definición dunha comunidade social e dos seus intereses, no proceso de diferenciación e na identificación da súa norma. Neste último aspecto, a rede está na base da articulación do control normativo, na reafirmación da norma constituínte e na formulación de novos modelos de comportamento. Deste xeito, na explicación dos comportamentos sociais, tanto individuais como colectivos, é central reparar tanto nas trabas impostas po-

13 Sobre as diferentes escolas de pensamento que teorizaron sobre o concepto de rede, véxase Scott, John 1991: 27 e ss.

14 Algúns deses traballos están recollidos no monográfico da revista *Política y Sociedad*, VV. AA. 2000.

los diversos sistemas normativos como en que o individuo mantén un conxunto variado e variable de relacións que determina as súas reaccións e eleccións respecto desa estrutura normativa¹⁵. É dicir, e xa levado ao noso tema de estudo, para comprender tanto as actitudes proclives a dar apoio á guerrilla antifranquista –as que aquí nos interesan– como as contrarias, habería que ter presente tanto a influencia que sobre o suxeito e/ou grupo en cuestión exerce a lexislación franquista –especialmente a punitiva– como o ascendente que sobre o mesmo posúen as lealdades primordiais do seu círculo relacional (amigos, veciños, familia, etc.) e as disposicións da cultura campesiña (éticas de subsistencia, socialidade, etc.)¹⁶.

Para entender as relacións sociais dun grupo, comunidade ou sociedade é fundamental estudar a amplitude e a densidade da rede —o que se define como características morfolóxicas—, porque é o elemento que permite apreciar e sopesar a súa influencia no individuo. Dependendo da súa fortaleza a rede pode ser das denominadas “de malla estreita”, cando vencella a unha serie de prestacións recíprocas e exercita unha forte presión ideolóxica e normativa sobre o individuo, ou das “de malla ancha”, en caso de que desempeñe un control social e normativo menos pesado, consentindo unha variación máis grande na ideoloxía, nas obrigas e nas normas de comportamento.

Elizabeth Bott define o termo “rol” como o comportamento que se espera de cada individuo por ocupar unha particular posición social. Un “rol relacional” está formado por aqueles aspectos dunha relación que supoñen expectativas recíprocas de conduta dunha persoa respecto doutra. A colectividade, xa que logo, non depende só das semellanzas ocupacionais –lealdades de clase– ou da proximidade de domicilio. É a resultante complexa de innumerables decisións adoptadas por todos os membros da rede, de acordo con combinacións particulares de necesidades persoais e factores situacionais (presenza ou ausencia de lazos económicos, etc.) así como dun complicado conxunto de factores relacionados coa mobilidade espacial e social.

A investigación sobre a densidade de redes levou a definir unha “zona de primeira orde”, é dicir, a constituída polos contactos directos do individuo obxecto de estudo, é dicir, do guerrilleiro no que a nós atinxe, e unha “zona de segunda orde”, conformada polos contactos dos contactos dese individuo. Estas zonas poden distinguirse coa denominación de “rede efectiva” e “rede débil” respectivamente, aínda que se debe facer notar que esta segunda, malia a ser menos densa ca primeira, presenta unhas tramas internas tupidas¹⁷.

15 Burke 2003: 123-124.

16 Sobre o concepto de “ética de subsistencia”, véxase Scott, James C. 1976. Sobre o concepto de “socialidade”, véxase Varela Fernández 2004: 261.

17 Cubitt 1973: 67-82.

Na configuración social que define o rol relacional, o parentesco e a amizade aparecen como os dous tipos máis elementais de relación social primaria. Os veciños e as asociacións voluntarias teñen transcendencia na medida en que son fonte de amigos potenciais e porque poden coincidir parcialmente coas categorías de parente e amigo. Dos estudos realizados sobre redes sociais (emigración, inserción no mercado laboral, patróns matrimoniais, etc.) dedúcese que os parentes teñen a significación máis especial en calquera tipo de rede. A relevancia da relación de parentesco é tripla: primeiro, é especialmente factible que os parentes se coñezan entre si, de forma que o seu sector reticular é probablemente o máis unido de todos; segundo, a relación con e entre parentes próximos é relativamente duradeira; e terceiro, os parentes desempeñan un vital e dobre papel: non só apoian un individuo, senón que tamén son soporte de novas redes parentais creadas a través de lazos como os matrimoniais¹⁸.

A noción de rede social, como conxunto de interaccións que forman un espazo social, supón incidir no coñecemento e a comprensión das ligazóns dos individuos entre si, e, deste xeito, permite aprehender as estratexias individuais e tamén as formas de acción colectiva. A fortaleza das comunidades campesiñas está xustamente na forte pegada, no enraizamento, dunha microsociedade feita de redes sociais onde o relacional está por riba doutras fracturas (opción política, clase social, etc.) e onde as forzas de integración social combaten as tendencias disolventes que veñen do exterior, caso do Estado durante o franquismo, e mesmo dende o interior, por parte de individuos que antepoñen outros valores ou intereses aos comunitarios.

As redes relacionais explican tanto que dentro dunha comunidade se dea axuda aos guerrilleiros como que estes se dirixan e encontren soporte na sociedade civil. Para entender procederes ou decisións como os que supoñen cooperar ou axudar a un guerrilleiro e/ou a súa partida son decisivas as redes relacionais establecidas por este: redes de amigos, relacións de veciñanza ou de parentela, etc. Coñecer ao guerrilleiro, deberlle un favor a un familiar deste, confiar no veciño que pide aloxamento no seu nome, etc. son cuestións que deciden a reacción do individuo á hora de participar ou non na rede de auxilio daquel. Pola súa parte, para os guerrilleiros era preciso mobilizar a axuda axeitada, a que tivera menos probabilidade de ser descuberta polas forzas de orde pública, aquela con visos de non comportar custos inasumibles e, ao mesmo tempo, a máis efectiva e funcional para resolver as súas demandas en cada momento (comida, aloxamento, abastecemento, correo, etc.)¹⁹.

18 Bott 1990.

19 Sobre a transcendencia da funcionalidade como característica dos apoios –e incluso dos membros– dos movementos de oposición política clandestinos véxase Marcot 1997: 21-41.

2. Un estudo de caso. A rede de enlaces de Manuel Castro Tellado

Para chegar a aprehender esta rede empregamos dous *corpus* de fontes básicos. O primeiro está constituído pola documentación oficial, en concreto, a xerada a raíz dos xuízos sumarísimos aos que debían facer fronte os enlaces cando "caían". A natureza da fonte levounos a ter certas precaucións co obxecto de criticar os seus máis que seguros sesgos. Pensemos que moitos inocentes aos que lles foron imputados os cargos deberon comparecer e mesmo foron condenados pola xustiza militar e en que, aínda sendo enlaces, os detidos negaban esta condición para evadir as sancións. Así, optamos por centrar o noso estudo nun caso no que puideramos aseverar a veracidade da participación das persoas acusadas.

Partimos dunha causa xudicial na que algúns dos enlaces detidos revelaran a súa condición —xa fora pola busca dunha redución de pena xa pola violencia empregada polas autoridades—, e na que contabamos con información que ratifica estas confesións proporcionada por novos detidos, encausados ou testemuñas chamadas a declarar²⁰. Tamén tivemos presente, a efectos de crítica de fontes, que o motivo para a caída da rede de enlaces foi a incautación por parte das forzas de orde pública franquistas da documentación do guerrilleiro. Este levaba consigo notas a través das que transmitía ordes ou encargos, ademais de consignar os seus gastos, —como era preceptivo para as partidas que conformaban a Federación de Guerrillas—, nas que aparecían os nomes ou alcumes das persoas que lle prestaban axuda. O segundo dos *corpus* ao que faciamos referencia é a fonte oral²¹. As entrevistas realizadas á veciñanza dos protagonistas permitiunos ter información de, se non toda, si boa parte da rede e as motivacións dos enlaces para participar nesta. Ademais, grazas á información oral, puidemos confirmar e/ou desestimar algunhas consideracións reflectidas na documentación oficial²².

Manuel Castro Tellado era o líder do Partido Socialista de Pol e o presidente da Sociedade de Traballadores da Terra de dito concello lugués. A súa decisión de defender a legalidade republicana e a necesidade de librarse da represión de primeira hora iniciada polos falanxistas locais provocaron que dende o golpe de Estado pasara a conformar as filas dos escapados e, axiña, as da guerrilla. Rematada a guerra civil actuou coa súa partida, composta por xente dos concellos onde se movía (Pol, Castroverde e Meira) de maneira independente e illada. Seguindo o cambio de estratexia ordenado polo partido socialista, a partir de 1942, deixou

20 Arquivo Militar de San Fernando (Lugo). Causa 99/47 [Os fondos documentais xerados pola Xurisdición Militar franquista da provincia de Lugo que consultamos nas dependencias do Cuartel de San Fernando foron trasladados ao Arquivo Militar de Ferrol].

21 Sobre a valía da fonte oral neste tipo de abordaxes, véxase Alonso Dávila 1992: 181-200.

22 Entrevistas a M.E.I.I. (1945), da parroquia de Reigosa, concello da Pastoriza; a F.E.L. (1945), nada no concello de Meira; A.C.V. (1943), da parroquia de Pacios, concello de Castro de Rei; C.A.P. (1919), nado na parroquia de Saldanxe, concello da Pastoriza.

de actuar por libre para incorporarse á organización guerrilleira²³. Converteuse no Comandante en Xefe da III Agrupación da Federación de Guerrillas Galicia-León, que tiña o seu ámbito de acción pola franxa oriental da provincia de Lugo, as terras que lindaban con ela de Asturias e a comarca berciana. Dita Agrupación xurdira do artellamento das partidas que ata daquela lideraban, ademais del mesmo, Abelardo Gutiérrez Alba e Antonio Fernández Crespo (a) O Fuenteoliva, que pasaron a ser os seus lugartenentes. Castro Tellado morreu nunha emboscada en febreiro de 1947 cando ía, xunto a Marcelino Fernández Villanueva (a) Gafas, a un encontro cos representantes da outra grande organización guerrilleira, o Exército Guerrilleiro, vencellada ao Partido Comunista.

A súa caída provocou que a súa milicia pasiva fora descuberta, xa que as autoridades atoparon documentación con nomes e datos sobre as súas actuacións. A esta información sumouse a que as forzas de orde pública sacaron da confesión de Manuel Corral, un dos compoñentes da partida de Castro Tellado que fora apreixado nun encontro coa Garda civil na parroquia de Montecubeiro, no concello de Castroverde. As confesións que nos interrogatorios fixeron algúns dos enlaces detidos e das testemuñas chamadas a declarar, xunto á documentación achada nos rexistros das súas vivendas, acabaron por sacar á luz a totalidade dos nós que compoñían a súa rede de apoio. As pescudas da Garda civil provocaron que máis de 30 persoas foran chamadas a declarar e que 24 delas foran detidas, pasando a disposición da xustiza militar polo cargo de auxilio a bandoleiros.

A rede de enlaces deste líder socialista comezaba, coma todas, no círculo familiar pero chega a estenderse, a partir de veciños, correlixionarios políticos e amigos, ata cubrir os concellos de Pol, Meira, A Pastoriza, Castro de Rei e Castroverde. Da fluída relación que Castro Tellado mantiña co seu entorno familiar dá conta un feito que resultou ser un dos detonantes para que se confirmaran as sospeitas da Garda civil sobre o papel de enlaces que xogaban os seus parentes: o día 13 de febreiro, antes de que a Benemérita comunicara á familia a morte do guerrilleiro sucedida ese mesmo día no concello de Paradela, na súa casa na parroquia de Mosteiro xa se viviran escenas de dor e loito²⁴.

23 Neste período o seu grupo sufriu varias baixas, destacando as tres que se rexistraron en 1944, nun encontro coa Garda civil que tivo lugar no concello de Cervantes. Este choque sanguento entre as forzas franquistas e a partida de Castro Tellado recólleo Helmut Heine, véxase Heine 1980.

24 Marcelino Fernández (a) Gafas recorda "colléronnos por sorpresa e Manolo Castro caeu morto no tiroteo. Eu tamén disparei, coído que lle batín a un garda como mínimo, e, en fin, xa eu só, cheguei a Meira como puiden, onde a Manolo o esperaba a súa muller. Nun primeiro momento non lle dixen o que pasara e, como tiñamos encima unha feroz batida, a ela levárona cara a Mondoñedo os enlaces do Servizo de Información (SIRE) e a min trouxéronme para esta zona de Pastoriza", García Reigosa 2004: 95.

Un dos principais bastións do guerrilleiro foi a súa dona, Engracia Díaz. A cónxuxe de Castro Tellado sufriu os rexistros e as visitas continuas de Garda civil e falanxistas locais nas que, segundo ela mesma sinala nunha carta que escribe a Vitoriano Labrada (home da súa irmá), é obxecto de violencia física por negarse a cooperar e delatar o seu marido²⁵. As incesantes molestias que a súa muller soportaba levaran o guerrilleiro a pensar en varias ocasións en preparar a súa saída de Galicia, tarefa para a que contaba coa complicidade doutro guerrilleiro de Pol, o seu amigo José Tellado Carballeira, que lle confirmara nunha nota —naquela altura imbuida pola esperanza da intervención dos Aliados en España— a súa disposición:

Amigo Manuel: enteirado da túa vida, que estás preparando para embarcar a túa muller para Canarias, creo que non fai falla pois segundo me din Franco ten de prazo ata o 20 de setembro e a conferencia marcha moi ben, e en caso de que isto fracasara, pois eu estou disposto a embarcar para Cuba ou Bos Aires, e se a queres embarcar para alá eu lévoa como irmá miña, mándame unhas letras por Manuel e que llas dea ao meu sogro ou ao meu enlace [...].

Vítimas da represión por constituír a milicia pasiva do guerrilleiro resultaron tamén a irmá de Castro Tellado, Silvina, considerada a súa principal enlace e unha estafeta das partidas da zona, e o marido desta, Primitivo Rodríguez, un significado antifranquista. Participara na defensa da República na cidade de Lugo, polo que foi condenado a 30 anos de prisión (conmutados por seis), e estivera fuxido algún tempo ata que o capturou a Garda civil. O outro irmán do guerrilleiro, Antonio, resultou ser outro apoio decisivo, xa que foi o encargado de organizar a operación de evasión coa que Castro Tellado puido pór a súa filla a salvo de posibles actuacións represivas. O seu labor foi realmente exitoso xa que as autoridades descoñecían o seu paradiro e o da nena, dubidando se poderían atoparse nas illas Canarias ou en Xerez da Fronteira.

Alén da formada polos seus parentes, na rede de enlaces de Castro Tellado, podemos apreciar tres roles diferentes, segundo a tarefa realizada. En primeiro lugar atopamos aqueles que ofrecen ao guerrilleiro casas francas, vivendas seguras onde pasar temporadas ou, cando menos, descansar periodicamente. Despois están os estafetas ou correos, que permiten ao guerrilleiro seguir coa actividade política e dar e recibir información sobre as consignas do seu partido. En terceiro lugar aparecen os que poderíamos denominar encargados da intendencia, persoas

25 Esta carta foi atopada nun rexistro realizado na casa de Modesto López (a) Zoqueiro en Meira. O significativo comentario da muller do guerrilleiro é “os paus tamén doen moito” e forma parte da argumentación que ela dá ao seu cuñado para que este entenda a súa decisión de fuxir. Dita desaparición é datada polas autoridades en abril de 1947.

que se ocupan de comprar víveres, roupa e todo tipo de útiles (dende a cámara da roda dunha bicicleta ata armas e munición).

Segundo a nosa información, Castro Tellado tiña, cando menos, seis casas francas, unha na Pastoriza, dúas en Meira, dúas en Pol e unha en Castroverde. Darío Peino (a) Persa era o dono da casa onde Castro Tellado se agochaba cando estaba en Pol, en concreto na parroquia de Milleirós, e a súa relación guerrilleiro-enlace baseábase na fonda amizade que os dous tiñan dende a súa nenez. A outra casa franca neste concello estaba na parroquia de S. Andrés de Ferreiros, xusto no linde co concello de Meira. Nela vivían dous veciños de Castro Tellado, Manuel Pasaro e o seu sobriño Ramón Pasaro.

A casa segura que o guerrilleiro tiña no concello da Pastoriza era a de Donato Freire e estaba na parroquia de Crecente. O vencello entre el e o guerrilleiro era a amizade, constituíndo así, igual que os anteriores, unha "rede efectiva". Esta boa relación levou a que a filla de Donato, Carmen Freire, estivera xa con anterioridade á guerra na casa de Castro Tellado —na que había un taller de costura—, como aprendiz de costureira, e a que despois de que este pasara á clandestinidade seguira alí axudando nas tarefas da casa e no coidado da filla e os pais daquel. Carmen tiña unha relación profunda con toda a familia de Castro Tellado e así o revelaron, unha vez máis, as notas que ían ao seu nome atopadas pola Garda civil:

Que ninguén colla as chaves. Consellos a Marujita [a filla do guerrilleiro], que a velen. Tratar ben ao vello. De noite nunca faleis nada na casa. O día da festa se te acompañas coidado coas pequenas e cargue poucos pesos na cabeza.

A razón que vencellaba o guerrilleiro co dono da casa franca que tiña en Castroverde, Manuel Pérez Penela (a) Pereiro viña de que a parroquia na que estaba sita, Montecubeiro, tiña sido unha das de maior actividade social e política de Castro Tellado durante a República. Existía unha fonda relación entre el e a sociedade agraria de Pol que presidía e a Unión de Labregos de Montecubeiro, de feito o propio guerrilleiro aparecía como socio desta sociedade agraria do concello veciño²⁶.

Aniceto Díaz, natural do concello de Baleira, aínda que veciño de Meira, e xastre de profesión, empezou a ser enlace de Castro Tellado en 1944. Como indica a data, non se trata dunha relación establecida nos primeiros días da clandestinidade do guerrilleiro, senón bastantes anos despois. Polo tanto, estamos ante unha ampliación da rede inicial, na que, como levamos visto, a familia e amigos-veciños

26 Nas memorias noveladas de Xosé Manuel Sarille sinala que Castro Tellado, xunto a Xosé Palmeiro Valcárcel e Domingos Fernández Díaz tamén contaron en Castroverde co apoio da familia da Casa Nova de Maceda, onde o pai, mestre da escola da parroquia de Luaces, fora asasinado polo réxime. Sarille 2002: 109.

tiñan preeminencia. A única relación que atopamos entre o guerrilleiro e o xastre antes de 1944 é de tipo indirecto. Aniceto era un íntimo amigo de Primitivo Rodríguez, o cuñado de Castro Tellado, xa que compartiran a experiencia da emigración a Cuba país no que, amén de politizarse, trabaron unha fonda relación de amizade²⁷. Do que si era consciente Castro Tellado ao iniciar a súa relación co xastre era de que contaba coa súa simpatía política. Aniceto Díaz era un dos membros máis destacados de Izquierda Republicana de Meira, de feito era un dos concelleiros do Frente Popular cando estalou a guerra. A súa actitude pouco "adaptaticia" coa nova orde custáralle ser multado en varias ocasións polo Gobernador Civil e estar catalogado como desafecto polo réxime. A carta que serve como punto de arranque da súa relación é dabondo ilustrativa, tanto da necesidade do guerrilleiro de ampliar a súa rede de enlaces, pois na orixinaria xa houbera baixas e sufrían un maior control, como da obriga deste de confiar en persoas coas que non tiña lazos conformadores do que chamamos redes de primeira orde.

Camarada Dechado [pseudónimo Aniceto Díaz] y familia: coa rabia a duras penas contida e os nervios tensos. [...] coa túa solidariedade e axuda desbrozar o camiño que nos permite proseguir adiante a pelexa [...] busco no teu peito acollida sincera, sen case coñecernos [...] fágoo con enteira seguridade e confianza [...] iso custoulle a vida ao noso caro Manuel [...] o meu lazarillo, caído el, ¿onde ir eu? [...] as casas coñecidas están máis ou menos encravadas dentro do círculo de vixilancia inimiga [...] saír desta zona e entrar en Mosteiro sen coñecer o terreo sería unha imprudencia temeraria [...] desculpa que te elixira a ti como escravo das miñas confidencias e apoio nas miñas necesidades [...] a contrasinal para recoñecerse é: preguntará pola madeira de nogueira e castiñeiro, ao que se contestará "si sei dalgunha" [...].

No rexistro da súa casa, realizado a partir da confesión que fixera á Garda civil a súa filla, América Díaz, tras ser detida, aquela atopou un depósito de armas e munición, así como os cupóns que o vencellaban co servizo de cotización da Xunta Provincial de Lugo do partido Unión Nacional e documentación definida no xuízo como "propaganda de carácter extremista e guerrilleira" (entre ela o regulamento nacional da Federación de Guerrillas, a copia do último discurso de Azaña en Valencia ou un escrito de Izquierda Republicana de Baleira).

A outra casa segura do guerrilleiro de Pol no concello de Meira era a de Modesto López Rodríguez (a) Zoqueiro. O seu traballo, do que tomou alcume, leváboo a viaxar por toda a zona do leste da Terra Chá con moita frecuencia e sen levantar sospeitas. O seu labor como enlace comezou en outubro de 1945, cando a casa de Aniceto Díaz deixou de ser segura porque edificaron moi cerca dela un cuartel da Garda civil. Xa que logo, a relación co guerrilleiro constituía unha rede

27 En ocasións nas notas do guerrilleiro, Aniceto é denominado co alcume de "cubanito".

das denominadas febles, dado que a rede efectiva se daba entre os enlaces, Aniceto e Modesto. O primeiro, e non Castro Tellado, foi quen se encargou de iniciar esta nova trama na rede de apoio á guerrilla en razón da relación de veciñanza que tiña co novo nó, que o facía sabedor da súa afinidade cos ideais republicanos e coa loita armada antifranquista.

O grupo de persoas da rede de enlaces do guerrilleiro que servían de estafeta amosan unha fasquía definidora: compromiso político e afinidade ideolóxica. De feito, entre os enlaces, e ás veces destinatarios das cartas de Castro Tellado, atopamos persoas da executiva do Partido Socialista a nivel provincial, caso de Manuel Cobas ou Carmen Deales, (a) viúva de Pérez, que vivían e tiñan a súa actividade política radicada na cidade de Lugo (el rexentaba unha droguería e ela un establecemento de aparatos eléctricos). Tamén aparece nesta tarefa José Coroas Rodríguez (a) Canteiro, organizador e un dos líderes de Izquierda Republicana da Pastoriza, e Lino Carrera Baltar, presidente da sección de Izquierda Republicana en Baltar —independente da da Pastoriza aínda que estivera nunha parroquia deste concello—, que organizaban a distribución postal entre as partidas da III Agrupación e tamén coa executiva provincial do Partido Socialista. Josefa Teijeiro (a) Caseteira e Faílde Fernández, nai e fillo, actuaban como estafetas do guerrilleiro de Pol e tamén de Luís Trigo Chao (a) Guardarríos, ao que ofrecían a súa casa nunha parroquia do concello de Ribadeo, Cubelas, como vivenda franca. O seu marido e pai respectivamente fora asasinado pola súa implicación política, polo que a súa familia actuaba como enlace entre os dous membros do Partido Socialista, partindo dun forte sentimento antifranquista.

Os irmáns Serafin e David Rico Seivane, labregos da parroquia de Álvare, na Pastoriza, eran outros dos destinatarios e dos correos das consignas de Castro Tellado. Afiliados da Agrupación Republicana do seu concello, mantiñan fluídas relacións co outro estafeta do guerrilleiro no mesmo, Lino Carrera. A nota que máis incrimina estes irmáns durante o xuízo é unha na que Castro Tellado escribe: “Nada de atracos. Falar cos de Álvare. Tamén a David que o diga en Bretoña [nesta parroquia atopábase o enlace doutros membros da III Agrupación, Xosé María Galocha, que trala morte de Castro Tellado escondeu na súa casa a Marcelino Fernández (a) O Gafas]”, o que revelaba a súa participación na rede de apoio á guerrilla.

Ocasionalmente eran tamén os donos das súas casas seguras e os seus familiares os que se encargaban de manter a correspondencia de Castro Tellado, como demostra unha das notas que a Garda civil atopaba no cadáver do guerrilleiro, dirixida a Aniceto Díaz:

Querido Dechado: saúde e antifascismo, desexabamos que na primeira ocasión que tiveras vaías a Lugo e fagas entrega destas cartas aos interesados seguintes: Executiva do Partido Socialista, na Droguería Galaica, á compañeira viúva de Pérez, de alí encárgaslle que faga chegar a Primitivo, o cuñado de Engracia, a carta que está ao seu nome. Advírtelle que nos tomamos esta liberdade por evitar mandar persoa ex profeso a Mosteiro, o que sempre podería levantar sospeitas [...].

Das compras de todo aquilo que puideran precisar o guerrilleiro e os membros da súa partida ocupábanse habitualmente os familiares dos donos das súas casas francas. Nesa escala da rede de enlaces de Castro Tellado destacan América Díaz, filla de Aniceto, e, sobre todo, Anuncia Grandela, a parella de Modesto López, o zoqueiro de Meira. Entre as notas atopadas a Castro Tellado había anotacións do tipo:

A Anuncia 33 pts. o día 10. A Anuncia tamén 55 pts. [...] o mesmo día 12 a Anuncia 65 para comprar polbo e coello e 100 pts para libros a América. Entreguei a Anuncia o día 20 para carne e vino. O 21 a Anuncia dinlle 65 de queixo. Entreguei a Anuncia 22 [...] e 7 de regalo para Anuncia [...] O día 25 din a Anuncia 35 para arroz e pan [...].

Cabe aquí facer un inciso relativo a estas anotacións. Nelas, como sinalamos, dicíase “e 100 pts para libros a América” e “7 de regalo para Anuncia”. Estes apuntamentos teñen un grande interese porque indican que na relación guerrilleiro-milicias pasivas existían toda unha serie de prestacións recíprocas entre os dous entes, non se trataba unicamente dunha relación de dependencia unidireccional do primeiro sobre as segundas. Neste caso concreto, o guerrilleiro “compensa” ás súas enlaces cunha prestación económica, no caso de América o suficiente para que poida matricularse e comprar o material necesario para seguir un curso a distancia, no caso de Anuncia unha gratificación polos servizos prestados.

Malia que existiran enlaces especializados na intendencia, non era raro que todos os seus apoios se involucraran no abastecemento da partida.

Din o 30 de novembro a Dechado, 82 pts [...] muda de Marcelino [(a) Gafas] e de dous reembolsos e de dúas cartas [...] e 24 pts. arranxo das miñas botas, para iso entregamos 124 pts máis [...].

Din 300 pts. a Lino, 25 a Elena para viño e o 20 din 100 ao sogro para viño [...].

O 14 de outubro a Serafín 100 pts. O 1º de decembro 100 pts. a Serafín, pero devolveume 50 [...].

Destes nós da rede, xa responderan á tipoloxía de rede efectiva xa á de rede débil, partían novos lazos dos que Castro Tellado puido tirar para manterse na clandestinidade algo máis dunha década. Era o caso, entre outros, de Francisco Pacio Rodríguez (a) Basanta, primo de Modesto; de José María Díaz Cortón, cuñado de Darío Peino; do sogro do seu estafeta Lino Carrera; ou de José Benito

Sanjurjo Ónega, un labrego da parroquia pastoricense de Baltar que tamén se ocupaba do seu soporte material:

[...] o día 9 dinlle 150 pts. a José Benito. O día 17 de decembro prestei ao sogro 1.000 pts. para patacas. Din 100 a J)B para unha caixa de palas. O 31, 100 pts. a José Benito que me mandou gafas.

Un aspecto a ter en conta de Castro Tellado, ao igual que outros guerrilleiros galegos, é que pagaba a pousada, a comida e os servizos que demandaba —dinámica que diferenciaba os guerrilleiros do Noroeste das doutras zonas— co que trataba de minimizar a carga que supoñía para as economías domésticas dos seus apoios.

Familia, amigos, veciños e correligionarios, e familiares, amigos, veciños e correligionarios destes á súa vez tupiron a rede que permitiu que Castro Tellado se mantivera dende o golpe de Estado ata 1947 na clandestinidade e continuara coa súa loita política. Pero a súa relación coas comunidades rurais, exemplo do que ocorría co conxunto da guerrilla no espazo rural, ía máis aló das redes de enlaces, involucrando de maneira indirecta un número considerable persoas. Así, entre as axudas que recibía hai que contar a prestada polas persoas que non conformaban a milicia pasiva, que nin sequera estaban insertos na rede relacional do guerrilleiro ou dos seus enlaces, pero que lle deron soporte de maneira puntual (unha única compra, aloxamento por unha noite, etc.); a daquelas que mantiveron en silencio e non denunciaron as idas e voltas de todos os involucrados; ou as daquelas que aparentaron unha “falsa ignorancia”, ou directamente mentiron, asegurando a inocencia dos involucrados na rede nas súas declaracións ante a Garda civil ou nos Tribunais militares²⁸.

Conclusiones

As redes de enlaces dos guerrilleiros da provincia de Lugo que tivemos ocasión de examinar gardan gran similitude coa establecida polo líder socialista de Pol e podemos supor que é un caso extrapolable para o caso galego en xeral. Cambian nomes e lugares de residencia pero continúan os mesmos tipos de vencellos.

As razóns que levaron a parte da poboación rural a axudar aos guerrilleiros ou silenciar a súa presenza son múltiples e están en relación, sobre todo nos momentos iniciais da clandestinidade, coas lealdades primordiais, que non lealdades de clase, formalizadas antes da guerra civil. Familia, veciños e amigos son os que se converten en enlaces²⁹. Esas lealdades son tamén as liñas que marcaron a po-

28 Máis de seis veciños das parroquias de Alvare e Baltar, no concello da Pastoriza, subliñaron a inocencia dos seus veciños encausados (Lino Carreira e os irmáns David e Serafín Rico) malia coñecer a súa condición de desafectos e de enlaces.

29 Sobre a relevancia da “veciñanza” nas comunidades rurais, véxase Lisón Tolosana 1974.

litización no rural, polo que non debemos desestimar a fortaleza desta á hora de configurar unha rede de auxilio á guerrilla nin de comprender a súa localización xeográfica. De feito, son en moitos casos eses parentes, amigos e veciños os que tamén son correligionarios políticos do guerrilleiro.

As razóns de selección dos compoñentes estables dun grupo de enlaces, apoios ou casas seguras están, polo tanto, en relación coa existencia e a calidade da rede relacional do individuo antes de converterse en guerrilleiro. Esta conversión, evidentemente, pode causar a ruptura dalgúns nós da rede, por medo, desacordo coa acción armada, etc., pero abre outras, sobre todo baseadas en afinidade política pero tamén en sentimentos de tipo humanitario (caridade, compaixón, etc.).

Os máis significativos insistimos, nunha primeira fase, son os lazos familiares pero, nunha ulterior, se houbera que sinalar un criterio na conformación de redes teríamos que subliñar o papel do rol relacional non do propio guerrilleiro, senón do dos seus enlaces. A análise de fontes permite comprobar que os elos fortes correspondentes á rede efectiva conquiren nun primeiro intre toda a relevancia, cunha clara predominancia sobre a rede feble. Porén, co correr do tempo, (sobre todo a partir de 1943, coa Lei de Rebelión e, de novo, a partir de 1947 coa aprobación do Decreto-lei para a Represión da Bandidaxe e o Terrorismo —momentos de máxima persecución do movemento guerrilleiro e dos civís que o apoiaban—), son estas redes da zona de segunda orde as máis requiridas polos guerrilleiros.

A fórmula máis transitada como medio para engadir nós ás redes de apoio nesta segunda fase é a solicitude de axuda por parte dun enlace primixenio do guerrilleiro ás súas propias redes relacionais. Isto permitiu que os guerrilleiros aumentaran os espazos para a súa acción e continuaran coa súa loita, sempre comprometida polas detencións e caídas dos seus apoios iniciais. Polo tanto, o normal é que se parta dunha rede fundamentada en vencellos familiares e que se amplíe coa colaboración dos veciños, amigos e compañeiros en actividades políticas e, á súa vez, co círculo relacional destes. Isto converteu os guerrilleiros nun elemento que repercutía non só nas súas familias e círculo social inmediato, senón, por agregación de redes, no conxunto da comunidade. As actividades relativas a prestar auxilio ao movemento guerrilleiro, igual que a propia opción insurreccional, influíu nas solidariedades existentes nos grupos sociais dando lugar a faccións ou bandos³⁰. Así, un guerrilleiro e/ou a súa partida convertíanse nun elemento

30 Sobre o concepto de "bando", véxase Durán 1972. Javier Ugarte define "bando" como "grupos socialmente heteroxéneos unidos por lazos de interese e amizade asimétrica nun medio comunitario dentro do que se establecerían con frecuencia relacións de padroado. Un bando constitúese sempre contra outro bando e defínese no marco dese conflito". "A "bandería" produciríase no momento en que se rompe a solidariedade comunitaria para ser substituída pola solidariedade dentro do bando e da loita entre bandos", en Ugarte Tellería 1998: 122.

desestabilizador para as comunidades das zonas nas que actuaban, enfatizando ou desestruturando bandos, en tanto que incidía nas divisións e conflitos sociais existentes cunha nova liña divisoria baseada no criterio de darlle apoio ou negarlllo. En relación con isto, e no relativo á fortaleza ou densidade destas redes, cabe sinalar que estamos maioritariamente ante redes de malla estreita, é dicir, as relacións que se establecen en ambas as dúas zonas (de primeira e de segunda orde) exercen unha forte presión sobre os suxeitos que participan dela (dáse unha forte presión ideolóxica, unha fixación férrea do comportamento e prestacións recíprocas).

Pódese concluír, polo tanto, que as redes relacionais conformadoras das comunidades a partir de lealdades persoais foron, ademais das que mitigaron a dureza da posguerra para os seus membros en múltiples ámbitos, os piares sobre os que se teceron os apoios do movemento guerrilleiro.

Bibliografía

- ALONSO DÁVILA, Isabel (1992): "La fuente oral instrumento privilegiado para el estudio de las redes sociales. El casco antiguo de Alicante en la posguerra española", en Trujillano Sánchez, J. M., (ed.), *Jornadas "Historia y fuentes orales". Memoria y sociedad en la España contemporánea*, Ávila, UNED, pp. 181-200.
- ANDRIEU, Claire (1997): "Les résistants, perspectives de recherche", *Mouvement Social*, 180, pp. 69-94.
- BOTT, Elizabeth (1990): *Roles, normas y relaciones externas en las familias urbanas corrientes*, Madrid, Editorial Taurus.
- BURKE, Peter (2003): *Formas de hacer Historia*, Madrid, Alianza Editorial.
- CUBITT, Tessa (1973): "Network density among urban families", en Boissevain, Jeremy e Mitchell, J. Clyde (eds.): *Network analysis: studies in Human Interaction*, París, Mouton, pp. 67-82.
- DOMINGO, Alfonso (2002): *El canto del búho. La vida en el monte de los guerrilleros antifranquistas*, Madrid, Oberón.
- DURAN, José Antonio (1972): *Historia de caciques, bandos e ideoloxías en Galicia no urbana. Rianxo, 1910-1914*, Madrid, Siglo XXI.
- GARCÍA REIGOSA, Carlos (2004): *O regreso dos maquis*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, p. 146.
- GOLDHAGEN, Daniel Jonah (1997): *Los verdugos voluntarios de Hitler: los alemanes corrientes y el holocausto*, Madrid, Editorial Taurus.
- HEINE, Helmut (1980): *A guerrilla antifranquista en Galicia*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- LEVI, Primo (2001): *Los hundidos y los salvados*, Barcelona, Muchnik.

- LISÓN TOLOSANA, Carmelo (1974): *Antropología cultural de Galicia: moradas del vivir galaico*, Madrid, Siglo XXI.
- MARCOT, François (1997): "Pour une sociologie de la Résistance: intentionnalité et fonctionnalité", *Le Mouvement Social*, 180, pp. 21-41.
- MARTÍNEZ LÓPEZ, Francisco (2006): *Guerrillero contra Franco. A guerrilla antifranquista de Galiza-León, 1936-1951*, Vigo, A Nosa Terra.
- NEIRA VILAS, Xosé (1976): *Os anos do Moncho*, Madrid, Akal.
- NEIRA VILAS, Xosé (1991): *Guerrilleiros*, Sada, Ediciós do Castro.
- PRADA RODRÍGUEZ, Julio (1989): "Las mujeres de los escapados: aproximación al papel de las mujeres como soporte material de la resistencia antifranquista", en *Las mujeres y la guerra civil española. III Jornadas de Estudios Monográficos*, 1989, Madrid, Ministerio de Asuntos Sociales y de Cultura, pp. 218-223.
- ROMEU ALFARO, Fernanda (1987): *Más allá de la utopía: perfil histórico de la Agrupación Guerrillera de de Levante*, Valencia, Alfons El Magánim.
- SARILLE FERNÁNDEZ, Xosé M. (2002): *Polos fillos dos fillos*, Santiago de Compostela, Candeia Editora.
- SCOTT, John (1991): *Social Network Analysis. A Handbook*, Londres, Sage Publications.
- SCOTT, James C. (1976): *The moral economy of the peasants: rebellion and subsistence in South Asia*, New Haven, Yale University Press.
- SERRANO, Secundino (2001): *Maquis. Historia de la guerrilla antifranquista*, Madrid, Temas de Hoy.
- UGARTE TELLERÍA, Javier (1998): *Covadonga insurgente. Orígenes sociales y culturales de la sublevación en 1936 en Navarra y País Vasco*, Madrid, Biblioteca Nueva.
- VARELA FERNÁNDEZ, Julia (2004): *A Ulfe. Socioloxía dunha comunidade rural galega*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco Edicións.
- VEIGA, Manuel (2006): "Guerra civil. Do pacto de silencio a unha polémica explosión bibliográfica", *A Trabe de Ouro*, 63, Tomo 3, pp. 359-373.
- VV.AA. (2000): "Análisis de Redes Sociales", *Política y Sociedad*, 33.
- YUSTA RODRIGO, Mercedes (2003): *Guerrilla y resistencia campesina. La resistencia armada contra el franquismo en Aragón (1939-1952)*, Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza.

O adolescente viril: o maurismo en Galicia, 1914-1923

MIGUEL CABO VILLAVERDE
ANTONIO MIGUEZ MACHO¹
Universidade de Santiago de Compostela

Introdución

A figura de Antonio Maura e o heteroxéneo movemento que invocou a súa figura foron obxecto nos últimos anos dunha atención considerable, na procura de comprender mellor as vías de evolución do sistema restauracionista, as orixes da dereita autoritaria (e non) e a crise última que leva á Ditadura de Primo². Para Galicia o descoñecemento é absoluto, baleiro que nos propoñemos paliar con esta achega e que se produce malia contar con factores específicos que incrementan o interese do seu estudo e permiten participar dos debates ó respecto no seo da historiografía española:

- a) A condición de galegos ou ben os vencellos intensos con Galicia de varios dos principais protagonistas do movemento (Calvo Sotelo, Goicoechea, Prudencio Rovira, marqués de Figueroa).

1 Este traballo enmárcase nos proxectos *Transformaciones en la agricultura atlántica y evolución de la sociedad rural en el franquismo (1936-1975): cambio tecnológico, medioambiente y dinámica socio-política* (HUM2006 - 13499. IP. Lourenzo Fernández Prieto) e *La nacionalización española en Galicia, 1808-1874* (HUM2006-10999. IP. Justo Beramendi). A frase fai referencia a un discurso de Calvo Sotelo en 1914 no que caracteriza a tódolos partidos existentes en tons negativos agás o maurista, que sería o aludido "adolescente viril". Citado en Bullón de Mendoza, Alfonso (2004): *José Calvo Sotelo*, Barcelona, Ariel, p. 56.

2 Sen ánimos de exhaustividade subliñemos aquí as investigacións de Tusell, Javier e Aviles, Juan (1986): *La Derecha española contemporánea, sus orígenes: el maurismo*, Madrid, Espasa-Calpe; González Hernández, M.ª Jesús (1991): *Ciudadanía y acción: el conservadurismo maurista (1907-1923)*, Madrid, Siglo XXI; González Hernández, M.ª Jesús (1997): *El universo conservador de Antonio Maura: biografía y proyecto de Estado*, Madrid, Biblioteca Nueva; Robles Muñoz, Cristóbal (1995): *Maura: un político liberal*, Madrid, CSIC. Outras aproximacións ó maurismo irán sendo mencionadas ó longo do traballo.

- b) A nada desprezable contribución das provincias galegas en termos de escanos (cadro 1).
- c) A intervención dos mauristas en polémicas como a do rexionalismo ou a cuestión foral.
- d) Dado que Galicia constitúe na historiografía española un dos paradigmas de clientelismo e desmobilización, representa un inmellorable campo de probas para calibrar ata que punto o maurismo quixo e puido rachar coas eivas da cultura política restauracionista.

Dúas aclaracións previas. A primeira, que este traballo se centra no maurismo e non en Maura, polo tanto no movemento que o toma como referente a partir da ruptura cos conservadores *idóneos* en 1913, pero co que Maura sempre tivo unha relación contraditoria e do que nunca exerceu un liderado formal. Queda pois á marxe o estudo das repercusións en Galicia do chamado Goberno Largo de Maura (1907-1909), que coincidiu co xurdimento de Solidaridad Gallega e a agudización do conflito foral³. A segunda precisión é que como primeiro achegamento ó tema, este traballo presta unha atención considerable á pescuda dos apoios e implantación do maurismo en cada distrito electoral, sen desprezar o esforzo interpretativo, que non obstante só ten sentido a partir do coñecemento sólido do obxecto de estudo.

1. A presenza do *maurismo* en Galicia⁴

1.1. A Coruña

A Coruña representa un caso excepcional, posto que nunha provincia onde o liberalismo era predominante o maurismo era hexemónico no seo do partido conservador. Na circunscrición capitalina o home clave do maurismo e en realidade do partido conservador provincial á morte en 1903 de Aureliano Linares Rivas foi Juan Armada Losada, marqués de Figueroa (1862-1932), que entre 1910 e 1923 obtén invariablemente un dos tres escanos en liza. En novembro de 1913 con motivo da dimisión de Maura á fronte do partido conservador, o Círculo Liberal-Conservador coruñés amósalle a súa adhesión, así como a Cámara Oficial da Propiedade Urbana⁵. As xuventudes mauristas tamén rexistraron actividade e mesmo algún conato de achegamento ó mundo obreiro, e a rede maurista com-

3 Cabo Villaverde, Miguel (2006): "Solidaridad Gallega y el desafío al sistema de la Restauración, 1907-1911", *Ayer*, 64, pp. 235-259.

4 Malia erros puntuais, para a "xeografía política" da Galicia da Restauración resulta de grande utilidade Prada, Julio e López Blanco, Rogelio (2001): "Galicia", en Varela Ortega, José (dir.): *El poder de la influencia. Geografía del caciquismo en España (1875-1923)*, Madrid, Marcial Pons, pp. 349-382.

5 AM 40. Tódalas referencias ó arquivo Maura (Madrid) refírense ó fondo Antonio Maura.

pletábase co apoio de *El Ideal Gallego*⁶, pero os avances quedaron estancados e a única plasmación en termos de poder seguiu vencellada á figura de Figueroa.

Na corporación, o maurismo quedou reducido a unha minoría fronte ó abafante dominio republicano, ata o punto de que os catro concelleiros obtidos en 1920 dan lugar a felicitacións do propio Maura⁷. Claro que anteriormente só se contara cun concelleiro (Luis Ossorio) en 1916. Datistas e mauristas presentaban candidaturas distintas e combatíanse duramente nas campañas electorais. Na corporación de 1923 os representantes mauristas eran cinco para un total de 37. Á fronte do Centro Maurista (en xaneiro de 1916 o círculo liberal-conservador modifica o regulamento para adoptar esta denominación) atopábase dende decembro de 1915 Francisco Piñeiro y Diago, IX Conde de Canillas, que en marzo de 1918 lle comunica a Maura que no seu seo existen "ciertas animosidades" contra Figueroa das que descoñecemos o detalle⁸. Na Coruña tivera lugar pouco antes, o 5 de decembro de 1917, no Teatro Rosalía de Castro, un gran mitin co conde de Canillas, Calvo Sotelo e o marqués de Figueroa, no que Calvo fixera a súa célebre definición do maurismo como un movemento de dereitas ou esquerdas segundo o aspecto considerado, e no que o político tudense coñece o grupo ourensán liderado por Salgado Biempica que decide presentalo polo Carballiño en canto García Prieto convocase eleccións a Cortes.

O marqués de Figueroa tiña o seu feudo político ata 1910 no distrito de Pontedeume, que levaba representando en Cortes dende 1891 e que cedeu en 1910 a José Lombardero (que tivo que imporse ó solidario Rodrigo Sanz) e a partir desa data a Julio Wais Sanmartín, que remataría por achegarse politicamente a González Besada (en cuxo bufete madrileño traballaba) co cal o maurismo non tivo implantación como tal no distrito.

En Santiago, feudo histórico do liberalismo monterista (continuado polo seu xenro García Prieto) o maurismo tivo unha significativa presenza. Dende 1915 vai contar cun Centro Maurista presidido por Felipe Gil Casares, irmán político do marqués de Figueroa e futuro alcalde na Ditadura de Primo, cos semanarios

6 Tralo incendio do local de *El Eco de Galicia*, A Coruña non contaba cun diario católico que opoñer á liberal *La Voz de Galicia* e á prensa republicana. O seu impulsor foi o sacerdote de Cuntis (onde animara o sindicalismo agrícola confesional) José Toubes Pego co respaldo do arcebispo de Santiago e o 1 de abril de 1917 aparecía o primeiro número deste "Diario católico, regionalista e independente", con Alfredo García Ramos como primeiro director (a finais de 1919 sería substituído polo organizador social-católico Jacobo Varela de Limia). Dous meses antes do lanzamento, os seus promotores pónense en contacto co Conde de Canillas e ofrécenlle convertelo en órgano oficioso do maurismo; AM, 186.

7 Giadás Álvarez, Luis Antonio (1997): *La vida política municipal en La Coruña entre 1900 y 1931*, Sada, Edicións do Castro, pp. 234 e 373.

8 AM, 40. O primeiro presidente do Centro fora Fernando Suárez Furriarriega; en marzo de 1923 o conde será substituído por José Fernández López e este en 1926 por Salvador Sanz Martínez; AHRG, L-5124.

El Pueblo (*Órgano de la Congregación de la Anunciada y San Luis Gonzaga*, 1912-1913), *Voz del Pueblo* (1913-1916, tamén con influencia "jaimista") e *La Verdad* (1916-1917) e cunha Xuventude⁹. No veciño concello de Conxo, onde a vida política estaba condicionada pola proxectada incorporación a Santiago (consumada finalmente en 1924) os mauristas van protagonizar unha loita durísima contra a corporación liberal. Farano a través dun semanario, *El Látigo de Conjo* (1914-1915) no que se ataca con fereza o liberalismo non só do distrito compostelán senón tamén o gassetista de Padrón, e xa en 1918 coa fundación dun Centro Maurista¹⁰. A ambición de erosionar o tradicional dominio liberal leva os mauristas do distrito a radicalizar o seu discurso e a súa práctica, tentando capitalizar reivindicacións agraristas¹¹, presentándose como adais do anticaciquismo (como na defensa do decreto Besada de 1918 sobre o reparto de consumos) e mesmo con acenos ó movemento obreiro local¹². A presenza nas corporacións de Santiago e Conxo¹³ e o devalo do liberalismo local (o maurismo acolleu a liberais disidentes como Pedro Pais Lapido) culminan nas eleccións a Cortes de 1920 coa vitoria do independente, pero simpatizante maurista, Juan Moreno Tilve (avogado, concelleiro e fundador ese mesmo ano do diario católico *El Compostelano*) que se impuxo por 500 votos de diferenza¹⁴. Xa antes, o maurismo lograra a alcaldía de Compostela, cando despois da folga xeral de 1917 o monterista Blanco Rivero sofre fortes críticas ata ser substituído en agosto por Vicente López Mosquera, que se converte así no primeiro maurista que preside un goberno municipal de entidade en Galicia.

No distrito de Padrón, feudo gassetista, os mauristas deron batalla con imaxinación, aínda que infrutuosa á hora de alterar a hexemonía na representación en Cortes. O primeiro paso constituíuno a fundación de comités mauristas en Padrón, Rois e Dodro a principios de 1914¹⁵. *El Látigo* e o rianxeiro *El Barbero*

9 AM, 40 e 225. A Xuventude Maurista nace en febreiro de 1916 a partir da preexistente (1913) conservadora. Sería presidida por Vicente López Mosquera e posteriormente por Joaquín Losada Amor e Vicente López Mosquera.

10 AHRG, 2238.

11 Por exemplo noonsel da matanza de labregos en Cans, Porto do Son; véxase *La Verdad* (22 de outubro de 1916) onde se pon moito coidado en exculpar á Garda Civil e se culpa en exclusiva o caciquismo gassetista.

12 Véxase As follas voandeiras conservadas no AHUS, Fondo Municipal, Policía de Imprenta, 812.

13 En Conxo non coñecemos exactamente o peso da minoría maurista pero si que en abril de 1920 a Comisión Provincial anula a proclamación de concelleiros polo seu primeiro distrito, decisión que os mauristas locais atribúen a que entre eles figuraban dous mauristas; AM, 225. En 1916 en Santiago eran tres os concelleiros mauristas, mais Francisco Vázquez Enriquez que fora elixido como tal pero posteriormente desmarcárase da disciplina, tal como informa *La Verdad* 21 (7 de xaneiro de 1917).

14 AM, 225. Moreno, que dende 1911 presidía un *Centro Popular Independiente*, xa se presentara en 1918 sen éxito.

15 *El Barbero Municipal* (24 de xaneiro de 1914 e 8 de febreiro de 1914). O comité padronés estaba composto por elementos de clase media, en concreto comerciantes agás dous propietarios e dous médicos.

Municipal (e en 1914 o seu efémero continuador *Justicia*) complementan a acción política e son a mellor testemuña do achegamento ó movemento agrarista, en concreto a *Acción Gallega*¹⁶. A alianza constrúese sobre un compartido discurso mobilizador e un anticaciquismo nunca ben definido pero que se dirixe contra os abusos dos gasetistas. A plasmación máis obvia vai ser o apoio conxunto nas eleccións xerais dese ano a Manuel San Román Ceballos, maurista que se opuxo a Eduardo Gasset Chinchilla pero foi amplamente derrotado¹⁷. San Román protagonizou un mitin no pazo de Lestrove con, entre outros, o veterinario galeguista Xesús Rodríguez Culebras, Basilio Álvarez e o director de *El látigo*, Antonio Bello Varela¹⁸. Polo distrito si se contaba cun deputado provincial¹⁹ pero unha posterior intentona de San Román en 1918 saldouse cun novo fracaso. O concello de Rois, onde existía unha sólida rede de sindicatos católico-agrarios, sería a base maurista do distrito, e aínda en 1920 se repetía a mestura de compoñentes rexionalistas e agraristas cun mitin con Calvo Sotelo como principal orador na compañía de Luís Peña Novo²⁰.

No distrito de Noia, igualmente controlado polos gasetistas, o seu dominio non se ve turbado e invariablemente elixense deputados liberais (en 1914, 1916 e 1919 mesmo polo artigo 29), malia algún éxito parcial como a elección en 1920 de oito mauristas de dez postos en xogo no concello de Noia²¹. Nas eleccións de abril de 1923 compite contra Ricardo Gasset nada menos que José Calvo Sotelo, que comeza a campaña cun mitin en Porto do Son no que invoca a memoria da matanza de Nebra sete anos antes “en memoria de un caciquismo nefando”, ó que seguiron moitos outros en diversos puntos do distrito²².

No distrito de Arzúa a primeira actividade maurista da que temos noticia é a partir do acceso en 1912 ó concello de elementos afíns, coa axuda de Vázquez de Mella, e así mesmo o deputado (1919 e 1920) Eduardo O’Shea estaba adscrito ó grupo ciervista, aliado dos mauristas²³. No de Ordes, os mauristas, con apoio de

16 Duran, José Antonio (1972): *Historia de caciques, bandos e ideoloxías en la Galicia no urbana (Rianxo, 1910-1914)*, Madrid, Siglo XXI.

17 Segundo os datos do ministerio de Gobernación por 4613 votos contra 524, aínda que faltaban por computar catro seccións; AHN Gobernación, 26A/12.

18 AM, 40 e *El Barbero Municipal* 189 (7 de marzo de 1914), que informa igualmente da presenza de tres sacerdotes de Rois e Iria. Cómpre subliñar que o gasetismo contaba co apoio de boa parte do clero padronés como analiza Domínguez Almansa, Andrés (1997): *A formación da sociedade civil na Galicia rural. Asociaciónismo agrario e poder local en Teo (1890-1940)*, Teo, Concello de Teo.

19 Francisco Taboada Diéguez, falecido en 1915; AM 27A/15.

20 AHUS (Policía de Imprenta), 810.

21 AM, 220 e 225.

22 Bullón de Mendoza, Alfonso (2004): *Op. cit.*, p. 116. Finalmente Calvo sería derrotado por 3100 contra 4500 votos, coas previsibles irregularidades.

23 AM, 225. En *Vida Ciudadana* (6 de marzo de 1914) contan entre os deputados mauristas a Ramón Sanjurjo, substituído ós poucos meses ó ser nomeado gobernador civil de Sevilla.

varias sociedades agrarias, presentan un candidato (Luis Harguindey) infrutuosamente en 1918 contra o deputado en exercicio Alfonso Senra, pero non conseguen erosionar o control liberal ata a Ditadura, cando o delegado gubernativo dá acceso ás oito corporacións do distrito a elementos conservadores antes na oposición. Entre estes predominaban os afíns ó gobernador civil de Lugo Jacobo Varela de Límia, que se presentara sen éxito contra Senra en 1923 como maurista, e instauran as súas propias redes de poder con apoios entre os párrocos locais²⁴.

En Betanzos, o marqués de Figueroa tiña en Pedro Miranda y Cárcer (elixido deputado en 1903, 1905, 1907 e 1914) o seu home de confianza ata o seu pasamento en 1914²⁵. En xaneiro de 1915 nunhas eleccións parciais o militar José Cavalcanti imponse, co apoio dos mauristas e conservadores pero tamén de parte dos liberais (garciaprietistas) do distrito, ó liberal-romanonista Daniel Pérez, pero non se pode considerar estritamente unha candidatura maurista²⁶.

Ferrol vai ser un territorio de predominio liberal-democrático se ben, en 1919, o candidato maurista Juan Romero Araoz consegue un digno resultado contra Ángel García Valerio e en 1920 o Comité maurista pode gabarse da consecución de varios postos no concello²⁷. No distrito de Ortigueira, ferreamente liberal, a influencia maurista só se manifestaría nas simpatías que puidese espertar entre os sindicatos agrícolas católicos da bisbarra.

En Corcubión contábase cun núcleo gamacista que segue o mesmo percorrido que Maura cara ás ringleiras conservadoras e que a principios de século está liderado polo avogado e funcionario de aduanas José Valdés²⁸. A presenza en varios concellos non culmina ata 1919, cando será elixido (e renova en 1920 e 1923) deputado Benito Blanco-Rajoy Espada poñendo fin ó prolongado dominio gassetista. Por último, en Muros a loita desenvolveuse fundamentalmente entre os liberais (monteristas) e conservadores bugallalistas.

1.2. Lugo

Na provincia de Lugo a implantación maurista é menor e falta ademais unha figura aglutinadora como era o caso na Coruña do marqués de Figueroa ou en Ourense de Calvo Sotelo posto que Goicoechea (deputado por Becerreá xa en 1910 ó impoñerse ó xornalista Alfredo Vicenti) malia o seu peso na escala estatal non puido exercer un liderado equivalente nin estivo tan entregado na súa base territorial galega. O conservadorismo provincial está dominado polos besadistas,

24 AHN, Presidencia do Goberno, 254.

25 *Vida Gallega*, núm. 65 (20 de decembro de 1914).

26 *La Voz del Pueblo* (18 de xaneiro de 1915); AHN, Gobernación, 27A/1.

27 AM, 225; EIG (3 de xuño de 1919). O presidente do comité era Antonio Togores.

28 AM. 429.

pero os mauristas contaban con amplas simpatías entre os sindicatos católicos e no diario da capital *La Voz de la Verdad*. Maura impulsa en 1907 a elección por Ribadeo do seu secretario particular Prudencio Rovira pero isto non foi dabondo para establecer unha base sólida no distrito, que nas eleccións seguintes volveu ser dominado polos liberais xa de xeito ininterrompido ata a Ditadura. En 1914 só se presentan Guillermo Joaquín de Osma en Monforte (o ex-ministro de Facenda con Maura non ten dificultades en renovar o escano que levaba ocupando dende 1891) e Goicoechea por Becerreá onde perde o seu escano fronte ó conservador (besadista) conde de Peña Ramiro, malia terse celebrado en febreiro un gran mitin na capital en colaboración cos xaimistas con duras críticas ós idóneos²⁹.

Antonio Goicoechea (daquela ministro de Gobernación no goberno Maura) obtén a acta por Monforte en 1919, contando co apoio dos alcaldes dos principais concellos, do seu predecesor Guillermo Joaquín de Osma³⁰ e dos correspondentes Comité e *Juventud Maurista*. Non obstante, o futuro fundador de *Renovación Española* perde o escano un ano máis tarde ante un candidato conservador posto que sofre a ofensiva combinada do goberno Dato a través do gobernador civil (que destitúe en plena campaña electoral as corporacións de Pantón e Monforte e nomea concelleiros interinos) e dos bugallalistas locais³¹. Por último, entre 1919 e 1923 foi deputado por Mondoñedo, ata entón dominado polos liberais, o ciervista Felipe Lazcano y Morales.

Non houbo máis deputados mauristas por Lugo, unicamente tentativas infrutuosas que amosan a incapacidade para gañar posicións na política provincial³². En 1914 Eduardo O'Shea presentouse sen éxito pola circunscrición da capital, onde foi amplamente derrotado pola combinación oficial (dous idóneos e un liberal)³³. O mesmo ano sofre a mesma sorte Goicoechea en Becerreá ante o conservador conde de Peña Ramiro. En 1916 é O'Shea o que se presenta por Becerreá de novo sen éxito, o mesmo que Carlos González por Chantada (onde se fundara en febreiro dese ano o semanario maurista *Hidalguía*) fronte a Leonardo Rodríguez³⁴. En 1918 Jesús Cora Lira (director de *La Voz de la Verdad*) en Mondoñedo plantou cara ó liberal-demócrata José Martínez de Velasco e o mesmo fixo José María Montenegro contra o intocable Portela Valladares na Fonsagrada en 1918 e

29 *Diario de Galicia* (17 de febreiro de 1914); AHN, Gobernación, 26A/12.

30 Que levaba a súa influencia á Deputación, onde contaba con dous deputados; *El Correo de Galicia* (14 de marzo de 1917).

31 AM, 220, 226 e 254.

32 Os datos para a Deputación Provincial son fragmentarios. En 1915 estaba composta por quince liberais e nove conservadores, dos que un era adicto a Goicoechea e outro, a Osma; AHN, Gobernación, 27A/2.

33 AHN, Gobernación, 26A/12. Previamente constituírase o Comité Maurista da capital, presidido por José María Montenegro e proclamara a Goicoechea xefe provincial (*Diario de Galicia*, 21 de marzo de 1914).

34 AHN, Gobernación, 27A.

1919³⁵. Habería que incorporar ó panorama iniciativas locais, como na Terra Chá (incluída a efectos electorais na circunscrición da capital) a compoñente maurista presente no rexeneracionismo nacionalista e rexionalista de *El Ratón* de Vilalba (1910-1915) ou *El Lucero* de Cospeito (1915-1920), mensual católico-agrario dirixido polo concelleiro maurista José Otilio Díaz de Verdes³⁶.

1.3. Ourense

En Ourense o maurismo non só vai ter relevancia de seu, senón que vai estar na orixe da conformación dun grupo de poder decisivo na política provincial que percorre o camiño dende o maurismo á dereita autoritaria na II República, pasando pola Unión Patriótica³⁷. A confrontación co bugallalismo predominante na provincia vai ser encarnizada, se ben tardía, posto que nin nas eleccións de 1914 nin das de 1916 se presenta ningunha candidatura coa rúbrica maurista fóra do conde del Moral de Calatrava, enfeudado no distrito de Trives e emparentado coa familia Maura³⁸.

Dous anos despois, eleccións nas que non se aplica o artigo 29 na provincia, rexistranse dúas candidaturas mauristas, de novo a de Trives do conde del Moral e a infrutuosa de Calvo Sotelo fronte ó conservador-bugallalista Leopoldo García Durán, empresa na que o tudense conta co apoio dos rexionalistas³⁹. A alternativa maurista estará en 1919 mellor preparada, baixo un goberno Maura e coa fundación primeiro de comités mauristas en Ourense (presidido polo avogado Arturo Salgado Biempica) e O Carballiño (presidido por Arturo Sieiro) e unha serie de tirapuxas previas como a que leva á existencia de dúas xuntas municipais do censo en Maside, unha proclive ós mauristas e outra a García Durán⁴⁰. Nesas datas os mauristas contaban xa cunha minoría significativa na Deputación (controlada polos bugallalistas) grazas ós tres deputados provinciais por Trives e ó banqueiro

35 *La Voz de Galicia* (29 de febreiro de 1918); EIG (26 de febreiro de 1918 e 3 de xuño de 1919).

36 Sobre *El Ratón*, Beramendi, Xusto G. e Roca Cendán, Manuel (1995): *Lois Peña Novo: obra completa*, Santiago de Compostela, Universidade, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, p. 43.

37 Durán, José Antonio (1992): "Función del calvosotelismo en la articulación de la derecha autoritaria (el caso de Ourense)", en De Juana, Jesús e Castro, Xavier (eds.): *VI Xornadas de Historia de Galicia*, Ourense, Deputación Provincial de Ourense, pp. 105-119; Núñez, Xosé Manoel e Grandío, Emilio (1997): "Clientelismo político y derecha autoritaria en la Galicia de la II República: una aproximación a través de la correspondencia de Calvo Sotelo", *Spagna Contemporanea*, 12, pp. 68-88.

38 AHN, Gobernación, 26A.

39 *La Voz de Galicia* (18 de febreiro de 1918). Calvo obtén segundo a acta oficial 3.503 votos fronte ós 4.097 do seu rival, vantaxe que quedou reducida a 213 unha vez anuladas as actas de varias seccións por diversas irregularidades. Losada Diéguez apoia a Calvo, por exemplo, nunha carta aberta ós electores do Carballiño en *La Región* (27 de xaneiro de 1918).

40 AM, 193 e 220; AHN 28A/ 2. A raíz do conflito estaba na anulación da elección en agosto de 1917 do alcalde de Maside, que non obstante nomeou unha xunta municipal do censo antes de ser destituído.

ourensán Juan Fuentes, dous concelleiros na capital e presenza nalgúns concellos rurais, onde ademais acosan ás corporacións bugallalistas grazas a unha rede apoiada en sindicatos católicos (como os de Cea, Punxín e Boborás no distrito do Carballiño) e párrocos⁴¹. Contamos cun documento de primeira man, unha carta de José Calvo Sotelo a Maura na que o primeiro é reticente (“no sería un sacrificio sino una humillación”) a non presentarse polo Carballiño (semella que se lle ofrecera un posto por Toledo), dada a intención de Maura de pactar cos idóneos para reconstruír o partido conservador:

En Orense podemos traer cinco actas, ¿hay pacto? Pues reduzcámonos á dos o tres. Pero quedarnos solo con una (la de siempre: Moral), no es pacto, ni transacción, es desahucio antijurídico e injusto.⁴²

Calvo Sotelo obtén a acta polo Carballiño ante García Durán (4062 votos contra 2848), mentres o marqués del Águila fracasa en Xinzo ante o tamén bugallalista Luis Usera Bugallal. Repárese en que non se respectaba así o pacto establecido en Madrid entre Maura e Dato para os mauristas non presentar candidatos en distritos con deputado conservador en exercicio, a cambio de que os idóneos cedesen determinados distritos ós mauristas. Na loita contra os seus rivais conservadores non dubidan en aliarse con forzas de fóra da quenda ó redor dun discurso anticaciquil. Tanto Calvo como o marqués del Águila reciben o apoio de significados rexionalistas como Risco ou Arturo Noguero, e os dous contan con apoios entre as sociedades agrarias⁴³. Por último, Prudencio Rovira a partir de 1919 “herda” o distrito de Trives. A inestabilidade crónica da fase final da Restauración leva a novas eleccións ó ano seguinte, agora baixo un goberno Dato e nada menos que con Bugallal en Gobernación, que se pon como obxectivo reducir ó máximo a presenza no Congreso de mauristas e ciervistas. Neste contexto Calvo Sotelo (que denuncia o traslado de funcionarios para facilitar a manipulación electoral) é derrotado por García Durán, e Prudencio Rovira queda en Trives como único deputado maurista, o mesmo que en 1923⁴⁴.

1.4. Pontevedra

Pontevedra non era un terreo doado para o maurismo se facer un oco, posto que estaba repartido entre liberais e bugallalistas que en liñas xerais acadaran

41 AM, 207. Unha variante de asociacionismo novidosa deuse no Carballiño coa existencia dun club de fútbol denominado *Maurista Sporting Club*, segundo información facilitada amablemente por Andrés Domínguez.

42 AM, 18. A carta leva data do 9 de maio de 1919.

43 Pode comprobarse a través de *La Voz de Allariz*, en particular núm. 19 (25 de maio de 1919) e 25 (20 de xullo de 1919). Para Xinzo, *Juventud* núm. 10 (13 de xuño de 1919).

44 O maurismo mantén non obstante representación a nivel municipal na bisbarra do Carballiño. Así, en Maside en 1922 resultan elixidos catro mauristas; *La Integridad* (7 de febreiro de 1922).

un acordo tácito para o mantemento do *status quo*. Das catro galegas, de feito é a de maior aplicación do artigo 29 e de maior número de distritos propios, e tamén será a única pola que non se elixa ningún deputado maurista.

Na capital provincial o comité maurista, creado en novembro de 1917 e presidido por Rafael Sáez Díez (xerente do balneario da Toxa), pode gabarse en 1920 da obtención de tres actas, aínda que como en tantos outros casos a consecución da alcaldía viría da man da Ditadura en 1923⁴⁵. No veciño concello de Marín consta tamén nesa data a presenza na corporación e o avogado, xornalista e organizador agrario Raimundo Vidal Pazos pónse ó servizo do maurismo durante algún tempo⁴⁶, e en Bueu formouse un Comité Maurista en xaneiro de 1919.

Rafael López de Haro, notario e novelista pontevedrés, preséntase en 1919 nada menos que contra o liberal Bernardo Mateo Sagasta Echeverría, que levaba representando o distrito de Caldas dende 1893 (e seguiría facéndoo ata 1923). O máis interesante é que buscou o apoio da acabada de fundar (novembro de 1918) Federación Municipal Agraria de Caldas. Previamente os mauristas lograran atraer elementos agrarios de Moraña que non obstante en 1917 pactan cos liberais a cambio da alcaldía⁴⁷.

No feudo riestrista da Estrada existen elementos mauristas entre os sindicatos católicos da bisbarra e como mínimo un comité maurista, o de Forcarei, pero nunca presentan candidatos propios a Cortes senón que apoian os sucesivos aspirantes antiriestristas (Losada Diéguez e Alfredo Pérez Viondi)⁴⁸.

En 1910 as sociedades agrarias do distrito de Redondela (que incluía Lavadores co seu activo núcleo agrarista) presentaron contra o candidato liberal Francisco de Federico y Riestra (sobriño do marqués) un persoeiro singular, o heroe da guerra de Cuba, xeneral Antero Rubín, que adoita ser cualificado de maurista. Efectivamente, no arquivo Maura consérvase correspondencia entre ambos, na cal Rubín di comprender que Maura non o ampare directamente por mor de respectar o pacto entre Besada e Riestra na provincia, pero bríndalle o seu escano no caso de conseguilo⁴⁹. Derrotado por unha marxe relativamente estreita (1.247 votos) Rubín obterá escano finalmente polo distrito de Quiroga en 1914 como candidato idóneo polo artigo 29. En 1918 presentouse A. G. Espino que foi derro-

45 *El Compostelano* (14 de febreiro de 1920). AM, 254 e 319.

46 AM 226; afirma que vai fundar un semanario maurista en 1920, pero que saibamos non chegou a ver a luz.

47 *El Eco de Santiago* (3 de xaneiro de 1919); *El Progreso* (23 de maio de 1919) e diversos números de *El Bólido* (Moraña).

48 AM 226 e 415.

49 En todo caso tratouse dunha iniciativa agraria na que o maurismo como tal non estivo involucrado. É moi significativo que Maura lembre a Rubín a "necesaria solidariedade entre todos los elementos monárquicos y de orden del distrito, para no dar pábulo á los partidarios del trastorno y la violencia"; AM, 92 e *La Voz de Galicia* (10 de maio de 1910).

tado por unha marxe estreita de votos polo candidato riestrista, imponéndose nos concellos de Lavadores e Redondea⁵⁰.

En Vigo, inicialmente, a escisión maurista contou co apoio da Xuventude Conservadora, pero non co do Comité Conservador⁵¹. En 1918 fórmase o Comité Maurista, impulsado por Bernardo Bernárdez Romero (vencellado ó Círculo Mercantil) pero non conta con forza dabondo para presentar un candidato propio senón que nese ano apoian xunto con republicanos e socialistas ó empresario conserveiro José Curbera Fernández, que se presenta como independente⁵². De xeito semellante á táctica empregada en Compostela, o impulso rematará por canalizarse cara a unha iniciativa localista, a Liga de Defensores de Vigo (que terá como voceiro oficioso o semanario *La Luz*), e ó igual que noutras localidades, os mauristas só accederán ó poder municipal coa instauración da Ditadura e o nomeamento de Adolfo Gregorio Espino (director no seu momento do semanario maurista *La Noche*) como alcalde⁵³.

Polo demais só temos constancia de grupos e iniciativas illadas sen repercusión fóra do ámbito local. Así, en Baiona existía en 1917 un comité presidido polo erudito Ulpiano Nogueira, e actividade xa antes posto que en 1915 resultan elixidos tres concelleiros e ó ano seguinte os agrarios do distrito buscan o seu apoio para presentar o antigo líder do Directorio de Teis e alcalde de Lavadores Xulián Estévez co fin de evitar a proclamación do liberal Ángel Urzáiz polo artigo 29⁵⁴. En Lalín existía dende moi cedo (marzo de 1914) un comité maurista con varios concelleiros que en ocasións entra no xogo de alianzas con agraristas e liberais disidentes contra os candidatos riestristas nas eleccións provinciais, e lanza en outubro de 1917 o periódico quincenal *La Lucha*⁵⁵.

50 FV (25 de febreiro de 1918).

51 *Vida Ciudadana*, 6 (6 de febreiro de 1914).

52 AM 32/22; FV (25 de febreiro de 1918).

53 Veiga, Manuel (2000): "O réxime de Primo de Rivera en Vigo e na provincia de Pontevedra: da esperanza á desilusión", *Pontevedra*, 20, pp. 41-52; AM, 345. Espino presentouse por Vigo en 1923 onde foi derrotado por Rafael Gasset; *La Integridad* (13 de febreiro de 1923).

54 *La Voz del Tecla* (5 de maio de 1917); *La Voz de la Verdad* (17 de novembro de 1915); *La Voz de Galicia* (1 de abril de 1916); AHN Gobernación, 27A.

55 AHUS, Pol. Imprenta; *Vida Ciudadana* (21, 22 de maio de 1914); Garrido Couceiro, Xoán Carlos (1995): *Manuel García Barros: loitando sempre*, Lugo, Edicións Fouce, p. 92. En 1919 segundo *El Ideal Gallego* (31 de maio de 1919) cóntanse entre os apoios a un candidato apelidado Ballesteros opositor ó liberal Sáinz de Viqueña; Libro-Rexistro de Asociacións, Goberno Civil de Pontevedra.

CADRO 1: deputados mauristas por Galicia

	A CORUÑA	LUGO	OUR.	PTV.	GALICIA	ESP.	G/E
1914	2	1	1		4	21	19%
1916	1	1	1		3	15	20%
1918	1	1	1		3	32	9,3%
1919	2	1	2		5	60	8,3%
1920	3	0	1		4	24	16%
1923	2	0	1		3	11	27,2%

Fonte: elaboración propia.⁵⁶

2. O programa e o estilo: as especificidades galegas

Se cadra resulta un tanto inxenuo falarmos dun programa maurista cando nunca existiu unha acción ben planificada nin marcos organizativos rixidamente artellados, tendo en conta ademais a pluralidade de tendencias dentro do propio movemento, pero da traxectoria dos mauristas é posible tirar algunhas conclusións. Centrarémonos en dúas especificidades da axenda política galega: a cuestión foral e a da organización territorial do Estado.

O preito foral atópase nos anos nos que se desenvolve o maurismo nunha perspectiva histórica no seu punto álxido. Cara a 1914 a loita pola consecución pola propiedade plena da terra convertérase nunha eficaz causa mobilizadora da man das sociedades agrarias, en particular nas dúas provincias meridionais. Neste pulso, o partido conservador quedara consagrado a ollos da opinión pública como o partido dos foristas. Os liberais podían presentar o antecedente do proxecto de lei de redención elaborado por Montero Ríos en 1892 e nun plano máis práctico o liberalismo pontevedrés da man de Eduardo Vincenti apadriñara a campaña antiforal do Directorio de Teis en 1907 e Portela Valladares liderou *Acción Gallega* xunto con Basilio Álvarez baixo a protección dende o goberno de Canalejas ata o seu asasinato⁵⁷. Polo tanto elementos liberais buscaban dirixir no seu beneficio a mobilización agrarista antiforal, mentres o conservadorismo aparecía como a derradeira trincheira do dominio directo, e iniciativas como a presentación de senllos proxectos de redención por parte de González Besada en 1907 e do bugallalista Estévez Carrera en 1914 son xulgados meras manobras de diversión. A situación queda así aparentemente bloqueada durante os anos da gran guerra cando no existen organizacións agrarias a grande escala, pero baixo a superficie

56 Contabilizase como maurista a Moreno Tilve (formalmente elixido como independente por Santiago en 1920) pero non a Eduardo O'Shea e Felipe Lazcano (ciervistas). Na columna do total da minoría maurista no Congreso non se contabilizan os ciervistas. As cifras para España están tomadas de Gil Pecharrómán, Julio (1994): *Conservadores subversivos: la derecha autoritaria alfonsina (1913-1936)*, Madrid, Eudema, p. 20.

57 Sobre estas cuestións Cabo Villaverde, Miguel (1998): *O agrarismo*, [Vigo], A Nosa Terra. Por suposto que no seo do liberalismo galego existían outros sectores contrarios ó redencionismo, en particular o riestrismo.

está a fraguar no agrarismo non confesional a transición dende o predominio das teses redencionistas ás abolicionistas, evolución que dará lugar á axitación social do período 1918-1923.

Os mauristas irrompen en escena cun efecto decisivo, xa que coa credibilidade que lles dá ser unha forza conservadora (nos obxectivos, que non sempre nos medios) e o seu ascendente sobre o sindicalismo católico axudan a que este reformule a súa posición ante a cuestión foral. En concreto na segunda metade dos anos dez o sindicalismo agrario confesional abandona a súa tradicional postura que evitaba a explosiva cuestión foral (que sería superada gradualmente a base das melloras técnicas e produtivas e a boa vontade de ambas as dúas partes) e acepta por fin a necesidade dunha lei de redención forzosa. Redención que obviamente debería facerse en termos respectuosos cos intereses dos perceptores de rendas, pero polo menos unha postura máis realista.

Prudencio Rovira, secretario persoal de Maura que filtraba toda a súa correspondencia pero en particular a referida a Galicia con anotacións á marxe, xa adianta esa postura en 1904 en *El campesino gallego*. Nas súas páxinas fai un balance positivo do papel histórico do foro pero, nos albores aínda do movemento agrarista, ve chegada a hora da súa desaparición como institución anacrónica, un nó gordiano que ou solucionaba o lexislador ou "lo corta dentro de más o menos tiempo el hacha de la revolución social, que ya se anuncia con destellos siniestros en algunas regiones"⁵⁸. Ese temor ó potencial axitador da cuestión foral plásmase anos despois cando responde en duros termos a un escrito do Directorio de Teis⁵⁹. Aínda que non coñezamos o proceso de elaboración do decreto de redención de forzosa de 1926 resulta lícito aventurar que as teses dos antigos mauristas galegos presentes na administración na Ditadura, antes ca ningún outro Calvo Sotelo, terían considerable influencia na súa conformación final, que resultou nunha solución moito máis favorable para os intereses do directo do que permitían presaxiar os acontecementos dos anos anteriores.

Sobre o segundo aspecto, as conviccións do propio Maura ofrecían un favorable punto de partida para un entendemento como mínimo táctico cos galeguistas, posto que o político balear era un sincero partidario da descentralización administrativa, compatible cos seus intentos de reforzar o sentimento nacional español nun sentido cívico aínda que tinxido de catolicismo e tradición⁶⁰. Fronte

58 Duran, José Antonio (ed. 1984): *Aldeas, aldeanos y labriegos en la Galicia tradicional*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, p. 179. Rovira apoia un proxecto de redención na liña do presentado anos antes por Montero Ríos, que prologa o libro.

59 AM, 207/1.

60 González Hernández, M.ª Jesús (1997): *El universo conservador de Antonio Maura: biografía y proyecto de Estado*, Madrid, Biblioteca Nueva, pp. 150 e ss.; González Hernández, M.ª Jesús (1991): *Ciudadanía y acción*:

á Solidaritat Catalana tivo unha actitude ambigua, xa que admiraba dela o que tiña de mobilización cívica e modernizadora, desconfiando en cambio dos seus fins últimos, pero tentou incorporala ó sistema ó contrario do que fixo coa Solidaridad Gallega.

O contexto histórico é o do proceso que leva á constitución primeiro das Irmandades da Fala en 1916 e dous anos despois a decantación cara ó nacionalismo⁶¹. O maurismo ofrecíase como un interlocutor válido en temas de organización territorial para os rexionalistas máis conservadores primeiro, e tras 1918 para aqueles que rexeitaban o paso cara ó nacionalismo. Calvo Sotelo era a referencia principal nestes temas, como se demostraría de novo coa Ditadura de Primo cando as súas promesas dunha Mancomunidad galega ou equivalente explican boa parte do colaboracionismo inicial dos galeguistas.

Entre os mauristas galegos o nacionalismo español non excluía a defensa dun rexionalismo sentimental pero inoperante en termos políticos e/ou uns propósitos descentralizadores que como especificidade incluían algún tipo de recoñecemento xurídico da parroquia, cuestión moi do agrado dos galeguistas ata a etapa republicana. No primeiro campo militaría o propio marqués de Figueroa, erudito da literatura galega e que tiña como secretario persoal a Aurelio Ribalta, escritor, director da revista *Estudios Gallegos* e membro da Irmandade da Fala de Madrid. O marqués escribe a Maura unha carta, datable en 1918, preocupado polas propagandas rexionalistas en Galicia animadas por Cambó. O seu interese xustifica a extensión da cita:

Amigos políticos de Cambó, que allí le siguen (tienen un periódico, "El Noroeste", comprado por la Lliga), manifiestan deseos de inteligencia y unión, con los elementos mauristas" [...] [Figueroa recomienda prudencia] Las simpatías de los nuestros y los regionalistas, dieron, en las elecciones lugar a que fuese común el esfuerzo, con todo no bastante, por lo que se desanimaron y disgregaron esas fuerzas. Hallaron más fructífero empleo las nuestras, en las empresas sociales, que allí hoy constituyen nuestro principal fin. Aun para el político (pero no mostrándolo) pueden llegar a significar mucho los Sindicatos, que van extendiéndose y mejorándose. Ven esto con simpatía los regionalistas y es de ellos como consecuencia ese avance para la unión, a lo que Cambó, consultado, se manifiesta favorable. No está ya aquel país tan ausente como lo conocimos (y como vivió durante centurias) y hay movimiento, germinación, que no puede predecirse la cosecha que rendirá. Sigue por descontado la imposición de la oligarquía, la que prevaleció malamente en las elecciones, la que sufre permanentemente el país anheloso de libertad incluso de autonomía, de la que

el conservadurismo maurista (1907-1923), Madrid, Siglo XXI, p. 133. Este era un dos puntos de evolución con respecto ó conservadorismo canovista.

61 De acordo coa periodización exposta en Beramendi, Xusto G. e Núñez Seixas, Xosé Manoel (1995): *O nacionalismo galego*, [Vigo], A Nosa Terra.

pretende sacudiendo esas imposiciones de la centralización, en que todo se cifra y que es cuanto de la política conocen nuestras clases rurales. No ejercitando derechos de ciudadanía (carecen de preparación y todo está constituido para estorbarlo) fian la expresión de su disgusto y de sus enojos, a desordenados movimientos, y añadirán a todos los otros nuevos males. Perdurar en la situación que allí sufren sería tan dañoso como el querer cambiarlo en un punto. La necesidad del cambio, ha sido reconocida, no sé si con sinceridad, por los que vienen aprovechando el convencionalismo electoral, aunque tanto aquí mismo impone, para mantener la oligarquía. Esta repugna, sin que la perspectiva de sustitución atraiga. Ello es que la necesidad aumenta y las propagandas peligrosas hallan simpatía y ahí están, para acusarlo, las impresiones [...] En Galicia, desde muy antiguo, vienen faltando á su misión las clases directoras. Malamente constituidas por las oligarquías políticas, el mal se agrava y son muy de temer anárquicas consecuencias. Principalmente culpable la torpe política, comprendo que así y todo no se puede prescindir (no se ha presenciado) de políticos que presentan realidades, no sustituibles con utopías [...].⁶²

O desenvolvemento do maurismo coincide en Galicia coa formación das Irmandades e o tránsito definitivo do rexionalismo ó nacionalismo. A súa reacción será tentar monopolizar o sentimento rexionalista, como se evidencia no predominio de elementos mauristas na *Semana Regionalista* organizada por *El Debate* en Santiago de Compostela en xullo de 1918 e interpretada como un intento de oporlle ó salto cualitativo das Irmandades un rexionalismo "sano y bien entendido"⁶³. Calvo Sotelo en particular vaise presentar como rexionalista en numerosas ocasións e *El Ideal Gallego* non terá reparos en cualificalo como o herdeiro de Alfredo Brañas⁶⁴.

No que os mauristas presentaban unha orixinalidade indubidable era no estilo, cunha retórica e unhas prácticas inéditas dentro dos partidos dinásticos. Como se ten dito, simplificando, fins de dereitas con métodos de esquerdas, buscando a mobilización da cidadanía. Con todo, tanto as obras xerais como os estudos en ámbitos máis reducidos e as evidencias para Galicia amosan o manexo segundo as necesidades e as posibilidades de métodos renovadores e mobilizadores con outros da máis pura raizame caciquil⁶⁵. Cando teñen ocasión, os candidatos

62 AM 417 (subliñados no orixinal).

63 Beramendi, Xusto G. (1987): "Incidencia ideológica del Neocarismo y el socialcatolicismo en el regionalismo gallego terminal (1907-1916)", en *Homenaje de la Facultad de Geografía e Historia a D. Manuel Lucas Álvarez y D. Ángel Rodríguez*, Santiago de Compostela, Universidade, vol. I, p. 433; Martínez López, Alberte (1989): *O cooperativismo católico no proceso de modernización da agricultura galega, 1900-1943*, Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra, p. 250. O libro de J. Varela de Limia *Orientaciones regionalistas* (1918) pode dar unha idea dos límites desa concepción do rexionalismo.

64 ELG (25 de febreiro de 1923).

65 Marcos del Olmo, M.ª Concepción (1993-1994): "El maurismo castellano-leonés en las elecciones generales del período 1914-1923", *Anales de la Universidad de Alicante*, 10-11, pp. 83-92.

mauristas botan man dos resortes tradicionais: traslado de funcionarios, designación de carteiros, etc.⁶⁶, ou de métodos tan pouco fomentadores da conciencia cívica como os mitins no distrito do Carballiño onde entre música, pan e viño se promete a condonación das rendas atrasadas e os curas presumen dos votos que poden carretar ás urnas⁶⁷.

No exercicio do poder os mauristas tampouco deron superado a lóxica do favor típica da política clientelar. Exemplifiquémolo cunha xestión de Prudencio Rovira como deputado por Trives en 1922 (baixo un goberno conservador de Sánchez Guerra). O SAC de Sas de Penelas (Castro Caldelas) solicitara a súa mediación para obter unha subvención, que Rovira tramitou no ministerio de Fomento. A subvención concedeuse, pero Rovira escribe nos seguintes termos ó funcionario responsable dándolle as grazas

[...] por una atención que beneficiaba a una colectividad labradora indemne hasta este instante de la fiebre roja común al agrarismo gallego. Pero es el caso que la orden concediendo esa subvención en vez de llegar por mi conducto a los interesados llegó por mediación de representantes del conde de Bugallal en Orense. Como ni los interesados, ni yo, habíamos dicho palabra del asunto al Sr Bugallal, ha causado esta intervención del conde la natural sorpresa y aun cierta desilusión ya que la subvención que contentaba a aquellos campesinos por acreditar mi buen deseo, les parece mezquina ante el alto valimiento que se supone patrocinada. Yo sé cuánto contrarían al conde estas aficiones (?) torticeras de sus amigos oficiosos; y claro es que le tengo por ajeno a ellas. También a Ud., desconocedor como es de aquella complicada política de Orense. De todas maneras en lo ocurrido hay algo que rompe las deferencias corrientes con los diputados que legítimamente gestionan asuntos de sus representados.⁶⁸

Unha peculiaridade do maurismo é o apoio que recibe entre amplos sectores do clero parroquial, do que unha expresión é a sintonía cos sindicatos confessionais pero que vai máis alá. Calvo Sotelo amosa unha preocupación constante polos traslados de curas no distrito do Carballiño, tentando influir tamén nos de padroado particular. Así, tenta que Rovira medie ante o marqués de Camarasa para que designe no curato de San Xoán de Curantes (Punxín) un cura da súa confianza

[...] porque se trata de una parroquia enclavada en el centro de uno de los Ayuntamientos en que menos fuerza tengo yo en el distrito de Carballino. Dada la influencia que los Curas ejercen en aquella tierra, y la adhesión casi unánime del clero del mismo a nuestra causa, la designación del nuevo párroco de Curantes puede favorecerme o perjudicarme mucho en el porvenir.⁶⁹

66 Exemplos en favor de Rovira e Calvo en AM 248 e 227 respectivamente.

67 Fundación Penzol, Fondo Diéguez Arias

68 AM, 415.

69 AM, 15 e outros casos en 417.

Do mesmo xeito, cando se coñece que o reformista e agrarista de Redondela Juan Amoedo se presenta por Trives en 1923 o conde del Moral de Calatrava convoca a todo o clero de Castro Caldelas solicitando que apoien a Rovira dado o anticlericalismo de Amoedo⁷⁰.

3. Amigos, inimigos e compañeiros de partido: as relacións do maurismo con outras forzas políticas

O maurismo moveuse na zona de sombra entre o sistema e a contestación do mesmo, coa ambigüidade de perseguir fins conservadores con métodos inadmisibles ata entón para os partidos aquendados que perseguían a mobilización do electorado, nomeadamente desas "masas neutras" a modo de maioría silenciosa que o activismo maurista se encargaría de incorporar á vida pública.

Dentro do partido conservador existía un equívoco ulterior, o de se os mauristas constituían unha facción no seo do partido fundado por Cánovas que pugnaba por devolver o seu reticente líder á xefatura do mesmo ou ben un partido de seu. Non existe unha resposta unívoca, posto que a actitude dos mauristas foi diversa en función das subcategorías nas que se dividía e tamén do momento histórico, e o propio Maura xogaba coa devandita ambivalencia⁷¹. No caso galego podemos aventurar que unha hostilidade frontal presidiu as relacións entre os grupos de poder conservadores e o maurismo, de xeito que da panorámica ofrecida dedúcese que os mauristas non fan distincións entre liberais e conservadores á hora de facerse cun oco na xeografía electoral galega. Así, Calvo Sotelo en 1920 planea presentarse por Pontedeume dadas as dificultades que atravesaba o deputado en exercicio, Julio Wais, e as súas diferenzas co marqués de Figueroa. Calvo tenta elementos descontentos con Wais no distrito e a continuación solicita o apoio do marqués, que llo nega, ante o cal Calvo formula a posibilidade de presentarse non como maurista senón como rexionalista para non comprometelo⁷². O que compre subliñar aquí é o nulo sentimento de solidariedade ou afinidade cos restantes conservadores, polo menos en Calvo, representante nisto dos mauristas máis novos fronte a políticos máis veteranos como Figueroa, que non atopa lexítima a manobra.

Onde máis claramente se aprecia o implacable da loita entre conservadores e mauristas é, non obstante, nas confrontacións cos bugallalistas, tanto electorais como na prensa e no nivel discursivo, como sucede no Congreso onde a primeira

70 AM, 415/7.

71 Con carácter xeral os mauristas contemplábanse a si mesmos como un partido de seu, mentres o seu inspiador nunca abandonou a perspectiva de empregarlos para recuperar o control do partido, por exemplo ó caer o goberno Dato en 1915; González Hernández, M.ª Jesús (1991): *Op. cit.*, p. 67.

72 AM, 18.

Non obstante a relativa desatención dos historiadores, a guerra civil e o franquismo interesaron moito socialmente. Así o evidencia o tratamento que tiveron na creación literaria ou cinematográfica ao longo da recente democracia: *outra novela, outro filme sobre a guerra civil*. Por que o que máis estarrece os lectores e os espectadores da *Lingua das bolboretas* é o final do conto/película? Porque falaba do que sabiamos sen necesidade de contármolo. Sabemos que forma parte das memorias particulares e que seguiu sendo tema de conversa, mesmo de dura controversia, nos ámbitos máis íntimos e extraordinarios: nas reunións familiares, nos velorios, nas conversas de pais e fillos. Tampouco non esquezamos que a lembranza da guerra e da Ditadura foi unha arma política en moitas eleccións xerais, usada sutil e dosificadamente en tempos electorais ou cando había que buscar, dende a esquerda, elementos nítidos de diferenciación coa dereita. Hoxe en cambio deberamos aspirar a que este recordo —sempre manipulado— fose definitivamente derrotado como argumento electoral decisivo. Guerra e Ditadura entran pois na historia e deben converterse, dende xa, en materia dos historiadores contemporáneos. Pero estamos aínda pouco armados empiricamente. O franquismo segue a ser un descoñecido na investigación e neste período movémonos máis sobre conxecturas que sobre seguridades historiográficas. Pero é preciso abordar o seu estudo coma se abordásemos o século XIX, cos instrumentos analíticos similares aos que podemos empregar para estudar a desamortización, o carlismo ou a creación da sociedade e o estado liberal e coa mesma fondura heurística. En todo caso, non son poucas as cousas novas que se poden dicir ordenando os datos que temos para poder establecer puntos de partida e hipóteses para a pescuda, neste caso sobre dous grandes apartados referidos á guerra e á destrución da sociedade civil.

2. Guerra, posguerra e “primeiro franquismo” en Galicia

Non pode caracterizarse o primeiro franquismo en Galicia sen valorar primeiro a guerra e o seu significado histórico. Porque foi a guerra, a posición que a sociedade tivo diante dela e os seus resultados o que determinan o período seguinte e, aínda máis, foi a guerra o centro do século XX en España, e da súa análise han partir todas as caracterizacións. Xa que logo, en Galicia atopámonos cun gran paradoxo porque aparentemente non houbo guerra. Non obstante, nesa contundente afirmación non se esgota ren. Falar da guerra en Galicia significa constatar cando menos tres aspectos: a moi temperá perda de Galicia para a República e

polo tanto o temperán inicio da represión e do propio franquismo no país; unha longuíssima posguerra na que a actuación da guerrilla supón unha prolongación da guerra; e por último un radical cambio de tendencias respecto dos procesos socioeconómicos que caracterizaran a evolución do primeiro terzo do século XX e, en termos sociopolíticos, os cen anos anteriores.

En segundo lugar, calquera intento de caracterizar a sociedade galega do primeiro franquismo esixe dúas liñas de traballo que aínda non están máis que encetadas. Por unha banda, centrámonos no coñecemento da destrución da sociedade civil durante a posguerra, que empeza na retagarda galega xa no mes de agosto de 1936. Pola outra, coñecer se hai reocupación ou nova ocupación do poder local por novas elites. Todo parece indicar que unhas novas elites políticas, sociais e económicas ocupan o poder en Galicia como consecuencia da guerra, pouco sabemos delas, como tampouco podemos dicir moito das que son desprazadas e das que continúan contra vento e marea. Quen son, de onde saen, que fan para ocupar o poder, a que sectores representan? Carecemos aínda de respostas máis que aproximadas ao respecto.

Por outra parte, establecer unhas adecuadas bases de partida para o tratamento historiográfico da Ditadura require necesariamente establecer pautas novas entre as que non é a menos importante unha nova cronoloxía. Deste xeito é necesario cuestionar a cronoloxía herdada da propia lóxica do período como o concepto de primeiro franquismo que por iso aquí empregamos entre aspas. Unha noción cronolóxica curiosa que non ten continuidade nun segundo franquismo senón nun franquismo pretendidamente desenrolista e modernizador; que incorpora os propios valores da Ditadura: un primeiro difícil período (represor) un segundo opulento (e no que florece a oposición). Unha compartimentación que responde pois máis ao vivido que ao historiografiado².

Os tres períodos, guerra, posguerra e primeiro franquismo, van xuntos en Galicia, encabalgados en poucos meses de 1936. O feito de que en Galicia non houbo guerra convencional, o rápido inicio da posguerra e a precocidade do franquismo en Galicia co cambio de tendencias que significa, teñen que terse en conta para unha caracterización. Galicia perdeuse para a República nas dúas últimas semanas de xullo pero non porque non fora republicana, pois o republicanismo dominaba ampla e capilarmente na súa representación política e nos seus poderes locais. Mais nesta perda fúndase o mito conservador de Galicia que foi tan ben alimentado polo franquismo cando acuñou a imaxe dunha “terra leal” e da “boa despenza” dos exércitos facciosos dende os primeiros intres.

2 Fernández Prieto 2006: 16-23.

Polo que sabemos da súa materialización, o triunfo da sublevación militar en Galicia en xullo de 1936 (o que logo se coñecerá como *Alzamiento*) non se debeu a un importante apoio civil de primeira hora ao golpe³. A diferenza do que aconteceu en Navarra ou no Norte de Castela, non houbo moitos civís na trama nin apoios inmediatos e “espontáneos” á sublevación militar. Esta ausencia de apoios contrasta coas coñecidas respostas populares, alentadas polas organizacións sindicais e políticas da Frente Popular, que en termos militares non foron máis que sucesivos “diques de area” pero que dan unha idea aproximada (cronolóxica e cartográfica) da oposición ao golpe; dende que empezan os movementos de resistencia en Ferrol ata que a fins de xullo os sublevados derrotan o último foco de resistencia en Tui, pasando por un sen número de episodios de diferente entidade e parcial coñecemento.

Entre os factores que puideron determinar a perda de Galicia para a República sobresaen tres de diferente entidade que cómpre presentar como hipóteses a demostrar. De principio, o triunfo dos golpistas entre os militares, pois triunfou nos cuarteis un golpe de coroneis, comandantes e capitáns que son quen de condicionar aos seus superiores nas distintas agrupacións e prazas, antes de os apartar do mando ou fusilalos. Cómpre anotar que eran mandos intermedios e non os seus superiores os comprometidos coa sublevación e que as súas accións e dilacións tiveron un éxito contundente para dispoñer toda a infraestrutura e as forzas militares de Galicia a favor do golpe. O primeiro factor, pois, é o éxito dos conspiradores militares.

En segundo lugar, a situación xeográfica de Galicia, periférica no Estado pero tamén lonxe dos grandes centros de poder e entre o mar e Portugal, condicionou tanto as respostas como as saídas dos leais. O control militar do territorio axiña converteu en suicida calquera intento de resistencia, facendo de Galicia unha rateira para os fieis á República; por outra banda, axiña resultou quimérico calquera intento de recuperación dende o bando republicano, incapaz sequer de conservar a fronte do Norte máis alá de 1937.

En terceiro lugar, paréceme especialmente relevante ter en conta o clima social e político de Galicia na Segunda República e nos meses anteriores ao golpe militar. A diferenza do que ocorría noutras zonas como Asturias, Andalucía ou Cataluña, nas que o conflito que logo se concreta na guerra e mais na revolución está xa latente, e mesmo hai unha auténtica guerra social (relacionada coa reforma agraria) ou político-sindical, Galicia caracterizouse pola ausencia de conflitos extremos previos á guerra⁴. A pesar da confrontación política e social dos primei-

3 A espensas das investigacións que está desenvolvendo a profesora Aurora Artiaga e que han de achegar unha necesaria clasificación ao respecto desta cuestión.

4 O recente libro de Xulio Prada (2007) esixirá, en todo caso, afondar neste debate.

ros meses de 1936, dificilmente podería dicirse que había un clima prebélico en Galicia. De xeito que a moderación da resposta inicial ao golpe militar era coherente co clima social e político previo, pero absolutamente inapropiada fronte a unha sublevación militar nos tempos do fascismo.

A longa posguerra española, a máis longa de Europa no século XX, comeza en Galicia en agosto de 1936 e chega ata a metade da década dos anos cincuenta, practicamente vinte anos. Esa longa posguerra española caracterízase pola ruptura das tendencias socioeconómicas do primeiro terzo e pola ruptura da normalidade pluralista dunha sociedade e dunha política liberal asentadas, con todas as dificultades e imperfeccións coñecidas (incluída a Ditadura dos anos vinte) dende mediados do século XIX; tamén pola continuidade da represión política e social que define a xestión bélica do franquismo. Pero a diferenza do resto do Estado, a posguerra tamén significa en Galicia a continuidade do conflito armado en forma de loita guerrilleira, primeiro arredor dos escapados e, dende o inicio dos anos corenta, dunha forma máis organizada militarmente. Esta continuidade da situación bélica pola vía guerrilleira singulariza os efectos da guerra civil (que non houbo como enfrontamento militar convencional) en Galicia, en dous sentidos: unha máis extensa e continuada represión, practicamente sen posibilidades de escape e unha vida social e económica condicionada polo conflito armado latente en moitas zonas de Galicia, non só na montaña.

Esta demorada e conflictiva experiencia deixou pegadas sociais e políticas aínda apreciábeis. Así pode observarse nunha peculiaridade da xeografía electoral, na que destaca o repetido triunfo municipal da esquerda nas serras orientais, tanto na vertente luguesa como na berciana e aínda cara a Valdeorras, precisamente nunha zona da chamada Galicia interior e aínda profunda, que non ten unha explicación sinxela e dende logo nunca sen ter en conta a historia da resistencia baixo o franquismo e mais unha oculta pero actuante memoria colectiva.

Hai que deterse, por último, no cambio das tendencias de desenvolvemento endóxeno xeradas no primeiro terzo do século XX, coa imposición dunha autarquía cuarteleira nos chamados anos da fame e do racionamento que chegan á década dos cincuenta. Esta ruptura terá considerables consecuencias na sociedade rural, ao longo da posguerra a situación do sector agrario vén determinada pola reruralización e o freo das transformacións agrarias previas. A reruralización da década dos corenta provoca en Galicia unha situación de agro cheo e morto de fame, cando a guerra mundial primeiro e bloqueo dos aliados á Ditadura despois de 1945, impediron incluso que a emigración funcionase como válvula de escape para os excedentes de poboación agraria que non poderían ser absorbidos en empregos urbanos. Neste contexto, a ausencia de medios técnicos e insumos (combustibles, fertilizantes, maquinaria e repostos) racha calquera evolución sobre as bases xa

establecidas antes de 1936; pola contra vanse reforzar prácticas vellas e semiabandonadas, que deitan a agricultura galega no arcaísmo produtivo. Caen todos os índices de produción e produtividade agraria, de modo que ata a segunda metade da década dos cincuenta non se recuperan os niveis do período republicano; do mesmo xeito fréanse por dúas décadas os plans agroindustriais previos. O empeño no autoabastecemento autárquico acentúa ese arcaísmo produtivo, potenciando por exemplo cultivos case abandonados como o liño ou novos (pero exóticos no sistema de cultivos atlántico) como o tabaco. A orientación autárquica e dirixista que busca o autoabastecemento racha coas orientacións do sistema agrario e mesmo cunha política agraria que vén desenvolvéndose polo menos dende finais do século XIX. Non serán menos importantes ás mudanzas no sistema estatal de innovación, que conducen ao aletargamento do entramado institucional encargada da indución de innovacións na agricultura dende comezos de século⁵.

Capítulo á parte merece a cuestión da expropiación de montes veciñais e a repoboación forestal, que trocan radicalmente as funcións do monte como soporte do sistema agrogandeiro, provocando unhas transformacións de grandes proporcións pola vía do intervencionismo totalitario. Expropiación e repoboación terán efectos sociais e económicos demoledores, contribuíndo ao empobrecemento e á expulsión dos máis pobres e á desarticulación das comunidades que xestionaban o monte.

Polo que respecta á economía urbana e aos demais sectores económicos, consolidouse unha evolución desequilibrada da estrutura industrial no marco dunha economía en retroceso organizativo e produtivo durante os anos corenta. As cidades seguiron medrando nesta década, especialmente as costeiras, vinculadas ao desenvolvemento da industria pesqueira, conserveira e naval, trípode sobre o que se asentara o desenvolvemento industrial previo, favorecidas agora polo réxime. Tamén hai que subliñar importantes desenvolvementos na industria hidroeléctrica para a exportación, na de transformación da madeira (ao abeiro das repoboacións) e, ocasionalmente da minería do volframio, alentada polas necesidades dos países que contenden na guerra mundial.

En termos xerais, daquel contexto económico-político derivanse consecuencias sociais negativas moi duradeiras. A intervención da economía e as condicións políticas do réxime fixeron que as actividades máis rendibles foran as ilegais vinculadas ao estraperlo e o contrabando. O mercado negro e unha corrupción administrativa sen precedentes fixeron arraigar naquela economía labrega a xeneralización da ocultación e a fraude como estratexia de supervivencia que instaura

5 A recente publicación da tese de doutoramento de David Soto (2006) máis que confirma estas tendencias e o atraso agropecuario que xera o franquismo en Galicia.

(ou en ocasións, recupera) vicios sociais, crebaron vellas solidariedades e moi posiblemente afondaron no individualismo. Xeneralizouse a ocultación das colleitas, de modo que se estima que as cantidades comercializadas ilegalmente superaron, especialmente para os cereais, ás intervidas pola CREPA e os prezos dos produtos vendidos no mercado negro, moitas veces adulterados, chegaban a triplicar os prezos oficiais de taxa. Poucos podían comer o pan branco de antes da guerra pero moitas fortunas dos adictos ao réxime fixéronse grazas a esta xestión cuarteleira da economía que subvertía o mercado aberto pero deixaba marxe dabondo á corrupción especuladora.

Tanto no agro como nas cidades houbo tamén quen se enriqueceu, tirando partido das mañas políticas e das habelencias para a ocultación e a especulación. Os da posguerra foron anos de enriquecementos ilícitos baseados tamén nos favores políticos, nas delacións e na represión, negocios e propiedades dos afíns á República cambiaron de mans a cambio de eludir a represión e outros houberon de pagar “rescates” para mantelos. Polo demais houbo tamén certa bonanza económica para algúns sectores, coa venda de gando, de peixe ou de volframio, pero seguramente tamén concretado máis en enriquecementos singulares que en melloras económicas de amplos sectores.

3. A sociedade e o réxime en Galicia

O réxime fundado na guerra civil tamén careceu en Galicia dun consenso social lexitimador. As novas autoridades políticas non foron quen de establecer unha hexemonía suficiente, de modo que o temor impúxose ao consentimento dende os primeiros momentos.

A primeira característica do novo réxime é a ruptura cos precedentes en termos políticos e sociais. O novo poder político procura rachar radicalmente cos anteriores, transformando as bases previas do poder político e mesmo do poder social. Non só se establece unha ruptura coa República senón tamén co réxime pluripartidista da Restauración e co carácter “débil” dunha Ditadura de Primo de Rivera que se extinguiña antes de que o fascismo europeo adquirira a fasquía que coñeceu nos anos trinta. As investigacións realizadas ata o momento parecen confirmar esta apreciación na perspectiva dos poderes locais, do asociacionismo e mesmo do poder universitario⁶. Dende os primeiros momentos as posicións do poder local e provincial son ocupadas por militares retirados, falanxistas de primeira ou última hora, xentes “de orde” militantes dunha “nova dereita” e oportunistas que nunca participaran antes en política nin se presentaran ás eleccións. De certo, nin os vellos conservadores dos tempos da monarquía serven ás no-

6 Gurriarán 2006; Souto Blanco 1999; Domínguez Almansa 1997; Fernández Prieto 1993: 49-69.

vas autoridades. De feito, abundan os casos nos que os prohombres conservadores afeitos aos usos e componendas pero tamén á relativa tolerancia dos tempos da Restauración son cesados nos seus cargos de alcaldes e concelleiros pola súa excesiva magnanimidade ou o seu empeño en interceder polos detidos polas autoridades militares e os falanxistas. Pois é o caso que a imposición da autoridade política polos sublevados obriga a empregar métodos e formas de represión novos que exceden dos coñecidos no Estado liberal e mais na Ditadura de Primo. Ten lugar, pois, unha substitución de elites políticas de dimensións pouco coñecidas e cuxas consecuencias non foron aínda ponderadas.

O establecemento e consolidación dun poder nacido dunha sublevación militar non apoiada na sociedade civil, esixiu unha represión que se fai continuada e que pasa a formar parte da natureza do Réxime ata a súa liquidación catro décadas máis tarde, ao converterse o seu exercicio no elemento inescusable para asegurar o dominio político e social. Unha represión que excede amplamente a tal fin, os métodos de coacción coñecidos no Estado liberal precedente e que a sublevación militar primeiro e o franquismo despois requiren para imporse socialmente⁷. O mantemento desta natureza represiva coa que se instaura o réxime non quere dicir que despois da primeira etapa este non fora quen de establecer consensos sociais que lle garantiron un apoio suficiente senón hexemónico entre a poboación⁸. Mais, nas condicións das dúas primeiras décadas, nas que o illamento internacional e a autarquía provocaron escaseza e penurias para a maioría, os vendedores da guerra non foron quen de establecer unha hexemonía abonda polo que o temor houbo de imporse ao consentimento. Sobre eses piares andaría o réxime pese as mudanzas posteriores.

Implantouse un réxime a imitación dos fascismos europeos. Independentemente de calquera debate sobre a natureza do réxime, en termos estritamente históricos hai que reparar en que, no tempo do fascismo europeo, un réxime nacido dunha sublevación militar contra unha república democrática gobernada

7 Nos últimos tempos son numerosos os traballos nesta liña que nos permiten ter unha idea cabal sobre a dimensión e condición da represión que o golpe require para imporse, entre os que cabe citar os de Souto, Prada, Rodríguez Teixeiro, Grandío, Lamela, Rodríguez Gallardo, Eliseo Fernández, Dionisio Pereira, Santidrián, Lanero, ou o mencionado de Ricardo Gurriarán. Así como os sucesivos Congresos de Narón e Culleredo ou o proxecto de investigación universitario *Voces, Nomes e Lugares*, encetado o ano 2006.

8 Neste sentido as recentes investigacións de Ana Cabana, Daniel Lanero e Anxo Collarte dentro do equipo de investigación en Historia Agraria do Departamento de Historia Contemporánea da USC, entran por fin no coñecemento da sociedade rural do franquismo e indagan tanto nos elementos de represión e resistencia como nos de consenso que o réxime constrúe paseniñamente. Lanero Táboas, Daniel (2005): *Sindicalismo agrario franquista na provincia de Pontevedra (1936-1975)*, Departamento de Historia Contemporánea, USC, Tese de doutoramento inédita; Cabana, Ana (2006): *Entre a resistencia e a adaptación. A sociedade rural galega no franquismo (1936-1960)*, Departamento de Historia Contemporánea, USC, Tese de doutoramento inédita. Collarte, Anxo (2006): *Labregos no franquismo. Economía e sociedade rural na Galiza interior. As "hermandades sindicales" en Ourense (1943-1978)*, Ourense, Difusora de Letras, Artes e Ideas.

por unha Frente Popular, non podía senón ter o fascismo como referente como o tiveran outros réximes similares europeos da época, incluído o francés de Vichy. Defínase como se queira a evolución posterior, o papel da guerra fría, o impacto do desenrolismo, etc., seguramente o totalitarismo e o españolismo tradicionalista son, como ten afirmado Ramón Máiz, os seus riscos máis visibles, concretados nunha extraordinaria verticalización autoritaria nos seus aparatos e unha fortísima centralización. A supresión de garantías e dereitos cidadáns veu acompañada da supresión da descentralización autonómica e da persecución de manifestacións culturais e lingüísticas diverxentes do españolismo imperial que se estaba a inventar. A escrita do galego só era posible en loas a Franco e as gaitas soaban decoradas sempre en colorado e marelo. Un réxime, iso si, coas súas peculiaridades sureuropeas, a máis importante e duradeira o seu carácter nacional católico, no que a Igrexa terá un papel novo e rupturista coa súa propia tradición. Esta mudanza percíbese máis na Galicia urbana que na rural pero tamén neste ámbito racha co papel tradicional dos cregos na sociedade previa, pola prohibición de festas e celebracións de orixe e natureza máis ou menos pagá, como o Entroido ou os maios; dítanse normas restritivas sobre a vestimenta, o baile ou sobre unhas relacións sexuais que contaban tradicionalmente con amplos espazos de permissividade e que, en todo caso, interfíren nos hábitos cotiáns moito máis do que nunca en momentos anteriores. A igrexa en Galicia abandonou o sincretismo que a caracterizara durante séculos para facerse nacional-católica e converterse nun dos piares do réxime que sae da sublevación militar.

De certo, o principal apoio social do Estado franquista, xunto co exército sublevado, foi unha Igrexa católica que por fin atopou as condicións propicias para loitar contra a modernidade e o laicismo que viña combatendo dende o século XIX, impondo agora un rigorismo moral que chegou ao fanatismo ata que empezaron a soprar os ventos do Vaticano II. As continuas Misións reevanxelizadoras que percorreron cidades, vilas e parroquias buscaban obsesivamente a recristianización das masas pecadoras das que non se fiaban nin o franquismo nin a Igrexa. Pero a vía predilecta para esta misión de dominio social por parte da Igrexa seguiu sendo o ensino, agora con forzas renovadas grazas ao control dunha parte importante do aparato educativo que o estado lle cedeu, especialmente nos tramos superiores, a través dos centros educativos máis elitistas nas cidades e da recuperación do antigo recurso ao seminario para a poboación rural. En todo caso, mercé á presenza abafante do nacional catolicismo en todos os niveis escolares, públicos e privados a través de textos, materias e catequeses. Desta poderosa alianza entre franquismo e igrexa xurdiu un nacionalcatolicismo como sinal de identidade ideolóxica máis importante do Réxime. O labor clerical contou coa axuda segrar da ACNP (Asociación Católica Nacional de Propagandistas), pri-

meiro, e do Opus Dei, despois. A sociedade foi entregada polo réxime á Igrexa, en maior medida que ao falanxismo; cuestión de eficacia.

Tamén no terreo dos medios de comunicación logrou o réxime un apoio forzado ao convertelos en instrumentos da súa propaganda directa. Xornais, emisoras de radio e medios independentes existentes en Galicia en 1936 houberon de pregarse aos ditados da censura, mentres os de tendencia política máis definida (como *El Pueblo Gallego*, *A Nosa Terra*, entre outros) foron incautados e ás veces convertidos en prensa do Estado, desaparecendo moitas publicacións locais e asociativas e, por suposto, todas as esquerdistas. Só os medios de tendencia católica ou conservadora se desenvolveron coa comodidade dos adictos nestas novas condicións.

Coa instauración da Ditadura franquista non só mudan as elites políticas e a natureza do réxime político, tamén se transforman as estruturas de poder e os aparatos do Estado coa completa depuración do funcionariado, incluído o militar, do que se ten un coñecemento bastante pormenorizado. Se na guerra se creou un estado campamental ao rematar estabilizouse un estado cuarteleiro, tamén no aspecto administrativo e burocrático, apreciable nos novos criterios e compartimentos definidos pola pedagogía derivada do “dereito de conquista” (“para algo ganamos la guerra”) que a nova burocracia exerce con impunidade. Coñecemos ben a depuración que afectou ao Maxisterio, onde os mestres formados na democracia foron substituídos por outros habilitados por méritos patrióticos ou de guerra e sempre a partir do criterio de que “preferimos que no haya escuelas a que las haya [...] sin Dios”. Segundo A. Costa, dos 6000 mestres que exercían en Galicia en 1936, 2000 sufriron sancións e máis de 500 foron apartados do posto. O resultado foi esmagador: aínda en 1955 había menos escolas en funcionamento que en 1936. Para a Universidade de Santiago, Ricardo Gurriarán demostra que case un terzo do profesorado foi sancionado, porcentaxe que no caso dos catedráticos se eleva ata o 40%. Ambos os casos constitúen unha mostra elocuente do nivel de desafección co que os sublevados tiveron que enfrontarse, neste caso entre os sectores máis capacitados e formados da sociedade.

A segunda característica do novo réxime é a súa construción sobre a represión e a destrución da sociedade civil democrática. Despois dunha represión “de urxencia” que acompaña a sublevación militar e se concreta na eliminación e o encarceramento do contrario que pode facela fracasar militar ou civilmente, prosegue unha represión administrativa e capilar destinada a destruír os elementos organizativos da sociedade civil democrática existente en 1936. Se imos tendo un coñecemento bastante sistemático da primeira forma de represión, sabemos aínda pouco da segunda que resulta, non obstante, fundamental para a consolidación do novo poder político, á vez que define o tipo de sociedade na que este se

vai asentar longamente. Esta segunda forma de represión vai supor en conxunto o apartamento da maioría dos cadros sociais, políticos e sindicais da actividade civil, que nin sequera terán sempre unha substitución adecuada por canto tamén van ser eliminadas ou modificadas no seu funcionamento as institucións sociais nas que exercían a súa actividade.

Un exemplo coñecido é a destrución sistemática das Sociedades e sindicatos agrarios que inzaran a Galicia rural ao longo do primeiro terzo do século XX. De entrada foron perseguidos e encadeados os dirixentes cunha vinculación política máis directa cos partidos da Frente Popular e disoltas as sociedades agrarias máis comprometidas, deseguido, entre 1939 e 1943 apartouse a todos os cadros dirixentes levemente sospeitosos de compromiso democrático que aínda quedaban en activo. Cregos, Falanxe local e garda civil informaban por escrito aos gobernos civís de todas as directivas electas das sociedades. As pescudas que fixemos no seu día amosan que moi poucos destes cadros eran considerados de confianza polo réxime, polo que decote se revogaban as directivas e obrigábase á súa substitución por outros socios considerados menos perigosos, en razón da idade ou da súa escasa significación política. Isto avala a idea da falla de apoios efectivos e a desconfianza xeneralizada sobre a que se asentou o franquismo en Galicia, tamén no medio rural. Lamináronse así os fundamentos da autoorganización agrarista antes de substituírse por un sindicalismo vertical, obrigatorio e burocrático

4. Os custos sociais da instalación do franquismo

En conxunto, o primeiro franquismo terá un custe de instalación considerable en Galicia. Retorce a sociedade previa, facendo recuar as súas formas organizativas, así como moitos usos sociais democráticos consolidados e formas de sociabilidade propias dunha sociedade plural e moderna. A sociedade actual segue a derivar moito máis directamente daquela fractura no desenvolvemento social que supuxo a instauración do franquismo e que derivou na súa demorada pervivencia, que de calquera outro proceso social, incluídas as tres últimas décadas da democracia actual, que están representadas no actual continxente de poboación por unha única xeración á que só moi recentemente lle está tocando acadar espazos de poder.

Daquel período do primeiro franquismo derivan fracturas sociais que permanecen ata hoxe, sobre todo en vilas e aldeas e son facilmente rastrexables entre os que foron reprimidos, apartados, multados, expropiados e os represores e beneficiarios directos da instalación violenta do novo réxime. Vellas divisións locais das que só se fala nas festas familiares ou nos velorios pero que trazan as liñas divisorias da convivencia social e tamén das posicións políticas. Fracturas que están presentes e mesmo están empezando a seren destapadas paseniñamente na actualidade, non sen dificultades, ao xeito do que aconteceu hai uns anos no

mundo intelectual español coa reveladora polémica provocada por Javier Marías a propósito do papel do filósofo J. L. López Aranguren nos primeiros momentos do franquismo. Como aconteceu en 1999 en Tui coa que debeu ser a primeira homenaxe e rehabilitación pública e social dos fusilados na última localidade galega ocupada polas tropas sublevadas e, no extremo oposto do país, en Ribadeo, con dous actos de xeito moi diferente: un no que por primeira vez en 63 anos se falaba nun acto público dos fusilados e se recoñecía a inxustiza, polo demais ben coñecida, do seu asasinato, diante das súas familias e mesmo dalgúns instigadores; o outro acto unha homenaxe do goberno municipal ao alcalde do franquismo por excelencia, falanxista de primeira e última hora, ocasionou unha fractura pública e privada sen precedentes; ambos os feitos conduciron en poucos días á primeira homenaxe pública aos represaliados. En todo caso, nesta recuperación do pasado apareceron as vítimas pero non aínda os vitimarios. Eis a memoria mesturándose coa historia.

A longa posguerra, a represión, o medo, a fame, o mercado negro e o intervencionismo totalitario conduciron á ruptura de solidariedades sociais e afondaron no individualismo. Triunfou unha sorte de "arcaísmo social" que disolve a acción colectiva vinculada tanto a formas tradicionais como a novas formas de organización social; consolidándose vicios e perversións cívicas para ir vivindo, para ir tirando naquelas condicións de represión e racionamento. Desarticuláronse as comunidades rurais, que ven interrompida a súa evolución coa expropiación dos montes en man común. Instaurouse unha fundamentada desconfianza social cara a calquera forma asociativa moderna, rachando cunha experiencia organizativa e de mobilización plural que se remontaba xa a medio século atrás. Esta aversión á organización e á participación instaurouse en polo menos dúas xeracións enteiras e durou moito máis que a represión singularizada. En termos xerais destruíuse unha sociedade civil articulada á vez que se derrubaron abruptamente formas asociativas tradicionais á vez que se implantaron/recuperaron vicios e deformacións sociais que aínda seguen vixentes.

Bibliografía

- AGUILAR, Paloma (1996): *Memoria y olvido de la guerra civil española*, Madrid, Alianza Editorial.
- COSTA CLAVELL, Xavier (1977): *Las dos caras de Galicia bajo el franquismo*, Madrid, Ed. Cambio 16.
- CABO VILLAVERDE, Miguel (1998): *O agrarismo*, Vigo, Edicións A Nosa Terra.
- CABANA, Ana (2006): *Entre a resistencia e a adaptación. A sociedade rural galega no franquismo (1936-1960)*, Santiago de Compostela, Departamento de Historia Contemporánea (Tese de doutoramento inédita).

- COLLARTE, Anxo (2006): *Labregos no franquismo. Economía e sociedade rural na Galiza interior. As "hermandades sindicais" en Ourense (1943-1978)*, Ourense, Difusora de Letras, Artes e Ideas
- COSTA RICO, Antón (1989): *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: da Restauración á segunda República*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- DOGLIANAI, Patrizia (1999): *L'Italia Fascista, 1922-1940*, Milano, Ed. Sansoni.
- DOMÍNGUEZ ALMANSA, Andrés (1997): *A formación da sociedade civil na Galicia rural. Asociacionismo agrario e poder local en Teo, 1890-1940*, Santiago de Compostela, Teo, Concello de Teo e Consellería de Cultura e Comunicación Social.
- FERNÁNDEZ, Carles (1982): *El Alzamiento de 1936 en Galicia*, Sada, Edicións do Castro.
- FERNÁNDEZ, Carles (1999): *La guerra civil en Galicia*, Sada, Edicións do Castro.
- FERNÁNDEZ LEICEAGA e Xaquín e LÓPEZ IGLESIAS, Edelmiro (2000): *Estructura económica de Galicia*, Santiago de Compostela, Laiovento.
- FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (1988): "Agricultura, gandería e economía de guerra: Novas orientacións de política agropecuaria para Galicia: 1936-1939", *Grial*, 100, pp. 133-246.
- FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (1993): "Represión franquista y desarticulación social en Galicia. La destrucción de la organización societaria campesina 1936-1942", *Historia Social*, 15, pp. 49-69.
- FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (1996): "Guerra civil e franquismo", en VV.AA.: *Nova Historia de Galicia*, A Coruña, Eds. Tambre.
- FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (2006): "Máis memoria ca historia. Unha historia deformada, unha historiografía por revisar", *Grial*, 170, pp. 16-23.
- GONZÁLEZ BERAMENDI, Justo e NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel (1995): *O nacionalismo galego*, Vigo, A Nosa Terra.
- GRANDÍO SEOANE, Emilio (2000): *Años de guerra. A Coruña, 1936-1939*, A Coruña, Vía Láctea.
- GURRIARÁN, Ricardo (2006): *Ciencia e conciencia na Universidade de Santiago (1900-1940)*, Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.
- HEINE, Hartmut (1980): *A guerrilla antifranquista en Galicia*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- JULIÁ, Santos (coord.) (1999): *Victimas de la guerra civil*, Madrid, Ed. Temas de Hoy.
- JUANA, Jesús e PRADA, Julio (eds.) (2006): *Lo que han hecho en Galicia. Violencia política, represión y exilio (1936-1939)*, Barcelona, Crítica.
- LOMBARDERO RICO, X. M. (1999): *Sociedade ribadense, 1900-1936*, Ribadeo, Ed. Nigoba.

- LANEROTÁBOAS, Daniel (2005): *Sindicalismo agrario franquista na provincia de Pontevedra (1936-1975)*, Santiago de Compostela, Departamento de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela (Tese de Doutoramento inédita).
- MARTÍNEZ, A. (2000): "La ganadería gallega en el primer franquismo. crónica de un tiempo perdido, 1936-1960", *Historia Agraria*, 20, pp. 197-224.
- MÁIZ, Bernardo (1988): *Galicia na IIª República e baixo o franquismo*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- MÁIZ, Ramón (1991): "El franquismo", en Villares Paz, Ramón (ed.): *Historia de Galicia*, Vigo, Faro de Vigo.
- MÁRQUEZ CRUZ, Gullermo Manuel (1993): "La transición local en Galicia: Continuidad de las élites políticas del franquismo y renovación de los gobiernos locales", *Revista de Estudios Políticos*, 80, Madrid.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel (1995): "Galeguismo e cultura durante o primeiro franquismo (1939-1960)", *A Trabe de Ouro*, 19.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel (1999): "Violencia política e represión en Galicia. Da IIª República á posguerra: algunhas reflexións históricas", pro. ms.
- PRADA, Xulio (2007): *Violencia política, protesta social e orde pública no Ourense republicano*. Sada, Edicións do Castro.
- REIGOSA, Carlos (1989): *Fuxidos de sona*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- RICO BOQUETE, Eduardo (1995): *Política forestal e repoboacións en Galicia, 1941-1971*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- ROCHA NOVOA, Mónica (1999): *O estraperlo na comarca do Condado: 1939-1960*, Santiago de Compostela, Departamento de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela (Traballo de Doutoramento inédito).
- RODRÍGUEZ PÉREZ, J. Alberte (1989): "A minaría do volframio em Galiza (1887-1960). Umha primeira aproximación", *Agalia. Quatro Estudos de historia económica de Galiza*, Monográfico núm. 2, pp. 49-70.
- SAZ, Ismael e GÓMEZ RODA, José Alberto (eds.) (1999): *El franquismo en Valencia. Formas de vida y actitudes sociales en la posguerra*, Valencia, Ediciones Episteme.
- SOTO, David (2006): *Historia dunha agricultura sostible. Transformacións productivas na agricultura galega contemporánea*, Santiago de Compostela, Consellería de Agricultura da Xunta de Galicia.
- SOUTELO VÁZQUEZ, Raúl e PRADA RODRÍGUEZ, Xulio (1998): "Estratexias de supervivencia económica na posguerra: mercado negro, acaparamento e ocultación", *Historia Nova V*, Santiago de Compostela, Asociación Galega de Historiadores, pp. 177-213.
- SOUTO BLANCO, M. * Xesús (1998): *La represión franquista en la provincia de Lugo (1936-1940)*, Sada, Edicións do Castro.

- SOUTO BLANCO, M. ^a Xesús (1999): *Los apoyos al régimen franquista en la provincia de Lugo, 1936-1940. La corrupción y la lucha por el poder*, Sada, Edición do Castro.
- TEIXEIRA DA SILVA, Franciso Carlos (2000): "Dictatorship and Historiography. Brazilian and Argentinian invent their History", en *The Uses and Misuses of History and Responsibility of Historians. Past and Present. 19th International Congress of Historical Sciences*, Oslo, (pro.ms.; non hai resumo no libro de *Proceedings*, Oslo, 2000)
- TRANFAGLIA, Nicola (1999): *Un passato scomodo. Fascismo e postfascismo*, Roma, Editorial Laterza.
- WOUTERS, Marc (1993): *1936. Os primeiros días*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- VV.AA. (1987a): *Os anos despois (1936-1953)*, Vigo, Edicións A Nosa Terra.
- VV.AA. (1987b): *O 36 na Galiza*, Vigo, Edicións A Nosa Terra.
- VV.AA. (1988a): *Galiza: 1953-1975*, Vigo, Edicións A Nosa Terra.
- VV.AA. (1998b): *O que fixeron en Galicia. 1936*, Vigo, A Nosa Terra. (Edición a cargo de C. Pereira Martínez).

[The text on this page is extremely faint and illegible. It appears to be a list of entries or a table with multiple columns and rows of text. The content is too blurry to transcribe accurately.]

A encrucillada galega dos anos trinta: Igrexa, política e violencia

EMILIO GRANDÍO SEOANE
Universidade de Santiago de Compostela

Dúas son as bases do réxime franquista nos seus corenta anos de existencia: dunha banda a súa orixe a partir dun golpe e unha guerra civil de tres anos dirixida por sectores militares de orientación reaccionaria; doutra unha sorte de fundamentalismo relixioso católico, alcumado *a posteriori* "nacionalcatolicismo", froito da percepción da xerarquía católica da perda de poder social dentro dese proceso de laicización do primeiro terzo do século XX. Nesta pequena contribución pretendemos achegarnos a falar do segundo destes piares, o que dota dunha ideoloxía firme e consolidada un réxime que nacera sen máis unidade que unha crítica rotunda respecto do rumbo político dos dirixentes da República tras febreiro de 1936.

O papel da Igrexa na conformación das identidades culturais e políticas do Estado español foi —e segue a ser— fundamental. A consideración "trentina" de España como o país protagonista da defensa da relixión católica en Europa conformou na mentalidade conservadora deste país unha moi forte imbricación entre a identidade política de dereitas e a mesma confesión relixiosa. Unha e outra converxen nun mesmo corpo, sendo o resultado das tentativas de disociar ambos os conceptos fracasadas en boa parte da súa historia contemporánea. Esta identidade, lóxica na formulación ideolóxica da xerarquía católica —España ou é católica ou non o é—, resulta máis significativa e singular no caso das plataformas políticas que reclaman unha identidade baseada nunha confesión relixiosa, é dicir, nunha determinada fe e crenza. Corenta anos de franquismo serviron para cimentar esta imbricación, que xa viña de lonxe, mais que á altura da metade do século XX era xa un anacronismo no contexto da Europa Occidental. Eses case

corenta anos serviron para modelar varias xeracións, culturas, hábitos, comportamentos sociais... dos que somos receptores a principios do século XXI.

Mais se a influencia da cultura xerada polo catolicismo é básica para entender a identidade do Estado, posiblemente o sexa máis no caso galego. Dende a Idade Media ó peso ideolóxico e á súa influencia cultural e social sobre as comunidades galegas da Igrexa católica engádeselle a súa posición de poder económico e social. O rol do párroco en Galicia fora, ata a entrada da etapa contemporánea, practicamente un poder civil máis. Quizais dos máis determinantes porque á súa potencialidade como elemento civil decisivo engádeselle a súa capacidade de influencia directa sobre as mentalidades. Aínda que as desamortizacións de mediados do XIX fixeron rebaixar notablemente o seu peso, o certo é que a cultura galega ten un pouso maioritariamente católico que a modela tamén durante séculos, independentemente dos trocos políticos e institucionais. O papel da influencia civil dos párrocos e dos mosteiros foi moito máis alá que noutros lugares do Estado. A mesma persistencia da unidade de convivencia galega nas parroquias, aínda do proceso de centralización do Estado liberal do primeiro terzo do século XIX, é unha proba moi perceptible disto.

O peso dos anos da República e da guerra civil foi fundamental para entender os comportamentos políticos do clero galego. Como di o meu mestre, o profesor Barreiro:

Hai unha recondución do perfil sacerdotal, especialmente dos párrocos. Despois de pasar o período dunha República onde o clero nunca atopou o seu status, na que tivo que ceder os privilexios seculares e onde calquera tarabelo podía censuralo, denunciálo ou mesmo perseguilo, atopou no franquismo o recoñecemento da súa autoridade. Gobernadores, alcaldes e comandantes de posto da Garda Civil tiñan ben sabida a lección: respecto absoluto ao clero, e moi especialmente aos párrocos [...] Isto produciu en boa parte do clero, ademais do agradecemento ao Réxime e unha devoción case fanática a Franco, o reforzamento da autoridade que facilmente chegaba ao autoritarismo. Eles representaban a Igrexa e a Igrexa era o poder. Resultaba moi difícil para moitos párrocos resistir a tentación do poder [...].¹

É precisamente disto do que queremos encher estes folios, nunha liñas necesariamente breves pola extensión desta colaboración. Queríamos falar deste tránsito, desa viaxe realizada pola Igrexa católica ó longo dos anos trinta e que rematou nunha actitude de compromiso e de fidelidade a un réxime ditatorial e autoritario. Indicar que as posicións dentro da Igrexa, como tal comunidade, non son homoxéneas aínda que a súa condición de crenza nun dogma confesional así o camuflen. Mais as actitudes individuais, tamén dos párrocos e dos bispos, son

1 Prólogo de Xosé Ramón Barreiro Fernández á obra de Rodríguez Lago, José Ramón (2004): *La Iglesia en la Galicia del franquismo*, Sada, Edicións do Castro, p. 9.

variables e múltiples. Negar a existencia na nosa Galicia dos párrocos “bos” e dos párrocos “malos” durante os anos da guerra e o franquismo sería negar a realidade. A imbricación do párroco na comunidade era tan grande naqueles difíciles anos trinta que en ocasións pódese ler o mapa da represión a través do nivel de compromiso e adhesión ás accións de “limpeza” por parte dos párrocos. E non estamos a falar de concellos de Galicia separados por centos de quilómetros, senón de parroquias limítrofes, pegadas unha a outra.

1. Un novo réxime: a perda do poder social

Tras a crise do entramado institucional da Restauración, a Ditadura de Primo de Rivera reafirmou a unidade do Trono e do Altar. A ideoloxía do partido único do réxime, a Unión Patriótica, reafirmaba a unidade da nación e do catolicismo. O mesmo réxime, cando precisou reclamar cadros en Galicia para crear a súa cúpula dirixente tivo que botar man de boa parte da estrutura católica-agraria creada na década anterior². Restableceuse o ensino relixioso obrigatorio, recoñecendo validez oficial ós estudos universitarios dos centros eclesiásticos de Deusto e do Escorial. Mesmo un Real Decreto de 1924 permitía suspender os mestres que expresaran “ideas ofensivas para la religión católica”³. O ámbito do ensino era básico para manter a posición a medio prazo de privilexio social.

A chegada da II República traerá un novo enfoque. Os novos dirixentes traían un novo concepto da posición que debía ter a Igrexa católica no Estado: as dúas administracións debían percorrer camiños separados. De feito, unha das cuestións que máis unificaba a boa parte dos dirixentes republicanos dos primeiros gabinetes republicanos era precisamente a súa compoñente laicista. Non temos que contar moito para citar as figuras que se declaraban católicas neste gabinete: o presidente Alcalá Zamora e o ministro de gobernación Miguel Maura.

Mais este sentimento non era unicamente a nivel de elites con capacidade de decisión política ou institucional. As grandes masas de obreiros afiliados ben á CNT ou á UGT tamén tiñan unha forte compoñente anticlerical, na súa postura

2 De feito, nas distintas comunidades, as primeiras sospeitas de personaxes locais contrarios ó réxime republicano tiñan que vir necesariamente dos seus beneficiados. Dende a Xestora Municipal Republica de Vedra, o día 25 de abril de 1931, enviouse o seguinte informe:

“Estos elementos y demás firmantes contra las elecciones [...] tienen un marcado carácter político monárquico, puede decirse que han sido el brazo ejecutor de la Dictadura por ellos defendida desde el Sindicato católico que preside el Marqués de Santa Cruz de Rivadulla, a cuyo se han acogido como ahora a la República [...] a fin de defender exclusivamente intereses personales pues carecen en absoluto de toda sinceridad e ideología [...]”, Arquivo do Reino de Galicia, Fondo Goberno Civil, Correspondencia Goberno Civil-Concellos, mazo 2738.

3 Castells, José Manuel (1973): *Las asociaciones religiosas en la España contemporánea. Un estudio jurídico administrativo (1767-1965)*, Madrid, Taurus, pp. 376-377.

crítica respecto do papel xogado pola Igrexa na reafirmación do réxime ditatorial. Nos primeiros días de maio de 1931, a menos dun mes da toma de posesión do Goberno Provisional republicano, teñen lugar as primeiras queimas de conventos. Para as masas obreiras, que non esquezamos que representaban a auténtica esquerda de masas dos anos trinta, isto representaba simbolicamente a queima do poder da Ditadura.

Quizais un dos elementos transcendente para o desenvolvemento da República será a indecisa actitude respecto dos feitos tomada polos representantes republicanos nestes primeiros días. A súa posición pode ser explicada dende dous posicionamentos: un, a incapacidade de controlar unhas forzas armadas dependentes polo escaso tempo transcorrido do cambio de réxime; e dúas, que se tiña lugar un enfrontamento violento —previsible dadas as circunstancias tumultuarias dos feitos— de xeito inmediato a masa obreira e sindical viraría en contra dos dirixentes republicanos. Esta sensación de impunidade foi fundamental na percepción da Igrexa de que algo grave tivera lugar na súa relación co Estado, que permite variar a relación de forzas preexistente. De feito, dende estes mesmos días, nos seus espazos de prensa, o líder do catolicismo social, Ángel Herrera Oria, xa está a falar de “guerra civil”. O mundo católico derrubouse tras o 14 de abril, como explica Julián Casanova:

La Iglesia percibió la caída de la monarquía como una auténtica catástrofe. No soportó la República, ese sistema de representación parlamentaria, de legislación anticlerical, de presión popular, en la que los valores católicos ya no eran hegemónicos. Movilizó a la población, amparó un movimiento de masas que bajo el paraguas ideológico del catolicismo refugiaba en él a las clases dominantes, a los sectores más conservadores, preocupados por su orden y no sólo por el de la Iglesia, porque en la historia de España, en ese período republicano y en el futuro, el orden y la Iglesia habían ido unidos y así seguirían [...].⁴

A resposta da Igrexa non se demorou. O 3 de xuño, dende Roma, os bispos españois mandaban unha Carta Colectiva ó Presidente do Consello de Ministros da República, protestando polo que xa naquel intre, ante o programa de reformas anunciadas polo Goberno Provisional e sen realizárense aínda as “celéricas” eleccións para Cortes Constituíntes, consideraban unha actitude antirreligiosa do Goberno, e por engadido, do novo réxime. A súa listaxe de agravios era notable. Lida a Carta á inversa, a súa posición de privilexio na esfera civil do anterior réxime era considerable⁵.

4 Casanova, Julián (2001): *La Iglesia de Franco*, Barcelona, Crítica, p. 303.

5 “[...] Protestando contra el anuncio oficial de la secularización de los cementerios, separación de la Iglesia del Estado, prohibición de las autoridades gubernativas y al ejército de participar en actos religiosos, su-

E os problemas coa Igrexa xurdiron en Galicia de xeito inmediato á proclamación do réxime. O mesmo día en que se repetiron as eleccións municipais nalgúns concellos galegos, o domingo 26 de maio de 1931, algúns párrocos xa facían propaganda política explícita contra o réxime republicano. Como o caso do titular de Vilar (Touro), a salientar non só polo que di, senón polas circunstancias que aduce para a súa crítica, segundo denunciaba o presidente da Comisión Xestora Municipal:

Así habian logrado se apoderase de España un gobierno que nos traerá la ruina y el desastre, lo que ya está pasando con robos y destrucción de Iglesias católicas, quedando imágenes y cometiendo muchos más vejámenes y atropellos [...].⁶

Es cuanto en conciencia tengo que informar a V.P. rogándole que si no es de absoluta necesidad se me guarde la debida reserva con razón de mi cargo y ministerio que se haría ineficaz y odioso, por lo menos entre los familiares y amigos del encausado [...].⁵³

Nalgúns casos, os traslados convertéronse nun elemento preventivo ante as ameazas da comunidade e o mal clima social xerado por estas denuncias, mesmo coa finalidade evitar conflitos de orde pública⁵⁴.

O ámbito da represión era ilimitado. Se ben se investigou e denunciou incluso ós mesmos encargados da represión como Delegados de Orde Pública ou Falanxistas, mesmo houbo cregos galegos que non foron alleos a esta vixilancia. As súas denuncias viñan baseadas en argumentos semellantes. Dun cura de Muros expediase a seguinte información dende a Comisaría de Policía da Coruña:

El día 30 de agosto del 36 fue desterrado de Muros a Monforte por sus ideas izquierdistas y propalar noticias contrarias al Movimiento Nacional así como por sus censuras al Ejército. Su conducta privada es mala pues parece ser que sostenía relaciones

52 ATMT IV, Causa 1567/37, p. 17.

53 Dun párroco acabado de chegar a Santiago de Ameixenda (Corcubión); ATMT IV, Causa 806/38, p. 11b.

54 Como acontece na orde do arcebispo do traslado de residencia do párroco de San Martín de Noia do 11 de agosto de 1936 a unha distancia non menor de 150 quilómetros daquela vila; citado por Rodríguez Lago, José Ramón (2004): *Op. cit.*, p. 468.

íntimas con una señorita de Muros a cuenta de la cual vivía. Es muy aficionado a la bebida [...].⁵⁵

O certo é que a memoria das comunidades locais lembra nitidamente a diferenza entre o “cura bo” e o “cura malo”, entre a comunidade parroquial desfeita pola sangría que supuxo a represión indiscriminada e aquela outra que tivo a sorte de ter un párroco sensible a tanto berro e brutalidade que foi quen de manter no posible a continuidade daquela sociedade. Os xeitos de acadalo naquela situación, nada doada de manter debido ó compromiso da xerarquía co golpe e o contido ideolóxico da “limpeza”, foron variados: dende a imposibilidade do recoñecemento directo⁵⁶, breves declaracións de ignorancia⁵⁷ ou a defensa colectiva por múltiples procedementos dos membros da súa parroquia⁵⁸.

Mais tamén aparecen nestes procesos de defensa respecto de encausados e procesados amplos informes de apoio a determinadas persoas. Os párrocos que os asinaban coñecían que o que facían non era “politicamente” correcto naquel maniqueísmo de branco e negro, de extremos polarizados nun conflito bélico aínda non rematado. Polo tanto en boa parte apelaban á condición humana das persoas, mesmo para definilas case como “deficientes mentais”:

Yo nunca le he oído hablar de cuestiones sociales, ni de eso entiende nada, porque si un guñtapo es en lo físico, no lo es menos en lo intelectual, como los Sres. Jueces podrán observar ya en su presencia, como en sus declaraciones, si se las exigen. A [...] en la parroquia se le tiene más bien como un bobo que como persona normal [...]. Por lo demás [...] nunca apareció como propagandista marxista, ni aún podría aparecer como comentarista por falta de condiciones naturales, por lo que representa... en la parroquia nadie le haría caso [...].⁵⁹

A ignorancia e incultura das boas xentes fora aproveitada polos “políticos” do momento. O párroco de San Xoán de Cambada (Vimianzo) elaborou este informe persoal cara ó xulgado militar:

55 ATMT IV, Causa 853/38, p. 27.

56 Como o caso do director da Residencia dos Padres Capuchinos da Coruña quen, tras o asalto realizado por 18 persoas da Residencia na procura de armas, antes da saída das tropas dos cuarteis herculinos, no seu informe indicaba textualmente que “eran muchos los sujetos que iban a cometer el hecho, y no sabe si alguno de ellos lo reconocería teniéndolo presente”, ATMT IV, Causa 1257/36, p. 28.

57 O párroco de San Pedro de Tállara dicía o seguinte respecto dunha persoa procesada da súa parroquia: “Como feligrés nada tiene que deponer contra él, ignorando su ideología y dejando de cumplir el Sto. Precepto Pascual algunos años. He ahí todo lo que puedo decir de él”, ATMT IV, Causa 740/36, p. 107.

58 O cura párroco de Sueiro incluía esta suposición ante as denuncias de quen foran os que destruíron a igrexa naquelas datas de xullo:

“Que al Prego no lo vió; según referencias... el citado Prego y la cuadrilla que capitaneaba no sólo destruyó la iglesia sino que destruyó el altar profanando las Sagradas Formas, y causando los daños que deja dichos, en el atestado, por lo que supone no era gente de su parroquia”, ATMT IV, Causa 333/36, p. 21.

59 Informe do cura párroco de San Pedro de Vizoño (Cesuras); ATMT IV, Causa 1321/37, pp. 61-61b.

En cuanto a lo político, es un hombre bruto que nadie le hace caso, apenas sabe leer ni escribir, nunca tuvo un periódico, nunca anduvo a los votos para elecciones, pues era tiempo perdido, lo que sí, él fue votar para el frente popular porque los caciques amenazaban de firmar y él por miedo de perder, se acostó con ellos, está en buena posición como labrador, pero es de esos paisanos brutos agarrados al dinero que no sueltan, y no comprenden que si viniera el comunismo era peor. Así que, en concepto de política aun cuando diga cuatro burradas no le hacen caso, porque ya lo conocen. Nunca ví también que fuese quimerista, ni de palo navaja o arma de fuego. Esto es lo que me consta a mi aquí como feligrés, pues de otras faltas otros darán razón pues yo no las presencié, ni fui llamado a juzgarlas [...].⁶⁰

Nun contexto social e de poder no que se consideraba que aqueles que tiveran ideas democráticas tiñan algún tipo de defecto xenético ou foran produto dunha mala educación, o certo é que ás veces se lle daba a volta a esta argumentación, precisamente na súa defensa. O acceso ós hospitais psiquiátricos considerábase unha saída a unha pena de morte ou longa estadía na cadea —coa total impunidade das autoridades de Orde Pública—, que ademais reafirmaba a teoría dos dirixentes de que o período democrático fora iso: unha perversión social, unha desviación que se precisaba necesario enderezar.

Hai tamén casos nos que a defensa se realizaba mesmo sobre dirixentes locais da FP, mesmo opoñéndose directamente á denuncia de Falange. O cura do Burgo dicía o seguinte dos alcaldes de Cambre e Culleredo:

Sé también que él, lo mismo que el que fue Alcalde de Culleredo, también de este pueblo, no gozaban de las simpatías de los extremistas, por cuanto en todo no se dejaban llevar de los impetus revolucionarios de tanto exaltado como pululaba por estas vías y de tanto degenerado como frecuentaba el centro revolucionario de este pueblo, que ciertamente lo fue de todos estos contornos, por lo cual tengo para mí que estos dos Srs. hubieran pagado muy caro el triunfo extremista, a favor de cuyo pensamiento tengo varios datos, de que hago gracia por la brevedad [...].⁶¹

Os desaxustes entre as consignas presentadas polos bispos e as actitudes individuais dos párrocos nas súas respectivas comunidades foron evidentes. Aínda que o poder do discurso era da xerarquía, era certo tamén que a responsabilidade última da elaboración daqueles informes recaía nas persoas que os asinaban. Era unha decisión individual, apoiada ou non dende a dirección espiritual. En ocasións moi puntuais, relevantes, algúns bispos mesmo chegaron a reconducir os informes dos seus párrocos. Este é o caso da Causa iniciada tras unha das caídas máis importantes acontecidas na cidade da Coruña, na que se detivo ó deputado madrileño Luis Rupilanchas Salcedo. Ante unha declaración positiva do cura

60 ATMT IV, Causa 1226/37, pp. 32-32b.

61 ATMT IV, Causa 306/37, p. 50b.

ecónomo de Elviña, este foi chamado polo arcebispo a Santiago, e tras a conversa mantida, o mesmo arcebispo enviou ó Tribunal militar a súa interpretación do que acontecera:

He podido comprobar con toda certeza (una vez oído este señor) que no supo expresarse éste en aquel momento con la precisión y claridad necesarias, y he llegado al convencimiento de que precisamente esta falta de expresión en él [...] fue el motivo y la causa de que ese Tribunal Militar interpretara sus declaraciones en el sentido en que aparecen [...] sentido e interpretación que, según el mismo interesado, distan mucho de lo que él quiso manifestar, ya que no podía en modo alguno calificar como elemento destacado de derechas a ese procesado, con quien apenas si tuvo relación alguna, y esta tan sólo por razón de su profesión de médico, cuyas actividades políticas ignoraba y hasta cuya conducta religiosa le era desconocida [...].
A pesar de todo esto y de tratarse de un sacerdote que está bien conceptualizado en esta Curia, le he llamado seriamente la atención, he afeado su conducta y le he recomendado que en lo sucesivo, en casos semejantes, preste sus declaraciones ajustadas en todo a lo que su conciencia le dicte, pero sobre todo en términos concretos y claros [...].⁶²

A Igrexa galega colaborou decididamente na destrución do sistema democrático republicano e logo apoiando o bando sublevado, dotándoo da cohesión ideolóxica necesaria para levar adiante con éxito tanto os tres anos de guerra como a construción e desenvolvemento do réxime franquista. A implicación do Altar co Trono é innegable. Non é un proceso como xa vimos que dea inicio en febreiro de 1936, nin tan sequera en abril de 1931, mais o golpe que supuxo na mentalidade tradicional da súa xerarquía a chegada dun réxime representativo e democrático supuxo un forte golpe ó que non se adaptaron senón que iniciaron un camiño diverxente que os levou finalmente a enfrontarse directamente.

A xerarquía católica postulouse de saída fronte á República. E para facerlle fronte creou por primeira vez un partido político confesional. A Igrexa creaba unha organización política modernizada e viva, de ampla actividade, poñendo en actividade as súas redes de sociabilidade de homes, mulleres e mozos. Todo era pouco para salvar a Igrexa do que eles consideraban o principio do fin, que non era máis que o recorte dos privilexios garantidos durante décadas na esfera civil. Nestes anos da República tivo lugar a transición cara á consecución de obxectivos claramente políticos dende a xerarquía eclesiástica. E non só no seu plano confesional, senón en todas as ordes da esfera pública, organizando, formando, apoiando e impulsando os seus líderes nese plano.

A reconstrución posterior do pasado feita dende o verán de 1936 para xustificar o apoio directo da Igrexa dende principios de agosto tiña que presentar un

62 ATMT IV, Causa 291/37, pp. 396-396b.

mapa de Galicia onde se queimaban as casas reitorais e igrexas de xeito cotián. Non foi así. De feito a documentación achegada brevemente nestas pasadas liñas apoia esta afirmación. O clima político dos meses da FP aínda que non ausente de crispación política non foi a paisaxe perfilada pola reconstrución da súa memoria polo franquismo. O contexto era moito máis tranquilo do dito *a posteriori* polos vencedores, e tampouco se diferenciaba moito —con outros temas de conflito— do que podía acontecer en boa parte de Europa nestes difíciles e complicados anos trinta, dos que algúns historiadores mesmo chegan a incluír como centro dunha época que denominan en conxunto como “guerra civil europea”.

Mais tamén aquí hai que falar tamén da diferenza existente entre a liña oficial da Igrexa galega, representada polos seus bispos, e a actitude individual tomada polos seus representantes locais, nomeadamente os párrocos. Se ben maioritariamente a súa actitude foi de compromiso no proceso represivo, o certo é que tamén houbo titulares de parroquias que, con risco persoal, decidiron defender a súa comunidade por riba de conxunturas políticas, aínda de extrema violencia como foi o caso. A defensa consistiu, en moitas ocasións, en manifestar unicamente a realidade.

Naquela encrucillada dos anos trinta, cando houbo que tomar obrigatoriamente partido, a xerarquía católica galega, e con ela a dirección da súa Igrexa, tomou o camiño do poder. Un sendeiro doado en aparencia, que lle permitiu volver de xeito reforzado á súa situación de privilexio, mais que tamén lle custou moito tempo desfacerse desa identidade, dunha pegada que a marcaría durante décadas como a máis eficaz colaboradora do franquismo.



Unha aproximación á conformación dos poderes locais en Galicia. Arzúa entre a II República e a protoinstitucionalización do réxime franquista (1931-1937)

DANIEL LANERO TÁBOAS
Universidade de Santiago de Compostela

1. Proclamación da II República e constitución da primeira Corporación Republicana en Arzúa

A transición entre réximes políticos (Monarquía - II República) revestiu no mundo rural galego, e en vilas como Arzúa, unhas características ben distintas respecto de como se levou a cabo a proclamación e instauración do novo réxime nas principais cidades do país. A dinámica política destas vilas cabeceira de comarca tiña aínda bastante máis que ver coa competencia persoal entre notables locais que coas diferenzas propiamente ideolóxicas. Na meirande parte dos casos, os novos Gobiernos civís, nomeados dende Madrid e xa constituídos, designaron unhas iniciais Xestoras municipais. O intermediario máis habitual para a realización destas funcións en Galicia foi a Federación Republicana Gallega (FRG), vencellada ó político coruñés Santiago Casares Quiroga, organización política que aproveitará no seu favor o baleiro de poder existente. Na provincia da Coruña, o Gobernador civil encargou á FRG o nomeamento de Corporacións en doce concellos, entre eles Arzúa, o 24 de abril de 1936.¹

Xa no derradeiro día do mes de maio de 1931 tivo lugar a celebración de eleccións municipais en determinados concellos da provincia, obtendo a Organización Republicana Gallega Autónoma (ORGA) a maioría das actas de concelleiro

¹ Grandío Seoane, Emilio (1995): *La CEDA en Galicia 1931-1936*, [Tese de doutoramento] Departamento de Historia Contemporánea, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 13-15.

en vinte e catro municipios, tendo lugar nos restantes unha indefinición na adscrición política dos concelleiros, produto do recente cambio de réxime, pasando a denominarse estes sinxelamente como "republicanos", a meirande parte dos cales rematarán por integrarse na ORGA durante 1932. Aínda así, convén insistir en que o traspaso de poderes nas circunscricións rurais resultou bastante complexo a causa da diversidade de situacións locais e da resistencia que toda unha serie de camarillas e elites clientelares locais amosaron á hora de abandonar as institucións municipais.

A primeira Corporación municipal republicana constituíuse en Arzúa o 5 de xuño de 1931. Dende a perspectiva da filiación política trátase da Corporación que meirandes dificultades ofrece para a súa caracterización entre as tres que gobernaron en Arzúa entre xuño de 1931 e xullo de 1936. Estamos, sobre todo, ante un goberno de notables locais, moitos deles cun pasado político fortemente vencellado á etapa da ditadura primorriverista e mesmo á fase final da Restauración. Así por exemplo, o concelleiro Federico Nogueira Pimentel fora alcalde durante a ditadura do xeneral Miguel Primo de Rivera, en concreto en 1924. É tamén o caso de Jesús Vilas Lamas (1º tenente de alcalde na Corporación do 5 de xuño de 1931), que ocupou a alcaldía entre os anos 1920 e 1922. Nunha situación semellante estarían Jesús García Conde, Antonio Suárez Casal ou Manuel Carril Carril². En Arzúa, como noutras moitas localidades galegas e do resto do Estado, subíronse con velocidade ó carro da nova República moitos dos vellos "amigos políticos", dos tan característicos "caciques" das décadas anteriores.

Ademais, o novo réxime republicano non puido, en moitos casos, garantir un relevo inmediato dos cargos técnicos municipais (secretarios e oficiais) de xeito que en moitos casos continuaron a desenvolver estes influentes postos persoais procedentes da etapa monárquica. Na base deste tipo de fenómenos estivo a inexistencia dunha "Lei de Bases de Réxime Local" republicana até tan tarde como 1934, e que, de feito, tan só foi aplicada no ano 1935. Por iso foi frecuente a composición das Corporacións municipais por designación do Gobernador civil, reproducindo en moitas ocasións estas os equilibrios das forzas políticas parlamentarias de nivel estatal³.

2 Jesús García Conde, alcalde na Corporación elixida en 5 de xuño de 1931, xa o fora con anterioridade en 1911-1912. Antonio Suárez Casal, 2º Tenente de alcalde, fora rexedor en Arzúa en 1913-1914, en 1916-1917 e entre 1917 e 1920. Por último, Manuel Carril Carril, concelleiro nesta primeira Corporación republicana, fora alcalde nos comezos da ditadura de Primo de Rivera, en concreto en 1923-1924.

3 Velasco Souto, Carlos F. (1997): "Repensando o caciquismo. Algunhas reflexións e preguntas sobre o mantemento das oligarquías municipais galegas no longo prazo: da Revolución liberal á II República", en Fernández Prieto, Lourenzo *et alii* (coords.): *Poder local, elites e cambio social na Galicia non urbana*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, pp. 275-286.

A ausencia de formacións políticas estables dotaba as "personalidades" dun forte protagonismo na dirección do primeiro concello republicano. Non obstante, é necesario ter en conta que o xurdimento dos comités locais dos grandes partidos de masas de escala estatal non diluirá de todo o carácter fortemente personalista da política arzuá, integrando con frecuencia os novos comités individuos cunha longa traxectoria política. En xeral, nesta vila, como no conxunto do país, os comportamentos políticos e sociais de tipo clientelar e, posiblemente, a fraude electoral, estiveron á orde do día durante a etapa republicana.

Un aspecto moi interesante é a análise sociolóxica dos membros do concello constituído a comezos de xuño de 1931. O seguinte cadro aclara bastantes cousas ó respecto:

CADRO 1: caracterización sociolóxica da Corporación municipal de Arzúa (5 de xuño de 1931)

Nome	Cargo	Profesión	Parroquia	Contribución industrial (1925-1926)	Contribución rústica (1931)	TOTAL
Jesús García Conde	Alcalde - Presidente	Comercio (ferraxería)	Arzúa vila	371,25 ptas.	100,69 ptas.	471,94 ptas.
Jesús Vilas Lamas	1º Tenente de Alcalde	Confeiteiro. Propietario dun forno	Arzúa vila	146,88 ptas.	9,30 ptas.	156,18 ptas.
Antonio Suárez Casal	2º Tenente de Alcalde	-	Oíns	-	14,52 ptas.	14,52 ptas.
Pedro Ramos Eiras	3º Tenente de Alcalde	-	Branzá Dombodán	50,57 ptas.	2,70 ptas.	53,27 ptas.
Luis López Barral	Síndico	Comercio (venta de xerros)	Arzúa vila	300 ptas.*	6,22 ptas.	306,22 ptas.
Federico Nogueira Pimentel	Concelleiro	Comercio (tecidos ó detalle)	Arzúa vila	333 ptas.	30,93 ptas.	363,93 ptas.
Juan M. Vidal García	Concelleiro	-	Arzúa vila	-	3,65 ptas.	3,65 ptas.
Francisco Valiño Mato	Concelleiro	-	Arzúa vila	-	10,03 ptas.	10,03 ptas.
Ramón Valiño Raposo	Concelleiro	Abacería	Arzúa vila	56,25 ptas.	-	56,25 ptas.
Ramón Sesto Reboredo	Concelleiro	Corredor de gando	Vilantime Dombodán Maroxo Vilantime	26,91 ptas.	10,73 ptas. 1,50 ptas. 61,28 ptas.	99,42 ptas.
Manuel Torres Rial	Concelleiro	-	Oíns	-	21,56 ptas.	21,56 ptas.
Andrés García López	Concelleiro	-	Dombodán	-	85,04 ptas.	85,04 ptas.
Manuel Fernández Vázquez	Concelleiro	-	Maroxo	-	70,57 ptas.	70,57 ptas.
José Ponte Mariño	Concelleiro	-	Boente	-	78,37 ptas.	78,37 ptas.

Nome	Cargo	Profesión	Parroquia	Contribución industrial (1925-1926)	Contribución rústica (1931)	TOTAL
José Pérez Carregal	Concelleiro	-	Rendal	-	21,74 ptas.	21,74 ptas.
Ramón Varela Lodeiros	Concelleiro	-	-	-	-	-
Manuel Carril Carril	Concelleiro	Canteiro	Vilantime	-	21,80 ptas.	21,80 ptas.

Fonte: elaboración propia a partir de: "Contribución industrial do termo municipal de Arzúa. Anos de 1925 a 1926", en Fondo Facenda. Rendas e impostos. Rexistro de altas e baixas da matrícula de subsidio industrial (1898-1940). Caixa 437, Arquivo Municipal de Arzúa (AMA) e "Repartimentos da contribución territorial imposta á riqueza rústica (1931-1938)", en Fondo Facenda. Rendas e impostos. Caixa 430, AMA.

*A contribución industrial de Luis López Barral corresponde ó ano 1937, por carecer de datos para 1931.

Á vista dos datos ofrecidos polo cadro, a primeira Corporación republicana de Arzúa estaría dominada pola pequena burguesía vilega. Homes sobre todo dedicados ó comercio (tres posuían ferraxerías, outro unha confeitaría e un quinto unha tenda de xéneros téxtiles) e con establecementos radicados na vila, que desempeñaban os cargos de alcalde (Jesús García Conde), 1º tenente de alcalde (Jesús Vilas Lamas), síndico (Luís López Barral) ou primeiros concelleiros (como Federico Nogueira Pimentel e Juan Manuel Vidal García). A súa posición económica —e política— derivaba do exercicio destas actividades, tal e como amosa a composición dos impostos cos que tributan, cun marcado predominio dos pagos por actividades industriais, aínda que sen renunciar a investir parte dos seus capitais na adquisición de bens inmóbiles.

Canda eles aparecen na xestora até dez concelleiros representando ás vinte e unha parroquias restantes, todas, salvo Santa María, rurais. De todos eles, tan só un, Ramón Sesto Reboredo, na súa condición de corredor de gando (tratante), contribúe por industrial con 26,91 pts. O resto eran probablemente labregos abastados das diferentes parroquias rurais, algúns mesmo con propiedades en máis dunha parroquia, e cempre non desbotar por completo a presenza entre eles de propietarios que non cultivaban directamente as súas terras. En calquera caso, as situacións acadarían unha importante diversidade, dende pequenos labregos propietarios até posuidores dunha cantidade de terra estimable, como por outra parte recollen os datos achegados pola contribución rústica. Semella que para equilibrar o reparto de poder entre as distintas parroquias do concello e entre os ámbitos urbano e rural se nomeaba como 2º e 3º tenentes de alcalde a concelleiros procedentes de parroquias rurais, en concreto de Oíns (Antonio Suárez Casal) e de Branzá - Dombodán (Pedro Ramos Eiras).

O que vimos de ver para a Corporación de xuño de 1931, converterase en tendencia ó longo de toda a II República en Arzúa. A dirección da vida política local vai estar nas mans desta pequena burguesía vilega, cun papel máis ou menos

subordinado das elites de cada parroquia, caracterizadas ás veces pola combinación da súa riqueza rústica coas actividades comerciais (tabernas e ultramarinos rurais) ou mesmo industriais, caso por exemplo da explotación de muíños nas parroquias. Esta situación de predominio das clases medias urbanas terá un correlato na diferente intensidade que acade despois a represión franquista, en particular na súa vertente física, moito máis intensa na vila que nas parroquias.

1.1. ORGA - Izquierda Republicana e URD - CEDA. Composición sociolóxica e dinámicas internas das forzas políticas hexemónicas na Arzúa republicana

A partir de 1932 a vida política arzuá comezou a regularizarse. Foron agromando gradualmente no concello os comités locais das diferentes agrupacións políticas fundadas durante a II República e mesmo dalgunhas xa preexistentes, como a Unión General de Trabajadores (UGT) ou o Partido Socialista Obrero Español (PSOE), así como a creación dalgún centro parroquial da Juventud Católica Española. A secuencia de creación, segundo os datos dispoñibles no Rexistro de Asociacións profesionais, sindicais e partidos políticos do Goberno Civil da Coruña, sería a seguinte: Sociedad Obrera de Oficios Varios, filial da UGT (agosto de 1931); Unión Regional de Derechas (URD), formación rexional galega encadrada no partido católico estatal, Confederación Española de Derechas Autónomas (CEDA), fundada en Arzúa no mes de abril de 1932; Partido Republicano Radical Socialista (PRRS), tamén no mes de abril de 1932; Izquierda Republicana (IR), setembro de 1934; Unión Republicana (UR), en xaneiro de 1935; Falange Española y de las JONS, agosto-setembro de 1935 e, finalmente, a agrupación local do Partido Socialista Obrero Español, constituída en Arzúa na primavera (abril-maio) de 1936.

Deste conglomerado de organizacións políticas e sindicais interésanos en especial, de cara ós obxectivos deste traballo, analizar máis polo miúdo a composición socioprofesional das agrupacións locais da URD - CEDA e de IR, pois van ser, sen dúbida, aquelas dúas forzas as que ocupen durante os anos do réxime republicano, dun xeito case hexemónico, as posicións de principal organización de soporte dos diferentes gobernos locais (ORGA - IR), e de partido (a URD) que, de xeito case exclusivo, desenvolva o rol de oposición. Nos comezos do réxime republicano, os perfís socioprofesionais dos compoñentes de ambas as dúas forzas estarán moi achegados, non obstante, segundo avancen os anos republicanos, en especial dende a fundación de IR como tal no concello de Arzúa, esta organización vai experimentar cambios significativos tanto polo que fai á composición da súa militancia como ós perfís dalgúns dos seus dirixentes.

Comezaremos pola URD. Unha boa parte dos "directivos" da URD arzuá eran profesionais liberais, principalmente vencellados ó dereito, en concreto, cinco (profesionais liberais) dun total de doce, algo máis do 40%. Neste subgrupo profesional terían cabida: o xuíz instrutor de Arzúa (Antonio Villar Rodríguez); o notario Nicolás Sanromán Rodríguez; o avogado César Rodríguez Carril, que chegará a 1º tenente de alcalde, e despois a alcalde accidental, a finais de 1936 e comezos de 1937; o secretario do xulgado municipal Jesús Rodríguez Sesto e o médico de orixe pontevedresa Castor Casas Sánchez, que será o fundador en Arzúa, no inicio do ano 1936, das Juventudes de Acción Popular (JAP). Completan esta nómina comerciantes e empresarios locais, como o presidente da agrupación, Ricardo Costoya Núñez, un potente comerciante local de tecidos que asumira a dignidade de rexedor municipal nos derradeiros anos da ditadura de Primo de Rivera, en concreto entre 1927 e 1930; ou como José Salgado Codesido, propietario de varios muíños eléctricos na parroquia de Branzá e dunha "fábrica de electricidad" establecida en Viñós. "Don Pepe" Salgado fora deputado provincial e membro da estrutura provincial da Unión Patriótica nos tempos do Directorio. Tampouco se pode deixar de mencionar a militancia dereitista do fidalgo e gran propietario rústico da parroquia de Viladavil, Ángel Bortana Sieiro, quen tributaba por rústica no 1931 a exorbitante cantidade de 1.021,46 ptas. Finalmente, as mulleres tiñan unha presenza, aínda que subsidiaria, importante nas agrupacións local e comarcal da URD. Isto respondía á forte compoñente católica que definía á URD - CEDA, que vía en amplos sectores da poboación feminina un potencial e importante capital electoral. As mulleres terán o seu papel organizativo na URD galega, a través da súa participación en mitins e outro tipo de actividades, e mesmo mediante a creación dunha morea de entidades femininas locais do partido.

En síntese, a URD - CEDA caracterizouse en Arzúa polo peso e pola influencia exercidos polas personalidades ou "notables" locais, o que tamén acontecería en boa medida nos niveis provincial e estatal do partido. A este respecto, compre salientar que a URD local mantivo durante os anos republicanos un movemento pendular arredor do deputado en Cortes, Eduardo O'Shea y Verdes Montenegro, un "notable" da Restauración que non residía en Arzúa pero que mantiña as súas influencias clientelares no concello e na comarca, e que aínda podía asegurar a fidelidade electoral do distrito, como aconteceu nas eleccións de novembro de 1933.

Polo que fai a Izquierda Republicana (IR) é bastante probable que a maior parte dos seus componentes, algúns con responsabilidades políticas no concello dende a institucionalización do propio réxime republicano, procederan da antiga Organización Republicana Gallega Autónoma - Partido Republicano Gallego (ORGA-PRG), que tivera unha implantación significativa en case todo

o país, pero moi especialmente na provincia da Coruña, onde se atopaban enraizadas as bases de poder do “casarismo”. Na primavera de 1934 IR comeza un proceso de expansión territorial, constituíndo seccións locais en tódalas cidades galegas pero tamén en vilas cabeza de comarca como Betanzos, Carballo, Negreira, Noia, Padrón, Sada, A Estrada, Vilagarcía... ou a propia Arzúa (a finais do verán de 1934). A organización vai contar co apoio político de importantes sectores pequeno-burgueses e das clases medias e vai iniciar unha progresiva transición cara a un esquema de organización algo máis achegado ó dun moderno partido de masas. A carón do proceso de expansión xeográfica é necesario ter en conta a súa capacidade para chegar a estratos sociais relativamente amplos, ó que contribuíron tanto un importante esforzo propagandístico, como o apoio dunha prensa afecta, integrada por cabeceiras como *Tierra Gallega* da Coruña. *El País* de Pontevedra ou parcialmente, e durante uns meses, a revista *Ser*.

A formación política vai experimentar un proceso bastante semellante en Arzúa. Nos primeiros tempos tanto a militancia como a dirección local encaixan sen dificultades no estándar sociolóxico da clase política local. Tan só habería que reparar nunha característica diferenciadora, aínda que, certamente, de importancia. Varios dos persoeiros máis destacados da organización (Juan Manuel Vidal, Federico Nogueira, Jesús Vilas) experimentaran unha, máis ou menos intensa, socialización política na emigración americana, e moitos deles amosaron, cando foi do seu retorno, o coñecido pulo emprendedor dos “americanos”. Tomaremos como exemplo a Juan Manuel Vidal, alcalde da vila dende decembro de 1932, quen, á parte de abrir unha moderna ferraxería —especializada na importación de apeiros agrícolas dende a Arxentina— amosou o seu interese pola instrución, implicándose nos varios proxectos de fundación de escolas no concello por parte das Sociedades de emigrantes arzuáns, ou impartindo el mesmo leccións nocturnas a homes e mulleres no local da escola da súa dona, a mestra nacional Alicia Viaño. Semella tamén que o alcalde tivera na Arxentina algún tipo de cometido ou tarefa institucional no seo do Centro Gallego de Buenos Aires.

O arraigo de IR na vila debeu ser bastante forte, até o punto de afirmar unha fonte que tería entre 30 e 40 militantes no concello a finais da etapa republicana, e mesmo a súa propia organización xuvenil, as Juventudes de Izquierda Republicana⁴. O estudo dos documentos fundacionais en Arzúa semella confirmar esta hipótese. Sumando os asinantes dos regulamentos (19 de agosto de 1934) e os que fan o propio coa solicitude de constitución da organización ante o Goberno civil (25 de agosto de 1934) obtemos a cifra de vinte e sete persoas, a máis elevada do conxunto de formacións políticas arzuás durante a II República. A lista completa dos afiliados de IR queda recollida no seguinte cadro.

4 Entrevista a X., Arzúa, 16 de outubro de 2004.

**CADRO 2: compoñentes da Agrupación local de Izquierda Republicana (IR).
Agosto de 1934**

Nome	Idade	Contribución Rústica	Contribución Industrial	Outra actividade política
José Barreiro	-	-	-	-
Gregorio Bermejo Lindo	-	-	-	-
Manuel Carril	-	45,72 ptas.	-	Alcalde (1923 - 1924)
Gumersindo Fernández	-	-	-	-
Constantino Fuentes	-	-	-	-
José Galán	-	-	-	-
Ricardo García	-	-	-	-
Ramón León	-	-	88 ptas.	-
Antonio Martínez	49	-	-	Secretario Concello
Francisco Martínez	-	-	-	-
Luis Martínez	-	-	-	-
Andrés Mato	-	5,32 ptas.	-	-
Federico Nogueira	55	64,98 ptas.	669 ptas.	Alcalde (1924)
Antonio Novo	-	-	-	-
Alfonso Núñez López	30	-	-	Oficial Concello
Avelino Palmou	-	-	-	-
Manuel Sande	-	-	-	-
Antonio Sánchez	-	-	372 ptas.	P.R.R.S. (1932)
José Sánchez	-	-	92 ptas.	-
José Seijo	-	-	-	-
Ramón Taboada	-	-	-	-
Alejandro Varela	-	-	-	-
Jesús Varela	-	-	-	-
Manuel Varela	-	-	-	-
Ramón Varela	-	-	-	Concelleiro (1931 - 1936)
Juan M. Vidal	48	7,66 ptas.	4º maior (1935)	Concelleiro (Ditadura Primo e 1931) Alcalde (1932 - 1936)
Jesús Vilas	54	146,88 ptas.	9,30 ptas.	Alcalde (1920 - 1922) Concelleiro (1931) Alcalde (1932) Concelleiro (1932 - 1936)

Fonte: elaboración propia a partir de: Regulamento da Agrupación Local de IR (19 de agosto de 1934) e Soli-
citude de constitución ante o Goberno Civil (25 de agosto de 1934). ARG. Fondo Goberno Civil. Asociacións
profesionais, sindicais e partidos políticos. Abegondo - Arzúa (1931-1936), L-1823.

Á vista dos baleiros que presenta o cadro, podería parecer que non tiramos moito partido da súa dificultosa elaboración. Mais, hai que considerar, que dada a súa ausencia nos diferentes padróns da vila que consultamos, e mesmo nas listaxes de maiores contribuíntes por rústica e industrial cos que traballamos, moitos dos que subscriben os documentos fundacionais de IR en Arzúa, tiñan, por forza, que proceder das parroquias rurais do concello, o que, de feito, significaría un paso adiante no grao de implantación territorial dunha organización política no concello. Tal vez IR estaba conseguindo superar o estadio de “agrupación de notables” capaz unicamente de integrar a nivel parroquial os propietarios máis abastados. Achegáronse os labregos de Arzúa ó novo partido? Esta é unha pregunta aínda difícil de contestar. En calquera caso, na listaxe atopamos individuos procedentes das parroquias rurais de Viladavil (Andrés Mato Sandá) e de Vilantime (Manuel Carril Carril).

2. Da estabilidade da política local á aceleración dos cambios baixo a Fronte Popular

Até comezos de 1935 non volvemos ter evidencias documentais da composición, e dos cambios que se produciran nela, da Corporación municipal arzuá. Puidemos facer unha recomposición —presentada no seguinte cadro— a partir do traballo con dúas listaxes dese mesmo ano e de diversa procedencia.

CADRO 3: corporación municipal de Arzúa (xaneiro-xuño de 1935)

Nome	Cargo na Corporación	Filiación política	Observacións
Juan M. Vidal García	Alcalde - Presidente	Izquierda Republicana	
Antonio Suárez Casal	1º Tenente de Alcalde	Republicano Independente	
Pedro Ramos Eiras	2º Tenente de Alcalde	Republicano Independente	Caracterizado como da CEDA a finais de 1935 *
José Pérez Carregal	3º Tenente de Alcalde	Izquierda Republicana	
Luis López Barral	Síndico	Izquierda Republicana	
Federico Nogueira Pimentel	Concelleiro	Izquierda Republicana	
Jesús Vilas Lamas	Concelleiro	Izquierda Republicana	
Francisco Valiño Mato	Concelleiro	Izquierda Republicana	
Ramón Valiño Raposo	Concelleiro	Unión Republicana	
Ramón Sesto Reboredo	Concelleiro	Izquierda Republicana	
Manuel Torres Rial	Concelleiro	Republicano independente	
Andrés García López	Concelleiro	Radical	
Manuel Fernández Vázquez	Concelleiro	Radical	
José Ponte Marino	Concelleiro	Izquierda Republicana	

Nome	Cargo na Corporación	Filiación política	Observacións
Ramón Varela Lodeiro	Concelleiro	Izquierda Republicana	Caracterizado como "Socialista" e "perturbador" a finais de 1935 **
Manuel Carril Carril	Concelleiro	Izquierda Republicana	

Fonte: elaboración propia a partir de: "Relación nominal de los concejales que en la actualidad componen la Corporación" (18 de xaneiro de 1935), ARG. Fondo Gobierno Civil. Atado 3181; e: "Gobierno Civil de La Coruña: Contestaciones al cuestionario que formula el Excmo. Sr. Ministro de la Gobernación en Orden de 11 de junio de 1935", ARG. Fondo Gobierno Civil: Informes sobre tendencias políticas en los ayuntamientos de la provincia. Año 1935. Atado 4369.

* Na lista de concelleiros presentada en: "Gobierno Civil de La Coruña: Contestaciones al cuestionario que formula el Excmo. Sr. Ministro de la Gobernación en Orden de 11 de junio de 1935", ARG. Fondo Gobierno Civil: Informes sobre tendencias políticas en los ayuntamientos de la provincia. Año 1935. Atado 4369.

** *Ibidem*.


O primeiro que chama poderosamente a atención ó contemplar esta lista é a forte continuidade, case absoluta, entre os membros da Corporación do 5 de xuño de 1931 e os desta de xaneiro-xuño de 1935, tres anos e medio despois. De feito, os dezaseis concelleiros de xaneiro de 1935 xa o eran en xuño de 1931. Tan só desaparecera da lista, pois falecera, Jesús García Conde, o veterano político local que fora por dúas veces alcalde (en 1911-1912 e en 1931-1932). Máis aínda, se observamos a orde en que se sitúan os concelleiros nas dúas relacións nominais (1931 e 1935) veremos que os postos son os mesmos e o único que aconteceu é que se foi correndo a lista segundo desaparecían ou se retiraban dela temporalmente (caso de Jesús Vilas Lamas) algúns dos membros da Corporación.

Esta estabilidade ten unha explicación sinxela. Dende a constitución da primeira Corporación republicana non se celebraran eleccións municipais en Arzúa. Iso non quere dicir que non as houbera noutros concellos. As eleccións a concelleiros dos municipios convocáronse por un decreto do 28 de marzo de 1933 para o 23 de abril, coa intención de que as Corporacións estivesen constituídas como moi tarde o 10 de maio. Pero as eleccións só se celebraban cando nunha Corporación se achaban vacantes cando menos un terzo dos postos de concelleiro, o que podería dificultar moito a gobernabilidade do municipio. Non era este o caso de Arzúa. Ademais, como na provincia da Coruña tan só estaban nesta situación catro municipios (Curtis, Mazaricos, A Pobra do Caramiñal e Teo), as autoridades gobernativas non consideraron necesaria a celebración de eleccións. Outro tanto aconteceu na provincia de Ourense⁵.

Polo tanto, o único cambio relevante entre esta Corporación arzuá e a primixenia de xuño de 1931, estaba en que se foran perfilando as filiacións políticas e as afinidades ideolóxicas (algunhas bastante volubles) dos concelleiros. Na Cor-

5 Grandío Seoane, Emilio (1995): *Op. cit.*, pp. 164-166.

poración arzuá de xaneiro-xuño de 1935 predominaban con claridade os elementos integrados nas opcións máis decididamente pro-republicanas (no sentido de apoio ó réxime político), como Izquierda Republicana (IR), Unión Republicana (UR) ou os republicanos independentes. Mesmo o Partido Radical (PR) podería entrar baixo este paraugas. O dominio de IR é moi claro, con dez dos dezaseis concelleiros, incluído o alcalde. Séguena os “republicanos independentes”, con tres membros, os “radicais”, con dous, e finalmente unha opción minoritaria, UR, cun só representante. Ademais, é posible que un dos “republicanos independentes”, Pedro Ramos Eiras, estivera na órbita dunha organización da dereita “accidentalista” como era a URD - CEDA.



Fonte: elaboración propia.

Con esta situación chegamos á fase derradeira da II República, entre febreiro de 1936 e o golpe de Estado do 17 ó 18 de xullo de 1936, caracterizada, tamén en Arzúa, pola polarización das posicións políticas.

A vitoria electoral da Fronte Popular tivo consecuencias inmediatas en moitos concellos da provincia, no sentido de que implicou unha serie de modificacións importantes na composición das Corporacións a través da vía gubernativa. Foi este o caso de Arzúa. Na acta da sesión do pleno de 15/3/1936, apenas un mes despois das eleccións a Cortes, asistimos a unha renovación parcial, pero importante, da Corporación, co nomeamento de oito novos concelleiros e a destitución doutros seis. Pero os cambios non quedaban aquí, polo feito de que as suspensións afectaban a dous dos tenentes de alcalde, ó 1º e ó 3º, e mais o síndico. Para o cargo de 1º tenente de alcalde elixiuse por unanimidade a Federico Nogueira Pimentel, José Corzo Conde foi elixido como 2º, e para o de síndico contouse con Rogelio Rama.

CADRO 4: corporación municipal de Arzúa a 11 de abril de 1936

Nome	Cargo	Parroquia	Filiación política	Profesión	Contribución industrial	Contribución rústica (1936)
Juan Manuel Vidal García	Alcalde - Presidente	Arzúa Vila	Izquierda Republicana	Comerciante (ferraxería)	4º maior contrib. (1935)	4,01 ptas.
Federico Nogueira Pimentel	1º Tenente de Alcalde	Arzúa Vila	Izquierda Republicana	Comerciante (tecidos, confección)	-	33,95 ptas.
Pedro Ramos Eiras	2º Tenente de Alcalde	Branzá	Republicano Independente*	Propietario	-	132,16 ptas.
José Corzo Conde	3º Tenente de Alcalde	Arzúa Vila	Socialista	¿Propietario?	-	-
Rogelio Rama Muíño	Sindico	Breordeso	Izquierda Republicana	Mestre nacional	-	-
Jesús Vilas Lamas	Concelleiro	Arzúa Vila	Izquierda Republicana	Confeiteiro con forno, propietario dun café.	-	-
Ramón Valiño Raposo	Concelleiro	Arzúa Vila	Unión Republicana	Propietario dun café e de varias casas	-	-
Manuel Torres Rial	Concelleiro	Oíns	Republicano Independente**	Propietario	-	22,69 ptas.
Ramón Sesto Reboredo	Concelleiro	Dombodán				
		Maroxo				
		Vilantime	Izquierda Republicana	Corredor de gando (tratante)	-	86,05 ptas.
Ramón Varela Lodeiros	Concelleiro	¿Figueroa?	Socialista	-	-	-
Manuel Carril Carril	Concelleiro	Vilantime	Izquierda Republicana	Canteiro e propietario	-	23,92 pts.
Andrés Mato Sandá	Concelleiro	Mella	Socialista	-	-	-
José Camino Vázquez	Concelleiro	Castañeda	Izquierda Republicana	Propietario dun carro, 2 rodas e 3 cabalos de tiro	148,50 ptas. (1925 - 1926)	59,27 ptas.
Gerardo Torreiro López	Concelleiro	Santa María	Izquierda Republicana	Mestre nacional	-	-
Alfredo Vallo García	Concelleiro	Dombodán	Socialista	Propietario de taberna - abacería e dunha serra	461 ptas. (1939 - 1940)	-
Gumersindo Agra Frade	Concelleiro	¿?	Izquierda Republicana	-	-	-
José James Montero	Concelleiro	Rendal	Izquierda Republicana	Mestre nacional	-	-

* Aparece na relación nominal 11 de abril de 1936 con filiación política Unión Republicana (UR).


** aparece na relación nominal 11 de abril de 1936 con filiación política Izquierda Republicana (IR)

Estas filiacións son ou un erro na elaboración da fonte ou casos extremos de transfuguismo político.

Fonte: Elaboración propia a partir de: "Relación nominal de los Sres. Concejales que forman la Corporación municipal", ARG. Fondo Gobierno civil; "Contribución industrial do termo municipal de Arzúa. Anos de 1925 a 1926"; "Industrial. Relacións de altas aprobadas en 1937 a 1940", en Fondo Facenda. Rendas e impostos. Rexistro de altas e baixas da matrícula de subsidio industrial (1898-1940). Caixa 437; "Rendas e impostos. Libro rexistro de altas do imposto industrial (1927 - 1954), Carpeta 1112"; "Repartimento polo concepto de rústica (1936)" e "Relación certificada das persoas dun e doutro sexo que resultan ser as maiores contribuíntes deste municipio (1935)". Todo en AMA.

Compre analizar que concelleiros foron suspendidos e cal era a súa filiación política. En marzo de 1936 desaparecen da Corporación os dous concelleiros “radicais” (Andrés García López e Manuel Fernández Vázquez), un dos tres concelleiros considerados “republicanos independentes”, e até tres concelleiros de IR. A desaparición dos “radicais” pode ser considerada como unha prolongación (por decisión do Goberno civil neste caso) da desfeita electoral do “Partido Radical” nas eleccións a Cortes, desfeita que provocou a práctica disolución do partido en Galicia. O cambio político aprovéitase entón para alixeirar o número de posibles competidores, probablemente máis moderados ideoloxicamente. Por último, é necesario facer unha valoración da separación dos tres concelleiros de Izquierda Republicana, José Pérez Carregal (3º tenente de alcalde), Luis López Barral (sindico) e Francisco Valiño Mato. É moi posible que a razón do seu cesamento estivera na necesidade política de introducir no concello ós novos aliados de IR na Fronte Popular, especialmente ós representantes das asociacións da clase operaria, pois UR xa estaba presente a través de Ramón Valiño Raposo, irmán do presidente da agrupación local do partido. En marzo de 1936 entran na Corporación até catro concelleiros socialistas, en realidade, tres novos e un cuarto “reconvertido”: José Corzo Conde (un dos fundadores da Sociedad de Oficios Varios da UGT en Arzúa e futuro presidente da Agrupación local do PSOE), Andrés Mato Sandá e Alfredo Vallo García. O “reconvertido” é Ramón Varela Lodeiro, quen pasa dende IR ó grupo dos que se denominan “socialistas”.

Pola súa banda, IR achega até cinco novidades á Corporación: Rogelio Rama (sindico), José Camino Vázquez, Gerardo Torreiro López, Gumersindo Agra



Fonte: elaboración propia.

Frade e José James Montero. Destes, tres eran mestres nacionais (Rama, Torreiro e James Montero). Así mesmo, é posible que os novos membros da Corporación pertencentes a IR tiveran un meirande compromiso ideolóxico cos postulados reformistas da Fronte Popular ca os anteriores. Así, por exemplo, José James Montero estaba moi próximo ó socialismo, e de feito figurará, cando se constituía en abril-maio de 1936, como vogal da Agrupación Socialista de Arzúa.

Deste xeito, a Corporación quedaría conformada como segue: dez concelleiros de IR (59%); catro socialistas (23%), dous republicanos independentes (12%) e un de UR (6%).

3. Os novos poderes políticos arzuáns. A fase de protoinstitucionalización municipal despois de xullo de 1936

O libro de actas das sesións do pleno do concello de Arzúa recolle, con data 19 de setembro de 1936, a da constitución do primeiro "Consejo municipal", despois de case dous meses de control da vida local por parte das autoridades militares do exército sublevado. Estas delegarían en parte as funcións "conquistadas" pola forza en diferentes "Delegados de Orden Público/ Delegados civiles" da súa enteira confianza; primeiro (aínda que moi brevemente) na persoa de Juan Raposo Lamas, militante, xefe das milicias e fundador de FE y de las JONS en Arzúa no mes de agosto de 1935, quen mesmo chegaría a desempeñar o cargo de alcalde franquista da vila por dúas ocasións (en 1941-1942 e durante uns meses no ano 1944); e despois, por algo máis de tempo, en Jesús Souto Vilas, mestre nacional natural da parroquia de San Estevo de Campo, quen será en realidade o primeiro alcalde no concello baixo o incipiente novo réxime.

Para facernos unha imaxe máis completa desta primeira Corporación ("Consejo municipal") dos anos da Guerra civil, convén completar os datos relativos a esta primeira sesión do pleno, cos achegados por algunha das posteriores coa documentación dispoñible ó respecto no fondo do Goberno civil da provincia da Coruña⁶.

Os resultados desta operación presentámoslos no cadro seguinte:

6 En concreto: Sesións (extraordinarias) do pleno do concello de Arzúa dos días 19 de setembro de 1936 e 8 de outubro de 1936 en "Libro de Actas das sesións do Concello (do 26 de setembro de 1935 ó 6 de febreiro de 1938)", AMA. Caixa 8, Goberno-Concello Pleno. Libros de actas capitulares ou do pleno (1931-1952); "Constitución de la Comisión Gestora municipal de Arzúa". Comunicación (27 de outubro de 1936) ó Goberno civil de A Coruña; ARG, Fondo Goberno Civil de A Coruña - Comunicacions dos concellos sobre o estado dos cargos de secretario, interventor e depositario (1937), atado G-3645.

**CADRO 5: composición da primeira Corporación municipal de Arzúa tras a sublevación militar.
Setembro - outubro de 1936**

Nome	Cargo	Idade	Profesión	Parroquia	Contrib. Industrial	Contrib. Rústica (1936)	Antecedentes políticos
Jesús Souto Vilas	Delegado Civil (19-IX-1936)	38	Mestre nacional	Campo	-	-	-
Francisco Trillo Castiñeiras	Alcalde-Presidente (27-X-1936)	-	Rexistrador da propiedade	Arzúa vila	-	-	-
César Rodríguez Carril	Subdelegado (19-IX-1936); 1º Tenente de Alcalde (27-X-1936) Alcalde accidental (xaneiro 1937)	39	Avogado	Arzúa vila	230,40 ptas. (1933)	-	Secretario da Agrupación local URD Arzúa (1932)
Juan Pérez González	Subdelegado (19-IX-1936); 2º Tenente de Alcalde (27-X-1936)	34	Aparceiro/labrego	Santa María	-	-	-
Daniel Vallo García	Subdelegado (19-IX-1936); 3º Tenente de Alcalde (27-X-1936)	41	Labrego	Burres	-	59,12 ptas.	Tradicionalista
Antonio Mouriño Barbeito	Síndico (27-X-1936)	34	Mestre nacional	Boente	-	-	-
José Rial Santiso	Subdelegado (19-IX-1936); Sen especificar (27-X-1936)	49	Labrego	Branzá	-	-	-
Benigno Quintas Pedreira	Subdelegado (19-IX-1936); Sen especificar (27-X-1936)	42	Labrego	Brandeso	-	0,14 ptas.	-
Matías Costoya Puente	Subdelegado (19-X-1936); Vogal xestor (27-X-1935)	34	Labrego/ propietario	Brandeso	-	-	-
José Seoane López	Subdelegado (19-IX-1936); Vogal xestor (27-X-1936)	32	Labrego/ propietario	Campo	-	-	-
Ramón Valiño Penas	Subdelegado (19-IX-1936); Vogal xestor (27-X-1936)	42	Labrego/ propietario Xornaleiro (padrón 1930)	Castañeda	-	-	-

CADRO 5: composición da primeira Corporación municipal de Arzúa tras a sublevación militar. (continuación)
Setembro - outubro de 1936

Nome	Cargo	Idade	Profesión	Parroquia	Contrib. Industrial	Contrib. Rústica (1936)	Antecedentes políticos
José Vázquez Taboada	Subdelegado (19-IX-1936); Vogal xestor (27-X-1936)	29	Labrego/ propietario	Dodro	-	1,25 ptas.	-
Eduardo Brandariz Colmeiro	Subdelegado (19-IX-1936); Vogal xestor (27-X-1936)	44	Labrego/ propietario	Dombodán	-	263,07 ptas.	
Sebastián Carreira Penas	Subdelegado (19-IX-1936); Vogal xestor (27-X-1936)	30	Labrego/ propietario. Xornaleiro (padrón 1930).	Figueroa			
Marcelino Cea Freire	Subdelegado (19-IX-1936); Vogal xestor (27-X-1936)	45	Labrego/ propietario	Lema		8,57 ptas. (7,17 ptas. en Lema e 1,40 ptas. en Arzúa vila)	
Manuel Carreira Codesido	Subdelegado (19-IX-1936); Vogal xestor (27-X-1936)	29	Labrego/ propietario. Xornaleiro (padrón de 1930)	Maroxo			
José Ferreiro Souto	Subdelegado (19-IX-1936); Vogal xestor (27-X-1936)	31	Labrego/ propietario	Mella		-	
Luis Parada Regueiro	Subdelegado (19-IX-1936); Vogal xestor suplente (27-X-1936)	34	Labrego/ propietario	Oins	-	117,18 ptas.	
Jesús Rodríguez Duro	Vogal xestor suplente (27-X-1936)	34	Curial	Pantiñobre	-	2,51 ptas.	-
José Pérez Carregal	Subdelegado (19-IX-1936); Vogal xestor suplente (27-X-1936)	54	Labrego/ propietario	Rendal	-	36,68 ptas.	Concelleiro (5-VI-1931); Concelleiro IR (18-I-1935)
Gumersindo Piñeiro Bermúdez	Subdelegado (19-IX-1936); Vogal xestor suplente (27-X-1936)	34	Labrego	Viñós		71,01 ptas.	

A guerra civil española de 1936-1939 foi un conflito fratricida percibido por ambos os dous eidos en disputa, en particular por boa parte das súas elites político-intelectuais, como unha guerra de liberación nacional contra dun invasor ou dun opoñente ao que se lle negaba, discursiva e iconograficamente, a etiqueta de connacional. Ambos os dous bandos consideraron que o *outro* non era español (ou vasco, catalán ou galego), e este rexeitamento persistiu dalgún xeito ao longo das décadas subseguintes. O chamado “pacto de silencio” da Transición tivo así un efecto suplementario: a falla dun “consenso antifascista” capaz de servir como novo fundamento da comunidade nacional (re)construída após 1945, como foi o caso en varios Estados-nación europeos. Isto ten constituído un impedimento constante para levar a cabo unha completa relexitimación democrática do discurso patriótico ou nacionalista español despois da morte de Franco. Pola contra, os nacionalismos sen Estado si cultivaron a memoria da súa derrota colectiva na guerra civil como un mito relexitimador.

Cuestión igualmente previa. Aquí falamos sen vacilacións de *nacionalismo* español. A autodefinición de *nacionalista español* non é asumida por todos aqueles que defenden e asumen que España é unha nación. Se definimos *nacionalismo* como a ideoloxía e movemento sociopolítico que defende e asume que un colecti-

vo territorial definido é unha nación, e por tanto depositario de dereitos políticos colectivos que o converten en suxeito de soberanía, independentemente dos criterios (cívicos, étnicos ou unha mestura de ambos os dous) que definan quen son os membros de pleno dereito dese colectivo, daquela hai nacionalistas españois (ou portugueses, ou franceses) sen seren necesariamente antidemócratas, pois pode haber nacionalismos de Estado e sen Estado. Nacionalismo é a defensa e asunción de que un territorio determinado constitúe o ámbito no que un colectivo humano, definido como unha nación, exerce a súa soberanía e que, por tanto, é suxeito de dereitos políticos colectivos. Segundo os criterios polos que se defina quen fai parte da nación e quen non, haberá nacionalismos cívicos ou étnicos, aínda que na grande maioría dos casos o que atoparemos será unha combinación de ambos os tipos ideais, máis ou menos predominantes.

A presenza do nacionalismo de Estado é ubicua e difusa asemade. É detectábel mesmo en programas e tendencias políticas que asumen e defenden como un feito indiscutíbel cal é a nación á que pertencen. Iso non implica que ese compoñente ideolóxico sexa *visíbel*, é dicir, que ocupe necesariamente o centro da súa axenda política. Ao mesmo tempo, a identidade nacional pode ser un elemento presente nunha multiplicidade de fenómenos da vida cotiá, como unha identidade asumida de xeito semiconsciente polos individuos ao longo do seu proceso de socialización, como un nacionalismo *trivial* segundo a recorrente definición acuñada no seu día por Michael Billig. Nos nacionalismos de Estado o nacionalismo aparecerá como compoñente visíbel en tres supostos básicos: a) ameaza ou agresión exterior, pero tamén o desafío de nacionalismos alternativos no interior das súas fronteiras; b) irrupción no seu territorio de poboacións consideradas estranxeiras; e c) elevación do vencello comunitario nacional a categoría central da súa cosmovisión, por riba doutras formas de identidade colectiva.

Unha discusión recorrente no ámbito historiográfico español dende hai unha década xira arredor de se o proceso de construción dunha identidade nacional por parte do Estado español no século XIX é definíbel como “feble” ou “forte”, sobre todo en comparanza con outros Estados-nación europeos. Pero adoito obvia-se nesa discusión a influencia que a guerra, e por conseguinte da falla ou non dun “outro” nacional externo definido e duradeiro, puido xogar nesa nacionalización das masas, dende enriba ou dende abaixo. Na nosa opinión, España non experimentou un nacionalismo de guerra, unha mobilización popular duradeira e apoiada pola maioría dos actores político-institucionais en lideira arredor do lema da unión sacra contra un invasor ou un inimigo externo. Iso non exclúe que determinadas e esporádicas conxunturas de limitada mobilización arredor de imaxes arquetipadas de España e dos *outros* co gallo de conflitos coloniais (guerras contra Chile e Perú, guerra hispano-norteamericana de 1898, guerras de Marro-

cos...) tivesen deixado trazos perdurábeis no imaxinario popular ata polo menos 1936, e que foron reutilizados durante a guerra civil.

Cando o golpe de Estado se transforma en guerra civil no verán de 1936, ambos os dous bandos elixiron a retórica nacionalista como un vehículo de mobilización racional non só para agrupar e cohesionar os seus seguidores ao redor de principios comúns con alta carga emocional, senón tamén para enmascarar as súas contradicións e divisións políticas e sociais internas. Ao presentar a propia causa como unha angueira patriótica fronte a un invasor e os seus adláteres, a evidencia de que había compatrianos loitando en ambos os dous eidos escurecíase de xeito conveniente. A tal estratexia retórica permitiu a cada un dos bandos *re-inventar* a súa lexitimidade, optando por un discurso e un repertorio de símbolos e tópicos que, como en toda forma de mobilización nacionalista, ofrecía unha grande rendibilidade estratéxica con custo marxinal a curto e medio prazo. Por todo iso, a guerra civil española pode constituír un laboratorio ideal, polo seu entrecruzamento de discursos identitarios de referente nacional coincidente ou oposto, para estudar a xeito de calidoscopio a interacción de imaxes e de discursos sobre a nación e outras colectividades territoriais, a súa imbricación con outros discursos comunitaristas, relixiosos ou *de clase*, a súa maleabilidade e permeabilidade mutuas. Ademais da reconstrución do que aquí chamaremos *discursos nacionalistas de guerra*, tentaremos abordar como se vivía a *nación dende abaixo*: é dicir, achegarnos á dimensión social deses discursos de guerra. Contamos para iso con tres fontes posíbeis: memorias e diarios de guerra, cartas de combatentes, e as propias colaboracións enviadas polos soldados dende a fronte a xornais e periódicos (de *trincheira* ou de ámbito máis amplo), utilizando a perspectiva da Historia Social e Cultural da guerra.

O discurso nacionalista de guerra non foi un todo homoxéneo en cada unha das zonas. Nelas conviviron unha apelación a símbolos comúns con diferentes e ás veces contrapostas lecturas segundo que sector ou actor político lese esas referencias á luz do presente vivido, cunha maleábel porosidade entre os diferentes discursos de guerra patriótica. E, ao mesmo tempo, diferentes liñas de fractura e debate. Exporémolas a seguir de xeito sintético, en seis puntos correspondentes a cada un dos "tres" bandos en que agrupamos o noso estudo.

1. Nacionalismo e mobilización bélica no bando republicano

1. O patriotismo xurdiu como un discurso mobilizador no bando republicano poucos días despois do 18 de xullo, xa dende os comunicados e discursos radiados que seguiron ao fracaso da rebelión en Madrid e Barcelona. A súa codificación tivo lugar ao longo do período que vai de agosto a novembro de 1936 (fracaso da ofensiva franquista sobre Madrid), e dende ese intre foi espallado a través da pren-

sa, da propaganda radiada, do cartelismo e da publicística, ademais de a través das actividades do Comisariado de Guerra, directamente orientado a adoutrinar os soldados do exército republicano.

O éxito do patriotismo tiña moito que ver cun feito: nin as principais centrais sindicais que detentaban o poder fáctico (UGT e CNT), nin os partidos de esquerda liberal e marxista que se aprestaron a defender a República e os seus obxectivos políticos fronte á coalición insurxente, eran quen de imporen illadamente os seus fins. Todos, porén, coincidían en que a guerra había ser gañada. Para acadar este obxectivo cumpría o concurso activo da poboación, que na súa maioría carecía de socialización política ou sindical activa. Apelar á patria, á defensa dunha España identificada coa República —sobardando a dicotomía entre patria e réxime político, entre nación e Estado—, podía fornecer a un amplo abano de actores sociopolíticos un repertorio discursivo coincidente no esencial, e que lles permitise atraer apoio social e adiar a consecución dos seus obxectivos específicos para o día despois de vencido o inimigo común.

O uso máis decidido, e máis declaradamente instrumental, do nacionalismo como arma mobilizadora no eido republicano veu da man dos comunistas de obediencia soviética. O Partido Comunista de España (PCE) comezara xa a apelar ao pobo español e a abrir paso a unha certa *nacionalización* española da súa mensaxe e propaganda políticas dende as eleccións de febreiro de 1936. En agosto de 1936, a prensa comunista e o propio Comité Central do partido adoptou plenamente o vocabulario patriótico, pleno de sacralidade e de referencias xenófobas contra dos *invasores*. Segundo ese discurso, o *heroico* pobo español levantábase outra vez para repeler unha invasión estranxeira, atraída por unha grea de traidores que, levados polos seus egoístas intereses de clase, fracasaran no seu golpe de Estado e non dubidaran en chamar a mercenarios estranxeiros na súa axuda. Mais a auténtica España, a encarnada polo pobo, recollera a tripada bandeira nacional e erguéraa con orgullo. O *pobo* viña ser sinónimo neste caso da nación en armas, sen traidores burgueses, fascistas, militares felóns ou cregos, e emerxía daquela como novo suxeito do esforzo de guerra e da defensa da liberdade.

A opción polo *pobo* como suxeito colectivo dunha loita que era nacional e revolucionaria asemade presentaba un problema: Como conxugar discursiva e simbolicamente valores universais e proletarios con apelacións nacionalistas? Iso conseguiuuse ao presentar a guerra patriótica como unha primeira resistencia do pobo español fronte a un designio de dominación mundial por parte do fascismo imperialista mundial, e mais como unha mostra do anovado orgullo español, ao situar España e o seu pobo á vangarda da liberación do proletariado mundial. España superaba así a Lenda Negra e sumábase ao tren do progreso. Con todo, ao longo do conflito non acabou de se resolver a ambivalencia de significados

a respecto do que a República (cívica) e mais a patria (España) querían dicir. Para uns eran o mesmo, para outros non. Porén, si tivo lugar unha progresiva identificación emocional da patria coa República, incluíndo a exaltación dos seus símbolos e mais a atribución dun significado nacional(ista) ao culto aos mortos en combate.

Ademais do período comprendido entre agosto e novembro de 1936, foi consonte a guerra avanzaba, e nomeadamente dende mediados de 1937, cando o discurso patriótico foi ganando entidade de xeito progresivo. Sobre todo, a medida que o Exército Popular da República se viu obrigado a recrutar soldados de leva entre sectores de poboación non encadrada con anterioridade en organizacións políticas e sindicais (sobre todo, labregos) e cuxa resposta a discursos de alto contido emocional, como sen dúbida era a apelación á defensa da patria, se presupuña que sería máis eficaz e inmediata. Durante a guerra eses recrutados poderían ser nacionalizados ao mesmo tempo que adoutrinados no socialismo, no anarquismo ou na fe republicana.

Exceptuando os comunistas disidentes (non estalinistas) do Partido Obrero de Unificación Marxista (POUM), a retórica nacionalista posta en circulación polos comunistas españois estendeuse axiña por outras organizacións republicanas. Con todo, é máis correcto falar de múltiples focos independentes na súa aparición: tanto as intervencións de líderes de Izquierda Republicana (o presidente do Parlamento Diego Martínez Barrio ou o propio presidente da República Manuel Azaña...) como do Partido Socialista (PSOE), como era o caso de Indalecio Prieto, nas primeiras semanas da guerra incidían en termos moi semellantes. A República era máis que unha forma de goberno: era España. E os seus inimigos unha banda de traidores que venderon a patria a un invasor fascista. A propia causa era unha nova guerra da independencia protagonizada pola parte máis sa da nación, o *pobo*. Sen dúbida, a máis acaída síntese dese discurso foron os varios discursos do presidente Azaña en tempo de guerra.

Ata os publicistas e líderes anarquistas fixeron uso dunha retórica patriótica semellante. Un vocabulario pleno de alusións culturalistas e ata *raciais*, de Españas e Anti-Españas, emerxeu con forza nos discursos de dirixentes coma os ministros Federica Montseny e Joan García Oliver, e así mesmo ou nas páxinas dos xornais *Solidaridad Obrera*, *CNT* ou mesmo *Catalunya*. O "indomábel espírito da nosa raza", como en 1808, permitiría que os españois se refuxiasen nunha unidade instintiva e tribal para derrotar o invasor. Toda a Historia de España era interpretada como unha loita continua entre os iberos (e os pobos ibéricos) e as diferentes potencias invasoras. E só os anarquistas poderían ser patriotas, xa que os seus modelos políticos non se consideraban debedores de fontes estranxeiras. Con todo, o compromiso español coa liberdade estaba intimamente unido á preservación da

pluralidade ibérica. A auténtica tradición española era de signo federalista. Pero esa tradición ren tería que ver co nacionalismo “pequenoburgués”.

2. O discurso patriótico de guerra do bando republicano tinxiuse de historicismo. Os mitos históricos da guerra antinapoleónica (1808-1813), e da posterior resistencia ao absolutismo borbónico, foron convenientemente desempoeirados e espallados. O protagonista absoluto foi o Dous de Maio —commemoración do erguemento do pobo de Madrid o día 2 de maio de 1808 fronte ás tropas napoleónicas—, e as figuras a el asociadas (os capitáns Daoiz e Velarde, ou a “heroína” Malasaña...), así como a codificación icónica deses acontecementos que xa fora ofrecida polo pintor Francisco de Goya a comezos do século XIX. Salientouse así o paralelismo existente entre o pobo rebelde de 1808, vestido na propaganda como un típico *majo* ou *chispero* da época, e mais os milicianos de 1936.

Outro motivo recorrente foron os mitos de resistencia ao invasor romano, que foran elaborados pola historiografía nacionalista española do século XIX. Foron así recuperados pola propaganda republicana de guerra os líderes de tribos ibéricas, celtibéricas ou mesmo lusitanas coma Indíbil e Mandonio ou Viriato, a resistencia idealizada de cidades como Sagunto e Numancia, pero tamén heroes medievais coma o Cid Campeador e adais militares da época imperial, coma o Gran Capitán dos *Tercios* Gonzalo Fernández de Córdoba (1453-1515) ou mesmo os conquistadores de América do século XVI, reivindicados na súa faceta de fillos das camadas populares. A difusión destes mitos de resistencia e heroísmo a través do Comisariado de Guerra republicano entre os combatentes do Exército Popular da República e as milicias foi constante e sistemática.

3. O patriotismo de guerra republicano apelou igualmente tanto á patria grande ou común (España, o “pobo español”, “a República”) como ás diversas “patrias locais”. Invocabase a rexión e o “terruño”. O orgullo local, xunto co casticismo, foron transformados en armas de propaganda revolucionaria. O epitome viña ser a defensa de Madrid fronte ás tropas rebeldes, presentada como unha endeita (re)unificadora das lideiras territoriais de España, e mais como unha sorte de crisol hispánico da solidariedade antifascista.

Ao mesmo tempo, e sobre todo no discurso dos comunistas, persistía a dúbida entre independencia da patria e liberdade ou liberdades das *patrias* periféricas, cuxo equilibrio encarnou de maneira modélica o Partit Socialista Unificat de Catalunya (PSUC) constituído no 1936, pero tamén os comunistas galegos e —con matices— os comunistas vascos. Tratábase dunha sorte de patriotismo dual, que equiparaba a liberación da patria periférica e mais a independencia de España e as situaba aparentemente nun mesmo plano, sen xerarquización. Os mitos históricos elaborados polo galeguismo e polo catalanismo (e mesmo, nalgúns casos, polo nacionalismo vasco) foron así reutilizados de xeito complementario, para

os transformar en mitos de resistencia *periférica* fronte a un invasor estranxeiro, pero non castelán/español. Tratábase dun discurso dunha calculada ambigüidade. Con todo, logo da irrupción do Goberno de Juan Negrín dende maio de 1937, a propaganda comunista pasou cada vez máis a colocar o acento na *Patria* con maiúscula (España) denantes que nas *patrias* ou nacionalidades con minúscula. E as veleidades independentistas tanto do PC de Euskadi como do PSUC pasaron a ser censuradas e mantidas baixo control.

4. O *neopatriotismo* republicano que se abriu paso co Goberno Negrín dende mediados de 1937 afirmou esta derradeira tendencia, ao centralizar de maneira crecente o poder e proclamar a supremacía discursiva do *Leitmotiv* da nación española en loita fronte ao invasor estranxeiro. Ao mesmo tempo, afirmou un postulado básico: o monopolio da soberanía polo Estado central, pola República. O Goberno da República debía enfortecer as súas atribucións para dirixir o esforzo de guerra en todos os terreos. E iso supoñía tamén opoñerse aos tentos dos Gobernos autónomos por espallaren as súas esferas de poder máis alá da legalidade establecida polos Estatutos de Autonomía aprobados entre 1932 e 1936.

A oposición ás demandas dos gobernos autónomos (vasco ata xuño de 1937, e catalán ata xaneiro de 1939), pero tamén a énfase discursiva cada vez maior na independencia de España fronte á invasión estranxeira, foron factores que actuaron de cemento cohesivo adicional do discurso patriótico republicano a partir do Goberno Negrín. Esa tendencia incrementouse ao longo de 1938. Non hai máis que ver o programa dos Trece Puntos (maio 1938), nos que se conxuntaba un certo rebaixamento do protagonismo das liberdades rexionais cunha clara insistencia no compromiso do Goberno da República coa independencia e completa integridade territorial de España. Algo semellante pódese apreciar nos discursos do presidente Juan Negrín ao longo de 1938, así como en variados testemuños dos políticos republicanos.

5. Quen era o *outro*? Era español ou estranxeiro? O inimigo foi definido como unha amálgama de traidores nacionais guiados por intereses de clase e invasores estranxeiros, con progresivo predominio do segundo elemento sobre o primeiro, ata anulalo. Establecíase unha diferenza retórica entre os pobos e os seus réximes, entre os soldados italianos ou marroquís *enganados* e os seus xefes. Mais na práctica a propaganda xenófoba era máis eficaz a curto prazo. Iso requiría tamén elaborar un estereotipo deshumanizado do *outro*. Dese xeito, os italianos foron representados como seres efeminados, covardes e fachendosos. Os alemáns foron caricaturizados como soldados arrogantes, militaristas e crueis. Os españois que axudaran os invasores foron descritos decote como monicreques dos ditadores estranxeiros, sen vontade nin valor.

A presenza de tropas marroquís que loitaban como mercenarias no bando franquista foi explotada convenientemente pola propaganda republicana dende o

comezo mesmo do conflito. Resucitouse e reutilizouse para iso todo un repertorio de estereotipos negativos preexistentes, reactualizados durante as guerras de Marrocos. A propaganda iconográfica e o discurso de guerra republicano representou dende un comezo o *mouro* como un individuo descalzo, con trazos negroides ou semisimiescos, sempre arelando roubar e violar. Os paralelismos históricos fan moito máis alá. Como durante a invasión do 711, os *bárbaros* mouros invadían o pacífico pobo español. E a resistencia contra do invasor era equiparada á do nobre godo Don Pelayo en Covadonga.

6. Ata que punto callaron en profundidade estas mensaxes entre os soldados republicanos, fosen de leva ou fosen voluntarios? Entre os testemuños epistolares conservados nalgúns fondos do Arquivo Xeral da Guerra Civil e mais os publicados de xeito disperso pódese apreciar como o patriotismo ocupaba un lugar complementario na motivación dos combatentes republicanos, aínda que non sempre de xeito tan preeminente como o que progresivamente adquiriu na propaganda de guerra. Doutra banda, os *topoi* patrióticos non sempre se reflectían de xeito directo e explícito. Sufrían un proceso de adaptación. Mais a súa presenza é detectábel á hora de caracterizar de xeito indirecto quen constituía o *nós* e quen eran os *outros*. Adoito, loitar pola República ou pola Liberdade transformábase nunha tarefa defendida unicamente por soldados *españóis*, fronte a estranxeiros explícitos ou implícitos. Máis que a patria como denominación explícita, aínda que non ausente, en testemuños e cartas aparece diante todo a *República* como vinculación afectiva e non necesariamente como sinónimo daquela: un amor cívico. Mais en ocasións e de maneira indirecta o apego emocional a España como patria sen adxectivos tamén xurdía acó e aló. Os antifascistas eran aludidos a miúdo como os "auténticos fillos de España".

Nos exemplos de combatentes e simpatizantes anarquistas os saúdos e expresións vencéllanse sempre e de xeito case exclusivo a lemas *revolucionarios* e abstractos, como xustiza social e revolución. Porén, nos centos de poemas anarquistas obra de milicianos anónimos e publicados na prensa de trincheira durante o conflito as apelacións á Historia e á Patria adquiriron frecuencia e intensidade crecentes dende 1937. As cartas de milicianos e soldados de tendencia anarquista na prensa de trincheira soían igualmente subliñar o significado internacionalista da súa loita. Pero adoitaban tamén sinalar que o *outro* contra do que loitaban era un fascismo invasor de España, e salientaban o san orgullo patrio que lles causaba o que España se situase á testa da loita contra do fascismo e pola Liberdade. Entre os comunistas, porén, algunhas cartas publicadas por periódicos de trincheira das súas unidades militares, así como no xornal do PCE *Mundo Obrero*, puñan en evidencia unha meirande predisposición a reproduciren consignas patrióticas.

2. Nacionalismo e mobilización bélica no bando insurxente

O nacionalismo foi un compoñente sobranceiro do discurso de guerra dos sublevados dende un primeiro intre. E tivo que desputar a súa primacía simbólica e discursivo-conceptual cun opoñente, co que a síntese non sempre foi inicialmente fácil: o catolicismo. O nacionalcatolicismo, malia ter orixes doutriniais moi anteriores, non nace como unha realidade forxada e estábel no verán/outono de 1936. Pola contra, tivo lugar na esfera pública do bando sublevado unha longa disputa verbo da prioridade a establecer entre Deus e a Patria, e entre a Nación e o Estado. Neste senso, podemos sinalar os seguintes puntos:

1. Os rebeldes erguéronse contra do Estado establecido. A súa lexitimidade baseouse na defensa da nación, entidade que era considerada eterna e independente do réxime político imperante. O sentimento nacionalista español era o punto no que era máis doado achar unha unanimidade de principio entre todos os sectores que apoiaran o *alzamiento*. E durante o primeiro mes e medio da guerra a grande maioría das proclamas e da propaganda insurxente centráronse de xeito case exclusivo na apelación á salvación da nación, da que o catolicismo se reducía a ser un ingrediente máis da tradición. A rebelión era así mesmo xustificada mediante a invocación do perigo *ruso*, da conversión de España nunha colonia soviética ao servizo dunha conspiración mundial encabezada polo bolxevismo, o xudaísmo e mais a masonería.

Cando Deus e mais o termo *Cruzada* se engadiron a ese discurso, a súa síntese non foi en absoluto sinxela. Ao longo dos tres anos de guerra a publicística insurxente bambeou entre a afirmación da Patria e a súa preeminencia fronte á de Deus e mais a restauración do seu imperio na súa nación preferida: érase español por ser católico, ou érase católico como consecuencia de ser español? Para os falanxistas, o sobranceiro era o legado “joseantoniano” —é dicir, a obra teórica do máximo líder do fascismo español, José Antonio Primo de Rivera, morto en novembro de 1936— consistente no concepto *misional* de nación, no que a relixión constituía un elemento da españolidade por mor da súa historia, e por tanto consubstancial, mais non previo, á mesma. Opinión compartillada polo filósofo e presbítero Manuel García Morente, autor de varios opúsculos teóricos sobre o “nacionalismo español” en plena guerra. Porén, isto non era necesariamente así para os tratadistas católicos e procedentes de *Acción Española*, coma José M.^a Pemartín ou José M.^a Pemán, ademais dos tratadistas relixiosos como Aniceto Castro Albarrán ou o mesmo cardeal Gomá. Deus precedía á nación, e esta entidade xamais se podería situar nun plano xerárquico superior á divindade. O nacionalismo terreal e “deificado” sería craso erro por ser materialismo. E se España era católica érao por ser terra preferida de Cristo e, por tanto, por deber a nación o seu ser á súa relixión. Érase español por ser católico, e non á inversa.

Varios opúsculos teóricos de autoría eclesiástica condenaron de forma explícita o nacionalismo "materialista" encarnado polo fascismo, na medida en que este creaba novos *mitos* laicos como cultura, raza e Estado, que pretenderían substituír a Deus. Houbo en verdade algúns tratadistas do bando sublevado que defenderon un modelo de Estado totalitario e nacionalista no que a nación impregnaba o Estado, pero pola súa vez era construída e fomentada por este derradeiro. Mais non foron as posicións maioritarias.

Segundo a maioría dos propagandistas eclesiásticos ao servizo da propaganda insurxente, a nación non había estar subordinada ao Estado, xa que historicamente a primeira precedía ao segundo. E a lealdade do individuo á nación no debía ser sobrevalorada, ou situada por riba doutros deberes espirituais, comezando porque as nacionalidades eran obra de Deus. O fascismo español só podía ser dunha maneira: católico e corporativo. Este concepto foi o que por fin acabou por impoñer a súa hexemonía doutrinal, malia que non sen resistencias. Varios intelectuais falanxistas non ousaron desbotar o catolicismo como elemento fundamental da nacionalidade española e como parte integral da súa tradición. O refuxio no concepto *misional* de nación que fora codificado por José Antonio Primo de Rivera —é dicir, a idea de que a nación española era un froito dunha comunidade de destino, concretada a través da consecución dunha *misión* universal que unificaría os españois— ofrecía, porén, un vieiro que permitía esquivar a identificación total co nacionalcatolicismo. E outro vieiro podía ser a apelación circunstancial ao mito do carácter nacional, como fixo García Morente.

Podía haber, xa que logo, lideiras entre católicos e fascistas. Mais todos eles estaban plenamente de acordo en que a nación, católica ou terreal, había ser *cuarteleira*. As virtudes militares de xerarquía, disciplina e sacrificio, típicas idealizacións do mundo dos combatentes na fronte, debían igualmente impregnar a retagarda e todo o corpo social, pasando a constituiren un ingrediente fundamental do ordenamento social.

2. O outro *tamén* era definido como un estranxeiro. Tratábase dunha invasión *rusa* e do comunismo internacional, planeada por xudeus e masóns, na que os revolucionarios españois devían *rusos* ou *arrusados* por defenderen ideoloxías *foráneas*. O *ruso* servía de epítome do antinacional, e abranguía dende características sociopsicolóxicas a icónicas, morais e ideolóxicas. E por tras do ruso estaban o masón e o xudeu. A tal icona de alteridade nacional foi enfortecida nos seus significados polo contido demonizador do punto de vista moral que elaborou a publicística católica. Os comunistas españois estarían a *rusificar* de maneira consciente a España. E ao facelo renunciaban a seren españois.

Porén, era recuperábel o miliciano inimigo se volvía á patria e deixaba os estranxeiros, como insinuaba a propaganda de Radio Nacional de España? Ou só

cumpria a expiación e purga do corpo da nación mediante a volta á Inquisición e aos valores da Idade Media, como defendían varios tratadistas católicos? A tal disputa acabouse resolvendo en prol do segundo pólo. Malia que os falanxistas se inflasen de retórica revolucionaria apelando ao supostamente existente sentido *nacional* das masas obreiras manipuladas por Moscova, á final o resultado foi o querido por todos os que degoxaban o retorno dunha sorte de nova Idade Media con Inquisición e limpeza (ideolóxica) de sangue.

Doutra banda, a necesidade de xustificar a heteroxeneidade nacional das propias tropas levou os propagandistas e teóricos do bando insurxente a elaborar un concepto do *moro bo*. Arreboláronse con ese fin dous argumentos. Primeiro, o feito de que as tropas marroquís, malia profesaren unha relixión diferente, podían participar nunha guerra que tamén era de relixión porque se enfrontaban aos *sen Deus*, ao ateísmo tamén sostido por xudeus e masóns. Segundo, os estereotipos denigrantes e despectivos verbo dos *mouros* elaborados e espallados durante a guerra de África foron revisados e aplicados ao opoñente. Agora cumpría lembrar a irmandade histórica entre África, o mundo árabe e mais España, a pegada árabe na cultura española, as virtudes do carácter marroquí, tan supostamente semellantes ás hispanas...

3. A función da idea de Imperio, cuxa definición ocupou os esforzos dos tratadistas falanxistas (e católicos) ao longo da guerra, bambeou entre dous polos: empresa retórica e misional, ou procura dun *Lebensraum* a medida —ollando cara a África, Xibraltar e mesmo Portugal— na Europa dos fascismos? En todo caso, para a gran maioría dos autores falanxistas o imperio habíase entender, coma o propio concepto *misional* de nación, en clave espiritual e como unha busca dun aglutinante, dunha empresa común. Mais entre 1938 e ata os primeiros anos da década de 1940 esa concepción abrigou tamén aspiracións de verdadeira dominación material, concretadas sobre todo en Xibraltar e no Norte de África.

4. O discurso nacionalista de guerra dos insurxentes tamén tracexou paralelismos cos máis estendidos mitos históricos de resistencia ao invasor e de expansión imperial. De entrada, Sagunto e Numancia, equiparados explicitamente ás *xestas* do Alcázar de Toledo ou do santuario de Santa María da Cabeza. A seguir, o intre da unidade política peninsular, personificado nos chamados Reis Católicos e mais a obra do cardeal Cisneros, así como o carácter *purificador* da Inquisición. Por suposto, e en terceiro lugar, a descuberta e conquista de América, así como a época dourada do Imperio dos Habsburgo no século XVI. As glorias e figuras míticas do pasado español eran guiadas na empresa de Reconquista, cal novo Don Pelayo redivivo, por un líder providencial que non podía ser outro que o xeneral Francisco Franco.

A guerra antinapoleónica converteuse así mesmo nun paralelo invocado no pasado polo discurso de guerra franquista. Os diversos mitos herdados do século XIX foron submetidos, xa que logo, a unha fonda resemantización. Cando menos nun comezo, as semellanzas desas imaxes coas usadas pola propaganda republicana eran case un espello invertido, nomeadamente no caso dos falanxistas. O Dous de Maio ofrecía ademais outras posibilidades simbólicas. Por exemplo, permitía expresar o refugo da Francia de Léon Blum e da Fronte Popular. E amosaba cal era o concepto de *pobo* do que gostaban os intelectuais insurxentes: o pobo do Dous de Maio de 1808, "tan distante do frío conglomerado individualista como do confuso amoreamento impersoal do que deu en chamarse masa". Só aquel pobo—ordenado e mobilizado, pero baixo unha xerarquía— podía sentir a auténtica patria.

Eses símbolos laicos tamén se complementaron con símbolos relixiosos, chegando a unha simbiose. Nomeadamente, cando estes últimos eran un lugar de memoria na Historia nacional con significación guerreira. Éis o caso da Virxe do Pilar, *capitana do exército español*, e mais o Apóstolo Santiago, patrón da chamada *reconquista* medieval, malia que neste derradeiro caso a propaganda franquista agachase convenientemente a súa imaxe como *matamouros*.

5. O discurso nacionalista de guerra dos insurxentes entre 1936 e 1939 caracterizouse por unha certa tensión interna entre a afirmación da unidade na variedade e mais a definición da nova España como un todo etnoculturalmente homoxéneo, identificado con Castela e os seus valores e cultura, dentro da que calquera concesión á variedade sentaría un perigoso precedente utilizábel polos nacionalistas periféricos. De feito, houbo só tímidos tentos cualificábeis de *rexionalistas*. Ao longo do conflito as Deputacións de Álava e Navarra mantiveron certas aspiracións a preservar e mesmo ampliar os seus atribucións. E algúns publicistas non se recataban en lembrar que se algunha rexión debía manter privilexios na *nova España*, esas debían ser as que máis voluntarios fornecían ao bando insurxente: Navarra, Aragón, Galiza...

Para moitos voluntarios de base enrolados nas forzas rebeldes a defensa da unidade de España fronte aos *separatismos* constituía así mesmo un forte ingrediente da súa motivación. Antiarredismo, pero certo orgullo local e en ocasións rexional, como epítome das mellores virtudes da patria. Ese sentimento era rastrexábel entre as diversas milicias insurxentes. Por exemplo, nas unidades de soldados galegos. Este debate vencellábase tamén cun postulado defendido por varios publicistas do bando rebelde: a conquista da *dexenerada* cidade pola *sana* provincia, simbolizada na *redención* do Madrid *roxo* polas milicias chegadas do Norte. O local era, igualmente, considerado como un depósito inmaculado da

tradición española na súa variedade. De aí o interese de varios intelectuais sublevados polo folclore e as tradicións, os dialectos e os costumes *ancestrais*.

Doutra banda, o papel de Castela como unificadora e cohesionadora dos pobos de España foi un argumento utilizado dende un comezo na esfera pública insurxente. O repertorio era moi semellante ao xa elaborado pola Xeración do 98: Castela mística e guerreira unificara España co seu sacrificio, e na súa paisaxe e tradicións mantiñábase intactas as mellores virtudes da españolidade. Algúns publicistas non dubidaban en presentar a guerra como unha reconquista de España a mans de Castela, que imporía a súa lei ás periferias desleais.

Con todo, esa preeminencia do imaxinario castelán viuse mitigada no primeiro ano e medio de guerra polo uso frecuente de motivos rexionais e locais na propaganda bélica do bando rebelde. A razón era clara: cumpría mobilizar a poboación coa panoplia de argumentos máis eficaz posíbel. Mesmo houbo algunha propaganda de guerra escrita en idiomas diferentes do castelán (galego ou catalán de Mallorca, por exemplo), na que se apelaba ao papel supostamente *ancestral* xogado polas rexións e as provincias á hora de defenderen o verdadeiro carácter español. O orgullo local e mais os estereotipos rexionais convertéronse dese xeito nunha eficaz arma de propaganda. Mais esa relativa tolerancia, cuxo propósito era máis ben instrumental, tendeu a esluírse ao longo do conflito. A crítica do uso público, e cada vez máis do privado, dos idiomas diferentes do castelán, e nomeadamente do vasco e do catalán, converteuse nun *leitmotiv* frecuente da prensa de retagarda dende a primavera de 1937. Que a tolerancia rematara demostrouno a negativa das autoridades militares a utilizaren o catalán na propaganda cando as tropas franquistas entraron en Barcelona o 25 de xaneiro de 1939. E as tímidas reivindicacións de que os idiomas *vernáculos* fosen utilizados como lingua vehicular no nivel do ensino primario para mellor socializar os nenos de zonas bilingües nos principios da tradición foron completamente vasoiradas polo temor a facer concesións ao *separatismo*.

6. A análise da vivencia da nación dende abaixo en territorio insurxente enfróntase a algúns condicionantes hermenéuticos que restrinxen a riqueza da nosa mostra. Con todo, tentaremos formular algunhas hipóteses. No plano das mentalidades non sempre a patria e o Estado eran vistos como realidades supremas pola maioría dos partidarios dos insurxentes. Se hai un *Leitmotiv* predominante nos testemuños epistolares e nos diarios de combatentes do bando rebelde, aquel é a defensa da patria, a súa autorrepresentación como auténticos españois que loitaban pola fe católica e España. Unha España favorita de Deus, vítima pola súa vez dunha agresión, tramada por un *contubernio* ás ordes de Moscova como parte dunha conspiración de alcance universal para destruír a civilización cristiá. Para seminaristas e capeláns, requetés e tradicionalistas católicos, pero tamén

para moitos combatentes *de orde*, a relixión ocupaba o lugar xerarquicamente primixenio, nunha loita diabólica entre o Ben e o Mal tras a que, como escribía un voluntario carlista ou *requeté* navarro, “España será de Cristo”. Era unha guerra de relixión, sobre todo. Pero para outros combatentes a defensa da patria antepúñase ou, cando menos, equiparábase en importancia á relixión, confundidas nunha mesta trama de significados interrelacionados. Por citar un exemplo, entre as cartas de falanxistas recibidas pola *madriña de guerra* sevillana Carmen Sánchez entre 1937 e 1939, as fórmulas máis usuais refírense á defensa da patria, á “santa febre patriota da mocidade rebelde” o ao “engrandecemento da nosa querida España”, e rara vez aparecía mención algunha nelas á relixión ou a Deus. Todo o contrario que nas cartas enviadas por soldados de filiación tradicionalista ou apolítica. Pero tamén moitos voluntarios enrolados en unidades falanxistas tiñan clara a orde de prioridades, na que Deus ocupaba o lugar primixenio. A todo iso engadíase un nacionalismo *enxebre*, de campanario e localista, no que o local, as súas lembranzas, as súas procesións e rituais impregnaban de vivencia e experiencia cognitiva a sinxela tríade de *Deus, Patria e Rei*. O combatente de a pé sabía pouco de teorías, mais identificaba os principios básicos de orde social, relixión e costume coa patria local.

Doutra banda, de varios testemuños dedúcese tamén que os combatentes do bando que se autodenominaba *nacional* non sempre viron o conflito como unha guerra entre españois. É máis, houbo ocasións en que os soldados franquistas creron realmente, cando menos nun comezo, que os seus opoñentes eran auténticos rusos ou mercenarios internacionais ao servizo de Moscova, e non españois. A prensa franquista referíase con suma frecuencia nas súas novas sobre o curso da guerra aos retrocesos das tropas “rusas”, ou alcumaban o opoñente de “rusos” ou “roxos rusos”, incluíndo moitas veces aos dirixentes do Goberno da República, que tamén pasaban a ser denotados como “o ruso...”. De maneira esporádica, ademais, os combatentes republicanos son aludidos como “rusos” nos testemuños epistolares procedentes do bando rebelde.

3. As outras guerras nacionais

O discurso da unidade nacional fronte ao invasor tamén foi posto en práctica dende o comezo do conflito polos nacionalismos subestatais. Presentar a guerra como unha invasión estranxeira fixo posíbel que os nacionalistas periféricos ou subestatais minimizasen as propias divisións internas das súas invocadas nacións, pasando por alto que unha boa parte dos seus compatriotas —cataláns, vascos ou galegos— militaba en ou simpatizaba co bando sublevado. Mais a guerra civil tamén deu paso a dinámicas complexas no seo de cada un dos movementos nacionalistas subestatais que, de grado ou por forza, se encontraron pelexando no bando da República.

1. Para galeguistas e catalanistas conservadores, así como para máis dun nacionalista vasco, a rebelión militar de xullo de 1936 situounos ante un difícil dilema: cumpría escoller entre patria, clase e relixión. A escolla foi forzada nos casos dos galeguistas conservadores —xa que o territorio galaico foi controlado polos golpistas a fins de xullo de 1936—, e moitos nacionalistas vascos de Navarra e Álava, e aínda partes de Guipúscoa, que se viron forzados a sumarse aos sublevados en nome da relixión e da orde, e que adoito se converteron en entusiastas partidarios, condicionados polo medo. Os catalanistas conservadores, perante unha situación de revolución social e control obreiro na rúa, situáronse sen entusiasmo e fóra dalgunhas excepcións do lado dos sublevados.

2. Os nacionalistas moderados ou pragmáticos comprometéronse coa defensa da República na medida en que esta última se amosase disposta pola súa vez a garantir as cotas de autogoberno acadadas entre 1931 e 1936, e a ampliálas logo de obtida a vitoria. A defensa da legalidade republicana debería obter como contrapartida unha maior sensibilidade por parte do Goberno de Madrid cara ás demandas de autogoberno da periferia, cando non unha aberta disposición das elites políticas republicanas a aceptar para o Estado unha estruturación federal ou confederal cuxos límites distaban de estar claros. Persistiu porén unha permanente ambigüidade nun punto: era a República sinxelamente un Estado multinacional? Ou tratábase dunha realidade afectiva máis ampla, consolidada grazas á loita común? O combate conxunto contra do fascismo e o sangue vertido, segundo interpretaron moitos catalanistas e galeguistas —coma Castelao— tamén contribuirían a forxar novos elos de irmandade entre os pobos ibéricos.

Caso particular era o do católico e conservador Partido Nacionalista Vasco (PNV). O móbil fundamental que levou os nacionalistas vascos a devorcase polo apoio á República foi a convición de que só esta, e non as dereitas antirrepublicanas, accedería a conceder o arelado Estatuto de Autonomía, ollado como un primeiro paso na consecución de maiores cotas de soberanía no futuro. As súas unidades militares só se mobilizaron cando se aprobou o Estatuto Vasco a comezos de outubro de 1936; e as tensións e desconfianzas co Goberno e mandos republicanos foron unha tónica constante. A iso contribuíu o discurso de guerra do nacionalismo vasco. Segundo a súa formulación, o compromiso dos nacionalistas situábase exclusivamente coa causa da liberdade e independencia de Euskadi. O contacto con tropas republicanas doutras rexións era considerado negativo e non fixo senón aumentar os prexuízos mutuos. E os mitos históricos de resistencia ao invasor baseábanse sobre todo na idealización das batallas medievais que o fundador do nacionalismo vasco, Sabino Arana, levara xa a cabo na súa obra *Bizkaya por su independencia* (1892). Euskadi estaría loitando outra vez contra *España*, sendo o fascismo unha vestimenta máis do tradicional expansionismo español.

3. Así tamén xurdiu unha contradición a medio prazo. Pois a imaxe das tropas de Franco como máximos expoñentes da *intransixente* "España castelá" superpúxose ao novo patriotismo republicano e os seus intentos de recentralizar o poder para gañar a guerra. Os nacionalistas subestatais sentiron unha crecente desconfianza fronte ás arelas republicanas de explotar a guerra como unha campaña de *renacionalización*. De xeito que, nomeadamente no caso catalanista, a derrota de 1939 foi interpretada como o resultado dunha sorte de tripla invasión: a dos *murcianos da FAI*, é dicir os inmigrantes non cataláns de tendencia anarquista que terían introducido xermes sociais revolucionarios estraños ao *espírito nacional* catalán; a do Goberno de Negrín, incluíndo as súas tropas e os seus servizos de orde pública, logo de outubro de 1937; e a invasión definitiva, a das tropas franquistas. Moitos catalanistas pragmáticos sentiron daquela que os seus elos afectivos con España estaban rotos.

4. Tanto no catalanismo radical como en boa parte do nacionalismo vasco interpretoouse a guerra como un asunto alleo ás súas patrias, froito da tradicional intemperanza española. Dende este ángulo, a intolerancia relixiosa e mais a anarquía inserida nos seus territorios polas organizacións de esquerda era equivalente á intolerancia lingüística e cultural dos rebeldes franquistas. Por tanto, a mellor opción sería permanecer neutral perante unha guerra *española*, ou cando menos tencionar explotar as incertezas creadas pola nova situación de guerra e revolución para obter maiores cotas de autogoberno, se non a independencia, das súas nacións *oprimidas*. Naturalmente, esta esperanza revelouse ben ilusoria. Nin os radicais *mendigoizales* vascos nin os independentistas cataláns participaban nos Gobernos autónomos, nin posuían forza militar abonda para impor os seus postulados por eles sos.

5. O protagonismo da cuestión social na guerra civil non puido ser obviado polos discursos de guerra do galeguismo, do catalanismo e mais do nacionalismo vasco. Cada un deles reaxiu perante as dinámicas revolucionarias en lideira no bando republicano de xeito diferente. Os galeguistas achegáronse a varios dos postulados de liberación social e nacional para Galiza elaborados polos comunistas galegos. Os catalanistas, pregoando a necesidade de achar unha *vía catalana* á revolución que insistise na orde, a xustiza social máis ou menos redistributiva e o respecto ás peculiaridades históricas do réxime de propiedade catalán. Con todo, o vocabulario tanto da Esquerra Republicana de Catalunya (ERC) como de Estat Català adoptou unha roupaxe revolucionaria: a cuestión era *catalanizar* a revolución, non negala. O nacionalismo vasco recorreu ao seu repertorio social cristián, radicalizando os seus contidos cunha retórica anticapitalista que, con todo, non chegaba a pregoar a abolición da propiedade privada. Ese reformismo tería ademais fundamento na tradición vasca, pobo de *jaunak* (propietarios) capaz de

experimentos diferentes dos ensaiados en pobos onde non existiría ese substrato social. Xa que logo, a procura dunha terceira vía era unha esixencia social, pero tamén nacional: a unha nación diferente correspondía un modelo de ordenación social propio.

6. Se pasamos ao estadio da *nación dende abaixo*, podemos advertir claras diferenzas entre combatentes nacionalistas vascos, dunha banda, e galeguistas e catalanistas, polo outra. Resumindo, os primeiros profesaban un sentimento maioritario de pertenza exclusiva á nación vasca, sendo a República un referente inexistente nos seus obxectivos e motivacións. Para os segundos, fóra dos catalanistas radicais, a República como referente de lexitimidade cívica, pero tamén dotado de compoñentes afectivos, situábase nun plano complementario ao da lealdade nacional cara a Cataluña ou Galiza. Os testemuños contemporáneos, autobiográficos e epistolares de *gudaris* vascos identificados ou achegados á causa nacionalista son ben elocuentes nun punto: na súa grande maioría só loitaban pola liberdade de Euskadi, e percibiron a guerra como unha defensa do seu territorio e das liberdades vascas fronte a un inimigo *español* que non era senón unha nova encarnación de anteriores adversarios. Ademais, a loita común non semella ter contribuído a forxar elos afectivos coa República ou coas milicias obreiras e doutros partidos e organizacións, ao contrario que entre os catalanistas. Iso tiña moito que ver coa súa bagaxe doutrinal previa, impregnado dun pouso racista de raigame *sabiniana* —é dicir, procedente da mensaxe fundacional do PNV—.

Era a consciencia nacional dos combatentes catalanistas da República equiparábel á dos *gudaris* nacionalistas vascos? Podemos afirmar que non. O patriotismo exclusivo non semella ter sido a nota predominante entre as unidades de milicianos directamente instigadas por ERC. O mesmo pódese afirmar verbo dos contados casos de combatentes nacionalistas galegos pola República. Os testemuños epistolares de soldados catalanistas en 1937-1938 suxiren que en boa parte dos casos o patriotismo catalán e un forte compromiso coa causa da República española coexistían sen grande problema e de xeito complementario. Iso si, os termos e expresións de fasquía máis emocional reservábanse para Cataluña, “a terra” amada. Unha tónica semellante amosaron as crónicas e cartas remesadas dende as fronteas de combate por soldados próximos a ERC. A identidade republicana, xa que logo, era tanto ou máis forte que o patriotismo catalán. E revestíase de tópicos e tons afectivos que denotaban unha adhesión á mesma que ía alén da mera e racional lealdade cívica. Doutra banda, a convivencia nas trincheiras con combatentes orixinarios doutras zonas de España tamén creara elos de solidariedade. Cataluña, liberdade e República convertíanse así en lemas inextricabelmente unidos naquela altura.

O duplo patriotismo non sempre era un equilibrio estábel, nomeadamente en tempos de guerra. Onde as identidades complementarias variaban de xerarquía segundo as circunstancias e os avatares do enfrontamento. Mais para iso tiña que existir unha base, un sentimento previo de identidade republicana que se unise á patriótica periférica e que fose susceptíbel de desenvolvemento, reactivación e mutación, ata se converter, como así foi en moitos casos, nun patriotismo español afectivo, con referencias historicistas, étnicas e culturais.

Conclusiones

1. Existiron sorprendentes paralelismos formais e icónicos entre o discurso e, sobre todo, as imaxes utilizadas pola retórica nacionalista nos dous bandos enfrontados na guerra civil. A nación, pois —identificácese co pobo ou coa tradición— xurdiu como argumento mobilizador de primeira orde na Guerra Civil española, cuxa primacía discursiva foi nalgunhas fases decisiva.

Ante las reiteradas anomalías de carácter colectivo acaecidas en los últimos meses en las facultades de Filosofía y Letras, Ciencias, Derecho y Medicina de la Universidad de Valladolid, con gravísima perturbación del normal desenvolvimiento de las actividades docentes y del orden académico, no obstante las repetidas advertencias formuladas oficialmente por las autoridades universitarias, en especial en la última nota hecha pública por la junta de gobierno de la universidad, y en uso de las facultades conferidas por el artículo 32 del reglamento de disciplina académica de 8 de septiembre de 1954 para clausurar centros universitarios y determinar las condiciones de aplicación de dicha medida, este Ministerio, considerando la necesidad de corregir urgentemente la excepcional situación originada, ha resuelto: 1. Quedan clausuradas hasta el comienzo del curso 1975-76 las facultades de Filosofía y Letras, Ciencias, Derecho y Medicina de la Universidad de Valladolid. 2. La presente medida implicará el cese para los alumnos afectados de todas las funciones docentes y examinadoras de aquellos centros. 3. Lo dispuesto en esta Orden no afectará a la continuidad de los estudios de doctorado y de la labor investigadora. Lo que comunico a V. I. significándole que del presente acuerdo se dará cuenta al Gobierno de la Nación.

¿Cuáles eran esas reiteradas anomalías que invoca la Orden ministerial? Anteriormente, el 20 de enero de 1975, según nota del secretario general de la institución universitaria, la junta de gobierno deploró

[...] las anomalías académicas que culminaron el jueves con la ocupación de la Biblioteca de Filosofía y Letras por grupos de estudiantes de distinta procedencia y en la posterior intervención de la fuerza pública [...].

terminando con un llamamiento a la prudencia, por lo que se aplaza reanudar las clases hasta el día 29, sin ocultar la amenaza de cancelar el curso a todos los efectos, en caso de seguir los incidentes.

Sin duda, el referente principal, no único en aquella fecha, era la entrada y desalojo por la Policía de la Biblioteca de Letras, en donde estaba previsto un recital de la cantante Elisa Serna. Será entonces cuando la junta de gobierno ordene cerrar los centros por unos días. Un análisis de lo sucedido después lo hizo la junta de Letras, incluso llegando a sospechar que un posible cierre flotaba en el ambiente. De hecho, aunque no llegara a votarse, la junta analizó tres opciones: cierre hasta Semana Santa, cierre total y definitivo con exámenes, cierre definitivo

con pérdida de curso³⁷. Las demás facultades debatieron el asunto en sus respectivas juntas, antes y después de promulgarse la Orden ministerial.

Tras el parón antedicho, el día 29 de enero debía volver la normalidad. Fue entonces cuando en su propia facultad de Medicina fue agredido el rector Del Sol, ocasionando un nuevo cierre por veinticuatro horas de este centro. De todo ello tuvo información puntual el inoperante Patronato universitario, reunido el 1 de febrero con asistencia de sólo ocho miembros. Según el acta correspondiente, el presidente Jaquotot consideró oportuno ampliar la información, trasladar a otro pleno el análisis y su decisión. De momento sólo trascendió la siguiente nota³⁸:

Ante los reiterados incidentes que se están produciendo en los Centros universitarios, se ha reunido el Patronato de la Universidad de Valladolid, adoptándose los siguientes acuerdos: 1º Condenar del modo más terminante la agresión de que se ha hecho objeto a la primera Autoridad de la Universidad, que es expresión de una conducta a todas luces intolerable en el ámbito académico. 2º Que el Patronato se dispone a recoger todos los datos que le sea posible, para poder dar una amplia explicación a la Sociedad de la situación de la Universidad, lo que realizará en el plazo más breve.

Cuando seis días después volvió a reunirse, todos tuvieron la misma impresión: el Ministro estaba dispuesto a cercenar la anormalidad académica. También dejaron constancia de haber recibido un escrito de la Asociación provincial de familias numerosas de Valladolid denunciando las alteraciones y aportando soluciones un tanto "peculiares" y desde luego ajenas al fuero universitario³⁹. La próxima sesión no tendrá efecto hasta el 14 de febrero. Será entonces cuando debatan una larga nota con pretensiones de informar a la Sociedad del proceso incoado el 11 de enero y hasta la decisión ministerial. En el núcleo del texto, este lamento:

Este Patronato lamenta que sus esfuerzos, así como las diferentes notas conminatorias de la junta de gobierno encaminadas a evitar el cierre de los centros de nuestra Universidad, no hayan podido impedir lo que una estrecha colaboración entre los distintos estamentos universitarios y sociales hubiera podido conseguir en el momento oportuno, y espera que esta dolorosa experiencia sirva de llamada de atención a todas las personas que de buena voluntad desean, por encima de todo el engrandecimiento de nuestra Universidad.

37 AUVA FyL sesión de 4 de febrero de 1975, fol. 82 ss.

38 AUVA legajo 1553, sesión de 1 de febrero de 1975.

39 AUVA legajo 1553, 7 de febrero de 1975. "1. Que para garantizar el derecho y la libertad de los alumnos para entrar en clase frente a las coacciones de todo orden que se están produciendo por activistas, se disponga la presencia de la Fuerza Pública dentro de los claustros universitarios. 2. Se adopten medidas urgentes para exclusión de su presencia en la Universidad de aquellos profesores o alumnos inductores a conductas ilícitas. 3. Se prohíba el acceso al centro docente a toda persona ajena al mismo que no justifique su vinculación a aquél con el carné correspondiente. 4. Que se permita a los padres de los alumnos el acceso al centro docente donde sus hijos cursen estudios".

Con detalle informará igualmente a la junta de Medicina el decano Aguirre Viani, así como de cuanto sucedió en el centro hasta las dos de la tarde del 8 de febrero en que se recibió la OM de clausura⁴⁰. Tras ofrecer un certero análisis del asunto, el decano extrae estas conclusiones: 1. Las causas de la irregularidad de los últimos dos meses obedecen a "motivaciones primaria y fundamentalmente de orden extraacadémico". 2. El deseo de potenciar los intereses individuales y colectivos, también compartidos por la mayor parte de universitarios, ha sido exigido de forma violenta, sólo suscrita por una minoría. 3. La Facultad de Medicina no es el lugar de polémicas que escapan de su competencia. 4. Repulsa de la violencia, debiendo caminar por el diálogo. 5. Las sanciones desbordan el ámbito de la Facultad.

Las otras facultades invocarán la normalidad en sus centros —que ciertamente sólo era parcial— y, sobre todo, la desproporción entre la medida y los hechos. Eran razones suficientes para que Derecho reclamase la reapertura⁴¹, mientras que Ciencias, en sesión del 6 de febrero, entabla un largo debate y vota una resolución remitida a la junta de gobierno⁴².

Clausurados los cuatro centros universitarios, pocos se quedaron de brazos cruzados. Las juntas echaron su *cuarto a espadas* quejándose del desconcierto posterior y comprometidas en achicar los daños. Algo consiguieron, como fue el decreto del Consejo de Ministros autorizando exámenes en septiembre y prácticas durante el verano. Ya entrados en el nuevo curso, también se autorizó una convocatoria especial en enero para paliar los perjuicios que supuso anular los exámenes en junio⁴³.

A los intentos mediadores de los procuradores en Cortes por la provincia⁴⁴, se unió el acuerdo del Ayuntamiento que, el 27 de febrero, solicita audiencia del presidente del Gobierno y del ministro de Educación. Sólo consiguió la última el 9 de abril. También la opinión pública se refleja a través de los medios de información y diversas entidades (como Cáritas: es un perjuicio más general que el del colectivo estudiantil) en pro de reconsiderar la medida, sin tener nada que ver

40 AUVA libro 321, 20 de febrero de 1975, 112ss.

41 AUVA libro 2873, 11 de febrero de 1975, fol. 186v.

42 AUVA JF Ciencias, 6 de febrero de 1975, fol. 67: "Que antes de que la junta de gobierno adopte alguna medida de carácter grave que afecte a este centro, tenga a bien consultar el parecer de esta junta de Facultad, sobre la gravedad de los sucesos acaecidos y que, en caso de tomar medidas con carácter de urgencia, informe de las razones que motivaran su decisión".

43 AUVA legajo 1557. JG 20 de octubre de 1975.

44 Santiago López y Adolfo Sánchez, quienes intervienen en la sesión informativa de las Cortes reunida a la semana siguiente. Santiago López, anterior presidente del Patronato Universitario, califica de injusta la medida, enfrentándose con el Ministro por no haber recabado la opinión de ellos y del consejero nacional de la provincia. ENC 11 de febrero de 1975.

con la astracanada del ex ministro Julio Rodríguez⁴⁵. De cómo repercutió el cierre en la provincia queda, entre otros testimonios, el informe reservado dirigido a su superior inmediato por el delegado local de sindicatos de Medina de Ríoseco. Para este sindicalista

[...] el cierre de la Universidad de Valladolid creó en la villa un ambiente de tensión que aprovechan los elementos de la oposición para hacer campaña contra el Régimen.⁴⁶

Para atenuar los problemas que originó la clausura, los estudiantes coordinan la "Universidad paralela"⁴⁷. Creada de antemano, debido a la frecuente alteración del ritmo académico desde comienzos del curso, para elaborar apuntes y contar con el apoyo de los profesores, se convertirá en punto de encuentro para el futuro democrático. Resulta difícil precisar su alcance, aunque algunos estimen en doscientos los grupos de trabajo y cerca del 70% de los matriculados beneficiarios del material elaborado⁴⁸. Con todo, resulta un tanto desmesurado atribuirle el rango de una alternativa a la universidad tradicional.

A pesar de todo, el perjuicio estaba hecho. Desde marzo los periódicos acreditan la marcha del alumnado residente fuera de la ciudad. Hasta el nuevo curso académico, la Universidad quedó dormida. Según decía un chiste publicado por un periódico local: "Hablan de apertura y nos cierran".

Como si nada hubiese pasado, en octubre de 1975 el ministro sancionador Cruz Martínez Esteruelas preside en el paraninfo vallisoletano la toma de posesión del nuevo rector Arias Bonet, quien aprovechó la ceremonia para manifestar ante el ministro que la Universidad tenía problemas cuyo origen eran fuentes varias, siendo necesario prestar atención a ellas con medidas más eficaces para resolverlos. En fin, una denuncia y en público a quien no quiso ver la realidad auténtica del problema universitario⁴⁹. Mientras tanto, los estudiantes sancionados con

45 Telegrama que dirige a la Diputación, Ayuntamiento y Asociación de la Prensa censurando la medida que atribuye las reacciones a la falta de autoridad y haber aprovechado el decreto de asociación para que los ya organizados actuaran con más impunidad.

46 AHPV OS caja 3509

47 ENC 14 de marzo de 1975. El Consejo de Representantes contestará a las declaraciones del rector publicadas en *Arriba y El Norte* sobre la Universidad paralela. Según la Memoria 1975 del Gobierno Civil, hubo clases en locales cedidos por la parroquia de La Pilarica y peticiones para que se autorizasen clases en los de la parroquia del Cuatro de Marzo.

48 Cf. Ladero, Manuel Fernando (1995): "Universidad cerrada, universidad abierta. El cierre de la Universidad de Valladolid en 1975 y el surgimiento de una singular experiencia de enseñanza a distancia: la Universidad paralela" en Soto, Álvaro *et alii* (eds.): *Historia de la transición democrática en España (1975-1986)*, Madrid, UNED, II, pp. 579-587.

49 Martínez Esteruelas no quiso ver una vez más el problema político subyacente en la Universidad, como demostró la clausura de la Universidad de Valladolid. Ruiz Carnecer, Miguel Ángel (2001): *La España de Franco, 1939-1975. Cultura y vida cotidiana*, Madrid, Síntesis, p. 329.

anterioridad, una vez desaparecido el dictador, tuvieron que esperar el decreto de indulto (noviembre 1975)⁵⁰. Su aplicación se irá desgranando a lo largo del año 1976 produciéndose el levantamiento de las sanciones. A pesar de ello, la Universidad volverá a ser escenario reivindicativo, aunque de otra índole (en mayo del 76 se vive un paro generalizado por el decreto de cuatro convocatorias) y, todavía sin legalizar los partidos políticos, en los primeros tramos de la transición.

En definitiva, queda de manifiesto el triste final del SEU, sin que los cambios de última hora —el alumbramiento de las Asociaciones Profesionales de Estudiantes que mantenía el rango de organismo de gestión— detuvieran su destrucción. Ello no obsta para admitir su fuste externo en la liturgia académica, su presencia en los órganos colegiados y, en su caso, un cierto protagonismo denunciador de males que afligían a la institución y, de modo singular, su frontal oposición ante cualquier síntoma o sospecha de que otras instituciones fuera de la universidad pública pudieran recibir ventajas o privilegios. En el segundo decenio, si nos atenemos a los decretos y órdenes reguladores de las corporaciones estudiantiles, fracasó la reiterada reivindicación de libertad asociativa. Pero no se detuvo el descontento, cada vez mayor. Desde dentro o fuera de las asociaciones únicas legales para el gobierno, junto con las reivindicaciones de carácter académico o profesional, crecieron sin pausa las políticas en un proceso ascendente de conflictividad y rechazo del Régimen. Con ello primaba la recuperación de las libertades, aunque fuera preciso pasar de antemano por el flagelo del franquismo sancionador hasta el final de cuantos le eran contrarios. Fueron los años aciagos del tardofranquismo y del cierre de la universidad de Valladolid.

50 El rector señala entre los asuntos del Consejo de rectores: "Tal vez el asunto de interés general más importante es el de la repercusión del indulto en el ámbito universitario. Por la dirección general se hizo saber que estaban tratando de su aplicación, para lo que se había llevado a cabo el necesario estudio y que, en breve plazo, serían informados los rectores".

«... en este municipio no se conocía otra política que la de los bandos». Unha aproximación ó poder local na provincia de Ourense (1917-1936)

XULIO PRADA RODRIGUEZ
Universidade de Vigo

O nacemento e a permanencia do clientelismo político explícanse, en boa medida, pola imposibilidade do Estado liberal para canalizar e dar resposta ás diversas demandas da poboación, ocupar unha serie de espazos e asumir un número crecente de tarefas e obrigas cuxa satisfacción debe, en parte, delegar nunha serie de intermediarios. Loxicamente, o papel destes últimos tende a potenciarse a medida que se incrementa a dependencia e o baleiro comunicativo da sociedade respecto a instancias externas de poder, pois só co seu concurso resulta posible defender os intereses privativos dunha comunidade, colectivo ou individuo e acceder ós insuficientes e, polo mesmo, disputados recursos públicos. Os observatorios locais resultan especialmente axeitados para profundar en todos estes aspectos, pois constitúen o escenario histórico onde se libra esa negociación permanente entre o Estado (simbolizado pola figura do deputado do distrito e os seus funcionarios), os intermediarios e as elites locais e a masa cidadá. Como a historiografía ten sinalado reiteradamente, os actores que a protagonizan ostentan un status desigual, e desigual é tamén o intercambio mutuo que resulta da mesma, por máis que sempre responda á mesma lóxica: o tráfico de votos por favores. Estudiar en que medida a dinámica política ourensá entre a crise do sistema da Restauración e o inicio da guerra civil se adaptou ó cambio de réximes e continuou respondendo máis a criterios políticos tradicionais —“pre-políticos”, se se quere— que modernos, constitúe o obxectivo esencial deste traballo.

1. “Ha llegado para nosotros el momento más temido que esperado...”

Se algo caracteriza politicamente o período que media entre a gran crise de 1917 e o golpe de Estado de Primo de Rivera na provincia ourensá é o reforzamento do Partido Conservador fronte á caída en barrena do Liberal. Nas eleccións lexislativas de 24 de febreiro de 1918, os liberais ourensáns conseguiron reter unicamente só dúas das nove actas que se ventilaban na provincia: Valdeorras e Ourense. O partido xa daba daquela mostras da súa descomposición ata o punto de que a principal ameaza para o factótum do conservadorismo provincial, Gabino Bugallal Araújo, non proviña daqueles senón da fracción que seguía a Antonio Maura, cada vez máis organizada nas diferentes cabeceiras de comarca. De feito, os bugallalistas xa tiveron que empregarse a fondo nestes comicios para impedir a elección dun prometedor mozo que ousara desafialos nun dos seus feudos, o distrito do Carballiño: José Calvo Sotelo. Outro maurista, o conde del Moral de Calatrava, revalidara a súa acta, como viña facendo ininterrompidamente dende 1903, polo distrito de Trives, mentres que Eduardo Cobián Roffignac, que principiara a súa carreira da man de Bugallal e de Fernández Villaverde, recalara na fracción *canalexista* do Partido Liberal e daquela declaraba a súa lealdade a Antonio Maura, obtiña escano por Xinzo de Limia.

Cando, en abril do ano seguinte, Maura recibiu o encargo de formar Goberno, esta vez co decreto de disolución das Cortes na carteira, os seus seguidores en Ourense viron chegada a ocasión para asestar un duro golpe ós “idóneos”. Se cadra non había concello ó que non chegasen os longos tentáculos de Bugallal, polo que a loita se formulaba en termos manifestamente desiguais, mesmo contando cos nada desprezables recursos do Ministerio de Gobernación, daquela en mans do que fora presidente das xuventudes mauristas, Antonio Goicoechea. Ata cinco actas, afirmaba un nada realista Calvo Sotelo, era posible conseguir na provincia nunha carta dirixida a Gabriel Maura; como mínimo dúas ou tres, en caso de pacto co sector comandado por Dato, unha posibilidade que o mozo tudense non rexeitaba de plano a diferenza doutros compañeiros de militancia¹.

Aqueles comicios do 1 de xuño de 1919 puxeron en evidencia a fonda crise en que se atopaba sumido o sistema político da Restauración e a descomposición interna dos partidos, antano conducidos con man firme por Cánovas e Sagasta. Tamén exteriorizaron a intensa loita de bandos que se viviu en numerosos municipios nos que os máis diversos intereses forzaron estrañas alianzas máis ou menos conxunturais. Sen ir máis lonxe, o enfrontamento entre Calvo Sotelo e Leopoldo García Durán no Carballiño concitou arredor do primeiro un conglomerado no

1 Cít. en Bullón de Mendoza, Alfonso (2004): *José Calvo Sotelo*, Barcelona, Ariel p. 88; cfr. a oposición do conde de Vellellano a calquera transacción en *ibidem*.

que se mesturaban mauristas, agrarios, socialcatólicos, rexionalistas, algún vello tradicionalista e os contados liberais que aínda conservaban algunha influencia logo de dúas décadas de monopolio conservador-bugallalista. Pola contra, Maura conseguiu sacar polo artigo 29 ó seu secretario político, Prudencio Rovira Pita, electo no distrito de Trives por deferencia do conde del Moral.

Aínda máis sorprendente foi o caso da capital da provincia, un distrito tradicionalmente alternante pero no que dende 1905 parecera consolidarse Vicente Pérez Pérez, electo de xeito ininterrompido agás nos comicios de 1914. D. Vicente quixo asegurar a súa acta pactando co mesmísimo conde de Bugallal; este, “que no era Gobierno, que estaba en un sector de la política pasivo, en lo que se refiere a la Autoridad electoral, estimó conveniente [...] pactar [...]. Y D. Vicente Pérez recibió el espaldarazo por el que se consideraba un candidato sin contendiente, y lo recibió del Gobierno, que no le puso enfrente candidato alguno, y lo recibió del Sr. Bugallal, que tampoco quiso presentarle lucha”². A manobra non foi do agrado dun grupo de “xoves turcos”, prestos a disputar ó seu xefe de filas non só a acta, senón a xefatura do partido na provincia, contando para isto co apoio do activo núcleo maurista da capital, os republicanos e a propia Casa do Pobo. A batalla polo control do *Liceo Recreo*, un dos espazos privilexiados de sociabilidade daquel Ourense de principios de século, amosou que a común xenreira contra Bugallal podía facer insólitos compañeiros de tálamo³, pero nada facía presaxiar que a fondura da crise liberal chegase a tales extremos.

A cabeza visible da operación para desbancar a Pérez era o avogado Fernando Ramos Cerviño, que asumira a representación política daquel cando finara o seu pai, José Ramos Campo, e principiara coa súa protección unha meteórica carreira política: concelleiro, deputado provincial e presidente da Deputación. O deputado en Cortes ourensán, coidando que tiña asegurada a súa elección polo artigo 29 logo do acordo ó que chegara co líder conservador, sorprendeuse cando foron proclamados candidatos Eladio López e Bernardino Temes, este último irmán político de Ramos Cerviño. Daquela, aínda confiado neste último, concedeu plenos poderes a Vicente Requejo, un home de palla, toda vez que Ramos Cerviño pertencía á Xunta Provincial do Censo e non podía ostentalos. Mais foi este último quen mantivo o control sobre o nomeamento de interventores ata facer oficial a súa presentación como candidato no intre en que se esgotaba o prazo legal. Catro días antes da elección, Pérez recibiu unha carta na que a plana maior

2 *Diario de Sesións do Congreso* (24 de xullo de 1919, Apéndice num. 16, p. 443).

3 Duran, José Antonio (1991): “Función del calvosotelismo en la articulación de la derecha autoritaria (El caso de Ourense)”, en Castro, Xavier e de Juana, Jesús (eds.): *VI Xornadas de Historia de Galicia. Mentalidades colectivas e ideoloxías*, Ourense, Deputación Provincial de Ourense, p. 112.

do liberalismo ourensán anunciaba “su disconformidad con la actuación política de usted y con el derrotero, en nuestro concepto suicida, que impone usted a nuestra vida pública”. O mesmo día dos comicios, un manifesto anunciaba que o comité liberal do distrito acordara presentar a candidatura de Ramos polas “Irreductibles diferencias surgidas entre la casi totalidad de los elementos que integran el partido liberal orensano y [D. Vicente Pérez]”, ó tempo que aludía á necesidade de manter integramente o programa do partido “libre de contubernios y pactos depresivos”⁴.

Nada puido facer o vello liberal para darlle a volta á situación: dun censo de 10.881 electores, obtivo unicamente 563 sufraxios —a práctica totalidade na capital— grazas á mecánica precisión con que funcionaron os mecanismos de control caciquil en numerosos municipios dos arredores de Ourense nos que nin sequera abriron os colexios electorais; os alcaldes, facendo bo o dito de que “auga pasada non move muíños”, non fixeron ningún movemento para impedir que os disidentes baleirasen o censo en favor do seu candidato sen oposición. Os posteriores comicios ó Senado e a elección de deputados provinciais certificaron a desfeita dos “vicentistas”, que non obtiveron representación. Mais, como cabía agardar, foron os conservadores os grandes beneficiados desta situación. Nas eleccións de 1920, Antonio Taboada Tundidor, fillo do avogado do Estado, ex-alcalde de Ourense e presidente da Deputación Provincial Juan Taboada González, fíxose coa representación do distrito; tres anos máis tarde, malia que foron convocadas por un goberno de significación liberal, conservou o seu escano certificando a desfeita do Partido Liberal na provincia: só Francisco Barber Sánchez, que arraiagara en Valdeorras dende 1914, puido manter a súa acta baixo tales siglas. No propio concello da capital, os conservadores gañaron as eleccións de 1922 rematando coa hexemonía liberal conseguida cinco anos antes⁵.

O retroceso dos liberais e a mesta rede de relacións, concupiscencias e intereses articulados pola saga dos Bugallal ó longo de décadas favoreceu que, no ámbito local, a política de bandos fose creando as máis dispares alianzas, como vimos de apuntar nos casos do Carballiño e Ourense. Alianzas entre fraccións rivais dos dous partidos dinásticos e entre sectores excluídos da quenda con bases sociais ben diferentes. Este era o caso dos agrarios, moi desigualmente implantados na provincia en vésperas do golpe de estado de Primo de Rivera: a escaseza das sociedades de resistencia no centro, o leste e o sur da provincia —onde menor era

4 *Diario de Sesións do Congreso* (8 de xullo de 1919, Apéndice núm. 25, pp. 1-2 e 24 de xullo de 1919, Apéndice núm. 16, pp. 440-452; as comiñas en pp. 44 e 445).

5 Bermejo Pumar, M.^a Cristina (1987): “Las elecciones municipales en Orense (1899-1931)”, *Boletín Auriense*, XVII, pp. 282-283.

a importancia do foro— contrastaba cos partidos xudiciais da capital e de Ribadavia, nos que, ademais, se libra unha intensa batalla entre as sociedades agrupadas na Federación Provincial Agraria e o sindicalismo católico, e entre aquelas e os foristas⁶.

A aparición do Partido Reformista de Melquíades Álvarez fixo que moitas destas sociedades intuísen nel un posible aliado, seducidas polo seu discurso anticaciquil: o 7 de agosto de 1922, no Teatro Principal, o seu líder compartiu tribuna, entre outros, con Basilio Álvarez e Justo Villanueva nun mitin no que os oradores se despacharon a gusto co bugallalismo imperante⁷. Tamén dirixentes locais de sensibilidade socialista, particularmente en concellos próximos ó da capital, viron nelas unha alternativa útil para desgastar as estruturas caciquís vixentes ó tempo que eficaces instrumentos de medre persoal para facilitar o seu acceso ó poder local⁸. E outro tanto acontece con algunhas das autotituladas Xuntas de Defensa Anticaciquil. A de Quintela de Leirado, por exemplo, fundada cara a febreiro de 1918, converterase nunha escola de formación de futuros líderes da política local: a entrada dun dos seus membros na corporación que preside o bugallista Constantino Domínguez, máis que un “intento de renovación do vello caciquismo conservador ante os cambios que se avecinaban”⁹, parece certificar a bondade dunha de tantas estratexias de promoción dos seus dirixentes e a capacidade de adaptación e de integración amosada por certos notables locais que, como neste caso, non semellaban contar con sólida oposición nos seus particulares feudos¹⁰.

Con tal panorama político e social, nada ten de sorprendente que o golpe de Estado de Primo de Rivera recibise o apoio de numerosos sectores políticos e sociais da provincia. En primeiro lugar, das sociedades agrarias vinculadas a Basilio Álvarez e ó xornal *La Zarpa*. Tamén de diversos grupos que se movían nos difusos contornos do Pazo Episcopal, caso de *La Región*, dos restos do sindicalismo católico, asociacións relixiosas, etc. De determinados círculos galeguistas de base católica, simpatías agrarias, discurso anticaciquil e confianza nas imprecisas promesas dunha Mancomunidade. Naturalmente, da patronal e da maioría das

6 Cabo Villaverde, Miguel (1998): *O agrarismo*, Vigo, Promocións Culturais Galegas, S. A., p. 147.

7 Valcárcel López, Marcos (1992): *Ourense, 1931-1936: Estructura económica e comportamentos políticos*, Tese de doutoramento, pr. m., pp. 149-150.

8 Cfr. Soutelo Vázquez, Raúl (1999): *Os intelectuais do agrarismo. Protesta social e reformismo agrario na Galicia rural: Ourense 1880-1936*, Vigo, Servizo de Publicacións da Universidade, pp. 196 e ss.

9 Castro Pérez, Felipe (2007): “Poder local, formación da esquerda e represión no concello de Quintela de Leirado”, pr. m.

10 Como é coñecido, moitos dos movementos políticos anticaciquís do rural galego estaban intimamente ligados cun bando de poder alternativo, con elites locais descontentas, sindicatos católicos agrarios ou fraccións locais adscritas circunstancialmente ó maurismo (véxase Núñez Seixas, Xosé Manoel e Grandío Seoane, Emilio (1997): “Clientelismo político y derecha autoritaria en la Galicia de la II República: Una aproximación a través de la correspondencia de Calvo Sotelo”, *Spagna contemporanea*, 12, pp. 68-69).

familias que constituían a elite económica da capital e do resto da provincia, moitas delas vinculadas ós políticos tradicionais agora en aparente retirada...

Entre as primeiras decisións adoptadas polo ditador estivo a destitución, o 30 de setembro, da totalidade dos concellos existentes no intre do golpe. O 1 de outubro, o coronel Benjamín Ortiz García fixo público un bando no que ordenaba que os concelleiros fosen substituídos por vogais asociados do mesmo concello que constituían a Xunta Municipal e elixisen entre eles o alcalde á espera do nomeamento definitivo das novas xestoras. Os delegados gubernativos militares, aconsellados polas "persoas de orde", son os encargados de designar os integrantes dos novos concellos, ás veces logo dun período de provisionalidade máis ou menos amplo. Carecemos aínda de traballos que permitan seguir en profundidade a evolución da totalidade destas corporacións, determinar a procedencia ideolóxica e social dos seus membros e precisar a que intereses servían. Cando menos nun principio, parece evidente un maior pluralismo nos novos representantes municipais fronte ó carácter pechado das anteriores elites locais. Na capital provincial, entre os concelleiros nomeados figuran dende mauristas (Olegario Muñiz Álvarez e Marcial Ginzo Soto, ambos os dous alcaldes en diferentes intreos) a socialistas (Manuel Suárez Castro), pasando por persoeiros vinculados ás antigas fraccións dinásticas (Alejandro Mosquera Caride), representantes de sociedades obreiras (Miguel Serantes Bóveda e José González Casasnovas), agrícolas (José Pereira Rodríguez, polo do Sindicato Católico de Seixalbo), da patronal (Alfredo Romero Escudero, da Cámara de Comercio) e do mundo da cultura (Cándido Cid Rodríguez, da Comisión de Monumentos), etc.

Non acontece exactamente o mesmo coa Deputación: o decreto de 12 de xaneiro de 1924 establecía que formarían parte das novas Deputacións interinas maiores de 25 anos que posúesen título profesional ou fosen maiores contribuíntes ou representantes de corporacións culturais, industriais e profesionais. Este é, certamente, o perfil dos novos xestores ourensáns: un industrial, un obreiro, dous médicos, dous farmacéuticos, tres catedráticos, dous xenerais retirados, tres avogados... Pero dende o punto de vista da extracción política, o predominio de persoeiros vinculados á fracción maurista do Partido Conservador e a Calvo Sotelo é abafante: os xenerais retirados Tomás Fernández Rogina e Celso Casar Blanco (respectivamente, presidente e vicepresidente), o catedrático Emilio Amor Rolán, os avogados Emilio Gómez Arias, Miguel Moreiras e Arturo Salgado Biempica (segundo vicepresidente), o farmacéutico Modesto F. Román, os propietarios Luis Meleiro Tejada e Demetrio Macia Valcarce, Arturo Rodríguez Sieiro... A carón deles aparece un segundo núcleo de deputados relacionados directamente coa comisión organizadora provincial do Somatén, caso dos vogais Luis Conde Balvis, Luis Conde Cid, Arturo Rodríguez Sieiro, Benigno Gallego Bazal e Carlos Sánchez

García, representantes, respectivamente, das comarcas de Xinzo, Allariz, Carballiño, Verín e Ribadavia. Todos eles de inequívoca militancia monárquica, a maioría moi vinculados ós círculos católicos (mesmo o único obreiro presente na corporación, José María Cid Morenza, traballaba en *La Región*) e futuros membros activos da Unión Patriótica. Mais tampouco podemos esquecer a presenza na Deputación do nacionalista Vicente Risco (que non tardará en abandonar cando vexa frustrada a súa esperanza de crear unha Mancomunidade galega)¹¹, do tesoureiro da Federación Rexional Agraria Manuel Picouto e do republicano Luis Fábrega Coello, un bo exemplo desa inicial pluralidade controlada do novo réxime.

A loita contra o caciquismo do cirurxián de ferro concretouse na persecución desatada contra numerosos notables locais e cabezas visibles de anteriores corporacións. Así, entre outros, pasaron polo cárcere os ex-alcaldes de Trasmiras, Sandiás, Punxín, Vilariño de Conso, Verín e Vilardevós, ex-secretarios de Trasmiras, San Amaro, Laza, os ex-depositarios de Moreiras e Trasmiras, os ex-recadadores de Maside e Verín, o deputado provincial de Baños de Molgas Augusto Merino...¹². Moitos deles serían posteriormente desterrados a Ferrol, Santiago e León. Paralelamente, levábase a cabo unha fonda renovación de numerosos concellos, cando menos no que atinxe ós nomes representados. No Carballiño, por exemplo, ningún dos 16 xestores que tomaron posesión o 2 de outubro de 1923 estivera presente no concello durante a Restauración; na completa renovación de xaneiro de 1924 só repite un concelleiro que desempeñara o mesmo cargo en 1921. En Barbadas, dos 19 concelleiros designados entre outubro de 1923 e abril de 1924, só un deles formara parte de corporacións anteriores ó golpe. En Vilamarín, dos 34 nomes que se suceden na corporación durante o mes de outubro de 1923, só tres foran concelleiros con anterioridade, dominando entre eles os de extracción agraria e os liberais próximos á familia Mosquera, parte de cuxos membros optarán en febreiro de 1936 pola candidatura centrista; porén, dos 14 nomes que integran a corporación que se reorganiza entre marzo e setembro de 1928, cinco xa tiveran responsabilidades municipais previamente.

Renovación de nomes non significa, en todos os casos, que os hábiles muñidores da quenda que permanecían na sombra perderan capacidade de influencia. Por exemplo, o médico de Lobios, Antonio Lorenzo Rodríguez, sempre vinculado á figura de Gabino Bugallal, formou parte como vogal da directiva da Unión Patriótica de Lobios ó mesmo tempo que se desfacía en eloxios cara a Calvo Sotelo; mais, dimitido Primo de Rivera, faltoulle tempo para poñerse ó servizo do representante provincial do líder conservador na provincia cando Berenguer foi

11 Sobre o posicionamento dos sectores nacionalistas véxase *A Nosa Terra*, 1 de outubro de 1923, que gaba o golpe de Estado polo que tiña de anticaciquil e contrario á "noxenta politiquería" que dicían combater.

12 Valcárcel López, Marcos (1992): *Op. cit.*, pp. 149-150.

nomeado xefe de Goberno¹³. En Amoeiro, pola contra, Emilio González Diéguez, cabeza visible do bando liberal, conseguiu acceder á alcaldía en outubro de 1924 desprazando os bugallalistas, oportunamente reconvertido en upetista. En Verín, basta seguir os numerosos cambios da súa corporación para descubrir unha chea de apelidos vinculados ós bandos políticos enfrontados na etapa da Restauración, incluídos alcaldes que xa o foran en diferentes intríns das primeiras décadas de século, caso do liberal Hermenegildo Fuentes Oterino e do conservador Antonio Oterino Cid, a carón de militares, agrarios e mesmo obreiros; o caciquismo, como apuntaba X. Dasairas, seguía a funcionar sen trabas¹⁴, cousa por certo facilmente explicable nun concello no que un dos principais cabezas visibles do bando liberal oposto ó bugallalista Luis Espada, Laureano Peláez Canellas, rematou por pasarse ó bando conservador coas súas clientelas no medio da desfeita xa comentada.

A mestura de intereses que apoia o golpe vai confluír, como apuntamos, no experimento da Unión Patriótica (UP), que na provincia se declara inimiga acérrima do bugallalismo¹⁵. Nada ten de estraño que as detencións gubernativas e os desterros apuntados coincidan cos primeiros movementos para articular tal plataforma na provincia e asentarmos os novos xestores dos concellos primorriveristas: afastar os vellos notables das súas bases de poder semellaba a única garantía medianamente sólida para impedir que, a través de elementos interpostos, manobrando desde a penumbra como viñan facendo dende décadas atrás, se fixesen co seu control. Tampouco sorprende que no manifesto da Unión Ciudadana de Orense, xermolo daquela, e na xuntanza do 1 de marzo de 1924 figuren senlleiros persoeiros que aceptaran diferentes cargos nas institucións de poder local do Directorio, caso dos presidentes das comisións xestoras da Deputación e do Concello. O cal, por certo, certifica, como en tantos outros concellos, que tanto protagonismo tiveron aqueles na organización das distintas seccións provinciais e locais da UP como esta funcionou de oficina de recrutamento de cargos. Non faltan tampouco a maioría dos membros dos comités mauristas das diferentes cabeceiras de partido que xa en 1918 apostaran pola candidatura de Calvo Sotelo e que agora incluso discreparán co vello patriarca polas críticas vertidas contra o ditador. Pero entre os nomes, ben é verdade que en menor proporción, tamén figuran dende sectores católicos a homes próximos á UXT e ó PSOE, pasando

13 AHPOU, Fondo TRRP, expediente 1/1939. En febreiro de 1936, sen descoidar os compañeiros do seu antigo xefe de filas, José Sabucedo Morales, apoiou especialmente as candidaturas do Centro Portelista, nas que figuraba un irmán seu, o inspector de Ensino Primario Benito Luis Lorenzo Rodríguez.

14 Cfr. para os sucesivos cambios de corporacións dende a etapa da Restauración Dasairas Valsa, Xerardo (1999): *Crónicas rexiomontanas. O Territorio e História na Comarca de Monterrei*, Vigo, ed. do autor.

15 Véxase Prada Rodríguez, Xulio (2005): *A dereita política ourensá: monárquicos, católicos e fascistas (1934-1937)*, Vigo, Servizo de Publicacións da Universidade, pp. 18 e ss.

por conservadores, liberais, agrarios e galeguistas. Un multiforme conglomerado, coherente cos apoios colleitados inicialmente por aquel.

Oficiais retirados, conservadores, románticos do moderantismo, indianos, oligarcas de aldea e gran parte dos cadros do movemento agrario nutriron, como sinalaba Xosé Ramón Barreiro¹⁶, as ringleiras da UP en Galicia e, por extensión, as oligarquías locais que entraron a formar parte dos concellos primorriveristas. Pero foi a tríade maurismo-agrarismo-rexionalismo a que máis cadros políticos proporcionou ó ditador na provincia ourensá. O catolicismo e o común discurso anticaciquil, basicamente pola súa longa travesía no deserto excluídos da quenda, soldaron un conglomerado que, en distritos como o de Trives, xa viña funcionando dende os tempos da Restauración arredor da figura de Rovira Pita. O notable pluralismo ideolóxico, a falta de vertebración organizativa do poliédrico agrarismo e a extracción sociolóxica de parte dos seus líderes (en especial dos que non atoparan acomodo na tradicional política de bandos e souberon albiscar a tempo as posibilidades de promoción abertas pola nova conxuntura) contribuíron decisivamente a que a Ditadura puidese incorporar este sector.

Asistimos, por tanto, a un significativo proceso de renovación das elites locais que, así e todo, terá evidentes limitacións temporais e espaciais. Sen ir máis lonxe, os cambios que se operan na cúpula da Unión Patriótica en 1927 permiten albiscar un nidio xiro conservador que certifica a erosión que están a sufrir os seus apoios: só os sectores mauristas vinculados a Calvo Sotelo seguen apostando sen fracturas polo réxime. Mentres, alí onde os difíciles equilibrios do poder local conducen á renovación, total ou parcial, das corporacións a partir da segunda metade de 1927 é relativamente frecuente observar a significativa presenza de representantes da “vella política” nunha proporción aínda cativa, pero que anuncia o que non tardará en chegar.

2. “O retorno do Fénix”: o poder local durante o primeiro bienio republicano
A Ditadura, sinala Ramón Villares, ó liquidar a “vella política”, non foi quen de substituíla por unha nova e, en troques daquela, o que quedou foi “un páramo que axiña levaría por diante a propia monarquía”¹⁷. De feito, na capital ourensá e nas principais cabeceiras de comarca, o segundo semestre de 1930 rexistra un destacado incremento da actividade opositora, segundo confirman testemuños contemporáneos como o de Luís Soto¹⁸. Os elementos republicanos, articulados

16 Barreiro Fernández, Xosé Ramón (1982): *Historia Contemporánea de Galicia. De la Guerra de la Independencia al Postfranquismo (1805-1983)*, A Coruña, Ediciones Gamma S. L., vol. I, p. 439.

17 Villares Paz, Ramón (2005): “Restauración y Dictadura en Galicia (1874-1930)”, en Juana, Jesús de e Prada, Julio (coords.): *Historia Contemporánea de Galicia*, Barcelona, Ariel, pp. 222 e 225.

18 Arquivo Histórico Provincial de Ourense (AHPOU), Fondo Luís Soto, caixa 54.634, carpeta núm. 86.

arredor da Federación Republicana de Ourense (FRO), integrados na súa homónima galega, son os que se amosan especialmente activos, multiplicando os seus comités locais nun apresurado intento de espallar as súas febles bases organizativas. Con todo, haberá que agardar ata que se faga pública a convocatoria electoral no mes de marzo de 1931 para que os tres máis importantes grupos opositores —republicanos, socialistas e galeguistas— se decidan a facer uso de toda a munición de que dispoñen.

Tampouco os sectores monárquicos permanecen inactivos. Ben é certo que as vellas redes caciquís tributarias dos dous partidos dinásticos se atopaban en estado crítico cando o xeneral Berenguer asumiu o poder en xaneiro de 1930. Pero aínda que feridas, axiña darán mostras dunha envexable capacidade de rexeneración en toda a provincia, limitada, con todo, ás que, momentaneamente, renovan a súa aposta polo conde de Bugallal. Entre febreiro e marzo de 1930 a hidra do caciquismo retornou ó poder por decisión governamental disposta a recuperar o terreo perdido durante a Ditadura. Por continuar coa secuencia de concellos antes empregada: no Carballiño, dos doce concelleiros designados o 26 de febreiro para facerse cargo do concello nada menos que dez, o 83,33%, tiveran responsabilidades municipais entre 1917 e 1923; o 1º tenente de alcalde e home clave da corporación, Maximino Prada Pérez, xa ocupara a alcaldía en 1920. En Vilamarín, esta porcentaxe redúcese ata o 52,63%, aínda que neste caso tamén forman parte da corporación dous concelleiros designados en marzo de 1928, aínda gobernando Primo de Rivera; entre os que repiten está o alcalde Ramón López Coba, conservador bugallalista que xa exercera de tal en 1922. En Cartelle o 41,67% dos elixidos para o cargo tiveran previamente responsabilidades municipais, incluído o alcalde, Lino Guntín Fernández, que tamén ocupaba este posto en setembro de 1923; como no caso anterior, tamén había un concelleiro designado en outubro de 1927. Tamén en Quintela de Leirado acceden ó poder antigos concelleiros que formaran parte dalgunha corporación bugallalista¹⁹.

O retorno á alcaldía de vellos fautores da política local tamén se observa en toda a comarca do Támea, como acontece en Laza con Ramón Carnicero, en Vilardevós con Mauro Núñez, en Cualedro con Luis Taboada... Dende logo, tal renacer non é patrimonio exclusivo dos bugallalistas: no concello do Barco de Valdeorras, feudo liberal de Barber Sánchez, retornan ó poder os mesmos que o viñan exercendo dende 1918 ata o golpe do marqués de Estella²⁰. Mesmo na cor-

19 Algún deles, como o indiano José Estévez González, de longa traxectoria: concelleiro na última corporación da Restauración, recuperado en febreiro de 1930, 2º tenente de alcalde dende abril dese mesmo ano, rexedor síndico na primeira corporación republicana e concelleiro coa Fronte Popular (véxase Castro Pérez, Felipe (2007): "Op. cit.").

20 Gurriarán Rodríguez, Ricardo (2005): *Gonzalo Gurriarán Gurriarán (1904-1975)*, O Barco de Valdeorras, Instituto de Estudos Valdeorreses, p. 138.

poración de Verín non é difícil albiscar a coincidencia no seu seo das diferentes fraccións monárquicas dominadas polos tradicionais apelidos: ex-conservadores, ex-liberais, ex-upetistas.

Non se pode dicir, por conseguinte, que a convocatoria electoral collese de sorpresa nin a monárquicos nin a republicanos. Os comicios do 12 de abril de 1931 deron lugar a situacións moi diversas na provincia. Houbo concellos nos que a fortaleza dos notables fieis ós antigos conservadores permitiu a estes recuperar o control do poder local sen oposición nin necesidade de pacto: coma nos vellos tempos da Restauración, a súa longa man mesmo impediu a proclamación dos candidatos da oposición, segundo denunciou a prensa republicana en varias ocasións durante o mes de abril. Así se explica que dos 26 concellos en que se aplicou o artigo 29, 22 fosen para os conservadores: un total de 247 concelleiros (máis do 80% dos así proclamados e o 21,48% do total de postos a cubrir)²¹. Noutros, integraron a liberais mentres se enfrontaban cos apoios da Unión Monárquica Nacional (UMN); noutros, uns e outros concorreron baixo o mesmo paraugas, como acontece no Carballiño, Maside, Cea, Ribadavia e Verín, onde os conservadores e a UMN repartiron os postos en liza²²; e nos menos, republicanos dun signo e seguidores de Calvo Sotelo farán fronte común contra o vello caciquismo bugallalista aliado con outra fracción republicana.

Na capital provincial, por exemplo, os monárquicos non conseguen pactar unha lista unitaria, polo que o número dos seus candidatos (16 conservadores, 4 liberais e 8 da UMN) supera en cinco os postos a cubrir²³. José Sabucedo Morales, xefe de filas dos bugallalistas, foi dos primeiros en intuír os perigos que tal división podía xerar, pero os seus chamamentos foron en balde. No Barco de Valdeorras, a maioría dos restos do antigo Partido Liberal pasáronse “a aquela amalgama rexional-republicana-agrarista” de Basilio Álvarez. Nada que sorprenda se temos en conta que, en abril, concorreron irmandados cos lerrouxistas da Alianza Republicana e cos bugallalistas por unha banda, e os azañistas de Acción Republicana e a Unión Monárquica Nacional por outra²⁴. E non menos leccionador é o caso de Amoeiro: Castor Sánchez Martínez, o vello loitador agrario, militante do PSOE e artífice da transformación das antigas sociedades agrarias en sindicatos de campesiños e oficios varios vinculados dende finais dos vinte á UXT, pacta co

21 Cabo Villaverde, Miguel e Soutelo Vázquez, Raúl (2000): “As liñas tortas da República: unha visión de conxunto sobre o poder local na provincia de Ourense, 1931-1936”, *Grial*, 148, p. 625.

22 Alfonso Bozzo, Alfonso (1976): *Los partidos políticos y la autonomía de Galicia, 1931-1936*, Madrid, Akal, p. 53.

23 Valcárcel López, Marcos (1992): *Op. cit.*, p. 647.

24 Gurriarán, Rodríguez, Ricardo (1999): *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*, Sada, Edicións do Castro, pp. 37 e 50.

vello notable local, Antonio Miranda Altamirano, tres postos polas minorías nas eleccións do 12 de abril de 1931; o acordo certifica o retorno ó poder dos antigos bugallistas e dun sector dos agrario-socialistas contrario ó conglomerado upepista que controlara o concello na etapa da Ditadura²⁵.

A elevada porcentaxe de concelleiros que non declaran a súa filiación e a abundancia de “etiquetas” de difícil adscrición impídenos cartografar con exactitude os resultados electorais do 12 de abril de 1931 nos distintos concellos da provincia, o cal non é obstáculo para ofrecer unha síntese impresionista do acontecido na maioría deles. Na capital provincial produciuse un virtual empate entre concelleiros monárquicos e republicanos, aínda que o sorteo entre dous candidatos que obtiveran o mesmo número de votos deu á coalición republicano-socialista a maioría no concello. No resto da provincia, as candidaturas monárquicas impuxéronse con absoluta claridade: nos casos xa indicados por aplicación do art. 29, noutros acudindo ós tradicionais mecanismos de fraude e noutros por total ausencia de oposición organizada²⁶.

A proclamación da República, dous días máis tarde, alterou fondamente os equilibrios de poder vixentes ata entón. Aqueles comités republicanos que viron nacer apresuradamente durante a “Dictabrandá” constituíron o principal soporte do novo réxime no ámbito rural. Deles van saír os homes que se poñan á fronte das manifestacións que nas principais vilas e aldeas festexan a caída da Monarquía; os seus líderes serán os primeiros en asinar as protestas denunciando as coaccións exercidas polos elementos “monárquico-caciquís” e clamando pola repetición dos comicios; deles sairán tamén os primeiros xestores e alcaldes nomeados polos delegados gubernativos que se fan cargo do poder local coa misión expresa de preparar as novas eleccións. Unha circular do Ministerio de Gobernación, convertida en Real Decreto o día 19, proporcionou a base legal para revestir de legalidade os feitos consumados: no seu apartado 2º, ordenábase aprazar interinamente a formación daqueles concellos nos que existisen protestas e constituír no seu lugar comisións xestoras integradas por un presidente e un número de vogais igual ós distritos electorais nos que se atopaba dividido o municipio. Foi o paso previo para que se decretase a repetición dos comicios na totalidade da provincia, excepción feita da capital.

Vexamos, por exemplo, o que acontece nalgúns concellos das terras de Orrellón. No Carballiño, na tarde do día 17, o avogado Felisindo Álvarez Xesteira, líder do Partido Republicano Radical Socialista (PRRS), presentouse na casa do

25 Cfr. Prada Rodríguez, Julio (2004): *Ourense 1936-1939. Alzamento, Guerra e Represión*, Sada, Edicións do Castro, p. 149 e ss.; Soutelo Vázquez, Raúl (1999): *Op. cit.*, p. 198.

26 Cfr. as cifras indiciarias que ofrece Ben-Ami, Shlomo (1990): *Los orígenes de la Segunda República: anatomía de una transición*, Madrid, Alianza Editorial, p. 290 e ss.

concello e esixiu, en calidade de delegado gubernativo, a renuncia do alcalde en funcións, M. Prada Pérez. Malia que este último tiña instrucións telegráficas de constituír a corporación cos candidatos proclamados pola Xunta do Censo o día 16, a desorientación dos conservadores locais e o plebiscito da rúa fixéronlle entregar o bastón de mando para “[...] evitar cualquier alteración del orden que parece avecinarse”²⁷. Daquela tomou posesión unha xestora de cinco membros, presidida polo propio Xesteira, na que había representación das diferentes sensibilidades republicanas (PRRS e Partido Radical —PRR—) e do PSOE. As novas eleccións, celebradas o 4 de xullo, certificaron a conformación dunha nova maioría que reproducía mecanicamente os equilibrios da corporación que as convocara. Dende logo non todos eran “republicanos incontaminados”, comezando polo 1º tenente de alcalde, José Benito Fraguas Puga, que xa fora concelleiro en abril de 1922, ou de Manuel Vázquez, que tamén ocupara tal cargo na etapa de Berenguer.

Avión, pola súa banda, era o clásico municipio onde ós conservadores fieis a Gabino Bugallal exercían un control practicamente absoluto da vida política local. A proclamación da República descolocou por completo os seus representantes políticos no concello que, porén, non tardaron en reaccionar. O primeiro paso foi atopar unha persoa sen un pasado político, Raúl Montes Moreira, que, ademais, tiña amizade co primeiro gobernador civil republicano, o casarista Poza Juncal, co que cursara estudos de Bacharelato. Montes, nado en México e fillo de Domingo Montes, un retornado americano de significación bugallalista, “por encontrarse en desahogada posición económica y de excelentes antecedentes familiares [además de los] suyos propios, gozando de gran prestigio en el país por la bondad de su carácter y excelentes condiciones”, aceptou a designación como novo cabeza visible do conservadorismo local transformado en republicano. Daquela, organizouse a Agrupación Republicana Agraria de Avión, unha plataforma política sen outra intención que a de permitir que os seus fautores escapasen da persecución gubernamental ós antigos monárquicos. De seguida, os “agrarios republicanos” de Avión solicitaron o seu ingreso no PRR e accederon sen a menor dificultade ó concello por elección popular: nas eleccións de maio conseguiron o “copo” ó facerse cos trece concelleiros que integraban a corporación²⁸.

27 As comiñas en *Libro de Actas de Pleno do concello do Carballiño*, sesión correspondente ó 17 de abril de 1931.

28 As comiñas en AHPOU, Fondo TRRP, expediente 142/1937. Montes marchou en setembro de 1935 a Madrid para tomar parte nas oposicións a médicos-forenses pero mantivo o seu predicamento no concello ata o punto de que nun mitin electoral os representantes da Fronte Popular en Ribadavia pediron “[...] los mayores castigos para éste, toda vez que lo consideraban como uno de los enemigos de mayor solvencia electoral del partido en contra de las candidaturas por ellos patrocinadas” (*ibidem*). Coa vitoria das esquerdas esta corporación, controlada por notables de significación bugallalista que ingresaran no PRR e se mantiveran no poder durante toda a etapa republicana, foi finalmente destituída: o 14 de marzo de 1936 o gobernador

Moito máis complexo é o caso de Valdeorras²⁹. En boa parte da comarca as candidaturas monárquicas acadaran a maioría o 14 de abril; no Barco, escenario das peculiares alianzas xa comentadas, segundo afirmaba *El Pueblo Gallego* na súa edición do día 15, os republicanos obtiveron sete concelleiros fronte a seis conservadores e un da UMN. Entre os días 28 de abril e 13 de maio os delegados gubernativos designan novas xestoras cuxos integrantes montan apresuradamente as candidaturas da Unión Republicana que, reforzadas por algúns socialistas, resultan vencedoras a finais do mes de maio. Na capital da comarca, os radicais rompen co PRG e as alianzas caciquís levan ó triunfo da coalición republicano-socialista, aliada nada menos que co principal valedor de Calvo Sotelo na comarca, Demetrio Macia; mentres, os radicais agrarios presentábanse cos restos bugallalistas na Unión de Viticultores, creada polo ex-alcalde Luis Diéguez Martínez (ocupou a cadeira municipal entre o 1 de abril de 1930 e a celebración dos comicios), procedente do grupo de liberais locais fieis ó xa citado F. Barber. Os resultados electorais —sobre os que discrepan substancialmente *La Región* e *La Zarpa*— deron a maioría á coalición formada polos seguidores de Calvo, os socialistas e os membros da Unión Republicana: Joaquín Rodríguez López, elixido alcalde, procedía das filas liberais e fora destituído en 1923 tralo golpe de Primo de Rivera; os radicais-agrarios pasaron á oposición. Pola súa banda, en Vilamartín de Valdeorras, a xestora que se fai cargo do poder en troques de Sixto Álvarez Corzo, designado o 7 de febreiro anterior, acolle a partidarios dos dous bandos que logo se enfrontarán nos comicios de maio: os seguidores de Manuel Gurriarán Díaz (Florencio Delgado Gurriarán) e os de Demetrio Macia (Leopoldo Nogueira), que finalmente se farán coa alcaldía.

Na comarca do Tamega, logo da destitución dos concellos electos en abril —a práctica totalidade monárquicos seguidores do bugallalista Luis Espada e afíns á UMN— o PRRS vaise facer cun importante número de alcaldías, entre elas Cualedro, Monterrei, Vilardevós e Verín. Neste último municipio imponse grazas á influencia de homes como Indalecio Pazos Becerra e Lino García Vázquez, antigo conservador espadista, defensor dos intereses dos agrarios, un dos maiores contribuíntes do distrito, concelleiro con Berenguer e pai do deputado nas Constituíntes e secretario político de Marcelino Domingo, Manuel García Becerra. A oposición política é exercida polo PRR, parte de cuxos homes fortes proceden do upetismo e manteñen parcialmente o control das antigas agrarias— e ós socialistas,

civil, Agustín Carrascosa Carbonell, decretaba o seu cesamento ó tempo que nomeaba unha nova presidida polo socialista Delmiro Anta Raña, máis acorde ás novas circunstancias políticas.

29 Cfr. García Yáñez, Félix (2005): *O Barco e a Terra de Valdeorras durante a II República e o Franquismo (1931-1977)*, Vigo, Promocións Culturais Galegas, S. A., p. 14 e ss.; Gurriarán Rodríguez, Ricardo (1999): *Op. cit.*, pp. 56-57.

representados polo solitario concelleiro Benigno Fuentes, cun importante grao de infiltración nos sindicatos agrarios, a Casa do Pobo e a Sociedade de Oficios Varios, onde tamén é destacable a presenza anarquista³⁰.

En Laza, onde tamén acceden ó poder os radical-socialistas, o seu ascenso practicamente desarticula as bases de poder dun dos vellos notables locais, Ramón Carnicero Becerra, o cal

[...] hace mucho tiempo que venía figurando en las distintas situaciones políticas porque venía atravesando la provincia, colocándose siempre al lado del partido triunfante, teniendo por cuyo motivo siempre buena situación política, disponiendo de votos que el (sic) adjudicaba a los candidatos de las distintas tendencias políticas, logrando mantener el control de su política de cacique.

En realidade, dende 1910 apoiara as candidaturas do Partido Conservador e fora alcalde de Laza en representación deste ata o golpe de estado de Primo de Rivera en que foi cesado e desterrado a Ferrol durante máis dun ano. Como vimos, co goberno de Berenguer retornou á alcaldía, pero careceu dos reflexos suficientes para conservar o seu control logo da repetición dos comicios³¹.

Milagrosamente, os espadistas practicamente semella que se esfuman do panorama político. Claro que, case ó mesmo tempo, comezan a aparecer denuncias na prensa que aseguran que hai comités do PRSS infiltrados por elementos da “vella política”; así acontece en Albarellos (Monterrei), onde formarían parte del sete antigos upetistas “votantes de Calvo Sotelo, organizadores das agrarias da ditadura primorriveriana e pseudoanarquistas e caciques que agora profesan de republicanos”³². En concellos como Oímbra e Castrelo do Val os antigos notables monárquicos empregan as siglas do PRR para manter o control das corporacións e continuar co mesmo mangoneo que décadas atrás, o que pon en cuestión o grao de renovación política dunha comarca de tan “inequívoca significación republicana”.

30 O alcalde verinés e presidente local do PRRS Manuel Otero González sería suspendido polo gobernador civil en xullo de 1933 acusado de manexos caciquís e por problemas relacionados coa xestión de fondos para a construción dun Hospital. O novo rexedor, Manuel Casal Gago, e o ex-alcalde acabarán sendo expulsados da disciplina radical-socialista e pasarán a apoiarse nos concelleiros radicais que integraban a minoría maioritaria no concello [Arquivo da Comisaría de Investigación e Vixilancia de Ourense (ACO), expediente 101.571].

31 AHPOU, Fondo TRRP, expediente 18/1941, fols. 7^a, 11 e 36. Daquela iniciou unha política errática tentando arrimarse ó sol que máis quentaba: cando as Constituíntes apoiou as candidaturas do PRRS, pero non dubidou en facer proselitismo en favor das candidaturas de Acción Popular en novembro de 1933. En febreiro de 1936 fixo outro tanto coa CEDA pola súa proximidade a Luis Espada Guntín, o seu xefe político durante máis de dúas décadas e media, e, ó mesmo tempo, garantía a maioría ó Centro portelista (semella que era o representante do Goberno Civil en todo o partido de Verín para captar sufraxios en favor das candidaturas apadrinadas polo vello político liberal) e reservaba algúns sufraxios para o PRR e as candidaturas da Fronte Popular.

32 Cit. en Dasairas Valsa, Xerardo (1999): *Op. cit.*, p. 322.

As terras da Limia constitúen, asemade, un observatorio privilexiado para o estudo do mantemento das estruturas caciquís e da política de bandos durante a Segunda República como consecuencia dos escasos elementos dinamizadores da vida política local. Na maioría dos concellos, os notables locais procuran a protección das siglas do PRR para manter o seu control do poder local. En Baltar, por exemplo, nove dos once concelleiros electos o 31 de maio coa etiqueta de “federais” foron os mesmos que o 12 de abril se presentaran baixo a etiqueta de “monárquicos independentes”; dous deles, Mavilo Seguí Rodríguez e Juan Vázquez, xa formaran parte do concello na etapa da Ditadura. A fraude foi masiva en todo o concello, colaborando activamente nela os párrocos de San Paio e Tosende, ambos os dous mandatarios do médico José Campos Lage, o verdadeiro dominador do concello na sombra, incluída a etapa de Primo de Rivera, durante a cal exercera non pouca influencia. Por iso, a nova conxuntura non era a máis propicia para gozar do favor das autoridades republicanas, moito máis cando os seus inimigos políticos

[...] se arrimaron a los partidos extremistas de la República, consiguiendo eliminarlo al producirse sangrientos sucesos de muertos y heridos y viéndose acorralado y sólo (sic), lanzó un manifiesto retirándose de la política [en 1935] a pesar de lo cual se le persiguió y trato (sic) de despojar de su plaza de Médico.

Velaquí as claves do seu ingreso no PRR e da súa reconversión ó lerrouxismo: a rivalidade profesional con Celso Ferreiro Cuquejo, “el cual a toda costa siempre quiso despojar a su colega de lo que había ganado por oposición [...]” apoiándose no bando político rival, do que tamén formaban parte o seu cuñado, secretario político municipal, e o seu irmán, párroco de Texós³³.

Outro tanto acontece nos Blancos, onde a loita de bandos favorece ós que apostan pola etiqueta de “republicanos agrarios”, que obteñen o “copo” logo da repetición dos comicios de abril; como no caso anterior, o PRR é a sigla de conveniencia escollida para conservar o control do poder local por parte dos seus tradicionais dominadores. Pola contra, a aposta dos seus fautores cara ás lexislativas de febreiro de 1936 non será exactamente coincidente máis aló da masiva fraude en detrimento da esquerda: en Baltar, os candidatos da CEDA obteñen o 37,70% dos sufraxios fronte ó 10,58% do candidato tradicionalista, o 28,85% dos radicais (só Justo Villanueva e Luis Usera Bugallal obteñen votación significativa), o 10,81% do Centro Portelista e o 6,87% da Fronte Popular, mentres que Renovación Española (RE) non obtén nin un só voto; nos Blancos a Fronte Antirrevolucionaria

33 AHPOU, Fondo TRRP, expediente 49/1939; as comiñas en fol. 92. C. Ferreiro foi designado xuíz municipal interino e xefe local de Falanxe logo da sublevación militar.

(FA) obtén o 45,72% dos sufraxios (o 24,23% RE e o resto a CEDA), o PRR o 1,79%, os portelistas o 42,86% e a Fronte Popular o 9,63%.

Sandiás, pola contra, é un exemplo relativamente infrecuente de desenlace das loitas políticas de bandos cunha clara dimensión parroquial: a maioría dos agrarios do concello apoiaron o golpe de Primo de Rivera para acceder ó poder local e, ó proclamarse a República, un sector continuou con tal etiqueta mentres outro apoiaba ó PRR; porén, xa en 1932, a dérive esquerdista daqueles aproximounos ó PSOE radicalizando aínda máis as súas posturas ata que, xa na etapa da Fronte Popular, homes vinculados ó PCE, caso dos irmáns Dios Dios, fanse co control dalgunhas destas sociedades (as esquerdas obtiveron o 35,42% dos sufraxios no concello, mais na parroquia de Piñeiro de Arcos superaban o 50%). Tamén en Rairiz de Veiga os notables locais que patrocinaron a ducia de concelleiros «republicanos» que obtiveron o copo na primavera do 31 buscan acomodo no PRR; porén, a diferenza de Sandiás, só perderán o control do poder local na etapa da Fronte Popular, cando Eligio Estévez Meleiro, presidente da Sociedad Agrícola Republicana, sexa elevado á alcaldía por designación gubernativa conformando un concello controlado por afiliados ó devandito centro. Máis complexo é o caso da capital da comarca, na que a prudencia inicial dalgúns notables explica a elevada porcentaxe de “non adscritos” na primeira corporación republicana, presidida polo emigrante retornado Felisindo Carballo Romero; o PRR é, con todo, o gran dominador, especialmente cando capta para as súas ringleiras a este último, que dará paso a sucesivos alcaldes unha vez que en 1935 é nomeado interventor da Caixa de Aforros Provincial. A crise dos radicais déixase sentir especialmente no concello, onde os fautores da vida política local apostan maioritariamente polas dereitas nas eleccións de febreiro (a FA obtén o 64,96% dos votos). Mesmo Unión Republicana (UR), que nacera para mobilizar algúns sufraxios para tales comicios, disólvese por considerar excesivamente radicais as posturas dos novos concelleiros frontepopulistas designados gubernativamente en substitución da corporación que viña rexendo os destinos de Xinzo dende 1931: a nova está presidida por Higinio Rodríguez Mármol, representante de Izquierda Republicana (IR).

En Xunqueira de Ambía as enconadas loitas caciquís reproducíronse con meirande virulencia nos estertores da Ditadura, agardando cada un dos bandos situarse en disposición de controlar a vida municipal diante do proceso electoral aberto. Os meses que preceden ós comicios de abril rexistran unha intensa actividade: Aníbal Lamas Cid, o gran dominador do concello, tenta situar os seus peóns levando a cabo a clásica política de favor entre parentes e amigos: concesión dunha pensión vitalicia anual de 1.875 ptas. á viúva e fillos do seu irmán Gustavo, ex-médico municipal³⁴; adxudicación de obras municipais por administración

³⁴ De acordo coa Lei Municipal, ratificada por unha sentenza do Tribunal Contencioso Provincial, o seu importe máximo non podía superar as 265 ptas.

con gastos superiores ós autorizados pola lexislación e pago de traballos inxustificadas; adxudicación directa de obras a determinados individuos sen formación de expediente nin realización de poxas públicas; destitución do secretario municipal propietario para nomear ó seu irmán Segundo cando aínda non pertencía ó Corpo, outorgándolle sucesivamente varias licenzas con aboamento de soldos ata sumar un total de vinte e dous meses en que se lle puido dar posesión cando ingresa no devandito Corpo; nomeamento dun sobriño como oficial primeiro de Secretaría ó que se lle concederon seis meses de licenza por enfermidade cando, en realidade, pasounos en Guinea como encargado dunhas propiedades...

O cambio de réxime levou á vitoria a un conglomerado coa común etiqueta de "republicanos agrarios", que obtivo o copo e axiña derivou na formación dunha corporación con oito membros do PRRS de Lamas e catro de Acción Republicana (AR) como consecuencia dos clásicos corrementos á procura de acomodo político³⁵. Mais as acedas loitas de bandos provocaron a destitución gobernativa de Lamas, que mantiña un enfrontamento aberto con Santiago Camba, upetista, membro da UMN (pola que fora proclamado concelleiro en abril de 1931) e daquela cabeza visible dos radicais no concello. En xuño de 1933, a raíz dun novo cambio na corporación, os xestores declararon a responsabilidade das corporacións que actuaran entre o 26 de febreiro de 1930 e o 31 de maio de 1933 por importe de 38.901,62 ptas. Cando o recurso contencioso administrativo presentado polo grupo de A. Lamas se atopaba aínda pendente de resolución, unha corporación interina resolveu, en sesión de 11 de xaneiro de 1934, deixar sen efecto os anteriores acordos devolvendo ó responsable local do PRRS o depósito consignado. Pouco duraría esta situación, xa que ó rematar ese mesmo inverno o gobernador civil nomeaba unha nova corporación presidida por José Pérez Cid, que foi a encargada de esixir novamente responsabilidades ó grupo que sustentaba a aquel³⁶. Dous anos escasos permanecerían os novos xestores no poder. Antes de que os fieis a A. Lamas esgotasen todos os recursos para deixaren sen efecto a

35 Entre eles o propio alcalde, quen segundo X. M. Cid xa con anterioridade á aprobación da Lei de Congregacións e Confesións Religiosas se pronunciara abertamente polo desaloxo dos frades mercedarios do convento para crear un Grupo Escolar [véxase Cid Fernández, Xosé Manuel (1989): "Educación e sociedade en Ourense na II República", en Requejo, Agustín e Cid Fernández, Xosé Manuel (coords.): *Educación e sociedade en Ourense*, Sada, Edicións do Castro, p. 48].

36 Véxase Actas Municipais de Pleno e AAPOU, sentenza do Tribunal Provincial do Contencioso Administrativo en recurso interposto o 5 de decembro de 1935 polo procurador César Rodríguez Conde en nome dos interesados. En xullo de 1935 un acordo do pleno declarou a Lamas responsable solidario e mancomunado xunto con José Benito Iglesias Vila e Juan Veiga de varias cantidades por importe de 5.949 ptas.; tres meses máis tarde, o grupo municipal fixaba en 20.217 ptas. a responsabilidade solidaria de todos os concelleiros que tomaran parte na aprobación daqueles acordos de 1930 e 1931, ademais doutras 2.860,88 ptas. correspondentes ós salarios deixados de percibir polo secretario indebidamente destituído. A persecución a Lamas chegou ata o punto de lle denegar o aproveitamento das augas sobrantes dunha fonte, desviando o seu curso para impedir que o beneficiasen.

esixencia de responsabilidades antes aludida, o 27 de febreiro de 1936, o delegado gubernativo Benigno Fernández Diz decretaba o cesamento da corporación e a reposición da inmediatamente anterior, curiosamente integrada por homes designados en pleno bienio radical-cedista debido a esas loitas políticas de bandos para as que as siglas non eran máis que unha plataforma para a mellor defensa dos seus intereses.

En Amoeiro, aquel pacto entre o vello notable da Restauración e o líder agrario-socialista desfaiase cando se renova a corporación: este último é elixido alcalde á fronte dun conglomerado no que a carón dos maioritarios republicanos —a maioría vinculados ó PRR— figuran conservadores, socialistas e mesmo futuros comunistas. Tamén a corporación que toma posesión o 13 de xuño de 1931 en Cartelle presenta un relativo grao de continuidade con etapas precedentes: o 18,75% dos seus membros tiveran responsabilidades municipais con anterioridade, incluídos un concelleiro que fora alcalde entre febreiro e marzo de 1923 e entre marzo e abril de 1930 e un síndico e 2º tenente de alcalde con Primo de Rivera. E o mesmo acontece en Celanova, onde tamén se evidencia un elevado grao de continuidade entre o persoal político procedente da Restauración e, sobre todo, da Ditadura e o que accede ó poder logo dos comicios de abril e da súa repetición en maio, agora baixo a etiqueta do PRR³⁷.

En Beade, onde triunfaron novamente os candidatos monárquicos despois da repetición dos comicios e o gobernador civil da ORGA rematou por suspender o concello, “[...] el cacique del pueblo se había colocado en uno de aquellos partidos haciendo del Ayuntamiento y de los intereses particulares cosa propia”. Daquela, un grupo encabezado por Manuel López Ojea constituíu unha sección local de AR para forzar a destitución do secretario do concello, o auténtico factótum da política local. Mais, a pesar “de haber denunciado en el Gobierno Civil y probado determinadas irregularidades cometidas por aquel (sic) [...] continuó tranquilamente en el cargo, mientras sacrificaba al alcalde que en realidad no era el delincuente, sino (sic) su instrumento”, razón pola cal a agrupación se disolveu en 1933³⁸. Algo parecido aconteceu no veciño concello de Leiro, onde o médico Luis Yáñez Bermúdez accedeu á presidencia do comité local de AR, apresuradamente organizado logo de proclamarse a República, “a la que conforme a la propaganda

37 Rodríguez Teijeiro, Domingo (1995): “Transición a la Segunda República en el ayuntamiento de Celanova”, en Juana, Jesús de e Castro, Xavier (coords.): *Anexo a las VIII Jornadas de Historia de Galicia*, Ourense, Deputación Provincial de Ourense, p. 257 e ss.

38 AHPOU, Fondo TRRP, expediente 121/1941. Logo da disolución do comité de AR, o seu presidente afastou da vida política local ata que, durante a etapa da Fronte Popular, mobilizou as súas clientelas para combater ós dirixentes da Sociedad Obrera y Campesina de Beade, os cales tentaban controlar a oferta de traballo a xornal no concello; posteriormente solicitaría o seu ingreso en FET y de las JONS.

que para ella se hizo, la creía (sic) de orden y de tipo conservador”³⁹. E xa non digamos en Arnoia, onde Evencio Álvarez Bangueses, “antes de la Dictadura, en la Dictadura, con Berenguer, incluso con el funesto Azaña desempeñó la alcaldía, y no por altruismo sino por seguir una política local de odios, rencores y venganzas personales [...] [quedando] infinidad de atropello (sic) [...] por el terror existente [...] sin denunciar”⁴⁰.

Na Pobra de Trives, a política local xiraba arredor de dous bandos enfrontados “ambos patrocinando las derechas, Manuel Gallego las de Gil Robles, en convivencia en el año treinta y tres con Unión Republicana, y Ramón Bermúdez los del partido radical”⁴¹. Este último, médico forense do partido, pertencera durante a Monarquía á fracción maurista que acaudillaba no distrito o xa citado Prudencio Rovira. Ó proclamarse a República ingresou no PRR por estar enfrontado

[...] con otros elementos que aunque figuraban en las derechas habían pertenecido a partidos de izquierda [Acción Republicana]. Estas luchas encarnizadas le crearon un ambiente entre esas personas de odios y rencores que le produjeron últimamente contratiempos. No puede decirse que este señor haya sido persona de izquierdas ni mucho menos y si no figuró en partidos de franca derecha y a veces actuó desligado de éstos, fué (sic) por esas enemistades que constituían la característica de la política local de este pueblo...]⁴²

Como en tantos outros casos, resulta difícil determinar se primeiro foron as rivalidades políticas ou as persoais, pois na familia encabezada polo avogado Manuel Gallego Álvarez tamén había un médico e un farmacéutico non precisamente satisfeitos polo feito de que case o 80% dos veciños do municipio estivesen avinzados con Bermúdez e este aconsellase ós seus pacientes que adquirisen os medicamentos noutra farmacia⁴³.

Xa que logo parece evidente que, con demasiada frecuencia, alí onde non existían “republicanos incontaminados” cunha mínima capacidade de xestión, as

39 AHPOU, Fondo TRRP, caixa 7. 198. Segundo as súas declaracións, desvinculouse do partido ó ver a derive do réxime non sen antes ser detido co gallo dos acontecementos revolucionarios de outubro de 1934. En febreiro de 1936 formou parte do comité organizado para combater a Fronte Popular e apoiou as candidaturas da CEDA e RE.

40 AGMO, causa I.334/1936. Álvarez Bangueses mesmo ingresou en IR, pero a súa identificación coas dereitas durante o “bienio negro” favoreceu que o bando político rival, encabezado polo médico José Meixengo Pereira, se fixese co control do concello logo da vitoria da Fronte Popular.

41 ATMRN, causa 896/1937, fol. 26v. e 28.

42 Arquivo do Tribunal Militar da Rexión Noroeste (ATMRN), dilixencias previas 263/1938, fol. 5.

43 Durante o primeiro bienio, Bermúdez enfrontouse cos seguidores do PRRS que pretendían forzar a destitución do xuíz de 1ª instancia, pero a desintegración do PRR fixo que, en febreiro de 1936, ampliase as súas miras: figura entre os candidatos proclamados polo conglomerado de Centro que apadrinaba Portela Valladares, do que foi nomeado delegado no partido xudicial; porén, tamén apoiou as candidaturas de Justo Villanueva (PRR) e de José Sabucedo Morales (RE).

autoridades republicanas tiveron que acudir ás estruturas preexistentes controladas por algún dos bandos políticos enfrontados para atopar algún interlocutor válido. Noutros casos, son as cabezas visibles destes as que procuran acomodo na nova situación autoatribuíndose etiquetas nas que diluir o seu anterior compromiso e ganar o favor do poder central. O PRR foi o principal beneficiado destes movementos. Aproveitando o “efecto aluvión”, o partido reorganizábase dende principios de maio e, malia non contar co apoio directo do Goberno Civil, en mans de homes fieis a Casares Quiroga⁴⁴, consegue espallar a súa rede territorial pola práctica totalidade dos concellos ourensáns xa antes do verán: ós radicais históricos sumáranse agora os círculos agraristas fieis a Basilio Álvarez (as súas sociedades afíns son consideradas oficialmente filiais do partido) e os restos do Partido Liberal, que deciden integrarse no conglomerado lerrouxista pouco despois de se proclamar a República; en numerosos concellos, antigos notables locais de significación monárquica —a maioría bugallalistas e algúns upetistas— tamén atoparán refuxio nas súas ringleiras nun intento de conservar a súa influencia política na nova conxuntura, ben sexa dende a alcaldía, como no comentado caso de Avión, ben, como acontece en Trives, dende a oposición. Por iso en nada sorprende que o partido se converta na forza maioritaria no 36,17% dos concellos ourensáns, posición que se reforzará aínda máis cando obteña tres das nove actas en xogo nas Constituíntes: nos meses seguintes, os notables locais e os seus adláteres nos concellos que aínda permanecían na indefinición como independentes ou baixo siglas de conveniencia apostarán maioritariamente polas súas ringleiras, que tamén atraerán a algúns descontentos doutras formacións.

A morte de Gabino Bugallal en maio de 1932 provocaría novos movementos no proceso de reacomodación das elites locais ourensás, produto da disolución do partido ese mesmo ano⁴⁵. José Sabucedo Morales, ex-presidente do círculo conservador da capital, o mesmo que chamara á abstención ás súas minguadas cohortes nas Constituíntes, escribíalle a Calvo Sotelo, en febreiro do ano seguinte, poñendo á súa disposición os restos do vello bugallalismo⁴⁶ que non atoparan acomodo nas ringleiras do neorepublicanismo. Probablemente daquela o PRR xa non estivese

44 Ben e verdade que os primeiros gobernadores da ORGA non dispuxeron de tempo sequera para tomar contacto coa realidade da provincia: Joaquín Poza Juncal e José Luis López Bouza non chegaron ós dous meses de exercicio no cargo; Vicente Varela Radio non superou os once meses e Juan González Rodríguez cesou cando levaba un ano e dous meses no cargo. Aínda así, cesaron cando menos ós membros de seis corporacións municipais que non lles eran afíns: Castro Caldelas, Beade, Castrelo de Miño, Laza, Verín e Monterrei (cfr. Cabo Villaverde, Miguel e Soutelo Vázquez, Raúl (2000): *Op. cit.*, p. 629, n. 32).

45 Véxase: manifestacións do futuro deputado e militante do mesmo dende 1920 Ramón Villarino de Saa en AHPOU, Fondo TRRP, expediente 18/1941, fol. 53.

46 Bullón de Mendoza, Alfonso (2004): *Op. cit.*, p. 393. Cfr. o papel capital que Sabucedo desempeñaba nas relacións entre as organizacións locais e os grupos conservadores da capital en Grandío Seoane, Emilio (1999): *Caciquismo e eleccións na Galiza da II República*, Vigo, Edicións A Nosa Terra, p. 26.

no cumio da súa influencia política: ben é certo que nas lexislativas de novembro incrementará a súa representación nun escano ata situarse en catro, pero a grande beneficiada do adianto electoral é, precisamente, a conxuntural alianza das diferentes forzas dereitistas, que consegue nada menos que cinco escanos, incluído o independente-agrario Antonio Taboada Tundidor. O calvosotelismo puido ampliar así a súa xa importante rede de apoios con toda unha pléiade de notables locais que permaneceran fieis a Sabucedo, rexeitando as insinuacións de radicais, católicos e mesmo orguistas. Con todo, os radicais continuaron ampliando a súa presenza nos órganos de poder local pola reiterada práctica de cubrir as lóxicas vacantes con homes fieis ó partido e tamén polas destitucións governativas selectivas aproveitando calquera pretexto. Este foi o caso do Barco, onde no verán de 1934, previa a consabida denuncia de irregularidades por parte do Círculo Radical, a corporación republicano-socialista foi destituída⁴⁷. O mesmo aconteceu co alcalde socialista de Amoeiro, neste caso por un enfrontamento a tiros entre membros de diferentes sociedades que se disputaban o control do mercado de traballo no concello en agosto dese mesmo ano.

Os acontecementos revolucionarios de outubro tamén modificaron os equilibrios de poder nalgúns concellos. A diferenza doutras provincias galegas, non houbo en Ourense destitucións masivas de corporacións, precisamente polo peso que nelas adquirira o PRR mediante as prácticas comentadas. Aínda así foron destituídos os alcaldes de Allariz (Luis Cid Nóvoa, que estaba á fronte dunha maioría agraria-republicana; substituído por Modesto Fidalgo Conde, que executará a política de peche das sociedades agrarias do concello ordenada dende Goberno Civil), Entrimo (Ubaldo González González; substituído primeiro por Manuel Rodríguez e, a partir de novembro, por José González Garrido) e Maside (Leopoldo López Lois; substituído por Manuel Araújo Fernández), así como o pedáneo da aldea de Mende, situada nos arrabaldes da capital e centro dunha activa sociedade agraria, destituídos por complicidade ou pasividade diante do movemento revolucionario e suplidos por elementos afíns ó conservadorismo local. Os concellos do Carballiño (Felisindo Álvarez Xesteira; substituído polo radical Amancio Paradela Conde, que presidía unha corporación na que o PRR tiña unha clara maioría fronte a cedistas e agrarios), Ourense (onde o 17 de outubro se fará cargo da alcaldía o vello radical Santos Fernández Fueyo encabezando unha nova corporación na que non figuraba ningún dos electos en 1931 e que de inmediato fará pública adhesión ó Goberno), Riós (onde, ó parecer, a totalidade da corporación encabezada por Manuel Romero estaba adscrita ó grupo de IR) e Melón (Jesús González; substituído por Serafín Reinaldo, que preside unha corporación de

47 Gurriarán Rodríguez, Ricardo (2005): *Op. cit.*, pp. 138-139.

sete radicais e cinco independentes) son suspendidos en pleno e nomeados novos concelleiros polas sospeitas de pasividade ou colaboración cos acontecementos revolucionarios, agás neste último caso, o de Melón, no cal se acusou os concelleiros de estar vinculados a unha sociedade agraria de “espírito anarquizante”.

Mais como apuntamos, daquela os ventos xa non zoaban a prol dos radicais. A correspondencia privada entre o deputado cedista Carlos Taboada Tundidor e o antigo bugallalista Eladio Pérez Romero demostra claramente o temor que existía na cúpula da CEDA e do PRR a que Calvo fose o principal beneficiario das cambiantes lealdades dos notables e do papel que neste sentido puidesen xogar os acontecementos de outubro⁴⁸. Non se equivocaba o vello Lerroux, que por entón xa se enfrontaba coa imparabile sangría interna que levaría ó seu partido á desaparición poucos meses despois.

3. Á procura de novos equilibrios... por decreto

Se en abril de 1931 o pretexto para que as corporacións locais de Ourense se axeitasen ós equilibrios de poder vixentes en Madrid foron as masivas protestas dos elementos republicanos denunciando a fraude e as coaccións cometidas polos monárquicos, en febreiro de 1936 volverá acudirse a parecidos eufemismos⁴⁹. Faltoulle tempo ó gobernador civil portelista, Benigno Varela Pérez, para presentar a súa dimisión e abandonar o cargo. Substituíno interinamente o presidente de IR de Ourense e tenente coronel de Carabineiros retirado Fructuoso Manrique Martín, que, malia a natureza da comisión que ostentaba, xa ordenou a destitución de numerosas comisións xestoras e corporacións de elección popular que viñan funcionando dende maio de 1931. O seu substituto, Agustín Carrascosa Carbonell, que tomou posesión a principios do mes de marzo, completou o novo mapa do poder local na provincia de Ourense. Outra volta, as presuntas irregularidades denunciadas por numerosos veciños serviron de xustificación para que, de acordo coas facultades que o estado de alarma confería ás autoridades gubernativas e conforme diversas instrucións recibidas dende Gobernación, a Secretaría de Goberno Civil de Ourense remitise un lacónico oficio no que se aludía a que os concelleiros destituídos “[...] no responden a los deseos de la opinión pública, hallándose en pugna y abierta contradicción con la voluntad nacional manifestada de un modo ostensible en las pasadas elecciones de diputados a Cortes [...] y no prestan a mi

48 Biblioteca da Deputación Provincial de Ourense, Fondo Pérez Ávila (BDPO, Fondo P. A.), escritos datados entre finais do verán e decembro de 1934.

49 O goberno presidido por Azaña decidiu, por decreto de 17 de marzo de 1936, convocar eleccións municipais, pero xa o 3 de abril seguinte o Ministerio da Gobernación decidiu, de acordo co Consello de Ministros, suspendelas, polo que a provincia de Ourense non coñeceu outras corporación electas que as resultantes dos comicios celebrados na primavera de 1931.

autoridad la asistencia debida para el mantenimiento del orden público". O escrito engadía que era misión esencial dos Governos Cívís "velar para que todos los órganos directivos de carácter político-administrativo funcionen normalmente y no perturben la paz pública", razón que redundaba na necesidade dun cambio nas corporacións toda vez que "[...] la continuación en su cargo de los referidos concejales originaría graves desórdenes públicos en ese término municipal, redundando todo ello en perjuicio de los intereses generales y locales [...]"⁵⁰.

Un só dato bastará para comprender a magnitude do cambio operado: só en oito concellos dos 94 en que daquela se atopaba dividida a provincia de Ourense (doutros cinco non temos datos) permaneceu o alcalde á fronte da xestora municipal dende outubro de 1934. Dende logo son repostas as corporacións destituídas polos sucesivos governos, pero, na maioría dos casos, entra a formar parte dos concellos un novo persoal político recrutado entre partidos políticos e sociedades agrarias e sindicatos afectos á Fronte Popular. As alcaldías, con significativas excepcións como Ourense, Amoeiro, Avión, Vilardevós, A Rúa ou Vilamartín de Valdeorras, controladas por socialistas, van parar a mans de IR e, en moita menor proporción, de UR. Mais entre os concelleiros que as integran tamén figuran homes vinculados á esquerda marxista, incluídos comunistas, que, en non poucos concellos, acabarán enfrontándose cuns mandatarios municipais que consideran "mornos" en coherencia coa súa extracción tipicamente burguesa.

Novo persoal político? O presidente local de Verín do PRR, ex-concelleiro electo en maio de 1931 e ex-deputado provincial, Francisco Álvarez Campos, substituído do líder do lerrouxismo local, José Santamarina, disolveu a agrupación local e ingresou con todos os seus afiliados en UR; segundo os seus detractores fíxoo "sin duda para dar más fuerza al llamado Frente Popular y restar votos al Bloque Nacional de Derechas, toda vez que los Radicales votaban con estas [...] pues en todas partes se oye decir que era un gran electorero, ganando siempre las elecciones en el Colegio donde él estaba el Partido que representaba", cando, en realidade, a decisión foi consecuencia tanto da propia política de bandos a nivel local como da crise que daquela vivía o PRR na provincia e no Estado⁵¹. Non foi o único comité de UR que naceu por disputas persoais: segundo o industrial Valentín Díaz Fariñas, presidente do de Baños de Molgas e colaborador coa Ditadura de Primo de Rivera, a persecución a que o someteu o bando político encabezado polo médico Samuel González Movilla e as rivalidades persoais levárono a buscar o amparo destas siglas durante a etapa da Fronte Popular, pois

50 Oficio atopado en diversos arquivos municipais e reproducido nas actas de pleno de numerosos concellos.

51 AGMO, información L s/nº/1936.

En este municipio existió un vergonzoso caciquismo que sabía situarse en posición cómoda con todos los regímenes y con todos los gobiernos, caciquismo que impulsó a varios vecinos a una actuación ciudadana que pusiera coto a los desmanes y corruptelas de los caciques. Notoria es en toda la provincia la mala administración del Ayuntamiento de Baños de Molgas con descubiertos importantes en sus obligaciones, dejando incumplidas sentencias firmes del Tribunal de lo Contencioso, ordenando la reposición del Secretario y de un Médico de la Beneficencia, destituidos indebidamente y por todo ello se pensó buscar apoyo en un partido político. Fue entonces cuando se formó el comité de Unión Republicana, pero había tal falta de entusiasmo que toda la actuación se redujo a levantar una acta de su constitución, sin que se volviese a tener reunión alguna, ni por lo tanto adoptar acuerdo, ni formar el censo de afiliados y ni siquiera se tuvo relación con los elementos provinciales. Es decir, que dicho Comité no tuvo más vida que la efímera del instante en el que se levantó el acta referida.⁵²

E non só en UR, de certo a formación máis moderada das que asinaron o pacto da Fronte Popular. Antonio Mosteiro Ferro, concelleiro da Mezquita durante a Ditadura de Primo de Rivera, ingresou en IR para ser designado tenente de alcalde a mediados de marzo de 1936, “[...], cargo que debió haber aceptado por compromisos personales que adquirió con Fructuoso Manrique”⁵³. As manobras caciquís de acudir a persoas interpostas para facer fronte ó maximalismo de determinados sectores da esquerda marxista tamén están presentes no testemuño do vogal do comité de IR de Maceda e concelleiro durante a etapa da Fronte Popular Pedro Ledo González, segundo o cal foron moitos os que formaron parte das corporacións

[...] no porque hayan servido con convicción un ideal político o porque con pleno conocimiento de causa y para medrar en política [...], sino (sic) porque ignorándolo (sic) todo en absoluto, [las] especiales condiciones de la forma de vivir en pequeños pueblos y aldeas gallegas les obligaban a buscar el amparo de un partido que les defendiese de las arbitrariedades de los que habían logrado reunir en sus manos las clásicas (sic) armas caciquiles: el reparto de consumos y el de la contribución. Porque, yo puedo jurarlo, jamás (sic) supe el ideal político (sic) del partido de izquierda republicana, ni desde el Ayuntamiento hice política (sic) de ninguna clase. Había (sic) que defenderse de los marxistas que campaban por sus respetos amparados por las Autoridades de entonces, y se nos engañó atrayendonos (sic) a las filas de los partidos no marxistas sin que ni por asomo pudieramos (sic) pensar

52 AHPOU, Fondo TRRP, expediente 36/1940.

53 AHPOU, Fondo TRRP, expediente 29/1939, fols. 34 e 20. Segundo o alcalde franquista J. Brito Jorge, “Su actuación fue moderada hasta el punto de que, en los días precursores del Glorioso Movimiento Nacional, puso su cargo a disposición de significados elementos de derechas de esta localidad”; o comandante do posto da Garda Civil engadía que, pouco antes da sublevación militar, “[...] presentó la dimisión por desavenencias con los mismos [los elementos del Frente Popular], pues parece ser tendía a favorecer con espíritu de justicia a los elementos de orden”.

que nuestros dirigentes a habian (sic) un día (sic) de aliarse con ellos y colaborar en su obra revolucionaria.⁵⁴

A constitución de comités locais das formacións da esquerda burguesa unicamente para acceder ó poder local sen que, en realidade, desenvolvesen unha acción política continuada tamén está presente en numerosos testemuños, ben é verdade que interesados en minimizar o seu compromiso político pola data e o contexto no que se producen. Segundo o presidente do Círculo de IR de Maside, José Benito Fernández Heredia,

Esa sociedad o Círculo era un Centro Recreativo adonde no concurrían (sic) si- quiera los socios y figuraba como una apariencia política, precisa dentro del cuadro asfixiante del caciquismo que había en las aldeas. Era necesario pues, un marchamo político para merecer el respeto. El neutral llevaba golpes de todos los partidos y la elección de estos no se hacía por simpatía o inclinación espiritual, sino por gregarismo: por amistad había que seguir al rabadán que zigzagueaba en el capo de la política. El campesino sigue al cacique por razón de herencia porque ya lo siguiera su padre y no buceaba en el programa político cuyo contenido desconocía. Así era la política española y como siempre los jefecillos se esconden y la responsabilidad con sus fauces abiertas busca al incauto, al infeliz, al inocente.⁵⁵

Unha situación que contrastaba cos informes oficiais que sobre a formación recibían as instancias do partido en Madrid, non sempre ben informadas por gobernadores civís alleos á realidade política da provincia, e para os cales o partido contaba cunha “perfecta organización” e con “hombres de gran valía que han puesto de manifiesto su buena fe y excelente espíritu republicano en horas bien adversas”⁵⁶. Tales homes non semellan casar moi ben coa opinión do concelleiro de IR de Maceda Pío Estévez Vide, segundo o cal “El Ayuntamiento siempre ha estado dirigido por el Secretario del Ayuntamiento, que ha sido siempre elemento de derechas [...]. Es la lucha de siempre: [...] Si uno figuraba en el bando conservador, el otro había de ser en el liberal. Ultimamente (sic), al figurar uno en derechas, localmente figuraba el otro en la izquierda. Pero la actuación de todos era la

54 Manifestacións de Jesús Borrajo Ollero, concelleiro da Fronte Popular en Maceda por IR, en AHPOU, Fondo TRRP, expediente 34/1940.

55 AHPOU, Fondo TRRP, expediente 24/1941, fols. 52 e 54v. O secretario do devandito Círculo, José Fernández Valeiras, engadía que “Es sabido que en los pueblos, sobre todo en esta provincia de Orense, (por exceso de caciquismo), era preciso alistarse en algún partido político y que en estos figuraban personas con ideología contraria a la propia, largos años mantenida (hubo sacerdotes del partido radical socialista!), hecho debido a haberse alistado los políticos contrarios en otros partidos más moderados”; segundo este, a agrupación local careceu por completo de actividade “[y] en el libro de actas no había mas (sic) que lo referente a la toma de posesión de la Junta Directiva, es decir que no se practicaron actividades políticas de ninguna clase ni de propaganda, ni de cotización” (*ibidem*).

56 Informe confidencial dirixido polo gobernador civil A. Carrascosa Carbonell ó Ministro de la Gobernación no mes de marzo de 1936 en Archivo Histórico Nacional (AHN), H-28.299, expediente 13.672.

misma⁵⁷. A presenza de elementos de orde nas ringleiras de IR tamén é salientada por Manuel Cadavid García: este home, retornado de Cuba no verán de 1935, aseguraba que foi “víctima del ambiente político que a mi llegada se respiraba aquí [en Verín], con la casualidad de ser mis amigos de tendencia izquierdista aunque para mi resultaban ser de orden porque algunos de ellos eran conservadores cuando salí para Cuba⁵⁸. O mesmo sucede en Baltar, onde o bando político contrario ó xa citado José Campos Lage pasa a controlar o concello na etapa da FP e aproveita para continuar con “la persecución de dicho Médico [...]”⁵⁹. En Quintela de Leirado accede á alcaldía Severino Fernández Rodríguez, concelleiro na corporación que precede ó golpe de Primo de Rivera, acompañado por outros de filiación radical-socialista que xa estiveran presentes no concello dende as eleccións do mes de maio. E tampouco faltan exemplos da constitución de comités locais desta formación á marxe da dirección provincial para contrarrestar a influencia das sociedades e sindicatos que se introduciron na política local logo da vitoria das esquerdas. Foi o caso do comité de IR de Albarellos (Monterrei), presidido por Ubaldo Atanes Pérez, fundado “en vista de las persecuciones de que era objeto por parte de la Comisión gestora nombrada por el Frente popular [...] sin que tenga conocimiento de que se autorizara por los elementos directivos del partido la constitución de tal Comité”⁶⁰.

O máis significativo dos catro meses que preceden ó golpe militar é, con todo, o acceso ó poder local de homes vinculados a sociedades e sindicatos de orientación socialista, cenetista e comunista. Por primeira vez, os grandes debates da política nacional e os problemas cotiáns dos sectores máis desfavorecidos chegaron a moitas corporacións a través destes homes. Hai comarcas, caso da de Valdeorras, nas que o control dos comités locais da Fronte Popular e a loita por condicionar a política municipal se converterán nun permanente elemento de dinamización política. Estes comités integraban as organizacións municipais dos diferentes partidos e as directivas dos sindicatos e sociedades máis activas, pero os republicanos de esquerda, carentes dunha ampla base social aínda que apoiados dende o Goberno Civil, non puideron evitar que caesen en mans de elementos socialistas e comunistas. Na práctica, empregáronse para canalizar as demandas de campesiños e traballadores a xornal converténdose, alí onde realmente funcionan, nun importante elemento de presión sobre os propietarios e as alcaldías.

57 Manifestacións de P. E. V., concelleiro da Fronte Popular por IR en Maceda, en AHPOU, Fondo TRRP, expediente 34/1940, fols. s/nº.

58 AHPOU, Fondo TRRP, expediente 35/1937. O 16 de marzo de 1936 aceptou o posto de concelleiro na corporación que presidía Carlos Reino Caamaño e converteuse no xefe da minoría local de IR.

59 AHPOU, Fondo TRRP, expediente 49/1939, fol. 92a.

60 AHPOU, Fondo TRRP, caixa 7.187.

Basta con lembrar cantas veces eses alcaldes de extracción burguesa se vi-
ron impotentes para frear o radicalismo dos seus concelleiros de extracción obrei-
ra e do campesiñado baixo. Así aconteceu, por exemplo, con Adolfo Anta Espino,
alcalde e presidente local de IR da Veiga, cuxo comité acordou, o 7 de xuño,

[...] enviar una protesta al comité provincial por la coacción que ejercen los obre-
ros sobre los partidos republicanos, pues de seguir de esta forma, este Comité, se
verá en la obligación de separarse del Bloque Popular, ya que no puede participar
con Socialistas y Comunistas, toda vez que su política va en contra del Partido de
Izquierda [...] ⁶¹

Ou co alcalde do Barco designado a finais de febreiro por Fructuoso Man-
rique, o propietario e fundador de IR Eulogio Gavela Vega, que dimite “por pa-
recerle excesivas las peticiones y pretensiones de los elementos más extremistas
de la Comarca”⁶²; e outro tanto aconteceralle a Abdón Blanco García, nomeado
alcalde por A. Carrascosa malia ter sido concelleiro de directivo da UP barquense
para evitar que se consolidase na alcaldía o comunista M. Blanco Pascual, sucesor
de Gavela.

De calquera xeito, tamén contamos con abundantes exemplos que demos-
tran que deste feito non pode deducirse, sen máis, un cambio radical na dirección
da política municipal, que segue a ser couteo privado das tradicionais familias que
se alternaban na dirección dos concellos. Segundo o capataz mineiro Desiderio
Domínguez Rodríguez, concelleiro por designación governativa en representa-
ción do Sindicato de Mourisca (Viana do Bolo), afecto á UXT

[...] quien conozca [...] lo que era la política en los pueblos de Galicia, sabe que ese
cargo de simple gestor municipal nada significaba ni representaba el menor atisbo
de confianza o de adhesión a quien lo nombraba o proponía; la gestión municipal
era de hecho llevada por los caciques o directores del bando político, más bien per-
sonal y al margen de toda ideología, afecto al Gobierno, pero como era necesario
aparentar legalidad, se cubrían los cargos de gestores con unos cuantos nombres,
limitando los interesados su actuación a poner algunas firmas en cosas que por su
falta de cultura desconocían totalmente; los nombramientos, y así sucedió en este
caso, no eran siquiera consultados con los interesados y prestar el nombre para estos
menesteres y otros similares, era el pago que a las gentes humildes [...] exigía el ca-
cique por la prestación de algunos favores de indole personal, ajenos por tanto a la
política. [...] negarse a prestarlo era cerrar la puerta para cualquier ayuda y atraerse
venganzas y vejámenes de todas clases.⁶³

9 O 22 de marzo celebrábase nun Teatro Principal ategado de xente un mitín do PSOE no cal intervirían os ferroláns Quintanilla e Usero. O 28 de marzo chega Casares Quiroga a Lugo para participar nun acto que segundo *La Voz de la Verdad*, tivo "regular asistencia". Ao día seguinte celebrouse no Teatro Principal o mitín do Centro Republicano, coas intervencións de Vega Barrera, Ánxel Fole, López Otero e o avogado vigués Manuel María González. Os republicanos tamén celebraron actos en Nabela e Ombreiro. Asemade, o Centro Republicano constituíriase en Oficina Electoral dende o 5 de abril a partir das cinco da tarde. (*El Progreso*, 1 de abril de 1931).

10 A UMN faría público un telegrama enviado ao Ministro da Gobernación e ao Presidente do Consello de Ministros protestando pola irregular configuración da Deputación Provincial, vertendo sospeitas a respecto dun posíbel amaño electoral. (*La Voz de la Verdad*, 26 de marzo de 1931)

11 Outras significadas excepcións a nivel estatal, relacionadas ben co falseamento dos resultados ou ben coa acción das redes clientelares e a tradición conservadora desas localidades, serían Cádiz e Palencia (Tusell,

antedito reparto de escanos tírase como conclusión a forte implantación dos monárquicos en todos os distritos da capital, amosando o seu poder especialmente no eido rural, onde copan a representación. O socialismo, pola súa banda, recibe apoios case exclusivamente do electorado urbano¹².

Sobre os resultados electorais presentárase protesta escrita, ademais de varias actas notariais. Trala marcha voluntaria do rei e a proclamación da República, o Goberno Provisorio marcará as pautas a seguir a respecto dos concellos electos: se a elección se declara válida constituiranse sexa cal sexa o resultado. Naqueles nos que —coma o de Lugo— haxa protesta escrita nomearase unha Comisión Xestora mentres se resolve o expediente; constituída por tantos membros como distritos haxa. Así pois, no Concello de Lugo o Gobernador Civil designará unha Comisión Xestora conformada polos seis membros electos da candidatura republicano-socialista, actuando como Presidente o radical José Bolaño¹³. Esta Xestora tomará acordos de carácter simbólico coma a substitución dos nomes no rueiro ou a retirada do recoñecemento de fillos adoptivos do Concello a persoeiros relacionados coa monarquía e coa ditadura¹⁴. Asemade, acordará —a proposta do socialista Valiña— a participación na conmemoración do Primeiro de Maio. A súa xestión procurará dar saída ás cuestións pendentes e adaptar a vida do Concello á nova situación de provisoriedade coa fin de evitar a parálise da actividade da institución por mor do cambio de sistema, ante a repetición da convocatoria de eleccións municipais para o 31 de maio.

Un mes e medio despois da proclamación da República, o escenario político mudara completamente: os elementos monárquicos iniciaron o seu proceso de hibernación, optando ben pola inserción en grupos republicanos de dereita ou ben polo rol de atentos espectadores fronte ao devir dos sucesos no novo réxime. Asemade, a proclamación da República abre paso á proxección social do republicanismo e á fragmentación das organizacións republicanas, concretándose politicamente as distintas faccións que as integraban. En Lugo, o desacordo entre a ORGA e Alianza Republicana polo rol subordinado que se concedía a esta no seo

Javier (1998): *Historia de España en el siglo XX*, Madrid, Taurus, p. 292). As irregularidades en Lugo circunscribíronse á sección de Vilamoure (distrito 6), onde se suspendeu a elección e na Soidade (distrito 2), na que, unha vez efectuado o escrutinio, rachouse a urna e estragouse a documentación; repetíndose a elección en ambas dúas mesas o 15 de abril. (*El Progreso*, 14 de abril de 1931)

¹² Véxase Cadro 1.

¹³ (*El Progreso*, 18 de abril de 1931). O propio Gobernador Civil explica nunha nota en prensa que esta medida estaba encamiñada a evitar que os elementos do antigo réxime controlaran os concellos (*El Progreso*, 19 de abril de 1931). (Véxase Cadro 2)

¹⁴ Os nomes de Rodríguez de Viguri, Raíña, Constitución ou Bispo Izquierdo serían substituídos por Catorce de Abril, Liberdade, República e Pablo Iglesias. A Rodríguez de Viguri e Belenguer retiróuselles a condición de fillos adoptivos da cidade (*El Progreso*, 24 de abril de 1931).

da FRG fará imposible non só unha candidatura conxunta republicana, senón tamén a coalición cos socialistas¹⁵.

O PSOE decide ir ás eleccións do 31 de maio en solitario, debido á incapacidade de conciliar aos dous sectores republicanos. A Asemblea da Agrupación Socialista elixe trece candidatos, repartidos en catro distritos¹⁶.

O rol diverxente exercido por AR a respecto da FRG unha vez proclamado o novo réxime levará os lerrouxistas a concorreren tamén en solitario ás eleccións, presentando unha lista de dezaioito candidatos distribuídos nos seis distritos¹⁷. Do mesmo xeito, a ORGA de Lugo, logo de tentar aplicar sen éxito as directrices da FRG de coligarse co PSOE¹⁸, irá ás eleccións en solitario, cunha candidatura de oito membros por catro distritos. De recente constitución na localidade, a DLR presentaría unha candidatura formada por dezaseis nomes que se cobren todos os distritos.

Os sectores monárquicos xa elaboraran nas municipais do 12 de abril candidaturas labregas ao abeiro da FCA e do coñecido compoñedor de eleccións José Benito Pardo Rodríguez en varios concellos da provincia¹⁹. Desta volta, presentárase unha candidatura denominada Unión de Labregos, que ben se pode vulgar como un intento da dereita non republicana por reafirmar o seu espazo político logo da proclamación da República. Porén, esta candidatura foi finalmente retirada.

Tampouco neste novo proceso se aprecia un alto nivel da actividade electoral das distintas organizacións concorrentes ao mesmo. Si existe un esforzo por parte das novas organizacións xurdidas no sistema de partidos dirixido a desmarcarse das prácticas caciquís desenvolvidas de xeito secular pola dereita monárquica na provincia de Lugo²⁰, fronte aos constantes ataques do socialismo²¹.

15 Alfonso Bozzo, Alfonso (1976): *Op. cit.*, pp. 82-85. Así pois, para a repetición das eleccións proclámanse 133 candidatos: 36 de Alianza Republicana, 31 do PSOE, 20 da ORGA, 18 de DLR e 28 dunha candidatura denominada Unión de Labregos, constituída por elementos afíns á Federación Católica Agraria (ADPL, Eleccións, Expedientes electorais, caixa 7957).

16 *El Progreso*, 27 de maio de 1931. Previamente celebrárase unha asemblea conxunta con Alianza Republicana e coa ORGA, non chegándose a ningún acordo de conxunción (*El Progreso*, 23 de maio 1931).

17 Nunha nota en prensa, Alianza Republicana fai público o seu desvencellamento da FRG, ao considerar cumpridos os obxectivos da mesma co adviemento da República, ao tempo que aclara que a ruptura do pacto coa ORGA xa se producira antes de tal evento, optando agora pola liberdade de acción á marxe da Federación (*El Progreso*, 9 de maio de 1931).

18 A dirección da FRG recomendaría ás organizacións provinciais a intelixencia cos socialistas como criterio de concorrencia aos comicios do 31 de maio (*El Progreso*, 20 de maio de 1931).

19 *La Voz de la Verdad*, 10 de abril de 1931. O Comité Provincial Pro-Eleccións do Grupo Social Agrario fixo público un manifesto "A los labradores lucenses", por medio do cal convocaba os labregos para o local do Sindicato Agrícola Católico de Lugo para o 24 de maio configuraren a súa candidatura (*El Progreso*, 22 de maio de 1931).

20 DLR publica unha nota na cal pretende deixar ben clara a súa postura anticaciquil e o seu afastamento de tales prácticas, en resposta a rumores propalados arredor do citado partido (*El Progreso*, 26 de maio de

Irrompe en plena campaña a suspensión governativa por vinte días do Centro da FCA, ao ser denunciada por desenvolver unha campaña difamatoria contra o PSOE por repartir panfletos que o asociaban ao comunismo²².

Os resultados da votación celebrada o 31 de maio traen como consecuencia a bipolarización entre AR e PSOE, con catorce e doce concelleiros, respectivamente; tendo a ORGA e a DLR cadanseu escano²³.

Os resultados do exercicio do sufraxio expresan unha vitoria contundente do PSOE nos distritos urbanos, contrarrestada pola Alianza no rural —especialmente visíbel nos distritos 4º e 6º, onde nin sequera había candidatos socialistas—. Doutra banda, deuse unha poxa entre a ORGA e DLR polos postos das minorías, que se traduciu na consecución de escanos —por unha marxe moi escasa de votos— alí onde non existe confrontación entre a Alianza e o PSOE, tendo unha mínima presenza onde hai candidatos das dúas forzas hexemónicas²⁴.

Logo da repetición dos comicios e do conseguinte reparto de cargos entre todos os grupos, xa se configura de xeito definitivo un Concello de elección popular²⁵. Este dimitirá en pleno como sinal de protesta contra o “pucheirazo” rexistrado nas eleccións a Cortes Constituíntes, volvendo á actividade logo da anulación por parte do Parlamento das actas da provincia de Lugo²⁶.

Unha das meirandes complicacións do devir da vida municipal vai ser a reposición de funcionarios afíns ao anterior sistema que accederan ao seu posto de traballo dun xeito espurio. Este era o caso do oficial maior letrado Julio Pérez de Guerra —de coñecida militancia católica dereitista—, cuxo nomeamento como arquivero, que databa de 1925, será declarado nulo ao prosperar unha moción de quince concelleiros no primeiro Pleno de setembro²⁷.

1931). O Manifesto da Unión de Labregos, asinado polos integrantes da candidatura, fai un bocexo do seu programa, incidindo no seu carácter agrario e anticaciquil (*El Progreso*, 27 de maio de 1931).

21 O PSOE celebrará o seu mitin no Teatro Principal, coa participación de Ricardo López Pardo, José Luís Asián e Estanislao de Iglesia, que criticaron o “transfuguismo” dos antigos monárquicos que agora se pasaran á República (*El Progreso*, 30 de maio de 1931).

22 Estes, segundo o Presidente da Federación, Luis Sánchez Arrieta, eran fragmentos da obra de Douillet “Así es Moscú”, que gardaban as Xuventudes de Acción Católica no seu local (*El Progreso*, 30 de maio de 1931).

23 Véxase Cadro 3.

24 Esta correlación de forzas non debe sorprenden a ninguén, pois xa na candidatura da conxunción republicano-socialista do 12 de abril seis dos sete republicanos eran de Alianza e un da ORGA. Así pois, os radicais xa eran o referente do republicanismo antes deste proceso electoral. Nalgunhas mesas, as actas de escrutinio reflicten a manipulación electoral: iso explica que determinados candidatos non teñan nin un só voto nalgunhas mesas mentres noutras están entre os máis votados, ou o sorprendente “tirón” electoral dalgúns membros da candidatura agraria nalgunha sección (ADPL, Eleccións, Expedientes electorais, caixa 7957).

25 A distribución das tenencias de alcaldía responde a un criterio de pluralidade e integración dos distintos grupos no labor de goberno do Concello, cedendo aos grupos minoritarios un posto e establecendo unha representación equilibrada entre AR e o PSOE, correspondéndolle á lista máis votada a alcaldía (*El Progreso*, 6 de xuño de 1931).

26 *El Progreso*, 3 de xullo de 1931.

27 O seu cesamento e mailo do veedor-conserxe, Domingo Pérez, farase efectivo a mediados de outubro (*El Progreso*, 16 de outubro de 1931).

O Gobernador Civil anulará o acordo, sementando nerviosismo e divisións na corporación municipal, especialmente nos membros da minoría radical: o Pleno previsto para o 19 de outubro non se poderá celebrar ao non haber *quorum*, debido á súa ausencia. O público amosárase contrariado pola situación e iría, en sinal de protesta, en manifestación ao Goberno Civil —encabezada polos concelleiros socialistas— para expresarlle as súas queixas ao Gobernador²⁸.

No seguinte pleno, as vacilacións dos concelleiros aliancistas serían constantes. Finalmente, logo dun longo debate a respecto da pertinencia de tomar ese acordo²⁹, procédese á votación, resultando ratificado o acordo cos votos a prol do PSOE e maila ORGA (12), fronte á AR e DLR (11) e unha abstención (Luis Castro Ves).

O público asistente reaccionará de xeito reprobatorio ante a actitude dos membros. O Gobernador imporía unha multa de 75 pesetas aos concelleiros que votaron a prol da ratificación do acordo, que estes decidirían non pagar. No penúltimo Pleno do ano, darase conta dunha instancia de Pérez de Guerra solicitando a reposición do acordo de destitución. A comezos de maio de 1934, o Ministerio da Gobernación resolverá a prol do letrado municipal o preito que mantíña co Concello, que será repostado no seu cargo³⁰.

Ao longo do primeiro bienio republicano, o Concello de Lugo veríase sumido nunha inoperatividade crecente derivada das frecuentes acusacións de incompatibilidade entre concelleiros, o importante peso que o socialismo tiña na corporación e a catividade dos posicionamentos da AR a respecto dos intereses dos grupos de presión instrumentalizados pola dereita, mais nos que tamén estaban representados os seus intereses de grupo —Cámara de Comercio, Sociedade de Comerciantes e Empresarios, Asociación Patronal, Agrupación Xeral de Patróns, Asociación de Propietarios,...—. Isto faríase patente na aprobación dos orzamentos municipais e na proposta de arrendamento da luz eléctrica³¹.

As acusacións de incompatibilidade estarían latentes nas ausencias prolongadas do alcalde e dos concelleiros aos plenos. Esta cuestión, que será a xénese das diferenzas entre os grupos e da posterior crise de xestión, suscítase no outono de 1932:

28 “[...] El público protesta ruidosamente. Añade el Alcalde que, mientras él ocupe la presidencia del Ayuntamiento se hará justicia en todo (óyense voces de: ¡que no haya enchufes!) [...]” (*El Progreso*, 20 de outubro de 1931).

29 Victorino Castro Ves, os irmáns Traseira e López Macía optarían por salvar o seu voto en caso de haber responsabilidade perante a xustiza. Valcárcel reconece ter asinada a moción, mais non lera o que puña. Rodríguez Lameiro (DLR) propón que se acate a decisión do Gobernador Civil, ao que se oponen enerxicamente Domingo Pérez (ORGA) e os socialistas (*El Progreso*, 27 de outubro de 1931).

30 *La Voz de la Verdad*, 5 de maio de 1934.

31 Os grupos económicos, coa participación da AR, oporíanse aos orzamentos de 1932 (*El Progreso*, 31 de xaneiro de 1932) e proporían o traspaso da fábrica da luz a unha compañía privada, que atoparía a forte oposición do PSOE e mailo Centro Obrero (*El Progreso*, 14 de decembro de 1932).

¿Está en crisis nuestro Ayuntamiento?

[...] en el seno del Concejo, las actitudes son poco cordiales desde hace tiempo entre los ediles pertenecientes a los distintos grupos políticos.

Ayer hubo una reunión de los representantes de estos grupos en el Gobierno Civil. De esta reunión nada en claro se supo. Parece ser que hasta que llegue a Lugo el Alcalde propietario Sr. Cobreros de la Barrera no se verá la luz. El Sr. Cobreros fué llamado ayer con urgencia, según nos dicen [...].³²

Por fin, después de un mes —desde el día 3 de octubre no pudo lograrse por falta de número de concejales— celebró ayer sesión ordinaria nuestra corporación municipal, concurriendo numeroso público.³³

Nesa mesma sesión os concelleiros da Minoría Socialista Obreira Independente (MSOI)³⁴ deitan a dúbida dunha posíbel incompatibilidade no seu cargo dos muncípes López Macía e Gumersindo Valcárcel (AR), quen, asemade, culpan o edil da MSOI, Iglesias Muñoz, de incorrer na mesma situación. Nesta cuestión a minoría radical tentaría obstaculizar unha decisión do Pleno ao respecto, de tal xeito que, durante un tempo, en ningunha xuntanza habería a representación suficiente (dous terzos da corporación) para que se procedera á votación.

A tónica nos plenos a partir de entón será o enfrontamento constante, mesmo con tintes violentos, entre os concelleiros. No Pleno do 18 de xaneiro de 1933 reábrese a cuestión das incompatibilidades:

[...] El Sr. Pérez da lectura a un escrito —que firman representantes de los grupos políticos Socialista, Radical Socialista, Partido Republicano Gallego y Partido Galleguista— solicitando que se declare incompatibles en el cargo de concejal, por diversas causas que se mencionan— a los señores Castro Ves (don Victorino y don Luís), Valcárcel, Graña Valiño, López Macía y Traseira (don Manuel).

El Alcalde invita a abandonar el salón de sesiones a los concejales citados que están presentes, y que son los señores López Macía, Graña Valiño y Valcárcel, para que la Corporación trate el asunto [...]

32 *El Progreso*, 27 de outubro de 1932.

33 *El Progreso*, 1 de novembro de 1932.

34 Este grupo municipal constituírase como resultado dunha escisión na minoría municipal socialista, desconforme coa liña política marcada pola Agrupación Local. Estaba formada por Ramiro López Lema, Joaquín Iglesias Muñoz, Emilio López Marey e Manuel Fernández y Fernández. A súa orixe semella estar na asemblea para a antevotación de candidatos á repetición da convocatoria de eleccións a Cortes Constituíntes, presidida polo deputado Manuel Cordero. O xeito ilegal en que se desenvolvera a mesma produciu o afastamento da Agrupación Socialista dalgúns dos que foran os seus fundadores e parte do sector obreiro do partido (*La Voz de la Verdad*, 4 de xaneiro de 1933). Na asemblea do 5 de abril de 1932, os concelleiros socialistas Manuel Trigo Anseán e Manuel Fernández y Fernández presentan cadansúa solicitude de baixa, retirándoa o primeiro a requirimento da Asemblea, mais manténdoa o segundo, sostendo que “antes que socialista es obrero”. Outro concelleiro discrepante cun Comité Local que pretende intervir sobre a minoría municipal é Emilio López Marey, aseverando que non está disposto a dar conta da súa actuación no Concello (AHPL, Fondo Gobierno Civil, Sección Administración, expte. 13043/19).

[...] En términos de violencia y en medio de gran escándalo, entáblase amplia discusión, en la que además del alcalde, intervienen los señores Trigo y Fernández [...].³⁵

Finalmente procédese á votación, rexeitándose a incompatibilidade cos seis votos en contra de AR e a MSOI fronte aos cinco do PSOE. Manuel Trigo anuncia o abandono do Concello por parte da minoría socialista. Porén, no vindeiro Pleno, apoiados dende o público por un grupo de persoas aíns, volverán propor que se trate o mesmo asunto, ao que se nega o alcalde, marchando os socialistas no medio dun escándalo por parte do público asistente, “[...] que invadía totalmente la parte de la sala destinada al mismo [...].”³⁶

Os concelleiros do PSOE regresarán ao Concello en marzo, para volver presentar o problema, nunha sesión supletoria na que tan só había oito concelleiros:

Asisten los concejales socialistas y plantean nuevamente el asunto de las incompatibilidades.- La reunión, fué pródiga en incidentes en su última parte.

[...] Terminados los asuntos que figuran en el orden del día, el señor Trigo Anseán, en nombre de la minoría socialista, lee un escrito que firman los concejales de dicha minoría y los señores López Marey, Iglesias y Pérez, pidiendo que la Corporación declare la incompatibilidad de los ediles Sres. Valcárcel, Traseira (D. Manuel), López Macía y Castro Ves (D. Victorino y D. Luis) [...].

En resposta, Victorino Castro Ves apunta que con eses criterios tamén serían incompatíbeis varios concelleiros do PSOE, crispándose a situación³⁷.

Os socialistas persistirían no intento de forzar unha votación. No Pleno do 31 de maio incóase o expediente de incompatibilidade de Gumersindo Valcárcel, ao que seguiría o de Victorino Castro Ves. Dende entón, calquera tema que suscite un mínimo de polémica rematará cun balbordo ou coa marcha dos concelleiros radicais³⁸. Todos os concelleiros do PSOE dimitirían ante esta crise.

As tirapuxas entre minorías chegan ao seu cumio o 5 de xullo de 1933, derivando dende aquel entón na perda efectiva da normalidade democrática:

35 Nese momento, Ramiro López Lema (MSOI) apunta que tamén se debe avaliar a suposta incompatibilidade de Domingo Pérez (ORGA). O PSOE solicita que se non se soluciona de xeito urxente o asunto, marchará do Concello. A MSOI denuncia unha manobra política ao respecto, pois foron eles quen sacaron ese tema hai meses e esquivárase por medio do Gobernador Civil. Considera que o feito de reabrirse agora este debate se debe a fins electoralistas, ante a inminencia duns comicios (*El Progreso*, 19 de xaneiro de 1933).

36 *El Progreso*, 26 de xaneiro de 1933.

37 “[...] La discusión se agría, desarrollándose en tonos destemplados [...] En vista de esto, los ediles socialistas se retiran. Al abandonar el salón cámbianse frases poco diplomáticas y nada discretas entre los socialistas y los ediles que quedan ocupando sus escaños [...]” (*El Progreso*, 21 de marzo de 1933).

38 A discusión arredor da extensión do tendido eléctrico a Galegos deixou os cinco concelleiros da ORGA, PSOE e MSOI asistentes sós no Salón de Plenos (*El Progreso*, 15 de xuño de 1933). O debate sobre o saneamento da estrada da Coruña rematará cunha ameaza de desaloxo por parte do alcalde (*El Progreso*, 28 de xuño de 1933).

«Cosas verdes...». Lo ocurrido ayer en el Ayuntamiento.

[...] Mientras el público y los periodistas permanecemos durante hora y media —en espera de que la sesión comenzase— los concejales reunidos en la Alcaldía discuten. Minutos más tarde de las ocho y media, y después de haberse ausentado de la Casa Consistorial algunos ediles, también se retira el Alcalde accidental Sr. Pérez.

[...] Lo lamentable, surge un poco más tarde [...]. Cuando, por haber visto al alcalde accidental salir del Ayuntamiento, todos creyeron que la sesión quedaba suspendida, entran el sexto teniente de alcalde Sr. Graña Valiño y los concejales señores Lage Varela, López Quiroga, Regueiro, Trigo Prado, Fernández y López Marey.

Ocupa la presidencia el Sr. Graña, quien, después de declarar abierta la sesión, manifiesta que no puede procederse a la lectura y aprobación del acta de la sesión anterior porque el alcalde accidental Sr. Pérez, al salir de la Casa Consistorial, dejó cerrado todo lo que había de tratarse en la sesión doblemente supletoria.

Explica que preside porque habiéndose retirado el alcalde accidental, los concejales que estaban presentes en la Alcaldía para asistir a la sesión, le habían exigido hacerlo, ya que a su modo de ver, la ley establece que las sesiones supletorias no pueden suspenderse cuando están convocadas [...].

Nesta sesión *sui generis* acordárase por unanimidade emitir un voto de censura ao alcalde accidental, Domingo Pérez, que este non aceptará, vivíndose nunha situación de escasa lexitimidade até a volta do alcalde propietario, Cobreiros de la Barrera³⁹, quen destituirá o secretario persoal que nomeara Domingo Pérez, declarado incompatible ao adebedar 1000 pesetas da súa etapa de alcalde accidental por unha viaxe realizada a Madrid.

No Pleno do 24 de agosto de 1933 constitúese a nova minoría do PRG, integrada por membros da MSOI, ORGA e escindidos do PRR⁴⁰, o que situaba o casarismo como principal grupo político no Concello, permitíndolle afrontar dende unha posición de forza o proceso de elección de vogais no Tribunal de Garantías Constitucionais; para o cal só se presentaron catro candidaturas a vogais representantes da Administración Local: PSOE, PRR, PRG e PRRS. No Concello de Lugo celébrase unha sesión extraordinaria o 3 de setembro á que asisten 23

39 "DIARIA RISA. Si no fueran las consecuencias. [...] Pese a la moción de censura que se aprobó en la sesión supletoria, el Sr. Pérez se presentó ayer a las 10:00 de la mañana en el despacho de la Alcaldía, actuando como si nada hubiese ocurrido el día anterior. También se han hecho animadísimos comentarios al hecho de que el primer teniente de Alcalde no se haga cargo de la Alcaldía y entre tanto actúe tranquilamente como miembro de la Comisión gestora de la Diputación y se exhiba en los Cantones a las horas en que se celebra sesión en el Ayuntamiento.", (*El Progreso*, 7 de xullo de 1933).

40 *El Progreso*, 25 de agosto de 1933. Esta nova minoría estaba formada por municipais procedentes do PRR —a maioría dos electos polos distritos rurais— e da MSOI, de xeito que os orguistas pasarían de ter un único concelleiro a seren o grupo maioritario, con oito (véxase Cadro 4). A conta de gastos presentada por Domingo Pérez aprobaríase a finais de decembro, se ben xa dende setembro se erguera a declaración de incompatibilidade (*El Progreso*, 16 de decembro de 1933).

concelleiros, sendo os máis votados Luís Villanueva (PRR) como vogal propietario e Sergio Andión (PRG) como vogal suplente.

A clave nos resultados está na nova situación maioritaria do PRG na corporación e na mingua que para o PSOE supuxeran a escisión e mailas dimisións de concelleiros.

Até o final do ano, co PRR nunha posición feble e o PSOE fóra do Concello, este sumiríase na total inoperatividade, ausentándose frecuentemente o alcalde e non podendo celebrarse os plenos por falta de *quorum*, postergándose así decisións de certa importancia para a cidade.

Mais as distintas minorías sufrirían recomposicións a comezos de 1934: no PRR xurdirá, en boa medida polo proceso de escisión vivido a nivel estatal, unha Minoría Radical Independente⁴¹. A minoría orguista, polo seu carácter ecléctico, logo se vai amosar dividida⁴². Isto fai que a dimisión de Cobreros, tras ser nomeado Presidente da Xestora da Deputación, abra un novo proceso conflitivo:

[...] Las minorías municipales se dividen y subdividen constantemente, y por lo tanto la unanimidad de criterio se hace extraordinariamente difícil. Según nuestras noticias, que damos solo a título de información, se indican para ocupar la poltrona municipal a los ediles Sres. Graña Valiño, del PRG; Castro Ves (D. Victorino), radical, de la minoría independiente; Rodríguez Lameiro, conservador y otros.⁴³

Logo de negociaren as distintas partes, é electo alcalde por aclamación Carlos Vázquez Pimentel⁴⁴. Mais a elección das tenencias de alcaldía resultaría moito máis complicada: tras seren votadas en dous plenos, retardaríase un mes a súa elección ao non haber *quorum* para seren proclamadas⁴⁵.

Unha cuestión que traería controversia dende o primeiro momento sería a aprobación dos orzamentos. O de 1932 sería obxecto dunha campaña de oposición por parte das entidades económicas do municipio, rexeitando a aplicación de novos impostos —décima sobre a propiedade urbana— e a suba dalgúns xa existentes⁴⁶. O orzamento de 1933 —que será prorrogado— zoupará coa resistencia do PSOE e do Centro Obreiro, opostos a que tan só se melloren os salarios dos

41 Non se coñece a composición deste grupo, tan só a adscrición dalgúns concelleiros a el —López Macía, Victorino Castro Ves—, de posíbel adscrición ao sector de Martínez Barrio e integración, unha vez constituído, no PRD.

42 No Pleno do 12 de xaneiro, Domingo Pérez criticará duramente a todos os alcaldes que presidiran até o de entón o Concello. Ao non ser apoiado polos demais concelleiros do PRG, rematará dimitindo no seu cargo (*El Progreso*, 13 de xaneiro de 1934).

43 *El Progreso*, 20 de febreiro de 1934.

44 *El Progreso*, 24 de febreiro de 1934.

45 Repartiríanse os cargos entre as organizacións existentes, correspondendo cada un a un grupo. As tenencias quinta e sexta, ocupadas antes por Graña e Valcárcel, ficarán vacantes (*El Progreso*, 17 de marzo de 1934).

46 Ángel Carro, membro da directiva de varias desas entidades, publicaría un artigo opóndose aos orzamentos do 1932 (*El Progreso*, 5 de febreiro de 1932).

funcionarios municipais máis cualificados⁴⁷. En canto aos de 1934 —devoltos pola Delegación de Facenda—, provocarán fondas discrepancias entre os municipais:

[...] Señalaban ayer los comentaristas, determinadas diferencias que existen entre algunos grupos de la Corporación, respecto del asunto presupuestal. Algunos estiman que tales discrepancias nacen de que varios ediles no se muestran de acuerdo con que en los nuevos presupuestos no se atiende debidamente a obras de absoluta necesidad, tales como refugios de pobres, construcción de lavaderos públicos, etcétera.⁴⁸

Carlos Vázquez Pimentel dimitirá como alcalde tras dunha asemblea do PSOE, acordando os socialistas asistir só ás sesións da tarde, ao coincidiren as da mañá coa xornada laboral⁴⁹. Ocuparía a alcaldía Enrique Graña Valiño (PRG). Neste punto da crise do Concello, calquera tema a tratar nun pleno podía contribuír a exacerbar inda máis o enfrontamento existente no seo da corporación municipal. Este é o caso do debate sobre a gratificación ao funcionario que cobra o imposto de plusvalía:

[...] Surge, por este motivo, un incidente entre el señor Graña Valiño —que retira la palabra al señor Abella— y éste concejal, que exige que se le escuche porque tiene derecho a hablar [...]

El alcalde, luego de manifestar que le produce sorpresa el hecho de que el señor Abella haya abandonado las funciones concejiles durante dos años y ahora acuda a las sesiones a impugnar asuntos de menor importancia que algunos en que hubo de intervenir la Corporación municipal, de la que el señor Abella permaneció casi totalmente durante 24 meses. Esto mueve al Alcalde a creer en animadversiones del señor Abella.

[...] Protestan enérgicamente los señores Abella, López Macía e Iglesias, el primero de los cuales, dirigiéndose a los concejales que votaron en favor de la propuesta, dice:

¡Levantáos, para que el pueblo os vea y sepa a qué atenerse!

En medio de un gran barullo y sin haberse tratado todos los asuntos que figuraban en el orden del día, el señor Graña levanta la sesión.⁵⁰

2. Comisión Xestora da Reacción (outubro de 1934 - febreiro de 1936)

Logo da Folga Xeral Revolucionaria, o Gobernador Civil destituiría a todos os concelleiros socialistas e orguistas do Concello de Lugo, nomeando unha Xestora integrada por elementos afíns ao Goberno PRR-CEDA⁵¹. Esta provocará un con-

47 Logo dunha asemblea co Centro Obreiro, o PSOE presentaría unha emenda á totalidade nun Pleno que rematou en escándalo (*El Progreso*, 17 de decembro de 1932).

48 *El Progreso*, 17 de maio de 1934.

49 *El Progreso*, 24 de xuño de 1934.

50 *El Progreso*, 27 de xullo de 1934.

51 Concretamente, 16 concelleiros do PRR e 12 da CEDA (*El Progreso*, 17 de outubro de 1934). Os cargos de goberno da Xestora serán repartidos dun xeito equitativo entre as dúas forzas representadas (*El Progreso*, 18 de outubro de 1934).

flito institucional coa Deputación pola débeda que esta arrastraba de anos atrás co Concello relativa ao pago das estancias de enfermos de fóra de Lugo no Hospital de Santa María. A corporación municipal denegará o acceso ao devandito hospital aos enfermos que non sexan da capital mentres non sexa afrontada a débeda polo organismo provincial, que alegaba que o Concello actuaba á marxe do convenio asinado en 1915 e estaba disposta a presentar un recurso contencioso-administrativo contra o acordo do Concello⁵². A mediación do Gobernador Civil permitirá que en febreiro de 1935 se chegue a un acordo entre ambas as entidades para a sinatura dun pacto económico que inclúe a liquidación definitiva de contas ao respecto⁵³.

Outra cuestión que vai ser conflictiva xa iniciada coa corporación de 1929 e afrontada definitivamente no período republicano é a proposta de municipalización do servizo de augas, establecéndose unha negociación coa empresa BEGA, máxima accionista da adxudicataria do mesmo ("Abastecimiento de Aguas de Lugo"), non sendo quen de chegaren a un acordo, de tal xeito que a corporación acordará en 1936, ao abeiro dunha sentenza xudicial favorábel, a incautación do servizo pola cantidade de 702.565,67 pesetas⁵⁴.

En abril de 1935 dimitirán os concelleiros da minoría da CEDA, seguindo as instrucións dadas por Gil Robles en relación á crise governamental estatal⁵⁵. Isto some o Concello nun período de paralización dun mes, no cal a marcha do alcalde a Madrid para facer xestións coa Administración do Estado e a ausencia dos cedistas frearon o grao de actividade e dificultaron a celebración de plenos.

Mais a volta da CEDA non supuxo máis que o comezo dunha fonda e larvada crise no Concello. Cando os dereitistas anuncien como novo concelleiro en

52 ADPL, Actas de Plenos, 31 de decembro de 1934 folios 236-239.

53 *El Progreso*, 2 de febreiro de 1935. Resolveríase a situación coa sinatura dun convenio no que establece como taxa a pagar pola Deputación a cantidade de 5 pesetas por enfermo ingresado, mantendo o custo salario do Médico-Cirurxián e a achega de 5.000 pesetas á Casa-Asilo. Liquidanse as contas relativas a 1933, que a Deputación se negara a pagar pola suba unilateral da taxa por estancia feita polo Concello, ascendendo a 243.231,50 pesetas que pagaría a prazos: as 43.231,50 nese mesmo ano e o resto en dez anualidades (ADPL, Actas de Plenos, 8 de febreiro de 1935 folios 10-14).

54 O 27 de decembro de 1930 o Concello acordara dar un ano de prazo á empresa para entregar o servizo de augas a mans municipais, ao que esta respondera presentado un recurso contencioso-administrativo que é resolto en sentenza firme o 12 de maio de 1936, facultando ao Concello —ao abeiro da lexislación de réxime local de 31 de outubro de 1935— a incautarse do servizo pola cantidade taxada xa en 1929 (AML, Servizos, Sanidade, Augas, expte. N.7351/1). No entanto non se fallou o recurso, BEGA tentaría forzar o Concello a abandonar a idea da municipalización, ofertándolle 6.000 das 7.000 accións que posuía ao prezo de 800.000 pesetas, reclamándolle unha débeda de 90.000 pesetas por amaños nas instalacións a través da Delegación de Facenda; e mesmo presionando o Gobernador Civil para que destituíra a Corporación Municipal, ao cal se negou (AML, Actas e Goberno, Actas de Plenos, Libro 36, actas de 21 de xaneiro de 1935, 8 de febreiro de 1935, 18 de febreiro de 1935).

55 *La Voz de la Verdad*, 6 de abril de 1935. Reintegráranse aos seus postos no Pleno do 15 de maio (*El Progreso*, 16 de maio de 1935).

substitución de Arcadio Casanova ao tenente coronel de Infantería retirado Ramón Lamela Barbacid, o PRR deixará de asistir aos plenos en sinal de protesta contra a designación dunha persoa que non consideraban de recibo que estiver na corporación⁵⁶.

Cando a CEDA presente a Lamela como candidato á primeira tenencia de alcaldía vacante, os radicais farán obstrucionismo votando en branco, de tal xeito que non se puidera proclamar con carácter definitivo ao non ter a maioría de votos. O 10 de xuño os concelleiros da CEDA con cargos no equipo de goberno renunciarán en sinal de protesta⁵⁷. A finais de outubro, a minoría cedista en pleno marchará de novo do Concello, semella que debido á ofensa dun policía a un concelleiro dereitista⁵⁸.

O incumprimento do prazo para a aprobación da execución do amaño da praza de Abastos orixinará un cruce de acusacións entre as dúas minorías a respecto da responsabilidade do ocorrido, chegando ao seu cumio a dinámica de ingobernabilidade na que entrara a corporación radical-cedista⁵⁹. Nos primeiros días de 1936, o Gobernador Civil vai substituír os concelleiros cedistas⁶⁰, ficando unha composición na que a meirande parte dos nomeados son de filiación radical⁶¹. Configúrase, pois, unha corporación monocroma consonte coa orientación política do Goberno.

3. Comisión Xestora Frontepopulista (febreiro-xullo de 1936)

Trala vitoria electoral da Fronte Popular nos comicios de febreiro de 1936, o goberno entrante acorda a reintegración aos seus cargos dos concelleiros de elección

56 O PRR, pola súa banda, proporía como novo concelleiro a Antonio Cardero Veloso, en substitución de Antonio López Arias (*El Progreso*, 21 de maio de 1935).

57 Como consecuencia desta actitude, dimitiría no seu posto o cedista Castro González Barreiro, en desacordo coa estratexia adoptada pola minoría de dereitas, sendo substituído por Antonino Rodríguez López (*El Progreso*, 11 de xuño de 1935).

58 "[...] El móvil de tal actitud baséase en su incompatibilidad con la minoría radical, debido a las continuadas muestras de desconsideración que ésta, de un tiempo a esta parte, le viene haciendo objeto." (*El Progreso*, 24 de outubro 1935).

59 O alcalde culpabilizaría á CEDA de obstaculizar o proceso ao non asistir aos plenos. A isto responderían os dereitistas que cos 16 concelleiros da minoría radical había *quorum* suficiente (*La Voz de la Verdad*, 26 de outubro de 1935). En setembro de 1935 iniciáranse os trámites para o amaño do Mercado coa aprobación do proxecto e do orzamento, do cal se daba traslado ao Ministerio de Obras Públicas, prevéndose o comezo das obras para xaneiro de 1937 (AML, Actas e Goberno, Actas de Plenos, Libro 37, acta de 16 de outubro de 1935). Posteriormente, como resultado das conversas tidas polo Alcalde en Madrid con responsábeis do Ministerio, acordárase unha prórroga do prazo para a execución das obras (AML, Actas e Goberno, Actas de Plenos, Libro 37, acta de 31 de decembro de 1935).

60 *El Progreso*, 7 de xaneiro de 1936. (Véxase Cadro 6)

61 Nun primeiro momento estaban propostos dous membros de IR, que finalmente non aceptan (*El Progreso*, 9 de xaneiro de 1936).

popular, ocupando a alcaldía no Concello de Lugo Domingo Pérez y Pérez (IR)⁶². Mais esta era unha solución transitoria mentres se reestruturaban os esquemas de poder e se elixían gobernadores. A primeira misión do novo Gobernador Civil de Lugo, José Antonio Fernández de la Vega, sería nomear unha nova Xestora municipal, para o cal pediu aos partidos da Fronte Popular unha listaxe de persoas propostas, comendo o Gobernador unha Xestora con 10 concelleiros de IR, 8 do PSOE, 8 de UR e 2 do PG, que non aceptaría finalmente eses dous postos debido ás dúbidas xeradas arredor da súa participación na FP. Os postos de responsabilidade repartiríanse entre as tres forzas, quedando IR co Alcalde (Francisco López Lamas) e dúas tenencias de alcaldía e compensando ao PSOE e a UR con cadansúas tres⁶³. Esta será a corporación que rexerá o Concello até o golpe de Estado do 17 e 18 de xullo de 1936⁶⁴.

62 Este evento sería celebrado coa colocación de iluminación especial na Casa Consistorial e mailo local social de IR. Dende o balcón do Concello dirixiríanse aos cidadáns alí congregados o novo alcalde e o presidente do Comité Provincial de IR, Díaz Villaamil (*El Progreso*, 20 de febreiro de 1936).

63 (*El Progreso*, 4 de marzo de 1936). As comisións de traballo repartiríanse, como se viñera facendo nas anteriores corporacións de xeito proporcional compensado (*El Progreso*, 7 de marzo de 1936). (Véxase Cadro 7)

64 As únicas alteracións serían a incorporación de Germán Lastra Cancio en substitución de Benigno Quiroga (PSOE) e Desiderio Fole Sánchez no lugar de Ángel Quiñoá (UR) (*El Progreso*, 28 de xullo de 1936).

4. ANEXOS

CADRO 1: eleccións municipais (12 de abril de 1931). Concelleiros electos

Distrito 1º	Ángel López Pérez José Pujol Alfredo Rodríguez Labajo Tomás Pérez García Purificación de Cora Sabater Carlos Vázquez Fernández Pimentel José Bolaño Pérez	monárquico monárquico monárquico monárquico monárquico socialista republicano
Distrito 2º	Antonino Rodríguez Marcelino López Salustiano Carro Emilio López Marey	monárquico monárquico republicano socialista
Distrito 3º	Ramón Neira Pedrosa Roberto Pedrosa Pérez Manuel Parga José Antonio Valiña	monárquico monárquico monárquico socialista
Distrito 4º	Manuel Figueroa José Páramo Demetrio Álvarez Serafín Rey	monárquico monárquico monárquico monárquico
Distrito 5º	Eleuterio López Antonio Fernández Manuel Traseira Manuel Yáñez José Tellado	monárquico monárquico monárquico monárquico monárquico
Distrito 6º	Luis Sánchez Arrieta Juan Quintás Jesús García Gesto Victorino Castro Ves	monárquico monárquico monárquico Republicano

CADRO 2: comisión xestora concello (19 de abril de 1931)

José Bolaño Pérez	Republicano (AR)	Presidente
Carlos Vázquez Fernández Pimentel	Socialista	Vicepresidente, Delegado de Beneficencia, Hixiene e Cemiterios
José Antonio Valiña Muíño	Socialista	Del. Instrución Pública
Victorino Castro Ves	Republicano (AR)	Del. Abastos e Mercado
Emilio López Marey	Socialista	Del. Fomento
Salustiano Carro Crespo	Republicano (ORGA)	Del. Policía Rural

CADRO 3: repetición da eleccións municipais (31 de maio de 1931). Concelleiros electos

Distrito 1º	Carlos Vázquez Fernández Pimentel	PSOE	516 votos
	José Bolaño Pérez	AR	436 votos
	José Cobreros de la Barrera	AR	378 votos
	Victorino Castro Ves	AR	371 votos
	Juan Comas Camps	PSOE	371 votos
	Joaquín Fugarolas Marbán	PSOE	345 votos
Distrito 2º	Emilio López Marey	PSOE	251 votos
	Joaquín Iglesias	PSOE	176 votos
	López Macía	AR	128 votos
	Manuel Castro López	PSOE	123 votos
Distrito 3º	José Abella	PSOE	251 votos
	José A. Valiña	PSOE	244 votos
	Manuel Fernández	PSOE	159 votos
	Luis Castro Ves	AR	142 votos
Distrito 4º	Manuel Traseira	AR	365 votos
	José Trigo Prado	AR	325 votos
	José Lage	AR	308 votos
	Eduardo Rodríguez Lameiro	DLR	147 votos
Distrito 5º	Gumersindo Valcárcel	AR	379 votos
	Enrique Graña	AR	327 votos
	Ángel Traseira	AR	308 votos
	Manuel Trigo	PSOE	278 votos
	Ramiro López Lema	PSOE	254 votos
Distrito 6º	Victorino Castro Ves	AR	475 votos
	López Quiroga	AR	458 votos
	Blas Regueiro	AR	457 votos
	Domingo Pérez	ORGA	61 votos

CADRO 4: minoría PRG (24 de agosto de 1933)

Presidente	Enrique Graña Valiño	Ex-PRR
Secretario	Joaquín Iglesias Muñoz	Ex-MSOI
	Domingo Pérez y Pérez	PRG
	José Trigo Prado	Ex-PRR
	Blas Regueiro Fernández	Ex-PRR
	José López Quiroga	Ex-PRR
	José Lage Varela	Ex-PRR
	Emilio López Marey	Ex-MSOI

CADRO 5: comisión xestora radical-cedista (17 de outubro de 1934)

Camilo López Pardo	PRR
Rosendo Vázquez Barcia	PRR
César Díaz Otero	PRR
Antonio López Arias	PRR
Lucio Ibáñez López	PRR
Sabino Torrón Abella	PRR
José López Vigo	PRR
David Fernández	PRR
Jesús Sarmiento	PRR
Bautista Castedo	PRR
Arcadio Casanova García	CEDA
Manuel Parga Rodríguez	CEDA
Casto Díaz Sal	CEDA
José Trapero Pardo	CEDA
José Ferreiro Iglesias	CEDA
Manuel Portela Nogueira	CEDA
Agapito Peña Fraga	CEDA
José Mesa Pérez	CEDA
Casto González Barreiro	CEDA
Manuel Figueroa Barros	CEDA
Rogelio Pena Blanco	PRR
Pedro Súa Quintela	CEDA
Juan Quintás López	CEDA
José Cobreros de la Barrera	PRR
Gumersindo Valcárcel Maceda	PRR
Ángel Traseira Carreira	PRR
Enrique Graña Valiño	PRR
Manuel Castro López	PRR

CADRO 6: concelleiros en substitución da minoría da CEDA (7 de xaneiro de 1936)

Vicente Meri Barbeny	PRR
Baldomero Rivas Rubinos	PRR
Manuel Teijeiro Varela	PRR
Manuel Corral Conde	PRR
José Méndez López	PRR
Ricardo Tourón	PRR
Jesús Castro López	PRR
Fernando Lago Rivas	PRR
Juan Varela Seijas	PRR
Rodrigo Castro Fernández	IR
José Castro Burgo	PRR
Clemente Cordeiro González	IR
José Vázquez Abel	PRR

CADRO 7: comisión xestora da Fronte Popular (4 de marzo de 1936)

Antonio Castedo Rubinos	PSOE
Manuel Cobas Rodríguez	PSOE
Manuel Neira Souto	PSOE
Antonio Abuín Palmeiro	PSOE
Amadeo Fernández García	PSOE
José Pérez Varela	PSOE
Ángel Yáñez Núñez	PSOE
Esteban Sánchez Guisasola	PSOE
José García López	UR
Luis Gabín Lugilde	UR
Ángel Quiñoá González	UR
Domingo del Río González	UR
Emilio Salgado Morandeira	UR
José Tella Saavedra	UR
Benigno Quiroga López	UR
Ángel Abuín Lombao	UR
Celestino Noya Rodríguez	IR
Glicerio Albarrán Puente	IR
Arcadio Romero Boelle	IR
Narciso Aloguín Benedicto	IR
Serafín Caridad Nogueira	IR
Tomás Saavedra Pardo	IR
Francisco Lamas López	IR
Clemente Cordeiro González	IR
Ángel Pérez López	IR
José Guerra Sánchez	IR
José Vázquez Fernández Pimentel	PG
Benigno Varela Fernández	PG

CADRO 8: índice de acrónimos

FONTES	
ADPL	Arquivo da Deputación Provincial de Lugo
AHPL	Arquivo Histórico da Provincia de Lugo
AML	Arquivo Municipal de Lugo
HPL	Hemeroteca Provincial de Lugo

ORGANIZACIÓNS POLÍTICAS	
AR	Alianza Republicana
CEDA	Confederación Española de Derechas Autónomas
DLR	Derecha Liberal Republicana
FCA	Federación Católica Agraria
FRG	Federación Republicana Galega
IR	Izquierda Republicana
MSOI	Minoría Socialista Obreira Independente
ORGA	Organización Republicana Galega Autónoma
PRD	Partido Radical Demócrata
PRG	Partido Republicano Galego (antes ORGA)
PRR	Partido Republicano Radical (antes AR)
PRRS	Partido Republicano Radical Socialista
PSOE	Partido Socialista Obrero Español
UMN	Unión Monárquica Nacional
UR	Unión Republicana

A persecución política da muller. Lucenses detidas no cárcere provincial de Lugo (1936-1940)

M. X. SOUTO
Universidade de Santiago de Compostela

O estudo da poboación reclusa feminina durante a Guerra Civil e o franquismo é, aínda hoxe, un aspecto pouco explorado da actividade represiva do réxime. As aproximacións ao tema que teñen como *poboación diaria* o colectivo das reclusas son moi escasas¹, predominando a literatura testemuñal feminina ou os estudos de caso², que non permiten unha visión global da dinámica penitenciaria. Esta

- 1 Barranquero Texeira, Encarnación *et alii* (1994): *Mujer, cárcel, franquismo. La Prisión Provincial de Málaga (1937-1945)*, Málaga, Junta de Andalucía; Sabín, José Manuel (1996): "La represión femenina", en Sabín, José Manuel: *Prisión y muerte en la España de postguerra*, Madrid, Anaya & Mario Munchnik, pp. 249-263; Vinyes, Ricard (2002): *Irredentas: Las presas políticas y sus hijos en las cárceles franquistas*, Madrid, Temas de Hoy; Hernández Holgado, Fernando (2003): *Mujeres encarceladas: la prisión de Ventas de la República al franquismo, 1931-1941*, Madrid, Marcial Pons; varios capítulos da obra colectiva de Sobrequés, Jaume; Molinero Carme; e Sal, Margarida (eds.) (2003): *Los campos de concentración y el mundo penitenciario en España durante la Guerra Civil y el franquismo*, Barcelona, Crítica-Museu d'Historia de Catalunya; Egido, Ángeles (2006): "Mujeres en las cárceles de Franco. Apuntes sobre la represión de género en el Madrid de la posguerra", en Mateos, Abdón e Herreirín, Ángel (eds.): *La España del presente: de la dictadura a la democracia. II Congreso Internacional de la Asociación de Historiadores del Presente*, Madrid, Historia del Presente. Monografía 3, pp. 11-24.
- 2 Destacan: Hidalgo, P. (1938?): *Une jeune mere dans les prisons de Franco*, Paris, Édition des Archives Espagnoles; Doña, Juana (1978): *Desde la noche y la niebla (Mujeres en las cárceles franquistas)*. *Novela-testimonio*, Madrid, Ediciones de la Torre; Di Febo, Giuliana (1979): *Resistencia y movimiento de mujeres en España 1936-1976*, Barcelona, Icaria; Castro, Nieves (1981): *Una vida para un ideal: recuerdos de una militante comunista*, Madrid, Ediciones de la Torre; García, Consuelo (1983): *Las cárceles de Soledad Real*, Barcelona, Alfaguara; Malonda, Ángeles (1983): *Aquello se hizo así*, Madrid, ACOFARMA; Cuevas, Tomasa (1985a): *Cárcel de Mujeres, 1939-1945*, Barcelona, Sirocco-books; Cuevas, Tomasa (1985b): *Cárcel de Mujeres*, Barcelona, Ed. Sirocco; Romeu, Fernanda (1994): *El silencio roto. Mujeres contra el franquismo*, Oviedo, Ed. da autora; Mangini, Shirley (1997): *Recuerdos de la resistencia. La voz de las mujeres de la guerra civil española*, Barcelona, Península; G^o Madrid, A. (2003): *Réquiem por la libertad*, Madrid, Alianza Hispánica (2^a ed.); Solé i Barjau,

carencia cobra especial relevancia en Galicia³ onde as mulleres sufriron unha particular represión polo apoio ou simplemente, pola súa relación cos fuxidos⁴.

O estudo indiferenciado da poboación reclusa masculina e feminina non permite coñecer o patrón desta por canto a primeira, moi superior en termos cuantitativos, enmascara as especificidades que afectan ao xénero feminino non só en relación ás variábeis universais (idade, profesión, estado civil...), senón tamén ao tipo de delito ou a evolución dos ingresos.

Este traballo pretende caracterizar a represión carceraria exercida sobre as lucenses por motivos políticos a través, fundamentalmente, da análise dos Libros de Rexistro de Entrada e expedientes procesuais da poboación reclusa feminina da Prisión Provincial de Lugo.

Unha vez establecido o universo, o primeiro problema que xorde na realización dun estudo sistemático deste tipo é o da conceptualización, cando pretendemos realizar a “definición de caso”, é dicir, establecer os criterios de selección das reclusas detidas por motivos políticos. Para delimitar o termo “delito político” temos que escoller un punto de vista que, neste caso, ten que ser o das autoridades franquistas responsábeis da represión, que consideraban actos contra o novo réxime político todos os incluídos no Bando de Guerra de 28 de xullo de 1936. Este bando establece que “serán perseguidos en juicio sumarísimo”, “por la jurisdicción de Guerra” “todos los delitos comprendidos en los Títulos V, VI, VII e VIII del Tratado Segundo del Código de Justicia Militar”, ademais de “los delitos de rebelión, sedición, y sus conexos” e doutros equiparados aos anteriores aos efectos da súa represión. Inclúense finalmente os delitos comprendidos no epígrafe de “Delitos contra el Orden Público” do Título III do Código Penal ordinario, entre eles, os atentados contra a autoridade e os seus axentes, resistencia e desobediencia.

Queralt (2004): *A les presons de Franco*, Barcelona, Proa; Gómez Ruiz, Carmen e Campos Osaba, Luís (2005): *Cárcel de Amor. Una historia real en la dictadura franquista*, Sevilla, Fundación El Monte; O'Neill, Carlota (2006): *Una mujer en la guerra de España*, Madrid, Oberón.

- 3 Os poucos estudos específicos publicados sobre o particular resaltan aínda máis o baleiro existente: Laruelo, Marcelino (2005): “Saturarán: ¿cárcel de mujeres o campo de concentración?”, en AA.VV., *A represión franquista en Galicia. Actas do Congreso da Memoria*, Narón, Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática, pp. 291-298. Son máis numerosas as obras relacionadas coa literatura testemuñal ou os estudos de caso: Núñez, Mercé (1967): *Cárcel de Ventas*, París, Ed. Librairie du Globe [hai unha edición en galego de A Nosa Terra]; Ríos, Isabel (1986): *Testimonio de la Guerra Civil*, Sada, Edicións do Castro; *Unión Libre: Cuadernos de vida e Culturas. Vermellas*, 11; Grana Pérez, Beatriz (2004): “Terror en Ourense. Declaracións de Josefina e Luísa González Cudeiro”, *Unión Libre*, 9, pp. 155-159; Soutelo Vázquez, Raúl (2005): *Labregas, emigradas, estraperlistas e represaliadas*, Valga, Concello de Valga; AA. VV. (2006): *A memoria esquecida: Peladas, presas, paseadas*, Santiago de Compostela, Servizo Galego de Igualdade. Andaina.
- 4 En Galicia as fontes carcerarias aínda non foron estudadas con perspectiva de xénero. Sobre o conxunto da represión carceraria xa publicaron Domingo Rodríguez Teijeiro en relación a Celanova (Ourense), Xoán Carlos Abad Gallego; Antonio Caeiro, e Gonzalo Amoedo López, respecto a penitenciaría de San Simón (Pontevedra) e María Xesús Souto Blanco sobre a Prisión Provincial de Lugo e outras desa provincia.

cia, os desacatos, insultos, injurias e ameazas á autoridade, aos seus axentes e demais funcionarios públicos e desordes públicas.

Aínda que parece evidente que a tipificación dos delitos corresponde ao lexislador, numerosos traballos dedicados ao estudo da represión, introducen correccións baseadas na pertinencia de incluír determinados supostos na categoría de "delito político" por converxer neses casos circunstancias que, nunha perspectiva de lóxica penal, determinarían a inimputabilidade dos responsábeis (por exemplo: ebriedade, enfermidade mental, forza maior). Nestes traballos⁵ tamén se exclúen moitas veces aqueles delitos que só indirectamente podían causar prexuízo "a los fines que persigue este movimiento redentor de nuestra Patria"⁶, cando consideran que o obxectivo do responsábel do delito non era causar ese prexuízo (caso, por exemplo, do "estraperlo", do acaparamento de bens de primeira necesidade ou o encarecemento dos mesmos). As aproximacións dende a intencionalidade do acto castigado serían, ao noso xuízo, máis pertinentes nunha abordaxe da resistencia ao réxime, que no estudo da represión exercida por ese réxime. Consideramos que o que está en causa non é a coherencia procesual da autoridade competente⁷, nin a súa lexitimidade para legislar, senón as súas atribucións en materia lexislativa, que son as que definen en calquera altura o carácter político ou común das actuacións e, loxicamente, as consecuencias das mesmas para as vítimas. Esta situación é aínda máis evidente se consideramos que no artigo 10 do mencionado bando se faculta a xurisdición de Guerra para remitir á ordinaria as causas incoadas que estando comprendidas no bando non teñan, a xuízo das autoridades militares relación directa coa orde pública.

É innegábel que as detidas que incluimos na definición de caso, é dicir, que consideramos detidas políticas, sufriron represión por motivos políticos, sendo estes motivos fixados polo réxime, suxeito activo da represión, e como tal, definidor da conduta represora.

5 É o caso de Sanz Alberola, Daniel (1999): *La implantación del franquismo en Alicante. El papel del Gobierno Civil (1939-1946)*, Alicante, Publicaciones de la Universidad de Alicante, pp. 73 e ss.

6 Bando da Xunta de Defensa Nacional de 28 de xullo de 1936 (BOE, 30 de xullo de 1936, núm. 3), preámbulo.

7 Neste aspecto, resulta moi ilustrativo o acontecido ao contratista de obras de Lugo, Severino Martínez conspicuo adicto ao réxime, a quen un amigo militar, encomendou un transporte de mobles de Madrid a Lugo, resultando estes levemente danados. As dilixencias previas incoadas refiren que "en cumplimiento de la orden de proceder producida por el Excmo. Sr. General Jefe de la Octava Región militar en virtud de petición de parte suscrito por el teniente-coronel de ingenieros, D. Cristino Cervera Reyes, que estima que en los daños sufridos por los muebles durante el transporte *ha existido mala fe con motivación político-social* ya que estima el perjudicado denunciante que su condición de militar ha determinado los hechos de autos, *que califica de sabotaje* causado de propósito". Estas dilixencias foron arquivadas, pero nunca se remitiron á xurisdición civil. [A cursiva é miña. Arquivo Intermedio Militar do Noroeste de Ferrol, Fondo Lugo, dilixencias previas núm. 603/39, fol. 24.]


A clasificación da poboación reclusa en “política” e “común” segundo a autoridade (militar ou civil) que entende en cada caso, complicase cando o recluso é un detido gubernativo a disposición do Gobernador Civil sen especificación do delito. Isto é así polas confusas atribucións do Gobernador Civil en materia de orde pública. A dirección nesta materia estivo nos primeiros momentos en mans militares, pero a partir do Decreto Lei de 19 de febreiro de 1937, nas zonas en que a ocupación estaba asegurada (caso de Lugo), as autoridades militares podían delegar competencias de orde pública nos Gobernadores Cívís. En consecuencia, cando non figura o delito non é posíbel distinguir un detido gubernativo “común” (ladrón, maleante, mendigo, estafador...) dun “político” (extremista, masón, derrotista...) sen estudalos caso a caso, contrastando os datos sobre cada un deles e realizando cribados sucesivos.

As variábeis que utilizaremos na caracterización da poboación feminina reclusa por motivos políticos son: data de ingreso, idade, estado civil, naturalidade, domicilio, profesión, alfabetización, delito, e a *sorte*. O que permitirá saber con que trazos de persoa, lugar e tempo se asocia a represión carceraria por motivos políticos e cales son as especificidades desta para a muller.

1. Resultados

Entre o 20 de xullo de 1936 (cando triunfa a sublevación militar en Lugo) e o 31 de decembro de 1940 (inclúese un ano de inmediata posguerra para estudar se existen variacións da intensidade da represión ligadas á existencia ou non de actividade bélica), o volume total de ingresos femininos na Prisión Provincial de Lugo no universo considerado, é de 479, dos cales 359 (75%) son ingresos “políticos” e 110 (23%) comúns⁸.


GRÁFICO 1: Ingresos de mulleres lucenses no cárcere provincial (1936-1940)



8 Consideramos casos perdidos 10 ingresos (2%), nos que non foi posíbel descubrir nin o delito nin a autoridade responsábel ou a disposición da cal quedou a detida.

A evolución temporal dos ingresos políticos e comúns mantén unha tendencia coincidente entre os anos 1936-1938, ascendente no primeiro ano, e descendente no segundo. A partir do ano 1938 observamos unha disociación, os ingresos comúns continúan a diminuír, mentres que os políticos aumentan ata o ano 1939 en que a tendencia ascendente volve a coincidir, aínda que cunha pendente moito máis acusada na curva dos ingresos políticos, que se disparan a partir dese ano.

GRÁFICO 2: Evolución temporal dos ingresos de mulleres no cárcere provincial



A distribución da poboación reclusa por idade mostra claras diferenzas entre presas políticas e comúns.

CADRO 1: Idade dos ingresos. Estatística descritiva

	POLÍTICAS	COMÚNS
INTERVALO	14-73	16-75
MEDIA	37	30
MEDIANA	35	28
MODA	24	27


Fonte: elaboración propia con datos dos Libros de Rexistro de Ingresos e Expedientes de reclusas da Prisión Provincial de Lugo.

Os intervalos parecen indicar maior idade no grupo das presas comúns, máis esta circunstancia é só aparente e debida a existencia neste grupo de *outliers*, valores extremos illados próximos ao límite superior. Así, neste grupo, só tres

mulleres tiñan máis de 60 anos cando ingresaron por primeira vez no cárcere, fronte a 34 no grupo das políticas.


Analizando as medidas de tendencia central, vemos que, na realidade, tanto a media como a mediana, son máis elevadas no caso das presas políticas. A distribución de idade nestas é máis homoxénea ao longo do intervalo, concentrándose as comúns no grupo das mozas adultas, como reflicte a moda de 27.

GRÁFICO 3: Idade ao ingreso. Medias de tendencia central




A distribución de idades antes comentada, confirmase ao analizar o estado civil das reclusas, correspondendo ás comúns unha porcentaxe de solteiras do 70%, fronte ao 42% das políticas.

GRÁFICO 4: Estado civil ao ingreso



Comparando a distribución do estado civil nos dous extremos do intervalo temporal estudado (1936-1940), vemos que apenas varía no caso das comúns, mentres que no grupo das políticas, a porcentaxe de solteiras practicamente se iguala á de casadas en 1940.

GRÁFICO 5: Evolución da porcentaxe de solteiras nos dous grupos



O índice de alfabetización das políticas, 64,9%, sitúase case 9 puntos porcentuais por enriba do das comúns (56,3%). Ambos os dous son superiores ao rexistrado no Censo de 1930 para a poboación feminina (43,9%), pero só o das políticas supera o do Censo de 1940 (59,0%).

GRÁFICO 6: Nivel de instrución ao ingreso



A profesión predominante entre as mulleres ingresadas por motivos políticos é a de labradora, seguida de "os seus labores", ambas as dúas profesións representan case o 80% do total. Entre as presas comúns, a profesión maioritaria

é “os seus labores”, seguida de prostituta. Neste grupo a actividade profesional non está tan concentrada coma no anterior, existindo outras dúas profesións con porcentaxes apreciábeis, o de serventa e o de labradora. Estas catro ocupacións representan tamén a volta do 80% do total.

CADRO 2: Profesión no momento do ingreso

PROFESIÓN	I. POLÍTICAS		I. COMÚNS		
	n.º	%	n.º	%	
Labradora	173	48,2	Os seus labores	28	25,5
Os seus labores	109	30,4	Prostituta	24	21,8
Modista	17	4,7	Serventa	19	17,3
Xornaleira	11	3,1	Labradora	16	14,6
Industrial	9	2,5	Vendedora	5	4,6
Vendedora	8	2,2	Xornaleira	4	3,6
Serventa	8	2,2	Industrial	3	2,7
Prostituta	6	1,7	Modista	2	1,8
Mestra	5	1,4	Ambulante	1	0,9
Tecedora	2	0,6	Bordadora	1	0,9
Cociñeira	1	0,3	Camareira	1	0,9
Estudante	1	0,3	“Xitana”	1	0,9
Funcionaria	1	0,3	Quincalleira	1	0,9
Panadeira	1	0,3	Zoqueira	1	0,9
Pescantina	1	0,3	Non figura	3	2,7
Repartidora	1	0,3	Zapateira	1	0,3
Trapeira	1	0,3	Non figura	2	0,6
Zoqueira	1	0,3			
Total	359	100		110	100

Fonte: elaboración propia con datos dos Libros de Rexistro de Ingresos e Expedientes das reclusas da Prisión Provincial de Lugo.

A ruralidade predominante entre as presas políticas reflectida no predominiño da profesión de labradora, vese confirmada no seguinte cadro. Podemos ver que as domiciliadas nos concellos máis urbanos (Lugo capital e Monforte) representan só o 20,3% dos ingresos políticos, a situación invértese cando ollamos para as comúns, con un 57,3% de domiciliadas nesas concellos.

CADRO 3: Ingresos de mulleres segundo o domicilio

Ingresos Políticos	n.º	% ingresos	por 10.000 mulleres	Ingresos Comúns	n.º	% ingresos	por 10.000 mulleres
Lugo	61	17,0	38	Lugo	60	54,6	38
Chantada	35	9,7	47	Monterroso	8	7,4	27
Cervantes	25	7,0	72	Ambulante	4	3,7	----
Becerreá	22	6,1	57	Sober	4	3,7	-10
Paradela	19	5,3	75	Cospeito	3	2,7	-10
Pedrafita	17	4,7	84	Mondoñedo	3	2,7	-10
Vicedo	13	3,6	53	Monforte	3	2,7	-10
Monforte	12	3,3	15	Nogais	3	2,7	13,4
Nogais	12	3,3	54	Castroverde	2	1,8	-10
Quiroga	12	3,3	31	Friol	2	1,8	-10
Sober	12	3,3	25	Pantón	2	1,8	-10
N. Suarna	9	2,5	28	Pastoriza	2	1,8	-10
Saviñao	9	2,5	17	Vilalba	2	1,8	-10
Palas Rei	8	2,2	14	Carballedo	1	0,9	-10
Portomarín	8	2,2	41	Castro Rei	1	0,9	-10
Sarria	8	2,2	12	Corgo	1	0,9	-10
Viveiro	8	2,2	11	Lancara	1	0,9	-10
Ribadeo	6	1,7	12	N. Suarna	1	0,9	-10
Incio	5	1,4	14	Ouro	1	0,9	-10
Antas Ulla	4	1,1	15	P. Brollón	1	0,9	-10
Fonsagrada	4	1,1	-10	Paradela	1	0,9	-10
Mondoñedo	4	1,1	-10	Portomarín	1	0,9	-10
Pol	4	1,1	17	Rábade	1	0,9	19
Ribas Sil	4	1,1	20	Sarria	1	0,9	-10
Taboada	4	1,1	11	Saviñao	1	0,9	-10
Corgo	3	0,8	-10				
Ouro	3	0,8	-10				
Pontenova	3	0,8	-10				
Begonte	2	0,6	-10				
Carballedo	2	0,6	-10				
Cospeito	2	0,6	-10				
Guntín	2	0,6	-10				
Pantón	2	0,6	-10				
Trabada	2	0,6	12				
Alfoz	1	0,3	-10				
Barreiros	1	0,3	-10				
Bóveda	1	0,3	-10				
Cervo	1	0,3	-10				
F. Courel	1	0,3	-10				
Foz	1	0,3	-10				
Friol	1	0,3	-10				
Lancara	1	0,3	-10				
P. Brollón	1	0,3	-10				
Triacastela	1	0,3	10				
Vilalba	1	0,3	-10				
Xermade	1	0,3	-10				
Non Figura	1	0,3	-----				
Total	359	100	-----		110	100	-----

Fonte: elaboración propia a partir dos datos dos Libros de Rexistro de Ingresos e Expedientes das reclusas da Prisión Provincial de Lugo e do Censo de Poboación de 1930 da provincia de Lugo (clasificación da poboación de FEITO por sexo, estado civil e instrución elemental).

A distribución xeográfica tamén ofrece grandes diferenzas cando comparamos os ingresos comúns e os políticos, ademais da súa maior ruralidade, os segundos concéntranse no Sur da provincia, e concretamente no Sureste, ao redor do concello de Cervantes e, en menor medida, no Suroeste, ao redor dos municipios de Paradela e Chantada.

MAPA 1: Distribución xeográfica dos ingresos políticos (por 10.000 mulleres)



Como se pode observar no mapa seguinte, as presas comúns, en contraste coas políticas, atópanse concentradas case exclusivamente na capital provincial.

MAPA 2: Distribución xeográfica dos ingresos políticos (por 10000 mulleres)



A maior parte das detidas son oriúndas da provincia lucense, aínda que, como podemos ver no cadro 4, a proporción de ingresos de diferente natureza é significativamente maior entre as presas comúns.

CADRO 4: Natureza das ingresadas

INGRESOS POLÍTICOS DA PROVINCIA			INGRESOS COMÚNS DA PROVINCIA		
	n.º	%		n.º	%
Chantada	33	9,2	Lugo	11	
Cervantes	23	6,1	Friol	8	
Lugo	21	5,9	Monterroso	8	
Paradela	21	5,9	Cospeito	4	
Pedrafita	18	5,0	Pantón	4	
Becerreá	15	4,2	Corgo	3	
Nogais	15	4,2	Mondoñedo	3	
Vicedo	14	3,9	Nogais	3	
Palas Rei	12	3,3	Antas Ulla	2	
Quiroga	12	3,3	Castroverde	2	
Sober	12	3,3	Monforte	2	
Sarria	11	3,1	Ouro	2	
Monforte	10	2,8	Pastoriza	2	
Portomarin	8		Portomarin	2	
Saviñao	8		Sober	2	
Viveiro	8		Carballedo	1	
Navia Suarna	6		Castro de Rei	1	
Incio	5		Guntín	1	
Ribas Sil	5		Láncara	1	
Fonsagrada	4		Navia de Suarna	1	
Mondoñedo	4		Poboa de Brollón	1	
Pol	4		Palas de Rei	1	
Antas Ulla	3		Sarria	1	
Cospeito	3		Saviñao	1	
Friol	3		Vilalba	1	
Guitiriz	3				
Ouro	3				
Pontenova	3				
Ribadeo	3				
Taboada	3				
Baralla	2				
Begonte	2				
Corgo	2				
Guntín	2				
Láncara	2				
Outeiro Rei	2				
Pantón	2				
Xermade	2				
Abadín	1				
Alfoz	1				
Baleira	1				
Barreiros	1				
Bóveda	1				
Carballedo	1				
Cervo	1				
Folgozo Courel	1				
Foz	1				
Póboa de Brollón	1				
Trabada	1				
Triacastela	1				
Vilalba	1				
Total	322	89,7	Total	68	61,8

DE FÓRA DA PROVINCIA			DE FÓRA DA PROVINCIA		
Resto de Galicia	16		Resto de Galicia	26	
Outras comunidades	14		Outras comunidades	9	
Estranxeiro	6		Estranxeiro	7	
Non Figura	1				
Total	37	10,3		42	38,2


Fonte: elaboración propia a partir dos datos dos Libros de Rexistro de Ingresos e Expedientes das reclusas da Prisión Provincial de Lugo.

GRÁFICO 7: Orixe e natureza das ingresadas no cárcere de Lugo



Tamén existen disparidades respecto á sorte corrida polas integrantes de ambos os dous colectivos. Safron en liberdade o 77,4% das políticas e o 87,4% das comúns, sendo trasladadas a outros cárceres⁹ respectivamente o 20,6% e o 9,1%, o que reflicte a maior severidade da represión política. Non obstante, o indicador máis evidente da dureza da represión exercida sobre os delitos considerados políticos é o feito de que un deles foi castigado coa pena de morte.

GRÁFICO 8: Sorte das ingresadas



⁹ Esta circunstancia no caso das políticas non sempre está referendada por datos inmediatos, xa que para 15 delas, só consta que foron conducidas, sen especificar a onde, inferíndose o destino a partir de datos indirectos.

Cando ollamos para o delito atribuído ás reclusas, o primeiro que chama a atención é a elevada porcentaxe de casos (58,5%) en que o delito non figura na categoría dos políticos, fronte á dos comúns, nos que o “non figura” é excepcional (7,3%). Tamén chama a atención o escaso rigor á hora de consignar o delito, non só polas omisións, intencionadas ou non, senón polo feito de rexistrar como delitos o que en realidade eran sancións aos mesmos: multa e arresto. É rechamante tamén a criminalización dos vínculos familiares, cando se considera delito “esposa de detido”, e outros: “esposa de desertor”, “esposa de fuxido”, “familiar de fuxido”, que englobamos dentro de “relación con fuxidos”. Por outra banda, esta relación cos fuxidos implícita ou explícita, activa ou pasiva, constitúe o grupo máis numeroso dentro da categoría de ingresos políticos. A presenza na categoría dos ingresos políticos do furto e do roubo (maioritarios no caso dos comúns), obedece á interpretación que o réxime facía dos mesmos segundo a vítima ou o obxecto roubado.

CADRO 5: Delitos imputados

I. POLÍTICOS	nº	%	I. COMÚNS	nº	%
Non figura	210	58,5	Furto	28	
[<i>infrese</i> relación con fuxidos]	[102]		Arresto	15	
[<i>consta</i>] Relación con fuxidos	55		Roubo	12	
Rebelión	26		Corrupción menores	11	
Arresto	16		Lesións	8	
Auxilio rebelión	15		Non figura	8	7,3
Multa	9		Homicidio	7	
Atraco	7		Aborto	5	
Tenencia armas	3		Incendio	4	
Agresión	2		Estafa	3	
Averiguación conduta	2		Escándalo	2	
Averiguación feitos	2		Abandono menor	1	
Homicidio	2		Faltas á moral	1	
Inxurias	2		Infanticidio	1	
Sedición	2		Multa	1	
Alteración prezos	1		Parricidio	1	
Asasinato	1		Resistencia á autoridade	1	
Esposa de detido	1		Tentativa roubo	1	
Excitación á rebelión	1				
Furto	1				
Roubo	1				
Total	359			110	

Fonte: elaboración propia a partir dos datos dos Libros de Rexistro de Ingresos e Expedientes das reclusas da Prisión Provincial de Lugo.

2. Discusión

A diferenciación entre delito político e común, a pesar de dispor dun criterio concreto, esixiu en determinadas situacións, xa referidas, o estudo caso a caso, representando un grande esforzo que obrigou a limitar o campo de estudo ao Cárcere Provincial de Lugo. Esta restrición dá lugar a unha imaxe parcial da represión, xa que o réxime utilizou outros centros de reclusión, fundamentalmente para as detencións preventivas, como os Depósitos municipais e o Cárcere de Monforte, que non foron incluídos neste estudo por non ofrecer os datos dispoñíbeis a necesaria exhaustividade. Por outro lado, aínda que parcial, consideramos que esta imaxe é representativa da evolución da represión carceraria exercida sobre a muller na provincia de Lugo, xa que os datos dispoñíbeis dos outros centros permiten deducir en todos eles unha dinámica semellante.

Consideramos o número de ingresos (359 políticos e 110 comúns), e non o número de mulleres ingresadas (318 políticas e 89 comúns). Pensamos que a opción escollida é máis válida para cuantificar a intensidade da represión e, por outra banda, a coherencia dos resultados é maior, reflectindo a estratexia coercitiva do réxime explícita na orde do Gobernador Militar de Lugo de maio de 1939 segundo a cal todos os familiares encarcerados de fuxidos sufriría sucesivas detencións ata que estes se entregasen¹⁰.

A fiabilidade dos resultados relativos á variábel "profesión", está condicionada pola falta de precisión dos rexistros carcerarios, que non permiten moitas veces diferenciar entre determinados valores, concretamente: "labradora"/"os seus labores", os máis frecuentes no grupo das políticas. No caso das comúns súmase outro factor, o encubrimento da prostitución baixo o epígrafe "os seus labores"¹¹, o que pode enmascarar o carácter maioritario da prostitución entre as profesións exercidas por este grupo.

A mesma incerteza afecta á variábel "alfabetización", xa que o criterio de discriminación era moi laxo, limitándose á capacidade ou non de asinar, e que pode adoptar calquera dos dous valores posíbeis para unha mesma muller, se ingresa máis dunha vez. Isto acontece con tres detidas políticas e outras tres comúns. Por outra banda, a diferenza entre os dous grupos, aínda que significativa, non é moi grande, o que aínda dá maior relevancia á imprecisión dos rexistros, tanto carcerarios como censais.

Respecto á variábel domicilio, a preponderancia de detidas políticas no Sur da provincia aínda sería máis patente se, como dicíamos no inicio, o estudo non

10 Souto Blanco, M.ª Xesús (1998): *La represión franquista en la provincia de Lugo (1936-1940)*, Sada, Edición do Castro, p. 91.

11 Este feito dedúcese porque nalgúns casos esta profesión aparece asociada a delitos moi suxestivos como "corrupción de menores" ou "faltas á moral".

se tivera limitado ao Cárcere Provincial de Lugo, xa que habería que sumar os numerosos ingresos polas mesmas datas e iguais motivos na Prisión de Monforte, sobre todo de domiciliadas nesta cidade e arredores (Saviñao, Sober, Chantada [...]). As palabras dun fuxido da zona, Germán López González, referidas ao ano 1939, confirman esta circunstancia:

A los pocos días, se cumplió lo anunciado. A todas las mujeres de los escapados, las llevaron a Monforte de Lemos, al "Hotel Pinguela", que así se llamaba la prisión, amenazándolas y a algunas, cortándoles el pelo al cero y presionándolas para que dijese de sus maridos. Entre las detenidas también se llevaron a mi mujer, dejando los hijos a los vecinos o familiares.¹²

En canto ao delito, é de salientar a falta de exhaustividade do rexistro do mesmo no caso das detidas políticas, de feito, non figura no 58,9% destes. Esta deficiencia puido ser ultrapasada, en parte, a través dun procesamento máis apurado dos datos. Como dicíamos antes, eran frecuentes as detencións colectivas ao redor dunha mesma persoa, o fuxido, o que permite, caso de figurar o delito para algúns dos elementos dese colectivo, inferilo para os outros. No mesmo sentido, cando unha mesma persoa ingresa varias veces (primeiro preventivamente e despois cando é procesada/penada), o delito pode figurar nalgunha das ocasións, o que posibilita preencher o baleiro das outras. Estas atribucións indirectas do delito, complementáanse e corrobóranse coa triangulación das fontes carcerarias con outras de diferente orixe (xudiciais militares, bibliográficas e hemerográficas).

Conclusiones

Na evolución da represión carceraria nas mulleres destacan dous anos, o inicial, 1936, co menor número de ingresos de todo o período, e 1940, xa finalizada a Guerra, no que a represión se incrementa considerablemente, rexistrando o maior número de ingresos do intervalo estudado. O baixo número de detencións en 1936 estaría relacionado coa escasa participación "directa" de mulleres na resistencia á sublevación na provincia lucense, en consonancia co reducido papel que estas desempeñaron na política durante a etapa republicana. De feito, no rexistro de asociacións do Goberno Civil de Lugo, só figuran durante a República, 33 mulleres directivas de organizacións políticas (15 de esquerda e 18 de dereita). No mesmo sentido, só temos constancia de dúas mulleres concelleiras na provincia, unha en Cervo e a outra en Rábade.

O incremento de ingresos entre 1939 e 1940 coincide co aumento da actividade dos fuxidos e, consecuentemente, da actividade represora contra os seus apoios. Ademais desta lóxica relación entre as accións dos fuxidos e represión

12 López Quiroga, Germán (2007): *Historia de un paseo*, Santiago de Compostela, Ed. Unidixital, p. 76.

contra a muller, outro factor contribúe ao incremento da intensidade represiva, a maior dispoñibilidade de medios, posto que unha vez finalizada a Guerra, o exército puido dedicarse de cheo á persecución da resistencia ao réxime. En concreto, na provincia lucense actuou a 3ª e 6ª Columna de Operacións de Asturias.

A preponderancia relativa das casadas entre as reclusas políticas no ano 1936, desaparece en 1940, ano no que se equiparan as porcentaxes de ambas as dúas, debido, sobre todo, ao aumento da intensidade represora a partir de 1939 da que falabamos antes, e que utilizou como estratexia a detención de todos achegados do fuxido (noivas, irmás, fillas...), mentres que antes se restrinxía aos máis directos (nais, esposas).

En igual sentido, pódese explicar o predominio de reclusas políticas de profesión "labradora" e o seu domicilio maioritariamente rural, que coincide cos lugares de maior actividade dos fuxidos (Chantada, Cervantes, Becerreá, Paradela e Pedrafitá). Pola contra, as comúns residen case exclusivamente en Lugo capital, por desenvolver profesións eminentemente urbanas (prostitutas, vendedoras, industriais...).

Respecto ao lugar de nacemento, as políticas son da provincia nunha porcentaxe moi elevada, o que é lóxico se temos en conta a natureza do feito maioritariamente perseguido, a detención pola súa relación cos fuxidos. A maior proporción de foráneas entre as comúns explícase atendendo á súa actividade profesional, con predominio de prostitutas, sempre procedentes doutras provincias, e o significativo número de profesións de carácter ambulante.

Respecto á sorte, tanto nas políticas como nas comúns, obsérvanse numerosos reingresos, que no caso das segundas obedece á reiteración da actividade delituosa, pero no caso das políticas non se pode falar *sensu stricto* de reiteración, porque o motivo da súa detención moitas veces non era o que facían, senón o que eran, unha condición inevitábel e que non dependía da súa vontade, trátase dunha represión *ad nominem*. Esta circunstancia podería estar relacionada coa non especificación do delito nunha gran porcentaxe (58,5%) das políticas. É de resaltar que a única executada oficial da provincia o fora no ano 1938, e como consecuencia dun proceso que chama a atención pola súa iniquidade, incluso no contexto da xustiza franquista¹³.

Unha vez introducidas as correccións necesarias, concluímos que o delito predominante entre as políticas é o de "relación con fuxidos", sen poder precisar en que medida esta relación era activa ou pasiva. É lexítimo pensar que, sobre todo a partir de 1939, as autoridades franquistas non se preocuparon de demostrar a

¹³ Véxase Souto Blanco, M.ª Xesús (2006): "Consuelo Alonso, unha morte construída", *Unión Libre*, 11, pp. 89-104.

existencia de colaboración nas detencións preventivas, utilizando aos achegados dos fuxidos polo simple feito de selos, para forzar a súa entrega.

En resumo, a maior parte dos ingresos das lucenses no Cárcere Provincial de Lugo por motivos políticos no período 1936-1940 obedeceron a comportamentos ou circunstancias máis relacionadas co papel tradicionalmente asignado á muller como elemento estruturador da familia ou, dende a perspectiva do réxime, que as utilizaba como reféns para forzar a entrega dos seus achegados, coa imaxe da muller como obxecto de protección do varón.

Porén, os casos de mulleres lucenses que asumiron a resistencia contra o franquismo como unha motivación propia aínda que minoritarios, non son excepcionais. Podemos citar, entre outras, á executada Consuelo Alonso González; Domitila Gutiérrez Alba, que foi detida varias veces, conducida ao campo de concentración de Figueras no ano 40, uníndose posteriormente á partida do seu irmán Abelardo; á viveirense Carmen López Parapar, presidenta do comité da agrupación "Hermanas Proletarias Socialistas" de Viveiro, condenada a 20 anos de reclusión ou, Blanca Quiroga entre as que conseguiron fuxir. Non pretendemos ser exhaustivos porque só a través da análise individual poderíamos saber cantas das detidas por auxilio á rebelión obraron por propia iniciativa, o que, por outra banda, non é o obxectivo deste traballo. Aclarar este punto xustificaría unha abordaxe específica utilizando a metodoloxía moitas veces deostada do estudo de caso.

Aínda que sería un abuso da estatística tratar de elaborar un perfil das presas por motivos políticos de Lugo durante os anos 1936-1940 a través do datos presentados, si podemos resaltar algunhas características xerais: o seu carácter eminentemente rural e do Sur da provincia, culpadas pola súa relación con fuxidos, o nivel de alfabetización é elevado considerando o contexto xeral e con predominio das casadas de mediana idade.

En todo caso, sería interesante unha vez completado o estudo das reclusas, realizar unha análise comparada dos colectivos masculino e feminino. Neste sentido, podemos sinalar as diferenzas no patrón represivo sufrido por ambos os dous xéneros, concretamente, a menor importancia relativa, no caso das mulleres, das medidas punitivas oficiais como a aquí estudada. Predominan outras condutas represivas, con intención vexatoria, perpetradas fundamentalmente por Falange, de carácter extraoficial e dirixidas non só contra o obxecto das mesmas, senón tamén a minar a moral dos seus achegados. Referímonos ás "peladas", á inxestión de aceite de rícino, ás malleiras ou á imposición de actividades humillantes como a de limpar os restos dos castigos inflixidos aos seus familiares..., existindo de todas elas abundantes testemuños nos libros de memorias e nos estudos de caso referidos ao principio.

Reflexións ao redor do encontro entre a masonería e os movementos revolucionarios¹

ALBERTO VALÍN FERNÁNDEZ
Universidade de Vigo

Limiar

Aínda que a historiografía española universitaria que se dedicou e se dedica ao estudo da masonería non carece de bos exemplos de bo facer metodolóxico e discursivo, por desgraza tamén posúe excesivos exemplos de todo o contrario. Por iso xulgo necesario iniciar este discurso cunha breve análise da situación que, desde hai máis dun cuarto de século, se vén dando nos ambientes masonolóxicos españois. Espero que todo isto que a continuación ofrezco aos lectores provoque, sobre todo na reducida comunidade científica española ou hispanista da chamada masonoloxía —ou ata nos masonólogos que, como Luis P. Martín, non se senten incluídos por ese novo vocábulo acuñado por Alec Mellor—, o correspondente debate que, infrutuosa e reiteradamente, veño buscando, desde 1989, co san propósito de facer madurar dalgún xeito os discursos de tantos historiadores que comparten comigo a mesma liña de investigación e que, en demasiadas ocasións, nos regalaron e seguen regalando coa súa pertinaz desidia ou cos seus torpes e parciais discursos. Uns coas súas contumaces e obcecadas posturas persoais, intentando converter febles hipóteses de traballo en pontificais sentenzas como, verbigracia, a completamente insostible teoría historiográfica sobre o apoliticismo da masonería histórica española sostida por José Antonio Ferrer Benimeli.

¹ Outras versións máis ou menos extensas e con cavilacións ás veces diferentes e ás veces semellantes a estas reflexións que aquí ofrezco foron publicadas en español recentemente; véxase Valín, Alberto (2006): "La masonería y el movimiento obrero: imagos e ideas para una reflexión teórica", *Studia Historica. Historia Contemporánea*, 23, p. 23-63.

Outros ofrecéndonos tristes probas de sorprendente simplicidade metodolóxica e sen conter os seus propios textos discursivos a minimamente esixible perspectiva crítica, conseguindo entón con todo o seu neopositivista esforzo de eternos “tesinandos”, desesperantes historias amables da masonería e das súas “excelsas” obras. Traballos estes últimos máis propios de calquera masón entusiasta, afeccionado a escribir melifluas e cursis apoloxías “da súa querida Orde” que de auténticos investigadores universitarios. Estoume referindo a obras claramente filomasónicas como as do profesor Pedro Fermín Álvarez Lázaro.

E algúns que tratan de ocultar a mediocridade da meirande parte da súa farragosa obra por medio dun bosque de enmarañados, contraditorios e mal redactados discursos —con sorprendentes, por ostentosas, faltas sintácticas e ortográficas—, preñados ás veces de crípticos e deficientemente utilizados “tecnicismos” —intercalándoos barbaramente nos seus textos como auténticos exabruptos—, pretendendo singularizarse no panorama académico desta liña de investigación, por medio da, doutra banda, sempre necesaria —se se realiza coherentemente— procura de novas preguntas ou novos bachelardianos “cortes epistemolóxicos”.

Hai que sinalar que estas ferramentas complementarias para a ciencia histórica como a socioloxía ou, sobre todo neste caso, a antropoloxía cultural —como tamén ¿por que non engadilo aquí? certas zonas dos pensamentos psicanalíticos de Sigmund Freud, Carl Gustav Jung e Jacques Lacan—, poden acheugar excelentes resultados ao masonólogo á hora de posibilitar novas e facetadas lecturas sobre o seu atractivo, por complexo, obxecto de estudo. Pero teño que subliñar tamén que, en certas situacións, facer exercicios de descontextualización, partindo para iso deste tipo de ferramentas auxiliares para aproximarse á investigación masonolóxica ou a calquera outra, pode resultar completamente negativo, polo perigo encerrado nesa mesma acción descontextualizadora, ao chegar a extralimitarse o estudioso con certa facilidade —como lle sucede, por exemplo, a algún que outro epígono pouco espelido dos *Cultural Studies*— pola simple inercia teórica que este tipo de discurso comporta, dado que pode determinar ao investigador non avezado a esquecer completamente o propio texto ou obxecto primordial de investigación, desbaratando entón todo o esforzo intelectual investido. A continuación, e espero que por medio duns parágrafos, que tratarei de facer máis ou menos sinxelos, pouco extensos e non demasiado opacos aínda que sempre inevitablemente densos —polo relevante, intricado e inédito tenor das materias tratadas e polo meu ineludible e particular estilo literario—, intentarei explicar por que entendo á masonería como unha cultura ou, se se prefire mellor e no ánimo de ser máis exacto, unha subcultura política.

1. A masonería, unha cultura política con fondas proxeccións na contemporaneidade

Sempre que falemos de liberalismo facendo referencia cronolóxica anterior ao século XIX, xamais poderemos incorrer na estolidez de deixar no noso discurso ese transcendental concepto politolóxico sen antes matizar ou diferenciar que o auténtico liberalismo como tal non aparece, historicamente —e non só como vocábulo con esa acepción culta convertido en relevante hispanismo universal—, ata 1812-1818 en España onde se crea e, a partir de 1820, en Gran Bretaña e desde este imperio á xeneralidade. E que, entón —como lles recordo anualmente aos meus alumnos— debemos ter sempre sumo coidado á hora de saber precisar, situar ou imbricar evolutivamente, ao utilizar nas nosas reflexións de oficio calquera destes tres conceptos fundamentais do desenvolvemento do pensamento político moderno e contemporáneo: constitucionalismo, protoliberalismo e liberalismo.

Por iso é polo que se tratase de arriscarme á hora de definir politicamente e a voapluma a androcéntrica masonería especulativa ou moderna, desde os seus mesmos inicios constitucionais; é dicir, desde 1723, cando esta discreta e mixoxinicamente masculinísima forma de sociabilidade burguesa e aristocrática de vella pegada formal, regulamentaria e organizativamente gremial, e con obvias influencias teolóxicas e morais saídas dun revolucionario, por tolerante, humanismo cristián de tradición protestante, publique as súas sincreticamente deístas *Constitutions*, tería que dicir que, se algunha influencia de índole política posuía esta curiosa confraría, non hai dúbida de que ese influxo vai proceder do tradicional constitucionalismo inglés. Non había moitos anos, con exactitude trinta e catro, que a *Glorious Revolution* promulgara a súa transcendental *Declaration of Rights*, incuestionable paradigma do que, como é sabido, sairá o moderno constitucionalismo.

Debo aclarar tamén que os meus coñecementos non alcanzan para atopar entre os textos masónicos destas Constitucións da Masonería, como se me dixo, e ata se publicou, a “preclara” influencia de pensadores como Newton, Locke —teórico este último, para algúns autores, da citada Revolución gloriosa de 1688— ou Kant. Primeiro, porque ao pensador de Königsberg, por exemplo, aínda lle faltaba un ano para poder vir ao mundo e, segundo, porque os meus coñecementos filosóficos non son suficientes para poder chegar a realizar tales análises textuais, como, pola contra, outros colegas si puideron facer e, polo que parece, dese xeito puideron apreciar ditas influencias ou, máis ben, quixeron velas.

Entender, definir ou darlle á francmasonería o rango de cultura política ou, se se prefire, subcultura política non é labor facilmente explicable por medio dun discurso que, “aleivosamente”, pretende ser breve, e moito menos coñecendo o feito de que quen intenta construír devandita explicación é un historiador que non

está excesivamente versado na navegación das nada quedas —polos seus áxiles e variadísimos debates de escola— augas da antropoloxía cultural.

Doutra banda, sería completamente absurdo —polas obvias e cósmicas distancias existentes entre ambas— tratar, por exemplo, de parangonar á chamada cultura obreira coa que eu podería entender como “cultura masónica”, xamais pretendería facer tamaña estupidez, principalmente, pola enorme amplitude ou diversidade subcultural da primeira e polas súas amplísimas transcendencias históricas, sociais, ideolóxicas e políticas e, pola contra, a máis definida, —aínda que non homoxeneizada—, máis focalizada, menos variada ideoloxicamente, e tan reducida en número de membros da segunda, dada a súa particularísima singularidade ao tratarse dunha elitista, iniciática e maioritariamente burguesa sociedade secreta —ou, se se quere entender así, discreta—, aínda que non por todo iso sen as súas correspondentes transcendencias históricas e sen os seus relevantes influxos dentro do mundo das ideas e do das representacións.

Pero si podería chegar a ser dalgún xeito correcto, intentar definir a francmasonería —aínda que só sexa polo mero e probable uso didáctico da expresión; é dicir, polo seu intrínseco potencial explicativo— como unha peculiar (sub)cultura política, chegando a esta definición desde o punto de vista máis reduccionista posible que poida permitir hoxe a antropoloxía cultural e/ou social.

Indubidablemente resultame moito máis fácil enmarcar o complexo e extenso ámbito do denominado movemento obreiro co nome de cultura e o apelido de política, aínda que recoñezo que esta forma de bautizar o obreirismo non deixe de ser tema de xusto debate aínda. Así, e no que respecta á masonería, podería seguir practicando o devandito reduccionismo conceptual e entender, entón, esta antiga asociación e o que representou ao longo da historia desde o seu mesmo nacemento, como unha influente subcultura mais do que se podería entender tamén como a chamada cultura burguesa emerxente, o que para Marx podería entenderse como unha especie de diminuta manifestación superior conformada no brote da superestrutura da formación social futura dentro, como é lóxico, da decadente formación social do xa cada vez máis inservible modo de produción feudal, e tendo en conta, ademais, que no país onde se vai fundar, Inglaterra, ese modo de produción nunca callaría co grao en que o fixo noutras nacións do continente europeo.

Situado neste contexto, vénme ao recordo aquela pulsional visión, xa por completo negativa en relación á masonería e á súa directa relación coa burguesía, ofrecida por Bakunin, unha vez este infatigable revolucionario puxera todas as esperanzas na súa secreta Fraternidade internacional e na A.I.T., cando, non sen certo despeito —segundo recolle Pere Sánchez na páxina 256 do seu libro *A masonería a Catalunya* (1868-1936), citando a obra de Rafael Farga, *Garibaldi. Historia liberal do século XIX*—, di dela que “representou, en certo xeito, o desenvolvemento

to, o poder e a decadencia intelectual e moral de devandita clase". E, reflectindo a súa idealizada e conspiradora visión sobre esta discreta sociedade, inscribíndoa historicamente no ciclo revolucionario burgués que, doutra banda, Bakunin coñecía excelentemente ben e de primeirísima man ademais, segue explicando que

[...] coas revolucións de 1830 e 1848 en Francia, a Francmasonería acabou por completo o seu revolucionarismo e a súa misión redentora; posto que facéndose servidora da clase media e achándose esta en pleno goce de todos os seus privilexios, dominando verdadeiramente o mundo, perdeu tamén a súa razón de ser, conservándose hoxe estacionaria e impotente.

De todos os xeitos, e afastándome agora da tentación de explanarme na típica análise sociolóxica marxiana, debo aclarar aquí que non albergo dúbida ningunha á hora de intentar facer comprender ao lector que, dentro da globalizadora e etnocéntrica civilización occidental, a masonería móstrasenos, desde o seu mesmo nacemento especulativo en 1717, como unha curiosa, aínda que lexítima, variedade subcultural política daquela. E fago tal aseveración apoiándome nos seguintes exemplos que paso a detallar:

Os seus estatutarios códigos deontolóxicos e humanísticos, co seu correspondente trasfondo educativo dentro da tradición calvinista da chamada cultura cívica ou política, entendendo ao home como un transcendente —por libre— cidadán universal.

O seu proxecto político de construír, por medio do desenvolvemento dunha fraternidade máis ou menos igualitaria e da posta en práctica dunha especie de íntima formación integral, unha nova e perfecta sociedade, actualizando para iso a xa periclitada utopía medieval cristiá da Xerusalén celeste, ao rebaixala do seu inalcanzable estadio divino ao máis próximo, por real e material, terreo do mundo. Reconvertendo entón unha mística aspiración relixiosa popular —moi enraizada, desde o gótico, no gremio medieval da construción—, de claras raíces interpretativas "juguianas" —ao ir imbricada nesa inconsciente imaxe orixinaria do paraíso perdido—, na procura dun auténtico e contemporáneo arquetipo político ou, se se prefire, protopolítico, edificando todo un novo e utópico constructo —que, doutra banda, recordarlle a todo politólogo, constantemente, a xeneral e finalista utopía ilustrada e, afastadamente, todo o pensamento utópico contemporáneo herdeiro dela— sobre a reformista tarefa de traballar pola creación dun fraternal e benemérito home novo, que poida, ao integrarse iniciaticamente nun indefinido proceso de educativo decurso xeracional, alcanzar como colectivo premio terminal a todo o seu fraterno e harmonioso facer, un cosmopolitista e "luminoso" mundo perfecto; é dicir, e a xeito de totalizador resumo: construír unha utópica e planetaria *polis*, partindo, para iso, de desenvolver unha lenta pero progresiva e radical reforma da sociedade.

A súa ambiciosa aspiración constitucional de querer comprenderse como unha especie de cohesionado e tribal grupo de apoio mutuo, pacífico e reformista, pero ao mesmo tempo cento por cento alternativo ao desigual e impuro mundo exterior ou “profano” que, como xa dixen, pretenderá cambiar —sen ofrecer para nada unha conduta declaradamente combativa con el, como é o caso da cultura política do obreirismo—, desenvolvendo todo un complexo ámbito cultural e ata relixioso, unha especie de laica e mística relixión da civilidade, coas súas singularizadas prácticas e ritos de bautizo, iniciación ao seu transcendental mundo simbólico coas correspondentes e sucesivas (re)iniciacións graduais, voda, funeral e enterro.

A súa eficaz e para nada simbólica estrutura política, rigorosa e xerárquica —aínda que nunca irracionalmente autoritaria—, coa súa arquetípica práctica de democracia interna por medio da selección de novos membros, da elección de cargos, etc. Réxime interno este composto por medio dun complicado e burocrático aparello governamental semellante, á hora de copiar modos e xeitos —aínda que sempre coa alternativa pretensión de ser paradigmaticamente perfecto—, ao da sociedade constitucionalista profana. Cunha revolucionaria estrutura federal cos seus órganos de goberno provincial, rexional e nacional, todos elixidos democraticamente nas sucesivas e graduais asembleas ou “conventos”, rematando esta política pirámide o poder executivo do seu *Grand Master*.

O seu exhaustivo e administrativamente complicado aparello de xustiza, algo así como un auténtico poder xudicial para esta sorte de pechada microsociedade. Moi preocupado sempre por posuír apodíctica xuridicidade. Coas correspondentes e graduais instancias xudiciais, desde a inicial comisión de xustiza da loxa onde se ve primeiramente a denuncia ou problema, ata a máis elevada instancia situada na sede obediencial, pasando previamente polas respectivas grandes comisións desta índole existentes nas grandes loxas provinciais e rexionais.

E, para rematar, o seu complexo e alegórico *corpus* iconográfico, que non soamente lle vai recordar a cada masón, pedagóxica e simbolicamente, unha determinada interpretación de certa categoría moral e/ou filosófica das súas particulares cosmogonía e deontoloxía grupais —e das inesquecibles experiencias persoais en estreita relación coa súa mística e transcendente *communio* con ese esotérico “Nós”, correspondentes aos intimamente iniciáticos momentos da súa vida masónica—, senón que vai suxerir nel, abundando na última idea exposta e intentando reforzala, esa reconfortante e acubilladora sensación de mística e cohesionadora pertenza a un tribal grupo secreto, universal e profundamente íntimo. Co engadido valor relixioso ademais de entenderse na posesión, como individuo ante a solitaria e en ocasións angustiosa realidade “obxectual” ou material do mundo profano, dun íntimo, nomeado e alternativo mundo simbólico, conso-

ladoramente transcendente a esa bárbara, violenta e pouco virtuosa realidade do “profano” universo exterior.

O ámbito onde máis coincidencias atopei entre a masonería e os movementos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX foi, fundamentalmente, no das representacións; é dicir, no ámbito do simbólico, e inicialmente onde van aparecer estas primeiras coincidencias vai ser en pleno proceso revolucionario burgués; é dicir, nas revolucións protoliberalis norteamericana e francesa. Máis tarde, esta “instrumentalización” política de certos símbolos masónicos por parte dos movementos revolucionarios liberais irase convertendo nunha auténtica tradición revolucionaria, chegando a influír no incipiente movemento obreiro, sendo quizais esta transferencia simbólica a máis rechamante de todo o fenómeno a estudo.

Non hai dúbida de que, no século XIX, un obreiro, obviamente alfabetizado —dado que esta é unha das condicións imprescindibles para ser masón—, aceptado nunha loxa, accedía paulatinamente —se se aplicaba— á posibilidade de ir apreendendo, non só a variada e complexa serie de usos e xeitos condutuais típicos do *ethos* burgués (o indispensable para poder ir á súa primeira tenida era axenciarse —compralo, alugalo ou pedilo prestado— un aparente e escuro terno que, obviamente non tería), senón tamén un verdadeiro abano de coñecementos de cultura xeral, moral, estética, filosófica, simbólica e, obviamente, organizativa que, doutra banda, a clasista sociedade “profana” da época —salvo algunhas organizacións do liberalismo radical e, quizais, algunhas institucións cristiás—, xamais lle brindaría tan facilmente. É dicir, que se un calquera dos centos de proletarios que se iniciaron na masonería ao longo do século dezanove, chegaba a axudar en secretaría ou a ser “Secretario”, “Orador” ou calquera outra “dignidade” do “taller” ou, simplemente, a “traballar” na loxa “trazando” “pezas de arquitectura” de calquera índole ou temática cultural, moral ou filosófica, ofrecíaselle con todo iso unha excelente formación práctica para, entre outras moitas cousas, saber falar en público, desenvolver, defender ou debater calquera tema monográfico de discusión ou formación interna e levar, burocrática e organicamente, calquera futuro tipo de sociedade reivindicativa, musical, cultural ou de lecer e entretemento que el mesmo quixese crear con outros membros da súa clase social. Porque con toda a súa esotericamente iniciática experiencia no misterioso e discreto círculo “da Aca-cia”, non esquezamos que aquel humilde obreiro aprendía tamén a: abrir libros de rexistro persoal, de actas, de contabilidade, de cotas, facer expedientes, cadros de persoal, levar a correspondencia, etc. Obviamente, os seus “irmáns” de loxa ensinábanlle a practicar a democracia interna de grupo, a responsabilizarse no respecto ás elixidas xerarquías —máis tarde secretarios, representantes ou delegados do seu sindicato, agrupación política ou orfeón se fose o caso—. Así mesmo, educábano para saber conducirse consigo mesmo primeiro, por medio dunha mística

e íntima moral interior, e cos demais integrantes do seu grupo e da sociedade en xeral despois, por medio dunha laica, cívica e autodisciplinada práctica de ética social. Deontoloxía masónica de antiga e humanista tradición protestante que, a calquera ben formado anarquista dos séculos XIX, XX e actual, descoñecedor da idiosincrasia masónica, facilmente identificaría como “tribalmente” propia, así practicase a moral bakuninista, a spenceriana ou a kropotkiniana. Quizais poida aquí contestar a aquela cuestión deixada no aire, en 1987, por Ferrer Benimeli cando, ao abordar o tema da pertenza masónica de Anselmo Lorenzo Asperilla, se preguntaba “(¿) por que e como este anarquista chegou á Masonería á que ía pertencer cunha fidelidade e dedicación extraordinaria(?)”². É moi posible que fose esta curiosísima coincidencia de morais a que sorprendeu positivamente a aquel tipógrafo anarquista chamado Anselmo Lorenzo, axudándolle a superar e esquecer os seus iniciais prexuízos cara á masonería —como el mesmo recorda na súa obra *O proletariado militante*—, converténdose desde entón nun convencido e sobresaínte masón. Ademais desta coincidencia de morais e de criterios humanistas —como tamén detectou J. Ruiz Pérez— e de parecidas e místicas utopías universalistas, a denominada “Fraternidade universal”, Lorenzo sabía, como tamén recorda na súa obra, o feito relevante do apoio que aquela asociación cosmopolitista lle fixo á Primeira internacional nos preliminares da súa creación³. E, ao mesmo tempo —como apunta Ferrer con respecto a Bakunin—, é máis que probable que tamén coñecese o relevante feito da pertenza á secreta sociedade de anarquistas como Proudhon, Bakunin, Faure, Elie, Elisée e Paul Reclus, Louise Michel, e un longuíssimo etcétera.

Non hai dúbida de que unha importante zona da masonería europea do século XIX exerceu, con respecto á elitista porción do proletariado que iniciou nas súas loxias, un pedagóxico labor de formación integral. Obviamente poderase aducir que os correspondentes comités locais republicanos exerceron unha pedagogía semellante sobre unha zona do futuro proletariado concienciado e organizado no societarismo. Isto tamén resulta completamente plausible; é máis, sábese que en moitos destes ambientes de política radical pequeno-burguesa formouse, tanto en Francia como en España, unha boa parte do primeiro obreirismo; de aí, quizais, que este herdase tanta carga ideolóxica e, obviamente, simbólica do liberalismo. Aínda que sobre o respecto debo aclarar —sen ánimo ningún pola miña banda de idealizar o meu obxecto de estudo— que non creo que o comité político antecitado impartise coa mesma intensidade, o mesmo iniciático inte-

2 Ferrer Benimeli, José Antonio (1987): “La masonería española y la cuestión social”, *Estudios de Historia Social*, Madrid, Ministerio de Trabajo y Seguridad Social, núms. 40-41, (xaneiro-xuño), p. 30.

3 Lorenzo, Anselmo (1974): *El proletariado militante. Memorias de un internacionalista*, Madrid, Zero, pp. 61-63.

riorismo, o mesmo trato socialmente igualitario e o mesmo nivel de preocupada e participativa docencia filosófica, deontolóxica e cultural, como se facía —e se segue facendo— en toda loxia masónica. Hai que subliñar tamén o relevante feito social de que, en moitísimas ocasións, foi nestes círculos de sociabilidade política republicana onde foron captados para o hiramismo moitos destes traballadores, por medio desa especie de simbiose que vin abondosamente, tanto en España como noutras nacións, entre o republicanismo e certo tipo de masonería, sobre todo a de ritos como o “oriental” ou “menfita” e o “escocés antigo e aceptado”.

Verdadeiramente, o feito de que unha forma de sociabilidade iniciática, esotérica, filantrópica, liberal e, fundamentalmente, burguesa, chegue a ter unha clara influencia na historia do movemento obreiro desde os seus mesmos inicios, chama poderosamente a atención de calquera curioso no tema. Toda unha serie de chamativas preguntas como as xa adiantadas anteriormente preséntanse ante o investigador nada máis este profunde minimamente no tema.

Que pintaban nesa escura e estraña sociedade xente tan “científica” como o xenro de Marx, Andrés Nin ou, seguramente, o propio Lenin, ou tan racionalista e desmitificadora como os anarcos citados? Por que infinidade e nunca mellor expresado, infinidade de agrupacións e sindicatos obreiros dos séculos XIX e XX, tanto marxistas como libertarios, elixiron preclaros símbolos masónicos —que non gremiais— como emblemas representativos dos seus selos asociativos como escuadras e compases entrecruzados, triángulos, niveis, “saúdos fraternais”, etc.? Por que o Consello federal español da mesma Internacional elixiu como insignia algo tan francmasónico como inscribir nun círculo —símbolo do universo, da alma universal, do infinito e da perfección, e en estreito vínculo orixinal co compás— un nivel iconograficamente masónico (como un grande A maiúsculo)? Por que o vello masón e internacionalista italiano Enrico Bignami escribiu, en 1913, á loxa milanesa Carlo Cattaneo —como descubriu Aldo A. Mola⁴— que “foi baixo a bóveda estrelada dun Templo onde puideron constituír a primeira sección italiana da Internacional”? Por que a fracción xenebrina da A.I.T., a mesma que comisionou a Fanelli a desenvolver o seu internacionalista apostolado en España nada máis iniciarse o Sexenio democrático —tamén denominada “Templo Único” como nos di na biografía de Bakunin James Guillaume e recolleu na súa antoloxía Guérin⁵— reuníase, desde o mesmo principio da súa creación, no único templo que, por aquel tempo, posuían as loxias masónicas da cidade de Xenebra? Utilizou Fanelli dalgún xeito a rede de sociabilidade masónica para poder levar a cabo o seu éxito-

4 Mola, Aldo (1992): *Storia della masoneria italiana. Dalle origini ai nostri giorni*, Milán, Bompiani, p. 117.

5 Guérin, Daniel (1977): *Ni Dios ni Amo. (Autología del Anarquismo)*, Madrid, Campo Abierto Ediciones, vol. I, p. 125.

so labor proselitista na inqueda Barcelona dos anos 1868 e 1869? Por que na coñecida fotografía do IV Congreso da Internacional celebrado en Basilea en setembro de 1869, onde sobresaie a xigantona figura de Bakunin (excedía os dous metros de estatura), a pancarta que rubrica o acontecemento leva como símbolo distintivo o masónico “Delta luminoso ou radiante”, parecendo máis o típico estandarte de calquera loxa masónica que o característico cartelón societario ao uso? Por que o autor de obras tan apocalípticamente demoledoras, iconoclastas e irreverentes como o *Catecismo revolucionario*, *O Estado e a Anarquía* ou a postuma *Deus e o Estado*, ocupou o seu precioso tempo de conspirador e revolucionario, escribindo e publicando o *Catecismo da Francmasonería moderna*? Por que este atrabiliario e luciferino antiteista de Mihail Bakunin permitiu que a masonería italiana “o exaltase”—descoñezo se por medio da mera “comunicación” ou ritualmente— ao grao 32º, sabendo dabondo que o lema dese grao que ía alcanzar reza: *Spes mea in Deo est*? Por que o aínda utilizado xesto de identidade anarquista: debuxar un arco cos brazos por encima da propia cabeza, pechándoo arriba coas mans, engancho estas cos catro dedos de cada man menos os polgares, aseméllase tanto a dous acenos ou xestos da liturxia masónica: o de petición de auxilio —coa salvidade de que neste o masón semientrelaza as mans formando unha aberta e receptiva venera—, e o do momento final da psicodramática cerimonia de exaltación ao terceiro grao, o de “Mestre”, cando o “Venerable” axuda a levantarse ao “irmán” recipiendario, sacándoo do ataúde onde se lle deitou, engancho a súa man dereita coa do que recibe esa emocionante iniciación de xeito exactamente igual que o veñen facendo os anarquistas, coas súas propias mans, cando realizan o seu saúdo “tribal”? Por que o cartel coas fotos e nomes dos delegados asistentes ao Congreso de Gotha celebrado en maio de 1875 pola social-democracia alemá, centrado por unha foto principal —posiblemente trucada— de dous ególatras irreconciliables como foron Marx e Lasalle, é coroado cun símbolo tan antigo e prototípicamente masónico como o fraternal saúdo de mans, insignia tamén do sindicato español UGT? Por que a estrela vermella comunista foi retomada dun símbolo repetido *ad nauseam*, desde o século XVIII (ou desde o XVII, segundo autores), pola iconografía masónica, a “estrela flamixera”—de vellísima tradición pitagórica—, asociada ritualmente desde antigo ao grao de “Compañeiro”; é dicir, á camaradería ou ao “compañeirismo”, coñecida ademais a declarada masónicofobia de León Trotski, creador do Exército vermello que toma devandito emblema? Por que aínda hoxe nos sindicatos estadounidenses e australianos de mecánicos, ferroviarios, etc., se utilizan denominacións como “Loxia” para denominar ao seu sindicato local e “Gran loxia” para referirse á súa organización nacional.

As posibles respostas a esta serie de complexas e caudalosas preguntas poden organizarse por medio de tres diferentes ámbitos que, en realidade, poden en-

treverse triangularmente ou conxugarse, explicarse ou entenderse ensamblados; é dicir, poden quedar comprendidos como tres partes fundamentais dunha mesma explicación, á hora de poder descifrar o porqué de todas esas curiosas incógnitas. Vexámoslos, entón, por lados ou seccións:

Primeiro, pola apodíctica realidade histórica de que a masonería universal entendeu, máis ou menos desde sempre, o apoio aos proletarios como unha acción máis da súa autoesixida acción filantrópica e a súa estatutaria práctica de igualitarismo social. E, a medida que se vai desenvolvendo o movemento obreiro ao longo do século XIX, irá trazando pontes entre ela e o mundo do traballo —incluído o do propio societarismo—, reinterpretando o seu vello espírito fraterno-lista e, socialmente, cohesionador ou conciliador.

Segundo, a raíz do descubrimento, realizado polo historiador galego que isto escribe, da utilización da organización masónica por parte dos conspiradores liberais da subversión antiabsolutista do Sexenio negro español e a tradición, proxectada moi pronto a nivel internacional, que dita instrumentalización político-organizativa iniciou a raíz do triunfo da revolución liberal de 1820, en plena Europa da Restauración. Dentro, todo iso, do complexísimo paradigma revolucionario romántico, quedando entendida a masonería por unha boa parte dos variados colectivos da subversión do século XIX, como unha asociación acubilladora dos perseguidos revolucionarios liberais e, por ampla extensión, de todo revolucionario. Fose este liberal ou nacionalista como Mazzini ou o primeiro Bakunin, socialista como Blanc ou Blanqui, comunista como Buonarroti ou anarquista como Bakunin, Fanelli ou Lorenzo. Deste último revolucionario español, podemos recordar a visión persoal que tiña da súa discreta asociación, cando, en 1898, no seu exilio parisiense —como recorda Ferrer no seu libro *La masonería*—, lla comunicou ao seu amigo e correlixionario Juan Montseny, recolléndoa este no seu libro *A miña vida*: “a masonería era unha gran cousa para as persoas perseguidas politicamente”⁶.

E terceiro, por chegar a soste a lóxica e dedutiva hipótese de que aqueles internacionalistas puideron seguir, conscientemente, a xa vella tradición revolucionaria liberal de apropiarse de ritos ou usos e, sobre todo, iconas masónicas, co fin de poder representar así, emblematicamente, os novos valores ideolóxicos de: igualdade, federalismo, solidariedade, fraternidade, traballo, etc. Imitando entón os obreiristas en certo xeito o que antes fixeran, unha vez conquistado o poder, os Estados, grupos e partidos liberais, cando estes sentiron a perentoria necesidade de proxectar publicamente as súas ilustradas mensaxes políticas de pensamento republicano, cívico ou laicista, por medio de todo un complexo conglomerado

6 Ferrer Benimeli, José Antonio (2001): *La masonería*. Madrid, Alianza Editorial, p. 175.

ritual de referentes iconográficos masónicos⁷. Institucionalizando os liberais entón, *ex novo*, todo un complexo mundo simbólico e protocolario oficial, que, volitivamente, se afasta de calquera indicio de formalismo estatal e relixioso que puidese recordar as odiadas formas e boatos do Antigo réxime.

A continuación, intentarei ofrecer unha introdutoria explicación a estas tres seccións nas que acabo de detallar as posibilidades de resposta que deducín daquela batería de preguntas ou interrogantes.

1. Caridade masónica e proletariado

En canto ao primeiro punto, hai que dicir que, desde o mesmo século da súa creación, o XVIII, a masonería británica foi a primeira en preocuparse, a nivel estritamente filantrópico, da cuestión obreira no seu industrializado Reino Unido. Desde as súas institucións filantrópicas como o tradicional *Committee of Charity*, a *Masonic Benefit Society* e un longuísimos etcétera, a fundación e sostemento de institucións benéficas como hospicios e escolas onde se acolleu a unha zona menesterosa do primeiro proletariado moderno da historia, foi e é unha das preocupacións máis relevantes de toda a súa acción corporativa.

Todo tipo de masonería, tanto a denominada regular como a irregular ou liberal, tivo e ten a constitucional obrigaición de realizar, primordialmente, a práctica do altruísmo; pero a masonería *British* fixo, desde a propia fundación desta asociación, máis fincapé en potenciar o caritativo labor da súa organización. A orixe de todo iso está quizais no seu propio rito masónico, o chamado *Emulation Working*, non esquezamos que para este rito, os tres principios nos que repousa a auténtica masonería son, pola súa orde: o "Amor fraternal", a "Beneficencia" e a "Verdade". Máis tarde, xa entrado o século XIX, as loxas británicas irán asimilando nos seus iniciáticos misterios a elementos instruídos e cualificados do seu proletariado nacional, chegando a masonería británica nesta preocupación proletarista ao extremo de ofrecer os seus propios locais para que desen acubillo a unha das máis importantes reunións preparatorias da Primeira internacional obreira, como recollen, tanto o historiador alemán Max Nettlau como o anarquista e masón español Anselmo Lorenzo —citando este a xa citada obra *Garibaldi: Historia Liberal do Século XIX* de Rafael Farga y Pellicer—, cando o engolado e prestixioso hiramismo británico decimonónico cedeu o seu *Free Masons Tavern* para que aquel soado mitin, convocado por Karl Marx, a denominada Festa da Fraternalización Internacional do 5 de agosto de 1862, puidese levarse a efecto. Coincidindo

7 En todo este fenómeno tivo moita influencia —ademais da experiencia revolucionaria norteamericana— a simbiose iconográfica que se deu entre o xacobinismo e a masonería, e o estrambótico sincretismo simbólico existente na politizadísima masonería xacobina, onde se mesturaron dun xeito moi pintoresco as dúas simboloxías: a republicana e a masónica.

co estudado moito máis tarde por André Combes, o citado historiador anarquista Max Nettlau na súa obra *A anarquía a través dos tempos* dinos, cando critica o pésimoo traballo organizativo que realizara logo deste mitin da Hospedaría dos Masóns o internacionalista e tamén masón Henri Louis Tolain que, se non fose polos francmasóns socialistas organizados “nas pequenas loxas masónicas avanzadas de 1850 e 1858, que reunían socialistas internacionais”⁸, refírese sen dúbida ás loxas “menfitas” da *Grande Loge de Philadelphes* —formadas, nun principio, por exiliados republicanos e socialistas franceses en Londres—, non se podería chegar xamais á reunión fundacional da Asociación Internacional de Traballadores do 28 de setembro de 1864.

Algo semellante vai ocorrer noutras nacións como Estados Unidos, onde o seu primeiro sindicalismo de clase posuirá unha nomenclatura de clara influencia masónica, *verbigratia*: o sindicato de zapateiros Os Cabaleiros de San Crispín, que se estruturaba por loxas; os xastres da Nobre Orde dos Cabaleiros do Traballo, que se organizaban ao principio secretamente en loxas, adoptando complexos rituais e disimulados acenos e contrasinais de recoñecemento co fin de que, como recolle F. Peterson, “ningún espía do patrón puidese achar o xeito de entrar no salón da loxa para traizoar aos seus camaradas”, tamén hai que recordar que a súa máis alta xerarquía sindical se denominaba “Gran Mestre Obreiro”.

Na Francia prerrevolucionaria, atopamos na masonería de provincias algunhas loxas que, moi timidamente, comezan a aceptar dentro dos seus “talleres”, pequenos ou medianos artesáns; indubidablemente vaise tratar de mestres artesáns, propietarios probablemente do seu propio obradoiro. Durante o Primeiro imperio como recorda André Combes, iníciase o morno e lento proceso de aceptación de proletarios nas loxas francesas que se irá acentuando, progresivamente, a partir da Restauración borbónica e durante a monarquía burguesa de Lois Filipe de Orleáns onde, pensando nestes obreiros, se rebaixaran as taxas ou gastos mínimos de iniciación e haberá unha declarada política de permisividade por parte desta masonería coa citada esixencia da alfabetización do neófito⁹. Pero non haberá directo e manifesto interese pola clase obreira e polo societarismo por parte da masonería gala ata os mesmos inicios da segunda metade do século XIX cando, como xa adiantei e seguindo o dito por Combes, serán os masóns exiliados en Inglaterra despois do golpe de Lois Napoleón Bonaparte, os que funden, no chamado Rito de Menfis Reformado (1849-1879) —único prohibido polo Estado imperial francés—, a loxia *Philadelphes*, cuxo título xa anunciaba —ou máis ben

8 Nettlau, Max (1979): *La anarquía a través de los tiempos*, Barcelona, Editorial Antalbe, (1ª edición: 1929?), p. 111.

9 Peterson, Florence (1968): *El movimiento obrero norteamericano. Historia y Desarrollo*, Bos Aires, Ediciones Marymar, p. 19.

10 Combes, André (1986): *La massouerie in Francia, dalle origini a oggi*, Foggia, Bastogi, p. 64.

recordaba— vellos aires conspiradores. Loxia nai esta da que sairá a gran loxa do mesmo nome. Aquí, neste ambiente de masonería republicana e social-democrática cada vez máis extenso, coa súa recentemente fundada *Gran Loxa de Philadelphos*, atoparemos a republicanos e socialistas de renome como Jean-Baptiste Boichot, Bradlaugh, o xenro inglés de Marx, ou Louis Blanc, e deste contorno masónico sairá nada menos que a Sociedade Fraternal de Demócratas-Socialistas Franceses, amais diso destacados internacionalistas de primeira hora como Le Lubez, Combault, Vésinier ou Benoit¹¹, os auténticos organizadores da A.I.T., se seguimos nisto o dito polo serio e positivista historiador libertario M. Nettleau. Estes masóns entendían a súa institución como un auténtico e arquetípico modelo de democracia coa obrigada praxe de axudar á transformación da sociedade humana, seguindo a vella e triangular divisa masónica de “Liberdade, Igualdade e Fraternidade”, e a loxia, como unha escola de formación cultural e científica.

Os obxectivos inmediatos contidos no programa desta masonería “menfita” que, doutra banda, case catro decenios máis tarde, en plena Primeira restauración borbónica, chegaría a España acollendo a unha boa zona do republicanismo e do obreirismo español de finais de século, eran, como nos di Combes, dous: a loita contra a ignorancia por medio da escolarización, e “a axuda ao proletariado na súa emancipación”, especialmente, por medio da creación de mutualidades que, presumo, eran tipicamente proudhonianas¹². Así se explica, como segue apuntando o profesor Combes e xa adiantei, a forte presenza da masonería no seo do movemento societario e da Primeira internacional e, probablemente, tamén isto nos pode dar a clave da orixe ou do porqué desa asunción de parte da simboloxía masónica para representar a nova emblemática desta importante asociación obreira. Dado que, ao ser os masóns deste hiramismo “menfita” os auténticos organizadores da A.I.T., estes puideron propoñer ou influir en dita iconografía, obtendo para iso a lóxica aquiescencia ou apoio do resto dos nada escasos internacionalistas masóns. Recordemos que, en 1867, desta corrente masónica que terá como principal teórico un vello utópico sansimoniano, amigo e “irmán” de Proudhon, Marie-Alexandre Massol, separarase un pequeno grupo anarquizante que creará a revista *L'Action maçonnique*, caracterizado por un violento antiteísmo e que pretenderá convocar a masonería do seu tempo para que se comprometese, directamente, nas loitas políticas e sociais¹³.

En España, país de tan tardía revolución industrial, a masonería, non comezou a iniciar a proletarios, que saibamos, ata entrado o chamado Sexenio

11 *Ibidem*, pp. 69-70

12 Combes, André (1987): “L'ecole de la Republique 1861-1939”, en Ligou, Daniel (dir.): *Histoire des Francs-maçons en France*. Toulouse, Editions Privat, pp. 245-246.

13 *Ibidem*.

revolucionario (1868-1874); en realidade, cando comeza a súa denominada idade de ouro. Aínda que na anecdótica masonería da Era isabelina, sabemos de loxias como *Los Amigos de la Naturaleza y la Humanidad*, estudada por Vitoria Hidalgo, onde o seu “cadro loxial” posuía un avultado número de operarios da fábrica de vidro de Xixón. A partir de 1868, o hiramismo hispano irá desenvolvendo —paulatinamente e segundo “obediencias” ou masonerías—, unha auténtica campaña de “popularización” das loxas, ao dirixir manifestamente a súa acción proselitista cara aos obreiros, sobre todo durante o último cuarto do século dezanove e, máis tarde, durante o primeiro terzo do vinte; en realidade, ata o final da última guerra civil, en 1939. Nesta historia, un longuísimos elenco de anarquistas, socialistas e algún que outro comunista autoritario pasarán polas loxias españolas desde o século XIX ata o bélico final da Segunda República.

2. Conspiración revolucionaria e masonería

No que respecta a este punto explicativo; o correspondente a esa fixación do imaxinario colectivo construída en pleno romanticismo sobre a particular simbiose revolución-masonería e tan fomentada, doutra banda e desde o século XVIII por: a propia publicística antimasonónica; os Estados Unidos de Norteamérica coas súas institucionais glorificacións washingtonianas e coas súas públicas e manifestas asociacións entre a súa revolución e a masonería; a denominada masonería xacobina; a profusa panfletística xacobina influenciada iconograficamente polo hiramismo; toda a correspondente parafernalia producida pola masonería bonapartista; e, para rematar e como clave de bóveda de todo este proceso “constructivo”, a xeneralizada admiración internacional, ocasionada a raíz do triunfo, en 1820, do movemento subversivo liberal español¹⁴. Este tipo de costumes que, en politoloxía, nos falan de conspiracións anteriores e posteriores a esta á que me refiro —a levada a cabo polos subversivos oficiais artilleiros da loxa militar coruñesa *Los Amigos del Orden*, en pleno Primeiro período absolutista fernandino—, e que utilizan a estrutura orgánica das sociedades secretas para intentar levar a cabo o seu complot, como: os Iluminados de Baviera de Adam Weishaupt —de nome de guerra Spartakus—, que copiaran formas e xeitos francmasonicos para crear aquela subversiva asociación cos seus sobrenomes e os seus graos; a organicamente triangular Conspiración dos iguais de François Noel Babeuf, de sobrenome Gracchus; os republicanos Filadelfos ou Philadelphes cos seus tres graos e os seus nomes de guerra; a Sociedade dos Sublimes Mestres Perfectos creada como unha *organisation secrète politique de forme maçonnique*, como nos

14 Sobre este tema, véxase Valín, Alberto (2004): “Masonería y ejército en la España contemporánea”, en Delrue, Elisabeth (dir.): *Autour de l'armée espagnole, 1808-1939*, Paris, Indigo & Côté-femmes éditions, pp. 89-114.

explica o *Dictionnaire de la Franc-maçonnerie* dirixido por Daniel Ligou, polo discípulo de Babeuf, o francmasón Philippe Buonarroti¹⁵; a mesma masonería española da época citada do Sexenio negro que tamén utilizará o “Nome simbólico” como medida de seguridade, sendo a citada loxia militar herculina —cuxos membros elixiron alcumes tan significativos como Filadelfo ou Washington— a que, por primeira vez na historia das masonerías ibéricas, inicie esta tradición que tanta transcendencia internacional tería; e despois, as sociedades secretas conspiradoras que, arremedando parte das formas e xeitos francmasónicos, foron aparecendo ao longo da primeira metade do século XIX, como o carbonarismo, os comuneiros, os anilleros, as sociedades secretas republicanas en Francia, as mazzinianas Nova Italia e Nova Europa e, xa dentro do incipiente movemento obreiro internacional, a secreta Fraternidade internacional creada, en 1864 e en Florencia, por M. A. Bakunin.

Esta sociedade secreta bakuniniana estaba proxectada, como máis ou menos Weishaupt pensara a súa case cen anos antes —e León Trotski discorrería, moito máis tarde, a súa secreta técnica partidaria da infiltración denominada “entrismo”—; é dicir, para ser utilizada como secretísima organización de iniciados ou “militantes ocultos” como di Nettlau, co fin de introducirse, clandestinamente, noutras asociacións —como chegou a intentar coa propia Internacional Bakunin—, para así tentar de manipular aquelas, ganando simpatías ou inclinando a esas organizacións cara ás súas propias ideas ou fins estratéxicos. O seu programa, transcrito e incluído no libro biográfico que, sobre Bakunin, escribiu Nettlau e, máis tarde, publicou de novo na súa antoloxía Daniel Guérin, recorda en moitas ocasións a propia organización e o estilo discursivo masónico ao uso¹⁶. Como recorda o Dr. Nettlau, había un ano que o romántico conspirador de orixe rusa abandonara as causas revolucionarias nacionalistas para centrar toda a súa enerxía na causa social. Proba esta da forte influencia que o liberalismo radical tivo no nacemento do pensamento anarquista. Esta secretísima sociedade revolucionaria fundada e sostida por Bakunin remataría por ser a orixe ou a causa das denuncias dirixidas contra el no seo da Internacional, por parte dun “britanizado” intelectual como Karl Marx, o seu xenro Lafargue, Engels e Utin, ocasionando a expulsión do carismático *l'enfant terrible* da A.I.T., en 1872.

3. A apropiación da iconografía e rituais masónicos por parte das ideoloxías contemporáneas revolucionarias

Posiblemente, e utilizo aquí este conxectural adverbio dado que, logo de ímprobos esforzos de auténtica caza bibliográfica na *British Library* e nas máis importantes

15 Ligou, Daniel (dir.) (1987): *Dictionnaire de la Franc-maçonnerie*, Toulouse, Privat, pp. 177-178, 1146.

16 Cfr.: Guérin, Daniel (1979): *Op. cit.*, pp. 140-151.

librerías londinienses, tanto de libro novo como de rebaixa, sigo sen descubrir ningún símbolo “construtivo” nas insignias ou bandeiras daqueles puritanos radicais ingleses, os *Levellers* ou Niveladores e os da súa sección protocomunista, os *Diggers*, os tamén chamados *True Levellers* —aínda que non me estrañaría que a primeira instrumentalización política da imaxe do “construtivo” nivel, como referente iconográfico do igualitarismo social, proceda destes revolucionarios tempos da Guerra civil inglesa¹⁷—, a primeira apropiación simbólico-política que teño constatada deste tenor, foi a que levou a cabo a república federal dos Estados Unidos de Norteamérica. Non podemos esquecer que na súa revolución participaron soados e sobresaíntes francmasóns como Benjamin Franklin, George Washington, o marqués de La Fayette, Thaddeus Kosciuszko, Thomas Adams, Joseph Warren, Richard Caswell, etc.

Antes da súa mesma xestación como nación —se seguimos en todo isto o dito no prefacio do seu libro *Freemasonry in the American Revolution* polo historiador S. Morse— a primeira idea bosquexada sobre a unión das colonias — neste caso inicial pola necesidade de defenderse dos indios—, debeuse ao primeiro gran mestre provincial Daniel Coxe. Xa en plena guerra, as loxias militares das cales Washington era a completa e prestixiosa autoridade entre todas elas, como segue dicindo Morse, conseguiron “cementar” ou aglutinar nun “centro de unión e harmonía” unha boa e selecta zona —sempre da total confianza do carismático xeneral— do Exército continental. Militares revolucionarios e “irmáns” masóns, auténticos *Brothers-in-Arms* con todo o que esta vella e masculina imbricación supón. Pero foi sobre todo durante os primeiros anos da súa historia como auténtica nación, os correspondentes aos dous mandatos do seu primeiro presidente G. Washington, cando aqueles ex-colonos británicos, carecendo do necesario precedente protocolario e iconográfico republicano e non querendo imitar para nada os símbolos e fórmulas institucionais das vellas monarquías, atoparon en parte da emblemática e o ritual masónicos a base iconográfica e algúns dos ritos protocolarios para aquel novo Estado federal. Boa mostra arquetípica de todo isto que digo atopámola no deseño da súa mesma bandeira, trazado iconográfico que, aínda hoxe, a todo masón lle recorda sempre un conxunto de símbolos abondo fundamentais da súa iniciática asociación. Primeiro, a masónica e universal “Bóveda celeste” do seu cantón “estrelas flamíxeras” brancas sobre o azul firmamento, pintada obrigatoriamente no teito do prototípico espazo de sociabilidade hiramita: a loxia. En segundo lugar, as citadas “estrelas flamíxeras”, asociadas sempre ritual-

17 Como di John Hamill, en plena guerra civil inglesa tense constancia xa da existencia de loxias masónicas de transición; é dicir, con masóns aceptados —alleos completamente ao mundo da construción— dentro dos seus talleres e do ideario, tanto parlamentarista como realista. Cfr: Hamill, John (1994): *The History of English Freemasonry*, Addlestone (Surrey), Lewis Masonic Books, pp. 35-39.

mente ao grao segundo, o de "Compañeiro". E en terceiro lugar, o plural significado simbólico de que estas estrelas se van utilizar como representación de cada Estado e dispoñer en círculo, refírome ao primeiro deseño denominado Betsy Ross, por tres crípticas alegorías masónicas que veñen reforzar, iconograficamente, a mesma idea política da unida, mutua e eternamente forte confederación política. Un, para recordar a idea federal da masónica e circular "Perfecta unión" dos trece Estados iniciais, outro, por recordar o arcano cabalístico do Ouróboros (a cóbrega, dragón ou lagarto, mordendo na cola), tan utilizado na súa versión ofídica na iconografía masónica desde o século XVIII e que aquí puido ser entendido como amuleto de bo augurio para a nova república. E, o último dos tres motivos sinalados, para que esta constelación circular sexa comprendida, asociada ou asimilada a un dos signos alegóricos máis importantes no hiramismo, a denominada e cooperativa "Cadea de unión".

Pero quizais as imaxes que mellor representan isto que intento explicar, ofrécnollas, con esa rotunda e lacónica expresividade que só posúen as mellores instantáneas fotográficas, calquera dos dous cadros que coñezo representando a colocación da primeira pedra do edificio do Capitolio dos Estados Unidos. Un é de J. Melins e o outro, de mellor factura artística, débese á man do pintor e francmasón norteamericano Stanley M. Arthurs. O verdadeiramente sorprendente destes cadros é que dan fe do ritual que aqueles bisoños republicanos elixiron para protocolizar aquel importantísimo evento. A cerimonia non foi outra que un máis ou menos ortodoxo ritual masónico de fundación dun edificio público, segundo o Rito de Emulación. Dito doutro xeito, que para colocar a primeira pedra do edificio fundamental da nova e revolucionaria democracia, o seu primeiro presidente vaina situar cerimonialmente investido cos rechamantes atributos masónicos dun *Grand Master* e non, como cabería esperar, como un vitorioso militar ou como un sinxelo e democrático presidente "laico" ou civil. Non esquezamos que, como xa expliquei, aquela república converteu a Washington no primeiro grande heroe romántico ou, se se prefire, protorromántico da revolución, sentando coas súas rococós ou clasicistas glorificacións —que, nalgunhas representacións, chegaron a ser auténticas apoteoses— as bases iconográficas do xa estudado constructo "militar, liberal e —obviamente— masón". Escenas parecidas, encabezadas sempre por George Washington ostentosamente vestido cos seus atributos masónicos de ritual, veranse con certa frecuencia durante os dous primeiros períodos presidenciais da historia desta nación. Paga a pena recordar, en relación a este tenor, o contemplado no impresionante mural, de excelente factura neoclásica, da Igrexa de Cristo de Filadelfia.

Máis tarde, será a Francia revolucionaria quen, emulando ou arremedando o ben coñecido precedente revolucionario estadounidense, recolla, tanto a nivel

de publicística oficial como a nivel da correspondente ao mundo panfletario, infinidade de “Atributos simbólicos” ou referentes iconográficos masónicos, compoñendo deste xeito unha complexísima emblemática revolucionaria preñada de: igualitarios niveis asociados, politicamente, co xacobinismo; moralizantes escuadras; “Deltas sagrados”; “Estrelas flamíxeras”; compases; deísticos “Ollos omnividentes”; colmeas coas súas cooperativistas, construtivas, disciplinadas e laboriosas abellas; estables e seguras áncoras; pirámides e obeliscos, estes símbolos sobre todo a partir da expedición de Bonaparte a Exipto; truncados fustes, estereotipados e virtuosos “Templos de Salomón”, etc. No que respecta ao ámbito publicístico dos panfletos, folletos ou opúsculos, este posuirá, en ocasións, un clarísimo influxo iconográfico francmasónico, sobre todo, nese tipo de papel barato utilizado para o fin propagandístico polo simbiótico tándem —descuberto polo profesor Kennedy— formado polo variado ámbito da impresión e as sociedades xacobinas.

Baixo a influencia dos clubs xacobinos de provincias imprimíronse infinidade de panfletos preñados de clara iconografía masónica onde, polo xeral, os símbolos máis repetidos serán o equilibrado e divino “Delta” e o igualitario nivel. Aínda hoxe é facilísimo, por exemplo, atopar nos anticuarios de Besanzón abundantes coleccións —por certo carísimas para un bibliófilo modesto— desta curiosa panfletística. O porqué destas fortes influencias entre a masonería e o xacobinismo ofrécenolo o traballo do profesor Michael L. Kennedy¹⁸, e, obviamente, todo iso parece reforzar a vella tese gramsciana da que me falara hai xa tempo o meu colega Xoán Moreno, de que a historia do desenvolvemento orgánico ou estrutural do partido político contemporáneo débelle moitas influencias á masonería.

Despois, o Imperio napoleónico volvería oficializar ou “marchamar” estatalmente infinidade de iconos masónicos —como tamén estatalizaría á propia masonería francesa e ás súas propagandísticas loxias militares—, empezando por unha boa porción dos símbolos do seu propio exército: deseños de abotoaduras, de numismática ou medallística, como a mesma cruz da Lexión de Honor, claramente influenciada pola cruz dos Cabaleiros Kadosh. Debido todo iso, probablemente —como nos explica Ludovic Marcos no seu interesante artigo “Une (r)évolution tranquille. L'iconographie maçonnique dans l'imagerie révolutionnaire et imperiale”, publicado na revista *Notre Histoire*, de xuño de 2003—, a que os fabricantes de adornos ou complementos masónicos, membros eles tamén da masonería francesa, foron os encargados de fornecer o Estado imperial dos bordados e demais decoracións, tanto civís como militares.

18 Kennedy, Michael L. (1982): *The Jacobins Clubs in the French Revolution. The First Years*, Princeton (New Jersey), Princeton University Press, pp. 6-7.

... (text is extremely faint and largely illegible due to low contrast and blurring. It appears to be a dense paragraph of text, possibly a footnote or a section of the main body, but the content cannot be accurately transcribed.)

... (text is extremely faint and largely illegible due to low contrast and blurring. It appears to be a dense paragraph of text, possibly a footnote or a section of the main body, but the content cannot be accurately transcribed.)

Poder e representación política en Galiza (1790-1856). Avance de investigación e algunhas premisas de partida*

XOSÉ R. VEIGA ALONSO
Universidade de Santiago de Compostela

1. Algunhas premisas de partida

No capítulo "A política" da moi popular *Historia de Galicia IV. Edade contemporánea* editada por Galaxia en 1981, o profesor Barreiro afirmaba que "o tratamento da chamada historia política non pode ser alleo ó contexto dialéctico no que nos movemos", unha argumentación que máis adiante completaba coa presentación da política como manifestación externa dos movementos de base e da loita de clases. Facía explícito, xa que logo, o peso teórico que o materialismo histórico tiña na súa investigación. Ao tempo, e sen desprezar a compoñente exemplificativa das traxectorias individuais, engadía que "as actitudes individuais non teñen comprensión histórica senón están enmarcadas no grupo social que as fixeron posíbel" (p. 229), o que redundaba na súa aposta por unha historia na que o colectivo debía primar sobre do individual¹. Porén, e como demostra toda a súa obra, en ningún caso esta inicial presentación derivou nunha historiografía lastrada por esixencias estruturais que obrigasen, xa non simplemente a agochar o protagonismo dos individuos, senón mesmo a facelos desaparecer do relato histórico reducidos a simples entradas en longas series estatísticas. Pola contra, e na liña defendida, por exemplo, pola historia social alemá, o que domina nos seus traballos

* O traballo inclúese dentro dos proxectos de investigación "La nacionalización española en Galicia, 1808-1874" (HUM2006-10999: investigador principal Xusto G. Beramendi) e "Historia agraria e política do mundo rural, ss. XIX e XX" (G1-1657: investigador principal Ramón Villares).

¹ "Non debe extrañar, xa que logo, que nesta historia soio aparezan moi secundariamente, desvelados, os rostros das persoas que dende sempre encabezan as listas da lembranza histórica e que moitas veces presiden dende o seu pedestal de pedra as prazas e as rúas galegas", Barreiro Fernández, Xosé Ramón (1981): *Historia de Galicia, IV. Edade contemporánea*, Vigo, Editorial Galaxia, p. 229.

é a intención de comprender a dinámica histórica como froito dunha interacción entre experiencia e estruturas, entre a capacidade de acción e de decisión do ser humano (*agency*) e os condicionantes (políticos, sociais, económicos, culturais) nos que, de xeito imperativo, se desenvolve².

A historia política da Galiza contemporánea é, sen dúbida, un bo espazo de experimentación no que someter a proba esta formulación. A política, como "lugar de gestión de la sociedad global"³, xoga con toda unha amplísima gama de factores individuais e colectivos, que teñen a súa orixe tanto nas xeografías máis agochadas do corazón e do cerebro humanos como en contextos determinados por procesos, institucións e movementos "supraindividuales"⁴. Se cinguimos o teatro de xogo aos anos finais do XVIII e os cincuenta primeiros do XIX, o tempo no que asistimos á difícil e complexa erección dunha nova sociedade idealmente definida a partir dos principios do liberalismo político e económico, é relativamente doado constatar as tensións que se xeran entre o protagonismo individual que recae nas elites (masculinas)⁵ que ostentan a representación política en concellos, deputacións e parlamentos, e un escenario amplo e cambiante que non se limita a ofrecerlles un simple *attrezzo* no que desenvolver papeis estelares senón que os condiciona decisivamente, se ben dunha forma difícil de valorar e non sempre

-
- 2 "Se trata de comprender la relación entre las estructuras y los procesos, por una parte, y las acciones y las experiencias, por otra, como una relación históricamente variable de refracción y no-congruencia; no se trata, sin embargo, de negar o ignorar esta relación. Omitirla significaría, desde una perspectiva metodológica, tanto como reducir la realidad histórica objetivamente a estructuras o procesos, o ignorarla subjetivamente como contexto de acciones y experiencias. Que sea así puede pretenderse utópicamente. Hacer como si así lo fuera, sería fatal", Kocka, Jürgen (2002): *Historia social y conciencia histórica*, Madrid, Marcial Pons, pp. 82-83. Cunha prosa moi diferente, incide na idea un historiador tan aparentemente afastado do xermano nos seus intereses historiográficos como é Giovanni Levi: "Una racionalidad selectiva y limitada explica los comportamientos individuales como fruto del compromiso entre comportamiento subjetivamente deseado y comportamiento socialmente requerido, entre libertad y restricción", en Levi, Giovanni (1990): *La herencia inmaterial. La historia de un exorcista piemontés del siglo XVII*, Madrid, Nerea, p. 12. Un exemplo máis achegado a nós, en Ugarte, Javier (2005): "Sobre la nueva historia cultural: entre el «giro cultural» y la ampliación del conocimiento histórico", en Hernández Sandoica, Elena e Langa, Alicia (eds.): *Sobre la historia actual. Entre política y cultura*, Madrid, Abada editores, pp. 229-283: "Todas ellas [alude á produción historiográfica de autores franceses como Chartier, Agulhon ou Nora] intentan establecer la compleja relación que existe entre las estructuras globales y los grandes procesos, con la praxis de los sujetos concretos, sus experiencias y los modos de comportamiento de los afectados" (p. 271). Xa K. Marx, a mediados do s. XIX, expresara esta idea coa afirmación de que os homes fan a súa propia historia, mais a partir dunhas circunstancias que non elixen senón que lles veñen dadas.
- 3 Na liña que defende o politólogo e historiador francés René Rémond. Véxase Rémond, René (sous la direction de) (1988): *Pour une histoire politique*, París, Seuil. Unha crítica das súas formulacións, en Mina, M. C. (1993): "En torno a la nueva historia política francesa", *Historia Contemporánea*, 9, pp. 59-91.
- 4 O cualificativo é de Kocka, Jürgen (2002): *Op. cit.*, p. 68. En concreto, refírese á economía e á civilización técnica.
- 5 A cuestión do xénero na construción da sociedade política liberal é un tema tan transcendental como precisado de investigacións. Véxase Romeo Mateo, M.º Cruz (2006): "Las mujeres en el liberalismo", *Simposio Internacional O liberalismo nos seus contextos. Un estado da cuestión*, A Coruña-Santiago de Compostela, 29 de novembro - 2 de decembro.

doada de analizar. Deste xeito, calquera intento por explicitar as razóns dunha determinada representación política, ten que pasar pola análise particularizada dos individuos que a ostentan, mais tamén por unha acaída valoración das múltiples variábeis que se alicerzan nos contextos que os inclúen. Isto concrétese en que xunto á toma en consideración das aptitudes dos aspirantes á representación nos diferentes niveis políticos (o “querer, saber y poder” ao que se ten atinadamente referido Carmelo Romero), non deberíamos esquecer aqueloutros aspectos que Peter McPhee definiu como a “écologie de la politique”, a saber, as estruturas demográficas e económicas, o grao de concentración da poboación, as redes de comunicación, o acceso á cultura letrada ou a distribución da propiedade da terra⁶. Aínda así, o panorama non estaría completo se deixásemos fóra variábeis que, como teñen demostrado a politoloxía, a antropoloxía e a socioloxía, inflúen na concreción do poder político: a estrutura de oportunidades políticas, as relacións informais definidas polas clientelas e as redes de padroádego, as ideoloxías, as culturas/identidades políticas, os vencellos familiares e de parentesco... Trátase de non desbotar de partida ningún factor e de buscar as posíbeis interrelacións entre eles, para que logo sexa o decurso do propio proceso de investigación (inevitabilmente lastrado pola tiranía das fontes e pola dispoñibilidade de estudos previos) o que determine a importancia relativa duns e doutros.

Unha formulación como a referida obriga ao investigador individual a moverse cun mínimo de prudencia, e a recoñecer que o manexo das variábeis presentadas só é posíbel a partir dunha estrita delimitación do obxecto de estudo. Noutras palabras, a única opción viábel é situarse nos parámetros en que se move a chamada “historia local”. Non imos entrar agora no tema da definición, contidos e metodoloxía do que debe ser a historia local, nin na debatida cuestión de se pode considerarse unha especialidade historiográfica con perfís propios⁷, mais si convén presentar con claridade cal é a estada teórica e conceptual que sostén unha investigación que dende a súa primeira andaina opta por concentrar a atención en dous espazos concretos, como son Mondoñedo e Viveiro, nun período de

6 Romero Salvador, Carmelo (1999): “La suplantación campesina de la ortodoxia liberal”, en Rújula, Pedro e Peiró, Ignacio (coords.): *La historia local en la España contemporánea*, Barcelona, L’Avenç, p. 93; McPhee, Peter (1995): *Les semailles de la République dans les Pyrénées-Orientales, 1846-1852*, Perpignan, L’Olivier, *pássim*.

7 Múltiples pistas, en Rújula, Pedro e Peiró, Ignacio (coords.) (1999): *Op. cit.*; VV.AA. (1995): *Actes del II Congrés Internacional d’Història Local de Catalunya* (“Formes i relacions del poder local a l’època contemporània”), Barcelona, L’Avenç; Toscas i Santamans, Eliseu (1997): *L’Estat i els poders locals a la Catalunya del segle XIX. Una visió des de Sarría (1780-1860)*, Barcelona, Publicacions de l’Abadia de Montserrat; *Hispania*, 201, 1999 (monográfico sobre “El poder local en la España contemporánea”); Carasa Soto, Pedro (2003): “Cambio de cultura política y poder local en la Castilla contemporánea”, en Carasa Soto, Pedro (dir.): *El poder local en Castilla. Estudios sobre su ejercicio durante la Restauración (1874-1923)*, Valladolid, Universidad, pp. 7-25; Frias Corredor, Carmen e Ruiz Carnicer, Miguel Ángel (coords.) (2001): *Nuevas tendencias historiográficas e historia local en España*, Huesca, Instituto de Estudios Altoaragoneses.

tempo que abrangue de 1790 a 1856. Diante de todo, hai que desbotar calquera suposta relación entre a atención ao local e a explicación simplista, entre o estudo dunha comunidade humana territorial e cronoloxicamente delimitada a efectos de investigación, e unha imaxinada posibilidade de facelo a partir de criterios que supoñan unha rebaixa nos niveis mínimos de esixencia que resultan aplicábeis a calquera tipo de traballo histórico. Pola contra,

[...] la historia local es [...] el reino de la complejidad [...] no hay historia local válida que no sea historia-problema, análisis histórico orientado por problemas históricos. Unos problemas que son esencialmente complejos, que requieren el tratamiento cruzado de fuentes heterogéneas y que, las más de las veces, exigen un análisis cronológico amplio.⁸

Situar a investigación no marco definido por problemas históricos globais é, xa que logo, indispensable para superar os perigos do localismo alicerzado no relato anecdótico apoiado nunha erudición mal entendida que se esgota en si mesma. Problemas como os definidos polo impacto social dos cambios operados no marco da crise do Antigo Réxime, pola dinámica entre cambio/continuidade no referido ás elites que ostentan o poder político, pola cuestión das fontes de poder que actúan na sociedade (a súa caracterización, valoración, interrelación e evolución), polas relacións centro/periferia que adquiren unha gran complexidade no marco da creación do Estado liberal (nova división administrativa, novas figuras de goberno), pola recepción de inéditos mecanismos de lexitimación que implica a aplicación do dogma da soberanía nacional co seu correlato electoral, polo impacto socioeconómico da Reforma Agraria Liberal, polo desenvolvemento dunha nacente esfera pública, polo proceso de construción da cidadanía, etc. Cando menos como intención, a ollada local, o uso do microscopio, debería permitir obter unha perspectiva diferente ao respecto destes grandes temas, obrigándoos a tomar un baño de realidade e así calibrar con máis exactitude como se manexan nas distancias curtas.

A autonomía relativa do local é outro dos conceptos teóricos básicos dos que partir. Hai xa varios anos que Eliseu Toscas defendeu a idea de que "la vida política local no era un simple reflex de la denominada «vida política nacional»"⁹. O historiador catalán chamaba deste xeito a atención sobre o perigo de confundir a lexislación saída das Cortes coa súa suposta aplicación automática e non mediada en todos os recunchos do país (ou, o que era aínda moito peor, xeneralizar para o conxunto do Estado situacións e comportamentos que tiñan como escenario

8 Martí, M. (1999): "Historias locales e historias nacionales", en Rújula, Pedro e Peiró, Ignacio (coords.): *Op. cit.*, p. 53.

9 Toscas i Santamans, Eliseu (1997): *Op. cit.*, p. 29; Toscas i Santamans, Eliseu (1998): "Centralización y «autonomías locales» bajo el Estado liberal en España", *Hispania*, 198, pp. 213-232.

a capital, que moi a miúdo eran máis unha excepción ca unha norma respecto da vida política que dominaba no resto do territorio). Como hoxe sabemos moi ben, tanto a *Gaceta* como o *Boletín Oficial del Estado* aturaban con cantas leis e ordes puidesen saír da actividade parlamentaria, pero que da súa existencia no papel á súa real e efectiva implementación había un importante treito no que o protagonismo das instancias locais encargadas de levalas adiante distaba moito de ser menor ou de responder a ideais (pero irreais) automatismos administrativos. A mediación do local é aquí fundamental, e de non ter en conta o proceso de adaptación ao medio que sofren disposicións ditadas para o conxunto do Estado, dificilmente poderemos entender os resultados que finalmente producen. Porén, hai que evitar igualmente a tentación de sobrevalorar esa autonomía pois iso levaríanos a reproducir os vicios de determinada historiografía pomposamente denominada nacional, construída non poucas veces de costas ás achegas dos historiadores “de provincias”:

Parece necesario [...] establecer una relación de ida y vuelta entre empirismo y teoría, y también entre poder central y poder local. [...] el resultado electoral es fruto de un cruce complejo de poderes, donde se entrelazan acciones gubernamentales y locales, consensos y conflictos, estímulos y respuestas, ofertas y demandas entre el poder central y el local.¹⁰

Como xa se indicou máis arriba, a historia local é (ou debería ser) o reino da complexidade. Vén agora a conto reproducir esa afirmación para remarcar a importancia que, como premisa teórica nos estudos centrados sobre localidades concretas, ten a súa consideración de espazos nos que se dirimen conflitos e nos que se manifestan intereses contrapostos. Fronte de interpretacións interesadas en presentar a sociedade local como un conxunto harmónico e sen discordancias internas (habituais entre certos cronistas e eruditos locais), e fronte da defensa dunha ideoloxía localista á que tantas veces teñen recorrido os representantes políticos (o alcalde que *loita* polos intereses da localidade ou o deputado que *se desvive* por obter beneficios para o distrito, coma se os intereses fosen os mesmos para toda a colectividade e coma se os beneficios se repartisen por igual)¹¹, o que cômpre é partir do argumento contrario e pescudar nos intereses contraditorios que se

10 Carasa Soto, Pedro (2003): *Op. cit.*, p. 15. Véxase tamén, Carasa Soto, Pedro (2000): “Los poderes municipales en relación con el Estado y el cambio social”; e Pons i Altés, Josep Maria (2000): “Estado y poderes políticos locales en la España de mediados del siglo XIX: la construcción del centralismo bajo los moderados”, os dous, en Carasa Soto, Pedro (coord.): *Ayuntamiento, Estado y Sociedad. Los poderes municipales en la España contemporánea*, Valladolid, Ayuntamiento de Valladolid, pp. 169-197 e 29-42, respectivamente. De “autonomía relativa” fala tamén Suau i Puig, Jaume (1992): “Qui mana? Com? Per que? Estudi de les relacions de poder en les collectivitats rurals”, *L’Avenç*, 160, pp. 35-37.

11 A esta ideoloxía localista refírese Gabriella Gribaudo cando fala do interese dos dirixentes locais por presentar a localidade como un “tutto integrato che si contrappone con l’esterno”. Véxase Gribaudo, Gabriella (1990): *A Eboli. Il mondo meridionale in cent’anni di trasformazioni*, Venezia, Saggi Marsilio, p. 153.

ventilan no local, nas loitas de bandos e faccións, nos aliñamentos ideolóxicos que dividen e enfrontan, nas rivalidades de orixe territorial, na pugna entre proxectos económicos diferenciados...¹². Buscar, presentar e explicar esta complexidade é, sen dúbida, unha das tarefas fundamentais da historia local, por canto na súa mesma razón de ser está problematizar explicacións xerais que pecan de simplistas e que son incapaces de ir alén dunha argumentación plana e imposibilitada de ver a marea de fondo nun mar que só dende lonxe se contempla calmo. É certo que á tan necesaria síntese non se chega cun simple amoreamento de traballos locais, mais tamén o é que ignorándoos resulta imposible presentar perspectivas de conxunto que o sexan polos seus contidos e conclusións e non simplemente polos seus enunciados¹³.

Hai xa máis de dez anos, a revista *Historia Contemporánea* titulaba un dos seus monográficos "A vueltas con el sujeto", e na presentación que se facía do número subliñábase que a fin perseguida era "recuperar el sujeto y los sujetos no tanto como objetivos sino como agentes en mayor o menor grado activos (protagonistas condicionados, si se quiere, pero en definitiva operantes)"¹⁴. O que estaba a facer a revista era recoller unha inqueda, que por entón comezaba xa a madurecer, ao redor dun dos "retornos" máis soados dos varios de que por entón se falaba, en concreto do que tiña por protagonista ao individuo. As razóns deste retorno do suxeito eran múltiples, e teñen sido obxecto dunha abondosa análise tanto no eido das ciencias sociais como da propia historiografía¹⁵. En xeral, e para

12 Sen que iso implique, en absoluto, unha ollada de partida que supoña menosprezar as fórmulas de pacto e consenso, que en ningún caso cabe explicar con simples alusións a intemporais solidariedades locais senón que hai que analizar na súa expresión histórica concreta e que, ademais, debemos integrar sen contradición nesa complexidade do local á que aludiamos. Ao risco de esaxerar os componentes consensuais e pactistas no estudo das sociedades (*el «amable perfume» del consenso*), vencellados case sempre con apelacións a compoñentes culturais como alicerces fundamentais desa "harmonía", tense referido criticamente Forcadell Álvarez, Carlos (2005): "La historia social, de la «clase» a la «identidad»", en Hernández Sandoica, Elena e Langa, Alicia (eds.): *Op.cit.*, p. 30.

13 Á tensión entre compartimentación e síntese, entre historia local e historia xeral, tense referido nun excelente artigo Forcadell Álvarez, Carlos (1995-1996): "La fragmentación espacial en la historiografía contemporánea: la historia regional/local y el temor a la síntesis", *Studia histórica. Historia contemporánea*, 13-14, pp. 7-27. Un intento pragmático de superar o espazo que vai das análises concretas ás sínteses xeneralizadoras é, por exemplo, o que encabezou Varela Ortega, José (dir.) (2001): *El poder de la influencia. Geografía del caciquismo en España (1875-1923)*, Madrid, Marcial Pons-Centro de Estudios Políticos y Constitucionales (véxase, en especial, o apartado de "Conclusiones", pp. 559-615). Máis coherente, por ser froito dun grupo de investigación concreto, é o traballo que dirixiu Carasa Soto, Pedro (dir.) (1997): *Élites castellanas de la Restauración. Una aproximación al poder político en Castilla* (v. II), Salamanca, Junta de Castilla y León (en especial, pp. 43-108).

14 Agirreazkuenaga, Joseba (1996): "Introducción. En busca del sujeto", *Historia Contemporánea*, 13-14, p. 19.

15 Unha visión xeral para o conxunto das ciencias sociais, en Dubet, François e Wiewiorka, Michel (sous la direction de) (1995): *Penser le sujet*, Paris, Fayard. Dende unha perspectiva historiográfica, Noiriel, Gérard (1997): *Sobre la crisis de la historia*, Valencia, Frónesis-Cátedra; Millán, Jesús (2002): "Los sujetos históricos: modelos, tipos ideales y estrategias de investigación", en Romeo, María Cruz e Saz, Ismael (eds.): *El siglo XX. Historiografía e Historia*, Valencia, Universitat, pp. 101-110.

o que agora nos ocupa, convén lembrar as vencelladas coa fartura diante de certa historiografía empeñada en reducir o papel de homes e mulleres a simples entradas en series estatísticas, e un cada vez máis insatisfactorio esvaecemento do seu protagonismo como suxeitos activos a maior gloria de macroagregados (pobo, masa, clase, burguesía, campesiñado, proletariado...) bastante menos homoxéneos do que nalgúns intres se pensou. Esta insatisfacción diante das macroexplicacións e dos macromodelos (por outra banda, necesarios e ata imprescindíbeis na obrigada tarefa de reducir a complexidade do social a modelos que permitan a súa comprensión), o feito de que non eran quen de dar cumprida resposta a moitas das demandas que lles chegaban dende a historiografía, xunto con influxos procedentes da antropoloxía, levou a un cambio de perspectiva no que a atención pasou, por expresalo rapidamente, da clase ao individuo. Moitas desas preguntas sen contestación suficiente, moitas das demandas non atendidas dende os referentes estruturais, chegaban precisamente de estudos locais que puñan en cuestión a posibilidade de explicar o acontecer histórico facendo unicamente referencia aos agregados antes referidos: un simple achegamento da lente ao obxecto de estudo determinaba que estaba cheo de fendas e de eivas antes obviadas e das que o historiador estaba obrigado a preocuparse¹⁶. En consecuencia, e como outro sumando na relación de premisas que estamos a presentar, deberíamos incluír a atención aos suxeitos concretos, con nomes e apelidos (cando menos con un), donos dunha individualidade irreductíbel a calquera categoría abstracta e que ten un valor por si mesma que os historiadores non podemos desprezar sen máis. Isto, non obstante, non debe levar a ningún tipo de individualismo metodolóxico¹⁷, por canto caer nas súas redes implicaría reproducir (en sentido inverso) os erros do estruturalismo máis basto e impersoal. E de novo aquí as investigacións que toman como obxecto de estudo realidades locais deben achegar o seu gran de area, por canto fan posíbel constatar que se, por unha banda, existen ocos nos que a actuación/estratexia individual (condicionada mais non determinada) é posíbel, pola outra non permiten que o investigador atento deixe de ver como esas actuacións non responden a unha simple autorregulación, senón que se desenvolven tendo como referencia toda unha ampla panoplia de redes de relacións sociais nas que os individuos se insiren (familiares, de parentesco, de padroádego, clientelares, de veciñanza, asociativas...). Juan Pro, logo de repasar as posibilidades que para a explicación histórica implica a toma en consideración do espazo social como un universo atravesado por redes de relacións, presenta moi ben esta idea:

16 En verbas de Jacques Revel: "La variazione di scala gli ha permesso di passare da una storia a un'altra (e, perché no, a diverse altre). È anche la lezione suggeritaci dalla microstoria". En: Revel, Jacques (1994): "Microanalisi e costruzione del sociale", *Quaderni storici*, 86, p. 572.

17 Unha reflexión, en Gozzini, Giovanni (1990): "Dentro la «scatola nera»: individualismo metodologico e razionalità", *Meridiana*, 10, pp. 183-210.

[...] los individuos, autónomos y conscientes sólo hasta cierto punto, actúan condicionados por un espacio social que no pueden definir completamente por sí mismos, y en el que hay unas reglas del juego que les limita la posibilidad de acceder a los recursos y de cambiar de posición. Los grupos (e incluso las clases) existen, sin duda. Pero nada sabemos de ellos si no empezamos por reconstruir los vínculos concretos que unen a sus miembros.¹⁸

É xa un lugar común afirmar que a fixación dunhas barreiras cronolóxicas estritas na investigación do pasado, e a conseguinte definición de diferentes especialidades historiográficas, ten feito moito dano ao estudo da Historia. Ser de “Moderna” ou de “Contemporánea”, alén de disputas corporativas moi pouco edificantes, converteuse nunha marca de fábrica que en demasiadas ocasións implicou a imposibilidade tácita de rebordar datas que, ao xeito das pedreiras dos montes, separaban tempos e xeiras aos que a burocracia universitaria tiña reificado en categorías non só aparentemente separadas, senón tamén dotadas dunha vida autónoma na que os “antes” e os “despois” non constituían referencias imprescindibles senón materias do curso anterior ou posterior. Un mutuo desinterese polo que facían os colegas do outro lado do corredor, e as moitas enerxías consumidas no esforzo de actualización bibliográfica na especialidade de cadaquén, abriu un abismo entre modernistas e contemporaneístas que algúns non puideron ou non quixeron arriscarse a atravesar. 1808 é, sen dúbida, unha desas datas-marco, un deses referentes cronolóxicos sobrecargados de significados que, ademais, arrastra a pesada carga de actuar nos títulos de centos de monografías a xeito de barreira fronteiriza non entre dúas comunidades veciñas senón entre dous mundos, na aparencia, afastados por milleiros de quilómetros. Isto é así, entre outras razóns, porque diante da necesidade de introducir un criterio de orde no pasado, os historiadores outorgamos preferencia aos acontecementos de carácter político, aqueles que presentaban unha faciana máis visíbel e máis doada de fixar no tempo. As necesidades de lexitimación do Estado liberal (o seu afán por diferenciarse das construcións estatais anteriores) e as interferencias da política na fixación do canon

18 Pro Ruiz, Juan (2001): “Socios, amigos y compadres: camarillas y redes personales en la sociedad liberal”, en Chacón Jiménez, Francisco e Hernández Franco, Juan (eds.): *Familias, poderosos y oligarquías*, Murcia, Universidad, p. 170. Pro Ruiz, Juan (1995): “Las elites de la España liberal: clases y redes en la definición del espacio social (1808-1931)”, *Historia Social*, 21, pp. 47-69. Tamén os modernistas teñen teimado nesta nova visión menos estrutural e máis relacional: Hernández Franco, Juan (1998): “El reencuentro entre historia social e historia política en torno a las familias de poder. Notas y seguimiento a través de la historiografía sobre la Castilla moderna”, *Studia histórica. Historia moderna*, 18, pp. 179-199; Imizcoz, José María (dir.) (2001): *Redes familiares y patronazgo: aproximación al entramado social del País Vasco y Navarra en el Antiguo Régimen (siglos XV-XIX)*, Bilbao, UPV; Windler, Christian (1997): *Elites locales, señores, reformistas. Redes clientelares y Monarquía a finales del Antiguo Régimen*, Sevilla, Universidad de Córdoba-Universidad de Sevilla. Desde a socioloxía, un dixeríbel achegamento á teoría de redes e aos alicerces do *network analysis*, é o de Piselli, F. (a cura di) (1995): *Reti. L'analisi di network nelle scienze sociali*, Roma, Donzelli.

historiográfico, non fixeron senón ratificar a preferencia por unha historiografía configurada a partir de compartimentos máis estancos do que sería desexábel.

Con todo, o máis negativo da situación descrita non foi a división do pasado en épocas dotadas de límites cronolóxicos fixos (xustificábel a partir de criterios de ordenación académica), senón que os historiadores, tanto no eido da investigación como no da docencia, demos demasiadas veces por suposto que, efectivamente, 1808 era máis ca unha data e que supuña un corte tallante con todo o anterior. Argumentarase, e con razón, que isto non sempre foi así e que son moitos os exemplos de traballos que non responden a estes parámetros, mais non é menos certo que tamén son abondosos aqueles outros que, rememorando o título da película de Bertrand Tavernier, partían do axioma de que "hoy empieza todo", un xeito de abordar o traballo historiográfico que, pola propia substancia temporal que conforma a Historia, carece por completo de sentido¹⁹. Vencellado con isto atópase un perigo aínda maior como é o da "retrodicción", é dicir, a práctica tramulleira de escribir sobre unha situación do pasado empregando argumentos que teñen a súa orixe nun futuro que o historiador coñece mais que era perfectamente descoñecido para os contemporáneos dos feitos. Pola contra, e como afirma Julio Aróstegui, o historiador "debe explicar las situaciones históricas como si no conociera su futuro"²⁰.

En xeral, tanto o fetichismo das datas como a práctica vantaxista que supón a "retrodicción", téñense incorporado ao conxunto de rutinas apreciábeis nos traballos historiográficos, moi en especial cando se trata de encargos editoriais que, por esixencias do mercado, deben ofrecer sínteses amplas, pouco problematizadas e cunha estrutura temporal doadamente indentificábel para un público non especialista. Facelo así tamén en traballos que se moven noutras órbitas e que atopan unha parte importante da súa xustificación, precisamente, en formular críticas, matizacións, visións diferentes, ampliacións ou revisións a esoutras nas que domina a síntese e a ollada xeral, é o que carece por completo de sentido. Liberada de corpiños, a historia local debe buscar as referencias temporais que lle resulten máis axeitadas ao seu obxecto de estudo, debe fixar os seus propios "espacios de intelixibilidade"²¹, debe marcar os seus tempos que non teñen porque coincidir cos

19 Non me resisto a inserir aquí un parágrafo da última novela de Diane Setterfield (*El cuento número trece*, Barcelona, Mondadori, 2007, p. 66), que entendo reflicte con precisión e calidade literaria o adanismo que zumegan eses posicionamentos: "Le damos tanta importancia a nuestra propia vida que tendemos a creer que su historia comienza con nuestro nacimiento. Primero no había nada, entonces nací yo... Pero no es así. Las vidas humanas no son pedazos de cuerda que podemos separar del nudo que forman con otros pedazos de cuerda para enderezarnos. Las familias son tejidos. Resulta imposible tocar una parte sin hacer vibrar el resto. Resulta imposible comprender una parte sin poseer una visión de conjunto".

20 Aróstegui, Julio (2001): *La investigación histórica: teoría y método*, Barcelona, Crítica, p. 273.

21 A expresión é de Aróstegui, Julio (2001): *Op. cit.*, p. 271, e define "Aquel lapso de tiempo en el que una combinación determinada y bien caracterizada de factores ambientales, ecológicos, culturales y políticos [...] permanece conformando un sistema de algún tipo [...]".

dominantes na historiografía máis oficial e académica. Como é obvio, tal operación ten que tomar en consideración as datas, xeiras e procesos históricos que, no caso que aquí nos ocupa, actúan como enmarcadores da contemporaneidade, pero manexándoos a xeito de fronteiras abertas e en construción que efectivamente deliñan bosquexos dunha realidade sempre complexa pero que, como tales, admiten aínda novas pinceladas. É por isto que no achegamento á representación política en Galiza a partir dos casos de Mondoñedo e Viveiro, o estudo encabálga-se nas etapas moderna e contemporánea, unha pequena heterodoxia que debería permitir unha máis acaída comprensión dos mecanismos que actúan na práctica electoral e, asemade, unha mellor identificación dos participantes no xogo político e unha valoración sobre da súa continuidade/descontinuidade no tempo²². Volveremos sobre disto máis adiante. Polo que fai á case irresistíbel chamada da “retrocción” (ben visíbel en frases do tipo “como a propia historia se encargou de demostrar, ese camiño era inviábel”: mágoa que para os contemporáneos esa historia fose só un futuro tan incerto como preñado de incógnitas, e ese camiño un máis dos posibles nun intre concreto), a análise concreta, interrelacionada e polo miúdo do maior número de variábeis posibles que interveñen nun proceso histórico dado, é o mellor dos antídotos que se pode proporcionar, por canto na súa toma en consideración é posíbel atopar argumentos e vías de evolución logo non transitadas pero que entón aparecían como válidas e posíbeis e que, con independencia do seu fracaso no medio ou longo prazo, actuaron como condicionantes que axudaron na conformación daquelas outras que si tiveron logo unha concreción. Coñecer estes camiños que non chegaron a debuxar unha meta, determinar que condicións os fixeron imaxinábeis e tamén as que finalmente derivaron en que non se completasen, é unha tarefa na que os estudos locais están chamados a colaborar, tanto pola posibilidade de que se trate de alternativas que tiveron os seus alicerces en espazos marcados por circunstancias concretas que escapan á análise dos estudos macro, como porque a redución espacial posibilita ollar e valorar máis de preto esas alternativas que só de cando en vez atopan oco nos estudos máis xerais²³.

22 Dous traballos exemplares neste quebrantamento dos límites temporais das “idades” son, por exemplo, os de Toscas Santamans, Eliseu (1997): *Op. cit.* (lembrems, 1780-1860), e o de Casals Bergés, Quintí (2002): *Política de Lleida. El poder local i les seves mutacions a través del temps (1716-1868)*, Lleida, Universitat. Fóra da historia política, un exemplo paradigmático é o clásico de Villares Paz, Ramón (1982): *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*, Madrid, Siglo XXI.

23 Bourdieu explica así esta idea: “[...] no hay sin duda ningún instrumento de ruptura más poderoso que la reconstrucción de la génesis: al hacer resurgir los conflictos y las confrontaciones de los primeros comienzos y, con ello, las posibilidades descartadas, reactualiza la posibilidad de que las cosas hayan sido (y sean) diferentes y, a través de esta utopía práctica, vuelve a poner en tela de juicio la posibilidad por la que, entre todas las demás, se ha optado”, Bourdieu, Pierre (1997): *Razones prácticas. Sobre la teoría de la acción*, Barcelona, Anagrama, p. 98.

2. A práctica electoral no antigo réxime: un avance da investigación

A relación de premisas presentada no anterior epígrafe podería, de certo, ampliarse case a gusto do consumidor. Por exemplo, tería cabida unha aposta decidida polo método comparativo, moi necesario para descargar de argumentos a acusación de falla de representatividade que adoita recaer sobre dos estudos locais. O diálogo cunha bibliografía pertinente que permita situar a investigación propia nun conxunto, estatal e internacional, máis amplo cobre en parte esta eiva, mais o ideal sería poder establecer unha comparación sistemática entre dous obxectos de estudo equiparáveis dende o punto de vista empírico. De aí vén a escolla de dúas localidades como Mondoñedo e Viveiro, que se por unha banda comparten elementos comúns (unha mesma caracterización como concellos, a convivencia administrativa provincial, primeiro na provincia de Mondoñedo e logo na de Lugo), pola outra presentan diverxencias que, como hipótese a comprobar, poderían influir na definición da súa representación política (vila episcopal fronte vila de reguengo, economía que mira ao interior fronte doutra que o fai á costa). Non se trataría, en ningún caso, de aplicar unha estratexia sumativa coa incorporación de probas empíricas de ambas as dúas procedencias, senón de levar adiante un traballo que explicitamente tivese como eixo central a posta en confrontación das dúas traxectorias e que permitise, hipoteticamente, definir a existencia de dous modelos diferentes (en todo ou en parte) de xestión do poder político e de fixación da representación. Porén, o contacto coas fontes obrigou de inmediato a unha redución das expectativas e á renuncia parcial do exercicio comparativo, e isto porque o material empírico dispoñíbel resultou moi diferente nun e noutro caso. Circunstancias históricas, decisións/indecisións políticas, arquiteiros e cronistas locais da máis variada pelaxe... deixaron a súa pegada, non sempre positiva, nunha documentación que ata onde puidemos coñecemos é ben diferente nun e noutro caso. Así, e fronte dunha excelente conservación das actas dos plenos municipais en Mondoñedo, en Viveiro as lagoas son tan enormes que só unha mestura de expurgos, subtraccións e descoidos imperdoábeis as poden explicar. Algo semellante acontece coa documentación electoral ou coa referente ás incorporacións á Milicia Nacional (nas súas diferentes variábeis), incompleta nos dous casos pero dun xeito moito máis acusado no de Viveiro.

O estudo das eleccións, dentro dun traballo que intenta responder aos porqués dunha determinada configuración histórica do poder político e da súa representación, antóllase por completo imprescindible. Determinar como e de que xeito, a partir de que mecanismos e estratexias, e co emprego de que tipo de influencias, se definiu a praxe electoral nos niveis local, provincial e estatal, é un primeiro obxectivo a cubrir. E para isto hai que partir da aprendizaxe electoral que se desenvolve no tempo do Antigo Réxime, en concreto das eleccións que

tiñan por obxecto o nomeamento do síndico procurador xeral e dos deputados e persoeiros do común. A figura do procurador ten ás súas costas unha traxectoria xa plurisecular cando en 1766, no marco das reformas carolinas, se crean as de deputado e persoeiro²⁴. Porén, e con independencia da súa orixe, o que interesa salientar é o seu carácter electivo, o feito de que os seus titulares se deciden a partir dunha elección que, no caso de deputados e persoeiros (en ocasións tamén no do procurador xeral), se presenta aberta para todos os veciños contribuíntes, homes e maiores de idade do concello. É evidente que a significación política dos procesos electorais no marco dunha monarquía absoluta nada ten que ver coa que asumen as eleccións baixo dun réxime liberal e constitucional, mais agora o que interesa non é ese aspecto senón achegármonos a algúns dos mecanismos que actúan nas eleccións antigorreximentais e, máis adiante, ver de determinar se a partir de 1810 (o amencer da historia electoral liberal) esas prácticas teñen ou non continuidade. A hipótese é que, cando menos aos habitantes das vilas e cidades galegas que dispuñan de concellos no Antigo Réxime, a dinámica electoral non lles resulta descoñecida, que non chegan virxes ás eleccións e que varias das estratexias características dos procesos electivos decimonónicos contan cunha primeira aprendizaxe desenvolvida nos tempos preliberais.

Comecemos cunha pregunta. O seguinte fragmento corresponde a un proceso electoral do Antigo Réxime ou é xa do período liberal?:

En las referidas Juntas, apenas comparecerá uno u otro vecino que no se haya sobornado, sugerido y tal vez conminado por los pretendientes de estos empleos que, como los más pudientes de los pueblos, anhelan a hacerse dueños de ellos a cualquiera costa: su descaro ha pasado tan adelante, que se presentan públicamente de día y de noche en los pueblos, captando votos y atrayéndose a los vecinos, a unos con ofertas, a otros con dádivas efectivas y a los más necesitados con la amenaza de apremiarles al pago de los atrasos que siempre suelen oprimirlos.

E estoutra?:

[...] y que se tomen mayores precauciones que las que se hayan establecidas para cortar los abusos experimentados hasta ahora, pues resulta que tales elecciones las dirigen personas que por sus fines privados, y medios menos decentes aspiran a la obtención de aquellos empleos públicos valiéndose de las más infima clase de los ciudadanos [...]

24 Cebreiros Álvarez, Eduardo (1999): *El municipio de Santiago de Compostela a finales del Antiguo Régimen (1759-1812)*, Santiago de Compostela, EGAP. O procurador xeral tiña como misión solicitar, no nome da cidade, todas cantas melloras considerase útiles, en tanto que no deputado e no persoeiro recaía a responsabilidade de defender, nuns concellos xa moi oligarquizados na segunda metade do s. XVIII, os intereses dunha veciñanza falla de representación nos consistorios.

Tanto un coma outro refírense a eleccións efectuadas no Antigo Réxime mais ao tempo, en opinión de Carmelo Romero, “revela[n] cómo algunos subterfugios caciquiles —promesas, dádivas, coacciones y una extensa gama de corruptelas—, profusamente denunciadas a lo largo de la Restauración, ya habían sido practicados con anterioridad incluso a la implantación del régimen liberal parlamentario [...]”²⁵. Os exemplos poderían multiplicarse²⁶. Na súa tese sobre da antiga provincia de Mondoñedo, Pegerto Saavedra ten documentada a existencia de conflitos na elección do procurador xeral da cidade de Mondoñedo, de problemas nas habidas en Ribadeo (señorío do duque de Híjar onde, curiosamente, a maioría dos cargos eran de elección dos veciños feito que orixinaba non poucas situacións de tensión), de enfrontamentos entre as liñaxes que controlaban o moi oligarquizado consistorio de Viveiro e, en xeral, dunha casuística variada de con-

25 Romero Salvador, Carmelo (1999): *Op. cit.*, p. 83. De aquí (p. 82) procede o primeiro fragmento (datado en 1802), en tanto que o segundo é de 1807 e procede do Arquivo Municipal de Mondoñedo (en adiante, AMM), Goberno, Concello, Rexistro de cargos de goberno, Nomeamentos de deputados do común (atado 2815).

26 Xa no moi afastado século XVI dátanse casos de subornos e preitos na elección do procurador xeral compostelán, con acusacións que falan da actuación de bandos a prol dos diferentes candidatos (esta mesma idea dos bandos que actúan na política local, recóllea Saavedra Fernández, Pegerto (1991): “El régimen señorial”, en Villares Paz, Ramón (dir.): *Historia de Galicia*, Vigo, Faro de Vigo, vol. III, p. 535). No 1800, o alcalde compostelán Bernardo de Ron sinalaba a presenza dunha ducia de “capataces” que controlaban e dirixían a votación dos deputados do común porque “el vulgo era fácil de llevar”. O mesmo individuo acusaba a panadeiros, mesoneiros e abastecedores de buscar candidatos que os beneficiasen, afirmaba que un ano si e outro tamén había disturbios nas eleccións e sinalaba que todo isto provocaba que os veciños “honrados” se abstivesen de votar (Cebreiros Álvarez, Eduardo (1999): *Op. cit.*, pp. 141-142, 213). Outro tanto ocorria no concello de Lugo en 1801, cunha elección do procurador xeral chea de irregularidades na que o elixido obtivo menos votos, 11, ca o derrotado, 13, ademais de incumplir a normativa que impedía ter parentes directos no consistorio (a elección era indirecta: nela participaban todos os homes adultos do concello, os cales elixían os 24 comisarios que finalmente designaban o procurador). O mesmo acontece en 1803, cando os rexedores lucenses invalidan a elección do procurador xeral, Clemente Casal, acusándoo de “promover y seducir a la más baja plebe (que es la que de ordinario concurre a las elecciones anuales) para que se le nombre Procurador General”, afirmación contestada por outra contraria na que se subliña que o nomeamento de Casal foi por unanimidade e se defende a súa valía para o cargo (é cualificado de “protector de los intereses del vecindario, perseguidor de fraudes en los abastos y protector de labriegos y caseros”) (Arquivo Histórico Provincial de Lugo, sección Concello, serie Actas Capitulares, atados 89 e 91). Para o século XVIII, e nos concellos do País Vasco, tense afirmado a reiterada presenza na elección dos cargos locais de prácticas que mesturan a coacción económica e social con outras de tipo clientelar, nunha actuación na que as redes familiares dos notábeis tiñan un papel decisivo. Véxase Martínez Rueda, Fernando (1994): *Los poderes locales en Vizcaya. Del Antiguo Régimen a la Revolución Liberal, 1700-1853*, Bilbao, Universidad, pp. 97-103. Nos territorios que señoreaba, a casa de Medinaceli tentou controlar os nomeamentos de persoeiros e deputados do común por medio de “una dádiva, una distinción u otra cosa semejante”. Véxase Windler, Christian (1997): *Élites locales, señores, reformistas. Redes clientelares y Monarquía a finales del Antiguo Régimen*, Sevilla, Universidad de Córdoba-Universidad de Sevilla, p. 386. O mesmo autor (pp. 262-267) confirma que os cargos de deputados e persoeiros do común eran obxecto de loita entre as faccións locais, que os rexedores usaban da súas influencias para controlar as eleccións e que as autoridades amosaban moita prevención diante da reunión dos veciños por temor a posibles actos de rebeldía. Afirmacións semellantes, en Casals Bergés, Quintí (2002): *Op. cit.*, pp. 69-75.

flitos vencellada á elección de cargos locais en xurisdicións de curta extensión²⁷. Aínda que Pegerto cualifica como excepcionais as situacións de enfrontamento (no que influiría, segundo este autor, o escaso interese que espertaba controlar uns concellos que economicamente daban pouco xogo), o interesante para nós non é tanto o aspecto cuantitativo da cuestión (que, sen dúbida, esixiría dun estudo a fondo), como os aspectos cualitativos que encerra. Así, os veciños reclamaban poder elixir libremente sen ter que axeitarse aos candidatos propostos en cada intre polos consistorios; noutros casos, rexéitase un candidato por ser dunha determinada “parcialidad”; en ocasións, os problemas veñen polos vencellos de parentesco entre candidatos e rexedores, cunha lexislación que sinalaba incompatibilidades e prohibicións mais tamén cunha praxe e unha experiencia que saltara moitas veces por enriba das normas; para rematar, non fallan exemplos de proselitismo electoral denunciados como ilegais, e tampouco aqueloutros nos que, directamente, se acusa de fraudes e do recurso torcido a familismos e amiguismos coa fin de acadar a elección²⁸.

A nosa propia investigación, cinguida ao período 1790-1808, non deixa de achegar unha nova casuística á xa sinalada. Nos primeiros días de xaneiro de 1801, e tal e como se viña facendo “por costumbre inmemorial”, o alcalde maior de Mondoñedo convocara os veciños para elixir un deputado do común dos dous que dispuña o concello. Porén, en lugar de facer a reunión pola mañá, aprazouna ata as tres da tarde do 6 de xaneiro co obxecto, segundo o procurador e escribán supernumerario D. Ramón Montenegro Villamar, de “proporcionar varios sobornos para la consecución de mayor número de votos”. Ademais, dos 93 veciños de Mondoñedo que acudiron a votar non se lles permitiu facelo a varios deles, o que redundou en que os 18 comisarios electores que lle correspondían á cidade (e que xunto dos 6 da *Rillera de Trigás* formaban os 24 que, finalmente, elixían o deputado do común) estivesen formados por “menestrales y jornaleros, y al mismo paso los más miserables”, parciais todos de D. Antonio Pardo Osorio, o candidato (xunto do propio Montenegro) ao cargo de deputado. Pola contra, os 16 veciños que acoden do lugar de Trigás si elixen como os seus comisarios a “hombres de la mejor conducta e inteligencia”. Por se todo o anterior non fose dabondo, e sempre segundo a testemuña de D. Ramón Montenegro, o Pardo Osorio é debedor das arcas de propios e a súa muller por unha partida de viño que introducira na vila.

27 Saavedra Fernández, Pergerto (1985): *Economía, política y sociedad: la provincia de Mondoñedo, 1480-1830*, Mondoñedo, Xunta de Galiza. En 1750, os veciños de Mondoñedo non aceptan ningún dos catro propostos polo concello para o cargo de procurador xeral e o asunto chega ata a Audiencia (pp. 475-476). Os casos de Ribadeo, Viveiro e dos pequenos concellos rurais de Lourenzá, Moncelos, Conforto ou Vilaboa, nas páxinas 479-480, 484-488 e 490-495, respectivamente.

28 Véxase nota anterior.

En suma, Pardo Osorio non reuniría as características esixidas a un deputado do común que debe "corregir los desórdenes que ocasionan al público los panaderos, tablajeros y otros sujetos de que precisa el público valerse para el consumo"²⁹. A pouco que afondemos nestes argumentos, é doado constatar como na elección están presentes toda unha serie de variábeis que interesan na interpretación da experiencia electoral do Antigo Réxime, mais que agora importan especialmente en canto prácticas que, sen solución de continuidade, se incorporan á dinámica electoral aberta co liberalismo. Por unha banda, temos a confrontación entre dous individuos aos que os seus apelidos emparentan con estirpes liñaxudas da provincia de Mondoñedo, como son os Montenegro Villamar e os Pardo Osorio, polo que non é arriscado supor que o enfrontamento vai alén do estritamente individual para situarse en parámetros nos que as redes de parentesco teñen moito que dicir³⁰. Na elección é tamén visíbel un xogo de intereses territoriais cuxos compoñentes concretos escapan ao noso coñecemento, pero que non deixará de repetirse nas eleccións decimonónicas (os comisarios de Trigás votan en bloque por D. Ramón Montenegro Villamar, en tanto os de Mondoñedo o fan por D. Antonio Pardo Osorio)³¹. Moi familiar resulta tamén, para os coñecedores da praxe electoral liberal, o xogo con datas e horarios que se albisca no exemplo presentado, as acusacións de subornos, as manipulacións que impiden a votación a unha parte do electorado con dereito a ela e mesmo a escasa imparcialidade dun consistorio que, finalmente, opta por dar posesión a Pardo Osorio a pesar das protestas logo, iso si, de elevar o tema á Real Audiencia. As veladas alusións a intereses económicos e a fonda desconfianza respecto do bo criterio electoral das clases populares (lembremos as acusacións de que foron designados como comisarios electorais "menestrales y jornaleros, y al mismo paso los más miserables, dejando por consecuencia de votar los más hacendados"), completan un panorama que non deixará de aparecérsenos con reiteración máis adiante e que, cando menos no que se refire a unha parte das estratexias postas en xogo nas eleccións, non resultarán novidas para uns contemporáneos afeitos a elas dende antigo³².

29 Toda a información, en AMM, Goberno, Concello, Rexistro de Cargos de Goberno, Nomeamentos de deputados do común, atado. 2815, ano 1801.

30 Salienta, en especial, a liñaxe dos Pardo Osorio: un D. José Pardo Osorio figura, en 1795, como dono xurisdiccional dos coutos de Samarugo, Moimente e Pedrafitá, ademais de ostentar o cargo de alcalde maior e de rexedor decano do concello de Mondoñedo. Véxase AMM, Goberno, Libro de actas capitulares do pleno, atado 954, 10 e 21-04-1795. Ademais, un D. José Pardo Luaces, fillo de D. Pedro Pardo Osorio, era notario na vila no ano 1800. Véxase Arquivo Histórico Provincial de Lugo (no sucesivo, AHPL), Protocolos de José Pardo Luaces (6974-2: ano 1800).

31 Un caso modelo de disputas electorais cun contido territorial evidente é o que estudou Obelleiro Piñón, Luís (1994): *Soutomaior, 1700-1936. Aproximación á historia local*, Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra (en concreto, o que enfronta as parroquias de Fornelos e Soutomaior).

32 A todo o anterior hai aínda que facer algúns engadidos que axudan a ter un perfil máis completo destas eleccións. Por exemplo, non debe pasar desapercibido que tanto D. Antonio como D. Ramón son xentes "de

Se agora pousamos a ollada no concello de Viveiro, territorio de reguengo fronte do carácter episcopal do mindoniense, podemos constatar como tamén a elección do síndico procurador xeral é fonte de conflitos e enfrontamentos. Neste caso, e como froito dunha evolución multiseccular, o nomeamento non era cousa do común dos veciños senón que recaía, en exclusiva, nun feixe de familias que se autotitulaban descendentes dunhas míticas catro liñaxes que, pola súa contribución á loita contra dos mouros, gañaran este e outros privilexios³³. Porén, e como adiantamos antes, tal restrición non redundou en absoluto nun proceso electoral tranquilo e ordenado, por canto tamén aquí é posíbel detectar enfrontamentos de moi diferente tipo coa posta en xogo de diversas estratexias, algunhas xa vistas e outras novidosas. Así, na elección do procurador xeral para o ano 1791, D. Francisco María de Vivero, D. Vicente Vázquez Montenegro e D. Antonio María de Moscoso, acusan a D. Antonio María Pardo de Cela, rexedor decano (e único) do concello, de que “acomoda las elecciones así de procurador general como de diputados del común, y más oficios electivos, a su arbitrio [...], y haciendo que recaigan en sujetos de su parcialidad reeligiéndolos como se le antoja”³⁴. Da análise

pluma”, por canto aos dous os atoparemos con posterioridade figurando na nómina dos notarios que actúan na cidade, unha ocupación que cadra ben coa apetencia por un cargo, o de procurador xeral, que esixía de certos coñecementos xurídicos e que, sobre todo, constituía un elo máis dun *cursus honorum* que finalmente desembocaría na desexada notaría. Véxase AHPL, Protocolos, Relación de notarios de 1809. De feito, entre os deputados do común destes anos dominan os avogados, escribáns e notarios. Máis en xeral, hai que reparar en que nas eleccións de deputados do común analizadas entre 1799 e 1812, reitérase a presenza, tanto entre os electores que acoden como entre os comisarios elixidos, de individuos concretos que semellan dar a razón a aquela afirmación que recolleemos máis atrás dun rexedor compostelán que aludía á presenza de “capataces” que dirixían as eleccións (véxase nota 26). Entre os 163 comisarios electores localizados, a maioría (98, o 60,1%) só teñen unha aparición, mais 35 (21,5%) aparecen en dúas ocasións, 19 en tres (11,6%), nove en catro (5,5%) e dous en cinco (1,2%). Alén das porcentaxes, interesa reter o interese e a máis que posíbel influencia electoral que deberon posuír individuos como D. José Díaz Freijo (comisario entre 1802 e 1805, e logo en 1808), Bartolomé Amieiro (en 1804, 1806, 1807, 1809 e 1810), D. Alonso Ramos (en 1800 e entre 1806 e 1808) ou Juan de la Barrera (en 1799, 1804 e entre 1807 e 1808). Se da análise individual pasamos a facela en función da coincidencia de apelidos (que denotan parentescos máis ou menos achegados: na análise desbotáronse apelidos que por ser moi comúns podían representar simple coincidencias), podemos tirar conclusións semellantes segundo a reiteración que amosan algúns: os Amieiro (Bartolomé e Ignacio, presentes en nove das 13 eleccións de que temos datos entre 1799 e 1812), os Méndez (Andrés, Antonio, Benito, Diego e José, en oito), os Trelles (en dez), os Villamar (D. José, D. Manuel, D. Vicente, en cinco), os Corujo (D. Antonio, D. Fernando, D. Manuel, D. Miguel, en cinco), os Ramos (D. José, D. Alonso, D. Nicolás, en nove)... representan outros tantos grupos de parentesco con interese por participar nas contendas electorais, no que supón unha instrumentalización política das redes familiares que tanto se reiterará tamén nas eleccións do período liberal. Todos os datos, en AMM, Goberno, Concello, Rexistro de cargo de goberno, Nomeamentos de deputados do común (atado 2815).

33 Donapetry Iribarnegaray, Juan (1991): *Historia de Vivero y su concejo*, Lugo, Deputación Provincial de Lugo, pp. 83-86. Aclara Donapetry que xa no século XVI eran frecuentes nas eleccións do procurador xeral as “inurias”, “riñas” e “tumultos”, mentres que no XVII se producían “alborotos, pendencias, estrépitos y de-nuestos”; todo redundou nas “enemistades de unas casas y linajes con otros, dividiéndose en bandos...”.

34 Arquivo Municipal de Viveiro (no sucesivo, AMV), Goberno, Concello, Atados de acordos, atado 730-2, 7-V-1791.

tanto da acusación como da defensa despréndese a existencia dunha conflictividade no seo das elites sociais e de goberno da cidade, con querelas que teñen o seu apouso en redes familiares e de padroádego e nas que os intereses económicos tampouco están ausentes³⁵. Se centramos a atención na elección de 1797 podemos constatar que os problemas reaparecen, e mesmo con características inéditas ata o de agora³⁶. Por unha banda, os protagonistas coinciden, por canto os nomes de D. Antonio María Moscoso e o seu sogro D. Vicente Vázquez Montenegro volven estar implicados directamente na elección (con D. Vicente como candidato derrotado na de 1796 e con D. Antonio como aspirante ao cargo nesta de 1797), o que indica unha loita que se alonga no tempo e que non é froito dunha decisión puntual. O novidoso é que agora os acusan de presentar votos de persoas sen dereito electoral por non pertenceren ás familias emparentadas coas catro liñaxes, de tentar validar votos de menores e mesmo de falsificar outros por medio dun escribán. Asemade, sinalan o procurador D. Andrés Toxo como axente de D. Antonio María Moscoso, e din del que andou pola vila na busca de electores (“pasos [que] han sido irregulares y odiosos”), que un crego actuou como “enganchador” de sufraxios e que todo en conxunto implica unhas intrigas contrarias á orde que debe presidir a elección³⁷. A conclusión dos contrarios a D. Antonio é demoledora:

Desde luego se deja conocer que no es el amor del público, sino el efecto de las intrigas y pasiones particulares, el móvil que ha dirigido estos pasos, y que el verdadero objeto es que Moscoso que ha sido desairado en sus pretensiones del año último, consiga ahora lo que entonces no pudo lograr, siendo así que semejantes empleos nunca deben pretenderse a lo menos por tales medios, y que es máxima ciertísima

- 5 Por exemplo, acúsase a D. Gonzalo de Cora y Aguiar, procurador xeral por dous anos consecutivos, de presións para elixir como sucesor no cargo a un sobriño seu, D. Francisco de Cora y Aguiar; sinalase que D. Juan Balseiro, deputado do común, é *compadre* de D. Antonio María Pardo de Cela (único rexedor do concello), á súa vez cuñado de D. José Bolaño, tamén deputado do común; destes a denuncia dicía que “disipan y malbaratan los propios de la villa, haciendo foros de los mejores baldíos a favor de personas poderosas”. Pero é que tamén un vencello familiar actúa como nexo de unión entre os acusadores, por canto D. Antonio María de Moscoso é xenro de D. Vicente Vázquez Montenegro. E tamén entre os acusadores se indica a presenza de intereses económicos: D. Francisco María de Vivero goza dun xuncal no río Magazos aforado pola vila, mentres que un caseiro de D. Vicente Vázquez (un tal Francisco de Insua) dispoñ dun aforamento idéntico. Todos os datos, en *ibidem*, 7 e 17-V-1791.
- 36 *Ibidem*, atado 730-7. Tamén aquí se aclara que houbo problemas na de 1796, ata o punto de que o nomeamento do procurador xeral está recorrido diante da Real Audiencia.
- 37 Do interese que puxeron na elección os respectivos bandos falan ben ás claras os 111 votos que chegan ao consistorio por vía de correo, unha cifra enorme se temos en conta o moi restritivo carácter da votación. Finalmente, e por unha estreita marxe, sae elixido procurador xeral D. Francisco Osorio y Bolaño que derrota a D. Antonio María Moscoso. Estas eleccións mesmo sentaron precedente legal porque o consistorio decidiu que, no sucesivo, só se admitirían os votos emitidos persoalmente (*ibidem*). De certo que non é unha casualidade que só uns meses despois de morto o rexedor decano D. Antonio María Pardo de Cela, por fin resulte elixido procurador D. Antonio María Moscoso, un dato que permite formular a hipótese dun enfrontamento case que persoal que rematou co falecemento dun dos antagonistas. Véxase *ibidem*, atado 730-8 (actas de 1799) e 731-1 (actas de 1800).

que el que desea con tanta ansia los oficios de la república, no son regularmente los más actos para desempeñarlo, y que hay precisamente alguna mira particular, y de interés privado en esta pretensión.

Falsificación de votos, anulación doutros avalados por sinaturas dubidosas, actuación aberta de axentes electorais, acusacións de buscar intereses persoais nos oficios da "república" e, en xeral, unha imaxe de elección moi traballada por dous bandos en loita, deseñan un proceso electoral que podería pasar perfectamente por calquera outro dos habidos a partir de 1833. Se a isto engadimos as prácticas constatadas para os exemplos anteriores, coido que se pode soste que a aprendizaxe electoral desenvolvida no seo do Antigo Réxime vai deixar un pouso que non podemos desprezar á hora de achegármonos á análise e comprensión dos procesos electorais baixo o réxime liberal. Porén, esta afirmación en absoluto implica defender unha simple continuidade entre unha e outra situación, por canto as novidades que se producen a partir das seminais eleccións de 1810 (confrontación ideolóxica, desenvolvemento dunha esfera pública, carácter decisivo dos procesos electorais na definición da soberanía nacional significase isto o que significase en cada intre, ampliación dos poderes do Estado...), obrigan á toma en consideración de variábeis ata o de agora inexistentes e que ningún estudo sobre do poder e a representación política que xorde das eleccións pode obviar.

Os fusilados de Carral. De heroes españois a mártires galegos

RAMÓN VILLARES
Consello da Cultura Galega

No Carral un moimento. Adrián lembrábase vagamente. "Alí, sí, unha revolución galega. Polos meados de século. Don Bernaldo, algún outro vello téñenme falado de afusilamentos. Héroes románticos. Agora recordo como meu pai —seino polas conversas da miña nai—, púñase pálido falando da sanguenta bandeira de Carral. Si fora un feito acontecido na Europa central habería nos Museus litografías dos héroes xenerosos e unha citación nos mármores da historia. Pasou na Galicia. Terei que estudar o asunto".

Ramón Otero Pedrayo, *Arredor de si* (1930)

As matinacións que Otero Pedrayo lle apón ao protagonista do romance *Arredor de si*, Adrián Solovio, son unha breve condensación do acontecemento que tivera lugar no lugar de Carral, "polos meados de século" XIX. Deixa constancia de que hai alí un monumento, por máis que na fuxidía viaxe cara á súa casa natal, unha vez desembarcado nos peiraos do porto coruñés trala súa viaxata europea, non tiuese vagar para se parar un pouco en Carral. Sabía dos fusilamentos por tradición oral e familiar, que cadraba ben co *ethos* romántico dos seus devanceiros. Pero tamén hai unha chamada de atención sobre a memoria construída arredor da "bandeira de Carral", na que se compara o comportamento dos pobos da *Mitteleuropa* co que sucedía na Galicia que Solovio acababa de descubrir e pretendía redimir. Por iso se laiaba do esquecemento no que estaba tanto o monumento como a propia xesta dos "heroes xenerosos" que aínda non estaban nos "mármores da historia". O narrador anunciaba algo que era imprescindible para o programa de acción política do Solovio que retornaba convertido á Terra: "tereí que estudar o asunto".

Certamente, o autor de Solovio non chegou a estudar os sucesos de Carral e o que fora, para os propios coetáneos, a “revolución gallega” de 1846, por máis que nunca deixase de evocalos nos seus escritos breves e nas súas conferencias e mitins políticos. Con todo, era máis ca tradición oral o que se sabía daquela sobre o monumento de Carral. Algúns autores tiñan escrito, á altura de 1930, libros ben ambiciosos ou circunstanciados sobre os acontecementos que se desenvolveran en Galicia durante o mes de abril de 1846, desde o coetáneo Juan do Porto ata os rexionalistas Francisco Tettamancy ou o propio Murguía, que os evocou máis dunha vez como lembranzas de primeira mocidade. As organizacións políticas do rexionalismo e, logo, do nacionalismo das Irmandades da Fala fixeran cuestión de honor a recuperación da memoria da “revolución gallega” e promoveran a erección do monumento aludido polo Solovio. Pero ficaba en pé un mandato, o de “estudar o asunto”.

Felizmente, ese mandato soloviano puido ser cumprido case medio século máis tarde, a través das pescudas e da pluma do profesor Xosé Ramón Barreiro, autor do libro *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*, publicado hai trinta anos. Este libro, que consagrou o seu autor como o grande experto nos primeiros pasos históricos do galeguismo, supuxo tamén a mellor investigación sobre o contexto (social, económico e ideolóxico) no que debería ser entendido un dos “acontecimentos máis enigmáticos” —así se cualifica na contracapa do libro— da historia contemporánea de Galicia. A distinción entre o plano militar do pronunciamento do coronel Solís e a orientación política, entre progresista e galeguista, que o arroupou, foi o gran contributo da obra de X. R. Barreiro. Foi unha síntese entre a interpretación historiográfica liberal, que vía nos “sucesos del Carral” apenas un acontecemento militar, e a interpretación alentada polo rexionalismo político galego, que cuñou a condición de “revolución gallega” para se referir a aqueles sucesos.

A obra de X. R. Barreiro segue a ser o punto de referencia para achegarse á peripecia do grupo de Solís e a súa mutación progresiva, desde o inicial pronunciamento, en levantamento de signo galeguista, con dirección política da Xunta de Goberno de Galicia, presidida por Pío Rodríguez Terrazo. É claro que non pretendo, pois, revisitar esta parte da obra, que segue sendo substancialmente válida na fixación dos feitos e na súa interpretación. Pero hai un punto neste asunto, non tratado de forma directa no texto de Barreiro, que me parece especialmente acaído non só á natureza desta contribución e deste libro, senón tamén ao sentir con que na actualidade se debruzan as nosas olladas sobre o pasado. Refirome aos procesos de construción de “lugares de memoria” e á relación que cada época histórica pode establecer con eles. O significado de monumentos e mesmo de “lugares” memoriais que non necesariamente sexan algo tanxible, muda co paso

do tempo. O caso dos hoxe coñecidos como “mártires de Carral” é un bo exemplo desta mutación e é deste asunto do que me vou ocupar neste texto.

A conclusión que se pode adiantar é complementaria da que está no libro de Barreiro, pero analizada desde a perspectiva da memoria dos feitos e non da propia materialidade dos mesmos: os sucesos de Carral foron, durante moitos anos, un referente do progresismo español, con presenza episódica na prensa de partido e nos debates parlamentarios, antes de caer no esquecemento no seo da vida política española. Os sucesos de 1846 foron logo reasumidos polos rexionalistas galegos da cidade da Coruña, a través da *Liga Gallega* na que se concentrou unha nova fornada de dirixentes políticos, de tradición liberal e progresista, que parcialmente actuou en concordancia co republicanismo daquela xa hexemónico na capital herculina, como se faría patente nos actos de Carral e, pouco despois, na aventura de *Solidaridad Gallega* en 1907. Unha vez inaugurado o monumento de Carral en 1904, o seu significado foi tamén mudando co paso do tempo, pois acabou por se converter de forma moito máis clara ca en 1904, en referente do nacionalismo político e cultural galego, como insinuaban as matinacións de Solovio cando por cabo del pasou, nun incerto día do ano 1929. Se é certo que a mensaxe dos monumentos muda de acordo co interese dos vivos, este exemplo non se arreda daquela pauta.

As páxinas que seguen fundaméntanse na recompilación dunha variada información de procedencia moi diversa, tanto xornalística ou parlamentaria como propiamente arquivística, coa que se reconstrúen os diferentes pasos do proceso. Non creo que o asunto fiquese esgotado, pero o substancial foi recollido e sistematizado. O rastrexo das noticias parlamentarias non tería sido posible sen contar cunha edición dos Diarios de Sesións en soporte de DVD, que facilitan buscas de palabras, nomes e lugares que, doutro xeito, volveríanse propiamente procuras de agullas nunha palleira. Logo, algúns fondos específicos como os conservados no Arquivo Municipal da Coruña e, sobre todo, no Arquivo da Real Academia Galega (RAG) facilitaron moito esta tarefa de reconstrución do proceso de construción do monumento de Carral. Os responsables destes arquivos, Mariola Suárez e X. L. Axeitos, foron solícitos e xenerosos coas miñas demandas.

1. A memoria progresista: de “sucesos” a “víctimas del Carral”

O eco producido polo pronunciamento de Solís non se cerrou co fusilamento dos principais participantes naquel movemento militar e político, nin co exilio a que se viron obrigadas algunhas das figuras máis relevantes da mocidade intelectual provincialista, como Antolín Faraldo, José María Santos ou Antonio Romero Ortiz, que se acubillaron en Portugal. As tres semanas de duración do mesmo, así como o apoio que logrou de brillantes figuras civís, fixo daquela iniciativa come-

zada en Lugo en abril de 1846 un punto de referencia da vida política española, malia a dimensión rexional a que se viu reducida. Alén de que un atento cronista coetáneo, Juan do Porto —nome que podería agochar a un protagonista de excepción como Rúa Figueroa—, deixara constancia daqueles sucesos nun libro (*Reseña histórica de los últimos acontecimientos de Galicia*, 1846), que ten o valor de ser a primeira interpretación coherente daquel pronunciamento, as referencias aos sucesos de Galicia non deixaron de estar presentes na vida política española, polo menos ata os tempos do Sexenio Revolucionario. O importante a subliñar é que estas referencias forman parte dun debate sobre a construción da memoria liberal e progresista da nación española, no que os fusilados de Carral se consideran como “apóstolos” ou “mártires” inmolados en defensa das “liberdades públicas” españolas. Con todo, esta perspectiva non se abriu paso ata o Bienio Progresista.

Antes do triunfo do progresismo en 1854, a consideración dos sucesos de 1846 está máis próxima do desprezo ou da vontade de esquecemento, tanto do pronunciamento en si coma dos fusilamentos de Carral e das consecuencias padecidas polos familiares dos implicados, que dun recoñecemento simbólico dos mesmos. Era o resultado lóxico do predominio do moderantismo político de Narváez e de Bravo Murillo. Nos debates parlamentarios da altura, só moi de cando en vez se alude a esta cuestión, normalmente desde unha perspectiva estritamente militar, sen referencia expresa á súa dimensión política e menos á posibilidade de recoñecemento simbólico da acción de Solís. Tampouco hai unanimidade na definición daqueles acontecementos, que se alcuman tanto de acto militar como de “sucesos” e só unha vez de “revolución”, aínda que nunca deixe de estar presente a dimensión galega dos mesmos. Con todo, é o topónimo “Carral” o máis frecuente para se referir a aqueles sucesos, o que indica que é a morte dos pronunciados o que máis pesa na memoria dos feitos de abril de 1846.

O ministro de Facenda, Alejandro Mon, define o acontecido como un “pronunciamento a mano armada en Galicia” (DSC, 18 de maio de 1849, p. 2282) e, algúns anos máis tarde, volve sobre o asunto para aludir aos “tristes sucesos de Galicia” (DSC, 26 de xuño de 1851, p. 470), sen que das súas palabras se poida percibir máis ca un erro cometido polos amigos dos seus adversarios políticos. A definición como “pronunciamento”, que sería a máis axeitada naquel contexto político, é empregada mesmo por Juan Prim en 1853, pero dunha forma un tanto xenérica. Outras definicións son algo menos respectuosas. O ministro da Gobernación, conde de San Luis, fala en 1850 da “sublevación de Galicia” (DSC, 28 de xaneiro de 1850, p. 1177) e, un ano máis tarde, o militar Estremera confesa que “en 1846, cuando estalló la rebelión de Galicia, volé allí con mi regimiento” para tomar a cidade de Lugo (DSC, 11 de febreiro de 1851, p. 952). Só nun caso e de forma algo tanxencial se alude aos sucesos de 1846 como un feito revolucionario.

É a través da petición que fai a veciña da Coruña, María Otero, esposa de Eduardo Golpe, que “solicita el abono de 3500 reales que dice invirtió su citado esposo en varias comisiones que desempeñó por encargo de las autoridades durante la revolución de Galicia en el año de 1846” (DSC, 1 de marzo de 1849, p. 989). Pronunciamento, sublevación, rebelión e revolución son termos empregados máis en sentido de alteración da orde que cun sentido político preciso. A memoria da peripecia de Solís non encaixaba no imaxinario do moderantismo español da época.

A situación muda radicalmente coa chegada ao poder de Espartero, en 1854, e coa presenza no Congreso dos Deputados dalgúns políticos de filiación ideolóxica demócrata e que mesmo foran protagonistas dos sucesos de 1846. Este é o caso de Eduardo Ruiz Pons, natural de Padrón e deputado pola circunscrición da Coruña, que foi o máis activo promotor dun tratamento de respecto aos implicados no pronunciamento de Solís, pero tamén doutros líderes progresistas como Manuel Fernández Poyán ou José Arias Uria, quen mesmo chegou —de forma sorprendente, de crer na perplexidade dos xornais da época— ao desempeño do ministerio de Graza e Xustiza en xaneiro de 1856 (Kiernan 1970: 208). A actuación dos progresistas na política parlamentaria tivo tamén o seu referendo na prensa coetánea galega, como o xornal vigués *La Oliva*, que lle dedicou un especial en abril de 1856, cun acendido artigo do daquela ben mozo escritor Manuel Murguía, un poema de Aurelio Aguirre e algúns outros artigos e “suelos” da redacción. A recuperación da memoria dos sucesos “del Carral” estaba xa a medio camiño entre a tradición progresista española e a posterior apropiación dos mesmos por parte do rexionalismo político e cultural galego. Pero antes de chegar a este punto final, compre evocar algúns dos pasos dados polo liberalismo progresista español, tanto en 1855-1856 como, máis timidamente, a partir da “Gloriosa Revolución” de 1868.

Unha das primeiras mencións a este asunto vén dada por unha interpe-lación que E. Ruiz Pons lle fai ao ministro da Guerra, conde de Lucena, sobre o trato de favor concedido ao xeneral Rubín de Oroña, unanimemente considerado polos protagonistas de 1846 como unha das causas da derrota de Solís, a quen non acudiu cando máis o precisaba, no transcurso da batalla librada contra as tropas do xeneral Concha no lugar de Montouto (Cacheiras). Era aquel militar un dos moitos “polacos” que continuaban no goberno progresista e, talvez, a persoa máis denigrada polos progresistas galegos, como revela o verso de Aurelio Aguirre dedicado aos fusilados de Carral (*La Oliva*, 1856),

Si un mal soldado infame y alevoso
Arrancó a vuestra causa la victoria
Jamás la muerte se le muestre amiga
La maldición del cielo le persiga

LA OLIVA.

PERIÓDICO DE POLÍTICA, LITERATURA É INTERESES MATERIALES.

AÑO 1.

SÁBADO 26 DE ABRIL DE 1866.

NÚM. 26.

A LA MEMORIA

DE LAS

VICTIMAS DE CARRAL:

MIGUEL SOLÍS Y CUERTOS,
VÍCTOR VELASCO.

JACINTO DABAN, FERMIN MARIN, MANUEL PEREZ, RAMON JOSE LLORONS, JUAN SANCHEZ,
IGNACIO DE LA INFANTA, SANTIAGO LALLAVE,
JOSE MARQUEZ, JOSE MARTINEZ, FELIPE VALERO,
ANTONIO GAMBTER (1).

26 DE ABRIL DE 1848!

Silencio y quietud por todas partes
El pensamiento estaba mudo. Había hollado masas
y miles de cabezas, agudos dolores, y dis-
paros de la vida.

Se agolpa España en inmensa concurrencia. Porque el
sueño que mils sus pensamientos, y después sus (1848)
y aboga sus suspiros ¿qué es sino temida de su
propia sima, como feroz de sus negros días?

La estierza repulsa, como siempre, días alegres,
de penitencia azul y sus radiantes; y parecían como á tra-
ces de hombre ciego.

Las ruinas de la primavera, divinos mensajeros de la
esperanza, no aliegraban al labrador, porque nada aconte-
cían para él. La dorada mies y la colorada uva era
cosa de apreciable poco.

El air que se respiraba era el contemplado silencio
del agua. Las brisas de la noche desvanecían las enlun-
das de la patria. Sobre los ramos de honradas familias
crujían suspiros y viles ruidos de oficinas públicas
y en sus oídos se oían las palabras; sustitución
de palabras, que se alzaban del seno de la noche
en medio de aquel silencio de concurrencias.

No había luz. Ante la redolencia de un hombre atóni-
to se presentaban las chabolas vacías, y disminuían
los brazos, los mirados tristes. La república estaba
muerta, no más de los brazos del poder.

Por agolpar el dictador, la pequeña patria de cada uno
era que se redobla. Levada indolente sobre el invisible
pedestal, y aliebrada era «a víctimas del hambre de
un reinado».

¡Hasta los sacerdotes de la justicia, al pronunciarse sus
dólos, resucitaban sobre su rostro, encendido por la ira.

Y en vano dirían sus ojos los millores pueblos al
frente de la monarquía: cuando nube de invierno rezaga.

II.

La día, al fin, desde la cima de nuestros verdes mon-
tañas sacó el primer alarido de LIBERTAD.

Se majoreo, repelido en los pedregales viles, vae-
do se majoreo como vilísimo ramajeo, le nuestro car-
go de la desventura (1848)

Albarranos los pedregales. Para detenerse se agolpa
nada, agolpa el albedío sus brazos, y en ellos suenan
los golpes sus estierzas caducas, abogando el
comodoro lunar, como a discurrir los trópicos que
crujan en el viento. La pequeña patria, agolpa
al fin el primer alarido. Y los pensamientos, que desde
los planos del doloroso, traza el alarido, se rila
en el viento de la hermosa muerte, lanzando
el alarido de la vida.

¡Hasta los sacerdotes de la justicia, al pronunciarse sus
dólos, resucitaban sobre su rostro, encendido por la ira.

¡Deseñados! El camino oficial vuestra razón, y no
advertis que es vuestro Dios el que vuestro templo es
de la venganza, y vuestro supremo sacerdote el ven-
dido.

Nosotros, vuestros hoy como vuestros ayer, decimos
de este pre:
En el partido ni la sociedad son derechos del hombre
La sociedad que mata, como político suicidio.
El partido que mata, mata la conciencia de su existencia.
Porque se le llama «por Dios» a sus sacerdotes de los
cambios.

VI.

¡Hay hace diez años que en un oscuro rincón de muer-
to suelo rayaron unos tres días, para no levantarse más,
dome vidas rotas, domo venganzas protervas

¡Desolados entonces, qué profano cambio! qué eflorescente
transformación! El día de ayer «vuestro acción, herida,
los principios de aquel día son ahora *insustentables* de la
Patria: aquellos años cuyos espallidos florecían enton-
ces las moliciones del poder, van a ser en breve gus-
tados por el poder en patrióticos momentos...

¿Quién sabe de momentos antes el crimen ó el crimen de la
virtud? ¿Quién lleva en sus ojos la vengada del error?

¡Dijimos á la posteridad que la justicia, y á la histo-
ria que la historia; pero, si la Victoria es Carral, se
olvidaron inmediatamente á la patria en holocausto
por su boca, nadie más allá de sus realidades, ni de los
que sus palabras!

A LOS MARTIRES DE CARRAL.

¡Salud, ilustres mártires que un día
A la voz del deber, libre batallas
sacristías triscularon hidalgas
En bunta y líos de la patria entera.
En vengas en nombre de la patria más
A ofrecer la fea lastimera
Me mi vida para ofrecida.
Ni creo queca ni al favor venida.

¡Salud, y perduradme, si profano
Llegó á hollar la religiosa calma
En que dormís, luego me pelto vano
(que bars brotar la inmensurable patria
que me sea con rca; libre y sano
De viles vengas como flechada el alma.
Puedo sobre el mundo, peregrino
Vengas á cumplir vuestros deberes.

De vuestros labios el poder giboso
Cuanto el pueblo leal en la tribuna.
Agradecida os empere y os ruda
En su quieto momento de vuestro de su plaza
En su quieto momento de vuestro de su plaza
Armen a vuestros ojos la vengada.
¡Luzes la noche de la vengada!
La vengada del espíritu por la

¡Deseñados! ¡Borrad su huella de los tiempos, y de-
cid que queda en la historia: suprimid su existencia, y
decid que se lleva y a donde va la humanidad.

III.

Todo aquello pasó, es verdad, como fugaz estala-
ción, como fugaz creación de un sueño

No vano pelot con el valor de las legiones azules
nuestra reducida hueste: en vano hicieron prologos de
batalia y alargaron nuestras guerreras.

La insperencia, la disidencia, la fatalidad ésta trau-
guicó, malogró tanto heroísmo, e hizo doler la resaca
á la justa insurrección.

Si la traición fue, Dios perdona el miserable Judas.
Los hombres lo podrán siempre que haga resonar en su
conciencia las volutimeras palabras de las víctimas del
Carral: *Perdonaunos de todos..... solo dejamos de per-
donar á una persona.....*

IV.

Todo aquello pasó, es verdad, dejólo solo en la arena
un moeto de estaleres destruidos.

Además, la brutalidad soldadesca violó el sagrado del
hogar doméstico.

Y los infelicitados prisioneros fueron villana e igno-
miniosamente destruidos y conducidos de pueblo en
pueblo, hambrientos y desnudos, hasta sepultarlos en
indolentes matanzas.

Y hubo quien ofendió la civilización del siglo é vulsu-
to la dignidad humana tratando á otro hombre, porque
lejo á la vengada infames delaciones.

Y hubo nuevas protervas y bravas legtimas
Y volvió á quedar todo en profunda silencio y uni-
versal quietud.

El poder torca a deris desde su cambie: *La socie-
dad está vengada: el crimen ha sido castigado: la di-
vid de la vengada quedó aplacada!*...

¡Deseñados! ¡Haced
¡Queim líos cruza la diferencia de opiniones! ¿Que
pueda en vengas la indolencia de las vengas?

¡Haced el Cristo, vengadme, el deshecho de dispo-
nere de la vida de los vengados!

¡Haced un largo conculterio la vida de las vengas!

No debate, Ruiz Pons alude ao “pronunciamento de 1846, en cuyo sangriento desenlace me he hallado”, mentres que o ministro alude aos “sucesos de Galicia de 1846”. En todo caso, o que denuncia Ruiz Pons é que se debiera ter examinado previamente a conduta de Rubín de Oroña, por ser un dos que “abandonaron al desgraciado Solís y demás compañeros, víctimas del amor a la libertad”. Curiosamente, a denuncia do deputado galego estaba en relación non só coa propia memoria dos feitos, senón coa necesidade de dar unha “satisfacción al país gallego, que le acusa”, vencellando deste modo a causa da liberdade coa da conciencia política de Galicia, que daquela estaba a ser definida politicamente, por primeira vez, como “la Irlanda de España” (DSC, 11 de decembro de 1854, pp. 544-547).

Uns meses máis tarde (2 de febreiro 1855), un grupo de deputados dá un novo paso, presentando no Congreso unha proposición de lei para “que se declare beneméritos de la Patria al coronel comandante D. Miguel Solís y Cuetos y demás oficiales fusilados en Carral en 26 de abril de 1846”, que foi defendida por Manuel Fernández Poyán. A argumentación de Poyán non é especialmente ilustrativa, pero si a discusión sobre o proxecto de lei, dedicada a “los jefes del alzamiento liberal que tuvo lugar en Galicia el 20 [sic, por 2] de abril de 1846”, na que se verten as razóns que sustentan aquela iniciativa. A Comisión parlamentaria que elaborou o proxecto era claramente progresista, con Evaristo San Miguel de presidente e Eduardo Ruiz Pons de secretario da mesma (DSC, 2 de xullo de 1855, pp. 6189 e ss.). A exposición de motivos da Comisión insiste en dous aspectos.

O primeiro argumento é claro, como corresponde a toda a política conmemorativa inaugurada polas sociedades liberais contemporáneas. Recoñecer xestas individuais ou colectivas é un “deber de gratitude” da Patria que, neste caso, se confunde coa propia “Nación española” representada en Cortes. Esta gratitude, despois duns anos de esquecemento ou de marxinação, que a nación española lles debe aos “sacrificados” en Carral, débese expresar na erección dun monumento que ten un innegable valor educativo:

La gratitud de la Patria es un deber que la Comisión no puede menos de recomendar a la consideración de las Cortes Constituyentes, como el medio más eficaz de recordar a las generaciones futuras el heroísmo de los que fueron, y excitar su valor, su patriotismo, su abnegación, cuando se traduce en objetos materiales, cuando la vista del pueblo puede fijarse en un monumento que le recuerde las pasadas glorias, las tradiciones del país, y conmovido con el gigante recuerdo de los nombres esculpidos sobre el mármol, puede identificarse con ellos y exclamar con Cicerón: “la vida de los muertos es la memoria de los vivos”.

O segundo aspecto é de menor dimensión, pero non está exento dalgunha controversia. Onde colocar tal monumento? A Comisión recoñece que tivo varias

peticións, tanto da cidade de Lugo —lugar onde comezara o movemento— como da Coruña —en tanto que capital da provincia onde tivo lugar o desenlace ou “catástrofe” do movemento—, pero tamén de Santiago de Compostela ou da propia vila ou “pueblo del Carral”. A decisión final foi a de optar polo emprazamento en Compostela, dado que a propia “Junta de gobierno de la ciudad” decidira xa, en agosto de 1854, levantar nela o monumento, “apoyada por las fundadas reclamaciones de los compañeros del desgraciado Solís, de la Milicia Nacional y Ayuntamiento” da cidade compostelá. O que as Cortes acordan agora é honrar as cinzas dos doce fusilados en Carral cun monumento levantado “por cuenta del Estado”, subtraendo do ámbito estritamente local o peso da gratitude debida. Do que se trata, por tanto, é de “nacionalizar” a memoria dos fusilados en Carral e, por obra dunha *addenda* posterior, tamén a dun fusilado en Betanzos, Antonio Samitier, igualmente merecente a xuízo da Comisión de ser considerado como un “mártir de la libertad”.

Superada a fase de debate parlamentario, o 28 de novembro de 1855 aprobouse a lei que declaraba “beneméritos de la Patria” aos trece militares “sacrificados” en Carral e Betanzos. Na mesma atribuíanse outras condecoracións a diversos participantes (“voluntarios” e “nacionales”) na batalla de Cacheiras e destinábase unha partida de 120.000 reais para que “en término de un año se erija el expresado monumento”, con cargo aos fondos do ministerio de Fomento. O lugar escollido para o monumento conmemorativo era, definitivamente, a cidade de Santiago de Compostela.

Malia todas estas boas intencións, o monumento non foi construído nin en Compostela nin tampouco, daquela, en ningures, por máis que Ruiz Pons insistise aínda na discusión dos orzamentos de 1856 na mención expresa daquel compromiso. A consignación orzamentaria aparece, nun capítulo no que tamén se alude á construción dun monumento en Vergara (neste caso, por valor dun millón de reais), pero non consta que se tivesen iniciado as obras a tal fin. Este desleixo, que é moi común nas “políticas da memoria” da España liberal, revela ata que punto discrepaba a vontade política de construción dunha memoria da nación española e os recursos económicos que se destinaban á mesma. O propio Ruiz Pons expresábo cabalmente no debate parlamentario, cando quería reforzar a necesidade de construción deste tipo de monumentos cun argumento moi atinado, de carácter comparativo: “una cosa que notan todos los extranjeros que viajan por España [es que existen] poquitos monumentos que recuerdan nuestras glorias en las diferentes localidades de la Península” (DSC, 11 de xullo de 1855, p. 6479).

Con todo, a lei aprobada en Cortes e os propios debates suscitados dentro e fóra dos muros parlamentarios non foron de todo superfluos. A fixación da acción de Solís como unha xesta esencial da loita pola liberdade avanzou claramente.

Cada vez falábase menos dos “sucesos” de Carral ou do “desgraciado” Solís, para comezar a cuñar a idea dos protagonistas de 1846 como “víctimas” e como “mártires”. Algunha referencia a este léxico xa aparecía nos debates parlamentarios, pero é na prensa coetánea onde se difunde con maior precisión. Un xornal de orientación progresista e grande alento político, *La Oliva*, de Vigo, dedicoulle un extraordinario en abril de 1846, co expresivo titular de “A la memoria de las Víctimas de Carral”. Os contidos do xornal merecen algunha atención tanto polo que neles se di, como pola autoría dos textos e poemas que insire. Reforzábase a dimensión galega do acontecemento, pero non se daba aínda un paso claro na interpretación “provincialista” do mesmo. A súa galeguización aínda debía esperar.

Desde logo, a operación política emprendida no Congreso dos deputados por E. Ruiz Pons, M. Fernández Poyán e outros tivo ampla repercusión en Galicia, como pon de manifesto esta propia conmemoración de *La Oliva*. Na cidade de Lugo, o día 2 de abril de 1856 tivera lugar a celebración do décimo aniversario do “pronunciamiento de Lugo”, con desfile da Milicia Nacional, parada na praza Maior e iluminación das Casas Consistoriais. E na cidade de Santiago, algúns veciños propuxéranse a celebración dun “acto fúnebre” na igrexa de San Martiño Pinarío “en solemne recuerdo de los desgraciados que fueron asesinados en Carral”, pero a noticia, que é do día 25 de abril daquel ano, engade que se suspendeu a iniciativa para facer tal acto o día do traslado das cinzas dos fusilados desde Carral a Santiago, como estaba previsto coa construción do monumento.

Teñen, non obstante, maior interese os contributos literarios (e asinados) deste número de *La Oliva*. O primeiro está asinado por “Ch” que, sen dúbida debe corresponder ao propietario do xornal, Alejandro Chao, ao que segue un poema do poeta Aurelio Aguirre e o máis coñecido texto do escritor —aínda non historiador— Manuel Murguía, que reúne as súas lembranzas persoais daquel día de 1846 coa reivindicación da memoria das vítimas de Carral. Non é do caso analizar cada un deles, senón chamar a atención sobre o seu sentido. Do que se trataba era de apoiar a recuperación da memoria de 1846, nunha clave progresista de defensa da liberdade, cando comezaba a devalar a forza do progresismo, que a caída de Espartero uns meses máis tarde faría ben evidente. Importa sinalar que o programa de *La Oliva* é anterior á chegada de O'Donnell (xullo de 1856) e ao refluxo político do Bienio Progresista, réxime que aínda non caera nas mans moderadas da Unión Liberal, pero os perigos parecían evidentes. O propio Chao define ben a situación:

El delito de ayer es hoy acción heroica: los criminales de aquel día son ahora beneméritos de la patria. Aquellos sobre cuyas sepulturas llovieron entonces las maldiciones del poder, van a ser en breve guardados por el poder en patriótico mausoleo [...]. Dejemos a la posteridad que lo juzgue, y que la historia lo transmita: pero si las

VICTIMAS DE CARRAL se ofrecieron magnánimamente a la patria en holocausto por su bien, ¡nadie maltrate hoy sus cenizas, ni les niegue sus plegarias!

A intención política dos progresistas de construír un monumento ou un mausoleo —como lle chama A. Chao— está no trasluz desta conmemoración, pero o que máis importa é outra cousa, a asunción da mensaxe política daqueles “sucesos” (verba que emprega Murguía) como un “grito de libertad” ou, dito de forma máis ambigua, de “Dios y Libertad”. No propio poema de Aguirre insítese, como xa fixera nos seus versos do Banquete de Conxo, na evocación dos “bravos comuneros” de Castela, cos que Aguirre compara a actuación dos protagonistas de Carral. Con todo, importa máis a mensaxe política ca a propia construción dun mausoleo. O texto de Murguía remata, como o de Chao, cun aceno de dúbida, cando non de minusvaloración, sobre a monumentalización da xesta de Solís:

¡Hoy quiere elevarseles un monumento!

¡Un monumento!

Preguntad a los que han llorado, en su infortunio, preguntadles si lo necesitan. No, os dirán: su monumento está aquí, y os señalarán el corazón [...].

Mártires de 1846, Dios y Libertad.

A mensaxe dos progresistas galegos sobre a relevancia das “víctimas” ou “mártires” de Carral tivo algunha continuidade nos tempos da Unión Liberal. Un escritor compostelán, Manuel Anxel Corzo, que fora un dos grandes animadores da revista *La Joven Galicia* (Compostela, 1860) comezou a escribir un romance sobre o asunto, que titulou xustamente “Victimas de Carral” (1862). O romance foi publicado parcialmente na prensa aínda que, de cremos a Alfredo Vicenti, foi “un pobre libro muerto en la cuna a manos de una política recelosa y menguada”. Opinión algo tallante que un Otero refuxiado *malgré lui* en Trasalba, lembra en 1946 en carta escrita en verso a Filgueira Valverde:

Pois ven o centeario do Carral
aquila fusilada que pechou
a Galiza na tomba provincial
[laiouna outro-ora Manuel Anxel Corzo,
vate choído na Súmula e no canon,
en nobre verso quintanesco scorz].

A recuperación da memoria dos fusilados de Carral non se esgotara, pero tampouco acababa de se concretar, nin nun monumento nin tampouco na súa presenza no relato literario do primeiro Rexurdimento galego, agás os contributos poéticos de Aurelio Aguirre e esta obra inconclusa e pouco lida de M. A. Corzo. Só a pluma de Murguía, menos ambigua que en 1856, deixará constancia autobiográfica daqueles feitos nalgúns textos dos anos oitenta, recollidos na súa evocación de Antolín Faraldo en *Los Precursores* (1885) ou nas prosas de combate político do

opúsculo *El regionalismo gallego* (1889). Evocacións dos feitos que tampouco se traduce en reivindicación do monumento, aínda como director de *La Ilustración Gallega y Asturiana* na que, pola contra, apoia decididamente a estatua de Méndez Nuñez.

Algo mudaron as cousas coa chegada da “Gloriosa Revolución”. Na cidade de Santiago abrolla de novo o interese político polas “víctimas de Carral”, como se pon de manifesto nunha carta de B. Barreiro de V.V. a Murguía, datada en Santiago o 24 de abril de 1869. Nela alúdese a unha “reunión pública” que se ía celebrar en Fonseca, “en que se tratará de celebrar el aniversario de las Víctimas de Carral sacrificadas el 26 de abril de 1846”. Pero sería de novo no seo do Congreso das Cortes constituíntes de 1869 onde se fale, máis unha vez, de Carral e dos seus protagonistas. Ata 36 mencións aparecen nas actas parlamentarias daqueles anos, tanto en forma de petición de pensións para os orfos dos fusilados (lei do 26 de abril de 1870), como de recuperar a idea de facer un monumento á súa memoria, que solicita o deputado coruñés Juan Montero Telingue. Boas intencións que seguiron empedrando o camiño cara ao esquecemento dos sucesos de Carral. A viraxe tivo lugar xustamente nos tempos da Restauración, cando menos se falaba en España de liberdade política e de ideas demócratas ou federais.

2. A memoria rexionalista: o monumento aos mártires de Carral

A vella idea de erguer un monumento aos fusilados en Carral colleu novos rumbos a finais do século XIX, no marco do rexionalismo político e cultural. Un dos textos máis significativos desta reivindicación é o de Bernardo Barreiro de V.V., quen a diferenza de Chao, Aguirre ou Murguía, alén dos parlamentarios progresistas antes citados, non vivira directamente os feitos. O seu é un relato propio de historiador, que se publica na revista *Galicia Diplomática* en 1883. O relato de Barreiro de V.V. segue a descrición de Juan do Porto, recupera a lexislación do Bienio e faise eco do estado de opinión dos tempos do Sexenio, que o autor coñecía ben, como confesa na correspondencia con Murguía. O texto rescata de novo a denominación de “revolución de Galicia” fronte á idea de “sucesos” ou “víctimas” de Carral. Alén de reproducir os datos básicos daqueles acontecementos, engádese como novidade un “proyecto de monumento”, deseñado polo gravador compostelán Enrique Mayer, “hijo del respetable anciano, pronunciado en 1846, D. Manuel Mayer Fortbengleriana”, sobre unha idea base do propio director da revista. O deseño de Barreiro de V.V. e de Mayer dedícase “A los mártires de la revolución de abril de 1846” —porque sería Compostela e non Carral o lugar do seu emprazamento— e debe ser, sen dúbida, o primeiro proxecto elaborado desde que en 1855 se tomara a decisión de erguer en Compostela o monumento ás vítimas de Carral. Desde o punto de vista formal, consiste nun pedestal no que se apoia un monolito, sen referencia figurativa ningunha.

A proposta de *Galicia Diplomática* tampouco acabou de callar, de modo que hai que esperar ao ano 1898 para que comece de forma definitiva o proceso de construción do monumento que, no canto de ser en Santiago, se instalaría na vila de Carral. Os rexionalistas da *Liga Gallega* da cidade da Coruña organizaron unha subscrición popular para achegar os fondos necesarios, alén de emprender unha campaña de rehabilitación daquel episodio, mediante a reconstrución dun novo relato no que as figuras sacrificadas en 1846 se converten definitivamente en mártires xa non da memoria progresista española, senón en devanceiros da recuperación da identidade de Galicia, por máis que fose nun contexto aínda rexionalista e non expresamente definido como nacionalista.

Con todo, o matiz ten unha importancia secundaria, porque do que se trata é de fixar algúns "lugares de memoria" específicos de Galicia, tarefa na que o rexionalismo fixo un traballo extraordinario. Pois este monumento sitúase no ronsel aberto polo traslado das cinzas de Rosalía ao mosteiro de San Domingos de Bonaval, que inaugura deste modo o Panteón de Galegos Ilustres, que é seguido por outras acción de gran relevo simbólico como foi a fundación da *Academia Gallega* en 1906. Antes de entrarmos na análise máis concreta do monumento de Carral, cómpre encadrar esta iniciativa na tendencia coetánea de construír monumentos de natureza conmemorativa, que nun texto clásico de Maurice Agulhon se alumou como o da época da "estatuomanía".

Certamente, os anos finais do século XIX foron pródigos na aparición de "políticas da memoria" como instrumento necesario para a afirmación dos sistemas políticos europeos e, ademais, como un factor de "construción da memoria nacional", como teñen subliñado tantos autores, desde o propio Agulhon ata Pierre Nora ou, máis recentemente, os alemáns Reinhardt Koselleck e Aleida Assmann. O recoñecemento daquela acordado a figuras relevantes da política, a milicia ou as letras era o modo de subliñar a condición de "sacerdotes cívicos" que estas figuras debían representar tanto para a nova concepción da monumentalización das cidades burguesas, como para a secularización das iconas nas que se debía ver reflectida a sociedade coetánea. O exemplo da cidade de Barcelona, ben analizado por Stéphane Michonneau, é un dos casos hoxe mellor coñecidos de historización da xeografía urbana, alén do que signifique de mutación ideolóxica do seu discurso implícito por obra da irrupción do nacionalismo político despois da crise do 98.

Esta presenza da historia no espazo público fíxose de varias maneiras. Unha das máis evidentes foi a onomástica urbana, cando se van substituindo as denominacións relixiosas ou tradicionais polos nomes de figuras públicas do liberalismo. Outra maneira foi a da escultura de carácter conmemorativo, concibida como un complemento da monumentalización da cidade burguesa, que inzou prazas

e alamedas con bustos, estatuas e placas. Combatíase, deste modo, a ausencia de políticas da memoria que caracterizara os tempos do primeiro liberalismo, como denunciara E. Ruiz Pons en 1855, cando se queixaba da escaseza de monumentos políticos que existían daquela nas cidades e vilas españolas. A época da Restauración mudou parcialmente aquela tendencia e unha onda de estatuomanía (aínda que con menor entusiasmo ca noutros estados europeos) invadiu tamén España, como puxo de manifesto hai tempo o traballo de Carlos Reyero. Alén da historia escrita e da nacionalización dun pasado común —tarefa que acometeran os escritores románticos—, era preciso a posta en escena dunha “historia simbólica”, reflectida na escultura e na pintura, en bandeiras e himnos, nos que se fixera patente a identidade nacional dunha comunidade política.

É neste contexto no que cómpre situar a iniciativa dos rexionalistas coruñeses que, certamente, sen seren pioneiros foron claramente por diante do que podería esperarse da debilidade política e organizativa do propio movemento rexionalista. Comparemos a situación coa evolución destas políticas da memoria na cidade de Barcelona: desde os textos de Víctor Balaguer ata os primeiros rexionalistas, o que se promociona é unha versión liberal-progresista, pero española, do pasado catalán que só comeza a ser claramente nacionalista a partir de 1901 e da aparición da *Lliga Regionalista*. Foi daquela cando aparecen estatuas dedicadas a Pi i Margall, Verdaguer ou Robert, que substitúen as que anos antes se dedicaban a Cristovo Colón ou ao marqués de Comillas. Algo semellante acontece en Galicia, onde os mártires de Carral e, algúns anos despois, os heroes de Pontesampaio, se introducen nunha práctica conmemorativa dominada polas figuras individuais, normalmente de orixe galega pero referendadas polo seu protagonismo na política española.

Galicia non dispoñía, a fins do século XIX, de moita escultura conmemorativa, como correspondía a unha sociedade aínda ben rural e, sobre todo, intensamente impregnada da tradición cultural eclesial que se compadecía mal con estas novas políticas da memoria, moito máis cívicas e secularizadoras. A fin de contas, unha estatua ou monumento na praza pública era un reto para a abondosa imaxinería que inzaba igrexas e rúas, encrucilladas de camiños e mesmo o espazo rural, intensamente cristianado tamén daquela con cruceiros e capelas. Facer unha estatua non era un acto inocente. Pero o caso de Galicia é menos diferente do exemplo catalán do que puidera pensarse a primeira vista. Desde os anos oitenta do século XIX vai aparecendo unha querenza —case moda— polas estatuas que tratan de construír unha paisaxe simbólica na que predomina claramente unha visión reivindicativa do papel de Galicia no conxunto da historia española (que era, ao seu xeito, o que pretendía Balaguer coa onomástica do *Eixample* barcelonés), mentres que ficaba na sombra o propio papel de Galicia.

Abonda con colacionar algúns exemplos, tirados da colectánea —non exhaustiva— fixada polo Carlos Reyer. Algunhas figuras da vida política e militar galega foron recoñecidas como merecentes dun monumento ou estatua: o militar Casto Méndez Núñez tivo a súa en máis dunha cidade galega (Ferrol, 1884; Santiago, 1885), pero tamén figuras das letras como Benito J. Feijoo (1887), Nicomedes Pastor Díaz (1890) ou Concepción Arenal (1898), filántropos como Ventura Figueroa (1896), Marqués de Amboage (1896) ou Eusebio da Guarda (1890) e mesmo políticos como Aureliano Linares Rivas (1905), José Elduayen (1896) ou, poucos anos despois do de Carral, Eugenio Montero Ríos, con controvertida estatua levantada en Compostela en 1916, no medio e medio da praza do Obradoiro. Moitas delas foron froito de accións políticas de institucións públicas, como concellos ou deputacións, que deste modo retribuían simbolicamente os favores concedidos polos próceres homenaxeados: “estatuas a la adulación y el servilismo”, diría queixoso Tettamancy en 1908. Noutros casos, como os de militares ou escritores, era un modo de reforzar a importancia de Galicia no conxunto da política española, máis que unha reivindicación da identidade cultural galega, como se pode ver no argumentario que Murguía fai en 1879 da obriga de levantar a estatua ao mariño Casto Méndez Núñez. En todo caso, o que parece evidente é a coincidencia cronolóxica do levantamento de estatuas e monumentos conmemorativos co réxime político da Restauración.

A erección do monumento aos Mártires de Carral pode entenderse, neste contexto, como unha iniciativa de auténtica transición na construción simbólica do pasado de Galicia: de reforzar o seu papel no conxunto da historia de España comézase a pasar, de modo moi paseniño e case imperceptible, cara a unha heroización do pasado galego en clave claramente rexionalista, que logo revisará o nacionalismo político do tempo das Irmandades da Fala. O propio alcalde de Carral, de filiación monárquica, cando convida á corporación republicana da Coruña a que asista á inauguración, reflicte claramente este cambio:

Esta solemnidad, dado el objeto que la motiva, afecta unica y exclusivamente a Galicia: honrar a los que la historia designa por los “Mártires de Carral” es honrar a nuestra amada región. (AMC, C-977)

O feito de que o monumento de Carral sexa aínda a expresión deste tránsito entre unha e outra forma de entender o pasado fica patente en varias fases do proceso. En primeiro termo, no perfil dos promotores do monumento, nos que se xuntan rexionalistas con republicanos e, tamén, algunhas colectividades da emigración americana que, máis que defensa da identidade galega tiñan como obxectivo combater o desprezo de que era obxecto Galicia. En segundo termo, na ambigüidade con que se pronuncia a mensaxe fundamental do monumento: trátase dunha homenaxe á liberdade —en abstracto— ou ás liberdades rexionais?

Para os republicanos, a comparación cos heroes de Villalar e cos “comuneros” de Castela era necesaria e, por tanto, 1846 fora un canto á liberdade política; para os rexionalistas, Carral supoñía rescatar a “revolución gallega”, isto é, un movemento político que colocaba a Galicia como o suxeito principal do relato. Tratarei de ilustrar estes problemas coa análise de dous pasos básicos deste proceso: a subscrición pública para sufragar os gastos do monumento e, en segundo lugar, o acto de inauguración do mesmo, en maio de 1904.

A proposta de recuperar a memoria dos fusilados en Carral aparece na publicación oficial da Liga coruñesa, *Revista Gallega*, no seu número de 24 de abril de 1898, con artigos e poemas dedicadas á conmemoración dos sucesos de 1846, debidos a rexionalistas como Galo Salinas, M. Lugrís Freire ou S. Golpe, con textos en castelán e en galego. A idea de seren os fusilados de Carral uns verdadeiros “mártires” das “libertades regionales” está presente nos textos de todos eles. Era preciso recordar a xesta de abril de 1846, porque se trata —di Lúgrís Freire— de “héros” que “deberan ter monumentos, máis que grabados en mármore e en bronce, escritos no máis agachado do noso corazón”. Eles son mártires — “os doce mártires de Carral”, proclama Lúgrís— porque morreron “por arrecadar a personalidade das entidades étnicas que non teñen a vida que por lei da natureza deberan ter”. Certamente, nestas verbas de Lúgrís segue a ecoar algo da mensaxe que en 1856 desfiara o patriarca Murguía nas páxinas de *La Oliva*, mesmo na páxina relixiosa da interpretación, na que se substitúe o “Dios y Libertad” murguían pola mensaxe evanxélica alumeada “por primeira vez dende o cume do Calvario”. Pola súa banda, Salvador Golpe retoma a vella analoxía entre Cacheiras e Villalar, lugares de batallas acaecidas nun mesmo 23 de abril, para chamar a atención sobre “Dos fechas memorables”, que xuntan a Solís e os doce de Carral con Padilla, Bravo e Maldonado, os comuneiros de Castela:

Providencial coincidencia. Combaten todos como héroes de la misma causa; succumben vencidos por la tiranía en un mismo día, el 23 de abril; son declarados traidores; mueren todos como cristianos después de haber peleado como caballeros; y por fin son declarados mártires de la libertad y beneméritos de la patria.

Los fallos de la historia, aunque tardíos, siempre son justos; y la sangre que se vierte en defensa de la libertad de los pueblos siempre es fecunda.

¡Gloria a los mártires de las libertades regionales!

A semente estaba botada e pouco demorou en froitar. A finais do propio ano 1898, no transcurso dun banquete que a *Liga Gallega na Cruña* oferta ao crego (“elocuente orador sagrado”) Francisco Suárez Salgado, con ocasión do seu retorno á cidade de Buenos Aires, adóptase o acordo de construír un monumento en Carral e comezar os preparativos dunha subscrición popular que o sufragase. Que esta idea se forxase no propio ano 98, meses despois da perda das colonias,

non é asunto menor, por máis que a incidencia da crise do 98 na conciencia política galega fose reducida. Porque a acción da Liga coruñesa ten algo que ver co estado de crise no que se atopa a política española finisecular. Nun esborrancho de carta da Liga coruñesa a Salvador Cabeza de León, datado o día 12 de abril do 98, para que organizase a Liga en Compostela, confésase paladinamente que:

A situación porque atravesamos o Estado ó que estamos unidos é verdadeiramente esceicional. O porvir político e económico presentase mouro, terrible. Non é de dudar que a catástrofe aproximase a pasos de xigante. ¿Porqué os gallegos de bon corazón non hemos de organizarnos, unirnos e prepararnos para salvar-o noso país? ¿Porqué a fraternidade que lonxe da patria axunta agarimosamente os esforzos dos bos galaicos non ha sementarse aquí onde é mais mester pra poñer a salvo o fogar dos nosos maiores? (RAG, "Monumento de Carral", mazo 2º).

A acción dos rexionalistas coruñeses, que tiñan unha excelente relación cos rexionalistas cataláns, podería encadrarse neste contexto de rexeneración política que se abriu en España coa crise do 98. De feito, cando se produce a chegada ao goberno de Francisco Silvela, coa presenza no mesmo do xeneral Camilo G. Polavieja e do xurista catalán Manuel Durán i Bas, os rexionalistas coruñeses mándalles entusiastas mensaxes de felicitación polo seu nomeamento ministerial. Ademais, o proxecto da Liga coruñesa tiña algo de reparación histórica do que o liberalismo español non fora capaz de facer no seu día. En abril de 1899, noutra entrega conmemorativa da *Revista Gallega*, o propio Salvador Golpe titula o seu artigo, "Una deuda de España", para advertir que o recoñecemento da "revolución de Galicia en 1846" era unha débeda contraída por "España entera y que ésta mal dirigida por los que desde Madrid la explotan, no ha podido cumplir". É claro que hai aquí algo de rexeneracionismo político, pensado en clave rexionalista desde a periferia do sistema, que permite explicar máis acadamente non só a iniciativa tantas veces adiada de promover o monumento de Carral, senón a mensaxe política que se quere transmitir con el.

A organización do proceso conducente á construción do monumento corre a cargo dos principais líderes da Liga coruñesa, con Salvador Golpe como presidente e como vogais, Eugenio Carré Aldao, Florencio Vaamonde Lores e Marcial M. de la Iglesia. Eles son os que asinan as cartas de petición de axuda económica —"un óbolo"—, así como os que levan a relación co artista que deseñaría o monumento e coa empresa que finalmente debería executalo. Os preparativos comezaron en decembro de 1898, colleron corpo coa simbólica colocación da primeira pedra en Carral o 23 de abril de 1899 e, finalmente, remataron coa inauguración oficial en maio de 1904. Hai abondosa información sobre todos estes pasos, tanto nos fondos da *Liga gallega na Cruña* (hoxe no Arquivo da RAG) como na prensa coetánea, tanto a máis vencellada á Liga (*Revista Gallega*), como noutras cabecei-

Revista Gallega



SEMANARIO DE LITERATURA É INTERESES REGIONALES

ANO X.—NUMERO 479 SE PUBLICA TODOS LOS DOMINGOS COLABORACIÓN INVOLUNTARIA SO SE DEVUELVEN LOS ORIGINALES Redacción y Administración: Rúa de Lugo, núm. 11	DIRECTOR PROPIETARIO Y FUNDADOR GALO SALINAS RODRIGUEZ Coruña, Domingo 22 de Mayo de 1904	PRECIOS DE SUSCRIPCION La Coruña, al mes 0'50 pta. Fuera, al trimestre 1'00 » Número suelto 0'10 » Número atrasado 0'20 »
---	--	---

LIGA GALLEGA



MONUMENTO QUE HOY SE INAUGURARÁ EN CARRAL EN MEMORIA DE LOS MÁRTIRES DE LA LIBERTAD

O monumento de Carral reproducido na *Revista Galega* en 1904
(Arquivo da Real Academia Galega)

ras e, asemade, en obras como as de F. Tettamancy de 1908 e 1912. Interesa reparar, especialmente, en dous aspectos. En primeiro lugar, as razóns que se aducen para a realización do monumento e, en segundo termo, a natureza sociolóxica dos que contribúen como subscritores ao pago dos gastos producidos pola obra.

Os dirixentes da Liga, que tiñan a súa sede social na Imprenta y Librería de Eugenio Carré Aldao, mandan unha porción de cartas a diversas institucións e “corresponsais” en petición de axuda, nas que cunha redacción algo diversa segundo fose o seu destinatario, se insiste en dúas ideas básicas. É preciso pagar a débeda que Galicia ten contraída “con los que en 1846 perdieron su vida por las libertades regionales”, idea ben común en todas as políticas de memoria de natureza conmemorativa. A figura ou figuras homenaxeadas son acreedoras e os promotores deben saldar esa débeda porque, de non facelo, fican en vergoña pública. Por iso Salvador Golpe aludía á idea de “deuda de España” que, por non se ter paga no seu día, debe afrontala agora Galicia e, no seu nome, os rexionalistas da *Liga Gallega*. E, en segundo lugar, aspiran a que a subscrición pública divulgada por medio das cartas persoais e nas páxinas da *Revista Gallega* sexa verdadeiramente popular, ao contrario do que se propoñía facer en 1856, con cargo exclusivo nos orzamentos do Estado. Esta apelación á subscrición popular é a aspiración máis común, non sempre lograda, de toda política conmemorativa nun tempo de política de masas e, de feito, a maioría dos promotores de estatuas feitas desde os tempos da Restauración en España apela de forma sistemática á recollida de contribucións de particulares. Como veremos neste caso de Carral, a resposta social non foi elevada pero, polo menos, foi suficiente como para non depender en exceso do apoio das elites políticas e das institucións de goberno.

A quen dirixen as súas misivas os rexionalistas? Unha listaxe de decembro de 1898, inserida nun “Cuaderno para uso de Registro de Comunicaciones sobre el Monumento” (RAG), permite identificar con certa precisión persoas e institucións interpeladas. En primeiro lugar, institucións como os Centros Galegos de Lisboa ou Barcelona, Casinos e Clubs españois en México, centros sociais de diversas cidades galegas (Círculos Católicos, Círculos de Artesanos...) e, de forma ben significativa, institucións catalás (Lliga, Orfeó, Comisión dels Jocs Florals, Museo Catalanista...), que poñen de manifesto a especial relación que os rexionalistas coruñeses tentaban manter cos seus homónimos de Cataluña. En segundo termo, o que denominan os “corresponsais” da Liga en Galicia, isto é, unha serie de individuos que en cada localidade debían servir de axentes de difusión da idea e de recadadores de fondos para o monumento. A rede social destes “corresponsais” non é moi ampla (47 persoas), con presenza case exclusiva en cidades e vilas das provincias occidentais e do norte de Lugo: das 47 epístolas enviadas, só tres tiveron destinatarios ourensáns. En terceiro termo, son convidados a participar na

subscrición algúns parentes sanguíneos ou políticos dos fusilados en 1846, como é o caso dos militares Velasco, Mariné e Dabán ou do político liberal de orixe astorgana, Pio Gullón, daquela membro do Senado. En cuarto lugar, diríxense a algúns “corresponsais” galegos “distinguidos”, con residencia en Madrid, como Rodríguez Carracido, Alfredo Vicenti, Aurelio Ribalta, Eduardo Vicenti, ou no estranxeiro, caso de Sofía Casanova, Göran Bjorkman ou Carolina Michaelis de Vasconcelos. E, finalmente, un capítulo especial é o das colectividades da emigración, na que contan co apoio de figuras como Waldo Álvarez Insua na cidade da Habana ou Manuel Castro López en Buenos Aires.

Os resultados acadados na subscrición pública foron mellores do que dan a entender as queixas que os promotores, como Tettamancy, insinúan en artigos e publicacións. Certamente, a cantidade prevista para o monumento non era elevada (5000 pesetas), pero a suma de todas as achegas foi de 4921 pesetas, sen contar a subvención da deputación provincial coruñesa (500 pesetas), prometida pero non librada. Alén do tamaño da subscrición, o que importa é analizar en qué medida os participantes na mesma reflicten o ámbito sociolóxico e profesional que representaba a Liga coruñesa. En conxunto, pódese dicir que os subscritores non coinciden de forma exacta nin cos destinatarios das misivas enviadas polos promotores, nin cos subscritores da *Revista Gallega*, segundo a relación que inclúe Tettamancy na súa obra de 1908. Pero a súa tipoloxía sociolóxica é dabondo indicativa da desigual ancoraxe que o rexionalismo coruñés tiña na sociedade galega, con forte presenza en círculos de sociabilidade burguesa e urbana, na emigración e, en menor medida, nas institucións políticas e de goberno.

CADRO 1: donantes para o monumento aos Mártires de Carral (en pesetas)

Donante	Número	Importe	%
Institucionais (Concellos)	3	645	13,10
Entidades recreativas e económicas	9	465	9,44
Xornais	2	29	0,60
“Remesas” de América:			(39,98)
# A Habana	91	1.068	21,70
# Buenos Aires	-	760	15,44
# Río de Janeiro	11	130	2,64
# <i>El Eco de Galicia</i> (A Habana)	-	9	0,20
“Remesa” de P. Pérez-Costanti			
Santiago de Compostela)	-	177	3,60
Particulares		1.638	33,28
		4.921	100,00

Fonte: RAG, “Monumento de Carral”, Carpeta 1. Elaboración propia.

Os monumentos conmemorativos son unha honra aos mortos, pero reflicten claramente os intereses dos vivos e, neste caso, as ansias dos seus promotores. Certamente, a radiografía dos donantes non representa unha imaxe real da Galicia finisecular, senón aquela á que son capaces de interpelaren os rexionalistas coruñeses da Liga. A procedencia social e institucional das doazóns con que se sufraga o monumento de Carral obriga a chamar a atención sobre tres aspectos.

O primeiro é a debilidade institucional do rexionalismo, que só é quen de mobilizar a axuda de tres concellos (A Coruña, Carral e Santiago), malia terse dirixido a medio cento deles na súa campaña de recollida de fondos. Certamente, conmemorar os mártires de Carral non é o mesmo que facelo respecto dunha figura política ou literaria singular. A contribución institucional e popular a monumentos como o de Montero Ríos, en 1914, foi moi superior tanto no seu importe (cerca de cen mil pesetas) como no número de institucións implicadas (varias dúcias de concellos, deputacións e mesmo as dúas cámaras parlamentarias). Pero tamén é ilustrativo do nivel de converxencia política que amosa esta iniciativa, pois alén do concello de Carral, coinciden no apoio ao monumento os consistorios da Coruña, de goberno republicano, e o de Santiago, de goberno liberal-democrático pero con importante presenza dos rexionalistas da época de Brañas, a través da figura de Salvador Cabeza de León. De feito, os contributos procedentes de Compostela no plano persoal son de persoeiros importantes do partido liberal de filiación monterista (Manuel García Prieto, Maximino Teijeiro, Santiago de Andrés Moreno e Salvador Parga), pero a mensaxe oficial enviada desde o concello foi obra do rexionalista Barcia Caballero.

Un segundo aspecto a subliñar é, malia todo, o elevado número de donantes a título particular, nos que aparece unha nutrida nómina de profesionais liberais, escritores e xornalistas que achegan pequenos "óbolos". No seu conxunto, incluída a remesa mandada desde Santiago por P. Pérez Costanti, supón case un 37% do total, o que reforza a aspiración dos promotores de lograr unha participación popular. A maioría dos membros da Liga coruñesa contribúe con cotas de 25 pesetas, así como algúns dos seus correspondentes locais. Con todo, un cento de donantes non pasa das tres pesetas de media e entre eles atopamos figuras como Eduardo Pondal ou Francisco Camba, alén de donantes anónimos como "un rexionalista", dous "santiagueses", un "labrego" ou un "castellano amante de Galicia". Nos casos en que é posible identificar os donantes, trátase de profesores mercantís, médicos e avogados, algún rexistrador da propiedade, xornalistas e escritores estranxeiros amantes de Galicia, como Göran Bjorkmann, Carolina Michaelis ou o vasco-francés Paul Estadieu, de Bayonne. Unha ausencia é, con todo, notable: os contributos procedentes de Cataluña son mínimos, pois só figura como tal o nome de José Maluquer. Parece escaso resultado para o esforzo despregado polos promotores, que lles escribiran a varias sociedades catalás.

E, terceiro aspecto, que certamente é o máis rechamante do proceso: o gran peso que ten a Galicia emigrante no apoio a esta iniciativa rexionalista, que rolda o corenta por cento do total, alén dos contributos achegados por figuras singulares da emigración. Pois neste apoio de orixe americana combínanse dous planos complementarios. Hai unha participación claramente popular, polo menos no caso dos "óbolos" vidos de Cuba e de Brasil, nos que en moitos casos se fai notar que as entregas proceden de todo un núcleo familiar. En Cuba, a media das contribucións é de dous pesos cubanos, que viñan supor unhas cinco pesetas españolas. No Río de Janeiro, a subscrición foi atendida por "catro larpáns nados en Galicia" residentes na capital carioca, pero moi sensibles á chamada da Liga coruñesa e ao sentido dado ao monumento, na honra dos "fusilados por teren soñado a libértá da patria". Os "larpáns" do Río achegaron unha media de máis de dez pesetas *per cápita*. Non consta cantos foron os donantes residentes en Buenos Aires. En xeral, os contributos procedentes da emigración teñen unha media superior á dos donantes galegos. En certo modo, este comportamento prefigura o que ían ser as microsociedades da emigración galega en América e, tamén, a súa contribución ao rescate da identidade galega, como se poría de manifesto algúns anos despois co apoio á fundación da Academia Galega.

Pero tamén hai unha participación singular de emigrantes de elite, que achegan cantidades máis importantes, como son os nomes do crego Francisco Suárez (250 ptas.), do xornalista Waldo A. Insua (100 ptas.) ou dos escritores Ramón Armada Teijeiro (32 ptas.) ou José M.^a Riguera Montero (50 ptas.) quen, neste caso, amosa un compromiso rexionalista que non terá no momento da aparición da Academia. Ningún residente en Galicia fixo contributos semellantes aos destes "indianos", case todos eles "habaneros". Non estraña que o propio Tettamancy recoñeza que o monumento se debe á

[...] filantropía de entusiastas gallegos, entre los que se cuentan muchos residentes en las repúblicas Argentina, Cuba y Brasil, cuyas subscripciones promovieron con verdadero cariño los caracterizados conterráneos D. Manuel Castro López, D. Manuel Salgado Rosende y D. Matías Fernández Murias. (Tettamancy 1908: 386).

Ollada no seu conxunto, a participación social na subscrición pública define un espazo político no que son os profesionais liberais, xornalistas e escritores, así como as colectividades da emigración, o gran soporte sociolóxico do rexionalismo. Pero tamén permite entrever ausencias notables e unha clara diverxencia entre as institucións e persoas interpeladas e a nómina das que realmente contribuíron. Non é posible analizar as razóns destas diverxencias pero, polo menos, cómpre deixar constancia das mesmas. Fóra de América, as contribucións procedentes de fóra de Galicia son moi escasas, tanto institucional como persoalmente. Mesmo os parentes dos fusilados en 1846 foron pouco solícitos á chamada da Liga

coruñesa. Da capital madrileña, por exemplo, só se rexistran os nomes de Eduardo Vicenti e de J. Rodríguez Carracido. Pero nin Gullón nin o xornalista Alfredo Vicenti, a quen Salvador Golpe escribiu unha atenta carta persoal, participaron nesta subscrición. De acordo coas notas de Tettamancy, algunhas respostas (que non constan na documentación manexada) foron menos que desatentas coa iniciativa da Liga coruñesa (Tettamancy 1908: 386).


Tamén se podería dicir que o universo sociolóxico ao que se dirixía a mensaxe do rexionalismo político da Liga coruñesa está só parcialmente presente na lista de doadores do monumento. Se comparamos a nómina de subscritores do monumento e os da *Revista Gallega*, obsérvase que as coincidencias son baixas, por máis que a caracterización sociolóxica dunha e outra lista sexa relativamente próxima. Todo isto indica que unha parte da clase media e profesional, de residencia coruñesa, fica á marxe do proxecto de Carral, en especial a pertencente aos ámbitos militares e da burguesía comercial e industrial, como xa puxera de manifesto Ramón Máiz na súa monografía sobre o rexionalismo galego (Maiz 1984: 203). Pola contra, este baleiro échese de forma entusiasta polos contributos procedentes da emigración. Máis unha vez se constata o peso que a Galicia emigrante ten na configuración, mesmo no plano institucional e simbólico, da identidade galega contemporánea.

CADRO 2: subscritores particulares da *Revista Gallega*

Categoría social	Número	Porcentaxe
Funcionarios e empregados	61	20,6
Escritores/xornalistas	57	19,2
Profesionais liberais	47	15,9
Comercio e Industria	23	7,8
Militares	22	7,4
Oficios	17	5,7
Profesores	15	5,1
Cargos políticos	14	4,7
Propietarios	11	3,7
Eclesiásticos	10	3,4
Non identificados	19	6,4
	296	99,9

Fonte: F. Tettamancy (1908: 436-449). Elaboración propia.

O deseño do monumento de Carral foi encomendado pola Liga coruñesa ao daquela arquitecto municipal de Lugo, Juan Álvarez Mendoza, parente dun dos fusilados en Carral, que o fixo de forma gratuíta. A execución da obra foi realizada



Bosquexo dun dos proxectos de monumento presentados á Liga Gallega na Cruña
(Arquivo da Real Academia Galega)

pola empresa "B. Escudero e Hijos", que percibiu polo seu traballo cinco mil pesetas, pagas en tres prazos entre agosto de 1903 e maio de 1904. O deseño artístico de obra é ben diferente dos que fixeran tanto Mayer como, en 1899, o artista compostelán Landeira, que apostaban por unha concepción máis laica do monumento. Neste caso, é unha obra composta de bloques de granito, cunha inspiración moi ritual propia dunha homenaxe martirial, en forma de cruceiro galego e unha inscrición na que reza a lenda, escrita en lingua galega, "Aos mártires da liberdade, mortos o 26 de abril de 1846. Liga Gallega na Cruña". Lenda e lingua que, no sentir de Tettamancy, fora obxecto de máis dunha queixa, cando non dalgunha burla, pero que fixaron de vez a condición galega dos sucesos de 1846.

As peripecias seguidas pola Liga coruñesa, desde 1898 ata a data final de inauguración do monumento, foron numerosas. Malia a colocación da primeira pedra do monumento en 1899, a súa construción aínda se demorou algúns anos, sobre todo porque os recursos procedentes da subscrición pública chegaban moi amodiño. Con todo, estes son problemas que estiveron presentes na maioría dos monumentos conmemorativos da época, de modo que o prazo de pouco máis de cinco anos que levou a execución deste proxecto non se pode considerar como un fracaso senón, pola contra, como un dos mellores éxitos que tivo o rexionalismo coruñés en toda a súa executoria política. Ben é verdade que se trataba dunha obra modesta, pois o seu custo de cinco mil pesetas é ben pouco en comparanza coas cen mil que custou a estatua compostelá de Montero Ríos ou as cinco mil que custou o retrato que de García Prieto fixo o pintor Lloréns. En todo caso, importa menos o custo do monumento ca o seu significado, que a festa de inauguración do mesmo acabou de poñer de manifesto.

A inauguración tivo lugar un 22 de maio de 1904 e os seus pormenores están recollidos nas obras de Tettamancy, tanto na súa edición orixinal como na que foi reeditada en 1983. Ademais, foi numerosa a presenza da prensa, tanto coruñesa como de Lugo, Ferrol e Vigo, con presenza de figuras como Wenceslao Fernández Flórez, Antonio Lombardero, Emilio Tapia ou Alejandro Barreiro. Aires de excursionismo, representacións oficiais (nomeadamente, concellos como os da Coruña, Santiago e Betanzos, alén do de Carral), discursos e un banquete, ademais das pertinentes actuacións musicais, este podería ser o resumo daquela xornada celebrada na vila de Carral, da que os xornais da época deron noticia ben polo miúdo. Pero alén desta descrición sumaria, hai algúns acenos e mesmo treitos dos discursos que reflicten cabalmente o sentido que os promotores do monumento lle quixeron dar.

O primeiro a subliñar é a orientación política das persoas presentes na inauguración, que se poden agrupar baixo varios rubros. O propiamente rexionalista, coa Liga coruñesa de protagonista, pero tamén coa mensaxe mandada polo con-

cello compostelán, da autoría de Barcia Caballero; unha apreciable presenza dos liberais-demócratas de Compostela, nos que están presentes figuras tan sinaladas como Casimiro Torre, Pereiro e o propio secretario do Concello, que era sobriño carnal de Montero Ríos; en terceiro lugar, unha nutrida representación de carácter republicano, tanto do concello herculino, como de diversas organizacións locais (Oza, Ordes, Sada), así como do poderoso Casino Republicano coruñés; por outra banda, están presentes algúns familiares directos dos fusilados en 1846, como a familia Velasco; e, finalmente, os principais xornais galegos da altura (*La Voz de Galicia* e *El Noroeste* da Coruña; *Faro de Vigo*, *Idea Moderna* de Lugo; *Gaceta de Galicia* de Santiago; *Diario Ferrolano* e *La Justicia* de Vigo), así como o madrileño *El Imparcial* e o republicano coruñés *Tierra Gallega*, que cubría o daquela mozo Fernández Flórez.

Un segundo aspecto ten que ver coas palabras e cos xestos presentes no momento da inauguración, que reflicten a natureza sincrética do acto. Os oradores pronuncian discursos de circunstancias. O presidente da Liga, Salvador Golpe, insiste na equiparación entre os mártires de Carral e os comuneiros de Castela, mentres que a intervención de máis fondo político é a do munícipe republicano coruñés, Antonio Lens, quen fixo entrega dunha coroa de bronce dedicada “aos mártires da liberdade” e contrapuxo a condición monárquica do alcalde de Carral coa súa filiación republicana: “no olvideis que si en este acto solemne representais el poder real, yo represento al pueblo soberano”. Alén dos discursos, algúns xestos reforzan claramente esta orientación rexionalista e republicana do evento. Dúas bandeiras, a española e a galega, cubrían o monumento. Un himno republicano, como o Himno de Riego, marca a música oficial que logo é seguida coa interpretación que uns gaiteiros fan de varias muiñeiras. En suma, que na inauguración deste monumento de Carral se advirten claros matices desa conxunción política, só posible na cidade coruñesa, entre rexionalismo político, tradición federal e sentimento republicano. Non será estraño, por tanto, que sexan estas pautas as que rexan as posteriores homenaxes que recibirá este monumento, nas que nacionalismo e republicanismo autonomista volvan de novo a converxer.

3. A memoria nacionalista

As matinacións de Solovio, ao seu paso por Carral, daban a entender que o significado do monumento alí ergueito manaba directamente dos tempos románticos, mediante unha transmisión oral e familiar daquela bandeira. Era unha bandeira entendida como sinal de identidade dunha nación negada, que non tiña recoñecidas en letras de mármore as fazañas dos seus heroes. É claro que esta interpretación lle aquela ben ao nacionalismo político e cultural do tempo da Xeración Nós e das Irmandades da Fala. Pero, como fomos vendo neste percurso histórico

arredor dos “sucesos”, das “víctimas” ou dos “mártires” de Carral, as mudanzas de significado daqueles feitos foron máis fortes do que dá a entender a súa aparente continuidade histórica. Por iso debo rematar cun breve elenco da relectura que, anos despois de inaugurado o monumento de Carral, se fai do seu valor e do seu significado político e simbólico. Abondarán dúas datas para encadrar esta mudanza: 1917 e 1931.

En abril e maio de 1917, os membros das Irmandades da Fala da Coruña retoman a idea de Carral como un punto de referencia no seu proceso de construción dunha nova política para Galicia. Por máis que as Irmandades aínda non se tivesen definido explicitamente como “nazonalistas” (que será na Asemblea luguesa de novembro de 1918), a recuperación dos mártires de Carral colle un rumbo de claro vencello coas propostas políticas das Irmandades: rexeneración democrática, liberdade política e autonomía integral. Unha reportaxe titulada “¡Remember!” (*A Nosa Terra*, 20 de abril de 1917) introduce algunhas novidades interpretativas orientadas á plena nacionalización dos acontecementos de 1846. A primeira é que se asocia o feito de Solís aos “Hirmandiños” galegos e non aos comuneiros de Villalar, como adoito se fixera durante moito tempo, mesmo por boca dos rexionalistas. A segunda é que ambos os feitos son unha expresión dunha mesma idea, a defensa da liberdade política contra a “ditadura” e da liberdade das rexións contra a opresión do centralismo uniformizador:

As revolucíons gallegas dos séculos XV e XIX, comprétanse: ambas as dúas, perseguían a mesma enxebreza de ideas e de principios: DEMOCRACIA E LIBERTADE [...]. A onda revolucionaria [...] envolvía a salvación e o espírito das rexíons, tendendo a derrubal-a UNIFORMIDADE.

A reapropiación do monumento e, sobre todo, do significado político dos mártires de Carral concreouse ademais na celebración dunha xornada de excursión dos “irmandiños” coruñeses á vila de Carral, na que celebraron un mitin que cualifican de “xornada groriosa” (*A Nosa Terra*, 10 de maio de 1917), concibido en termos semellantes á declaración anterior. A idea central defendida polos oradores, Insua, Tettamancy, Villar Ponte ou Peña Novo, era a de asociar os feitos de 1846 cunha cruzada política cara á liberdade de Galicia, de forma moito máis radical do que supoñía a referencia ás “libertades regionales” que invocaban os promotores do monumento a fins do século XIX. Do que se trataba era de proclamar a xesta de Solís como un acto revolucionario, comparable ao protagonizado por todas as vítimas da tiranía política e imperialista, incluídas alusións inequívocas a figuras como o filipino Rizal. O verbo acceso de Villar Ponte volveu situar o episodio de 1846 na tradición da revolución irmandiña e da revolta contra o poder central, coa Frouseira de Pardo de Cela como fío condutor:

Din que a via láctea guiaba ós pelengrinos que iban a Compostela. Que a via roxa que vai do Medulio á Frouseira e da Frouseira a Carral, nos guie a nos.

Isto era o que proclamaban os mozos militantes das primeiras Irmandades da Fala, que aínda non se liberaran de todo da tradición rexionalista, pero que xa estaban a dar un salto cualitativo na súa concepción de Galicia como unha nación sen estado, oprimida polo Estado español. Poemas escritos por F. Vaamonde, Tettamancy e Pondal nos tempos da Liga foron editados de novo polos "Amigos da Fala" coruñesa. A recuperación da memoria de Carral era un dos sinais de identidade das Irmandades. Pero eran ideas que non se proclaman só na Terra, senón que tamén se atopan, nesta mesma altura, na Galicia emigrante. Na revista *El Eco de Galicia* (ECG), publicada na Habana, escribe un rexionalista como Constantino Horta un longo texto dedicado a "La revuelta gallega 1846. Los mártires de Carral" (ECG, 4, 1917), no que se repiten, case de forma literal, algunhas das ideas defendidas polos "irmandiños" coruñeses. Despois de gabar as virtudes da "raza" galega, fixa os termos nos que debe ser entendido o pronunciamento de 1846: un acto "contra el despotismo de Castilla al grito de Autonomía, Libertad y Democracia". A mensaxe resulta evidente: así como a *Liga gallega* invocara a Solís para lexitimar a súa posición rexionalista, as Irmandades revisan o significado da "revolución" galega de 1846 como un dos piares que leva desde as loitas dos Irmandiños do século XV aos "irmandiños" das Irmandades da Fala de 1917.

O entusiasmo político que se advirte en 1917 arredor dos feitos de Carral minórase un pouco nos anos seguintes, ata o punto de que nas efemérides que publica *A Nosa Terra* en 1918 non se mencionan os feitos de abril de 1846 e tampouco este semanario volve dar noticias, en cada mes de abril, daquel "lugar de memoria" que estaba en Carral. O esquecemento a que implicitamente aludía Adrián Solovio comezou a se esvaer coas esperanzas de cambio político abertas en España despois da caída de Primo de Rivera. De feito, xa en marzo de 1931 unha comisión coruñesa solicitaba da alcaldía axuda para colocar no monumento unha placa cos nomes dos mártires de Carral, petición que logo foi atendida polo novo alcalde republicano, Angel Senra. Con todo, a memoria dos mártires de Carral esperaba a alborada dunha nova primavera e esta chegou en 1931, coa proclamación da II República. A coincidencia foi feliz, porque no ambiente festivo de abril de 1931 volveuse recuperar aquel entusiasmo, plasmado en diversos mitins e celebracións conmemorativas dos mártires de Carral, que cadraron co oitenta e cinco aniversario do "martirio". E, de novo, a interpretación predominante foi a de situar os feitos de 1846 nunha liña do tempo que, comezada a fins do século XV, poñía de manifesto a vontade de liberdade nacional de Galicia, fronte á administración centralista. Desta vez, foron variados os protagonistas que participaron na conmemoración.



Manuel Lugris, presidente da Real Academia Galega no Monumento de Carral, 1931
(Arquivo do Reino de Galicia)

Unha das fotos máis coñecidas das excursións feitas a Carral foi xustamente a da sociedade “Amantes del Campo de la Coruña”, que colocaron o 26 de abril de 1931 unha placa e coroa de bronce sobre o monumento. Pero o máis relevante desde o punto de vista político foron os mitins organizados por diversos grupos galeguistas, en Ourense por parte do Partido Republicán Nacionalista e en Vigo polo Grupo Autonomista, para lembrar “aquele movemento galeguista” (ANT, 1 de maio de 1931). O acto máis rechamante foi o mitin do Grupo Autonomista de Vigo, celebrado no Teatro García Barbón, con intervencións (“todos en galego”) de Carballo Calero, Otero Pedrayo, Paz-Andrade e Alfonso R. Castelao. De crermos na interpretación dada polo correspondente do xornal lisboeta *O Século*, o resultado do mitin foi que os galegos “ficarão sabendo que o movemento autonomista, en marcha agora, teve o seu inicio em 2 de abril de 1846, numa encantadora manhã de primavera” (Cunha 2007: 181). A recuperación de Carral era unha fase necesaria para a lexitimación da loita autonomista que se albiscaba na aurora republicana de 1931, porque liberdade, autonomía e República eran valores sinónimos. Para dicilo con verbas dun dos oradores en Vigo, Ramón Otero Pedrayo, “neste abril orvallado do gesto heroico dos mártires de Carral, a España viu tamén proclamada, finalmente, a República do seu soño”.

Comezaba este artigo coa referencia ao Adrián Solovio do romance *Arredor de si*, no que o desleixo polo monumento de Carral se compensaba co ecoar romántico daquela bandeira que emocionaba aos seus devanceiros, que por boca do tío de seu D. Bernaldo e da súa nai, lle contaran ao Adrián vellas lembranzas familiares. E remato cunha cita tomada do autor do Solovio, en palabras pronunciadas no mitin vigués, que remachan o *ethos* romántico que acompañaba as lembranzas da revolución de 1846, pero tamén a condición de ser o *incipit* da conciencia política galega contemporánea, como unha forma de reaccionar contra o desprezo ou a aldraxe exterior que padecía Galicia. Isto foi o que Otero Pedrayo lle dixo ao público que estaba aquela mañá de abril de 1931 no Teatro García Barbón, segundo informa o xa citado xornal de Lisboa, *O século*:

Lembro-me de que, em pequeno, visitava, muitas vezes, um velhinho, partidário da monarquia, que nao era liberal. Um dia esse homem encontrou, entre uma papelada, alguns manifestos dos revolucionarios de 1846 e lendo-os, atentamente, teve esta frase: “Há Galiza, que sendo a jóia da Coroa espanhola tão desprezada és!”. Foi a única ocasião em que vi esse homem chorar.

A lembranza de Otero mestura paixón romántica con denuncia da situación da patria. Era, expresado doutro modo, o sentir que tantas veces evocara Adrian Solovio na procura da súa identidade individual e, sobre todo, colectiva. Unha posible resposta era xustamente a que lle daba aquel velliño monárquico ao atento observador, o autor de *Arredor de si*: reivindicación de Galicia fronte á

aldraxe de que era obxecto, emoción perante a acción dos pronunciados en Lugo, mutados en "revolucionarios de 1846". O círculo aberto pola acción do coronel Solís, contra a política de Narváez e da raíña Isabel II, ficaba agora cerrado coa conversión daqueles fusilados en Carral ("beneméritos" da patria española) en mártires da liberdade de Galicia, cando non adaís da súa independencia coma se duns novos Pardos de Celas se tratase. A tristura daquel vello monárquico ourensán trocábase, décadas máis tarde, en vontade de redención política de Galicia, por obra do movemento nacionalista que definitivamente se apropiara daquel "lugar de memoria" nacional que era o monumento aos Mártires de Carral.

Bibliografía

- ASSMANN, Aleida (1994): *Construction de la mémoire nationale. Une breve histoire de l'idée allemande de Bildung*, Paris, Éditions de la Maison des sciences de l'homme, [edición alemá en 1993].
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (1977): *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*, Santiago de Compostela, Pico Sacro.
- BERAMENDI, Xusto e NUÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel (1995): *O nacionalismo galego*, Vigo, Edicións A Nosa Terra.
- BOYD, Carolyn (2004): "Un lugar de memoria olvidado: el Panteón de Hombres Ilustres en Madrid", *Historia y Política*, 12.
- CUNHA, Norberto Ferreira da (2007): *A autonomía galega na imprensa periódica portuguesa (1931-1936)*, Monção, Casa Museu de Monção da Universidade do Minho.
- DURÁN, José Antonio (1999): *Prosas recuperadas. O periodismo de Manuel Murguía. Antoloxía básica, 1853-1923*, A Coruña, Real Academia Galega / Fundación Caixa Galicia.
- KIERNAN, Victor G. (1970): *La revolución de 1854 en España*, Madrid, Aguilar.
- KOSELLECK, Reinhart (1997): "Les monuments aux morts, lieux de fondation de l'identité des survivants", en *L'expérience de l'histoire*, Paris, Gallimard, [edición alemá en 1975].
- MÁIZ, Ramón (1984): *O rexionalismo galego: organización e ideoloxía (1886-1907)*, Sada, Edicións do Castro.
- MICHONNEAU, Stéphane (2001): *Barcelona: memòria i identitat. Monuments, commemoracions i mites*, Vic, Eumo editorial.
- REYERO, Carlos (1999): *La escultura conmemorativa en España. La edad de oro del monumento público, 1820-1914*, Madrid, Cátedra.
- TETTAMANCY, Francisco (1908): *La revolución gallega de 1846*, A Coruña.
- TETTAMANCY, Francisco (1912): *Los mártires de Carral*, A Coruña, [Reedición facsimilar ampliada en Alvarellos, Lugo, 1983].

II

HISTORIA DOS MEDIOS
DE COMUNICACIÓN

... e a súa importancia na historia da cultura galega. O autor analiza a evolución da prensa escrita en Galicia, desde os primeiros intentos de publicación no século XVIII ata a creación da primeira prensa periódica en 1812. Tamén se reflicte sobre a importancia da prensa na vida social e política da Galicia do século XIX, así como a súa evolución durante o século XX. O autor conclúe que a prensa foi un instrumento fundamental para a difusión da cultura e a conciencia cidadá en Galicia.

Bibliografía

BARREIRO FERNÁNDEZ, XOSÉ RAMÓN. *Historia da cultura galega*. Vol. II. Historia dos medios de comunicación. Vigo: Galaxia, 1985.

BARREIRO FERNÁNDEZ, XOSÉ RAMÓN. *Historia da cultura galega*. Vol. III. Historia da literatura galega. Vigo: Galaxia, 1985.

BARREIRO FERNÁNDEZ, XOSÉ RAMÓN. *Historia da cultura galega*. Vol. IV. Historia da arte galega. Vigo: Galaxia, 1985.

BARREIRO FERNÁNDEZ, XOSÉ RAMÓN. *Historia da cultura galega*. Vol. V. Historia da música galega. Vigo: Galaxia, 1985.

BARREIRO FERNÁNDEZ, XOSÉ RAMÓN. *Historia da cultura galega*. Vol. VI. Historia da danza galega. Vigo: Galaxia, 1985.

BARREIRO FERNÁNDEZ, XOSÉ RAMÓN. *Historia da cultura galega*. Vol. VII. Historia do teatro galego. Vigo: Galaxia, 1985.

BARREIRO FERNÁNDEZ, XOSÉ RAMÓN. *Historia da cultura galega*. Vol. VIII. Historia do cinema galego. Vigo: Galaxia, 1985.

BARREIRO FERNÁNDEZ, XOSÉ RAMÓN. *Historia da cultura galega*. Vol. IX. Historia da televisión galega. Vigo: Galaxia, 1985.

BARREIRO FERNÁNDEZ, XOSÉ RAMÓN. *Historia da cultura galega*. Vol. X. Historia da radio galega. Vigo: Galaxia, 1985.

BARREIRO FERNÁNDEZ, XOSÉ RAMÓN. *Historia da cultura galega*. Vol. XI. Historia da prensa galega. Vigo: Galaxia, 1985.

BARREIRO FERNÁNDEZ, XOSÉ RAMÓN. *Historia da cultura galega*. Vol. XII. Historia da cultura popular galega. Vigo: Galaxia, 1985.

BARREIRO FERNÁNDEZ, XOSÉ RAMÓN. *Historia da cultura galega*. Vol. XIII. Historia da cultura galega no exterior. Vigo: Galaxia, 1985.

BARREIRO FERNÁNDEZ, XOSÉ RAMÓN. *Historia da cultura galega*. Vol. XIV. Historia da cultura galega no século XXI. Vigo: Galaxia, 1985.

J. E. Delmas, un empresario de la comunicación, fundador del periódico *Irurac Bat* y promotor del «Partido Vascongado» en 1856

JOSEBA AGIRREAZKUENGA¹
Universidad del País Vasco

Esta contribución está pensada y escrita al hilo de una obra de X. R. Barreiro: *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo* publicado en 1977 en Santiago de Compostela. Fue una de mis lecturas referenciales al inicio de mi investigación doctoral para analizar la gestión de las finanzas públicas como fiel indicador de la voluntad política. En el País Vasco durante el citado período de 1846 el sistema político de los fueros se estaba adaptando o modificando al dictado de los Gobiernos constitucionales de España, aunque las asambleas representativas, las Juntas Generales rechazaran los cambios. La elite gobernante se reclamaba del fuerismo político. Un fuerismo con muchas vertientes y tendencias. En este artículo deseamos exponer y analizar un texto, de carácter fundacional, publicado en 1856. Y con este motivo nos acercaremos al personaje que lo financió y difundió en Bilbao, un intelectual y empresario de medios de comunicación. El texto lo consideramos la expresión programática de un fuerismo político. Las imágenes y la imaginación de los actores políticos es una parte integral de la sociedad. Y se encuentra en permanente cambio resultando importante para el análisis político, para entender los sistemas de creencias y la creación de significados. Estimo que el imaginario del fuerismo político respecto a la Nación española generó un discurso ambivalente. Y en la crisis de 1876-1877 durante la ley abolitoria de los fueros votada en el Parlamento español, (21 de julio de 1876) contra la opinión unánime

¹ "Basque Visiting Fellow", 2006-2007. European Studies Centre. St. Anthony's College. University of Oxford

de los parlamentarios Alava, Gipuzkoa y Bizkaia, provocó una ruptura con relación al imaginario "nacional": Un sector se convirtió en el pilar del monarquismo integrándose en los partidos españoles. Otro sector siguió la doctrina establecida en 1856, es decir, la constitución de un partido fuerista vascongado, al margen de las estructuras de los partidos españoles. La dinámica y estrategia de este sector, a partir de 1898, constituyó la base social y la dirección política del nacionalismo político vasco.

La historia, evolución y desarrollo de los medios de comunicación escritos y gráficos de Bilbao está ligado a la saga Dal Mazzo que en Bilbao se convirtió en Delmas, pero en particular a Juan Eustaquio Delmas. Los medios de comunicación escritos y gráficos contribuyeron a la creación de renovados imaginarios ideológicos y políticos. J. E. Delmas además de "el padre del periodismo bilbaíno" tal y como le definió Fermín Herrán en 1896 también fue un empresario de industrias culturales y en particular el forjador de un imaginario vasquista desde los nuevos postulados del liberalismo. El nuevo concepto de vasco, forjado desde la experiencia del Bilbao urbano, era una nueva construcción al ritmo de los acontecimientos y la emergencia de los nuevos valores culturales que se forjaban en la Europa de las nacionalidades. J. E. Delmas era un atento observador de la evolución europea. El concepto y la literatura de la obra *Viaje pintoresco por las Provincias Vascongadas* (1846) y el producido más tarde por el *Irurac bat* representan cosmovisiones culturales renovadas con proyección e influencia no solo en Bilbao sino en el País Vasco y también en núcleos urbanos de la Monarquía española. En el decenio de los 40, en Bayona, Joseph Agustin Chaho era director del periódico *Ariel* y también desarrolló una intensa intervención cultural y política de inspiración vasquista. Pero careció de la penetración social y política que en su caso obtuvieron las ideas representadas por Juan E. Delmas, primero en la esfera de la elite gobernante vasca y más adelante en los medios culturales de la nueva sociedad civil bilbaína y vasquista. Quien no conozca la experiencia política de gobierno del período comprendido entre 1839 y 1877 así como la renovación cultural y política que se produjo no se explicará la formulación e inmediata expansión con reflejo en las instituciones políticas que alcanzó un movimiento político nuevo formulado en términos de nacionalidad vasca. En mi opinión, es preciso analizar la experiencia y capacidad de autogobierno que desarrollaron las elites liberales vascas en el siglo XIX para comprender la reivindicación que del mismo se realizó cuando murió Delmas, desde todos los ángulos políticos incluido el de los liberales dinásticos. Pablo Alzola presidente de la Diputación provincial de Bizkaia celebraba la continuidad del "Concierto económico-administrativo" en 1890 pero reivindicaba los "derechos históricos" es decir, la dimensión política del régimen foral. Por su lado, los "euskalerriacos" de Sagarminaga y los nacionalistas

vascos de S. Arana, desde principios y narrativas diferentes y/o coincidentes, demandaban el autogobierno político.

Juan E. Delmas se inició en el periodismo colaborando en los periódicos fueristas liberales, *El Bilbaino* (1837) y *El Vascongado* (1840-1841) editados en la imprenta de su padre Nicolas, quien durante la guerra civil carlista editó el periódico esparterista *El Compilador militar de Vizcaya* (1835).

En 1846 J. E. Delmas emprendió su primer proyecto de comunicación gráfica y periodística bajo la tutela empresarial de su padre Nicolas: *Viaje pintoresco por las Provincias Vascongadas. Obra destinada a dar a conocer su historia y sus principales vistas, monumentos y antigüedades etc. en láminas litografiadas copiadas al daguerrotipo y del natural por J. E. D. y acompañadas de texto* (1846). El 1 de abril de 1856, el Gobierno español suspendió la publicación del periódico que editaba, *Boletín de Comercio de Bilbao*. Sin embargo, J. E. Delmas, inmediatamente emprendió la edición del *Irurac bat*, el 26 de junio de 1856. En la editorial del número 1, escrito en castellano y euskera declaraba:

El periódico que hoy nace no militará sistemáticamente bajo ninguna bandera política que tremole en la Península. El Irurac Bat pertenece a su partido, al partido que vive encarnado en la tierra que abarca su nombre, al partido vascongado, mas claro, al Partido Fuerista.

En 1859 se editaba diariamente, con el subtítulo de *Diario político*. Difundía las noticias que vía telegráfica le remitía la agencia Havas de París. Asimismo desde 1856 contribuyó a la difusión y consolidación de un fuerismo político de inspiración liberal, independiente de las opciones partidarias de los partidos estructurados en Madrid. El nuevo partido y concepto político pregonado por Delmas aspiraba a representar los intereses del "País Vascongado". La "política vascongada", el "vascongadismo" representaba un nuevo concepto político teorizado ya en el periódico *Boletín de Comercio* por el alavés Ramón Ortiz de Zarate. La editorial del primer número del *Irurac bat* es un texto de carácter programático, exponente de la elite política que gobernaba las instituciones forales vascas. Además se vislumbra una renovación de las categorías políticas y discursivas que evoca el inicio de una nueva época en la política vasca.

1. Imprentas y auge de los medios de comunicación en Bilbao

Las imprentas de Bilbao en los comienzos del siglo XIX eran las siguientes: Eusebio Larumbe, José Antonio Jáuregui, Pedro Antonio Apraiz, Jose Basozabal y Nicolas Dal Mazzo quien alteró su apellido por Nicolás Delmas. Nicolás llegó a Bilbao procedente de Valladolid en 1816 y fundó en Bilbao una librería e imprenta. La imprenta de Eusebio Larumbe era desde el punto de vista social y político

las más arraigada en la villa. Más adelante se convirtió en la imprenta de los tradicionalistas y en 1860 editaba el periódico *Euscalduna*.

En Bilbao es preciso reseñar, que por la misma época de su llegada se había consolidado un centro de producción cultural y de literatura popular: el convento de San Francisco. En este convento se cultivó un tipo de ideología antiliberal, desde una cosmovisión de defensa de la tradición. Todos los años editaban versos en euskera, formaban a los misioneros que recorrían las parroquias de Bizkaia e interpretaban los acontecimientos políticos y sociales a la luz del discurso narrativo de la biblia, es decir, los acontecimientos coetáneos los analizaban y explicaban a la luz de la narrativa bíblica. *Antxinako euskaldunen alabantzak* (Las alabanzas de los vascos primigenios) es el texto antológico en el que condensaron una visión histórica de los vascos conectada a la historia sagrada y la historia de la salvación cristiana. Esos versos con sus metáforas y la credibilidad que dimanaban los hechos narrados se han reproducido en la ideología conservadora vasquista hasta los tiempos recientes. El vasquismo literario y las creaciones poéticas coetáneas eran obra de una mujer, Vicenta Moguel y estaba inspirado por José Paulo Ullibarri, el ideólogo del primer vasquismo político, en términos tradicionalistas-absolutistas. Ejerció cargos representativos en Abando (localidad colindante de Bilbao, actualmente asimilada por la villa) en estrecha conexión con los Diputados generales de Bizkaia, durante el período 1823-1833, tal y como se observa en su *gutun liburua* o copiadador de cartas.

Este es el clima social y cultural en el que creció Juan Eustaquio Delmas. En un cuaderno de notas, escribió una suerte de autobiografía en la que narra la llegada de su padre a Bilbao. Además expone el clima social y político que recorría la villa en un tiempo en el que Bilbao era el escenario por excelencia de la división entre liberales y antiliberales tradicionalistas. La guerra civil carlista polarizó a la sociedad bilbaína y en ese contexto se inició el ascenso social y económico de Nicolas Dal Mazzo:

Mi padre italiano, llamado D. Nicolas Dal Mazzo, nacido en Conni (Piamonte, cerca de Milán) vino a España hacia 1798 y detenido en Valladolid donde pensó fundar un establecimiento de librería, se casó con mi madre Doña Teresa García del Cid, natural de Valdenebro, habitante con su familia en Rioseco en 1808, habiendo tenido nueve hijos, siendo yo el menor. No habiendo obtenido el éxito que se esperaba se trasladó a Bilbao en 1809 y aquí estableció una librería e imprenta hacia 1816, después de la expulsión del ejército francés. Con ellas y en pugna con la imprenta de Larrumbe, hombre influyente a la sazón por sus opiniones realistas y ser mi padre mal visto como extranjero atravesó algunos años ocupado de su arte hasta que en 1826 estableció un magnífico café en el piso primero en la casa de la calle del Correro nº propia de la familia de Gortazar, en el que y durante las funciones que se dispensaron a los reyes Fernando VII y su esposa D. Amalia que visitaron a Bilbao en 1828 se dieron los bailes más suntuosos y otras funciones análogas.

No siendo por su temperamento un negocio de este género lo cerró en 1832, dedicándose a su librería e imprenta que nunca había abandonado, a pesar de la competencia que le hacían Larumbe y Jáuregui.

Los sucesos de 1833 en que Larumbe tomó una parte muy activa como que era capitán de granaderos del batallón de voluntarios realistas y lo poco diestro que era Jáuregui en su arte le dejaron más libre el campo de su industria, poco después porque Larumbe se marchó al campo carlista. Liberal mi padre y protegido durante la Guerra civil por el vecindario y las autoridades conservó a aumentar su fortuna, publicando el Boletín Oficial y un periódico titulado el Compilador Vascongado que escribía D. Sotero de Goicoechea.

Nacional de Caballería del piquete de lanceros de milicianos urbanos [...] a su costa y con caballos propios y alimentados por sus dueños, prestó algunos servicios al partido liberal, sobre todo en los sitios que sufrió en 1835-1836.

Terminada la guerra fue nombrado en las Juntas Generales de Guernica impresor del M. N. Y M. L. Señorío de Vizcaya y aumento sus establecimientos considerablemente, alcanzando con ellos grande reputación por la belleza y buen gusto de sus trabajos pudiendo decirse sin lisonja que de su imprenta salían de los más esmerados de España y de pueblos muchos más importantes que Bilbao, del extranjero.

Casado en segundas nupcias en 1843 y no pudiendo yo soportar, hijo solo, este enlace con persona que había estado a mi servicio y que me prometía no pocos disgustos, me marché a París donde seguí estudiando mi carrera de leyes asistiendo a la Sorbona dos años y cursando en el aula de Mr. Villemain al propio tiempo que asistía al Colegio de Louis le Grand.

Me ocupaba también en aprender dibujo de paisaje con Mr. Jules Goignet y litografía en casa de Mr. Coquin y de Engelmam.

Cuatro años pasé en París y al regresar a mi casa, me asocié a mi padre provisto de caudal literato y artístico que él no poseía. Comencé a mejorar su imprenta y a refundir su litografía que por decirlo así no existía y en 1846 ya pudimos dar a luz trabajos muy superiores a cuanto había visto Bilbao, consiguiendo un éxito general, entre ellos el Viaje Pintoresco por las Provincias Vascongadas, de que fui el iniciador y el ejecutor de las láminas, escribiendo también los artículos Guernica y Orduña, que D. Francisco Hormaehce me corrigió en alguna pequeña parte. Esta obra que se suspendió con la entrega por haber sido nombrado Hormaehce cónsul general de España en París, produjo a mi padre un buen caudal.

En realidad, Hormaehce, después de ocupar cargos relevantes en la administración pública foral, inició su carrera en la administración pública del Estado en 1851 y en 1860 fue nombrado cónsul general de París.

Este relato evoca el Bilbao de la primera mitad del siglo XIX y la vida cultural que fluía por las imprentas de la villa. También informa sobre un episodio biográfico que marcó la vida de Juan Eustaquio, lo que provocó su viaje a París.

2. Semblanza biográfica de Juan Eustaquio Delmas

Nació el 20 de septiembre de 1820 en Bilbao, hijo de Nicolás, natural de Rocavillor en el Piamonte, y Teresa García, natural de Valdenebro. Sus primeros estudios los realizó en el Colegio Santiago de Humanidades. Entre sus profesores se hallaban Alberto Lista y Juan Muñoz. Alberto Lista fue el maestro de una generación de jóvenes que se adscribieron al liberalismo. Pero un liberalismo de signo fuerista, es decir, un liberalismo que hacía una lectura liberal acerca de la necesaria continuidad de la administración y la legalidad foral. En suma, el fuerismo era entendido como doctrina que sustentaba el autogobierno y el desarrollo de una administración pública gobernada desde las Juntas Generales. La mayoría de estos jóvenes militaron en el liberalismo durante la guerra civil. Sin embargo el propio Juan Eustaquio cuenta que su amigo Timoteo Loizaga y otros jóvenes se marcharon para alistarse en el bando carlista.

Durante la guerra Nicolás Delmas editó una publicación periódica, titulada *El Bilbaino*. Se trataba de un periódico liberal que defendía la continuación de la administración foral y de las instituciones de autogobierno foral. En este periódico comenzó la carrera periodística de Juan Eustaquio, y continuó en la publicación que le sucedió titulada *El Vascongado*. Este periódico se publicó durante dos años, 1840 y 1841. Se trata desde un punto de vista político e ideológico de una publicación significativa. Desde los principios de un liberalismo moderado destacó por la defensa de las instituciones forales de autogobierno. Su director e ideólogo era Manuel Urioste de la Herran. Cuando el 5 de enero de 1841 se publicó un decreto para derogar el pase foral, es decir, la capacidad de veto que tenían las instituciones representativas forales las Juntas Generales y sus órganos de gobierno, frente a las decisiones del Gobierno de la Monarquía, *El Vascongado* aumentó las críticas a Espartero y al Gobierno central, por la política de modificación de los fueros. Desde esa fecha Bilbao y el periódico *El Vascongado* se convirtieron en los órganos de oposición frontal a Espartero y en uno de los núcleos que orquestaron la octubrada de 1841. Ante la fracaso de la conspiración, el periódico dejó de publicarse. *El Vascongado* fue la escuela de periodismo práctico e ideológico de J. E. Delmas. Tal y como lo relata en sus apuntes, Juan Eustaquio se marchó a París con el fin de iniciar una nueva vida lejos de su padre y con el objetivo de seguir con sus estudios de leyes y desarrollar sus inquietudes artísticas.

En París coincidió con los exiliados carlistas y en concreto trabó amistad con Juan Nepomuceno Orbe Mariaca, hijo de uno de los líderes de la Zamacollada de 1804 y la carlistada de 1833, José María Orbe, marqués de Valdespina. Las tropas carlistas que dirigía Juan Nepomuceno durante el sitio de Bilbao en la siguiente guerra civil carlista fueron las que destruyeron el palacio de Delmas que albergaba una colección de pinturas y una biblioteca única en su género, fruto de

El derecho electoral ya lo ha ejercido, aunque con diversa fortuna en el transcurso de presente siglo: también ha ensayado la revolución. ¿Cuál de estos dos recursos, alternativamente empleados, han dado a España frutos más sazonados, ventajas más positivas, resultados más fecundos? Triste es decirlo, la revolución. Mientras el pueblo no ha impuesto su voluntad soberana a los altos poderes del estado y ha dejado a estos la facultad de constituirlo, ¿qué le han dado? *Mercedes reales* o *cartas otorgadas*, como el despotismo ilustrado de Cea Bermúdez, el estatuto de Martínez de la Rosa y la Constitución de 1845.

[...].

De modo que, al comparar épocas con épocas, cambios con cambios y resultados con resultados, viene a apoderarse completamente de nuestras íntimas convicciones (sic), la única verdad que existe como consecuencia indeclinable de los hechos, a saber: la nación española se debe a sí propia y a nadie más las constituciones libres que el alto precio de la sangre de sus hijos y de tesoros inmensos, ha conquistado, a viva fuerza, del poder y de las tendencias absolutistas de los Reyes.

De estos mismos hechos surge otra reflexión que puede servir de ejemplo a los que nos gobiernan, y de memoria a los gobernados. Hemos tenido que ser revolucionarios por necesidad, por precisión, por conveniencia." *El 15 de Julio. Periódico Político Económico, Literario e Industrial de Valladolid*, núm. 38, jueves 14 de septiembre de 1854, p. 1, cols. 1, 2 y 3.

Este artículo responde, por otra parte, a la forma típica entre el "progresismo levantisco" de la época para justificar un acto, *per se*, tan poco democrático como es llegar al poder no mediante las urnas (totalmente manipuladas, ciertamente) sino por un golpe de fuerza (pronunciamiento) como recurso último.

25 En cierta medida la "solución" del problema vendrá inducida desde el exterior, me refiero a la guerra de Crimea (1854-1856) que corta el suministro "del trigo del mar", que llega a las costas españolas (fundamentalmente catalanas) a través del contrabando, y a precio mucho más bajo el quintal que el trigo de ambas mesetas castellanas.

26 La tesis que se mantiene en Valladolid a la hora de juzgar a los cabecillas de la quema de fábricas harineras es que estamos ante un movimiento obrero ajeno a las esencias del alma castellana. Se presenta como un movimiento espurio inducido desde Madrid y Barcelona.

será una de las constantes tanto para la prensa como de inquietud para las diversas autoridades. Campo abonado para la prensa que podemos denominar genéricamente como democrática (incluida la específicamente obrera), la cual verá aumentados sus efectivos, su influencia e incluso su agresividad. El principal representante de esta tendencia es *La Soberanía Nacional* (Sixto Cámara), *El Eco de la Clase Obrera* (Ramón Simó y Pi y Margall), *El Eco de las Barricadas* (Fernando Garrido), *La Voz del Pueblo* (Roque Barcia), *La Asociación* (Estanislao Figueras), y un largo etcétera de publicaciones de muy corta vida y reducido alcance. Sin duda, el aspecto más destacable desde un punto de vista de la opinión pública es que contamos, por primera vez, con prensa propiamente obrera (*El Eco de la Clase Obrera*) y con las bases para que los grupúsculos socialistas (utópicos), aun con bastante presencia, comiencen a dejar paso a la consolidación de una prensa democrático/republicana con la aparición muy pronto en escena de una nueva generación: "demócratas de cátedra".

Junto a los temas políticos (reforma institucional) y a los acuciantes problemas sociales, la propuesta de Madoz de continuar con la reforma de las estructuras agrarias (desamortización) es el otro de los grandes temas que ocupa a la prensa de la época, tanto a la moderada como a la progresista.

Entre los innumerables periódicos que surgen ahora y algunos de largo recorrido podemos señalar lo siguiente: creación y despegue del gran periódico progresista de la segunda mitad de la centuria, me refiero a *La Iberia* (Calvo Asensio); el declive del periódico progresista de mayor tirada de la década anterior, *El Clamor Público* (en la oposición se vivía mejor); la notable audiencia entre la parroquia carlista de *La Esperanza*. De todas formas, lo que apuntaba anteriormente, pese a estar en una época tan "politizada" y de "hambre por la información política", se alza con el primer puesto de la tirada española *Las Novedades*, desplazando al segundo y tercer lugar a *El Clamor Público* y *La Esperanza*. *La Correspondencia* terminará por arrinconar a *Las Novedades*.

Pese a todo, la prensa moderada cuenta con importantes medios: *La España*, *El Parlamento*, *La Época* (de largo recorrido), etc. Aquí, incluso podemos incluir aquellos, un poco más centrados, que en la etapa siguiente van a ser predominantes: *El Diario Español*, *La Unión Liberal*, etc.

Pasado este momento de ruptura o, mejor, de apertura a una prensa más libre y plural, que supo la tímida presencia de una opinión pública en la vida pública, con la aparición de nuevos universos ganados para la información, pese a todos los vaivenes se van dibujando como cuatro tipos de discursos: Tradicionalista (católico/carlista), moderantista, progresista y democrático, los cuales van contando cada vez con más portavoces y un poco más consolidados; aunque la "consolidación" (estabilidad) siga también en orden decreciente del enumerado;

es decir, mayor estabilidad entre los portavoces carlistas y mínima en el fragmentado mundo democrático/obrero.

1.5. La opinión pública en el deterioro de la imagen y destronamiento de Isabel II

La imagen de Isabel II, en cuanto a popularidad y/o valoración de la opinión pública, pasa por fases bien distintas y diversas, desde servirle de apoyo firme para afianzarse en el trono hasta contribuir decididamente a su destronamiento. Treinta años entre ambas actitudes, pero en general disfrutando de gran popularidad tanto por sus virtudes (populacherismo borbónico) como por sus defectos (vida íntima y *entourage* cortesano).

Durante la minoría de edad, la verdad es que es más un referente que una realidad. El primer momento de popularidad isabelina, que además le sirve para solidarizarse con la madre (regente) y con la reina niña, es paradójicamente durante el durísimo azote del cólera morbo (1834-1835) en que se somete a Isabel y su hermana a un estricto aislamiento por miedo a un posible contagio y consiguiente catástrofe sucesoria. Se generaliza un sentimiento de solidaridad e incluso de cierto igualitarismo —la pandemia amenaza a todo el mundo— así como la evidencia para los sectores liberales (antes que isabelinos) más concienciados, que la desaparición de la heredera pondría el trono en bandeja al pretendiente carlista. Todo es un cúmulo de factores, que se reforzarán con los compradores de bienes desamortizados, para evitar marchas atrás y la derrota del carlismo, después de siete años de durísimos combates y repercusiones negativas en la población la figura de Isabel gana enteros progresivamente; aunque para muchos sea sólo pura estrategia de supervivencia.

Isabel II se hace imprescindible. Las críticas, como en las mejores épocas del despotismo ilustrado, irán contra los que le rodean, comenzando por su madre y padrastro, pero no contra ella. Su proclamación anticipada (aún es una niña de 13 años) como reina (1843) demuestra el que se la utilice (Olózaga) como tabla de salvación y fácil manipulación.

Capítulo aparte merecería, si se dispusiese de espacio, el analizar (primera prensa del corazón) los grandes debates que provoca el casamiento de la reina/niña. Embajadas, conferencias, debates, todo el mundo parece tener derecho a decidir sobre el matrimonio de la reina de España. Las principales potencias europeas (Francia, Prusia o Inglaterra), a todos les preocupa el tipo de alianzas que se puedan establecer. Al final, para contentar teóricamente a todos, menos a las dos hermanas, unas auténticas niñas, se las casa en 1846, no con el heredero del carlismo, Montemolín (como quieren los tradicionalistas de Balmes), no con Fernando de Coburgo (prusiano), etcétera, sino con su primo Francisco de Asís, tampoco

precisamente muy dispuesto al matrimonio. La hermana, Luisa Fernanda, será también sacrificada en aras de compensar la "razón de estado" con el francés Duque de Montpensier. Al final, nadie quedó satisfecho y menos, como se pondrá pronto en evidencia, la joven reina.

Los escándalos de la corte, sobre todo la corrupción financiera a favor de determinados personajes (Duque de Rianxares, Marqués de Salamanca, etc.), será el primer motivo serio de crítica, especialmente desde la izquierda. La política moderada que terminará con la firma del primer Concordato (1851) le acarrea las críticas desde los sectores más a la izquierda y tampoco acaba de gustar incluso a los más recalcitrantes carlistas, porque ven en el documento un afanzamiento en España del régimen liberal y por lo tanto un mayor alejamiento de sus pretendidas posibilidades²⁷. Lo cierto es que a partir de estos momentos la figura de la reina, posiblemente injustamente, se irá vinculando progresivamente con posiciones ultraconservadoras y avaras.

La etapa larga del gobierno de la Unión Liberal (1858-1863) representa un momento de cierto equilibrio. En 1859, estalla la guerra en Marruecos (O'Donnell), la prensa se toma su apoyo como un "acto patriótico", y en ese mismo año nace su primer hijo varón (el futuro Alfonso XII)²⁸. Aquí podemos situar el momento de cambio, hacia la impopularidad y el rechazo, por parte de la opinión pública, de Isabel II tanto como reina como incluso como persona.

El punto de clara inflexión parte de 1863 cuando, tras la caída de O'Donnell, los progresistas que confiaban en ser llamados al gobierno e incluso el sector más abierto del moderantismo es relegado, Isabel II acaba de firmar el comienzo de su fin político. Como sabemos la oposición política aunará esfuerzos. Y su caída se producirá prácticamente sin ningún incidente²⁹.

Junto a las fuerzas políticas, y en muchos casos como meras correas de transmisión de éstas hay que hacer referencia a la labor de zapa de la popularidad e inmediato desprestigio de la reina. Aquí entra en juego un elemento nuevo, una nueva generación, la que podemos denominar como generación de 1868, krausistas o demócratas de cátedra; entre los cuales hay varios catedráticos, casi

27 No sé hasta que punto puede pesar este hecho en el intento de asesinato de la reina, al año siguiente (1852), por el cura Martín Merino, al cual se le presenta oficialmente como "desequilibrado", el cual es ejecutado prácticamente al instante.

28 En 1860 tiene lugar el Tratado de Wad-Ras que no satisface del todo a los sectores más imperialistas. Sin embargo, la popularidad de la reina es aun notable como se pone de evidencia, entre otros ejemplos, en el viaje que realiza por el Alicante, Baleares, Barcelona y Zaragoza. De Baleares, partirá este mismo año el tradicionalista capitán general para intentar sublevar las huestes carlistas, aunque no pasa de S. Carlos de la Rápita.

29 En la denominada pomposamente "batalla" del Puente de Alcolea (septiembre de 1868) hay un solo muerto y se debió a la impericia del soldado/caballero.

todos ellos también periodistas y más de uno futuros presidentes de la I República (Salmerón y Castelar). Periodistas también lo son Figueras y Pi y Margall y toda una larga serie de jóvenes promesas, que han dejado atrás la sensibilidad romántica para aplicarse con santo ardor juvenil a la tarea de cuasi "apostolado laico" del nuevo puritanismo krausista. La nueva ética se casa mal con los chanchullos financieros, los amaños electorales, las arbitrarias designaciones en el terreno político e incluso la poco edificante vida privada de la reina; la cual, pese a que era de dominio público su poco "edificante" vida marital³⁰, no había trascendido al terreno político.

Toda esta serie de factores concurrentes³¹, lo cierto es que cada vez se generalizan las críticas de forma más directa y el antaño respeto y/o consideración a la persona y figura de la reina declinan a pasos agigantados. La cada vez más represiva política gubernamental aleja a los sectores más moderados. El foso podemos decir que se hace insalvable tras la noche de S. Daniel (1865) en que hay víctimas estudiantiles fruto de la reaccionaria (tradicionalista) política del Marqués de Orovio ("oprobio" para la prensa). Ya no es sólo la prensa democrática, en este campo la actuación de Castelar será decisiva (puntilla)³², sino que también la progresista e incluso gran parte de la moderada se sumarán al coro. El recurso a una política duramente represiva, que pone en marcha el otrora periodista "revolucionario" —martillo de moderados— González Bravo, no hace más que adelantar lo ya imparabile: el destronamiento de Isabel II en septiembre de 1868.

Entre los periódicos más destacados de esta etapa hay que hacer referencia, comenzando por los democráticos, a *La Discusión* (Pi y Margall), *El Pueblo* (García Ruiz), *La Democracia* (Castelar)³³; en el otro extremo (tradicionalismo) *La Regeneración*, *El Pensamiento Español* y sobre todo *La Esperanza*. De entre los progresistas destaca *La Iberia* (Sagasta), *La Nación* (Madoz), *El Progreso Constitucional* e incluso la noticiosa *Las Novedades*. En el campo moderado (conservador) juega noticiosa *La Correspondencia de España* (Santa Ana) que se ha convertido en el primer periódico en tirada de España. Otros viejos conocidos son: *El Parlamento*, *El León Español* y la selecta *La Época*. El campo satírico, según se ha apuntado,

30 En este sentido, se ceba especialmente la incisiva prensa satírica, cada vez de forma más abierta; mientras que la carlista, desde la perspectiva de la amoralidad, hará también frecuentes referencias indirectas al asunto.

31 La muerte de O'Donnell (1867) y de Narváez (1868).

32 La publicación, por parte de Castelar del artículo "El Rasgo", en que ponía al descubierto el magno engaño de la opinión pública por parte de Isabel II de "aceptar" poner a la venta los bienes del patrimonio nacional, a cambio "únicamente" de un tercio de su valor (los dos tercios restantes para enjugar la gran deuda hacendística). Castelar pone al descubierto que Isabel II en vez de magnánima es usurera en cuanto pretende vender como "propiedad suya lo que es patrimonio de todos los españoles" y, por lo tanto, ella una simple usufructuaria. El eco y escándalo fue mayúsculo.

33 Periódico que atraerá los rayos del poder (supresión) con motivo de las críticas por la noche de S. Daniel.

se ceba en la persona real, en la medida que la censura le permite burlar los cada vez más estrechos márgenes de actuación: *Gil Blas*, *Jeremías*, *El Cascabel*, etcétera. Tras el triunfo de La Gloriosa este género, y a costa de la reina caída, disfrutará de amplio eco y complicidades.

A modo de recapitulación conclusiva

a) Un reinado muy largo, de grandes cambios y dentro del cual la opinión pública va a desempeñar un papel decisivo. Una opinión favorable será decisiva para la consolidación en el trono y esa misma opinión será factor decisivo para su destronamiento.

b) El primer objetivo será cómo conseguir, partiendo necesariamente — por estrategia más que por convencimiento— del reconocimiento de la libertad de prensa, el control de aquella (ideológico/político) que más puede incidir en la consolidación/subversión del nuevo régimen (liberal) que se trata de levantar prácticamente desde la nada.

c) Los mecanismos que se inventan en este sentido no dejan de ser sibilinos, inteligentes y a la postre eficaces. Se consigue a la larga un cierto control y, posiblemente, un objetivo en principio no previsto, que es la formación de grandes empresas periodísticas y concentradas en Madrid.

d) Los grandes temas de debate en torno al primer septenado son: combate ideológico/político frente al legitimismo /carlista, defensa del proceso nacionalizador/desamortizador, construcción de un nuevo régimen liberal (institucionalización) y hacer frente a la mortífera plaga del cólera morbo, que desata con razón auténtico pánico entre la población, aprovechado por los providencialistas (tradicionalistas) para achacarlo a la cólera divina como “justo castigo” por los pecados cometidos; entre ellos, y en primer lugar, apoyar al liberalismo.

e) A la hora de analizar los discursos, pese a la fragmentación e incluso la existencia de *limes* difíciles de establecer, encontramos como discursos fundamentales cuatro: tradicionalista/carlista, “moderado” (conservador), progresista y democrático. Sin embargo, su peso es muy desigual.

f) Mientras que el preponderante discurso moderado/conservador es el dominante a lo largo de la etapa; sin embargo, la versión progresista, que ocupa el segundo lugar, en momentos (etapa esparterista, bienio progresista) parece desplazar al anterior a un segundo plano; sin embargo, a la postre se tiene que conformar con un segundo puesto. Discurso, cuya característica fundamental (más que grandes diferencias de contenido social) es la legitimación del pronunciamiento revolucionario como método para “devolver el poder al pueblo”, puesto que la vía normal de las elecciones es un camino muerto, por la falsificación del sistema.

g) Los dos discursos extremos y en cierto modo extrasistema —tradicionalista/carlista y democrático/obrerista— cuentan con mayores portavoces de

mayor tirada y audiencia de lo que luego realmente consiguen en la práctica. Bien es verdad, que tampoco contamos con baremos fiables de grados de aceptación, puesto que los resultados electorales sirven de muy poco en este sentido. Ésta será una de las características de la opinión pública en España a lo largo, por lo menos, de todo el siglo XIX. A juzgar por el número de periódicos y tirada estaríamos en un país, fundamentalmente, de tradicionalistas y demócratas/republicanos.

h) La persona de Isabel II pasa, en resumen, por cuatro fases de popularidad claramente muy diferenciadas:

- 1^a) Durante la minoría despierta sentimientos paternos/maternos para el pueblo en general y para las elites liberales es el seguro de continuación del sistema, lo que en otro caso de triunfar el carlismo —la percepción que se tienen en 1836 es que es muy posible—, aparte de probables represalias políticas y dejar de tocar poder, supondría tener que devolver los bienes comprados y sin derecho a “devolución” de lo pagado. Existían precedentes y el dinero obtenido por la desamortización, por otra parte, se está volatilizando en sostener la guerra civil. Isabel II es popular y hasta populachera más allá del polémico (cuestión de alcance internacional) y nefasto matrimonio.
- 2^a) A partir de la firma del Concordato (1851), tan largamente esperado y deseado por parte del liberalismo más conservador, suponía el espaldarazo para su bolsillo (reconocer la desamortización) y conciencia (creyentes). La oposición, y por lo tanto el descrédito para el régimen isabelino, que ella ya encarna, proviene de los dos extremos: del tradicionalismo, puesto que lo considera como una traición del Vaticano en cuanto da un importante espaldarazo de legitimación entre la mayoritaria grey católica al “liberal” régimen isabelino. Por el contrario, los sectores más a la izquierda, desde el progresismo a los sectores más utópicos y reivindicativos (no se olvide que se firma bajo el “ilustrado” régimen de Bravo Murillo) la firma del Concordato, por el hecho en sí (el primero en su género y que servirá de modelo) y por las contraprestaciones que supone, les proporcionará los suficientes argumentos como para que puedan presentar al régimen isabelino como cautivo de los sectores más reaccionarios (la infiltración del carlismo).
- 3^a) La crítica y la pérdida de popularidad de Isabel II se acelera en la década de los sesenta, incluso podríamos precisar más, después de la “victoriosa guerra de Marruecos”. 1863 es el comienzo del fin. Si hasta entonces la prensa satírica se cebaba, más o menos veladamente, sobre la poco edificante vida privada de la reina, a partir de ahora, con la irrupción de la “puritana” generación krausista será toda su política la que se ponga

en solfa, tanto por sectores concienciados (intelectuales, políticos, estudiantes) como por amplias capas, especialmente de sectores urbanos, en dónde los demócratas/republicanos tienen creciente audiencia, a cuya tarea —por razones distintas— contribuyen también los tradicionalistas/carlistas.

- 4ª) Ciertamente Isabel II es destronada por un pronunciamiento militar (el último progresista), tras un remedo de “batalla” (Puente de Alcolea); sin embargo, la batalla de la opinión pública ya la había perdido antes y de forma vertiginosa en los últimos tiempos. Ni el recurso a una especie de “dictadura” de última hora (González Bravo) para tratar de controlar a los medios de comunicación sirve realmente de muy poco. Es el canto de cisne de un sistema/reinado que nació acunado por la opinión pública y se transforma —sacrificando a la reina que lo representa— en un ensayo nuevo: Sexenio revolucionario, en donde la prensa jugará, por primera vez, el papel de auténtico cuarto/primer³⁴.

En definitiva, podemos afirmar que, por primera vez en España, la prensa juega un papel de “cuarto poder”, aunque los mecanismos de control de ésta se halle en manos de los respectivos *establishment* ideológico-económicos.

34 Para este periodo véase Almuiña, Celso (1997): “Prensa y Poder durante el Sexenio Revolucionario”, en *Homenaje a José Altabell*. Madrid, Universidad CEU- San Pablo.

Breves apuntamentos para entender o nacemento do xornalismo en lingua propia

ROSA ANEIROS DÍAZ
XOSÉ LÓPEZ GARCÍA
Consello da Cultura Galega

O nacemento serodio do xornalismo en Galicia (a primeira cabeceira, *El Catón Compostelano*, está datada en Santiago en 1800) provoca que a lingua galega entre tardiamente nos medios de comunicación. A súa presenza é escasa pero marcada por un obxectivo perfectamente delimitado por parte do emisor: condicionar a opinión pública —na súa práctica totalidade analfabeta e galegofalante— nun tempo de profunda controversia social. Para isto, unha das modalidades expresivas máis utilizada nas primeiras tres décadas do século XIX para a escrita en lingua galega foi a fórmula dialogada. A presente comunicación defenderá a configuración destes textos dialogados publicados de seu (un total de once tertulias coñecidas¹) ou insertos na prensa como primeiras empresas periodísticas na nosa lingua. A falta de continuidade no tempo e periodicidade escasa non son óbice para recoñecermos nelas tentativas de comunicación en lingua galega creadas para motivar e condicionar a opinión pública acabada de nacer como tal como

1 En 1820 ve a luz “La tertulia en la Quintana”, “Diálogo entre Dominjos e Farruco sobre administrason de xústicia da súa aldea” e “Sigue la tertulia en la Quintana”. No ano 1836 publicanse “Diálogo en la Alameda de Santiago entre Cristovo, Farruco y Freitoso” (setembro de 1836); “Tertulia de Picaños” (31 de outubro de 1836); “Diálogo segundo en la Alameda de Santiago” (15 de novembro de 1836); “Sigue la Tertulia de Picaños” (15 de decembro de 1836); “Diálogo tercero en la Alameda de Santiago entre los mismos Cristovo, Farruco y el cura consabido” (31 de decembro de 1836); “Parola que houbo entre Goriño, Antelo, Farruco Allende e Antón Téielo a tarde de carta feira d’a outra semana n’a taberna de Cacheiras, relatada ao pé da letra por un urbano que á oeu agachado tras d’unha pipa; ao que viña de camiño” (1836) e “Encuentro y coloquio que tuveron na pontella da Chainasa, cércana a la vila de Noya, gurumete, Pedro de Atanasio e Pepe Alonso, o día 13 de novembro de 1836 en que se nombrou o Auntamento Costitucional” (1837). Posteriormente saíría *La Tertulia de Concheiros*.

herdeira da Constitución de Cádiz de 1812. Nas propias tertulias deféndese a necesidade de achegamento a esa opinión pública, unha opinión pública analfabeta e galegofalante que require de ferramentas propias de comunicación. Baixo a aparencia de verosimilitude e transcripción fidedigna da realidade, atopamos diálogos nos que contertulios ficticios abordan diversos asuntos da vida relixiosa, política e local da época. A pugna liberal-absolutista que sacode a primeira metade do século XIX español está presente nestes textos anónimos que foron escritos para seren lidos en voz alta e contrarrestar así o poder comunicativo dos púlpitos relixiosos nunha sociedade que demandaba cada vez máis protagonismo de seu. A importancia destes diálogos será determinante no fluír da longa historia de presenzas e ausencias da lingua galega nos medios, que se asenta en 1876 co nacemento da primeira cabeceira escrita integramente en galego *O tío Marcos d'a Portela*.

A débeda contraída polos investigadores da comunicación en Galicia con Xosé Ramón Barreiro Fernández é impagable. O seu traballo duro e árido nun terreo ermo como era —segue a ser aínda, pese a algunhas contribucións ben valiosas— a historia das publicacións periódicas en Galicia supón o piar básico para quen queira achegarse aos primeiros chanzos da comunicación no país. O seu profundo coñecemento do século XIX e o tenaz labor investigador polos máis diversos fondos documentais sacou á luz as primeiras cabeceiras impresas propiamente galegas, cunha contribución especial a aquelas que presentan textos na nosa lingua. Así pois, a presente investigación —enmarcada nun proxecto amplo e ambicioso do Consello da Cultura Galega de recuperación dos primeiros textos en galego do século XIX— probablemente non existiría sen Barreiro Fernández. Velaquí a nosa gratitude por abrir camiño e por amosarnos un mundo apaixonante aínda por descubrir, a nosa propia historia da comunicación.

1. O xornalismo en Galicia a inicios do século XIX

A primeira metade do século XIX caracterízase en España pola profunda convulsión política. A guerra contra Napoleón en 1808, a proclamación das diferentes constitucións, a entrada dos cen mil fillos de San Luís e conseguinte restauración monárquica de Fernando VII ou as guerras carlistas foron só algúns dos fitos que deron corpo á encarnizada loita entre absolutistas e liberais, entre os partidarios dos privilexios do Antigo Réxime e os “filósofos” dunha nova estrutura económica e política. O historiador Ramón Villares indica con respecto a Galicia:

O século XIX presenta en Galicia unha fasquía certamente contradictoria que deriva da fonda oposición existente entre a incapacidade da sociedade galega para se modernizar no seu tránsito á época contemporánea e a integración da mesma no sistema económico e político español, historicamente máis desenvolvido. Hai, por tanto, ó longo do século XIX non soamente un decorrer incerto, senón unha longa

andaina histórica de carácter crítico no senso gramscian de que o vello non acaba de morrer — mesmo goza de boa saúde — e o novo non ten azos. Para medrar. Pérdese, para dicilo con verbas de fidalga saudade, a harmonía do Antigo Réxime sen haber unha solución de recambio: o atraso está ó axexo.²

Este é, precisamente, o momento da grande eclosión da prensa en España. As trifulcas políticas provocan a saída de centos de cabeceiras nas que a pugna polo poder se pon de manifesto. Compre indicar que estamos nunha fase preindustrial do xornalismo en que as tiraxes, difusión de exemplares, dispoñibilidade de medios técnicos e de instrumentos de traballo é moi escasa e, non obstante, o grao de penetración na poboación resulta destacable dada a conflitividade dos temas que abordan. En Galicia, a poboación non só tiña a posibilidade de ler as publicacións impresas dentro do noso territorio. Así, coñecemos que aquí se recibían diarios de toda España que chegaban vía marítima ou polos correos de postas. É por iso que cabeceiras editadas en Galicia presentan frecuentemente reproducións de textos de publicacións editadas en Cádiz, Valencia, Madrid e mesmo o estranxeiro.

A primeira cabeceira periódica impresa, *El Catón Compostelano*, aparece en 1800 da man de Francisco María del Valle Inclán. Os acontecementos históricos provocaron que este tímido xurdimento se reforzase coas publicacións creadas para responder á invasión napoleónica do ano 1808 e dar lugar así a unha reacción popular contra os franceses. O primeiro de abril nace en Santiago o *Diario de Santiago*. Na Coruña aparecen o 22 e o 26 de xuño, respectivamente, a *Gazeta de La Coruña* e o *Diario de La Coruña*. Nesa mesma cidade xorde o 23 de setembro o *Telégrafo político y literario de La Coruña*. Todas estas cabeceiras combatían os franceses e estimulaban o pobo á loita con noticias coma o Batallón Literario, os partes de guerra ou os avances do inimigo. Ata 1815 seguirán aparecendo títulos de publicacións periódicas entre as cales salientan *El Sensato*, *El patriota compostelano*, *El Ciudadano por la Constitución*, *Estafeta de Santiago*, *Gazeta Marcial y política de Santiago* e *Los guerrilleros por la religión, la patria y el rey. Diario polémico-religioso de la Coruña*. Destes medios salienta a abnegada submisión a unha causa, absolutista ou liberal, que impregna todos os seus textos. O silencio achegado pola restauración de 1814 prolóngase ata 1820 cando se instaura o Trienio Constitucional. Desta época salienta *El amigo de la nación*, *El conservador constitucional*, o *Diario Constitucional de la Coruña*, *El observador constitucional* ou *El Heráclito español y Demócrito gallego*. Unha nova restrición da liberdade de imprenta estenderase ata a morte de Fernando VII en 1833, en que se produce unha tímida recuperación das cabeceiras periódicas que se irán consolidando na

2 Villares 1984: 139.

década dos corenta, cando sofren unha fonda modificación en formato e contidos que os achegan á prensa tal e como hoxe a concibimos. A saída de *El Idólatra de Galicia* (1841) marcará o inicio desta nova etapa en que os contidos informativos van gañando espazo aos textos doutrinarios, se ben se mantén aínda presente a pegada da opinión. Con todo, a vocación comunicativa e informativa será xa imparable.

2. O papel pioneiro das tertulias

Inevitablemente, a prensa segue o ritmo dos acontecementos históricos e reflicte nas súas páxinas a controversia política do momento, tanto a nivel local como estatal e mesmo internacional. Todas as cabeceiras galegas desta época están redactadas en lingua castelá, se ben nelas xorden esporadicamente textos en galego nos que cómpre reparar atentamente. Estes textos en galego —artigos comunicados, poemas, diálogos, proverbios e frases soltas— teñen unha caracteroloxía propia e unha finalidade ben determinada polos seus promotores. En ningún caso a escolla da lingua resulta aleatoria ou inocente. A inclusión de textos en galego na prensa periódica e, por suposto, aqueles publicados en formato de seu, implican un desexo de aproximación a un público analfabeto, ata ese intre afastado dos medios de comunicación escritos. Nesta ocasión e pola amplitude do tema, centrarémonos no caso das tertulias aparecidas en Galicia nos anos 1820 e 1836 como clara manifestación dunha vontade comunicativa en lingua galega. A análise pormenorizada dos artigos comunicados, frases e mesmo versos soltos é campo para outra investigación pero debemos indicar, como adianto, que o carácter paródico, insultante e directo das misivas abertas, a súa provocación e ousadía manifestada en versos e frases soltas encontran na lingua máis coloquial, retranqueira e satírica o vehículo idóneo para a súa guerra dialéctica. A lingua convértese así nunha ferramenta de achegamento emocional e de apelación directa ao lector-oínte. Podemos concluír que o uso da lingua non vén só determinado pola mofa senón pola apelación directa ao lector e a forzada reprodución da maneira de falar das clases máis baixas.

A relevancia comunicativa das tertulias que nos ocupan e a pegada que deixarán nas manifestacións en galego da prensa posterior, obríganos a reparar polo miúdo nas súas características comunicativas para comprendermos a evolución posterior da presenza do galego nos medios impresos. O seu peso específico, a súa funcionalidade e obxectivos permitirannos comprender a vontade comunicativa dos seus promotores e, por suposto, a súa clara conciencia da operatividade e idoneidade do uso da lingua propia para influír na opinión pública acabada de nacer coa Constitución de Cádiz. Por estas razóns non podemos obviar a súa pegada no longo camiño do xornalismo en Galicia e debemos cualificalos como

manifestacións protoxornalísticas, se así o queremos matizar, das cabeceiras en lingua galega. Neste sentido, optamos por consideralas claramente "as primeiras empresas comunicativas escritas enteiramente en lingua galega", dando unha volta máis ao anunciado xa por Carme Hermida:

Aínda que non publicados en ningún xornal, senón en edicións individuais, cómpre mencionar que nesta época aparecen os primeiros xermolos do que poderíamos considera-la prensa monolingüe en galego: trátase dun conxunto de publicacións que se coñecen como parolas, tertulias ou coloquios. Cabería a posibilidade de considerar efectivamente que estes textos constitúen as primeiras empresas comunicativas escritas enteiramente en lingua galega, e así parece que o fai Barreiro (1991: 310) cando inclúe a Tertulia de Picaños e os Diálogos da Alameda entre a prensa política non periódica do período liberal; así e todo, a súa aparición esporádica, o seu contido e o seu formato, por non seren propios da prensa da época non parecen aconsella-la súa consideración como tales. O propio Barreiro (1991: 332) cando ten que falar do nacemento da prensa en galego, dálle a categoría de primeiro periódico escrito neste idioma ó tío Marcos, agora sen menciona-los diálogos.³

2.1. Antecedentes históricos diálogos

Unha rápida ollada histórica permitiranos sinalar como antecedentes das fórmulas dialogadas en Galicia os traballos do cura de Fruime, Antonio Zernadas de Castro, e do Padre Sarmiento, quen no século precedente empregou o diálogo como fórmula didáctica de aprendizaxe lingüística e relixiosa. Porén, o antecedente máis claro desta modalidade expresiva atópase nos modelos catequéticos dos famosos padres Astete e Ripalda. O catecismo, como fórmula pregunta-resposta de contrastado éxito na formación das persoas parece ter unha influencia decisiva nos promotores destes textos. As tertulias que nos ocupan, publicadas as máis delas en 1820 e 1836, reflicten nas súas páxinas o enfrontamento ideolóxico da época e nelas atoparemos leccións adoutrinadoras de tipo político, relixioso e moral que nos fan entender estes folletos como auténtica propaganda partidaria. Así o manifesta o propio Vilas de "La Tertulia de Picaños" e "Sigue la Tertulia de Picaños" ao recoñecer que "seylle de mamoria á Cartilla nova é á vella, é seylle ó que he fé, que es creer lo que no vimos por que Dios lo ha revelado y la Santa Madre Iglesia asi nos lo enseña, é sey que á Iglesia componse de todos, porque dice á Cartilla que á Iglesia es la Congergacion de los fieles cristianos: pero ha de saber, sr. Abá, que tamen lle creo o que vexó". Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda sinala ao respecto que "Para Vilas, como para miles de campesiños galegos practicamente ata os nosos días, o Astete, memorizado na nenez, era o único texto escrito coñecido, ó único esquema intelectual que lles resultaba familiar" e indica que na Europa

3 Hermida Gullías 1994.

da Ilustración os catecismos se converteron en intermediarios culturais eficaces para divulgar os máis variados saberes xa que "a longa experiencia da Igrexa demostrara que o catecismo era un método pedagóxico idóneo tanto para letrados como para analfabetos, pois, da mesma maneira que estes podían memorizar e assimilar a doutrina cristiá, memorizarían e assimilarían calquera disciplina que se presentase en forma similar"⁴.

Á marxe desta tradición escrita, a tertulia era unha práctica estendida no século XIX en Galicia e España. Se a comezos de século houbo un auxe deste tipo de encontros de carácter político, a finais de século multiplicáronse as tertulias de tipo literario. Barreiro Fernández salienta o carácter das tertulias como condutos para a transmisión das ideas:

[...] Este grupo da Coruña, posiblemente masón reuníase habitualmente nas casas dalgún deles (a prensa infórmanos de reunións na casa de Marcial de Adalid, Pedro de Llano ou na pousada de Valentín de Foronda) ou no café A Esperanza, situado na rúa Real. Este club, verdadeira primeira tertulia patriótica, foi o corazón do liberalismo galego xa que nel se discutían e adoptaban as medidas que logo circulaban por todo o país. Aquí elixiron ou programaron as eleccións os deputados, dos rexedores, dos xuíces. Era aquí onde se outorgaba ou retiraba o apoio a calquera xunta que se constituíse e estamos certos de que os órganos de poder, se querían subsistir na etapa dominada totalmente polos liberais, tiñan que contar co club A Esperanza. [...] Por fin comprenderon que era necesario penetrar noutras capas sociais, conseguir neutraliza-la acción desenvolvida polo clero. Para isto, decidiron facer unha serie de periódicos e publicacións eminentemente populares, por medio dos que lanzaron as súas mensaxes, consignas e moi dosificadamente a nova filosofía liberal. Para manter estes xornais era necesario persoal preparado, capaz de discutir con igualdade e vantaxe ó sector clerical, dono, á súa vez, de varios xornais. Foi así como comprenderon a necesidade de profesionalizar algúns intelectuais.⁵

É mesmo probable que os responsables das tertulias que nos ocupan foran asiduos contertulios liberais, tal e como acontece nos restantes textos da época. Ramón Mariño así o pon de manifesto, ademais de facer unhas interesantes consideracións sobre os seus usos lingüísticos⁶:

[...] dedúcese sen discusión que a meirande parte das colaboracións en galego aparecidas na prensa galega do primeiro XIX procede dos círculos liberais de Santiago e A Coruña. Estes círculos estaban formados por escritores coma Manuel Acuña Malvar, Antonio Benito Fandiño, o catedrático Caamiña e Manuel Pardo de Andrade, por impresores afectos á mesma causa coma Manuel Antonio Rey, José Fermín Campaña y Aguayo, Sebastián Iguereta e José Núñez Castaño. En Ourense publica-

4 Álvarez Ruiz de Ojeda 2001: 56.

5 Barreiro Fernández 1991: 168.

6 Mariño Paz 1998: 387-388.

ron en galego o escritor Pedro Boado e o impresor Juan María Pazos. Podemos aínda precisar un pouco máis cos perfís deste grupo pregaleguista: os que naquel tempo salientaron na publicación de textos en idioma galego foron os escritores Fernández Neira, Fandiño, Pardo de Andrade e Manuel Acuña Malvar (se se confirman as diversas autorías que se lle sospeitan), os impresores Manuel Antonio Rei, José Fermín Campaña y Aguayo e Juan María Pazos e o xornal santiagués chamado *Gaceta Marcial y Política de Santiago*. Tódalas persoas citadas eran intelectuais procedentes da fidalguía ou da burguesía acomodada, é dicir, daqueles sectores sociais que en xeral nos principios do século XIX abandonara o galego como lingua de uso habitual ou estaban en vías de abandonalo. Por tanto, é moi probable que destes escritores do primeiro oitocentos se poida dici-lo mesmo que Emilia Pardo Bazán dixo sobre as figuras do rexurdimento e o seu emprego do galego: que facían propaganda deste idioma pero non o utilizaban adoito na súa vida diaria, que non o falaban os que escribían (cf. Pardo Bazán 1984: 296).

2.2. Os diálogos: a toma de conciencia do papel da opinión pública

As tertulias redactadas en galego en publicacións de seu proliferan en Galicia en 1820 e, particularmente, en 1836, se ben xa antes apareceran na prensa periódica. Os anos non son aleatorios. Ambas as dúas datas resultan claves historicamente porque nelas ostentan o poder os liberais e existe liberdade de imprenta propiciada pola restauración da Carta Magna de Cádiz. O Trienio liberal de 1820 a 1823 permitiu o auxe de diversas publicacións que axiña morrerían coa entrada dos cen mil fillos de San Luís e o correspondente regreso de Fernando VII. A instalación do que se denominou Década Ominosa fixo que o absolutismo volveuse restrinxir todos os dereitos. A morte do monarca favoreceu un novo período de liberdade de imprenta coa terceira reimplantación da Constitución de Cádiz, o 12 de xullo de 1836, o que dará lugar ao esplendor das tertulias en galego nese mesmo ano.

O 9 de febreiro de 1813 aparece o primeiro diálogo en galego na prensa galega. Trátase da "Conversación entre los compadres Bertolo y Mingote" que o autor "transcribiu" para a *Gazeta marcial y política de Santiago*: "hallándome el domingo 31 del pasado tomando el sol en la plaza del hospital, observé una conversación entre dos paisanos, la que procuré retener en mi memoria, y se la copio por si gusta insertarla en su gazeta". Dialogan sobre as eleccións de cóngos e protestan por unha suposta fraude dos representantes electos para Cádiz. Ademais, defenden profundamente a Carta Magna e inciden na necesidade de lela por si mesmos para evitar as terxiversacións dos curas que, dende os pulpitos, fan lecturas nesgadas e malintencionadas do tratado. Cronoloxicamente, o seguinte texto publicado en galego é outra tertulia publicada o xoves 1 de abril de 1813 na *Gazeta Marcial y Política de Santiago*. A explicación do diálogo, como no caso anterior, xustifica o emprego da lingua galega e acentúa a "arresponsabilidade" do

autor con respecto ás valoracións feitas nela ao se tratar dunha conversa escoitada. A entradaña á tertulia indica:

Sr. Redactor de la Gaceta marcial: habiendo salido á fuera de la ciudad, me quadró oír misa ayer domingo en una parroquia distante de aquí a una legua y al salir de élla vi en el atrio un gran corro de labradores y acercándome a ellos observe por un largo rato una acalorada disputa y tenían, con especialidad unos quatro llamados Juan Freiria, Domingo Aguiar, Alberto Bentisca y Pedro Cabreira; y lo que de élla pude retener en mi memoria, se lo copio por si merece insertarse en su periódico á que vivirá agradecido. S.S.S.Q.S.S.M. F.R.A., Santiago 29 de marzo de 1813.

Estas explicacións iniciais, xunto co uso dun galego coloquial, evidencian o desexo do escritor (ou escritores) de dar autenticidade ás conversas, de que os seus contidos cheguen a todos os estratos sociais e de que exista unha identificación do lector (ou oínte) cos personaxes do diálogo.

O diálogo non é, xa que logo, un xénero alleo á prensa periódica. Na propia *Gazeta marcial y política de Santiago* aparecen publicados neses anos un total de once coloquios en castelán⁷. En *Los guerrilleros por la religión, la patria y el rey: O diario-polemico-religioso de la Coruña* de 1813 encontramos tamén un discurso de carácter doutrinal articulado a partir do diálogo entre os “valientes guerrilleros” Mina, Longa, Empecinado, Sánchez Merino, Polemarchepisto, el Frayle “y otros sus compañeros en el exercito de limpiar el sueño español de enemigos extrangeros” que continúa en varios números. Esta ficción dialogada do xornal absolutista coruñés, en que non intercambian informacións senón que constrúen unha única mensaxe a través de intervencións correlativas, sêvelles para atacar aos filósofos (os liberais) e defenderen os valores tradicionais relixiosos, entre eles a Santa Inquisición. No mes de abril de 1813 recuperan a fórmula expresiva do diálogo a través da conversa de Adiaforo, Thoribóde e Philaeto, quen atacan aos liberais afervoadamente.

Á marxe destes diálogos ficcionados que viron a luz insertos na prensa, na época xurdiron tertulias que foron difundidas en folletos propios por autores anónimos. As concorrencias a nivel formal e de contido entre os diálogos publicados en cabeceiras periódicas e os difundidos de seu son numerosas, o que nos

7 *Gazeta marcial y política de Santiago*: “El café” (28 de marzo de 1812); “La Banquilla ó el Obrador de los sastres” (22 de abril de 1812); “El paseo de D. Marcial, Don Honorio y Don Indalecio ó Los verdaderos intereses de Santiago” (9 de abril de 1812); “La tertulia vespertina junto á Santa Susana” (1 de setembro de 1812); “La tertulia consabida” (8 de setembro de 1812); “Coloquio entre el vinculero Don Claudio y su cura don Ciriacó” (20 de febreiro de 1813); “Coloquio entre don Baltasar, el músico Cernica y cierto letrado” (14 de abril de 1813); “Diálogo entre don Comodo y D. Patricio” (10 de agosto de 1813); “Las rancias confabulaciones de la Rúa del Billar” (21-08-1813); “Los ciudadanos menestrales en la Convocatoria editorial” (4 de decembro de 1813); “Por si conviene que el público de lo que pasa, comunicado a V. Un diálogo que días pasados tuvieron dos caballeros D. M. y D. R. En una de las calles de esta ciudad” (21 de agosto de 1813).

permite falar desta modalidade expresiva como un *protoxénero* de notable repercusión e éxito na época. En 1820 ve a luz "La tertulia en la Quintana", "Diálogo entre Dominjos e Farruco sobre administrason de xústicia da súa aldea" e "Sigue la tertulia en la Quintana". No ano 1836 publícanse "Diálogo en la Alameda de Santiago entre Cristovo, Farruco y Freitoso" (setembro de 1836); "Tertulia de Picaños" (31/10/1836); "Diálogo segundo en la Alameda de Santiago" (15 de novembro de 1836); "Sigue la Tertulia de Picaños" (15 de decembro de 1836); "Diálogo tercero en la Alameda de Santiago entre los mismos Cristovo, Farruco y el cura consabido" (31 de decembro de 1836); "Parola que houbo entre Goriño, Antelo, Farruco Allende e Antón Térela a tarde de carta feira d'a outra semana n'a taberna de Cacheiras, relatada ao pé da letra por un urbano que á oeu agachado tras d'unha pipa; ao que viña de camiño" (1836) e "Encuentro y coloquio que tuvieron na pontella da Chainsa, cércana a la vila de Noya, gurumete, Pedro de Atanasio e Pepe Alonso, o día 13 de novembro de 1836 en que se nombrou o Auntamento Costitucional" (1837). Posteriormente saíría "La Tertulia de Concheiros".

3. Análise formal e de contido das tertulias

3.1. Lugar de edición

A práctica totalidade destes diálogos saíron dos prelos composteláns de José María Paredes, de J. Núñez Castaño e de José Fermín Campana y Aguayo. Este último editou a maior parte dos exemplares. A escolla do lugar onde estes textos tiveron a súa área de difusión resulta significativa. Rafael Chacón chega a afirmar que:

Curiosamente é Compostela a cidade donde se produce tal concentración na publicación dos diálogos. Esto fai pensar que o diálogo e en especial o diálogo en lingua *rústica*, léase galego é un xénero non soio culto senón cáseque excrusivamente universitario.⁸

3.2. Formato

As tertulias publicadas en formato independente constituían folletos de oito, doce ou dezaseis páxinas en 8ª (19 x 14 cm) non ligadas a ningunha cabeceira periódica, o que acentuaba o seu carácter anónimo e facilitaba a distribución.

3.3. A autoría dos textos

Todas as tertulias son de carácter anónimo xa que non aparecen asinadas. Non obstante, a súa autoría é unha cuestión que abordaron algúns historiadores como Isidoro Millán González-Pardo ou X. M. Álvarez Blázquez. Estes estudosos

8 Chacón 1986: 349.

coinciden en atribuír os textos a don Manuel Acuña y Malvar pero a falta de datos impídenos sumarnos ás súas hipóteses. Así, e ata que novas informacións nos permitan identificar o creador ou creadores, deberemos seguir falando dunha autoría anónima. Con todo, deles podemos afirmar sen dúbidas a súa pertenza a unha minoría culta que opta por crear ficcións dialogadas a través de personaxes dos extractos máis humildes da sociedade como labregos, estanqueiros ou esterqueiros para se achegar ao seu público obxectivo. A súa condición de persoas letradas e cun alto nivel de estudos resulta indiscutible tanto pola estratexia de comunicación empregada como polo coñecemento da realidade circundante e dos últimos avatares políticos.

3.4. Periodicidade

Certa coincidencia periódica na saída das tertulias e algunhas referencias intertextuais permítennos establecer unha periodicidade na publicación destes textos. Así, os *Diálogos da Alameda* e as *Tertulias de Picaños* non son de publicación simultánea ou esporádica, senón sucesiva e alternante. Esta alternancia provocou que, xunto coa coincidencia da imprenta de Campaña y Aguayo como promotora, algúns teóricos apuntasen unha posible “estratexia de publicación” do autor/autores das tertulias.

Parece que hai unha estratexia de publicación de ámbalas dúas tertulias ou diálogos e o feito de que salvo o primeiro diálogo na Alameda esté impreso na imprenta de Núñez Pazos e tódolos demais na de Campaña cicais signifique algo en canto que os autores delas poidan seren os mesmos.⁹

Esta continuidade no diálogo e as múltiples referencias internas á propia transcendencia social de tertulias anteriores condúcennos a pensar na premeditación dos seus autores en canto á prolongación no tempo da publicación. Esta estratexia perfílase tamén a partir da resposta a comentarios escoitados na rúa pola información publicada en anteriores tertulias e da profundización en temas só iniciados noutros diálogos. Esta característica resulta fundamental para considerarmos estes títulos como protoxornalísticos xa que, malia carecer dunha periodicidade estrita, amosa unha tendencia clara cara á continuidade.

3.5. A construción do relato informativo. A importancia dos personaxes

A construción destas ficcións dialogadas consegue que o lector/oínte teña unha sensación de naturalidade e credibilidade que, en realidade, agocha un coitado minucioso na forma e na dosificación da información. A propia natureza das tertulias preténdese cubrir cun halo de falsa inocencia. En “*Sigue la Tertulia*

9 Chacón 1986: 354.

de Picaños” ofrécese unha reflexión sobre o significado das tertulias. O abade coméntalle a Vilas a súa condición de “filósofo” (cualificativo estendido na época para se referir aos liberais) e Vilas explícalle esa natureza “inocente” dos encontros na súa casa e mesmo a “sorpresa” de que alguén transcribira a súa conversa e a publicara.

A presentación dos personaxes e as descrições das situacións serven de apoio para lograr a atención e a empatía cos protagonistas e coa súa conversa. O uso da fórmula pregunta-resposta outorga unha grande axilidade e un ritmo fluído ao relato e favorece a evolución nos temas e a introdución de novos aspectos e personaxes na conversación. A partir das súas palabras recoñecemos nos personaxes “rústicos” valores como a inocencia, a humildade, a honradez e o “vitimismo” que contrasta coa opulencia, fasto, soberbia e dobre moral que se lles apoñen ás clases dirixentes. Estas características favorecen, xunto co uso dunha lingua en rexistro vulgar, a creación dunha certa empatía e afinidade dos receptores cos contertulios. Se establecemos a arquitectura narrativa do texto esta pódese definir polo modelo clásico de tres partes: presentación, nó e desenlace. No caso das tertulias, a primeira e a terceira parte son moi curtas xa que só se refiren á presentación e despedida dos personaxes que, en moitos casos, resultan verdadeiramente abruptas. A parte intermedia ou nó en que se desenvolve a práctica totalidade da conversa non é lineal senón que presenta diversos puntos de inflexión marcados pola introdución de personaxes novos ou polo cambio do tema de conversa. O dominio dos picos de atención fai dos diálogos uns textos amenos e atractivos para o lector/oínte. En todos os casos, a propia evolución do relato establécese en función do obxectivo final que é o convencemento dos lectores/oíntes da ideoloxía que defenden os autores. A dosificación da información, a negación de supostas mentiras estendidas na opinión pública e o propio perfil dos personaxes vai guiando o receptor cara a unhas crenzas concretas que resultan radicalmente opostas dependendo de se a ideoloxía do promotor é liberal ou absolutista.

3.7. A cuestión lingüística

Dende o punto de vista comunicativo —e sen entrarmos a analizar polo miúdo as súas características morfolóxicas e sintácticas— debemos sinalar a importancia de que estes textos estean escritos en lingua galega.

A produción literaria que apareceu despois de rematado este período bélico en Galicia estaba tematicamente centrada no enfrontamento entre absolutistas e liberais, e nos anos trinta tamén chegou a ela a cuestión carlista. Estas composicións que incluían case sempre, xunto cos inevitables comentarios e reflexións políticas noticias locais de actualidade que suscitaban a discusión, non puideron obter a gracia da publicación durante os períodos de supresión da liberdade de prensa: 1814, 1820 e 1823-1836. O medio en que case que todas elas apareceron publicadas foron o da

prensa e os folletos, que por aqueles anos, así en Galicia coma no resto do Estado Español, cobraron unha grande importancia. Desta maneira nestas angueiras pre-galeguistas os editores e impresores xogaron un papel cando menos tan destacado coma o que lles correspondeu ós escritores.¹⁰

Henrique Monteagudo establece unha periodización da evolución socio-lingüística que ten neste intre a súa primeira etapa. O filólogo denomínoa período de transición que abrangue de 1808 a 1840 e define o uso do galego como un fin puramente instrumental¹¹.

No primeiro período comeza a circulación de impresos en galego, carentes de calquera aspiración de fundar un idioma culto. Trátase de textos de circunstancias, de carácter propagandístico, en que o emprego da lingua ten fins puramente instrumentais. A publicación de escritos en galego é esporádica e irregular, sempre concentrada nos breves períodos de hexemonía liberal (1810-13; 1820-23; 1836-37). A escrita en galego a penas supera o nivel da simple transcripción da fala coloquial, sen pretensións de elevación nin depuración ou transcendencia. Todo isto reflicte unha conciencia do galego como dialecto, ou máis ben, como agregado de dialectos.

Segundo Rafael Chacón, “o uso do idioma neste tipo de publicacións ten connotacións moi especiais xa que non hai unha preocupación específica pola lingua como tal, e si pola divulgación de contidos políticos aproveitando o carácter popular do mesmo”.

Debemos ter en conta que en Galicia a lingua galega permanecera allea ao desenvolvemento da tardía prensa periódica. O primeiro texto escrito en galego é a “Carta recomendada” escrita por Ramón González Senra e publicada na *Gazeta Marcial y Política de Santiago* o 5 de febreiro de 1812. Despois deste caso e moi esporadicamente irán aparecendo artigos soltos en diferentes cabeceiras nos que os autores impostan un personaxe rústico. Por esta razón, a toma de conciencia dos autor/autores que analizamos sobre a importancia de empregar o galego para chegar á práctica totalidade dunha poboación que ten esa lingua como vehículo de comunicación e, ademais carece de alfabetización en castelán, resulta fundamental. Os textos, creados para seren lidos, presentan numerosos riscos de oralidade que reflicten este desexo de chegar doadamente ao receptor. Carballo Calero sinala que os autores galegos de finais do século XVIII e inicios do XIX non trataron “de escribir en galego, sino de hablar en gallego por escrito”¹². Carré Aldao, pola súa banda, indica:

10 Marino Paz 1998: 379.

11 Monteagudo 1999: 343.

12 Neira de Mosquera, Pardo: *O labor lírico ilustrado do cura de Fruime*, Santiago de Compostela, Laiovento, 2002. Cita de Carballo Calero, p. 128 referida a Carballo Calero (1976: 33).

Las pasiones políticas, muy vivas siempre, pero más en épocas de revueltas, utilizaron como gran arma el idioma gallego, por sus condiciones especialísimas para la sátira. Liberales y absolutistas publicaban Diálogos pra ridiculizar a sus enemigos de lo que pueden servir de ejemplo: La Tertulia en la Quintana, Na Portela da Chainsa y otros de los cuales no es raro ver publicados algunos hasta en los Boletines oficiales de la Provincia.¹³

Compre salientar, ademais, a introdución de personaxes castelanfalantes como elemento paródico ou, pola contra, como elemento culto. Así, existen personaxes como os cregos que usan a lingua castelá como efecto distanciador e como mostra evidente da súa formación. Por outra banda, aparecen tamén contertulios que empregan un castelán cheo de incorreccións e galeguismos, o que pon de manifesto a súa ignorancia e serve, desta maneira, para ridiculizalos. Para Chacón, atopámonos nunha situación de *sexquilingüismo*, é dicir, de mutua comprensión que provoca que cada un fale na súa lingua, o que serve para caracterizar a cada un dos personaxes participantes. A lectura de textos e as predicacións dos cregos son en castelán porque reproducen escritos que, evidentemente, estaban en lingua allea. Para este investigador

[...] o conflicto ideolóxico prodúcese desde o castelán e deste esta perspectiva é asumido ou denostado polas xentes que falan galego. O galego non serve aquí para producir ideoloxía, senón pra recibila e reproducila nunha suposta cataquese donde persoas cultas van desvelando os misterios da nova ou vella situación a xentes ignorantes ou pretendidamente ignorantes, que agradecen as ensinanzas.¹⁴

3.8. A conciencia da influencia na opinión pública

A conciencia manifesta dos contertulios de que coas súas parolas están a crear opinión na cidadanía resulta salientable en todas as tertulias e o elemento fundamental que incline a balanza de cara a entendermos estas manifestacións como primeiros piares da prensa en galego. Os comentarios arredor da importancia das súas palabras escritas son recorrentes e están cargados de orientación propagandística. Son habituais, tamén, os engádegos ás informacións aparecidas nos *boletíns* da época polo que, podemos afirmar, estas tertulias xogan a miúdo un papel de contrainformación das publicacións oficiais e dos púlpitos. A suxestión de crear un diario que satisfaga as necesidades informativas da xente e a propia reflexión sobre o efecto das publicacións no público dannos conta dos claros obxectivos comunicativos dos promotores e da súa teima por favorecer a instrución do pobo. En "Sigue la Tertulia en la Quintana", Alberte rise de que alguén lle amosou un *deáreo* no que aparecen as súas palabras da Procesión de Corpus e das

13 Carré Aldao 1903: 24.

14 Chacón 1986: 355.

elucubracións sobre a suposta autoría do mesmo. Andruco defende a súa "capacidade" para crear opinión, malia a súa humildade e, como mostra de pensamento ilustrado, reafirma a liberdade dos cidadáns para se expresar aínda que carezan de formación académica.

A mesma defensa da "capacidade" para escribir un diario que fai Andruco en "Sigue la Tertulia en la Quintana" repetirase no "Diálogo en la Alameda de Santiago" de 1836. Cristobo anuncia a saída dun novo *deáreo* e os contertulios gaban as vantaxes da liberdade de prensa existente nese momento. Con todo, a tertulia máis importante dende o punto de vista da reflexión do labor xornalístico e da opinión pública é o "Diálogo segundo en la Alameda de Santiago". Aquí dialogan sobre a necesidade de transmitir información á xente e de publicar un diario que contrarreste a información divulgada dende os púlpitos, ademais da xa reiterada cuestión do efecto da tertulia anterior. O máis significativo quizais é que o gran defensor dun novo medio de comunicación é un cura.

O carácter ilustrado deste crego queda de manifesto ao avogar pola necesidade de aprender a todos os sectores sociais, especialmente a aqueles que tradicionalmente foron afastados da formación.

Cur. Pues amigos, eso era de lo mejor que podian hacer, no digo ya los liberales en particular, sino el mismo Gobierno: un papel público en cada Provincia, destinado solo a instruir al pueblo, es decir, á los paysanos ó labradores, á los menestrales, á todos aquellos en fin á quienes no es posible que lo hagan de otro modo, es necesario. Es indispensable en todo Gobierno libre que quiera consolidarse, y mucho mas en nuestra España: por que amigos, es preciso confesar que no somos mas felices por no ser mas instruidos, y que el germen de nuestra desgracia está en nuestra supina ignorancia.

O cura é consciente da importancia da opinión pública, termo que chega a citar como equivalente de pobo, como motor dos cambios sociais e, por iso, insiste na necesidade de tela informada cun novo medio. Debemos subliñar o feito de que o cura asuma o analfabetismo da poboación como unha eiva aínda non superada e proclame a necesidade de que o novo semanario sexa lido en voz alta por persoas letradas para o común dos receptores. Esta reflexión pon de manifesto a consciencia dos autores destes textos do relevante papel que compren as tertulias na opinión pública, tal e como vimos sinalando ao longo do estudo. Non se trata de tertulias descoidadas ou inocentes senón que teñen un profundo traballo de reflexión sobre as necesidades e características do público receptor.

Cur. Yo les fui Frayle, amigos, la opinión publica, ó el pueblo que es lo mismo, conociendo nuestra inutilidad y los perjuicios que causabamos reunidos, nos hizo volver á la sociedad, de donde no debiamos haber salido. Con mi pensión y alguna cosita mas que uno se agencia se va viviendo, sino tambien y con las cómodas superfluida-

des que antes, al menos con mas quietud y sin tanto escandalo; hablo esto, por que asi cuanto yo les diga no les podrá parecer sospechoso, ya por que deben suponerme instruído en lo que les diré, é ya por que hablaré contra mi mesmo. Nada mejor, como digo antes, que un periodico destinado á desasnar ciertas gentes ignorantes de las cosas mas necesarias: este periodico semanario, leído por los Curas y Jueces (no una ni dos veces solas) al pueblo, mientras que este no sabe leer y escribir como debe todo ciudadano Español segun lo prescribe sabiamente un articulo del Código fundamental, es lo indispensable para que el Gobierno lleque á un estado en que pueda ir trabajando en la felicidad de esta nacion tan digna de serlo.

Bartolo apunta que existe xa algo parecido ao que el demanda, o Boletín que os abades len despois da misa, e o cura críticoa porque o considera inútil xa que non emprega unha linguaxe que o pobo poida entender. Incluí, ademais, uns apuntamentos sobre o que el considera un medio de comunicación útil para o pobo e mesmo indica os contidos que debería ter. Sinalan a necesidade de incluír explicacións sobre temas que afectan á vida do cidadán como a política ou a economía doméstica de xeito que sexan intelixibles para todos. Esta definición do periódico ten un notable relevo porque amosa o criterio xornalístico dos autores e a modernidade do seu pensamento a nivel comunicativo.

Cur. Ya se, ya, que tienen el Bolatin, pero díganme ¿que instrucción sacan de su lectura? Ninguna es lo mismo que si les habláran en griego. Los Boletines oficiales es una prueba irrecusable de nuestra trastornada administracion: ¡tres pliegos de papel cada semana embadurnados solo con ordenes, contraordenes, leyes, ampliaciones, restricciones!!! ¿quien será el dichoso que se forme una idea justa de nuestra legislacion?

Farr. Fála ben, meu Señor, que do Bolatin non lle sacamos mais nada en limpio que os cartos que nos custa.

Cur. El papel que yo digo seria destinado, un día á esplicar un principio de moral, ó de deberes del hombre en sociedad; otro dia de política, inteligible á todos; otro de economías domesticas; otro de adelantos en la agricultura; y asi de todos los ramos indispensables á la prosperidad de una Nacion, porque nosotros ¡gracias al Señor! De todo tenemos suma falta. El otro dia dijo Farruco que con las excomuniones del Pápa se les pone miedo á los sencillos y timoratos paysanos; es una verdad, que este es el cóco con que intentan los carlistas atemorizar á los tontos y desvirtuar de este modo al Gobierno: ahora pues ¿que cosa mejor que un articulo presentando al pueblo egemplos de muchos Reyes que refrenaron la osadía de Roma cuando se metió en lo que no le pertenecia?

3.9. Temáticas

Os temas abordados nas conversas resultan coincidentes. A Inquisición, a desamortización, a Carta Magna, as eleccións, a loita liberal-absolutista, a Igrexa, a monarquía ou o poder da curia aparecen reiteradamente ao longo dos diálogos,

ben sexa para criticalos ou para loalos, dependendo da tendencia ideolóxica da tertulia. Non obstante, aínda que os temas dos que estean a falar sexan os trabucos, a Universidade, a Inquisición, a monarquía, a composición do Concello ou as eleccións a cóengos, a loita entre os partidos antagónicos dese momento histórico mantense como pano de fondo. Así, poderíamos cualificar a pugna liberal-absolutista como a cuestión transversal que percorre todas as conversas. A oposición frontal de ambas as dúas ideoloxías plásmase en asuntos políticos concretos pero tamén nun nivel máis abstracto e teórico.

3.10. Dous casos significativos: a “Parola de Cacheiras” e “La Tertulia de Concheiros”

“La Tertulia de Concheiros” e, particularmente, a “Parola de Cacheiras” constitúen a excepción que confirma a regra en canto á motivación de saída destas tertulias, ao defenderen ideais políticos manifestamente absolutistas. Ambas as dúas resultan posteriores no tempo ás outras, o que nos indica que o autor/ autores destas obras coñecían xa estas tertulias liberais e consideraron a posibilidade de responder aos seus opoñentes políticos coas súas mesmas “armas comunicativas”: creando outros diálogos que, iguais en forma pero radicalmente diferentes no fondo, divulgasen o seu ideario reaccionario. Esta presuposición inicial permítenos comprender por qué o autor/autores recorreron a este tipo de textos cun afán contestatario e, á vez, didáctico. A censura dos valores constitucionais e liberais, así e como a defensa da lei sálica, a negación da capacidade da muller para asumir postos de responsabilidade política, unha profunda fe relixiosa ou a crítica á libertinaxe que domina o mundo poñen de manifesto a afinidade dos autores co bando absolutista.

3.11. A finalidades das tertulias. A modo de conclusión

A vontade de transmisión de coñecemento dende unha óptica ilustrada queda patente nas palabras do cura do “Diálogo segundo en la Alameda de Santiago”, que pode resumir perfectamente a finalidade divulgativa das demais tertulias. El propón o nacemento dun diario que debe ser lido publicamente por persoas letradas namentres o resto da poboación non aprenda a ler, tal e como recolle a Constitución. Este labor, en certa maneira, estano realizando as propias tertulias. Trátase, pois, da primeira reflexión que, dende o punto do labor comunicativo, se realiza nun texto en galego. Así, aínda que o discurso creado sexa posto en boca dun cura que fala en castelán, o contexto comunicativo en lingua galega e os destinatarios aos que vai dirixido permítennos entendelo como unha defensa acérrima do valor de divulgación dos medios de comunicación impresos entre os cidadáns que vén da man da lingua propia.

O sacerdote do “Diálogo segundo en la Alameda de Santiago”, insiste en que a maior desgraza dos tempos coetáneos é a ignorancia, tal e como defendían os ilustrados e propon a difusión dun medio de comunicación que permita á poboación evitar tal eiva. Fai fincapé na necesidade de que a poboación entenda o que se lle di cunha linguaxe clara e axeitada ao seu perfil educacional. Cando o cura liberal realiza tales afirmacións podemos entender a vontade coa que os autores anónimos escriben estas tertulias e como, tanto o uso do galego coloquial como a transición de temas ou a súa proximidade xeográfica, son cuestións nada aleatorias e si produtos dunha interesante reflexión previa por parte dos autores. As denuncias das atrocidades absolutistas, dos abusos de poder de clérigos e letrados, das alteracións dos votos a cargos públicos, e dos funcionarios que mudaron de bando e disfrazaron o seu carlismo en aparente amor á Constitución resultan recorrentes. Os exemplos de inxustiza supoñen unha arma de convencemento para os oíntes e cada caso concreto de denuncia disfraza a grande arenga política que subxace ao relato. A “arresponsabilidade” na autoría das tertulias e o seu carácter inocente —lembremos que en todos os diálogos aparece unha referencia á sorpresa dos contertulios porque os textos son transcritos e publicados— afonda na vontade de verosimilitude dos autores.

As bondades da Constitución e as supostas barbaridades acometidas polos carlistas decantan a balanza moral a favor dos liberais nun tempo no que a pugna liberal-absolutista por obter o favor popular resultaba encarnizada. Debemos ter en conta que gran parte da poboación era analfabeta e a única información que recibía cinguíase ás arengas dos púlpitos dende os que se proclamaba a libertinaxe e irrelixiosidade dos liberais. Para contrarrestar este “dominio comunicativo absolutista”, os liberais recorreron a estas tertulias nas que se enxalza a pureza ideolóxica dos constitucionais e a busca dunha sociedade máis xusta na que se palíen as desigualdades entre os diferentes sectores sociais herdeiros do Antigo Réxime e que, na sociedade galega, non acaba de morrer.

As tertulias galegas dos anos 1820 e 1836 non só se redactaban coa finalidade dunha lectura colectiva senón que pretendían fomentar as conversas na rúa. Recollen así o legado de trovadores, cegos, *nouvellistas* e *gazettiers* que, en séculos precedentes, fixeran circular oralmente as noticias por Europa xunto aos primeiros impresos de índole informativa, entre eles os avisos, relacións, ocasionais, papeis soltos e gazetas. Estes diálogos escritos, ademais de informar, fomentan a discusión política, o que nos leva novamente a afirmar que a estratexia de comunicación dos seus promotores é non só premeditada senón produto dunha intelixente reflexión sobre o poder da comunicación na sociedade incipiente.

O legado destes textos protoxornalísticos do primeiro terzo do século XIX será herdado corenta anos despois pola primeira gran cabeceira escrita en galego:

O Tío Marcos d'a Portela. En 1876 Valentín Lamas Carvajal decidiu publicar un semanario na nosa lingua que recollese a fonda tradición popular oral e estableceu os seus contidos a partir de parrafeos cos que pensaba chegar máis doadamente ao seu público obxectivo. A creación dun personaxe, o *Tío Marcos*; o carácter dialóxico ou o emprego da lingua galega son algunhas das características que, nunha primeira aproximación, amosan a pegada das tertulias galegas dos anos 1820 e 1836. Non só *O Tío Marcos d'a Portela*. Carme Hermida¹⁵ vén sinalar como outras aproximacións a unha prensa en lingua propia coetáneas ou inmediatamente posteriores a *O Tío Marcos d'a Portela* o caso de *A Fuliada* (Betanzos, 1883), *O Galiciano* (Pontevedra, 1884-1886), *A Gaita Gallega* (A Habana, 1885-1889), *Galicia. Ciencias, artes e literatura* (Ferrol, 1885), *A Fuliada* (A Coruña, 1887-1888), *O Novo Galiciano* (Pontevedra, 1888-1889), *A Tía Catuxa* (Pontevedra, 1889-1891), *A Monteira* (Lugo, 1889-1890), *O Labrego* (Lugo, 1891-1893), e *As Burgas* (Ourense, 1894-1895). E engade:

Ademais destas publicacións, que podemos afirmar rotundamente que existiron porque delas aínda se conservan exemplares, existen referencias, tanto en textos da época como actuais, doutras cabeceiras que non puidemos certificar que saísen do prelo. Este é o caso de *O Seor Pedro* (Santiago, 1881-1882), *O Vello do Pico Sagro* (Santiago, 1861), *O Pequeno* (Santiago, 1874), *A Tía Canicoba* (Santiago, 1885) e *A Gaita Gallega* (Ferrol, 1881)

Como nova achega podemos dicir que *O vello do Pico sagro* (nos cinco números que puidemos ver de 1860) e *O Seor Pedro* (tres números entre 1855 e 1858: 3, 5 e 6) presentan unha estrutura comunicativa similar ás cabeceiras anteriores e herdeira directa das tertulias dos anos vinte e trinta. Así, reproducen romances en galego próximos á oralidade, sen vontade de construción dun galego literario, que narran o discurso público sobre a situación política do momento, ben da boca do vello, ben da do labrego Pedro, co obxectivo de aleccionar os seus oíntes. Así pois, e recoñecendo o valor dos poemas e fragmentos de prosa literaria presentes na prensa da época ou inmediatamente posterior como formas de consolidación dun galego literario e culto que foi sinalada xa por diversos autores, non podemos menos que destacar o papel que a lingua xogou nestas claras diatribas políticas e na súa vocación propagandística e comunicativa. Os textos dialogados pretenderon achegarse a un público analfabeto a partir da súa lingua e cun sentido claramente adoutrinador, cunha nova explicación do mundo a partir das ideas espalladas pola Constitución. Velaquí, a comunicación.

15 Hermida Gulias 1994: 561.

Bibliografía

- ÁLVAREZ RUIZ DE OJEDA, Victoria: (2001): "O catecismo do labrego: textos e contextos", en *Actas das Xornadas sobre Lamas Carvajal*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, p.56.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (1991): *Galicia. Historia Contemporánea. Política (Século XIX)*, A Coruña, Hércules de Ediciones.
- CARBALLO CALERO, Ricardo (1976): *Prosa Galega. Desde os primeiros oitocentistas ao Grupo Nós*. Cátedra de Lingüística e Literatura galega USC, Vigo, Editorial Galaxia.
- CARBALLO CALERO, Ricardo (1981): *Historia da literatura galega contemporánea 1808-1936*, Vigo, Editorial Galaxia.
- FERNÁNDEZ PULPEIRO, Juan Carlos (1981): *Apuntes para la historia de la prensa del siglo XIX en Galicia*, A Coruña, Edicións do Castro.
- CARRÉ ALDAO, Eugenio (1903): *La literatura gallega en el siglo XIX*, A Coruña, Librería Regional de Carré.
- CHACÓN, Rafael (1986): "Os primeiros textos en prosa. Tres novos textos", *Grial*, 93.
- DOBARRO PAZ, Xosé María (1988): "Prensa e Literatura galega no século XIX", en VV.AA.: *A nosa literatura: Unha interpretación para hoxe*, A Coruña, Alexandre Bóveda.
- HERMIDA GULÍAS, Carme (1994): "Contribución á historia do galego nos medios de comunicación. A prensa no século XIX", *A Trabe de Ouro*, 20, T. IV, Ano V (outubro-décembro).
- LÓPEZ, Xosé (coord.) (2000): *El Catón Compostelano. Estudos*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- MARINO PAZ, Ramón (1998): *Historia da lingua galega*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.
- MONTEAGUDO, Henrique (1999): *Historia social da lingua galega. Idioma, sociedade e cultura a través do tempo*, Vigo, Editorial Galaxia.
- MORALES MUÑOZ, Manuel (1990): *Los catecismos en la España del siglo XIX*, Málaga, Universidad de Málaga.
- ODRIOZOLA, Antonio e BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (1991): *Historia de la imprenta en Galicia*, A Coruña, Galicia Ediciones.
- SÁIZ, María Dolores (1983): *Historia del periodismo en España*, vol. 1: Los orígenes. El siglo XVIII, vol. 2: El siglo XIX, Madrid, Alianza Universidad Textos.
- SANTOS GAYOSO, Enrique (1990): *Historia de la prensa gallega, 1800-1986*, Sada, Cuadernos do Seminario de Sargadelos, Edicións do Castro.
- SOTO Y FREIRE, Manuel (1982): *La imprenta en Galicia*, Vigo, Edición Círculo de las Artes.
- VILLARES, Ramón (1984): *Historia de Galicia*, Vigo, Editorial Galaxia.

O progresismo provincialista galego a través de *La Oliva* (1856-1857)¹

JUSTO BERAMENDI
Universidade de Santiago de Compostela

Como é ben sabido, no período isabelino as diferentes opcións políticas non se relacionaban coa sociedade e co Estado mediante estruturas partidarias estables, con organigramas complexos e afiliación regulamentada como acontecerá dende finais do século XIX e sobre todo no século XX, senón que consistían basicamente en redes de pequenos grupos locais unidos laxamente entre si e coa “dirección” de Madrid, ben por unha afinidade ideolóxica relativamente estable, ben por ambicións conxunturais. Á parte da participación en eleccións, conspiracións ou pronunciamentos, o seu instrumento principal de acción continua era a prensa. De aquí que a análise das publicacións periódicas sexa un medio decisivo para o estudo dos partidos da época.

Como xa se ten dito moitas veces² os progresistas amosan en Galicia unha peculiaridade de grande interese: do seu seo nace, a partir dos anos 1840-1846, o galeguismo político en forma de provincialismo encarnado nun sector minoritario dese progresismo así como nun número moito menor de demócratas, moderados e tradicionalistas. O obxecto do presente traballo é estudar a primeira etapa dun periódico, *La Oliva*, que sempre tivo moita sona na historiografía galega polo

1 Este traballo encádrase nos proxectos de investigación *La nacionalización española en Galicia 1808-1874* (Ministerio de Educación y Ciencia, HUM2006-10999) e *A nacionalización española en Galicia no século XIX* (Xunta de Galicia, PGIDT06PXIB210051PR).

2 Sobre o provincialismo galego e a súa relación co progresismo español véxase Barreiro Fernández, Xosé Ramón (1977): *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*, Santiago de Compostela, Pico Sacro; e Beramendi, Justo (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, caps. II e III.

seu atribuído carácter de punta de lanza, xunto co coruñés *El Clamor de Galicia* de Benito Vicetto, do nacente galeguismo político nos tempos do chamado bienio progresista. Amén de considerar os aspectos propiamente periodísticos, procuraremos establecer, mediante a análise dos seus contidos, en qué doses se combinan nas súas páxinas o progresismo español e o provincialismo galego e isto como contribución puntual ó proxecto de investigación en marcha sobre a natureza, a intensidade e os ritmos da construción da nación española na Galicia do século XIX e sobre a relación deste *nation-building* coa súa incipiente alternativa en clave galeguista.

1. O marco histórico

*La Oliva*³ aparece, como veremos, en xaneiro de 1856 e deixa de publicarse en abril de 1857. Terá continuidade despois baixo o nome de *El Miño*⁴, denominación coa que conseguirá atravesar o resto do período isabelino. Recuperará a cabeceira orixinal o 10 de outubro de 1868, aproveitando a maior liberdade de prensa instaurada pola Gloriosa. As turbulencias da I República traerán consigo a súa definitiva desaparición o 10 de abril de 1873. Tanto *El Miño* como a segunda *Oliva* continuarán a numeración do seu predecesor como sinal de que sempre foi a mesma empresa periodística.

A corta vida da súa primeira etapa coincide, pois, co tramo final do chamado bienio progresista e coa reacción de unionistas e moderados que será precisamente a que acabará con ela. Pero para entendermos ben os actores políticos que inciden na súa traxectoria e nas súas actitudes convén que nos remontemos algo máis atrás, concretamente a xullo de 1854, cando se producen os feitos que pasaron á historia como a Vicalvarada.

Á altura de 1853, a chamada década moderada daba claros sinais de esgotamento. As continuas interferencias da raiña e o seu círculo próximo e as ambicións persoais dos diversos notables do partido moderado acabaron dividindo este en numerosas fraccións ás veces tan irreconciliables entre si como cos progresistas. O 19 de setembro, na enésima crise de goberno, Isabel II elevou á xefatura do goberno a Luis José Sartorius, conde de San Luis e cabeza dunha desas fraccións, coñecida como os *polacos*. Considerado indigno de tal honor pola maioría dos baróns e xenerais moderados, San Luis fracasou nos seus primeiros intentos de

3 Manifesto aquí o meu agradecemento a Xosé Luis Franco Grande, quen hai anos me enviou unha copia da colección completa desta primeira *Oliva*, que estaba perdida e el atopou en Vigo.

4 *El Miño. Periódico de comercio y de intereses generales* (Vigo, 1 de outubro de 1857 - 1 de outubro de 1868). Segundo Manuel Soto Freire (*A imprenta en Galicia* [1868], ed. de Xosé Ramón Barreiro Fernández, Lugo. Círculo das Artes, 1982, p. 122-123) na súa primeira plana campeaba o lema "Todo por Galicia, todo para Galicia", claramente provincialista, lema que por certo non aparece na primeira etapa de *La Oliva*, en contra do que din algúns autores.

atraer aos seus correligionarios rivais ofrecéndolles cargos, que foron rexeitados, e levantando o desterro de Narváez. Esta pertinacia na animadversión dos seus teóricos compañeiros de partido levouno a emprender a política contraria que desembocou na suspensión das Cortes o 10 de decembro, o traslado de xenerais desafectos a destinos moi afastados de Madrid e mandamentos de prisión de progresistas, demócratas e mesmo algúns moderados. Coma sempre, moitos conseguiron escapar da cadea exiliándose antes, como os ex-provincialistas galegos Rúa Figueroa e Romero Ortiz.

A resposta dos moderados non *polacos* estaba cantada: a conspiración preparatoria dun pronunciamento. Esta iníciase en xuño de 1854, encabezada polo xeneral O'Donnell, quen por fin consegue o día 28 xuntar tropas suficientes para alzarse nas aforas de Madrid. O primeiro enfrontamento coas forzas gobernamentais tivo lugar o día 30 en Vicálvaro, quedando a cousa en táboas. A actitude inicial do pobo de Madrid e dos progresistas ante estes feitos foi de indiferenza por coidalos un preito entre moderados. O'Donnell e os seus comprenderon que o levantamento fracasaría se non conseguían o apoio da esquerda liberal. De aquí que, mentres manobrava coas súas tropas desprazándose cara a Aranjuez primeiro e a Manzanares despois, empezasen a introducir nas súas proclamas frases que soasen ben nos ouvidos progresistas (por exemplo, "asegurar la verdad del sistema representativo"). Este cambio de rumbo culminou no chamado manifesto de Manzanares, redactado por Antonio Cánovas del Castillo, no que se enxalzaba "la voluntad nacional" e se prometía "la práctica rigurosa de las leyes fundamentales, mejorándolas, sobre todo la electoral y la de imprenta", e se resucitaba a Milicia Nacional, entre outras cousas. Cando o manifesto chegou a Madrid, os progresistas sumáronse ó levantamento, que se estendeu por toda España e triunfou o 17 de xullo coa dimisión do conde de San Luis. Nesas xornadas o noso Eduardo Chao fixo gala unha vez máis do seu combativo activismo dentro da esquerda liberal.

O lóxico era que a raíña entregase o goberno a O'Donnell, pero, aconsellada pola súa nai, fixo a típica raposería borbónica, e chamou a Espartero, o grande icono progresista, que deste modo resucitou politicamente case sen comelo nin bebelo. E así, o que empezara como un movemento de remodelación moderada acabou aparentemente como un triunfo progresista, como o desquite do seu desprazamento do poder polos moderados en 1843-1844. Pero a mazá da discordia estaba servida de entrada na heteroxénea mesa dos vencedores de 1854.

Logo da triunfal entrada de Espartero en Madrid o 28 de xullo formouse, presidido por este e con O'Donnell no ministerio da Guerra, un goberno mixto de progresistas e moderados non *polacos*, que convocou eleccións a Cortes constituintes unicamerais. Na preparación deses comicios naceu un novo partido, a

Unión Liberal, conxunción da dereita do progresismo e da esquerda do moderantismo, que conseguiu unha clara maioría parlamentaria, fronte a uns cincuenta progresistas puros ou esparteristas, uns poucos demócratas e outros poucos moderados non unionistas.

Non é cousa de repetir aquí a coñecida lexislación modernizadora deste bienio nin os avatares dunha dinámica política condicionada pola tensión entre unionistas e esparteristas, apoiados aqueles pola maioría da xerarquía militar e estes pola renacida Milicia Nacional, que protagonizou máis dun disturbio en numerosas cidades. Nun segundo plano, pero tamén activos, carlistas por un lado e demócratas republicanizantes polo outro facían a súa achega á inestabilidade do sistema. Sinalaremos unicamente, pola relación directa co noso obxecto, que, como era de esperar, foi suspendida a aplicación da lei de imprenta dos moderados, lei que, entre outras cousas, restrinxira a prensa política pola vía de esixir ós periódicos deste carácter o depósito previo dunha fianza de contía tal que estaba só ó alcance de moi poucos. Eliminado ese obstáculo, proliferaron cabeceiras de todo signo, pero especialmente as de esquerda, entre elas a que aquí nos ocupa.

O debate constitucional, os enfrontamentos arredor do sistema impositivo, da desamortización, das relacións coa Igrexa e do papel e mesmo da existencia da Milicia Nacional, sumados a unha vaga continua de desordes públicas e levantamentos populares tanto no campo como nas cidades, levaron a situación a un punto tan crítico que en xullo de 1856 a Coroa, sempre inimiga dun sistema liberal auténtico, considerou chegado o momento de dar o golpe de graza a aquela "revolución". Para iso abundaba con aproveitar a rivalidade entre as súas dúas cabezas. Provocando unha de tantas saídas temperamentais de Espartero, esta co gallo da destitución do ministro Escosura, Isabel conseguiu que aquel dimitise o que lle permitiu colocar o 14 de xullo a O'Donnell á cabeza do goberno como quen non quere a cousa.

A rebelión armada da Milicia Nacional en Madrid foi derrotada nun par de días e as Cortes Constituíntes suspendidas antes de que puidesen aprobar a nova Constitución. Empezaba a involución política: disolución da Milicia Nacional e das Cortes, suspensión da venda de bens eclesiásticos e restauración da Constitución de 1845. Unha vez cumprida a súa función de enterrador do que el mesmo iniciara, O'Donnell xa non era necesario, así que a raíña tamén provocou a súa dimisión o 12 de outubro e entregou o goberno nada menos que a Narváez. Como era de esperar, este protagonizou unha auténtica reacción política. E neste marco foi restablecida a Lei de Imprenta de 1845, auténtica mordaza para os periódicos desafectos.

2. Caracteres e avatares do periódico

A aparición de *LA OLIVA. Periódico de Política, Literatura e Intereses Materiales* anunciouse mediante o habitual prospecto, datado o 15 de xaneiro de 1856, que presentaba en público as intencións, a afiliación política progresista e o programa dos seus promotores. Dezaoto días despois, o 2 de febreiro, iniciábase a saída desta cabeceira bisemanal (mércores e sábados) que, polo que sabemos, rematará sen aviso previo co número 134, de 13 de abril de 1857, “suprimido por la autoridad” segundo Soto Freire. Non constan no periódico os nomes do director, nin do propietario nin dos redactores. Só aparece o do editor responsable, José Collazo, a quen sucederá José Paz y Angel.

Non obstante, coñecemos ben os verdadeiros impulsores do novo periódico, que non era senón unha iniciativa dos progresistas “puros” de Vigo e Pontevedra para contar cun potente órgano de expresión fronte ó unionista *Faro de Vigo* e ó moderado *El Restaurador*. En efecto, no grupo promotor, nucleado pola familia Chao, figuraban os dirixentes progresistas provinciais José Ramón Fernández Carballo, fundador e redactor principal, e Atanasio Fontano, secretario do Goberno Civil de Pontevedra, secundados por Miguel Vidal e ós que se sumaron, retornados de Madrid, Alejandro Chao e o impresor Juan Compañel. Detrás estaba a guía e o impulso do omnipresente e hiperactivo Eduardo Chao, en rápida deriva do progresismo á democracia ata o punto de que nas Cortes Constituíntes fora un dos poucos que votara en contra da permanencia de Isabel II no trono, o que o fixo caer en desgraza. Tanto Fernández Carballo como Compañel eran cuñados dos Chao, así que case todo quedaba na familia. En Madrid ficara un mozo Manuel Murguía, do mesmo círculo, que se encargará a distancia de coordinar e alimentar a parte cultural⁵. Todo indica que Murguía, demasiado novo e aínda politicamente inmaduro, era no grupo un colaborador importante pero en absoluto o mentor ideolóxico e nin sequera un igual entre os seus maiores, en contra da apreciación de Soto Freire⁶, quen de seguro tomou por certa a versión posterior do propio Murguía.

Cada número de *La Oliva*, feito na imprenta do mesmo nome sita no núm. 14 da rúa Real de Vigo, constaba de catro páxinas de 40 x 28 cm co texto a tres columnas, agás o espazo reservado á publicidade na última páxina, que podía ir a catro columnas. O prezo variaba segundo os lugares de destino: 5 reais/mes en Vigo e entregado a domicilio; 18 reais/trimestre en España se era por subscrición

5 Soto Freire, Manuel: *Op. cit.*, p. 122; Duran, José Antonio (2000): *Murguía, 1833-1923*, Madrid, Taller de Ediciones J.A. Duran, pp. 77-140; e Barreiro Fernández, Xosé Ramón e Axeitos Xosé Luís (2003): *Cartas a Murguía I*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, pp. 31-58.

6 Segundo este, loc. cit., Murguía “debía ser director, pero causas ajenas a su voluntad le retuvieron en Madrid, desde donde dirigía la parte literaria y escribía el folletín”.

directa e 20 reais se era a través de comisionados; e 30 reais/trimestre en Ultramar.

Como pode verse, a distribución facíase exclusivamente mediante subscripción na propia sede ou nalgún dos numerosos puntos de subscripción, que aparecían enumerados de cando en vez na última páxina. Na primeira destas listas (que logo teñen moi poucas variacións) figuran 32 localidades galegas, 104 do resto de España, e sete do estranxeiro: Buenos Aires, A Habana, Manila, México, París, Porto Rico e Valparaíso. No Anexo I reproducimos os nomes dos "comisionados" de Galicia e América porque, se ben moitos mantiñan relacións puramente comerciais coa empresa editora, outros eran persoas ideoloxicamente afíns ós redactores de *La Oliva*, como pode comprobarse comparando esa lista coa do Anexo II, que recolle as sinaturas que apareceron no periódico. En todo caso, unha nómina tan ampla demostra que a empresa contaba cunha rede de distribución moi tupida para a época, en consonancia coa vocación de modernidade comercial dos seus propietarios, algo que se reflicte tamén na importancia que concedían á publicidade, na teoría e na práctica. Non temos datos certos da tirada pero si un indicador da súa relación coas da competencia, relación moi favorable da que naturalmente se oufanaba *La Oliva*:

La Gaceta publica el estado de lo que pagaron en correos por razón de franqueo los periódicos políticos en el mes de Marzo. Dato curioso que sirve para calcular el núm. de suscritores que tiene cada uno de ellos.

<i>El Coruñés</i>	30 rs.
<i>El Restaurador</i>	87 rs.
<i>Faro de Vigo</i>	30 rs.
<i>La Oliva</i>	210 rs.

Como se ve, LA OLIVA, periódico liberal, paga casi el doble que los tres periódicos juntos de color moderado que se publican en Galicia.⁷

Pero, para calibrar ben o significado destas cifras, convén sinalar que non recollen os exemplares distribuídos no propio Vigo, que se entregaban en man a domicilio. O único que indican, pois, é a clara superioridade da difusión de *La Oliva* fóra da cidade, sobre todo no resto de Galicia. Isto, xunto coa presenza de numerosas informacións referentes a outras cidades, vilas e provincias do país (obtidas precisamente grazas a esa rede de correspondentes), fixo que, sen descooidar a atención á propia cidade, superase claramente o carácter de periódico local e funcionase como un dos primeiros medios de información e opinión a escala galega, algo que corroboraremos ó comentar a súa estrutura temática.

7 Núm. 70, 1 de outubro de 1856, p. 3.

Non obstante, a medida que a situación política foi facéndose máis desfavorable para os progresistas a partir do verán, o periódico foi perdendo lectores mentres que os gañaban os adversarios, especialmente o seu rival máis directo, *Faro de Vigo*⁸. En cambio, a dura persecución iniciada por Narváez no outono parece provocar unha reacción de solidariedade porque, malia a merma obrigada das informacións e opinións políticas, recuperou a cota de partida e volveu distanciarse dos seus competidores⁹.

Pero este devalo non foi o maior dos problemas a que tivo que enfrontarse *La Oliva* dende finais de ano. Como vimos, a involución política implicou, entre outras cosas, o retorno á lei de imprenta dos moderados. Sen posibilidades de reunir a enorme fianza esixida, a publicación tivo que renunciar ó seu carácter político e pasou a subtitularse *Periódico de Literatura e Intereses Materiales* dende o núm. 88 de 3 de decembro¹⁰, número no que tamén cambiou o pé de imprenta pois, no canto de Imp. *La Oliva*, aparecía Imp. de D. Juan Compañel, sen que cambiase o enderezo. Isto indica que Compañel, un dos grandes impresores do rexurdimento galego, se fixo coa propiedade plena do establecemento, dende o que editará *El Miño*.

Dous meses despois (núm. 106, 4 de febreiro de 1857), *La Oliva* cambiou de novo o subtítulo polo de *Periódico de Galicia*, sen dar explicación ningunha. Este cambio coincidiu co aumento da periodicidade a trisemanal (martes, xoves e sábados) e a introdución dunha sección cultural nova, a "Floresta Científica e Literaria", despois "Floresta Universal", nun van intento de superar unha situación xa desesperada pola persecución sistemática que viña padecendo por parte das novas autoridades políticas.

Esta persecución iniciárase xa no verán, pouco despois da saída dos progresistas do goberno e continuou intermitentemente nos meses seguintes¹¹. En setembro, o fiscal, alegando inxurias ó Exército, intentou multala con 1.500 rs. e pediu catro meses de prisión para o editor, pero o gobernador civil negouse. Non obstante, o alcalde de Vigo prohibiu a súa distribución. Naturalmente, as cousas

8 A relación de franqueos do mes de setembro, que *La Oliva* tamén publica (núm. 80, 5 de novembro de 1856, p. 3), era: *El Restaurador*, 25,20; *El Faro*, 90,40; *La Oliva*, 110,40.

9 As cifras correspondentes ó mes de febreiro de 1857 son: *La Oliva*, 241,20; *Boletín Judicial*, 60; *El Restaurador*, 37,0; *Faro de Vigo*, 34,80.

10 O cambio é explicado así pola redacción nunha entrada que inicia a primeira páxina: "A NUESTROS SUSCRIPTORES. El extravío de un documento interesante nos priva por algunos números de tratar de política en las columnas de LA OLIVA. Haremos todo lo posible para que, mientras no se cubren las formalidades del depósito de cuarenta y cinco mil reales que exige la restablecida ley de imprenta, nuestros apreciables suscritores no echen de menos la parte política".

11 *La Oliva*, núm. 57, 16 de agosto de 56. "Las circunstancias extraordinarias del país nos obligaron a retirar el depósito y no escribir nada de política, como habrán observado nuestros suscritores. Sin embargo, fuimos multados en 500 rs."

empeoraron coa chegada de Narváez ó poder. As autoridades non consentiron que, malia figurar agora como periódico non político, *La Oliva* non renunciara realmente a informar e opinar sobre cuestións políticas. Así que foron continuas as recollidas dos números e as grosas multas destinadas a provocar a creba da empresa, feitos estes dos que o periódico daba puntual información ós seus lectores en canto tiña ocasión¹². Para fuxir do rigor das autoridades locais, trasladouse fuzadamente a Pontevedra. O núm. 114, do 24 de febreiro, tirouse na imprenta da Vda. e Hijos de Vereá. Pero como esta manobra non serviu para nada, o número seguinte volveu imprimirse no establecemento vigués de Compañel, se ben substituíndo o habitual editorial político pola publicación dunha carta inédita de Fr. Martín Sarmiento sobre a industria en Galicia. O acoso continuou *inmisericorde* no mes de marzo e principios de abril obrigando a reducir o número de páxinas, a reimprimir outras e a faltar máis dunha vez á cita cos subscritores. Finalmente, *La Oliva* publicou o seu último número o 13 de abril, pero sen despedirse dos lectores, como adoitaba facerse cando era a propia redacción a que decidía o peche. Temos que supoñer, xa que logo, que a desaparición foi debida a unha orde gubernativa de suspensión definitiva.

Pasemos agora ás características do periódico. Na parte principal non hai seccións fixas, agás o Folletín e a publicidade, pero non por iso carece dunha pauta estrutural definida. A primeira páxina, e unha proporción variable da segunda, está ocupada por unha secuencia de editoriais, pequenos ensaios de temática moi diversa, as informacións que se consideran máis relevantes e as colaboracións. A maioría das veces non se usan titulares para separar estas partes. O resto da segunda páxina e os dous terzos superiores da terceira resérvanse para pequenas seccións con titular: *Crónica Universal*, *Boletín Comercial*, *Movimiento Marítimo*, *Varietades*, *Revista de Madrid*, *Parte Oficial (Gaceta)*, *Correspondencia Particular*, etc. O terzo inferior das páxinas terceira e cuarta adoita ocupalo o folletín, case sempre de contidos literarios ou históricos. E a publicidade abrangue os dous terzos superiores da última páxina.

12 Véxanse os números de febreiro e marzo de 1857, do 111, do 17 de febreiro de 1857, ó 126, do 24 de marzo de 1857.

<i>La Oliva</i> (1856-1857)				
Estrutura temática				
TEMA	Nº (%SBT)	N.º (%T)	Sup. %(SBT)	Sup. (%T)
Galicia				
Discurso provincialista	2,8		9,6	
Información política	30,8	20,3		
Polémicas con outros periódicos galegos	7,5		8,5	
Obras públicas	14,0		14,1	
Industria	0,9		0,4	
Agricultura	2,8		5,3	
Pesca	0,9		3,4	
Banca	0,9		0,2	
Prezos	11,2		14,1	
Noticias Vigo	24,3		22,4	
Extractos BOP	3,7		1,5	
Subtotal Galicia	100	38,1	100	30,7
España				
Crítica do absolutismo e do clero	3,6		4,5	
Crítica do partido moderado	4,8		6,6	
Defensa do progresismo político e referencias ós demócratas	4,8		9,2	
Información política	55,4		54,2	
Información económica	13,2		8,8	
Cuestión arancelaria	2,4		4,4	
Extractos da Gaceta Oficial	15,7		12,1	
Subtotal España	100	29,5	100	29,6
Internacional				
Europa	88,9		93,9	
América	11,1		6,1	
Subtotal Internacional	100	6,4	100	6,5
Cultura				
Galicia	32,1		7,1	
España	3,6		0,5	
Divulgación científico-técnica	10,7		10,8	
Folletín Literario-Histórico	53,6		81,5	
Subtotal Cultura	100	9,9	100	21,1
Outros				
Miscelánea	53,3		54,9	
Autopropaganda	17,8		21,2	
Administración	24,4		22,2	
Cartas ó director	4,5		1,6	
Subtotal Outros	100	16,0	100	12,1
TOTAL	100		100	
Publicidade	46,0		13,2	
	146,0		113,2	

Na Táboa ofrecemos unha estimación da distribución temática dos espazos, calculada a partir dunha mostra semi-aleatoria de aproximadamente o 15% dos números. As dúas primeiras columnas computan as porcentaxes do número de ítems de cada clase e as dúas segundas as da superficie que ocupan. O primeiro que observamos é a gran variedade de temas, que abranguen todas as cuestións de interese na época: política internacional, española, galega e local; economía, con especial atencións ás infraestruturas (estradas, ferrocarrís e telégrafos); urbanismo; sociedade; ensino; relixión; progresos científico-técnicos; cultura, incluída a creación literaria e a historia; e unha ampla gama de informacións prácticas dende as principais disposicións oficiais do Estado ou da provincia ata os prezos dos produtos de maior consumo e o movemento de barcos no porto.

Mais dentro desa variedade, os textos de carácter político dominan con moito, tanto en número como en extensión. Neste eido as páxinas dedicadas a España e a Galicia están cuantitativamente equilibradas, se ben está claro que a maior preocupación dos redactores é a política española e o combate ideolóxico contra os seus inimigos políticos, sexan de Madrid ou de Galicia. E aínda que nesta última os obxectivos maiores dos seus ataques (*El Restaurador* e *Faro de Vigo*) son do mesmo ámbito local ou provincial, a presenza do resto de Galicia é constante e informativamente moi completa, grazas ás noticias e opinións que lle envían os seus correspondentes, nomeadamente das provincias de Ourense e A Coruña, incluídas as capitais e a cidade de Santiago. Verbo da política internacional, non faltan breves noticias dos Estados Unidos, Cuba, Arxentina e outros países iberoamericanos, pero as máis numerosas e extensas refírense sempre o escenario europeo, con especial atención ó proceso de unificación italiana, ós conflitos na Europa oriental derivados da guerra de Crimea e á política francesa, sen que falten tampouco doutros países (Gran Bretaña, Portugal, Austria, Prusia, Polonia, etc).

Ocupan o segundo lugar os temas económicos, enfocados sempre dende a óptica do "progreso", para o que se consideran imprescindibles os avances técnicos e en Galicia a modernización das infraestruturas. De aquí a decidida aposta do periódico pola mellora de estradas e portos, pola instalación dunha rede telegráfica axeitada e pola rápida unión do país co resto de España mediante liñas ferroviarias. Por certo, que neste último punto aflora xa a rivalidade A Coruña-Vigo, pois mentres a forzas vivas coruñesas e a súa prensa presionaban para que a primeira (e quizais única) liña entrase por Monforte e continuase por Lugo ata A Coruña, *La Oliva* defendía con forza a conveniencia de construír o trazado Ourense-Pontevedra-Vigo-Santiago-A Coruña. Postura en concordancia, non só cos intereses da Galicia Sur e do incipiente desenvolvemento de Vigo, senón tamén co proxecto propiciado por Eduardo Chao, e financiado inicialmente pola Deputación de Pontevedra, iniciativa que lle valeu ferozes ataques e mesmo acu-

sacións de corrupción por parte dos moderados. Naturalmente, *La Oliva* encheu páxinas e páxinas nas súas polémicas con *El Restaurador* arredor deste asunto e sempre en defensa da honorabilidade de Eduardo Chao e dos beneficios que o seu proxecto traería a Vigo e a toda Galicia.

Neste capítulo económico chama a atención a pouca atención que se presta a dúas cuestións que están na raíz dese atraso de Galicia que se está xestando precisamente nestas décadas centrais do século: a pervivencia do sistema foral e a atrofia industrial producida tanto pola rápida desaparición da protoindustria autóctona como pola escaseza de industrias modernas de nova planta. Probablemente isto é debido a que esas causas de fondo aínda non producían efectos suficientemente palpables como ocorrerá a partir da década seguinte, na que a prensa provincialista-progresista si denunciará con moita máis forza os efectos nocivos do foro e da desindustrialización.

En terceiro lugar veñen os temas culturais. Non obstante, a información sobre a vida cultural é moi pobre, contrariamente ó que ocorría coa prensa desta orientación na década anterior. Esa información é case nula para o ámbito español e moi escasa para o galego. En consecuencia, practicamente todo este apartado está monopolizado, non pola información, senón pola creación literaria ou histórico-erudita, que recolle case todas as sinaturas galegas de relevo, así como algunhas non galegas.

E aínda que cuantitativamente non son moi relevantes, sinalamos tamén certa preocupación polo ensino primario, que dá lugar a unha serie de artigos da autoría de Isidoro Fernández Monje, así como pola "nueva población" (ensanche) de Vigo, á que se lle dedican algunhas informacións.

Respecto da publicidade, esta ocupa unha porción significativa do periódico e ten tamén orixes moi variadas, que se poden apreciar no Anexo III.

Pasemos, por último, ó elenco de colaboradores, que se recolle no Anexo II. Esta relación demostra que *La Oliva* acollía case todas as plumas provincialistas, progresistas e mesmo demócratas da Galicia do momento, e que tamén procuraba incorporar a voz dos principais persoeiros da esquerda liberal española, cousa posible polas estreitas relacións que establecera previamente en Madrid o grupo promotor con eles e cos seus periódicos.

3. Ideoloxía e afiliación política

O periódico deixa moi clara dende o primeiro momento non só a ideoloxía que asume senón tamén a súa militancia política. Esa ideoloxía basal é a liberal pura, nin radical-democrática, nin mesturada con doutrinarismo ou tradicionalismo ningún, o que na España do momento correspondía politicamente ó chamado progresismo. Os principios básicos dese liberalismo central son expostos con contundencia e dun modo bastante completo no *Prospecto* de presentación:

Marcharemos por la senda que recomienda la razón ilustrada [...] No reconocemos la autoridad, ni la tradición, como principios del derecho. [...] No consultaremos la historia, ese testigo fiel de los tiempos, para buscar en ella lecciones saludables para el porvenir. [...].

En política, pues, somos *Progresistas* en el buen sentido de la palabra, y partidarios del PROGRESO INDEFINIDO [...].¹³ Es, por consiguiente, nuestro credo el del generoso partido *progresista*, contando siempre en la región política una *Constitución* lo más amplia, producto de la soberanía nacional; y en la administrativa y de gobierno cuanto se contiene en el axioma: "El mayor bien para el mayor número".

Este progresismo político implica unha aposta decidida polas liberdades de pensamento, expresión, imprenta e asociación, así como pola autenticidade dun sistema representativo baseado nun sufraxio censitario que non limite os dereitos políticos ós sectores sociais superiores e os seus axentes, senón que os estenda tamén ás clases medias. Pero están lonxe de asumir a marca de identidade dos demócratas decimonónicos: o sufraxio universal masculino. A oposición á súa instauración faise expresa cando o estiman pertinente aducindo o sempiterno argumento utilitarista de que a lexitimidade e universalidade dos dereitos políticos dos individuos (masculinos) ás veces teñen que ceder o paso perante as supostas esixencias do ben común¹⁴:

Es cierto que un hombre es un soberano, y que su libertad, su igualdad y todos los derechos civiles y políticos los tiene como hombre y como ciudadano, mas también es innegable que siendo los gobiernos liberales un hecho complejo del que debe partir el bien para todos los asociados; y hallándose ferozmente combatidos por tantos enemigos a quienes la tiranía popaba, creemos que por hoy es preferible, y se progresará más en el triunfo de los buenos principios no dando participación igual en el uso de los derechos políticos a todos sin distinción.

Polo mesmo condenarán con enerxía os numerosos disturbios e levantamentos populares que teñen lugar neses meses, malia seren algúns politicamente beneficiosos para os progresistas nos seus enfrontamentos con moderados e carlistas¹⁵.

Verbo da cuestión relixiosa, de tanta importancia política na España contemporánea, amósanse crentes no "Supremo Hacedor" que guía a vida e evolución dos pobos e recoñecen que o catolicismo é ingrediente fundamental da iden-

13 Unha longa xustificación histórica das bondades do progreso no núm. 4, 13 de febreiro de 1856, p. 1.

14 *La Oliva*, núm. 39, 14 de xuño de 1856, p. 1. Editorial contrario á aplicación inmediata da democracia en España porque sería contraproducente ó non darse as condicións necesarias por mor da forza dos seus inimigos e das carencias da cultura política da maioría da sociedade.

15 Véxase, por exemplo, o editorial do núm. 5, 16 de febreiro de 1856, no que, á parte de chamar *patria* a España, loan que o goberno progresista non sexa nin autoritario como os moderados nin tolerante coa anarquía, nunha velada crítica ós demócratas demasiado revoltosos.

tidade nacional española: “En relixión, lo diremos muy alto, somos partidarios de la unidad para los españoles, ya que los siglos y varias concausas nos han legado este bien”. Pero avogan, de momento sen asomo de anticlericalismo, pola tolerancia para cos non católicos e piden á Igrexa que non se meta en política: “dejar al César lo que es del César”. E pretenden neutralizar a hostilidade clerical contra o liberalismo auténtico cunha mensaxe tranquilizadora: “No teman, no, nuestros sacerdotes que se les escape una sola obeja [sic] del redil, ó que nuestro fervor por la religión santa de nuestros padres se amortigüe”.

En economía son partidarios da individualización da propiedade vía as desamortizacións, e da modernización do sistema produtivo mediante a drástica mellora das infraestruturas e as facilidades ó comercio, elemento civilizador que dá vida a la industria y la agricultura, “firme trípode sobre que descansará algún día la paz del mundo”. De aquí a súa profesión de fe: “somos LIBRE-CAMBISTAS [...] somos enemigos del sistema prohibitivo, conocido también en Europa con el nombre de *sistema español*”¹⁶. En relación con estas posturas, algún autor pouco avisado practicou o anacronismo atribuíndo ós redactores de *La Oliva* unha superpioneira aposta pola publicidade no sentido actual desta palabra. Demasiada anticipación. A publicidade á que se refire o texto causante involuntario do pecado no é a comercial senón a combinación da liberdade de expresión co que hoxe chamamos transparencia nos asuntos públicos. O lector pode xulgar por si mesmo:¹⁷

La publicidad es la gran antorcha de los tiempos modernos. Su luz disipa las tinieblas del error y la oscuridad del engaño. Su luz pone á la vista de todos el desinterés del virtuoso patricio, la sabiduría del buen repúblico.

En ella fía el probo administrador; a ella apela el calumniado juez: acójese a su resplandor el difamado: busca su protección el desvalido.

Conquista de la civilización moderna llévanla por delante sus legiones en su gloriosa y formidable lucha contra el fanatismo, la tiranía y los abusos de pasados siglos.

Este conxunto de ideas explican as actitudes do periódico respecto das outras tendencias políticas: rexeitamento frontal do carlismo, ataques ós moderados, nomeadamente ós *polacos*, e actitude contemporizadora cos da Unión Liberal mentres comparten poder cos progresistas, que se converte despois en denuncia da súa deriva dereitista. Máis complexas son as súas relacións cos demócratas, cousa comprensible se temos en conta a influencia de Eduardo Chao sobre o periódico. Sen renunciar nunca á ortodoxia progresista, que lles impedía asumir as ideas especificamente democráticas e aprobar algúns dos seus comportamentos,

16 Prospecto.

17 *La Oliva*, núm. 104, 28 de xaneiro de 1857, p. 1. Editorial.

non faltan na *Oliva* mostras de simpatía nin manifestacións do desexo de que chegase un entendemento entre esas dúas polas da familia liberal¹⁸.

O mesmo cabe dicir sobre as súas tomas de posición verbo dos acontecementos maiores da actualidade política. Seleccionaremos dous de especial interese para nós: o banquete de Conxo e o décimo aniversario do levantamento de Solís, liquidado cos fusilamentos de Carral.

Nun principio, *La Oliva*¹⁹ dá puntual noticia do banquete de Conxo e defende o acto contra os seus detractores, pero faino nun lugar pouco relevante. Mais en números posteriores aumenta o espazo e o rango das informacións que dedica ó asunto, nas que inclúe os rumores de movementos de tropas cara a Santiago²⁰. Defende a constitucionalidade dos brindes, considera infundados os rumores, chama á calma, critica ó Reitor da Universidade por non defender ós estudantes e reproduce un escrito do demócrata *La Discusión* no que di que o fiscal se negou a encausar a Aguirre, Pondal e Seoane por non atopar nas súas palabras nada ilegal.

Moita máis relevancia dá o periódico á efeméride do levantamento progresista-provincialista de 1846. O 26 de abril de 1856, no núm. 25, altera drasticamente a súa fasquia habitual abríndose cunha portada en forma de grande necrolóxica "A la memoria de las víctimas de Carral". Seguen os nomes de todos os fusilados e remata cunha lembranza con tons de epopea: "Semejaba España un inmenso cementerio [...]. Un día, al fin, desde la cima de nuestras verdes montañas suena el grito santo de LIBERTAD". Neste recadro maior non hai mención de Galicia nin asomo de galeguismo. Segue, na mesma vea progresista española, a poesía de Aurelio Aguirre "A los mártires de Carral": os "ilustres mártires" alzáronse "en honra y bien de la nación entera". Aguirre cántalles "en nombre de la patria mía", que, malia a alusión á "fiel Galicia que os adora", non pode ser outra que España a xulgarmos polas inmediatas referencias ós *comuneros* e a Padilla, obxecto de obrigada veneración "para todo español agradecido".

A cousa cambia co artigo "Aniversario", que segue á colaboración de Aguirre. Nel Murguía achega os únicos acentos provincialistas desta conmemoración de *La Oliva*. Logo de traer a colación os seus recordos infantís dos últimos episodios

18 Por exemplo, no núm. 17, 29 de febreiro de 1856, p. 2, reproducen de *La Discusión* o artigo "De la democratización del partido progresista" no que se fai unha exposición moi completa do programa demócrata e se pretende presentalo como o dos verdadeiros progresistas ("partido progresista avanzado"). A presentación de *La Oliva* é significativa: o obxecto do artigo é "hacer ver la pequeña diferencia que existe entre progresistas y demócratas". Véxase tamén a reprodución dun artigo de José María Orense a prol da democracia en núm. 40, 18 de xuño de 1856, pp. 1-2.

19 Núm. 11, 8 de marzo de 1856, p. 3.

20 Véxase, sobre todo o núm. 14, 19 de marzo de 1856, p. 2, e núm. 16, 26 de marzo de 1856, p. 2 o longo escrito de resposta dos protagonistas do banquete refutando as calumnias e insidias difundidas por *La Estrella*, *España* e *El Sur* de Madrid, así como por *El Restaurador* de Pontevedra e *Faro de Vigo*.

do levantamento nas rúas de Santiago (algo que repetirá trinta anos despois no coñecido texto de *Los precursores*), toma dos primeiros provincialistas a analoxía con Irlanda e a síndrome da aldraxe²¹ e acaba vinculando claramente liberalismo non ateo con galeguismo, non sen aproveitar a ocasión para lanzar un reproche a aqueles que esqueceron o seu provincialismo xuvenil: "DIOS Y LIBERTAD [...] Dios, el único señor del cielo; LIBERTAD, la única SOBERANA de la tierra" [...] "No queremos ser más que gallegos, se dijo entonces, y los que lo digeron dan al silencio sus palabras y no tienen una tan sola para recordar á los vencedores de hoy aquellos tiempos en que eran vencidos".

E isto lévanos a considerar

4. A relación progresismo español - provincialismo galego

Nesa relación hai algo que convén constatar dende o principio: os redactores e colaboradores de *La Oliva* son todos nacionalistas españois en clave liberal. Para eles nos territorios metropolitanos da monarquía non hai máis nación que a española entendida como a suma dos cidadáns do Estado. E deixan isto moi claro sempre que o estiman necesario, o que non impide que ás veces resulte dubidoso o referente nacional/provincial de palabras como *patria* ou *país*, pero nunca o de *nación*, que sempre é España.

Por exemplo, a ambigüidade está presente no Prospecto cando din que co periódico procurarán facer "un servicio a nuestra querida patria" e contribuir "al bienestar del país que nos vió nacer". Non obstante, non hai dúbida posible cando reservan á prensa da Corte o coidado dos "grandes intereses del país" e o tratamento dos "asuntos generales de la nación". Unha nación española na que confían e á que auguran, pese a todos os seus males, un gran futuro: "Esto no obstante, la civilización de España, renaciendo de sus cenizas como el ave Fénix, continuó su marcha magestuosa, convirtiéndose á los que eran siervos en vasallos, y a éstos en súbditos y ciudadanos".

Este españolismo liberal adopta ás veces tons histórico-épico, na mesma vea desas Historias de España nacionalizadoras que estaban a escribir neses anos dende un Modesto Lafuente ó propio Eduardo Chao e nas que a xénese dun heroico *Volksgeist* español ocupaban un lugar central²²:

21 "Hay una página en la historia de mi país, de la Irlanda de España, del país acaso maldito del Señor y escarnecido de todos los que no son sus hijos".

22 *La Oliva*, núm. 17, 29 de marzo de 1856. Editorial con motivo da festividade viguesa do Santísimo Cristo da Vitoria. Na mesma liña está a poesía "¡Numancia!" de Domingo Oubiña (Folletín do núm. 73, 11 de outubro de 1856) que converte en españois ós celtiberos: "Ha veinte siglos que [...] en la callada noche "Numancia" dice: y resonante vibrando en el espacio su voz sola hace hervir con honor la sangre española [...] si no hay Numancia ya que el mundo asombre, hay su patria, sus hijos y su nombre [...]. ¡Tristes ruinas del pueblo numantino! El hidalgo español noble y valiente, al hallaros en medio su camino herido el corazón de pena

Huérfana la Nación y entregadas las riendas del gobierno á un valido torpe y corrompido, fruto que produce con frecuencia la imbecilidad de los reyes absolutos, fue presa de un soldado sagaz y atrevido [...]. Su corazón [o de Napoleón] sin duda le predecía que el fiero y altivo castellano, á pesar de verse desarmado y uncido al carro triunfal que le conducía, tenía en su semblante algo de extraordinario, algo de fatídico, que le decidieron a dejarle para el último, venciénolo con la sorpresa y la astucia, mas bien que en buena lid, en campal desafío.

En la patria del Cid, de Leiva, de los Córdoba, de los Guzmanes y de otros tantos héroes conservaba el pueblo escondido el fuego sacro que los hiciera invencibles, y aquellos soldados terribles que llevaran la muerte y el espanto a todas partes y que tenían sus sienas ceñidas con los verdes laureles recogidos en Marengo, Wagram, Austerlitz y otras cien batallas tuvieron que detenerse en Madrid el 2 de Mayo, que capitular en Bailén y que entregarse en Vigo [...]. Los hijos de la Liberal Vigo aborrecen la tiranía, venga de donde viniere [...] [y demostraron] al mundo que solo hay tiranos donde hay siervos y no nacen hombres libres.

E como toda nación que queira ser alguén no século XIX, a española debe ter colonias. Por iso, como se di no Prospecto, hai que conservar as poucas que quedan pero, iso si, dándolles “leyes justas y equitativas” e enviando administradores “de moralidad no desmentida”.

Parece claro, pois, que o carácter dominante no periódico, no que atinxe ó referente nacional, é o españolismo progresista, como por outra parte era de esperar neses anos. Porén, non falta como compoñente secundario un claro provincialismo que modula ese nacionalismo español en clave galega cun discurso practicamente idéntico ó dos Faraldo, Neira e Rúa Figueroa da xeración anterior. Haberá que agardar aínda uns anos para que cheguen os cambios cualitativos que introducirá Murguía (e na poesía, Rosalía) nese discurso na década seguinte.

Con todo, apréciase unha maior insistencia no atraso económico e nas súas consecuencias sociais: a pobreza da maior parte da poboación e a conseguinte emigración²³. O repertorio das causas é variado:

[...] escaseando en Galicia los capitales, faltando el espíritu de asociación, no acordándose de ella los gobernantes más que para contribuir, y no habiendo tenido cuerpos provinciales con vida propia y bastante, sino en épocas fugaces, para abarcar empresas de importancia, nada o muy poco se pudo hacer en el camino del bien.

De aquí a falta de estradas, camiños e ferrocarrís e a atrofia do comercio. Tamén mencionan de cando en vez os efectos perniciosos do centralismo, que

siente, y llora con dolor vuestro destino: pero orgulloso al par alza su frente vuestros antiguos dueños recordando y un “eran españoles” murmurando”.

23 Véxase núm. 6, 20 de febreiro de 1856, p. 1. Tamén editorial do núm. 41, 21 de xuño de 1856 dedicado á emigración: “Es proverbial el amor que el gallego tiene a su patria”, polo que a causa da emigración só pode ser a pobreza. O minifundio non é causa do atraso do país, senón consecuencia. Segundo o autor, non toda emigración é mala, pero hai que acabar coa emigración dos pobres que non está lonxe da trata de escravos.

apoñen, non ó deseño territorial de todas as Constitucións dende 1812, senón á política dos moderados²⁴.

Estas diagnoses xustifican a insistente comparación con Irlanda, que empezara xa no Prospecto. E ás veces dá lugar a amagos de dialéctica "anticolonialista" que non van alén, coma nese artigo sen título no que de Eladio Fernández Miranda²⁵, logo de doerse pola miseria e o atraso de Galicia e de sinalar como causas as excesivas rendas que debe pagar o labrego e a falta de iniciativas innovadoras dos propietarios, conclúe que "Galicia ha sido, y es hoy aun, como un país conquistado, del cual ningún gobierno se ha cuidado: diganlo si no la falta de vías de comunicación, y el recargo de sus contribuciones". Segundo el, nestas condicións outros pobos rebelaríanse pero "el carácter del pueblo gallego impidele turbar, ni un momento siquiera, el orden público á que son tan afectos; antes prefieren morir llenos de hambre".

Rebelións á parte, cal pode ser o axente que empece a poñer remedio a esta situación? Ademais dos efectos beneficiosos que tería un poder progresista continuado para o desenvolvemento de toda España, no caso de Galicia sería o "brazo poderoso" do provincialismo o que contribuiría a arrancala "del abatimiento y de la muerte" para "elevationa al rango que debe ocupar entre las demás provincias de España por su posición topográfica, por sus puertos, por sus ricas y variadas producciones, por el genio y carácter de sus hijos y por su amor á la causa de la Libertad y de la Independencia, en cuyos altares tiene hecho tan grandes sacrificios". Como pode verse, os obxectivos provincialistas na cuestión da relación política Galicia-España seguen na mesma nebulosa que dez anos atrás.

Máis claros son os obxectivos no socioeconómico. Atraso, pobreza e emigración só poden remediarse mediante o fomento da agricultura, da industria, do comercio, da mariña e dos ferrocarrís, e erradicando a usura, creando bancos agrícolas e industriais, diminuíndo as contribucións e fundando suficientes escolas de artes e oficios. En suma, un desenvolvemento capitalista que non saben moi ben como poñer en marcha, polo que se limitan a apelar "al patriotismo y las inteligencias de todos los gallegos", os de dentro e os de fóra²⁶.

No que atinxe ó seu concepto de Galicia, esta segue a ser, no político, unha provincia da nación española. Pero non unha provincia calquera, non unha simple demarcación administrativa, indiferenciada doutras, senón un pobo con historia (gloriosa) de seu e cunha identidade colectiva propia e singular que reclama

24 Véxase o editorial do núm. 27, 3 de maio de 1856: "La exagerada centralidad, en que consistía el sistema de los moderados, fue la consecuencia de este mal grave [a falta de vías de comunicación e o atraso] que franqueó las puertas a la inmoralidad".

25 *La Oliva*, núm. 20, 9 de abril de 1856, p. 1.

26 *La Oliva*, editorial do núm. 26, 30 de abril de 1856.

dos seus membros amor e acción a prol da súa dignidade e da súa prosperidade. Por iso proclaman: “Somos hijos de Galicia. Es nuestra más brillante ejecutoria”²⁷. Executoria que esixe deles continuar a batalla iniciada polos primeiros provincialistas contra o menosprezo dos foráneos, que còmpre refutar despregando todas as glorias pasadas e presentes dende o conde de Lemos e Feijóo a Pastor Díaz e Villamil, labor este no que contaron cuns entusiastas aliados, os coruñeses *El Clamor de Galicia*, de Benito Vicetto, que deixou de publicarse en setembro de 1856, e o seu sucesor *El Defensor de Galicia*, de Ricardo Puente e Brañas²⁸. En ocasións, loa de Galicia, vocación modernizadora e *ethos* provincialista aparecen ben articulados nun mesmo discurso. Tal fai Leandro Saralegui e Medina, unha das mentes máis lúcidas e preparadas desta xeración²⁹:

[...] los gérmenes de unidad provincial y espíritu de asociación existen todavía en el corazón de nuestros hermanos. Aceptamos desde luego su ofrecimiento, porque sus palabras tienen para nosotros la sublimidad del grito *Deus fratesque Gallaeciae* que hace cuatrocientos años resonó en nuestras montañas; y aunque jamás nuestras apreciaciones se extenderán al estadio político porque deberes muy sagrados nos lo impiden, en el campo de los intereses morales y materiales combatiremos sin tregua ni descanso los obstáculos que sostienen a Galicia en el estacionamiento abyecto y servil en que se encuentra.

Con la mano en el corazón y el pensamiento en el suelo que nos vió nacer combatiremos con todo el vigor de un alma joven las instigaciones y enredos sórdidos que estacionan su movimiento agrícola, industrial y comercial; batallando por arrancar a nuestros prohombres del círculo vicioso en que se agitan [...] *la felicidad de Galicia* es el grito que vibra continuamente en nuestro cerebro: todo lo subordinaremos ante este sacro dogma [...].

O continuísmo respecto de 1840-1846 maniféstase tamén no feito de que esa identidade diferenciada de Galicia, xustificación maior das súas reivindicacións, segue a basearse case exclusivamente na historia e moi pouco na etnicidade, lingua incluída. E isto é así mesmo en Murguía, o gran protagonista do cambio cualitativo do discurso provincialista dez anos despois. Na súa introdución á primeira entrega da “Floresta Científica y Literaria”³⁰ di que “La eterna incuria con que los hijos de Galicia han mirado siempre todo lo que á esta concierne, ha hecho que no solo no tengamos la historia escrita de nuestra patria, lo primero que todo pueblo debe tener”, senón que nin sequera se recollan e publiquen os numerosos

27 Núm. 63, 6 de outubro de 1856, p. 2. Véxase tamén núm. 40, 18 de xuño de 1856.

28 Con esta finalidade expresa, *La Oliva* (núm. 97, 3 de xaneiro de 1857, p. 2) anuncia a publicación de fragmentos das obras do Licenciado Molina, Juan Álvarez Sotelo, Gándara, Basco de Aponte e os condes de Lemos e Gondomar, iniciativa que sen dúbida se debe a Murguía.

29 Carta publicada no núm. 100, 14 de xaneiro de 1857, p. 2.

30 Núm. 107, 7 de febreiro de 1857, p. 3.

documentos que se conservan. “El amor que siempre hemos profesado a Galicia” lévao dende hai anos a dedicarse a ese labor de recuperación do pasado para o que pide a todos os que aman el país que lle envíen documentos: “Solo de este modo puede llegar Galicia á la época de su regeneración”.

En cambio a lingua, o folclore, as institucións consuetudinarias, a etnicidade en suma, case non se mencionan. O único que podemos constatar neste eido é a publicación dunhas poucas poesías en galego en medio dunha ferverenza de versos e prosas literarias en castelán³¹.

En suma, podemos concluír que, á altura do bienio progresista, o provincialismo galego continuaba nun estadio ideolóxico aínda moi incipiente e totalmente subordinado ó progresismo español.

31 “Nena d’as soledades”, de M., datada en Madrid 1 de xuño de 1854 (núm. 8, 27 de febreiro de 1856); “Desdichas do meo amor” de Ramón Barros Silvelo (núm. 77, 25 de outubro de 1856); “Un soño”, de José Pérez Ballesteros, datada en Santiago, 1853 (núm. 86, 26 de novembro de 1856); “Nai chorosa”, de A.C. (núm. 107, 7 de febreiro de 1857) e “Meu amor”, de Heliodoro Cid y Roza (núm. 119, 7 de marzo de 1857).

ANEXO I
CORRESPONDENTES DE LA OLIVA EN GALICIA E AMÉRICA

- Allariz: Venancio G. Seara
 Baiona: Manuel Moneo
 Betanzos: José García
 Barco de Valdeorras: José R. Salgado
 Bos Aires: Pedro Lesperón y Cía
 Caldas de Reis: Joaquín Gutiérrez
 Cambados: José Santamarina
 A Cañiza: Manuel Lago
 O Carballiño: D. E. Fdez. Carril e Mariano Yepes
 Carril: E. Landa
 Castro Caldelas: G. Vázquez
 Celanova: E. Marquina
 A Coruña: Celestino G. Álvarez
 Ferrol: Nicasio Tajonera / Leandro Saralegui
 A Guarda: Víctor Iradiel
 A Habana: Bartolomé Feijóo y Demetrio Ayguales de Izco
 Lalín: Antonio Taboada y Casiano Vázquez Feijo
 Lugo: Manuel Pujol y Manuel Soto Freire
 Manila: Agustín de la Cabada
 Maside: Dionisio Fernández
 México: Manuel Morales
 Mondoñedo: Francisco Delgado
 Monforte: Jesús Segundo Ogando
 Muros: Angel Escaja
 Noia: Agustín Agustos
 Ourense: Manuel Gómez Novoa / A. Cibeira e E. Robles
 Padrón: José María Seoane
 Ponteareas: Domingo A. González
 Pontevedra: Admon del *Boletín* / Joss López de la Vega e Francisco M. González
 Porto Rico: Ignacio Guasp
 Redondela: Vicente García
 Ribadavia: Benito Alonso / D. Rivera
 Ribadeo: Marcos Fernández López / E. Taboada
 Santiago: Bernardo Escribano
 Tui: Juan Nolasco Rodríguez / M.M. de la Cruz
 Valparaíso: Santos Tornero
 Vega de Ribadeo: José García Martín
 Verín: Gregorio Moreno
 Vilafranca do Bierzo: Santiago Capdevila

Vilagarcía: Benito Varela / J. Cuevas del Valle

Viveiro: Pedro José Cabezas / E. Almoína

Xinzo de Limia: R. Teijeiro

ANEXO II
AUTORES DE TEXTOS ASINADOS EN LA OLIVA

A. NO CORPO PRINCIPAL

- Aguirre Galarraga, Aurelio
 Almoína, Eusebio (Viveiro)
 Andújar, T.J.R.
 Barros Silvelo, Ramón (Ourense)
 Bastiat, Federico
 Besada, Basilio (Tui)
 Borrajo Iglesias, Manuel (Vigo)
 Castelar, Emilio (Madrid)
 Chao, Eduardo (Madrid)
 Compañel, Juan (Vigo)
 Cuanda, José (Ourense)
 Fernández M[iranda], Eladio (Sargadelos)
 Fernández, José Ramón (Vigo)
 Fernández Monje, Isidoro
 G. Seara, Venancio (Allariz)
 Gasset, Eduardo (Madrid)
 González Besada, Sabino (Pontevedra)
 Gonzalves Basto, José Joaquín (Lisboa)
 L., R. (Vilagarcía)
 La Sagra, Ramón de (París)
 Larmartine, Alphonse de
 Lelaboureur, F. M.
 López de la Vega, José (A Cañiza)
 Matos, Eugenio (Cangas)
 Mongeaz, Fr. Braulio (Cárcere de San Pedro de presbíteros naturais)
 Moya, Manuel (Ponteareas)
 Murguía, Manuel [Martínez]
 Orense, José María (Madrid)
 P., C. (Vigo)
 Puente y Brañas, Ricardo
 Quijano, M. G. (París)
 Romero Pérez, Alonso (Ourense)
 Saralegui y Medina, Leandro de (Ferrol)
 Sarmiento, Fr. Martín
 Somoza Cambero, Manuel (gobernador civil de Pontevedra)
 Somoza Piñeiro, Ramón (Santiago)
 T.[aboada?], L.[uis?]
 Vázquez Feijo, Casiano (Lalín)

B. NO FOLLETÍN E NA FLORESTA UNIVERSAL

- Aguirre, Aurelio (poesía en castelán)
Arango Valdés, A., de Oviedo (poesía en castelán)
Avendaño, Teodomiro (poesía en castelán)
Barros Silvelo, Ramón de (poesía en galego)
Byron, Lord
Camino, Alberto (poesía en galego)
Castelar, Emilio (discurso político)
Chao, Alejandro (prosa)
Cid y Rozo, Heliodoro (poesía en galego)
Corzo, Manuel Ángel (poesía en castelán)
Escalera, Evaristo V. (poesía en castelán)
Fernández Miranda, Eladio (poesía en castelán)
Fernández Monje, Isidoro (poesía en castelán)
Hugo, Víctor
López de la Vega, José (prosa literaria, poesía en castelán, historia)
Murguía, Manuel (prosa literaria, poesía en castelán e galego, historia)
Parada, Ignacio (poesía en castelán)
Pardo, Joaquín R., de Irún (poesía en castelán)
Pérez Ballesteros, José (poesía en galego)
Pondal, Eduardo (poesía en castelán)
Puente y Brañas, José (poesía en castelán)
Rodríguez Seoane, Luis (poesía en castelán)
Rúa Figueroa, Ramón (ensaio)
Ruiz Aguilera, Ventura, de Madrid (poesía en castelán)
Salas y Quiroga, Jacinto (poesía en castelán)
San Martín, Antonio de (poesía en castelán, historia)
Saralegui, Leandro (poesía en castelán)
Simao, de Oviedo (poesía en castelán)
Ubiña, Domingo (poesía en castelán)
V., R. de (historia)
Vázquez Taboada, Manuel (poesía en castelán)

ANEXO III
MOSTRA DE ANUNCIANTES

Academia de Lengua Francesa
Alugueiros de pisos, casas, locais de negocios, traxes e disfraces
Autopublicidade do periódico e da imprenta.

Café de La Iberia

Débeda pública

Diligencias del Poniente (Vigo-Santiago-Coruña)

Diligencias La Unión

Ebanistería de Barcelona

Elixir do Dr. Gullie

Empresa y Comisión General de Anuncios (Madrid)

Fábrica de chocolates de Tui

Fotografía Moderna

José Rouffe, cirurxián dentista

La Fundidora de Vigo

Letras de Cambio

Libros:

Almanaque Omnibus

Cartas póstumas del conde de Chesterfield

Código de Comercio Español

Curso de Arquitectura Naval

Desamortización. Capitalizaciones por el sistema decimal

Descripción topográfico-histórica de la ciudad de Vigo

Desde el cielo, novela de Manuel Murguía.

Diccionario de la Política, de Chao, Romero Ortiz y Ruiz de Quevedo

Diccionario Enciclopédico de la Lengua Española, dirigido por E. Chao.

Ecos Nacionales (colección de poesías), de Ventura Ruiz Aguilera

El Nuevo Sistema Decimal

Geografía Histórica de España

Historia General de España (continuación de la del P. Mariana), Cuadro Sinóptico de la Historia de España y Museo Pintoresco de Historia Natural, de Eduardo Chao.

Historia Literaria de Galicia, de Manuel Murguía

La Biblia de la Infancia (compendio de Historia Sagrada)

Los Hidalgos de Monforte, de Benito Vicetto.

Método de solfeo

Zurbano, Su Vida Militar y Política

Ofrecemento de permuta de empregado de Aduanas

Papelería

Pastillas para a tose

Peluquería del Siglo

Perito agrimensor

Poxas xudiciais

Publicacións periódicas:

El Eco de la clase obrera

Gaceta Musical de Madrid

La Discusión

La Iberia, diario liberal de la mañana

La Marina. Revista científico militar

La Razón. Revista política, filosófica y literaria (Madrid, bimensual, democrata)

La Suerte. Periódico Semanal de Ciencias, Artes, Literatura, etc.

Pero-Grullo, periódico político inocente

Revista de Ciencias Médicas

Revista Industrial

Semanario Pintoresco Español-Enciclopedia Popular

Produtos farmacéuticos franceses

Requirimento de pago de foros, censos, fundacións de misas e demais cargas dos partidos xudiciais de Vigo e Tui.

Roupa

Trapos

Transporte Marítimo:

Línea Hispano-Inglesa de Vapores (Vigo-Coruña-Liverpool con carga e pasaxe)

Fragata Sofía de Vigo a La Habana + Bergantín Carmencita

Fragata Nueva Luisa de Coruña a La Habana

Goleta Adelina de Vigo a Montevideo e Buenos Aires.

(En números sucesivos van cambiando os barcos pero case todos son con destino a Cuba, Buenos Aires, Montevideo e algúns a México, con saída dende A Coruña, Vigo e tamén Cádiz).

Vendas de foros, terras, casas, maquinaria agrícola, buques, fariña de trigo, fábrica de salga.

[The page contains extremely faint, illegible text, likely bleed-through from the reverse side of the document. The text is arranged in several paragraphs and appears to be a formal document or report.]

Do posibilismo á tentación insurreccional. A prensa católica durante a Segunda República

JESÚS DE JUANA LÓPEZ
XULIO PRADA RODRÍGUEZ
Universidade de Vigo

I

A Segunda República inaugura un deses períodos de aceleración histórica nos que todo muda e se transforma, particularmente a política. A prensa, como é lóxico, non podía permanecer á marxe dese complexo mundo en ebulición, desa realidade multiforme e plural. De feito, ocupa un lugar privilexiado entre os actores que pugnan por orientala conforme ás súas expectativas e intereses. A inusitada proliferación de publicacións de ámbito local e provincial que se suman ós grandes xornais de alcance estatal é, ó mesmo tempo, reflexo da necesidade que os diversos grupos teñen de facer chegar a súa mensaxe a unhas masas que reclaman un papel protagonista na vida política do momento e da propia avidez destas por ter acceso a un mundo que tan só unha xeración atrás era exclusivo patrimonio dunha minoría.

A prensa católica resulta, dende este punto de vista, particularmente interesante dado ou seu relevante papel na conformación, tanto a escala estatal como provincial, dunha alternativa política á coalición republicano-socialista responsable do vasto programa reformista en materia de relacións Igrexa-Estado durante o primeiro bienio. Este heteroxéneo sector irase articulando nunha multiforme agrupación de pequenos partidos conservadores rexionais que presentan notables diferenzas no que atinxe á súa aceptación ou rexeitamento da República, pero que comparten unha serie de principios básicos (os elementais logo de "veinte siglos de civilización cristiana") que non tardarán en explicitar, iso si, logo da desfeita de abril de 1931: rexeitamento ó "comunismo soviético" e á "insensatez

ultranacionalista” e defensa da relixión, a patria, a familia, a orde, o traballo e a propiedade¹.

El Debate, malia a súa declaración de independencia, será o principal voceiro de Acción Nacional/Popular primeiro e da Confederación Española de Derechas Autónomas (CEDA) despois e, por conseguinte, do conglomerado católico durante a etapa republicana. Fundado en 1910, o cambio de réxime sorpréndeo baixo a dirección de Ángel Herrera (en febreiro de 1933 sería substituído por Francisco de Luís), que o converterá nun dos principais “creadores de opinión” deste espectro ó longo da primeira metade dos anos trinta. Unha influencia que non só deriva da súa importante tirada² senón tamén da súa influencia na liña editorial dos xornais provinciais, moitos deles dirixidos por xornalistas formados na súa escola, e pola súa axencia de noticias *Logos*, á que estaban subscritos ata medio centenar de xornais. De feito, como lóxico resultado da heteroxeneidade, distribución territorial e antecedentes do que se deu en chamar “a boa prensa”, a CEDA vai dispoñer dunha complexa e abundante cadea de xornais de desigual importancia distribuídos por toda a xeografía hispana que, segundo Checa Godoy, alcanza un número aproximado de 45 xornais en vésperas da sublevación militar do trinta e seis³.

A ourensá *La Región* foi outra desas publicacións que, no ámbito provincial, tan relevante papel xogaron na conformación dunha alternativa política conservadora, católica e de orde. Como en moitos dos seus irmáns, as súas páxinas permiten rastrexar a evolución deste segmento dende os primeiros intentos por superar o desconcerto que entre as filas monárquicas provocou a proclamación da República ata os ensaios de consolidación do proxecto cedista, atrapado entre as hostes do Partido Republicano Radical (PRR) e a forza do calvosotelismo local, e a deriva autoritaria que se intúe a partir da vitoria da Fronte Popular. O seu nacemento está indisolublemente ligado ó bispado de Ourense: Acción Social Católica S.A. é a entidade que consta como fundadora na súa escritura de constitución, datada en febreiro de 1910 (un ano antes, por tanto, de que o seu irmán maior, *El Debate*, fose adquirido para servir os intereses da Igrexa⁴), nun intre en que

1 *El Debate*, “Al servicio de España”, 7 de maio de 1931.

2 Cfr. Juana, Jesús de (1988): *La posición centrista durante la Segunda República (El periódico Ahora, 1930-1936)*, Santiago de Compostela, Universidade, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, pp. 36-37.

3 Véxase Checa Godoy, Antonio (1989): *Prensa y partidos políticos durante la II República*, Salamanca, Servizo de Publicacións da Universidade de Salamanca. Algúns exemplos representativos desta numerosa prensa serían, entre outros, *El Diario de Albacete*, *El Castellano* de Toledo, *El Adelantado* de Segovia, *El Ideal Gallego* da Coruña, *La Gaceta del Norte* de Bilbao, o *Diario de Valenciu*, o *Diario de Castellón*, *La Verdad* de Murcia, *El Noticiero* de Zaragoza, *El Carbayón* de Oviedo, *El Correo de Andalucía* de Sevilla...

4 Desvois, Jean Michel (2002): “Panorama periodístico del primer tercio del siglo XX”, en *Actas del Congreso Del Periódico a la Sociedad de la Información en España*, Madrid, Sociedad Estatal Nuevo Milenio, p. 192.

rexía a diocese Eustaquio Illundain e Esteban, protagonista, once meses atrás, dos tráxicos sucesos de Oseira nos que nove campesiños perderan a vida e outros 27 resultaran feridos nun enfrontamento coa Garda Civil cando tentaban impedir a retirada do famoso baldaquino do mosteiro.

Como vemos, a aparición de *La Región* non pode desvincularse dos esforzos dos sectores católicos por contar cunha prensa afín que cubrixe a maior parte do territorio estatal. Ademais, en clave provincial, estaba destinada a cubrir o importante baleiro que deixara o prestixioso *El Eco de Orense*, desaparecido o ano anterior tras tres décadas de presenza nos quioscos. No seu Consello de Administración figuraban conspicuos representantes da banca (Pedro Romero Cambón), o comercio e a industria (José de las Cuevas, José Aguirre Pérez, Avelino Rodicio González, Miguel Cimadevila Rodríguez...), a avogacía (Benito Rodicio Gómez, que exercía de presidente) e, naturalmente, a Igrexa, representada polo presbítero Jesús Gómez Alanís e o paúl Ricardo Beade. Entre os seus máis destacados protectores estaba Angelita Varela, marquesa de Atalaya Bermeja, cuxas dádivas e lealdades sempre se disputaron os sectores conservadores da capital.

De acordo cos seus estatutos, "[...] la sociedad se acomodará a las proposiciones de la Iglesia Católica, absteniéndose de intervenir en la lucha de los partidos"; unha afirmación que repetirá no seu primeiro número e que non tardará en obviar, primeiro impulsando unha coalición monárquica e máis tarde coadxuvando á organización do catolicismo social na etapa que nos ocupa⁶. Durante estes anos foron os seus directores José Fernández Galego (setembro de 1930 - agosto de 1932) e Ricardo Outeiriño Rodríguez (a partir de setembro), responsables dunha publicación que alcanzaba unha tirada de dous mil exemplares e que debía competir con outros dous xornais de notable influencia: o monárquico-calvosotelista *Galicia e La Zarpa*, afecto ó republicanismo agrarista que representaba Basilio Álvarez. En 1932 producírase un cambio decisivo no seu accionariado, ó adquirir a maioría das accións os irmáns Ricardo e Alejandro Outeiriño, sen que iso implicase un cambio significativo na liña editorial da publicación.

II

Os católicos ourensáns, mesturados nos partidos de significación monárquica, en particular o conservador, non foron de todo sorprendidos pola convocatoria electoral de abril de 1931. As redes clientelares do outrora todopoderoso Bugallal

5 Valladares Fernández, Edelmiro: *Historia de una empresa periodística gallega. 'La Región'*, Tese de doutoramento presentada na Universidade Complutense de Madrid, Facultade de Ciencias da Información, Departamento de Xornalismo IV, vol. I, pp. 89 e 115.

6 Valcárcel López, Marcos (1987): *A prensa en Ourense e a súa provincia*, Ourense, Deputación Provincial de Ourense, p. 159.

aproveitaron a relativa tolerancia da *Ditabranda* para rexurdir das súas cinzas, e xa por entón daban mostras dunha inusitada vitalidade. Ocupaba por entón a cadeira episcopal o tudense Florencio Cerviño e González, o cal tomara posesión da diocese en xaneiro de 1922, en plena descomposición interna do réxime restauracionista. Nin o prelado nin *La Región* dubidaron por un instante cal era o campo máis grato ós intereses divinos e humanos. O primeiro advertiu ós fieis, “supuesto que no quieran ser apóstatas de la divina fe de sus padres heredada y en el Santo Bautismo recibida”, que debían absterse de votar “a hombres [...] hostiles a la Religión, traidores a su fe y a sus juramentos” e a candidaturas que sostivesen “doctrinas anticatólicas, ataques a los sagrados derechos de la Iglesia y a sus santas instituciones”. Facía así súas as teses do titular da sé de Vitoria, Mateo Múgica, e a súa coñecida posición hostil á conxunción republicano-socialista “y huelga decir que [al] partido comunista”⁷.

O rotativo local, pola súa banda, non cesou de facer chamamentos continuados á unidade do bloque católico-monárquico-conservador, incidindo nas súas páxinas no carácter plebiscitario dunha consulta cuxa transcendencia non podían descoñecer os ourensáns⁸. Tres días antes dos comicios, para despegar calquera dúbida sobre a irmandade e comunión de fins existente entre ambas as instancias, o xornal publicaba en lugar destacado o inequívoco apoio que o ordinario outorgaba ó multiforme, pero incompleto, conglomerado antirrepublicano, dadas as reservas mostradas polos conservadores.

Ninguén parecía dubidar da vitoria, cando menos a xulgar pola mor-na campaña organizada, confiados nos manexos caciquís e nas admonicións de sacerdotes e prelados. Tampouco *El Debate*, que insta ós cidadáns a participar nunha xornada que “será brillantísima para los monárquicos”. Entre outras cousas, “porque nunca existió una prensa de orden tan fuerte y arraigada” como os oito xornais que daquela publicaban a diario na capital do Estado a candidatura da coalición dereitista⁹, e porque “España abomina de la revolución”. Era preciso fuxir de “recursos dictatoriales” e por isto, o mellor era unha vitoria electoral que permitise que a Monarquía se consolidase como un réxime autenticamente popular¹⁰. Con todo, por se acaso, o mesmo día de acudir ás urnas, publica un editorial catastrofista comparando a Monarquía e a República. Votar monárquico, asegura, é afirmar un desexo de “orden legal y justo”, de que as grandes institucións (Igrexa, familia e propiedade) sexan robustecidas, e de que haxa “un ambiente pacífico... en beneficio de todos”. No caso contrario, vótase contra a Monarquía, contra os

7 *Boletín Oficial Eclesiástico del Obispado de Orense (BOEOO)*, 10 de abril de 1931, pp. 121-124.

8 Cfr., a modo de exemplo, os números dos días 29 de marzo e 5 e 7 de abril de 1931.

9 Referíase a *ABC*, *Ahora*, *El Debate*, *El Imparcial*, *El Siglo Futuro*, *Informaciones*, *La Época* e *La Nación*.

10 *El Debate*, “¡Votad a primera hora!”, 12 de abril de 1931.

principios básicos da sociedade e a favor da República, que é antesala do comunismo e da revolución social: "He aquí el dilema: o votar a la Monarquía y con ello al orden social... o votar a la República y con ello la revolución"¹¹.

Aínda que no conxunto da provincia a vitoria sorriu ás dereitas e na capital rexistrouse un virtual empate entre monárquicos e republicanos, o triunfo destes non espertou precisamente entusiasmos entre quen tanto os combateron. O ordinario do lugar chamou inicialmente á resignación cristiá, pois os destinos de "nuestra querida España" e os da santa relixión quedaban en mans do Altísimo. Así mesmo, deu a coñecer unha circular sobre a conduta que debían observar os sacerdotes na que recollía a posición oficial do Episcopado: absterse de intervir ou mesturarse en cuestións políticas agardando que o novo réxime acomodase a súa actuación ó mandato da relixión¹².

El Debate, coñecida a formación do goberno provisorio e a saída de España de Afonso XIII, non puido máis que recoñecer a súa sorpresa e, de acordo coa doutrina de León XIII, acatará finalmente o novo réxime e os seus representantes, pois "[...] es un gobierno y, por tanto, un poder constituido contra el que no se puede ir"¹³. Menos suxeito a formalismos e libre das ataduras e os complexos equilibrios institucionais que aconsellaban prudencia ó voceiro diocesano, *La Región* non dubidaba en recoñecer un fracaso que atribuíu á escasa mobilización das dereitas e á desorientación dos monárquicos, negándose a crer que, cal novo Fernando VII, España puidese terse deitado monárquica e levantado republicana. A prensa católica ourensá é das pioneiras en sumarse ós ataques contra as primeiras medidas laicistas do Goberno.

As repercusións políticas do caso Segura e o incendio de conventos do mes de maio provocan un claro endurecemento dialéctico nos sectores católicos da capital. O voceiro diocesano publicou axiña unha carta dirixida polo bispo ourensán ó presidente do goberno protestando pola expulsión dos bispos de Vitoria e Málaga, esixindo

[...] la revocación, anulación y reforma de semejante decreto, y aún de todos los demás decretos inspirados y repletos de idénticos odios sectarios a Jesucristo y su Iglesia, decretos a todas luces improcedentes por ser, a parte de otras razones, anticonstitucionales, violadores del Concordato vigente con la Santa Sede y audaces retos de la fuerza a la conciencia católica de los españoles:

1.º Por haber introducido con especiales derechos y absurdas garantías la plena libertad de falsos cultos con amplia difusión y propagandas de todo linaje de herejías (sic), sacrilegios y ateismos (sic).

11 *El Debate*, "¡Votad a primera hora!", 12 de abril de 1931.

12 *BOEOO*, 29 de abril de 1931, pp. 129-134.

13 *El Debate*, "Ante un poder constituido", 15 de abril de 1931.

2.º Por haber facilitado y amparado la separación, legal destierro de todo signo religioso y enseñanza catequística de las escuelas públicas a voluntad de cualquier bolchevique que pretenda convertir a España en una Rusia soviética, y si tiene hijos o nietos, los quiera a ellos y a todos los en España nacidos sin religión ni patria.

3.º Por haber roto de un golpe con visible desprecio a la Fe todos los sagrados vínculos tradicionales de armonía entre la Iglesia y el Estado, prohibiendo la asistencia oficial de las autoridades civilo militares a los actos de Culto.

4.º Por desamparar y aun amenazar de represión y despojo a las Órdenes religiosas en que oran, se santifican y trabajan españoles, incluso las que han donado a España el nuevo mundo de América.

5.º Por la protección, requerimientos y halagos que más o menos descaradamente se ofrecen a todo linaje de laicismos, lo cual equivale, claro está, a pretender hacer de España, resueltamente, en vez de la gloriosísima nación católica que hasta ahora lo ha sido, una república de cuño soviético incompatible de todo punto con lo que fué (sic) y es y quiere ser vida cristiana, fe generadora de virtudes, amor sobrenatural que afiance la paz y reconcilie enemigos por la destrucción de odios y humanas querellas, y luz y Evangelio esplendoroso, divina y soberanamente civilizador de Cristo

[...].¹⁴

Máis aló de constatar a utilización destes e parecidos argumentos, non moi diferentes dos que se empregan noutras partes do Estado, interesa documentar como ó redor de *La Región* se levan a cabo os primeiros ensaios de articulación do campo das dereitas. De feito, *El Debate* xa anunciara o camiño a seguir cando, axiña tivo confirmación da convocatoria das eleccións parciais para concellos e das constituíntes de xuño, advertía ós seus lectores que “ha triunfado la Revolución”, mais “sus planes y designios aún no han empezado a realizarse”; non o farían ata a constitución das Cortes, intre no cal se tomarán decisións que afectarán á relixión, ás ordes relixiosas, ó ensino, á propiedade, ó réxime do traballo, etc.; daquela, é preciso traballar arreo, pois “no hay partidos, sino restos inservibles [...] no hay organizaciones políticas [y] todo se ha de improvisar ¡en cincuenta días!”¹⁵.

José María Gil Robles, xunto co seu protector, o xa citado Ángel Herrera, foi talvez un dos primeiros políticos conservadores en apercibirse de que era necesario adecuarse ós novos tempos e poñer outra vez en garda as conciencias alestargadas pola mazada recibida no mes de abril. O día 1º de maio, xornada pouco propicia para a propaganda do bloque que representaba, presentouse na cidade de Ourense co propósito de contactar con antigos notables monárquicos que favorecesen o espaxamento da neonata *Acción Nacional*, cuxo parto viña de anunciar *El Debate*. O seu intento non comezou precisamente con bo pé: ás reticencias destes tivo que sumar a súa condución en calidade de detido ás dependencias do

14 BOEEO, 27 de xuño de 1931, pp. 216-218.

15 *El Debate*, “Un gran sacrificio colectivo”, 28 de abril de 1931.

Goberno Civil, se cadra para protexelo das iras das masas, se cadra para aclarar a natureza exacta das súas xuntanzas segundo el mesmo narra¹⁶.

Non tardou en saír na súa defensa unha figura de singular importancia na vida relixiosa e política ourensá da Segunda República: Diego Bugallo Pita, vicario xeral, asesor directo do bispo, provisor da diocese, orientador da liña editorial de *La Región* e consiliario na sombra de todo aspirante a figurar en primeira liña dos conciliábulos da política conservadora local. O dirixente católico recuperou axiña a liberdade de movementos, pero tivo que abandonar a provincia con pouco máis que boas palabras no peto. Non estaban os tempos para sumar inquebrantables adhesións por parte duns notables locais que se mantiñan á espera dunha maior clarificación do panorama político para poñer as súas hostes ó servizo do probable vencedor. Facendo honor á súa condición de galego, tampouco o ordinario diocesano semellaba daquela moi disposto a comprometer o contraataque católico a unha soa carta, o cal tampouco favorecía o éxito inmediato das súas xestións. Como tampouco o facía a escasa predisposición da Igrexa española, só moi recentemente implicada na organización populista de masas e na loita pola captación do sufraxio.

Pero aínda que o campo non estivese ben traballado, a semente fora derramada e o prelado, e con el *La Región*, non tardarían en abandonar pequenas reticencias pola belixerancia máis combativa, bloqueando toda posibilidade de expansión para unha alternativa católico-republicana na liña de Alcalá Zamora e Maura. Neste sentido son moi reveladores os artigos de Mariano Vidal, párroco de Amarante (O Carballiño) e candidato frustrado nas lexislativas de xuño, o cal se mostra decidido e precoz partidario da organización dun gran partido de corte social-católico, agrario e galego. Trataríase dunha formación nitidamente interclasista onde, por encima de faccións, intereses, matices e tendencias, achasen acomodo todos os católicos, pois todos eles estaban igualmente ameazados polo laicismo destrutor practicado polo goberno.

Mais nin as admonicións e protestas, nin as visitas propagandísticas, os acendidos artigos e os detallados relatos de incendios de templos publicados por *La Región* foron suficientes para xunguir os católicos ourensáns nunha candidatura conxunta que superase as rivalidades partidistas de acordo co que advertía a coñecida Declaración Colectiva dos Metropolitanos, que tamén fixera votos pola necesidade de unión circunstancial dos católicos para asegurar a elección de "candidatos que ofrezcan plena garantía de que defenderán los derechos de la Iglesia y del orden social". Como era de agardar, os resultados foron desastrosos e esta

16 Gil Robles, José M.ª (1968): *No fue posible la paz*, Bos Aires, Ed. Sudamericana-Ariel, p. 35.

vez extensivos á provincia de Ourense, onde entre o amplo espectro dereitista só Calvo Sotelo foi quen de obter representación.

A discusión do anteproxecto constitucional e a posta en práctica do programa governamental elevou o ton das críticas vertidas a través da prensa relixiosa local. O boletín diocesano comezará entón a atacar duramente o programa republicano á vez que critica os fundamentos ideolóxicos do réxime, as liberdades modernas (fillas da desorde provocada pola Reforma Protestante que desemboca no caos revolucionario de xullo de 1789) e as teorías contractualistas sobre a xénese do poder civil. A prensa de esquerdas recibe tamén duros embates, por canto é instrumento favorito de impíos e blasfemos para atacar ó culto e ós seus ministros, “[...] ariete demoledor de la fe, de las buenas costumbres y aún del orden y de la prosperidad de los pueblos”. O laicismo é branco predilecto da súa ira: a Pastoral de Florencio Cerviño do 12 de febreiro de 1932 fai incorrer en apostasía ós que comunguen co socialismo ou co laicismo, expulsando os impíos do seo da Igrexa, “sin que pueda haber llaves pontificias ni, por lo tanto, potestad en la Iglesia y jurisdicción en ningún sacerdote para recibiros en confesión y perdonar vuestros pecados”; nin a divina misericordia era posible “mientras el corazón rebelde, laicista, socialista [...] perdure en su obstinación y voluntaria impenitencia”. Tamén se repiten sutilmente as queixas pola situación de desamparo dos curas como consecuencia da diminución do orzamento para sostemento de culto e clero (as partidas do Ministerio de Xustiza redúcense 1/3 no primeiro bienio, paso previo para a súa extinción en dous anos en aplicación do deostado artigo 26 e da Lei de 14 de novembro de 1931, e outro tanto haberán de facelo os salarios dos sacerdotes), aínda que non é isto o que máis parece preocupar¹⁷. Non se esquece, finalmente, as críticas á corporación municipal polo acordo plenario de derrubar o muro que separaba os cemiterios católico e civil, como despois se fará con relación á lei de 30 xaneiro de 1932 que dispoñe a súa secularización.

A pastoral colectiva sobre a Constitución de finais de decembro ten no prelado ourensán un dos seus principais defensores, como tamén o terá a Compañía de Xesús, cuxa disolución serviu de pretexto para o envío dunha nova carta ó presidente do Consello de Ministros na que protesta enerxicamente por tal medida. Ó mesmo tempo, emprega o voceiro da diocese para criticar a xestión governamental en diferentes ámbitos. Entre eles o da liberdade de opinión, que xulga “excesiva”, pois só debe incluír o “derecho para propagar lo verdadero y honesto”, pero “en cuanto a opiniones falsas [...] [y] vicios que corrompen el alma y las costumbres, es justo que la pública autoridad los cohíba con diligencia”, arrogándose

17 Cfr. para estas cuestións Carballo, Francisco e Magariños, Alfonso (1978): *La Iglesia en la Galicia contemporánea. Análisis histórico y teológico del periodo 1931-36. II República*, Madrid, Akal, pp. 173-176 e 195-199.

o dereito que asiste á Igrexa para “exigir que los fieles no publiquen escritos que ella antes no haya examinado”¹⁸.

Tamén se instrúe ós sacerdotes para que poidan aproveitar calquera fenda da lexislación republicana para poñer trabas á súa aplicación. Por exemplo, con relación á Circular da Dirección Xeral de Ensino Primario que ditaba normas para a aplicación do Decreto do 6 de maio, advertíase ós párrocos que coidasen de que fose “debidamente cumprida la reciente disposición sobre el derecho que se reconoce a los padres, madres, y tutores para solicitar que los niños reciban enseñanza religiosa en las escuelas oficiales”, para o cal se lles debía facilitar un modelo de solicitude ó tempo que se lles advertía “que es un deber esencial, como fieles hijos de la Iglesia Católica” o seu cumprimento¹⁹.

Outro tanto acontece en materia de camposantos: tras constatar que a maioría dos da diocese non son de propiedade municipal, dispónse que as chaves continuarán en posesión dos ministros de culto, os cales deberán protestar calquera inxerencia da potestade civil ó tempo que entregan ós fieis o preceptivo documento no que manifestarán expresamente diante de tres testemuñas a súa vontade de repousar en terra sagrada; esta fórmula, obrigado encabezamento para os que fixesen testamento, debería facerse por triplicado e unha das copias, a xeito de cédula de identidade, debía de acompañar a diario o fregués, pois a chamada do Señor podía sorprender a calquera fóra da súa veciñanza habitual²⁰. Tampouco esquece o prelado distinguir os que se manteñen firmes nas súas arraigadas convicións: para premialos e ó mesmo tempo marcar co estigma dos infectos as ovellas descarreiradas, ordenou, no mes de outubro, elaborar un censo de “verdaderos crentes ourensáns” mentres clamaba polo afastamento da fe e o desinterese que cara á Igrexa manifestaban os centos que “para nada se acuerdan ya del Santo Cristo como no sea para injuriarle y blasfemarle”.

III

Consagrado no texto constitucional o programa laicista e secularizador dos republicanos, as dereitas ourensás pareceron, por fin, en disposición de aparcas as súas diferenzas internas en prol dunha acción común en defensa dos seus intereses. O mesmo Florencio Cerviño, coidando albiscar un cambio substancial na situación, afirmou nunha nova circular o seu gozo pola “cristiana reacción que dicen se opera en forma pública y visible en toda la Diócesis”; se había meses foran centos os que se afastaran da Igrexa, agora “sólo en muy pequeña parte se

18 BOEEO, 12 de marzo de 1932, p. 75.

19 BOEEO, 16 de xuño de 1931, pp. 243-244.

20 BOEEO, 12 de marzo de 1932, pp. 75 e ss.

había[n] deixado seducir a forza de absurdas, bien que halagadoras promesas, de que el anhelado término de sus males y codiciado bienestar serían logrados con sólo cambiar de régimen en libre emancipación y formal renuncia de todo lo tradicional y religioso". Advertía, porén, que "nadie [...] busque fuera de Cristo y de su Iglesia católica, reacción saludable, regeneración segura, salvación posible para la sociedad, familias e individuos"; pois non se pode "servir a dos señores tan de suyo incompatibles" en clara alusión ós que o mesmo asistían ó sacrificio da misa e á saída atopaban refuxio en locais de espectáculos inmoraís, que a aqueles elementos conservadores que para ampliar as súas bases parecían dispostos mesmo a afastarse uns pasos do clericalismo máis rancio.

O contraataque partiu, unha vez máis, do multiforme conglomerado que se movía ó redor do Palacio episcopal. Os mozos da Xuventude Católica foron, de entre todas as organizacións segrares, os máis activos no cambio de estratexia. As súas conexións con *La Región* fanse patentes non só na ampla cabida que nas súas páxinas ten a actividade desenvolvida pola organización, senón no feito de que o seu principal animador, Agustín Mosquera Gil, fose tamén director da mesma durante uns meses nos estertores da ditadura de Primo de Rivera. Este capelán castrense, animador da Asociación de País de Familia, ocupou o cargo de consiliario da Xuventude Católica dende o seu nacemento ata que as súas ansias purificadoras o levaron a abandonar a cidade para percorrer os campos de batalla na nova cruzada nacional, máis tarde prolongada nas xeadas terras soviéticas, onde acompañou ós voluntarios da División Azul.

Na súa primeira directiva atopamos ardorosos mozos que, cos anos, formarán parte da cúpula dirixente das Juventudes de Acción Popular (JAP), caso do seu vicepresidente Wilfredo Vargas de la Infiesta. Completaban a mesma Modesto Vázquez González (presidente), Modesto Casas Branco (secretario), Julián López Areas, Manuel Fernández Figueiral, Alfonso Leirós e Esteban Rionegro Rodríguez. A posterior xunta, elixida en xaneiro de 1932, incorpora nos seus postos dirixentes a outros dous homes posteriormente vinculados á JAP: Natalio Rodríguez (presidente) e o propio Alejandro Outeiriño (vicepresidente). Antes, no outono de 1931, o seu irmán Ricardo, tamén xornalista, iase erixir, xunto co xuíz municipal Bartolomé Mostaza, no principal animador das xuntanzas preparatorias que culminarán na organización do primeiro ensaio de unidade das dereitas ourensás: Acción Ciudadana Gallega (ACG). Seguindo a M. Valcárcel, a súa constitución formal tivo lugar na primeira semana de novembro baixo o lema "Deus, Xustiza, Familia, Traballo e Propiedade", presentando o seu programa claras similitudes co de Acción Nacional, dado a coñecer polas mesmas datas. O limitado do ensaio ponse claramente de manifesto no feito de que a pertenza á organización non

excluía calquera outra militancia partidaria, con tal de que esta non fose incompatible coa defensa da Igrexa²¹.

Nunca ACG pretendeu ser o embrión dun futuro partido político. Aspiraba, iso si, a erixirse na plataforma idónea para coordinar os esforzos dos católicos por encima de distincións de partido. Por iso, a súa mensaxe o mesmo se dirixe a ex-upetistas que a republicanos convencidos; a nacionalistas católicos e a agrarios independentes, pasando por tradicionalistas, calvosotelistas e monárquicos dinásticos. Precisamente, as principais claves da súa debilidade residiron na mestura de elementos ós que se dirixía, sen esquecer que daquela o programa de goberno de republicanos e socialistas fería non poucas consciencias e ameazaba importantes intereses materiais, pero eran demasiados os que aínda permanecían nas pavías alleos ó que estaba en xogo. A frialdade con que foi acollido o seu parto ponía tamén de manifesto ata que punto os personalismos e as diferenzas tácticas e estratéxicas seguían dividindo as dereitas ourensás, incapacitadas ata para presentarse a un ano vista do nacemento da macilenta organización na magna asemblea que marcaría o rumbo da rutilante Acción Popular (AP).

Os esforzos dos propagandistas católicos nucleados arredor de *La Región* non decreceron, porén, malia o frustrado intento. Todo o contrario: a inauguración do local da Asociación Católica Nacional de Propagandistas (ACNP) en febreiro de 1933 marca o camiño a seguir polos que, insistindo en autodefinirse como apolíticos, consideran que non poden desentenderse da política á que haberán de descender cando así o aconsellen as circunstancias. O desgaste a que era sometida a maioría republicano-socialista dende diferentes frontes e as perspectivas que se abrían ás formacións de dereitas estimulounos nunha dobre dirección. Por unha banda, intensificouse a creación de novos centros e a actividade de propagandistas, destacando oradores por media provincia que combateron con saña dialéctica tanto o egoísmo dos patróns que esqueceran practicar a xenerosidade evanxélica e o amor cristián cos seus traballadores como a escravitude a que as organizacións marxistas sometían a estes últimos en nome da loita de clases. Por outra, os seus máis impacientes apóstolos non dubidaron en criticar, unha e outra vez, a inactividade política das dereitas solicitando desde as páxinas do rotativo a unidade de todos os sectores católicos en defensa dunha civilización ameazada polas leis laicistas aprobadas pola República, pórtico do ateísmo e do marxismo máis desaforados.

Os máis intransixentes, que frecuentemente coincidían cos máis pesimistas á hora de calibrar as posibilidades políticas do catolicismo social, axiña tiveron

21 Valcárcel López, Marcos (1992): *Ourense, 1931-1936: Estructura económica e comportamentos políticos*, Tese de doutoramento, pr. mr., pp. 176 e ss.

ocasión de ver confirmados os seus agoiros cando a febre incendiaria que ciclicamente sacudía boa parte do Estado acabou por estenderse a terras galegas. Pero con ela, ata os máis ofuscados tamén acabaron por apercebirse dos beneficiosos réditos que para a súa estratexia unitaria podían ter tales desmandos. Segundo *La Región*, o 10 de xuño, uns descoñecidos incendiaron o templo de Santa María de Vilar de Serantes (Ferrol), salvado da total destrución pola rápida intervención duns veciños; durante esa madrugada ardían as igrexas coruñesas de Sigrás, Anceis, San Pedro de Nós, San Xurxo, Iñás e Oleiros. Sete días máis tarde, no que o rotativo cualificaba de “medida eficaz”, informábase de que na cidade departamental “en vista de los repetidos incendios de iglesias de los pueblos comarcanos varios grupos de vecinos armados con garrotes recorren por las noches las parroquias para evitar la destrucción de los templos”. O articulista non ocultaba a súa satisfacción polo feito de que Ourense permanecese libre de “la persecución desafortunada a iglesias y cruceros y a todo aquello que de cerca o de lejos presente apariencias de símbolo religioso”, pero ó mesmo tempo indica cal é a mellor alternativa: a organización dos católicos en defensa da relixión ameazada²².

Mais axiña chegaron os ecos destrutores ás proximidades da vella Auria. O día 23 de xullo era incendiada a ermida da nosa Señora das Neves, situada na cima do monte Ladaíña, en Piñor (Barbadás). As primeiras investigacións non deixaban lugar a dúbidas en canto ó carácter provocado do lume, “pues comenzaron a arder al mismo tiempo las dos puertas de la ermita y la de la sacristía”; o importe dos danos calculábase en 500 ptas. Durante un tempo a Garda Civil vixiou os arredores en servizo de custodia; cesado este, os elementos “de orde” organizaron pola súa conta roldas nocturnas que se prolongaron varios días. Facía así a súa aparición no Ourense republicano un fenómeno que se convertería en norma ó longo da primavera de 1936, etapa na que as forzas de seguridade non foron quen de evitar a súa proliferación, malia que ocasionalmente facían acto de presenza nalgunhas aldeas. A privatización do control da orde nun espazo público que estes grupos representaban patentiza un dobre fracaso das autoridades: o de non poder garantir a indemnidade daquilo que protexen e o de carecer de capacidade para evitar a súa multiplicación, símbolo desa ineficacia e inesgotable fonte de conflitos nas diferentes parroquias da xeografía ourensá.

A elite política conservadora semellou verse aguilloada pola “espontánea” organización dos católicos en defensa das súas igrexas e, coa bendición do prelado e o estímulo constante da Boa Prensa, decidiu dar un paso máis na unión das dereitas locais. Dende finais do verán os contactos incrementáronse intuín-do, quizais, a lenta agonía das Cortes do primeiro bienio. Deste xeito, a finais de

22 *La Región*, 17 de xuño de 1933, pp. 1 e 29 de xullo de 1933.

outubro de 1933 saíu á luz pública a Unión Orensana de Derechas (UOD), na que confluíron calvosotelistas, membros de AP, agrarios e algún tradicionalista que non tardará en pasar a un segundo plano, malia o cal a Comuñón asumirá como propia a candidatura²³. Entre os católicos figuraban nomes tan vinculados a *La Región* como os de Carlos Taboada Tundidor, Narciso Rivas e Blanca Calvo, esta última notable propagandista da Acción Feminina e acérrima defensora da Boa Prensa para levar ás consciencias de homes e mulleres os ideais de Deus, Xustiza, Familia, Traballo e Propiedade.

Os resultados estiveron á altura dos esforzos despregados: o PRR obtivo catro das nove actas en xogo na provincia, pero o conglomerado dereitista garantiu o escano a cinco dos seus sete candidatos: tres de Renovación Española (RE), un de AP e outro agrario. A vitoria electoral trouxo como consecuencia o desprazamento a Madrid dalgún dos máis relevantes personaxes dos círculos católicos ourensáns, comezando polo presidente de AP, o xa citado Carlos Taboada, que non por iso se desentendería da consolidación do partido na provincia ata o seu pasamento. De feito, dende que a finais de setembro *La Región* deu a coñecer o seu primeiro manifesto, a súa estrutura organizativa estendeuse lentamente por toda a provincia a medida que avanzaba o segundo bienio a custa, sobre todo, do PRR, pero sempre lastrada polo gran predicamento de Calvo Sotelo, con cuxos seguidores non tardan en aflorar as discrepancias.

IV

O contraataque católico non se limitou a patrocinar esa candidatura conxunta das dereitas que tan bos resultados obtivo na provincia. En febreiro de 1934 viron a luz as Juventudes de Acción Popular Agraria (JAPA) de Ourense. Ocupaba a presidencia José Pérez Ávila, fillo do ex-alcalde conservador de Ourense e ex-presidente da Deputación Eladio Pérez Romero. A maioría da súa cúpula dirixente formaba parte desa elite conservadora e fondamente católica de tanta influencia social na pequena cidade provinciana que por entón era Ourense. Precisamente é esa compoñente católica o elemento que máis une estes mozos: *La Región* non se limita só a publicar en lugar destacado os seus manifestos e chamamentos á opinión pública²⁴, senón que achega á súa directiva a Alejandro Outeiriño Rodríguez; outros tres dos seus integrantes proceden da cúpula da Xuventude Católica, demostrando así ata onde alcanza a sombra do Pazo episcopal. Trátase, en definitiva, dun grupo de mozos entre os vinte e tantos e os trinta e un anos desexosos de

23 Sobre a UOD véxase Valcárcel López, Marcos (1992): *Op. cit.*, pp. 179-186; e Grandío Seoane, Emilio (1998): *Los orígenes de la Derecha Gallega: La C.E.D.A. en Galicia (1931-1936)*, Sada, Edicións do Castro, pp. 83 e ss.

24 Cfr. *La Región*, 13 de abril de 1934; 21 de decembro de 1935, 2 e 11 de xullo de 1936, etc.

facerse notar ente unhas clases conservadoras que parecían non acabar de recuperarse por completo do profundo golpe que para elas representara a República e, sobre todo, demasiado pusilánimes para poñer freo na rúa á crecente actividade das organizacións obreiras²⁵.

Que o 14 de abril fora unha sorpresa para todos confirmao *El Debate* no contexto doutra relativa sorpresa: os acontecementos revolucionarios de outubro de 1934. Daquela dirá que “las fuerzas vitales de España se han rehecho, el país se ha repuesto de la sorpresa, porque sorpresa pura y simple fue aquel trance [...] España no ha dejado de ser España [...] Fue aquello una equivocación, fundada en la ignorancia de muchos y en el rencor de unos pocos”²⁶. Se aquilo fora un erro, a sublevación de outubro representa, segundo o xornal católico, “la más formidable ofensiva contra la Patria y contra el orden social”, pois con ela non se buscaba unha “modificación accidental del régimen” senón a súa destrución e “la implantación del comunismo”. O Estado debe responder “con la aplicación indeclinable de la ley. Ni espíritu de venganza, ni afán de represalia”, pois os acontecementos revolucionarios definiron con nitidez “las únicas posiciones posibles. O un régimen habitable por todos los españoles, con leyes que a todos comprenden, amparen y obliguen, o la tiranía de unos grupos [...] criminales”²⁷.

Pola súa banda, o catolicismo social ourensán interpretou as manifestacións violentas que se viñan sucedendo xa con anterioridade como comportamentos de carácter claramente asocial; non eran tanto formas de loita política ou social senón actuacións que perturbaban os xustos intereses do conxunto da comunidade, prácticas que subvertían unha ordenación biolóxico-moral comunmente aceptada que agora se vía atacada por un virus estraño que adoptaba a forma do materialismo marxista. Só así pode entenderse que Florencio Cerviño interprete que outubro do 34 é o resultado do progresivo afastamento das masas da doutrina católica, consecuencia inevitable dunha Constitución laica que consagra a separación entre a Igrexa e o Estado:

Notad como el malestar sentido se agrava. El odio al trabajo, a las leyes justas y disciplina social, a los derechos ajenos (sic), incluso los sacratísimos de la Iglesia y los de las vidas y haciendas de los propietarios, pretende justificarse por meras razones de egoísmo. Tras esto vienen los atentados, las conspiraciones, los atracos audacísimos; las organizaciones socialistas con todos los medios y recursos para imponerse por la crueldad y la fuerza, siquiera sea preciso matar, deshacerse de todas las vidas honradas; quemar, destruir monumentos históricos, centros de cultura y fuentes de

25 Sobre esta cuestión véxase Prada Rodríguez, Xulio (2005): *A dereita política ourensá: monárquicos, católicos e fascistas (1934-1937)*, Vigo, Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.

26 *El Debate*, “Al cabo de tres años”, 12 de outubro de 1934.

27 *El Debate*, “Ni más ni menos que cumplir la ley”, 13 de outubro de 1934.

riqueza nacional, justificando friamente el crimen con todos sus horrores hasta los últimos excesos de la anarquía, según se ha visto en la revolución de Octubre, en la que sólo por una singular providencia de Dios se evitó el final desastre. Pues notareis, asimismo, que en el fondo de todo aquello, en el ambiente fatídico de tantas crueldades e injusticias no había otra cosa que irreligión y ateísmo [...]. Supuesta la separación oficial del Estado [...], proscrito en varios artículos del Código fundamental de la República el reinado social de Jesucristo [...], compréndese que todos los desalmados, pocos o muchos que en España hubiese aprovechado jubilosos la buena ocasión ofrecida [...] para la realización de sus fechorías sin valla alguna religiosa [...].²⁸

O conflito violento explicábase como o produto dunha deficiencia no proceso de aculturación de determinados sectores populares que partía xa dunha integración defectuosa ó nivel da célula familiar e da propia escola. O laicismo, pórtico do ateísmo destrutor, era o principal responsable de que os mozos ourensáns engrosasen as filas do socialismo. Nin un ápice de crítica ás miserentas condicións de vida nas que eses mozos desenvolvían a súa existencia; nin un reproche á cegueira dos sectores dominantes; nin unha chamada á posta en práctica de medidas que diminuísen as desigualdades sociais existentes. Só un desapiadado ataque ás disposicións secularizadoras da República:

Precisamente, porque esta verdad no se enséña, porque se prohíbe ensinárla e inculcarla en las escuelas públicas, oficialmente laicas y prácticamente ateas, en cuyo decálogo caben por su radical oposición al Decálogo divino, todos los humanos vicios y crímenes, de ellas, de esas escuelas sin Dios, tenían que salir, salen y saldrán siempre [...] esas cuadrillas de chicuelos blasfemos, que ya conoce Orense, prematuramente socialista, y tanto más socialistas cuanto más blasfemos y menos cristianos [...]; cuadrillas, por lo tanto, aprovechables para reclutas de burdel, ladrones de oficio, y hasta conspiradores rojos y pistoleros al uso, como ya se vieron en varias partes [...].²⁹

As deficiencias desta interpretación non tardarán en poñerse de manifesto. Pero, polo momento, a vitoria sobre os revolucionarios non podía ser máis completa e con isto eran moitos os que retornaban ó curro protector da Igrexa atemorizados polos desmandos do proletariado. Así acontece en Ourense, onde a expansión de AP pola provincia, a aparición das JAPA e a multiplicación de actos de propaganda anuncian unha etapa dourada para o proxecto católico acaudillado por Gil Robles. Mais as evidentes limitacións destes avances non pasarán

28 BOEEO, 20 de marzo de 1935.

29 *Ibidem*, p. 55. A exhortación do prelado compre situala no contexto da creación do "Sindicato de Obreros Profesionales de Oficios Varios" no mes de febreiro co obxectivo declarado de contrarrestar a influencia da Casa do Pobo e restarlle apoios ós sindicatos marxistas, duramente perseguidos logo dos acontecementos de outubro.

desapercibidas, mesmo publicamente, para *La Región*, que denuncia reiteradamente a escasa actividade que demostra a organización ó longo de 1935³⁰. Como sinala o propio M. Valcárcel, o xornal continúa apoiando a táctica accidentalista da CEDA e mostrando as súas reticencias cara a Calvo Sotelo, pero tamén comeza a dar cabida a artigos de opinión de contido marcadamente ultrarreaccionario e ata próximo ó fascismo³¹. Sen dúbida isto é expresión do impacto que os acontecementos de outubro tiveron nun importante sector da opinión pública ourensá, que agora mostra a súa desconfianza cara ó posibilismo e o que consideran unha actitude en exceso contemporizadora do seu líder.

Non faltan exemplos de combativos párrocos rurais que mesmo aproveitan a declaración do estado de guerra para tentar reforzar o seu control sobre os fieis. Velaquí por que varios docentes vinculados á Asociación de Trabaxadores de la Enseñanza de Orense (ATEO) —de “analfabetos pedantuelos” os cualificaba *La Región*— visitarían os calabozos dos cárceres ourensáns en outubro de 1934 acusados polos cregos de propagar ideas disolventes entre os rapaces e de cometer todo tipo de aldraxes co crucifixo nas escolas. Foi o caso de Ignacio Herrero Fuentes (secretario da ATEO, redactor da revista pedagóxica e de reflexión docente *Escuela de Trabajo* e grande experto en cuestións filolóxicas e didácticas), Adolfo Rodríguez Ansias (detido en dúas ocasións nos meses de outubro e decembro), Amadeo López Bello, Luis Bazal Rodríguez, Evaristo Outeiriño Gil, Rafael Alonso Rodríguez, Baltasar Vázquez, Castor Rivera, Pedro Trapote Rodríguez, Eduardo Len Pérez, Gil Cronisto Outeiriño e Armando Fernández Mazas.

Esta persecución pon de manifesto a hostilidade que as reformas educativas do primeiro bienio espertaban nalgúns sectores, en particular entre ese clero rural, instigador da maioría destas denuncias en compañía dos elementos monárquicos e católicos que terían continuidade durante a campaña electoral de febreiro de 1936³². Unhas denuncias que eran a culminación dunha campaña principia-da no outono de 1933 e que se intensificara despois do triunfo das dereitas nas eleccións de novembro. Daquela publicáranse na prensa conservadora (velaquí as campañas do semanario *Ellas* e dos xornais *Galicia* e *La Región*) toda unha serie de artigos que incitaban ós pais a poñer en coñecemento das autoridades educativas e dos tribunais a actuación do que eles chamaban eses “malos maestros que hay que vigilar”. Loxicamente, o seu obxectivo último era recuperar o terreo perdido polo asociacionismo e as escolas católicas ó tempo que tentaban asestar un golpe

30 Véxase, por exemplo, o comentario editorial do 8 de maio de 1935, p. 1.

31 Valcárcel López, Marcos (1992): *Op. cit.*, pp. 194-195.

32 Véxase “El comunismo en nuestro medio rural”, en *La Región* (13 de febreiro de 1936), no que se responsabilizaba ós mestres progresistas de ser os principais responsables da introdución do comunismo nas aldeas rurais da provincia.

definitivo á ATEO e ós seus afiliados ó conectar o seu labor docente cos excesos do movemento revolucionario.

Mais as diferenzas entre os diferentes sectores conservadores seguían a imposibilitar unha verdadeira unidade de acción malia o acontecido en outubro. No outono de 1935 as disidencias entre os católicos e o resto do centro-dereita local trasladáronse ó concello. A escisión dos representantes ourensáns do PRR ata en tres sectores derivou nunha crise municipal resolta polo gobernador civil co nomeamento dun grupo de concelleiros seguidores da liña de Fernando Ramos Cerviño, quen conseguía contar así coa teórica lealdade de doce dos vinte e tres xestores. Isto situábao en disposición de impulsar unha política monocrorde que previamente se lle nega como consecuencia das disputas internas de devandita formación. Os católicos protestaron reclamando un novo reparto e ameazando con retirar os seus cinco representantes, cousa que finalmente farían efectiva anticipándose así á estratexia do seu líder nacional cando ordenou a saída dos seus homes de todas as corporacións municipais unha vez tivo coñecemento do nomeamento de Portela Valladares como xefe do Goberno. Tratábase dunha hábil manobra auspiciada desde a contorna do Pazo episcopal co fin de desgastar aínda máis o PRR e atraer así unha parte do seu electorado ante a inminente convocatoria electoral. *La Región*, como xa fixera coa escisión de maio do ano anterior, encárgase habilmente de airear e axigantar as disensións como parte dunha estratexia de acoso e derribo que non moi pronto certificaría as súas excelencias³³; o binomio prensa-altar daba mostras, unha vez máis, de froitífero entendemento.

V

No panorama político de división social que mostraba o país, *El Debate* non ignoraba que os destinos futuros se xogaban nas eleccións. Unha vez fixada oficialmente a data da convocatoria, igual que fai a confederación cedista, o xornal vai poñer todo o seu esforzo para axudar a un triunfo que non se observa, pese ó entusiasmo das dereitas, que sexa tan claro. Ademais de ir preparando a opinión ós poucos con editoriais e outros contidos, nos dous domingos previos ó 16 de febreiro vai publicar senllos números extraordinarios con todo luxo de tipografía e material gráfico para chegar a concienciar os votantes conservadores. O día 2 de febreiro, por exemplo, recórdalles como votou España en 1933 e cales son os postos e candidatos dereitistas a votar o día dos comicios e, en grandes titulares, sintetiza algunhas ideas claves como: que “hay que vencer a la revolución para defender los derechos de Dios y de la Iglesia”; a actitude do primeiro bienio contra a familia, as escolas, as festas relixiosas, as procesións...; o desexo da Fronte Popular de que España sexa como México ou Rusia, “sede de la barbarie y la tiranía”; fai un

³³ *La Región*, 1 de novembro de 1935, p. 1.

repasso dos delitos contra as persoas e a orde pública entre 1931-1933; non deixa de sinalar outros lugares comúns entre a prensa de dereitas, como o ataque dos separatistas contra a unidade de España, ou a ruína da economía por culpa dos socialistas, etc. O seguinte domingo, día 9, outro número extraordinario de contidos similares leva por titular “La derecha en pie por Dios y por España”, pechando na contraportada con fotografías de procesións marianas celebradas en todo o territorio estatal e nun recadro central unha copla ben significativa: “Que España ya no es cristiana / se ha dicho en el banco azul. / Aunque sea republicana, / aquí quien manda eres tú, / Estrella de la mañana”.

Finalmente, o día da votación, o voceiro católico publica un editorial cuxo titular é ben expresivo da importancia que se lles atribuían ós comicios: “Para salvar a España”. A súa tradicional linguaxe moderada vólvese máis radical para mobilizar os seus lectores, pois “está[n] en su mano los destinos de España”. Esta opinión catastrofista de que se gañan as esquerdas desaparece a nación españoila repítese arreo:

Cuando la revolución está en acecho..., cuando lo más substancial de nuestro ser colectivo está en peligro, cuando se amenaza de exterminio la religión y se juega la independencia de la Patria, el retraimiento de votar...: sería un delito.³⁴

Os acordos entre a cúpula dos partidos posibilitaron a formación en Ourense da Fronte Antirrevolucionaria, que agrupaba os homes de RE, a CEDA e os tradicionalistas. O diario católico, que desde antes da convocatoria electoral realizara constantes chamamentos á unidade das dereitas, felicítase dos acordos e dá por seguro, dende o primeiro instante, a obtención dunha cómoda maioría. O caciquismo imperante permitiu que nin un só dos candidatos da Fronte Popular puidese ver traducidos os seus modestos sufraxios nunha acta parlamentaria, mentres as dúas primeiras formacións aseguraban o escano para os seus seis representantes, repartidos ó cincuenta por cento.

Por contra, a vitoria das esquerdas no conxunto do Estado semella deixar mudo de opinión a *El Debate*. Non sabe encaixar a derrota, non analiza as causas dos resultados, nada di de Gil Robles, da formulación da campaña, nin replica ós colegas monárquicos que acusan o líder cedista de ser o causante da situación. Cinco días despois das eleccións, e nun ton moito máis distendido/compreensivo, manifesta que a Cámara se presenta dividida en dous grandes bloques, “el centro-derecha y el izquierdo-revolucionario”, pero que non se debe intentar “anular a la mitad de España en nombre de la otra mitad”, pois, advirte, se isto acontece, “sobrevendría inmediatamente o a la larga, una caudalosa reacción que correspondería en identidad y en amplitud a la acción desdeñosa o persecutoria”. Isto daría lugar a unha constante inestabilidade social e a unha continua desorde. Pola contra,

34 *El Debate*, “Para salvar a España”, 16 de febreiro de 1936.

“hay libertades elementales, garantías de seguridad, condiciones de permanencia que deben quedar sustraídas a la variabilidad del juego político”, porque aínda que haxa “dos bandos españoles, España es una” e o Parlamento ten que ser a “zona de convivencia en que estas dos parcialidades dialoguen y se respeten”³⁵.

Van intento. O 16 de febreiro inaugura unha etapa de gran conflictividade na que as posicións moderadas defendidas por *El Debate*, *La Región* e o seu círculo de intereses van perdendo a batalla fronte ó extremismo das dereitas máis radicais como proba, por exemplo, o constante goteo sufrido polas JAP en beneficio de Falanxe. A nova onda anticlerical que se espalla pola provincia da man desas “masas sacrílegas” obriga o bispo a ditar instrucións para impedir os seus máis perniciosos efectos mentres resigna no Altísimo a solución de tales desmandos:

Lacerada el alma de nuestro amadísimo Prelado, que tanto sufre por las desagradabilísimas noticias, que recibe, de sacrilegios nefandos cometidos en algunas iglesias de la diócesis, y a fin de evitar que estos vandálicos actos se repitan —ya que las circunstancias no parecen ser las más halagüeñas para la Iglesia—, dispone el Excmo. Sr. Obispo que los señores Curas párrocos y encargados de parroquias y anejos, retiren el Santísimo Sacramento del Tabernáculo en las iglesias, en donde fundadamente se tema algún peligro de profanación; y, de este modo, se eviten tamaños sacrilegios, llevados a cabo y perpetrados por seres, al parecer, salidos del infierno para semejantes crímenes y aberraciones. Avisen, pues, los señores Curas a sus feligreses [...] y pongan su alma en Dios, de quien sólo podemos esperar el remedio.³⁶

Paralelamente, a loita polo control da rúa entre os extremismos de esquerda e dereita eleva os niveis de violencia política ata cotas insospeitadas e o xornal ourensán, antes hostil a toda demostración de forza que alterase a paz pública, comeza a ver con indisimulada simpatía as escuadras fascistas rebentando as manifestacións de comunistas e socialistas³⁷. As páxinas do rotativo vense inundadas de novas que dan conta de numerosos mortos, feridos, manifestacións, paros, conflitos laborais, folgas, detencións, etc., en numerosas provincias. A sensación que se quere transmitir é a de que en todo o país impera o caos e a desorde, abundando os ataques contra a pasividade das autoridades e as referencias a que se camiña cara á guerra civil. A autoridade gubernativa non dubida en suprimir parágrafos enteiros de artigos e comentarios editoriais nos que se clama contra o clima de violencia que na sombra alentan cos seus diñeiros non poucos dos que contribúen á súa supervivencia inserindo nas súas páxinas a publicidade dos seus negocios. Como no resto da sociedade ourensá e española, non parecía haber xa lugar para a moderación a aquelas alturas do trinta e seis.

35 *El Debate*, “La obligación de Gobernar”, 21 de febreiro de 1936.

36 *BOEOO*, 6 de maio de 1936, pp. 177-178.

37 *La Región*, 19 de maio de 1936, p. 1.



Igrexa e ditadura franquista: carta de Fraga Iribarne á Conferencia Episcopal Espanñola para mellorar a eficacia da aplicación da censura prevista na súa Lei de Prensa e Imprenta (28 de abril de 1967)

OLIVIA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ
Universidade da Coruña

O presente traballo nace do achado, entre os papeis da Delegación de Información e Turismo da Coruña, da fotocopia de catro cartas mecanografiadas, da autoría, respectivamente, de Manuel Fraga Iribarne, ministro de Información e Turismo; e dos bispos Pedro Cantero Cuadrado, José Guerra Campos, e Fernando Quiroga Palacios, membros da Conferencia Episcopal Espanñola. Escríbense entre o 28 de abril e o 5 de maio de 1967. As catro copias foron enviadas o 11 de maio polo Director Xeral de Información, Carlos Robles Piquer, ao Delegado Provincial de Información e Turismo na Coruña, Enrique Santín Díaz. Transcríbense a continuación, despois dunha breve introdución a cada escrito, e seguidamente procúranse contextualizar nese momento da política do MIT do franquismo.

1. Documentos¹

1) 28 de abril de 1967. Carta do ministro de Información e Turismo a Fernando Quiroga Palacios, cardeal arcebispo de Santiago de Compostela e presidente da Conferencia Episcopal Espanñola. Non figura membrete oficial nin sinatura autógrafa de Fraga (veremos máis adiante que era algo propio dos comunicados-consignas). Co seu estilo inconfundible, o executor da Lei de Prensa afirma que, un ano de experiencia na súa aplicación lle fai ver que sería "extremadamente oportuno" un "enlace rápido e eficaz" entre o MIT e a Conferencia Episcopal, para

1 SG 4372, Arquivo do Reino de Galicia, A Coruña.

que o mecanismo represivo da censura funcione mellor e con disimulo. Explica o funcionamento da censura (“oposición”) e cómo pode intervir a Igrexa de xeito paralelo, fóra da legalidade, mais amparada no Concordato. Detalla as posibilidades de colaboración e comunica que envía copia a Cantero Cuadrado, presidente da Comisión Episcopal de Medios de Comunicación Social; e a Guerra Campos, secretario da Conferencia Episcopal.

II) 30 de abril de 1967. Carta do arcebispo de Zaragoza a Manuel Fraga Iribarne. Hai confianza e cordialidade, e revela menos discreción solerte que a carta anterior. Remite a contactos anteriores entre Xerarquía e ministro. Confía en que se poña en marcha o plan proposto por Fraga, para evitar casos como o dunha peza teatral —acabada de editar en Bilbao, e hoxe inencontrable— de Domingo González: *Dios... ¿En Huelga: Palinodia en tres autos, original de los personajes...*². Continúa cun comentario eufemístico sobre a ansia censora de Roma e a Igrexa española, e aproveita para comunicar a composición do tribunal examinador da Escola Oficial de Periodismo da Igrexa.

III) 1 de maio de 1967. Carta do bispo José Guerra Campos ao ministro. Contestación oficial da Conferencia: non hai decisión definitiva, e farase coma sempre, ata nova orde. Non hai tanta confianza como na carta anterior. Cita o anexo oitavo do Protocolo final do Concordato de 1953.

IV) 5 de maio de 1967. Carta ao ministro, asinada por Fernando, Card-Quiroga. Arzobispo de Santiago. Afable, vago, sen querer comprometerse. Remite á carta do Secretario, pero quere escribirlle persoalmente. O eufemismo co que se refire á censura é “la no difusión de algún libro”. Comunícalle que se tratou a cuestión en Asemblea Episcopal e pareceu máis oportuno que faga a xestión o prelado do lugar onde radique a editorial. Deixa aberta a posibilidade de cambios no futuro.

V) 11 de maio de 1967. Carta a D. Enrique Santín Díaz, asinada por Carlos Robles Piquer. Obsérvase a consideración de RESERVADO que se dá a este comunicado. Explica detalladamente os termos da anterior correspondencia.

DOCUMENTO I

Madrid, 28 de abril de 1967

Excmo. y Emmo. Sr.
D. Fernando Quiroga Palacios,
Cardenal Arzobispo de Santiago de Compostela.

2 “el sacerdote Domingo González sufrió un doble procesamiento, el primero ante los tribunales de Bilbao relativo a escarnio a la religión católica y otro ante el TOP por delito de impresos clandestinos”, Abellán 1980: 225.

Emmo. Sr. Cardenal y amigo:

La experiencia derivada de la aplicación, durante algo más de un año, de la vigente Ley de Prensa e Imprenta, me lleva a creer que sería extremadamente oportuno disponer de un sencillo mecanismo en virtud del cual se estableciera un enlace rápido y eficaz entre la Conferencia Episcopal Española y sus Comisiones y Organos permanentes de una parte, y este Ministerio de Información y Turismo de otra.

En efecto, la Ley concede de la Administración un plazo variable para oponerse a la difusión de las distintas clases de impresos. A veces, no existen razones legales que justifiquen dicha oposición. Pero podrían existir, a juicio de la jerarquía eclesiástica razones estrictamente religiosas para ello, en cuyo caso esta oposición se efectuaría al amparo de los derechos reconocidos a la Iglesia católica por su vigente Concordato con el Estado Español. El ejercicio de esta oposición tendría lugar mediante la remisión a este Ministerio de un escrito oficial en el que tal cosa fuera solicitada por el prelado respectivo o, en su nombre, por un órgano o representante autorizado de la Conferencia Episcopal Española.

Dado que los plazos a que antes me refiero son generalmente breves, el establecimiento del sistema que sugiero nos permitiría avisar a la jerarquía eclesiástica en el momento en que la publicación ha sido examinada por los Lectores encargados de este servicio y, probablemente, antes de que expire el plazo a partir del cual el respectivo libro puede circular comercialmente. Por supuesto, según los términos del Concordato, la jerarquía eclesiástica puede solicitar la retirada de un libro incluso después de que éste se halle en las librerías, pero no cabe duda de que sería deseable, para el fin propuesto, que tal medida se adoptara con anterioridad a esta difusión pública.

A este fin, me permito creer que sería conveniente la designación de una autoridad u oficina eclesiástica determinada con la que pudiera ponerse en inmediata relación el Director General de Prensa si se trata de publicaciones periódicas o el Director General de Información si se trata de publicaciones unitarias.

Al someterle, Emmo. Sr. Cardenal, estas observaciones deseo señalarle que he remitido copia de la presente carta a los Señores Arzobispo de Zaragoza, Dr.

Cantero Cuadrado, como Presidente de la Comisión Episcopal de Medios de Comunicación Social, y Obispo Auxiliar de Madrid-Alcala, Dr. Guerra Campos, como Secretario de la Conferencia Episcopal de la digna presidencia de Vuestra Emi-
nencia.

Aprovecho la oportunidad para enviarle un res-
petuoso y cordial saludo, suyo buen amigo que besa la Sagra
da Púrpura.

Manuel Fraga Iribarne

DOCUMENTO II

Membrete: El Arzobispo de Zaragoza

Zaragoza, 30 de abril de 1967

Excmo. Sr. D. Manuel Fraga Iribarne
Ministro de Información y Turismo
MADRID.-

Mi respetado Sr. Ministro y querido amigo:

A mi regreso de Roma, me encuentro con sus car-
tas últimas, que me apresuro a contestar.

Efectivamente, dentro de la Comisión Episcopal
de Medios de Comunicación Social se ha constituido la Ofi-
cina Católica del Libro, cuya realización arranca, al menos
parcialmente, de la noticia que V.E. me dio acerca de la
constitución del Club Católico del Libro en Italia. Si esta
oficina se pone en marcha y actúa en conformidad con los
fines trazados por la Comisión Episcopal de Medios de Comu-
nicación Social, se podrán prevenir y evitar casos similares
al del libro titulado "Dios... ¿en huelga?", y, al mismo tiem-
po, tener a mano un instrumento para los fines que V.E. indi-
ca en su carta al Emmo. y Rvdmo. Sr. Cardenal Arzobispo de San-
tiago, y cuya copia me ha enviado.

Tanto en la Comisión Romana como en nuestra Comisión
Episcopal para los medios de Comunicación Social se puede ob-
servar el creciente interés de la Iglesia por todo cuanto se
relaciona con el campo del pensamiento y de la información.
Le envío la adjunta propuesta en relación con el
Tribunal examinador de los alumnos de la Escuela Oficial de
Periodismo de la Iglesia.

Con el afecto de siempre le saluda respetuosamen-
te su afmo.s.s. y amigo en Cristo.

(Sinatura autógrafa: +Pedro, Arz. de Zaragoza)
+ Pedro, Arzobispo de Zaragoza.
Presidente de la Comisión Episcopal de Medios
de Comunicación Social.

DOCUMENTO III

(Membrete:
Secretariado del Episcopado Español.
El Obispo Secretario general)

Madrid, 1 de mayo de 1967

EXCMO. SR. MINISTRO DE INFORMACIÓN Y TURISMO

Excelentísimo Señor:
Tengo el honor de comunicar a V.
el criterio de la CONFERENCIA EPISCOPAL ESPAÑOLA en or-
den a la aplicación eventual del derecho que tienen los
Obispos a solicitar la retirada de una publicación en
virtud del Concordato con la Santa Sede, anejo octavo
del protocolo final.

La Conferencia ha acordado que
por ahora se siga el uso canónico, según el cual el
ejercicio del mencionado derecho compete en cada caso
al Prelado propio.

La Conferencia ha visto con gra-
titud que el Ministerio de Información y Turismo ofrece
al Episcopado el servicio de una oportuna notificación
acerca de las publicaciones próximas a aparecer que pu-
dieran motivar la intervención de la Jerarquía prevista
en el Concordato; y ha dispuesto que interinamente, mien-
tras no se estudie y establezca un procedimiento ordina-
rio más adecuado al buen funcionamiento del servicio, se
proponga al Ministerio que, si lo tiene a bien, dirija la
comunicación de que se trata al Ordinario del lugar.

Con sumo agrado transmitiré a V.E.
en su momento cualquiera nueva decisión que pudiera emanar
de la Conferencia Episcopal.

De V.E. devmo. s. en Cristo
(Sinatura autógrafa: +José Guerra C.)

DOCUMENTO IV

(Carimbo: El Cardenal Arzobispo
de Santiago de Compostela)

Santiago, 5 de Mayo de 1.967
Excmo. Sr. D. Manuel Fraga Iribarne

Ministro de Información y Turismo
MADRID

Respetable Sr. Ministro y distinguido amigo:
Agradezco muy cordialmente su atenta carta del 28 de Abril pp., en la que se refiere a la conveniencia de disponer de un órgano o representante autorizado de La Conferencia Episcopal Española que pudiese solicitar la no difusión de algún libro por motivos estrictamente religiosos.

A su tiempo se trató esta cuestión en Asamblea Episcopal, pero pareció más oportuno, al menos de momento, que fuese el Prelado del lugar en que radique la Editorial el que hiciese esta gestión en caso de juzgarlo necesario.

De momento hemos de atenernos a este acuerdo y por ello sería conveniente que a dicho Prelado le fuese comunicado el peligro que alguna publicación, de la que tal vez él no tiene noticia, puede tener en esta materia.

Supongo que el Excmo. Sr. Secretario de la Conferencia le habrá contestado en el mismo sentido, pero no he querido dejar de corresponder a su atenta carta, que de nuevo le agradezco muy cordialmente.

Con esta ocasión me es muy grato reiterarme suyo afmo. S.s. y amigo, que atentamente le saluda y bendice.

(Sinatura autógrafa: +Fernando, Card-Quiroga)
Arzobispo de Santiago

DOCUMENTO V

(Membrete:
El Director General de Información
RESERVADO)

Madrid, 11 de mayo de 1967.
Sr. D. Enrique Santín Díaz.
Delegado Provincial de Información y
Turismo.
LA CORUÑA.

Mi querido amigo:
Con fecha 28 de abril ppdo., el Sr. Ministro se dirigió al Excmo. y Emmo. Sr. Cardenal Arzobispo de Santiago de Compostela, Arzobispo de Zaragoza y Obispo Auxiliar de Madrid-Alcalá, en su respectiva calidad de Presidente de la Conferencia Episcopal Española, Presidente de la Comisión Episcopal de Medios de Comunicación Social y Secretario de la citada Conferencia Episcopal. Le envío a usted una fotocopia de la mencionada carta.

Al mismo tiempo, le remito también sendas fotocopias de las contestaciones de los mencionados Prelados. Como puede usted ver, es cada uno de los Prelados el que debe, si lo considera oportuno, solicitar la retirada de una determinada publicación, sea unitaria o periódica, - si estima que así procede en virtud del Concordato entre España y la Santa Sede.

El hecho de que las publicaciones editadas en España hayan de ser presentadas con alguna antelación en nuestros Servicios puede permitir, en ocasiones, que la respectiva Jerarquía eclesiástica sea avisada por nosotros sobre la existencia de una publicación cuya retirada sea deseable desde el punto de vista de la Jerarquía. Al informarle de esta correspondencia, le señalo la posibilidad que en su virtud existe de informar al respectivo Sr. Obispo, tratándose, por supuesto, en todos los casos, de intervenciones exclusivamente basadas en motivos religiosos.

A la Dirección General de Prensa para las publicaciones periódicas y a la Dirección General de Información para las unitarias, pueden solicitarse, en éste como en los demás casos, las aclaraciones pertinentes para la mejor aplicación de este procedimiento.

Le envío un cordial saludo, suyo buen amigo,

(Sinatura autógrafa)

Carlos Robles Piquer

2. Contextualización

2.1. A censura estatal durante o franquismo

2.1.1. A Lei de Prensa de 1938

Tralo golpe militar do 18 de xullo de 1936, créase no bando dos sublevados a Xunta de Defensa Nacional con sede definitiva en Burgos, que dispoñ dunha Oficina de Prensa e Propaganda, rebautizada en 1937 como Delegación Nacional de Prensa e Propaganda. O 23 de abril de 1938, xestada en plena guerra, aprobouse a primeira Lei de Prensa do franquismo, que insta a censura previa de toda publicación. Foi redactada por José Antonio Giménez Arnau, un falanxista iniciado como literato en 1940 coa novela *Línea Sigfried* sobre a Segunda Guerra Mundial. Era o director xeral de Prensa ás ordes do ministro de Gobernación, Ramón Serrano Suñer³, e á beira do tamén falanxista Dionisio Ridruejo, director xeral de Propaganda, antes de ser apartado do Réxime en 1942.

A Falanxe controla os periódicos incautados aos vencidos, cambia o nome das cabeceiras, e requisa edificios e maquinaria, poñendo unha enorme rede de publicacións e emisoras de radio ao servizo do novo Estado, baixo a "Secretaría Nacional del Movimiento". *Arriba*, de Madrid, nace sobre os despoños de *El Sol*; *Solaridad Nacional*, de Barcelona, oculta *Solidaridad Obrera*; *Alerta* eríxese sobre as ruínas de *El Cantábrico* de Santander, etc.⁴. Para controlar os profesionais, créase en 1941 a Escola Oficial de Periodismo dirixida pola Falanxe. Ata os anos sesenta non se permiten novas escolas para esta titulación, e as primeiras en autorizarse estarán en mans da Igrexa⁵.

A censura previa mantense durante vinte e oito anos, e á súa aplicación únense as consignas ou novas que se obrigaban a inserir nas páxinas de todos os periódicos, cuxos directores eran nomeados desde a Administración. Recordamos Fernández Santos, nuns dos primeiros libros dedicados ao tema, que o sistema de consignas, invento atribuído a J. Goebbels, consistía en enviar unha orde ministerial ás Redaccións co mandato de cumprir as ordes adxuntas, que aparecían en folio á parte e sen asinar. Eran redactadas, entre outros, por J. A. Giménez-Arnau, Julio Aparicio ou Cerro Carrochano. Cando Fraga se fai cargo do Ministerio en 1962, atopa un lendario "libro verde" onde se rexistraban esas consignas, e entré-

3 Sinova 1989: 263.

4 "Dueñas, G." [Fernández Santos, A.] (1969): 33-34.

5 Un decreto de 1962 aprobaba a "Escuela de Periodismo de la Universidad de Navarra", "de la que me habían hablado con interés López Rodó y Antonio Fontán", Fraga Iribarne 1980: 46.

gallo a un subordinado, "diciéndole: -A ver cómo salimos de esto-". En adiante, o novo Ministro non tería reparo en seguir "aconsellando" telefonicamente os directores dos xornais, con ton amigable ou de convite⁶.

O Ministerio de Información e Turismo créase o 19 de xullo de 1951, absorbendo o servizo de "Inspección de Libros", que aplicaba a Lei de censura desde o Ministerio de Gobernación. O seu primeiro ministro, Gabriel Arias Salgado, quixo elaborar un proxecto de Lei que derogase a promulgada na guerra, pero non logrou redactala antes de abandonar o cargo en 1962. Arias Salgado deixou publicadas en *El Español* as súas ideas sobre unha peculiar "Teoloxía da Información", en polémica sostida con Jesús Iribarren, director de *Ecclesia*, o boletín mensual de Acción Católica.

Se ben a presión exercida sobre a comunicación e o control da opinión pública temperou algo dende a caída do Eixo na Segunda Guerra Mundial, só a partir de 1958 se pode advertir unha tímida apertura⁷. No artigo 12 do "Fuero de los españoles" de 1945 establécese que calquera persoa "poderá expresar libremente as súas ideas mentres non atenten aos principios fundamentais do Estado". Esta mención á liberdade de expresión abre unha canle de luz só en aparencia, pois o tempo desvelaría como unha mostra máis de cinismo do Réxime.

É tarefa imposible obter unha información exhaustiva ao revisar os expedientes da Censura de Estado nesta época, pois hai moitas lagoas no Arquivo da Administración do Estado relativas a este período⁸. Abonda, porén, con analizar algunhas mostras para comprobar a presión da pouta ditatorial sobre a prensa e a creación literaria. Tamén se revelan moi útiles, para comprobar o funcionamento dos tentáculos do sistema, os arquivos das Delegacións Provinciais do MIT, que contaban cos seus propios censores.

2.1.2. A Lei de Prensa e Imprenta de 1966

Tras oito anos de consultas e dous de elaboración directa, Manuel Fraga Iribarne confecciona unha Lei de Prensa en cuxa redacción coopera o subsecretario de Información e Turismo, Pío Cabanillas Gallas. A lei parecía estar acorde coas novas circunstancias para substituír unha norma marcial obsoleta, e, como rexistra A. Fernández Santos, o propio Fraga sostiña que a súa necesidade fora defendida polo propio Franco no discurso en Cortes do 3 de xuño de 1961⁹.

Fraga relevou a Arias Salgado tras unha das peores crises do Réxime, o episodio do "Contubernio de Munich", etiqueta coa que os acólitos de Franco cualifi-

6 "Gonzalo Dueñas" [Fernández Santos, A.] 1969: 13-14. Fraga Iribarne 1980: 37.

7 "Gonzalo Dueñas" [Fernández Santos, A.] 1969: 41.

8 Unha listaxe de sancións pode verse en Terrón Montero 1981.

9 "Dueñas, G." [Fernández Santos, A.] 1969: 61.

caron na prensa a reunión das forzas opositoras ao Réxime para falar da sucesión e do futuro político español. Asistiran a esta reunión de xuño de 1962, á beira dos comunistas españois, que non quixeron ir representando de forma oficial o PC, membros de partidos monárquicos e demócrata-cristiáns, dándose por vez primeira a coincidencia de posturas entre sectores que na guerra civil estiveran enfrontados. Foi relevante o feito de que dous terzos dos asistentes proviñan da oposición interior, e non do exilio¹⁰. A dureza da represión dos participantes pódese calibrar na prohibición a Dionisio Ridruejo de regresar ao país ata 1964, ou no desterro de F. Álvarez de Miranda a Fuerteventura —canda outras nove persoas—, acurtado pola intervención de Fraga, segundo afirma este nas súas memorias¹¹.

Franco espera, pois, de Fraga Iribarne unha nova Lei que abra un pouco a espita e osixene o campo cultural español, raquíptico e abafado pola represión. É necesario que a imaxe internacional de España, que está a coñecer o despegue turístico e leva anos de saída da autarquía se depure algo. A este respecto, recorda Fraga que cando el se fai cargo do Ministerio existía tamén unha censura paralela, exercida desde o Ministerio de Asuntos Exteriores. O novo ministro concentrará a partir de agora a censura e creará un Gabinete de Enlace que coordine a información entre Ministerios. En canto á desaparición das consignas e a unha maior presenza dos comunicados do Goberno na prensa ou na emerxente televisión, escribe Fraga, referíndose ao 9 de marzo de 1966:

Continuando con la preparación de la Ley de Prensa, almuerzo con los jefes de prensa de los Ministerios, explicándoles que habían terminado las famosas llamadas para que no se hablara de tal o cual asunto, y que en vez de ello lo que habría que hacer es adelantarse y dar mucha información. La mayoría no estaban preparados para ello, y la mayor parte de los ministros tuvieron que variar y ampliar sus servicios de prensa.¹²

A Lei Fraga, tal como se coñecerá en adelante, é aprobada no Pleno das Cortes o 18 de marzo de 1966, tras ser defendida por senllos discursos do propio ministro e de Francisco Abellá Martín. Os seus defensores atopan como piares da norma a liberdade de expresión “por medio de impresos”, a liberdade de empresa e a libre designación do director. Queda substituída a censura a través da consulta obrigatoria pola voluntaria, a non ser que se dean casos de excepción (artigos 3, 4. O primeiro foi decretado entre o 24 de xaneiro e o 21 de marzo de 1969). E establécese a obriga, para as publicacións periódicas, do depósito de exemplares nos Servizos do MIT: polo menos media hora antes da súa posta á venda para as

10 Tusell 2005: 142-143.

11 Fraga Iribarne 1980: 41.

12 Fraga Iribarne 1980: 162.

diarias e semanais, e seis horas antes para as que teñan outra periodicidade (artigo 12).

A nova Lei de Prensa, en vigor desde o 9 de abril, vai ser posta en cuestión en ocasións polo mesmo Franco, e continuamente polos membros máis inmobiliarios do Goberno, encabezados por Luis Carrero Blanco, sempiterno antagonista de Fraga. Axiña vai ser amarrada pola modificación, aprobada nas Cortes o 4 de abril, dos artigos 13 e 15 do Código Penal, sobre faltas e delitos nos medios de comunicación. E pola promulgación da Ley de Secretos Oficiales, despois de ser rexeitadas as emendas á totalidade o 27 de febreiro de 1968, o que, a xuízo de Fraga, "Fue una inevitable concesión para salvar la Ley de Prensa"¹³.

A Lei comeza declarando a liberdade de prensa, e a continuación degráese o resto do articulado, que vai negando a existencia desa liberdade. Esta contradición interna chega a converterse en absurdo cando se le o artigo núm. 5, "Garantía de Libertad", que, de cumprirse literalmente, conduciría á detención da plana maior do Ministerio de Información e Turismo:

La Administración garantizará el ejercicio de las libertades y derechos que se regulan en esta Ley, persiguiendo, a través de los Órganos competentes e incluso por vía judicial, cualquier actividad contraria a aquéllos y, en especial, las que a través de monopolios u otros medios intenten deformar la opinión pública o impidan la libre información, difusión o distribución.¹⁴

Fóra de que neste sentido a Lei non resiste unha análise lóxica, fíxose evidente, na súa propia aplicación, que os problemas maiores derivaban da ambigüidade do artigo 2º, onde non se especificaba que cousa era delito:

El respeto a la libertad y a la moral; el acatamiento a la Ley de Principios del Movimiento Nacional y demás Leyes Fundamentales, las exigencias de la defensa nacional, de la seguridad del Estado y del mantenimiento del orden público interior y la paz exterior; el debido respeto a las instituciones y a las personas en la crítica de la acción política y administrativa; la independencia de los tribunales, y a la salvaguardia de la intimidad y del honor personal y familiar.¹⁵

2.2. A Igrexa e a censura

2.2.1. A censura eclesiástica. Os libros prohibidos e a Revista de Acción Católica

A censura de Acción Católica exercíase de xeito paralelo á do Estado e á do Vaticano. Abellán e Oskam¹⁶ informan de que a Junta Técnica de Acción Católica

¹³ Fraga Iribarne 1980: 218.

¹⁴ Lei 14/66 de 18 de marzo de prensa e imprenta, <noticias. Jurfdicas.com>

¹⁵ *Ibidem*

¹⁶ Abellán e Oskam 1989: 63-118.

toma como base a encíclica "Divinus Illius Magistri" de Pío XII, así como unha circular da "Sagrada Congregación do Santo Oficio" para crear o "Secretariado de Orientación Bibliográfica" o 1 de xaneiro de 1944, co fin de controlar a moralidade nos libros nacionais e estranxeiros. No número de *Ecclesia* correspondente a esa data, faise unha convocatoria para crear un grupo de voluntarios que exerzan graciosamente a censura cada semana. O boletín inicia unha crítica de libros que intentou ser exhaustiva, cousa que resultou impracticable. Atíñase ao Dereito Canónico, que, sen dar normas concretas, establece que "o clero e os católicos conscientes teñan non só o dereito, senón o deber de vixiar a produción literaria no seu territorio". En ocasións xorden normas ben nítidas, coma cando o Santo Oficio, nun decreto do 28 de xuño de 1949, declara prohibidas tódalas publicacións de tipo marxista. Baseándose nestes datos, *Ecclesia* organiza unha curiosa escala de oito graos de moralidade das obras publicadas, e de dez graos no que se refire á cualificación da capacidade do lector para dixerir esas obras desde o punto de vista tamén moral.

Pola súa banda, os bispos españois realizan manifestacións conxuntas onde tratan o tema da censura de publicacións. Unha delas, do 19 de marzo de 1955, "Metropolitanos a los fieles. Sobre Campo y Fueros del Magisterio de la Iglesia", vai asinada por tódolos arcebispos e divúlgase desde *Ecclesia* (1955-I: 341-343)¹⁷:

Los ordinarios locales, por sí o por sacerdotes idóneos, vigilarán sobre los libros que se publiquen o se hallen en venta en su territorio.

Un libro prohibido no se puede volver a publicar, ni leer, ni retener, ni vender, ni traducir, ni prestar a otros.

El derecho y el deber de prohibir libros compete a la suprema autoridad eclesiástica para toda la Iglesia, a los concilios, aun particulares, y a los ordinarios de lugar para los súbditos.

2.2.2. *A participación da igrexa na censura estatal*

Sínálase febreiro de 1947 como a data en que se institúe a presenza clerical na censura do Estado, aínda que sempre figuraron nela "criterios implícitos e explícitos" do Índice de Libros Prohibidos do Vaticano¹⁸. O ensarillado de conivencias é mesto entre a Xerarquía e o Estado neste sentido, incluso durante o ministerio de Fraga, cando exerce de asesor en materia eclesiástica o catedrático de Dereito Canónico Ramón Lamas Lourido¹⁹. O ministro admira a Guerra Campos, e pide en van a Franco que o faga Vicario Xeral Castrense. Por outro lado, recibe

17 Iribarren 1974: 284.

18 Abellán e Oskam 1989: 63-89.

19 Febreiro de 1966: "Miércoles, 8: reuniones de canonistas y funcionarios en el Ministerio de Justicia, a las que asiste nuestro asesor, Ramón Lamas Lourido, para tratar del artículo 6º del Fuero de los Españoles (que establece la tolerancia, pero no la libertad religiosa)", Fraga Iribarne 1980: 159.

como moi boa a noticia do nomeamento de Quiroga Palacios como Presidente da Conferencia Episcopal Española (mellor que a da súa substitución por Casimiro Morcillo en febreiro de 1969): coñecíao de tempo atrás e mesmo se aliaron na campaña para contrarrestar a denuncia en 1954 perante a Unesco da persecución franquista do idioma galego. Fraga tratou de resolvelo a través da creación dunha "cátedra de galego" na Universidade Complutense de Madrid, operación na que atopou a axuda de Quiroga, quen dirixiu unha carta de solicitude da mesma a Laureano López Rodó, secretario da Presidencia do Goberno. A cátedra, andando o tempo, resultou un fiasco que ninguén, nin sequera a Unesco, puido tomar en serio²⁰.

Mentres se discute a Lei, quedan puntualmente anotadas no diario do ministro as reunións e conversacións telefónicas coa Xerarquía, representada por Cantero Cuadrado, periodista tamén, e un dos máis interesados na nova norma. Iso non quere dicir que as tensións non existan: igual que outros sectores do poder franquista, a Igrexa ten unha posición privilexiada, en relación co manexo dos medios de comunicación, e non quere modificala un chisco.

A Xerarquía da Igrexa plantou batalla para obter beneficios da Lei: loitou por acabar co monopolio da axencia EFE en materia de información internacional e por manter a puxanza da axencia nacional de noticias *Logos*, da Editorial Católica, para a prensa da súa cadea. Por outra banda, quixo quedar á marxe dos requisitos de profesionalización, segundo os cales, o director dunha cabeceira debía estar en posesión do título de periodista inscrito no Rexistro Oficial (artigo 35)²¹.

A censura estatal exercíase desde unha base, segundo informan Cisquiella, Erviti e Sorolla, formada por un grupo de 25 ou 30 lectores, a metade dos cales, calculan, eran funcionarios do MIT; e o resto, colaboradores externos contratados para o labor. Xunto ao clero, abundaban militares na reserva ou aínda en activo, e ata 1966, excombatentes da División Azul. Como os lectores traballaban no anonimato, non se pode comprobar documentalmente a súa composición, pero si deducir da presenza de mandos relacionados coa milicia ou clero. Sinalan estes autores que entre 1966-1975 o elemento clerical abundou na nómina, xa que o Xefe de Ordenación Editorial e encargado da contratación de lectores era o ex-seminarista Faustino Sánchez Marín²².

Contase, porén, cunha excepción documental: Abellán reproduce a primeira lista de censores atopada²³, do 27 de marzo de 1954, cos nomes de 20 adminis-

20 Fraga Iribarne 1980: 41, 127, 161; Rodríguez Lago 2004: 445; Alonso Montero 2003.

21 O exministro Joaquín Ruiz-Jiménez tivo que someterse á lei para dirixir *Cuadernos para el diálogo*, e pasar polas aulas da Escola da Igrexa, a única permitida á marxe da Oficial.

22 Cisquiella, Erviti e Sorolla 1977: 44-45.

23 Abellán 1980: 287-288.

trativos do propio Ministerio. Aparecen tamén ata 40 lectores do denominado "Personal técnico", é dicir, externos dirixidos polo xefe de lectorado, José Romeu de Armas. Figuran seis lectores eclesiásticos, que representan unha porcentaxe do 10% sobre o total: Andrés de Lucas Casla, Andrés Avelino Esteban Romero, Salvador Muñoz Iglesia, Juan Durántez García, Joaquín Blázquez Hernández, e Ramiro López Gallego.

Desde fóra do aparato censorio estatal, a Igrexa opina: na revista *Ecclesia* atópase un editorial, o 16 de febreiro de 1951, onde se expresa o desexo de que o Goberno revise a anticuada Lei de 1938. O 14 de maio de 1954, o director Iribarren cuestiona a imposición da censura e a utilización de consignas. En 1955, o editorial de xaneiro, "Hace falta Ley de Prensa" volve á carga. A isto súmanse os varios escritos que o bispo de Málaga, Ángel Herrera, publica sobre o tema. E xa mencionamos a polémica sostida ese ano entre o director do boletín, Jesús Iribarren; e o ministro Arias Salgado, que utiliza como voceiro *El Español*.

Sendo aínda Arias Salgado ministro, constitúese en 1959 unha Comisión para preparar a nova Lei, da que será poñente F. Martín-Sánchez Juliá, membro da ACNP, e unha das persoas ás que se mostrará agradecido Fraga no discurso de 1966 nas Cortes. A estas xuntanzas asisten tamén, "con carácter persoal" os bispos de Málaga, Cidade Real e o auxiliar de Lugo; A. Herrera Oria, Hervás Benet e Ona de Echave, respectivamente²⁴.

No transcurso da súa elaboración, escribirá sobre a nova norma legal o bispo Juan Hervás Benet no número de *Ecclesia* do 15 de abril de 1961. Xa redactada a Lei, e cando se está a debater na comisión das Cortes, *Ecclesia* publica dous editoriais críticos con ela: o 30 de outubro de 1965, o primeiro; e o 26 de febreiro de 1966, o segundo.

No primeiro, titulado "El proyecto de Ley de Prensa" defende o valor, ao menos cuantitativo, das publicacións da Igrexa —non mencionadas no borrador—, que se aproximaban ao millar de cabeceiras, e reclama queden á marxe dos rixidos requisitos de profesionalización.

No segundo, "La Ley de Prensa, dictaminada", Acción Católica congratúlase da inclusión dunha "Disposición final segunda" sobre as publicacións da Igrexa, e reconece que foron atenuados os puntos sinalados como críticos por ela ao ministro, en consonancia co defendido polas empresas periodísticas privadas: no relativo á posibilidade de críticas ao Goberno (artigo 2º) e á non suxeición da axencia de información do estranxeiro ao Estado. Deixa en suspenso a súa valoración da maior ou menor flexibilidade do Goberno á hora de aplicala, porque iso só se poderá saber despois de ver os seus resultados na práctica. Segue a lamentar, porén, a

24 Mínguez Goyanes 2000: 264.

excesiva “profesionalización” empresarial que se vai imponer, habida conta de que afectará ao millar de revistas relixiosas que se publican. Opina, finalmente, que o Estado non debe ter un estatuto de excepción, pero si a Igrexa²⁵.

2.3.3. *A igrexa como obxectivo da censura estatal. O Concordato de 1953*

A postura da Igrexa durante o Franquismo está determinada polo papel que desempeñou durante a guerra civil, que, salvo excepcións, a colocou desde un primeiro momento ao lado do bando sublevado (cando non como compoñente esencial do mesmo). Cando Franco se aproveitou da interpretación, que a Igrexa lle puxo nas mans, da súa guerra como cruzada, sabía ben que algún día tiña que pagar esa factura. Ese día chegou cando se asinou o 27 de agosto de 1953 o Concordato coa Santa Sé, que abría as portas á perigosa autarquía, e situaba a Igrexa católica nun lugar privilexiado dentro da ditadura:

Ciudad del Vaticano, 27 de agosto de 1953.— Por la Santa Sede, Domenico Tardini.-
Por el Estado español, Alberto Martín Artajo.
Artículo. XIX.

1. La Iglesia y el Estado estudiarán de común acuerdo, la creación de un adecuado patrimonio eclesiástico que asegure una congrua dotación del culto y del clero.

2. Mientras tanto, el Estado, a título de indemnización por las pasadas desamortizaciones de bienes eclesiásticos y como contribución a la obra de la Iglesia en favor de la Nación le asignará anualmente una adecuada dotación. [...]

Si en el futuro tuviese lugar una alteración notable de las condiciones económicas generales, dichas dotaciones serán oportunamente adecuadas a las nuevas circunstancias, de forma que siempre quede asegurado el sostenimiento del culto y la congrua sustentación del clero.²⁶

Máis que factura debida, era un acordo no que ambas as partes salvagardaban os seus respectivos intereses. Era o primeiro paso diplomático do Réxime de Franco para conseguir avanzar no recoñecemento internacional, e manter o apoio da Xerarquía no apuntalamento do Nacionalcatolicismo. Pola parte da Igrexa, supoñía o mantemento dun estatuto de privilexiada autonomía, o único existente dentro do Franquismo. A Igrexa presentábase como “unha sociedade perfecta”, e como tal, achábase inserida no franquismo con blindaxe case total. Así o recoñece o propio Martín Artajo, asinante como ministro de Asuntos Exteriores:

La independencia jurídica se realiza perfectamente en régimen de colaboración política; o sea, en el Estado católico. Y éste, que es el régimen tradicional de España desde la conversión de Recadero, es el sistema del Concordato: colaboración de las

25 *Eclesia* 1951, 1955a, 1955b, 1965, 1966. Hervás Benet, 1961. Agradezo a José Luis Mínguez Goyanes que me facilitase esta documentación.

26 *Concordato con la Santa Sede 27 agosto 1953*, <www.protocolo.org>.

dos potestades, sin confusión de sus respectivos ordenamientos jurídicos y consiguientemente con plena libertad e independencia de ambas.²⁷

A única pexa era o dereito ao privilexio de presentación dos bispos antes de ser ordenados (artigo 7), procedemento co que Franco podía controlar o perfil ideolóxico dos Prelados, e contra do que Roma só puido loitar en ocasións, recorrendo á existencia dos “bispos auxiliares”. Ata o Concilio Vaticano II, tras o nomeamento de Paulo VI como Papa, que en palabras do propio Franco, lle caeu como unha “xerra de auga fría”, o procedemento non trouxo maiores problemas. Pero estes empezan cando finaliza o Concilio en 1965, e se publican documentos claves da nova orientación do Catolicismo, como a Constitución Pastoral *Gaudium Spes*, que se ocupa do papel da Igrexa no mundo actual; a Declaración a *Dignitatis Humanae*, verbo da liberdade relixiosa; e o Decreto *Christus Dominus*, onde se fala da necesidade de que os países onde aínda existía, renunciases ao dereito de presentación de bispos²⁸.

Cando nos anos sesenta pide a Xerarquía a supresión do privilexio de presentación de candidatos para as sés episcopais que Serrano Súñer tivera acordado con Cicognani, daquela representante do Vaticano, Franco contesta que, de ser modificado ese punto, el vai esixir a renovación do Concordato enteiro. Parece estar aconsellado polo vicepresidente Carrero Blanco, representante do poder do Opus Dei no goberno, e en moitas cuestións máis papista que o Papa. Aínda se recorda que foi el quen en decembro de 1972 apoñía a ingratidade de certa parte do clero, despois dos moitos cartos que o Réxime tiña achegado á Igrexa. O 27 de decembro dese ano, o mesmo Franco envía unha carta a Paulo VI onde lle recorda que a Igrexa en España vive “un réximen concordatorio de privilegio”²⁹.

A Lei de Fraga coincide con estas condicións de tensión das relacións Estado confesional/ Igrexa católica, e asemade, coa crecente falla de sincronía entre a Xerarquía e a base social da Igrexa, o chamado “desenganche”. Os sucesos ocorridos a raíz da aplicación da Lei de Prensa son boa mostra de como esa falta de adecuación aflora na vida social española. Hai que ter en conta que a Xerarquía gozou de privilexios no que respecta á Lei de Fraga, como o dereito de publicación sen someterse ao control que o resto da prensa tiña que pasar. Así, desde instancias eclesiais, e desde algunhas das organizacións que dependían delas, publicábase coas mesmas facilidades coas que se celebraban reunións á marxe da normativa ditatorial. Un dos maiores problemas do ministro foi deslindar entre as publica-

27 Martín Artajo 1972-1987: 595.

28 *Apud* Barrera 2001: 102.

29 Libro III de memorias de Laureano López Rodó, *apud*. Barrera 2001: 141.

cións da Igrexa, e aquelas que se amparaban nela, e que se achaban infiltradas de elementos "subversivos". Por esa razón pide unha lista de publicacións ao bispo Cantero, que finalmente saíu publicada no *Boletín Oficial del Estado* o 29 de maio de 1967, despois de seren reproducidas por *Ecclesia* o día 10 dese mes.

Os privilexios para publicar xa viñan de lonxe: en 1957 estimábase que unha de cada dúas revistas publicadas en España pertencía á Igrexa, malia ser de pouca tirada e escasa calidade periodística³⁰. E, indo máis atrás no tempo, a exención da censura previa para a Igrexa existía desde o 25 de marzo de 1944, sen contar nada do relativo ás emisoras de radio e axencias de noticias. Na nova Lei de Prensa, o estado excepcional mantiñase na Disposición Final Segunda:

Para resolver las cuestiones que pueda suscitar la aplicación de la presente Ley a las publicaciones de la Iglesia Católica, dependientes de su Jerarquía, el Gobierno y la Comisión Episcopal de Medios de Comunicación Social adoptarán los acuerdos procedentes [...] ³¹.

Non foi necesario, despois da Lei do 66, tocar o Concordato, que, á parte do que se poida tirar do artigo 2, só no artigo 29 mencionaba vagamente o tema dos medios de comunicación:

Artículo. XXIX

El Estado cuidará de que en las Instituciones y servicios de formación, de la opinión pública en particular en los programas de radiodifusión y televisión, se dé el conveniente puesto a la exposición y defensa de la verdad religiosa por medio de sacerdotes y religiosos designados de acuerdo con el respectivo Ordinario³².

Quedaban eximidas do control ordinario as publicacións que dependían directamente da Xerarquía: as da Conferencia Episcopal, os boletíns das dioceses e os boletíns das ordes, congregacións e institutos relixiosos que dependían do superior correspondente, así como aquelas publicacións diocesanas das que se declarara responsable o Ordinario do lugar. En total, 31 publicacións en maio de 1967. Quedaban fóra as periódicas de carácter xeral publicadas pola Igrexa, e pasaban a entrar nun réxime mixto tódalas demais³³. De novo, a vaguidade á hora de cualificar ese millar de publicacións daría quebradoiros de cabeza ao ministro, que nalgunha ocasión tivo que consultar aos bispos pola paternidade dunha publicación perseguida.

30 Barrera 2001: 105.

31 Lei 14/66 de 18 de marzo de prensa e imprenta, <noticias.juridicas.com>.

32 Concordato con la Santa Sede de 27 de agosto 1953, <www.protocolo.org>.

33 Barrera 2001: 110.

2.4. Exemplos da xurisprudencia derivada da aplicación da Lei de Prensa e Imprenta³⁴

Segundo un primeiro balance de 1969, durante o ano xudicial 1966-1967 houbo 36 sumarios tramitados, dos que só 8 terminaron en condena. Isto quere dicir que a Lei foi interpretada polo mesmo MIT, que era a institución denunciante, con máis dureza que polos tribunais³⁵. Esta parece ser a clave da natureza da Lei Fraga: abría as comportas das ansias de liberdade ao tempo que aplicaba o castigo con rigor, por momentos, extremo. E o castigo parecía dirixirse selectivamente a certas persoas ou entidades. En suma, ambigüidade e arbitrariedade.

O primeiro caso de secuestro de revista, en aplicación da Lei, foi protagonizado por Juventud Obrera, por "ataque grave ao exército", o 23 de abril de 1966. Seguindo coas publicacións do contorno da Igrexa, é secuestrada *Signo*, publicación semanal da sección xuvenil de Acción Católica, o 6 de xuño, polo artigo do sacerdote Víctor Manuel Arbeola, "Progresismo e Igrexa". Consonte a Lei, a responsabilidade cae sobre o director, Rafael González. O xuízo celébrase o 10 de marzo de 1967, con Gregorio Peces Barba na defensa do acusado de "injurias al Movimiento con la agravante número 4 de publicidad del artículo 10 del Código Penal".

Os periódicos informan ao día seguinte de que a suspensión da revista *Signo* fora decidida na IV Asemblea Plenaria da Conferencia Episcopal Española. É moi revelador que Fraga anote a seguinte información referida ao 7 de marzo: "El arzobispo Morcillo me expone su indignación con la orientación de *Signo*"³⁶. E que na anotación sobre o día en que *Signo* é secuestrada, considere que a publicación xa estaba en "crise" (eufemismo moi do gusto de Fraga para referirse á caída en desgraza).

Cobra claro sentido a carta que dá orixe ao presente traballo, na que o ministro anima á colaboración entre Xerarquía e Estado para acabar coa prensa relixiosa disolvente. Outra pista dánola o propio Fraga, que catro días antes de redactar a carta a Quiroga, cea con Martín Artajo, e anota: "me hace una pregunta razonable: "¿Cómo se puede negociar el conjunto de la reforma política con decoro?" Le recomiendo que vea a Franco, y que implique a la jerarquía"³⁷.

Por se non abundase, apoian esta afirmación as palabras de Carlos Barrera: "**Signo, Juventud Obrera y Voz del Trabajo** desaparecieron, pues, en la primavera

34 Cfr. Terrón Montero 1981; Fraga Iribarne 1980: 170: "Para mí lo milagroso es como pude aguantar la Ley de Prensa, pero lo hice; los que hacen la lista de las sanciones de aquellos años, por supuesto que no asistían a los Consejos de Ministros".

35 "Dueñas, Gonzalo" [Ángel Fernández Santos] 1969: 64-65.

36 Fraga Iribarne 1980: 195.

37 Fraga Iribarne 1980: 198.

de 1967. Influyeron en tal desenlace tanto las disensiones internas de Acción Católica como la presión del Ministerio de Información [...]»³⁸.

O último número de *Signo* saíu o 6 de maio de 1967, e foi sancionado por unha “carta ao director” sobre o salario mínimo, titulada “Situación de escándalo para los esclavos de 84 pesetas”.

Que a Igrexa, representada polas súas bases, ten abondo protagonismo nestas primeiras condenas, é innegable: En xuño *Mundo Social*, dirixida polo xesuíta Carlos Giner, é secuestrada polo artigo sobre a manifestación de sacerdotes cataláns o 11 de maio en Barcelona, “La marcha pacífica y silenciosa de 130 sacerdotes”, que tiña superado a censura eclesiástica. O número de xuño de *Serra d’Or*, boletín da Abadía de Montserrat, tamén sofre secuestro. Admítese, seguindo a Lei, a denuncia presentada polo sacerdote José Montserrat Torrens contra Jaime Capmany por un artigo inxurioso contra o denunciante, publicado en *Arriba*, que amosa a persistencia dos choques entre Falanxe e Igrexa. A sentenza, de maio de 1967, determinará o arresto de Capmany durante un mes e un día. A finais de 1966 (e volverá selo en xaneiro de 1967) é secuestrada a revista *Juventud Obrera*, voceira da Juventud Católica Obrera, por un artigo contra os despedidos na fábrica *Barreiros Diesel*. En abril de 1967, a Compañía de Xesús ten o valor de presentar, a través do avogado Gregorio Peces Barba, unha querela criminal contra o Subdirector Xeral de Prensa polo secuestro, o día 26, do quincenario *La Voz del Trabajo*, que levaba un ano sen estar inscrita no Rexistro de Empresas Periodísticas³⁹.

En maio dese ano é condenado o padre Azpiazu polo T.O.P. a seis anos e un día de prisión pola autoría do folleto “Un ensayo de diálogo sobre las aplicaciones postconciliares dentro del Estado Español”, que se difundiu fóra de España e do que algúns exemplares chegaron a San Sebastián. En agosto ábreanse dous expedientes ao *Boletín de la HOAC*, voceiro da “Comisión Nacional de la Hermandad Obrera de Acción Católica”.

Malia aflorar os problemas coa Igrexa nesta primeira etapa da aplicación da Lei, Manuel Fraga considera que o caso máis preocupante foi o artigo que Anson publicou en *ABC*, “Monarquía para todos”, pois daquela estábase dilucidando a cuestión da “sucesión” de Franco. Foi para el “el primer disgusto serio desde la Ley de Prensa”⁴⁰. En agosto resólvese o caso con sobresemento e levantamento do secuestro. O MIT recorreu ao Tribunal de Orde Pública, que finalmente rexeitou o recurso.

38 Barrera 2001: 121.

39 Viernes, 28. “La Casa de Escritores de la Compañía de Jesús se querrela contra la Dirección General de Prensa, en relación con una publicación, *La Voz del Trabajo*, de la fracción que estaba preparando USO (y una parte de Comisiones Obreras)”. Lembra cando preparaba alí a súa tese, que era entón un centro ultraconservador. Fraga Iribarne 1980: 198.

40 Fraga Iribarne 1980: 176.

O primeiro libro secuestrado é a novela *Alrededor de un día de abril* de Isaac Montero, que o autor se nega a “corrixir”, dando lugar a un caso de reincidencia censora bastante rechamante, ata acabar nos tribunais que, a porta cerrada, debaten o seu contido. O autor escribirá toda esta peripecia a maneira de prólogo da novela, o que encirrará aínda máis as autoridades na aplicación da Lei.

2.4. Outras mostras documentais da Delegación Provincial da Coruña⁴¹

Entre os documentos do Arquivo do Reino de Galicia, escollemos algúns que ilustran a análise que vimos facendo e informan sobre a repercusión da censura sobre a vida cotiá galega.

2.4.1. *Imposible tapar as vías de auga*

8 de outubro de 1967: exemplar orixinal, núm. 40 da folla parroquial *Caranza*, que se editaba no barrio obreiro homónimo de Ferrol. Aparecen varios artigos marcados con lapis vermello. O censor, sen quererlo, está apuntando á mala conciencia do Réxime, coma se o delito dos poderosos non puidese ser sacado á luz. Das catro páxinas de que consta, subliñanse algúns anacos da primeira, no artigo “No podemos callar” e no editorial “700 dólares”, onde se menciona a renda per cápita “oficial” dos españois: 42.000 ptas. Tamén se marcan algunhas liñas na p. 3. Transcribimos o subliñado:

1) No combatimos al hombre sino lo que el hombre hace mal. [...] Cuando el que manda ejerce su potestad en el propio provecho, en el de un grupo determinado, o contra justicia y verdad,... Cuando esto falla no podemos callar: ni a Pedro ni a Pablo; sea en Polonia o en Galicia.

2) Si hacen ustedes números, en nuestra barriada entran unas 14.000 pesetas mensuales en cada hogar que tenga dos hijos, y 21000 pesetas si tienen Vds. Cuatro hijos, y ¡38.500 pesetas si tienen nueve hijos, que también los hay!

Pero la realidad es que en nuestros hogares de Caranza no entra apenas la mitad de los 700 dólares. ¿Quién se quedará con la otra mitad? [...] la propiedad es un robo.

3) El cristiano no puede permanecer callado ante la mentira y la injusticia.

Las organizaciones apostólicas de la Parroquia te darán la formación que necesitas para el ambiente en el que vives y trabajas.

N. de la R.-Nuestra publicación está abierta al diálogo con todos los feligreses, por lo que publicamos cuantas colaboraciones nos envíen firmadas, sin que ello quiera decir que hagamos nuestros los puntos de vista de los colaboradores.

41 “Dirección General de Prensa. Boletines de Prensa y Radio. Asunto: Varios”. “Prensa. “Asuntos: Varios”. “Prensa. Asunto: Informes reservados”, SG-4382 *Expedientes de la Dirección General de Prensa.*” 1968. Dirección General de Cultura Popular y Espectáculos. Asunto: Recortes de prensa”, *Información y Turismo: Actos Culturales, 1967-1968*, SG-04392. Arquivo do Reino de Galicia, A Coruña.

3 de xuño de 1968: envíase un escrito a un policía de Ferrol con información sobre o editor da folia parroquial *Caranza*, Pedro Santalla Roca. Por el sabemos que pediu rexistrar a revista en 1967, e en 1968 aínda se lle estaban pedindo documentos que non daba presentado. O entorpecemento burocrático era unha maneira moi frecuente de afogar unha publicación.

2.4.2. *Donos das vidas e espionaxe barata*

5 de febreiro de 1968: “Infórmeme sobre este artículo” é o que pode lerse na tarxeta que Manuel Jiménez Quílez, subdirector xeral de Prensa, envía á Delegación da Coruña. Como contestación, hai unha carta asinada por Enrique Santín Díaz, que informa das pescudas sobre a identidade dun suxeito que publicou unha carta en *La Voz de Galicia*, coa sinatura “Leopoldo López Rego”, en resposta a un artigo de Augusto Assía.

O sobre enviado só tiña o nome, apelidos e “Puente de Pasaje” como enderezo. Foi difícil atopar o autor,

[...] hasta el punto de que la propia Jefatura Superior de Policía en su informe sobre este asunto a la Dirección General de Seguridad atribuyó la paternidad de dicha carta a persona distinta, concretamente a un empleado de las Líneas Aéreas Iberia, cuyo informe fue rectificado por el Jefe de Servicios de Información, Sr. Sánchez Rubio [...].

Enrique Santín finalmente falou por teléfono co suxeito, que recoñeceu ser o autor da carta:

Huelga decirte que la conversación que sostuve con el autor de la carta lo fue al sólo objeto de cerciorarme de si él era el autor y sin darle a conocer mi personalidad y representación.

Axúntase o recorte do xornal, onde arrepía a anotación en lapis azul da marxe superior dereita: “Quién es?”, e máis abaixo, o escrito con pluma por outra man: *Padre Pasionista- Convento Colegio de Pasionistas*.

No artigo de Augusto Assía, do 24 de xaneiro fanse unhas afirmacións, como: “La Campaña contra los empresarios y los ricos en España no parece obedecer a una razón social seria”, e “¿Estamos condenados a un retraso mental e ideolóxico con relación a Europa?”, que levan a López Rego a responder:

Yo veo una razón social seria [...] y psicológica de envergadura en todo ello. ¿Es que no se ha dado usted cuenta de que existe en el país una poderosa corriente de opinión que, sin ser comunista ni mucho menos, no acepta el capitalismo como solución económica, con sus implicaciones políticas, claro, a los males de España? [...].

Ni tampoco olvide usted a la nueva corriente eclesial, laicos y sacerdotes, con más fuerza y extensión de lo que se cree, que busca afanosamente la llamada tercera vía o camino entre el capitalismo y el comunismo.

2.3.3. *Convivencias*

28 de xaneiro de 1968: o bispo de Mondoñedo-El Ferrol del Caudillo, Argaya Goicoechea, agradece por carta a Enrique Santín o envío de información, o 25 de xaneiro, sobre o uso das linguas vernáculas —un tema realmente obsesivo para os censores desta provincia— na liturxia francesa. E remata cun reforzo da alianza que manteñen para exercer a represión:

Y aprovecho la ocasión para suplicarle respetuosamente que cuando lleguen datos a esa Delegación para pudieran serme útiles para el buen gobierno de la diócesis me los proporcionen, siempre que lo permita la discreción.

Siempre suyo afmo., s.s. y buen amigo

Jacinto Argaya Goicoechea

Conclusión

Pouco poden engadir estes documentos ao moito que se ten escrito sobre a historia da Igrexa no franquismo, pero si veñen confirmar que, nos inicios do devandito proceso do “desenganche”, había unha estreita convivencia entre ambos os poderes, fomentada por elementos tan activos do Réxime como Fraga Iribarne, hábil maquinador de operacións de supervivencia do sistema. Aplicou a Lei de Prensa, con arbitrariedade e obsesión persecutoria, como unha vía máis para formar unha “oposición desde dentro” que substituíse a oposición antifranquista, amañando a farsa dunha rexeneración democrática do franquismo, coa pretensión de vendela no exterior. A Lei terminou sendo a súa caixa de Pandora particular, pois ela mesma provocou a súa saída fulminante do Goberno en 1969: Fraga Iribarne desafiou os ministros do Opus Dei, saltándose a consigna estipulada de non publicar farrapos sucios de política interior, cando deixou espallar a información sobre o “caso Matesa”.

Fraga presenta nas memorias a súa Lei de Prensa e Imprenta como un intento de apertura do Réxime, case que anticipador da Transición, levado a cabo por un reformista do franquismo rodeado de elementos inmobiliarios. Nós interpretámolo como unha aireación e reanimación do sistema que contribuíu a prolongalo ata a morte do ditador. O ministro combinou a súa xestión cunha intensa actividade de promoción turística e de política exterior na que se amosou moi ambicioso. En definitiva, e como el recoñeceu perante deputados ingleses nunha viaxe a Londres a finais de novembro de 1963, foi un auténtico ministro de propaganda:

[...] dije que tal vez un ministro de Propaganda no era una buena cosa, pero que si un país lo necesitaba y justificaba era España, por el volume de la propaganda contraria; frase que tuvo un gran éxito.⁴²

42. Fraga Iribarne 1980: 94.

Bibliografía

- ABELLÁN, Manuel L. (1980): *Censura y creación literaria en España (1939-1976)*, Barcelona, Península.
- ABELLÁN, Manuel L. e OSKAM, Jeroen (1989): "Función social de la censura eclesiástica. La crítica de libros en la revista *Ecclesia* (1944-1951)", *JILS/Cuadernos Interdisciplinarios de Estudios Literarios*, 1.1, pp. 63-89.
- BARRERA, Carlos (2001): "Revistas católicas y conflictos en el poder político en el Tardofranquismo", *Anuario de Historia de la Iglesia*, X, Pamplona, Universidad de Navarra, pp. 101-142.
- BLÁZQUEZ, Feliciano (1991): *La traición de los clérigos en la España de Franco. Crónica de una intolerancia (1936-1975)*, Madrid, Trotta.
- BOTTI, Alfonso (1992): *Cielo y dinero. El nacionalcatolicismo en España (1881-1975)*, Madrid, Alianza.
- CISQUELLA, Georgina; ERVITI, José Luís; SOROLLA, J. Antonio (1977): *La represión cultural en el franquismo. Diez años de censura de libros durante la Ley de Prensa (1966-1976)*, Barcelona, Anagrama, (2ª edición, 2002).
- Concordato con la Santa Sede 27 agosto 1953*, <www.protocolo.org>.
- DUEÑAS, Gonzalo" [Ángel Fernández Santos] (1969): *La ley de prensa de Manuel Fraga*, París, Ruedo Ibérico.
- FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos (1985): *Franquismo y transición política en Galicia. Apuntes para una historia de nuestro pasado reciente, 1939-1979*, Sada, Edicións do Castro.
- __(1951): "Hacia una nueva Ley de Prensa", *Ecclesia*, 553, 16-2, p. 3.
- __(1951a): "Hace falta Ley de Prensa", *Ecclesia*, 704, 8-1, p. 3.
- __(1951b): "Hacia una Ley de Prensa. Carta del obispo de Málaga, don Ángel Herrera, al ministro de Información, señor Arias Salgado", *Ecclesia*, 714, 19-3, pp. 12-14.
- __*Ecclesia*,(1965): "El proyecto de Ley de Prensa", *Ecclesia*, 1.267, 30-10, pp. 3-4
- __*Ecclesia*,(1966), "La Ley de Prensa, dictaminada", *Ecclesia*, 1.280, 26-2, pp. 3-4.
- FRAGA IRIBARNE, Manuel (1980): *Memoria breve de una vida pública*, Barcelona, Planeta.
- GRACIA, Jordi (2004): *La resistencia silenciosa. Fascismo y cultura en España*, Barcelona, Anagrama.
- HERVÁS BENET, Juan (1961): "La libertad de prensa y su ordenamiento jurídico", *Ecclesia*, 1.031, 15-4, pp. 15-16.
- IRIBARREN, Jesús (ed.) (1974): *Documentos colectivos del Episcopado Español, 1870-1974*, Madrid, Biblioteca de Autores Cristianos.

- MARTÍN ARTAJO, Alberto (1972-1987): "Concordato de 1953", Aldea Vaquero, Quintín; Marín Martínez, Tomás; e Vives Gatell, José (dirs.): *Diccionario de historia eclesiástica de España*, I, Madrid, Instituto Enrique Flórez, pp. 595-599.
- MARTÍNEZ GARCÍA, X. Antonio (1995): *A Igrexa antifranquista en Galicia (1965-1975). Análise histórica da crise posconciliar*, Sada, Edicións do Castro.
- MÍNGUEZ GOYANES, Xosé L. (2000): *Quiroga Palacios no seu tempo*, Barcelona, Sotelo Blanco-Consortio de Santiago.
- ORTIZ HERAS, Manuel (2005): "Iglesia y control social. De controladora a controlada", en Cueva Merino, Julio de la, e López Villaverde, Ángel Luis (coords.): *Clericalismo y asociacionismo católico en España: de la Restauración a la Transición. Un siglo entre el Palio y el Consiliario*, Cuenca, Universidad de Castilla La Mancha, pp. 161-193.
- OSKAM, Jeroen (1992): "Las revistas literarias y políticas en la cultura del Franquismo", *Letras Peninsulares*, 5.3, pp. 389-405.
- RODRÍGUEZ LAGO, José Ramón (2004): *La Iglesia en la Galicia del Franquismo (1936-1965). Clero secular, Acción Católica y Nacional-catolicismo*, Sada, Edicións do Castro.
- RUIZ RICO, Juan José (1977): *El papel político de la Iglesia Católica en la España de Franco (1936-1971)*, Madrid, Tecnos.
- SINOVA, Justino (1989): *La censura de prensa durante el franquismo*, Madrid, Espasa-Calpe.
- TERRÓN MONTERO, Javier (1981): *La prensa en España durante el régimen de Franco. Un intento de análisis político*, Madrid, Centro de Investigaciones Sociológicas.
- TUSELL, Javier (2005): *Dictadura franquista y democracia, 1939-2004*, Barcelona, Crítica.

Roberto Blanco Torres: a memoria ética de Galicia

ANDRÉS TORRES QUEIRUGA
Real Academia Galega

Envío: Non era este traballíño a primeira intención da miña achega para a homenaxe ao amigo Xosé Ramón. Era máis ben a de escribir algo sobre a situación cultural da Igrexa galega; moi en concreto, sobre as causas e consecuencias da carencia dunha facultade teolóxica. Pero, pensando, por un lado, no feito de ter sido o noso homenaxeado protagonista no seu proxecto inicial e, por outro, no excepcional da súa sabedoría histórica ao respecto, decidín que era moito mellor deixarlle –como chamada amigable? – tan delicada e importante tarefa. Escollín entón este escrito meu de homenaxe cordial a un home que pertence por dereito moi propio a esa memoria histórica que hoxe nos ocupa e preocupa.

Se questo è un uomo..., “se este é un home”. Permitídemme empezar a memoria de Roberto Blanco Torres evocando o coñecido título de Primo Levi, que erguía a súa dúbida, o seu case que desesperado interrogante sobre o senso da humanidade, despois de pasar polo inferno de Auschwitz. Non vou comparar magnitudes nin desesperos. Pero non puiden evitar o recordo: cando nunha cuneta, preto da Herdadiña, cara á raia de Portugal, atoparon un cadáver anónimo, con dous tiros na cabeza, espido da súa roupa, acaso nun intento vil e raposeiro de o privaren non só da súa vida senón tamén da súa identidade..., tamén no aire desolado daquela mañá tivo que se erguer a pregunta. A pregunta solemne e definitiva: se este é un home, e, nunha dirección moi distinta, se foron homes os que perpetraron tal horror.

Deixemos estes, os asasinados, coa súa miseria. Para o primeiro nós hoxe temos a resposta. Aquel corpo, tirado e masacrado, en aparencia un absurdo garabato sobre a terra do crime, era en realidade, sobre a paisaxe de Galicia, a sinatura

de todo un home. Sinatura irrefutable, escrita co propio sangue ao pé dunha vida enteira e cabal. A vida dun home honrado, de traballo incansable, de traxectoria insubornable, de ideais nunca desmentidos. A vida dun galego que puxo o servizo aos homes e mulleres da súa terra por enriba de calquera egoísmo e máis alá de toda componenda.

El restablecimiento en 1820, tras el pronunciamiento de Riego y de Quiroga, de un régimen de libertades, incluidas las de opinión e imprenta, sin otras cortapisas que las establecidas por ley para la protección del interés público, supuso la supresión de toda censura sobre la introducción, edición y circulación de cualquier obra impresa tanto nacional como extranjera. A que ello fuera posible coadyuvó en considerable medida la abolición, ahora definitiva, en 1820 del Tribunal inquisitorial. Tal cosa sucedió ante la indiferencia de una parte considerable del clero español, y casi con el beneplácito de Roma, que se limitó a cursar una formularia protesta, y que luego se opuso al restablecimiento de institución tan obsoleta⁵⁴, y en cuya última época, instrumentalizada por el Estado absolutista,

52 Sobre el largo exilio de Marchena y su obra literaria véase Vilar, Juan B. (2006): *Op. cit.*, pp. 41-45 [1.3: "El activista y polígrafo José Marchena..."]. Véase también Fuentes, Juan Francisco (1989): *José Marchena. Obra española en prosa. (Historia, Política, Literatura)*, Madrid, Centro de Estudios Constitucionales, principal especialista actual sobre el ilustre polígrafo emigrado.

53 Véanse frecuentes casos, aparte los ya mencionados, en AHN, Inquisición, legajos 600 y 4.469, y libro 1.182. Véase también A.G.S., Inquisición, libro 890.

54 Así se infiere de la correspondencia del Nuncio Giacomo Giustiniani: ASV, Archivio della Nunziatura di Madrid, carps. 263 y 265 (*Nuncio Giustiniani, 1817-1827*). Véase también en Bécker, Jerónimo (1909): *Relaciones diplomáticas entre España y la Santa Sede durante el siglo XIX*, Madrid, Ministerio de Estado; Revuelta González, Manuel (1973): *Política religiosa de los liberales en el siglo XIX. Trienio Constitucional*, Madrid. Escuela de Historia Moderna, CSIC; y Cárcel Ortí, Vicente (1975): *Política eclesial de los gobiernos liberales españoles (1830-1840)*, Pamplona, Universidad de Navarra, el contexto de la cuestión referida.

había servido intereses y objetivos más políticos que eclesiales. En cualquier caso la desaparición del Santo Oficio al término de una andadura multisecular imprimió nuevo impulso a la propagación de ideas renovadoras en España.

Abreviaturas utilizadas

- AGS: Archivo General de Simancas
- AHN: Archivo Histórico Nacional
- ASV: Archivo Segreto Vaticano

Despois da galaxia Gutenberg e da galaxia McLuhan

DARÍO VILLANUEVA
Universidade de Santiago de Compostela

Nestas páxinas dedicadas a Xosé Ramón Barreiro expoñerei certas ideas das que me veño ocupando hai tempo e non son alleas tampouco ó noso homenaxeado, pero pretendo tamén reflexionar verbo de determinadas experiencias persoais, sempre referidas a un tema que non é menor: a cultura e a educación nos momentos que nos toca vivir, no contexto da sociedade do coñecemento, da información e do que algúns, como José Terceiro e Gustavo Matías, deron en chamar “dixitalismo”¹.

En 2003 repúxose, despois de sete lustros da súa última representación, a peza teatral de Antonio Buero Vallejo *Historia de una escalera*, estreada en data tan afastada como 1949. Baixo a dirección de Juan Carlos Pérez de la Fuente, o Centro Dramático Nacional levou á escena, no teatro María Guerrero de Madrid, este texto xa clásico no que a crítica valorou desde un principio o seu carácter de fondo drama que representa e denuncia o desespero existencial dunhas vidas marcadas polo lastre insuperable dunha esmagante posguerra.

Asistín a unha desas funcións madrileñas nun serán primaveral no que o teatro se encheu dun público para min especialmente prometedor. Eran ducias de mozos e mozas adolescentes que, acompañados polos profesores dos seus centros

1 Para eles, *dixitalismo* é “una nueva forma de cultura, enraizada en la tecnología y en la economía, que impregna los distintos ámbitos sociales de la actividad humana. Digitalismo o cultura digital, entendida como cultura instrumental [...] que ha venido a sustituir a la cultura general requerida a principios del siglo XX”. Cfr. Terceiro, José e Matías, Gustavo (2001): *Digitalismo. El nuevo horizonte sociocultural*, Madrid, Taurus, p. 101. Véxase tamén de Terceiro, José (1996): *Socied@d digit@al. Del homo sapiens al homo digitalis*, Madrid, Alianza Editorial.

educativos, acudían ao María Guerrero como quen vai de festa, o que me resultou doadamente comprensible: aquilo significaba tanto como substituí-la rutina das aulas pola novidade fascinante dunha experiencia teatral que, dito sexa de paso, sempre formou parte do repertorio dos recursos educativos audiovisuais *avant la lettre*. É ben coñecido o intenso emprego do teatro polos centros de ensino de tradición anglosaxona, sen esquecer, máis perto da nosa cultura, a mesma utilización da arte de Talía nos colexios xesuíticos.

O balbordo preliminar non remitiu, porén, unha vez levantado o pano. Para o meu desconcerto, aquel público de xente moi nova reaccionou expresivamente sempre do mesmo xeito, de forma invariable, ás distintas escenas que artellaban os tres actos de *Historia de una escalera*: riron xeneralizadamente, moitas veces ás gargalladas, sempre que remataba unha situación dramática ou un parlamento, e así escena a escena ata o propio final.

O que aquilo representaba era nin máis nin menos que a comprensión dun drama coma se fose unha comedia, e isto sen a máis mínima marxe de dubitación. Antonio Buero Vallejo quixo representar, ao longo dun percurso temporal de trinta anos, cómo o drama da vida transmitía de pais a fillos as mesmas frustracións, os mesmos fracasos, un mesmo destino inmisericorde. Todo isto maniféstase a través de situacións repetitivas desenvolvidas no escenario desolador dunha escaleira que se nos figura como unha trampa ou cepo no que fican atrapadas as vidas tanto de Carmina e Urbano, de Fernando e Elvira, como da filla dos primeiros e o primoxénito dos segundos. Todos recordamos, no acto primeiro, o clímax que se produce cando Fernando, soñador abúllico, promete á súa noiva unha cadea de logros que os irá levando paulatinamente ao triunfo persoal e á felicidade amorosa, e todo remata cando o mozo, embebido nas súas ensoñacións, fai que se verta o leite que Carmina vén de mercar ó empurralo co seu pé. Esta recreación do amargo "conto da leiteira", que probablemente xa non di nada ós máis novos, foi rematada cun risoño aplauso do auditorio, encantado, ao parecer, polo cómico da situación e pola torpeza do protagonista.

Para min aquela resposta, a recepción unánime da peza de Buero Vallejo polo público máis novo en clave cómica, representou nin máis nin menos que a morte do drama, a lectura dunha peza destas características como comedia, xéneros antitéticos entendidos como tales desde que o propio Aristóteles formulase a súa teoría poética.

George Steiner hai case que cincuenta anos estudou o gran tema da morte da traxedia. Tódalas persoas temos conciencia do sino tráxico que se ceba nalgunhas vidas pero a traxedia como xénero teatral tivo o seu momento e hai séculos que desapareceu. As forzas tráxicas son irracionais e insuperables. Cando as causas da catástrofe tráxica son afrontables con posibilidade de reducilas ou

erradicalas, entón entramos xa na esfera do drama, como sucede en *Historia de una escalera*. Unha sociedade mellor artellada, máis aberta, con máis incentivos e posibilidades, e un temperamento máis decidido, menos apático e acomodaticio dos protagonistas cambiaría por completo a súa sorte e levaría á realización positiva das súas vidas.

Buero Vallejo non quixo, non obstante, representar esa posibilidade na súa peza; o seu intento era sacudir dramaticamente o público, xerando nel a catarse de conxura-las súas propias eivas, as que tiñan os espectadores de 1949 e temos tamén os de hoxe, mediante a representación do sufrimento de quen, sobre o escenario, nos mimetiza. Mais un grupo homoxéneo, por idade e por formación, de espectadores de 2003 non se sentiu preocupado por semellante proposta teatral, e de feito transformaron o drama de Buero nunha comedia, fonte de ledicia, de riso, de festa. Certamente, o teatro, dende as súas orixes, é festa nun senso litúrxico, ritual, en certo modo mítico. É a festa na que a sociedade, colectiva, tribalmente, se reconece a si mesma na pantomima que se representa sobre a escena, pero unhas veces o froito da festa, a catarse, é risoña, mentres que noutras é aceda. Se aquel público mozo ría un drama como comedia, de feito reducía a esta última posibilidade toda manifestación teatral. E cómo así?

Reflexionando sobre o sucedido naquel serán do María Guerrero fíxoseme moi presente unha poderosa mediación que podería ter influído no fenómeno: a mediación televisiva. Aqueles mozos pode ser que participasen por primeira vez nunha representación teatral, como acreditaba quizais o estado de euforia con que se achegaron ao coliseo. Pero, cantas horas de televisión terían xa asimiladas na súa curta vida?

Por outra parte, en moitas desas horas, por caso nas ficcións televisivas que se lles ofreceran, o rexistro non soamente tería sido cómico senón que estaría acompañado do reforzo dunhas risas enlatadas que desde a propia banda sonora da emisión inducirían unha resposta unánime unívoca. En certo modo, a televisión é fundamentalmente comedia, ata o extremo de que poida chegar a suxerir ás novas xeracións unha identidade funcional entre a comedia e o espectáculo televisivo.

O paso seguinte na miña argumentación levoume ao terreo do que será o motivo central destas páxinas. A pregunta é doada: estaría asistindo a unha manifestación nida dun cambio radical de sensibilidade entre os máis novos? Despois de que durante vinte e cinco séculos, as persoas reaccionasen diante da traxedia como traxedia e diante da comedia como comedia, a poderosa mediación televisiva de que falamos sería quen de cambiar tan profundamente os alicerces da condición humana? Mudaría incluso a nosa capacidade de comprensión ata o extremo de abrir unha fenda insuperable entre Antonio Buero Vallejo, ou mesmo a miña

xeración, nacida cando *Historia de una escalera* estaba xa escrita, e os espectadores potenciais de hoxe, acubillados ademais por un contorno de ensino ao que interesaba mante-la ligazón entre proceso educativo e representación audiovisual a través do teatro?

Nos anos sesenta do século pasado, unha rapaza acabada de licenciar, Janet Murray, mentres non lograba unha bolsa para doutorarse en literatura inglesa, entrou a traballar como programadora na compañía IBM. Acadado finalmente ese título académico, abandonaría a actividade docente e investigadora para incorporarse ao "Laboratorio para a tecnoloxía avanzada en Humanidades" do MIT, onde actuaba xa como director Nicholas Negroponte, o autor de *Being Digital*². Anos máis tarde, Janet publicaría un libro sobre o futuro da narrativa no ciberespazo onde recolle a mesma sensación que eu experimentara no transcurso da representación antes comentada:

El nacimiento de un nuevo medio de comunicación es al mismo tiempo fuente de entusiasmo y temor. Cualquier tecnología industrial que extienda espectacularmente nuestras capacidades nos pone también nerviosos al cuestionar nuestro concepto de humanidad.³

Máis radical se manifestara con anterioridade un coñecido crítico literario norteamericano, Sven Birkerts, que en 1994 non dubidara en publicar *The Gutenberg Elegies*, libro como o seu título dá a entender moi pesimista verbo do futuro da lectura na era electrónica. Birkerts enfía unha mancha de interrogantes a propósito de cómo as novas tecnoloxías poden estar distorsionando a nosa condición humana, fragmentando a nosa identidade, erosionando a profundidade da nosa conciencia. E conclúe cunhas palabras que inciden directamente na problemática que constitúe o miolo do noso futuro cultural: a educación. Di Birkerts:

Estamos renunciando a la sabiduría, cuya consecución ha definido durante milenios el núcleo mismo de la idea de cultura; a cambio nos estamos adhiriendo a la fe en la red.⁴

En ámbalas dúas voces citadas, Janet Murray e Stephen Birkerts, eoa o pensamento dunha das figuras intelectuais máis salientables da segunda metade do século XX, o crítico literario canadense Marshall McLuhan, que fundamentaba en 1962 o seu revelador libro *The Gutenberg Galaxy* na afirmación de que toda tecnoloxía tende a crear un novo contorno para os seres humanos.

2 Cfr. Negroponte, Nicholas (1999): *El mundo digital. Un futuro que ya ha llegado*, Barcelona, Ediciones B. S. A.

3 Murray, Janet (1999): *Hamlet en la holocubierta. El futuro de la narrativa en el ciberespacio*, Barcelona, Paidós, p. 13.

4 Birkerts, Sven (1999): *Elegía a Gutenberg. El futuro de la lectura en la era electrónica*, Madrid, Alianza Editorial, p. 293.

McLuhan entendía os avances tecnolóxicos como extensións dos nosos propios corpos, dos nosos sentidos, o que implica en todo caso un ronsel de consecuencias psíquicas e sociais. A tecnoloxía do alfabeto fonético, que data de tres mil ou tres mil cincocentos anos antes de Cristo, trasladou os seres humanos desde o mundo máxico do oído e da tribo, onde a comunicación se baseaba exclusivamente na oralidade, ao mundo neutro do visual. Semellante cambio representa inicialmente un empobrecemento notable na vida imaxinativa, sensitiva e emocional. O descubrimento da imprenta de tipos móbiles potencia extraordinariamente a cultura do alfabeto, ao multiplicaren mecanicamente os escritos e posibilita-lo seu espallamento polo mundo adiante.

McLuhan atribúe á imprenta non soamente o reforzamento do individualismo senón tamén a aparición das nacionalidades modernas. E no seu percurso, logo de salienta-lo que representou contra o ano 1844 o descubrimento do telégrafo, chegamos ao que nalgún momento da súa obra o canadense denomina “a constelación de Marconi”, chamada a eclipsa-la Galaxia Gutenberg. McLuhan adoita falar, xa que logo, dos “medios eléctricos” para se referir tamén á radio, ao cine, ao teléfono e á televisión ou “iconoscopio”, que, nas súas propias palabras,

ha acrecentado y exteriorizado todo nuestro sistema nervioso central, transformando así todos los aspectos de nuestra existencia social y psíquica.⁵

Contraído para nós o globo por mor dos medios eléctricos mencionados, o universo redúcese a unha aldea, rexorde o tribalismo primitivo, pre-alfabético, e pódense entón comprender fenómenos de gregarismo como o daquela lectura cómica dun drama por parte dos rapaces madrileños, por poñer un exemplo concreto.

En 1966, cando Marshall McLuhan había pouco que rematara as achegas formuladas inicialmente en *A Galaxia Gutenberg*⁶ (1962) e desenvolvidas axiña por un segundo libro, *Understanding Media*⁷ (1964), en Europa, Umberto Eco⁸, daquela un mozo investigador do medievalismo e a semioloxía, daba ao prelo o seu famoso libro *Apocalípticos e integrados diante da cultura de masas* onde expresa a inquedaanza dos humanistas pola evidente democratización dos bens culturais promovida pola proliferación de mensaxes transmitidas a través de novidosas canles. A súa observación de partida era incontestable: desde unha concepción elitista,

5 McLuhan, Eric e Zingrone, Frank [compiladores] (1998): *McLuhan. Escritos esenciales*, Barcelona, Paidós, p. 293.

6 McLuhan, Marshall (1969): *La galaxia Gutenberg. Génesis del Homo Typographicus*, Madrid, Aguilar.

7 McLuhan, Marshall (1994): *Understanding Media. The Extensions of Man*, The MIT Press.

8 Eco, Umberto (1968): *Apocalípticos e integrados ante la cultura de masas*, Barcelona, Lumen.

[...] la mera idea de una cultura compartida por todos, producida de modo que se adapte a todos, y elaborada a medida de todos, es un contrasentido monstruoso. La cultura de masas es la anticultura.⁹

Fronte a esta postura apocalíptica, Eco rexistra tamén a reacción optimista do integrado, que era a súa propia: a nova era representaba unha oportunidade única de ampliación do campo cultural contra a que, sobre todo, non cabía a indiferenza. A conclusión de Eco era moi clara a este respecto:

El universo de las comunicaciones de masa —reconozcámoslo o no— es nuestro universo; y si queremos hablar de valores, las condiciones objetivas de las comunicaciones son aquéllas aportadas por la existencia de los periódicos, de la radio, de la televisión, de la música grabada y reproducible, de las nuevas formas de comunicación visual y auditiva.¹⁰

Hai un momento rexistrabámo-la inquedaanza apocalíptica de Janet Murray e Stephen Birkerts xa non ante a cultura de masas de que trata Eco senón fronte ao ciberespazo e ao universo dixital. Pero esa mesma reacción é rexistrable case desde o comezo dos tempos. A revolución tecnolóxica da escritura é relativamente recente. O *homo sapiens* data de hai uns cincuenta mil anos e soamente contra o 3.000 ou o 3.500 antes de Cristo os sumerios descubriron en Mesopotamia o alfabeto fonético. Cincuenta séculos despois, aproximadamente, xorde a revolución de Gutenberg: cando Camões, Shakespeare e Cervantes escriben trátase aínda dunha conmoción apenas asimilada.

En certo modo, esta segunda revolución potenciou extraordinariamente a precedente porque foi a impresión e non a escrita o que de feito rectificou a palabra e con ela a actividade intelectual. A cultura do manuscrito seguía a ser marxinamente oral. O auditivo continuou, xa que logo, dominando por algún tempo despois de Gutenberg. Finalmente, porén, a imprenta remprazou o predominio do oído no mundo do pensamento e da comunicación polo predominio da vista. A imprenta sitúa as palabras no espazo dun xeito moito máis rotundo do que nunca antes o fixera o alfabeto por si mesmo, e isto determinou unha verdadeira transformación da conciencia humana.

Xustamente, este feito xa o denunciara con tintes apocalípticos, como ben se recordará, o propio Platón, que no seu diálogo *Fedro ou do amor* pon en boca de Sócrates o relatorio de como o deus Theuth inventou a escritura. Cando expuxo o seu descubrimento ao rei Thamus, gabándose dos seus beneficios, o imperante mostrouse por completo contrario á innovación, por considerala sumamente prexudicial para a memoria e, sobre todo, para a verdadeira sabedoría, que só se debería aprender oralmente dos mestres.

9 Eco, Umberto (1968): *Op. cit.*, p. 12.

10 Eco, Umberto (1968): *Op. cit.*, p. 15.

Da mesma opinión participa Sócrates, como non podería ser doutro xeito no caso do inventor da maiéutica. O discurso escrito está morto, non é máis que un van simulacro do auténtico, do discurso vivo, “escrito cos caracteres da ciencia na alma do que estuda”, que xustamente por iso pode “defenderse por si mesmo”, “falar e calar a tempo”. Os outros, os discursos dos libros, “[...] cando os oes ou os les coidas que pensan; mais, pedídelles algunha explicación sobre o obxecto que conteñen e vos responderán sempre o mesmo”¹¹.

Comentando estas páxinas platónicas sobre a orixe da escritura, Ignacio Gómez de Liaño¹² argumenta que, fronte á escrita superficial do sofista, o auténtico diálogo filosófico é “la operación característica de ese amor superior, en el que el maestro desempeña las funciones de amante y mayeuta”. Así mesmo, George Steiner¹³ ten reparado nesa compoñente erótica, de sedución, que acompaña o contacto persoal entre mestre e discípulo desde Sócrates e Alcibiades, que non pode, loxicamente, darse mediante a relación mediatizada, en certo modo dislocada, como a que existe entre autor e lector dun libro.

Convén recordar aquí, para que estas ideas aparezan amparadas polo seu contexto xenuíno, que a escritura era unha innovación relativamente recente en Grecia. Cando Platón redacta os seus diálogos non había máis de dous séculos que os helenos a coñecían, e de ningún xeito se pode dicir que fose xa unha práctica habitual entre os intelectuais, pois aínda estaba relegada fundamentalmente a certas aplicacións burocráticas e comerciais. De todas formas, non é ilexítimo considerar, nos termos de Umberto Eco, que Platón e, sobre todo, o seu mestre Sócrates foron os primeiros apocalípticos diante da revolución tecnolóxica, comunicativa e humanística que deu lugar á Galaxia do alfabeto.

Porque cando Marshall McLuhan cuña ese rubro que tanto éxito acadaría, consistente en identificar como Galaxia Gutenberg o ciclo da modernidade inaugurado pola invención da imprenta de tipos móbiles, deixa así mesmo implicitamente instaurada a definición das dúas Galaxias precedentes, a da oralidade e a do alfabeto. E posibilita tamén que o seu propio nome sexa utilizado para identifica-la nosa época contemporánea no que se refire ás tecnoloxías “eléctricas” da comunicación, inaugurada a mediados do XIX coa invención pioneira do telégrafo ao que virían a secundar despois o teléfono de Graham Bell, o cinematógrafo dos Lumière, a radio de De Forest e Marconi, e finalmente a televisión, que xa está lista no decenio dos trinta pero que deberá agardar ao final da segunda guerra mundial para o seu universal espallamento ata o punto de se converter, segundo McLuhan, no

11 Platón (1984): *Diálogos*, México, Porrúa.

12 Gómez de Liaño, Ignacio (1982): *El idioma de la imaginación*, Madrid, Taurus, pp. 151-159.

13 Steiner, George (2004): *Lecciones de los maestros*, Madrid, Siruela.

[...] medio eléctrico más significativo porque impregna casi todo hogar en el país, extendiendo el sistema nervioso central de cada espectador, a medida que trabaja y moldea el sensorium completo con el último mensaje.¹⁴

Esta nova Galaxia que segue á de Gutenberg, a cuarta se temos en conta previamente as da oralidade e do alfabeto, é, xa que logo, reconecida polos filósofos da chamada Transmodernidad, entre eles Rosa María Rodríguez Magda¹⁵, como a "Galaxia McLuhan". Nela, loxicamente, a irrupción da nova tecnoloxía representa a posibilidade certa dunha muda da condición humana como o propio MacLuhan advertía xa en 1962:

[...] la imprenta comporta el poder individualizador del alfabeto fonético mucho más allá que la cultura del manuscrito pudo hacerlo jamás. La imprenta es la tecnología del individualismo. Si los hombres decidieran modificar esta tecnología visual con la tecnología eléctrica, el individualismo quedaría también modificado. Promover una lamentación moral acerca de ello es como soltar tacos contra una sierra mecánica porque nos ha cortado los dedos.¹⁶

O investigador canadense morreu en 1980, e no cuarto de século que nos separa do seu pasamento ocorreron acontecementos transcendentais para a historia da Humanidade vista desde a perspectiva que McLuhan fixera súa. No seus escritos menciónase xa o ordenador como un instrumento máis de fixación electrónica da información, pero o máis interesante para nós resulta, sen dúbida, a pegada profética que nalgúns momentos McLuhan manifesta a este respecto. Así, cando no seu libro de 1962 trata de cómo a nova interdependencia electrónica recrea o mundo a imaxe e semellanza dunha aldea global, McLuhan escribe:

En lugar de evolucionar hacia una enorme biblioteca de Alejandría, el mundo se ha convertido en un ordenador, un cerebro electrónico, exactamente como en un relato de ciencia ficción para niños. Y a medida que nuestros sentidos han salido de nosotros, el GRAN HERMANO ha entrado en nuestro interior.¹⁷

Uns poucos anos máis tarde, na extensa entrevista que unha coñecida e moi popular revista norteamericana lle fixera, McLuhan expresa unha premonición referida aos ordenadores que fala do que naquel momento non era máis que un soño e, polo contrario, hoxe é a realidade máis determinante do que, con Manuel Castells¹⁸, imos denomina-la *Galaxia Internet*. Decía McLuhan:

14 McLuhan, Eric e Zingrone, Frank (1998): *Op. cit.*, p. 294.

15 Rodríguez Magda, Rosa María (1989): *La sonrisa de Saturno. Hacia una teoría transmoderna*, Barcelona, Anthropos; (2003): "La globalización como totalidad transmoderna", *Claves de razón práctica*, 134, pp. 22-30; (2004): *Transmodernidad*, Barcelona, Anthropos.

16 McLuhan, Marshall (1969): *Op. cit.*, p. 224.

17 McLuhan, Marshall (1969): *Op. cit.*, p. 55.

18 Castells, Manuel (2001): *La Galaxia Internet. Reflexiones sobre Internet, empresa y sociedad*, Barcelona, Plaza y Janes.

[...] el ordenador mantiene la promesa de engendrar tecnológicamente un estado de entendimiento y unidad universales, un estado de absorción en el logos que pueda unir a la humanidad en una familia y crear una perpetuidad de armonía colectiva y paz. Éste es el uso real del ordenador, no como acelerador del marketing o de la resolución de problemas técnicos, sino como acelerador del proceso de descubrimiento y orquestación de ambientes y energías terrestres y eventualmente galácticos. La integración comunal psíquica, lograda al fin por los medios electrónicos, podría crear la universalidad de conciencia prevista por Dante cuando predijo que los hombres continuarían siendo poco más que fragmentos rotos hasta que se unificaran en una conciencia inclusiva. En un sentido cristiano es meramente una nueva interpretación del cuerpo místico de Cristo; y Cristo, después de todo, es la última extensión del hombre.¹⁹

Nas últimas palabras transcritas asoma unha das peculiaridades do autor, a súa condición confesa e militante de católico que tanto sorprende a algúns dos seus lectores, como tamén a expresión aforística do seu pensar e o desenvolvemento fragmentario, a borbollóns, das súas ideas. Todo isto únese a unha certa pose de adiviño que McLuhan cultiva, pois pensa que incluso os analistas máis certos da realidade cultural e social van sempre un paso por detrás dela no que se refire á súa visión do mundo, de xeito que perciben como un todo orgánico e comprensible soamente o contexto que precedera ao que na actualidade están vivindo. Isto é o que el denominaba “visión de espello retrovisor”²⁰, contra a que combatiu, precisamente, cos seus pulos proféticos.

As veces, por exemplo cando acreditaba a data exacta da desaparición do libro, errou clamorosamente, pero hai que recoñecerlle perspicacia máxima no vaticinio de cal chegaría a se-la verdadeira revolución da Galaxia Internet. Sobre todo, se temos en conta a cronoloxía, pois estamos a falar dun proceso moi curto no tempo para o que foi a transcendencia das profundas modificacións xa introducidas non só en termos de tecnoloxía senón tamén no que atinxe á propia condición humana.

O primeiro ordenador capaz de ser programado, o famoso ENIAC (Electronic Numerical Integrator and Calculador), é froito inmediato da segunda guerra mundial. O UNIVAC, a primeira computadora de uso comercial é de 1951, e a serie 360 de IBM, pioneira entre os ordenadores de empresa, é un pouco posterior á aparición do libro *A Galaxia Gutenberg*. Nos anos setenta desenvólense os microprocesadores. Informáticos mozos como Jobs o Wozniak constrúen o Appé II mentres que Bill Gates e Paul Allen evolucionan a linguaxe de programación BASIC. Pero é despois da morte de McLuhan, xa no 1981, cando se vende un millón de microordenadores VIC-20 de Commodore, o que impulsa a IBM a entrar

19 McLuhan, Marshall e Zingrone, Frank (1989): *Op. cit.*, p. 314.

20 McLuhan, Eric e Zingrone, Frank (1998): *Op. cit.*, p. 284.

neste mercado. En 1983 chega á feira SIMO de Madrid o primeiro PC de IBM en España, cun prezo de 400.000 pesetas, que vén acompañado do DYNA TAC, o primeiro terminal móbil de Motorola, coñecido popularmente como "o ladrillo". A finais do decenio dos oitenta, o CD-Rom posibilita a eclosión dos portátiles.

Aquela pegada vaticinadora de Marshall McLuhan cobra todo o seu mérito se reparamos nesta outra secuencia cronolóxica. De 1972 data a primeira demostración de ARPANET, unha rede de ordenadores creada en 1969 desde a Universidade de California nos Ánxeles pola Advanced Research Projects Agency (ARPA) do Departamento de Defensa dos Estados Unidos. En 1983 créase a rede MILNET exclusivamente para fins militares, e aparece ARPA-INTERNET dedicada á investigación baixo control da NSF, a National Science Foundation. A súa privatización xa nos anos noventa coincide coa achega, xusto no 1990, do sistema de hipertexto coñecido como World Wide Web por parte do programador inglés Tims Berners-Lee, empregado no CERN (o centro europeo de investigación en física das altas enerxías). Logo virán a comercialización en decembro de 1994 do Netscape Navigator e a difusión que desde un ano máis tarde Microsoft fai do Internet Explorer como parte do seu Windows 95, de xeito que a suma de semellantes achegas permitiu finalmente o nacemento da Galaxia Internet. Manuel Castells ratifícao con toda rotundidade:

A pesar de que Internet estaba ya en la mente de los informáticos desde principios de los sesenta, que en 1969 se había establecido una red de comunicación entre ordenadores y que, desde finales de los años sesenta, se habían formado varias comunidades interactivas de científicos y hackers, para la gente, para las empresas y para la sociedad en general, Internet nació en 1995.²¹

Quere isto dicir que cando cumprimo-la primeira ducia de anos mergullados na nova Galaxia aínda non podemos dar por superado o que ben poderíamos chama-lo "periodo incunable" da nova cultura xerada por Internet. Mais abonda o tempo pasado para preguntármonos se se poden detectar xa ou non os seus efectos, máis ou menos evidentes, na propia condición humana. Aqueles moi noviños espectadores da representación madrileña de *Historia de una escalera* terían, cando o comezo de Internet, os mesmos anos ca min cando a televisión comenzou a súa andaina en España. Á miña casa aínda tardaría un lustro en chegar a pequena pantalla, pero eles sen dúbida accederon máis axiña á rede, ben na escola ben no seu domicilio: os tempos van agora moito máis prestos. De tódolos xeitos, supoño que comparto con eles un mesmo acomodo na Galaxia Internet, aínda que para min non é ésta a barbulla na que nacín, crecín e aprendín a ler. Probablemente, no caso de que a súa lectura cómica do drama de Buero Vallejo, tan allea á

21 Castells, Manuel (2001): *Op. cit.*, p. 31.

miña propia sensibilidade, fose froito dunha mediación externa, moi poderosa, eu pensaría antes na influencia da Galaxia McLuhan, e dentro dela da omnipresente televisión, que da responsabilidade de Internet.

Igual que sucedera coa arribada da escritura —lembro-la actitude de Sócrates— ou co invento da imprenta —á que o propio McLuhan, certamente moi de pasada, chega a atribuí-lo espallamento da esquizofrenia e a alienación como “consecuencias inevitables” da alfabetización fonética²²—, é lexítimo facérmolo-la mesma pregunta que se fai o apocalíptico Sven Birkerts:

[...] ¿por qué tan poca gente se pregunta hasta qué punto no estaremos cambiando nosotros mismos ni si estos cambios son para bien?²³

As respostas que el mesmo atopa son todas elas negativas e ameazantes. Os medios tecnolóxicos afástannos cada vez máis do natural, alléannos do noso ser fundamental. Unha poderosa cortina electrónica interpónse entre cada un de nós, os demais, a natureza e, en definitiva, a realidade. Se cada individuo posúe unha “aura” propia —o termo vén tomado de Walter Benjamín e a súa definición da obra de arte—, unha presenza única, estamos a sufrir unha erosión gradual pero constante de dita presenza humana, tanto no plano individual coma no do conxunto da nosa especie. O resultado final será, inexorablemente, a superficialidade total —Marcuse falaba tamén de “unidimensionalidade” —. Fuxindo da profundidade inherente ao ser humano ata hoxe, estamos afacéndonos “a la seguridad prometida de una vasta conectividad lateral”²⁴.

Non é doado, quizais por falta de abonda perspectiva temporal, identificar os síntomas máis salientables da resposta humana ás condicións subxectivas e obxectivas que as novas tecnoloxías impoñen. Temos, porén, algunhas aproximacións, popperianamente válidas en canto falsables, que contraponen conceptos identificados, por caso, coa tríada “teses/antíteses/sínteses” que a filósofa Rosa María Rodríguez Magda²⁵ vencella, respectivamente, coa modernidade, a posmodernidade e o que ela denomina transmodernidade. Modernidade é tanto como Galaxia Gutenberg, a posmodernidade corresponde á Galaxia McLuhan e, finalmente, a transmodernidade xurdiría do que ela denomina Galaxia Microsoft e nós preferiremos chamar Galaxia Internet.

Xogando cun cadro de atributos, contrapostos en tríades, de cada unha destas Galaxias, na primeira das columnas destacan trazos ben definidos, propiciadores da cohesión, da afirmación, do pensamento forte, racionalista. A segunda columna, a posmoderna, é antitética: disgregación, multiplicidade, negación,

22 McLuhan, Eric e Zingrone, Frank (1998): *Op. cit.*, p. 291.

23 Birkerts, Sven (1999): *Op. cit.*, p. 285.

24 Birkerts, Sven (1999): *Op. cit.*, p. 293.

25 Rodríguez Magda, Rosa María (2003): *Op. cit.*

pensamento feble. E, por último, a terceira mantén o xesto definidor da primeira, pero orfo de todo fundamento nunha sorte de "clausura especular".

Bástenos con mencionar algunhas das posibles tríades consonte co xogo proposto, comezando pola oposición entre "realidade" moderna, "simulacro" posmoderno e "virtualidade" transmoderna. Todo isto equivale correlativamente a "presenza/ausencia/telepresenza". Corresponde, respectivamente, a "centramento/dispersión/rede".

Á "razón" contráponse á "reconstrución e ao "pensamento único". Ao "coñecemento", o antifundamentalismo escéptico" e a "información". Se a Modernidade posuía un pulo "global", a posmodernidade opta polo "local" e a transmodernidade abre a porta a unha síntese: o "glocal", termo cuñado por R. Robertson. Ao "imperialismo" sucédelle o "postcolonialismo" e logo vén o "cosmopolitismo transétnico"; á "xerarquía" séguelle a "anarquía" e o "caos integrado". Outra tríade significativa é a que contrapon "átomo", "cuanto" e "bit".

Se unha "economía industrial" foi substituída pola "economía postindustrial", agora prima unha "nova economía". O "público" deu paso ao "privado" posmoderno e hoxe vivimos xa mergullados na "obscenidade da intimidade". A "alta cultura" da Modernidade foi remprazada pola "cultura de masas" da que tratara Umberto Eco, e ésta pola "cultura de masas personalizada" na Transmodernidade. E xa no propio núcleo das tres Galaxias sucesivas, Gutenberg, McLuhan e Internet, a "escritura", a "obra", o "narrativo", a "prensa" da primeira contrastan co "texto", o "visual", a "televisión" e en xeral os "Mass-media" da segunda, e o "hipertexto", os "multimedia", o "ordenador" e a "rede" da Transmodernidade.

Entre o apocaliptismo puro e a integración entusiasta hai matices intermedios, por suposto. Lembro, por caso, a posición de James O'Donnell²⁶, un cincuentón norteamericano de orixe irlandesa, profesor de estudos clásicos e especialista en Agustín de Hipona, que desempeña as funcións de vicerreitor de sistemas de información e informática na Universidade de Pennsylvania.

No seu libro sobre os avatares da palabra desde o papiro ao ciberespazo móstrásenos como un integrado que escribe, non obstante, desde unha intensa conciencia apocalíptica. O'Donnell dubida sobre o futuro do libro, dos autores, da lectura, das bibliotecas, das Humanidades académicas e das propias Universidades. Recea tamén que os novos tempos acaben por marxinar a libeiros, escritores, lectores, bibliófilos, humanistas e profesores. A esta Espada de Damocles tenta de responder cun talante elegante e positivo, non exento de voluntarismo, porque, como el mesmo di, "estudio el pasado, pero proyecto vivir en el futuro"²⁷.

26 O'Donnell, James Joseph (2000): *Avatares de la palabra. Del papiro al ciberespacio*, Barcelona, Paidós.

27 O'Donnell, James Joseph (2000): *Op. cit.*, p. 23.

Precisamente por iso, toma a Casiodoro, autor sobre o que versou a súa tese de doutoramento, como símbolo do que debería se-la actitude dos mestres humanistas no novo teatro universal do ciberespazo. Así como o autor das *Institutiones*, desde o seu retiro monástico da costa italiana, dedicou tódalas súas enerxías a preservar dos bárbaros a civilización clásica decadente, habilitando os monxes como copistas eficaces da erudición grecolatina, O'Donnell entende que non moi diferente resulta a súa traxectoria persoal de filólogo que dera o salto desde as súas habelencias mecanográficas xuvenís ata o manexo de procesadores de textos rudimentarios como o Kaypro II, ata a visita asidua, via modem, de bases de datos en liña ou a edición electrónica dunha revista de estudos clásicos. E engade a seguinte confianza:

[...] en algún momento del proceso comencé a darme cuenta de una ironía. Yo había llegado a ser como Casiodoro. No porque fuese cristiano o erudito, sino porque, más o menos conscientemente, ayudaba en la tarea de crear, para la gente y las ideas que yo valoraba, un espacio útil en el nuevo ambiente tecnológico.²⁸

Resulta ocioso engadir que eu, persoalmente, síntome moi identificado, biográfica pero tamén ideoloxicamente, con esta postura. Que xa fora, por certo, proposta por Marshall McLuhan, quen en 1969 denunciaba que se os occidentais alfabetizados estivesen realmente interesados en preservar os aspectos máis creativos da súa civilización, deixarían de estar de mans cruzadas lamentando os cambios para mergullarse no vértice da nova tecnoloxía co obxecto de controla-la nova Galaxia.

Hai unha expresión súa que é digna de ser repetida hoxe e aquí: McLuhan pide que se cambie a "torre de marfil" por unha "torre de control"²⁹. E neste importante texto seu, xa citado, que non pertence a un dos seus grandes libros senón a unha entrevista xornalística, vén confluír no que a nós máis no interesa, no terreo da educación en xeral e da educación audiovisual en particular. Para isto, é necesaria a racionalización de novas estratexias docentes, porque nas súas propias palabras,

[...] esperar que un niño crecido en la era eléctrica responda a las formas de educación antigua, es como esperar que un águila nade. Esto simplemente no está dentro de su ambiente, por lo tanto es incomprensible.³⁰

O autor canadense falaba na citada entrevista dos "nenos televisivos" como actores da Galaxia Gutenberg, pero nós xa estamos na Galaxia Internet e por iso Nicolás Negroponte³¹ emprega pola súa banda a expresión "nenos dixitais". Por

28 O'Donnell James Joseph (2000): *Op. cit.*, p. 185.

29 McLuhan, Eric e Zingrone, Frank (1998): *Op. cit.*, p. 317.

30 McLuhan, Eric e Zingrone, Frank (1998): *Op. cit.*, p. 299.

31 Negroponte, Nicholas (1999): *Op. cit.*, p. 272.

certo: non sei se os meus coespectadores de *Historia de una escalera* responderían mellor a unha ou a outra desas denominacións: probablemente a ámbalas dúas. Malia a que un daqueles nenos de McLuhan calculábase que ingresaba na gardería con 4.000 horas de televisión ás súas costas, o pensador coidaba que con eles seguía a ser enteiramente posible unha “mezcla creativa” das dúas culturas, a alfabético-gutenberiana e a “eléctrica”.

Porque a secuencia de Galaxias, a sucesión deses cinco ciclos que irían da oralidade a Internet, non representa compartimentos estancos e tránsitos irreversibles. O propio McLuhan lembraba cómo os sistemas de comunicación eléctrica —pensemos na radio e a televisión— representaron un claro retorno da oralidade á esfera da comunicación humana e á transmisión cultural. Certamente, a pegada da voz e a función determinante do sentido da audición marca de novo o século XX onde, se reparamos ben no asunto, a televisión doméstica constrúese sobre os alicerces xenéricos e temáticos da radio, ata o punto de que algúns teóricos da comunicación falan a este respecto de *audiovisión*. Pois ben, unha regresión semellante está claro que se produce entre a Galaxia Internet e a Galaxia Gutenberg. Umberto Eco clausuraba en 1994 un simposio sobre o futuro do libro advertindo que

[...] la característica principal de una pantalla de ordenador es que alberga y muestra más letras que imágenes. La nueva generación se acercará al alfabeto más que a las imágenes. Volvemos de nuevo a la Galaxia Gutenberg, y estoy seguro de que si McLuhan hubiera sobrevivido hasta la carrera de Apple hacia el Silicon Valley, se hubiera maravillado ante este acontecimiento portentoso.³²

Non é de extrañar, xa que logo, que T. Neíson, un dos *gurus* do hipertexto, chame aos ordenadores “máquinas literarias”.

Para que a Galaxia Internet propicie un reforzamento da lectoescritura como alicerce da educación humana é necesario que se implementen estratexias docentes ben artelladas e plenamente conscientes dos fins que se perseguen, o que era un dos cabalos de batalla do último McLuhan, convencido un tanto hiperbolicamente, como ás veces lle gustaba manifestarse, de que as escolas dos anos sesenta/setenta eran “institucións penais intelectuais”³³.

Comecei estas páxinas co relato dunha experiencia persoal desacougante: a abraiante e risoña representación de *Historia de una escalera*. Cómpre que agora, abusando unha vez máis da paciencia dos meus lectores, bote man doutra vivencia que foi polo contrario plenamente engaiolante para min.

Alá polo autono de 2002 fun convidado a visitar en Arteixo o Centro de Desenvolvemento e Tecnoloxía vencellado pola Fundación Amancio Ortega ao

32 Nunberg, Geoffrey [compilador] (1998): *El futuro del libro. ¿Esto matará eso?*, Barcelona, Paidós, p. 305.

33 McLuhan, Eric e Zingrone, Frank (1998): *Op. cit.*, p. 300.

proxecto Ponte dos Brozos. O mentado proxecto pretendía a mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe no contexto da Galaxia Internet a partir do traballo en tres centros do Concello arteixán que abranguían o segundo ciclo de infantil, primaria, ensinanza secundaria obrigatoria, bachalerato e ciclos formativos de FP.

Nas aulas piloto que visitei, os lapiseiros, mapas, libros e a plastilina de cores convivían con ordenadores de sobremesa e portátiles, con pantallas dixitais, escáneres e impresoras. A conectividade estaba garantida, e formaba parte do conxunto de recursos para o ensino e a aprendizaxe de que os alumnos dispuñan con absoluta facilidade.

Nunca esqueceréi, tampouco, que na gran pantalla da aula, así como nas pequenas dos ordenadores, aparecía un texto, un fragmento da noveliña picaresca *Lazarillo de Tormes*. E que a fonte da que procedía eran os fondos dixitalizados da Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, que fora fundada na Universidade de Alicante pouco antes daquela visita, concretamente en 1999.

Desde aquela, a Biblioteca Virtual (<http://www.cervantesvirtual.com>) ten servido trescentos cincuenta millóns de páxinas: o mes de novembro de 2006 foron once millóns e medio, das que menos do corenta por cento foron solicitadas desde Europa. O catálogo da biblioteca oferta 23.000 rexistros bibliográficos, que están a ser incrementados día a día. A cifra, aínda que modesta se a comparamos cos fondos das mellores bibliotecas físicas, é meritoria no eido virtual se temos en conta que o Gutenberg Project, fundado nos primeiros anos setenta como un banco de textos informatizados, dispoñe de 19.000 títulos e recibe mensualmente dous millóns de descargas.

A Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes posúe unha triple condición. É, por unha banda, unha colección de materiais dixitalizados, tanto a partir de documentos xa existentes, impresos ou audiovisuais, como producidos orixinariamente de forma dixital polos talleres da propia Biblioteca. Pero estamos tamén diante dun Centro de Investigación sobre a aplicación das ferramentas que proporcionan as novas tecnoloxías á investigación humanística, á edición dixital e ao desenvolvemento das bibliotecas virtuais. Finalmente, preténdese tamén contar cun vehículo axeitado para propiciar o espallamento das culturas hispánicas, entendendo por tales as fundadas sobre as linguas orixinais da Península Ibérica.

Xa que logo, a literatura desas linguas, producida no ámbito iberoamericano, a hemeroteca e a enciclopedia interpretativa das obras literarias e as súas referencias críticas conforman os tres alicerces da Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes.

Entre os seus fondos conta con máis de vinte portais temáticos, como os dedicados ao Exilio, a países americanos como Venezuela, á Literatura gauchesca, á infantil e xuvenil, á historia e crítica do cinema español, etc., portais institucio-

nais como o Joan Lluís Vives, os das Bibliotecas Nacionais de Arxentina e Chile, o Colexio de México, etc., e trinta e nove bibliotecas de autores clásicos e contemporáneos entre os que se atopan desde Martín Codax, Cervantes ou Calderón ata Leopoldo Alas, Nicolás Guillén, Emilia Pardo Bazán ou Mario Benedetti.

Unha Biblioteca de Historia, outra de Signos, especialmente concibida para persoas con dificultades auditivas, unha Fonoteca con máis dun millar de arquivos e unha Videoteca con preto de mil vídeos de produción propia e materiais doutras procedencias, son as seccións que completan esta outra faciana do seu catálogo que inclúe máis de oito mil títulos.

En 2004 Google anunciou o seu proxecto de volcar na rede, en aberto, quince millóns de libros procedentes de entidades públicas como bibliotecas, universidades ou outras institucións culturais. A iniciativa do líder mundial entre os buscadores de Internet atopou axiña serias dificultades, relacionadas sobre todo co complexo asunto dos dereitos de autor e de copia, pero xa é accesible un programa de busca de libros de Google (<http://www.books.google.es>) que permite acadar información básica sobre obras das que non hai vista previa disponible, acceder á vista dalgúns fragmentos do texto solicitado ou, mesmo, un número limitado das súas páxinas.

Diante da aparente modestia dos dixitos que a Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes manexa en comparación coas magnitudes millonarias que Google promete, hai que facer unha distinción determinante. Non é o mesmo elaborar un gran banco de textos bibliográficos posto na rede mediante a mera dixitalización facsimilar dos libros orixinais que construír unha auténtica biblioteca virtual, concebida para prestar aos seus usuarios deslocalizados os mesmos servizos que unha biblioteca tradicional. Non se trata, soamente, da información e a orientación necesarias para transitar con garantías de éxito pola frondosa selva da produción escrita que a Humanidade acumula ao longo de máis de dous milenios. Hai que proporcionar tamén todo un amplo abano de ferramentas lingüísticas e hipertextuais que achegarán valor engadido á mera existencia dunha determinada obra en Internet. Unha biblioteca virtual pode ser en si mesma unha construción intelectual enriquecedora, e non un simple almacén dixital de textos, o que esixe un lapso razoable de tempo e os investimentos axeitados.

Un dos problemas de Internet é unha certa confusión entre información e coñecemento, así como o perigo de provocar unha especie de infocaos. Bibliotecas virtuais como a Miguel de Cervantes están pensadas precisamente para evitalo, ofrecendo o canón das literaturas rigurosamente reproducido e arroupado coas achegas da investigación filolóxica e literaria. Pero xunto ao dito, o que se pretende é achegar a aqueles “nenos televisivos” ou “nenos dixitais”, a través da pantalla, a lectura dos textos.

José Antonio Millán³⁴, un dos nosos máis acreditados expertos na Galaxia Internet, sostén a tese, que eu comparto sen reservas, de que a lectura é a chave do coñecemento na sociedade da información. A rede proporciona esta última a mancheas, en termos nunca antes logrados, pero non abonda con iso. O único instrumento para a absorción individual da información e a súa transformación en coñecemento é a lectura, que é unha actividade individual, creativa, pero susceptible de ser inducida e titorizada polo profesor.

George Steiner³⁵, desde a súa atalaia privilexiada no cumio do humanismo contemporáneo, quixera ser lembrado como un “bo mestre de lectura”. E o prematuramente desaparecido comparatista e intelectual palestino, Edward Said, afirmaba, xa que logo, pouco antes do seu pasamento que o seu traballo como humanista era precisamente a lectura de textos fundamentais, procederan de onde procederan.

“Procederan de onde procederan”: por exemplo, engado pola miña parte, dos fondos dunha biblioteca virtual. “Lo que yo enseño —concluía Said³⁶— es cómo leer”. É doado concordar coas súas palabras.

34 Millán, José Antonio (2001): *La lectura y la sociedad del conocimiento*, Madrid, Federación de Gremios de Editores de España, p. 21.

35 Steiner, George (2004): *Op. cit.* p. 96.

36 Said, Edward (2003): *The Art of Reading/El arte de leer*, Oviedo, Universidad de Oviedo, p. 82.

The first section of the paper discusses the importance of the research and the objectives of the study. It highlights the need for a comprehensive understanding of the subject matter and the role of the researcher in this process. The second section provides a detailed overview of the methodology employed, including the selection of participants, the design of the study, and the data collection procedures. This section also addresses the ethical considerations that guided the research. The third section presents the results of the study, which are analyzed in depth to identify key findings and trends. The final section discusses the implications of these findings for the field and offers suggestions for future research.

The study was conducted over a period of six months, during which time a total of 120 participants were recruited from various sources. The data collected was analyzed using a combination of qualitative and quantitative methods to ensure a thorough and nuanced understanding of the phenomena under investigation. The results indicate that there are significant differences in the responses of the different groups, which may be attributed to the varying levels of exposure to the subject matter. These findings have important implications for the development of educational programs and the training of professionals in this field.

In conclusion, this study has provided valuable insights into the complexities of the subject matter and has identified areas for further exploration. The findings suggest that a more structured and systematic approach to the study of this topic is warranted, and that the role of the researcher is crucial in this process.

III

HISTORIA CULTURAL

Realidade e utopía. Ramón de la Sagra en Cuba

XOSÉ LUIS BARREIRO BARREIRO
Universidade de Santiago de Compostela

"[...] Al partir, dejaré clavado en sus corazones el dardo más venenoso para ellos; a saber, el testimonio incansable de haber trabajado sin cesar en su bien" (Ramón de La Sagra, Carta a Tomás Gener, 5 de agosto de 1829).

"[...] fui apóstol de todos los sistemas, y lo confieso francamente, la víctima fanatizada de todas las utopías" (Ramón de la Sagra, *Mis debates contra la anarquía de la época y en favor del orden social racional*, 1849).

"Espagnol à Cuba, Cubain à Paris, Français à Madrid, La Sagra est étranger partout" (G. Bourdé, 1976).

"[...] Cuba [...] fue centro experimental de su labor y talento, trampolín de su gloria científica europea, y calvario de sus utopías reformistas" (P. Estrade, 1992).

Limiar

O meu interese persoal pola recuperación histórica dos pensadores oriúndos de Galicia, a intervención persoal sobre La Sagra no IV Simposio Internacional sobre Pensamento filosófico latinoamericano (Universidade de Las Villas, Santa Clara, Cuba) e mesmo as achegas do Congreso de Saint-Denis, organizado polo grupo interdisciplinario e interuniversitario "Histoire des Antilles Hispaniques" coa colaboración de determinados especialistas cubanos e españois, incitáronme a presentar para esta Homenaxe ao profesor X. R. Barreiro Fernández —mestre de mestres e amigo de amigos— un traballo puntual que pretende redimensionar o labor sagriano en Cuba; labor que se non chegou a plasmarse nunha realidade

plenamente efectiva, bordeou, polo menos, as fronteiras dunha estimulante utopía.

Pola súa dimensión plural —e tamén polémica— a figura de La Sagra sae ao encontro, e entretécese, na era decimonónica cubana desde diversas instancias. Precisamente nesas coordenadas históricas os participantes no Congreso de Saint-Denis abordaron a problemática fundamental deste personaxe, non exenta de ambigüidades e paradoxos, nas súas relacións con Cuba: sociedade cubana, ilustración e liberalismo; problema colonial e problema da escravitude; situación xeográfica, científica, política, económica e social da Illa, etc. M. Moreno Fragnals (1960) ten representada a súa traxectoria político-social de xeito semellante á tipificación gráfico-humorística coa que o caricaturista e debuxante catalán L. Bagaría (Durán 1986) describía o proceso involutivo do político do seu tempo, que remataba no maurismo: “Como buen burgués intelectual, doblegado por la curva del tiempo, Ramón de la Sagra fue radical a los 20, liberal a los 30, moderado a los 40, conservador a los 50”. Nesta perspectiva téñense sinalado cinco etapas —que non vamos comentar— na súa traxectoria político-ideolóxica (Pose 1984): a democrática (1816-1823), a empírica (1823-1835), a filantrópica (1835-1844), a socialista (1844-1859) e a reaccionaria (1859-1871).

1. Cuestión sagriana e cuestión nacional cubana

1.1. Estadías de la Sagra en Cuba

Despois de realizar na Universidade de Santiago estudos de Matemáticas, Medicina, Física e Química, en 1919 La Sagra encontrase na Universidade de Madrid e comeza a colaborar en *La Crónica Artística y Literaria*, destacando un traballo seu de índole filosófica sobre “Transición del empirismo al trascendentalismo”. Constata o atraso existente a nivel docente e investigador e comproba a carencia de saídas profesionais dos universitarios, tanto en Ciencias, coma en Humanidades. Á vista desde panorama orienta a súa actividade cara á industria, concretamente cara á industria do tabaco. A ocasión vénlle dada polo encargo que o goberno español lle fai a un parente seu (Agustín Rodríguez Fernández) de trasladarse á Habana para establecer unha fábrica de tabaco rapé e picado (explotación exclusiva ata entón de Francia e dos Estados Unidos), coa finalidade de reactivar a economía tabaqueira. Por mor da súa valía e coñecementos La Sagra foi incorporado ao proxecto. Realizada unha visita a Tolosa e a Bordeos para adquirir maquinaria e demais instrumentos necesarios, na compañía do seu parente, parte para a Habana a comezos do 1821. A estadía durará só seis meses porque, unha vez instalada a fábrica, o goberno español decide pechala, por falta de rendemento, co que La Sagra se ve de novo sen traballo. De volta en España, e como

compensación, é comisionado para elaborar os mesmos produtos na nova fábrica de tabacos de Santander, pero o goberno volve pechar a fábrica.

A segunda estadía vai durar 12 anos (1823-1835). Xa antes de regresar a España, na primeira viaxe, La Sagra, observador meticuloso da natureza física cubana e dos seus fenómenos, tiñase fixado no Xardín Botánico da Habana —un dos mellores que posuía a Metrópole—, criticando duramente o labor do seu director —J. Antonio de la Ossa, á fronte do mesmo—, e presentando defectos organizativos, pero tamén enormes posibilidades de desenvolvemento. Nesta conxuntura concibe a idea de volver a Cuba como Catedrático de Historia Natural (dunha Universidade que nunca chegou a coñecer) e como director do Xardín Botánico. A tradución práctica desta idea supoñía a conxerencia da súa formación, da súa vocación científica e da súa profesión. É a etapa máis longa, densa, frutífera, conflictiva e definidora da traxectoria científica de La Sagra; é a etapa da súa gloria e da súa miseria, da súa realidade e da súa utopía.

Terceira etapa. No mes de agosto de 1859, despois de vinte e cinco anos de ausencia e desde París, R. de La Sagra parte de novo para A Habana. No 1858 apareceran na capital cubana dúas obras que viñan a ser a continuación da súa Historia de Cuba: *Manual de la Isla de Cuba*, de José García de Artoleza, e *Historia natural de la Isla de Cuba*, de Felipe Poey (en varios volumes publicados a partir do 1851). La Sagra sentía a necesidade de poñer ao día a primeira parte da súa obra no referente á poboación, economía, facenda, institucións administrativas, culturais, etc. Con este obxectivo o goberno español comisionao para que volva a Cuba a fin de recoller a información necesaria para revisar e complementar a súa voluminosa *Historia física, económica, política e natural de la Isla*. Ao chegar a Cuba queda impresionado polo desenvolvemento económico —que el non previra— da Illa, caracterizado, non obstante, polo desequilibrio existente entre o atraso do sector agrícola e a rápida modernización da industria azucreira. Desta forma comproba que a gran reforma agrícola —que el pretendía realizar durante a súa segunda estadía— estaba aínda sen facer. Reitera a maior parte das proposicións e recomendacións anteriores, tendo en conta a nova conxuntura internacional, a situación concreta de Cuba e os adiantos tecnolóxicos máis recentes.

Na primavera de 1860 La Sagra regresa directamente a París para preparar, coa axuda de arquivos, bibliotecas e expertos franceses, o último volume da súa obra histórica sobre Cuba.

1.2. As controversias sagrianas

A presenza de La Sagra en Cuba, no seu conxunto, estivo envolta en polémicas de tipo literario, científico, económico-social, pero sobre todo de tipo político. La Sagra aparece como defensor dos intereses comerciais peninsulares (desde

os *Anales de Ciencias, Agricultura, Comercio y Artes*, 1827-1835); J. A. Saco (desde a *Revista Bimestral Cubana*) como defensor e representante da intelectualidade crioula, con marcado acento nacionalista. Pero, en realidade, o clima do enfrontamento xa estaba creado antes da chegada de La Sagra a Cuba nos proxectos dos comerciantes liberais para a Colonia e a burguesía crioula; clima que acadara o seu máximo logro coa reprobación absoluta, por parte da burguesía crioula (que se enriquece a partir do 1797, aproveitándose da man de obra escrava e dos elevados prezos dos produtos no mercado internacional) de toda intervención do goberno de España na dirección e fomento da fortuna privada cubana. Coa restauración do sistema constitucional no 1820, comeza de novo o viacrucis da sacarocracia cubana: créase un mecanismo de control comercial e fiscal e establécense aranceis fortemente proteccionistas, que indignan aos sacarócratas. E todo este entramado polémico estará relacionado, en boa medida, coa valoración ou revalorización da obra sagriana sobre Cuba. Paul Estrade (1992) marca os fitos históricos máis importantes desta contenda: ármase no 1821; estala no 1825; desmándase no 1829-1830; reactívase no 1833; continúa no 1840; rexorde no 1858-1860 e esténdese a 1865. Polémica, pois, que abarca case toda a vida de La Sagra, presente ou ausente de Cuba, pero polarizada arredor de dúas figuras estelares: José Antonio Saco e R. de La Sagra, ou en expresión gráfica de P. Estrade, "saquete" versus "sagrita". Pero, de feito, con anterioridade ao enfrontamento directo destes dous personaxes, xa se rexistran algúns gromos polémicos. Vexamos: nada máis chegar a Cuba, La Sagra publica como inédito, e dedicado á xuventude cubana, un traballo sobre Kant (xa mencionado), que fora publicado previamente en *Crónica Científica y Literaria* de Madrid, no ano 1919 e polo que recibe a réplica desapiadada dun mozo crioulo, Caietano de San Feliu, inculpándoo de "mentireiro e simulador". Poucos anos despois, a aparición dun cometa na Habana nos primeiros días do 1825, e a interpretación apresurada de La Sagra —amosando descoñecer, segundo Roig, ata a concepción de Laplace— provoca a contestación de P. Betencourt e J. A. Saco, con intervención tamén de José de la Luz y Caballero quen, ao se desculpar La Sagra por carecer dun telescopio axeitado, lle ofrece o que estaba instalado na súa propia casa, pero que La Sagra "nunca chegou a visitar". Un terceiro momento polémico vén dado pola publicación no 1827 dunhas *Observaciones metereológicas*, realizadas durante a viaxe desde A Coruña á Habana. No prólogo, La Sagra presume de ser o pioneiro deste tipo de estudos na Illa, o que ofende a sensibilidade dos crioulos de clase erudita, comezando por J. A. Saco, que estima que La Sagra pretendía descoñecer maliciosamente todo o labor científico realizado en Cuba con anterioridade.

De aquí en diante as sucesivas polémicas acochan e revelan ao mesmo tempo un evidente trasfondo de matiz político e ideolóxico: La Sagra aparecía como

o representante dos intereses coloniais da Metrópole, Saco como o representante das aspiracións autonomistas e/ou independentistas da Cuba real. Ao final da contenda, non obstante, “ambos acabaron marxidados pola España oficial e desvinculados da Cuba real” (Estrade 1992: 195). O enfrontamento acentúase no 1928-29 coa crítica de La Sagra ás poesías de José María Heredia, poeta cubano desterrado e refuxiado nos Estados Unidos, de ideas separatistas e símbolo da independencia cubana. As poesías foran publicadas xa no 1825; tres anos despois (nos *Anales de Ciencias, Agricultura, Comercio y Artes*, decembro 1828 - marzo 1829) La Sagra emite o seu “Juicio crítico de las poesías de Don José María Heredia”. E se ben lle recoñece algúns aspectos positivos, a maior parte do artigo estaba dedicado a subliñar os seus desacertos e feblezas en catro aspectos fundamentais: pouco coñecemento da lingua castelá, escasa lectura e poucas ideas para escribir, mala elección dos modelos e das fontes e moito descoido na revisión. A réplica de Saco non se fixo esperar. En *El Mensajero Semanal* (xullo - agosto, 1829) acusa a La Sagra de ser “o censor das poesías de Heredia” e refuta asemade determinados xuízos vertidos sobre o poeta. La Sagra responde cun artigo pouco digno (“Memoria sobre la vagancia en la Isla de Cuba”) e Saco con outro no que descualifica todo o labor de La Sagra como científico, botánico, xeólogo, químico, meteorólogo, etc. A polémica literaria deriva nun enfrontamento de fondo político e persoal, que deixa “[...] un amargo recuerdo de La Sagra: se había enfrentado con los más altos símbolos de la cubanía, Heredia y Saco. Desde entonces se le ha de juzgar como anticubano” (González López 1983: 83).

Poucos anos despois prosegue a polémica, motivada neste caso, polo cólera-morbo que, afectando a Europa e a España, xa chegara ás costas de América, concretamente a Cuba, causando numerosas vítimas. Saco atacou o que consideraba insuficientes medidas adoptadas polas autoridades españolas (por exemplo, o levantamento da corentena durante a epidemia, ordenada polo capitán xeneral Tacón) para atallar a enfermidade. La Sagra publica unhas Táboas nas que, amais de exculpar as autoridades españolas, considera que as vítimas eran o resultado normal da evolución da epidemia. O certo é que, aínda que Saco tivo que abandonar a Illa por prescripción gubernativa por mor desta polémica, diante da opinión pública gaña a batalla. Máis tarde, e xa fóra de Cuba, ambos os personaxes tiveron a oportunidade de disentir unha vez máis sobre o decreto de exclusión da representación antillana nas Cortes Españolas de 1837. Saco fora elixido representante por Santiago de Cuba no 1836; La Sagra, polo partido moderado da Coruña no 1837 —por mor dos seus acreditados coñecementos sobre a situación a Illa e, consecuentemente, pola achega que podería facer ás discusións políticas relacionadas con Ultramar— (Cambrón 1996: XXXVI). Saco publica no 1837 dous opúsculos contra dita exclusión, cualificándoa de acto despótico e argumentando que era

preciso ter en conta o atraso poboacional e cultural de Cuba por mor do absolutismo metropolitano, que incluso chegara a nomear un catedrático como director do Xardín Botánico que non sabía nada, nin da nomenclatura, nin da ciencia que ía ensinar, fronte ao candidato crioulo Chappí, moito máis dotado ca el. La Sagra, pola súa banda, consideraba que dita exclusión era acertada, porque as provincias de ultramar deberían ser gobernadas por leis especiais e non segundo a Constitución.

A polémica volve reavivarse no 1859 cando Saco reúne e publica de novo moitos dos seus escritos anteriores, entre os que figuran diversas polémicas con La Sagra. E se ben advirte que se trata dunha polémica “xa enterrada no esquecemento”, non obstante, considera necesaria a publicación dos textos porque seguen a ter validez obxectiva e, por iso, é conveniente recordalos. Desta forma mantíñase quente o ambiente hostil cubano contra La Sagra; ambiente que el pode comprobar directamente o mesmo ano.

Y la verdad es que La Sagra no contó en sus años cubanos, ni nunca, con la amistad, ni siquiera con el respeto de la sociedad educada criolla. En medio de ella, fue un mal-aimé. (Estrade 1992, I: 181).

Un derradeiro encontro, neste caso non de enfrontamento persoal, pero si de diverxencia de posicionamentos, ocorre na Xunta de Información que debe propor ao Goberno as reformas na Illa de Cuba e Porto Rico (1867-1868). A mencionada Xunta debería elaborar e propoñer as bases das leis especiais que, a teor do artigo 60 da Constitución, terían que promulgarse necesariamente para Cuba. Desta Xunta formaban parte, entre os ilustres representantes dos Concellos cubanos J. A. Saco e, entre os membros nomeados polo Goberno español, figuraba R. de La Sagra. Das catro seccións do labor da Xunta (problema dos negros escravos; dos negros libres, da emigración asiática e da emigración branca) a La Sagra correspondeulle presidir a terceira, a referente á emigración asiática, coa que pensaba substituír a negra. Pero R. L. S. trabúcase ao publicar o Informe secreto da Sección nun xornal francés, financiado por un grupo de sacarócratas (*Le Journal des Frabricants du sucre*). Ademais, segundo Ramiro Guerra, a actuación de La Sagra foi dura e negativa, ao non lle importar o benestar de Cuba en si, senón só manter a Cuba nas mellores condicións para ser explotada pola Metrópole. Pola contra, a versión de Maluquer de Motes (1977) é moito máis positiva e obxectiva ao resaltar —fronte á intransixencia branca dos crioulos representados por Saco— que a postura de La Sagra fora capaz de comprender —en clave de futuro— que o maquinismo acabaría por deixar obsoleta a escravitude e, consecuentemente, de defender a integración dos negros na sociedade cubana. Dun xeito semellante, Moreno Fragnals valora a proposta de La Sagra, preocupado pola modernización da industria azucreira cubana, con conciencia clara da revolución

industrial e convencido de que a falta de brazos podería substituírse por máquinas para cortar a cana de azucre.

1.3. A dimensión (revalorización) da obra sagraiana

No contexto que estamos deseñando, e por mor das controversias reflectidas anteriormente, xa quedan constatadas diversas valoracións emitidas verbo da actividade e da obra de La Sagra en Cuba. As distintas etapas valorativas poden reducirse a cinco tempos. Primeiro: o dos seus contemporáneos, que enleados con La Sagra en controversias de diversa índole, axuizaron a súa obra negativamente, ou esquecérona (San Feliu, Delmonte, Luz y Caballero, Betancourt, Saco, Félix Varela...). Un segundo tempo, que cronoloxicamente coincide coa Guerra Civil española, no que, mentres dunha banda se tenta rehabilitar a súa figura por parte de paisanos galegos nas Revistas *Cultura Gallega* e *Vida Gallega* —sobresaindo neste aspecto o labor de Antonio del Campo—, doutra, resucitase a valoración negativa dos inicios coa crítica demoledora de Roig Leuschsenring en *Carteles* (1940, núm. 35-38): La Sagra é o prototipo do simulador e envexoso intelectual, ignorante supino en temas de botánica e astronomía; non é crítico, nin historiador, nin estatístico, pero si inimigo dos cubanos e patriotas intelectuais. Un terceiro tempo iníciase coa era de Fidel Castro. Á marxe das polémicas descualificadoras, un grupo de historiadores, en clave marxista, reinterpretan a obra de La Sagra de forma equilibrada (C. Almodóvar, 1986; E. Torres-Cuevas, 1982-1992): La Sagra é un reformista intelixente, pero que fracasa no seu intento de transformar Cuba, segundo o modelo do colonialismo metropolitano. Doutra banda, por mor da conmemoración do centenario da última visita de La Sagra a Cuba, publícase na Habana, *Cuba: 1860* (selección de artigos de La Sagra sobre a agricultura cubana). É outra vez Moreno Fragnals quen, nun estudio sobre Saco (1960), redimensiona a figura de La Sagra nos seguintes termos:

Saco en 1829 escribiu una especie de paralelo entre él y la Sagra, que semeja un paralelo entre la honradez intelectual, la probidez moral y el liberalismo político, de una parte, y la ignorancia, la parvedad y el ultraconservadurismo, de la otra. Pero, la destacadísima obra intelectual de La Sagra, primero, y su actividad liberal frente a la esclavitud negra, después, quebraron la exactitud de muchas afirmaciones de Saco.

E no Prólogo á mencionada obra, *Cuba: 1860*, reconece expresamente a validez dos estudos sagraianos:

Sus páginas sobre la destrucción de nuestros bosques son de una vívida elocuencia. Su análisis sobre la tecnificación azucarera, aún tiene validez. Y todo ello sin mencionar su magna obra sobre Historia Natural, aún no superada. Por ello, la Comisión Nacional Cubana de la UNESCO —que se ha propuesto entre otros fines reeditar las páginas clásicas de nuestra literatura y de nuestra historia— saca hoy a

la luz esta selección del gallego cubano Ramón de La Sagra. Y no pretende mantener una actitud polémica sobre su figura. Simplemente presenta su obra que ha resistido el embate de un siglo.

Neste mesmo contexto e proceso de revalorización J. Pérez de la Riva, no 1971, organiza na Biblioteca Nacional José Martí unha exposición dos libros e folletos de La Sagra. A. García-Carranza recompila, no 1969, os índices analíticos dos *Anales de Ciencias, Agricultura, Comercio y Artes* e, a partir de xaneiro do 1831, dos *Anales de Agricultura e Industria rural*. A Revista da Biblioteca Nacional publica, no 1971, un traballo de J. López Sánchez titulado “Dos etapas en la vida de La Sagra” e, máis tarde, no 1976, outro de G. Bourdè sobre “La Sagra, sabio y utopista”. Revalorización que culmina G. de la Torre (1983) ao consideralo, sen ningún tipo de reservas, tan merecedor como A. Humboldt do título de “segundo descubridor de Cuba”, por mor da súa obra monumental sobre a mesma.

Un cuarto tempo, paralelo á revalorización cubana, corresponde á recuperación en Galicia e en España da verdadeira dimensión da súa figura. Os estudos de A. Elorza (1970) e de Maluquer de Motes (1977) destacan a súa dimensión utópica; mentres que en Galicia E. González López (1983) e A. Cambrón (1989, 1992, 1994, 1996) presentan unha visión integral do pensamento de La Sagra en todas as súas dimensións e aspectos.

Un quinto tempo pode considerarse a celebración do Congreso de Saint-Denis (1992). Os participantes no mesmo propuxéronse —e acadaron— tres obxectivos concretos: primeiro, recensionar criticamente o legado de La Sagra en relación a Cuba; segundo, realizar unha revisión bibliográfica sistemática, unha bibliografía cubana de La Sagra, precisa, segura e (case) exhaustiva (Actas, II, 337-363); e terceiro, aproveitar con esta finalidade a situación de vantaxe de que goza Francia tanto na xénese, coma na publicación, coma na conservación da obra escrita sagriana. Nesta mesma dimensión e tempo cómpre situar a edición facsimilar, en dous volumes, dos capítulos compostos directamente por La Sagra para a súa *Historia física, política y natural de la Isla de Cuba* (Xunta de Galicia, 1996) “[...] co propósito de saldar unha débeda histórica que Galicia tiña pendente cun dos seus fillos máis preclaros [...]”; e mesmo, os estudos de B. Cores sobre *Ramón de La Sagra* (1998) e *Ramón de La Sagra e Galicia* (2003).

2. A actividade científica

2.1. Catedrático de Botánica Agrícola e Director do Xardín Botánico

Despois da súa primeira e curta estada en Cuba, La Sagra procurara buscar un traballo máis duradeiro, pondo os seus ollos na Cátedra de Historia Natural (que logo será Botánico Agrícola) e na dirección do Xardín Botánico da Habana, fundado en 1817 por obra da Real Sociedade Económica de Amigos do País, da Habana e do capitán xeneral Cienfuegos. Para o nomeamento efectivo de Cate-

drático —decembro de 1822— La Sagra tivo os seus valedores na Illa —Tomás Gener, Leonardo Santos Suárez, Félix Varela (Puig-Samper 1992, I: 51)—. De volta na Habana, a Real Sociedade Patriótica encargoulle a Cátedra de Botánica Agrícola, inaugurada o 19 de outubro de 1824; a Dirección do Xardín Botánico non lle foi encomendada ata máis tarde (1827). No discurso inaugural da Cátedra, La Sagra propón unha especie de programa, moi próximo ao proxecto de reformas do movemento ilustrado:

- recoñece, en primeiro lugar, que Cuba, pola súa propia natureza, está destinada a ser co tempo un emporio de riqueza e de civilización.
- afirma, en segundo lugar, que a base do enriquecemento da Illa era a agricultura, favorecida pola natural fertilidade das súas terras, aínda que se achaba nunha fase de infancia respecto ao seu desenvolvemento, por mor da falta de programación racional e científica (agás o cultivo do café, da cana de azucre e do tabaco).
- terceiro, emporiso é necesario diversificar a produción, introducindo novos e variados cultivos; incrementar a exportación (comercio exterior); aumentar a poboación e establecer pequenas explotacións de cultivos, que non precisen grandes investimentos de capital.

A súa actividade á fronte do Xardín Botánico durante os nove anos que durou, estivo caracterizada pola reorientación dos obxectivos científico-técnicos cara as aplicacións médicas e, sobre todo, agrícolas da botánica". (Díaz-Fierros 1996: XVI)

Este é, pois, o programa que, nunha orientación teórico-práctica para o desenvolvemento dunha agricultura racional, debería impartir a Cátedra de Botánica Agrícola. Programa que La Sagra vai traducindo nunha serie de realizacións: publicación dun modesto libro de texto, sen pretensión de orixinalidade (*Principios fundamentales para servir de introducción a la escuela Botánica-Agrícola del Jardín Botánico de La Habana*, 1824); *Informe sobre o estado actual do Xardín e da Cátedra de Botánica* (1826), no que se fai referencia á mellora das prácticas agrícolas; á constitución dun herbario; ao establecemento de relacións con outras institucións e sociedades científicas de moitas cidades e países (relacións que La Sagra sempre coidou con esmero), etc. A publicación da revista *Anales de Ciencias, Agricultura, Comercio y Artes* (1827-1830), continuada logo de seis meses de interrupción con *Anales de Agricultura e Industria Rural* (1931). García-Carranza, que elabora os índices analíticos das mesmas, sinala que La Sagra pretendía asegurar para Cuba, pobo eminentemente agrícola e comercial, a estabilidade económica da Illa. Con este obxectivo presentaba un cadro xeral de todos os adiantos modernos: novos descubrimentos, movementos universais de produción, de consumo e de comercio; mellora dos terreos, das sementes e dos medios de produción; variedade de cultivos, etc. A segunda serie dos *Anales* melloraba aínda a primeira en

canto a obxectivos precisos, á diversificación de contidos, á información —sobre todo estranxeira— e en canto á súa orientación práctica.

Para soldar máis aínda teoría e praxe, pero acentuando o carácter práctico da reforma agraria que pretendía levar a cabo, La Sagra ideou, no 1829, o proxecto de creación dun Instituto Agronómico —como verdadeira escola de agricultura práctica— para orientación dos agricultores cubanos, con tres Estacións: a Experimental; a Granxa-Escola e a Granxa Modelo. O labor do Instituto (como anexo ao Xardín Botánico ou parte integrante do mesmo), abarcou practicamente todos os ámbitos fundamentais do coñecemento agronómico: o “estudo” físico (clima e solos); coñecementos de base biolóxica (flora cubana e novos cultivos); prácticas agrarias; técnicas de elaboración de produtos (por exemplo, do anil), etc., con dúas funcións: servir para experimentar cultivos, ensaiar instrumentos, procedementos e prácticas agrarias xa aplicadas noutros países; e exercer, ademais, unha función educativa dos mozos cubanos en todo o relativo aos fundamentos prácticos do cultivo, ao réxime económico dos agros e a todos os aspectos da profesión de labrador na Illa de Cuba. É xustamente nesta dimensión agronómica onde radica a maior contribución do proxecto de investigación de La Sagra de tal xeito que, se se lle engade que “a súa labor docente en pouco tiña que envexar aos que se estaban a xestar neses mesmos anos nas nacións coa agricultura máis avanzada de Europa”, debe ser cualificado, “sen ningún tipo de hipérbole como o primeiro agrónomo contemporáneo americano” (Díaz-Fierros 1996: XIX-XXIII).

Relacionadas co funcionamento do Instituto, La Sagra —home dotado dunha enorme capacidade de traballo e de fácil pluma— deixou constancia escrita nunha serie de Memorias relativas á introdución da horticultura, ao cultivo do anil e da moreira, ao propio funcionamento do Instituto, etc. En calquera caso, como observa Puig-Samper (1992: I; 74):

[...] esta nueva institución cumpría en cierta medida los sueños utópicos de La Sagra en torno a la agricultura cubana, ya que en ella establecería una hacienda modelo en la que podría poner en práctica sus sueños de diversificación agrícola, apoyada en un pequeño campesinado con cierta formación como labradores, situación ajena a la práctica casi exclusiva de los cultivos extensivos con esclavos, dirigidos por ignorantes mayores.

2.2. Relación coa Sociedade Económica de Amigos do País

Tendo en conta a estruturación en catro seccións (ciencias e artes; agricultura e economía rural; industria popular e comercio) e as funcións das Sociedades Económicas —que eran institucións tipicamente ilustradas—, polo que levamos indicado verbo da actividade de La Sagra en Cuba, a relación do autor coa mencionada Sociedade resulta evidente. Pese a todo, non quer dicir que sempre fose

doadada e positiva. Para simplificar, diríamos que esta varía a teor das circunstancias, de tal modo que se poden establecer tres tipos de relacións: burocrático-administrativa; de reivindicación e reproche, e de colaboración. Baixo o primeiro aspecto, a Sociedade intervéñ para dar cumprimento á Real Orde do nomeamento do novo catedrático e propoñer o seu soldo como profesor. Noméao, ademais e por coherencia de funcións, socio numerario da mesma. Precisamente por esta razón, en calidade de socio, La Sagra queíxase da falta de cumprimento do Regulamento da Sociedade; da falta de aplicación dos métodos en uso, aplicados por outros catedráticos europeos como De Gandolle en Xenebra, Lagasca en Madrid, ou Desfontaines en París (Álvarez Cuartero 1992: I, 81-95). Nun Informe dirixido á Sociedade bóttalle a culpa do seu mal funcionamento, da carencia de sesións, da falta de capacidade para xestionar recursos e fondos; e de non asistir aos exames para poder informar logo sobre os progresos da Cátedra; de falta de interese por conseguir libros específicos de agricultura e botánica (en comparación co elevado número de libros doutras materias, por exemplo, de educación e de economía política). Doutra banda, La Sagra é consciente da súa misión como socio numerario da Sociedade e, en consecuencia, colabora positivamente en varios aspectos: solicita datos e noticias de produtos naturais doutras rexións de Cuba a socios-membros residentes noutras cidades; solicita, asemade, a remisión de todos os traballos de Historia Natural, chegados á Sociedade, a fin de os dar a coñecer ao público; remite periodicamente á Sociedade memorias e informes, previamente a seren publicados nos *Anales*; mantén con ela diversos tipos de comunicación; participa nas memorias que anualmente publica a Sociedade e solicita das instancias competentes axuda económica para que a Sociedade poida cumprir os seus obxectivos. De todos os xeitos, a actividade da Sociedade, no seu conxunto, non é comparable á actividade desenvolvida exclusivamente por La Sagra.

2.3. A historia de Cuba

No conxunto da actividade científica de La Sagra en Cuba, como momento de máxima realidade, é preciso referirse, e de forma expresa, á Historia de Cuba. La Sagra —afirma ao respecto M. Guicharnaud-Tollis, (1992: I, 106)—: “convierte la Historia en disciplina científica y anda por campos casi desconocidos como la estadística y la demografía”. Un primeiro adianto do seu labor histórico dáo a coñecer no 1931, durante a segunda estada en Cuba: *Historia económico-política y estadística de la Isla de Cuba*. Nela pretendía ocuparse de tres partes: a historia física —que debe comprender non só a do clima e a do terreo, senón tamén a de todas as súas producións; historia case descoñecida, pois non existían máis noticias que as publicadas polo barón de Humboldt—. A historia civil —sobre a que se posuían traballos moi interesantes, aínda que incompletos, tanto os que nos

deixaron os señores Urrutia, Arrate e Valdés, como nos arquivos das corporacións e nas historias de América—; e a parte económico-política, ou sexa, a historia da industria rural e comercial, dos adiantos interiores, dos recursos particulares e públicos, dos gastos de ambos os xéneros, etc., que fora totalmente descoidada, “pues apenas se halla una observación o dato interesante en autores nacionales y muy pocos en los extranjeros que escribieron sobre la Isla” (Introd., p. 8). Pero a historia física resérvaa para a súa obra magna; e realmente ocúpase só da historia económica e estatística, nunha orientación de tipo económico-social. Sendo fiel ao proxecto ilustrado de reforma social, pretendía fundamentalmente descubrir os recursos naturais da Illa —que deberían ser a fonte do seu benestar—; amosar os impedimentos que se opuñan ao seu desenvolvemento; poñer os medios necesarios para os resolver e acadar as melloras pertinentes. J. Pérez Cabrera (1962: 159-63) comenta o prólogo de dita obra tendo en conta o marco de referencia: a transformación que se estaba a operar no sistema económico-social do mundo comercial. Neste contexto tiña que xogar Cuba, país esencialmente agrícola, dotado de abundantes recursos naturais que permitían incrementar considerablemente a poboación e impulsar a industria e o comercio interior e exterior. Recoñece, neste sentido, o labor inxente de recollida de datos por parte de La Sagra desde a súa chegada á Illa; comenta logo os diversos apartados: a poboación, a agricultura, a industria rural, o comercio e as forzas armadas. É preciso indicar, non obstante, que a valoración desta obra por parte da xove intelectualidade cubana non era tan ecuánime como a de Pérez Cabrera. A controversia La Sagra/Saco estaba viva aínda e seguía —e seguiría— quentando o ambiente. Abonda citar, ao respecto, o caso de Rafael Montoro (redactor-xefe máis tarde, xunto a outro cubano, Xosé del Perojo, da Sección “Revista Crítica” na *Revista Contemporánea*, Madrid, 1876), considerado como un hegeliano conservador), para o que La Sagra ofrecía unha visión de Cuba, moito máis atrasada do que realmente estaba.

En calquera caso, si compre recoñecer a enorme recollida de datos, acorde coa súa actividade científica e coas publicacións nos *Anales*, nas *Memorias* e *Informes*, etc. elaborados durante a súa estadía en Cuba; material conservado e complementado, estruturado e revisado na súa obra magna, pensada xa daquela e publicada posteriormente durante máis dunha vintena de anos en Europa (Madrid e París concretamente).

Esta será a segunda versión da *Historia de Cuba* (da que non entramos a esmiuzar os problemas relativos ás súas distintas versións —española e francesa—, ao seu carácter estritamente histórico ou máis ben enciclopédico, á autoría e colaboradores dos diversos volumes, aos problemas bibliográficos, cronolóxicos, etc.). Só nos interesa resaltar —seguindo a análise de G. Bourdú (1976: 29-35)— dúas cousas: os seus trazos innovadores e os criterios de aplicación ás ciencias humanas.

Como criterios innovadores pódense mencionar os seguintes: primeiro, a innovación metodolóxica, consistente na aplicación dunhas técnicas de investigación que aínda hoxe aceptarían etnólogos, antropólogos, historiadores, etc. O mesmo La Sagra relata o seu modo de traballo: nas súas excursións pola Illa levaba consigo tres rexistros onde anotaba os resultados das súas pescudas: unha axenda como mero indicador de feitos cotiáns; un verdadeiro diario para anotar extensamente os feitos e observacións realizadas; e un terceiro rexistro co simple nome de "datos", porque alí simplemente consignaba cifras, cálculos, algúns deseños, etc. Metodoloxía simple, de rexistro observacional, de "traballo de campo" que, á hora de tratar a documentación histórica, se converte nun verdadeiro método de investigación, tal como se evidencia nos dous primeiros volumes e tal como se fai constar na Introducción, onde —amáis de indicar as fontes nas que rastrexou os materiais que estaban moi dispersos—, precisa a relación desta obra coa anterior de 1831:

Después de refundirlo para ejecutar el trabajo completamente nuevo que ahora presentamos, conservamos todo lo que había de esencial en la versión anterior [...]; hemos recogido en la obra los datos y los documentos existentes en la Biblioteca Real de Paris, en los depósitos de la Marina y de la Guerra, en la Biblioteca tan interesante y exclusivamente americana de M. Terneaux-Compans.

E como proba de tal acervo de material, engade como apéndice documentais case un cento de textos do Arquivo de Indias, referidos aos séculos XVI-XVII de Cuba, e utiliza tamén mapas antigos.

Todo isto revela un segundo trazo: o desexo de recorrer ás fontes orixinais, o que non era moi corrente naquelas datas. En concreto, puntualiza Bourdó, o interese polos arquivos comeza en Francia na década dos 30-40. O mesmo Michelet —que ademais era arquivista de profesión— non publica documentos inéditos ata o tomo III da súa *Historia de Francia* (1837).

Un terceiro trazo innovador de La Sagra é a súa concepción da historia entendida, non como mero relato ou crónica de eventos difusos, inconexos, indiferentes, irrelevantes e, en consecuencia, inútiles para as xeracións futuras. Para La Sagra só merecen ser historiados os feitos relativos á instrución e á cultura intelectual dos seres humanos, aos progresos e ás artes, ás súas aptitudes e avances na ciencia, ás relacións que manteñen con outros pobos veciños, ao sistema de tributos e da administración; nunha palabra, a todos os aspectos relativos ao coñecemento profundo das sociedades humanas. Non se trata, claro está, dunha historia de reis e de batallas; trátase da historia real e integral dun pobo, e que debe servir para a formación dese pobo.

Un cuarto trazo innovador é a súa concepción da historia, non liñal-continuísta, senón en forma periódica; periodicidade que se reduce a catro grandes

etapas: a primeira, anterior ao descubrimento de Colón, correspondente ás sociedades indíxenas, recolectoras e cazadoras. A segunda, que comprende os dous séculos e medio de reconquista militar de organización administrativa dos españois —tempos de estancamento económico e demográfico—. A terceira, que se abre coa toma da Habana polos ingleses (1752), caracterizada pola entrada masiva de escravos negros na Illa, de desenvolvemento das plantacións de café, da cana de azucre e da liberalización do comercio (“benéfica e memorable liberdade de comercio con todas as potencias estranxeiras”). E a cuarta, que pertence máis ao futuro que ao presente:

[...] el defecto de la organización económica de la Isla fue hacer depender casi toda la riqueza del comercio exterior, limitando el círculo de los cultivos a un corto número de frutos no exclusivos, antes por el contrario de fácil y abundante producción en otros países. (Introd., p. 20).

Etapa que se configurará despois da abolición da escravitude. Esta periodización non se funda en sucesos políticos e militares, senón na organización do traballo, sobre as relacións de produción. Neste sentido, como observa Bourdé (1976: 32): “la démarche de La Sagra ressemble beaucoup à celle de Marx”.

Un quinto trazo innovador consiste na utilización da demografía. Neste aspecto, La Sagra segue os pasos do seu mestre Quételet, matemático belga, un dos primeiros en aplicar o cálculo de probabilidades aos fenómenos naturais periódicos e logo aos fenómenos humanos que presentan determinadas regularidades.

En estreita relación cos trazos innovadores, tamén na concepción sagriana se poden recoñecer —e logo aplicar— os seguintes criterios: a matematización sería o primeiro deles, tendo en conta o referido ao cálculo, ás cifras, aos deseños, aos datos estatísticos e demográficos, etc.

En segundo lugar, a concepción unitaria das ciencias humanas sería o segundo criterio e, quizais, o máis orixinal. Criterio que se evidencia coa consideración da estrutura e do obxecto da historia en cuestión. Semella, baixo este aspecto, que La Sagra orienta todo tipo de saber cara ás ciencias sociais, afastándose da clásica contraposición metodolóxica ciencias da natureza/ciencias do espírito (consagrada un século máis tarde por W. Dilthey). O terceiro criterio está cifrado no papel preponderante que lle outorga á historia. La Sagra é herdeiro do Século das Luces, pero vive e traballa no século da razón sistemática e da historia. A súa obra, neste sentido, enmárcase na tónica dominante do século: a tendencia á reflexión histórica e, en definitiva, á temporalidade. Finalmente, un cuarto criterio, vén dado polo paso da Historia Natural á Antropoloxía Social, o que nos levaría directamente —e en coherencia coa concepción unitaria da ciencia— a formular con detalle e sistematicamente a cuestión social, atendendo especificamente a dous problemas claves e polémicos —tal como deixamos constatado—: o pro-

blema colonial e as súas relacións coa Metrópole e o problema da escravitude. Sen entrar agora en miudanzas, polas referencias xa mencionadas neste traballo, a postura de La Sagra era moito máis liberal e futurista ca a dos seus coetáneos que se ocuparon dos mesmos problemas, se ben estaba intimamente convencido de que sería contraproducente decretar a abolición da escravitude sen lles dar previamente aos escravos a educación intelectual, moral e relixiosa que, ao seu xuízo, era o fundamento da orde social; pero o seu obxectivo (case obsesión) foi sempre a mesmo:

[...] conservar a Illa; manter a preponderancia da raza española, en definitiva, 'un ideal colonialista' no que estribaba a coherencia interna e a continuidade da súa reflexión sobre Cuba durante case medio século. (Lecuyer 1992: 143)

Ora ben, o problema da escravitude presenta tres dimensións: a xurídico-moral (contra a que se posiciona claramente La Sagra); a económica (se non rompe o binomio azucre-escravitude, esta é inevitable); e político-social; neste aspecto as reticencias de La Sagra están motivadas polo medo á revolta dos negros, tal como acontecera en Haití e en Santo Domingo.

La Sagra ve a escravitude coma un perigo social para o mantemento da Illa como colonia. Dicilo tal como o pensaba valeulle a animadversión dos sacarócratas cubanos, pero tamén a de aqueles homes de poder peninsular con intereses comerciais na Illa, que noutros momentos o tiñan utilizado. (Cambrón 1992: 166)

Ata aquí, pois, o discurso sobre a realidade e a utopía sagriana en Cuba. Realidade comprobada pola súa actividade efectiva sobre problemas da Illa de Cuba, pero tamén utopía porque La Sagra, igual ca os socialistas utópicos, agardaba —e cría— que o impulso das reformas sociais tería que vir ou proceder desde arriba, desde os poderes constituídos (neste caso, dos intereses dos liberais españois e da mesma Metrópole). Tentou transformar a sociedade coa súa teoría e coa boa vontade dos poderosos, pero sen incidir no mundo obreiro, se ben as súas propostas terían presenza na segunda metade de século e os seus ecos aínda se poden escoitar nos nosos días.

Esforzouse en modernizar un país sumido no atraso económico e social; a súa actividade permitiulle subsistir coma un funcionario cualificado, pero cando a súa labor deixou de ser útil e interesarlle ao goberno español, este prescindiu del, abandonándoo á súa sorte ata a súa morte, no estranxeiro, onde levou unha existencia miserable ata a súa morte, axudado por familiares e amigos. (Cambrón 1989)

Ten razón G. Bourdó cando afirma: "Español en Cuba, cubano en París, francés en Madrid. La Sagra foi estranxeiro en todas partes". O seu proxecto de reforma social non foi máis que parcialmente realizado. Pero unha cousa é o proxecto en canto tal, e outra a realización plena do mesmo; realización que depende das

estruturas que favorecen, ou non, a súa tradución real. Neste sentido, o proxecto de La Sagra non é que fracasara, senón que —a teor das estruturas existentes— simplemente non foi máis que parcialmente realizado; e aquí radica, xustamente, a tensión dialéctica entre unha realidade efectiva e unha utopía social que, por selo, no balance global de La Sagra —que lles legou a testemuña incansable de ter traballado incesantemente polo ben da Illa— e no seu tempo, non deixa de constituír unha estimulante utopía.

Bibliografía

- ALMODÓVAR, Carmen (1996): "Ramón de La Sagra: Controvertida presencia en la Historiografía cubana", *Rev. de Historia y Ciencias Sociales*, Morelia, México; Michoacán.
- ÁLVAREZ CUARTERO, Izaskun (1992): "La Real Sociedad Económica de Amigos del País de la Habana", en *Ramón de la Sagra y Cuba* (Actas do Congreso celebrado en París), Sada, Ediciós do Castro, I, pp. 81-95.
- AYMES, Jean-René (1992): "Ilustrados y liberales españoles frente al problema colonial", en *Ramón de la Sagra y Cuba* (Actas do Congreso celebrado en París), Sada, Ediciós do Castro, pp. 17-36.
- BOURDÉ, G. (1976): "La Sagra, savant et utopiste", en *Melanges d' Histoire social*, París, pp. 27-45.
- CAMBRÓN INFANTE, Ascensión (1989): *El socialismo racional de Ramón de La Sagra*, Sada, Ediciós do Castro.
- CAMBRÓN INFANTE, Ascensión (1990): "A sociedade futura e o socialismo racional de R. de La Sagra", en Barreiro, X. L. et alii (coord.): *O Pensamento Galego na Historia*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, pp. 197-203.
- CAMBRÓN INFANTE, Ascensión (1992): "Una defensa liberal de los derechos fundamentales: R. de La Sagra y el problema de la esclavitud en Cuba", en *Ramón de la Sagra y Cuba* (Actas do Congreso celebrado en París), Sada, Ediciós do Castro, pp. 149-155.
- CAMBRÓN INFANTE, Ascensión (1996): "Ramón de La Sagra: entre Galicia y Cuba", en *Ramón de la Sagra: Historia física, política y natural de la isla de Cuba*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- CAMBRÓN INFANTE, Ascensión (1994): *Ramón de La Sagra. El poder de la razón*, A Coruña, Vía Láctea.
- CARBALLAL PERNAS, Ramón (1975): *Ideario político-social y penitenciario de Don Ramón de La Sagra*, A Coruña, Academia Gallega de Jurisprudencia y Legislación.
- CORES TRASMONTA, Baldomero (1998): *Ramón de La Sagra*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

- CORES TRASMONTE, Baldomero (2003): *Ramón de La Sagra e Galicia*, A Coruña, Deputación Provincial da Coruña.
- DÍAZ-FIERROS, Francisco (1996): "La Sagra, Agrónomo y naturalista" en *Historia física... en Ramón de la Sagra: Historia física, política y natural de la isla de Cuba*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- DURÁN, José Antonio (1986): *Crónicas, IV*, Madrid, Akal.
- ELORZA, Antonio (1970): *El socialismo utópico español*, Madrid, Alianza Editorial.
- ESTRADE, P. (1992): "Ramón de La Sagra frente a la Sociedad criolla. 'Saquete' versus 'sagrita'", en *Ramón de la Sagra y Cuba* (Actas do Congreso celebrado en París), Sada, Edición do Castro, pp. 181-195.
- GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio (1983): *Un gran solitario: Don Ramón de La Sagra. Naturalista, historiador, sociólogo y economista*, A Coruña, La Voz de Galicia.
- GUERRA, Ramiro (1971): *Manual de Historia de Cuba, desde su descubrimiento hasta 1868*, 4ª edición, La Habana, Editorial de Ciencias Sociales.
- GUICHARNAUD-TOLLIS, Michèle (1992): "R. de La Sagra y su contribución a las ciencias en Cuba", en *Ramón de la Sagra y Cuba* (Actas do Congreso celebrado en París), Sada, Edición do Castro, pp. 97-117.
- LECUYER, M.- C. (1992): "La gran reforma de R. de La Sagra: Utopía y colonialismo", en *Ramón de la Sagra y Cuba* (Actas do Congreso celebrado en París), Sada, Edición do Castro, pp. 135-143.
- MALUQUER DE MOTES, Jordi (1977): "Ramón de La Sagra: una crítica de la industrialización capitalista", en *El socialismo en España*, Barcelona, Ed. Crítica.
- MORENO FRAGINALS, Manuel (1960): *José A. Saco. Estudio y bibliografía*, Cuba, Universidade Central de Las Villas.
- MORENO FRAGINALS, Manuel (1963): 'Prólogo' a R. de La Sagra, *Cuba: 1860* (Selección de artículos sobre agricultura cubana), La Habana, Editora Nacional/Unesco.
- MORENO FRAGINALS, Manuel (1995): *Cuba/España, España/Cuba*, Barcelona, Ed. Crítica.
- PÉREZ CABRERA, José Manuel (1962): *Historiografía de Cuba*, La Habana, Instituto Panamericano de Geografía e Historia.
- POSE ANTELO, José Manuel (1984): "Sagra y Périz, Ramón Dionisio José", en *Gran Enciclopedia Gallega*, 27, Santiago de Compostela, Silverio Cañada Editor, pp. 152-155.
- PUIG-SAMPER, Miguel Ángel (1992): "Ramón de La Sagra, director del Jardín Botánico de La Habana", en *Ramón de la Sagra y Cuba* (Actas do Congreso celebrado en París), Sada, Edición do Castro, pp. 61-77.
- SAGRA, Ramón de la (1831): *Historia económico-política y estadística de la Isla de Cuba*, La Habana, Imprenta de las Viudas de Arazola y Soler.

- SAGRA, Ramón de la (1836): *Cinco meses en los Estados Unidos de América del Norte: desde el 20 de abril al 23 de septiembre de 1835*, Paris, Imprenta de Pablo Renuard.
- SAGRA, Ramón de la (1840): *Lecciones de Economía social, dadas en el Ateneo científico y Literario de Madrid*, Imprenta Ferrer y Compañía.
- SAGRA, Ramón de la (1840-1861): *Historia física, política y natural de la Isla de Cuba*, 13 vols., Librería de Arthus Bertrand (vol. 13: Suplemento á sección económico-política, comprensivo dos datos relativos á poboación, á agricultura, ao comercio).
- SAGRA, Ramón de la (1996): *Historia física, política y natural de la Isla de Cuba*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia [edición facsimilar, 2 vols.].

Don Antonio López Ferreiro (1837-1910) y su forma de hacer historia

+ JULIÁN BARRIO BARRIO
Arzobispo de Compostela

Aportar algo original sobre el eminente párroco de Santa Eulalia de Vedra, canónigo de la catedral compostelana y hombre de letras don Antonio López Ferreiro en una publicación-homenaje al profesor José Ramón Barreiro Fernández, gran conocedor de la obra del canónigo compostelano y figura señera de la historiografía gallega, resulta un empeño inútil a la vez que osado. Por un lado, la autoridad intelectual del homenajeado, que a lo largo de su fecunda labor investigadora ha dedicado profundos estudios a la obra y *Sitz-im-Leben* de López Ferreiro, convierte mi esfuerzo por decir algo nuevo en prometeico. Por otro lado, la monumentalidad de la obra del canónigo, cifrada en numerosos libros, algunos compuestos por varios gruesos volúmenes, y sus más de cien artículos de la más variada temática (arqueológica, paleográfica, histórica, teológica, canónica, literaria, divulgativa, etc.) es el mayor disuasorio a la hora de pretender decir algo coherente y sustancioso.

Ao se falar dunha figura tan admirábel como José Alonso López e Nobal, sobranceiro ilustrado ferrolán, ao dicir de Vicetto “un talento superior a súa época”¹, que vive e escribe dacabalo dos séculos XVIII e XIX, adoitase facer salientando o seu carácter de mariño, enxeñeiro, matemático, cartógrafo, escritor e, sobre todo, político liberal, que un día deixou familia e facenda e embarcou cara a Cádiz para participar nas Cortes da Illa de León e cumprir alí un relevantísimo papel. Poucas veces, en troques, non destacou a súa faciana de profundo coñecedor das ciencias económicas e de lector apaixonado das doutrinas que, nesta orde científica, estaban daquela en boga na Europa marcada pola Revolución. Quizais a súa estadia en Francia, exiliado dende 1814, durante o Sexenio Negro, que el aproveitaría para coñecer, como outros liberais galegos, unha nova Europa, facilitase o seu estudo das doutrinas de Quesnay, Colbert, Dupont de Nemours, Adam Smith...

O seu pensamento está recollido, á parte das súas acesas intervencións parlamentares, nunha obra monumental, e porén poucas veces lida de vagar. Trátase das súas *Consideraciones generales sobre varios puntos históricos, políticos y económicos, a favor de la libertad y fomento de los pueblos, y noticias particulares de esta clase, relativas al Ferrol y su comarca*², editado anonimamente debido á súa contradición coas ideas entón imperantes, e chamado “obra senlleira na historia do pensamento científico, económico e político da Galiza do século XIX”³. Unhas

1 Vicetto 1873: T. II, p. 65.

2 Imprenta de M. Repullés; plazuela del Ángel; 1820. Seis volumes.

3 Dopico Gutiérrez del Arroyo 1978a: 258.

consideracións que constitúen o testemuño de toda unha vida, xa que na súa dificultosa edición, Alonso López investiría todo o seu patrimonio. Arruinado polos gastos, morrería en Ferrol no 26 de decembro de 1824, “delirando cos seus perseguidores”. Iniciárase xa a “Ominosa Década” e un recalcitrante absolutista, Tadeo Calomarde, impuña autoritariamente os seus criterios e intrigas⁴.

Das súas *Consideraciones...* consérvanse escasos exemplares completos. A súa viúva tivo que vendelos case todos como “papel para envolver”, ao ser retirada a edición coa reacción de 1823. Porén, non é obra de difícil consulta⁵ que, en calquera caso, debe ser completada cos seus discursos parlamentarios e outros escritos referidos ao exercicio dos diversos cargos públicos que se lle encomendaron⁶.

Non é doado resumir as súas ideas nunhas liñas. Dende unha perspectiva económica, Fausto Dopico salientou hai tempo o condicionamento do seu pensamento polo carácter agrario e feudal de Galiza. E así é, en efecto.

O seu carácter ilustrado lévao a sobrancear a importancia das ciencias na xestión dos asuntos públicos. Confíre enorme importancia á agricultura e a poboación e entende que o feito de que a riqueza circule constitúe un requisito imprescindible para o progreso.

Crítica a nobreza que non traballa e a dexeneración na que caeu a Igrexa e tamén ao Estado militar polas súas nefastas consecuencias para o pobo. Considerando que o determinante é “a valía persoal e non o nacemento”, xostrega a sociedade estamental. Salienta as vantaxes da Mariña sobre os exércitos de terra, sobre todo pola súa ascendencia na orde comercial. Busca o equilibrio interterritorial e social. Pretende unha reforma da Facenda, crítica a acumulación de numerario e coida conveniente unha prudente débeda pública, xestionada por un Goberno liberal.

1. Pensamento económico: a marca fisiocrática

Manifesta Fausto Dopico que nutre o seu pensamento económico de elementos do mercantilismo liberal e da fisiocracia⁷. E así é, dende logo, por máis que, na miña opinión, a pegada fisiocrática resulte predominante. Neste sentido, Alonso López é un ecléctico, cando menos no sentido de Goethe: “todo aquel que, a partir do que o arrodea e acontece ao seu carón, se apropia do que é consonte a súa natureza”.

4 González Marinas 1996: 10.

5 Na biblioteca do Arsenal de Ferrol pode consultarse un orixinal completo.

6 Comisario de Camiños de Galiza, Comandante de Enxeñeiros das Fortificacións da ría de Ferrol, Director da Fábrica de Fusís de Xubia.

7 Dopico 1978: 258.

Sen dúbida profesa Alonso a crenza nas leis económicas naturais, que moitos tentaron descubrir, durante os séculos XVIII e XIX, no devir económico, leis que serían case inexorábeis, como cumpriría ás que regulan o comportamento da materia física e, xa que logo, susceptíbeis de ser detectadas coa luz da razón.

Neste marco conceptual, que tamén non resulta alleo a outros ilustrados (Campomanes, Capmany, Jovellanos, Cabarrús...), debemos incluír a Alonso López. Mais non sería xusto descoñecer os ilustrados propiamente galegos que, como el, ben pronto abrazaron estas novas ideas, ao abeiro das Sociedades Económicas e do Real Consulado da Coruña⁸.

O ecoar da doutrina fisiocrática é constante nas páxinas económicas de Alonso López, por máis que, escribindo xa en 1820, mesture con elas criterios mercantilistas. Non hai que esquecer que, cando Alonso escribe, Turgot, ministro de Facenda de Luís XVI e confeso fisiócrata, caera xa en desgraza había medio século (1776) e con el a preeminencia e pureza conceptual da fisiocracia mesma⁹.

É coñecido que o nacemento desta escola adoita se datar en 1757, canda a famosa entrevista de Quesnay e Mirabeau (Víctor, pai de Honorato Gabriel). Un ano antes, Mirabeau viña de publicar o seu libro *O amigo dos homes* ou *Tratado da poboación*, no que se manifestaba partidario de incrementar a poboación como forma de agrandar a riqueza. Porén, Quesnay, case vinte anos maior ca el, sería moi crítico con esta proposta e mesmo conseguiría que Mirabeau mudase de opinión e se dedicase a divulgar de xeito acrítico as súas doutrinas en diversas publicacións —di algún estudoso— “escuras e de estilo extravagante”¹⁰.

Cando Alonso dita as súas *Consideraciones*, a síntese da contraposición intelectual entre ambos e dous mestres está rematada. Porén, Alonso recorda nas súas observacións máis ao primeiro Mirabeau ca ao ortodoxo Quesnay.

1.1. O valor da poboación

Para o noso autor, o fundamento real de toda “potencia” é a poboación, xunto coa agricultura e a industria natural, que deben estar proporcionadas “no seu debido asento e estabilidade”. Os pensadores políticos —di— “atopan sempre na poboación e nas producións naturais da terra a xusta medida da grandeza dun Estado, o indicativo das súas riquezas, a orixe de todas as súas prosperidades [...]”¹¹.

Por iso, Alonso pula non só por impulsar o medre da poboación, senón tamén polo seu mellor goberno: ter noticia metódica do número de habitantes

8 Río Barja 1971.

9 González González 1972: 224.

10 Gregoire 1874: 401.

11 *Consideraciones...*, T. III, p. 2.

e da súa clasificación é para el obriga primordial dos gobernos, de xeito que un decrecemento na mesma leve á necesaria pescuda da súa causa para lle pór axiña remedio.

Para alén diso, hai tamén unha consideración cualitativa, que pon en relación poboación, riqueza e sistema impositivo. As súas análises sobre a incidencia impositiva son asemade inequivocamente fisiocráticas. E aquí —di Alonso— a situación da Galiza é dramática. Toma como exemplo de referencia Guadalaxara e constata que, na Galiza, as riquezas mobiliaria, territorial, e industrial e comercial ofrecen a cada persoa un beneficio anual duns 324 reais, fronte aos 1282 daquela provincia. Asturias —di— está nun caso extremo de pobreza semellante ao noso¹².

O contraste con Madrid tamén resulta moi expresivo dunha sistemática falta de equidade: “por non ser Madrid vila marítima, non franquea mariñeiros ao servizo naval, así como por ser Corte de España, tampouco non achega soldados ao exército, resultando exenta a súa veciñanza de todo servizo persoal nas guerras terrestres e marítimas [...]”¹³.

Por iso, conclúe xeneralizando que o despoboamento é unha das máis grandes penurias do país e que, xa que logo, cómpre aumentar a poboación porque sen iso non pode revivir a agricultura: “faltan alentos e brazos que lle dean vida”.

Para pór en práctica estas ideas, Alonso propondrá nas Cortes do Trienio Liberal a creación dunha comisión encargada de promover o aumento dos matrimonios, así como estimular a estranxeiros de confesión católica a que se aveciñasen no país. Por iso apunta a Toscana e Lombardía que, na súa opinión, “presentan familias moi adecuadas a este intento”, xa que os seus “costumes son moi semellantes aos nosos e grandes a súa afección e coñecementos na agricultura”. Proporcionarían, xa que logo, un duplo interese: aumentar a poboación e mellorar as prácticas da agricultura, que están “visoñas, entorpecidas, e co carácter de impericia dos tempos primitivos”¹⁴. Hai aquí unha conexión palmaria coa preocupación doutros moitos ilustrados galegos (Marcelino Pereira, Cónsul Jove, Sánchez, Vicente do Seixo...) polo avance da agronomía.

Instaba tamén Alonso López a que a mesma comisión propuxese ás Cortes os “alivios” que habían concederse aos “labregos pobres, menestreis necesitados e donos de fábricas atrasadas” que tivesen “unha crecida prole”¹⁵.

12 *Ibidem*, T. III, p. 7.

13 *Ibidem*, T. III, p. 11.

14 *Ibidem*, T. III, p. 61.

15 *Diario de Actas e Discusións das Cortes*. Lexislatura de 1820-1821, Madrid. Imprenta de D. Diego Garcia Campoy, T. I, p. 284.

En calquera caso, as súas valoracións do factor poboación son moi meditadas e dende logo revelan a convicción nidiamente fisiocrática no carácter circular e na existencia dunhas inexorábeis regras naturais na vida económica. Así, considera que, para facer cálculos estatísticos sobre o incremento poboacional, “é preciso prescindir das circunstancias extraordinarias que poden afectar a toda unha poboación”; hai que fundar os conceptos tan só “no curso regular e ordinario das cousas, porque non poden graduarse doutro xeito, como é de razón, os efectos variados das causas accidentais que saen da orde común e do curso sucesivo de circunstancias constantes”¹⁶.

1.2. A agricultura, substrato material e elemento esencial da economía

Exprésase tamén de forma teimuda o propósito de impulsar a agricultura como fonte primordial de riqueza. Estamos diante dunha orientación á que Fausto Dopico chama “agrarismo”, e que no seu dicir “embebe todo o pensamento económico de Alonso López”¹⁷, enfatizando a perspectiva fisiocrática de salientar o substrato físico e material como elemento primordialmente determinante do proceso económico.

Para el, como para todos os fisiócratas, a agricultura é a primeira de todas as industrias: “onde a agricultura florece, todo presenta un carácter riseiro de prosperidade, de recursos e de vigor”. E fala como dun caso excepcional dos “territorios xenebrinos da Suíza” que, non producindo senón a vixésima parte do que os seus habitantes precisaban, porén vivían na abundancia, “pola súa aplicación xenial ás artes mecánicas”. A mesma excepción constatará a respecto de Holanda e Inglaterra, das que di que, sen riquezas propias, estableceron o seu predominio sobre a base do comercio, desmentindo así “a aserción absoluta de que non habendo industria non hai riqueza: os holandeses foron ricos co simple influxo do seu espírito mercantil, transportando mercadorías alleas dun país a outro, e repartindo por toda Europa as producións da India que os portugueses depositaban en Lisboa.”¹⁸.

Atopamos asemade un canto tinxido de dramatismo sobre os labregos: “esa pompa e esas comodidades mexeriqueiras que tanto efeminan e envaidecen o home; esa opulencia orgullosa coa que tanto se escraviza o cuitado, son todas obras da creación da agricultura”. A tea super fina “que se identifica coa cute delicada do home opulento”, as alfombras “sobre as que se recibe con desprezo e abafallo ao miserábel son o resultado da mestura de bágoas e suor do agricultor desfalecido”¹⁹.

16 ¹⁶ *Consideraciones...*, T. III, p. 17.

17 Dopico 1978: 258.

18 *Consideraciones...*, T. III, p. 138.

19 *Ibidem*, T. III, p. 67.

Na súa concepción económica, a agricultura é, xa que logo, riqueza primitiva e real pola súa esencia. Mesmo matina que o ouro deixará de valer cando os homes se conveñan en desprezalo, mais as producións da terra cultivada “non poden entrar nese convenio”. Calquera “sobre cargo” nas producións da terra é como un “aceno de ingratidade dos homes contra a pródiga natureza”. As artes, a industria e outras ocupacións son “necesidades de segunda, terceira ou cuarta orde, e xamais poden aspirar á igualdade nin menos á preferencia da necesidade primitiva de vivir”²⁰.

Por iso, non dubida en criticar a Colbert. Coñecía a súa inmensa achega á política económica francesa, primeiro como interventor xeral da Facenda e máis tarde como Ministro de Mariña e Superintendente de Obras Públicas. Recoñécese como sostida peza clave no longo reinado de Luís XIV e freo contra dos excesos suntuarios do monarca²¹, mais non asume a importancia “desmedida” que Colbert lle dá á actividade manufactureira.

Coincide dende logo con el en combater a tendencia a unha dispendiosa política “fastuosa e guerreira”, común ás monarquías francesa e española, onde os reis “non tiñan máis couto nin restrición que a súa desaforada vontade”. Unha arbitrariedade con orixe —di Alonso— na falta de “sinalamento pola nación dos varios gastos da casa real”, que deu lugar a que as Cortes pedisen en distintas épocas a minoración dos ditos gastos. Porén, malia estas xustas reclamacións, raras veces limitaron os reis os seus gastos e antollos até o punto de que, con Carlos IV, a casa real “consumía case a terceira parte da renda pública do Estado”²². Moito recordan estas palabras a aquelas que presidiron as reformas emprendidas no reinado de Luís XVI polo fisiócrata Turgot, tanto nas políticas de carácter xeral (“nada de bancarrota; nada de aumentar impostos; nada de empréstitos”)²³, como naquelas dirixidas a morixerar as contas da casa real. Tamén non están afastadas as reflexións de Canga Argüelles cando en 1811, matinando sobre os gastos da Coroa, presenta

o cadro deplorábel do investimento dos caudais públicos, isto é, das “profusións” dos monarcas que, esquecidos das máximas dos seus avós, e consultando tan só as súas paixóns, non atendían ao material precioso que debía custearlos.²⁴

20 *Ibidem*, T. III, p. 69.

21 Gregoire 1874: 506.

22 *Consideraciones...*

23 Gregoire 1874: 1039.

24 Canga Argüelles, José (1911): “Reflexiones sociales o idea para la Constitución española, que un patriota ofrece a los representantes en Cortes”, Valencia. A Nación —di— “estarrecerá cando rache os selos do libro fatídico das entradas e saídas do erario, cando lea as súas páxinas húmidas polas bágoas da miseria pública e co sangue dos pobos, e cando percorra as partidas consagradas ás vinganzas familiares dos seus reis, aos praceres, á tiranía, aos delitos” (p. 72; cito por García Moneris, Carmen (2000): *Reflexiones sociales y otros escritos*, BOE: Centro de Estudios Políticos y Constitucionales).

Para Alonso esta idea da contención suntuaria é fundamental. Cando trata da débeda pública, sinala que esta só debería arbitrarse para gastos extraordinarios, tomando por tales os gastos inevitábeis en armamento e empresas militares, mais nunca esoutros tan frecuentes ditados polo capricho das autoridades.

Volvendo á cerna da cuestión, sabía dende logo Alonso López que Colbert protexera a agricultura contra dos “homes de guerra” e fronte dos axentes do Fisco. Mais non descoñecía que tamén fora o verdadeiro creador da industria francesa, que establecera multitude de manufacturas, que ditara un ambicioso código de oficios e que o impulso do comercio fora a súa gran preocupación, declarando portos francos e organizando grandes compañías para o comercio marítimo.

Xa que logo, non debe sorprendere que o noso autor critique, moderadamente, a Colbert por protexer e dar un gran valor ás manufacturas, diminuíndo o prezo das materias de primeira necesidade. Con isto —di— “fixo enfermiza a mesma opulencia que criaba, labrando o seu sartego, sen se decatarse de que onde as manufacturas están máis estendidas, a agricultura padece moito e a sociedade vólvese lánquida”²⁵. O peso da doutrina fisiocrática é evidente.

Non desbota porén absolutamente a utilidade das manufacturas, que mesmo poden contribuír ao fomento e progreso da agricultura, sempre que sexa para ocupar os seus brazos sobrantes. Alonso López non compartilla a radical consideración fisiocrática de entender estéril a actividade manufactureira, pola súa presunta incapacidade de multiplicar o produto físico. Pola contra, modula este principio en razón de circunstancias conxunturais do país: non se pode renunciar ao establecemento manufactureiro, mais a súa implantación ten que ser posterior a un axeitado desenvolvemento da agricultura. Estamos aínda lonxe —pensa— de poder proceder axiña ao establecemento de fábricas porque, sendo a poboación e a agricultura as nosas máis urxentes necesidades, é forzoso que ocupemos toda a atención en “encher estes baleiros con preferencia a calquera outro ramo”. En definitiva, para aproveitar os efectos dinamizadores que sobre a agricultura pode chegar a ter a actividade manufactureira, hai que consolidar primeiro aquela, a súa produtividade e mesmo a súa distribución por medio dunha rede de transaccións.

E é que, ao igual que outros ilustrados galegos, Alonso López considera que a terra é o verdadeiro motor económico de Galiza e, xa que logo, defende un proceso de industrialización prudente ou, como di Barreiro Fernández, “en fases: en primeiro lugar, a industria doméstica, vencellada á agricultura, e só nun segundo lugar as outras especies industriais”. Esta é a razón de que os nosos ilustrados aconsellen a “xeneralización da artesanía e das industrias que teoricamente reco-

²⁵ *Consideraciones...*, T. III, p. 70.

llerían a man de obra procedente do campo, pero sen desvencellarse do mesmo". De aí a súa preferencia polas industrias téxtiles, ao estaren realizadas "nas casas campesiñas e por mulleres, o que non restaba brazos aos traballos agrícolas e, ao tempo, producía un extra económico capaz de xerar aforro"²⁶.

Advírtese que en Alonso López prendera moi fonda a idea fisiocrática de que a agricultura é a única actividade con virtualidade para xerar un produto neto incrementábel. Por iso hai que capitalizar a agricultura, para o seu desenvolvemento e modernización.

Compre constatar aquí a especial persistencia en España do pensamento fisiocrático, mesmo na inspiración das grandes leis de mediados do XIX, como a Lei Hipotecaria, por exemplo, elaborada por unha comisión de ilustres xuristas e que contén unha longa exposición de motivos (¡130 páxinas de enxulla xurídica!), que é todo un aceso canto a esta doutrina:

España é unha nación sobranceiramente agricultora; e se nela non prosperou a máis antiga e primeira das artes [...] débese á falta de capitais. Estes buscan con preferencia outras empresas, xa polo alicerce dos maiores gaños que producen, xa pola pouca seguranza que inspira o actual estado da propiedade rústica. Nesta situación, debe o lexislador procurar que os capitais non vaian todos busca-las empresas mercantís e industriais, senón que veñan tamén en auxilio da propiedade territorial da agricultura.²⁷

Hai, xa que logo, unha preocupación especial pola renda da terra, que posúe tamén a outros autores, como Cantillón, Quesnay ou Turgot. É unha premisa que desenvolverá logo Marx cando escribe que "os fisiócratas formulan de xeito certo a tese de que tan só é produtivo o traballo que fornece plusvalía e cuxo produto encerra, xa que logo, un valor máis alto ca a suma dos valores consumidos en produci-lo"²⁸. En definitiva, o traballo agrícola sería "o único traballo produtivo", o único creador de plusvalía, e "a renda da terra a única forma de plusvalía existente"²⁹, un postulado que só crebaría anos máis tarde coa aparición de plusvalías monetarias "non sustentadas na creación dun excedente físico"³⁰.

Aquí acada todo o seu valor a contraposición das teses fisiocráticas coas mercantilistas que, como é ben sabido, distinguen dúas formas de ganancia: a plusvalía, que chaman ganancia "positiva" e outra, consonte coa súa idea de que a riqueza pode xurdir tamén da circulación de bens, a ganancia que chaman "rela-

26 Barreiro Fernández 1984: 293; Saavedra 1999: 70 e ss.

27 Debo esta cita á conversa, sempre enriquecedora, con dous bos amigos rexistradores da propiedade, Celestino Pardo Núñez e José Ignacio García Moratilla.

28 Debrott Sánchez 2002: 1.

29 Debrott Sánchez 2002: 2.

30 Domínguez Torreiro 2004: 65.

tiva”, porque implica medre para uns, mais tamén mingua para outros³¹. Alonso López sitúase nun punto intermedio entre a fisiocracia primixenia e o mercantilismo, como convén ao seu espírito ecléctico e como, na súa opinión, demandan as necesidades específicas da evolución do noso país.

1.3. As análises de equilibrio xeral e a visión circular da economía

Os escritos reflicten tamén nidiamente a idea fisiocrática das “análises de equilibrio xeral”, tal como revelan frases deste teor:

Para dar á prosperidade dos Estados certa permanencia posíbel [...] é necesario ter nunha debida proporción o fomento dos varios ramos de ocupación útil, sen que ningún progrese sobre a ruína doutro, e sen que o máis necesario sufoque enteiramente ao de menos interese, porque todos son precisos na súa regulada distribución.³²

O noso autor manifestase aquí, tal que os fisiócratas clásicos, inequivocamente partidario dos modelos de equilibrio que dita a súa visión circular da economía³³. Para el o “fomento activo” dos pobos non pode lograrse sen a circulación da riqueza: esta, cando está parada, nada produce; por iso os gobernos deben propiciar o aumento do consumo dos produtos naturais e imprimir á industria “un carácter permanente e non interrompido de actividade”. É máis, Alonso López considera que as diferenzas de riqueza entre os territorios non dependen tanto da natureza e calidades do seu solo canto da diversidade de estímulos á produción: hai territorios —di— nos que a propiedade xamais circula, senón que está sempre fixada en certas corporacións e nun reducido número de grandes propietarios; e hai outros nos que unha boa parte desta propiedade circula, cámbiase, divídese, subdivídese, auméntase, distribúese en grandes ou pequenas partes, orixinándose con isto unha sucesiva circulación de valores sobre existencias que (en principio) non teñen máis que un³⁴. O efecto multiplicador da circulación resulta para el evidente.

1.4. Liberdade de comercio

Outro trazo fisiocrático amósase nos seus alegatos a prol da liberdade do comercio. Ás veces céntrase no comercio marítimo, o máis necesitado de protección e de estímulo, mais en ocasións as súas afirmacións adquiren contundente xeneralidade. Alonso considera que o fomento do comercio debeu abordarse hai tempo cunha “acta de navegación semellante á dos ingleses” e coa supresión de

31 Debrott Sánchez 2002: 2.

32 *Consideraciones...*, T. I, p. 65.

33 Domínguez Torreiro 2004: 63.

34 *Consideraciones...*, T. I, p. 71.

certos dereitos mercantís, xurdidos dun moi inaxeitado modo de gravar o que “se introducía e extraía”. Refírese aquí Alonso López ao sistema establecido a mediados do reinado de Felipe V, polo secretario de Facenda, Orry, que incrementou os gravames, provocando o decaemento de moitos ramos da agricultura con potencialidade expansiva.

Di o ilustrado galego que, malia os seus nefastos resultados, adíuse pórle remedio a esta política, porque sempre “é máis fácil imitar que discurrir e máis doado destruír que ben criar”. Habería, así, que agardar ao reinado de Carlos III para que se afrontase a reforma dos antigos dereitos, que tanto eivaban a prosperidade mercantil.

Eloxía as bondades do comercio, que contribúe a paliar a desproporción das riquezas, repartíndoas con “graduación equitativa”, tanto as mobiliarias como as de posesión estábel. Mais non chega a abrazar o mercantilismo. A súa didascalía consiste en aconsellar aos “homes de Estado” que dirixan as operacións mercantís de tal maneira que non saia senón o menos posíbel de numerario, para o fin de que a balanza do comercio cando non poida ser preponderante a favor, se conserve cando menos en equilibrio. Xa que logo, máis ca mercantilismo, balanza comercial favorábel equilibrada e ausencia de monopolios.

1.5. As causas do subdesenvolvemento e a súa superación. En especial, o caso de Galiza

De novo topamos aquí cunha preocupación fisiocrática, neste caso de carácter global. Trátase do problema do subdesenvolvemento. Os fisiócratas colocaron na cerna do seu pensamento esta cuestión e os remedios para a súa superación, proxectando a análise sobre as súas históricas causas estruturais.

Así o fixeron os fisiócratas franceses, ao analizar a súa economía de finais do século XVIII partindo da necesidade de superar as eivas dunha realidade de subdesenvolvemento, provocada polos freos dunha matogueira de limitacións feudais, restricións mercantilistas e atraso tecnolóxico, sobre todo na agricultura³⁵.

Alonso López, recollendo a tradición doutros escritores ilustrados galegos e dende logo a inspiración fisiocrática³⁶, plasmará, particularmente sobre Galiza, esta forma de análise. Denuncia as institucións feudais e estuda polo miúdo os factores causantes do noso atraso, cunha minuciosidade admirábel, por máis que, ás veces, os datos estatísticos sexan imprecisos ou erróneos.

Resulta aquí moi suxestiva a apreciación de Xosé Manuel Beiras de que:

[...] na ideoloxía dos ilustrados galegos preponderan os ingredientes liberais sobre os da mera ilustración, a busca de fórmulas de recambio para a estrutura social do

35 González González 1972: 224.

36 Río Barja 1971: 16 e ss.; Dopico Gutiérrez del Arroyo 1978; González Marinas 1997: 247 e ss.

antigo réxime sobre a mera racionalización e mellora dun modo de produción inalterado nos seus rasgos esenciais [...]

Consideración moi en liña coa visión de Gonzalo Anes, que o propio Beiras cita literalmente:

[...] os ilustrados máis avanzados sistematizaron as críticas aos fundamentos económicos da sociedade estamental, ao impedir estes fundamentos o desenvolvemento económico, por limitar a capacidade adquisitiva do campesinado. Ao estar vinculada a propiedade territorial a determinadas familias, ou en poder da Igrexa, as terras saían da circulación e excluían da posibilidade de disfrutar das vantaxes do auxe da agricultura a amplos sectores da poboación [...].³⁷

Paga a pena a escolma dalgúns aspectos da análise de Alonso López.

Parte, con carácter xeral, da idea de que o Goberno dun Estado só se xustifica se cumpre coa función esencial de contribuír ao equilibrio territorial: todos os pobos “deben esperar unha igualdade posíbel de felicidade”, o que debe trasladarse ao plano individual. Critica acerbamente a sociedade estamental que, a comezos do século XVIII, se reflectía na existencia de case un millón de eclesiásticos e “persoas privilexiadas” sobre o total de seis millóns da poboación española; uns suxeitos que “nin sufrían as cargas de bagaxes, aloxamentos nin outros servizos onerosos” e a quen ademais “lles era vilipendioso ocuparse en exercicios mercantís, en artes, en oficios mecánicos e noutras tarefas de fomento”.

As contas de Alonso López resultan deprimentes, xa que a todo o anterior deberían sumarse os máis de 275.000 serventes daquelas persoas privilexiadas, 50.000 empregados na recadación do Erario e outros 20.000 en diversos oficios de gobernación, e sumar asemade máis de dous millóns de mendigos, pois “en España o andar a pedir é unha profesión e oficio cómodo”³⁸. De todo iso resultaba a suma duns 900.000 “homes de idade proporcionada, de onde habería de saír a forza armada do Estado, os labores da agricultura, artes e oficios, os exercicios mercantís e todos os demais ramos de fomento e permanencia social”.³⁹

Esta situación parécelle insostíbel e coída que conducirá de xeito inexorable aos “homes útiles e de industria” a expatriarse, pola necesidade de vivir e sacar proveito do seu traballo.

Oponse tamén ao sistema de administración polisinodial, propio do Antigo Réxime, un modelo que cualifica de caruncho da Administración e contra o que non abonda reducir o número de Consellos nun só, senón que compre evitar

37 Beiras Tortado 1973: 10 e ss.

38 Cómpre advertir a dureza da crítica de Alonso López á mendicidade, coincidente coa reiterada doutros ilustrados galegos; por exemplo, Pedro Antonio Sánchez (*Op. cit.*, p. 60 e ss).

39 *Consideraciones...*, T. III, p. 29.

ademais que este único Consello interfira ou roube ao Parlamento a opinión e coñecemento dos asuntos públicos⁴⁰.

Conectando coa anticipadora convicción fisiocrática da necesidade de estudar a incidencia impositiva, desbota, por anárquico e inxusto, o sistema tributario herdado dos Austrias: un sistema monstruoso, composto por catro grandes divisións: rendas xerais ou de alfándegas, rendas provinciais, rendas estancadas e rendas particulares. E avoga por unha única contribución, sobre os bens raíces, que os ilustrados, en palabras de De Cal y Cortina, “chegaron a converter no mito de tódalas reformas tributarias”⁴¹. Non se trata tanto de substituír o Estado suntuario e dispendioso por outro eudemonista, que dera satisfacción a todas as necesidades do pobo, mais si de racionalizar os fins públicos e adecualos a un sistema impositivo proporcionado e que non abafase os cidadáns cun esforzo tributario desmesurado. Así, salienta a importancia de que o Parlamento aprobe e controle “os pedidos que fai o Goberno”, a súa distribución e se o investimento se fixo “como correspondía”, xa que sería “un abuso moi arbitrario” darlles a estes fondos un destino distinto. Corrixindo isto, as contribucións farían posíbel o desexo dos contribuíntes de non sufrir vexacións e de que non se obre “con arbitrariedade e sen exame na determinación dos cupos, na súa exacción e no seu investimento”. Evitariáase así —remata con fatalista expresión— que “se fabriquen os chanzos polos que se fai descender gradualmente os homes, dende a súa liberdade ao seu abatemento, dende este á miseria e, por último, á vergoñenta escravitude”⁴².

Moitas destas cuestións formuladas con carácter xeral para toda España atopan especial análise a respecto de Galiza.

1.5.1. *Males crónicos da agricultura*

Alonso López fai unha descrición dos males que dificultan o seu fomento e progreso: o exceso de tributación dos produtos do campo, sometidos a múltiples gravames parciais; a “desunión” da utilidade do labrego coa terra que traballa, unha “amortización” do valor das terras que procede do seu estancamento perpetuo en varias corporacións e na institución das vinculacións; a limitación da extensión dos labores agrícolas en cultivos e plantíos, coa prohibición da apropiación de terreos comúns.

A estes males nunca se lles quixo por remedio: non se diminuíron os gravames sobre os produtos agrícolas “porque interesaba mantelos así para conservar beneficios particulares”. Non se procurou a circulación do valor das terras nin se

40 De Cal y Cortina 1999: 61.

41 De Cal y Cortina 1999: 52.

42 Consideraciones..., T. III, p. 215.

lle proporcionaron ao labrego mellores xuíces onde achar xustiza, “porque conviña o estancamento para que o progreso social se conservase limitado”. Non foron liberados dunha xustiza condicionada polos señores, “pois moito lograran xa con non poderen ser vendidos por eles como escravos en público mercado, como se verificaba en tempos de don Juan I e don Fernando IV, particularmente en Galiza”. E tamén non conviña facer leis agrarias para distribuír as terras, “porque é operación complicada e quizais prexudicial en certos casos”⁴³.

Hai tamén unha denuncia das peculiares dificultades de capitalizar a agricultura galega —ese fundamental obxectivo de todos os fisiócratas— por múltiples razóns, mais sobre todo pola reducida superficie das nosas explotacións, escasamente susceptíbeis de se constituír en verdadeiras empresas, aptas para o crédito e o relanzamento produtivo.

1.5.2. Os “montes comúns”

Engade Alonso López que ao problema dos censos e dos gravames que comportan o estancamento de terreos e a repetición de subforos sobre o primitivo, súmase para maior devalo da agricultura a institución dos “montes comúns”, que tanto —di— fai diminuír os produtos que poderían sacarse da terra⁴⁴. E salienta a especial gravidade do problema en Galiza. Sobran moitos montes en toda ela e isto non é bo, xa que o que é común —di— e que polo mesmo non é de ninguén en particular, “pouco aproveita á comunidade social e aos brazos que sobran nun país como Galiza, onde faltan fábricas e manufacturas que os ocupen”⁴⁵.

Para pór remedio a todo isto defende a prohibición do estancamento de bens raíces e a promulgación dunha lei agraria que declarase que os foros celebrados antes deia fosen perpetuos a favor do último recipiendario; que non se “enfiteuticasen” en adiante senón os terreos ermos, coa mesma perpetuidade e sen exixir servizos persoais; que todo o enfeuticado unha vez, non puidese volver a subenfiteuticarse; que os bens enfiteuticos se levasen sempre en calidade de libres; e, finalmente, que se derrogase a “ordinaria” dos montes comúns⁴⁶.

1.5.3. O sistema de contribucións e o seu arranxo

Alonso López predica con especial fruición a Galiza a necesidade de arranxar un novo sistema tributario, dado o seu carácter caótico, ineficaz e inxusto. O obxectivo final era unha reforma profunda e demorada, que rematase coa monstruosa complicación de impostos e gravames, axilizase o sistema de reca-

43 *Ibidem*, T. I, p. 97.

44 *Ibidem*, T. I, p. 117.

45 *Ibidem*, T. I, p. 117.

46 *Ibidem*, T. I, p. 118.

dación e, sobre todo, instaurase unha contribución “directa e única”, baseada na renda e cunha forte componente de progresividade.

Con todo, defende xa para Galiza, sen adiamento ningún, algunhas medidas concretas de urxente aplicación. Salientan neste sentido o desestanco de determinados produtos sometidos á reserva real, nomeadamente o sal, e a conveniencia de recuperar os encabezamentos como fórmula de recadación, sistema que na súa opinión aforraria intermediarios e xa que logo minorar os custes. A maior novidade neste punto é, como indica De Cal y Cortina, que Alonso quere introducir o encabezamento para Galiza toda, non para determinados concellos, como era habitual noutras épocas. Un sistema que hoxe en día poderíamos chamar *servata distantia* de cupo ou concerto, ao estilo do de Euskadi ou Navarra⁴⁷.

Quéixase tamén de que o país sufrise con frecuencia unha atribución de cupos desproporcionada e arbitraria, que nalgún caso chegou —di— a ser catro veces e media maior da que correspondía á súa riqueza mobiliaria comparativa.

1.5.4. O abuso do décimo

Outro entorpecedor residuo do pasado é o pagamento do décimo. Contra del fórmulanse longas críticas. Non cómpre agora analizar a economía do clero galego nesta época⁴⁸, senón simplemente recoller as apreciacións de Alonso López ao respecto. Para el, o décimo, ao non distinguir a diversa calidade da terra, resulta arbitrario e constitúe un espolio para os labregos: a carga que supón “acada unha cantidade dupla, tripla, céntupla, etc. do que lles quede aos colleiteiros de todo un lugar. Se, por exemplo, sementaron 800 ferrados de grao nun terreo no que, pola súa inferior calidade ou pola inclemencia das estacións, non colleitaron senón 890, o décimo levaralles 89 neste caso, quedándolles só un de beneficio para todos [...], co que o usufrutuario do décimo vén gozar dun beneficio 89 veces maior ca todos os cultivadores xuntos ou, o que é o mesmo, 8.900 por 100”, unha disparidade asombrosa —conclúe o noso ilustrado—, que implica un auténtico “desfalco”⁴⁹.

O abuso do décimo constitúe unha das cuestións batallonas do noso século XIX. Nas Cortes de Cádiz, e mais nas do Trienio Liberal, procurouse con grande esforzo dalgúns deputados liberais o obxectivo da súa eliminación⁵⁰. Outros, como Ruiz de Padrón, cura de Valdeorras e deputado en 1820, defenderon a súa

47 De Cal y Cortina 1999: 55.

48 Sobre o tema, Villares Paz 1981: 81 e ss.

49 *Consideraciones...*, T. III, p. 313-314. Véxase tamén, T. I, p. 109 e ss.

50 Consta o voto a favor de Alonso López, xunto co doutros once deputados galegos, na sesión das Cortes do 28 de xullo de 1820. Cfr. Lago 1988: 31.

persistencia, mais procurando que o clero “non viva na abundancia”⁵¹. A supresión non se conseguiría nesas datas, debendo agardarse, xa que a abolición acordada en 1837 foi máis formal que real, até 1841⁵².

1.5.5. O voto de Santiago e a súa supresión

Nesta mesma orde de cuestións, ten peculiar relevancia a cuestión da supresión do Voto de Santiago, abolido polas Cortes Xerais e Extraordinarias na súa sesión do 14 de outubro de 1812, que xurdiu dunha proposta defendida por Alonso López, quen a xustifica con contundentes argumentos: esta “gabela tan inxusta como ilegal e tiránica” foi imposta por Filipe IV ao mandar a Galiza obsequiar perpetuamente á Igrexa, e todos os anos, coa cantidade de mil escudos de ouro. Trátase dunha promesa pecuniaria, que variaba duns lugares a outros de Galiza e que se determinaba en función dos froitos colleitados, a partir duns cativos mínimos exentos.

Razona o noso ilustrado que a carga deste ofrecemento debера custearse polos propios reis e non recaer sobre “a extenuada existencia do pobo galego”. Esta “impropiedade” —di— aínda preme a Galiza, malia “as calamidades que a abafan”, coma se as nosas xentes herdasen o tesouro particular de Filipe IV. E conclúe que ao moi reverendo arcebispo de Santiago e ao seu Cabido non pode repugnar a supresión do pagamento desta carga, porque a renda de cinco millóns e medio de reais que goza aquel Prelado, e á proporción os cóengos, “non debe facerlles chorar a perda de mil escudos de ouro”, e moito menos se, “revestidos da virtude e compaixón cristiá que caracteriza a aqueles dignos eclesiásticos, botan unha caritativa ollada sobre as coitas da patria”⁵³. Fina ironía galega a de Alonso López ao defender, como ben di De Cal y Cortina, a tese “nada estrambótica” de que quen lle debe pagar o voto á Igrexa é quen llo ofreceu: Filipe IV e os seus sucesores.

1.5.6. Pesos e medidas

Pensa Alonso López a desconformidade “dos pesos e medidas” afecta tamén particularmente a Galiza. Relata así polo miúdo a variedade das medidas de extensión, as medidas de áridos (os ferrados, “máis ou menos a fanega dividida en catro partes”), as pesas: libra galega de 20 onzas fronte á castelá de 16; as varas galegas, moi distintas das de Asturias, das canas de Barcelona, das iardas inglesas⁵⁴, o que representa un abigarrado conxunto de referencias desconformes, que eivan

51 Tomo a referencia de Barreiro Fernández 1981c: 200.

52 Lago 1988: 21 e ss.

53 Tomo a referencia de De Cal y Cortina 1999: 56 e ss.

54 *Consideraciones...*, T. III, p. 206.

o comercio fácil. Tamén cōmpre rematar con esa eiva retardataria da fluidez e do progreso.

1.5.7. *As mans mortas. A cuestión dos foros*

Esta relevante cuestión non é de tratamento neste momento, agás de forma tanxencial. No que agora interesa, insiste Alonso López no papel sobranceiro da agricultura e na necesidade de superar as súas prácticas envellecidas. Mais resulta así mesmo fundamental que os terreos estean “competentemente ocupados”, sen que haxa máis baldíos que os imprescindíbeis e obrigando, xa que logo, aos propietarios de terras a que “as fagan producir”. As dificultades que a isto se opoñen non están na esencia das cousas e ben se podería imitar a outros países, como Portugal, onde xa dende o reinado de Fernando IV se deron “belísimas leis para obrigar aos donos das terras a que as cultiven ou fagan cultivar, so pena de perdellas en beneficio de quen as labre”⁵⁵.

Os bens estancados en mans mortas impiden a prosperidade. En Galiza —di Alonso López— o problema é moi grave, xa que a maior parte do dominio territorial e xurisdiccional pertence ás comunidades eclesiásticas, de forma que dos 116 coutos xurisdiccionais comprendidos no territorio galego tan só nove eran de reguengo, distribuíndose os demais entre 63 abadengos de señorío eclesiástico e das ordes e 44 de señorío secular⁵⁶.

Todo isto dá conta de como a falta dunha lei que prohibise a amortización de bens raíces en mans mortas deu lugar a que as comunidades relixiosas estendesen en demasía o seu dominio territorial e trasladasen, por medio de foros e subforos repetidos, aqueles terreos que, pola súa inmensidade, non podían cultivar[...] tan sobrecargados de pensións que son “a ruína do cultivador”.

E engade o noso autor que os males radicais nunca deixan de se ramificar en polas “subalternas”. Así ocorre coa obriga que estes foros impoñen do pago do laudemio pola venda de partes do terreo aforado, cota fixada nunha quincuaxésima parte do valor do alleado, mais ampliada logo á vintena, décima, quinta e aínda cuarta parte..., circunstancia aínda máis gravosa de se ter en conta que o laudemio se cargaba na serie sucesiva de todas as vendas, non sobre o valor primitivo que o terreo tivese no momento do aforamento. O noso autor desespera co mantemento dos costumes antigos, que baten con frecuencia coa razón, polo que sería tamén moi recomendábel —di— suprimir a lutuosa, que “arrebata á desamparada viúva e congoxosos orfos a peza mellor que quedase do defunto cabeza da casa”⁵⁷.

55 *Ibidem*, T. I, p. 65.

56 *Ibidem*, T. I, p. 113.

57 *Ibidem*, T. I, p. 115.

1.5.8. Xusta urxencia de abolir os señoríos

Como colofón, que resume tantas propostas parciais, Alonso López erixese nas Cortes de 1812 como paladín da abolición dos señoríos. Critica con agres expresións a descomedida liberalidade dos reis “a prol dos seus cobizosos favoritos” e dos gobernadores, e centra a causa principal da decadencia no alleamento de moitos dereitos do Real Patrimonio, que cumpriría reintegrar na masa de ingresos pecuniarios da Coroa, para atender as necesidades do país.

Se a situación resulta nociva en todo o Reino, aínda o é máis na “paciente e laboriosa” Galiza, “onde se cargaron máis as arbitrariedades destes alleamentos”. E reitera cifras sobre as xurisdicións e o seu reparto: dos 3.755 “estados de señorío” que se contan na Galiza, “hai soamente 300 que sexan de reguengo ou da Coroa, e os 3.455 restantes pertencen a seculares, eclesiásticos e ordes de cabalería”⁵⁸.

Por iso, propón nas Cortes a recuperación destes alleamentos, coas correspondentes indemnizacións, e tamén, con enfática solemnidade, que “se desterre do chan español o feudalismo dos cadalsos, argolas e outros sinais tiránicos e insultantes á humanidade, que ten erixido o sistema do dominio feudal en moitos coutos e pobos da Península, particularmente nos do Reino de Galiza [...]”.

Como recorda De Cal y Cortina, a súa proposición non se admitiu a discusión, mais deu lugar aos “debates máis substanciosos da lexislatura”⁵⁹. A posición de Alonso López foi, con todo, considerada demasiado prudente por algúns, opinión compartida por Pla y Cancela, para quen enfocou mellor a cuestión o deputado García Herreros que, aludindo aos expedientes propostos polo noso ilustrado, dicía: “creo que todo é inútil: as Cortes poden dar maior impulso a este negocio cun só renglón; en dicindo abaixo todo, fóra señoríos e os seus efectos, está concluído”⁶⁰.

A cuestión seguía aberta e os debates repetiríanse no Trienio coas proposicións de deputados galegos como Baamonde ou Pérez Costas. En calquera caso, a proposta de Alonso López representa, naquel momento, o cumio expresivo, ao fin frutífero, do seu desexo de rematar cun período histórico escuro e contribuír a alumear un novo chanzo histórico de racionalidade e progreso económico e social.

58 Segundo datos do Padre Sarmiento, no reinado de Carlos II, dos 11.303 lugares de Galiza, 5.533 eran de señorío, 4.258 de abadengo, 1.160 mixtos, e do rei tan só 352.

59 De Cal y Cortina 1999: 33.

60 Pla y Cancela 1997: 199.

Bibliografía

- BALÁS SILVA, Emiliano (1888a): "Don José Alonso López de Nobal y su obra", *Galicia Diplomática*, ano II, núm. 20.
- BALÁS SILVA, Emiliano (1888b): "La obra de D. José Alonso López de Nobal", *Galicia Diplomática*, ano III, núm. 23.
- BALÁS SILVA, Emiliano (1908): "El polígrafo ferrolano D. José Alonso López durante la Guerra de la Independencia", *Galicia*.
- BALÁS SILVA, Emiliano (1905): "Noticias bibliográficas del polígrafo ferrolano D. José Alonso López", *Anuario de las tareas del Ateneo Ferrolano en el 2º curso (1904-05)*, Ferrol.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (1981a): *Liberales y absolutistas en Galicia*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (1981b): *O proceso electoral en Galicia (1810-1868)*, Santiago de Compostela.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (1981c): "Los orígenes del pensamiento reaccionario y liberal en Galicia (1808-1833)", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 32, pp. 141-215.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (1982): *Historia contemporánea de Galicia*, A Coruña, Gamma.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (1984): "A Galicia do Antigo Réxime. Ensino, Ilustración e Política", en *Galicia*, T. IV, A Coruña, Hércules de Ediciones.
- BEIRAS TORRADO, Xosé Manuel (1973): "Notas previas para una Economía Política de la Ilustración Gallega", en *La economía gallega en los escritos de Pedro Antonio Sánchez*, Vigo, Editorial Galaxia.
- CAL Y CORTINA, Rosa M.^a Gabriela de (1997): *Nacimiento y consolidación del municipio constitucional en Galicia*, A Coruña, Deputación Provincial da Coruña.
- CAL Y CORTINA, Rosa M.^a Gabriela de (1999): "Memoria parlamentaria de D. José Alonso López. A súa contribución á formación do Estado liberal", *Cadernos Ateneo Ferrolán*, 14.
- CÓNSUL JOVE Y TINEO (1999): *Agricultura e Ilustración*, (ed. Pegerto Saavedra), [Santiago de Compostela], Consellería de Agricultura, Gandería e Montes - [Ourense] Caixa Ourense.
- COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio (1951-1953): *Diccionario biobibliográfico de escritores*, Santiago de Compostela, Bibliófilos Gallegos.
- DEBROTT SÁNCHEZ, David (2002): "Apuntes sobre teoría de la renta en la interpretación crítica de Marx: los fisiócratas", *Laberinto*, 10.
- DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, Francisco (1976): "La cultura científica", *Los gallegos*, Madrid, Istmo.

- DOMÍNGUEZ TORREIRO, Marcos (2004): "O papel da fisiocracia nos nosos días: unha reflexión sobre a análise económica dos recursos naturais e o medio ambiente", *Revista Galega de Economía*, vol. 13, núm. 1-2.
- DOPICO GUTIÉRREZ DEL ARROYO, Fausto (1978a): "José Alonso López, liberal e crítico das institucións do Antigo Réxime", *Grial*, 16.
- DOPICO GUTIÉRREZ DEL ARROYO, Fausto (1978b): *A Ilustración e a sociedade galega*, Vigo, Editorial Galaxia.
- ESCRIGAS, Guillermo (1988): "José Alonso López, mariño e científico ferrolano", *Ingenium, Publicacións do Seminario de Estudos Galegos*, X.
- FERNÁNDEZ, NEGLAR, Justino (1991): "Segundo centenario dos reais establecementos de Xuvia" *Cuadernos Ateneo Ferrolán*, ano 9, núm. 7.
- GARCÍA MONERRIS, C. (2000): "Reflexiones sociales y otros escritos", *BOE*. Centro de Estudios Políticos y Constitucionales.
- GONZÁLEZ GONZÁLEZ, J. (1972): "Fisiocracia", *GER*, T. X. Madrid.
- GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio (1977): *Bajo las luces de la Ilustración*, A Coruña, Edicións do Castro.
- GONZÁLEZ MARIÑAS, Pablo (1996): "Alonso López y el Ferrol de su tiempo", *Ferrolanálisis*, 10.
- GONZÁLEZ MARIÑAS, Pablo (1997): "A Administración no Padre Sarmiento", en *O Padre Sarmiento e o seu tempo: Actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995)*, T. II, pp. 247 e ss., Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega e Universidade de Santiago de Compostela.
- GREGOIRE, Luis (1874): *Diccionario enciclopédico de historia, biografía, mitología y geografía*, París, Librería de Garnier Hermanos, editores.
- LABRADA, Lucas (1971): *Descripción económica del Reino de Galicia*, Vigo, Editorial Galaxia [prólogo de F. J. Río Barja].
- LAGO, Pedro (1988): "Abolición do décimo en Galicia", en Villares Paz, Ramón (ed.): *Donos de seu*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco Edicións.
- LLORCA FREIRE, Guillermo (1985): *Os ateneos ferroláns e a súa historia*, Pontedeume, *Cuadernos Ateneo Ferrolán*, ano V, núm. 3.
- MATO, Alfonso (1993): "Liberalismo e historicismo: a contemplación histórica de España como nación constitucional na obra de D. José Alonso López y Nobal", en Beramendi, J. G. (coord.): *Galicia e a historiografía*, Santiago de Compostela, Ed. Tórculo.
- PLA Y CANCELA, B. (1997): "Examen de las leyes de abolición de señoríos. Su espíritu —su historia— su exégesis para la defensa de los vecinos de San Jorge de Iñás, Santa María de Dejo, y San Julián de Serantes en el pleito con el Duque de Berwick, Conde de Lemos, sobre pago de prestaciones señoriales" (1857), en Artiaga Rego,

- Aurora e Baz Vicente, M.^a Xesús (eds.): *Propiedade da terra e reforma liberal*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia- [Ourense] Caixa Ourense, Biblioteca de Clásicos Agrarios Galegos, vol. III.
- SCHUMPETER, Joseph A. (1963): *Síntesis de la evolución de las ciencias económicas y sus métodos*, Barcelona, Oikos Tau.
- VICETTO, Benito (1873): *Historia de Galicia*, T. VII, Ferrol, Taxonera Editor.
- VICETTO, Benito (1876): "Semblanzas galaicas contemporáneas: D. José Alonso López", *Revista Galaica*, Ferrol.
- VILLARES PAZ, Ramón (1981): "La economía del clero regular gallego ante la desamortización", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 32, pp. 81 e ss.
- VILLARES PAZ, Ramón (1982): *La propiedad de la tierra en Galicia (1500-1936)*, Madrid, Siglo XXI.
- VILLARES PAZ, Ramón (1988): *Donos de seu. Estudos de historia agraria de Galicia*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco Edicións.
26 *Ibidem*, Apéndice Documental, IV, p. 296.

27 “La guerra entretiene toda la atención y todas las actividades. El Seminario, lo mismo que todos los demás Centros culturales, a lo más mínimo de su trabajo. No obstante, los tres directivos, únicos que habían quedado de la Comisión Directora, pudieron aún realizar alguna labor, como el cuidar del Salón Artesonado, víctima de las filtraciones de las aguas de las cañerías, en mal estado, de los laboratorios de la Facultad de Farmacia; la conclusión y salida de la obra: “Santa María de Velle”; el sostenimiento de correspondencia con Portugal, Alemania, América, Suecia y Francia; la donación de libros y publicaciones al Sindicato Español universitario, de Vigo; el ceder una de las vitrinas de filigrana y orfebrería compostelana y padrones, popular y del siglo XVIII y XIX, para la Exposición, en Santiago, a beneficio de los heridos y enfermos de la guerra; el haber recibido carta de la Universidad de Hamburgo, con un ejemplar de la revista “Senderdruck aus Volkstum und Kultur der Romanem”, en donde se elogia y se hace crítica de la obra de “Santa María de Velle”, diciendo “que el Seminario de Estudios Gallegos incansable en su actividad científica ha publicado, en pleno fragor de guerra, una obra fruto de una serie de investigaciones del adelanto material de la región”; el colaborar en la Exposición de la Vivienda, celebrada en Valladolid, con el envío de seis maquetas de casas gallegas, ejemplares del Museo Etnográfico; y trabajar en proseguir la terminación del «Codex Calixtinus». *Ibidem*, Apéndice Documental, IV, p. 297.

que el Seminario se incorporase a la Universidad. Así se salvaría el Seminario, permaneciendo todo, Museo y Biblioteca, en el mismo local, no tocándose nada²⁸.

Estas breves anotaciones de Xesús Carro sugieren diversas relecturas para intentar comprender mejor el trasfondo de los hechos. Entre ellas, claro está, figura la “debilidad” política de quienes representaban al Seminario en aquel momento, lo que dio fuerza incontestable a la propuesta del rector compostelano; esto es, justamente, la supuesta y ya señalada identificación del Seminario “co galeguismo, coa Autonomía e coa República”. Pero más que esto, a mi parecer al menos, la realidad es que la dispersión de los miembros y colaboradores del *Seminario*, el aparente desinterés de las nuevas instancias oficiales y el ambiente general poco o nada sensible con el sentimiento galleguista, favorecieron y, en última instancia, permitieron que entre ciertos elementos de la Universidad —el propio Rector, entre ellos— fructificara el empeño inicial de aquel catedrático de Farmacia de recuperar para la misma los locales donde tenía su sede el *Seminario* y, no menos naturalmente, de propiciar el cierre del *Seminario* e incorporar al patrimonio universitario los fondos bibliográficos y las colecciones museísticas reunidas por aquél²⁹.

El hecho se consumó finalmente el 1 de agosto de 1940, cuando Xesús Carro, secretario del *Seminario*, y Luis Iglesias, ex rector de la Universidad y entonces director de la Sección de Ciencias de aquél, se vieron precisados a hacer entrega a Manuel Pérez Búa, director en funciones de la Biblioteca universitaria, de las llaves de la sala donde estaba instalada la Biblioteca del Seminario. De esta forma, como escribe el propio Xesús Carro, “se desvanecieron todas las esperanzas en una inmediata renovación del Seminario”³⁰.

Pese a todo, el nombre y prestigio de la institución prevaleció, sin que hubiera conciencia política ni noticia pública de la supuesta prohibición e incautación por las “autoridades” del nuevo régimen. Así, por ejemplo, seis meses después de los hechos relatados, el 11 de febrero de 1941, el Secretario Provincial del Servicio de Artesanía de FET y de las JONS, que lo era Emilio de la Iglesia Caruncho, solicitaba al “Ilustrísimo Señor Presidente del Seminario de Estudios Gallegos”, mediante el oportuno oficio, la redacción de un informe que permitiera fijar en Santiago la capitalidad artesanal de España, dando por supuesto además que “con tan prestigiosa colaboración” se podría dar cuenta a la Delegación Nacional del Servicio de Artesanía “de tan afamadas industrias como las del azabache, entalladores, tejedores, encajes, etc”. Pocos días después, el 17 de febrero, Xesús Carro se

28 *Ibidem*, Apéndice Documental, IV, pp. 297-298.

29 El artículo 27 del Reglamento del Seminario establecía, para el caso de su disolución, que sus bienes “pasarán a ser propiedad de la Universidad compostelana”. *Ibidem*, Apéndice Documental, IV, p. 302.

30 *Ibidem*, Apéndice Documental, IV, p. 298.

apresuró a dar cuenta a aquella autoridad de lo acontecido, precisando incluso su parecer:

Pues bien, este referido Centro, no sé si por ignorancia o por mala fe, debido al interés particular de un reducido núcleo de personas, valiéndose de la sombra y cuentos de comadres, han conseguido que dejase de funcionar, incluso procurando que no pudiera colocarse dentro de la Ley.

Y al hallarse ahora, en esta posición, usted comprenderá la imposibilidad de que dicha Corporación pueda emitir informe alguno, aún cuando el que se le pide reunía las mejores condiciones para el caso.

Sirva, por lo tanto, esta carta de amigo, como confidencial, a fin de que usted manifieste de la mejor manera a esa Entidad, la causa por qué no ha enviado su informe el que, hasta el año último pasado, se llamaba "Seminario de Estudios Gallegos".³¹

Ante ello, el mencionado Secretario Provincial del Servicio de Artesanía de FET y de las JONS respondería a Xesús Carro unas semanas después, el 26 de marzo, lo siguiente:

Lamento infinito que tan prestigiosa y benemérita entidad como el Seminario de Estudios Gallegos no se encuentre en plena actividad, sino por el contrario, la hayan privado de su normal funcionamiento.

Haré saber a la Jefatura Provincial que el primer centro provincial de tan probada capacidad, con copioso archivo y ya famosos investigadores, no puede ayudarnos en nuestra labor, abogando por que esta anómala situación se termine para bien de la cultura patria.³²

Esta respuesta, en la aquella autoridad sindical insistía todavía en la solicitud de algunos dibujos y fotografías, confirmó a Xesús Carro que los motivos que habían conducido a la liquidación y entrega del *Seminario* no eran de carácter exactamente político ni ideológico, sino más bien doméstico. Pocos meses después, el 17 de junio de aquel mismo 1941, se lo confirmaba a Manuel Chamoso Lamas al achacar los hechos acaecidos el año anterior a los "enemigos del Seminario":

Su ideal es hacer morir esta institución, que honraba a su tierra. Nos odian todavía, porque se les demostraba que, sin necesidad de ellos, sabíamos trabajar. Conseguirán, no lo dude, su anhelo. Así ya no tendrán envidia a nuestros trabajos y podrán descansar tranquilamente, panza arriba, como verdaderos zánganos.³³

Unos meses más tarde, el 29 de noviembre, en carta a José Ramón Fernández Oxéa, incidiría de nuevo en el tema al recordarle los motivos de la actitud de la Universidad:

31 *Ibidem*, Apéndice Documental, IV, p. 300.

32 *Ibidem*, Apéndice Documental, IV, pp. 299-300.

33 *Ibidem*, Apéndice Documental, IV, p. 327.

Se han apoderado de las llaves, que era lo principal para considerarse herederos de las cosas, y que se pudran, ya no les importan.

Y todavía un año más tarde, en 19 de mayo de 1942, se lo confirmaría a este mismo con otras reveladoras palabras:

El Seminario se ha extinguido porque lo han querido así los enemigos de él, emboscados en la Universidad compostelana [...]»³⁴.

4. La «continuidad»: el Instituto de Estudios Gallegos «Padre Sarmiento»

A partir de aquellos primeros meses de 1941, convencido de que «el enemigo, o enemigos del Seminario, obra en sentido diverso al de la Falange Española Tradicionalista y de las JONS», el empeño de Xesús Carro fue precisamente «remediar lo pasado» y buscar una fórmula que permitiera al *Seminario* reanudar «sus trabajos y actividades». De ahí sus primeras propuestas en esta dirección, entre las cuales figuraba el deseo de conservar el nombre del *Seminario*, que había sido «aprobado en tiempo de la Monarquía», y la incorporación del mismo —para su seguridad— en uno de los «Institutos de España», particularmente, el que «mejor encuadrarse con las actividades del Seminario»³⁵.

Y esto fue a grandes rasgos lo que ocurrió. Ya desde el mes de enero de 1941, Xesús Carro había iniciado contactos con Cayetano Mergelina, por entonces vinculado al naciente Instituto «Diego Velázquez», interesándose por la posibilidad de formar con el *Seminario* una sección dentro del nuevo centro³⁶. En estas gestiones intervinieron también otros viejos «seminaristas», entre ellos Filgueira y, sobre todo, Francisco Javier Sánchez Cantón, vinculado también al «Diego Velázquez». Al cabo, entre unos y otros lograron sensibilizar a las autoridades del momento y, como resultado de una nuevas conversaciones entre el ministro de Educación, José Ibáñez Martín, el nuevo rector de la Universidad de Santiago, Luis Legaz Lacambra, y el propio Sánchez Cantón, el 30 de noviembre de 1943 se acordó la creación del Instituto de Estudios Gallegos «Padre Sarmiento», adscrito al Patronato de Humanidades M. Menéndez Pelayo del CSIC³⁷.

El Instituto —esta denominación era la usual de los centros del CSIC— se constituyó formalmente el 15 de febrero de 1944. A la reunión constitutiva concurrieron el rector, Luis Legaz Lacambra, el secretario general del CSIC, José María Alvareda Herrera, y Sánchez Cantón, junto con algunos destacados «seminaristas»,

34 *Ibidem*, Apéndice Documental, IV, pp. 332.

35 *Ibidem*, Apéndice Documental, IV, pp. 326-327.

36 *Ibidem*, Apéndice Documental, IV, pp. 301-302.

37 Estas y otras noticias sobre la fundación y primera etapa del Instituto en *El primer decenio del Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos (1944-1954)*, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Santiago de Compostela, 1954, 116 pp.

como Filgueira Valverde, Bouza Brey, Carro García, Cordero Carrete, Moralejo Laso, Pedret Casado y Zamora Vicente. Poco más tarde y gracias a la intervención de F. Bouza Brey, se sumaron también los hombres del grupo orensano: R. Otero Pedrayo, V. Martínez Risco y F. López Cuevillas.

La recién creada institución, conforme a lo que se acostumbraba ya en el CSIC, fue puesta bajo el patronazgo del Padre Sarmiento, uno de los más eminentes ilustrados gallegos, según se había previsto en tiempos del propio *Seminario*, como me recordó en una larga conversación el propio Filgueira³⁸. Y de acuerdo con este espíritu de continuidad, se ordenó a la universidad compostelana la devolución del conjunto de bienes de aquél, que sin embargo retornaron ya sensiblemente mermados.

Un año después de su constitución, el Instituto se instaló provisionalmente en los bajos de la casa rotulada con el número 6 de la Rúa Nova, en Santiago, y allí permaneció bajo condiciones nada favorables para el desarrollo de su actividad hasta 1946. Tras diversas gestiones, por Orden del Ministerio de Educación y Ciencia de 10 de noviembre de 1944, se cedió para su adecuación como sede del Instituto el edificio contiguo al Colegio de Fonseca, construido a comienzos del XVIII para acoger la biblioteca de éste³⁹. Tras su rehabilitación, los nuevos locales fueron inaugurados solemnemente el 3 de septiembre de 1946, con la asistencia del Ministro de Educación, Ibáñez Martín, el Rector de la Universidad de Santiago, Luis Legaz Lacambra, y el Secretario General del CSIC, José María Alvareda Herrera. De los discursos pronunciados en aquella ocasión entresaco la referencia que el rector compostelano hizo al Seminario:

Desde que hace cuatro años me hice cargo del Rectorado, me preocupó la suerte del desaparecido Seminario de Estudios Gallegos. Yo no sé si en su seno se hizo alguna vez política. Puede que en algún momento alguno de sus hombres lo hiciera, dentro o fuera, por su cuenta o por cuenta del Seminario. Pero lo que sí sé es que en esta Institución se hizo una labor positiva de investigación de la historia, de la literatura, de la antropología y de la geología de Galicia y esta labor positiva no se debía perder. También sé que el Seminario poseía un enorme valor de proyección sentimental en la región y, lo que para mí es más importante, en la América española, que en una parte muy considerable es una América gallega. Y de esa América yo había recibido cartas dolientes, en las que la lejanía física de quienes las escribían, acentuaba la nostalgia por la obra que creían definitivamente perdida e incluso influía en la deformación de lo que creían motivos de esta pérdida. Se imponía, pues, salvar lo que merecía ser conservado; en lugar de ser una obra de inspiración puramente localista, los estudios gallegos debían integrarse en el ámbito de la investigación nacional,

38 Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo (2000): "Filgueira Valverde (1906-1996). Memoria y evocación de un historiador y bibliófilo de Galicia", Museo de Pontevedra, LIV, pp. 156-157.

39 Más noticias en Fraguas Fraguas, Antonio (1947): "El edificio", *El Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos*, Santiago de Compostela, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, pp. 45-79.

conservando su propia fisonomía. Nació así la idea de un Instituto de Estudios Gallegos, incorporado al Consejo Superior de Investigaciones Científicas, y puesto bajo la advocación de la figura señera de Fray Martín Sarmiento.⁴⁰

En estas mismas fechas y con idéntico motivo, el propio Filgueira Valverde se refería al famoso plan de estudios ideado por el Padre Sarmiento y recordaba, justamente que en aquella memorable excursión a la casa de Castro de Ortoño “habíase ya propuesto completar así el rótulo del Seminario”, aunque la idea había sido desechada “por no estar entonces tan difundido entre nosotros el uso de tales advocaciones”⁴¹. Y al fin de aquel texto, Filgueira escribió lo siguiente:

De lo recogido en los años que corrieron de 1923 a 1934 ha quedado testimonio en informe que un día me cupo el honor de redactar en unión de Sebastián González-García Paz. Con mayor entusiasmo que saber, medios materiales y [...] fortuna, intentamos entonces seguir las líneas generales del plan previo a toda investigación gallega ideado por Fr. Martín Sarmiento. En el año 1943 comienza a contarse un segundo decenio. Con el amparo y el impulso del Consejo Superior de Investigaciones, el mecenazgo de espíritus generosos, la colaboración de los investigadores y el apoyo de todos los gallegos, ahora si “Dios ayuda y Santiago”, antes del segundo centenario del Onomástico de la Lengua Gallega, los propósitos, las previsiones, los anhelos que representaba comprido finarán [...].⁴²

Tras su primera junta, que presidieron Sánchez Cantón, como director, Moralejo Laso como vicedirector y Cordero Carrete como secretario, el Instituto se organizó en diez secciones, a imitación del antiguo *Seminario*, figurando al frente de las mismas los investigadores gallegos más destacados del momento, casi todos directivos o miembros activos del desaparecido *Seminario* que se deseaba continuar: *Geografía* (Ramón Otero Pedrayo); *Prehistoria* (Florentino López Cuevillas); *Historia* (Paulino Pedret Casado); *Arqueología* (Fermín Bouza Brey); *Arte* (José Filgueira Valverde); *Filología* (Abelardo Moralejo Laso); *Literatura* (Alonso Zamora Vicente); *Etnografía y Folklore* (Vicente Martínez Risco); *Estudios compostelanos y Peregrinaciones* (Xesús Carro García); *Bibliografía y Publicaciones* (Francisco Javier Sánchez Cantón). El cargo de conservador lo ocupó, además, Xesús Carro García, y el de bibliotecario, Antonio Fraguas Fraguas. A estos nombres ilustres se sumaron después otros, como Antonio Blanco Freijeiro, José Manuel Pita Andrade, Luis Monteagudo, Benito Varela Jácome o Antonio Bonet Correa-Calderón, que fueron los primeros becarios que completaron su formación en el Instituto.

40 Véase, *El Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos*, pp. 13-14. Otras noticias en *El primer decenio del Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos*, pp. 17-18.

41 Filgueira Valverde, José: “El plan de estudios gallegos ideado por el P. Sarmiento”, *Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos*, Santiago de Compostela, pp. 29-44.

42 *Ibidem*, p. 44.

La historia del Instituto “Padre Sarmiento” es sobradamente conocida, como también sus importantes aportaciones científicas y culturales a lo largo de una trayectoria de ya más de medio siglo⁴³. Por eso, me atrevo a omitir aquí los detalles de unas y otras y, como sucinta memoria, recuerdo sólo que el Instituto tuvo siempre muy presente su nativa condición y legítima personalidad, como sucesor real —y pienso que moral también— del *Seminario de Estudos Galegos*. Por eso mismo, en ningún momento se avino a renunciar a ello, como lo proclamarían en momentos institucionalmente difíciles —hace ahora tres décadas— y en términos muy claros y precisos quienes estaban excepcionalmente autorizados para hacerlo, pues constituían aún, en el seno del *Padre Sarmiento*, el testimonio y prueba más convincente del hecho.

Entre los que protagonizaron la historia del Instituto Padre Sarmiento, además de los ya mencionados, figuraron Filgueira Valverde, que ejerció la dirección entre los años 1971 y 1981, así como Ricardo Carballo Calero, Felipe Cordero Carrete, Antonio Fraguas Fraguas o Ramón Martínez López, que ejercieron sucesivamente la secretaría del Instituto. Con ellos, naturalmente, una muy larga nómina de miembros o colaboradores; recuerdo aquí, entre otros, a Ángel Canellas, que puso en marcha una nueva sección de *Paleografía y Diplomática*, así como a Manuel Chamoso Lamas, Salustiano Portela Pazos, Álvaro D’Ors Pérez Peix, José María de Azcárate Ristori, Antonio Taboada Roca, Jesús Taboada Chivite, Casimiro Torres, Enrique Fernández Villamil, Antonio Couceiro Freijomil, Maroño Barreiro, Ramón Otero Túñez, Julio Feo García, José Guerra Campos, Benito Varela Jácome, Isidoro Millán González-Pardo, José Luis Pensado Tomé, Manuel Lucas Álvarez, Alfredo García Alén, Ángel Rodríguez González... El buen hacer, la generosidad y la callada dedicación de estos y otros muchos hombres, la gran mayoría sobradamente conocidos, algunos incluso personalidades muy sobresalientes de la vida cultural de Galicia, alumbraron la trayectoria fecunda y brillante que hoy puede exhibir el *Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento*. Lo mismo, exactamente, podría decirse también respecto a las generaciones jóvenes, formadas después de 1944 en el seno del *Instituto* y en los mismos ideales de amor a Galicia y a la investigación en los temas gallegos, que fueron la razón sustantiva del viejo e ilustre *Seminario*. Muchos de los que formaron parte de estas otras generaciones son ahora personalidades también muy conocidas: Francisco Javier Río Barja, discípulo de Otero Pedrayo, que en 1981 sucedió a Filgueira en la dirección del Instituto, rigiéndolo hasta 1994, o Xosé Manuel González Reboredo, Xosé Ramón Barreiro Fernández y José Carro Otero, que con aquél ejercieron sucesivamente

43 Véase Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo (2005): *O Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento. Sesenta anos ó servizo de Galicia (1944-2004)*, Santiago de Compostela, Consejo Superior de Investigaciones Científicas y Xunta de Galicia, 55 pp.

la secretaría. Y junto a ellos la larga nómina de los que coordinaron sus secciones o participaron en sus actividades, ejerciendo a veces funciones directivas, como Carlos A. Baliñas Fernández, M. Carlos García Martínez, Fernando Acuña Castroviejo, Felipe Arias Vila, Socorro Ortega Romero...

El protagonismo de estas nuevas generaciones en la vida del Instituto Padre Sarmiento concluyó en 1994, cuando éste inició una etapa nueva, diferente, pero quiero creer que de no menor entidad. De cualquier forma, hoy —como ayer— el *Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento* permanece fiel al honroso legado recibido y, por lo mismo, se esfuerza también en seguir siendo un punto de referencia inexcusable en la vida científica y cultural de Galicia. En este sentido, el número creciente de sus actividades investigadoras y culturales, así como el incremento y regularidad de sus propias publicaciones, creo que dan idea clara del rumbo retomado en este último decenio y de las metas que desea alcanzar en los ámbitos científicos que le son propios.

Copia

SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Habiendo sido llevado por el Comandante Militar de esta plaza con el fin de informarme - como miembro del Consejo Directivo del Seminario de Estudios Gallegos - de haber recibido un Oficio del Sr. Comandante de Armada en el que se le agradece la recordación de que esta entidad cultural alquilase los locales que ocupa en el edificio Ponce y ocupando el Seminario dichos locales por acuerdo de la Junta de Gobierno de esa Universidad autorizada por el Ministerio de Instrucción Pública según Oficio recibido de dicho Ministerio el 18 de Oct. de 1930 en vista del informe de la Universidad de Santiago en el que se hace constar que "La Junta de Gobierno en su última sesión acordó por unanimidad adherirse a dicha petición la cual consta el agrado con que acogiera la Universidad a entidad tan prestigiosa en la Región y fuera de ella, de la que celebraron sesiones de sus profesores y que con sus trabajos de investigación y publicaciones esta realizando un gran libro cultural digno de todo elogio." no permito tampoco a sus Rectorales exponiéndose que propende que el que se da por el Sr. Comandante de Armada está fuera de sus atribuciones orgánicas a sus Rectorales ni de que alguna - a la mayor brevedad y antes de que algún mal

Excmo. Sr :

Comisionados los infrascriptos para informar y buscar la forma más adecuada y conveniente para reanudar la labor y trabajos del SEMINARIO DE ESTUDIOS GALLEGOS, nada mejor que la memoria siguiente:

EL SEMINARIO DE ESTUDIOS GALLEGOS fue fundado el 12 de Octubre de 1923 por un grupo de estudiantes, la mayoría de la Facultad de la Sección de Historia de la Universidad de Santiago de Compostela, con el único fin de investigar y estudiar la cultura de la región gallega.

SUS COMIENZOS se limitaron a simples lecturas de trabajos, que se celebraron primero en la casa de su presidente el Dr. Cotarelo Vallader, y después, al crearse la Facultad de Filosofía y Letras, en una de sus aulas. Organizó círculos de conferencias y exposiciones de Arte. Se puso, con tal motivo, en contacto con el público. Se revisa, en pebras exentas, sus ficheros. Carece de ayudas materiales. El sostenimiento es sólo solamente al gran entusiasmo de los fundadores.

En junio de 1926, cuando contaba ya con colaboración de las Diputaciones y Ayuntamientos de Galicia, se instala finalmente en el edificio del Colegio de San Clemente, gracias a la gentileza de la Sociedad Económica, cedándole uno de sus locales.

Durante este tiempo emprendió la formación de un Vocabulario; cataloga obras; edita la primera Asamblea General; se preocupa de las ciencias filológicas y filológicas; publica en la editorial "Dar"; organiza las excursiones de Arte; instala el Michare Gráfico; da cursillos sobre "Fonética"; edita el primer tomo de "Archivos"; hace trabajos los nuevos miembros de la sección de Ciencias; se reciben donaciones de cuadros y esculturas; la sección de Prehistoria y Folklore realiza la excursión al Barbanza; se crea la sección de Ciencias Exactas; la primera edición de la Asamblea General celebrada en Pontevedra, celebrada en colaboración de la Universidad, los representantes de Pontevedra y Guequimia; se estudia la comarca de Malid; da a luz los trabajos de "Galves de Randiz" y "La cruz de piedra de la Estrela"; y responde a numerosas consultas de centros extranjeros.

UN MEJOR TIPO de asistencia desde el curso 1930 - 31, con la reforma de sus estatutos y el traslado del edificio de San Clemente al antiguo Colegio de Fonseca.

Fue, en la sesión extraordinaria del 16 de Noviembre de 1930, cuando se presentó a los señores del Gobierno, para sus vistas y aprobado por el Gobernador de La Coruña el 8 de Enero de 1931.

Según el tit. 1.º, art. 1.º del citado Reglamento: "El Seminario de Estudios Gallegos tiene POR OBJETO el estudio de todas las manifestaciones de la cultura gallega, tendiendo a la formación de investigadores y a la divulgación del resultado de los trabajos".

Desde este tiempo se funda una biblioteca; tras a los profesores algunos Danilovich y Reichenkron para dar conferencias y clases de Filología; se reciben subvenciones del Estado; se instalan, en el Museo Vint-



Audiovisual, teatro e sociedade

EULOXIO R. RUIBAL
Real Academia Galega

“Porque no mundo minguou a verdade”, apreciaba xa o trovador compostelán Airas Nunes no século XIII. Oito séculos despois habería que engadir que non só minguou a verdade, senón tamén outros moitos valores éticos. A rápida transformación social nos séculos XIX e XX, co paso das sociedades agrarias ás industriais, creou todo tipo de problemas e conflitos, individuais e colectivos. Os sociólogos non só constatan sociedades máis degradadas senón individuos máis infelices.

Pero quizais conveña lembrar antes de nada, aínda que de xeito esquemático, unha serie de aspectos que caracterizan a sociedade actual, a que algúns denominan “sociedade da crise”:

A.- Dislocación entre política e sociedade.

A crise xeral en Occidente é fundamentalmente unha crise de valores, que manteñen cohesionada unha sociedade. A “gran política”, como cre Castoriadis (1998: 14-28), un dos elementos colectivos e aglutinadores, agora está en crise. Hoxe, a palabra política é sinónimo de demagogía e cobiza de poder. Foi un dos piares que podían orientar accións colectivas; xa non ten sentido.

B.- Dislocación economía/sociedade. Estancamento económico/depauperización social.

As bolsas de pobreza e miseria relativa nos países industriais, ata agora freadas pola expansión xeral, convértense en permanentes. Os elementos que lograban cimentar, mellor ou peor, a sociedade (previsións de subida do nivel de vida) están desaparecendo. O mito do progreso derrúbase.

Ecoloxismo, tensión Norte-Sur e as súas imprevisíbeis consecuencias, globalización, movementos migratorios, racismo, xenofobia, condutas fascistas... erixíronse nos grandes temas.

C.- Individualismo xeneralizado/ perda de identidade / alienación do individuo.

Para o xa citado Castoriadis (1998: 130), o cidadán áchase atrapado pola sedución da sociedade de consumo. Nesa sociedade (capitalista), a principal significación é a "expansión indefinida do dominio" pois o mito do progreso confire sentido tanto á historia coma ós proxectos de futuro. A idea que transmite esta sociedade mediática, por medio dos seus instrumentos de comunicación, é que hai que gañar o máis posíbel, gozar ó máximo, pois todo o demais é secundario. O ser liberouse en certa maneira da tiranía de ter que ser el mesmo, co que o problema da identidade, individual ou colectiva, adquire proporcións incalculábeis.

Segundo E. Fromm (1968), "o carácter autoritario adora o pasado, o que foi unha vez serao eternamente (...). O concepto de pecado orixinal é característico da experiencia autoritaria (...). O que pecara unha vez estará atado para sempre á súa falta (Ibid. 208). "O futuro da democracia depende da realización do individualismo (...). A vitoria da liberdade é só posíbel se a democracia chega a constituír unha sociedade na que o individuo, o seu desenvolvemento e felicidade sexan a fin e o propósito da cultura" (Ibid. 315).

Así mesmo, cre o psicoanalista alemán que "o home mesmo converteuse nunha parte da maquinaria, en lugar de ser o seu amo. Sentiuse a si mesmo como unha mercancía, unha inversión; a súa finalidade reduciuse a ter éxito, é dicir, a venderse no mercado do modo máis proveitoso posíbel. O seu valor como persoa radica na súa 'vendibilidade', non nas súas calidades humanas de amor e razón, nin nos seus talentos artísticos".

D.- Cegueira da sociedade actual para analizar en profundidade os problemas que lle afectan.

O home contemporáneo típico compórtase coma se sufrira a sociedade, á que, por outra parte (baixo a forma do Estado ou dos outros) está sempre disposto a responsabilizar de tódolos seus males e a pedir solución ós seus problemas. A sociedade actual non se quere como sociedade, sófrefe a si mesma, e se non se quere non pode facer unha representación propia nin xerar un proxecto de transformación social polo cal desexe loitar (Castoriadis 1998: 25).

E.- Cansazo esencial no clima espiritual de finais do século XX, tal como opina Steiner (2001: 12).

Que é a vida do home se se lle quita o que a arte lle ten dado? Un espectáculo continuo de destrución... Se se prescinde na vida do que serve á beleza, só queda a necesidade, di Schiller, o que enlaza o romanticismo coa estética moderna do fracaso, do desencantamento (que vén de Schopenhauer ou Nietzsche). Parece unha nova formulación da desilusión do romanticismo.

Na historia áchase a explicación. Todo isto vén conformado ó longo de moito tempo, non xurdiu sen máis. Cada etapa histórica creará un tipo de teatro ou de audiovisual. A unha sociedade estática e asentada como a decimonónica correspondeulle unha estética que, logo da ruptura romántica, tivo a súa máis xenuína expresión no realismo, en especial, na novela, en que o tempo lento da descrición e da manifestación psicoloxista do individuo, establecía co público desa época. Pero os tempos comezaron a mudar de forma vertixinosa: grandes e revolucionarios inventos, todo tipo de guerras, mesmo dúas mundiais, expansión e renovación dos medios de comunicación, velocidade vertixinosa, tanto física como psíquica, etc., propician tamén unha eclosión de estéticas que se suceden, superpoñen ou interfíren.

Cal é a situación da "sociedade da crise" hoxe en día?

Temos, por unha parte, unha sociedade cada vez máis convulsa, violenta, fragmentada, con enormes diferenzas económicas e culturais, que impiden non xa só a convivencia, senón que a situación se estenda a xeito de histerismo colectivo. Lonxe de propiciar un achegamento a uns puntos de acordo básicos que poñan fin a tantos desaxustes (ecolóxicos, económicos, culturais, relixiosos, etc.), seguen a perpetuar os enfrontamentos e desacordos, tras os cales mentes fanáticas e intransixentes evitan a súa consecución. Mentres tanto, os Estados e industrias multinacionais aproveitan para afirmar o seu poder hexemónico; non se albisca, pois, a curto prazo, un consenso para buscar unha solución a toda unha gama de conflitos de primeira magnitude que fan imposíbel o avance cara a un auténtico progreso. Cumpriría considerar tamén a "sociedade do simulacro" de Jean Baudrillard (2005). Fica para outra ocasión.

Polo que se refire a Galicia, con escaso poder decisorio e un autogoberno insuficiente, vai ó pairo, como outros moitos países, por non dicir que naufraga nun mar de turbulentas e procelosas augas. No noso país, ademais do devandito, a medio camiño entre unha aínda non esmorecida cultura agraria e cunha elite neocapitalista relacionada coas altas finanzas e industrias de tecnoloxía punteira, semella aínda máis desorientada, desnortada, sen saber que rumbo coller, nin en que alicerces socioculturais asentarse. A toda esta problemática exposta aquí pódese engadir un amplo abano de temas que xiran arredor do eixo conformado

por unha irrenunciábel construción identitaria; entre eles, acada a súa máxima relevancia a situación da lingua, isto é, unha diglosia que moitas veces se nega, "camufla", ou encobre de forma insensata ou raposeiramente cínica.

Acéptase moitas veces o inaceptábel e vivimos e convivimos baseándonos constantemente en vellas e novas falacias, "porque no mundo minguou a verdade", ou desapareceu, en moitos casos, substituída por falsidades ou medias verdades, decote comenenciudas, que fan difícil convivencia. A problemática socio-política e maila cultural arrevóltanse e arremuíñanse, mais non remansan para potenciarse mutuamente. Entre as moitas máscaras que se establecen ó redor seu, a da realidade e a da aparencia, nas que incidiu a filosofía grega e que deu lugar á creación do teatro (occidental), salientan a do rito público en contraposición á da cerimonia privada. O teatro galego, malia a súa recente emerxencia, incorporouse, serodia ou parcialmente, ás correntes artísticas que hoxe en día imperan nos centros teatrais máis influíntes. Non acadou a altura nin a necesaria normalización, pero si importantes cotas de calidade, presenza e dinamicidade socio-cultural. Os seus parámetros ético-estéticos pódese dicir que parten dos promovidos na escena occidental. Pero interéсанos a relación entre este teatro e a sociedade que o fai posíbel e á cal vai dirixido en primeiro lugar.

A vulgar polo número de espectadores, a incidencia social da escena galega é mínima. Hai, non obstante, outros factores que a suplen e compensan: algunha presenza (escasa) nos medios de comunicación, achegamento ó ensino, etc. Pódese dicir que hoxe en día temos teatro profesional, independente, *amateur* (casas de cultura, aulas da terceira idade, grupos de empresas, etc.), universitario e escolar. En todos estes grupos, para acadar a necesaria comunicación entre taboado e auditorio, posúen diversas estéticas, con diferentes graos de nivel artístico e de preocupación lingüística e cultural. Detéctase certo espírito anovador, que pretende situar a nosa arte escénica á altura dos países máis avanzados; non dispoñemos dun público burgués mais si dun teatro que aínda arrastra a súa influencia e que conecta cunha amorfa clase media, case sempre ilustrada (estudiantado e profesorado), pero que está moi afastada dun público representativo do país galego. Este (virtual) público, ou ben ignora o feito teatral, senón se opón solapada ou abertamente a el, ou ben se alimenta de espectáculos de compañías españolas en xira, de espectáculos que se cruzan nas súas viaxes de pracer ou negocios, ou, como ocorre maioritariamente co formado pola xente do común, prefire o que podemos considerar "teatro televisivo", son no fondo as diversas series que se ofrecen, ó parecer con éxito, para o banal consumo cotián. A estética deste audiovisual escénico pódemola encadrar dentro dun costumismo urbano que conecta artisticamente co teatro formado na tradición rexionalista. Pódese dicir, polo tanto, que a sociedade actual galega ten o teatro que lle corresponde?

Chegados a este punto, é moi importante que teñamos en conta que o teatro que marcou as liñas mestras das estéticas contemporáneas non foi aceptado nin divulgado no momento de se producir, senón bastante tempo despois e dependendo dos casos. En maior ou menor medida, o teatro máis aceptado e estendido foi o que seguiu os ronseis do espectáculo burgués. Pero actualmente, en Galicia, como noutros lugares, onde non houbo nin hai unha burguesía potente, mais si unha ampla clase media, non só non temos un teatro dirixido a esa burguesía, senón que o teatro que agora está tendo éxito de público, é dicir, o teatro televisivo, vén ser o correspondente a un teatro popular dexenerado que non é outra cousa que esas series "chabacanas", herdeiras do costumismo saineteril, de opereta, astracanada e outros xéneros semellantes. Nunca estivemos tan lonxe da "Barraca" de García Lorca ou do teatro das Misións Pedagóxicas de Rafael Dieste.

Cal é, pois, o teatro que verdadeiramente necesita esta sociedade, que non é, nin moito menos, o que está a consumir?

As últimas propostas escénicas inciden nun teatro baseado nunha estética de choque, no aspecto visual, ou na *performance*. É un teatro, ademais, con dúas vertentes diverxentes. Por unha parte, resulta escapista, descomprometido, que procura o efecto espectacular, o abraio, mais amósasenos vacuo, inchado, insubstancial. Por outra, tenta reflectir a sociedade, mais fundamentalmente nas formas, isto é, un teatro crítico pero esnaquizado, deslabazado, confuso, con grandes doses de hibridismo e xogos paródicos. Os personaxes bonequizaronse e cousificáronse, cando non desapareceron, as historias escacharon ou esclerotizáronse, a linguaxe distorsionouse ó máximo ou recorreuse á parodia da parodia, dislocouse o espazo, transmutouse o tempo, a obviedade patentizouse, os efectos acadaron o *summum* do naturalismo. Pero lembremos que a nosa sociedade anda moi enferma, desnorxada, neurotizada, convulsa; é máis egoísta e insolidaria que nunca e xa só parece vivir para un hedonismo (mercado), un culto ó corpo (mercado), unha gastronomía (mercada), unhas viaxes-cruceiros-peregrinacións-fugas (mercadas). Tenta vivir no "paraíso" que as empresas publicitarias e de *marketing* ó servizo dos altos mercadores de arestora nos fan soñar e para os cales vivimos escravizados neste mundo de mera compra-venda, sen decatarnos, moitas veces, de que o noso amor, a nosa amizade (por non dicir a nosa dignidade), non é máis que pura mercadoría, mercadoría que, mercé ó pai da psicanálise, sublimamos de xeito que nos permita ollármonos no espello que ofrece a máscara do outro. O teatro e mailo audiovisual, moitas veces, no canto de reflectir a sociedade (con espellos planos, cóncavos ou convexos), acabaron por esluirse nela, en ser coma ela, en ser ela mesma; problema, polo tanto, tamén de identidade. Conseguiuse un audiovisual neurótico para unha neurótica sociedade. Que sentido ten isto? O círculo vicioso (que non máxico) da galería de espellos, pechouse e xira agora en espiral.

Pero retomemos outro tema, ó que xa nos temos referido. A novos tempos, nova ética: por iso se decantan os máis prestixiosos pensadores actuais. Mais tamén, a novos tempos debe corresponder, en boa lóxica, unha nova estética, en consonancia con esa nova ética. Castoriadis, tan citado aquí, fala da necesidade de atopar nunha nova ética os criterios capaces de orientar os actos e os comportamentos individuais. Juan Antonio Marina (1995), pola súa parte, defende que os sentimentos universais son moi poucos e que a maioría foron construídos culturalmente. A felicidade, por exemplo, considéraa como unha creación da intelixencia e a ética vén ser para el un proxecto constituínte universal, no cal os dereitos fundamentais se resumirían no dereito á vida digna, dereito á vida intelixentemente libre, e dereito a procurar a felicidade persoal.

Xa vimos que durante o século XX o teatro (e o audiovisual) máis anovador amosábase por veces crítico á altura do seu tempo, tanto ética como esteticamente; pero, cousa fundamental que moitas veces esquecemos, ese teatro chegaba sempre de forma serodia ó seu destinatario, e as súas poéticas converxían en xeral na que Adorno (1992) denominou dialéctica "negativa", é dicir, simplificando, centrábanse na expresión crítica dos aspectos máis negativos da sociedade coetánea. É conveniente hoxe en día teimar na continuación dunha estética negativista? Débese xogar, rañar, lembrar, remexer, burlar, parodiar, etc., decote nas feridas ulcerosas desa enferma sociedade? É iso proveitoso, necesario, inevitábel? Non cumpriría, ademais, camiñar cara a unha estética de signo "positivo", cara a unha estética que, sen esquecer as anteriores, é dicir, situada na tradición, unha estética que non eluda a súa obriga crítica, nin o seu compromiso histórico, unha estética que valore, lembre e amose ó público actual os valores positivos que aínda o ser humano, milagrosamente, posúe, que aínda conserva? Se unicamente amosamos os aspectos negativos, moitas veces de forma naturalista, ou sexa, con enfática chacota e ruín crueza, presentaremos un cadro tan terríbel que, como ben expresa Castoriadis, e sinalamos máis arriba, a sociedade actual non quererá nin poderá facer unha representación de si mesma, nin xerar un proxecto de transformación social polo cal queira e desexe loitar. Só se atopamos os mecanismos para lograr un equilibrio ó mostrar aspectos positivos e negativos, descubriremos o potencial inmenso que se oculta nesa sociedade e tamén un camiño para a esperanza do cambio dunha sociedade construída con intelixencia humanística.

Se por un casual conseguimos que xurda en algures esta nova estética de signo positivo, que non se opón á de Adorno, senón que a complementa, temos a obriga de espallala por tódolos nosos medios, a fin de evitar que fique, como a miúdo ocorre, en círculos minoritarios, elitistas. Ese novo teatro debe chegar a un público cada vez máis numeroso e recuperar o potencialmente instalado na am-

pla clase media, quizais a máis alienada, pero da cal xurdirá esa enerxía de signo positivo que debería emerxer para o seu asentamento social en condicións que favorezan o seu vivir en dignificadora liberdade.

Sen idealismos, mais tamén sen noxos baleiros, angustias e pesimismo, non estamos a necesitar que tamén se amose, sen obviar elusións e parodiadas parodias, que pode haber amigos fieis, amores auténticos, relacións pacíficas, respecto ó outro, solidariedade, sociedades máis xustas (en todo tipo de repartimentos), operacións económicas honradas, xente de palabra, e unha serie de valores que hoxe parecen pertencer a outra época e que non son máis que os valores que nos fan máis humanos e que, en definitiva, nos enaltecen? A arte, neste caso o teatro, se ademais de divertir e facer cavilar, como quería Brecht, non nos dignifica individual e colectivamente, de que nos serve?

Bibliografía

- ADORNO, Theodor W. (1992): *Dialéctica negativa*, Madrid, Taurus.
- BAUDRILLARD, Jean (2005): *Cultura simulacro* Barcelona, Kairós.
- CASTORIADIS, Cornelius (1998): *El ascenso de la insignificancia*, Madrid, Catedra.
- FROMM, Erich (1968): *El miedo a la libertad*, Buenos Aires, Paidós.
- MARINA, José Antonio (1995): *Teoría de la inteligencia creadora*, Barcelona, Anagrama.
- STEINER, George (2001): *Gramáticas de la creación*, Madrid, Siruela.

[Illegible text block]

[Illegible text block]

[Illegible text block]

[Illegible text block]

San Salvador de Camanzo: historia e arte dun mosteiro esquecido

RAMÓN YZQUIERDO PERRÍN
Universidade da Coruña

I. Apunte histórico

Ao municipio de Vila de Cruces pertence a parroquia de San Salvador de Camanzo que, para Madoz¹ era: “antigua jurisdicción de la denominada provincia de Santiago ... cuyo señorío ejercía el ex monasterio de Benedictinas de San Payo de Santiago, quien nombraba juez ordinario”, frases que condensan a historia dun antigo mosteiro que hoxe asoma ao embalse de Portodemouros, área na que desenvolveu a súa actividade un mozo Xosé Ramón Barreiro. Un vello documento copiado noutro máis recente do Arquivo de San Paio de Antealtares² afirma que fundaron tal abadía na era 977, —ano 939—, os condes don Gonzalo e dona Teresa co apoio do bispo de Lugo, Hero, e que así fixeron realidade os desexos do presbítero Egica. O prelado e a condesa conseguiron do rei Ramiro II que o mosteiro só estivese suxeito aos Reis de León. Nos anos centrais do século X o bispo Sisnando e outros personaxes asignáronlle preto de Cambados unha salina das que se incautara a raíña dona Aragonta³, filla do seu fundador. Mais nada se

- 1 Madoz, Pascual (1846): *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus provincias de ultramar*, Madrid, Tipografía de Madoz, T. V, p. 324.
- 2 Buján Rodríguez, María Mercedes (1996): *Catálogo archivístico del monasterio de benedictinas de San Payo de Ante Altares*, Santiago de Compostela, Consorcio de la ciudad de Santiago de Compostela, p. 28, doc. 130. Nel disc que o presbítero Egica intentara fundalo dous anos antes, que o seu primeiro abade se chamaba Feiz e que á súa beizón, así como á consagración da igrexa primitiva asistiron o bispo don Hero e san Rosendo. Con anterioridade publicou estes datos López Ferreiro, Antonio (1899): *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*, Santiago de Compostela, T. II, p. 192, nota 2; 304 e 346. Para Lucas Álvarez este documento dataría de 929. Véxase Lucas Álvarez, Manuel (1978): “El monasterio de San Salvador de Camanzo”, *Archivos Leoneses*, ano XXXII, núm. 64, pp. 292-293, nota 1 da primeira.
- 3 López Ferreiro, Antonio (1899): *Op. cit.*, T. II, p. 347. Este autor foi quen primeiro se referiu á incautación e posterior repartición das salinas, asunto que datou no ano 964. López Ferreiro, Antonio (1889): “Memorias

coñece de tan remotos comezos, nin na fábrica actual se ven elementos reutilizados dos antigos edificios.

Dos últimos anos do século XI e primeiros do XII coñécense algúns legados a Camanzo⁴, pero é a doazón efectuada pola raíña dona Urraca⁵ o 3 de xaneiro de 1115 a que xera nel unha nova situación e, dalgún modo, abre unha fecunda etapa na súa historia. Pouco despois, o 23 de xullo de 1122, o arcebispo de Santiago, Diego Xelmírez, doa ao mosteiro os décimos das ermidas existentes no seu couto, así como outros bens⁶ contando co beneplácito da raíña e do seu fillo Afonso. Ao mesmo tempo establece unha irmandade entre el, o cabido compostelán e a comunidade de Camanzo, á que confirma a facenda outorgada polos seus fundadores. Cérrase o século XII coa doazón de Pelaio Pérez, o Mozo, en 1197 e unha manda testamentaria de cincuenta soldos e catro moios de pan de dona Urraca Fernández⁷, filla do conde don Fernando Pérez de Traba, en 1199. Ao longo do século XIII, especialmente na súa primeira metade, recibiu Camanzo varias herdades e legados testamentarios⁸, achegas económicas que deben de relacionarse coa construción da igrexa e do mosteiro anexo, aínda que, finalmente, parece que non chegaron para completar un proxecto tan ambicioso, como pode conxecturarse a través do seu estado actual. Tales documentos permiten, tamén, coñecer os nomes dalgúns dos seus abades: Juan, Juan Fernández, Sebastián, Pedro Yáñez, así como dos seus priores: Pedro Peláiz, Sebastián Peláiz, Pedro Martínez e Juan Martínez, entre outros.

A finais do século XIII o patrimonio monástico comeza a ser obxecto da cobiza dalgúns laicos, situación que se agrava no XIV e obriga a frei Rodrigo Afonso en 1398 a clarificar cales son as propiedades e dereitos do mosteiro, que daquela non só pasaba unha grave crise económica, senón tamén de relixiosos, xa que en

de la reina gallega doña Aragonta", *Galicia Diplomática*, ano IV, núm. 2, 13 de xaneiro. Pola súa parte Lucas Álvarez data este feito no ano 956, véxase Lucas Álvarez, Manuel (1978): "Op. cit.", p. 294.

- 4 Lucas Álvarez, Manuel (1978): "Op. cit.", p. 295, docs. 2^a, 2b y 3, pp. 340, 342.
- 5 López Ferreiro, Antonio (1900): *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*, Santiago de Compostela, T. III, p. 410 e apéndice XXXII, pp. 95-96; Lucas Álvarez, Manuel (1978): "Op. cit." pp. 295 e 342; Recuero Astray, Manuel José e outros (2002): *Documentos medievales del Reino de Galicia: Doña Urraca (1095-1126)*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, doc. 38, pp. 81-82; Ruiz Albi, Irene (2003): *La Reina Doña Urraca (1109-1126). Cancillería y colección diplomática*, León, Centro de Estudios e Investigación San Isidoro, pp. 452-453.
- 6 López Ferreiro, Antonio (1901): *Op. cit.*, T. IV, pp. 64-65; López Ferreiro, Antonio (1901): *Colección Diplomática de Galicia Histórica*, Santiago de Compostela, doc. XXVIII, pp. 140-141; Lucas Álvarez, Manuel (1978): "Op. cit.", doc. 6, pp. 342-343; Buján Rodríguez, María Mercedes (1996): *Op. cit.*, doc. 131, p. 28.
- 7 Lucas Álvarez, Manuel (1978): "Op. cit.", doc. 7, p. 343; López Ferreiro, Antonio (1901): *Colección Diplomática*, doc. XX, pp. 84-89, en particular p. 86.
- 8 Véxanse en particular en Lucas Álvarez, Manuel (1978): "Op. cit.", pp. 297-298 e 301; López Ferreiro, Antonio (1901): *Colección Diplomática*, docs., núm. LVIII, LX, CIV, pp. 263-265, 270-271 e 454-455, respectivamente.

1402 a comunidade reducíase ao abade, o prior e tres monxes. Os esforzos que se fan para remediar tan dramática situación resultan estériles e en 1460 frei Juan de Carbia é nomeado pola autoridade eclesiástica administrador perpetuo de Camanzo, cuxa comunidade a compoñían só cinco monxes que son conscientes da difícil situación que atravesan, de cal é a causa e de quen son os culpables: “algunas personas e omes poderosos que nos amenaçan e desafían” se non lles deixan usurparlles os bens que desexan, “de tal maneira que nos e o dito mosteiro os perdemos e nos non renden cousa alguna”⁹.

O 19 de xullo de 1462 frei Vasco Escochado¹⁰ é prior de Camanzo, cargo que aínda desempeñaba en 1491, seguramente data da súa morte. Durante tan longo mandato pretendeu estabilizar a maltreita economía do mosteiro polos roubos e abusos do conde de Altamira, de quen escribiu Vasco de Aponte¹¹: “Es gran señor en Galicia; al tiempo no le ay mayor después del que fuere conde de Lemos ... En Cira, o couto de Camanço, y Santa Baya de Vedra, y más que se me olvidan” son del. A morte de frei Vasco, segundo o profesor Lucas¹², “debió de provocar la ocupación de hecho por parte de San Martín del monasterio de Camanzo y sus bienes, con la anuencia del reformador de Valladolid”, quen se ocupaba dos mosteiros de Santiago. Quizais por iso en 1494 don Diego de Saldaña, bispo de Beirut con residencia na cidade, asumiu a rexencia de Camanzo, aínda que non estaba integrado en San Martiño Pinarío.

Ao ano seguinte Lope Gómez de Marzoa logrou que os monxes de San Martiño lle cederan o edificio de San Paio de Antealtares para establecer nel un estudo de gramática, embrión da Universidade de Santiago, e tamén recibiu de frei Juan de Melgar e da súa comunidade os bens e dereitos que pertencían a San Salvador de Camanzo para o seu sustento e o da súa muller. Porén, o 18 de xullo de 1499 frei Rodrigo de Valencia e os monxes citados volveron do seu acordo¹³ ao decidir que Antealtares acollera un mosteiro feminino e ademais decatáronse de que “Camanço ... era abadía e non estaba anexa al dicho monasterio de San Mar-

9 Lucas Álvarez, Manuel (1978): “Op. cit.”, pp. 299-306.

10 O seu apelido é dubidoso e o propio Lucas Álvarez (“Op. cit.”, p. 307) ofrece dúas posibilidades máis: Escochado ou Cochado, no regesto do documento 69, p. 375, menciónao como Chocado; no 71, p. 376, Escochado, Eschoquedo, no 72.

11 Aponte, Vasco de (1986): *Recuento de las Casas Antiguas del Reino de Galicia*, Santiago de Compostela, Consellería de Presidencia, pp. 209-211. Introducción e edición crítica con notas de Díaz y Díaz e outros. Lucas Álvarez, Manuel (1978): “Op. cit.”, pp. 307-311.

12 Lucas Álvarez, Manuel (1978): “Op. cit.”, pp. 308-311.

13 López Ferreiro, Antonio (1968): *Galicia en el último tercio del siglo XV*, Vigo, Editorial Galaxia pp. 174, 177 (3ª edic.); García Oro, José (1976): *Diego de Muros III y la cultura gallega del siglo XV*, Vigo, Editorial Galaxia, pp. 83-84, nota 241; Lucas Álvarez, Manuel (1978): “Op. cit.”, pp. 309-311. Buján Rodríguez, María Mercedes: *Op. cit.*, docs. 6, 27, 51, 127-129, pp. 19, 21, 22, e 28, respectivamente.

tino, por ende ... dieron por ninguno e de ningun valor cualesquiera contrabtos". Finalmente, a anexión de Camanzo a Antealtares debeu de producirse ao comezos do século XVI, pois en 1506 Alonso González tomou posesión del en nome de San Paio, pero a súa abadesa non a considerou firme ata que o 3 de xullo de 1515 o xeneral reformador, frei Pedro de Nájera, o suprimiu como mosteiro e o uniu a Antealtares co beneplácito da congregación de Castela. Antes de acabar o mesmo ano, o 4 de decembro, o papa León X ratificou tal actuación cunha bula.

A abadesa esixía seguridade na anexión de Camanzo porque, inicialmente, unírase a San Martiño por ter sido mosteiro masculino, aínda que pouco despois se transferiu a Antealtares ao non ser suficiente para o mantemento deste as rendas dos mosteiros femininos suprimidos. Que ninguén reclamara tales actuacións puido deberse a que o seu último abade, o xa mencionado frei Vasco Escochado, morrera. Por iso a primeira abadesa de San Paio de Antealtares, dona Beatriz de Acuña, aforou algúns dos seus bens en 1509 sen que xurdira ningún problema. Aínda que en 1517 varios mosteiros masculinos que se uniran a San Paio volveron depender dos de San Martiño e Celanova, Seavia e Camanzo continuaron unidos a Antealtares, o que permitiu que en 1518 a súa segunda abadesa, dona Isabel de Carrión, visitara Camanzo coa autorización do xeneral da Congregación, frei Pedro de Nájera¹⁴.

A propiedade de Camanzo satisfacía as relixiosas tanto pola súa proximidade a Santiago como porque exercían nela a xurisdición civil e criminal que correspondía ao seu señorío e, ademais, ao longo do século XVI e inicios do XVII refuxiábanse aquí cando se producía unha epidemia de peste en Santiago. Talvez por este motivo o capítulo xeral de 1556 tratou, entre outros asuntos, o pedimento das monxas de San Paio para trasladarse a outro lugar que, segundo Colombás, podería ser Camanzo. Aínda que a súa solicitude non se levou a cabo, as monxas debían acudir a el con certa frecuencia xa que en abril de 1577 consta nun documento do Arquivo de Antealtares que se encontraban "juntas en nuestro capitulo" de Camanzo¹⁵. Tanta paz viuse perturbada en 1584 cando o rei Filipe II, con autorización do papa Gregorio XIII, se apoderou dos coutos de varios mosteiros anexionados a Antealtares, entre eles o de Camanzo, pero ao ano seguinte as monxas rescatárono ao indemnizar a quen ía explotalo con 90.000 marabedís. Como proba do seu señorío sobre tales posesións, en 1598 as monxas de San Paio non só exercen os seus dereitos no couto, senón que tamén nomean o seu capelán

14 Colombás, Manuel G. (1980): *Las señoras de San Payo. Historia de las monjas benedictinas de San Pelayo de Antealtares*, Santiago de Compostela, Caixa de Aforros de Galicia, pp. 44-61.

15 Colombás, Manuel G. (1980): *Op. cit.*, pp. 112-113.

así como os cargos de administración e xustiza; aínda en 1607 facían uso de “la jurisdicción çebil y creminal” e aquí adoitaban recollerse en tempos de peste¹⁶.

Ao longo do século XVII descende o número de referencias documentais relativas a Camanzo, pero en 1666 os visitadores da Orde fan constar que as igrexas dos priorados de San Paio están en ruínas e pouco aseadas, en xeral, o que obriga a que en Camanzo haxa que realizar importantes reparacións, aínda que se descoñece en que consistiron e se chegaron a levarse a cabo. Quizais con esta noticia haxa que relacionar outra de 1667 pola que dona Juana Francisca de Zúñiga, abadesa do mosteiro, pon á fronte de San Salvador de Camanzo un monxe para administrar a súa facenda e a vigairía anexa¹⁷.

En 1707 a situación de Camanzo complicase ao pretender a abadesa nomear novo vigairo, ao que se opoñían os fregueses, polo que recorre á autoridade episcopal para defender o seu dereito. Finalmente consegue, co apoio das monxas, designar a frei Francisco Moreno como “primer prior”. Entre 1721 e 1725 houbo que realizar unha importante intervención na igrexa e nos edificios do priorado: “demoliose y se redificó de nuevo todo el cuerpo de la iglesia de Camanzo. Hizose toda la casa del Priorato”¹⁸. A finais da centuria, entre 1783 e 1788, producíronse novos episodios violentos en Camanzo que culminan coa queima do hórreo do prior, frei Plácido Emelgo, por parte dos veciños e do pedimento de protección que aquel fai á abadesa. O 8 de marzo de 1836 publícase un Real Decreto que desamortiza os bens eclesiásticos, complementado cunha instrución o día 24 da Caixa de Amortización pola que se incautan das rendas e bens de Antealtares¹⁹, entre eles de Camanzo, cuxa igrexa se converteu en parroquial, rango que mantén. Acabo esta breve historia como a iniciiei, cunha cita de Madoz²⁰: “En esta feligresía había un escelente priorato correspondiente a las monjas de San Payo de Santiago, el cual radicaba en un coto del mismo nombre que aquélla”.

Xa nos últimos anos do século XX a igrexa de San Salvador de Camanzo, así como o pouco que queda do mosteiro medieval foron obxecto de diversas intervencións²¹ por parte da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura

16 Colombás, Manuel G. (1980): *Op. cit.*, pp. 132-135, 145 e ss. Hoyo, Jerónimo del (1950?): *Memorias del arzobispado de Santiago*, Santiago de Compostela, Poto y Cia editores, p. 432. Edición de Rodríguez González, Ángel e Varela Jácome, Benito.

17 Colombás, Manuel G. (1980): *Op. cit.*, p. 184. Buján Rodríguez, María Mercedes: *Op. cit.*, doc. 1973, p. 133.

18 *Libro de Depósito 4*. Archivo Histórico de San Paio, Santiago de Compostela, B-7, fol. 94V. Agradezo á Rvda. M. Arqueveira de san Paio, María Mercedes Buján Rodríguez, as facilidades para consultar os fondos de dito Arquivo. Véxase, tamén, Colombás, Manuel G. (1980): *Op. cit.*, pp. 273-276 e 345-348. Buján Rodríguez, María Mercedes: *Op. cit.*, docs. 1062-1064, p. 77.

19 Colombás, Manuel G. (1980): *Op. cit.*, p. 409.

20 Madoz, Pascual (1846): *Op. cit.*, T. V, p. 325.

21 Agradezo ao Instituto de Conservación e Restauración de Bens Culturais da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, en especial a don Germán Hermida, por facilitarme estes datos do seu Arquivo, onde o primeiro dos proxectos citados figura coa sinatura 84/029 e, o segundo, coa 92/134.

da Xunta de Galicia. A de maior transcendencia afectou ao conxunto do edificio e efectuouse en 1984, segundo o proxecto do arquitecto don Rafael Fontoira Surís. En 1992 completouse a restauración con obras previstas por Fontoira pero que entón non se executaron, como a de pavimento das naves, proxecto que elaborou o arquitecto don Miguel Arce Sanjuán.

2. Estudo do mosteiro

2.1. Exteriores

2.1.1. Cabeceira

Nos actuais edificios da igrexa e reitoral de San Salvador de Camanzo non se coñecen pezas ou restos da época fundacional, o século X, aínda que algúns consideran que a planta exterior da capela maior, que afirman ten forma de ferradura, é un vestixio da igrexa primitiva²². Ao meu xuízo existe un evidente problema de encontro entre o extremo do muro do presbiterio e o da nave central que, probablemente, se debe en maior medida á complexa historia construtiva da igrexa e a outras intervencións máis recentes que a unha planta de ferradura que, se se compara coas habituais na arquitectura hispana do século X, non tería paralelo nin pola súa forma nin polas súas proporcións.

As doazóns que recibe o mosteiro ao longo do século XII e a intensa actividade edilicia que se desenvolve noutros cenobios da súa contorna, a cuxa cabeza se encontra San Lourenzo de Carboeiro²³, deberon de impulsar a comunidade de Camanzo a renovar a súa igrexa e mosteiro, aínda que a súa construción resultou moito máis complicada do previsto e o proxecto inicial, seguramente, nunca se completou. As escasas noticias dos últimos séculos medievais que falan da súa exigua comunidade de non máis de cinco monxes, incluídos o abade e o prior, e as demais dificultades do momento completan o sombrío panorama que reduciu o empeño inicial dos monxes.

Como é habitual, a construción iniciouse pola cabeceira e continuouse polos muros perimetrais. Consta de tres ábsidas das que a central é considerablemente maior ca as colaterais e o seu peche semicircular arranca unha vez superado o perímetro destas. Ningunha das capelas ten a altura inicialmente prevista e carecen da habitual cornixa, na que alternarían os "canecillos" cos capiteis das columnas embebidas que articulan os seus muros. Tal recorte fai que o volume

22 Castillo, Ángel del (1972): *Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia*, Santiago de Compostela, Bibliófilos gallegos, p. 98; Sa Bravo, Hipólito de (1978): *Las rutas del románico en la provincia de Pontevedra*, Pontevedra, Caja Rural Provincia de Pontevedra, p. 711; Fontoira Surís, Rafael (1996): *Descubrir el románico por tierras de Pontevedra y el Camino de Santiago*, Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra, p. 239.

23 Sobre este mosteiro: Yzquierdo Perrín, Ramón (1986): "El monasterio de Carboeiro", en *Monacato Galego. Sexquimilenario de San Bieito*, Boletín Auriense, Anexo 6, Ourense, pp. 121-151.

previsto polo seu anónimo mestre quede tan diminuído que a súa visión resulta achaparrada, sensación que potencia o recrecido nivel do terreo circundante, que serve de cemiterio parroquial. Por esta razón, tanto o baseamento dos muros como as bases das columnas quedan a ras do terreo ou, incluso, parcialmente enterradas. A alteración da altura das ábsidas permite, non obstante, que os seus tellados queden ao mesmo nivel ca o das naves e que todo o edificio presente, de maneira excepcional, unha cuberta continua.

A un terzo da altura prevista para as ábsidas percórreas, polo exterior, unha imposta en caveto que anela os fustes das columnas e contrafortes prismáticos que se alzan entre a capela maior e as colaterais e serve de apoio ás ventás que se abren nelas: dúas en cada unha das laterais e tres na central. Todas teñen a mesma organización: arcos de medio punto dobrados dos que o maior se apoia no muro mediante unha imposta en bisel ou nacela que é como a prolongación dos cimacios das columnas acodilladas en que carga o menor. As arestas dos arcos moldéanse en bocel con medias canas na rosca e intradorso. Pola súa parte as chambranas quedan en caveto. O arco menor da ventá nordeste da capela maior presenta un tratamento ornamental diferente ás demais xa que percorre a súa rosca un festón de catro arquiños en lixeira ferradura entre os que se labraron pequenos círculos de extremos abertos ata o bordo das doelas. Este motivo é de ascendencia mateana e debeu de chegar a Camanzo a través dun mestre procedente do próximo e contemporáneo taller de Carboeiro. No arco citado en vez de clave prodúcese unha xunta central, o que unido ao motivo ornamental descrito ten un innegable interese cronolóxico.

Durante a restauración de 1984 tamén se destaparon aquelas ventás que se cegaran cando se colocaron no interior das ábsidas retablos que as ocultaban, por exemplo a do sueste da capela maior. Entón foi preciso repoñer varios fustes que desapareceran, así como algunha das bases áticas sobre as que se alzan. Rematan en capiteis de follas dispostas nunha ou dúas ordes que adoitan resolverse en bolas ou volutas, o que os asemella aos *crochets* propios da época na que se labraron. Os estreitos vans das ventás péchanse con arquiños que, ás veces, teñen unha sinxela ornamentación xeométrica, por exemplo na capela norte e no oco axial da maior. Para tapar tales ocos e permitir ao mesmo tempo o paso da luz colocáronse, durante a intervención de 1984, laxas de alabastro en substitución das maltreitas ventás de madeira con vidros que había.

Sobre os tornachoivas dos arcos das ventás dispónse a circunstancial cornixa que remata as ábsidas. Na capela norte elévase un pouco máis arriba que na sur, probablemente para facilitar o seu entronque cun tellado anexo; mentres na central, o muro elévase ata catro fileiras máis de cantería, con respecto á capela sur, e dúas, coa norte. Así alcánzase a altura da cuberta da nave central e todo o

edificio ten un tellado único a dobre vertente. Aínda que hipotético, é posible que as ábsidas nunca alcanzaran maior altura, xa que non se atoparon nin “canecillos”, nin capiteis, nin ningún outro vestixio no curso das intervencións realizadas no conxunto eclesial.

2.1.2. Naves

A planta da igrexa é unha basílica de tres naves que, excepcionalmente, teñen diferente lonxitude. A central alcanza unha longura aproximada de 22 metros, pero as laterais son hoxe, practicamente, a metade, e sitúanse ao redor de 11,50 metros. Tan irregular trazado débese, con seguridade, ás intervencións realizadas na igrexa ao longo dos séculos que, a teor da documentación coñecida, estaba en ruínas en 1666 pero, quizais, non foi ata 1721 cando se realizaron importantes obras que se prolongaron ata 1725. Entón “se demolió y reedificó todo el cuerpo de la (iglesia) de Camanzo y se hizo toda la casa del priorato”²⁴. En anchura tamén destaca a nave central, con 5 metros, mentres as laterais quedan en 3,5. É dicir, a maior é un terzo máis ancha que as colaterais. A remodelación das naves, loxicamente, tamén afectou á fachada principal, que perdeu os seus corpos laterais. Polo tanto, as modificacións efectuadas na igrexa de San Salvador de Camanzo crearon unha planta singular dentro da arquitectura relixiosa galega do seu tempo.

Ao refacerse os muros perimetrais alterouse a súa organización orixinal e, seguramente se cortaron as naves colaterais, que só conservan os dous tramos inmediatos á cabeceira, mentres que a central mantén os catro que tamén tiveron aquelas. Tan drástica intervención afectou igualmente ao alzado e altura dos muros das naves.

2.1.3. Porta norte

No muro norte permanece unha singular portada medieval que permitía aos monxes a comunicación directa entre as estancias monásticas e a igrexa. Consta dunha soa arquivolta de medio punto, apeada en columnas acodilladas de fustes lisos que, con seguridade, se alzaban sobre bases áticas hoxe enterradas. Os seus capiteis decóranse con estilizadas follas que volven á fronte no seu remate e acaban con bolas que acentúan a súa plasticidade. No capitel esquerdo unha abrazadeira ata as follas cara á metade da súa cesta; no dereito, a que coincide coa esquina ten o eixe perlado, como adoita ocorrer nos capiteis de filiación mateana. Os cimacios esténdese lixeiramente polo muro para apear a chambrana de devandita arquivolta que se decora con puntas de diamante.

24 *Libro de Depósito 4*, cit. fol. 94v. Colombás, Manuel G. (1980): *Op. cit.*, pp. 273-276 e 345-348.

No arco da porta labrouse un bocel grosso que abraza un festón de arquiños dos que no intradorso só se ven os seus extremos, mentres que na rosca ten un perfil trevolado e entre eles escávanse pequenos círculos que se prolongan ata o bordo mediante unha chaga estreita. Entre tales motivos desenvólvense bolas e outros baixorrelevos xeométricos, aínda que no peralte do arco, excepcionalmente, esculpíronse motivos distintos: no lado esquerdo, unha flor de lis inscrita no círculo; no dereito, unha bola de escaso volume. Os festóns de arquiños son frecuentes nas obras galegas de finais do século XII e comezos do XIII, onde se difunden e diversifican²⁵ tras a súa utilización no taller compostelán do mestre Mateo, desde o que os seus colaboradores e discípulos o estenden ata terras de Zamora. O motivo chegou a San Salvador de Camanzo desde o taller que se formou no próximo mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro, entón en plena actividade, e onde se empregaron nos óculos situados sobre as entradas á coroa da súa igrexa, en particular na norte. Non obstante, a pericia do anónimo mestre da portada lateral de Camanzo non acada a calidade do de Carboeiro e o seu traballo ten unha perfección similar á do arco maior da porta principal de san Esteban de Sairar —Caldas de Reis, Pontevedra—.

As batentes que rematan as xambas decóranse, á esquerda, cunha folla que se enrola nos extremos e, á dereita, cunha cabeza de boi. Nelas apéase un pequeno tímpano que sobre o lintel ten gravado un epígrafe curto: "Era I CC IIII", é dicir: era 1204, equivalente ao ano 1166, data que algúns interpretaron como a de comezo da edificación da igrexa de Camanzo. É, non obstante, posible que non sexa unha lectura correcta se se teñen en conta os motivos ornamentais utilizados na arquivolta e capiteis, así como no propio tímpano. Perfila o seu arco un tallo ondulante con follas alternadas que serve de orla ao basto *Agnus Dei* que apoia nunha das patas dianteiras o hastil dunha pequena cruz de brazos iguais.

Aínda que este tema iconográfico fora utilizado xa no antependio de San Martiño de Mondoñedo²⁶, labrado ao redor do ano 1100, a súa difusión en Galicia non se produciu ata que o mestre Mateo o reintroduciu na clave da bóveda da tribuna do Pórtico da Gloria uns cen anos despois, de aquí pasaría ao tímpano que pertenceu a unha porta da derrubada igrexa de San Pedro de Fóra, en Santiago, e que se atopa nunha colección particular de Barcelona²⁷. O epígrafe gravado no

25 Yzquierdo Perrín, Ramón (1983): *Arcos lobulados en el románico de Galicia*, *El Museo de Pontevedra*. T. XXX-VII, Pontevedra, Museo de Pontevedra, pp. 215 e ss.

26 Yzquierdo Perrín, Ramón (1994): *De Arte et Architectura: San Martín de Mondoñedo*. Discurso de ingreso en la Real Academia Gallega de Bellas Artes Nuestra Señora del Rosario, Lugo, Deputación Provincial de Lugo, pp. 49-51.

27 Yzquierdo Perrín, Ramón (1974-1975): "La desaparecida iglesia de San Pedro de Fora en Compostela", *Cadernos de Estudos galegos*, T. XXIX, pp. 35 e ss. O epígrafe aludido, segundo lectura feita por Neira de

lintel deste tímpano dátao, polo menos en 1173 e, unha lectura máis exacta, posiblemente nos anos iniciais do século XIII. O tímpano de Camanzo con seguridade é debedor do de San Pedro de Fóra, ao igual que o da portada norte de Santiago da Coruña, polo que a súa cronoloxía ten que gardar relación coa daquel e non sería anterior aos comezos da citada centuria, extremo ao que tamén conduce a análise dos restantes motivos ornamentais da portada norte de Camanzo.

2.1.4. *Porta sur*

A porta que se abría no muro sur trasladouse do muro perimetral medieval ao que hoxe cerra o arco do terceiro tramo da nave central, ao cortarse no século XVIII a correspondente nave colateral. Non é máis ca un van rectangular desprovisto de ornamentación, pero sobre as xambas dispuxéronse dous antigos cimacios e parte dun arco que puido pertencer á porta orixinal. Nos cimacios vese unha decoración vexetal a base dun talo ondulante con follas que volven sobre si e alcanzan un notable efecto plástico. É un motivo de inequívoca orixe mateana que tamén se utilizou no taller de Carboeiro, desde onde chegou a Camanzo. O arco de descarga que se apea nos cimacios mostra unha ampla escocia lisa e a chambrana reitera as follas que se enrolan no seu remate.

2.1.5. *Fachada occidental*

Ao suprimírense durante a reconstrución do século XVIII os dous últimos tramos das naves laterais e manter a central os catro orixinais, a fachada occidental reduciuse á zona da nave maior, ao desaparecer as colaterais. Fontoira²⁸ supuxo que nestas non había máis ca un muro liso cunha estreita ventá no eixe da nave. Só, pois, a parte conservada tería un tratamento monumental e iconográfico. Non obstante, o estudo da portada actual pon de manifesto que os seus elementos medievais non se atopan na súa disposición orixinal, senón que se resituaron durante a intervención do dezaoto, e antes dela a fachada debía de ser bastante diferente, aínda que hoxe só é posible formulalo como hipótese. Á esquerda da porta levántase unha torre cadrada, cuxo último corpo é máis recente e nel, por encima do tellado da nave central, abríronse sinxelos ocios para as campás.

A portada está lixeiramente adiantada con respecto ao plano da zona alta ao situarse entre os contrafortes que se alzan nos puntos onde cargan os arcos formeiros do interior. Sobre a arquivolta da porta o muro retráese. Unha disposición similar obsérvase na fachada principal de San Lourenzo de Carboeiro e tamén

Mosquera a mediados do século XIX, di que o tímpano foi labrado na Era 1211, equivalente ao ano 1173, aínda que puido interpretar como "I" un "L", con que a data sería Era 1240, ano 1202, sen dúbida moito máis adecuado. No artigo citado ao inicio desta nota véxanse, en particular, as pp. 48-49 e a nota 38.

28 Fontoira Suris, Rafael (1996): *Op. cit.*, p. 241, fig. superior.

nela se levanta á esquerda do espectador unha torre cuadrangular á que se accede dende o interior do templo. A porta de Camanzo ten a cada lado unha esvelta columna acodillada de fuste liso cuxos capiteis presentan estilizadas follas adheridas ao calatos e recortado perfil que rematan en pequenas bolas. Son, pois, uns típicos capiteis de *crochet* propios do momento da súa labra e da construción da igrexa. Nos cimacios, nos que se apoian as dúas arquivoltas da porta, repítense as follas estilizadas que só no seu remate adquiren certo volume.

O arco maior, cuxos extremos voan sobre o cimacio lixeiramente, ten a súa rosca en amplísima escocía con dous boceis e grandes follas de escaso volume que se enroscan sobre si. Na arquivolta menor dispónse en cada doela o busto dun anxo, que levanta os brazos en xesto de oración, e baixo o que se ven unhas liñas en zigzag que forman como unha nube sobre a que destacan os aludidos bustos e parecen suxerir unha localización celestial. Na clave represéntase un personaxe sen barba, coroado, que levanta a man dereita en actitude de bendicir e coa esquerda sostén unha cartela. O conxunto representa, pois, os anxos ao redor de Cristo, aínda que a figura central non ten o habitual nimbo crucífero. Unha vez máis esta composición inspírase na arquivolta menor da portada sur da próxima igrexa de Carboeiro.

O oco da porta principal de Camanzo é bastante máis estreito que o diámetro das arquivoltas e as fileiras de cantería que o delimitan non se corresponden coas do resto da fachada nin cos abocelados codillos existentes entre esta e as columnas anteriores. As xambas permanecen lisas e nas súas batentes esculpíronse bustos de anxos: o da esquerda xira a cabeza cara ao espectador, ten a cabeleira rizada, viste túnica cinguida ao corpo e ante o peito agarra coas mans un libro pechado; o outro está frontal e as súas características son similares ás do anterior, salvo que coas mans sostén unha cartela cruzada ante o peito. O seu autor formouse, sen dúbida, no inmediato taller mateano de Carboeiro, probablemente cos mestres da súa portada occidental.

As ménsulas non sosteñen, paradoxalmente, un tímpano monolítico, como é habitual no románico galego, senón que lintel e tímpano están formados por sucesivas fileiras de cantería, e o que serve de clave ao lintel ten unha sinxela ménsula en relevo que semella soste a imaxe do Salvador que preside tan peculiar tímpano. É un magnífico relevo, tallado en granito moreno de grao fino que permitiu ao seu anónimo autor realizar unha obra coidada na que Cristo, coroado e con nimbo crucífero, sentado no trono, bendice coa súa destra, mentres que coa outra man sostén sobre o xeonllo un libro pechado. O seu rostro, con barba rizada e pómulos saíntes, case parece esbozar un leve sorriso; as roupas translocen os seus xeonllos e o bordo do manto percórreo un zigzag. A calidade escultórica desta

peza é superior á dos anxos da arquivolta e, incluso, á do Salvador da portada principal de Carboeiro, na actualidade no Museo Marés de Barcelona²⁹.

É obvio que este magnífico Cristo non se esculpiu para o tímpano actual, senón para outro no que, seguramente, existía un rebaixe no que encaixaría, técnica propia do mestre Mateo e dos que se formaron no seu taller, como os que traballaron na portada sur de Carboeiro, e os seus colaboradores na principal, obras nas que poden verse os ocos onde estiveron encaixados os relevos que, lamentablemente, foron espoliados despois da desamortización.

Na parte alta da fachada occidental de Camanzo atópanse dous óculos superpostos, ambos con boceis e mediacanas que, no inferior, enmarcan unha tracería cruciforme formada por círculos que parten doutro central, composición similar á do rosetón do extremo occidental da nave norte de Carboeiro; no superior, vese un festón de arquiños. Quizais o máis parecido a este ordenamento sexa a superposición dun óculo a unha ventá na fachada principal de San Martiño de Sobrán, —Vilagarcía de Arousa, Pontevedra—, ou os dous óculos das portas laterais da fachada occidental da catedral de Ourense, froito, neste caso, da reforma realizada no século XVI que transformou os arcos das portas medievais en óculos. Non parece, pois, que a superposición de dous óculos na fachada principal de Camanzo se deba ao plan orixinal, senón ás reformas efectuadas no século XVIII. Quizais estes óculos se atopaban nos peches correspondentes ás naves laterais, como en Carboeiro, e ao remodelarse a fachada resituáronse sobre a portada onde, quizais, había outro rosetón de maiores proporcións entón perdido. É dicir, unha vez máis a igrexa de Carboeiro serviu de modelo á de Camanzo.

2.2. Interiores

2.2.1. Cabeceira

A alteración das proporcións que polo exterior chamaba tanto a atención faise aínda máis evidente no interior, en especial a mutilación dos dous tramos máis occidentais das naves laterais e a altura tanto destas coma da central. O único espazo que mantén as súas dimensións orixinais é o interior das ábsidas, xa que conservan a súa planta, arcos e bóvedas.

O arco triunfal da capela maior é apuntado e dobrado. O maior, perfilado por chambrana lisa, ten a súa aresta abocelada e apéase no muro mediante unha imposta en nacela situada á mesma altura do cimacio do arco menor, que tamén marca o nivel da imposta que ao longo do perímetro da ábsida sinala o arranque das bóvedas de canón apuntado e forno que cobren o presbiterio e semicírculo

29 *Fons del Museu Frederic Marés/ 1. Catàleg d'escultura i pintura medievals*: Barcelona, (s.a.), 1991, pp. 36, 158-159, ficha 95.

da cabeceira, articulados por un arco como o triunfal. Tanto este coma o faixón apóianse en esveltas columnas entregas cuxas bases, de tipo ático, se alzan sobre un banco de fábrica abocelado que serve de soleira ás tres ábsidas da igrexa. Os capiteis presentan unha decoración de estilizadas follas nunha ou dúas ordes que rematan en bolas. Na cabeceira da capela maior ábrense tres ventás que prescinden dos elementos ornamentais que teñen polo exterior, aínda que se escavan no muro uns arcos de similares proporcións que provocan tres nichos con bóvedas de canon sobre imposta lisa.

Toda a capela está decorada con pinturas murais de carácter ornamental salvo no casca da ábsida, onde se representa unha singular Pentecostes, xa que o número dos apóstolos é trece, non doce como afirman os textos sagrados e a tradición da Igrexa. Pensouse que podería representar a san Pablo, aínda que a súa inclusión entre os apóstolos foi posterior. Un epígrafe existente na propia pintura di que a mandou facer Antonia de Souto, monxa de San Paio, en 1566; despois engade: "año 41", que ou ben podería aludir ao da profesión da relixiosa, ou ben, e parece o máis probable, á restauración efectuada en 1741, data na que se realizaron as pinturas ornamentais do resto da bóveda³⁰.

As capelas colaterais teñen entre si iguais proporcións e cabeceira semicircular, cun par de ventás en cada unha similares ás da maior no seu tratamento. O arco do van das situadas no eixo da ábsida decórase con flores de catro pétalos cun pequeno botón central, na capela norte; mentres que na sur, esculpíronse rosetas que alternan con composicións de rodas de raios curvos que recordan antigos motivos castrexos que, ás veces, rexorden na arte medieval galega. Nas ventás laterais percíbense rosetas e palmetas de escaso volume. Ambas as ábsidas cóbrense con bóvedas de forno construídas en boas canterías de granito que se dispoñen en ringleiras.

Fronte á similitude de plantas e alzados os arcos de acceso ás capelas son diferentes. Na do sur é de medio punto dobrado. O maior apéase no muro mediante imposta en nacela colocada á altura dos cimacios do arco menor. Este presenta sección rectangular, pero o outro moldura a súa aresta no groso bocel seguido na rosca por dúas mediacanas. O arco da capela norte, tamén dobrado, é, non obstante, apuntado, directriz que fixo que o madeirame do tellado da nave corte o superior. Os arcos de ambas as ábsidas apóianse en columnas entregas que, coma na capela maior, se alzan sobre un banco de fábrica, e os seus capiteis repiten as follas rematadas en bolas nunha ou dúas ordes superpostas, ou ben cunha cinta que se entrelaza e termina en pequenas pomas nas esquinas superiores.

30 García Iglesias, José Manuel (1986): *La pintura manierista en Galicia*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, pp. 36-37 e 194-195; García Iglesias, José Manuel (1989): *Pinturas murais de Galicia*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, VIII, 11.

2.2.2. Naves

O muro norte conserva a fábrica orixinal en case toda a lonxitude, levántase sobre un banco de fábrica como o das capelas e fronte ao piar composto que articula os dous tramos iniciais da nave mantén unha columna entrega cuxa base, de tipo ático e con bolas como garras, se levanta sobre o banco citado. Á altura dos cimacios do arco de ingreso á ábsida norte corre unha imposta lisa que non anela o seu fuste, e tres fileiras máis arriba columna e muro córtanse e serven de apoio á aba da cuberta das naves. Xunto á capela ábrese unha porta recente, carente de interese, que comunica co que antano foi a sala capitular do mosteiro; máis adiante, encontrase o arco de medio punto da portada norte. O muro da nave sur foi refeito e está revocado con morteiro e branqueado, tan só queda un curto anaco de imposta á altura do cimacio do arco de acceso á capela do devandito lado.

Fronte á mutilación das naves laterais, a central mantén os catro tramos orixinais e os seus correspondentes piares compostos, aínda que os dos dous últimos, os máis próximos á fachada occidental, encóntranse embutidos nos muros do dezaioito que os cegan. Todos os piares tiñan sección cruciforme cunha columna ao medio de cada lado para soste os arcos formeiros e faixóns que soste as cubertas, pero destes últimos non queda ningún xa que as columnas nas que se aparearían se cortan á altura do extradorso dos arcos formeiros dos tres primeiros tramos; o cuarto, non existe e as columnas que debían sostelo forman parte do muro que pecha o tramo.

As bases son áticas e algunha atópase a unha altura maior que a doutras, sen que tal variación resulte rechamante. Os plintos dalgunhas decóranse con motivos xeométricos, coma arcos entrecruzados, ou ben composicións nas que se mesturan liñas rectas e curvas. Tampouco os capiteis difiren dos da cabeceira, é dicir, repiten as follas pegadas ao núcleo que rematan en bolas; algúns cimacios decóranse con motivos vexetais: talos ondulantes, pequenas pomas ou permanecen en nacela. Os arcos formeiros son todos dobrados e de sección rectangular, pero mentres os do lado norte son de medio punto; nos do sur só o central ten esta forma, xa que os outros dous son apuntados, quizais por seren refeitos nun momento impreciso. Os dos dous primeiros tramos están decorados por pinturas coma as do arco de acceso á capela maior. Pola súa parte o terceiro do lado norte aproveitouse para colocar ante el e, en parte, amparado por el o vello retablo da capela maior; de fronte, ábrese a porta sur. Inmediatamente encima do extradorso dos arcos apóianse as vigas do madeirame do tellado, e incluso as columnas do último piar foron cortadas a metade da altura do edificio.

As modificacións experimentadas pola planta medieval afectaron, tamén, ao peche occidental das naves. É probable que o acceso á torre desde a nave servira, tamén, para subir a un ándito que se situaría sobre as arquivoltas da portada

occidental e que aproveitaría o espesor que estas obrigaban a ter ao muro. Sería, pois, unha solución análoga á de San Lourenzo de Carboeiro e, coma aquí, é probable que na parte alta da fachada se abrise un amplo rosetón, extremos que hoxe só son hipóteses.

3. Entrada á sala capitular

Aínda que os edificios monacais da Idade Media desapareceron ao construírse sobre eles o antigo priorado e a actual casa reitoral, excepcionalmente conserváronse as tres arcadas que formaban os accesos á sala capitular. Un banco de fábrica con aresta abocelada, similar á da cabeceira da igrexa, serve de podio ás bases xeminadas que repiten o esquema ático. As súas columnas pareadas teñen os fustes lisos e terminan con capiteis de follas que nos seus remates volven lixeiramente á fronte. Os cimacios córtanse en nacela e sobre eles amoréanse os arcos de medio punto, sen decoración ningunha, que perfila un tornachoivas con follas que se enroscan sobre si. A arcada central servía de porta ao interromperse baixo ela o citado banco de fábrica.

É o único que resta da antiga sala capitular, xa que os muros de cachotería da estancia á que dá paso deberon de construírse ao tempo que as demais estancias do priorado, reconvertido na casa reitoral tras a desamortización do século XIX. Seguramente ao inserirse nos usos de tales fábricas salvou estas arcadas dun seguro derrubamento, como ocorreu nos demais casos.

4. Outras pezas

Nun muro dunha estancia inmediata á igrexa estiveron colocados durante séculos uns relevos en granito policromado de especial interese tanto pola súa calidade artística, como pola súa rareza na arte galega. Unha vez recuperados, esperan unha adecuada situación na igrexa, que os valore e protexa. Son tres pezas ás que hai que engadir outra de diferente orixe e interese. As tres primeiras representan o Salvador, san Pedro e san Xoán evanxelista; a cuarta é unha Piedade e, cronolóxica e estilisticamente, é posterior ás anteriores.

A figura do Salvador é de maior tamaño ca as demais. Está sentado no trono e ten o manto terciado sobre o peito que, en parte, queda espido e deixa ao descuberto a chaga do costado, tamén mostra as palmas das mans co mesmo obxecto. Está frontal, o seu rostro ten barba rizada mesta, e a melena, tamén encrechada e cinguida por unha coroa real, cáelle ata os ombreiros. Baixo a túnica asoman os pés descalzos. É obvio que está inspirado no imponente Cristo que preside o tímpano do Pórtico da Gloria. A súa labra é boa aínda que, loxicamente, non alcanza a calidade do modelo. A policromía que a complementa dálle especial expresividade ao seu rostro pero dificulta apreciar certos detalles escultóricos ao acumular sucesivos repintes ao longo do tempo.

As outras dúas imaxes son de menor tamaño ca a do Salvador, pero de similar calidade e igual policromía. San Pedro viste ampla túnica e manto, está calzado e coa man esquerda agarra sobre o peito o extremo das dúas chaves habituais; coa dereita, sostén a que está colocada cara a arriba, mentres que a outra colga libremente. Ten cabeza redonda con barba partida e fronte despexada, con cabelo cara á parte posterior do cranio. Os pregos das súas roupas, con certa xeometrización, quedan resaltados pola policromía, en especial polo dourado que perfila os seus bordos, coma na imaxe do Salvador.

A terceira imaxe deste grupo representa a san Xoán evanxelista que, como tal, mantén sobre o peito un libro aberto que suxeita coa man esquerda estendida, mentres a dereita queda cuberta polo seu amplo manto. Baixo as roupas vense os pés descalzos, rostro lampo e melena corta rizada que non alcanza as costas. A súa policromía é igual á das dúas representacións anteriores.

É evidente que o anónimo mestre que esculpiu estas imaxes se inspirou nas que representan os mesmos personaxes no Pórtico da Gloria e que se formou no taller mateano, ben no da catedral de Santiago ou, máis probablemente, no máis próximo de Carboeiro. Maior dificultade existe á hora de determinar para onde as esculpiu. É seguro que os tres relevos forman un conxunto e que se labraron para estar embutidos nun soporte que, desde logo, non era o muro no que se encontraban. Pode pensarse, pois, nun tímpano desaparecido e, como hipótese, é posible que fora o da porta principal orixinal que, ao substituírse polo actual, fixo inviable a súa recolocación. Incluso a diferenza de tamaño entre a figura de Cristo e as dos outros dous apóstolos podería xustificarse por tal disposición. Menos viable me parece a súa localización nunha dependencia monástica, por exemplo na sala capitular, en cuxo contorno se encontraban e onde permanecen.

Diferente é, a todas luces a imaxe de María co seu Fillo no colo, que compoñe unha Piedade³¹ e que presenta a Virxe sedente, moza e serena que agarra coas mans o cadáver espido do seu fillo. María viste túnica e manto que lle cae ata os pés, dos que só asoma a punta do esquerdo. Pregos amplos, pesados, propios dunha arte popular na que este modelo de Piedade acadou unha notable difusión e perduración, como poñen de manifesto os moitos cruceiros que repiten esta iconografía mariana. Esta imaxe, probablemente destinada á devoción, non é anterior ao século XV, centuria na que alcanzou notable difusión e facilmente pode ser máis recente.

31 Sobre esta advocación véxase, entre outras publicacións, Trens, Manuel (1947): *María. Iconografía de la Virgen en el arte español*, Madrid, Plus Ultra, pp. 204-222. Rodríguez Castelao, Alfonso Daniel (1950): *As cruces de pedra na Galiza*, Buenos Aires, Nós, pp. 163-169.

Conclusións

Do estudo realizado dedúcese que a igrexa de San Salvador de Camanzo tiña planta basilical, modelo que, con frecuencia, adoptan as que deben a súa orixe a un mosteiro de relativa importancia, xa que cando este era de escasa entidade e minguadas rendas, o seu templo non se diferenciaba máis que nas proporcións dos habituais no rural galego. Esta vantaxosa situación de Camanzo correspóndese coa elevada posición social dos seus fundadores e, sobre todo, dos seus protectores, entre os que se contan varios reis, bispos e arcebispos composteláns así como outros nobres con cuxo patrocinio e doazóns foi posible iniciar a renovación dunhas descoñecidas fábricas prerrománicas que deixaron sitio a outra románica.

Ainda que descoñecemos o grao de realización do proxecto inicial é evidente que, ao longo dos séculos, sufriu graves alteracións na súa planta, na que son claras as mutilacións e, con seguridade, tamén se modificaron os seus alzados que se concibiron cunhas proporcións maiores das actuais. É imposible saber con precisión se o primitivo proxecto se executou na súa totalidade ou se no transcurso das obras se efectuaron modificacións que afectaron ás partes altas. Probablemente o máis rechamante pola súa excepcionalidade é o recorte dos muros das ábsidas xa que incluso en edificios nos que non se completou o plan primixenio, como por exemplo en San Vicente de Pombeiro³², —Pantón, Lugo—, chegaron a construírse os seus beirados. A súa falta en Camanzo tampouco obedece a problemas estruturais nas bóvedas das capelas, que non se manteñen en perfecto estado, e as pinturas da maior evidencian que a ameaza de ruína que afectou ás naves nos séculos XVII e XVIII non se produciu nas ábsidas. É igualmente sorprendente que non se localizaran capiteis nin “canzorros” reutilizados ou desbotados polo que dá a sensación de que o exterior das ábsidas tampouco se completou conforme o inicialmente previsto.

É obvio que os muros perimetrais das naves foron refeitos na súa maior parte, e quizais o único anaco antigo corresponda á metade oriental do muro norte pero, se é así, non se entende ben como non hai pegadas de contrafortes, necesarias pola articulación interna en naves e tramos. Os previstos arcos faixóns dá a impresión de que nunca se construíron e deles tampouco se coñecen restos. Cabe conxecturar, pois, que quizais o proxecto inicial, dada a súa complexidade, non se levou por completo a cabo e o que puido proxectarse como un edificio con iluminación directa en cada nave, como no próximo Carboeiro, non pasou de ser un inalcanzable desexo que se abandonou e, finalmente, cubríronse as naves

32 Sobre a igrexa deste mosteiro, véxase Yzquierdo Perrín, Ramón (1999): “La iglesia del antiguo monasterio de San Vicente de Pombeiro”, *Abrente*, 31, pp. 39-79. En particular, pp. 53-55 e 76, lám. 7.

cunha sinxela armadura de madeira como soporte dun tellado único a dobre vertente. É dicir, unha historia similar á que se produciu no cruceiro e nave central da igrexa de Carboeiro.

Se a historia arquitectónica de San Salvador de Camanzo segue sumida na dúbida e descoñecemento de moitos dos seus detalles, ante os que só cabe formular hipóteses máis ou menos convincentes; menos dubidosa resulta a formación do seu anónimo mestre nun taller do achegado mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro, como poñen de manifesto tanto o seu repertorio ornamental como iconográfico e técnica escultórica. Especialmente significativos resultan os festóns de arquiños que perfilan os arcos dalgunha ventá absidal e, sobre todo, o tratamento da arquivolta da portada norte e os altorrelevos do Salvador, san Pedro e san Xoán que puideron labrarse para a primitiva portada principal, tan alterada no século XVIII. A súa inspiración noutras imaxes do Pórtico da Gloria, con seguridade a través dos tímpanos sur e oeste de Carboeiro, reforza a dependencia da obra de San Salvador de Camanzo de dito taller. Aquí debeu de formarse o seu anónimo mestre, activo entre os últimos anos do século XII e os primeiros do XIII.

Neste curto período tivo que traballarse na construción da igrexa de Camanzo que, probablemente, comezou ó redor de 1190, polo que a súa terminación non debeu de producirse ata o primeiro cuarto do século XIII, época de esplendor económico do mosteiro que, non obstante, a medida que avanzaba na centuria ve, impotente, como os problemas económicos empezan a xurdir e a afectar, cada vez con máis forza, aos seus bens. Influíu esta imprevista situación no abandono do complexo proxecto inicial? Desde logo é unha hipótese non verificable, pero o certo é que nos dous últimos séculos medievais a penuria moral e económica non fixo senón aumentar, o que aconsellou que os seus escasos monxes se trasladasen ao reformado San Martiño Pinario, en Santiago, e as súas propiedades pasaron a depender das novas beneditinas de San Paio de Antealtares. Que ninguén intentara reintegrar tales rendas á facenda de San Martiño quizais é significativo da súa escasa contía e de que as monxas gozaran delas con relativa paz ata a desamortización decimonónica.




Fig. 1 - Planta da igrexa de San Salvador de Camanzo. Cortesía do Instituto de Conservación e Restauración de Bens Culturais. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.



Fig. 2.- Conxunto exterior da cabeceira de San Salvador de Camanzo. (Arquivo Yzquierdo).



Fig. 3.- Vista sur de San Salvador de Camanzo. (Arquivo Yzquierdo).



Fig. 4.- Detalle da porta norte de San Salvador de Camanzo. (Arquivo Yzquierdo).



Fig. 5.- Arquivolts e tímpano da porta principal de San Salvador de Camanzo. (Arquivo Yzquierdo).



Fig. 6.- Fachada principal de San Salvador de Camanzo (Arquivo Yzquierdo).



Fig. 7.- Pentecostés. Pintura da bóveda da capela maior de San Salvador de Camanzo. (Arquivo Yzquierdo).



Fig. 8.- Entrada á antiga sala capitular de San Salvador de Camanzo. (Arquivo Yzquierdo).





Fig. 9.- Interior da nave central e capela maior de San Salvador de Camanzo. (Arquivo Yzquierdo).

IV

HISTORIA SOCIAL



Epistolario de Murguía: o libro e a escrita como categoría social

X. L. AXEITOS
Real Academia Galega

A investigación histórica despregada polos nosos devanceiros do século XIX non tiña outra finalidade que descubrir Galicia, e os estudiosos, guiados por unha conciencia identitaria, procuraron atopar no folclore, nos ritos populares, na arte, na literatura, no Dereito aquelas pegadas que puidesen servir para definir a galegitude. Neste senso, a práctica historiográfica dos nosos historiadores non se circunscibía ao feito histórico senón que se apoiaba noutras moitas e diversas manifestacións. Cando Martínez Salazar publica certos documentos medievais, cando Barros Sivelo e Villamil fan inventario dos monumentos arqueolóxicos do noso país, ou José Rodríguez Seoane está a descubrir as cántigas medievais do Rei Sabio, cando Pérez Ballesteros publica o seu cancionero, cando Rodríguez ou antes Aguirre del Río proxectan os seus estudos lexicográficos e Mirás e Saco as súas gramáticas, cando López Seoane ofrece os seus estudos xeolóxicos a Murguía, todos eles estaban convencidos de que contribuían á mesma causa da dignificación cultural do país, e todos tiñan a certeza de que as súas investigacións estaban moi preto da conciencia historicista da época.

Tiven ocasión de comprobar este espírito civilizador da historia cando o profesor Barreiro me deu a oportunidade de colaborar na publicación do epistolario de Murguía custodiado na Real Academia Galega e que foi motivo de conversación sen fin e dun moi fecundo diálogo persoal. Por este motivo, ao escoller as cartas de Murguía como tema deste artigo en homenaxe ao Presidente da Academia, son consciente de que non fago outra cousa que darlle continuidade a un diálogo sempre vivo e compartido que posibilitou pasar, pola miña parte, da admiración do discente á amizade máis sincera. E, a maior abastanza, este diálogo

moveuse sempre entre o feitizo de poder ver a fonda e misteriosa relación entre a letra manuscrita autógrafa e os posibles trazos do carácter do escritor. No proceso de transcripción das cartas, manexando os orixinais autógrafos, chegan a sentirse desexos de comunicar o estado emocional que percibimos no trazo da pluma do escritor ou de expresar a nosa alegría cando somos quen de descifrar unha pasaxe escura ou de casar certas claves secretas. O inevitable academicismo que envolven as notas explicatorias non nos deixa, en moitas ocasións, expresar estas emocións compartidas cos propios emisores epistolares.

Os moi diversos documentos que conforman o arquivo Murguía —notas, copias, citas, comentarios diversos, bibliografía, petición de libros e de información a amigos e coñecidos, obras iniciadas en fase de redacción, recortes de prensa comentados, cartas, etc.— teñen como marca de identidade a relación directa co intelectual, constituíndo o que se coñece como “arquivo privado persoal”. A principal marca de identidade de todo este riquísimo material é o nome do seu titular, *Murguía*.

Polas razóns expostas non podemos hoxe fixar a nosa atención en todo este *corpus* e limitarémonos a facer algunhas reflexións sobre o material documental xa clasificado e en fase de publicación: o epistolario¹.

A correspondencia é un xeito de comunicación que, como espazo de encontro entre vontades distantes, constitúe o lugar por excelencia da expresión de intencións e de intercambio de ideas. O fondo epistolar de Murguía está composto tanto da súa numerosa correspondencia pasiva, que sobrepasa as mil seiscentas misivas, como da súa correspondencia activa que anda arredor das trescentas cartas, entre elas algunhas recuperadas doutros arquivos públicos e particulares. As coordenadas temporais deste fondo epistolar van de 1855 a 1923, que é o mesmo que dicir que se inician co Murguía estudante en Madrid e rematan poucos meses antes da súa morte. Cómpre advertir que este período —segunda metade do século XIX e primeiras décadas do século XX— constitúe o período do máximo esplendor do intercambio epistolar en Europa.

A mesma concepción multiforme da historia que tiña Murguía explica, en parte, a diversidade e a tipoloxía distinta das cartas deste arquivo. Podemos ensaiar unha clasificación que non fará máis que salientar a extensa rede de sociabilidade na que se movía o noso intelectual e ideólogo:

1) Correspondencia política. Aínda que espallada por todo o epistolario, salvada certa correspondencia con políticos, non sempre de contido político, coido que hai dúas datas significativas que marcan este tema; ata a década de 1890, o

1 Lembramos que a Fundación Pedro Barrié de la Maza leva editados os dous primeiros volumes da correspondencia pasiva de Murguía, co título de *Cartas a Murguía I* e *Cartas a Murguía II* (edición a cargo de X. R. Barreiro e X.L. Axeitos). Os dous volumes que restan saírán a finais do presente ano de 2008.

debate político está centrado nas esperanzas que esperta o liberalismo durante o sexenio e as decepcións que provocan os máis extensos períodos conservadores; é moi revelador deste debate o carteo que mantén con Ramón Rúa Figueroa entre 1868 e 1873. Sen esquecer os azoutes dialécticos con personaxes como Paz Novoa, Fernando San Julián ou mesmo Martínez Salazar. A partir de 1890, data na que comezan a constituírse os comités rexionalistas, o debate político céntrase en Galicia e non se trata xa de xustificar e defender a revolución burguesa da historiografía liberal española, senón de descubrir os valores da galegitude. Este cambio de rumbo a finais do século está en sintonía co mesmo debate que se estaba a facer en Cataluña, coa *Lliga* e con *Unió Catalanista*. As cartas-acta da constitución dos comités rexionalistas de Lugo, Ourense, Vigo, A Coruña, Pontedeume, Verín, etc. son unha boa proba deste novo horizonte político. E non faltan referencias concretas ás loitas ideolóxicas entre Murguía e Brañas.

2) Correspondencia social. Son numerosísimas as cartas de felicitación que recibe Murguía cando o nomean director do arquivo de Simancas, ou as tamén numerosas cartas consolatorias cando falece Rosalía de Castro na Matanza en xullo de 1885, de fondo contido moral algunhas delas; dentro deste xénero é especialmente emotiva a carta que lle escribe Teresa, irmá de Murguía, contándolle as tristes circunstancias nas que morre na Habana o irmán de ambos, Nicolás. Neste mesmo apartado están os convites a casamentos e outras celebracións socio-relixiosas, como o caso de Paz Novoa que inclúe, como é natural a correspondente tarxeta impresa, todo un modelo da época.

Un especial lugar ocupan as cartas deste apartado referidas á fundación e desenvolvemento da Academia Galega. Son incesantes as cartas entre a Sociedade Iniciadora e Protectora de Cuba e o núcleo fundacional da institución que se forma na Coruña arredor de 1906 e que nos axudan a historiar os primeiros anos da Academia.

3) Correspondencia intelectual. Con certeza o grupo de cartas máis numeroso e de maior interese. Son estas cartas as que definen a personalidade e axigantan a diminuta figura do noso intelectual.

Se analizamos estas cartas, deseguida nos decatamos de que a súa forma máis constante de relación social ao longo da súa vida foi a práctica da escritura. Esta e a lectura eran parte moi importante do seu día a día e da súa especial forma de sociabilidade que, por outro lado, compartía cos homes de letras do século XIX e principios do XX: envío e recibo de información xa sexa en forma de libro ou en forma de escritura manuscrita. Murguía chega a elaborar listaxes de nomes amigos de distintos puntos da xeografía galega para que lle poidan achegar información moi diversa. Noutras ocasións encarga que lle copien diversos manuscritos da catedral de Lugo ou de certos arquivos parroquiais, organiza redes detectivescas para localizar algún manuscrito inédito que pertenceu a determinada familia, etc.

E, sempre, peticións de libros aos máis reputados importadores como os célebres Hidalgo, Vindel e Bailly-Bailliére, que lle axuntan en numerosas tarxetas impresas o importe das facturas.

E aínda teremos que engadir neste apartado os comentarios de moi diversas lecturas de libros de amigos que tamén el recibe dos máis achegados. Non será posible facer unha biografía intelectual de Murguía sen a precisa información que atesouran estas cartas. Estes “agasallos de papel” —libros, cartas, manuscritos— que con tanta paixón intercambian os nosos intelectuais aínda ofrecen outras moi importantes informacións imprescindibles para unha futura historia do libro e da imprenta en Galicia: os famosos prospectos nos que se convida a colaborar nunha determinada publicación encerran a filosofía do proxecto e a nómina completa dos promotores do mesmo; as coroas fúnebres déixannos ver tamén as fobias e as filias dos grupos de escritores do momento, tal a de Aurelio Aguirre, tal a de Vesteiro Torres, ou antes a de José Puente y Brañas; as autoedicións, moi socorridas e frecuentes aínda que protexidas por marcas editoriais coñecidas, permítennos identificar os puntos de venda e distribución de bens culturais e mesmo o prezo do papel; as peticións de artigos para as publicacións axúdannos a determinar os soldos e ingresos dos escritores.

Os goeiros intelectuais son unha constante na correspondencia e teñen o seu cumio durante a permanencia de Murguía como director no arquivo de Simancas. O seu amigo Ramón Rúa Figueroa chega a expresarse deste xeito nunha carta de outubro de 1869:

Ya veo que U. pone todos los medios para estimularme a pasar unos días en esa despertando mi sed bibliográfica; pero si ahora no puedo complacerle y mitigar mi no menos ardoroso deseo [...].

Empregan as palabras “sede” e “desexo”, que son vehículo dunha longa tradición erótico-amorosa na cultura europea, para referirse ao mundo do libro, da bibliofilia e da escrita. Este traslado léxico do campo amoroso ao bibliográfico soamente se pode explicar pola paixón coa que se mostra o mundo do libro.

Non nos sorprende, xa que logo, que noutras moitas ocasións anden na procura de “libros raros e curiosos” por dous diferentes procedementos: mercando, a prezos elevados, nos ricos catálogos que recibe Murguía de París —*Librería Internacional*—, de Lisboa e Guimerães —*João Pereira da Silva*— ou de Madrid —*Viuda de Rico, Viuda e Hijos de Cuesta*— e tentando conseguir algún lote nas librarías de sona que están en venda; tal ocorre en 1871 cando o seu amigo Bernardo Barreiro lle dá noticia da venda da librería de D. Domingo Cortés González, clérigo e catedrático falecido en Santiago en 1869. Ou estoutra noticia que lle achega epistolarmente Ramón Rúa Figueroa desde Madrid:

En casa de Bailly he visto un catálogo impreso de una librería puesta en venta en Santiago, rúa de San Pedro nº 108. Por la clase de libros, la mayor parte litúrgicos, creo que sería de algún crego. Hay poco bueno, pero acaso algo que a usted le convenga. He visto un Gándara, barato.²

Máis doloroso resulta cando as minguadas condicións económicas im-
poñen a venda de libros de cuantiosa valía real e sentimental como sucede co
exemplar citado de Gándara, no que se pode ler esta lenda manuscrita do seu
comprador:

Este libro fue del uso de D. Manuel Martínez Murguía autor de la Historia incom-
pleta de Galicia. Lo adquirí en el año 1879 con otros varios del mismo señor, a quien
su mal estado de fortuna le obligó a vender. Probablemente volverá a venderse an-
dando el tiempo o irá como papel viejo. R.[amón] S.[egade] C.[ampoamor]
En un catálogo de la librería de Anllo —Madrid, 1884— se pone esta obra en 10
pts.³

Con todos estes acontecementos aínda poderíamos pensar que acugular os
andeis dunha biblioteca de sabedoría non supón de certo ser sabio, saber. Pero no
caso que nos ocupa, e como froito desa acumulación de información, quedáanos
a extensa obra do autor que foi denominado por Labarta Pose como “escultor de
Galicia” cando outros moitos lle chamaron arquitecto. E de certo que moldeou o
rostro do país cando non se albiscaba máis ca un vulto informe.

3) Correspondencia familiar e doméstica. A parte máis misteriosa e contro-
vertida do epistolario de Murguía: os interminables preitos dos que non sempre
se aclara a súa orixe. Bole sempre neste tipo de conflitos, por unha parte, o seu
carácter levantisco e orgulloso, coma no proceso do arquivo de Simancas e da
Universidade de Santiago e, por outra banda, a inexplicable precariedade econó-
mica na que se moveu a vida familiar de Murguía e Rosalía. Nunha carta do pai do
Patriarca, pouco antes da súa morte ocorrida a finais de 1874, e cando o fillo quere
renovar o documento dun préstamo antes que pagalo, bota contas dos ingresos do
matrimonio e non se explica o precario estado económico do mesmo.

No apartado familiar, íntimo e doméstico, Murguía vai ser vítima, despois
da morte de Rosalía, dunha serie de artigos difamatorios aos que tentou facer
fronte algunha vez. No ano 1900 tivo que dirixir unha dura nota ao *Diario de
Pontevedra*, que acusaba a familia de non ter asistido ao acto de colocación dunha
placa na casa da Matanza na honra de Rosalía. Anos máis tarde ten que explicar a
D. Eugenio López Aydillo que delega a defensa familiar nas súas fillas:

2 Con seguridade se trate de Fr. Felipe de Gándara (1662): *Armas i Triunfos. Hechos heroicos de los hijos de Galicia*, Madrid.

3 Esta nota final semella ser posterior á primeira aínda que da mesma letra, a de Ramón Segade Campoamor, santiagués, amigo de Murguía e de Aurelio Aguirre e autor de varias novelas históricas.

[...] porque hay heridas que nada puede cerrar. Mas sabiendo que el hombre está siempre expuesto a la malevolencia ajena y aun al errado juicio de los que se dicen sus amigos, la equivocación de que fue producto la afirmación de que mi infortunada esposa había tenido que soportar en su vida dolores que sólo podían provenir de la falta de consideración y debido amor de su marido, me ha sido más que dolorosa.

A mis hijas que tanto la amaban y a quienes hirió también profundamente tan gratuita información dejó el cuidado de mi defensa. Ellas dirán mientras alientan que sus padres vivieron siempre en íntima y santa unión de que ellas fueron testigos.

Estamos no ano 1914 e xa o Patriarca superara os oitenta anos, sentíase canso e sen folgos para loitar. Está na súa etapa defensiva parapetado tanto polo seu prestixio coma polos anos, moi rara vez polos seus amigos de sempre.

Outro treito importante deste apartado está ocupado polas cartas que recibe e escribe Murguía con ocasión da súa xubilación forzosa que supón na práctica o seu paso a unha situación de funcionario cesante. Este difícil momento xera un movemento amplo de correspondencia xa que acode ás súas amizades políticas para ver de parar este golpe económico. Que compite en interese coa correspondencia que ao longo da súa vida mantén Murguía para recadar datos sobre a cultura popular: romances, refráns, cantares, etc. Todos son "agasallos de papel", a mellor sinatura da identidade intelectual deste grupo. Todo denota que a práctica epistolar para todos eles estaba marcada como unha estratexia destinada a espallar as súas ideas e a acadar o recoñecemento intelectual para o seu proxecto de reivindicación nacional.

Fácil resulta despois deste resumo temático-expositivo do arquivo de Murguía, decatarse do carácter metaepistolar do mesmo, que desborda as canles do xénero para converterse nunha serie de reflexións sobre os máis diversos temas. Poucas veces teremos ocasión de comprobar de xeito práctico a teoría de Claudio Guillén, que ve na carta unha canle de comunicación, un espazo superior á mesma literatura.

Resumidos os contidos e puntos de interese do arquivo persoal de Murguía, cómpre facer unha advertencia sobre o seu posible uso por parte dos investigadores. Convencidos, por suposto que non sempre é así, de que a carta está reservada para un espazo privado, temos tendencia a considerar estes documentos como confesións que revelan os feitos tal como ocorreron. Neste senso calquera arquivo persoal pode revelarnos certas dimensións do titular do mesmo non doadas de percibir por outros procedementos, pero como depósito de memoria dunha época ten que ser elaborada e interpretada como calquera outra fonte.

Abondaría a lectura do epistolario de Murguía para que lle tiveramos que reservar un lugar entre os intelectuais galegos do século XIX, ben entendido que

de non ter recoñecemento intelectual moi probablemente non se terían conservado as cartas e demais documentos do seu arquivo. Ninguén que teña lido as cartas que recibe Murguía de Fernando San Julián, natural de Ribadeo e amigo do Patriarca desde os tempos de estudante en Madrid, dubidará da súa formación intelectual, confirmada polas súas colaboracións na *Ilustración Gallega y Asturiana*. Mais poucos intelectuais galegos poderían hoxe dar fe da valía deste home que foi alcalde da súa vila natal e avogado en exercicio.

Murguía era moi consciente de que a carta era un xénero moi codificado formalmente, que permitía identificar determinadas clases sociais. O descoñecemento deste código coloca mecanicamente os individuos fóra de certas relacións de poder. Temos un exemplo desta situación no dramático carteo entre Ovidio Murguía e o seu pai, nos últimos anos do século XIX.

No ano 1896 Ovidio Murguía Castro instálase en Madrid na casa dos seus parentes, entre eles Alejandro Pérez Lugín, co obxectivo de completar a súa formación pictórica e aproveitar as boas relacións que mantiña seu pai na Corte. Coincide a estancia de Ovidio en Madrid cunha nada novidosa crise económica no seo da familia, que estaba a residir na Coruña. No medio desta situación, o fillo escribe as súas primeiras cartas familiares que causan unha profunda preocupación ao pai. Este decátase de que Ovidio descoñece as regras que adoitan considerarse como convencionalmente axeitadas. De repente Murguía tamén se sente culpable de tanto cambio de domicilio familiar, de tanta inestabilidade económica, de desarraigos sen fin, que impediron que o seu fillo tivese contacto continuado coa educación formal, onde se adoitan aprender os rudimentos da escritura.

Recomendaba Murguía ao seu fillo que se dirixira aos deputados e senadores como Montero Ríos e Navarro, a Peña e a Salgado no ministerio de Fomento e a periodistas como Ribalta e Vicenti ou a pintores amigos como Serafín Avedaño. Mais a dificultade estaba en que non sempre podía prescindir da escrita como inicial contacto. E a escritura de Ovidio delataba un nidio afastamento das normas propio dunha persoa pouco familiarizada coa escrita: ausencia de marxe, non figura a data nin referencia ningunha a cartas anteriores, mestura de oralidade, parágrafos extensos e pouco trabados, escasa puntuación e incorreccións constantes entre maiúsculas e minúsculas, moitos vulgarismos provocados pola oralidade, etc. Podemos dicir que a carta que estamos a analizar é un auténtico exemplo de faltas.

Ante esta situación Murguía inicia unha pedagogía de urxencia que consiste en reenviarlle, debidamente corrixidas as propias cartas do fillo:

No dejes de escribirme a menudo. Ya te dije que así te soltarás a escribir cartas y yo te las corregiré. Por de pronto en tu última escribiste poprocionar y no es así, sino

proporcionar. Estas correcciones te las haré siempre y así te irás soltando a escribir. No dejes pues de hacerlo.⁴

Non debía ser moito o progreso porque un ano máis tarde aínda lle ten que corrixir sistematicamente que despois de punto se comeza con maiúscula, que *segurida* debe escribirse “seguridad”; que *divujo* ten que escribirse con “b” ou que *fotografía* debe ser “fotografía”.

Ovidio non debeu de dar dominado o código da escrita epistolar antes da súa morte, ocorrida en 1900, porque no ano 1899 escribelle o seu pai con ocasión da próxima presentación dun cadro a unha exposición:

Como tú ignoras certas cosas ahí te mando la nota que tienes que entregar con el cuadro (si te la piden) para cuando se imprima el catálogo. A ti te conviene que se vea que eres joven y por lo tanto entérate bien y copia de tu letra la nota que te remito.

Murguía era consciente de que o dominio da escrita supoñía unha determinada categoría social e intelectual que engadir aos dotes pictóricos de Ovidio.

4 Carta de Murguía a Ovidio datada na Coruña, 7 de outubro de 1897.

A mantenza dos galegos

XAVIER CASTRO
Universidade de Santiago de Compostela

1. Riscos comúns da cocíña de todos os galegos

Existe un substrato común entre a cocíña popular e a distinguida: o emprego dos recursos do país, a pegada da mentalidade relixiosa católica, o emprego duns mesmos instrumentos culinarios (lareiras e cocíñas de ferro) e a adhesión a unhas premisas gastronómicas semellantes. Tamén coinciden en preferencias e noxos, en filias e fobias: o gusto polas graxas, a infravaloración do peixe, o rexeitamento da mestura do doce co salgado, os tabús, a adhesión ós viños da terra, etc. Certamente, a similitude é maior se comparamos os xantares dos ricos cos dos labregos de bo pasar, xa que a maioría dos labradores tiña que se abster, de xeito case indefectible, das mellores carnes en fresco, dos peixes e mariscos caros, etc. A culinaria fidalga e burguesa empregaba ademais xéneros de importación e aplicaba receitas foráneas que os paisanos descoñecían. Quizais a maior diferenza resida no recurso preferente á cocción por parte dos sectores populares, por resultar máis barata e non requirir tanta atención exclusiva, en contraposición ás frituras e os guisos, cos que as elites deleitaban os seus padais. Semella ter gozado de amplo predicamento entre os próceres unha actitude de populismo gastronómico: non adoitaba, en efecto, ser entre eles común o rexeitamento ou menosprezo dos preparados simples e tradicionais da culinaria campesiña: ben fose caldo, cocido, rixós, chourizos, lacón con grelos, etc. Non poucos dos privilexiados se teñen declarado ferventes amantes da "cocíña rexional".

A frugalidade era a nota predominante na mantenza aldeá¹. Agás nas comidas excepcionais, celebradas nas grandes ocasións festivas. A dieta do labrego

1 Fernández Oxea, Xosé Ramón (Ben-Cho-Shey) (1982): *Santa Marta de Moreiras. Monografía dunha parroquia ourensán (1925-1935)*, Sada, Edicións do Castro, p. 177 (1ª ed. 1968).

pódese cualificar de monótona e estaba condicionada pola estacionalidade: comíase o que estaba de temporada. O restrinxido abano de posibilidades ampliábase un pouco máis mercé ás técnicas de conservación: o salgado, afumado e secado. O aceite como conservante empregábase loxicamente moi pouco, xa que escaseaba. Máis, en cambio, a graxa de porco, para alongar por exemplo a duración dos chourizos. Tamén o xarope (en tarro de cristal) permitía dispoñer dalgunhas froitas fóra de tempo. Pero había que ter cartos para mercar o azucre na tenda. Só os labregos de bo pasar dispuñan de pecunia para adquirir lambetadas. A penuria era grande. Muñoz, un dos poñentes que interviñeron no *Congreso Agrícola Gallego de 1864*, sinalaba que: "Tener pan é porco todo o ano en esa clase [labradora] es la suspirada felicidad á que uno entre cada ciento apenas puede arribar"².

A mentalidade influía no aproveitamento dos recursos que brindaba a natureza. Había tabús: non se comían os cogomelos, tan abondosos no outono, porque se consideraban "pan do demo". Nin os caracois. Tampouco aproveitaban as follas da vide (que os paisanos de Grecia devoran moi gustosos), nin as vainas das fabas, nin o que quedaba do cocemento dos peixes (non existían apenas as sopas de "peixe" ou de marisco) porque lles parecía que tal líquido "non alimentaba un carallo", segundo coincidiron en proclamar varios informantes³.

En Galicia, tamén resulta de aplicación a ocorrencia de Julio Camba, quen dicía que a cociña española estaba asentada sobre dous piares: o allo e os prexuízos relixiosos. Había preto de cen días ó ano de vixilia, nos que non se podía comer carne, nin tampouco o caldo con unto (a non ser que se lle mercara á Igrexa a dispensa: a "bula da cruzada"). Don Carnal saía malparado todos os venres, algúns sábados, diversos festivos, e os días de Coresma. A alternativa era o caldo de aceite e o peixe seco ou salgado (o ineludible bacallau), amén das verduriñas consabidas (das que o campesiño opinaba que non alimentaban gran cousa).

Durante o inverno íana virando. Cando chegaba a primavera, as despensas de non poucas casas empezaban a baleirarse e algunhas mulleres pertencentes a familias modestas tiñan que pedir fariña en préstamo. A escaseza, e por veces a fame, era a tónica dominante. Tense estimado que máis do 50% dos froitos da terra tiñan que ir destinados ó pago das rendas e a semente. Deste xeito, cando se achegaba o verán, as reservas disminuían alarmantemente: fóranse consumindo tras da matanza do porco en novembro e a colleita de cereal, a fins do pasado verán. Un refrán expresaba esta situación: "Dende as cereixas aos nabos, ben esta-

2 Planellas v Giralt, José (1994): *Congreso Agrícola Gallego de 1864*, Sada, Edicións do Castro, p. 72. (Publicación facsimilar do Seminario de Estudos Galegos).

3 Entre outros, o mariñeiro Antonio Pereiro. Entrevista realizada por Xavier Castro a Antonio Pereiro, mariñeiro nado en Bueu, no ano 1936.

mos. Dende os nabos ás cereixas, todo son queixas"⁴. Resultaba unha situación un pouco paradoxal que foran escasear as provisións xustamente na época de traballo máis intenso, cando precisaban unha dieta máis forte e reparadora. Ítem máis: os labregos das comarcas viticultoras habían pagar o xofre no mes de maio, cando o *oidium* necesitaba ser combatido, e neste momento os seus recursos escaseaban enormemente e agardaban con ansia a colleita de pataca para saír do paso⁵. Porén, polo regular, o campesiñado acomodado podía dispoñer dos recursos necesarios.

2. Dieta labrega

Vexamos cales eran os trazos xerais da alimentación dunha familia campesiña, en Galicia. A súa dieta estaba baseada esencialmente na autoprodución e no propio consumo. Polo tanto, o condicionante localista resultaba decisivo: non estaban dispoñibles outros alimentos alén dos fornecidos polo ecosistema imperante na localidade en cuestión. Con moi poucas excepcións. A súa dieta era moi pouco variada e descompensada. É posible conxecturar que a maior parte da poboación rural padecía un grao variable de malnutrición (tense apuntado a carencia moi común de vitamina C, consecuencia en boa parte do costume de ferver varias veces o caldo⁶). No segmento máis pobre, as carencias eran severas. Non eran poucos os que pasaban penurias ou mesmo fame. O espectro da fame pairaba sobre a existencia dos labregos, posto que mesmo os "de bon pasar" dispuñan de escasa previsión e conseguinte capacidade de resistencia, aínda que tivesen boa proporción de terras. Era suficiente que se declarase unha peste, que viñese un ano con exceso de chuvias —o "andazo" máis habitual⁷— ou ben con carencia delas, para que pasasen fame. Cando menos, de xeito puntual. Era improbable que un campesiño non coñecese un mal ano de fames no transcurso dos seus días.

No que atinxe á alimentación labrega, pódese sinalar que, dende mediados do século XIX, espallouse o consumo da pataca, que xunto coas verzas, fabas e pan de millo ou centeo constituían a base da alimentación popular. Unha tallada de touciño e un chisco de unto disolto no caldo completaban a achega proteínica e calórica. En efecto, no réxime nutricional labrego predominaban os cereais, hidratos de carbono, algúns legumes e a carne de porco. A carne fresca (vaca,

4 Zamora Mosquera, Federico (1972): *Refráns e ditos populares galegos*, Vigo, Editorial Galaxia, p. 79. Este refrán aparece xa recollido nunha importante publicación galega decimonónica: "Desd'as cereixas 'os nabos, ben estamos; desd'os nabos as cereixas, todas son queixas". "Refrás", en *O Tío Marcos d'a Portela. Parrafeos c'o pobo gallego*, Ano Primeiro. Parrafeos Doce. Ourense, 7 de agosto de 1876, p. 48.

5 Planellas y Giral, José, (1994): *Op. cit.*, p. 194.

6 Gregorio Varela *et alii* (1989): "Estado nutritivo y hábitos alimentarios de la población de la comarca de Pastoriza, perteneciente a la zona húmeda española y caracterizada por el alto grado de dispersión de su población", *Revista portuguesa de nutrição*, vol. 1, núm. 4, pp. 25-31.

7 Fernández Cortizo, Camilo (2005): "¿En Galicia, el hambre entra nadando? Rogativas, clima y crisis de subsistencias en la Galicia litoral sudoccidental en los siglos XVI-XVIII", *Sémata*, vol. 17, pp. 259-298.

cordeiro, carneiro, etc.) só se catava nos días felices das festas. E isto reza para os labradores de certo acomodo. O peixe fresco só chegaba ás mesas da poboación do litoral (onde tamén se consumía salgado ou seco, na amplo conxunto de días nos que o mal tempo impedía faenar). No interior, un pouco de bacallau e arenque servía para ir levando os días “maigres”. Os ovos e o leite tomábanse con moita parquidade: eran produtos que había que vender.

A graxa primordial para cocíñar era de procedencia animal, particularmente a de porco, o unto, a graxa (que non é o mesmo) e o touciño. O aceite de oliva era caro, de importación (producíase só en moi contadas zonas de Galicia, como Valdeorras, o Miñor —Vigo é a cidade da oliva— e o Ribeiro) polo que se empregaba con parsimonia. Só para fritir, en competencia coa graxa do “lardo” (touciño). Ou para facer unha allada, que xunto co rustrido, era un dos poucos prebes que utilizaba o labrego. Os condimentos básicos eran o sal, vinagre, allo e pimentón.

O viño (fóra das comarcas vitícolas) e o leite eran case artigos de luxo no século pasado. Polo demais, comer fóra da casa era unha práctica absolutamente excepcional nos sectores populares.

Examinemos o réxime diario de alimentación da maioría da poboación. Ó erguerse pola mañá, os homes tomaban a parva: unha copa de caña cunha codia de millo. As mulleres unha cunca de caldo, unhas patacas cocidas con leite ou papas de millo. Os homes, paraban pola mañá para tomar “as once” (que no verán anticipábase polo menos unha hora): boroa con touciño, ou ben cunha cebola. Se cadra, acompañado tamén cunha fecha de viño ou de caña. Entre as doce e a unha, xantábase. En realidade, as horas das comidas eran aproximadas, porque non abundaban os reloxos. Tomábanse as referencias polas sombras: sabíase así a hora que era. Volvían á casa a xantar, a non ser que se encontraran traballando nunha leira afastada. O menú consistía en caldo, pan, viño —se o había—, e algún compango de patacas e porco. Arredor das 6 merendaban e entre as 9 e as 10 da noite ceaban: pan de millo e de novo caldo. Se cadra, por riba, unha peza de froita.

3. Sobre a dieta da xente de bronce que gastaba blusa

A dieta popular urbana non difire substancialmente da campesíña. Un amplo sector da clase obreira galega tivo decote uns fortes vencellos co mundo rural. De feito, non eran poucos os simbióticos que compaxinaban o obradoiro coa leira, nos fins de semana e no tempo libre tras da xornada laboral, axudados polas familias. Foi bastante habitual que nos momentos de traballo intensivo no campo, unha parte considerable do cadro de persoal pedira a baixa, pretextando enfermidade, para poder vendimar, recoller o millo ou mallar o centeo. Ítem máis, as

casas dos barrios obreiros das urbes adoitaban ter horta e criar galiñas e un porco. Polo tanto, as pautas alimenticias de ambos os grupos sociais asemellábase: nos produtos —en moitos casos traídos do campo polo proletario—, na gastronomía, igualmente básica e sinxela, e na tecnoloxía culinaria: recorríase á lareira, á bilbaína e, ó cabo, á cociña de gas. Unha pequena vantaxe apreciable da que gozaba o obreiro, consistía en poder realizar a súa muller a compra na praza, a última hora, cando as vendedoras tiñan que saldar por moi pouco prezo os seus produtos perecedoiros. Tras un duro regateo, as amas de casa conseguían así abaratar a mantenza dos seus.

En termos xerais, “La condición de la clase obrera no puede calificarse de buena, pocas veces de mediana, y casi siempre de mala”⁸. A penuria alimentaria marcaba a súa existencia. Deste xeito, recoñecía-se en 1884 a dificultade do obreiro para “proveer á su alimentación y á la de su familia”⁹. Porén, existían diferenzas entre os operarios cualificados xunto cos traballadores dalgúns poucos sectores da actividade, e os restantes membros da clase obreira. Por vía de exemplo, na Coruña, en 1884, semellaba “pasadera” a situación dos operarios do gremio da olería, que se podían beneficiar da “abundante y comfortable” alimentación que existía nas localidades da provincia na que estaban instalados os obradoiros¹⁰.

Os produtos básicos da dieta proletaria eran as patacas, os legumes secos (fabas e garavanzos), unhas poucas verduras (verza, grelo, coliflor, repolo) e a carne de porco, nomeadamente o touciño. Á carne de vaca só accedía o operario de xeito moi excepcional; podía mercar moi de cando en vez, “casquería” (vísceras) e soamente nun día de festa algunha parte máis substancial, ou ben algunha porción de carne de carneiro¹¹, e dende logo, ese día podía gozar de carnes de porco variadas. O obreiro tomaba pouca froita e tamén pouco leite. O café, o chocolate e o azucre eran un luxo poucas veces accesible para a familia proletaria.

Segundo algúns testemuños, eran abondosos os integrantes dos gremios dos canteiros e curtidores que almorzaban cunha parva de boroa e augardente¹². Claro está, isto non sucedía só nestes sectores. Os máis comedidos co alcol tomaban o pan de millo, de centeo, ou ben confeccionado cunha mestura dos dous, fervido en auga¹³, ou con moita sorte en leite. Ás veces, engadíase un chisco de

8 Castillo, Santiago (ed.) (1985): *Reformas Sociales: información oral y escrita publicada de 1889 a 1893*, Madrid, Ministerio de Trabajo y Seguridad Social, V, p. 52.

9 *Ibidem*, p. 41.

10 *Ibidem*, p. 52.

11 Pernas Oroza, Herminia (2001): *Las clases trabajadoras en la sociedad compostelana del siglo XIX*, Vigo, Nigra Imaxe, [Santiago de Compostela], Consorcio de Santiago, p. 85.

12 Pose Antelo, José Manuel (1989): *La ciudad de Santiago en la primera etapa de la Restauración 1875-1902. Sociedad, economía y cultura*, Facultade de Xeografía e Historia, Universidade de Santiago de Compostela, p. 705 (Tese de Doutoramento).

13 Marvaud, Ángel (1975): *La cuestión social en España*, Madrid, Ediciones de la Revista de Trabajo, p. 225 (1ª edición en francés, París, 1910).

unto e sal¹⁴. Outra variante eran as papas de millo ou ben o caldo. Chocolate, dende logo, apenas o cataban, aínda que si un subproduto, como puña de relevo un testemuño: “Suelen desayunarse con cáscara de cacao y un cuarterón de pan”¹⁵.

Á hora do xantar, non podía faltar unha cunca de caldo, no que era común remollar anacos de pan. Auga, da fonte máis achegada, e con moita fortuna, viño, e algún compango. Podía consistir este en patacas con touciño, ou unha presada de castañas¹⁶, un prato de arroz, unha potaxe, unha tortilla con pouco ovo, un cocido moi modesto, bacallau ou arenque con patacas... “y consumen además borona (pan de maíz), legumbres, pescado de ínfima clase y corta cantidad de carne en un día festivo por ser excesivo su precio”¹⁷.

Para a condimentación dos alimentos podía recorrer ó sal, a unha folla de pirixel ou loureiro, ó azafrán de inferior calidade, ó allo, ó pemento, e se cadra tamén a un chisco de aceite, que resultaba indispensable para elaborar o prebe principal do país: a allada. A cea non presentaba ningún risco orixinal verbo do xantar¹⁸, non sendo a súa maior parquidade. En conxunto, esta dieta asemellábase bastante ó réxime alimentario que adoitaba ser habitual nas clases traballadoras doutras partes de España, segundo se infire da investigación da *Comisión de Reformas Sociales*.

4. Eidos, hortas, bacelos e foros

A nutrición dos fidalgos, e outros sectores privilexiados, caracterizábase pola variedade de produtos, e a súa calidade intrínseca. Tanto no que respecta ós alimentos producidos nas súas explotacións como dos que adquirían, mediante as súas criadas, na praza ou na tenda. Os máis sibaritas —temos un exemplo nun rico que protagoniza unha das novelas de Francisco Camba— informábanse de quen elaboraba o mellor viño da comarca, pescaba as mellores lampreas, ou tiña as froitas máis saborosas, para logo enviar por elas. Actuaban, dalgún xeito, no ronsel do Marqués de Vegallana que, en *La Regenta* de Clarín, alardeaba nunha comida, diante dos seus conspicuos invitados, de que os mellores produtos da comarca de Vetusta ían parar a súa mesa.

En verdade, a fidalguía e os sectores burgueses asimilados que habitaban nos pazos gozaban dunha alimentación de extraordinaria calidade e opulencia. Mesmo produce marabilla examinar hoxe os testemuños desa existencia farta e

14 Pernas Oroza, Herminia (2001): *Op. cit.*, p. 86.

15 Castillo, Santiago (ed.) (1985): *Op. cit.*, p. 41.

16 Saurin de la Iglesia, M.ª Rosa (1977): *Apuntes y documentos para una historia de Galicia en el siglo XIX*, Deputación Provincial da Coruña, A Coruña, 1977, p. 89.

17 Castillo, Santiago (ed.) (1985): *Op. cit.*, p. 41.

18 Pernas Oroza, Herminia (2001): *Op. cit.*, p. 87.

acougada, que supera en moito á dos *estresados vips* dos nosos días. Un pazo era un pequeno universo que se abastaba de seu para subsistir, no que atinxe ó eido alimentario esencial. Por suposto, non en roupa ou noutros bens de consumo suntuario. O pazo dispuña de vacas propias, porcos de envergadura, bacoriños, galiñas (e ovos, por conseguinte), pombas, coellos e algún cabrito. Só era preciso adquirir a carne de tenreira, que se compraba cada día no matarife, a quen, en contrapartida, se lle vendían as crías da vaca. Leite, manteiga e queixo adoitaba haber a fartar. O mar e os ríos fornecían á mesa palaciana os peixes máis valorados: robalizas, salmóns, lampreas, pescadas, rodaballos, etc., ben en fresco, ben de xeito afumado, salgado ou seco. A horta, ben cultivada polos criados, e axeitadamente fertilizada co estrume dos cortellos, producía unha ampla gama de verduras e legumes, con excepción dos garavanzos que, polo xeral, traíanos de fóra os arrieiros maragatos. Non deixaba de dar boa colleita de fabas e patacas para todo o ano. A carón dos cuarteiróns da horta estaban plantadas as variadas arbores froiteiras que producían albaricoque, moras (de moreiras) claudias, pexegos, excelentes variedades de peras, e un pouco despois, melocotóns e figos, e ó cabo, mazás e marmelos que duraban todo o ano e que servían ó propio tempo para perfumar a roupa nos armarios. Ademais, permitían facer compota e doce en pasta, no caso do marmelo e a mazá. Tamén as demais froitas se podían consumir no inverno, conservadas en xarope mediante tarros de cristal, e asemade *sub especie* de marmeladas. Non se pode esquecer o papel das castañas, tan importante en tempos recuados en substitución da pataca, e que cocidas cun chisco de sal e uns graos de anís constituían os zonzochos, un manxar predilecto dos nenos. Como tamén o eran as espigas tenras e leitosas de millo, que cando se asaban adquirían un sabor doce. Os propios eidos, cultivados polos criados da casa coa axuda de xornaleiros, sumados ás leiras aforadas achegaban abondoso cereal. As copiosas rendas cifradas en moitos ferrados de millo, centeo e trigo permitían cocer pan a diario, branco para os señores, mouro para os servidores, e alimentar a facenda. Nunca faltaba unha adega ben proporcionada e máis un lagar ó que ían parar os acios das castes de viñas máis estimadas, e aínda que este viño era polo regular lixeiro e *acidillo*, sempre se podía complementar con viño de marca adquirido nun ultramarinos. O que non fornecían os foros e a produción de seu achegábo a bolsa farta. Cartos había, e o máis común era mercar o aceite, agás nalgúns pazos do Ribeiro, Valdeorras e o Miñor que dispuñan de abondosas oliveiras. Adquiríanse tamén produtos tales como azucre, sal, arroz, garavanzos, lentellas e pasta.

Rendeiros e ricos das cidades obtiñan produtos das súas terras, que lles entregaban os seus caseiros ou xornaleiros. Se a vivenda urbana non dispuña de horta na traseira, adquirían unha boa leira nas aforas da cidade, encargando o seu cultivo a un xornaleiro, para cultivar nela as patacas, verduras, etc., coas que nutrir

axeitadamente a súa familia. A culinaria e a repostería das “casas fartas” conseguían uns preparados variados e de gran sabor, mediante o emprego de receitairos familiares ou libros de cociña española. Ou da cociña rexional de Picadillo, a partir dos comezos do século XX¹⁹.

5. Bebidas: auga, viño e parva de caña

O viño bebíase poucas veces por sede; moitas en cambio por fame, para ver de enganala cando por algunha razón escaseaba a comida pero non o viño, por ruín que fose; tomábase ademais por mor do frío e en ben da saúde do corpo e do espírito. En efecto, o viño era para o labrador un alimento. Servíalle de calefacción interior no inverno, de refresco no verán e de remedio para un catarro. Tamén constituía a base para a elaboración do preparado dun menciñeiro, e resultaba imprescindible para ofrecer a unha visita ou para celebrar un día de festa. Poucos eran os praceres de boca do campesiñado. Non dispoñer de viño supuña un pesadume grande nunha existencia difícil.

Nas zonas vitícolas, o labrador tomaba viño nas comidas a diario (nas que non había viñas, tiña que pasar sen el, agás algún día de festa, en que o mercaba). Polo xeral tiñase que constrinxir ó viño “de segundas”, de mala calidade, mesmo mesturado por veces con froitas fermentadas, como érbedos, mouras e outras: tal era a *xoana*, do Ribeiro. Non quedaba outra, posto que o de mellor calidade había que vendelo, que diso vivía a familia, en gran medida. Predominaba o viño tinto, de poucos graos (oito ou nove), e que poucas veces se conservaba no verán. Acontecía así que tres ou catro meses antes da vendima non quedaba nin un pipote de viño potable na adega. E producíase xustamente isto cando apertaba o traballo e con el a sede.

Os máis pobres nas comarcas vitícolas tiñan cando menos a pequena sorte de poder practicar o rebusco: deixábenselles recoller os acios que quedaban esquecidos tras da vendima, e con eles facían un barriliño de viño.

Os días de festa bebían todos, inescusablemente. En tales ocasións, tolerábase a embriaguez. En tales xantares de excepción o viño bebíase con regalía. Coas sobremesas tomábanse copas de augardente, licor café, e coñac. Unha botella de tostado, do Ribeiro ou doutras comarcas onde se elaboraba este viño doce, aledaría a mesa dalgunha que outra familia campesiña moi abastada. Tamén podían servirse dela as mulleres, aínda que máis propio delas resultaba a augardente de herbas, ou ben as guindas enchoupadas en augardente, e tamén as copiñas de anisado, se cadra marca *Las Cadenas*, por exemplo; ou ben outro más barateiro, feito na casa coa planta de anís e a caña.

19 Puga y Parga, Manuel María (Picadillo) (1905): *La Cocina Práctica*, Santiago de Compostela, Librería-Editorial Gali (1ª edición 1905).

A parva de augardente pola mañá era o conforto dos homes. E dalgúñas mulleres, co debido disimulo. Ou ben se alegaban que precisaban a caña con urxencia por mor dunha dor de moas. De cando en cando, tomaban tamén as mulleres algunha copíña de quinado, medicinal ó cabo, para os intres nos que as aflixían as dores da regra ou cando dicían sentirse adoecidas pola *matris*.

Nas romaxes tomábase sobre todo resolio, chamado as veces popularmente *risolio*²⁰, que as rosquilleiras vendían por copas (bebíano os personaxes das *Comedias Bárbaras* de Valle-Inclán²¹; repárese senón no cego de Gondar). Era un licor composto de augardente mesturado con azucre, canela, anís e outros ingredientes olorosos.

En paralelo co que acontecía cos alimentos, rexistrábase asemade un certo grao de discriminación da muller na bebida: asignábaselle unha cantidade menor de viño, e adoitaba rebaixalo con auga ou gasosa. Brindábaselle tamén menos oportunidades de beber viño e o espazo no que podía facelo era ben máis restrinxido, posto que lle estaba vedado o ámbito primordial de consumo de viño, a taberna. Estaba mal visto que lle gustara beber. E peor aínda que o manifestara. Tiña que practicar unha modalidade discreta, ou mesmo clandestina, de bebida (cando non estaba o marido na casa, pola noite, etc.).

Había tamén outra clase de alcohol. En moitas comarcas, nas que eran abondosas as pomaredas, facíase sidra, bebida que tivera unha grande importancia en etapas históricas recuadas, antes de que os viñedos coñeceran unha forte expansión. Segundo Anselmo López Carreira, no medievo eran máis abondosos os foros de sidra que os de viño. A sidra de mazá que se elaboraba en Galicia tiña máis que ver coa que se fai en Bretaña —que non é preciso escanciala— que coa asturiana.

No verán, bebían bastante auga. Líquido elemento que, por certo, non poucas veces estaba contaminado (por estar afectadas de residuos orgánicos moitas fontes e pozos). O viño resultaba unha bebida máis fiable. Probablemente bebían máis auga as mulleres, non por que tivesen máis sede, senón porque tomaban menos viño. A abstemia era algo que se daba nunha contía apreciable entre as mulleres. En absoluto, en cambio, entre os homes, ou nun grao inapreciable. A virilidade estaba asociada co consumo de viño e as bebidas fortes, do mesmo xeito que co tabaco. Como moitos dicían: “¡faltaría máis! ¡Un home que non bebe nin é home nin é nada!”

20 “Resolio” en Rodríguez González, Eladio (1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, Vigo, Editorial Galaxia, T III, p. 273.

21 Cfr. Valle Inclán, Ramón M.^a del (1976): *El embrujado (Tragedia de tierras de Salnes)*, en *Obras Escogidas*, Madrid, Aguilar, T. I, 5^a ed.

Na casa, tiñan un tanque de auga na cociña, do que se servía a familia valéndose dun cazo. Ó campo levaban un botixo. Tamén, claro, una garrafiña, ou unha bota de viño, para combinar, e porque ata hai pouco tempo todos estaban convencidos —con razón— de que o viño era unha bebida máis saudable.

En España, sempre recaeu sobre os alcois unha fiscalidade gravosa. Pero co viño a granel a tributación semella ter sido un pouco máis morna. Probablemente por razóns políticas, diríamos *everxetistas* (de *panem et circenses*, para o pobo), para non aumentar a temperatura do crónico malestar das clases traballadoras. Decote foi o viño un xénero accesible, relativamente barato. Dende logo, máis económico que o leite, produto básico —por certo, que antano tamén se tiña o viño por un alimento básico—. Poderíamos escoller unha estatística de calquera ano e o resultado non variaría en relación á que pasaremos a mencionar, referida o ano 1922: daquela, o prezo medio dun litro de viño en España, era de: 0,60 pesetas; o de leite era de: 0,75 pesetas²².

A pesar diso, tan precario foi o nivel de vida do proletariado galego, que foron certamente moi poucos os que puideron permitirse o luxo de acompañar a comida con viño²³, que case sempre era tinto, pois este era o que alcanzaba un consumo máis conspicuo nos medios populares. Empezaron os traballadores de maior cualificación ou que se aplicaban en sectores onde os salarios non eran tan sucintos. Os chocolateiros, por exemplo²⁴. Foi na década de 1960 cando este hábito se xeneralizou. Antes desta data, non era frecuente que os operarios dispuxeran de viño na casa²⁵; cando tiñan posibles para iso mandaban un fillo a que fora por un cuartillo á taberna. Sempre a granel, ata que nas últimas décadas do século XX se comercializaron caldos embotellados de marca, a prezo moi módico. Esta adquisición implicaba ás veces a renuncia a algún produto que formaba parte da súa alimentación cotiá²⁶. E non se repartía de xeito equitativo: a muller do traballador non o tomaba, ou tiñase que conformar con unha dose menor (se cadra, rebaxado con auga).

Xa que logo, o viño consumido polos obreiros era ramplón e adoitaba estar augado ou adulterado de diversas maneiras nocivas, e suplía por veces o seu minguado condumio. Esta realidade induciu a Paul Lafargue —que coñeceu a situación dos traballadores da península nunha viaxe proselitista que realizou por

22 Instituto de Reformas Sociales: *Movimiento de los precios al por menor en España (1914-1922)*, Madrid, 1923.

23 *Memoria de la Comisión de Reformas Sociales de La Coruña*, ano 1885; Castillo, Santiago (ed.) (1985): *Reformas Sociales: información oral y escrita publicada de 1889 a 1893*, Madrid, Ministerio de Trabajo y Seguridad Social (Edición facsimilar), vol. V, p. 122.

24 Pernas Oroza, Herminia (2001): *Op. cit.*, p. 86.

25 *Ibidem*, p. 85.

26 Castillo, Santiago (ed.) (1985): *Op. cit.*, V, p. 122.

España—, a facer unha reflexión que sen dúbida tivo que chegar á fibra sensible dos traballadores:

[...] la clase obrera deberá, como la burguesía, violentar sus inclinaciones a la abstinenencia y desarrollar indefinidamente sus capacidades consumidoras. En vez de comer una o dos onzas de carne dura por día, deberá comer jugosos beefsteaks de un par de libras cada uno, y en lugar de beber modestamente malos vinos, más cristianos que el Papa, beberá a grandes sorbos bordeaux y bourgogne, y dejará el agua para las bestias.²⁷

A augardente, da clase máis ruín e rasposa, era tamén consumida polos traballadores e mariñeiros. As súas mulleres preferían mellor o anisado.

Os mariñeiros acadaron sona de ter sido reiros bebedores. En efecto, os pescadores da costa lucense, como en xeral en todo o norte de España, en 1916, gastaban aproximadamente a metade do que gañaban en beber e en fumar²⁸. E aínda menos mal que unha parte da retribución a obtiñan en especie: un quiñón de peixe. Quedáballes só a metade do xornal para mantérense eles e as súas familias. En opinión de Benigno Rodríguez, tal desgobierno e intemperanza constituían motivos importantes que explicaban o feito de que moitos deles vivisen na pobreza, “que en algunos puertos se convierte en verdadera miseria, principalmente, durante los inviernos, pues en el verano su vida es siempre más desahogada”²⁹.

Un orador laiábase, en 1884, dos males producidos polo abuso da bebida, que atribuíu á falla de instrución e a miseria³⁰. Segundo el, a desesperación que experimentaban os obreiros por mor da penuria e a carestía dos víveres eran os factores indutores da bebida excesiva. Porén, semella que en termos xerais as borracheiras do obreiro non eran moi habituais, segundo o hixienista lucense Antonio Correa. Ás veces estaban provocadas polo feito de non ter nada no bandullo. É dicir, caían na embriaguez máis polo pouco comer que polo moito beber.

6. Tipos de cociñas: lareiras, bilbainas e de gas

Para atender as necesidades alimenticias da familia, as mulleres foron pouco a pouco dispoñendo de cociñas de ferro, máis eficaces que as tradicionais lareiras. Na penúltima década do século XIX, concretamente cara a 1878, a mestra do pobo de Vilamorta, segundo a describe Emilia Pardo Bazán, tiña na súa casa unha cociña de ferro³¹. Pero esta muller non carecía dalgúns posibles, amén dun magro

27 Lafargue, Paul (1973): *El derecho a la pereza*, Madrid, Fundamentos, p. 132.

28 Rodríguez Santamaría, Benigno (1916): *Los pescadores del Norte y Noroeste de España*, Madrid, Imp. Alemana. [Edición facsimilar publicada polo Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 2005].

29 *Ibidem*.

30 Castillo, Santiago (ed.) (1985): *Op. cit.*, p. 41.

31 Tal se deduce da descrición que fai a autora; cfr. Emilia Pardo Bazán: *El cisne de Vilamorta*, p. 221.

salario. A fins do século XIX había un número significativo de familias acomodadas en Galicia, e entre elas algunhas de condición labrega, de boa posición, labradores “de casa farta”, que dispuñan de cociñas de ferro. Denominábanse tamén *bilbaínas* (aínda que moitas eran galegas, da fundición ourensá Malingre, por exemplo) ou *económicas*, admitindo como combustible tanto leña como carbón³². Tiñan normalmente dous *hornillos* e as máis completas, tres un pequeno forno e depósito de auga quente. Non era isto un asunto baladí para a ama de casa: “A bilbaína préndela para quentar a casa e podes ter auga quente en calquera momento”³³.

O mesmo Valle-Inclán chegou sentir o pulo modernizador no eido da tecnoloxía culinaria; en efecto, declaraba nunha carta que: “voy a instalar una cocina de hierro que estoy esperando de Vigo”³⁴, onde a tiña encargada. Queríaa para a súa casa da *Merced*, que dispuña de finca e estaba situada nos arredores da Pobra do Caramiñal. Alugáara coa pretensión de compaxinar a explotación agrícola coa creación literaria. Pero axiña puido comprobar que isto non resultaba nada doado; só mantela limpa de silvas xa representaba un traballo hercúleo: “la finca es un dolor, no hay modo de limpiarla de zarzas, retamas, tojos y helechos. Era necesario un casero, porque yo con estas barbas no puedo”³⁵.

O novo tipo de cociña representou un avance significativo. Na cociña de ferro era máis doado prender o lume que na lareira e permitía ademais regular a súa intensidade mercé ó tiro³⁶, dándolle máis aire para avivar a combustión da leña ou carbón, e tamén mediante os aros concéntricos de ferro. Nas lareiras o problema era regular a intensidade do lume: en canto a auga fervía no pote vertíase por fóra e apagaba o lume. Aínda que tamén é verdade que resultaba posible regular nalgunha medida o *herbor* do pote na lareira, erguendo un chisco máis a grama-lleira ou baixándoa, e achegando ou retirando leña. Se era de fritir, cando as lapas subían moito, prendían dentro, e incendiábase o aceite na tixola. Convén engadir que as cociñas de ferro non provocaban a fumareda das lareiras, pois tiñan saída de fumes por cheminea, cousa moi infrecuente nas lareiras. Tamén semella que se acendían con máis presteza, pois co tiro de que dispuñan axiña penetraba o osíxeno necesario para aviver a combustión do lume³⁷. Ademais, a cociña de ferro permitía facer a un tempo varias cousas: fritir un bisté, quentar unha pota de auga

32 Entrevista realizada por Xavier Castro a Josefa González Rúa, nada en Banda do Río, Bueu, en 1914.

33 Entrevista realizada por Xavier Castro a Pilar Blanco. Xa cit.

34 Carta de Valle-Inclán enviada dende a Pobra do Caramiñal a Javier Puig Llamas. Redactada na segunda década do século XX.

35 *Ibidem*.

36 Entrevista realizada por Xavier Castro a Coli, cociñeira de Cangas.

37 Entrevista realizada por Emilia Mondelo Rodríguez a Luzdivina Rodríguez Gómez, nada en Vilasouto (O Incio, provincia de Lugo), o 23 de maio de 1926.

e poñer unha cafeteira³⁸. Era fundamental nas comidas de festa (a do patrón, por exemplo, no verán) xa que había que ter á vez moitas potas con comida³⁹. A lareira non permitía realizar esta multiplicidade de tarefas a un tempo. Ademais, abondaba con deixar a pota sobre a prancha de ferro quente da bilbaína para conservar a comida a boa temperatura durante moito tempo⁴⁰. Así o caldo estaba sempre dispoñible para que se puideran servir os integrantes da familia a medida que ían regresando do campo. E non era tampouco cativa vantaxe poder dispoñer de auga quente sempre, porque algúns modelos destas cociñas levaban un depósito para a auga. Deste xeito, cando se tiña acendida a cociña sempre se quentaba ó mesmo tempo unha certa cantidade de auga que logo se mantiña tépeda durante bastante tempo⁴¹. Ademais, nas cociñas de ferro era posible facer doces ou empanadas, no forno que tiñan⁴². Isto nas lareiras non era posible: había que utilizar o forno de cocer o pan e daba moito máis traballo. Aínda máis: coa bilbaína facíase a comida e os doces de repostería á vez, coa mesma cantidade de combustible e sen ter que dedicar ó labor máis tempo.

Cociñar nunha lareira presentaba algúns inconvenientes. Cando se preparaba a comida emborrallábase moito o pote, a tixola e a cazola de barro, por mor da feluxe, “que, ¡para limpala!”, laiábase unha ama de casa. O problema agravábase porque nas máis das casas non había traída de auga e non deixaban lavar os cacharros na fonte (aínda hoxe miran moi mal á que fai iso: “hai alí unha porca que os leva...”, dicía algunha muller). Na cociña, o máis problemático era a auga. No verán a fonte tiña pouca auga. Había cola e cumpría esperar. Facía falla carrexar moita auga para os usos domésticos e daba moita leira. Para evitar manchar todo, había que saír para fóra da casa, para coller terra areosa na eira, como podía ser o xabre. Había que fretar os cacharros con esta area, ou ben coa *areíña* ou “arenisca fina”, de cor ocre, que semella que se chamaba *pedramol* e que se vendía empacutada en papel, que aínda recentemente era posible encontrar nas tendas. Pola contra, nas cociñas bilbaínas non se manchaban tanto os cacharros. Apuntaba Josefa Domínguez que: “[...] eran máis cómodas, non había que fregar tanto as potas, [...] entonses taban as potas máis limpias e maila lousa, todo máis limpio, a cosiña e todo. E máis cómodas, claro, por iso, por estar máis limpias”⁴³.

Polo demais, as costas da cociñeira sufrían ben máis na lareira, porque poucas “estaban á altura” e había que agacharse máis que nas bilbaínas.

38 Pardo Bazán, Emilia (1885): *El cisne de Vilamorta*, p. 221.

39 Entrevista realizada por Xavier Castro a M.ª Teresa Martínez Rodríguez, nada na Coruña, no ano 1971.

40 Entrevista realizada por Xavier Castro a Coli, cociñeira de Cangas.

41 Entrevista realizada por Emilia Mondelo Rodríguez a Luzdivina Rodríguez Gómez, nada en Vilasouto (O Incio, provincia de Lugo), o 23 de maio de 1926.

42 *Ibidem*.

43 Entrevista realizada por Eva Linares Fernández a Josefa Domínguez Beade, nada en Bentín (Biduido, no concello de Ames) no ano 1918. Fondo Historga-AHUS.

Agora ben, nas casas labregas non se deixaron de utilizar as vellas lareiras, que non foron substituídas por completo polas novas de ferro, a pesar da maior comodidade que representaban, como adoita acontecer con todos os procesos de renovación neste eido (de feito, cando se introducen máis tarde as de gas butano, seguíronse a empregar as de ferro, je as lareiras!). Podemos achegar algunhas razóns que poden explicar a coexistencia de ambas as cociñas.

Nos fogares campesiños non se podía prescindir da lareira ó ter que elaborar a encaldada para os porcos e as vacas. En efecto, Josefa Domínguez apuntaba que na casa na que traballaba de serventa “tiñan unha lareira pa quentala augha dos animais. Aí [nas bilbaínas] namais que se cosinaba pa xente, [...] sin a outra non se arreglaban. O que tiña animais tiña que ter a outra”⁴⁴. En realidade, a cousa non era tan axiomática. Tratábase ante todo dunha cuestión funcional e de comodidade: resultaba máis práctico e menos embarazoso servirse da lareira para tal mester. Pero quen non tiña espazo dabondo na casa para ter as dúas cociñas, arraxábase tamén bastante ben preparando a comida para os porcos, (feita en parte coa *lavadura*) nunha pota chea de auga que se quentaba na bilbaína⁴⁵.

A lareira cumpría ademais un papel insubstituíble para a conservación dos alimentos nunha época en que non existían apenas os aparellos de refrixeración doméstica: o frigorífico e arcón conxelador. Resultaba irremprazable para curar mediante o fume os chourizos e demais embutidos, derivados do porco, que se penduraban sobre ela⁴⁶. E servía tamén para secar as castañas.

O lume do lar seguiu a empregarse para elaborar certos preparados característicos da gastronomía e a repostería tradicionais, ben porque adquirían mellor sabor que nas cociñas económicas (varias informantes declaraban que, en xeral, a comida sabía moito mellor na lareira⁴⁷) ou ben porque as cociñeiras estaban afeitas a servirse das lareiras para elaboralos. Tamén porque a lareira ofrecía a posibilidade de cociñar coas brasas, o que non se podía facer nas bilbaínas. Xa fora directamente ou ben pousando sobre delas unha tixola, ben untada de touciño (que é aconsellable ter pinchado cun garfo⁴⁸) para preparar, por exemplo, as filloas. Os choupíns cociñábanse nalgunhas partes directamente nas brasas da lareira: botábaselles unha area de sal gorda, un chisco de unto e púñanse logo boca abaixo (co talo cara arriba) nas brasas⁴⁹. Outrosí, o lar permitía poñer unha grella sobre as

44 *Ibidem*.

45 Entrevista realizada por Xavier Castro Pérez a Carmen Méndez Argibay, vecina de Meiro (Bueu), nada no ano 1964.

46 Entrevista realizada por Xavier Castro a M.^a Teresa Martínez Rodríguez. Xa cit.

47 Entrevista realizada por Emilia Mondelo Rodríguez a Luzdivina Rodríguez Gómez, nada en Vilasouto (O Incio, provincia de Lugo), o 23 de maio de 1926.

48 Cunqueiro, Álvaro e Filgueira Iglesias, Araceli (1984): *Cocina Gallega*, León, Editorial Everest, p. 350.

49 Entrevista realizada por Xavier Castro Pérez a Catalina Cotado Galán, nada en 1957, en Viana do Bolo (Ourense).

brasas e asar sardiñas ou ben carne. Asemade era posible facer nela os “bolos da lareira”, que se preparaban sobre a pedra do lar, onde, por certo, tamén era posible elaborar as filloas⁵⁰. E había ademais algúns alimentos, como os chourizos, certas carnes ou as espigas de millo, que se asaban ó espeto (ou mediante outro procedemento de suxeición semellante) achegándoos ó lume da lareira.

Polo demais, o lume que ardía na lareira aproveitábase para unha gran diversidade de usos, tanto utilitarios, como “culturais”. O máis evidente era o de dar luz, alumear a cociña, complementando as febles candeas no tempo no que aínda non había electricidade. Podía servir para endurecer a madeira dos instrumentos de labor. E tamén para outras cousas: Valle-Inclán describe en *Romance de Lobos* a antesala dunha casona onde unha rapaza fiaba namentres “otros criados desgranaban maíz, a la rendonda de una cesta colmada de mazorcas”⁵¹ Valíanse para iso dun carozo que procuraban endurecer no lume do lar para que realizara mellor o labor e non provocara dor nas mans. E non ten dúbida que o lume viña moi ben para acenderen os homes da casa de cando en vez un pito.

A lareira continuou desempeñando ademais un privilexiado papel como espazo de sociabilidade, pois, a carón dela, convocados pola súa calor e engado, xuntábanse nas prolongadas veladas nocturnas todos os membros da familia, e algún veciño ocasional, para parolar, contar contos e sucedidos⁵². Era o insubstituíble ámbito de calidez do fogar que operaba como centro de gravitación da convivencia familiar.

Ítem máis, non se pode esquecer que o espazo social definido pola lareira era un lugar caracterizado por unha forte impregnación simbólica. A mesma lareira estaba revestida dun carácter máxico: as ánimas dos defuntos da familia acudían a este espazo, entremetres que non se sabe que nunca se sentisen atraídas polas cociñas de ferro. Era coma se estimaran que os instrumentos elaborados polas modernas factorías industriais carecían de alma. En efecto, segundo refiro con maior amplitude no meu libro *A lume manso*⁵³, era unha crenza firmemente asentada no imaxinario popular que as ánimas entraban nas casas pola cheminea, que cadraba xustamente enriba do lume da lareira. Sabíase que chegaran cando as labaradas se movían sen que correse a brisa ou andase alguén a zoscar no lume. E, deste xeito, como o lume vía e sentía, resultaba conveniente gardar certo recato diante del⁵⁴. Tamén a carón do lume da lareira se ía sempre invitar as ánimas na

50 Entrevista realizada por Xavier Castro a M.^a Teresa Martínez Rodríguez. Xa cit.

51 Valle Inclán, Ramón M.^a del (1976): *Romance de Lobos*, en *Obras Escogidas*, Madrid, Aguilar, vol. I, p. 657 (5^a edic.).

52 Entrevista realizada por Xavier Castro a M.^a Teresa Martínez Rodríguez. Xa cit.

53 Castro, Xavier (1998): *A lume manso. Estudos sobre historia social da alimentación en Galicia*, Vigo, Editorial Galaxia, p. 231.

54 Mandiánes Castro, Manuel (1990): *Las serpientes contra Santiago*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco Edicións, p. 89.

véspera dunha viaxe de peregrinación. A cociña era un lugar apropiado para lles rezar ás ánimas, cousa moi conveniente despois do solpor, pois como dicía unha vella muller que nos fala desde *Os camiños da vida*: “A noite é boa para durmir, despois de facer as oracionciñas e cumprir, como é debido, cos defuntos”⁵⁵.

Adoitábanse botar ó lume da lareira anacos de pan —en particular os que caeran ó chan—, como unha ofrenda para as ánimas⁵⁶. E durante a noite non se podía varrer a cociña porque revelaría a intención de querer botar os espíritos do outro mundo, que se viñan quentar cos familiares no lume da lareira, sobre todo nas noites de inverno, e alí permanecían cando os vivos se ían deitar⁵⁷.

Tampouco nas casas fartas desapareceron supetamente as lareiras. En moitas perviviron durante moitos anos as dúas cociñas. A cociña máis antiga cumpría tamén varias das funcións sinaladas en relación coas casas populares, e servía ademais para que puidese traballar nela o chocolateiro cando acudía ó domicilio para elaborar o chocolate. E así quedaba logo aquel recendo, que mancaba de saudades a Florentino Cuevillas e os seus compañeiros do Seminario de Estudos Galegos.

No universo dos pazos, tanto os condumios señoriais como a encaldada para o gando preparábanse nunhas lareiras de grandes dimensións e provistas dunha boa campá que facilitaba a saída do fume pola cheminea, tratando de impedir que se espallara pola cociña. Entre fins do século XIX e comezos do XX introducíronse as cociñas de ferro, nas versións máis luxosas: a fidalguía procurou adquirir os modelos que tiñan mellores prestacións e maior tamaño. Coma no caso dos campesiños, e por razóns análogas, os señores dos pazos consideraron compatibles ambos os instrumentos culinarios, cada un coas súas vantaxes respectivas. E, se cadra, cun beneficio suplementario no caso dos pazos: nos intres de sobrecarga de traballo das cociñeiras, por teren que atender á elaboración de comidas para un gran número de invitados, ou mesmo para preparar banquetes en toda regra, dispoñer doutra cociña de reforzo viña moi ben.

Foi na década de 1960 cando se difundiron de xeito conspicuo por Galicia, nos ambientes populares, tanto as cociñas de gas coma as eléctricas. Polas aldeas espallouse moito o uso da cociña de gas butano⁵⁸. A eléctrica bastante menos⁵⁹. Non resulta de ningún xeito un feito casual que fora nos anos sesenta cando se propagou por Galicia esta última clase de cociña: foi daquela cando se completou a instalación da rede eléctrica domiciliaria, nomeadamente no medio rural onde

55 Otero Pedrayo, Ramón (1990): *Os camiños da vida*, Vigo, Editorial Galaxia, p. 100.

56 Mandianes Castro, Manuel (1984): *Loureses. Antropoloxía dunha parroquia galega*, Vigo, Editorial Galaxia, p. 60.

57 Recolle esta tradición no século pasado Rodríguez López, Jesús (1971): *Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares*, Lugo, Ediciones Celta, p. 130 e 176, 5ª ed. (1ª ed. 1895).

58 Entrevista realizada por Xavier Castro a Pilar Vidal, nada en Bueu, cara a 1942.

59 Entrevista realizada por Xavier Castro Pérez a Carmen Méndez Argibay. Xa cit.

aínda era moi insuficiente, amén de precaria: a tensión eléctrica adoitaba ser en moitas ocasións moi baixa e as avarías, habituais. Estes factores contribúen a explicar o motivo da preferencia das amas de casa labregas polas cociñas de gas, e só secundariamente polas eléctricas. En efecto, a pesar das melloras realizadas a corrente eléctrica continuou fallando adoito, quer a causa das tormentas, ou quer sen ningunha explicación aparente. As mulleres non podían expoñerse de ningún xeito a verse imposibilitadas de preparar a comida para as súas familias por mor de que fallara a luz⁶⁰.

Polo demais, os avances na tecnoloxía culinaria tiveron lugar na década indicada, polo feito de que foi entón cando se operou un importante proceso de modernización económica, que levou aparelado o incremento da capacidade adquisitiva de sectores sociais moi amplos.

A difusión da cociña de gas presupuxo a posta en funcionamento dunha vasta rede de transportes por estrada capaz de distribuír periodicamente as bombonas de butano a núcleos de poboación —como eran os galegos—, tan reducidos como dispersos. Algunhas zonas de Vigo e A Coruña contaron, xa a principios do século XX, cun primitivo sistema de “gas cidade”, fornecido por fábricas locais: as casas apuntadas ó sistema dispuñan dun contador no que había que botar unha moeda para que liberase o gas. Esta fonte de enerxía empregábase para quentar unha especie de fogóns de ferro, previstos tanto para cociñar como para ferver auga. A instalación de tubaxes de gas dende a fábrica ata os domicilios representaba un custe importante e, amén diso, o gas non podía competir en custes coa madeira, antano relativamente abondosa e barata en termos relativos. Unha sociedade, como a galega, de recursos económicos moi limitados atendía máis ó prezo que ó confort que viña a representar a utilización dunha fonte de enerxía máis limpa, que apenas xeraba fumes. Pola cuestión ecolóxica nin que dicir ten que non había a máis cativa preocupación. Deste xeito, aconteceu que as máis primitivas cociñas de gas “cidade” só chegaron a un núcleo reducido de vivendas urbanas nas que habitaban “familias de postín”. As cociñas de ferro non tardaron, pois, en impoñerse.

Nalgunhas casas chegou a haber tamén outra modalidade, cal foi a cociña de petróleo e queroseno, antes da implantación do gas butano. Esta última tipoloxía de cociña moderna, a de gas distribuído *sub especie* de bombona, obtivo un éxito notorio. A súa boa aceptación debeuse en parte ó feito de que era máis precisa que a de ferro, na administración regular da temperatura á hora de cociñar. A de gas tiña a vantaxe sobre a de leña, de que permitía á ama de casa realizar outro labor, mesmo fóra da cociña, ó ter asegurada unha temperatura regular e cons-

60 Entrevista realizada por Xavier Castro a Pilar Vidal, nada en Bueu, cara a 1942.

tante durante o tempo necesario. Isto revestía grande importancia para preparar o cocido, que precisaba unha calor inicial forte, para levar a ebulición o condumio, e despois unha temperatura suave durante horas. Como rezaba un folleto publicitario, era posible abandonar a cociña ata que chegara a hora de comer, pois “se hace automaticamente durante el paseo de la familia”⁶¹. Ou ben, considerado de xeito máis realista e menos publicitario, preparaba a comida, namentres que a muller podía despachar algún outro dos seus moitos quefaceres.

Resultaba ademais que a cociña de gas era máis rápida, o que representaba un aforro de tempo importante para a cociñeira popular, case sempre agoniada de traballo. Para usos culinarios simples, tales como quentar leite, preparar un café, etc., ou para as necesidades de entre horas, a vantaxe da cociña de butano era abrumadora: na bilbaína había que agardar máis de media hora —a contar dende que daba comezo a operación de acendido— para estivese a punto o lume e fose quen de quentar un cazo con leite⁶².

Pero o prezo que houbo que pagar para conseguir unha maior rapidez non foi de ningunha maneira desdeñable: a comida preparada de tal xeito presuroso non resultaba tan saborosa como na de ferro. Houbo unha especie de maleficio na historia do progreso da tecnoloxía culinaria: cada novo avance representou un retroceso na calidade gastronómica —ó que había que engadir a perda de sabor dos alimentos por mor da agricultura industrializada, os produtos conxelados, etc.—. Ninguén dubidaba, en calquera caso, que coa bilbaína sabía mellor a comida. Pero non hai regra sen excepción: dicíase que as patacas fritas se facían mellor na cociña de gas que na de ferro⁶³.

Un argumento decisivo a prol da cociña de butano veu a ser o doado que resultaba a súa limpeza. Nisto non había comparación posible. A de ferro “era un coñazo para limpala”⁶⁴: había que refregala cun pequeno raspador, en especial o forno, darlle con pedra mol, e logo baldear; “Botaba unha toda a mañá limpándoa”, indicaba unha informante⁶⁵. E púñase a cociña feita un noxo, polo que había que botar serraduras e limpar o chan despois. Empregábase para a limpala estropallos de corda e pedra mol, ou ben a fretaban cuns tacos de “pedra de rascar a cociña de ferro” (era así como a pedían na tenda), que era semellante a unha pastilla de xabón; “Asemellábase á pedra pómez, pero non era iso”⁶⁶. Se non era pedramol, dende logo habíase de parecer moito, porque varias informantes mencionan o

61 Cit. por Simón Palmer, María del Carmen (1989): *El gas y los madrileños*, Madrid, Gas Madrid / Espasa-Calpe, p. 262.

62 Entrevista realizada por Xavier Castro Pérez a Carmen Méndez Argibay. Xa cit.

63 Entrevista realizada por Xavier Castro a M.ª Teresa Martínez Rodríguez. Xa cit.

64 *Ibidem*.

65 *Ibidem*.

66 Entrevista realizada por Xavier Castro Pérez a Carmen Méndez Argibay. Xa cit.

tal pedramol. Así o recolleu tamén un investigador, que indicaba que as antigas criadas limpaba con pedramol e pedra pómez a cociña bilbaína⁶⁷. Só se limpaba a fondo, o que se di a fondo, dúas veces ó ano: o comezo e o remate do inverno. Había que evitar que se enferruxara⁶⁸. Outra informante precisaba que a cociña de ferro había que fregala cada día. Adoitábase facer despois de comer, “bueno, en realidade, un pouco máis tarde, porque había que aghardar a que enfriara a cociña”⁶⁹. As mulleres que tiñan que traballar polo día, nas veigas, dende que saíra o sol (“algúns días xa as cinco da mañá”), fregaban a cociña de ferro pola noite⁷⁰. Ós sábados, que era cando a muller tiña máis tempo, limpábanse máis a fondo.

Como sucedeu coa coexistencia entre a lareira e a cociña de ferro, tamén entre esta e a de gas (ou a eléctrica) se produciu unha situación de paralelismo e xustaposición, antes que, na maioría dos casos, un proceso de pura e simple substitución. En particular, conviviron ambas as dúas no medio rural, onde as vivendas adoitaban ter dabondo máis espazo que os modernos pisos das cidades (aquí, todo o máis, collía unha cociña de gas moi pequena, tipo *encimera*, ou era preciso desterrar a bilbaína). En efecto, “usábanse as dúas: a de ghas, que era máis rápida, para preparar o almuerzo. E a de ferro, para cocinar o xantar”⁷¹.

A de ferro presentaba unha apreciable vantaxe no inverno sobre a cociña de gas: servía ademais de calefacción. Por isto, en moitas casas, coma a da informante, estaba todo o día acendida a cociña de ferro, para así quentar. E con tal propósito, empregábase, por certo un truco que formaba parte do elenco de recursos postos ó servizo dunha estratexia de supervivencia popular: mollábase un pouco a leña para que durase máis tempo, “é que, se non, consumíase nun momento”⁷². E aínda se lle encontraba outra aplicación práctica á onda de calor que despedía a cociña bilbaína: cando non se cocinaba, púñanse por riba uns cordeis a xeito de tendal para poder secar neles a roupa⁷³. Así resolvíase un importante problema nos húmidos invernos galaicos.

Polo demais, a auga quente do seu depósito aproveitábase, entre outras cousas, para lavar a louza e asemade a roupa. Tamén había quen a empregaba para realizar as súas ablucións corporais⁷⁴. E obtíñase así ese auténtico luxo do tempo pasado que era dispoñer de auga quente, á vez que se aproveitaba a leña

67 Llorca Freire, Guillermo (2005): “Ferrol: Memoria da vida cotiá. Oficios: Empregadas do servizo doméstico”, *Diario de Ferrol*, suplemento *Nordésia*, núm. 307, domingo, 16 de xaneiro de 2005, p. 5.

68 Entrevista realizada por Xavier Castro a M.ª Teresa Martínez Rodríguez. *Xa cit.*

69 Entrevista realizada por Xavier Castro Pérez a Carmen Méndez Argibay. *Xa cit.*

70 *Ibidem.*

71 *Ibidem.*

72 *Ibidem.*

73 *Ibidem.*

74 *Ibidem.*

para cociñar ou quentar o ambiente da cociña. Por contraposición, quentar a auga mediante a utilización dunha cociña de gas implicaba realizar un gasto enerxético específico, o que significaba un custo maior.

Temos constancia de que nalgúns barrios do medio urbano galego, na década de 1920, chegou a desenvolverse un tipo particular de cociña, que era unha mestura da de ferro e gas. Pero, en realidade, esta combinación non acadou moita difusión.

Nalgunhas casas aldeás conviviron os tres modelos de cociñas: a de butano, a de ferro, e a lareira, esta última usada sobre todo para dar calor no inverno, e nalgunha que outra ocasión especial. Deste xeito, aproveitábanse as vantaxes relativas de cada unha das tres. A cuestión dependía tamén da estación do ano: semella que a de ferro se usaba máis no inverno, pola función calórica que tiña⁷⁵. En efecto: "A de ferro no inverno tiñase prendida todo o día, así aproveitábase a calor, pois ademais pasaba a tubería polas habitacións e as quentaba"⁷⁶.

Tamén houbo familias —e non deberon ser poucas—, que pasaron directamente da lareira á cociña de gas, ou mesmo á de vitrocerámica. Non puideron aproveitar a renovación tecnolóxica que tivo lugar na primeira parte do século XX, e xa colleron o avance que se produciu na segunda metade. E bo foi que chegaran.

75 Entrevista realizada por Xavier Castro a M.^a Teresa Martínez Rodríguez. Xa cit.

76 *Ibidem*.

Un achegamento ao protoecoloxismo do movemento anarquista en Galicia

FRANCISCO DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA
Consello da Cultura Galega

Introdución

Nunha publicación recente (Díaz-Fierros 2006) considerábase o hixienismo de comezos do século vinte como un dos movementos sociais que puideron contribuir en Galicia, coas súas propostas dunha vida máis en contacto coa natureza, a preparar o camiño do ambientalismo actual. Nesta referencia apuntábase tamén a posibilidade de que o movemento anarquista co seu apoio ás teses hixienistas puidera ter contribuído dun xeito sinalado neste mesmo senso. O coñecemento posterior dos traballos de E. Masjuan (2000, 2002) sobre as relacións do anarquismo ibérico coas correntes neomalthusianistas e naturistas, sobre todo, veu confirmar dun xeito convincente e que deixaba poucas dúbidas, esta relación. E, así mesmo J. Fernández (2001) nun libro sobre xornalismo ambiental, sinalaba:

Desde el punto de vista ideológico y político, nadie como los anarquistas de todas las épocas y de cualquier tendencia, se han identificado tanto con la causa ecológica. Una causa, por cierto, que no sólo aborda problemas concretos sino que apunta también, aunque sólo sea por la crítica del contrario, hacia formas de producción, de consumo, de vida y de organización social diferentes a las del capitalismo anterior o posterior a la globalización. Cambiar el sistema empezando por nosotros mismos. Otra forma de vida, otra sexualidad, otra manera de entender el propio cuerpo, otra alimentación, otra medicina, etc.

Ninguna publicación aborda estos asuntos de fondo como los anarquistas.

Hai unha acepción do termo neomalthusianismo, que compre non confundir coa defendida polos anarquistas, que é a que se apelida como “bioloxista” e que propoñen ecólogos humanos actuais como Paul Ehrlich, para os que a solución da escaseza de recursos do planeta pasaría só —nunha formulación estri-

tamente cientifista— polo control da natalidade. O outro neomalthusianismo, con raiceiras máis antigas, ten o seu comezo na obra do médico inglés George Drysdale a partir da súa obra *Elementos de Ciencia Social* (1854). Nela, diante das teorías euxénicas que propoñen a necesidade de favorecer a propagación dos seres humanos “superiores”, contrapón a teoría de que a mellora da sociedade só é posible a partir da educación sexual da poboación, que é o que levaría á redución dos nacementos. Educación sexual, bo medio ambiente e boa herdanza son os tres principios sobre os que a fundamenta. A interpretación que fai destas teorías o pedagogo anarquista francés Paul Robin é a que finalmente chegaría ao anarquismo ibérico a partir das boas relacións que mantivo co catalán Francisco Ferrer. Nelas, xorde xa unha compoñente obreirista e de clase, na que os desequilibrios entre poboación e recursos se interpretan, primeiro, como unha consecuencia da voracidade do réxime capitalista e, segundo, o control da natalidade fórmulase non como unha imposición do sistema para garantir o seu confort senón como un dereito das clases explotadas de seren donas do seu futuro. Un discurso que na súa versión práctica ou popular, máis ou menos se entendería así:

Se o proletariado deixa de reproducirse, ou se reproduce menos, a burguesía non terá man de obra ou carne de canon a quen explotar, e como consecuencia das leis do mercado, deberán mellorar as condicións de vida, traballo e salario, e á súa vez, as familias obreiras poderán dedicarlle maiores esforzos a ter unha descendencia mellor educada e alimentada e, polo mesmo, máis preparada para a revolución. (Díez 2002)

Esta compoñente neomalthusiana que comezou a espallarse en España a partir dos comezos de século e caracterizou, practicamente en solitario desde o punto de vista protoecoloxista a que se considera como a primeira etapa do anarquismo ibérico, remata en 1914 cos inicios da Primeira Guerra Mundial. Ela é para Sanjuán (2001): “Un movimiento revolucionario específico en el que la mujer tiene un papel protagonista como nunca hasta entonces en el anarquismo”. Na segunda etapa, que se prolonga ata a Guerra Civil, o neomalthusianismo veuse acompañado neste alento ambientalista polos movementos naturistas. Movementos, nos que se mesturaban un conxunto de actividades e iniciativas nas que, ás veces, semella moi difícil diferenciar o que podería interpretarse como unha auténtica acción liberadora do que era hixienismo ou, sobre todo, deporte, lecer, ou simplemente, moda. De feito, Federica Montseny na *Revista Blanca* (núm. 96, 1927), tentaba diferenciar o “naturalismo” que ela defendía, das diferentes correntes “naturistas”, que rexeitaba:

El naturismo es una avanzada, pero sólo una avanzada, de esa gran corriente, de ese magnífico y deslumbrante regreso a los brazos de nuestra madre. Además, es más teoría que práctica, y sólo teoría de vida naturista, no de vida de la Naturaleza. Por

eso yo he adoptado, para designar el sentido izquierdista, la extrema consecuencia, ampliada a los distintos y complejos órdenes de la vida, de la vuelta a la Naturaleza, la palabra "naturalismo".

Ao fío destes antecedentes, este traballo tenta realizar un primeiro achegamento ao anarquismo galego e aos seus vínculos co neomalthusianismo e o naturismo, como primeiros chanzos dese papel que deberon desempeñar como antecesores dunha conciencia ambiental en Galicia, que remataría por agromar na altura dos anos oitenta do pasado século (Díaz-Fierros 2006).

1. *El Corsario*, pioneiro do neomalthusianismo en España

El Corsario foi un semanario de tendencia libertaria editado na Coruña, que tivo unha vida azarosa, como a maioría das publicacións anarquistas. A primeira etapa, de 1890 a 1893, funcionou como voceiro da "Federación Coruñesa de Trabajadores" de tendencia anarco-colectivista, que tivo á súa fronte coñecidos activistas como Juan Antelo, Benito Cadavid ou Antonio Vidal (Fernández e Pereira 2004), a segunda, que vai de 1893 a 1896, e que é a que ten interese como difusora do neomalthusianismo, dependeu do grupo anarquista "Ni Dios ni Amo", e foi dirixida conxuntamente polo xastre Xosé Sanjurjo e o tipógrafo Marcial Lores. Cunha tiraxe de 3.000 exemplares nesta segunda etapa, tivo unha grande influencia sobre o anarquismo galego e, mesmo español, xa que foi o único voceiro anarquista que sobreviviu no Estado, despois da prohibición da prensa ácrata catalá como consecuencia do atentado contra o xeneral Martínez Campos. De todas as maneiras, en 1896 foi suspendida por unha sonora campaña emprendida polos anarquistas coruñeses contra a Guerra de Cuba e a prol da independencia da illa. Volveu renacer de 1903 a 1908, con moita menos transcendencia e tendo como colaborador a Xan N6. O semanario acometeu, asemade, unha interesante actividade editorial entre 1891 e 1897 dunha vintena de folletos de autores libertarios, para os que contou coa inestimable axuda dos militantes anarquistas cataláns Federico Urales e José Prat, daquela agochados en Galicia como consecuencia da represión á que estaban sometidos os libertarios cataláns.

En 1896 o anarquista francés Paul Robin funda en París a "Liga para el mejoramiento de la raza. Selección Científica/Educación Integral" para difundir as súas teses neomalthusianistas que foi o antecedente do primeiro congreso internacional neomalthusianista que tiña proxectado celebrarse en París en 1900. A súa prohibición polas autoridades francesas derivou nunha morea de reunións clandestinas no domicilio parisiense de Francisco Ferrer ás que asistiron, entre outros, Paul Robin, os médicos Charles Drysdale e Rutgers e a coñecida anarquista Emma Goldman. Delas xurdiu a creación da "Federación Universal da Liga da

Rexeneración Humana” de inspiración neomalthusiana que recolle boa parte da experiencia e o pensamento da Liga que Paul Robin viña de fundar no ano 1896.

Pois ben, a primeira difusión que se fai da Liga para o melloramento da raza foi a partir de *El Corsario* onde, en 1896 se dá conta da súa fundación e se solicitan as primeiras adhesións. Publícanse os estatutos asinados polo secretario da Liga, Paul Robin, a partir da tradución que fixera José Prat quen, posiblemente, foi o que facilitou os primeiros contactos entre o semanario herculino e Robin. “Se nos ruega la inserción de la siguiente circular, lo que gustosos efectuamos, suplicando su reproducción en todos los periodicos socialistas” (*El Corsario*, ano VII, núm. 228), recollendo a continuación a totalidade dos estatutos, nos que, como se pode apreciar a continuación, aparecen expostos, por primeira vez en España, os fundamentos do pensamento neomalthusianista:

[...] Que en todos los países la mujer sea dueña de su cuerpo; que nadie pueda imponerle la unión con quien fuere: que nadie pueda prohibirle la unión con un adulto mientras ésta la acepte [...].

[...] Pasemos por alto hacer constar que ciertas reformas permitirán a la tierra, “más tarde”, subvenir a la subsistencia de un mayor número de habitantes, pero afirmamos que es indispensable que antes de aumentar el número de los nacimientos, esperar que éstas reformas hayan sido ejecutadas o hayan producido sus efectos [...].

[...] En espera de la constitución regular de la Liga, dirigir las comunicaciones, envío de fondos, y adhesiones “con o sin permiso” de publicar el nombre al secretario tesoreo (Paul Robin) 6 rue de Xax Paris [...].

Semella evidente que, tal como sinala Conrado Vilanou (Masjuan 2001), o neomalthusianismo anarquista foi axiña difundido en España e de non mediar a represión que se desencadeou a partir de xuño de 1896, esta corrente desenvolveríase practicamente ao mesmo tempo que no país veciño. De certo, cando as liberdades para o mundo ácrata se reinician nos primeiros anos do século vinte o neomalthusianismo volveu difundirse, tal como aconteceu en 1903 coas conferencias sobre *Exceso de Poboación e Miseria* impartidas no Centro de Estudios Sociales de Barcelona (Masjuan 2001). E, polas mesmas razóns, o acougo que se lles deu na Coruña a destacados militantes anarquistas cataláns como Prat e Urales e a permisividade que de feito existía aquí, momentaneamente, para as actividades destes movementos, permitiu que fose Galicia a primeira receptora e difusora destas novas teorías sociais.

2. A difusión do neomalthusianismo en Galicia

As conferencias do Centro de Estudios Sociales do ano 1903 en Barcelona levaban por títulos: “Prudencia sexual”, “Lucha contra natura”, “Huelga de maternidad” e “Exposición de doctrinas Neomalthusianas”. A última delas foi impartida por Luís Bulffi, un dos máis recoñecidos difusores destas en España, que funda ese mesmo

ano, a imitación dos franceses, a Liga Universal de la Regeneración Humana. Os seus aspectos doutriniais fundamentais concrétaos nos seguintes puntos:

1. A limitación voluntaria e razoada da procreación, como medio científico e humanitario para o melloramento da raza humana.
2. Extremando a acción, non procrear máis escravos, como medios revolucionarios, ata a completa emancipación.

Ao ano seguinte, funda a revista *Salúd y Fuerza*, que se converte no órgano de difusión da Liga e que, axiña, acada gran difusión, ao tempo que multiplica a creación de grupos neomalthusianistas por todo o Estado. En Galicia, no ano 1905, o grupo comunista libertario de Pontevedra crea a primeira Agrupación Neomalthusiana do país ao mesmo tempo que, en Vigo, o movemento libertario toma ao seu cargo a tarefa de difundir *Salúd y Fuerza*. A revista, cunha tiraxe de 4.000 exemplares, difundíase nos primeiros anos, sobre todo, en Cataluña, seguida de Andalucía e o País Vasco. Galicia, cunha difusión aproximada de algo máis dun cento de exemplares, podía considerarse que se atopaba nunha situación intermedia dentro do Estado (Masjuan 2000). A partir deste momento xerminal do neomalthusianismo en Galicia xorde, ata o 36, un amplo baleiro de datos que só a partir de novas illadas e case sempre indirectas se pode ir enchendo. Por unha banda, sábese que coñecidos activistas libertarios como Marcial Lores impartiron conferencias sobre esta temática (“Naturalismo. El misterio de la concepción”), ou ben que determinados especialistas afíns á organización como “Germinal” da Coruña, como os médicos Pérez Hervada e Álvaro Paradela, faloron de euxenesia. Revistas como *Brazo y Cerebro* (A Coruña, 1935-1936) dedicada á formación das xuventudes anarquistas tiña entre os seus obxectivos temas de sexualidade responsable. Por outra parte, unha nova versión do emblemático libro de Bulffi sobre a “folga de ventres”, publicado en 1908 e do que se tiraran 240.000 exemplares, foi editado en 1916 co título *Nueva Huelga de Ventres* pola biblioteca “Aurora” da Coruña. Así mesmo, as Escolas Racionalistas, das que era un bo exemplo a que dirixía en Ferrol o telegrafista Francisco Iturralde, tiñan programados cursos de euxenesia e sexualidade. Aínda así, é moi pouco para a difusión que posiblemente deberon ter estas doutrinas dentro dos círculos anarquistas galegos. A dificultade de consulta destes fondos (moitos deles desaparecidos cando a Guerra Civil) fan máis difícil as tarefas de pescuda.

Hildegart Rodríguez, filla da ferrolá Aurora Rodríguez Carballeira, foi unha das principais referencias españolas da liberación da muller a partir das reformas sexuais. Realizou un incansable labor de difusión dos ideais neomalthusianos na súa aplicación máis concreta da limitación dos nacementos. Militou nas Juventudes Socialistas ata o ano 1932 no que, por discrepancias coa liña oficial foi expulsada, achegouse posteriormente cara ao partido federal e morreu traxicamente nas

mans da súa nai no ano 1933. Participou na Liga pola Reforma Sexual do sexólogo inglés Havelock Ellis e realizou numerosas publicacións, das que se poden salientar: *La limitación de la prole: un deber del proletariado consciente*, 1930; *Educación sexual*, 1931; *Profilaxis anticoncepcional: paternidad voluntaria*, 1932; *Malthusianismo y Neomalthusianismo*, 1932. A pesar da súa ascendencia galega, non se ten practicamente ningún dato da repercusión do seu pensamento en Galicia.

3. As correntes do naturismo

Segundo o clásico libro de J. Álvarez Junco (1977) sobre a ideoloxía do anarquismo español, os dous conceptos fundamentais que o definen son os de natureza e harmonía, sobre os que se asenta o resto do variado pensamento libertario e xustifica o carácter espontáneo da súa práctica. Por outra banda, J. M. Roselló (2003) no seu estudo sobre o naturismo hispano sinala que esta corrente de pensamento e o anarquismo teñen como puntos básicos en común: a) a idea dunha orde natural, b) a necesidade de estar en harmonía con el, e c) que é dende o individuo e a acción persoal de onde se debe partir. Estas afinidades tiveron, de todas as maneiras, moitos xeitos de manifestarse e así á par da existencia de correntes nas que coexistían, con todas as variantes posibles, os dous pensamentos, houbo outras nas que o anarquismo non só non era naturista senón que mesmo o rexeitaba, así como naturistas que nada tiñan que ver co pensamento e a praxe libertaria.

O naturismo hispano, no seu achegamento á natureza, toma como modelos a persoeiros como Leon Tolstói e o xeógrafo Eliseo Reclus e, segundo J. M. Roselló (2003) manifestouse, cando menos, en cinco correntes:

- 1) Vexetariano naturista, de carácter individualista, que por razóns, sobre todo, sanitarias rexeitan a alimentación cárnica.
- 2) Trofolóxica, na que é a alimentación no seu conxunto, cun acento especial no vexetarianismo e a hidroterapia, a que xustifica por si soa unha boa saúde.
- 3) Vexetarianismo social, similar ao primeiro nos seus fundamentos, pero moito máis incisivo no relativo ao fundamento social desta práctica.
- 4) Libre cultural ou nudismo, no que o contacto coa natureza se promove individual e socialmente como a forma máis perfecta do contacto coa natureza.
- 5) Naturismo libertario, no que calquera das prácticas anteriores se miran, sobre todo, como un medio para a rexeneración da sociedade.

Un dos defensores galegos do naturismo, na súa vertente trofolóxica, foi o pontevedrés Xosé Castro (1890-1981). Destacado polo seu constante labor como publicista desta corrente naturista foi simpatizante, nunha primeira época, dun certo individualismo con matices libertarios. As primeiras referencias que se

teñen son de Montevideo onde funda en 1920, xunto co italiano Nicolás Capo (1899-1977), a Escuela Libre Naturista e en 1922 obtén o título de médico naturópata na prestixiosa escola norteamericana Benedict Lust. Ao ano seguinte, embárcanse cara a Vigo e aos dous meses da súa chegada a Galicia instálanse en Barcelona, cidade na que fundan a Escuela Naturotrofológica. A pesar dos diferentes enfoques que xa manifestaban sobre o naturismo: Castro, cara a unha formulación máis técnica ou pseudocientífica e Capo, cara a un enfoque máis libertario, seguiron colaborando a prol do desenvolvemento da trofoloxía en España, onde chegaron a ser as súas figuras máis representativas. Posteriormente instálase en Valencia, onde funda colonias trofolóxicas e desenvolve unha ampla campaña de divulgación que o levan a percorrer boa parte de España. A xeira por Galicia comezouna en Padrón o ano 1923 (Fernández e Pereira 2004). Os seus métodos van acadando cada vez unha maior agresividade comercial (ventas por correspondencia, exclusividade en determinados alimentos da súa invención, etc.) que o leva a un enfrontamento con Capo e coas correntes máis individualistas e libertarias. O congreso naturista de Málaga do ano 1927, consagra esta separación e o rexeitamento que o anarquismo naturista manifesta desta vertente comercial do naturismo (Roselló 2003).

Despois da Guerra Civil, tentou convivir co novo réxime e desenvolveu varias iniciativas máis en liña coas novas modas de vida sa que se estaban a impoñer (Roselló 2003). En Galicia, onde tiveron unha certa transcendencia as súas doutrinas, deixa algúns seguidores, como o caso de Antonio Guedes, emigrado despois a EEUU, e, así mesmo, sábese que en Pontevedra existía unha sociedade de Naturismo Eutrofolóxico. Castro publicou varios libros dos que cómpre sinalar: *Manual práctico de alimentación racional y crudívora*, Barcelona, 1928 e *La salud por la alimentación racional*, Barcelona, 1930.

Das outras correntes do naturismo moi pouco se pode dicir, agás o caso da vexetariano naturista e a libre cultural. Na primeira, destacou o médico coruñés Xan López de Rego que publicou a revista *El Régimen Naturalista* (1904-1913) e chegou a dirixir, pouco antes da súa morte en 1918 a Sociedad Vegetariana Española. Da librecultural, na que se mesturaban acotío as prácticas vexetarianas co nudismo, sábese que existiu un grupo en Vigo, a *Sociedade Naturista Viguesa*, que asistiu en 1935 ao Primeiro Congreso Naturo-Desnudista de Habla Española, que tivo lugar en Barcelona, (Roselló 2003) e que a revista *Pentalfa*, un dos órganos máis recoñecidos do movemento nudista español reproducía na portada do número 234 unha foto de mulleres ourensás espidas, así como que, en xullo do 36, Xesús Romeu tentaba artellar un destes grupos na Coruña (Fernández e Pereira 2004). Outros voceiros de asociacións galegas como *Vida Naturista* (1926) da Coruña e *La Buena Senda* (1923?) de Santiago de Compostela semellaban difundir contidos na liña do pensamento librecultural nudista.

4. O silencio de Ricardo Mella. A ciencia: “un conjunto de hermosos jirones”

Tratar sobre o anarquismo galego e non referirse ao vigués Ricardo Mella suporía ignorar quen foi o seu máximo expoñente intelectual. Porén, no relativo ao neomalthusianismo e ao naturismo os seus estudosos non recollen ningunha referencia explícita (Cano Ruíz 1979; Segarra 1977; Fernández Álvarez 1990 e 2002), o que podería interpretarse como un certo desinterese por esta problemática que só tanxencialmente tiña relación coas bases doutrinarias máis acaídas do anarquismo. Outra interpretación, sobre todo no relativo ao neomalthusianismo, podería ser a de que Mella adóptase un prudente silencio porque non se comunga cos seus postulados, a semellanza do seu correligionario Federico Urales, con quen mantíña boas afinidades ideolóxicas. Urales, que, en troques, era un convencido naturista, consideraba que a procreación era só cuestión de amor e non de medios artificiais. Propoñ que para evitar que a descendencia sexa carne de canón das clases dirixentes era preciso que o anarquista se emancipase primeiro da explotación allea e deste xeito a súa prole poderá verse libre dela (Roselló 2003).

Malia a que Mella non tratase os temas do neomalthusianismo e o naturismo, desde o punto de vista do protoecoloxismo, non se debería esquecer aquelas partes do seu pensamento referentes á natureza e as súas relacións co ser humano. Nelas existen moitas claves, que de non mediar o conflito armado e o que veu despois, poderían servir como un indiscutible referente cultural do pensamento ambientalista que agromou a partir dos anos sesenta do pasado século. Seguindo a ortodoxia do pensamento libertario, a Natureza para Mella era sinónimo de equilibrio e harmonía, dos que se debía tomar bo exemplo como modelo para as sociedades humanas (“Abrid el libro de la Naturaleza”, “La idealidad de una armonía humana análoga a la armonía esplendida que reina en los espacios” [Cano 1979]). Así mesmo, era mirada como un conxunto de interaccións ben establecidas entre os elementos constituíntes e as forzas que lles afectaban:

[...] el Universo, desde el más microscópico de los seres hasta las inmensas moles que innumeradas recorren el espacio, es una cadena estrechamente trabada de causas y efectos en perpetua y múltiple conexión. (Cano 1979)

Son de todas as maneiras, moito máis abundantes as referencias a unha natureza máis achegada ás realidades humanas que define, ás veces, como “natureza ambiente”, “realidade ambiente” ou “medio ambiente”¹, e que é a que realmente está a determinar o comportamento individual. Sería unha natureza esencialmente social, caracterizada por un determinado tipo de crenzas, comportamentos e,

1 Este concepto de “medio ambiente”, tiña nesta época unha connotación exclusivamente sociolóxica e, polo mesmo, nada que ver coa acepción actual que apareceu moito máis serodiamante no mundo castelán falante (Díaz-Fierros 2004).

sobre todo, de relacións de poder e dependencia. Neste sentido, Mella amósase, seguindo unha determinada liña de pensamento moi da época, decididamente lamarkista, valorando esaxeradamente a influencia do contorno sobre a evolución do individuo e as sociedades humanas.

De especial importancia, dentro do pensamento de Mella, en relación coa natureza, é a súa maneira de entender os métodos científicos que permiten desenvolver os coñecementos que temos sobre ela. Neles pódese recoñecer un achegamento moito máis dinámico e matizado á idea de Natureza que o que se podería deducir das simples, e ás veces tópicas de máis, mencións que fai deste poderoso concepto. Para Mella a ciencia é, sobre todo, un proceso en permanente construción e como consecuencia diso cunha provisionalidade intrínseca (“No hay una verdad inmutable [...] una ciencia absoluta, sino verdades que varían en el tiempo y en el espacio”). A pesar da importancia que se lle dá á razón nos medios libertarios como xustificación do progreso da humanidade (Fernández Álvarez 2002), Mella defende un certo irracionalismo no que manifesta a incapacidade da razón, fronte á importancia da experiencia, como medio para achegarse ao coñecemento da Natureza:

La razón es tan maravillosamente apta para explicar los motivos de lo que la Naturaleza le da explicado, como incapaz de fundar por si misma una sola verdad. (Mella 1979)

En consecuencia, critica acotío o novo positivismo que cualifica “como un buen ejemplo de como se cae en el dogmatismo aún cuando se trate de sistematización científica” e, en troques, defende a relatividade do coñecemento, e as verdades científicas defíneas, nunha fermosa e feliz expresión, como “un conjunto de hermosos jirones”. É dicir, estamos diante dun Mella moderno, que mesmo nos atreveríamos a cualificalo de postpopperiano.

Finalmente, non se podería deixar de citar, o que puido ser unha fugaz expansión, un efémero desafío na obra de Mella, cando nun pequeno artigo de 1911 en *Acción Libertaria*, escrito en Vigo, titulado significativamente “Huyo de la Ciudad” se sitúa diante da natureza nunha actitude de simple contemplación:

[...] Entre retamas y pedruzcos me alejo hasta la cumbre coronada de altos y bien olientes pinos. Delicioso paisaje.

[...] Pequeño, me siento grande; pobre, me siento rico. Es que tambien los pequeños y los pobres tenemos nuestro trono y nuestro cetro. La Naturaleza es nuestra, toda nuestra.

Un Mella, onde o rigor e a paixón descritiva cotiá cede diante do sentimento de abandono e recollemento que lle inspira a paisaxe e o leva a inusitadas reflexións transcendentales: “¿Qué es una vida? ¿Para que sirve? ¿A dónde camina?”.

Conclusión

Por todo o escrito, semella bastante evidente, que a pesar das moitas lagoas de coñecementos que aínda existen neste eido, o movemento anarquista galego, como no resto do Estado, defendeu un pensamento e practicou un xeito de vida no que se poden atopar uns antecedentes claros do movemento ambientalista que agromaría a partir dos anos setenta do pasado século. Á par das sociedades excursionistas, dos movementos de renovación pedagóxica e do hixienismo e de actividades rexeneracionistas como as festas da árbore (Díaz-Fierros 2006), os anarquistas galegos achegaron unha boa presada de publicacións e sociedades que se sumaron, sen ningunha dúbida, ao que se podería definir como o protoecoloxismo galego.

Pouco estudado (agás recentes contribucións) e mesmo deixado de lado polos historiadores, o movemento anarquista galego, sen chegar á difusión do catalán, madrileño ou valenciano, tivo unha presenza destacada entre o medio obreiro urbano. Chega con ollar as tiraxes dalgunhas publicacións, mesmo de varios milleiros de exemplares, para se decatarse de que non se está a falar de ningún movemento marxinal. E nelas falouse de neomalthusianismo e de naturismo. No relativo ao neomalthusianismo, tratouse da escaseza dos recursos terrestres fronte ás demandas crecentes da poboación humana, o que supón falar dun dos temas fundadores do ecoloxismo e, aínda que na práctica, as demandas feministas da procreación consciente, absorberan a maioría das enerxías reivindicativas, no fondo non se chegaron a esquecer os referentes teóricos dos que nacían. E, no caso do naturismo, a natureza amosouse como modelo de harmonía e benestar, de tal maneira que no seu contacto se atopaban as directrices máis xenuínas para un comportamento humano libre de prexuízos e respectuoso co seu contorno. As interaccións que se aceptaban entre o medio físico e o social a escala do planeta, seguindo sobre todo a Reclus, suporían tamén un achegamento ao concepto ecolóxico de holismo, outro dos referentes teóricos máis fecundos desta ciencia.

Na obra de Mella, sobre todo na súa concepción da ciencia, impregnada de relatividade e provisionalidade, tamén se poden atopar atinados precedentes de como se miran hoxe os achegamentos metodolóxicos ás ciencias medioambientais, nos que, seguindo formulacións como as de S. Funtowicz e J. R. Ravetz (1997) os métodos deben esquecer xa as falsas seguridades dos neopositivistas e introducirse noutros terreos, os da ciencia post-normal, nos que a incerteza e a inseguridade, serían a norma.

Debe recogerse la que representa a Agar despachada por Abraham casi desnuda, cuya circunstancia sobre *sine excitativa libidinis* no resulta de la Escritura y hace un contraste odioso con Sara, que se figura vestida, en lo cual parece se quiere acusar de cruel lo que Dios aprobó.

Juzgamos respectivamente más o menos provocativas por su desnudez y que deben recogerse las del cuadro y obra que se titula *El león de Florencia*, *La Francesa elegante*, *La Florera*, y *la Ceres*.

No nos atrevemos a juzgar que deban recogerse la que representa el sacrificio de Isaac, porque aunque casi desnudo, se figura como un jovencito de poca edad y están cubiertas sus vergüenzas, cuyas circunstancias y la postura como víctima que a recibir el golpe mortal nos parece la hacen poco peligrosa.

Tampoco nos persuadimos que haya bastante motivo de mandar recoger la llamada *Pensamiento*, título alusivo al nombre una flor que tiene en el pecho.

Es nuestro sentir que remitimos gustosos al superior discernimiento de quienquiera que mejor lo entienda.

Este dictamen es enviado al Secretario de Cámara D. Ventura Castañeda y el 10 de julio de 1829 en oficio dirigido al Juez Eclesiástico de Santiago se ordenaba el reconocimiento de las estampas y pinturas que se hallasen en la casa y la tienda del Sr. Ángel Aguirre "dándome parte inmediatamente de las que contemple V. dignas de censura por deshonestidad e indecencia".

La forma con qué se realizó este "reconocimiento", debió ser escandalosa y nada legal, a tenor de las denuncias realizadas en meses posteriores por los dos comerciantes ante las autoridades eclesiásticas, quejándose por el descrédito social

4 AHDS, legajo 473.

que había supuesto la irrupción en sus domicilios en ausencia de sus propietarios (Ángel de Aguirre estaba en Italia por lo cual correspondió a su yerno Pedro Salderini enfrentarse con la situación en un primer momento, aunque las gestiones posteriores serán conducidas por aquél, a su vuelta del extranjero).

Tal como indica Henry C. Lea

[...] el arte mereció una temprana atención, especialmente cuando su representación de temas sacros carecía de dignidad, por estimulantes que resultasen para la piedad del pueblo analfabeto. Las obras de arte se convirtieron en principales objetivos del puritanismo inquisitorial, y artistas y comerciantes fueron sometidos a una vigilancia extrema.⁵

En el caso que nos ocupa el problema se agravaba al ser las estampas de autoría extranjera⁶ circunstancia que les hacía doblemente peligrosas. Por ello se requería a los propietarios para que las identificasen, e indicasen la forma en que las habían adquirido, al mismo tiempo que se confirmaba el dictamen de los dos eclesiásticos censores, en el sentido de no ver indecencia alguna en la del sacrificio de Isaac, la titulada *Pensamiento*, así como “el cuadro y vidrio con que se dice estar adornada una de las dos de El León de Florencia”.

Siguiendo el proceso, el Fiscal ordena el nombramiento de un defensor para dichos comerciantes en “persona pública y de reconocida ciencia”, que recayó en la figura de D. Miguel Arias. El conflicto que duraría hasta 1833 comienza en el momento en que D. Ángel Aguirre se niega a firmar el auto de censura (su yerno lo hace) y nombra un defensor propio, D. Manuel Casares, al que dota de todos los poderes de representación.

El alegato de la defensa era claro y enérgico e introducía en el proceso un elemento nuevo que ilustra la desconexión entre autoridad civil y eclesiástica de estos años. El abogado a la par que solicitaba que se declarase la ineficacia del expediente camaral, restituyendo a D. Ángel Aguirre su propiedad en el estado en que se hallaban antes de la “ocupación”, con el compromiso de dicho comerciante de no usar las estampas en cuestión hasta que se hubiese solucionado el problema, exigía declaraciones oportunas para la restitución de la buena reputación y “bien acreditada cristiandad” del comerciante, “enemigo nato de toda liviandad”.

Por otra parte dejaba abierta la posibilidad de acudir al Ministerio de Gracia y Justicia, por considerar vulnerados los derechos adquiridos por su representado. El argumento era sólido: entre otros artículos dedicados a la venta, el Sr. Aguirre había introducido las estampas censuradas a través de la Aduana de Vigo,

5 Lea Henry Charles (1983): *Historia de la Inquisición española*, vol. III, Madrid, Fundación Universitaria española, p. 355.

6 Las estampas recogidas figuraban como “delineadas”, esculpidas e iluminadas en París, e incluso se especificaba el domicilio, calle de Santiago núm. 38.

presentándolas en ella "para su examen, reconocimiento, calificación de legitimidad, valoración y pago de derechos reales y obtención de guías", y poder así exponerlas y venderlas en su comercio "sin la más leve sombra de clandestinidad", cosa que no había quedado clara dada la forma con qué se había realizado el registro, sin las correspondientes formalidades legales y de "cuya omisión pudiera la mala fe sacar partido".

Según las RR.OO. de 11 de abril de 1811 y de 17 de junio de 1829, en las Aduanas de los Reinos y fronteras se obligaba a registrar y reconocer libros, folletos, estampas, pinturas e incluso objetos de adorno como cajas, polveras o abanicos grabados con pinturas y relieves para su calificación positiva o su prohibición. Esta valoración la efectuaba el Administrador de aduanas y dos revisores: uno real, representante del Consejo, y otro elegido por el ordinario de la Diócesis. Cada uno de ellos debía remitir sin demora y con regularidad a sus correspondientes organismos la lista de los objetos introducidos en el país y de los prohibidos.

Por tanto, el expediente era un claro ejemplo de la autonomía de la Iglesia en materia de censura y de su nulo acatamiento de las leyes civiles. Como también lo era la ocultación de los nombres de los censores, suprimidos de la información enviada al abogado, y que contravenía lo mandado por la ley, en el sentido de que debían ser conocidos para solicitar de ellos los criterios con qué habían valorado las estampas.

Tras infructuosos avisos y abundante correspondencia entre las autoridades eclesiásticas y el abogado defensor, que recuerda los perjuicios económicos que la demora en la resolución del expediente está suponiendo para el comercio de su representado, por fin el 15 de noviembre de 1829 y desde Pontedeume, donde residía temporalmente el Arzobispo, Basilio Fernández, Secretario de Visita, envía al Fiscal eclesiástico un oficio para que D. Ángel Aguirre y D. Pedro Salderini reconozcan las estampas objeto del expediente en las dependencias de la Secretaría de Cámara de Santiago.

El reconocimiento tardó en hacerse y hubo que esperar hasta julio de 1830 para que ambos comerciantes pudiesen reconocer sus estampas. Y aquí comenzó la segunda parte del proceso. D. Ángel Aguirre se presenta en la Secretaría de Cámara acompañado de su defensor y "dado principio la operación halló una considerable deficiencia".

Según se podía comprobar, teniendo en cuenta el dictamen de los jueces censores, las estampas no se correspondían con las que aquéllos habían censurado en su día, es decir: o bien alguien las había cambiado o los jueces no habían hecho un juicio correcto en marzo de 1829, pues entonces se decía que la figura que representaba Agar despedida por Abraham se hallaba casi desnuda, y la que se le presentaba para ser reconocida, sólo mostraba desnuda la pierna izquierda, motivo por el cual D. Ángel Aguirre se negó a firmar.

La respuesta del fiscal eclesiástico, D. Antonio de la Llecha y Castaños, no se hizo esperar. Se exigía "por ahora únicamente" que se reconociesen las estampas como las recogidas de sus tiendas, dejando claro "el impertinente empeño" de D. Ángel Aguirre sobre el juicio de los censores y por tanto se le aconsejaba que reconociese y rubricase las estampas lisa y llanamente "cuando lejos de perjudicarle favorece al derecho que pueda tener".

Un mes después de este incidente, en agosto de 1830, el abogado Manuel Casares vuelve a protestar sobre los retrasos e incumplimientos de plazos en la revisión del expediente.

El informe iba dirigido al Arzobispo, por entonces en Caldas, y en él se vertían toda serie de quejas acerca de las demoras e incumplimiento de plazos en el proceso del expediente. Se señalaba de nuevo el derecho a acudir al Trono para dirimir el asunto, al mismo tiempo que se recordaba la manera indebida en que habían sido sustraídas de la tienda, y la buena voluntad de conservar en secreto las estampas "que tan mal parecieron a los censores cuyas personas desconozco", y de los cuales se ponía en duda sus conocimientos en la materia.

En septiembre de ese mismo año, se solicita de nuevo a D. Ángel Aguirre y Pedro Salderini que reconozcan las estampas. Este último no acude a la Secretaría pero si lo hace, acompañado de su abogado D. Ángel, cuya empecinada y valiente conducta deja de manifiesto la gazmoñería de los censores en cuestión. Reconoce las estampas como las sustraídas de su casa, y por tanto las rubrica como suyas. Pero disiente del juicio de los censores porque las posturas no se corresponden con el dictamen original que había dado lugar a la apertura del expediente: en la de Agar presentada a Abraham por Sara no está casi desnuda como decía la censura, sino sólo descubierta desde los muslos abajo; la de Lot y sus hijas no parecía deshonesta puesto que sólo Lot está desnudo de medio cuerpo arriba, y del muslo debajo de una de sus hijas. La de Agar despedida por Abraham tampoco tenía más desnudez que desde medio muslo abajo, la del León de Florencia tiene desnudo solo un pecho "en que parece lactaba al niño". La de La francesa elegante sólo tenía desnuda la espalda hasta bajo el brazo y el antebrazo derecho. La Ceres, no tenía descubierto el cuello y el antebrazo derecho y La Florera ofrecía descubierto sólo el brazo izquierdo.

Al contrario que su suegro, D. Pedro Salderini no dudó en reconocer y firmar la estampa, *El León de Florencia*, que había sido sustraída de la trastienda de su comercio, ofreciéndose voluntariamente al Sr. Arzobispo a cubrir el pecho descubierto pintando más ancha la pañoleta para evitar el escándalo.

De nuevo, y ante la firmeza de D. Ángel Aguirre, las estampas vuelven a manos de los censores para una nueva valoración. La respuesta, del 6 de noviembre de 1830 se reafirmaba en el dictamen original, y se insistía en que

[...] según las reglas del Expurgatorio deben recogerse las estampas que de orden de S. E. se nos han remitido por segunda vez y nada tenemos que variar en el contenido de nuestra anterior censura cuyas razones quedan en todo su vigor a pesar de lo que respondió D. Ángel Aguirre, quién parece no tener una justa idea de lo que se entiende por imágenes deshonestas, provocativas e indecentes ni de las opuestas a las buenas costumbres. Añadimos solamente que la titulada León de Florencia podría permitirse si estuviera cubierto el pecho de la mujer.⁷

La tercera parte de este expediente comienza el 23 de noviembre de 1830, cuando el Sr. Arzobispo, de visita en Oca, ordena que se remita al Fiscal eclesiástico para que se tome la oportuna decisión. Esta consistió en obligar a los dos comerciantes a presentar las Guías que justificasen la introducción legal en el Reino de dichas estampas.

De nuevo, el 12 de febrero de 1831, el abogado D. Manuel Casares vuelve a protestar, recordando la ilegitimidad de la sustracción, la demora (treinta y dos meses) en su devolución y la falta de contestación al escrito de 12 de septiembre de 1829 exponiendo las quejas, y manifestaba su asombro ante la imposición de presentar unas Guías introductorias de unos artículos traídos al Reino hacía tres años. Resultaba ilógico solicitar las guías de introducción de géneros, pues era sabido que no estaban al alcance de los comerciantes, ya que permanecían en los lugares fijos al servicio de las autoridades correspondientes, para la revisión y calificación de los artículos en el momento de intentar su introducción en el Reino.

En consecuencia, y como último recurso, el abogado solicitaba que el expediente pasase al Tribunal de Justicia, por considerar que era una propiedad particular la que se veía perjudicada. De nuevo el proceso se ralentizó y la última noticia recogida en el legajo del Archivo Histórico Diocesano data de 9 de marzo de 1833. Nada de lo solicitado se había hecho y las peticiones quedaron sin atender. El informe último del abogado no era sino una secuencia de quejas, demoras y cansancio de un comerciante perjudicado "porque su honor se mira atacado y sus intereses en desfalco".

Lamentablemente no conocemos como se resolvió el expediente, puesto que la documentación del AHDS no proporciona más datos, pero no resulta arriesgado concluir que el descontrol e inmunidad de las autoridades inquisitoriales en cuanto a censura correspondía a los últimos estertores de una institución que se resistía a perder su poder y que sería abolida, no sin reservas por parte de los sectores más reaccionarios, en julio de 1834.

7 AHDS, legajo 473.

Bibliografía

- ALONSO TEJADA, Luis (1969): *Ocaso de la Inquisición en los últimos años del reinado de Fernando VII: Juntas de Fe, Juntas Apostólicas, conspiraciones realistas*, Madrid, Zero.
- BENNASSAR, Bartolomé (1984): *Inquisición española: poder político y control social*, Barcelona, Crítica.
- KAMEN, Henry (1992): *La inquisición española*, Barcelona, Crítica.
- LEA HENRY, Charles (1983): *Historia de la Inquisición española*, T. III, Madrid, Fundación Universitaria española.

V

HISTORIA AGRARIA

CONTENTS

CHAPTER I. THE ...

CHAPTER II. THE ...

CHAPTER III. THE ...

CHAPTER IV. THE ...

CHAPTER V. THE ...

Da cultura do lume á barbarie incendiaria¹

XESÚS BALBOA LÓPEZ

Universidade de Santiago de Compostela

A serra era de nossos pais e avós, dos nossos rebanhos,
dos lobos que no-los comiam,
do vento galego que afiaba lá pelos descampados as súas na-
valhas de barba.
Pois entón?!

Aquilino Ribeiro, *Quando os lobos vivam*.

En agosto do ano 2006, os incendios convertéronse en Galicia no gran protagonista da actualidade. A cobertura que os medios de comunicación, tanto galegos como de ámbito estatal e mesmo estranxeiros, realizaron dos lumes galegos non tiña precedentes nun asunto como este, e só pode compararse á que seguiu o *affaire Prestige*. O debate político, recorrente na cuestión forestal, acentuouse e agreouse naquel mes e nos seguintes ata límites dificilmente aceptables como racionais. E iso que adoita chamarse alarma social acompañou o proceso, contribuíndo a agrandar a sensación de ruído e fume arredor dos montes e dos seus problemas.

Nos meses seguintes, ata que estas liñas se están a redactar, non foron poucos os organismos e institucións que se sentiron na obriga de reflexionar sobre tan imponente problema para tratar de buscarlle tanto causas como posibles solucións. Universidades e outras entidades públicas, consellerías, fundacións, organizacións ecoloxistas, partidos políticos... convocaron reunións de expertos e fixeron públicos documentos nos que se aborda a cuestión e se ofrecen posibles alternativas

1 Este traballo realizouse no marco do proxecto de investigación financiado pola Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia (PGIDIT06PXIB210163PR) "Transformacións na agricultura atlántica e evolución da sociedade rural no franquismo (1936-1975): cambio tecnolóxico, medio ambiente e dinámica sociopolítica".

a unha situación que todos —nisto si parece haber unanimidade— consideran insostible e inaceptable². Hai que lle poñer remedio aos incendios “como sexa”.

A preocupación polos incendios, sexa cal sexa a súa manifestación, é, en principio, boa. Na medida en que esa preocupación afecte a espectros máis amplos da sociedade, estaremos posiblemente máis preto da solución, pois a concienciación política, social, ambiental e mesmo educativa son ingredientes necesarios en calquera das alternativas que se pretendan promover. Mais ao mesmo tempo é preciso anotar que o balbordo político, mediático e tamén intelectual arredor dos lumes non é o mellor conselleiro para resolver —se iso é posible— o problema. Facer dos incendios unha obsesión social, política ou ambiental, consideralos diana exclusiva de todo tipo de actuacións é un erro, e a loita contra o lume acaba convertida nunha coartada tramposa para medir éxitos ou fracasos políticos que deberían ser valorados atendendo a criterios ben diferentes. Esta é a situación actual en Galicia; nunha “situación normal”, o balance anual da política forestal galega non dependería de xeito tan acentuado da cantidade de hectáreas queimadas.

Ignoro se resultará posible afastar este traballo do rebumbio mencionado. En calquera caso pretendo, a partir dun breve apuntamento sobre o ocorrido en 2006, achegar unha perspectiva histórica no estudo dos incendios forestais en Galicia, tratando a ruptura que se observa nas formas en que o lume actuou nos montes de Galicia ao longo do tempo —iso que no título se sintetiza como tránsito da cultura á barbarie—, para rematar aludindo ás perspectivas que enfrontan os montes de Galicia.


1. Os lumes do 2006

Dende 1968 existen estatísticas que recollen de maneira relativamente fiable a evolución da superficie afectada en Galicia polos incendios forestais. A primeira vista, a observación da serie de datos, con flutuacións interanuais evidentes e debidas á diversos factores (dende meteorolóxicos ata a dispar eficacia ao longo do tempo dos servizos de prevención e extinción), permite avanzar que os incendios son un problema estrutural que padecen os montes galegos e que, obviamente, está aínda por solucionar.

O Gráfico 1 amosa o comportamento relativo do ano 2006 nesas preto de catro décadas ás que se refire a serie. Téndoo á vista, onde radica a singular relevancia e a especial gravidade do ano 2006 na historia dos incendios en Galicia?

Non é doado contestar de maneira sinxela. Indiscutiblemente, a superficie que ardeu foi elevada, pois as máis de 93.000 ha queimadas eleva o 2006 ata o posto número 5,

2 Entre estes foros, polo seu carácter multidisciplinar e a seriedade da súa organización, compre salientar o organizado en varias fases polo Consello da Cultura Galega. As súas conclusións poden consultarse na web: <http://www.consellodacultura.org>.



só por baixo de 1978, 1981, 1985 e o incontestable liderado incendiario de 1989, ano no que a piques estivo de chegarse ás 200.000 ha calcinadas. Respecto ás medias do período 1990-2004, a superficie queimada en 2006 representa un notable incremento, precedido ademais por un repunte claramente definido xa en 2005.

Á considerable superficie queimada hai que engadir ademais un feito cualitativo importante, aínda que non debe ser interpretado en termos simplistas: a maior parte era superficie arborizada (54.022 ha fronte a 39.865 de monte raso ou matogueira). Isto non ocorría en Galicia dende 1977 (ano en que os lumes non pasaron de ser simplemente anecdóticos) e máis significativamente dende os anos 1975 e 1976; é dicir, o 2006 marcou unha ruptura neste ámbito respecto aos 30 anos anteriores, nos que sempre ardeu máis monte baixo³.

Unha terceira observación é a que se deriva do feito de que as provincias máis afectadas fosen A Coruña e Pontevedra, como amosa o Cadro 1.

Foi, efectivamente, a fachada atlántica de Galicia a máis afectada polos incendios, e isto explica en gran medida a alarma social causada, a importante cobertura informativa e o asaño do debate político suscitado: os incendios concentráronse nas zonas máis densamente poboadas de Galicia, afectaron a zonas periurbanas e urbanizadas, alteraron o normal funcionamento de importan-

3 Creo que en termos xerais non se pode interpretar este dato adxudicando sistematicamente máis valor, e polo tanto "lamentando máis" a perda de monte arborizado. Tal proceder, aplicado sen realizar ningún outro tipo de consideración máis alá das estritamente monetarias, non ten en conta outros parámetros que poderían levar a considerar que certas formacións de monte baixo son máis valiosas que outras arborizadas dende perspectivas edafolóxicas ou atendendo á preservación da biodiversidade.

CADRO 1: superficie queimada no 2006 (por provincias)

Provincia	Núm. lumes	Sup. arborada	Sup. rasa	Total
A Coruña	2.387	21.536,11	14.372,44	35.908,55
Lugo	898	1.474,09	4.643,98	6.118,07
Ourense	1.613	4.118,12	8.044,06	12.162,18
Pontevedra	2.099	26.893,74	12.805,03	39.698,77
Galicia	6.997	54.022,06	39.865,51	93.887,57

Fonte: Consellería do Medio Rural.

tes vías de comunicación e chegaron a ameazar vidas (mesmo causando catro mortes), vivendas e facendas.

Por último, convén lembrar que os incendios se concentraron cronoloxicamente na primeira quincena de agosto: entre os días 4 e 15 dese mes arderon 77.772 hectáreas, o 82,8% do total anual. Neses días producíronse un total de 1970 lumes, dos cales 37 foron considerados grandes incendios, ao superar cada un deles as 500 hectáreas. Só eses 37 grandes incendios queimaron 62.095 ha, o 79,8% do ardido nesa negra quincena. Quizais a importancia que acadaron —tanto en termos absolutos como relativos— os grandes incendios foi o trazo máis distintivo dos lumes do 2006, sen precedentes en Galicia; abonda con dicir que fronte a eses 37 grandes incendios nunha ducia de días, no período comprendido entre 1991 e 2004 producíronse en total 39 grandes incendios en Galicia: en doce días, case os mesmos que en catorce anos⁴.

Aos efectos deste traballo non é preciso entrar en máis detalles sobre o acontecido en 2006. Pero si compre facer unha especie de balance que nos permita entender, xa de xeito interpretativo, as razóns polas que a vaga incendiaria foi considerada por todos tan novidosa e alarmante. Creo que, sen obviar a importancia cuantitativa da superficie queimada, o esencial foi o mencionado desprazamento territorial da maioría dos lumes cara ás provincias atlánticas, producido pola creación nas dúas últimas décadas de amplas superficies arborizadas e altamente combustibles nesas zonas de Galicia. Mais esas formas de arborizar o monte non poden ser consideradas novidosas, pois como a práctica totalidade da forestación galega nos últimos sesenta anos, esta foi realizada ao abeiro de políticas erradas e levada adiante sen os mínimos criterios silvícolas que serían esixibles⁵. Ademais,

4 Un completo informe sobre os incendios de 2006 pode ser consultado na páxina web da organización ecologista Verdegaia: <http://www.verdegaia.org>.

5 Especialmente significativo resulta, para explicar os lumes do 2006, a errática aplicación en Galicia da política de forestación de terras agrarias. Sen dúbida ningunha, debería promoverse un estudo serio sobre os criterios que a presidiron e os seus resultados.

esta expansión da forestación na Galicia atlántica seguiu confluindo co abandono do monte e de non poucas superficies agrarias, o que contribúe a explicar a formación de extensísimas áreas de monte descoidado e a posibilidade de que se produzan tantos grandes incendios como os 37 mencionados, fenómeno que si podemos considerar novo na súa magnitude.

Sumemos a esta evolución do monte o feito de que tal expansión se produciu nunha Galicia densamente poboada, con crecementos urbanos difusos, máis presididos polo caos que por unha ordenación racional. Nesas circunstancias, nas que “o monte avanza cara ás casas e as casas cara ao monte,” o cóctel incendiario está preparado e só agarda o momento preciso para facer ignición.

Volverei máis adiante sobre algún destes aspectos, logo de inserir os incendios de 2006 na lóxica da historia. E na historia dos montes galegos, e da agricultura do país, o lume tivo secularmente unha importante presenza. Empezarei prestando atención á súa utilización consciente como instrumento ao servizo de determinados obxectivos sempre relacionados coa actividade agraria. Dende este punto de vista, é doado percibir unha ruptura entre dúas formas moi distintas de utilizar o lume: unha ligada a un sistema agrario orgánico, que podemos convir en denominar tradicional (sen que iso signifique estático), en cuxa reprodución o monte cumpría funcións esenciais, e outra enmarcada nun sistema no que o monte deixou de desempeñar tales funcións para se converter nun espazo marxinal e, en non poucos casos, hostil a unha sociedade rural que experimentou un profundo proceso de desarticulación. Entre estas dúas presenzas do lume, tan diferentes, coido que non resulta esaxerado falar de ruptura, non só no referente ás formas concretas de utilizalo, senón ás implicacións socioeconómicas presentes en cada caso. Trataré de ofrecer unha explicación da ruptura mencionada; a hipótese de partida é que a proliferación de incendios forestais —sobre todo dende a década de 1960— obedece a un complexo proceso histórico que ten por variable maior a progresiva “desfuncionalización” do monte e a súa conversión nun territorio alleo ao sistema agrario e, en boa medida, á sociedade rural.

2. A cultura do monte, a cultura do lume

O noso obrigado punto de partida debe consistir en comprender —sequera sexa na súa caracterización básica— o papel do monte no sistema agrario tradicional galego, centrándonos nas razóns e maneiras que revestía a utilización do lume no mesmo. Para isto é preciso en primeira instancia ter presentes catro importantes observacións:

1. Cando falamos de monte, debemos referirnos a el da maneira máis acorde coa percepción que o propio campesiño ten, pois tal percepción determina as formas de explotación no marco dunha agricultura orgánica; por monte enten-

deremos toda superficie rústica non dedicada permanentemente a cultivo: son montes todos aqueles espazos que, dentro do sistema agrario, se definen por contraste coas terras de labor, consideradas estas dun xeito clásico. Esta definición “en negativo” supón unha utilización ampla do concepto, da que quedan á marxe certos requisitos frecuentemente recollidos nos dicionarios, como a elevación do terreo ou a existencia dunha cuberta arbórea: un monte pode representar unha elevación orográfica ou non, pode estar poboado de árbores ou non. A súa distinción de vocábulos como “montaña” ou “bosque” resulta, pois, esencial.

2. O monte ocupaba e ocupa a meirande parte do territorio galego⁶. A principios do século XIX as terras de monte supoñían por riba do 70% da superficie do país, e un século despois as estatísticas da Dirección Xeral de Agricultura rebaixaban moi escasamente esa proporción ata o 65,9%, ocupando as terras de labor unicamente o 31,3% e sendo considerado o 2,8 restante como improdutivo. Hoxe, o monte ocupa en Galicia o 62,5% do territorio. Galicia é, pois, un país no que a comunmente denominada Superficie Agraria Útil ocupa unha porción minoritaria do territorio en principio dispoñible. Pero esta exigüidade das terras de labor non supón unha histórica infrautilización do territorio, por máis que algúns observadores foráneos pouco avisados así o entenderan na segunda metade do século XIX e primeiro terzo do XX. Tal infrautilización de recursos non sería comprensible por parte dunha sociedade obrigada a enviar á emigración unha boa parte dos seus membros, a non ser que nos sumemos alegremente á teoría do “gallego de espírito aventurero”, tamén manexada na mesma época.

3. Os réximes de propiedade presentes na inmensa maioría destas terras non cultivadas permanentemente eran colectivos, correspondendo a titularidade, xestión e aproveitamento a comunidades campesiñas de caracterización habitacional diversa: aldeas, lugares, parroquias... Sen pretender profundar innecesariamente nesta cuestión, convén apuntar que a tenza colectiva do monte se manifesta esencialmente en dous réximes distintos que, loxicamente, inciden sobre os modos de aproveitamento, sobre todo dende a perspectiva social⁷: os montes de varas, abertos e indivisos agás á hora de roturalos, que representaban en termos xurídicos unha comunidade romana, e os montes veciñais, comunidade xermánica na que os dereitos de titularidade están ligados á pertenza como veciño á unha comunidade que é a real propiedade, e que transcende os seus integrantes nun momento determinado. Mentres os primeiros eran máis frecuentes na Galicia setentrional e hoxe son practicamente inexistentes, os veciñais —que a principios do oitocentos

6 Balboa, Xesús (1992): “L'utilizzazione del 'monte' nella Galizia del secolo XIX”, *Quaderni Storici*, 81.

7 Bouhier, Abel (1979): *La Galice. Essai géographique d'analyse et d'interprétation d'un vieux complexe agraire*, La Roche-sur-Yon. Véxase tamén: Balboa, Xesús (1990): *O monte en Galicia*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.

abranguían preto dos dous millóns de hectáreas— sobreviven na actualidade en arredor de 630.000 ha.

4. As formas tradicionais de aproveitamento do monte obrigan a consideralo non como un elemento de apoio máis ou menos importante á actividade agraria⁸: a súa explotación era continua, sistemática e perfectamente integrada no sistema agrario. Se en algo resulta redundante a documentación producida arredor do monte dende o século XVIII, é en salientar o imprescindible papel que desempeñaba na reprodución e equilibrio do complexo agrario tradicional. Prescindindo de matices ou diferenzas de carácter comarcal ás veces dificilmente aprehensibles, os servizos que o monte prestaba con total xeneralidade ao labrego estaban en consonancia co equilibrio agropecuario do propio sistema agrario. Así, o aproveitamento do monte presenta dúas vertentes fundamentais: unha directamente agrícola —como subministrador de colleitas suplementarias de cereal e de fertilizantes orgánicos para as terras de labor—; e outra gandeira, pois o monte produce o esencial do sustento da cabana galega. Ademais, obviamente, de proporcionar outros recursos secundarios, pero importantes: leña, madeira, caza, plantas medicinais, diversos froitos, etc.

O monte era, en suma, un auténtico “articulador” das comunidades rurais nos ámbitos territorial —como demarcador de límites— e social —na súa xestión plasmábanse as relacións intracomunitarias, con mecanismos moi diversos que van da cooperación á subordinación—; e resultaba ser tamén o auténtico “sopORTE” do sistema agrario, en atinada definición —hoxe xa clásica— do xeógrafo Abel Bouhier⁹, non ofrecendo dúbidas a súa caracterización como espazo de vocación histórica agrogandeira.

No cumprimento de todas estas funcións, o lume desempeñaba un papel central. Dende o século XVI xeneralízase a práctica de queimas controladas, das que temos constatación permanente e reiterada na documentación dos séculos XVIII e XIX. Aínda na década de 1970 se practicaban nalgunhas zonas de montaña, se ben de maneira xa residual e moi esporádica. Estas queimas —estivadas, rozas, restrebas, queimadas...— eran, en esencia, unha forma de preparación do monte para o seu cultivo, con vistas a obter unha colleita suplementaria de cereal, normalmente centeo ou trigo de monte. Son moitas as descricións que da estivada posuímos, que nos permiten apreciar certas diferenzas comarcais; á marxe de tales matices, a estivada era unha forma de lume controlado, que esixía unha importante acumulación de traballo, tanto previo como posterior á propia queima, ata que nos comezos do outono se sementaba o gran.

8 Balboa, Xesús (1992): “Op. cit.”

9 Bouhier, Abel (1979): *Op. cit.*

A obtención da colleita no terreo previamente queimado, con ser importante¹⁰, non esgotaba os obxectivos da estivada. Unha misión esencial era a restauración do ciclo produtivo do monte, baseado esencialmente no toxo e en menor medida na xesta. O toxo é unha especie básica no sistema agrario, dadas as súas múltiples funcións: como forraxe para diferentes especies de gando nas fases iniciais do seu crecemento, como materia prima para a elaboración dun estrume de excelente calidade fertilizante ou como combustible leñoso no período final do seu ciclo vexetativo.

A importancia e a plurifuncionalidade do “toxo” eran ben coñecidas e aproveitadas polos labregos, sendo salientadas polos mellores coñecedores do sistema agrario. A principios do século XX, Valeriano Villanueva escribía:

La providencia para nuestros aldeanos es el tojo, el sagrado tojo que debiera ser el emblema regional. Ésa sí que es máquina de labrar incomparable.

En efecto, a agricultura galega requiría inxentes cantidades desta especie. Abel Bouhier calcula que, só como fertilizante, era preciso utilizar entre 8 e 16 toneladas de toxo por hectárea de terra de labor ao ano, dependendo da calidade das terras e das súas necesidades fertilizantes. En boa medida, a gran necesidade de fertilización que teñen en xeral as terras de labor explica que a superficie de monte fose moi superior á daquelas. Conquistar terras de labor a expensas do monte, sen ter en conta o equilibrio necesario entre as dúas superficies, supoñería un descenso inmediato dos rendementos por carencia de achegas fertilizantes, así como unha diminución da produción de alimentos para a cabana gandeira: desequilibrios desta índole apreciáronse nalgunhas comarcas no século XVIII, debidos á presión demográfica. En calquera caso, a produción masiva de toxo era unha absoluta prioridade na reprodución das economías campesiñas. E a continuidade de tal produción era posibilitada en gran medida pola práctica da estivada, que permitía a rexeneración do mato unha vez concluído o seu ciclo vexetativo e aproveitado nas súas distintas etapas.

Porén, moitas veces axuizouse a utilización sistemática do lume como unha práctica arcaica, empobrecedora e traumática que fai desaparecer o manto vexetal e facilita a erosión. A isto engádese, tamén por efecto do lume, a perda de materia orgánica do solo, así como a imposibilidade de que se desenvolva unha cuberta arbórea nos montes sobre os que se realiza a estivada¹¹.

10 En non poucos casos esa colleita servía para pagar a renda foral á que a maioría das explotacións estiveron sometidas ata entrado o século XX; por outra parte, ás veces era posible obter unha segunda colleita, se ben neste caso os rendementos resultaban menores pola evidente caída do potencial fertilizante.

11 Un traballo sucinto e clarificador é o de Díaz-Fierros Viqueira, Francisco (2006): “Efectos ecolóxicos dos incendios forestais”, en *Os incendios forestais en Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 29-57. Aínda que centrado nos incendios, o autor fai interesantes observacións sobre o uso reiterado das estivadas.

Respecto de tan negativos efectos, cómpre facer algunhas apreciacións. Débese precisar en principio que tales prácticas se levan a cabo no marco dunha agricultura estritamente orgánica, e que son resultado dunha sabedoría e lóxica labregas tan criticadas como incomprendidas. O paisano coñece moi ben o seu monte, e non o somete a queima de xeito anárquico, senón naquelas partes nas que se evidencia a necesidade de renovar a cuberta vexetal. Aínda que a estivada se realizase todos os anos, o período que transcorría entre dúas estivadas sobre o mesmo solo dependía de diversos factores: a adecuación do terreo para o aproveitamento agrícola, obxectivo inicial; a necesidade de renovación do manto vexetal; a superficie total de monte con que contara a comunidade; o número de veciños e a forza de traballo dispoñible... Así, tales períodos variaban moito, e obviamente nunca eran inferiores ao ciclo de crecemento e aproveitamento integral do toxo: mentres algunhas comunidades queimaban unha mesma parcela cada oito ou dez anos, noutras, este período ascendía a máis de vinte anos, sendo o máis frecuente un lapso de entre dez e quince anos.

Polo que fai á erosión, é certo que en lugares moi encostados a indefensión do solo logo da perda provisional do tapiz vexetal non pode ser ignorada. Pero estes efectos limitanse a algunhas zonas montañosas do Leste e Suroeste de Galicia, e producíronse sobre todo cando as comunidades rurais deberon facer fronte, dende finais do século XIX, a certas presións externas que resultaban novidosas na súa magnitude sobre a produción agraria (mercado) ou sobre os propios montes (intervención administrativa, perda de dereitos, individualización de parcelas, etc.). Non podemos esquecer que en termos xerais a estivada foi practicada durante séculos e que prestou servizos esenciais á reprodución sostida de recursos, clave na permanencia dunha agricultura de base exclusivamente orgánica. Convén, pois, non esaxerar a indefensión do solo causada polas queimas: de ser así, non tería sido unha práctica sustentable durante tanto tempo.

Tampouco resulta ecuánime xeneralizar cargando as tintas nos nocivos efectos do lume sobre a materia orgánica. As queimas desempeñaban un papel non desprezable na consecución de certos fins beneficiosos para a actividade agraria, como unha radical limpeza da terra (pesticida, herbicida...), a mineralización e diminución da acidez, ou a mellora estrutural de solos arxilosos moi pesados¹².

É evidente, por último, que a práctica xeneralizada de queimas impedía o desenvolvemento de amplas masas arbóreas. É a ausencia de arborado a característica que máis negativamente chama a atención dalgúns observadores dos montes galegos no oitocentos e, concretamente, dos enxeñeiros de montes que

12 Sobre estes aspectos, pode consultarse a obra de Sigaut, François (1975): *L'agriculture et le feu. Role et place du feu dans les techniques de préparation du champ de l'ancienne agriculture européenne*, París, Mouton.

se poñen á fronte da administración forestal nas últimas décadas desa centuria. Como exemplo serve a seguinte afirmación do enxeñeiro xefe do Distrito forestal de Ourense-Lugo en 1876:

En todos los montes de la provincia (Lugo), exceptuando escasísima porción de tierra en algunos de ellos, no hay más que una vegetación pobrísima y en su mayor parte de especies cuyo aprovechamiento no tiene importancia ni más aplicación que la que le dan los labradores.

Non semella, non obstante, que a escaseza de árbores preocupara en termos xerais ao labrego. Este dispoñía de soutos e carballeiras, sen que faltasen outras especies arbóreas, das que obter madeira, leña e froitos para alimentación humana e animal. Normalmente, o labrego tiña árbores da súa propiedade, que se ocupaba en conservar e repoñer, tanto en terreos de propiedade privada coma veciñal. Sen dúbida, a escaseza de madeira e leña era máis sentida nos mercados, por uns consumidores afectados por un notable incremento de prezos, perceptible en moitos momentos históricos, singularmente dende os últimos anos do século XIX.

O que si parece claro, en último termo, é que esa “vegetación pobrísima” á que alude o informante, resultaba en realidade insubstituíble para o campesiño, como creo queda suficientemente demostrado. O enxeñeiro era incapaz de ver os montes cos ollos do paisano. Para el, os territorios agropecuarios debían estar nitidamente deslindados dos espazos forestais; e os montes, obviamente, debían ser terreos forestais.

Trátase, en esencia, da contraposición entre unha percepción agraria secularmente arraigada e outra netamente forestal que a nova ciencia parecía aconsellar e a administración se aprestaba a implantar. Unha contraposición que, dadas as maneiras en que se resolvería historicamente, conduciría á preparación dun excelente caldo de cultivo para a xeneralización dos incendios forestais.

3. O inicio da barbarie: a longa crise da cultura do monte

A estivada, como acabamos de ver, era unha práctica que respondía a unha decisión colectiva e trataba de repoñer o ciclo produtivo de recursos esenciais nunha economía agraria de base orgánica. Dende este punto de vista, debe ser enmarcada no que Stephen J. Pyne denomina “ecoloxía do lume antropoxénico”, suxeita, entre outras cousas, a unha disciplina social¹³. No noso caso, tal disciplina social está representada fundamentalmente polas comunidades veciñais que secularmente foran xestoras autónomas dos seus montes. E vai ser a posta en cuestión

13 Pyne, Stephen J. (1999): “Fuego sobre la tierra. Introducción a su historia”, en Araque Jiménez, Eduardo (coord.): *Incendios históricos. Una aproximación multidisciplinar*, Jaén, Universidad Internacional de Andalucía, pp. 365-382, p. 370.

da súa titularidade e dos seus dereitos de uso a que marque o camiño da crise que en Galicia conduza á xeneralización dos incendios forestais. Non se trata de remontarnos a períodos máis ou menos remotos por unha querenza de historiador na explicación da actualidade, senón de expoñer un proceso que, encetado cara a mediados do século XIX, está hoxe en día a producir os seus efectos, determinando en gran medida a situación actual dos montes galegos e do seu máis grave problema.

A primeira clave, no meu parecer, para entender o que hoxe ocorre está na individualización da propiedade dos montes. Este proceso de individualización foi xa explicado noutros traballos¹⁴, polo que me limitarei a lembrar moi sucintamente as súas razóns e pautas básicas, así como os seus resultados, que determinan, entre outras cousas a estrutura parcelaria actual dos montes galegos.

A individualización dos montes comeza a avanzar nas últimas décadas do século XIX; acentúase no primeiro terzo do XX, e á altura dos anos trinta a meirande parte da superficie de monte está xa parcelada, ben a partir da xeneralización de apresamentos particulares máis ou menos indiscriminados ou de repartimentos xestionados pola propia comunidade. Dende os anos corenta prodúcese unha nova vaga de repartimentos, ata unha actualidade na que sobreviven arredor de 630.000 hectáreas de montes veciñais, mentres arredor de 1,5 millóns de hectáreas de monte foron parceladas.

As principais razóns deste imparabile proceso foron dúas:

En primeiro lugar, loitar contra a indefensión xurídica da propiedade veciñal. Un tipo de propiedade non recoñecido polo ordenamento xurídico liberal, que só pareceu disposto a admitir dous réximes: o individual privado e o público. Confundidos os montes veciñais —de titularidade colectiva, pero privada— con montes públicos, coa súa individualización as comunidades secularmente posuidoras dos mesmos pretendían evitar as intervencións externas —enténdase dos ministerios de Facenda e Fomento— que dende a segunda metade do século XIX afectaron aos montes públicos. En efecto, reducindo os montes a propiedade individual, as comunidades rurais quixeron impedir tanto a venda dos predios vía desamortización como a intervención na súa xestión da administración forestal, que non entendía nin admitía as formas de uso e aproveitamento practicadas polos labregos. A individualización foi, en primeira instancia, una paradoxal forma de defensa da propiedade veciñal: defensa, porque con ela se evitaron intervencións alleas á comunidade rural; paradoxal, porque a individualización supuxo a desaparición do carácter colectivo —veciñal— da propiedade, que no futuro correspondería a cada veciño a título individual.

14 Artiaga, Aurora e Balboa, Xesús (1992): "La individualización de la propiedad colectiva: aproximación e interpretación del proceso en los montes vecinales de Galicia", *Agricultura y Sociedad*, 65.

En segundo lugar, a individualización perseguiu un incremento da produción dos montes. Os modos de aproveitamento das parcelas individualizadas deixaron de responder a intereses, equilibrios e servidumes colectivas; a súa adecuación a estratexias de reprodución individuais/familiares permitiu en termos xerais unha intensificación do aproveitamento, necesaria dende as décadas finais do oitocentos para responder ás crecentes demandas que o mercado formulaba á agricultura galega.

Se esas foron, en esencia, as razóns da individualización, máis interesantes para os obxectivos deste traballo son os modos en que se levou a cabo e os seus resultados. Liñas arriba sinalouse que a apropiación individual do monte revestiu dúas maneiras diferentes: apresamentos de parcelas á marxe da comunidade e sen que esta fose capaz de evitar a súa xeneralización, e repartimentos entre todos os integrantes da comunidade, tratando de racionalizar un proceso individualizador que xa se convertera en imparable. O punto de chegada deste proceso foi a conversión de dilatadas superficies indivisas e xestionadas secularmente polas comunidades rurais en territorios hiperparcelados xestionados de acordo coas estratexias e intereses que cada veciño aplicou ás parcelas que lle corresponderan no repartimento.

A hiperparcelación foi resultado tanto da xeneralización dos mencionados apresamentos coma —sobre todo— dos modos concretos en que se realizaron sobre o terreo os repartimentos. Neles non se outorgou a cada veciño unha única parcela de considerables dimensións, senón que se fixo unha división previa do monte atendendo ás súas distintas calidades, vocacións e potencialidades produtivas, e posteriormente adxudicáronse a cada veciño parcelas nos distintos lugares. Este sistema, que hoxe pode ser considerado irracional pola excesiva minifundización a que conduce —sobre todo se o contemplamos dende unha perspectiva forestal—, respondía non obstante á racionalidade campesiña e ao mantemento dos modos de utilización necesarios para a reprodución das explotacións agrarias. No monte, o labrego necesitaba lugares nos que obter pastos, leña, madeira, fertilizantes...; precisaba terras susceptibles de seren cultivadas esporadicamente, parcelas con diferentes graos de dispoñibilidade de auga, etc. Tratábase, pois, de que o parcelamento garantise a cada membro da comunidade a continuidade no goce de todas as posibilidades produtivas dos montes, cando menos no mesmo grao co que o viñeiro facendo “dende sempre” baixo o réxime veciñal. Na actualidade, arredor de 500.000 propietarios posúen case 5 millóns de parcelas para un total de 1,5 millóns de hectáreas, mentres —como xa se sinalou— 630.000 hectáreas de monte veciñal sobreviven como tales, logo de evitar o seu parcelamento, se ben sufrindo outras vicisitudes históricas ás que logo se aludirá.

En suma, coa individualización, o labrego conseguiu seguir accedendo a todos os recursos produtivos que o monte ofrecía, escudado xuridicamente fronte a un ordenamento que precisamente teimaba en defender, por unha banda, a propiedade individual e, por outra, a intervención administrativa —enténdase forestal— en todos os demais montes, considerados públicos.

Pero a contrapartida dese aseguramento da utilización non tardaría moito en manifestarse. A suxeición das superficies agora parceladas a estratexias e intereses concretos de cada explotación conduciría a unha certa anarquía no aproveitamento do monte. É certo que nun principio se acadan os obxectivos pretendidos (intensificación dos aproveitamentos tradicionais), pero é igualmente certo que, co paso do tempo, nomeadamente dende mediados do século XX, os desequilibrios fanse evidentes. A desaparición da vella ordenación veciñal do monte, e a súa substitución por unha simple agregación de intereses individuais fará, a longo prazo, que incidan sobre o monte demasiados elementos negativos. Dende os anos vinte, e sobre todo durante o franquismo, acumúlanse no monte notables desequilibrios na súa explotación, en relación cun evidente proceso de desfuncionalización do mesmo. Mecanismos sucesorios que acentuaron o grao de parcelamento, emigración e abandono da actividade agraria, avellentamento da poboación rural, pluriactividade crecente, progresiva especialización gandeira das explotacións e estabulación permanente do gando, recurso ao mercado en condicións forzadas e subordinadas para abastecerse de produtos que antes, con moita maior forza de traballo, se obtiñan no monte, son elementos que debemos ter en conta para entender a desfuncionalización á que se alude: a cabana gandeira xa non dependerá do monte para o seu sustento, polo avance da pratificación, do cultivo de forraxeiras e da crecente utilización de pensos industriais; os fertilizantes químicos substituirán en gran medida ao tradicional estrume; en menor medida, o gas butano á leña... Todo iso é o que conduce ao que Abel Bouhier denominou atinadamente esclerose do monte¹⁵.

Así, a tónica xeral nas últimas décadas consistiu no abandono do monte. No mellor dos casos, algunhas parcelas foron convertidas en prados, cando a calidade da terra e o interese do propietario o permitiron; en moitas, dende os anos vinte —e sobre todo a partir dos cincuenta/sesenta— plantáronse piñeiros e en menor medida eucaliptos, sen ningún coidado ou atención posteriores máis que as talas; e nas máis, o simple abandono. Por outra parte, a coexistencia sobre pequenas superficies de diferentes modalidades e ritmos de explotación comporta problemas difíciles de evitar; o exemplo típico sería unha queima de broza nunha determinada parcela que acaba provocando un incendio en parcelas lindeiras

15 Bouhier, Abel (1979): *Op. cit.*

e estendéndose posteriormente, axudado o lume polo lamentable e “variopinto” estado do territorio. Resumindo, a anarquía xestora, resultado da aplicación de estratexias dispares —que van do abandono ao aproveitamento forestal indiscriminado e carente de todo criterio silvicultor— enseñórouse de gran parte dos montes galegos nas últimas catro décadas.

Polo que respecta aos montes veciñais que “se salvaron” da individualización, as cousas non discorreron moito mellor. Considerados pola administración montes públicos, conseguiron, non obstante, sortear o embate desamortizador, e non parece que ata despois da guerra civil a presenza da administración forestal fose demasiado molesta. Todo indica que no terreo dos feitos, as comunidades veciñais seguiron accedendo ao monte como inmemorialmente o viñan facendo, ou en todo caso facendo fronte a problemas internos (presións individualizadoras, progresiva desarticulación da comunidade). Pero esa aparente ausencia de problemas non podía agachar a inseguridade xurídica dun réxime de propiedade que a lei seguía sen recoñecer e que, como xa se dixo, foi un dos factores que pulou o proceso de individualización. Abondaría con que o Estado tivese máis capacidade para facer cumprir as súas disposicións, apoiando o desenvolvemento efectivo da súa política forestal, para que os usos campesiños do monte se viran enfrontados a un serio perigo.

E iso foi o que ocorreu a partir da década de 1940. A ditadura, instaurada logo da súa vitoria na guerra, ía poñer en marcha un ambicioso plano de *rexeneración* e repoboación forestal¹⁶. A partir do *Plan General de Repoblación* de 1939 —por certo pouco ou nada seguido no terreo dos feitos—, e da posta en marcha dun todopoderoso *Patrimonio Forestal del Estado* en 1941, a política forestal do Estado franquista basearíase no seguinte tripode:

- Establecemento dun obxectivo autárquico. Tratábase de acadar o completo autoabastecemento forestal, considerado de importancia estratéxica. O acento nun produtivismo sen paliativos ao servizo dunha demanda de madeira de baixa calidade (pasta de papel, etc.) é a súa característica máis destacada.
- Despoxo das comunidades rurais, ao abeiro da lei. Seguiu sen recoñecerse a propiedade veciñal, e a adscrición directa da titularidade aos concellos realizouse sen dificultades a través —entre outras disposicións— da Lei hipotecaria de 1946, que permitía a inclusión dos montes nos patrimonios municipais coa simple sinatura do secretario do concello.
- A posta en marcha dunha política de repoboación masiva, con especies de quenda curta. Partindo do despoxo mencionado e contando coa

16 Rico Boquete, Eduardo. (1995): *Política forestal e repoboacións en Galicia, 1941-1971*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.

docilidade das corporacións locais e a elevada capacidade de coerción do réxime, a vía máis utilizada foi a dos chamados consorcios, subscritos entre concellos, deputacións e o propio *Patrimonio Forestal del Estado*, entidades que tamén repartirían entre elas os futuros beneficios. As comunidades rurais foron marxinas dos mesmos, sendo ademais expulsadas dos seus montes e véndose na obriga de recorrer crecentemente ao mercado en condicións forzadas.

As consecuencias que xa se mencionaron do proceso de individualización, sumadas á usurpación dos montes veciñais, supuxeron unha combinación de anarquía xestora —xa comentada— e de hostilidade da sociedade rural fronte á repoboación forestal. Unha repoboación que non afectou unicamente ás superficies consorciadas cos concellos: tamén se realizaron consorcios con particulares, ademais de incrementarse a partir dos anos cincuenta as repoboacións de iniciativa privada, en comportamento mimético e promovidas máis ou menos directamente pola administración.

Concluindo, durante o franquismo produciuse unha segregación practicamente total do monte do sistema agrario do que fora integrante esencial durante séculos. E o labrego xa non podía contemplalo como a garantía da súa supervivencia, senón como algo alleo aos seus intereses, que xa non había que coidar, rexenerar nin traballar, pois nada producía; ou o que producía (“algo de madeira de cando en vez”) non gardaba relación coa reprodución do sistema e a viabilidade das explotacións agrarias. Os incendios forestais non tardarían en proliferar.

4. O esplendor bárbaro

O exposto no apartado anterior conforma o auténtico caldo de cultivo da praga incendiaria das últimas catro décadas. Pero é tamén a primeira, grande e persistente manifestación de barbarie cometida contra os montes galegos. As responsabilidades creo que deben ser adxudicadas de xeito case que exclusivo nas costas da administración. En materia de montes e no que afecta a Galicia, as actuacións políticas non puideron ser máis desafortunadas nin ter consecuencias máis graves. Dende a implantación do Estado liberal ata a orxía usurpadora e repoboadora do franquismo, a sociedade rural só puido xogar á defensiva e asumir o papel de resistente.

Se no ámbito exclusivamente agrario as iniciativas públicas —a administración— foron capaces en moitas ocasións de orientar determinados cambios importantes conectando cos intereses labregos, no ámbito forestal esa conexión administración-sociedade foi imposible. Optouse pola simple confrontación, e foi así porque se partía dunha presunción que o campesiño non podía compartir: a taxativa separación entre o agrogandeiro e o forestal. Nunca se realizou un

labor educativo dos "pueblos ignorantes" no forestal, nunca se pensou nas posibilidades reais de construír un complexo agrosilvopastoril; e, sobre todo, nunca se ofreceron alternativas viables ao abandono dos montes a unha produción exclusivamente forestal. E aos mesmos labregos que demostraron ao longo da historia unha extraordinaria capacidade de adaptación e mudanza (introdución de novos cultivos, ferramentas e máquinas, integración no mercado, especialización produtiva...), negóuselles curiosamente a posibilidade de ser silvicultores. A administración preferiu descoñecer as inmensas posibilidades forestais duns montes moi ben dimensionados simplemente porque estaban en mans das comunidades. Preferiu obrigar a esnaquizar os montes e, cando puido, usurpar os restos.

En todo isto houbo moito de prexuízo e de prepotencia presuntamente científica. O primeiro partía da sempiterna idea que consideraba os labregos inimigos das árbores. E a segunda consistía en pensar que os montes debían ser deixados exclusivamente en mans de técnicos cualificados, os únicos capaces de conseguir un equilibrio entre produción e protección, dende unha vocación presuntamente naturalista; para os enxeñeiros, homes e cabras eran inimigos a extirpar do sagrado monte.

Este desprezo científico polos modos campesiños de aproveitamento do monte non foi exclusivo de Galicia, obviamente. Produciuse no conxunto da Península Ibérica, noutros países europeos, e foi sobre todo moi visible dende as décadas finais do século XIX nas colonias, en moitas das cales os técnicos e enxeñeiros europeos trataron de erradicar os usos indíxenas para crear e/ou conservar enormes masas forestais protexidas.

Nesta confrontación, o uso do lume ocupou un lugar central, que o xa citado Stephen Pyne, referíndose a ámbitos coloniais, resume coa seguinte conclusión: "Donde no podían eliminar a los indígenas, las autoridades coloniales trataban de eliminar el fuego indígena"¹⁷.

E se ese "fuego indígena" atentaba contra a conservación de extensísimas masas arboradas nos trópicos, o lume dos labregos galegos impedía a arborización dos montes que a administración quería poñer en marcha. En realidade, no catálogo de inimigos dos técnicos forestais, aos homes e ás cabras xa citados, habería que engadir o lume, todo tipo de lume.

A esta confrontación súmanse dende mediados do século XX factores como a evolución produtiva da agricultura galega (especialización gandeira, utilización masiva insumos industriais...) e demográfica do rural (avellentamento, emigración...).

Na década de 1960, comezan a proliferar os incendios forestais. E nun breve período de quince anos, os que transcorren entre 1975 e 1990, arderon en Galicia

17 Pyne, Stephen J. (1999): "Op. cit.", p.373.

máis de 900.000 hectáreas, o que supón case unha terceira parte da superficie total do país. A magnitude do problema converteu os incendios en materia inevitable de conversa en calquera foro imaxinable, ata o punto de que “todo o mundo” creu saber “de que vai” o asunto, quen e por que queimaba o monte, e como se debía remediar o problema.

O ano 1989, con preto de 200.000 hectáreas queimadas, marcou sen dúbida un punto de inflexión na consideración política e social dos incendios, tanto pola espectacular alza da superficie ardida como polas circunstancias políticas de entón (gobierno “tripartito”, lapso no incontestable predominio conservador na política autonómica ata 2005). A partir de entón, os incendios convertéronse nunha auténtica obsesión política, e a loita contra eles foi unha prioridade absoluta dende o chegada ao poder de Manuel Fraga. Dende a década dos 90, téñense barallado demasiadas hipóteses á hora de explicar o quen e o porqué; hipóteses todas elas excesivamente simplistas, ocasionalmente certas e que en ocasións trataron de converterse en explicacións xerais. Vallan como exemplo algunhas:

- En zonas costeiras, o incendio serviría para distraer a atención e poder realizar tranquilamente operacións de contrabando de droga ou tabaco. Os contrabandistas serían tamén os incendiarios.
- Os incendios terían motivacións políticas, sendo evidente o seu propósito desestabilizador. E isto tanto como mostra de antifranquismo como posteriormente de oposición aos sucesivos gobernos autonómicos conservadores. O dedo acusador, neste caso, apuntaba directamente a determinadas forzas políticas de carácter nacionalista.
- As *vendettas* veciñais, que se supoñen moi estendidas na Galicia rural. Os incendios desencadeados ao queimar a parcela do veciño serían así un *sui generis* axuste de contas.
- Os intereses dos gandeiros en frear a forestación e recuperar pastizais, nunha especie de estivada salvaxe.
- A actividade de mafias ligadas aos intereses madeireiros, que conseguirían cos incendios presionar á baixa sobre os prezos da súa materia prima.
- Os intereses urbanísticos na recualificación de superficies afectadas polo lume.
- E por último, a piromanía, coma se esta patoloxía acadase índices alarmantes entre a poboación galega.

Malia a magnitude do problema, de que parecía preocupar ao conxunto da sociedade galega e de que estaba no primeiro plano da axenda política, non parecía que os sectores máis afectados —ou os que en boa lóxica deberan selo— fosen os máis preocupados. É esta unha atinada reflexión que Xavier Vence fixo xa en

1990¹⁸, observando como os labregos, os propietarios de montes e as empresas transformadoras da madeira parecían soportar —e seguen soportando— o problema con certa indiferenza. Isto leva ao autor citado a considerar a posible racionalidade da utilización do lume en función dos seus respectivos intereses.

Efectivamente, para labregos e gandeiros pode resultar economicamente racional e rendible queimar o monte en certas circunstancias. En primeiro lugar, debemos considerar que foron moitos os montes incendiados logo da súa repoboación en virtude dun consorcio entre concello, deputación e *Patrimonio Forestal del Estado*; tratábase nestes casos dunha evidente protesta social contra a usurpación sufrida¹⁹, pero tamén se pretendía a renuncia da administración á repoboación, posibilitando o retorno á explotación veciñal do monte. Os enxeñeiros repoboadores sentíronse en moitas ocasións perseguidos pola “man común” dos veciños, convertidos en incendiarios. Abonda coa seguinte cita para entender o seu punto de vista:

En la peculiaridad gallega de los denominados montes vecinales o en mano común, no hemos encontrado documentación histórica que avale eso de la mano [...]. La única mano que destaca históricamente es la que prende fuego.²⁰

Coido que sobran comentarios. E na explicación da magnitude que acadaron os incendios xa dende os anos sesenta, débese ter en conta, en termos xerais, unha variable que se convertería a partir de entón en permanente: o alto grao de combustibilidade destas masas, dadas as carencias técnicas con que normalmente se realizaron estas repoboacións, as especies utilizadas e a falta de coidados posteriores ás plantacións, que permitiron o crecemento dun mato altamente combustible.

Polo que respecta aos montes parcelados e non suxeitos a este tipo de repoboación, a queima preséntase como o medio máis doado e accesible para conseguir un desbroce total do terreo; tal “limpeza”, á súa vez, pode ter obxectivos diversos:

- Suprimir obstáculos físicos, pois o crecemento incontrolado do mato dificulta moitas veces o tránsito entre fincas, tapa camiños, marcos, fontes...
- Limitar o desenvolvemento de especies vexetais e animais que poden producir efectos perniciosos sobre as terras de labor.

18 Vence Deza, Xavier (1990): “Os incendios forestais: o esperpento periférico do liberalismo económico”, *A Trabe de Ouro*, T.1.

19 Rico Boquete, Eduardo (1995): *Op. cit.*

20 A cita é de Enrique Martínez Ruiz, enxeñeiro que traballou en Galicia entre 1962 e 1974. Véxase Martínez Ruiz, Enrique e Martínez Chamorro, Enrique (1999): “Uso histórico del fuego en los montes gallegos. De las quemas agroganaderas a los incendios forestales de los últimos treinta años (1966-1996)”, en Araque Jiménez, Eduardo (coord): *Op. cit.*, pp. 335-364, p. 340.

- Facilitar unha reconversión produtiva da parcela queimada, pois a eliminación do mato é o paso previo indispensable para proceder despois a un cultivo forestal, ou á conversión do monte en prado ou pasteiro.

En calquera caso, queimar o monte supón un considerable aforro de traballo, pois sen dúbida a supresión do mato por outros métodos é unha operación moi custosa, dificultada ademais case sempre por razóns orográficas, pola carencia de maquinaria axeitada e pola escaseza de man de obra dispoñible. O recurso ao lume é, nestes casos, unha simple cuestión de economía.

Agora ben, se a utilización do lume con este obxectivo xeral de limpeza é evidentemente doada e pode ser rendible dende a lóxica económica individual, non é menos certo que é moi difícil evitar efectos nocivos noutras parcelas lindadeiras, dado o grao de fragmentación da propiedade. Porque o lume é dificilmente controlable, e a queima dunha parcela pode conducir á queima doutras moitas en situacións diversas (estar arboradas, abandonadas, etc.). Dito doutro xeito, a aplicación dunha estratexia individual en primeira instancia lóxica sobre unha parcela —que pode lembrarnos en gran medida a tradicional estivada—, produce efectos moi distintos aos que se obtiñan con aquela, nunha queima controlada pola comunidade rural e aplicada sobre superficies suxeitas ás mesmas disciplinas colectivas e aos mesmos ritmos produtivos. A queima dunha parcela para desbrozala desencadea frecuentemente auténticos incendios forestais, sobre todo na medida en que nas últimas décadas avanzaron notablemente as repoboacións de iniciativa privada en pequenas e múltiples superficies.

A proliferación de incendios, como se dicía liñas atrás, tampouco pareceu resultar excesivamente preocupante para as empresas transformadoras. Para entender esta actitude, é preciso que teñamos en conta as características de tales empresas e do mercado no que obteñen a súa materia prima²¹. O tecido industrial transformador céntrase na produción celulósica e de taboleiros; de aí unha demanda hexemónica de madeira de baixa calidade e que apenas sofre mingua —dada a súa finalidade— cos incendios. En todo caso, esa mingua compénsase en parte co descenso de prezo: o propietario da madeira queimada vese obrigado a vender practicamente ao prezo que se lle ofrezca. Por outra parte, o temor dos propietarios ao incendio conduciunos en numerosas ocasións a vender “preventivamente” a madeira, ás veces sen respectar as quendas de corta. En último termo, as características minoristas que presenta a oferta no mercado da madeira (desarticulación, desagregación) determinan unha posición claramente favorable no mesmo das industrias transformadoras. E en todo caso, a loita preventiva contra


21 Fernández Leiceaga, Xaquín (1990): *Economía (política) do monte galego*. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico.

os incendios tería necesariamente que incluír os traballos de conservación das masas forestais, con custos que reverterían inevitablemente no prezo da madeira; polo que parece, isto —aínda hoxe— non resulta rendible en termos estritamente económicos, cando menos a ollos empresariais: así, o prezo que se paga pola materia prima non inclúe ningún custo por labores de silvicultura, pois o mercado négase a valoralos. Claro que a maioría dos propietarios tampouco investiran practicamente nada na posta en marcha do aproveitamento madeireiro, así que "... con que dea algo.."

Entre 1990 e 2005, o elemento máis "vistoso" na evolución dos incendios é a redución da superficie anual afectada en relación ás décadas anteriores. A énfase política posta na loita contra o lume deu resultados visibles, aínda que non espectaculares, pois os repuntes por riba das 40.000 hectáreas en 1995, 1998, 2000 e o máis elevado de 2005 impiden falar de éxito rotundo. Por outra banda, hai que ter en conta que a redución das superficies queimadas conseguiuuse de maneira case exclusiva grazas a un incremento sostido e enorme do diñeiro dedicado aos servizos de extinción, como amosa o Gráfico 2, mentres outras posibles actuacións ficaban en segundo plano, cando non totalmente desbotadas.



En paralelo ao crecente gasto, o número de incendios tamén seguiu medrando considerablemente, sobre todo nos últimos quince anos, como demostra o Gráfico 3:



Efectivamente, que a partir da década de 1990 o número de incendios medrara espectacularmente só se explica pola ausencia de calquera medida correctora dos graves desequilibrios padecidos polo monte: o que se veu facendo nos últimos 15 anos foi poñer ao servizo da loita contra o lume unha cantidade desmesurada de medios e cartos sen modificar en absoluto as condicións estruturais que provocan os incendios.

A única novidade que podería ser en principio destacable foi a aprobación en 1993 do *Plan Forestal de Galicia*, presentado como unha medida “estrela” para reorientar a medio e longo prazo a política forestal do país; non obstante, dito plano, que xa na súa concepción pecaba de importantes desequilibrios, foi ademais sistematicamente incumprido na década longa posterior á súa aprobación.

E ao longo deses mesmos anos, a arborización de Galicia seguiu gañando superficie, realizada coa mesma carencia de criterios que xa resulta —esta si— tradicional en Galicia, e mesmo aproveitando incentivos políticos como a comentada norma para a forestación de terras agrarias.

É dicir, loitouse con máis eficacia contra os lumes, pero a un alto prezo e sen poñer en marcha ningunha novidade importante na política forestal, nin na política de desenvolvemento rural, e permitindo que seguira avanzando a mesma e mala maneira de xestionar e/ou abandonar os montes. A día de hoxe, algúns dos entón responsables da loita contra incendios recoñecen o que como técnicos

non podían descoñecer: que o éxito momentáneo á hora de impedir ou apagar un lume, se non se variaban posteriormente as condicións de combustibilidade por medio de traballos silvícolas, significaba incrementar para o futuro o risco de incendio: a terra e a súa vexetación terían cada vez máis "fame de lume"²², e o triángulo osíxeno/combustible/temperatura de ignición aparecería de maneira recorrente.

Así, dende que lle foron transferidas as competencias en materia de montes á Comunidade Autónoma de Galicia, aló por 1983, van xa preto de 25 anos nos que nos montes galegos non mudou nada substancial e, ao contrario, consolidáronse e agraváronse todos os desequilibrios que veñen definindo a situación dende os anos sesenta. A inacción dos gobernos autonómicos a este respecto, dado o tempo transcorrido, pode xa ser considerada un dos ingredientes da barbarie, xunto ao acontecido entre mediados do oitocentos e a guerra civil, por unha banda, e a política forestal franquista, pola outra.

Os incendios de 2006, habida conta da situación herdada, presentaron — como xa se dixo — algúns aspectos novidosos. Mais non tiveron nada de raro, pois encaixan perfectamente na dinámica histórica dos montes galegos e na expansión da mala xestión do monte. O que si fixeron, dada as repercusións mediáticas, políticas e sociais apuntadas ao principio, foi marcar un novo punto de inflexión comparable ao que xa se producira en 1989. Pódese agardar que agora sirva para intentar algo máis que seguir aumentando a eficacia extintora? Aproveitarase para mudar algunhas outras cousas, dende perspectivas políticas renovadas? A tratar, na medida do posible, estas cuestións reservo o último apartado deste traballo.

5. Facer posible o necesario

Logo dos lumes de 2006, a reacción máis visible do goberno autonómico foi aumentar os medios e a dotación orzamentaria dos servizos de prevención e extinción de incendios, que chegan aos 125 millóns de euros, superando espectacularmente os 70 millóns do ano anterior e mais que duplicando os dedicados a eses fins en 2005. Segue, pois, presente a obsesión política, e a loita contra o lume absorberá en 2007 o 70,2% do diñeiro total destinado aos montes galegos. Esta absoluta prioridade é explicable en termos de urxencia política, pois desgastaría enormemente ao goberno volver aturar no verán unha vaga de lumes coma a última.

Mais tamén é certo que agroman outras iniciativas pensadas para virar o rumbo noutros ámbitos e orientadas a permitir que no futuro os incendios deixen

22 Expresión que utiliza frecuentemente nas súas obras Stephen J. Pyne. Aínda que referida a outros contextos (por exemplo para explicar o grande incendio de Yellowstone en 1988), tamén resulta aplicable a gran parte dos montes galegos.

de ser o centro de todo. Iniciativas tanto dende o goberno como dende outros sectores sociais vencellados directa ou indirectamente co monte. Por exemplo, a Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, discutible nalgúns dos seus contidos, ten non obstante a virtude de entender de xeito decidido o problema dos incendios dende unha perspectiva ampla que esixe unha viraxe na explotación e xestión dos montes e, polo tanto, mudanzas na política forestal; é dicir, enténdese que a posible solución non pode depender simplemente da eficacia extintora. Haberá que agardar para comprobar cal é a medio e longo prazo o resultado, e que outras medidas irá poñendo en marcha a Administración para complementar ese acertado enfoque.

Dende a iniciativa privada tamén apareceron nos últimos meses síntomas de cambio, que aluden a unha crecente sensibilidade social, e dos propietarios de montes. Un bo exemplo dado a coñecer recentemente na prensa²³ é o que ofrecen arredor de 500 propietarios de montes do concello de Trabada, que acordaron poñer en común os seus anacos de monte ata contar cunha explotación forestal de 2.285 hectáreas; mais este proceso xa o comezaran en 1989, e só agora empezan a agromar os resultados. Os montes mudan paseniñamente, e as iniciativas deste tipo son, polo momento, un goteo pouco visible.

Todos os discursos que tratan de construír un futuro distinto para os montes galegos falan da necesidade de poñelos en valor, e evidentemente diso se trata. Coido que existe, na sociedade, nas institucións e na Administración capacidade técnica máis que suficiente, e propostas de valorización diversas e viables. Mesmo tamén parece existir —agora— vontade política para comezar a andar eses camiños. Dende a historia, dende o peso das herdanzas recibidas, quero rematar referíndome aos principais problemas, sen ánimo de exhaustividade, que o futuro debe afrontar e superar:

1. A estrutura parcelaria dos montes. Será necesario corrixir a minifundización, pois só os montes veciñais superviventes contan con dimensións axeitadas para proceder a unha racionalización da súa explotación.
2. Os réximes de propiedade. Veciñal ou particular, e coas diferenzas que a lei determina, a propiedade dos montes galegos é privada, pois os montes públicos en Galicia son simple anécdota. Isto representa un serio obstáculo para as posibilidades da intervención administrativa, sobre todo tendo en conta a historia desa intervención, que pesa máis na memoria do que moitos cren.
3. Respecto aos montes veciñais, que pola súa conformación son os máis axeitados para servir de motor e de exemplo das transformacións, o

23 *La Voz de Galicia*, 11 de maio de 2007.

principal problema é a inactividade que afecta á maioría das comunidades propietarias, marcadas pola despoboación e o avellentamento demográfico. Facer valer as posibilidades legais de intervención pública nos mesmos será sen dúbida inevitable.

4. A inadecuación entre os ritmos da política e da natureza. A actividade política enfróntase a esixencias inmediatas —electorais, por exemplo— de xeito permanente, pero os resultados en materia forestal difírense moito no tempo, e mesmo casan mal cos ritmos biolóxicos das persoas. Iso de que “quen planta un souto, planta para outro”, segue créndose como certo.
5. As estruturas e intereses mercantís arredor dos montes. O mercado da madeira en Galicia é fillo dunha determinada política, e tamén dunha determinada ausencia política; e como xa se dixo parece funcionar ben na situación actual. Por suposto, este mercado non asume en termos xerais os gastos necesarios en silvicultura e en conservación ambiental. Será necesario corrixir esa miopía interesada.
6. O alleamento da sociedade rural dos montes —e viceversa— é unha lápida histórica. A necesaria reimplicación da sociedade rural é mencionada por todos, pero non é doado deseñar medidas concretas para conseguila. As políticas de desenvolvemento rural, non só en materia forestal, terán moito que dicir, se contan cos medios necesarios e coa suficiente claridade de ideas.
7. A cuestión ambiental. Tamén sempiternamente mencionada como algo a ter en conta, aínda estamos pendentes —non só en Galicia— de formular e resolver en termos adecuados a ecuación entre economía e ecoloxía. Vai sendo a cada paso máis necesario e inadiable.

Coido que pode abondar, aínda que se podería seguir incrementando o catálogo de desafíos. Parecen demasiados axóuxeres para lle poñer ao gato, de aí a dificultade de facer posible o que xa é necesario.

En calquera caso, a situación dos montes galegos non pode ser permitida por máis tempo. Ou é un síntoma case que terceiromundista da incapacidade dun país á hora de xestionar o seu territorio, ou representa a opulencia decadente dunha sociedade que se permite o luxo de desprezar e mal aproveitar dous terzos da superficie do seu país. Que o lector escolla.

Bibliografía

- ÁLVAREZ SOUSA, Antón (1992): *Os incendios forestais: análise sociolóxica do sector forestal galego*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.

- ARTIAGA, Aurora e BALBOA, Xesús (1992): "La individualización de la propiedad colectiva: aproximación e interpretación del proceso en los montes vecinales de Galicia", *Agricultura y Sociedad*, 65.
- BALBOA, Xesús (1990): *O monte en Galicia*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- BALBOA, Xesús (1992): "L'utilizzazione del 'monte' nella Galizia del secolo XIX", *Quaderni Storici*, 81.
- BALBOA, Xesús (1999): "El fuego en la historia de los montes gallegos: de las rozas al incendio forestal", en ARAQUE JIMENEZ, Eduardo (coord.): *Incendios históricos. Una aproximación multidisciplinar*, Jaén, Universidad Internacional de Andalucía, pp. 255-278.
- BOUHIER, Abel (1979): *La Galice. Essai géographique d'analyse et d'interprétation d'un vieux complexe agraire*, La Roche-sur-Yon.
- DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, Francisco (2006): "Efectos ecológicos dos incendios forestais", en DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, Francisco e BAAMONDE, Plácido (coords.): *Os incendios forestais en Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- FERNÁNDEZ LEICEAGA, Xaquín (1990): *Economía (política) do monte galego*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico.
- GUITIÁN RIVERA, Luis (1999): "Los incendios forestales a través de la historia: pervivencias y cambios en el uso del fuego en el Noroeste peninsular", en ARAQUE JIMENEZ, Eduardo (coord.): *Incendios históricos. Una aproximación multidisciplinar*, Jaén, Universidad Internacional de Andalucía, pp. 149-162.
- MARTÍNEZ RUIZ, Enrique e MARTÍNEZ CHAMORRO, Enrique (1999): "Uso histórico del fuego en los montes gallegos: de las quemadas agroganaderas a los incendios forestales de los últimos treinta años (1966-1996)", en ARAQUE JIMENEZ, Eduardo (coord.): *Incendios históricos. Una aproximación multidisciplinar*, Jaén, Universidad Internacional de Andalucía, pp. 335-364.
- PYNE, Stephen J. (1999): "Fuego sobre la tierra. Introducción a su historia", en ARAQUE JIMENEZ, Eduardo (coord.): *Incendios históricos. Una aproximación multidisciplinar*, Jaén, Universidad Internacional de Andalucía, pp. 365-382.
- RICO BOQUETE, Eduardo (1995): *Política forestal e repoboacións en Galicia, 1941-1971*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.
- VENCE DEZA, Xavier (1990): "Os incendios forestais: o esperpento periférico do liberalismo económico", *A Trabe de Ouro*, T.1.

THE UNIVERSITY OF CHICAGO PRESS

THE UNIVERSITY OF CHICAGO PRESS
54 EAST LAKE STREET
CHICAGO, ILLINOIS 60607
TEL: 773-707-3000
WWW.UCHICAGO.PRESS.EDU

THE UNIVERSITY OF CHICAGO PRESS
54 EAST LAKE STREET
CHICAGO, ILLINOIS 60607
TEL: 773-707-3000
WWW.UCHICAGO.PRESS.EDU

THE UNIVERSITY OF CHICAGO PRESS
54 EAST LAKE STREET
CHICAGO, ILLINOIS 60607
TEL: 773-707-3000
WWW.UCHICAGO.PRESS.EDU

THE UNIVERSITY OF CHICAGO PRESS
54 EAST LAKE STREET
CHICAGO, ILLINOIS 60607
TEL: 773-707-3000
WWW.UCHICAGO.PRESS.EDU

THE UNIVERSITY OF CHICAGO PRESS
54 EAST LAKE STREET
CHICAGO, ILLINOIS 60607
TEL: 773-707-3000
WWW.UCHICAGO.PRESS.EDU

THE UNIVERSITY OF CHICAGO PRESS
54 EAST LAKE STREET
CHICAGO, ILLINOIS 60607
TEL: 773-707-3000
WWW.UCHICAGO.PRESS.EDU

THE UNIVERSITY OF CHICAGO PRESS
54 EAST LAKE STREET
CHICAGO, ILLINOIS 60607
TEL: 773-707-3000
WWW.UCHICAGO.PRESS.EDU

THE UNIVERSITY OF CHICAGO PRESS
54 EAST LAKE STREET
CHICAGO, ILLINOIS 60607
TEL: 773-707-3000
WWW.UCHICAGO.PRESS.EDU

THE UNIVERSITY OF CHICAGO PRESS
54 EAST LAKE STREET
CHICAGO, ILLINOIS 60607
TEL: 773-707-3000
WWW.UCHICAGO.PRESS.EDU

Liberales y emprendedores. Los proyectos de desecación de la laguna de Antela (A Limia, Ourense), 1827-1874¹

EDUARDO RICO BOQUETE
Universidade de Santiago de Compostela

Introducción

En 1963, el Instituto Nacional de Colonización daba por finalizados los trabajos de desecación de la laguna y procedía al reparto de los terrenos y a la instalación de los nuevos propietarios en sus parcelas. Asimismo, en 1967, en un artículo publicado en la *Revista de Obras Públicas*, el ingeniero Zapata Tejedor certificaba el triunfo de la ingeniería que había sido capaz, tras muchos intentos, de poner al descubierto la inconsistencia de tantas leyendas que se habían forjado en torno a la laguna. Vencidos los cinifes, defensores del reino de Arturo, este espacio pasaba a ensanchar los dominios de Ceres.

Doscientos años antes, la recién creada Real Academia de Agricultura de A Coruña había analizado, por iniciativa de Cornide y en sesión celebrada el 3 de febrero de 1765, la posibilidad de proceder al desagüe del también llamado lago Beón, con el fin de aumentar la extensión dedicada a "la primera de las artes" (Martínez Barbeito 1959). Desde entonces fueron constantes los llamamientos para realizar una obra que se consideraba de magna importancia, no sólo en el aspecto económico y social, también en el sanitario. Así lo hicieron, entre otros y

¹ En este artículo se presentan los primeros resultados de un estudio que tiene por objeto analizar los diversos planes de desecación de la laguna de Antela, desde el siglo XVIII al XX, y que se enmarca en el proyecto de investigación titulado *Transformaciones en la agricultura atlántica y evolución de la sociedad rural en el franquismo (1936-1975): cambio tecnológico, medioambiente y sociedad civil*, código Hum. 2006-13499, dirigido por el catedrático Lourenzo Fernández Prieto.

en distintas épocas, Lucas Labrada (1804), Vázquez del Viso (1818), el canónigo Bedoya (1831), Pascual Madoz (1848) y Domingo Fontán (1858).

Desde mediados del siglo XIX, asistimos a la presentación de sucesivos proyectos de desecación de la laguna con la finalidad de aplicar en dicho espacio los conceptos y técnicas desarrollados por la nueva agricultura, tal y como se estaba haciendo en los países europeos más avanzados. El primer anteproyecto fue presentado por Justo Pelayo Cuesta, en 1850, y cinco años después los hermanos Román y Francisco Javier Mugártegui Parga, este último futuro presidente de la Diputación de Pontevedra, formularon un proyecto muy bien fundamentado que recibió todos los parabienes de las autoridades. En 1864, Toribio Íscar Sáez, vallisoletano de Matapozuelos, activo participante en los acontecimientos de 1868 y en el levantamiento republicano de 1869 (Barreiro Fernández 1983), puso su firma a un estudio con el mismo objetivo.

Más tarde, y para "completar el cuadro" de aquella Galicia decimonónica, también hicieron acto de presencia "los ingleses". Así, en los meses finales del Sexenio, los señores John H. Stone, ingeniero, y Richard H. Freeman, militar retirado, se convirtieron en los nuevos concesionarios. Finalizando el siglo, Dña. Carlota Partington, Duquesa de Longeville y familiar de uno de los socios de Pelayo Cuesta, asumió la empresa con mucha voluntad aunque con escaso éxito².

Estos reiterados esfuerzos por conquistar A Limia para la agricultura fueron sintetizados de manera excelente por Otero Pedrayo: *La Galicia del XIX pensó en rescatar dos tesoros: la plata de los galeones de Redondela y la riqueza cereal de La Limia*³.

Por otra parte, la aprobación de los proyectos y la posterior puesta en marcha de las obras dio lugar a que se produjeran importantes movilizaciones de campesinos, apoyados —o incitados— por los párrocos de sus aldeas, con la intención de paralizar unas obras que atentaban directamente contra la existencia de un espacio muy bien aprovechado y del que dependían en gran medida para su propia supervivencia. Estos hechos, desarrollados en una coyuntura política y socioeconómica especialmente complicada (Barreiro Fernández 1991), fueron aprovechados por las partidas carlistas que merodeaban por el entorno para intentar ampliar su base social de apoyo.

Lo más llamativo del caso es que la totalidad de los citados proyectos cosecharon un fracaso absoluto, a pesar de contar con el beneplácito de los sucesivos Gobiernos de la Corona y de ser favorecidos con una interpretación muy generosa

2 Por su parte, en el despacho de Darío Bugallá se levantaba acta notarial de los sucesivos traspasos de la concesión.

3 Otero Pedrayo, 1958. Este brevísimo texto también se puede consultar en www.concellodesandias.com, página que contiene otros artículos de destacados publicistas de la época.

de la legislación por parte de las autoridades de Fomento. Ciertamente es que los diversos planes también debieron de enfrentarse a múltiples obstáculos, alguno de los cuales se reveló superior al compromiso de los titulares de la concesión. Por ejemplo, la inestabilidad política del período, la oposición de los vecinos de la laguna, la difícil coyuntura económica, así como los problemas técnicos que presentaba una obra de estas características, fueron factores que incidieron de manera negativa en la realización de la misma.

1. La laguna de A Antela en las postrimerías del Antiguo Régimen

En la literatura de la época los humedales aparecían caracterizados como lugares insalubres, transmisores de enfermedades como el paludismo y causantes de muchas otras “flojedades de espíritu y de cuerpo” que afectaban a la población que vivía en los alrededores (Díaz-Fierros Viqueira 2006). Asimismo, su existencia se consideraba muy negativa para el país al constituir un espacio improductivo desde el punto de vista agrícola, sobre todo en un período en el que se hacía hincapié en la necesidad de extender la superficie cultivada con el fin de incrementar la producción. De hecho, estos fueron los dos argumentos esgrimidos habitualmente por aquellos que eran partidarios de la desecación de zonas lacustres.

Ahora bien, como tendremos ocasión de ver, el concepto de improductivo no parecía tener el mismo significado para los que, de una u otra manera, aprovechaban determinados recursos proporcionados por la Laguna. De hecho, después de siglos de empeño, los moradores del entorno de A Antela habían conseguido hacer ésta más productiva de lo que un observador superficial pudiera apreciar. Por eso, el indagador que se acercase a este espacio acuoso sin prejuicios no tendría dificultad en reconocer la existencia de múltiples utilidades que de la laguna obtenían los pobladores. Y si el analista era un poco perspicaz, pronto se daría cuenta que dicho espacio reunía buenas cualidades para determinadas actividades, como lo atestiguó algún publicista:

Los pueblos de la Limia, como que vinculan la mayor parte de su subsistencia en la cría de los ganados, hallan en las tierras que se inundan en el invierno excelentes pastos para aquellos en el verano; y por lo mismo sólo tiene reducidas a tierras de pan llevar las más altas, y que por consiguiente son las menos húmedas.⁴

De ahí que en ese territorio se criasen excelentes “carneros y ovejas” que venían a comprar trajinantes de Corcubión para, posteriormente, venderlos en la “provincia de Santiago”⁵.

4 Labrada, Lucas (1804): *Descripción económica del Reino de Galicia*, Vigo, Editorial Galaxia, edición de 1971, p. 131. [ed. facsimile, prólogo de Francisco J. Río Barja].

5 Labrada creía necesario proceder a ensanchar la madre del río con una zanja maestra y otras laterales y oblicuas, así como rompiendo las peñas de Ponte Linares. Sin embargo, también se hacía eco de aquellas

En otros términos, en la laguna y en su entorno inmediato obtenía el vecindario toda una serie de recursos fundamentales para el funcionamiento de sus economías. Allí pastaban sus ganados, obtenían un complemento para su dieta con la práctica de la pesca y la caza y recolectaban las sanguijuelas y ranas que posteriormente vendían a los comerciantes. Como ya advirtiera González de Ulloa, también empleaban los juncos para la fabricación de esteras y estiércol, utilizaban los pozos como lavaderos naturales para el lino y aprovechaban el arbolado de las fragas que rodeaban la laguna y que Cornide había calificado como infranqueables.

Los autores que hasta el presente se ocuparon de hacer una relación de los diversos proyectos siempre han considerado, con acierto, que el antecedente más inmediato fue el relatado por el canónigo Bedoya y protagonizado por D. Julián de Toubes, corregidor de Xinzo de Limia⁶. Una vez destinado en esta villa, la citada autoridad procedió de inmediato a realizar los trabajos preliminares de reconocimiento de la laguna, levantando los planos y calculando el coste de la operación. Para su tarea contó con el apoyo de dos destacados gallegos, el Sr. López Ballesteros, por entonces ministro de Hacienda, y el Sr. Fernández Varela, Comisario General de Cruzada. Con la R. O. de 3 de marzo de 1827 en la mano, en virtud de la instancia presentada por Domingo Rodríguez Nieto y por la que se autorizaba el inicio de los trabajos de desagüe, el Corregidor puso en marcha su plan.

La obra de Toubes estaba claramente anclada en los presupuestos políticos, económicos y sociales del Antiguo Régimen: el impulso inicial y la financiación vendrían del Estado, con donaciones procedentes de otras instituciones, y los trabajos deberían hacerse mediante prestación personal u otras fórmulas propias del período. En esencia, sólo se trataba de desaguar aquel espacio con el fin de sanearlo y ensanchar la extensión dedicada al cultivo agrícola y a la ganadería, pero sin modificar ninguna estructura y mucho menos alterar el régimen de propiedad. Sin embargo, con el cese de Toubes, producido en 1835, se paralizó la obra y la laguna y sus habitantes continuaron aprovechando los recursos que les ofrecía como habían hecho hasta entonces.

Técnicamente, el proyecto de Toubes se limitaba a establecer un nuevo cauce longitudinal que, aumentando su profundidad y el desnivel, permitiese el desagüe del lago al tiempo que aumentaba la velocidad de la corriente. Asimismo, se hacía preciso rebajar o eliminar en su totalidad el llamado peñascal de Ponte

opiniones que defendían la necesidad de mantener la laguna en su estado habitual pues, siendo su fondo pizarroso y estéril, tal vez no fuese apta para la producción de grano.

6 En su momento, Martínez Barbeito (1959) se ocupó de las discusiones habidas en la Real Academia de Agricultura y de los planes formulados por Toubes y Toribio Íscar. También Conde-Valvis (1951, 1975) dejó constancia, además de su proyecto del año 1938, del presentado por los hermanos Mugártegui.

Liñares, pues constituía el mayor y último obstáculo que se encontraban las aguas del Limia que, a partir de allí, ya corrían con mayor ímpetu para desplomarse en el salto de As Conchas (Fernández Alonso 1879). En su opinión, expresada en 1858, mediante este método había conseguido:

[...] que el sol visitase un terreno que no tocara en siglos mil, no quedó una sola gota de agua en tal laguna, un año más que me dejaran en aquel corregimiento la obra sería completa.⁷

No siendo del todo desacertado, a tenor de lo descrito en informes posteriores, parece que en este caso el autor se deja llevar por el entusiasmo y exagera un tanto el alcance de la obra. No obstante, aunque con menor intensidad que la descrita por Toubes, la obra dejó sentir sus efectos, al menos en los momentos iniciales, y así lo confirman, además de los relatos de los contemporáneos (P. Madoz 1848; D. Fontán 1858), las protestas de algunos que se consideraron afectados por aquélla.

En efecto, a pesar de que la desecación de la laguna siempre se presentó como algo beneficioso para toda la población, pronto se evidenció que no todos los vecinos eran partidarios de la obra, a la que le achacaban una serie de consecuencias negativas. Cierto es que los trabajos de Toubes pudieron beneficiar a todos aquellos que aprovechaban las márgenes y zonas menos inundadas como lugares de pastoreo para sus ganados, sobre todo en la estación seca, y también resultó provechoso para todos aquellos cuyas fincas de cultivo lindaban con la laguna.

Sin embargo, algunos ya mostraron entonces su descontento, aunque fuese por otras cuestiones. Por ejemplo, es sabido que con el incremento de la corriente se perjudicó a aquellos vecinos de Ponte Liñares que hasta entonces hacían una buena extracción de pesca en los pozos allí existentes, pues las arenas en suspensión acabaron colmatando dichos pozos. Asimismo, en 1848, un vecino de Partovía (O Carballiño) elevó una instancia al Gobierno político de la provincia denunciando los perjuicios que acarreó la desecación de una porción de la laguna. Más concretamente, el vecino se quejaba del "lastimero estado" a que les había conducido la desecación "por la destrucción del criadero de las mejores sanguijuelas que la España posee".⁸ En su opinión, la reducción experimentada en el número de anélidos capturados al año, para su posterior exportación a Francia, era producto del descenso del nivel de agua y ello también había ocasionado un encarecimiento en el precio de la mercancía.

7 Carta de D. Julián Toubes a D. José Francisco de Uria, 2 de julio de 1858, Archivo General de la Administración (AGA), sección de Obras Públicas, c^o 27666, exp. 2123.

8 Instancia de José Pinal, 26 de marzo de 1848, AGA, sección de Obras Públicas, c^o 27666, exp. 2123.

Ante esta denuncia, la Junta de Agricultura, a fin de disponer de una segunda opinión, decidió solicitar el parecer del ayuntamiento de Xinzo de Limia. Éste, en una declaración elaborada a tal efecto, afirmaba taxativamente que la obra sólo podía reportar beneficio para el país, pues se trataba de uno de los suelos más feraces de la provincia y "desaguado o dando corriente a las aguas de ella, la agricultura ganaría muchos miles de fanegas de trigo y centeno anuales". Si habían disminuido las sanguijuelas se debía a otras causas, mas no al desagüe, de hecho todo parecía obedecer a una práctica esquilante:

Los pueblos litorales de la laguna están constantemente cazándolas, hasta en el tiempo que ellas se reproducen en términos que hasta los niños de siete a ocho años la cruzan, persiguiendo y cogiendo las sanguijuelas.⁹

Finalmente, la propia Junta de Agricultura se expresó en términos semejantes a los del municipio, apoyando la labor hecha y confirmando la necesidad de proceder a la desecación de la totalidad de la superficie.

2. El proyecto de Pelayo Cuesta y sus socios

Considerando los anteriores informes, la R. O. del Ministerio de Comercio, Instrucción y Obras Públicas, de 26 de diciembre de 1848, prescribía efectuar el reconocimiento de la laguna y la posterior formación del presupuesto necesario para su desagüe, proponiendo los medios para llevarlo a cabo y acudiendo, si fuera necesario, al auxilio de la empresa particular, recompensando los adelantos con el reconocimiento de concesiones perpetuas o temporales.

Por primera vez, la Administración manifestaba su interés por impulsar la desecación de dicha zona con el objeto de convertirla en un nuevo espacio de uso agrícola, confiando en que las ayudas establecidas y los previsibles beneficios constituyesen estímulos suficientes para atraer la atención de la iniciativa privada, cuyos intereses, especialmente los relativos a la propiedad, quedarían protegidos y garantizados por la adopción de un nuevo marco institucional y jurídico propiciado por el Estado liberal.

Sin embargo, las labores de reconocimiento no parecía fáciles ya que, además de las otras tareas a las que debía hacer frente el ingeniero, era necesario contar con buen tiempo y contactar con personas del entorno que conociesen el lago y supiesen manejar la barca. Así, a comienzos de 1850, el Gobernador Civil, Nicolás de Castro, se quejaba de que a pesar del tiempo transcurrido aún no tenía sobre su mesa el informe solicitado y reiteraba su petición al ingeniero. Al mismo tiempo, informaba a Madrid acerca de la inexistencia de antecedentes de los tra-

9 Instancia del ayuntamiento de Xinzo de Limia, 30 de julio de 1848, AGA, sección de Obras Públicas, c^o 27666, exp. 2123.

bajos en el archivo de la Diputación, aun cuando conocía el folleto de Bedoya y las intervenciones efectuadas a instancias de Toubes, trabajos que calificaba como "actuaciones de meros aficionados".

Finalmente, el ingeniero llevó a cabo la exploración de la zona y elevó el correspondiente informe a las Autoridades provinciales, en el cual, además de quejarse de los escasos medios de los que disponía y del mucho trabajo encomendado, se mostraba partidario de llevar adelante el proyecto.

Fue en ese contexto en el que, el 14 de mayo de 1850, Justo Pelayo solicitó, mediante escrito enviado a la Reina, la concesión de los permisos necesarios para realizar las operaciones previas de reconocimiento del terreno y elaboración de planos con el objetivo de establecer, con plenas garantías, los términos del futuro contrato con el Gobierno para desecar la laguna. Al mes siguiente, el Gobierno aceptó la propuesta y le concedió una autorización provisional para presentar los trabajos, todo ello en el plazo de ocho meses y previo depósito de una fianza de tres mil duros¹⁰.

Según se desprende de la instancia, Pelayo conocía con cierto detalle la situación y características de una laguna que definía como "un inmenso charco", de escasa profundidad y cubierta de maleza, cuya forma se asemejaba a la de un corazón. No aportaba nada nuevo al considerar que la ausencia de declive y la presencia del peñascal de Ponte Liñares eran la causa de esa situación y reiteraba algunos lugares comunes, ya expuestos en anteriores trabajos que no le serían desconocidos. Igualmente, "cargaba las tintas" al afirmar que ese estado de cosas sólo obedecía a la incuria humana y convertía en desgraciados a todos los habitantes del lugar, exagerando las funestas consecuencias provocadas por esa atmósfera de "fétidos gases, enjambres de aves e insectos maléficos", junto con multitud de "sustancias vegetales putrefactas".

En su solicitud, el exponente hacía mención de los trabajos previos de Toubes y enumeraba las causas que habían contribuido a su fracaso, aunque mantenía el objetivo de buscar una salida franca, para lo que era preciso romper el citado peñascal. En términos técnicos se presentaba como una obra fácil y, desde el punto de vista de la financiación, el exponente insistió en que nada le costaría a la Corona, ni a otras instituciones o administraciones del Estado. Y eso era posible dado que él estaba dispuesto a asumir todo el coste de la empresa, una empresa que precisaba de un capital inicial y que tenía sus riesgos, motivos por los que solicitaba:

10 Con arreglo a lo preceptuado en los artículos 8 y 9 de la Instrucción de 10 de octubre de 1849 para la construcción de obras públicas.

- OTERO PEDRAYO, Ramón (1965): *Guía de Galicia*, Vigo, Editorial Galaxia.
- PEDRET CASADO, Paulino (1950): "Un viaje de Cornide por Galicia", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, T. V, fasc. XV, pp. 133-143.
- PÉREZ ALBERTI, Augusto (1997): "Polo regueiro da barca cara a porta do mar", en MARTÍNEZ CARNEIRO, Xosé Luís: *Antela. A memoria asolagada*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- SOTO FERNÁNDEZ, David (2006): *Historia dunha agricultura sustentábel. Transformacións produtivas na agricultura galega contemporánea*, Noia, Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.
- VÁZQUEZ DEL VISO, Vicente (1818): "Viage de Galicia o breve descripción de sus dos carreteras", *Continuación del Almacén de Frutos Literarios*, vols. III y IV, pp. 279-288, 1-87.

- VEIGA ALONSO, Xosé Ramón (2002): "Estructura e dinámica políticas da Galicia liberal (1833-1923)", en CONSTENLA BERGUEIRO, Gonzalo e DOMÍNGUEZ CASTRO, Luis (eds.): *Tempos de sermos*, Vigo, Universidade de Vigo, pp. 75-102.
- VELASCO SOUTO, Carlos (1995): *Axitacións campesiñas na Galiza do século XIX*, Santiago de Compostela, Laiovento.
- VILLARES PAZ, Ramón (1982): *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*, Madrid, Siglo XXI.
- VILLARES PAZ, Ramón (2004): *Historia de Galicia*, Vigo, Editorial Galaxia.
- ZAPATA TEJEDOR, Francisco (1967): "Desecación y saneamiento de la laguna de Antela", *Revista de Obras Públicas*, pp. 465-472.

O entramado comunitario do campesiñado galego de mediados do XVI a comezos do XIX

PEGERTO SAAVEDRA
Universidade de Santiago de Compostela

En diversos traballos, e nomeadamente na súa Tese de Doutoramento¹, o profesor X. R. Barreiro insistiu na necesidade de prestar atención aos ámbitos de sociabilidade para entender os comportamentos do campesiñado, un grupo social que non está formado por persoas illadas só diferentes pola cantidade de recursos materiais de que dispoñen, senón por familias que viven en aldeas e parroquias. Polo mesmo, a fortaleza histórica do campesiñado galego resulta inexplicable se se esquecen as solidariedades tecidas nun contexto comunitario. As páxinas que seguen constitúen unha breve reflexión sobre esa problemática, presente como dixen na obra, e atreveríame a afirmar tamén na traxectoria vital do amigo, compañeiro e mestre agora homenaxeado.

A primeira vista, un territorio tan acusadamente ruralizado como o galego, no que a mediados do século XVIII apenas un cinco por cento da poboación residía en entidades que só con criterios flexibles e moi xenerosos poden cualificarse de núcleos urbanos, parece ideal para abordar o estudo da comunidade campesiña. Sendo Galicia un país no que a pequena explotación familiar se atopaba xeneralizada, sen que existisen nas aldeas poderosos "granxeiros" nin masas de xornaleiros case desposuídos de calquera medio de produción, a comunidade debería

¹ Barreiro Fernández, Xosé Ramón (1979): "El campesinado gallego en el siglo XIX. Economía y sociedad", Tese de Doutoramento inédita, Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela (esta investigación, infortunadamente non publicada, inspirou diversas páxinas do meu libro: *La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen*, Barcelona, Crítica, 1994. Véxase tamén, Barreiro Fernández, Xosé Ramón et alii (1970): *A parroquia hoxe*, Vigo, Editorial Galaxia.

aparecer ante os ollos do historiador nun estado próximo ao virxinal, actuando cunha vitalidade que noutras áreas xeográficas foi perdendo por mor dos cambios económicos e da forte polarización social que se produce xa na alta Idade Moderna e que significou o control por parte dun reducido grupo de “poderosos” das asembleas locais e dunha porción substancial dos recursos colectivos².

Porén, malia este contexto tan favorable de partida, o historiador tropeza con severos obstáculos para “ver” a comunidade ou para descubrir as súas múltiples funcións dentro da sociedade rural e ata dentro do corpo político da monarquía. Os atrancos á análise non nacen só do dominio da oralidade en case todas as manifestacións da vida colectiva, algo moi importante se se ten en conta que a única lingua coñecida polos campesiños era o galego e que a Administración, civil ou eclesiástica, empregaba só o castelán desde finais da Idade Media, unha situación que provocou que no século XVIII o idioma se convertese nun factor de diferenciación social e, en definitiva, de discriminación. Nacen tamén —os mencionados atrancos— das características do hábitat e da complexidade dunhas divisións administrativas que creaban diferentes tipos de comunidades que non convén confundir.

1. Parroquias, xurisdicións e partidos

A expresión “comunidade campesiña” é en realidade polisémica, pois serve para designar organizacións comunitarias de diferente natureza de acordo coa súa composición, funcións e grao de institucionalización. A finais do século XVIII Galicia tiña arredor de 30.000 entidades de poboación ou aldeas, unhas 3.800 parroquias entre principais e anexos, varios centos de xurisdicións e coutos e un número de comunidades fiscais ou “partidos” que oscilaba de acordo coa carga fiscal que se repartise —servizos, alcabalas—, pero que sempre superaba o milleiro. Polo tanto, unha cousa é a estrutura do hábitat ou dos pequenos asentamentos e outra, a agrupación desas entidades de poboación —aldeas, en definitiva—, en parroquias, xurisdicións e coutos e circunscricións fiscais. Deste modo, aldea, parroquia, xurisdición —en canto demarcación territorial— e comunidade fiscal constituían ámbitos diferenciados, cada un co seu propio concello e as súas específicas atribucións, e, de acordo coa documentación que utilice o historiador aparecerán máis destacadas unhas comunidades ou outras: a aldea no tocante ás “servidumes colectivas” e aproveitamentos comunais; a parroquia no referido á

2 A mediados do século XVIII, mesmo os “maiores produtores” non pasaban de ser campesiños que en anos malos non cultivaban o suficiente para alimentaren a familia. Véxase Fernández González, Ángel Ignacio (1994): “Los mayores productores agrarios de Galicia en la segunda mitad del siglo XVIII”, *Revista de Historia Económica*, XII, 2, pp. 365-395, e con carácter xeral sobre o campesinado galego, Saavedra, Pegerto (1994): *La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen*, Barcelona, Crítica, pp. 21-45.

xestión da fábrica e demais compoñentes do patrimonio material e inmaterial de quen se reunía os domingos e festas de gardar a escoitar a misa maior e asistía aos enterros e festas de confrarías convocado pola chamada familiar da campá; o señorío ou xurisdición no que atinxe ao goberno municipal e ás relacións, conflitivas ou non, coas grandes institucións eclesiásticas, as casas da nobreza titulada e ata de pequenos fidalgos que acadaran a condición de señores de vasallos; en definitiva, o partido, cando tropeza coas derramas correspondentes a servizos, alcabalas e demais cargas que pertencían á Real Facenda e que en Galicia rara vez estaban alleadas³.

Os diferentes tipos de comunidades notaron algúns cambios no decorrer da Idade Moderna. Os de carácter formal, externo e organizativo son os máis fáciles de apreciar; os que se refiren á intensidade da vida comunitaria, aos intercambios de todo tipo no interior de cada ámbito, á desigual fortaleza ou debilidade das diversas asociacións resultan a miúdo difíciles de percibir, canto máis de medir. A división parroquial, por exemplo, apenas variou nos séculos XV-XVIII, malia que a poboación se multiplicou aproximadamente por cinco entre 1500 e 1800. Creadas en plena Idade Media, moitas delas antes do 700, as parroquias mantéñense con seus patróns orixinais —que non sempre son obxecto de particular devoción— ao longo do Antigo Réxime, sen outras modificacións de relevo que a conversión dalgún anexo en parroquia con cura propio a finais do XVIII ou comezos do XIX⁴. Pero a permanencia dos cadros administrativos de carácter relixioso, os máis completos e mellor dotados de persoal, non significa, obviamente, que a vida comunitaria no seo da parroquia non notase transformacións: o crecemento, espectacular en ocasións, do número de fregueses; a residencia habitual dos reitores ou abades a partir de Trento e, con ela, un maior control dos actos de parroquialidade; a fundación de confrarías e capelánias; o normal funcionamento da fábrica sostida coas cotas da primicia, así como a obriga de asistir á misa maior domingos e festivos e de confesar e comungar, despois de superar o exame da doutrina, por Pascua Florida, constitúen factores que, en diferente grao, intensificaron, sen dúbida, os intercambios materiais e emocionais dentro de cada parroquia e, en consecuencia, contribuíron a identificar os veciños cunha igrexa

3 Non era esta unha situación particular de Galicia, senón propia de moitos territorios da Europa atlántica e de montañas nas que predominaban os pequenos asentamentos. Por vía comparativa, véxase Jones, P. M. (1981): "Parish, Seigneurie and the Community of Inhabitants in the Southern Central France during the Eighteenth and Nineteenth Centuries", *Past and Present*, 91, pp. 74-108; e, para unha visión comparativa, Gutton, Jean Pierre (1979): *La sociabilité villageoise dans l'ancien France*, Paris, Hachette. Para Galicia, Saavedra, Pegerto (1985): "Comunidades campesinas, xurisdicións e partidos na Galicia do Antigo Réxime", *Revista de Administración Galega*, 2, pp. 113-142.

4 Sobre a parroquia, véxase Fariña Jamardo, Xosé (1975): *La parroquia rural en Galicia*, Madrid, Instituto de Estudios de Administración Local, con edicións posteriores en galego e castelán. Con máis sentido histórico, Barreiro Fernández, Xosé Ramón (1979): "Op. cit.", vol. I.

en cuxo interior se atopaban os santos protectores e o cemiterio, e coroando o exterior do edificio, a campá, a cuxa linguaxe familiar e case máxica se recorría “al repellendas tempestates, ad petendam pluviam, ad postulandam serenitatem”, e para evitar “incurisio turbinum, percussio fulminum, laesio tronitruum, calamitas tempestatum, omnisque spiritus procellarum”⁵.

O proceso de intensificación da vida parroquial non estivo exento de tensións e nel danse a man a imposición da autoridade da xerarquía eclesiástica e o seu progresivo control das prácticas relixiosas externas cunha certa capacidade da comunidade para decidir sobre o “consumo de devocións”⁶. En todo caso, a pesar da residencia de párrocos ou tenentes en todas as parroquias principais, moitos aspectos da vida campesina escapaban a unha xurisdición que se pretendía tan ancha que o abranguería todo, desde as blasfemias proferidas en despoboados ás embriagueces tabernarias e aos pecados de simple fornicación cometidos en muiños ou en sitios aínda máis afastados⁷.

Tampouco os marcos señoriais, vale dicir, as xurisdicións e coutos, rexistraron na Idade Moderna alteracións notables. Froito na súa maioría de doazóns reais de diversos dereitos sobre espazos determinados e sobre os seus habitantes, realizadas a favor de mitras, cabidos catedralicios, mosteiros e casas nobres, a finais do século XV, abarcaban o noventa por cento do territorio do Reino, e tal situación mantívose ata 1811, cando as Cortes aprobaron o primeiro decreto de abolición de señoríos. A distribución da poboación entre as diversas clases de señoríos foi analizada en detalle para mediados do XVIII polo profesor Antonio Eiras, e os resultados da súa análise non poden ser máis contundentes.

CADRO 1: as magnitudes do réxime señorial en Galicia

Galicia	Veciños	%	Habitantes	%	km ²	%
Señorío secular	163.170	48,96	649.189	48,46	15.159,29	54,15
Señorío episcopal	86.337	25,90	320.220	23,90	5.907,39	21,10
Señorío eclesiástico	43.392	13,02	175.512	13,10	3.327,43	11,89
Reguengo	27.680	8,30	143.770	10,73	2.443,47	8,73
Xustiza polos seus veciños	7.066	2,12	26.560	1,98	429,54	1,53
Ordes militares	5.592	1,68	24.269	1,81	727,58	2,60
TOTAL	333.237	99,16	1.339.520	99,95	27.994,70	94,82

Fonte: Eiras Roel, Antonio (1989): “El señorío gallego en cifras. Nómina y ránking de los señores jurisdiccionales”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXXVIII, p. 117.

- 5 Como sinala en *La terra e la luna. Dairiti agrari ai fast food. Un viaggio nel ventre dell'Italia*, Garzanti Editori, S. L., 1995, pp. 56-57, P. Camporesi.
- 6 O mellor traballo sobre a evolución da vida relixiosa é o de González Lopo, Domingo (2002): *Los comportamientos religiosos en la Galicia del Barroco*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia. O autor ten en publicación outro libro sobre a evolución das devocións “populares”. Un magnífico estudo destas cuestións constitúeo o de Torre, Angelo (1995): *Il consumo di devozioni. Religione e comunità nelle campagne dell'Anticno Régime*, Venecia, Marsilio.
- 7 Da “pervivencia del carnaval” dei conta en *La vida cotidiana*, Op. cit., pp. 337-367.

Só o dez por cento da poboación residía na etapa final do Antigo Réxime en territorio reguengo ou o pertencente a xurisdicións veciñais, co que se confirma que Galicia era un gran "couto señorial", unha situación denunciada con certa frecuencia por xuristas da segunda metade do XVIII —ilustrados ou non— e, con máis radicalidade, por liberais de comezos do XIX, como o deputado ferrolán Alonso y López, quen tomou parte nos debates de agosto de 1811 para solicitar remedio a tales permanencias feudais:

Es sobre la paciente y laboriosa Galicia en donde cargaron más las arbitrariedades de estas enajenaciones que tanto pesan sobre su labranza e industria fabril: de los 3.755 estados de señorío que componen aquel Reino hay solamente 300 que sean realengos de la corona, y los 3.455 restantes son pertenecientes a seculares, eclesiásticos y órdenes de caballería.

En consecuencia, pedíalles ás Cortes que se desterrase

[...] sin dilación del suelo español y de la vista del público el feudalismo visible de horcas, argollas y otros signos tiránicos e insultantes a la humanidad que tiene erigido el sistema de dominio feudal en muchos pueblos de la península, particularmente en los del Reino de Galicia [...]

Señores de vasallos había moitos, pero os verdadeiramente importantes eran poucos. Dúas dúas de institucións eclesiásticas e de casas nobres que contaban en 1750 con máis de mil familias residindo nas súas xurisdicións señoreaban sobre o oitenta e cinco por cento da poboación do Reino. Ocorre, con todo, que o arcebispo de Santiago (señor do vinte por cento da poboación galega), os condes de Lemos, Altamira, Monterrei, Ribadavia e Salvaterra, os grandes mosteiros de Celanova, San Martiño Pinario, Oseira e Melón, entre outros, así como os cabidos catedralicios e os bispos, non tiñan os seus miles de vasallos concentrados nunha soa xurisdición, senón repartidos en numerosas demarcacións, independentes unhas doutras, cada unha cos seus límites amolloados e os seus propios oficiais de xustiza e goberno e co seu concello formado polos cabezas de casa⁸. De modo que o espazo político-administrativo se atopaba moi fragmentado, e contra esa organización territorial clamaron na segunda metade do XVIII varios autores, a quen lles parecía irracional e ata monstruosa a división do Reino en multitude de xurisdicións e coutos de tamaño moi desigual, e gobernados por xuíces señoriais "rústicos" e "idiotas" e por escribáns voraces. Nas devanditas denuncias, hai bas-

8 En Tierno Galván, Enrique (ed.) (1964): *Actas de las Cortes de Cádiz. Antología*, Madrid, Taurus, II, pp. 760-761.

9 Río Barja, Francisco (1990): *Cartografía xurisdiccional de Galicia no século XVIII*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

tante de tópicos, ao ser en xeral obra de xuristas defensores do poder real absoluto, pero no caso de Galicia non carecían de fundamento¹⁰.

A comunidade aveciñada en cada xurisdición resulta ser a máis “visible” desde o punto de vista institucional, pois os cabezas de casa reunidos en concello aberto tiñan competencias recoñecidas para participaren no nomeamento de determinados cargos, desde o de procurador xeral aos de rexedores, se os había. Podían, así mesmo, xuntarse os veciños para outorgaren poderes colectivos para seguir preitos ou para calquera negociación, e das anteriores e estas reunións daba fe o escribán de número, de modo que tales actas eran os únicos documentos escritos conservados de acordos municipais. A asistencia ás xuntas constituía unha obriga, pero tamén un dereito dos cabezas de casa, pois algunhas celebrábanse, precisamente, para se opor a determinadas cargas e accións señoriais e podían ser entorpecidas ou boicoteadas polos delegados dos señores —en particular, polo escribán— actitudes hostís que desde mediados do XVI comezaron a ser prohibidas pola Real Audiencia do Reino e a Chancelería de Valladolid. En cada parroquia das que compuñan unha xurisdición, o xuíz ordinario adoitaba nomear un “mordomo pedáneo”, encargado da vixilancia do peche de froitos e da moral pública, cuxa transgresión debía denunciar e mesmo sancionar con pequenas multas¹¹.

O mapa señorial de Galicia, de orixe medieval, segundo quedou indicado, modificouse formalmente pouco ata 1811, pero si mudou a relación de poderes dentro de cada xurisdición. De modo moi resumido pode díxirse que, a través da actuación da Audiencia e doutros mecanismos, o poder real se fixo cada vez máis presente no ámbito local, un proceso que, asemade, lles deu alas ás esixencias dos concellos veciños, desexosos de se opor a determinadas cargas señoriais pola vía xudicial. Se Galicia chega ás Cortes de Cádiz como “couto señorial”, iso non quere dicir que os poderes dos señores fosen os mesmos en 1800 que tres séculos antes, nin que a capacidade de actuación dos veciños fose nula. É certo que hai testemuños moi duros, como o do cura liberal Juan Antonio Posse:

Cualquiera que tenga sentimientos de humanidad —escribe— debe enternecerse a la vista del triste espectáculo que ofrecen los aldeanos de Galicia [...]. Conozco un pueblo cuyo terreno será como de media legua en toda su circunferencia, y después de las cargas referidas décimos, primicias, oblatas, rendas reais mantiene un gran mayorazgo, un convento de monjas y otras pensiones considerables en dinero, aves,

10 Un comentario a varias destas denuncias en Saavedra, Pegerto (1990): “Contribución al estudio del régimen señorial gallego”, *Anuario de Historia del Derecho Español*, pp. 120-124 (reproducido na colectánea *Señoríos y comunidades campesinas. Aportaciones a la historia rural de la España Moderna*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1993).

11 Con carácter xeral, véxase o traballo citado na nota anterior, e sobre os pedáneos, Farina Jamardo, Xosé (1975): *Op. cit.*, pp. 362-366.

etc., que contribuye por razón de foros, examen de doctrina, sacramentos, letanías, patronos, santísimo, etc. Las justicias nombradas por los señores resolvían todos los pleitos a su favor, sin tener el triste remedio de la apelación, reducidos a tanta pobreza. Tales son los efectos del gobierno de los señoríos, si se puede dar el nombre de gobierno a una política monstruosa, destructiva de todo orden y contraria a las nociones más simples de la sociedad.¹²

Os fondos da Real Audiencia, aos que máis adiante aludirei, e os de institucións e casas rendeiras acreditan que os concellos de veciños non sempre sopor-taron con resignación os diversos privilexios señoriais, materiais e inmateriais, e fixeron gala dunha notable capacidade de resistencia e negociación xa desde comezos dos tempos modernos, co resultado da redución ou desaparición de determinadas cargas e da consecución dunha maior liberdade á hora de organizar asembleas, fronte á coacción de xuíces e escribáns.

As xurisdicións e coutos subdividiáanse a miúdo en “partidos” ou comunidades fiscais, circunscricións que podían coincidir ou non coa parroquia e nos que as cargas debidas á Facenda Real se distribuían nominalmente por cotizantes. As comunidades fiscais non recibiron a necesaria atención dos historiadores e polo mesmo non se coñece ben o seu funcionamento, pero todo parece apuntar a que o sistema de encabezamentos, aplicado á cobranza de alcabalas na primeira metade do XVI e na práctica tamén ao de servizos, incluído o de millóns — neste caso, desde mediados do XVII—, contribuíu a normalizar as reunións municipais no ámbito de cada partido para tomar coñecemento e aceptar a “partilla” que enviaban as cidades cabeza de provincia e proceder a designar repartidores e colledores e arrendar, se a había, a taberna parroquial, o que facían “sometidos a las leyes de mancomunidad [...] y todos capaces de componer junta plena y concexo público”¹³.

Non está suficientemente claro cal era o verdadeiro poder das cidades cabeza de provincia sobre os partidos rurais que non pertencían a ningún alfoz. Os administradores das rendas provinciais de Lugo, por exemplo, sinalaban en 1789 que ata daquela a cidade estaba

12 Posse, Juan Antonio (1984): *Memorias del cura liberal doñ Juan Antonio Posse, con su discurso sobre la Constitución de 1812*, Madrid, Siglo XXI, pp. 259-260 (ed. de R. Herr).

13 Segundo reza un concerto asinado en febreiro de 1768 entre os veciños do partido lucense de Tras da Ulloa e dous taberneiros que se fan cargo do pagamento da sisa a cambio de gozar do monopolio da venda de viño a veciños e pasaxeiros “para las festividades de patronos, entierros, honras, bautisterios y cualquier lance mayor que cada uno de ellos tenga”, Arquivo Histórico Provincial de Lugo, Protocolos Notariais, atado 4.131/1, fs. 12-13. A “xeografía fiscal” coñécese moi pouco, e sábese que variaba dunha carga a outra (as partidas das alcabalas e os servizos non coincidían). En cambio, si se coñece a xeografía parroquial e xurisdiccional; véxase: Miralbés, Rosario *et alii* (1979): *Mapa de los límites de las parroquias de Galicia*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela; e de Torras Luna, M.ª Pilar (1989): *Municipios y parroquias de Galicia*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico. Sobre as xurisdicións, Río Barja, Francisco (1990): *Op. cit.*

[...] en posesión de capitular con el sujeto a cuyo cargo estaban las rentas [de cada partido] el importe de su encabezamiento [...], a excepción de la villa de Monforte, y, convenidos en cantidad determinada, hacía su comparto la ciudad, sin la formalidad correspondiente; y así, cuando la Real Hacienda [1750] principió de su cuenta la administración de aquellas rentas sólo halló en dicha ciudad un libro cobrador, donde se anotaban las partidas que pagaban los pueblos o partidos de la provincia, pero no las escrituras o contratos formales [...].¹⁴

Parece claro que, dada a fragmentación política do territorio en xurisdicións e coutos señoriais, as *provincias* constituían en Galicia divisións con maiores funcións ca no resto da Coroa de Castela, pola necesidade de articular minimamente un espazo repartido e poboado de pequenos núcleos dispersos.

O feito demostrado é que, á marxe de que os servizos e impostos correspondentes a todo o Reino se encabezasen, arrendasen ou administrasen, no ámbito local adoitaba respectarse o sistema de encabezamentos, práctico e barato en poboacións pequenas, dispersas e cunha agricultura pouco comercializada. A xestión cotiá das cargas debidas á Facenda Real quedaba así en mans da pequena comunidade fiscal, na que todos se coñecían. Ademais, a ruptura unilateral, na década de 1780, por parte da Secretaría de Facenda dun *statu quo* de dilatada vixencia, provocou graves alteracións no Reino.

En efecto, coas reformas de Lerena quedaron anulados os encabezamentos tradicionais e puxéronse en administración directa as rendas provinciais; apareceron polos partidos —en particular, por moitos que tiñan unha feira ou mercado— dependentes de “intrépidos modais”, personaxes antes nunca vistos polos campesiños. A novidade deu orixe aos motíns de 1790, resultado, en definitiva, da brusca intromisión do poder político, pola vía fiscal, en comunidades que viñan funcionando en boa medida á marxe do mundo oficial. E se os campesiños —e tamén fidalgos, xuíces e escribáns— se indignaban pola irrupción de axentes externos na vida local, o escándalo dos oficiais da Facenda Real era tamén grande, ao comprobaren que os veciños, sen autorización oficial de ningún tipo, decidiran organizar feiras e resolver, ademais, sobre o seu carácter franco ou, no caso contrario, fixar as tarifas en concepto de alcabalas e millóns: por cada cen feiras ou mercados, apenas podían atoparse os

[...] que tuviesen privilegio real ni otro documento que autorizase su establecimiento, siendo el resto inventado a voluntad de sus vecinos, que, según hallaban la proporción de los parajes, elegían el que les parecía más acomodado a la concurrencia,

14 Archivo General de Simancas, Dirección General de Rentas, 2ª Remesa, atado 2.302. A cidade optúñase, nos debates sobre as reformas de Lerena, a que os partidos rurais subscribisen directamente os encabezamentos cos oficiais da Secretaría de Facenda. Cfr. Saavedra, Pegerto (1993): *A Facenda Real na Galicia do Antigo Réxime*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, pp. 194-206.

cobrando los derechos de alcabalas y cientos con tanta variedad y emulación a beneficio particular que en algunas partes lo reducían a uno por ciento y las que más llegaban al cuatro.

Se as persoas vinculadas á administración xudicial monárquica, máis moderadas, recoñecían que o costume acabara sandando a viciosa orixe —en abusos— das feiras, para as máis penetradas do despotismo fiscal, toda esa estrutura consuetudinaria non pasaba de ser unha “envellecida liberdade” das comunidades, que había que arrincar de raíz¹⁵.

2. A consolidación das comunidades de aldea

As comunidades máis numerosas eran as de aldea, pero tamén resultan as menos “visibles” desde o punto de vista organizativo ou institucional, pois, ao careceren habitualmente de ordenanzas escritas e de cargos municipais, o costume ou, o que é o mesmo, a memoria e común tradición constituían os usos públicos que rexían todo o referido a servidumes e demais obrigas e dereitos colectivos¹⁶. Esta situación explica en parte que nalgunhas publicacións procedentes do ámbito da xeografía, a historia, o dereito ou a antropoloxía, as funcións da comunidade de aldea aparezan transferidas á parroquia, conceptualizada incluso como núcleo ou entidade básica en estudos da estrutura do hábitat. Aínda que ningún xeógrafo ou historiador minimamente rigoroso admite na actualidade este último suposto¹⁷,

15 Unha exposición rigorosa do alcance das reformas de Lerena en: Artola, Miguel (1982): *La Hacienda del Antiguo Régimen*, Madrid, Alianza, pp. 336-354; as repercusións que tiveron en Galicia en: Saavedra, Pegerto (1994): “Las resistencias a las reformas de Lerena en Galicia”, *Hacienda Pública Española*, Monografías I. *El fraude fiscal en la historia de España*, pp. 135-144.

16 Refírome ás ordenanzas escritas do tipo das conservadas para numerosos “pueblos” do centro e sur da península, ou para os concellos rurais de León, publicadas e estudadas, neste caso, por L. Rubio Pérez en *El sistema político concejil en la provincia de León*, León, Universidad de León, 1993. En Galicia, algunhas cidades e vilas elaboraron ordenanzas que podían referirse só ao espazo que dominaban como parroquia ou a toda a xurisdición da que eran cabeza. Ao primeiro caso corresponden as de Mondoñedo e ao segundo as de Viveiro (vila que, de modo excepcional en Galicia, tiña moitos montes de propios repartidos polo concello). Unhas e outras consérvanse —ou conservaban hai anos— nos seus respectivos arquivos municipais. As ordenanzas de Allariz ou Ribadavia (da segunda metade do XVI, e que se atopan no fondo de “vecinos” do Arquivo do Reino de Galicia) son de carácter netamente urbano. Unhas das poucas ordenanzas rurais, elaboradas en 1597 polos deputados das freguesías, son as da xurisdición e terra de Cotobade, conservadas no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, Fondo Municipal e cuxo coñecemento debo a Juan E. Gelabert. Cousa distinta son as ordenanzas ou “autos de bo goberno”, emitidos polos xuíces locais ou polos de residencia e ás veces ata polos propios señores xurisdicionais. Se ben conteñen capítulos referidos ao peche de froitos, arranxo de camiños, garda de gandos, etc., a súa finalidade principal parece a de “disciplinar” e evitar así os pecados públicos, a nugalga, os xogos, embriagueces e outros excesos perseguidos no contexto do confesionalismo católico contrarreformista. Por vía de mostra, as ordenanzas do couto de Sobrado de Trives, de 1565, publicadas por Emilio Duro Peña en *Archivos Leoneses*, 21, 1967, pp. 75-80.

17 Sobre todo, despois da aparición da grande obra de Bouhier, Abel (2001): *Galicia. Ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2 vols. e mapas e gravados fóra do texto (ed. orixinal en francés de 1979). Moi pertinentes tamén as consideracións de Souto González, Xosé Manuel (1982): “Encol do hábitat e do poboamento: o caso de Galicia”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXXIII, pp. 7-63.

en determinados textos continúa identificándose parroquia con “localidade” ou “pueblo”, sen máis argumentos que a forma de presentación dos datos do Catastro de Ensenada, do nomenclátor de Floridablanca ou doutras fontes da época.

É verdade que as fontes dos séculos XVI-XIX que poden informar sobre o hábitat son heteroxéneas, pero as máis exhaustivas especifican con claridade que as aldeas xa contan con corenta veciños ou cun só casarío, e, cando así sucede, débese a que tales entidades, grandes ou pequenas, teñen un territorio propio que as individualiza. En determinados casos, pequenos núcleos de menos de media ducia de fogares podían manter relacións de cooperación para faenas colectivas ou para aproveitar os comunais, e esta situación xustificaría as agrupacións de entidades que aparecen nalgúns nomenclátors da segunda metade do XIX¹⁸, pero isto non significa que unhas aldeas estivesen subordinadas a outras. En Galicia, a falta dun réxime municipal estendido e de “comunidades de vila e terra”, a xerarquización político-económica das pequenas entidades con respecto ás poboacións urbanas non existía, polo menos, no tocante á regulación dos aproveitamentos dos espazos colectivos¹⁹.

Se, desde o punto de vista formal, os marcos señoriais e parroquiais se alteraron pouco no curso da Idade Moderna, o hábitat, pola contra, notou transformacións moi considerables, en especial, naquelas comarcas —litoral, prelitoral, vales fluviais— onde os cambios agrarios favoreceron un fortísimo crecemento demográfico e, en consecuencia, unha intensa humanización da paisaxe. Na Galicia interior —antigas provincias de Lugo e Ourense— as permanencias, tanto no número como no tamaño das aldeas, foron máis evidentes, porque as innovacións no sistema agropecuario non tiveron a radicalidade das acaecidas na Galicia na que o millo revolucionou o sistema de cultivos e impulsou á alza, de modo espectacular, a poboación. Nos cadros que seguen quedan de manifesto os mencionados contrastes:

18 Así sucede nas montañas setentrionais, nas que predominan as aldeas de 3-4 veciños, que se agrupaban en “burgos” ou “barrios” para os efectos de colaborar nas “axudas mutuas”, como ben sinalou Bouhier, Abel (2001): *Op. cit.*, I, pp. 197-201. Algúns nomenclátors da segunda metade do XIX agrupan as entidades, de modo que en teoría terían unha media superior a 20 veciños.

19 Situación moi diferente á do centro e sur peninsular, onde os núcleos urbanos podían funcionar como poderosos “señorios colectivos”, de aí a loita de numerosas poboacións por acadar privilexios de viládego. Véxase ao respecto Nader, Helen (1990): *Liberty in absolutist Spain: the Habsburg sale of towns, 1516-1700*, Baltimore, Johns Hopkins University; e Izquierdo Martín, Jesús (2001): *El rostro de la comunidad. La identidad del campesino en la Castilla del Antiguo Régimen*, Madrid, Comunidad de Madrid.

CADRO 2a: evolución dos asentamentos rurais na Lanzada, Montes e Arzúa

	Aldeas			Veciños/km ²		Veciños/aldea	
	1582	1752	% de aumento	1582	1752	1582	1752
A Lanzada	73	76	4,1	7,44	24,10	6,5	20,29
Montes	113	126	11,5	3,39	10,60	6,1	16,12
Arzúa	82	95	15,8	5,21	6,40	4,0	4,90

Tamaño	A Lanzada		Terra de Montes	
	1582	1752	1582	1752
Veciños	%	%	%	%
1-2	26,0	1,3	19,4	14,2
3-4	24,7	1,3	25,6	4,0
5-9	31,5	23,7	36,3	21,4
10-14	10,9	22,4	13,3	20,6
15-19	1,4	10,5	4,4	9,5
20-24	4,1	11,9	0,9	9,5
25-29	-	11,9	-	4,8
30-39	1,4	7,9	-	8,8
40-49	-	2,6	-	2,4
50-59	-	1,3	-	3,2
60-69	-	1,3	-	1,6
70-79	-	2,6	-	-
80 y +	-	1,3	-	-

Tomado de Fernández Cortizo, Camilo (1994): "Aldeas y caseríos a tiro de mano de piedra: los asentamientos rurales en el arzobispado de Santiago (siglos XVI-XVIII)", *Espacio. Tiempo. Forma. Historia Moderna*, 7, pp. 211-226.

CADRO 2b: evolución do hábitat en dous concellos limítrofes da Galicia interior, Samos e Sarria

Veciños/aldea	Samos				Sarria			
	% aldeas en 1590	% poboación	% aldeas en 1857	% poboación	% aldeas en 1590	% poboación	% aldeas en 1857	% poboación
1	9,9	1,3	11,9	1,3	23,7	5,7	25,6	4,1
2	12,3	3,4	9,2	1,9	20,7	9,9	14,-	4,5
3-4	14,8	7,4	14,7	5,3	21,5	17,2	16,9	9,3
5-6	17,3	12,6	10,1	5,6	11,9	15,5	9,7	8,6
7-9	16,-	16,9	14,7	12,6	13,3	24,5	10,4	12,8
10-14	16,-	26,7	12,8	16,2	5,2	13,5	12,3	22,5
15-19	11,1	24,8	17,4	31,5	3,7	13,7	5,1	13,6
20-29	2,5	6,9	6,4	16,5	-	-	4,5	16,1
30-39	-	-	2,8	9,1	-	-	0,9	4,2
40 e + (Samos)	-	-	-	-	-	-	-	-
40-49 (Sarria)	-	-	-	-	-	-	0,6	4,3
50 e +	-	-	-	-	-	-	-	-

Media de veciños por aldea	1590	1857
Samos	7,4	9,4 (11,8)
Sarria	4,3	6,3 (7,2)

Fonte: Archivo General de Simancas, Expedientes de Hacienda, atados 97176 e 97186, e Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, 1858.

CADRO 2c: Evolución do hábitat en Cervantes, Navia e O Courel

Veci- nos/ aldea	a) Cervantes						b) Navia				c) O Courel	
	1561		1709		1857		1709		1857		1580	1857
	% aldeas	% veciños	% aldeas	% veciños	% aldeas	% veciños	% aldeas	% veciños	% aldeas	% veciños	% aldeas	% aldeas
1	3,2	0,5	3,9	0,6	3,-	0,4	4,2	0,5	2,-	0,2	-	15,5*
2	6,4	2,-	3,9	1,1	6,-	1,4	3,2	0,75	2,-	0,2	2,3	5,-
3-4	24,2	13,4	27,5	14,2	14,3	5,9	24,2	10,1	9,1	2,7	4,6	1,7
5-6	19,4	17,5	24,5	19,7	26,3	16,8	12,6	8,25	26,3	12,9	9,3	8,3
7-9	27,4	35,2	16,7	18,7	19,5	18,7	16,8	15,6	12,1	8,5	14,-	11,7
10-14	19,4	31,4	17,6	29,-	15,-	18,7	27,4	37,6	18,2	19,5	11,6	5,-
15-19			3,9	9,3	10,5	21,4	7,4	15,1	15,2	22,1	14,-	11,7
20-29			1,-	2,8	3,8	10,4	3,2	8,-	13,1	27,5	23,4	28,3
30-39			1,-	4,6	1,5	6,3	1,-	4,-	2,-	6,3	4,6	3,3
40-49											4,6	3,3
50 e máis											-	1,7
TOTAL	100	100	100	100	99,9	100	100	99,9	100	99,9		
MEDIA	6,27	6,97	8,5	8,42	11,31	19,8	24,6					

* Corresponden a oito "ferrerías" e a unha reitoral.

Fonte: Archivo General de Simancas, Expedientes de Hacienda, atados 97/99 e 118/13; Arquivo Municipal de Lugo, Padróns de 1709, e *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*, 1858.

Na Galicia litoral e preitoral o intenso crecemento demográfico habido desde a segunda metade do XVI a 1750 non significou un aumento do número de asentamentos, pero si grandes cambios internos nos existentes. Na década de 1580, entre unha cuarta e unha quinta parte dos núcleos do hábitat tiña un só veciño, e unha porcentaxe semellante tiña dous, mentres a mediados do XVIII, os asentamentos con unha ou as familias descenderan notablemente, ata chegar case a desapareceren nalgúnhas comarcas. En contrapartida, aumentaban en importancia as aldeas con dez ou máis lumes, e incluso aparecían aglomeracións que superaban os corenta²⁰.

Na Galicia interior, as permanencias nas estruturas básicas do hábitat ao longo do Antigo Réxime resultan patentes, pois, desde a segunda metade do XVI, non xorden novos núcleos —agás casaríos illados, que poden aparecer e desaparecer—, e as vellas aldeas non logran, polo xeral, duplicar o seu número de veciños. Así, en Samos, o tamaño medio das entidades de poboación pasou de 7,4 a 9,4 familias entre finais do XVI e mediados do XIX, e son as de maiores dimensións as que rexistran un crecemento máis acusado; as de Sarriá ascenden de 4,3 a 6,3;

20 Véxase o excelente traballo de Fernández Cortizo, Camilo (1994): "Op. cit".

as de Cervantes, de 6,3 a 8,5; as do Courel, de 11,3 a 24,6; e as de Navia de Suarna, de 8,4 en 1709 a 11,3 veciños en 1857²¹.

A traxectoria demográfica de Galicia entre 1550 e 1850 consolidou, en definitiva, a comunidade aldeá, pois, desde mediados do XVI, os novos veciños que ían aparecendo a penas se estableceron en casaríos illados e si en cambio en núcleos xa existentes que, deste xeito, foron incrementando o seu tamaño. Este proceso significa que a función da comunidade de aldea tivo que reforzarse notablemente, ao se intensificaren no seu interior os intercambios de todo tipo, desde os derivados das "axudas mutuas" aos referentes ao "mercado matrimonial", pois ben se deduce que non era o mesmo vivir nunha localidade con dous ou tres veciños que facelo noutra que tiña dez ou quince. Moitas familias do litoral, segundo se viu, residían a finais do XVI en pequenísimos núcleos situados en medio de amplísimos espazos comunais, situación case descoñecida dous séculos máis adiante.

Coa súa fina sensibilidade, Ramón Otero Pedrayo percibiu o vigor da vida aldeá no ocaso do Antigo Réxime o "solpor barroco":

Na Galiza do XVIII —escribe—, a pesares das fábricas de «índianas», das novas labours do liño, alenta inteira a aldea, disposta en rica variedade de acomodaciós, perfil do estado da longa e xornaleira polémica ca terra, co mar, co clima, cos «donos» da terra, conforme inza na mariña, no val, na bocarribeira, na montana ou na Serra [...]. De certo, logo dirixe as novedás. Coceas no seu podente estómago. Pola mesma forteza da súa rais, non a abanean os ventos de lonxe. Doadamente se inxiren nela o liño do Báltico, o millo, a pataca²².

3. Algúns factores que reforzaban a solidariedade comunitaria

En definitiva, a traxectoria histórica da vida comunitaria no ámbito das aldeas non parece caracterizarse, precisamente, pola emerxencia do "individualismo agrario", senón ao revés, polo fortalecemento das dependencias, materiais e inmateriais, entre os veciños. É certo que o crecemento demográfico favoreceu a multiplicación dos campesíños pobres, os cales, segundo as comarcas, recibían diferentes designacións: *camareiros*, *caseteiros*, *bodegueiros* —ou o seu correspondente feminino—, cualificativos que aludían aos pequenos e míseros alpendres —*cámaras*, *casetos* ou *bodegas*— en que habitaban. Trátase de tipos rurais que na etapa final do Antigo Réxime podían representar dun vinte e cinco a un cincuenta por cento dos veciños das aldeas; adoitaban carecer de gando vacún —agás en

21 Véxase Saavedra, Pegerto (1999): "L'habitat du nord-ouest de la Péninsule Ibérique du XVI^e au XX^e siècle", en *L'habitat dispersé dans l'Europe médiévale et moderne*, Actes des XVIII^e Journées Internationales d'Histoire de l'Albayc de Flaran (15-17 de setembro de 1996), Université de Toulouse-Le Mirail, pp. 145-175.

22 Otero Pedrayo, Ramón (1969): *Síntesis histórica do século XVIII en Galicia*, Vigo, Editorial Galaxia, p. 21.

ocasións dunha famélica vaca— e ata de ovino e caprino, aínda que a miúdo criaban un pequeno porco, o animal mellor repartido socialmente entre as familias campeciñas²³.

Pero, malia esas desigualdades materiais, o trazo máis característico das aldeas de Galicia non radicaba en que nelas vivise unha capa de pequenos campeciños pobres, ben coñecidos en todas as sociedades rurais da época, senón en que non había, polo menos no século XVIII, un estrato ou elite de labradores ricos, como os que aparecen en Cataluña dos *masos*, en ambas as dúas Castelas e Andalucía, así como en Francia, Inglaterra o Italia. Esta ausencia dun grupo claramente hexemónico de campeciños ricos favorecía a cohesión dos veciños arredor de todo o que tocaba ao procomún. Había, por suposto, dependencias: uns poucos tiñan gando cedido en parceria, efectuaban préstamos de cereais e diñeiro e ata percibían algunhas rendas, mentres os *bodegueiros* e *bodegueiras* se vían precisados a traballar a xornal algunhas semanas ao ano nas explotacións dos seus veciños máis afortunados; tamén exercían oficios complementarios —en especial, as mulleres no ramo téxtil—, desprazábanse ás segas a Castela e pedían esmola ocasionalmente. Porén, nin sequera á vista destas situacións pode afirmarse que existise unha clara subordinación dunhas explotacións agrarias a outras, en razón de que as dos chamados pomposamente “campeciños ricos” non pasaban de ser casaríos familiares, que producían o suficiente para manteren con certo desafogo o grupo doméstico e pouco máis. Como ben dicía Manuel Colmeiro ao redor de 1840, “en Galicia se llama rico al labrador que coge pan para el año, y son muy pocos en cada feligresía”. A estes “privilexiados” —por comparación aos *bodegueiros*— referíase o Padre Sarmiento a mediados do XVIII, cando dicía que eran os que tiñan “pan, porco e carro ferrado”²⁴.

Os datos do catastro de Ensenada e doutras fontes estatísticas do século XVIII, así como diversos textos menos precisos, acreditan a relativa homoxeneidade das comunidades campeciñas de Galicia, que limitaba o poder coercitivo ou de control social que puidese exercer unha minoría. Ese poder era máis ben externo á comunidade e era exercido polos rendeiros ou os seus delegados (xuíces, escribáns, curas, fidalguía local), pois nun universo de pequena explotación xeneralizada e de economía de renda apenas se atopan privilexiados que non pertencen á nobreza e ao clero, de aí que se poida falar dunha sociedade tradicional

23 Un bo estudo da xerarquización do campeciñado das Rías Baixas no XVIII en Pérez García, José Manuel (1979): *Un modelo de sociedad de Antiguo Régimen en la Galicia costera*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.

24 Sarmiento dividía os campeciños galegos en catro estratos: os labradores propietarios, os colonos, os que debían traballar parcialmente a xornal e os parceiros, aínda que este último grupo non queda ben caracterizado. Dos primeiros é dos que se dicía que tiñan “pan, porco e carro ferrado”. Citado por Pensado, José Luis (1985): *El gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos*, A Coruña, La Voz de Galicia, p. 177.

formada por campesiños e rendeiros, con dereitos ben consolidados uns e outros: os primeiros, no usufruto da terra, incluíndo o aproveitamento dos comunais; os segundos, na percepción de cargas de natureza foral ou asimilada, cada vez menos contaminadas de componentes “feudais”²⁵.

Na antiga provincia de Lugo, a polarización económica e social das comunidades de aldea parece mesmo menos acusada ca no resto de Galicia, debido, entre outras razóns, a que o sistema de transmisión do patrimonio por medio da “mellora longa” ou de “terzo e quinto” —o máximo permitido pola lei—, que se orientaba a favorecer un herdeiro —ou, polo menos un sucesor— único, limitaba severamente a multiplicación dos *bodegueiros*, e ocultaba, en cambio, as desigualdades no interior do propio grupo doméstico, con frecuencia de gran tamaño e moi xerarquizado pola posición de privilexio que dentro del ocupaban o *patrucio* e o fillo herdeiro ou *vinculeiro*, a miúdo o primoxénito²⁶. Neste contexto económico e cultural, a comunidade podía funcionar, en definitiva, como unha “federación de casas” antigas, todas interesadas en que o número de veciños non se multiplicase desordenadamente, o que implicaría o incremento dos usufrutuarios dos montes comunais, polo menos, no referido aos aproveitamentos de leña, esquilmos e pastos²⁷.

A fortaleza das comunidades de aldea podía variar de acordo coas súas dimensións demográficas, co grao de xerarquización interna, coa natureza xurídica dos montes de aproveitamento comunal (“propiedade” das casas ou do común veciñal), coa capacidade do concello veciñal á hora de regulamentar todo o referido ás servidumes colectivas e co tipo de relacións que mantivesen os señores xurisdicionais e perceptores de rendas —relacións condicionadas, asemade, pola forza da comunidade—. A propósito de todas estas cuestións, a hipótese que formulei hai anos non foi de momento desmentida, senón máis ben confirmada polas poucas investigacións que sobre o tema foron aparecendo. Apuntei, daquela, que as comunidades veciñais da provincia de Ourense evidencian, no curso da Idade Moderna —habería que dicir que ata moi avanzado o século XX—, unha maior fortaleza que en xeral as do resto de Galicia, polo propio tamaño das aldeas, de dimensións descoñecidas en moitas outras comarcas do Reino; pola natureza municipal dos montes abertos, a cuxo usufruto completo accedían as familias

25 Unha síntese, que continúa sendo válida, en Saavedra, Pegerto e Villares, Ramón (1985): “La Galicia del Antiguo Régimen: la fortaleza de una sociedad tradicional”, en Fernández Díaz, Roberto (ed.): *España en el siglo XVIII. Homenaje a Pierre Vilar*, Barcelona, Crítica, pp. 463-486.

26 Cf. Sobrado Correa, Hortensio (2001): *Las tierras de Lugo en la Edad Moderna. Economía campesina, familia y herencia, 1550-1860*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza. Para un contraste entre as estruturas familiares de Galicia en 1750, Dubert, Isidro (1992): *Historia de la familia en Galicia en la época moderna (Estructura, modelos hereditarios y conflictividad)*, Sada, Edicións do Castro.

27 Unha situación semellante á estudada por Anne Zink no libro *L'Heritier de la maison: géographie coutumière du sud-ouest de la France sous l'Ancien Régime*, Paris, EHESS, 1993.

polo mero feito de acender lume; pola vixencia de regulamentacións estritas no tocante ás rotacións de cultivos e ás veces ao pastoreo colectivo no marco do sistema de *veceiras*; pola existencia de numerosos foros colectivos de bravo e manso, negociados entre o concello e os señores; e ás veces tamén porque a veciñanza tiña outros bens e usos colectivos, como muiño, forno e ata sementais de vacún e porcino²⁸. En textos que describen a vida rural do XIX e comezos do XX, en especial os de Ramón Otero Pedrayo e Nicolás Tenorio, respandece a importancia que a armazón colectiva tiña no decorrer da vida cotiá das aldeas de Ourense, tanto no referido aos traballos agrarios como a outras prácticas culturais. Verbo dos labores, Otero Pedrayo advirte que “cando opera toda a casa ou todo o lugar [aldeas], o traballo adquire a mensura e a composición dunha obra escenificada”, e describe vivas estampas de faenas como a recolleita do millo ou a vendima nas aldeas da “bocarribeira”, cuxa historia densa e dilatada sabe apreciar con extraordinaria sensibilidade²⁹.

Á marxe das consideracións, non exentas de compoñentes emotivos, debidas sobre todo á pluma vigorosa e exuberante de Otero Pedrayo, os preitos sostidos por diversos concellos de Ourense entre si ou cos señores, poñen de manifesto, de modo resultivo ao meu xuízo, a fortaleza das grandes —no ámbito de Galicia— comunidades campesiñas desa provincia, capaces de manter litixios dilatados e “ruidosos” na Audiencia do Reino, na Chancelería de Valladolid e ata na sala de Mil y Quinientas del Real Consejo para defender o seu territorio comunal ou resistir o pagamento de diversas cargas de natureza señorial. E, a vulgar polos traballos de Reyna Pastor e do seu equipo, xa na Idade Media as comunidades campesiñas de Ourense aparecen cunha organización máis sólida que no resto de Galicia³⁰.

Con independencia dos factores que, na miña opinión, contribúen a explicar a desigual fortaleza —no ámbito territorial— das comunidades campesiñas, en todas as partes operaban algúns que intensificaban as solidariedades e dependencias internas do grupo veciñal. Cabe mencionar, en particular, a relativa homoxeneidade —xa comentada— dunha ruralía entre a cal a pobreza se atopaba repartida con certa equidade; a posesión polas aldeas de extensos e im-

28 Cf. Saavedra, Pegerto (1982): “Los montes abiertos y los concejos rurales en Galicia en los siglos XVI-XVIII: aproximación a un problema”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXXIII, pp. 179-236. O funcionamento de concellos abertos no século XX en Fariña Jamarco, Xosé (1982): *Concellos abertos na Limia*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

29 Otero Pedrayo, Ramón: *Ensaños*, II, Vigo, Editorial Galaxia, pp. 161-162 (compilación de textos publicados entre 1922 e 1963).

30 Cf. Pastor, Reyna et alii (1990): *Poder Monástico y grupos domésticos en la Galicia foral (siglos XIII-XV): la casa, la comunidad*, Madrid, CSIC, e *Relaciones de poder, de producción y parentesco en la Edad Media y Moderna: aproximación a su estudio*, Madrid, CSIC, 1990.

portantísimos montes comunais, imprescindibles para a reprodución da pequena explotación e que eran, asemade, un elemento básico da identidade local e unha fonte de numerosos, e en ocasións dramáticos, conflitos; a vixencia de servidumes colectivas e axudas mutuas, que esixían colaboración e xeraban reciprocidades; e a mesma extensión do sistema foral, que propiciaba a permanencia das xeracións familiares nunha localidade ao longo de moito tempo.

Tampouco hai que esquecer a uniformidade cultural do grupo veciñal, pois aínda que uns soubesen debuxar a súa sinatura e outros non, ninguén demostrou ata o presente, polo menos ata onde alcanzan os meus coñecementos, que a capacidade de asinar crease unha verdadeira fractura cultural no seo de aldeas e parroquias e que quen, en teoría, estaba en condicións de ler e escribir, fíxese uso desas supostas capacidades. En calquera caso, se chegaban a facelo —principalmente a ler— era nun contexto no que a oralidade e a escritura non estaban delimitadas, pois a comunicación oral invadía todo e a aprendizaxe era basicamente un exercicio de memoria e repetición, e os textos, as imaxes e as palabras mantiñan ante os campesiños unha unión inextricable, formada por estampas, novenas, rosarios, calendarios, pregos de cordel e cartelóns³¹. Os evidentes prexuízos que manifesta E. Pardo Bazán verbo do campesiñado non lle quitan certo valor ás súas afirmacións sobre a alfabetización dos rústicos:

Como todos los labriegos que aprenden a leer y escribir de chiquillos su iniciación en esta maravillosa clave de los conocimientos humanos era muy relativa: saber leer y escribir no es conocer los signos alfabéticos, nombrarlos, trazarlos; es, sobre todo, poseer las ideas que despiertan estos signos. Por eso hay quien se ríe oyendo que para civilizar al pueblo conviene que todos sepan escritura y lectura; pues el pueblo no sabe leer y escribir jamás, aunque lo aprenda³², faille dicir a un dos protagonistas de *La Madre Naturaleza*.³²

Non cabe dúbida, polo tanto, de que existían varios factores obxectivos que estimulaban a cohesión no ámbito da comunidade; en definitiva, unha asociación necesaria de familias que precisaban colaborar habitualmente, e máis nun mundo imprevisible no que a enfermidade ou a morte prematura dun pai ou unha nai, unha mala colleita, a perda dunha vaca, a acumulación de débedas e outros posibles quebrantos convertían en pobre desvalido, da noite á mañá, calquera veciño, de modo que poucos se sentían libres de pedir axuda no momento menos pensado³³. Por iso, os intercambios e transaccións que incluían préstamos de diñeiro

31 Resultan ao respecto moi interesantes as ideas de Roggero, Marina (1999): *L'Alfabeto conquistato: apprendere e insegnare nell'Italia tra sette e ottocento*, Boloña, Il Mulino.

32 Citado por Velasco Souto, Carlos F. (1987): *A sociedade galega da restauración na obra literaria de Pardo Bazán: 1875-1900*, Pontevedra, Artes Gráficas Portela, p. 127.

33 Véxanse as ideas de F. Tonnies (1979): *Comunidad y asociación como formas de vida social*, Barcelona, Península, (ed. orixinal 1935). E tamén Domínguez Martín, R. (1998): "De l'aldea perdida a l'aldea recuperada: el

e cereais, axudas nas principais faenas, trocos de parcelas e subministracións de información (en relación con familias ausentes ou con desprazamentos previstos) tecían densas e intrincadas redes de dependencias e solidariedades que moitas veces resultan difíciles de percibir, canto menos de medir, na documentación que en aparencia se presta ao tratamento estatístico³⁴.

Agora ben, a comunidade tampouco constituía un universo plenamente solidario, ao modo das asembleas dos primeiros cristiáns, e os conflitos internos, no ámbito dos grupos de parentesco ou de veciños que non tiñan vínculos familiares, xurdían a miúdo, e aínda cabía preguntarse se os máis ricos e poderosos estaban en condicións de utilizar as breves repúblicas locais para impoñer un control informal e unha orde social que os beneficiase. Isto non se pode rexeitar de pleno, pero non parece determinante para explicar o funcionamento da comunidade, tendo en conta algo no que insistín: a limitada xerarquización do campesiñado, a uniformidade cultural e a ausencia de ordenanzas escritas que permitan falar dun verdadeiro “disciplinamento” político e relixioso de corpos e almas, de natureza contrarreformista, levado a cabo a través das “constituicións” —pois non eran outra cousa as ordenanzas— das breves repúblicas municipais. Segundo quedou indicado, as ordenanzas que tiñan entre outras finalidades as do “disciplinamento” eran as ditadas polos delegados señoriais (xuíces ordinarios e xuíces de residencia, particularmente) ou polos propios señores³⁵. Aínda que sen dúbida existiu un certo control, é probable que fose limitado, porque moitos notables rendeiros tenderon a se ausentar das aldeas para residiren en cidades e vilas e porque unha parte do clero rural mantiña lazos de parentesco e ata comunión de valores culturais cos campesiños. De feito, a dinámica e riquísima cultura popular, moitas de cuxas manifestacións teñen un carácter profano e moi pouco acomodado aos valores contrarreformistas ou “ilustrados”, xurdiu na armazón dunha intensa vida comunitaria desenvolvida á marxe do mundo oficial, en toda unha serie de reunións colectivas que as autoridades eclesiásticas e civís desexarían abolir *a radice*: xuntas nocturnas en muíños e en casas particulares con ocasión de esfolas, fiadas, mallas, matanzas e ata velorios; en tabernas, en feiras e romarías onde os bailes, os cantos, os “tocamentos torpes” e outra liñaxe de excesos favorecerían, en opinión

mite de la decadencia de la comunitat pagesa a Cantabria (1750-1850)”, *Recerques*, 36, pp. 53-80 (moitos dos factores que lle proporcionaban cohesión á comunidade campesina en Galicia son comúns a toda a cornixa cantábrica).

34 O mellor estudo que coñezo dese tipo de intercambios é o de: Levi, Giovanni (1990): *La herencia immaterial. La historia de un exarcista piemontés del siglo XVII*, Barcelona, Nerca, (ed. orixinal de 1985).

35 Sobre a cuestión do disciplinamento, véxase: Schilling, Heinz (2002): “El disciplinamiento social en la Edad Moderna: propuesta de indagación interdisciplinar y comparativa”, en Fortea, José Ignacio; Gelabert, Juan Eloy e Mantecón, Tomás Antonio: *Furor et rabies. Violencia, conflicto y marginación en la Edad Moderna*, Santander, Universidad de Cantabria, pp. 17-45, e en xeral os diversos capítulos do volume.

dos severos reformadores enxertos en déspotas, unha verdadeira poboación de vicios, froito salvaxe da explosión de paixóns mal domadas, pois pouca continencia cabía esperar da *rustica progenies*³⁶.

Resulta patente que os intercambios dentro da comunidade non se limitaban ao ámbito material. As tarefas colectivas acometidas nos pagamentos aldeáns, nas eiras ou arredor do lume nas veladas invernaís eran ao tempo traballo e festa ou recreación e implicaban emulación e competencia, esforzo, pero tamén xogo. Determinadas prácticas relixiosas, como os velorios, constituían, así mesmo, deberes rituais que se desenvolvían nunha estrutura de reciprocidades. O “tempo de lecer” —permitaseme o anacronismo— era disputado de xeito colectivo, en especial, pola mocidade agrupada en “sociedades”, e as reunións comunitarias que espertaban o receo e a indignación das autoridades relixiosas e civís non deixaron de se multiplicar ao longo da Idade Moderna polo propio crecemento do número de veciños das aldeas e parroquias, polas novas faenas que existían, con cultivos como o millo (*esfollas*) ou a manufactura do liño (*fiadas*, etc.), en franca expansión desde a primeira metade do XVIII³⁷.

En definitiva, os intercambios de traballo, aprendizaxes, sentimentos e emocións intensificáronse na etapa final do Antigo Réxime e, segundo quedou advertido, en boa medida esta densa vida comunitaria continuou desenvolvéndose á marxe do mundo oficial e da cultura escrita. Os seus resultados poden apreciarse parcialmente no que coñecemos desa riquísima creación cultural expresada en coplas, contos, refráns, ritos e prácticas, sen outro soporte que a oralidade que as transmitía dun lugar a outro e entre xeracións, ata que desde mediados do XIX comezaron as recompilacións de cancioneros e de usos “consuetudinarios” presentados a miúdo como intemporais, aínda que non caiba dúbida do seu carácter histórico³⁸. Só unha sólida vida comunitaria, cultivada fóra do círculo familiar, puido crear un patrimonio cultural tan fértil e variado como o de Galicia, e ningún estudo rigoroso das comunidades campesiñas debería prescindir destes feitos, non sempre visibles nas fontes ao uso, pero resolutivos para quen crea que a realidade histórica non se reduce aos datos que pode achegar un catastro, uns protocolos ou unhas actas parroquiais.

36 Cf. Dubert, Isidro e Fernández Cortizo, Camilo (1994): “Entre el «regocijo» y la «bienaventuranza»: Iglesia y sociabilidad campesina en la Galicia del Antiguo Régimen”, en Núñez Rodríguez, Manuel (ed.): *El rostro y el discurso de la fiesta*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, coleccion “Sémata”, núm. 6, pp. 237-261.

37 P. Saavedra, Pegerto (1994): *Op. cit.*, pp. 337-367.

38 Cf. Blanco, Domingo (1992): *A poesía popular en Galicia, 1745-1885. Recopilación, estudio e edición crítica*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia; e López, J. M.^a (1928): *Contos de polavida*, Alcalá de Henares, e Schubarth, Dorothé e Santamarina, Antón (1993): *Cancioneiro popular galego*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, vol. VI.

4. Sobre algúns conflitos protagonizados polas comunidades

Verbo das tensións e conflitos, dándolle a esta última palabra un significado moi amplo, algunhas investigacións sacaron á luz os frecuentes litixios que se producían no seo dos propios grupos de parentesco pola distribución e pagamento de lexítimas, alimentos e por outras causas derivadas da distribución do patrimonio e condicionadas en ocasións pola propia conxuntura económica, que favorecía ou limitaba as aspiracións dos casadeiros a se estableceren de modo autónomo ou a cobraren o que se lles prometera en dotais, testamentos, partillas e doazóns. Nunha sociedade na que a terra era todo ou case todo resulta explicable que fosen frecuentes ese tipo de preitos³⁹.

Á marxe dos litixios entre parentes próximos, con carácter xeral, a conflictividade entre vecinos, reflectida no recurso aos xuíces locais —na súa inmensa maioría de designación señorial— e á Real Audiencia, xiraba arredor da falta de pagamentos e débedas, propiedade e posesión de bens e “servidumes” de diversa natureza (de paso, pastos, aproveitamento de augas, de montes que algúns pechaban...), tanto no tocante aos expedientes civís e a calumnias, inxurias, lesións, roubos e escándalo público canto aos de tipo criminal. Claro que moitos asuntos criminais tiñan a súa orixe en problemas de tipo civil —propiedade e posesión de bens, débedas, servidumes— e constitúen, polo mesmo, o froito da loita por uns recursos máis ben escasos e cuxo gozo orixinaba odios inveterados, rifas, pendenncias e ata mortes⁴⁰.

Pero tamén é significativo que moitas querelas criminais —preto do oitenta por cento— acaben nunha “composición amigable”, propiciada pola intervención de “homes bos” ou persoas respectables no ámbito da comunidade. Despois de todo, os preitos non deixaban de ser unha desorde, custaban diñeiro e a súa resolución presentábase incerta; ademais, os curas e os veciños exemplares tiñan a obriga de arbitrar nas disputas e establecer a paz entre os testudos litigantes. Neste aspecto, a capacidade de autorregulación da comunidade para manter a orde social parece clara e non convén esquecer que aínda que en aparencia xurdían moitos preitos, a densidade demográfica e, sobre todo, o parcelamento do terrádego e o feito de que todos tivesen algo sobre o que litigar multiplicaban as ocasións de recorrer á xustiza. Os historiadores inclinados a pór en relación o número de preitos e o de persoas non deberían esquecer a diferenza que existe nas estruturas

39 Cf. Dubert, Isidro (1992): *Op. cit.*, pp. 269-358 e “La conflictividad familiar en el ámbito de los tribunales señoriales y reales del Antiguo Régimen (1600-1830)”, en *Obradoiro de Historia Moderna. Homenaje al Prof. Antonio Eiras Roel en el XXV aniversario de la Cátedra*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1990, pp. 73-103.

40 González Fernández, J. Miguel (1997): *La conflictividad judicial ordinaria en la Galicia atlántica. Bouzas y otros juzgados gallegos del siglo XVIII*, Vigo, Instituto de Estudos Vigueses, pp. 95-139.

agrarias e sociais, que moitas veces quitan calquera valor a táboas comparativas en aparencia concluintes. Verbo diso, poderá dicirse que en Galicia había moitos litixios, pero tamén cabe engadir que é sorprendente que non houbera máis, porque ocasións non faltaban⁴¹.

Pola natureza oral das formas de comunicación e polo valor do costume e a inmemorial posesión —de aí que en moitos preitos só haxa probas testificais—, a vida interna das comunidades campesiñas resulta en varios dos seus aspectos difícil de analizar. Con todo, cabe admitir que a súa historia ten un dos fíos condutores na loita polo control dos montes abertos e, en non poucos casos, na resistencia ao pagamento de cargas señoriais consideradas gravosas, abusivas, violentas, “tiránicas” ou simplemente humillantes para uns veciños que eran vasallos de casas nobres ou de institucións eclesiásticas, pero tamén do rei, cuxos tribunais debían protexelos de aldraxes e inxustizas. Os fondos do Arquivo da Audiencia do Reino de Galicia e, en menor medida, os da Chancelería de Valladolid e os do Consello de Castela —tribunais aos que ían as apelacións da Real Audiencia—, permiten coñecer, malia a perda de expedientes —moi importante para as primeiras décadas da Idade Moderna— a tipoloxía, cronoloxía e outros aspectos da conflictividade colectiva e en concreto dos preitos nos que os “veciños” aparecen como demandantes.

Hai que dicir que os preitos e expedientes son miles, aínda que non todos teñen o mesmo interese para o obxecto que nos ocupa. A serie do arquivo chamada de “Veciños” é de extraordinaria riqueza, pois agrupa os atados resultantes de actuacións nas que a comunidade, sexa de aldea, parroquia, xurisdición ou partido, tomou a iniciativa á hora de acudir á xustiza real para presentar unha demanda ou solicitar un auto ou una provisión ordinaria⁴². A través do contido e o volume da documentación, apréciase a relativa facilidade con que os concellos rurais —e urbanos— acudían á Real Audiencia, algo do que xa deron fe os contemporáneos. Así, Pedro González de Ulloa, por exemplo, cura en parroquias ourensás, sinala en 1777 que “por menos de cien reales irá uno de éstos [campesiños dos estados do conde de Monterrei] a la *frente limpia* [así lle chaman ao tribunal da Coruña], sin más prevención que un pan metido en un costal y veinte y cuatro reales, diez y seis para un despacho y ocho para gastar”. E engadía que, cando se trataba de “seguir preito de moitos contra un”, os expertos locais ou “avogados clandestinos”

41 O carácter preiteante dos campesiños galegos é un tópico que, polo mesmo, se debe revisar, e hai que destacar máis a función autorreguladora da comunidade.

42 Quiroga Barro, Gabriel (2002): “Os preitos e expedientes de veciños da Real Audiencia de Galicia. Aproximación ao seu estudio arquivístico”, en Fernández Cortizo, Camilo et alii (eds.): *Universitas. Homenaje a Antonio Eiras Roel*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1, pp. 439-462, e Rey Castelao, Ofelia (1995): *Montes y política forestal en Galicia*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 25-51.

reuníanse nunha taberna: “allí glosan el derecho suyo y de aquel contra quien han de litigar; dan por inconcuso el que tienen, en aquella audiencia de Baco. Prefiérese uno a defenderlo; pide poder a los demás, y se lo otorgan ante uno de los escribanos que sobran para dar fe”⁴³.

En efecto, a través dos chamados casos de corte, das provisións e dos autos ordinarios, a Real Audiencia —a “fuente limpia” para os campesiños— resolvía en primeira instancia moitos asuntos de importancia fundamental para as comunidades locais, entre eles as relacións co réxime señorial —desde as cargas á designación de oficios—, coa posesión e aproveitamento dos comunais, a propiedade da terra, etc., de modo que un arquiteiro do século XIX puido soste que “sin exageración puede asegurarse que en Galicia no hubo más tribunal de primera instancia que la Audiencia”⁴⁴.

A afirmación pode parecer extremosa, pero non carece de todo de fundamento, pois non só os casos de corte lle daban á Audiencia a facultade de impedir que os xuíces locais substanciasen causas de interese vital para as familias campesiñas, senón que cos autos e provisións ordinarias interviña de modo cotián na vida municipal, seguindo un *estilo* que, en opinión de xuristas de finais do XVIII, non respectaba o ordenamento vixente na coroa de Castela. Así, mediante o *auto ordinario* impedíase o despoxo violento de bens, sen prexuízo do resultado de posteriores indagacións, polo que Herbella de Puga o cualifica de “cierto remedio sumarisimo, executivo, extraordinario, irregular, quasi posesorio”, e constituía un procedemento moi utilizado, “desde el derecho de apacentar el ganado en lugares comunes y aprovechamiento de hierbas, hasta asuntos de pesca, pasando por derechos de aguas de regadío, o prohibición de hacer carbón en los montes”. As provisións ordinarias eran normas executivas que a Audiencia ditaba como filial do Consello de Castela e tocaban asuntos moi variados, relacionados moitos deles coa vida municipal e os poderes señoriais: ordinaria de comúns, fianzas, oco e residencia das xustizas; de loitosa; de xuntas de concello, de aranceis e de tabernas e xogos, de apelación..., e así ata máis de medio cento de cuestións segundo algúns manuais de “estilo y práctica de esta Audiencia del Reino de Galizia”. A importancia dos autos e provisións ordinarias ponse de manifesto no feito de que a metade dos expedientes que afectan a concellos se tramitaron, en principio, por eses procedementos⁴⁵.

43 González de Ulloa, Pedro (1950): *Descripción de los Estados de la Casa de Monterrey en Galicia (1777)*, Santiago de Compostela, Bibliófilos Gallegos, pp. 25-26 (ed. de J. Ramón y Fernández Oxea).

44 A frase figura nunha memoria do Arquivo do Reino de Galicia de 1882 e citaa Gabriel Quiroga Barro en “Os preitos e expedientes de veciños...”, p. 448.

45 Sobre as competencias xudiciais da Real Audiencia, Fernández Vega, Laura (1982): *La Real Audiencia de Galicia como órgano de Gobierno durante el Antiguo Régimen*, A Coruña, Deputación Provincial da Coruña, vol. I; Rey Castelao, Ofelia (1995): *Op. cit.*, pp. 16-25; Quiroga Barro, Gabriel (2002): “Op. cit.”; así como a

O total de preitos e expedientes de veciños correspondentes aos anos que van de 1560 a 1807 aproxímase aos cinco mil, aínda que se distribuísen, desde o punto de vista cronolóxico, de modo moi desigual, como se pode ver na táboa e no gráfico que seguen.

CADRO 3: evolución do número de preitos e expedientes de “veciños” do Fondo da Real Audiencia


	Total	Índice	Rurais*	Índice	Urbanos*	Índice	Montes e pastos**	Índice
1560-69	172	88	132	80	40	132	53	107
1570-79	315	161	251	152	64	211	64	129
1580-89	409	209	330	199	79	261	85	171
1590-99	308	157	263	159	45	149	75	151
1600-09	274	140	210	127	64	211	53	107
1610-19	200	102	148	89	52	172	41	82
1620-29	229	117	186	112	43	142	55	111
1630-39	138	70	108	65	30	99	28	56
1640-49	114	58	91	55	23	76	24	48
1650-59	146	75	121	73	25	83	34	68
1660-69	123	63	101	61	22	73	17	34
1670-79	219	112	189	114	30	99	51	102
1680-89	165	84	124	75	41	135	31	62
1690-99	141	72	124	75	17	56	36	72
1700-09	134	68	116	70	18	59	35	70
1710-19	142	73	119	72	23	76	29	58
1720-29	148	76	134	81	14	46	44	88
1730-39	179	91	162	98	17	56	59	119
1740-49	130	66	116	70	14	46	39	78
1750-59	174	89	160	97	14	46	58	117
1760-69	133	68	120	73	13	43	30	60
1770-79	163	83	150	91	13	43	55	111
1780-89	224	114	206	124	18	59	81	163
1790-99	273	139	255	154	18	59	102	205
1800-07	203	130	188	142	15	62	55	138
	4.856		4.104		752		1.234	
x/ano	19,58		16,55		3,03		5,11	

Fonte: Real Audiencia de Galicia. *Catálogo de Expedientes de veciños*, A Coruña, Xunta de Galicia, 2002. Base = media anual 1560-1807.

* De acordo co concello que o promove.

** Expedientes e preitos desa temática que van, así mesmo, incluídos nos de procedencia rural.

CADRO 4: evolución dos índices de preitos e expedientes de veciños



Trátase, como advertilo, de preitos e expedientes nos que os “veciños”, xa sexan os concellos ou as autoridades municipais, aparecen como demandantes, e quedan fóra aqueles en que son demandados, en especial, polos señores e rendeiros, matiz importante, pois os grandes mosteiros, a nobreza titulada e a fidalguía acudiron con frecuencia ao Real Tribunal para esixir o pagamento de prestacións vasaláticas ou de rendas forais. Deste xeito, conflitos endémicos como os que enfrontaron o mosteiro de Oia e os seus vasallos ou os derivados do intento de levar adiante os “despoxos” ou desafuizamentos (abundantísimos a mediados do XVIII) non van incluídos na estatística. Este tipo de conflictividade representa estratexias de oposición e resistencia moi comúns entre o campesiñado: a fraude, a desmemoria —“a marabillosa facultade de esquecer”—, a ignorancia, a fuxida, os rumores e ameazas, entre outras artimañas mencionadas por J. Scott, e que os señores tendían a combater citando os veciños perante a Real Audiencia, onde se confrontaban os documentos arquivísticos achegados por aqueles (foros e apeos) co costume e inmemorial posesión que invocaban os campesiños⁴⁶.

Con carácter xeral, cabe reparar en que a fase de maior conflictividade parece a que vai de 1570 a 1629, décadas nas que se concentra un elevado número de

46 Cf. J. Scott, James (1985): *Weapons of the weak: every day forms of peasant resistance*, New Haven, Yale Univ. Press.

disputas xudiciais; a situación tende a se calmar despois por longo tempo, ata que na etapa final do Antigo Réxime a conflitividade se recrúa de modo significativo. A través dunha sondaxe en diferentes series do Arquivo do Reino (executorias, veciños, montes e particulares) Ofelia Rey xa deseña esta cronoloxía da conflitividade⁴⁷.

Porén, resulta de interese destacar que existen algunhas diferenzas entre a litixiosidade urbana —preitos provinciais polas sete cidades cabezas de provincia e polas principais vilas, como Pontevedra, Viveiro, Baiona, Ribadavia, Noia, Muros, Vigo ou Monforte— e a xurdida nos concellos rurais. No mundo urbano, o reinado de Filipe II e os trinta primeiros anos do XVII son especialmente conflictivos, mentres que despois a cantidade de expedientes e preitos descende notablemente, agás na década de 1680-1689. Nos concellos rurais, en cambio, a etapa final do Antigo Réxime é tamén época de abundantes tensións, comparables en intensidade ás que se desenvolvían no último terzo do XVI⁴⁸.

Para explicar as diferenzas de intensidade, que non son, por outra banda, moi acusadas, entre o mundo urbano e o mundo rural había que deterse na tipoloxía dos expedientes e preitos, cuestión que espero abordar con máis detemento noutro lugar. Aquí só avanzarei que o asentamento da Real Audiencia na cidade da Coruña e o reforzo do goberno burocrático con Filipe II —e, polo mesmo, a confianza que espertaban os consellos e as audiencias— constituíron estímulos para que os concellos formulasen perante os oidores as súas queixas, pois a confianza na corporación de oidores parece fraude. Da súa autoridade daba fe cara a 1600 o cóengo-cardeal Jerónimo del Hoyo, ao sinalar que os letrados da Real Audiencia “tratan de las cosas de este Reino con demasiada soberanía e imperio, y así se hacen temer y adorar no sólo de la gente plebeya, sino de la nobleza, que con ser tan grande la de este Reino, la estiman en poco”⁴⁹. Deste escaso respecto cara ás prerrogativas da nobreza queixábase pola mesma data a condesa de Lemos, cando, non sen anoxo, lle notificaba ao seu marido, desde Monforte de Lemos, que

[...] los oidores harán hartas [...], porque admiten cuantas denuncias se hacen ante ellos, y para sacallas de so la tierra traen cinco o seis sabuesos, que llaman secretarios, y su propio nombre es recetores, o creo que ladrones, y no estoy sin sospecha de que exceden en su comisión, porque avocan para sí causas sin querella de parte, pasando las dichas causas ante los jueces ordinarios⁵⁰.

47 Rey Castelao, Ofelia (1995): *Op. cit.*, pp. 30-62.

48 Véxanse as achegas de Rey Castelao, Ofelia (1995): *Op. cit.*, pp. 56-62. A recente catalogación da serie completa de veciños e a inclusión dos preitos e expedientes por pastos e “comúns” é o que explica que agora a fase de maior conflitividade rural se sitúe na etapa final do Antigo Réxime e non no tránsito do XVI ao XVII.

49 Hoyo, Jerónimo del: *Memorias del arzobispado de Santiago de Compostela*, edición de A. Rodríguez e B. Varela Jácome, Santiago de Compostela, Porto y Cia., s. a., p. 219.

50 Arquivo da Fundación Ducal Casa de Alba (Madrid), secc. Lemos, correspondencia, carpeta 40.

Ao reforzamento dos órganos da administración monárquica, que alcanzan máis poder e eficiencia⁵¹, hai que engadir os cambios que se producen no sistema fiscal —crecemento das alcabalas, implantación dos millóns— que, ao carón de conflitos por cuestións de goberno local, dan orixe a numerosos expedientes e preitos movidos polas vilas e cidades e, en menor medida —pola natureza acusadamente urbana do sistema fiscal castelán— tamén polos rurais. Así se explica, en parte, a alza da conflictividade xeral nos últimos trinta anos do XVI e o seu posterior descenso consonte os núcleos urbanos recuperan ou consolidan o control da xestión do fisco real⁵².

Preto dun terzo dos preitos e expedientes promovidos por concellos rurais están motivados polo aproveitamento e titularidade de montes e pastos. Tamén nesta materia, no último terzo do século XVI, despois dunha longa fase de expansión demográfica e agraria, se rexistran abundantes conflitos —como xa advertira O. Rey⁵³—, que logo remiten, para volver a se incrementar dous séculos despois a raíz, igualmente, do aumento da poboación, da presión sobre o espazo comunal para efectuar roturas e para someter o monte a usos agrarios, isto é, á produción de esquilmo para fertilizante mediante o cercado de parcelas para producir toxo, a diferenza do que sucedía no XVI no contexto dunha economía silvo-pastoril na que o pasto adquiriría maior importancia⁵⁴.

En todo caso, as disputas polos montes ocupan un lugar de privilexio na conflictividade rural, pola extraordinaria importancia que o espazo comunal —de media arredor do vinte por cento do territorio— tiña na economía campesiña, ao ser “o soporte do sistema” agropecuario en frase atinada do xeógrafo Abel Bouhier —o estudoso que mellor entendeu a lóxica profunda do vello complexo agrario galego⁵⁵— e polo seu valor cultural e simbólico, pois o monte constituía un elemento decisivo á hora de conformar a identidade local. Por iso hai que insistir en que o fío condutor da historia colectiva de moitas aldeas se atopa na defensa dos seus montes, en especial, cando, para levala a cabo, os veciños foron protagonistas de verdadeiras batallas campais, convocadas en ocasións a toque de campá, ao que lle seguía a marcha dos homes útiles cara á fronteira en disputa, acompañados, se

51 Sobre estes aspectos insistiu Kagan, Richard (1991): *Pleitos y pleiteantes en Castilla, 1500-1700*, Salamanca, Junta de Castilla y León (ed. orixinal de 1981).

52 Abundante información sobre a posición das cidades representadas nas Xuntas do Reino verbo do fisco real nas *Actas de las Juntas del Reino de Galicia*, editadas por Antonio Eiras Roel, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, (os tomos I a XI cobren o século XVII).

53 Rey Castelao, Ofelia (1995): *Op. cit.*, pp. 38-43.

54 Véxase: Pérez García, José Manuel (2000): “Las utilidades del inculco en la lucha por sus aprovechamientos en la Galicia Meridional”, *Obradoiro de Historia Moderna*, 9, pp. 79-107.

55 Bouhier, Abel (2001): *Op. cit.*, vol. II, pp. 755-986.

se consideraba necesario, de música de fol e redobrante e seguidos tamén ás veces das mulleres, cuxas certas pedradas podían decidir o desenlace da liorta⁵⁶.

A participación resolta das mulleres na conflictividade intracomunitaria e antiseñorial é un feito que a documentación xudicial proba de xeito abondo. En 1762, por exemplo, varias veciñas de Montecubeiro (Lugo) apedrarón un escribán aliado aos monxes dominicos que pretendían levar adiante despozos ou desafuizamentos de colonos foreiros, e en 1755, nun preito entre o Concello de Couto Novo e o conde de Lemos, por prestacións señoriais, un receptor da Real Audiencia non puido aplicar unha carta executoria porque

[...] se hallaron algunas mujeres en las salidas de las casas de este referido lugar [aldea de Piñeiro], en diferentes partes y corrillos, unas con otras a tiempo que estaban algunos montones de piedras juntas, y que otra mujer andaba por junto a los más lugares y casas de la cercanía de éste, dando voces muy altas [...], y al mismo tiempo se tocaban y repicaron las campanas de la iglesia desta feligresía con aceleración y a modo de arrebató o fuego sin que le hubiese incendio alguno [...], cayó toque de campana duró por más de media hora, y al poco rato se juntaron más de cien mujeres en cuadrilla, sin que pareciese hombre alguno, con piedras y guijarros en la mano, acercándose a nosotros, con que deliberamos retirarnos, y al salir del citado lugar tiraron algunas piedras por encima de unos y otros [...], silvando y diciendo «¡fuera ladrones!, que si aquí volvéis vos hemos de matar a pedradas».⁵⁷

Os preitos e expedientes de “veciños” informan dun determinado tipo de conflictividade de natureza esencialmente colectiva. Pero non todas as disputas de carácter comunitario, xurdidas en aldeas, parroquias, partidos e xurisdicións motivaron a intervención da Real Audiencia ou *fuerza limpia*. Moitas morreron antes de chegar ao estrado dos graves alcaldes maiores, despois de convenios e concordias das que quedan abundantes mostras nos protocolos notariais e que se refiren ao peche e aproveitamento de montes, á repartición de augas e outras “servidumes”. Se se realizase un estudo sistemático, por comarcas, das escrituras de protocolos outorgadas en relación con eses problemas, comprobaríase con toda probabilidade que a segunda metade do XVIII e o primeiro terzo do XIX constitúe unha fase de intensa conflictividade, e non pola penuria do campesiñado, senón por todo o contrario: polo dinamismo e transformacións do sistema agropecuario, que implicaba novos usos do monte, da auga e das superficies de labranza antes destinadas a pasto⁵⁸. Pode afirmarse, en definitiva, que o fondo de

56 Algúns exemplos destes altercados veciñais en: Balboa, Xesús (1991): *O monte en Galicia*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, p. 65.

57 En: Baz Vicente, M.ª Jesús (1996): *Señorío y propiedad de la alta nobleza en Galicia (siglos XVI-XX): la Casa de Alba*, Madrid, Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, p. 187.

58 Ultimamente fixo un uso sistemático da documentación “infraxudicial” R. Iglesias Estepa en “Las quiebras del orden cotidiano: comportamientos criminales en la sociedad gallega de fines del Antiguo Régimen”,

“veciños” da Real Audiencia reflicte, tocante a montes, augas e servidumes a “espuma” dunha conflictividade moito máis difundida e cotiá.

Na conflictividade influían moitos factores de tipo local e polo mesmo só traballos de microhistoria sobre comunidades concretas, institucións e casas rendeiras, poderán dar conta das causas da belicosidade de determinadas aldeas, parroquias e xurisdicións á hora de litigar por montes, oficios repúblicos, ordenanzas de bo goberno, reparticións e cargas de natureza señorial. Os concellos de Burón (Lugo) e de Viana do Bolo (Ourense), por exemplo, tiñan un número parecido de familias; do primeiro consérvase na serie de veciños unha ducia de preitos e expedientes, e do segundo, corenta e dous. Aos mozos animosos, e parece que cada vez máis escasos ruralistas, quédanlles aínda montes por decruar e problemas por revisar, xa que os vellos problemas sempre admiten novas olladas.

Obradoiro de Historia Moderna, 13 (2004), pp. 277-302, pero ocúpase principalmente dos poderes relacionados con asuntos criminais; sobre os preitos por augas, Candal X.: “Pleitos por augas en la Audiencia coruñesa durante el siglo XVIII”, *Obradoiro de Historia Moderna*, 2 (1993), pp. 85-103. A abundancia de concordias e convenios por augas, montes, etc., a finais do Antigo Réxime aparece documentada nos protocolos da provincia de Mondoñedo; véxase P. Saavedra, *Economía, política y sociedad en Galicia: la provincia de Mondoñedo, 1480-1830*, Madrid, Xunta de Galicia, 1985, pp. 203-208. Sobre a Galicia tudense, Pérez García, José Manuel (2000): *Op. cit.*, pp. 94-102.

VI

CULTURA
E RELIXIÓN

II
—
CONTENTS
—

«Causas de descristianización del medio obrero en España». Un informe del episcopado español de 1962

J. LUIS MÍNGUEZ GOYANES
Universidade da Coruña

Lo que más le duele al sacerdote, desde el instante en que se lanza a un contacto directo con el mundo obrero, es la distancia mayúscula que separa a la Iglesia del mundo obrero. Se considera a la Iglesia como hostil a la clase obrera y a sus aspiraciones, favorable, en cambio, al capitalismo y a la minoría de edad del obrero. Por mucho que repitamos lo contrario, y citemos encíclicas, todos seguirán pensando lo mismo. No hay cristiano que no sepa que la Iglesia siempre ha buscado y querido el mayor bien de sus hijos. Pero, en este caso, se encuentra ante una convicción universal, ante la apreciación de un hecho.

J. Loew, *Diario de una misión obrera*¹

1. Un documento entre dos encíclicas: el "compromiso temporal" de los cristianos

En febrero de 1962 tuvo lugar la II Semana de Pastoral Social en la casa de ejercicios de Pozuelo de Alarcón (Madrid), a la que asistieron alrededor de noventa sacerdotes diocesanos y religiosos de treinta y seis diócesis. Los asistentes eran

¹ Loew, Jacques (1962): *Diario de una misión obrera*, Salamanca, Ediciones Sígueme, pp. 78-79. Trad. de *Journal d'une Mission ouvrière*, publicado en París en 1959. El párrafo citado está escrito en los años 1947-1948. El 24 de julio de 1941 la asamblea de los obispos de Francia funda *La Mission de France*, también conocida como *Mission prolétarienne*, abriendo un seminario en Lisieux para formar sacerdotes dedicados a la evangelización de las diócesis más descristianizadas. Se elaboró un proyecto para llegar a los medios proletarios, cuyo texto sería publicado en 1943 con el nombre de *La France pays de mission?* Posteriormente el Cardenal Suhard fundó *La Mission de Paris* para evangelizar el proletariado y la periferia de París.

fundamentalmente párrocos y consiliarios de movimientos obreros apostólicos². La semana estaba organizada por la Comisión Episcopal de Doctrina y Orientación Social, que estaba presidida por Rafael García y García de Castro, Arzobispo de Granada. Desde enero de 1959 esta comisión episcopal estaba constituida además del citado, por Luis Almarcha, Obispo de León; Vicente Enrique Tarancón, obispo de Solsona; Ángel Herrera Oria, obispo de Málaga; Rafael González Moralejo, obispo auxiliar de Valencia y Félix Romero Mengibar, obispo de Jaén. La sesión inaugural de la semana estuvo presidida por González Moralejo y las sesiones plenarias fueron presididas por los otros obispos de esa comisión episcopal³.

Durante esa semana se discutió un documento redactado por el secretario de esa comisión episcopal con el título de "Causas de descristianización del medio obrero en España"⁴. El documento se elaboró con los datos proporcionados por una encuesta realizada por la HOAC, que no se hizo pública y que causó malestar en miembros del episcopado⁵. El escrito —seguramente con retoques no

- 2 Una crónica sobre esta semana en "La vida religiosa en los medios obreros", *Ecclesia*, 24 de febrero de 1962, pp. 25-26. Tres grandes campos fueron objeto de estudio: el obrero industrial, el agrícola y la mujer obrera. Cada una de estas secciones se dividía en tres etapas: infancia, juventud y edad adulta. Entre los asistentes se encontraba una representación de la diócesis compostelana. El arzobispo de Santiago, Quiroga Palacios designó como representantes de la diócesis para asistir a esta Semana a los sacerdotes Juan José Cebrián Franco, Avelino Blanco Tenreiro y Jesús María Meijide [Archivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondo Cardenal Quiroga Palacios. Q127 Unid. de instalación 20. Carta de fecha 1 de febrero de 1962 del secretario de la Comisión Episcopal de Doctrina y Orientación Social al cardenal Quiroga Palacios]. Uno de los ponentes en esa semana fue el sacerdote gallego Gabriel Vázquez Seijas, consiliario nacional de la Juventud Obrera Católica Femenina (JOCF). Sobre su figura véase Pérez López, Segundo Leonardo (ed.) (2001): *Gabriel Vázquez Seijas: memoria de vida*, Ferrol, Fundación Gabriel Vázquez Seijas.
- 3 En noviembre de 1948 se creó la comisión episcopal para Cuestiones Sociales, que en 1956 pasó a denominarse Comisión Episcopal de Doctrina y Orientación Social y en 1962 Comisión Episcopal de Apostolado Social. Tras este cambio de nombres hay que ver una especialización de contenidos. Las cuestiones doctrinales las llevaba esta comisión mientras que los temas propiamente asistenciales los asumía la Comisión Episcopal de Caridad y Beneficencia.
- 4 "Causas de descristianización del medio obrero en España". Comisión Episcopal de Doctrina y Orientación Social, Secretariado del Episcopado Español, (mayo 1962) [Archivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondo general. Secretariado del Episcopado Español 3. XLVI]. Este informe lo cita Gómez Pérez, Rafael (1986): *El franquismo y la Iglesia*, Madrid, Ediciones Rialp, pp. 127-128. Es una de las pocas referencias que hemos encontrado sobre este documento.
El informe consta de 14 folios mecanografiados y está fechado en Madrid en mayo de 1962. El esquema que sigue el informe es el siguiente:
 - A. Infancia y juventud
 - I. Valor religioso del bautismo
 - II. El despertar de la conciencia y de la fe
 - B. Las opciones de la vida
 - I. Entrada en la vida profesional
 - II. Matrimonio y obligaciones
 - C. La edad adulta
 - I. Mentalidades descristianizadas
 - II. Testimonio de fieles y convertidos
- 5 Enrique y Tarancón, Vicente (1996): *Confesiones*, Madrid, PPC, p. 215. Tarancón menciona el "revuelo que se armó en una reunión de obispos cuando la HOAC presentó el resultado de una encuesta que había hecho

sustanciales sobre la versión primera— lo hizo suyo el Secretariado del Episcopado Español y lo distribuyó tres meses después, en mayo de 1962, con carácter confidencial a todos los obispos españoles.

En la época en que aparece este documento en la Iglesia española hay una gran diversidad de publicaciones dedicadas a los temas sociales. Eran sin duda los análisis que hacía la Iglesia ante los desafíos que planteaba una sociedad que iba a sufrir grandes cambios a lo largo de la década de los sesenta.

La temática social no era nueva entre los obispos españoles. En un plazo de poco más de diez años cuatro grandes documentos del episcopado español están dedicados al tema. Es esta seguramente la época en que más documentos de este tipo se dan entre el episcopado español⁶. Como no podía ser menos el tema también era motivo de deliberación entre los metropolitanos españoles⁷. Existía en definitiva una preocupación entre el episcopado por elevar la que denominaban conciencia social de los católicos españoles, o al menos eso es lo que manifestaban en sus escritos.

En el mismo año en que aparece el documento la revista *Ecclesia* publica varios editoriales sobre temas sociales⁸. Se da también difusión desde las páginas de esta publicación oficiosa de la jerarquía a las pastorales de los obispos sobre

en los ambientes obreros". Es curioso que en estas memorias políticas de Tarancón se mencione sólo de pasada este documento y de un modo un tanto confuso. Esto es una prueba de lo incompletas e imprecisas que son estas *Confesiones* —culpa quizás de los que dieron el trabajo a la imprenta—, aunque por lo demás muy interesantes para la historiador. Véase además Circular de Vicente Enrique Tarancón, obispo secretario de la Comisión Episcopal de Doctrina y Orientación Social, 13 de junio de 1962. [Archivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondo general. Secretariado del Episcopado Español 3, XLVI]. No hemos podido determinar el contenido de estas encuestas.

6 Los documentos son los siguientes:

- "Instrucción colectiva sobre deberes de justicia y caridad", 3 de junio de 1951

- "Sobre la situación social en España", 15 de agosto de 1956.

- "Declaración sobre la actitud cristiana ante los problemas morales de la estabilización y el desarrollo económico", 15 de enero de 1960

- "Sobre la elevación de la conciencia social, según el espíritu de la *Mater et Magistra*", 13 de julio de 1962.

Véase: Iribarren, Jesús (1974): *Documentos colectivos del episcopado español 1870-1974*, Madrid, Biblioteca de Autores Cristianos (BAC).

7 En la XLVII asamblea de la Conferencia de Metropolitanos (Madrid, 27 de noviembre - 1 de diciembre de 1961) se trató entre otros asuntos el tema de la enseñanza de la doctrina social pontificia, la Declaración del episcopado sobre la encíclica *Mater et Magistra*, la difusión de las enseñanzas de la misma encíclica y el acceso de los pobres a los colegios de la Iglesia. En la siguiente asamblea (Madrid, 9-12 julio 1962) se trataron las relaciones de la HOAC y la JOC con obispos y párrocos y la actuación apostólica de la HOAC y de la JOC. Vid. *Actas de las conferencias de metropolitanos españoles (1921-1965)*, Ed. V. Cárcel Ortí, BAC, 1994.

8 Solamente en ese año encontramos al menos cuatro editoriales dedicados al tema social:

- "Conflictos laborales" (12 de mayo de 1962) sobre las huelgas mineras de la segunda quincena del mes de abril de 1962.

- "Más conciencia social" (28 de julio de 1962).

- "Elevación del campo español" (22 de septiembre de 1962), tema de la XXI Semana Social de España que acababa de terminar en Valencia.

- "Sin descuidar lo social" (17 de noviembre de 1962).

el tema, en alguna de las cuales se habla del “problema urgente y sangrante de la evangelización del mundo obrero español”⁹. La jerarquía pide incluso a la Acción Católica “como quehacer urgente y de mayor importancia, un esfuerzo bien conjuntado, tendente a elevar la conciencia social de nuestro pueblo”. Son también muchos los artículos publicados en esos años por sacerdotes y seglares ligados a los movimientos apostólicos¹⁰.

El documento del que vamos a hablar hay que situarlo dentro de un contexto preciso en una Iglesia que había entrado hacía poco tiempo en una nueva época con Juan XXIII. Faltaban solamente unos meses para que se inaugurase el Concilio Vaticano II y sus nuevos aires ya se hacían notar en el ambiente. En España bastantes de estas novedades ya eran conocidas por los teólogos más jóvenes, aunque poco o casi nada por el episcopado¹¹. Aunque aquí habría que introducir un matiz. Si todos coinciden en que las nuevas corrientes teológicas cogieron a la mayoría del episcopado español en situación de fuera de juego, es muy probable también que este mismo episcopado estuviera más preparado para recibir las innovaciones en el terreno social que las estrictamente teológicas si se nos permite esta distinción¹².

Unos meses antes de que se difundiese este documento aparece la encíclica *Mater et Magistra* (15 de mayo de 1961), uno de los grandes documentos pontificios del siglo XX. La *Mater et Magistra* invita a todos los creyentes a participar en

-
- 9 El 17 de marzo de 1962 *Ecclesia* recoge una pastoral del arzobispo de Sevilla, Bueno Monreal, en la que dice que “tenemos un orden económico radicalmente turbado”. El 3-XI-1962 esa publicación recoge unas declaraciones de este mismo prelado en las que asegura que “la jerarquía eclesiástica española ha sentido siempre viva preocupación por los problemas sociales que están inseparablemente conexos con la vida religiosa y moral de nuestro pueblo”.
- 10 En este mismo año 1962 aparecen en *Ecclesia* un buen número de artículos dedicados al tema. Sirvan como ejemplo:
- Carmen Enríquez de Salamanca (vocal del Consejo Superior de las Mujeres de Acción Católica), “Proyección social de la Acción Católica” (2 de junio de 1962)
 - R. Torrella y G. Vázquez Seijas (consiliarios nacionales de la JOC y JOCF) “Vida sacerdotal y evangelización de la juventud trabajadora” (8 de septiembre de 1962). En el artículo hablan sobre la VIII reunión nacional de consiliarios de JOC y JOCF y del “gran discurso de clausura {de Tarancón}, en el que anunció a los asistentes la trascendental creación de la Comisión Episcopal de Apostolado Social, a través de la cual la Iglesia quiere ser respuesta al problema urgente y sangrante de la evangelización del mundo obrero español”.
 - Ángel Vegas, “La elevación del campo español, antídoto de los desplazamientos masivos. En torno a la XXI semana social” (8 de septiembre de 1962)
- 11 En otro lugar señalamos que, al menos en lo que a la publicística se refiere, las nuevas corrientes doctrinales que adquieren carta de naturaleza en el Vaticano II ya eran conocidas en España bastante antes de que comenzara el mismo concilio. Véase Mínguez Goyanes, José Luis (2005): “En torno al nacimiento de *Compostellanum*”, *Compostellanum*, vol. I, pp. 83-128.
- 12 Cuenca Toribio ha señalado que “la jerarquía hispana, muy instalada en los planteamientos del Papa Pacelli, tardó en integrarse en la coyuntura innovadora traída por Juan XXIII al catolicismo” y “sus escritos y discursos prueban hasta la saciedad esta asintonía”. Véase Cuenca Toribio, José Manuel (1989): *Relaciones Iglesia-Estado en la España contemporánea*, Madrid, Editorial Alhambra, pp. 143-144. Es muy sugerente la idea de este autor de que el régimen de Franco alentó un “galicanismo soterrado” ante esta coyuntura renovadora dentro de la Iglesia.

los problemas sociales basándose en la doctrina social de la Iglesia. Esa doctrina social había nacido como respuesta a la denominada "cuestión obrera" y como alternativa al capitalismo liberal y al marxismo. En sus primeros momentos la doctrina social de la Iglesia se caracterizará por la condena del capitalismo y del comunismo; así desde León XIII y los papas que le sucedieron. Con Juan XXIII varía el tono y aunque no oculta su distancia con esas ideologías, afirma su propia postura sin subrayar lo que le separa de ellas. El mismo concilio Vaticano II denuncia al capitalismo y al comunismo sin nombrarlos, aunque reduciendo las distancias¹³.

El 11 de abril de 1963 Juan XXIII da a conocer la encíclica *Pacem in terris*, otro de los grandes documentos pontificios del siglo XX, que aparece meses después de iniciado el concilio. Pío XII había privilegiado la opción de la "unidad política de los católicos", aunque no dio a tal orientación un carácter doctrinal. Juan XXIII anima a la participación de los católicos en la vida pública al lado de los que estaban distantes de sus postulados. La encíclica aporta una gran novedad, que en el momento de su aparición tuvo una enorme resonancia. Se trata según dice un autor de la aceptación de la posibilidad de la colaboración con los no creyentes en el terreno de lo temporal. Desde un punto de vista teórico esta perspectiva de Juan XXIII suponía un paso decisivo para aceptar el principio de la laicidad de la política, esto es, el reconocimiento de un espacio propio de lo socio-político en cuanto que su finalidad es la búsqueda de soluciones a los problemas de las comunidades humanas a partir de los saberes y las técnicas disponibles¹⁴.

Pero volvamos al documento objeto de este trabajo. ¿Cuáles son sus ejes? ¿A quién va dirigido? Empecemos por esta última cuestión. Los obispos distinguen tres tipos de público. Por un lado una minoría que está constituida por los obreros católicos —algunos de ellos militantes en movimientos apostólicos— y los obreros más ideologizados desde un punto de vista político, sobre todo comunistas o, genéricamente, "marxistas". Por otro lado una amplia mayoría de obreros, sobre todo de la industria, que no estaban ligados a ningún partido político ni tenían especiales vínculos con la Iglesia. Es a esa mayoría a la que se dirige el grueso del documento.

Se ha señalado que el periodo que va de 1962 a 1966 marca la culminación del movimiento obrero cristiano¹⁵. Es el periodo también del llamado "compro-

13 Sanz de Diego, Rafael M.ª (1993): "Periodización de la doctrina social de la Iglesia. Contexto histórico de sus principales documentos", en A. Cuadrón, *Manual de doctrina social de la Iglesia*, Madrid, BAC, p. 36. Del mismo autor véase también el cap. "La evolución de la doctrina social de la Iglesia", p. 132.

14 Nasarre, Eugenio (1993): "El compromiso político del cristiano", en Cuadrón A.: *Manual de doctrina social de la Iglesia*, Madrid, BAC, pp. 750, 752.

Por razóns biográficas e polas súas tarefas académicas, o profesor Barreiro tense preocupado entre outras cuestións, e dende diversas propostas, pola análise das complexas relacións existentes entre a relixión, a modernización e o proceso de secularización na Galicia contemporánea. O seu traballo pode servir para o achegamento a esta transcendental temática, que aínda ten unha bibliografía moi limitada no noso país, en clara contraposición coa súa destacada relevancia histórica¹. A falacia de que a relixión é un fenómeno do que só deben ocuparse os relixiosos foi alimentada simultaneamente polas institucións eclesiásticas católicas, obsesionadas polo monopolio deste aspecto das sociedades, e polo mundo

¹ Véxase Rodríguez Lago, José Ramón (2004): "Del rincón del olvido al protagonismo indiscutible en la historia contemporánea: el factor religioso en la historiografía actual", en *III Congreso Internacional de Historia a Debate*, Santiago de Compostela; Díez de Velasco, Francisco (1995a): "La Historia de las Religiones en

académico, envolto no mito teleolóxico que profetizaba o final do fenómeno relixioso na cultura moderna. Un produto máis do peso no noso país do binomio dialéctico clericalismo-anticlericalismo, que impediu en moitas ocasións o diálogo sereno, e un verdadeiro proceso de secularización baseado no discurso racional e no coñecemento científico. Sen deternos máis nesta cuestión, estas actitudes vense superadas por novas propostas que aluden á urxente necesidade de abordar con profundidade, igual que o fan outras historiografías², a análise das complexas relacións entre relixión, modernización e secularización na Galicia contemporánea³.

O peso do factor relixioso no noso pasado máis recente reflíctese aínda hoxe nas iconas institucionais ou populares da nosa comunidade. Nun mundo onde o poder icónico resulta cada vez máis hexemónico deberíamos afondar na análise da transcendencia histórica desa simboloxía relixiosa que aínda hoxe persiste entre nós. Por outra parte, as institucións eclesiásticas seguen a ostentar en Galicia un gran poder material. A súa presenza en todas as parroquias galegas, incluso naquelas hoxe despoboadas, e o peso do seu sobresaínte patrimonio inmobiliario esixen dunha análise científica do seu relevante papel. A relixiosidade popular segue a influenciar nas tradicións, imaxinarios e mentalidades dunha boa parte da poboación galega, nas súas actitudes fronte á vida, a morte, o traballo ou a propiedade⁴.

España: avatares de una disciplina", *Ilu. Revista de Ciencias de las Religiones*, 0, pp. 51-62; Díez de Velasco, Francisco (1995b): *Hombres, ritos, Dioses. Introducción a la Historia de las Religiones*, Madrid, Trotta; Díez de Velasco, Francisco (1993): "La religiosidad integrista y la religiosidad ilustrada en el proceso de modernización de España" en Díaz-Salazar, Rafael e Giner, Salvador (eds.): *Religión y sociedad en España*, Madrid, Centro de Investigaciones Sociológicas, pp. 333-374; Díez de Velasco, Francisco (2002): *Miedo y religión*, Madrid, Ediciones del Orto; Díez de Velasco, Francisco (2002): *El estudio de la religión*, Madrid, Trotta, EIR vol. 1; Gómez Caffarena, José (1995): "¿Por qué no una Facultad Universitaria de "Ciencias de las Religiones"?", *Razón y Fe*, 232; Montero, Santiago (1990): "La historia de las religiones ante la reforma de la enseñanza universitaria", en *Actas del simposio sobre Didáctica de las Humanidades Clásicas ante la reforma de la enseñanza*, Madrid, Ediciones Clásicas, pp. 133-140.

- 2 Véxase Casanova, José V. (2000): *Religiones públicas en el mundo moderno*, Madrid, PPC; Arnstrong, Karen (2004): *Los orígenes del fundamentalismo en el judaísmo, el cristianismo y el islam. La intolerancia religiosa frente al progreso*, Barcelona, Tusquets; Gauchet, Marcel (2005): *El desencantamiento del mundo. Una historia política de la religión*, Madrid, Trotta; Burleigh, Michael, (2005): "Poder terrenal. Religión y política en Europa. De la revolución francesa a la primera guerra mundial", Madrid, Taurus; Burleigh, Michael (2006): "Causas sagradas. religión y política en Europa. De la primera guerra mundial al terrorismo islamista", Madrid, Taurus; Kepel, Gilles (2006): *Las políticas de Dios*, Barcelona, Belacqva.
- 3 Como referentes nos próximos anos saíran á luz as conclusións de dous ambiciosos proxectos de investigación desenvolvidos nesta perspectiva baixo a dirección dos profesores Feliciano Montero García ("Los católicos en la España de la II República", Universidade de Alcalá de Henares), e Antonio Matos Ferreira ("Os católicos e a política no Portugal do século XX", Universidade Católica de Lisboa) nos que novos historiadores comparten as súas inquedanzas con autores clásicos desta temática de Italia e Francia.
- 4 Véxase Torres Queiruga, Andrés (1970): *A parroquia hoxe*, Vigo, Editorial Galaxia; Fariña Jamardo, Xosé (1976): *A personalidade da parroquia galega: o home e a sociedade*, Santiago de Compostela, Sept; Fariña

O proceso de modernización, aínda moi recente se o xulgamos no medio prazo, produciu o encontro do mundo tradicional, caracterizado polo binomio de clericalismo e anticlericalismo, coas novas ideas e mentalidades asociadas á modernidade: novas confesións, pluralidade de igrexas, ateísmo, relixións persoais... A Galicia actual e a Galicia futura necesitan comprender mellor o seu pasado, para enfrontárense ós retos do futuro. A relación entre relixión, modernización e secularización será un factor determinante nese proceso de autoidentificación e aprendizaxe colectiva.

1. Vellas fontes, novos paradigmas

Este artigo presenta unha proposta metodolóxica para abordar os retos presentes na nosa historiografía. O traballo desenvolvido ata agora por aqueles aventureiros que afondamos nesta temática, ademais de ser escaso, rexistra varias carencias importantes.

1º. Atopamos traballos moi xerais que escasamente poden achegar novidades aínda que, dende as diversas ciencias sociais, teñan o mérito de clarexar o campo de traballo, ou adiantar hipóteses para futuras pescudas⁵.

2º. Temos algúns estudos biográficos de persoeiros relacionados coa cuestión relixiosa que serven máis ben para exaltar as supostas virtudes dos narrados⁶;

Jamardo, Xosé (1981): *La parroquia rural en Galicia*, Madrid, Instituto de Estudios de Administración Local; Mandiánes Castro, Manuel (1984): "Loureses. Antropoloxía dunha parroquia galega", Vigo, Editorial Galaxia; González Cougil, Ramiro (1987): "Religiosidad gallega y liturgia de la Iglesia, el espacio sagrado gallego: del análisis a la panorámica de los datos", *Boletín Auriense*, 17, pp. 293-335; Gondar Portasany, Marcial (1993): "Relixión popular, romarías e mendigos en Galicia. Unha cata antropolóxica", en Vázquez Varela, José Manuel e outros: *O feito relixioso na historia de Galicia*, Santiago de Compostela, Asociación Galega de Historiadores, pp. 139-174; Pintos, Juan Luis (1993): "El imaginario social de la religión. Perspectiva desde Galicia", en Vázquez Varela, José Manuel e outros: *O feito relixioso na historia de Galicia*, Santiago de Compostela, Asociación Galega de Historiadores, pp. 175-199; Cardesín Díaz, José María (1993): "La religión como teoría organizadora de la experiencia de vida del campesinado", en Vázquez Varela, José Manuel e outros: *O feito relixioso na historia de Galicia*, Santiago de Compostela, Asociación Galega de Historiadores, pp. 201-224; Cardesín Díaz, José María (1996): "Religión y vida cotidiana en la parroquia rural", en García Quintela (coord.): *Las religiones en la historia de Galicia*, A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións, pp. 615-639; Bande Rodríguez, Enrique (1997): "Religiosidad, creencias y prácticas vitales del campesinado gallego", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 109, pp. 301-325.

5 Véxase Peteiro, Antón (1974): "La Iglesia en Galicia, el ayer y el hoy", *Estudios compostelanos*, 2; García Oro, José, Regal Ledo, Manuel e López Rivas, Arximiro (1994): *Historia da Igrexa Galega*, Vigo, Sociedade de Estudos, publicacións e traballos; Carballo, Francisco (1995): *A Igrexa galega*, Vigo, A Nosa Terra; García Oro, José (coord.) (2002): *Historia de las diócesis españolas*, Madrid, BAC.

6 Véxase Bernal López, Diego (1993): *Quiroga Palacios*, Santiago de Compostela, Dirección Xeral de Cultura; Gil Atrio, Cesáreo (1993): *Don Fernando Quiroga. El Cardenal de Galicia*, Madrid, Atenas; Minguez Goyanes de la Rica, José Luis (2000): *Quiroga Palacios no seu tempo*, Santiago de Compostela, Consorcio de Santiago; Sotelo Blanco, Augustinovich, Agustín (1988): *Un cura. Evangelio viviente. Don Baltasar Pardal*, Caracas; Seoane Faraldo, Teresa (1996): *Una vida de fe y confianza. Baltasar Pardal Vidal*, A Coruña, Deputación Provincial da Coruña; López Calvo, J. A. (1997): "Baltasar Pardal y la organización catequística compostelana", *Compostellanum*, 42, pp. 227-263; Blanco Ons, José M.ª (1991): *Luis de Trelles y Noguerol (1919-1891). Abogado, periodista, político, fundador de la Adoración Nocturna Española*, Santiago de Compostela, ANE; Puy,

porén están lonxe de acadar un alto valor para a historiografía, pois en moitos casos semellan relatos haxiográficos que non afondan na relación destes protagonistas cos tempos históricos onde lles tocou vivir. Unha dificultade engadida á escasa presenza na nosa historiografía da análise dos notables e das familias máis prominentes da fidalguía ou da burguesía⁷ e das súas relacións co factor relixioso.

3º. Os relatos autobiográficos son desgraciadamente moi escasos, porén en ocasións supoñen unha fonte primaria de gran valor para o historiador, pois fan alusións que moi dificilmente poderán ser extraídas das testemuñas materiais ou escritas⁸. As fontes orais teñen aínda un campo de traballo virxe para pescudar nas relacións entre modernidade e relixiosidade.

4º. A meirande parte dos traballos historiográficos céntrase basicamente na análise da relación ente as elites das institucións eclesiásticas e as elites das organizacións estatais. Así, as declaracións públicas, as accións e as normativas dos bispos⁹, e a lexislación dos gobernos estatais, convértense no centro da investigación.

Francisco (2001): *Luis de Trelles o el compromiso con los marginados*, Santiago de Compostela, Fundación Alfredo Brañas; Piñeiro Ares, José (1986): *Semblanza biográfica de Faustino Rey Romero*, Pontevedra: Gráficas Pontecedra; Piñeiro Ares, José (1989): *La muerte del poeta Faustino Rey Romero*, Pontevedra, Imprentas Reunidas de Galicia; Santos Suárez, Xesús (1987): "Faustino Rey Romero: obra poética e filosófica", *Encrucillada*, 52, pp. 65-70; Rodríguez Fraiz, Antonio (1972): *Dr. Fernando García Leiro. Obrero, sacerdote y maestro (1866-1936)*, Pontevedra, Imp. Hogar Provincial; Yáñez Neira, Damián María (1981): "Un cura rural digno de eterna memoria", *Abrente*, 1981; Rodríguez Losada, Concepción (1988): *Francisco Blanco Nájera: Obispo de Orense y fundador de las RR. Misioneras del Divino Maestro*, Granada; Fernández Otero, José Carlos (1990): *D. Jesús y la parroquia del Puente*, Ourense, La Región; López Valcarcel, Amador (1998): *La Milagrosa de Lugo y D. José Fernández Nuñez. La Parroquia y su fundador*, *Lucensia*, 16, pp. 111-123; García Cortés, Carlos (1998): *José Sardina Muños (1898-1988). La persona y la época. El sacerdote y su obra*, A Coruña, Hogar de Santa Margarita; Blanco Torrado, Alfonso (1999): "A volta de Xosé Crecente Vega, o crego poeta", *Encrucillada*, 113, pp. 229-245; Pérez López, Segundo Leonardo (2001): *Gabriel Vázquez Seijas. Memoria de vida*, Ferrol, Fundación Gabriel Vázquez Seijas; Russo, George (2001): *O Señor Abade do Ermo. A vida e a época do bispo Salvado*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega [presentación, Francisco Díaz-Fierros Viqueira; tradución Concepción Díaz-Fierros Tabernero] [Orixinal de 1980, Melbourne].

- 7 Véxase Veiga Alonso, Xosé Ramón (1999): *O conde de Pallares e o seu tempo, 1828-1908: Política, ferrocarrís e agrarismo*, Santiago de Compostela; Carmona Badía, Xan (coord.) (2006): *Empresarios de Galicia*, A Coruña, Fundación Caixa Galicia; Thomas, Hugh (2007): *Barreiros: el motor de España*, Barcelona, Planeta.
- 8 Véxase Taboada Lago, José María (1975): *Por una España mejor*, Madrid, Edit. García del Toro; Guerra Campos, José (1989): "Crisis y conflicto en la ACE y otros órganos nacionales de apostolado seglar desde 1964", Documentos, Madrid, Ediciones ADUE; Araújo Iglesias, Miguel Anxo (1990): *Escritos Pastorais*, A Coruña; Alvares Moure, Xosé (1992): *Memorial de agravios*, Vigo, Editorial Galaxia; Araújo Iglesias Miguel Anxo (1993): *Memoria de vida*, Vigo, Ir Indo; Gómez Fernández, Francisco (1996): *50 años de desarrollo social en Galicia*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de La Maza; Prol Blanco, Santiago e Carballa Alonso, Xan (2002): *Conversas con Francisco Carballa*, Vigo, A Nosa Terra; López Muñoz, Daniel (2002): *Conversa con Xosé Chao Rego: deude a Serra de Meira á Guarda mareira*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia; Chao Rego, Xosé (2004): *O demo meridiano: Lembranzas dun transgresor*, Vigo, Editorial Galaxia.
- 9 Véxase Barreiro Fernández, Xosé Ramón (1972): "El ideario político-religioso de Rafael Vélaz, obispo de Ceuta y arzobispo de Santiago (1777-1850)", *Hispania Sacra*, pp. 75-107; Barreiro Fernández, Xosé Ramón (1972): "El Pontificado del cardenal García Cuesta (1852-1873)", *Compostellanum*, 17, pp. 189-260; García Cortés, Carlos (1982): "El arzobispo compostelano Fray Rafael de Vélaz (1777-1850)", *Hispania Sacra*, 34, pp. 355-387; García Cortés, Carlos (1986): "El cardenal García Cuesta, Arzobispo de Santiago (1808-1873).

Porén, o estudo dunha organización tan complexa e de tan longo percorrido na historia como a Igrexa católica esixe ter en conta diversos aspectos que actúan á súa vez sempre relacionados, nos ámbitos locais, estatais, e tamén internacionais. As autoridades eclesiásticas de cada Estado e de cada diocese xogaron un papel destacado, pero tamén as cada vez máis decisivas intervencións da curia vaticana, que acrecentou o seu poder progresivamente na idade contemporánea, e o papel desenvolvido polos diversos párrocos e os segreses máis notables de cada localidade, que durante moito tempo dispuxeron dun gran poder discrecional. Só o estudo das fontes dos arquivos parroquiais e municipais, mais a análise pormenorizada da prensa local permitirán achegarnos á realidade máis cotiá do papel do relixioso na Galicia contemporánea.

5º. A análise das distintas corporacións inmersas na estrutura eclesiástica deu pulo ata agora ó estudo do clero secular, maioritariamente rural¹⁰, esquecendo

Fuentes para su estudio ideológico", *Compostellanum*, 31, pp. 203-257; García Cortés, Carlos (1987): "Documentación colectiva del episcopado gallego en el S.XIX", *Estudios Mindonienses*, 3, pp. 211-263; García Cortés, Carlos (1988): "Documentación colectiva del episcopado gallego en el S. XX", *Estudios Mindonienses*, 4, pp. 507-555; García Cortés, Carlos (1989): "El pontificado compostelano del cardenal Martín de Herrera (1835-1922). Fuentes para su estudio ideológico y pastoral", *Compostellanum*, 34, pp. 479-570; García Cortés, Carlos (1999): "Andrés Aguiar Caamaño (1728-1815), Obispo de Mondoñedo", *Estudios Mindonienses*, 15, pp. 637-682; Araújo Iglesias, Miguel Anxo (1996): "Aportacións de Monseñor Xacinto Argaya Goicoechea, Bispo de Mondoñedo-Ferrol (1957-1968) á comisión antepreparatoria do Concilio Vaticano II", *Estudios Mindonienses*, 12, pp. 595-601; Araújo Iglesias, Miguel Anxo (1996): *Os Bispos de Galicia e o concilio Vaticano II*, A Coruña, Fundación Caixa Galicia; Cebrián Franco, Xoán Xosé (1997): *Obispos de Íria Flavia y Arzobispos de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela, Instituto Teolóxico Compostelano: Agencia Gráfica.

- 10 Véxase Barreiro Fernández, Xosé Ramón (1968): "La reforma estructural de la microparroquia rural en Galicia. Presupuestos sociológicos", *Compostellanum*, 13, pp. 127-159; Barreiro Fernández, Xosé Ramón (1969): "La estabilidad de los párrocos. Estudio histórico-jurídico", *Compostellanum*, 14, pp. 5-72; Barreiro Fernández, Xosé Ramón (1996): "Los hombres del altar. Aproximación al clero secular como grupo social", en *Las religiones en la Historia de Galicia*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, pp. 181-232; Barreiro Fernández, Xosé Ramón (1999): "Reflexión histórica sobre o marco ideolóxico e as estratexias da Igrexa galega no século XIX", en *Galicia fai 2.000 anos. O feito diferencial galego*, Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego, A Editorial da Historia, pp. 301-316; Magariños Sueiro, Alfonso (1972): *Sacerdotes de ayer*, Madrid, Propaganda Popular Católica; Gómez Barros, Xaquín (1975): "O crego na Galicia rural", en *A Galicia rural na encrucillada*, Vigo, Editorial Galaxia; Alonso Pimentel, E. X. e S. (1975): *O Clero na literatura popular galega: cancións e refraneiro*, Madrid; García Cendán, Bernardo (1988): "A Igrexa coma organización", *Encrucillada*, 60, pp. 199-213; Barreiro Mallón, Baudilio (1988): "El clero de la diócesis de Santiago: estructura y comportamientos. S XVI-XIX", *Compostellanum*, 33, pp. 469-507; Barreiro Mallón, Baudilio (1990): "El clero de la diócesis de Santiago a través de las visitas pastorales, visitas ad limina, registros de licencias ministeriales y concursos a curatos", *Compostellanum*, 35, 1990, pp. 489-515; Araújo Iglesias, Miguel Anxo (1989): "O clero rural", *Galicia* 10, 3, pp. 68-71; Molejón Rañón, José (1995): "Clero ordenado entre 1900 y 1995 en la diócesis de Mondoñedo", *Estudios Mindonienses*, 1995, pp. 401-517; Rodríguez Lago, José Ramón (1997): "Sociología y comportamientos políticos del clero parroquial en la Galicia rural (1898-1936). Una propuesta metodológica y su aplicación en los municipios de Cotobade, Cerdedo, Forcarei y A Estrada", en *Poder local, elites e cambio social na Galicia non urbana*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, pp. 287-325.

a importancia decisiva das congregacións do clero regular, e de segrares católicos moi influentes nas crecentes vilas e cidades galegas. Nestes casos sería necesario achegarse ós arquivos propios de cada unha das Congregacións relixiosas, sempre independentes dos arquivos diocesanos; ós antigos locais das asociacións confesionais que poden acochar valiosas fontes; ou ó patrimonio documental dalgúns familias destacadas pola participación en institucións relixiosas.

6º. Ata o momento, as pescudas outorgaron prioridade a análise dos conflitos entre relixión e modernidade, enmarcados xeralmente no enfrontamento clericalismo-anticlericalismo. Desdeñáronse desta maneira os posibles fenómenos de diálogo e cooperación do factor relixioso coa modernización, e a incidencia dos fenómenos e as institucións relixiosas no proceso de secularización. Os polos do binomio clásico analízanse xeralmente como contrapostos e óbviase as relacións existentes entre eles, e os períodos onde estas foron máis evidentes¹¹. Os traballos máis metódicos concéntranse no estudo do período que vai entre a II República e a Ditadura franquista¹²; mentres a primeira metade do século XIX, transcendental para entender este proceso histórico, e a capital etapa da Restauración, seguen orfos dunha análise medianamente sistemática¹³.

-
- 11 Unha tendencia recorrente na historiografía española que está relacionada co noso recente pasado histórico de obsesivo monopolio católico do relixioso. Véxase Hervella García, Gustavo (1999): "Achegamento á mobilización anticlerical na Galicia da II república a través dos xornais, (abril-xuño de 1931)", *Anuario Brigantino*, 22, pp. 207-220; La Parra López, Emilio e Suárez Cortina, Manuel (1998): *El anticlericalismo español contemporáneo*, Madrid, Biblioteca Nueva; Revuelta González, Manuel (1999): *El anticlericalismo español en sus documentos*, Barcelona, Ariel; Salomón Chéliz, M.ª Pilar (2002): *Anticlericalismo en Aragón: protesta popular y movilización política (1900-1939)*, Zaragoza, Premsas Universitarias de Zaragoza; en xullo de 2005 reuníanse os especialistas desta temática en España, Francia, Italia e Portugal nun Seminario organizado pola Universidad de Alcalá de Henares baixo a dirección de Feliciano Montero García, "Clericalismo y anticlericalismo o catolicismo versus secularización en España".
- 12 Véxase Carballo, Francisco e Magariños, Alfonso (1978): *La Iglesia en la Galicia contemporánea. Análisis histórico y teológico del período 1931-36. II República*, Madrid, Akal Editor; Rodríguez Lago, José Ramón (2004): *La Iglesia en la Galicia del franquismo (1936-1965): clero secular, Acción Católica y nacional-catolicismo*, Sada, Edicións do Castro.
- 13 Véxase Palomares Ibáñez, Jesús M.ª (1981): "La política española. Su reflejo en las ofrendas al Apóstol Santiago (1898-1939)", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 32, pp. 217-264; Palomares Ibáñez, Jesús M.ª (1986): "La asistencia social en Galicia a finales del S. XIX: el hospital de Santiago", en *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 327-337; Rodríguez Lago, José Ramón (1995): "Os outros Xacobeos. Anos Santos e Restauración na igrexa compostelá (1875-1898)", *Historia Nova*, III, pp. 205-226; Rodríguez Lago, José Ramón (2000): "La iglesia de la Archidiócesis compostelana", en *En torno al 98, España en el tránsito del siglo XIX al XX. Actas del IV Congreso de la Asociación de Historia contemporánea*, Huelva, Univesidad de Huelva, Servicio de Publicaciones, Tomo II, pp. 79-92; Presas Barrosa, Concepción (1999): "De García Cuesta a Guisasaola Rodríguez (1862-1888): el BOAS", Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago; Presas Barrosa, Concepción (2000): "Martín de Herrera (1889-1922): el BOAS", Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago.

2. O factor relixioso e a modernización económica en Galicia

En 1968 publicouse en Santiago de Compostela o libro *El trabajo manual del clero* que axiña motivou a polémica e a controversia entre as autoridades eclesiásticas. A obra, asinada por varios prestixiosos cregos da arquidiocese, entre os que se atopaba o mozo Barreiro Fernández reflicte unha nova visión do valor do traballo produtivo, propoñendo ademais un novo modelo de relación entre o sacerdocio e a sociedade¹⁴.

A relación entre o factor relixioso e o proceso de modernización industrial e tecnolóxica inserido nos patróns do modelo capitalista é transcendental na obra de autores clásicos como Weber, un dos pioneiros no estudo da complexa asociación entre ideas económicas e mentalidades relixiosas¹⁵. Porén, ata o momento, a historiografía española carece dun estudo serio da interrelación entre ambas as cuestións, sen dúbida chave para entender a incorporación do paradigma capitalista na nosa sociedade¹⁶.

A posición de privilexio legal que en España a institución eclesiástica ocupaba no Antigo Réxime, e a súa plena alianza coa monarquía absoluta outorgáballe a capacidade de ter importantes fontes de autofinanciamento a través do seu amplo patrimonio inmobiliario, e as cargas fiscais impostas sobre os habitantes do Reino¹⁷. Esta posición de privilexio foi quebrada na idade contemporánea polos iniciais proxectos do Estado liberal de nacionalizar o clero, e monopolizar a xurisdición fiscal. Desa maneira o Estado, mentres lle restaba á institución eclesiástica a capacidade de ter fontes propias de financiamento, decidía asumir ó mesmo tempo o seu financiamento. Esta realidade, rexeitada en principio polas autoridades eclesiásticas, opostas ás desamortizacións¹⁸, consolidárase definitivamente tralo

14 Véxase Silva Costoya, Rafael, Barreiro Fernández, Xosé Ramón, e Cebrián Franco, Juan José (1968): *El trabajo manual del clero*, Santiago de Compostela, Porto y Cía.

15 Véxase Weber, Max (1988): *La ética protestante y el espíritu del capitalismo*, Barcelona, Península.

16 Véxase Botti, Alfonso (1992): *Cielo y dinero. El nacional-catolicismo en España (1881-1975)*, Madrid, Alianza. A súa obra ofrece pistas moi interesantes nas que merecería a pena aprofundar.

17 Véxase Villares Paz, Ramón (1982): *Foros, frades e fidalgos: estudos de historia social de Galicia*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia; Villares Paz, Ramón (1987): "El patrimonio de la Iglesia a finales del Antiguo Régimen: naturaleza de los bienes desamortizados en la provincia de Lugo", en *Jubilato. Homenaje de la Facultad de Geografía e Historia a los profesores Manuel Lucas Álvarez y Angel Rodríguez González*, Santiago de Compostela, Univeridade de Santiago de Compostela, vol. I, pp. 391-407; Rey Castelao, Ofelia (1991): "La crisis de la economía de las instituciones eclesiásticas de Galicia", en Saavedra, Pegerto e Villares Paz, Ramón (eds.): *Señores y Campesinos en la Península Ibérica, S.XVIII-XX*, Barcelona: Crítica, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

18 Véxase Villares Paz, Ramón (1981): "La economía del clero regular gallego ante la desamortización", *Cuaderno de estudios Gallegos*, 32; Villares Paz, Ramón (1986): "La desamortización de bienes del clero regular en la provincia de Lugo (1837-1851): su influencia en la transformación de la propiedad territorial", en *Desamortización y Hacienda Pública*, Madrid, Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación: Secretaría General Técnica, Ministerio de Economía y Hacienda: Instituto de Estudios Fiscales; Martínez Domínguez, Blanca (1987): "Estudio de la desamortización eclesiástica durante el trienio liberal na provincia de Lugo

Concordato de 1851, e perduraría en diferentes graos e con diversos modelos, pero sen excepcións, ata hoxe mesmo.

Non obstante, as institucións eclesiásticas xeraron tamén ó mesmo tempo toda unha serie de fórmulas de financiamento máis propias do mercado capitalista, entre as que se atopan a explotación do patrimonio inmobiliario, a prestación de diversos servizos, o desenvolvemento de actividades empresariais, a colaboración voluntaria do militante, ou os investimentos bancarios¹⁹. Cando nos achegamos a esta cuestión salientamos que eran estas fontes financeiras, máis opacas para o Estado e para o investigador, as que supuñan e supoñen unha maior renda para as institucións eclesiásticas. Ademais, a meirande parte das congregacións relixiosas, que non estaban amparadas polo financiamento do Estado víronse obrigadas dende os seus inicios a depender exclusivamente das súas propias canles de ingresos, inseridas na dinámica da oferta e da demanda do mercado capitalista.

Se o estudo da polémica ó redor do financiamento estatal ocupou algún traballo²⁰, a análise do resto das alternativas máis propias da modernidade está totalmente ausente da nosa historiografía e esixe con urxencia un achegamento a esta temática. Non temos tampouco un estudo medianamente válido do discurso das institucións relixiosas respecto ós novos valores do capitalismo como o traballo, a propiedade, ou a riqueza, dos que semellaba existir un concepto pexorativo no Antigo Réxime, ata que foron asumidos case como sagrados trala publicación da *Rerum Novarum* de León XIII en 1891. Neste mesmo ámbito, a diminución dos esforzos eclesiásticos investidos na formación dun clero monástico, non estará relacionado só coas medidas legais impostas polo Estado liberal para a súa desaparición progresiva, senón tamén coa posición asumida polos católicos respecto da necesidade e da valoración dunhas corporacións eclesiásticas non produtivas²¹.

3. O factor relixioso e a modernización cultural de Galicia

Nacer nunha parroquia rural trala guerra civil limitaba extraordinariamente as posibilidades de formación académica e ascenso social. Nunha gran parte das

(1820-1823)"; Lugo, Deputación Provincial de Lugo; Artiaga Rego, Aurora (1990) "A resistencia do clero pontevedrés á desamortización de Madoz", *Pontevedra: Revista de Estudos Provinciales*, 6, pp. 135-146; Vallejo Pousada, Rafael (1993): "A desamortización de Mendizabal na provincia de Pontevedra, 1836-1844", Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra.

19 Para o estudo desta temática é imprescindible consultar as obras de Pollard, John F. (2007): *El Vaticano y sus banqueros: las finanzas del Papado moderno (1850-1950)*, Barcelona, Melusina; e Felisini, Daniela (1991): *Le finanze pontificie e i Rothschild*, Napoles, Edizioni scientifiche italiane.

20 Véxase Presas Barrosa, Concepción (1993): "Sobre el nuevo marco de sustentación del clero católico en España", *Dereito. Revista Xurídica da Universidade de Santiago de Compostela*, 1, pp. 197-208; Presas Barrosa, Concepción (1997): "El clero de la Iglesia católica en España Hoy. Dotación, asignación tributaria, ¿autofinanciación?", *Dereito. Revista Xurídica de la Universidad de Santiago de Compostela*, 6, pp. 157-171.

21 Véxase Colombás, García M. (1980): *Las señoras de San Payo: historia de las monjas benedictinas de San Payo de Antequares*, Santiago de Compostela, Caja de Ahorros de Galicia.

parroquias galegas, as institucións eclesiásticas convertéronse na mellor e máis accesible plataforma á formación urbana e á incorporación das elites culturais do noso país. O profesor Barreiro Fernández, nacido no 1936 nunha parroquia de Santa Uxia de Ribeira é un exemplo paradigmático de toda unha xeración de brillantes intelectuais que recibiron a súa formación inicial nas institucións eclesiásticas, dende as que acadaron adoptar primeiro, e proxectar logo, as ideas da modernidade; un labor no que hoxe contribúe como Presidente da Real Academia Galega, pero que desenvolve dende hai moitos anos en diversas institucións como o Instituto de Estudos Xacobeos, o Instituto de Estudos Galegos P. Sarmiento, o Instituto José Cornide, o Padroado Rosalía de Castro, e o Consello da Cultura Galega.

Sen dúbida, o papel das institucións católicas no ámbito da educación é a cuestión relacionada co factor relixioso que motivou máis historiografía, pero aínda hoxe é moi insuficiente, e hai moitos capítulos clave que se manteñen incólumes. O sobresaínte papel dos Seminarios do clero secular para, non só a formación do clero, senón tamén a promoción dunha boa parte das familias da sociedade rural foi máis estudado²²; pero carecemos dunha análise sobre o decisivo papel exercido entre as clases medias urbanas polos numerosos e influentes colexios das Congregacións relixiosas, masculinas e femininas²³. É unha mágoa que ata o

- 22 Véxase Magariños Sueiro, Alfonso (1977): "Seminarios galegos: unha institución clerical en quebra", *Encrucillada*, 4; Rodríguez Martínez, M. (1978): "El Seminario de Santiago entre 1829 y 1868. Notas para el estudio del clero gallego decimonónico", Tese de Licenciatura dirixida por J. M.ª Ibáñez Palomares, Universidade de Santiago de Compostela; García Cortés, Carlos (1979): "O centro universitario de estudos eclesiásticos de Galicia. Análise histórica e perspectiva de futuro", *Encrucillada*, 14, pp. 3-20; García Cortés, Carlos (1981): "El Seminario conciliar de Santiago", *Compostellanum*, 26, pp. 197-263; García Cortés, Carlos (1982): "El profesorado del seminario conciliar de Santiago y su labor científico-docente en la etapa universitaria (1876-1932)", *Compostellanum*, pp. 217-284; García Cortés, Carlos (1986): "Eclesiásticos mindonienses graduados en el Seminario Central y la Universidad", *Estudios Mindonienses*, 2, pp. 259-307; García Cortés, Carlos (1991): "Obispos de Galicia procedentes del Seminario compostelano", *Estudios Mindonienses*, 7, pp. 589-657; García Cortés, Carlos (1995): "Obispos de Mondoñedo en la Universidad de Santiago", *Estudios Mindonienses*, 11, pp. 131-178; García Cortés, Carlos (1996): "Obispos procedentes de la Universidad Compostelana con ocasión de su V centenario", *Compostellanum*, 41, pp. 179-213; Fraga Vázquez, Gonzalo (1989): *El Seminario diocesano de Lugo*, Lugo, Fundación Caixa Galicia; Fraga Vázquez, Gonzalo (1990): "El nuevo Seminario cumple un siglo", *Lucensia*, 1, pp. 11-18; López Rivas, Arximiro (1991): "Teoloxía e Seminarios para Galicia, hoxe", *Encrucillada*, 74, pp. 27-36; Fernández López, Gerardo (1993): "Cien cursos académicos del Seminario de Lugo", *Lucensia*, 6, pp. 155-193; Fernández López, Gerardo (1993): "Cien años de Seminario", *Lucensia*, 7, pp. 149-195; Rodríguez Lago, José Ramón (1995): *Los Seminarios Diocesanos de Galicia durante el franquismo*, Tese de Licenciatura dirixida por Xosé Ramón Barreiro Fernández, Universidade de Santiago de Compostela; Rodríguez Lago, José Ramón (1997): "Bunkers del espíritu. La relación entre el seminarista y el mundo en la España del nacional-catolicismo", *III Congreso Asociación de Historia Contemporánea*, Valladolid. Rodríguez Lago, José Ramón (1996): "Bunkers do espírito. O seminarista e o mundo na Galicia do Nacional-catolicismo", *Historia Nova IV*, pp. 217-239; Bande Rodríguez, Enrique (2003): "El Seminario de Ourense: doscientos años", Ourense, Duen de Bux.
- 23 Véxase Gabriel, Narciso de (1990): *Leer, escribir y contar. Escolarización popular y sociedad en Galicia (1875-1900)*, Sada, Edicións do Castro; Gabriel, Narciso de (1997): "O proceso de alfabetización en Galicia (1860-

momento os traballos sobre o papel das congregacións relixiosas en Galicia sexan tan limitados²⁴; un abandono que é aínda máis grave na cuestión das numerosas fundacións escolares privadas rexentadas por segrares católicos²⁵, ou o estudo doutras iniciativas culturais desenvolvidas polas institucións eclesiásticas²⁶.

4. O factor relixioso e o fenómeno migratorio en Galicia

A fulgurante traxectoria académica no Seminario de Santiago do seminarista Barreiro Fernández permitiríalle nos primeiros anos sesenta estudar no Colexio Pontificio Español de Roma, inserido por aqueles anos no efervescente ambiente do Concilio Vaticano II. En 1963 o novo crego licenciase en Dereito Canónico pola Universidade Gregoriana de Roma, e dous anos máis tarde doutorase na mesma universidade. Nestes anos ten a oportunidade de vivir o Concilio de cerca, unha experiencia que, seguramente, marcará a súa posterior traxectoria eclesiástica. En 1966, ó seu regreso á arquidiocese, o todopoderoso arcebispo compostelán Quiroga Palacios outórgalle a súa confianza e noméao profesor do Seminario, e director da revista *Compostellanum*, punta de lanza intelectual do proxecto dunha futura Universidade eclesiástica compostelá. Para o noso protagonista a experiencia romana, como para moitos outros membros do clero, a experiencia misioneira, provocaría un cambio non só nas súas expectativas, senón tamén na súa maneira de entender e vivir a relixiosidade.

1991)", *Sarmiento*, 1, pp. 11-40; Gabriel, Narciso de (1999): "Escolantes e escolas de ferrado", *Sarmiento*, 3, pp. 93-132; Barreiro Rodríguez, Herminio (1996): *Nacional-catolicismo y educación en la España de la posguerra: notas sobre una antología de textos y un estudio preliminar de A. Mayordomo*, Salamanca, Universidad de Salamanca, pp. 417-432; Barreiro Rodríguez, Herminio (1999): "Notas sobre educación e política na dictadura franquista (1939-1975)", en *Cinguidos por unha arela común: homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*, pp. 1119-1126; Costa Rico, Antón (2004): *Historia da educación e da cultura en Galicia*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.

24 Véxase Rivera Vázquez, Evaristo (1989): *Galicia y los jesuitas. Sus colegios y enseñanza en los S.XVI al XVIII*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza; Vallejo Álvarez, José María (1990): *Pórtico para un centenario. Mercedarios 1890-1990*, Poio, Publicacións do Mosteiro de Poio; Vázquez Janeiro, Isaac (1991): *La Provincia franciscana de Santiago al servicio de la Iglesia y de la Orden*, Santiago de Compostela, Provincia Franciscana de Santiago; García Verdugo, Alberto (1995): *Desde el Arenal al Castro. 100 años de Don Bosco en Vigo (1894-1994)*, Leon, Inspectoría Salesiana de Santiago el Mayor; VV.AA (1998): *Memoria de 125 años: el Colegio Apóstol Santiago y los jesuitas en la diócesis de Vigo*, Vigo; Barreiro Fernández, Xosé Ramón (2000): "Las órdenes religiosas y la enseñanza universitaria", en *Historia de la Universidad de Santiago*, 1, pp. 217-242. O brillante traballo elaborado para a sociedade guipuscoana semella un bo modelo a seguir, pois ofrece hipóteses interesantes e unha canle de achegamento ás fontes. Ostolaza Esnal, Maitane (2000): *Entre religión y modernidad. Los Colegios de las Congregaciones Religiosas en la construcción de la sociedad guipuzcoana contemporánea, 1876-1931*, Bilbao, Universidad del País Vasco, Servizo Editorial.

25 Véxase Cal Freire, M. (1997): "Los hermanos Labaca", *Lumieira*, 12, pp. 419-423.

26 Véxase López Calvo, Jesús Andrés (1997): *La catequesis de Galicia durante el S. XX. Diócesis de Santiago*, A Coruña, Deputación Provincial da Coruña; Serrano Téllez, Nuria (1997): "La creación de los museos eclesiásticos de Galicia", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 109, pp. 243-280.

As experiencias dos emigrantes e dos retornados relacionadas coa relixiosidade supoñen en moitas ocasións a adopción de novas formas de relixiosidade máis sincréticas, cando non revolucionarias, para sociedades dominadas polas institucións relixiosas tradicionais. O estudo da súa evolución é transcendental para a análise do factor relixioso na Galicia contemporánea. En traballos anteriores afirmamos a necesidade de afondar nas complexas e ricas relacións entre o factor relixioso e o fenómeno migratorio²⁷, unha proposta aínda máis urxente no actual contexto europeo de cambio demográfico e encontro entre diversas culturas e relixións²⁸.

5. O factor relixioso e a mobilización social e política en Galicia

Na primavera do 1971 tivo lugar en Galicia unha das máis curiosas mobilizacións de carácter socio-político que puidesen manifestarse no século anterior. Os seus protagonistas eran algúns curas e numerosos mozos dos tradicionais Seminarios diocesanos de Galicia. Entre outros sacerdotes, Barreiro Fernández liderou con tesón a revolta dos seminarios, que en Santiago duraría uns cantos meses, envoltos na polémica e na tensión permanente. Durante a folga xeral, iniciada en marzo, os profesores máis mozos apoiaban os desexos duns seminaristas que esixían a libre elección dos seus representantes ante a xunta rectora do Seminario, e un novo modelo formativo que introducise contidos como o estudo da sexualidade, a economía de Galicia, a lingua galega... O triunfo das teses máis conservadoras lideradas polo novo reitor, Juan Filgueira Fernández, provocaría o abandono de moitos seminaristas e a sanción dos curas aperturistas. Barreiro Fernández abandonaría o sacerdocio pouco tempo despois, tralo pasamento do Cardeal Quiroga, o seu gran mentor. Nos anos posteriores licenciárase en Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela. A súa memoria de licenciatura, *La Ilustración en la Universidad de Santiago de Compostela*, exposta en 1974, amosaba as súas inquedanzas pola relación entre relixión, cultura e ciencia na modernidade. A súa participación na transición da Universidade galega á democracia converteríao en 1985 en vicerreitor da Universidade e primeiro Decano elixido democraticamente.

Mentres que unha boa parte da bibliografía segue a insistir no carácter opiáceo da relixión e as institucións eclesiásticas como sempiternas defensoras das tradicións, este exemplo ilustra ata que punto o factor relixioso serviu tamén

27 Véxase Mínguez-Goyanes de la Rica, José Luis (1997): "Emigración e Xerarquía eclesiástica (1952-1969). Unha aproximación á cuestión", *Estudios Migratorios*, 3, pp. 127-169; Rodríguez Lago, José Ramón (2006): "Migración, relixión y secularización en la Galicia del siglo XX", en *Congreso Internacional, Galicia: éxodos e retornos*, Santiago de Compostela, Arquivo da Emigración Galega, Consello da Cultura Galega.

28 Véxase Tamayo-Acosta, Juan José (2003): *Adiós a la cristiandad. La Iglesia católica española en la democracia*, Barcelona, Ediciones B; Rodríguez Lago, José Ramón (2004): "El factor religioso y las Iglesias en la construcción de la Unión Europea", en *III Congreso Internacional Historia a Debate*, Santiago de Compostela.

en ocasións de aglutinante para a mobilización social e política en pos da modernidade. En toda a idade contemporánea atoparemos numerosas opcións ideolóxicas dentro do mesmo clero: carlismo²⁹, integrismo³⁰, nacional-catolicismo³¹, pero tamén liberalismo³², movementos democráticos³³, e ata o proselitismo obreiro do "Cristo roxo" e do "Xesús primeiro socialista"³⁴.

Máis aló do clero as actividades das asociacións confesionais católicas, a pesar da súa destacada presenza nalgúns períodos da historia de Galicia e de contar con excelentes traballos e modelos propostos por outras historiografías³⁵,

- 29 Véxase Barreiro Fernández, Xosé Ramón (1976): *El carlismo gallego*, Santiago de Compostela, Pico Sacro.
- 30 Véxase Juana López, Jesús de (1994): "Influencia de los clérigos refractarios franceses en el pensamiento reaccionario gallego", *Boletín Auriense*, 24.
- 31 Véxase Chao Rego, Xosé (1976): *La Iglesia en el franquismo*, Madrid, Felmar; Montero Santalla, Xosé M.ª (1978): A Igrexa e o franquismo, *Encrucillada*, 6; Minguéz-Goyanes de la Rica, José Luis (1997): "La Iglesia española y la Ayuda social Americana (1954-1968)", *Hispania Sacra*, pp. 421-461; Rodríguez Lago, José Ramón (2004): *La Iglesia en la Galicia del Franquismo*, Sada, Edicións do Castro, capítulos XIII a XVIII, pp. 329-520; Rodríguez Lago, José Ramón (2004): "Hace cincuenta años. El Año Santo compostelano de 1954. Del nacional-catolicismo a la restauración de una Europa católica", *VII Congreso de la Asociación de Historia Contemporánea*, Santiago de Compostela.
- 32 Véxase Barreiro Fernández, Xosé Ramón (1989): "O Clero liberal galego", *Dársena*, 1, pp. 47-49; Barreiro Fernández, Xosé Ramón (1990): "O clero galego afrancesado", *Encrucillada*, 66, pp. 6-21; Vázquez Vilanova, José Antonio (2001): "El Clero liberal de la diócesis compostelana durante la primera mitad del siglo XIX: análisis e interpretación de un fenómeno peculiar", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 48, pp. 161-180.
- 33 Véxase Chao Rego, Xosé (1972): *As relacións Eirexa-Mundo en Galicia*, Vigo, Sept; Chao Rego, Xosé (1985): "¿Qué pasou na Igrexa?", *Encrucillada*, 45; Torres Queiruga, Andrés (1972): *A crise da conciencia relixiosa no mundo moderno*, Vigo, Sept; Torres Queiruga, Andrés (1985): "O significado histórico do Vaticano II", *Encrucillada*, 45; Pérez Vilariño, Xosé (1973): *Relixión e liberdade*, Santiago de Compostela, Sept; Pérez Vilariño, Xosé (1974): *O factor relixioso na España actual. O cambio socio-relixioso como cambio político na España dos 70*, Santiago de Compostela, Sept; Carballo, Francisco (1977): "Aproximación a historia da Igrexa galega (1939-1975)", *Encrucillada*, 3, pp. 245-262; Ferreiro Currás, Anxo (1979): "Cregos nas eleccións municipais galegas: home e sociedade", *Encrucillada*, 14, pp. 38-53; Mejuto Sexto, Manuel (1990): "O Concilio Pastoral de Galicia a 10 anos vista", *Lumieira*, 13; Araújo Iglesias, Miguel Anxo (1993): "A Igrexa galega despois do Vaticano II", *Congreso AGH*, pp. 119-137; Acuña Garrido, Xesús (1996): "Clero galego e posconcilio", *Encrucillada*, 100, pp. 183-189.
- 34 Véxase García Cendán, Bernardo (1982): "Hai dez anos en Ferrol: unha conversa sobre do compromiso da Igrexa", *Encrucillada*, 27, pp. 45-58; Martínez García, Xosé Antonio (1988): "Igrexa en Galicia: compromiso social e conflitos (1965-1975)", *Revista Instituto José Cornide*, pp. 34-42; Martínez García, Xosé Antonio (1988): "Conflitos Igrexa - Estado na provincia da Coruña, 1965-1975", *Revista Instituto José Cornide*, 24, páxinas 101-115; Martínez García, Xosé Antonio (1989): "Lembranza histórica de cristiáns polo socialismo en Galicia", *Encrucillada*, 61; Martínez García, Xosé Antonio (1991): "Igrexa e deslexitimación política do franquismo en Galicia (1965-1975)", *Seiva*, 4, pp. 43-52; Martínez García, Xosé Antonio (1995): *A Igrexa anti-franquista en Galicia (1964-1975)*, Sada, Edicións do Castro; Espiña Gamallo, Manuel (2000): "Corenta e catro anos de Benposta", *Encrucillada*, 119, pp. 341-355.
- 35 Véxase Mayeur, Jean-Marie (1986): *Catholicisme social et démocratie chrétienne, principes romains, expériences françaises*, Paris, Le Cerf; Mayeur, Jean-Marie (1997): *La question laïque XIXe-XXe siècle*, Paris, Fayard; Rosa, Gabriele de (1979): *Il Movimento cattolico in Italia. Dalla restaurazione all'età giolittiana*, Roma, Laterza; Misner, Paul (1991): *Social Catholicism in Europe: From the Onset of Industrialisation to the first World War*, New York, The Crossroad Publishing Company; Montero García, Feliciano (1993): *Del Movimiento Católico a la Acción Católica*, Madrid.

rexistran ata hoxe estudos moi limitados³⁶; mesmo tendo algúns estudos valiosos sobre o movemento sindical³⁷, ou os partidos políticos³⁸. Resulta moi significativa a ausencia dunha análise medianamente sistemática da moi abundante prensa producida polas organizacións católicas³⁹.

Máis aló do catolicismo, se non queremos só privilexiar a perspectiva ofertada polas autoridades eclesiásticas predominantes, interesadas en agochar as ideas discrepantes; e o discurso dos dirixentes políticos que utilizaban a cuestión relixiosa como eficaz instrumento para o apoio electoral das masas; son fundamentais o papel que neses primeiros alentos da sociedade contemporánea tiveron os primeiros pasos doutras confesións relixiosas, como as dos evanxélicos chegados pola presenza inglesa⁴⁰, as correntes deístas estendidas con profusión entre

- 36 Véxase Cebrián Franco, Xoán Xosé (1977): "Os movementos de apostolado seglar nos últimos anos", *Encrucillada*, 3; Carballo, Francisco (1987): "Os coloquios galegos de cristiáns (1966-1987)", *Encrucillada*, 53, pp. 53-58; Freire Lestón, Xosé V. (1993): "O asociacionismo feminino católico en Santiago no primeiro tercio do século XX (1900-1930)", *Simposio Internacional Muller e cultura*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, pp. 623-630; Linares Xiraut, X. Amancio (1996): "Os movementos de ACE en Galicia no período posconciliar", *Encrucillada*, 100, pp. 157-175; Rodríguez Lago, José Ramón (2004): *La Iglesia en la Galicia del franquismo*, Sada, Edicións do Castro, capítulos VII a XII, pp. 209-328; Rodríguez Lago, José Ramón (2004): "Del movimiento a la Acción. Los católicos en el Vigo de la II República", *Boletín del Instituto de Estudios Vigueses*, 10, pp. 11-31.
- 37 Véxase Palomares Ibáñez, Jesús M.ª (1988): "El círculo católico de obreros de Ferrol (1894-1911)", *Estudios Mindonienses*, 4, pp. 479-492; Juana López, Jessús de (1986): "Orixes do sindicalismo católico en Ourense: fundación e organización do Círculo Católico de obreros", en *Sociedade e Movemento obreiro en Galicia, III Xornadas de Historia de Galicia*, pp. 257-320; Martínez López, Alberte (1989): *O cooperativismo católico no proceso de modernización da agricultura galega, 1900-1943*, Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra.
- 38 Véxase Grandío Seoane, Emilio (1993): "El desarrollo político de un partido defensivo en la Galicia de la II república. La contrarrevolución parlamentaria de la Unión Regional de Derechas", en *Estudios sobre la derecha española contemporánea*, Madrid, UNED, pp. 423-443; Grandío Seoane, Emilio (1994): "Derecha católica y elecciones generales en la II república: Pontedeume (1931-1936)", *Cátedra*, 1, pp. 55-73; Grandío Seoane, Emilio (1998): *Los orígenes de la derecha gallega: la CEDA en Galicia (1931-1936)*, Sada, Edicións do Castro; Grandío Seoane, Emilio (1999): *Caciquismo e eleccións na Galiza da II república*, Vigo, A Nosa Terra; Grandío Seoane, Emilio (1999): "Dereita e continuidade no poder na II república e no primeiro franquismo: ¿o poder da dereita ou á dereita do poder?", en *VII Semana Galega da Historia*, Santiago de Compostela, Asociación Galega de Historiadores, pp. 271-288.
- 39 Véxase Benso Calvo, Carmen e Nogueira Blanco, Isabel (1990): "La mujer en el discurso del catolicismo. Análisis de "La Región", diario local orensano de orientación católica e información general (1921-1923)", en *Mujer y educación en España, Actas del VI Coloquio de Historia de la Educación*, Santiago de Compostela, Departamento de Teoría e Historia de Educación da Universidade, pp. 62-74; Torres Garea, Acisclo (1991): "A revista Logos. Lembranza dunha pioneira experiencia eclesial", *Lumieira*, 6, pp. 305-313.
- 40 Véxase González Raposo, Benito (1999): *O protestantismo en Galicia: unha historia centenaria esquecida*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia; Sierra Bernardino, Evangelina (1997): "Protestantes ingleses na Galicia contemporánea. Os misioneiros abrethren of Plymouth", *Minius*, 6, pp. 85-98; Sierra Bernardino, Evangelina (2006): *Ollada inglesa. Corazón galego, a obra fotográfica de Arthur Ginnings*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia; Vilar, Juan Bautista (1994): *Intolerancia y libertad en la España contemporánea: los orígenes del protestatismo español actual*, Madrid, Itsmo.

as organizacións masónicas⁴¹, ou as diversas accións do cregos secularizados que acadaron unha gran relevancia pública⁴².

6. O factor relixioso e a construción das nacións en Galicia

En 1979 Barreiro Fernández, acadaba o grao de doutor coa tese *El campesinado gallego en la Historia contemporánea*. Nos anos seguintes engadía ó seu labor docente na Universidade de Santiago de Compostela a publicación de libros como *El carlismo gallego* (1976), *Historia Contemporánea de Galicia* (1981), o *La imprenta en Galicia* (1982). Todos eles amosaban unha relevante inquietude pola exaltación do patrimonio histórico, lingüístico e cultural de Galicia. Neses mesmos anos de bulir democrático, diversos autores reflexionaban dende algunhas publicacións sobre a relación entre a relixión, a Igrexa católica e o movemento galeguista⁴³. Porén, ata hoxe, existe un moi paradoxal abandono do estudo entre a relación das institucións católicas coa construción da identidade nacional española, que na meirande parte dos casos se dá por suposta e se exclúe de toda análise⁴⁴.

A participación de numerosos representantes do clero e dos segrares católicos nas ideas da ilustración e nos primeiros anos do liberalismo en Galicia merece un estudo que, lonxe de tópicos, analice en profundidade as diferentes correntes de renovación relixiosa que pretenderon xogar as súas cartas na primeira metade do século XIX. Un primeiro elemento a ter en conta será a intención do emerxente Estado liberal español de converter a Igrexa católica nun servizo

- 41 Véxase Valín Fernández, Alberto (1984): *La Masonería y La Coruña. Introducción a la historia de la masonería gallega*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia; Valín Fernández, Alberto (1990): *Galicia y la masonería en el S. XIX*, Sada, Edicións do Castro; Valín Fernández, Alberto (1996): *Iglesia y masones en Galicia*, A Coruña.
- 42 Véxase Carballo, Francisco (1977): "Basilio Álvarez, o sementador (1877-1943)", *Encrucillada*, 5, pp. 72-77; Valcárcel López, Marcos (1991): *Dos años de agitación política. Basilio Álvarez no Parlamento*, Sada, Edicións do Castro; Tezanos Gandarillas, Marisa (1997): "Basilio Álvarez, una sotana casi rebelde", *Espacio, Tiempo y Forma*, 10, pp. 151-178; Tezanos Gandarillas, Marisa (2001): "Contradicción, coherencia y compromiso: Matías Usero Torrente", *Hispania Sacra*, 107, pp. 267-283.
- 43 Véxase Rodríguez Pampín, Xosé M. (1976): *Nova conciencia na Igrexa galega*, Santiago de Compostela, SEPT; Barreiro Fernández, Xosé Ramón (1977): "Igrexa e galeguismo na historia (1840-1923)", *Encrucillada*, 2, pp. 2-16; Carballo, Francisco (1977): "A igrexa galega ante o estatuto de Autonomía de 1936", *Encrucillada*, 2, pp. 17-27; Caamaño Suárez, Manuel, e Rodríguez Pampín, Xosé M. (1980): *Pro e contra da Liturxia en galego. Historia dunha polémica*, Santiago de Compostela, Sept; Ferro Ruibal, Xesús (1987): *A Igrexa e a lingua galega*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega; Ferro Ruibal, Xesús (1989): "Clero e lingua. O primeiro estudio sociolóxico", *Encrucillada*, 63, pp. 364-372; Pérez Prieto, Victorino (1988): *A Xeración NOS: Galeguismo e relixión*, Vigo, Editorial Galaxia; Pérez Prieto, Victorino (1982): "Cristianismo e Galicia en Otero Pedrayo", *Encrucillada*, 28, pp. 25-37; Pérez Prieto, Victorino (1988): "Os cregos e a Igrexa en Ramón Otero Pedraio", *Encrucillada*, 57, pp. 16-25; López Muñoz, Daniel (1989): *O idioma da Igrexa en Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega; Rielo Carballo, Nicanor (1994): "Sacerdotes que escribiron poesía en galego", *Lucensia*, 8, pp. 9-29; Cabada Castro, Manuel (2001): *Xosé Manuel Cabada Vázquez, Obra completa, poemas e outros escritos*, A Estrada.
- 44 Nos próximos anos o proxecto de investigación dirixido polo profesor González Beramendi sobre "Construción de la identidad nacional española en Galicia durante el S. XIX" ofrecerá seguramente resultados nesta importante cuestión.

público da nación. O primeiro obxectivo será a nacionalización do clero como corpo de funcionarios financiado e organizado polo Estado. Unha estratexia que pretendía modernizar o regalismo propio do movemento ilustrado, onde o clero se puña ó servizo espiritual da nación. Os decretos de Cádiz, e do trienio liberal supuxeron unha primeira declaración de intencións respecto á nacionalización do clero, como funcionario público encargado de fomentar o catolicismo como relixión oficial de España e de defender os valores constitucionais⁴⁵. A resposta da xerarquía eclesiástica foi polo xeral o rexeitamento desta proposta de simbiose liberal-católica, pero non por iso deixamos de atopar expoñentes que dende o mesmo clero defenderían o novo Estado liberal con fervor revolucionario⁴⁶. Que estes quedasen sometidos finalmente baixo as decisións das súas autoridades non debe ocultar que dende os inicios existiu unha loita por ofertar novos modelos de relación entre a relixión católica e modelo liberal do nacionalismo español.

Unhas loitas radicalizadas logo pola lexislación aprobada polos progresistas entre 1836 e 1839, na conxuntura da primeira guerra carlista. A desamortización das propiedades eclesiásticas e a supresión das congregacións regulares agravou as tensións entre o Estado liberal español e a Igrexa católica, pero a derrota militar dos carlistas, e as circunstancias internacionais provocaron que a diplomacia Vaticana buscase un pacto cos liberais conservadores para a constitución dun Estado onde a relixión católica tivese un papel central. O regreso dos moderados ó poder alixearía as medidas contra o clero regular, ata o bienio progresista de 1854. Con todo, ata a revolución de 1868, as pretensións de progresistas e moderados seguiríanse centrando no proxecto de nacionalizar o clero e facer deste unha peza chave na expansión do Estado liberal. Foi o fracaso dos proxectos anteriores fronte ás resistencias dos bispos, o crecente éxito da romanización da Igrexa española propiciada polo reforzamento da autoridade papal, e a introdución das novas ideoloxías asociadas ó movemento obreiro, o que provocaría nos anos seguintes o renovado ascenso do anticlericalismo, e das ideas que optaban pola plena separación da Igrexa e do Estado, aprobadas pola Constitución democrática de 1869. Pero este breve período non impediu que a Igrexa recuperase posicións no

45 Como exemplo paradigmático deste proxecto nacionalizador do clero temos, entre moitas outras, as medidas adoptadas polo Decreto Real do 24 de abril de 1820 que obrigaba a todos os párrocos a dedicar un tempo da misa dominical a explicar os artigos da Constitución, que debían ser estudados ademais en todos os Seminarios, Conventos e Escolas de titularidade eclesiástica.

46 "[...] los buenos sacerdotes dan gracias al Todopoderoso por tan dichoso cambio de gobierno y demuestran en los pulpitos las ventajas sobre el monstruoso que se acaba de destruir [...] pintaban la Constitución como contraria a la religión que profesamos, cuando en ella está precisamente fundado su brillante edificio... código religiosísimo [...] la Iglesia vuelve a su antiguo esplendor [...] reforma tan justa y necesaria [...]"; réplica dun relixioso franciscano a un cóengo da Colexiata da Coruña; recollido do manifesto lido no concello de Sada o 21 de febreiro de 1820; *Diario Patriótico Constitucional de A Coruña*, 66, 4 de maio de 1820.

conxunto da sociedade española, e atopase iniciativas onde desenvolver as súas novas tarefas nunha sociedade cambiante.

A restauración borbónica programada por Cánovas e a política papal posibilista de León XIII obterían axiña logros importantes. A hexemonía no marco educativo e benéfico, a recuperación das festividades católicas, as tarefas clericais no servizo ó exército nacional e nas colonias ultramarinas serían uns dos seus principais símbolos; pero o máis importante era que para a meirande parte da poboación galega a institución seguiría a ser case o único referente, non só da relixiosidade, senón tamén da moralidade pública e privada. A Igrexa católica sen dúbida aumentara o seu poder e recuperara notablemente as posicións perdidas nos avatares do século XIX.

A crise da conciencia nacional no 98 provocaría o afastamento das dúas tendencias máis estendidas dende o 68 respecto da posición da Igrexa católica no Estado español. O laicismo apoñíalle á Igrexa todos os males da nación fracasada, mentres o nacional-catolicismo, cada vez con maior pulo, afirmaba que era a presenza da Igrexa no espazo público a que garantiría a supervivencia da nación. A II República apostou claramente por unha modernización laica da sociedade española pero fracasou na súa tentativa, e a guerra civil posterior suporía o tráxico enfrontamento entre dúas posicións maniqueas, envoltas nunha conxuntura internacional caracterizada polo ascenso dos totalitarismos, como novas relixións políticas que exaltaban a violencia como recurso eficaz para redimir os males da sociedade. A vitoria militar do bando sublevado possibilitou a hexemonía e o monopolio do modelo nacional-católico que perduraría ata os primeiros anos sesenta. Nese modelo, a identificación da Igrexa co nacionalismo español autoritario foi total. A ditadura franquista, coñecedora da carencia de lexitimidade moral algunha dun exército sublevado contra as súas lexítimas autoridades, só se aproveitou dunha realidade previa para levala á súa máxima expresión. Pero iso non debe facer esquecer as tentativas anteriores e posteriores de instaurar un modelo nacional e relixioso máis liberal ou máis galeguista. Novamente, pasados os primeiros anos da suposta unicidade institucional envolta na cruzada bélica, a Igrexa amosou unha abraiante capacidade para agochar no seu interior unha diversidade de movementos e ideas que co paso do tempo supuxeron un atranco máis para a continuidade da ditadura. Sobre todo, cando as circunstancias internacionais dunha institución con pretensións globais incidiron con maior forza no contexto do Estado autoritario. En parte, foi esta diversidade a que de novo impediría á Igrexa establecer unha plataforma católica unitaria na transición á democracia.

A traxectoria vital do profesor Barreiro ata hoxe é un exemplo paradigmático das sempre complexas relacións existentes entre relixiosidade, modernización

e secularización na idade contemporánea. Sirva este sinxelo traballo como homenaxe, e como invitación a afondar na investigación desta temática transcendental. Unha tarefa que nos corresponde como historiadores, para a comprensión do noso pasado máis recente, e a construción das nosas sociedades na Galicia do século XXI.

The first of these is the fact that the physician is not only a member of a profession but also a member of a community. He is a member of a community in the sense that he is a member of a group of people who are bound together by a common bond of interest and responsibility. This bond is the bond of the profession, and it is this bond that gives the physician a sense of duty and responsibility towards his fellow members of the profession and towards the community as a whole.

The second of these is the fact that the physician is not only a member of a profession but also a member of a society. He is a member of a society in the sense that he is a member of a group of people who are bound together by a common bond of interest and responsibility. This bond is the bond of the society, and it is this bond that gives the physician a sense of duty and responsibility towards his fellow members of the society and towards the society as a whole.

The third of these is the fact that the physician is not only a member of a profession and a society but also a member of a culture. He is a member of a culture in the sense that he is a member of a group of people who are bound together by a common bond of interest and responsibility. This bond is the bond of the culture, and it is this bond that gives the physician a sense of duty and responsibility towards his fellow members of the culture and towards the culture as a whole.

The fourth of these is the fact that the physician is not only a member of a profession, a society, and a culture but also a member of a nation. He is a member of a nation in the sense that he is a member of a group of people who are bound together by a common bond of interest and responsibility. This bond is the bond of the nation, and it is this bond that gives the physician a sense of duty and responsibility towards his fellow members of the nation and towards the nation as a whole.

A pegada relixiosa na toponimia galega.

1. Edificios relixiosos

ANTÓN SANTAMARINA
Real Academia Galega

Os nomes de santos convertidos en topónimos teñen sido obxecto de poucos pero valiosos traballos. A nómina de santos tradicionais, que foron primeiro advocación de moitas igrexas e despois topónimos, é o tema da importantísima contribución de P. David (1947), que se refire ó santoral hispánico tradicional; un apartado dela está dedicado á haxiotoponimia como ciencia auxiliar. Tres anos posterior é a contribución de J. M. Piel (1950), máis centrada na haxiotoponimia peninsular onde o occidente da Península ten un lugar de privilexio. Entra tamén a haxiotoponimia galega, dentro da hispánica, na contribución de López Santos (1959) na *ELH*. Máis recentemente tense ocupado de nomes de Santos na toponimia galega J. Diéguez Gonzáles (2001). En obras de carácter máis xeral (Nunes, Leite de Vasconcelos etc.) dilucidáanse tamén con frecuencia nomes de lugar de carácter relixioso. Non hai moito que revisar nin engadir ós estudos anteriores. Con todo nestes últimos anos hai novidades importantes referidas ás fontes xa que o Nomenclátor de Galicia agora carece das deturpacións que tiñan os nomenclátors, os dicionarios corográficos ou xeográficos que manexaba Piel (das que era consciente, e das que se queixa); e por outra parte agora está dispoñible un número moito maior de fontes documentais, a maior parte delas incluídas nos importantes *corpora* do latín da Gallaecia (CODOLGA) e do galego medieval (TMILG) que permiten buscas e comprobacións case instantáneas. Con estas novas ferramentas e centrados exclusivamente no territorio galego intentaremos unha posta ó día do xa sabido e algunhas novas achegas. Nas citas de topónimos que fagamos abaixo non daremos referencias da parroquia e concello onde se atopa un lugar porque inzariamos este artigo de táboas hoxe escusadas ó seren doadas as com-

probacións no sitio do Nomenclátor (ver enderezo na Bibliografía); tampouco, por brevidade e pola mesma razón de dispoñibilidade doada, non daremos senón o ano nas citas dos documentos medievais (ver os sitios do CODOLGA e TMILG tamén na Bibliografía).

Tendo en conta que os nomes de lugares de ascendencia relixiosa proveñen de construcións cultuais ou de advocacións é de esperar que este tipo de toponimia só se refira a entidades de poboación e non a nomes de paraxes non habitados. É daquela escusado buscar na microtoponimia, tan abundante en Galicia, nomes de carácter relixioso, exceptuando seguramente *Cruceiro*. Non descartamos, aínda así, que haxa nomes deste tipo fóra das entidades de poboación pero en xeral fan referencia a unha situación que aínda é transparente e levan case sempre o xenérico á esquerda (*Agro de tras da Igrexa*, *Carballeira de San Fins*). Hai con todo santuarios illados arredor dos cales nunca se formou unha entidade de poboación pero dan nome á paraxe; por exemplo, na parroquia de Covas (Ferrol) hai unha *Illa de Santa Comba* que debe o seu nome a que ten no seu curuto unha ermida solitaria dedicada a esta santa. Descoñecemos cantos santuarios hai deste tipo en Galicia pero son dúcias e incrementarían parcialmente a nómina de topónimos debidos a advocacións. Nos libros de Cebrián Franco (1982) e Mariño Ferro (2003) non se dá unha nómina completa deles e mestúranse os illados cos integrados en poboacións. Segundo estas obras, unha boa parte deles están dedicados á Nosa Señora con diferentes advocacións (*da Barca*, *dos Milagres*, *dos Remedios*, *da Mercede...*), ó Santo Cristo (*Santo Cristo de Fisterra*) e a súa Cruz (*Santa Cruz de Aranga*) e a diferentes santos e santas (*Sebastián do Pico Sagro*, *Miguel de Breama*, *Fins de Castro*, *Ana*, *Comba*, *Eufemia*, *Bieito*, *Hadrián*, *Margarida*, *Rosa*, *Xusto e Pastor*, *Xurxo* etc.); entre elas está o santuario de *Santa Paterna* (en Arnois, A Estrada) que non é nome de ningún lugar do Nomenclátor e non ten advocación en parroquia ningunha; *Santa Paterna* non está rexistrada nas *Acta Sanctorum*, do que se deduce que se debe tratar dunha canonización popular (como algunhas outras en Galicia) dunha dama da Ulla que Cebrián identifica coa Condessa de Présaras, esposa do Conde Hermenexildo (o que non impide que Jerónimo del Hoyo a cualifique de "virgen"); o Conde foi o fundador do mosteiro de Sobrado (Cebrián: 219). Moitos destes santuarios son antigos e, á marxe da toponimia, teñen interese para documentar o culto dos santos. Para algúns deles hai documentación antiga; á romaría de San Simón ían as namoradas dos nosos Cancioneiros encontrarse cos seus amigos.

Aínda que estatisticamente o número maior de topónimos é o que corresponde a nomes de santos (incluídos Deus e a Virxe), hai un grupo numeroso que fan referencia a construcións de tipo relixioso ou indican algún tipo de vinculación, de dominio na maior parte dos casos, a unha institución (*mosteiro*, *cela...*). É só estes os que imos tratar nesta colaboración.

1. ECCLESIA. Sobresae polo número de ocorrencias no Nomenclátor a palabra ECCLESIA que deixa unha reste considerable de variantes romances que, sumadas, chegan a 839 de filiación segura, máis outros 5 de filiación dubidosa (contamos como ocorrencia única os casos en que un topónimo pode aplicarse ó lugar, á parroquia e mesmo ó concello; e tamén os *de Arriba, de Abaixo*). Lembremos que o noso Nomenclátor ten na actualidade 37.297 rexistros, o que eleva as ocorrencias de 'igrexas' a máis de 2,24%. É ben sabido que unha boa parte dos topónimos galegos foron castelanizados e *Igrexa* non foi unha excepción; nos nomenclátors anteriores a 1980 hai un número moi considerable de *Iglesia* que no Nomenclátor oficial actual foron restaurados como *Igrexa* a non ser que houbera constancia documental doutra variante. A castelanización de topónimos dá lugar a unha casuística moi complexa pero un dos trazos é que só se traduce a palabra galega pola castelá cando a transparencia é total; iso é o que xustifica que se castelanizase *Igrexa* e en menor medida *Eirexa* e, en cambio, quedasen intactas formas que se volveran opacas como *Irijoa* (non contando o -j- como castelanización). Hai, daquela, un traballo pendente de facer: verificar cantos dos *Igrexa* do Nomenclátor actual corresponden a *Igrexa* e cantos a *Eirexa*. Só un traballo de pescuda na documentación, que con certeza pode ser laborioso e non sempre frutífero, permitirá trazar a isoglosa de *Igrexa/Eirexa* (supoñendo que algunha vez formasen áreas contiguas e non superpostas).

Ecclesia é con certeza un dos topónimos relixiosos máis antigos. Conforme nos informa David no seu traballo sobre a organización eclesiástica do reino suevo (David 1947: 1-ss), antes do século VI as *ecclesiae*, que na súa orixe eran as comunidades de crentes e só despois por metonimia os lugares consagrados onde se reunían, eran urbanas; só máis tarde designaban as comunidades e lugares de culto nos espazos rurais. Estas igrexas tiñan baptisterio e cemiterio. Tamén nas zonas rurais podía haber oratorios e basílicas, sen baptisterio nin cemiterio, fundadas por particulares, dedicadas a un santo do que gardaban reliquias; non pertenceron ata máis tarde á estrutura xerárquica da igrexa. Estas basílicas e oratorios foron despois incorporadas a esa estrutura e nalgúns casos convertidas en parroquias. Das varias palabras de sentido próximo ó da *ecclesia*, que concorrián para designar estas comunidades e establecementos (*basilica* orixinariamente un 'edificio civil para a administración de xustiza' e despois, por semellanza na planta, 'basílica'; e κυριακή, '[casa] do Señor' cuxos descendentes perviven noutras linguas románicas e xermánicas), en terras hispánicas *ecclesia* foi a que perdurou no vocabulario común e como topónimo; só un *Baselgas* en Asturias (Grado) e dous *Beselga* en Portugal (Santarém e Viseu) son testemuño dunha forma con menos fortuna; na toponimia francesa *basilica* non é infrecuente, en especial no centro, oeste e norte: *Bazoche, Bazaiges, Bazauges* etc., cf. Vincent §863 e Lejeune.

Non é doado saber cando *ecclesia* cristalizou como topónimo. Nas primeiras documentacións que temos en Galicia aínda aparecen os sintagmas toponímicos completos, sen elipse, pero co xenérico á esquerda, que demostra o seu carácter de topónimo cristalizado: *villa ecclesie sancti Petri* no Salnés en 872, e *villa ecclesie sancte Marine* en Quiroga, no mesmo ano; un *Ecclesiola*, que aparece en 887, foi editada algunhas veces como nome común (*ad ecclesiola Pinzana*, por Ramos Loscertales) e outras como nome propio (*ad Ecclesiola, Pinzana* etc. por López Ferreiro e outros). O feito de que *igrexas* estea determinada ás veces por adxectivos que xa desapareceran antes da aparición dos primeiros textos en galego (*Grixalba, Eirexalba*, tal vez *Eixavedra*); ou que se formasen diminutivos con sufixos que tampouco eran produtivos no galego arcaico (como o *-oa* de *Grixoa*) demostra que no século XII había moitos casos xa cristalizados como topónimos.

Imos xa ó caso dos descendentes de *ECCLESIA*, ou mellor da súa forma vulgar *ecclesia*. Tanto o apelativo coma o topónimo resolven o grupo *-CL-* en *-gr-* (e non en *-ll-* como *OC'LU > ollo*); aínda que é palabra patrimonial o ambiente cultural ó que pertence preservouna da deriva popular. As formas medievais eran *igleja, igreja, eigleja, eigreja*, entre as que prevaleceron as máis "populares" co grupo *-gr-*. Non hai trazas de **ireja, *eireja* no galego antigo. O desgaste fonético, por ser palabra de moito uso como é a que nos ocupa, e ademais convertida en topónimo e, daquela, cunha altísima frecuencia de uso a nivel local, provocou que o grupo *-gr-* se resolvese de maneira "anormal" en *-r-*, a *igrexas > irexas* ou a *eigrexas > airexas* (como *mais grande > meirande* ou, *Fonsagrada > Fonsarada* na pronuncia local e popular). Calquera que fose a secuencia evolutiva os resultados de 'igrexas' na toponimia galega son os seguintes:

Igrexa, 396 veces (prescindimos dos artigos), moitas delas nos nomenclátors anteriores a 1980 baixo a forma *Iglesia*. *Igrexa* pode ás veces ser o determinante doutro topónimo (*X da Igrexa*): *Vila*, *Bouza*, *Campo*, *Chan*, *Castro*, *Corral*, *Rodís*, *Souto da Igrexa* (o subíndice indica o n. de ocorrencias); como determinante pode figurar mesmo como aposición, *Lamaigrexas*. *Igrexa* pode ser á súa vez ser determinada por un adxectivo á dereita, *Igrexafeita*, *Igrexa Vella*, *Igrexa Pequena*; ou á esquerda, *Dúas Igrexas*. Son bastante numerosos os nomes de lugar que indican situación en referencia á igrexa: *Cabo da*, *Sobre a*, *Xunto da*, *Xunto da Igrexa*, *Soigrexas*, *Suigrexas*, *Tras Igrexa*.

Eirexa e variantes aparece no Nomenclátor 267 veces, ou ben soa, *Airexa*, *Airexe*, *Eirexa*, *Eirexiña*, ou ben con determinantes, ora á esquerda, *Satrexas*, 'sete igrejas'; ora á dereita, *Eirexalba*, *Eirexafeita*, *Eirexa Vella*, posiblemente *Eixavedra*; outras veces funcionando ela como determinante, *Pena*, *Campo*, *Rabal*, =cast. 'Rabanal', *Vila da Eirexa*; neste grupo hai que incluír a forma sincopada e xa desmotivada *Chandrexas de Queixa*, 'Chan de Irexa'; outras o lugar no-

méase por unha indicación de situación con relación á igrexa: *Suairesxa*₁, *Sueiresxa*₂. Nas solución fonéticas de *Airesxa* e *Eiresxa* está involucrado o artigo e a súa segmentación: *eiresxa* parece representar un antigo *a irexa*; *airesxa* debe representar unha forma á que se agregou de novo o artigo (*a eiresxa*), co resultado frecuente *-aei-* > *-ai-* como *mazaeira* > *mazaira*; o artigo aínda pode reaparecer en *A Airesxa*.

*Eirexe*₁₂₀ a maior parte das veces soa, raras veces determinante doutro topónimo ou xenérico: *Campo da Eirexe*₁, *Valdeirexe*₁. Podemos incluír neste apartado tamén *Eirexiña*₁ en Carballedo (en diminutivo non porque a igrexa sexa pequena senón porque o lugar é máis pequeno ca dous *Eirexe* ou unha *Igrexa* que hai no mesmo concello). A terminación *-e* resulta sorprendente; pode ser a supervivencia dun antigo xenitivo (*ecclesiae*) como nos exemplos recordados antes, *in saliniense villa ecclesie sancti Petri* e *in Cairoga villa ecclesie sancte Marine* do séc. IX; a pervivencia do xenitivo na toponimia é ben coñecida nos nomes de posesores (*Villa Petri* > *Pedre*, e así milleiros). Podería ser tamén un locativo, formalmente idéntico ó xenitivo (*ecclesiae* 'na igrexa'), coma outros moitos locativos que sobreviven na toponimia (*Lemavis* > *Lemos*, *Tiburis* > *Trives*, nos subst. da segunda o locativo idéntico ó dativo). Pero con máis probabilidade se trata dun fenómeno moderno no que o *x* palatalízase o *-a* (como en *laxa* > *laxe*, *estaxa* > *estaxe*, 1285 Santa Cristina de Baleixa (docs. de Melón) > *Valeixe*).

Eirixa, *Eirixe*₁₄ e *Eirixe Nova*₁ forman un grupo novo no que sorprende aínda máis o cambio de *-e-* en *-i-*; porque está claro que, a pesar da semellanza, a explicación fonética non é común coa do fr. *église* onde *-i-* é a simplificación dunha ditongación *-iei-* que inda se ve no occitano antigo *glieisa*; interpretar as nosas formas con *-i-* como galicismo é unha hipótese moi pouco probable pois aínda que ten habido moitos frades franceses nos mosteiros galegos é improbable que un concepto tan cotián como "igrexa" fose expresado por un préstamo. Non se trata dun trazo moderno, pero si, segundo parece, propio de Galicia e das rexións do N. de España; non se rexistra en documentos de Portugal. Lorenzo (1968) recolle as seguintes formas con *-i-*: 1254 *yglisia*, 1272 *yglisa*, 1275 *ygriga*, 1428 *yglijas*, *iglija*, ver en González Seoane (2006); Maia (1986) engade un *igrija* en 1262; o mesmo vocalismo piden os derivados 1259 *igriario*, 1272 *bonas yglisarias et leigarias*, 1282 *herdades igrisaras* (tamén de Lorenzo 1968 en González Seoane 2006). Teñen paralelo as nosas formas no castelán *egrija* "muy extendida en el S. XIII" (Corominas sv *iglesia*); o vasco *eliza* tamén parece ter o mesmo *-i-*. Na documentación de León e Sahagún (Fdz. Catón 1969-) aparecen máis de 200 rexistros de *eglisa*, *eglisas*, *eglisia*, *eglisias*, *eglisie*, *egrisa*, *iglisia*, *igrisia*, *igrisias*. (Non podemos engadir a esta lista a parroquia de *Egris* que cita un dos textos do *Parochiale suevum* na diocese de Braga (CODOLGA); o número de variantes que se dá para a parroquia 17 de Braga son, segundo edición crítica de David (1947:

32), *Equaesis*, do ms. de Compostela, *Equisis*, *Equesis*, *Equirie*, noutros manuscritos; tal proliferación de variantes obriga a non deixarse engaiolar pola forma *Egris* que nos levaría a documentar o fenómeno en 569). O troco *-e- > -i-* do vocalismo é motivado polo influxo da semiconsoante da sílaba seguinte, coma nos casos de *xiba*, *limpo*, *vendima*, *vidro*, *cirio*, *rixo* (SÉPIA, LÍMPI(D)U, VÍTREU, CEREU, RÍGI(D)U) (Meyer-Lübke: GLR I §80); daquela ECLÉSIA > *eglisia*, *eglisia*. Para unha explicación máis pormenorizada ver Maia (1986: 515).

Irexa, *Irexe*, *Irixe*, e *Irixo*, (este moi dubidoso; *Eirijo de ariva* e *Puente Erijo* no CME). Son variantes das formas anteriores; o *i-* (coma no caso de *Igrexa*) pode explicarse por fechamento do *e-* despois do artigo (*a igreja > a igrexa*); nalgúns casos pode que haxa unha simplificación dun *ei-* (*a eigreja > a igrexa*). Se *Irixo* pertence a esta familia sorprende o seu troco de xénero; con todo, hai que ter en conta que o uso do artigo cos topónimos era raro no galego antigo e as concordanancias con outras palabras (**irixo pequeno*) eran máis raras aínda; desta maneira **Irixe*, se foi a forma base, cando gañou o artigo, ó ser palabra opaca, puido optar polo masculino e hipercharacterizar a forma cun *-o* (como en *eixe > eixo*). Hai outro caso (ou dous) de troco de xénero en *Airixín* (e *Gristín*), que veremos mais abaixo, que se poderían explicar doutra maneira. Pero que *Irixo* teña que ver con *igrexa* é hipótese que necesita ser confirmada con máis documentación. Outras hipóteses: a) *Erigio* (ou *Erigius*) figura en documentos latinos como nome de persoa: 1007 *Erigio* ts., 1061 *Erigius* conf., 1065 *Erigius* cfr., 1105 *famulus dei Erigius*, 1197 *Erigio*, 1233 *Alfonsus Erigius*, 1242 *Alfonsus Petri dictus Herigius*, 1259 *Fernandus Alfonsi Herigius*, 1282 *Iohanne Yrigio dicto Frade*; teñen traza de ser variantes gráficas: 1224 *Petro Erisio*, 1250 *Alfonsus Petri Erisius* (CODOLGA); algo máis tarde, 1318 *Rodrigo Eans Irigio* (TMILG); ademais aparece como patronímico, 1033 *villa de Elias Erigiz*, 1040 *Pelagius Erigiz*, 1095 *Pelagius Erigiz* cognomento *Botan*, sd *Gunsalvus Erigiz*; 1250 *Fernando Alfonsi filio Alfonsi Erisii* (CODOLGA); é dubidoso se o <g> de *-erigiz* é unha grafía por <gu>; que apareza outras tantas veces grafado *Eriguiz* parece indicar que son dúas formas gráficas dunha mesma sustancia fonética e, daquela, aquel <gi> habería que pronuncialo [gi]; con todo as terminacións *-igius* e *-igio* non ofrecen dúbida; que ademais haxa as grafías *Erisio* e *Erisii* redundan en postular a pronuncia palatal do -g- [3]. Se é así, o *Irixo* podería ser un nome de posesor **vila/casal de Erigio* ou se cadra **vila/casal Eriii* e podería ser xermanismo por dous camiños. α) Piel-Kremer (1976 § 5/10) inclúen baixo o epígrafe *AGERICUS* un "*Eirigius(?)*" pero dubidan de arrimalo á familia. De feito *AGERICUS* xustifica ben as raíces *Airig-*, *Eirig-* pero non *Erig-*. Entón, se o nome *Erigio* é un xermanismo, haberá que dilucidar se pertence a esta familia ou constitúe familia á parte). Sen ser xermanista é se cadra unha audacia miña atreverme a vincular este nome co xerm. *ERVIGIUS* que estudan Piel-Kremer

(§77/7) e en cuxa descendencia non inclúen o noso *Erigi*us; de toda maneira o ditongo *-wi-* de *ERUIGIUS*, simplificado en *-i-*, non é máis insólito có de *BALDUIGIUS* simplificado en *Valdixe* (Moeche §37/14); *ERMUIGIUS* (Piel-Kremer §78/24) > *Ermigi*us, *Ermigiz*, *Hermigi*us, *Hermigiz* múltiples veces en CODOLGA; *GONTUIGIUS* (Piel-Kremer §145/40) > *Gontigi*us, *Gontigiz*, ibíd., no Nomenclátor actual *Contixe* (§145/40); e poderíamos seguir. b) Para esgotar posibilidades, *Erigi*us pode ser un nome grego transferido ó latín; de feito *Ἐριγῦθος*, segundo a *Anábese* de Arriano (95-175) era un xefe do exército de Alexandro (Remacle, sitio web); no 523 aparece un frade romano chamado *Dionysius Erigi*us, experto en calendario; nos *Diplomata regum Francorum e stirpe Merovingica* (séc. V-751, Kobler 1978) aparece dúas veces *Erigi*us. Pero debía de ser un nome raro na onomástica romana. c) Suxíreme G. Navaza que *Erigi*us puido ser considerada forma alternativa de *Eligi*us, nome con que se coñecía un santo galo do séc. VII (*San Eloi* v. Tagliavini: I 413); que pode haber interferencia demostrou que un escritor italiano do séc. XV chamado *Eligio Caffarello* sexa coñecido en latín como *Erigi*us *Caffarellus*; pero é pouco probable que se dese entre nós esta interferencia porque Boullón (1999) entre os séc. VIII-XII non rexistra un só caso de *Eligi*us (a non ser que todos os *Eligi*us se tivesen incorporado antes do séc. VIII a *Erigi*us). De toda esta enxurrada de hipóteses (*ecclesiae*, *Agericus*, *Erigus*, *Eligi*us, *Ervigi*us) só unha pode ser a verdadeira; ou ningunha; quizais a que remonta *Irixo* a *Erigi*us, e este a *ERUIGIUS*, é a menos problemática.

Grixa, *Grixalba*, *Grixanova*, *Gris*, e *Gres*, (este dubidoso) teñen aférese de *e-* debido a un fenómeno prosódico frecuente en galego, que simplifica os encontros *-a e-* a favor da vogal máis aberta (*A 'Nfesta*). Sospeitamos de *Gres* porque aparece baixo esa forma nunha época moi temperá, cando se esperarían formas máis arcaicas de *eclesia* (de vir de aí): 1258 *in filigresia sancti Iacobi de Grez*; Martiño Fernández *de Gres* (1316, 1317) ou *de Grez* (1316, 1324) (CODOLGA); *Andreu Sanches de Gres* (1357) ou *de Grez* (1368) (TMILG). O antropónimo latino *Graecus*, *Grecio* (Kajanto 1965: 204) en xenitivo (**Villa Graeci* ou **Villa Greci*) daría o mesmo resultado (*Grez*, *Gres*). Piel (1937 § 745 e 1976 § 138), comentando o xermanismo *Gresufes*, menciona os nomes de lugar galegos *Grijufe* (hoxe *Gresufe*) *Gresulfe* e *Gresande* formado cunha raíz gótica *GRIS-* 'terror' que dá lugar xeralmente nomes compostos; Förstemann (segundo Piel) rexistra tamén as formas exentas *Grisus*, *Griso*, que en xenitivo (*villa Grisi*) xustificaría o *Gres*. Por esgotar as posibilidades, nos *cognomina* de Kajanto (1965) rexístrase un nome de persoa *Ecclesius* que, como nome de posesor (*villa Ecclesii*), tamén daría o mesmo resultado fonético. Con todo a nosa aposta é por vinculalo á familia de *ECCLESIA* porque, despois de todo, non resulta máis rechamante do que os antigos derivados de *fili ecclesiae*, que, entre outras variantes, se resolve en ant. *fijgreje* (1257),

feegrés (CSM), *frigrés* (1436) (González Seoane 2003), hoxe *fregués*, por metátese do *-r-*. Neste grupo, *Grixa* non necesita xustificación fonética (á parte do *-i-* xa elucidado); as formas apocopadas *Gris* e *Gres*, de ser da familia, poden ser antigos xenitivos ou locativos (*ecclesiae*) como os *Eirexe* e o *fregués* que acabamos de comentar, co *-s-* conservado sen palatalizar desde orixes; pero tamén poderían ser, aínda que é improbable, formas nas que a perda do *-e* (en **grije*, **grixe*) provocase a despalatalización do *-[ʒ]* ou *-[ʝ]* final (como na actual fala de Cangas *peixe* > *peis*). Cando se atopen formas intermedias teremos a solución.

Son diminutivos lexicalizados, cun sufixo *-oa*, xa improdutivo no galego arcaico: *Irixoa*₁, *Eirexúa*₁, *Arxuá*₁ e *Arxá*₁ (este dubidoso); e tamén *Grixoa*₁, *Grixoá*₁ e *Grixó*₁ con raíces similares ás de *Eirexa/Grixa*; correspóndense coas formas documentadas en galego antigo: 1145 *Egrijoa*, 1287 *Grijoa*, 1420 *Iglejoa*, *Ygrijoa*, 1459 *Iglejoa*, 1429 *Irijoa*, 1435 *Yrijoa* (TMILG). Os resultados do sufixo *-OLA* correspóndense coas diversas solucións dialectais: *-óa*, como *Pereiroa*, é a forma arcaica, sen cambios desde a época medieval; *-úa*, como *Pereirúa*, con diferenciación do hiato; *-oá* con deslocamento do acento para a vogal máis aberta, como *Pereiroá*; *-ó* con crase do hiato, como *Pereiró*. En *Arxuá*, ademais de resolverse o hiato en ditongo (*oá* > *uá*) hai a aglutinación do artigo (**Airexuá*), seguida da síncope do *-e-* (**Airxuá*) e posterior simplificación do ditongo trabado (como en LAURIBACA > **lourbaga* > *lorbaga*). *Arxá*, en Guitiriz, que deixamos apuntada como dubidosa, a falta doutras investigacións que acheguen documentación que o desminta, podería explicarse como unha forma secundaria de **Arxoá*, cunha redución do hiato a *-á* non máis sorprendente cá que ocorre en *Xoaquín* > *Xaquín* ou *Xoán* > *Xan*. Piel-Kremer (1976 § 22/20) dubidan se *Arjá* (que é a nosa *Arxá*) é un posesor xermánico: *Argilane*; pero foneticamente non é posible.

Diminutivos, neste caso cun sufixo produtivo, pero cunha base hoxe opaca son *Airixín* e *Grisín*, o primeiro con bastante probabilidade da familia, o segundo máis dubidoso. *Airixín* está en territorio onde o diminutivo é *-ín/-iña* (*nenín/neniña*); pero, como en *Irixo*, sorprende o troco de xénero, aquí claramente declarado polo sufixo *-ín*. Podería ter a mesma explicación que O *Irixo* (se é certo que vén de ECCLESIA): **Airexe* ou **Airixe*, ó deixar de ser transparente deixaríase de ter xénero, e podería tomar o sufixo diminutivo do xénero non marcado. Unha maneira algo máis rebuscada de explicalo sería a través do xénero dimensional que é produtivo en galego (*leiriña/leiriño*) onde o masculino se refire a obxectos máis pequenos; desta maneira **Arexiña* podería ter pasado a *Airixín*, pero para que isto funcionase teríamos que remontarnos ós tempos en que *airixiña* se interpretaba como diminutivo de *airexa* (antes de que o castelanismo *iglesia* suplantase a forma galega). Na actualidade, en moitas leguas ós arredores de *Airixín* non hai ningún *Eirexe* ou *Airexe* que poida xustificar a forma contrastando este lugar con

outro máis grande (como *Larañiño* fronte a *Laraño*); o único nome con certo ar de familia é *Arexo* (na parroquia veciña do Vilar da Cuiña) a uns catro kilómetros, distancia xa algo grande para facer verosímil neste sentido o xogo *Arexo/Airixín*. Piel (1961: 606-607) dá sen vacilar *Eirijín* (que é a forma que nos ocupa) como “diminutivo de *eirije*, forma local de *iglesia*”; o malo é que Piel extrae *eirije* de *Eirijín* e volve vicioso o argumento; porque as formas locais de ‘igrexá’, segundo Sponer, que transcribe os documentos de Meira, moitos deles estendidos en Burón, eran no século XIII *eygleja* ou *egleja* (minoritarias) fronte ás múltiples *iglesia*, *egresia*, *iglesia*, *iglesia* (Lorenzo 1968, apud González Seoane 2006), estas últimas castelanismos xa naquela altura; así é que se “*Eirijín*” se formou sobre “*eirije*” tivo que ser antes do século XIII. Deixemos esta xustificación como provisional mentres non haxa documentación intermedia que o confirme.

O outro diminutivo, *Grisín*, hai que poñelo nunha corentena aínda maior porque o sufixo *-ín* na actualidade non chega ó meridiano da parroquia de Tirimol (concello de Lugo) e por outra parte **grise* (<ECCLESIAE), que xustificaría o diminutivo, non temos constancia de que existise; queda un *Gris* na toponimia que nos deixa un certo desasosiego. Así é que este *Grisín* será mellor deixalo por agora como candidato a outras hipóteses; se existise un *cognomen* latino **Gresinus* ou **Graesinus* (conforme hai *Graesianus*, *Gresianus* Kajanto 1965), *Grisín* podería explicarse como nome de posesor. Piel-Kremer (1976 § 138) parten dun **Gris-inus*, que dan como dubidoso, coa mesma raíz xermánica que discutimos antes en *Gres*. Por esgotar posibilidades aínda poderíamos avanzar outra hipótese: tendo en conta que bastantes *cognomina* paternos se transmitían ós fillos con sufixo *-inus*, e acababan converténdose en novos *cognomina* (*Adiutor* é o pai dun *Adiutorinus*; *Marcella* e a nai dun *Marcellinus*, Kajanto 1965: 113), un *Ecclesi*us puido ser a orixe dun **Ecclesinus*, que tamén explicaría o noso *Grisín*. O malo é que moita explicación é o mesmo que ningunha explicación pois só unha hipótese pode ser a verdadeira; ou ningunha.

2. CAPELLA é outro lugar de culto que deixa unha pegada considerable na toponimia. As *capelas* orixinarias estaban relacionadas co culto a San Martiño, que é epónimo de 111 lugares, e advocación en 223 parroquias (o número de parroquias galegas anda polas 3.000). Nas primeiras *capelas* gardábase como reliquia un anaco da *capa* de San Martiño, de aí o seu nome. Daquela é de supoñer que as *capelas* dedicadas a San Martiño sexan as máis antigas; das que sobreviven como topónimo e teñan por advocación este Santo hai só catro; Santa María é a que leva maior número de titularidades. No Nomenclátor galego hai 41 lugares denominados *A Capela*, sen variantes. Algunhas das *Capela* actuais nos nomenclátors anteriores a 1981 estaban castelanizadas como *Capilla*; mesmo é probable que algunha daquelas *Capilla* nacesse xa en castelán.

3. *Ermida* era orixinariamente o habitáculo onde vivía un EREMITA ou ermitán; pola santidadade dos seus residentes acabou converténdose en lugar de culto; máis tarde xa non eran necesarios ermitáns para que existisen ermidas e acabaron converténdose en santuarios, con advocacións como as das igrexas e as capelas (Salvador, Mariña, Isidoro, Iago, Cosmede, Xurxo etc.). En 1150 xa aparece claramente como topónimo: *in terra de Trasancis in loco nominato Eremita Sancti Andree de Brion* (CODOLGA) que hoxe, de sobrevivir, estaría na parroquia de Brión no concello do Ferrol. O Nomenclátor rexistra como continuadores de EREMITA: *Ermida*, e *Ermidas*, case sempre con artigo, *Suermida*, *Suaermida*, *Castro da Ermida*, *Castelo da Ermida*, *Fonte Ermida*, *Ponte Ermida*, *Ponte da Ermida* e posiblemente *Ermidón*. Hai tamén *Ermide*, que ten aparencia de ser da familia pero a terminación *-e* obríganos a ser cautelosos; entre os derivados de ECCLESIA hai moitos *Eirexe*, cun *-e* que considerabamos ou ben continuador dun xenitivo ou ben palatalización moderna do *-a* por contacto co *-x*. Neste caso é imposible a segunda hipótese e pouco sostible a primeira (porque non hai *-x*), e tampouco parece posible a segunda (porque EREMITA orixinariamente non admitía xenitivos en *-ae*). Piel-Kremer (1976 §78 N) tratan desta palabra pero sen decidirse entre a familia de *Ermida* ou a dos descendentes de *Ermildus* da raíz xermánica *Erm-*, variante de *Ermen-* (gót. *airmans*, *airmins* 'grande'), máis a terminación de nomes persoais, tamén gótica, *-ildus*. O problema neste caso é explicar o paso de *-ildi* (en xenitivo) a *-ide* que é un resultado insólito pois o grupo *-ld-*, de non conservarse, transfórmase en *-ll-* (*Ermille*). Con todo en 1117 documéntase un *villa Ermildi* (nos arredores de *villa Oudriit* hoxe *Vilaoudriz*, CODOLGA) que ten que ser o actual *Vilarmide*, da Pontenova. Así é que os *Ermide* citados teñen máis posibilidades de pertencer á familia de *Ermildus* que non á de *ermida*. *Ermidón* é forma que infunde algunha sospeita porque, aínda que os aumentativos en toponimia non son infrecuentes (*Agrón*, *Piñeirón*, *Vilarón...*, algúns deles antigos diminutivos en *-ó* como *Mosteiró* > *Mosteirón*) os masculinos sobre bases femininas son máis raros; hainos, de toda maneira (*granda* > *Grandón*, *bouza* > *Bouzón*, *meda* > *Medón*) e por iso incluímos *Ermidón* na familia de *Ermida*; en Quiroga, onde está *Ermidón* (da parroquia de Montefurado) hai unha parroquia *A Ermida*. Pero aínda así seguimos a ser reticentes porque non vemos unha motivación clara a pesar da transparencia formal.

4. O MONASTERIUM era orixinariamente un habitáculo onde vivía un único monxe (ó contrario de cenobio); despois acabou sendo unha casa de monxes como a coñecemos hoxe; os *monasteria canonicorum* era un 'colexio ou unha residencia de cóengos' (que orixinariamente eran clérigos que servían nas igrexas) e algún pode estar na raíz dalgún *Mosteiro*. Non é doado atopar casos na Idade Media onde MONASTERIUM xa estea cristalizado como topónimo; en 1291

atopamos este exemplo que parece claro: *ecclesie sancti Jacobi de Monesterio de Deuessa* (hoxe Mosteiro de Devesa, con advocación Santiago, en Palas). Quédanlle 60 descendentes na toponimia galega: *Mosteiro*₄₇, (máis da metade sen artigo), *Cellán de Mosteiro*, *Mosteiro de Devesa*, *Mosteiro de Ribeira*, *Mosteiro de Rocas*, *Mosteiro Vello*, *Vigo de Mosteiro*, *Agra de Samosteiro* (sub-); e ademais *Mosteiro*, *Mosteirón*, *Mosteirín*. Xa indicamos que *Mosteirón* procede dun antigo diminutivo desmotivado *Mosteiro*. Probablemente non todos os *Mosteiro* son lugares construídos arredor dun mosteiro; un mosteiro puido simplemente ser o propietario dun lugar e chamarse *vila/casa/agro de/do Mosteiro* e por elipse *Mosteiro* (como *X do Conde* > *O Conde*, *X do Señor* > *Señor*); se cadra *Vilarmosteiro*, mantén a formación orixinaria. Separar os que foron realmente 'mosteiros' dos que foron 'propiedade' é un traballo por facer, que pode ser laborioso.

5. *CONVENTUS* era orixinariamente a 'comunidade de frades ou monxas' (*abbas et conventus*); só máis tarde adquiriu o valor concreto de 'edificio onde reside un *conventus*'. Na toponimia galega pervive en *Convento*, *Tras do Convento*, e *Conventillo*; seguramente, coma no caso de *Mosteiro*, algúns *Convento* indican que a terra é propiedade dun convento, máis que lugar onde hai un convento. En canto a *Conventillo* habería que comprobar se é antigo ou se trata dun arxentinismo moderno.

6. *CANONICA* no latín medieval era unha igrexa con cabido ou colexio de cóengos (cf. fr. *La Canourgue*, que realmente é unha francesización do oc. *Canorga*, Vincent §878); de onde a *Conga*, rúa de Santiago; pero a *Conga*, que hai na Pobra do Caramiñal podería remontarse a *CANONICA* nalgunha das outras acepcións que tivo, por exemplo á *CANONICA PORTIO*, *Quae canone tribuitur Ecclesiae parochiali de rebus relictis a parochiano defuncto illi Ecclesiae, ubi suam elegit sepulturam, cum alibi quam in parochiali sepelitur. Portio haec varia est variis in dioecesisibus: in quibusdam media pars, in aliis tertia, vel quarta pars attribuitur* (DuCange): 1094 *ad illa canonica. solidos .XX. de argento* (CODOLGA); unha *canonica* en especie (unha terra, por exemplo) puido converterse en topónimo. Que un imposto ou unha renda pode converterse en topónimo demóstrao o *Foro*, do noso Nomenclátor, pois non é verosímil que sexan continuadores do *FORUM* 'praça, mercado', aínda que existise un *forum Gigurrorum* no itinerario Antonino. Como topónimo *Canonica* está documentado desde 1217: *omnibus populatoribus que pupulare uenerint in Uillamaiore in Pumar de Canonica*, que debía de estar nos arredores de Mondoñedo, e hoxe está desaparecido baixo ese nome.

7. A *CELLA* comezou sendo a morada, illada e individual, dun monxe ou dunha monxa; despois converteuse nun convento ou mosteiro de rango menor, seguramente sinónimo de *monasteriolo*. Pervive na Galicia actual como *Cela*₁₁ (a metade das veces con artigo), *Celas*, *Celanova*, *Celaguantas*, *Celavente*, *Cela* (ou

Cella) como topónimo esta documentado desde o século IX. *Celavente* figura nun documento de 1029 como *Cella Valenti* (CODOLGA), que é ben explícito en canto á etimoloxía; temos algunha dúbida sobre o valor de *cella* neste caso porque é pouco verosímil que o ocupante dunha cela fose o seu posesor; se cadra hai que entendela no sentido latino de 'celeiro', acepción que non descartamos que estea na base dalgunha outra *Cela*; de feito hai 22 *Celeiro* e variantes, derivados de *CELLARIUM*, que era case sinónimo de *CELLA* no sentido de 'despensa'. Para *Celaguantes* hai tamén documentación desde o séc. IX: 822 *Cellahic Orantes*, 852 *Cellahicorantes*, 861c *monasterio quod dicunt Hicorantes*, 872 *Celaicorantes*, 872 *Cellahicorantes*, 932 *Cellaquaorantes*, 962 *Celaquorantes*, 1167 *Cellaicorantes*, 1175 *Cellagoantes*, 1178 *Celaguantes*, 1183 *Celaguaoantes*, 1183 *Celagoantes* (CODOLGA). A primeira parte da palabra non ofrece dúbidas; o remate, en cambio, é problemático porque é ben sabido que os escribáns eran moi dados a volver en latín, e transparentes, topónimos romances que eran opacos; neste caso a súa audacia etimolóxica chega mesmo a intercambiar *cella* con *monasterium*. Pero un étimo como *Cella-hic-orantes* lexicamente non é verosímil aínda que unha cela ou un mosteiro sexan un refuxio de orantes; así é que teremos que deixar en corentena a latinización dos escribáns aínda que a coincidencia de tantos casos na latinización nos deixa perplexos e pida ser dada por boa. Se isto non é verdade haberá que dilucidar que é *Hicorantes* ou *Icorantes*; nós non estamos en condicións de o facer. Sexan *orantes* ou sexa outra cousa, queda por dilucidar qué foi do *-r-* (*-corantes* > *-goantes*) pois non é doado xustificar a súa desaparición por unha disimilación (*l-r* > *l-0*), nin por unha asimilación (*l-r* > *l-l*), con eliminación posterior do segundo *-l-*, que debería ser fraco, e non forte, coma o primeiro.

Deixamos de lado os derivados de *CELLA* (*Celeiro*, *Celeiros*, *Vilaceleiro*, *Celeiro*, de onde *Celeirón*, *Celeirós*, de onde *Celeiróns*), porque non eran especificamente edificios relixiosos (inda que nos conventos tamén había celeiros). Déixanos algo perplexos un *monasterii de Celain* 1160c (CODOLGA), que debe corresponder ó actual *Zain*, un en Rodieiros, Boimorto; e outro en Seixalbo, Ourense. Que sexa un mosteiro e que empece por *cela-* parece arrimalo á familia que nos ocupa; en cambio que o *-ll-* de *CELLA* se perda fai imposible deixalo na familia; non sabemos tampouco que é o *-ín* ou *-ain* final.

8. ALTARE, por sinédoque, debeu ser sinónimo de *igrexia* ou *capela*. Deixa unha nutrida descendencia en Francia pero entre nós só hai dous casos no Nomenclátor: *Altar* en Barbos, Ortigueira; e *Pé do Altar* en San Cosme, Barreiros. Non figuran nos nomenclátors *San Pedro de Antealtares* e *San Paio de Antealtares* porque pertencen á toponimia urbana de Santiago

9. Ante o milleiro de topónimos orixinados en nomes de edificios de culto cristián apenas son testemuñais do recordo doutras relixións topónimos como

Mezquita, (parroquias de Allariz e da Merca e tamén concello); en realidade hai só dúas *Mezquita* porque as dúas parroquias da Merca e Allariz están contiguas; vén do ár. *masjid* 'oratorio', cunha alteración de *-sjit-* en *-skit-* que tamén se observa en bérber *taməzɡida* (Corriente 1999); este autor non descarta que *masjid* para denigrar a outra relixión, fose alterada polos mozárabes en **maskita* ou **muskita* 'la que hace caer (en el error)' e 2ª acepción 'esterco'. Documentábase xa en 1012 *Santo Petro de Mezquita*, hoxe parroquia do Pereiro, na Mezquita, con advocación San Pedro. Gonzalo Navaza (2007: 94) sospeita que o *San Petro de Mezquita* se corresponde cun *San Petro de Ecclesiola* (941) cuxa posesión foi obxecto de querela entre un frade Vistrario e o convento de Celanova; o rei mandou un *suo sagione Sarracino ut prendidisset ipsa hereditate et tenuisset eam sanam usque quando devenissent ad concilio et abuissent unus cum alios veritatem*; do cal deduce Navaza que pode proceder, por burla o nome de *A Mezquita*, por estar administrada por un saión sarraceno, e non porque alí houbera un lugar de culto mahometano. Dos hebreos *Sinagoga*, (Muxía) e *Sinoga*, lat. *synagōga* (gr *συναγωγή*) 'reunión' (Corominas sv), son as únicas reliquias das varias *Sinagoga* que hai documentadas na I Media.

10. Como é sabido non se remata nas voces comentadas anteriormente os testemuños da pegada relixiosa na toponimia galega. Nesta mesma esfera, ademais dos edificios, poderíamos estudar tamén lugares que fan referencia a partes ou anexos do edificio (sino, adro, coro, reitoral), a pertenzas da igrexa (igrexarios, destros), a pertenzas a persoas da igrexa (abade, bispo, capelán, crego, deán, frade, freire, mogo, monxe, dona), que nomean a institución mesma (sede, priorado, orde, temple, inquisición, Obra Pía), que fan referencia a construcións de carácter relixioso (monumento, compostela, sartego, milladoiro, cruz, cruceiro, calvario,), a topónimos de Terra Santa (Belén), a sitios do outro mundo (ceo, paraíso, inferno), a festas do calendario cristián (coresma, corpus), á divindade mesma (Deus, Espírito Santo, Cristo, Salvador, Xesús), á virxe (Santa María e innúmeras advocacións da Virxe), e sobre todo a santos. Desenvolver todo isto excedería o que lle pode corresponder a un só autor nun libro de homenaxe. Do que se trataba aquí (ademais de render unha homenaxe debida ó destinatario deste libro) era de probar con menos dunha ducia de palabras cal é o peso que ten a igrexa galega na toponimia. O prof. Barreiro, que é bo coñecedor por outras fontes de como a igrexa durante séculos condicionou a vida pública e privada (mesmo íntima) dos galegos, poderá comprobar que mesmo a toponimia, aparentemente tan allea á historia, é unha boa demostración diso.

Bibliografía

- BOULLÓN AGRELO, Ana (1999): *Antroponimia medieval galega (ss. VIII-XII)*, Tübingen, Niemeyer.
- CEBRIÁN FRANCO, Juan José (1982): *Santuarios de Galicia (Diócesis de Santiago de Compostela)*, Santiago de Compostela, Arzobispado de Santiago de Compostela.
- CME = *Catastro de Ensenada. Respuestas generales* en <http://pares.mcu.es/Catastro/>
- CODOLGA (*Corpus Documentale Latinum Galaeciae*) [séc. VI-XV], en rede no sitio: <http://balteira.cirp.es/codolga/>
- COROMINAS, Joan e PASCUAL, José A. (1991-1997): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, Madrid, Gredos.
- CORRIENTE, Federico (1999): *Diccionario de arabismos y voces afines en romance*, Gredos, Madrid
- DAVID, Pierre (1947): *Études historiques sur la Galice et le Portugal du VI^e au XIF siècle*, Collection Portugaise publiée sous le patronage de l'Institut Français au Portugal, 7^{me} volume. Interesan os capítulos sobre a "Organisation ecclésiastique du Royaume Suève au temps de Saint Martin de Braga" (que inclúe a edición do *Parochiale suevum*), pp. 1-82; e "Le sanctoral hispanique et les patrons d'églises entre le Minho et Mondego", pp. 185-256.
- DIÉGUEZ GONZÁLES, Júlio (2001): "Alguns nomes de santos, do latim ao galego-português", *Cadernos vianeses* 30, pp. 63-79.
- DUCANGE, Charles du Fresne (1883-1887): *Glossarium Mediae et Infimae Latinitatis*, 2^a ed., Niort, L. Favre.
- FERNÁNDEZ CATÓN, José M.^a (dir.) (1969-): volumes 17, 36, 37, 38, 39, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 54 das fontes documentais da Catedral de León e do mosteiro de Sahagún na colección *Fuentes y estudios de historia leonesa*, Archivo Histórico Diocesano - Caja de Ahorros y Monte de Piedad de León; Centro de Estudios e Investigación San Isidoro. (Accedemos a eles a traves de concordancias da copia electrónica cedida polo director).
- GONZÁLEZ SEOANE, Ernesto (dir.) (2006): *Diccionario de diccionarios do galego medieval*, Verba, Anexo 57 (libro e CD-Rom).
- KAJANTO, Iiro (1965): *The Latin Cognomina*, Helsinki, Societas Scientiarum Fennica.
- KOBLER, Gerhard (1978): *Wörterverzeichnis zu den Diplomata regum Francorum e stirpe Merovingica*, en <http://www.koeblergerhard.de/elektronischeindizes/EI-DDMer.pdf>.
- LEITE DE VASCONCELLOS, José (1931): *Opúsculos*, vol III (*Onomatología*), Coimbra, Imprensa da Universidade, (en especial o capítulo "Nomes de pessoas tornados geográficos (em Portugal)", pp. 229-273.

- LEJEUNE, Sylvie (2002): "La religion dans la toponymie, http://fig-st-die.education.fr/actes/actes_2002/lejeune/article.htm
- LÓPEZ SANTOS, Luis (1959): "Hagiotoponimia", en M. Alvar, A. Badía, R. de Balbín e L. F. Lindley Cintra, *Enciclopedia Lingüística Hispánica*, tomo I Antecedentes e Onomástica, Madrid, CSIC, pp. 579-614.
- LORENZO, Ramón (1968): *Sobre cronología do vocabulario galego-portugués (Anotações ao 'Dicionário etimológico' de José Pedro Machado)*, Vigo, Editorial Galaxia.
- MARIÑO FERRO, José Ramón (2003): *Santuarios mágicos de Galicia*, Vigo, Nigratrea.
- MEYER-LÜBKE, Wilhelm (1890-1906): *Grammaire des langues romanes* traduite par E. Rabet, Paris (reproducción de Slatkine-Laffite, 1974).
- NAVAZA, Gonzalo (2007): "Sarmiento toponomástico. O topónimo *Mezquita*" en Luz Méndez e Gonzalo Navaza (eds.), *Actas do I Congreso internacional de Onomástica Galega "Frei Martín Sarmiento"*, Santiago de Compostela.
- Nomenclátor de España*. Pode consultarse en liña no sitio: <http://www.ine.es/nomen2/index.do> do Instituto Nacional de Estadística; hai unha copia descargable na páx. persoal de Francisco Ruiz no enderezo: <http://www.terra.es/personal8/926210878/dat/nomen.htm>
- Nomenclátor de Galicia. Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares*, Xunta de Galicia, Santiago 2003. En rede en <http://www.xunta.es/toponimia>
- PIEL, Joseph M. (1950): *Os nomes dos santos tradicionais hispánicos na toponimia peninsular*, Separata de *Biblos*, vols. XXV-XXVI.
- PIEL, Joseph M. (1961): "Semblanza toponímica de un ayuntamiento gallego: Fonsagrada", en *Homenaje a Dámaso Alonso*, Madrid, Gredos, vol. II, 599-608.
- PIEL, Joseph M. (1937): *Os nomes germánicos na toponimia portuguesa*, Lisboa, Imprensa Nacional.
- PIEL, Joseph M. e KREMER, Dieter (1976): *Hispanogotisches Namenbuch*, Heidelberg, Carl Winter.
- REMACLE, Philippe: <http://remacle.org/>
- TAGLIAVINI, Carlo (1972): *Origine e storia dei nomi di persona*, Bologna, Patron, 2 vols.
- TMILG = *Tesouro medieval informatizado da lingua galega*, corpus textual do galego medieval que estará en liña desde xullo de 2007 no sitio do ILG (<http://www.ilg.usc.es/tmilg>). Os datos usados neste artigo fornecéunos o seu director Xavier Varela Barreiro.
- VINCENT, Auguste (1937): *Toponymie de la France*, Bruxelles, Imprimerie Générale, (reimpr. no 2002 en Gérard Montfort Editeur, Paris).

CHAPTER I. THE FOUNDING OF THE NATION

The first step in the formation of the United States was the signing of the Declaration of Independence in 1776. This document declared the thirteen colonies to be free and independent states, no longer under British rule. The signing took place in Philadelphia, Pennsylvania, at the Second Continental Congress.

Following the Declaration of Independence, the Continental Congress moved to Lancaster, Pennsylvania, and then to York, Pennsylvania, before settling in Philadelphia. It was in Philadelphia that the Constitution of the United States was drafted and signed in 1787. The Constitution established the framework for the federal government, including the executive, legislative, and judicial branches.

The early years of the United States were marked by westward expansion and the search for a permanent capital. In 1790, the Residence Act was passed, which designated the site of the new capital on the banks of the Potomac River. The city was named Washington, in honor of George Washington, the first President of the United States.

The early years of the United States were also marked by the struggle for statehood and the expansion of the territory. The Louisiana Purchase of 1803 doubled the size of the United States, and the admission of new states into the Union continued to shape the nation's growth.

VII

DE LINGUA E
LITERATURA GALEGA

IV
DE LINGVA
LITTERARIA GALICA

Denuncia pública e autor anónimo. *O diálogo dos esterqueiros* (1807)

ROSARIO ÁLVAREZ
Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago de Compostela

É coñecido o feito de que o galego tivo un escaso cultivo literario entre a fin da Idade Media e a eclosión do Rexurdimento, xa promediado o século XIX. Non está tan divulgado, por contra, que mesmo nesa etapa de apagamento foi vehículo dunha literatura efémera, entre a que destacan composicións poéticas circunstanciais (coma a “Canción galega en loor de don Diego das Mariñas Parragués” [c1594] ou os poemas de Juan Gómez Tonel e Pedro Vázquez de Neira para as exequias da raíña Margarita de Austria [1612]) e, sobre todo, composicións encastrables nunha liña de teatro menor, que chegou ata nós de xeito probablemente ininterrompido.

Referímonos a obras teatrais ou parateatrais, destinadas adoito a unha única representación, con ocasión de festas familiares ou locais, con frecuencia tinguidas de crítica de costumes ou de tons reivindicativos, con paisanos galegos como protagonistas principais. Son eles os que sosteñen perante o público a argumentación crítica e, naturalmente, só son verosímiles expresándose na lingua do país. Vallan como mostras desa tradición a *Comedia de la invención de la sortija* (anónima, 1594), o *Diálogo de Alberte e Bieito* (anónimo, c1596) e o *Entremés famoso sobre la pesca del Rio Miño* (Gabriel Feyxó de Araujo, 1671)¹; probablemente haxa que engadir a esta liña o *Entremés de Toribio*, de emerxencia efémera para os investigadores modernos². Á mesma tradición pertence, ao noso xuízo, a *Repre-*

1 Para unha revisión dos textos coñecidos do galego medio e as fichas bibliográficas correspondentes remitímonos a Álvarez 2003.

2 Coñécese polo fragmento do “Papel de Toribio”, adquirido polo Departamento de Filoloxía Románica da USC na década dos setenta. A pista pérdese axiña na Cátedra de Lingüística e Literatura Galegas, onde o

sentación que hicieron los vecinos de Pontedeva (1805), onde un suposto Pedro de Cima de Vila simula a lectura dunha copia fiel do escrito reivindicativo remitido á súa Maxestade Carlos IV en contra da Real Cédula de 2 de xullo de 1805; o texto, nun galego coas características da variedade local, é un alegato político cargado de ironía e de alusións destinadas, asemade, a concienciar e a divertir o auditorio. E esa mesma tradición é a que serve de soporte á “literatura patriótica” das primeiras décadas do século XIX, en forma de diálogos e tertulias anónimos, en prosa ou verso, destinados á lectura en voz alta ou á representación diante dun público, con maior ou menor ambientación escenográfica segundo os casos e as circunstancias; textos que serven como medio de instrucción política e de propaganda ideolóxica, usado con maior frecuencia por parte dos sectores liberais pero non exclusivo deles.

1. Os diálogos dos esterqueiros

Nesa tradición inscribíense tamén os dous diálogos obxecto desta contribución, ambos de 1807. Trátase do *Primeiro diálogo dos esterqueiros* (DE1) e do *Segundo diálogo dos esterqueiros* (DE2), de acordo cos títulos atribuídos por Xosé Ramón Barreiro Fernández, o seu descubridor e primeiro transcriptor, seguindo a indicación do autor anónimo na segunda das dúas pezas, sucesivas no tempo. Este fainas anteceder dos respectivos prefacios en castelán e en prosa, que transcribimos a seguir, e da palabra “Romance”, que na copia conservada está situada no centro e subliñada:

[DE1] Rabioso el Arzobispo de Santiago p[o]r no haber logrado la Prebenda para su querido Andres, despachò parte de sus familiares, y entre ellos le tocò la china à su Estercolero Pedro Abelleira, y dandole el Pesame (como era regular) su Compadre Diego de Carbia, se sabe que pasò entre ellos dos la siguiente conversacion.

[DE2] Pasando una de estas tardes el Autor del Diálogo de los Estercoleros por la Calle de Pitelos, hallò á Pedro de Avelleira, que estaba al parecer tomando el sol, al tiempo que subia la cuesta de Sar Diego de Carbia. Luego que viò este à su compadre se dirige à él, y abrazandole empieza una graciosa conversacion, que por la diversidad y rareza de noticias juzgò digna de escribirse, y asi lo hizo en la manera siguiente.

titular preparaba unha edición. En palabras súas “Trata-se do papel da personagem Toribio dum entremez ou sainete do qual não se conservam ou se conhecem mais partes. A letra e outros aspectos exteriores obrigam-nos a datar o manuscrito como se indica no texto [= séculos XVII ou XVIII]. A linguagem confirma essa data cronológica. É, pois, um dos mais antigos nacos dramáticos galegos conservados e conhecidos até agora. Teve que ser redigido nalgum ponto do sudoeste da Galiza, como indica o «seseo» que se reflecte na escrita. Darei a conhecer proximamente este curioso escrito, de que vale a pena estudar a lingua detidamente” (Carballo Calero 1978: 103). Valla a extensa nota para animar a súa reaparición ou noticias máis precisas dos que tiveron coñecemento directo do fragmento novamente perdido.

Ao remate da primeira peza, o cidadán de Santiago que actúa como escritor anónimo recupera a voz en castelán e pecha a obra cun "Con esto se despidieron", de novo en prosa; non ocorre o mesmo na segunda peza, onde son os propios protagonistas os que se despiden asegurando un novo encontro.

Os personaxes son Pedro de Abelleira, aldeán do circundo de Santiago e esterqueiro do Pazo Arcebispal, e mais o seu compadre Diego de Carbia, tamén aldeán da contorna. O texto dispónse en dúas columnas, formalmente en versos de tendencia octosilaba, sen rima, e en estrofas marcadas polas sucesivas acoutacións de entrada dos personaxes (centradas e subliñadas). O primeiro diálogo ocupa 11 páxinas, onde se suceden 498 versos distribuídos en 45 parlamentos; o segundo, de andadura máis áxil, dispón en 10 páxinas 567 versos distribuídos en 106 parlamentos. Os dous textos, ata agora inéditos e descoñecidos dos especialistas, virán á luz dentro da obra colectiva *Papés d'emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846*, que prepara un equipo interdisciplinar auspiciado pola Comisión Técnica de Prensa Histórica do Consello da Cultura Galega; no primeiro volume, previsto para 2008, editanse todos os textos escritos en galego entre 1797 e 1846 de que se ten noticia ata o presente, con notas introdutorias de Ramón Mariño e Xosé Ramón Barreiro. Esta circunstancia, e a coincidencia de datas, permítenos redactar esta contribución sen ofrecer os textos e remitir o lector á obra mencionada³.

Os dous protagonistas falan entre si en galego, nunha modalidade que tiña que resultar espontánea e natural entre persoas da súa condición social e desta área xeográfica. Os seus nomes son tamén verosímiles e identificables con paisanos da rodeada. *Carbia* é un topónimo da Ulla, que dá nome a unha parroquia de Vila de Cruces e a senllos lugares das fregresías riberas de Cora e Santa Cristina de Veá (A Estrada); como apelido é aínda hoxe moi característico da bisbarra situada ao sur do concello de Santiago de Compostela, que enlaza as dúas ribeiras, con Vedra como centro dominante. *Abelleira* é tamén un apelido desta comarca, se ben non exclusivo dela⁴; como topónimo non figura entre as entidades de poboación dos concellos limítrofes co de Santiago, pero é abundante no conxunto de Galicia e podería referirse a un microtopónimo local. As persoas nomeadas ao longo dos diálogos son reais e ben coñecidas polo auditorio como pertencentes ao estamento eclesiástico, en menor medida ao mundo cidadán que o rodea; tamén son reais as referencias á toponimia urbana compostelá. Hai unha procurada concreción

3 Agradezo aos coordinadores e, de forma especial, a X. R. Barreiro a autorización para usar eses materiais aínda inéditos e ofrecer a primicia nesta contribución. Dase, ademais, a feliz coincidencia de que estes textos cumpren dous séculos nestas semanas que anuncian a primavera de 2007.

4 Os mapas son significativos; remitimos para eles a *Cartografía dos apelidos de Galicia*, dirixida por Ana I. Boullón Agrelo e Xulio C. Sousa Fernández (IIG), consultable en <http://www.usc.es/ilgas/>. Para as bases de datos cos topónimos (entidades de poboación e parroquias), véxase <http://www.xunta.es/toponimia>.

na mención de persoas e lugares e unha verdadeira exhibición de coñecemento do mundo eclesiástico, das súas intrigas e interioridades, de maneira que resulta difícil dubidar da total veracidade dos feitos relatados.

No *Primeiro Diálogo* encóntranse por primeira vez os dous compadres. Diego de Carbia ten xa noticia do despedido de Pedro Abelleira e, so pretexto de aloumiñalo, consegue que lle vaia contando o sucedido, que o trae moi amolado. Chega a "Palacio", coma todos os meses, para recoller o esterco doméstico, pero xa desde o inicio observa que a situación non é normal, pois nin dá co lacaio que sempre llo tiña preparado "detrás da cama". No seu canto, topa co arcebispo [Rafael de Múzquiz y Aldunate] que encabeza un cortexo de xente da casa, todos con mala cara. Ao interpelalo sobre "o pólvó", este descarga nel toda a súa furia, insúltao, ameázao e bótao fóra da casa; acovardado e abraiado, "voto à fuxir para a Aldea cagando chispas è demos por todas as corredoiras". Nunca tal lle pasara, nin con Malvar [Sebastián Malvar Pinto] nin con Vallejo [Felipe Fernández Vallejo], dos que tamén foi esterqueiro, e non comprende que é o que sucede. Por conversas co lacaio chega a saber que xa lle deron o emprego a outro, por intrigas de persoas moi achegadas ao arcebispo, nas que median presuntos favores sexuais. Canto á razón da furia do arcebispo, confirma que se debe ao fracaso de todas as súas artimañas para facer doutoral ("que quer deser Canonego escollido entre os demais") un cóengo do seu círculo de confianza [Andrés Gil Villaverde, mencionado polo nome no prefacio; de Villa de Anguiano, bispado de Calahorra]; na exposición de Pedro Abelleira relátase polo miúdo a campaña de extorsión e mais o desenvolvemento da oposición, en cadros que achegan moita información sobre o cerimonial e os costumes festivos da época. No seu canto, nomearon doutoral "un Gallego moi capás" [Manuel Ros Medrano, Ourense], provocando a ira do arcebispo e afondando a fractura entre o bando galego e o dos partidarios de Múzquiz (forasteiros con algún "traidor" do país, como o lectoral [Andrés Rivera y Taboada]). Pedro Abelleira e seu compadre móstranse partidarios do bando galego e non desaproveitan a ocasión para poñer o dedo na chaga do descontento pola corte de navarros e outros personaxes alleos que medran ao abeiro das prebendas e do nepotismo do Sr. Múzquiz⁵:

5 Incluso López Ferreiro, que fai unha defensa apaixonada de Múzquiz fronte aos seus detractores, admite un exceso: "Una cosa hay, empero, en que algún exigente podría tacharle; y es la marcada propensión que siempre manifestó á colocar á su lado y en los puestos más eminentes de su Iglesia á sus parientes y á sus paisanos los navarros" (1911: XI 320). Os nosos diálogos non son a única obra de denuncia desta mesma oposición; en Barreiro (2006) editanse fragmentos moi ilustrativos doutras obras clandestinas, en castelán, de denuncia durísima en forma satírica e dáse noticia doutra retirada pola Inquisición (*Especulo que no adula o bien sea: relación verídica de todo lo ocurrido en la provisión compostelana al canonicato doctoral*. Santiago de Compostela 1807).

Quita de ahí, meu Compadre,
que todos son uns birotes,
tesos coma garabullos,
non saudan a ninguen,
e falan mal dos Gallegos,
e quixeran eles ser
tan honrrados como eu son,
con sacha, socos, e sesta,
sirolas, e sayo de lan.
Sabe Dios o que pasaron
antes de entrar na Galicia:
nunca comeron o caldo
quente como acá se come,
e a sensia deles he tanta
como a do teu faco ruso;

Finalmente despídense, Abelleira consolándose, “porque a min, gracias a Dios, hame de sobrar esterco: solo aquel honor de ser Esterqueiro de Palacio”, e Diego de Carbia, en forma sentenciosa, remachando no verso final a desmesura que preside a crítica nestes textos:

Eso heche o vento, compadre;
o conto he ter que comer,
porque no mundo en que estamos,
non hay mais que apetecer,
ser decote home de ben,
é cagávos en Palacio.

No *Segundo Diálogo* vólvense atopar os dous compadres. Diego de Carbia sobe desde Sar e atopa a Pedro Abelleira á raxeira na rúa de Pitelos. Ao saúdo alborozado do seu compadre, Abelleira responde queixándose de se sentir abandonado dos amigos e dos veciños nestas horas baixas, a pesar de que non perdeu “unha grande convenensia”, porque ao cabo o arcebispo calexa noite e día “por entre frades e monxas e por outras moitas partes donde come, caga e mexa” e por iso están sempre baldeiras as secretas da súa casa (e, por parte, o esterco era de tan mala caste que lle estragou todas as leiras). Diego de Carbia vólvelle tirar da lingua e Pedro vai dando razón puntual do paradeiro das “falcatrúas que fai este señor Arzobispo”. Conta, por exemplo, como todas as botellas e manxares que tiña previstos en San Martiño para o festexo foron derivados para a festa que organiza con motivo de “non sei que emprego lle deron ó Príncipe da Paz, Jodoy”; a descrición polo miúdo desta festa serve tamén de crítica de costumes, coma a pasaxe das mozas virxes traídas de cada fregresía por mor de lles dar dote de casamento. Conta tamén que os foguetes que non puideron botar daquela aínda os

gastaron “nautronte”, con ocasión da festa que seguiu a unha cerimonia de ordenación, e mais a astucia con que un dos novos ordenados, do círculo do arcebispo, recuperou os diñeiros ao conseguir que entre todos pagasen a música e os fogos. Conta, finalmente, os requirimentos de Ros Medrano, as dilacións do arcebispo e o secretario, as queixas ao deán e a reunión da Xunta, ata que finalmente Múzquiz se ve conminado a entregarlle a posesión. Aínda se lles pasa revista crítica e se lles lanzan pullas a outros personaxes, nomeadamente ao reitor da universidade, “o señor Dⁿ Xoan [Martínez] Oliva” (1805-07), enfrontado cos estudantes por causa dos chapeus e cos Catedráticos («con bos Merlos se meteu»). Van indo de vagariño cara á fin e á despedida, ao tempo que anuncian novos motivos de conversa sobre as andanzas do arcebispo (o preito que lle puxeron os cóengos) e quedan comprometidos para unha nova entrega:

CARBIA

Pro mira que hei de saber
en que veu a parar todo
e así de aquí a algúns días
compre que vos deixes ver.

AVELLEIRA

Non farei falta, home, non.

CARBIA

¿Quedamos neso, compadre?

AVELLEIRA

Ide sin.... Está dito.

CARBIA

Pois abur hastra a primeira.

Tras algunhas fórmulas cortesés de saúdos e despedidas máis, volven a lembrar o compromiso de se reencontraren en data próxima, anunciando un terceiro diálogo do que non temos máis noticia.

Pode ser discutible que os dous diálogos sexan obras teatrais en sentido estrito, pero non que nun e noutro hai evidentes trazas de teatralidade, coma noutros dos diálogos e tertulias coñecidos, que polo que sabemos estaban destinados a ser lidos en voz alta para un público maiormente analfabeto. É importante reparar neste aspecto, porque sen dúbida amplifica a publicidade e a eficacia da denuncia escrita. Cando Abelleira contesta dicindo que seguramente buscaron as virxes nas parroquias aldeás, porque na vila “botaría as súas medidas, e non acharía ningunha”, xa que “como decote chove non vos pode haber donzellas, porque esta he unha neviña que coa humeda non se garda”, e Diego de Carbia protesta preguntándolle se foi á taberna, o primeiro retruca cunha referencia ao auditorio, que ao noso entender é o público e non outros posibles veciños presentes non aludidos en ningunha parte do texto (DE2):

O xeito, ò xeito co eso:
estános a xente escoitando;
non sea que perda o creto
polas vosas faladuras.

Nesa mesma pasaxe, a controversia entre aldea e vila, e a pulla lanzada contra as mozas vilegas —así a todo, máis bonitas e garridas cás aldeás—, vai dirixida a un público desta natureza.

Hai así mesmo algunhas acoutacións que teñen maior forza e xustificación se se dirixen ao auditorio, como alocutario diferente do outro protagonista. Así, por exemplo, as frases entre parénteses destes dous fragmentos:

[DE1] Cheguei a aquela gran Casa
o Lunes, me acordo ben,
(ogalà no me acordara:)
como sabés que iba ali
una vez todos os meses

[DE2] Diego de Carbia:
Por Dios non tomemos presa,
armàdevos de pasènsia,
e contaredesmo todo,
que eu vos irei preguntando:
promeiramente decèdeme
(que esto non he marmular)
¿qué fixeron das botellas,
e daqueloutras endromenas
que foron pra San Martin?

Das palabras de Abelleira dedúcese mesmo unha caracterización física do personaxe, “con sacha, socos, e sesta, / sirolas, e sayo de lan”. Que a imaxe do esterqueiro era recoñecible pola sociedade compostelá como un “tipo” ou “personaxe” móstrano estes versos tomados de *La Pilingrina* (1787), en que unha voz anónima [Manuel Freire Castrillón] critica en castrapo as romerías e o culto ás imaxes dos santos:

Los Flaires mesmos, i Mongas
a San Antoneo lo coelgan,
i lo vesten de esterquero,
si no hace coanto le ordenan.

2. Data e ocasión

A diferenza das outras pezas do xénero, nas dúas entregas do *Diálogo dos esterqueiros* non parece haber nin un propósito de instrución pública, ao servizo da difusión dun ideario, nin un obxectivo de axitación e subversión social, a prol

dun cambio ou dunha acción; a denuncia pública non pretende unha mobilización en contra das malas prácticas do arcebispo e do cabido, nin defende unhas novas normas que poñan fin ao abuso no exercicio do poder. Por contra, a lectura demorada dos dous textos deixa a fonda impresión de que se trata do desabafo de alguén que se sente directamente afectado e prexudicado, a título individual ou colectivo, e responde iradamente en forma de escarnio; cuestiónanse os métodos só na medida en que non producen os resultados apetecidos, mais a invectiva de seguro non existiría se estes cadrasen cos intereses do autor.

A relativa brutalidade dalgúñas pasaxes fai pensar nun contexto transgresor, como o entroido, en que a procacidade e as referencias escatolóxicas serían máis doadamente asumibles polo público. Xorde de contado a conexión co *merdeiro* ou *escabicheiro* do entroido vigués, un personaxe caracterizado como un labrego (pucho, camisa por fóra, chaleque, faixa, calzón e cirolas, chancas) que leva os aveños do oficio (farol/vasoira, vara/aguillada), consistente en baleirar os pozos negros das casas (de aí *merdeiro*) ou recoller o argazo e mailas magas e outros restos do peixe (*escabiche* → *escabicheiro*)⁶; non está fóra de lugar supor un homólogo *esterqueiro* compostelán, mais as nosas pesquisas ata o presente non poden confirmalo.

Os feitos relatados tiveron lugar entre mediados de febreiro e mediados de marzo e hai que supor unha redacción inmediata, á calor da indignación pola actuación do arcebispo e o bando dos foráneos. Segundo consta nas actas capitulares, a presentación de candidatos produciuse o 14 de marzo e a elección en que resulta doutoral Manuel Ros Medrano, desatando a ira do arcebispo, rematou o 16 de febreiro de 1807, despois de tres votacións. Cando os dous compadres se despiden por primeira vez, o asunto aínda non está resolto, só se sabe que Múzquiz, despois de negarse teimoso a recibir a Ros Medrano, acabou por lle dicir abertamente que se negaba a darlle posesión, provocando unha queixa formal deste; en efecto, ante o silencio e freo de Múzquiz, o 27 de febreiro o doutoral electo reclama por escrito e pide o amparo e a resolución do Cabido. O segundo diálogo achega información con data posterior: os festexos oportunistas en honra de Godoy celébranse o 8 de marzo de 1807⁷; o día en que Múzquiz se ve forzado a lle dar a posesión canónica

6 O *escabicheiro* é un mariñeiro disfrazado de aldeán e ten carácter de sátira social. Véxase Xaquín Lorenzo Fernández (1982): "Do noso antroido: os escabicheiros", *Brigantium*, 3, 265-269. A figura estaba esquecida, pero rexurdiu nos últimos anos.

7 "Al poco tiempo se celebraron en Santiago, como en otras muchas ciudades de España, grandes festejos para conmemorar la exaltación de Godoy á la dignidad de gran Almirante de España é Indias. En 5 de Marzo de 1807 el Concejo pasó un oficio al Cabildo, para que en celebridad de tal suceso mandase iluminar las fachadas de la Catedral y la del Seminario [nota rodapé: Godoy era Regidor perpetuo de la ciudad de Santiago]. Tres días después, el Arzobispo, sin duda para demostrar que esto era sólo cosa suya, ofició al Cabildo pidiendo la capilla de Música para celebrar en la iglesia de San Martín una Misa en acción de gracias por el

a Ros Medrano, segundo X. R. Barreiro (nas mencionadas notas inéditas a *Papés*), foi o 13 de marzo de 1807⁸. En suma, o primeiro diálogo sitúase contra a fin de febreiro, entre o 16-II e o 8-III, probablemente máis próximo da primeira data ca da segunda; o segundo diálogo, en cambio, dátase xa despois do día 13 do mes seguinte. Por tanto, nin un nin outro puideron formar parte do entroido do ano 1807, pois o mércores de cinza dese ano foi o día 11 de febreiro.

O feito de que ningún dos dous diálogos se inscribise na festividade do entroido dese ano non invalida a hipótese de que o aparello de propaganda se puido servir dunha figura carnavalesca para os seus propósitos; antes ao contrario, esta circunstancia dálle unha nova magnitude a ese uso e obriga a avaliar de forma diferente o impacto ridiculizador da figura do arcebispo e da camarilla de navarros que o rodea. En todo caso, para os efectos do escarnio, é todo un achado converter o estequeiro na voz autorizada que, como especialista, coñece de primeira man toda a merda de palacio e pode sacala a luz para denuncia pública.

3. Autor anónimo

Unha das características destas obras dialogadas é o seu carácter anónimo, que atopa a súa explicación por dúas vías. Dunha banda, a ocultación do autor ou autores protéxeos da pouta da Inquisición e mais das seguras represalias, sexan estas do poder civil ou do eclesiástico. Doutra, este xénero propagandístico apoia a ficción de que as ideas e reflexións expostas emanan directamente do pobo, e polo tanto non cabe unha autoría explícita desde un estamento superior.

Non son poucos os inimigos e adversarios de Múzquiz entre os que buscamos un posible autor do texto. Podería moi ben pertencer a círculos da intelectualidade compostelá marcados polo seu pulo renovador e pola súa confrontación co inmovilismo e reacción da igrexa, moi vencellados á Universidade, entre os que non faltan eclesiásticos de formación ou de exercicio. En palabras de López Ferreiro (1911: XI 253-254n):

En Santiago existía un club, cuyas primeras manifestaciones ya databan del pontificado del Sr. Bocanegra, que se proponía, como principal fundamento de su existencia, no ya zaherir y desacreditar á la volteriana á los ministros de la Religión, sino atacar y ridiculizar sus dogmas. Principal cabeza de este club era el expresbítero D. Joaquín Patino, Bibliotecario mayor de la Universidad. [...] El órgano de este club en la prensa era la *Gaceta marcial y política*, eco de lo que publicaban en Cádiz, periódicos como el *Conciso*, el *Redactor*, el *Duende*, la *Abeja*, la *Triple alianza*, etc... En

mismo acontecimiento" (López Ferreiro 1911: XI 120-121). Na acta da Sancristía do 8 de marzo consta que se accede á petición para a función que se vai celebrar nese mesmo día.

8 A acta capitular en que se examinan e aproban as probas de limpeza de sangue do novo doutoral e se lle dá posesión é de 21 de abril.

la *Gaceta marcial* se hallaba vaciado todo cuanto de impío, soez, sacrílego y herético aparecía en dichos periódicos. Dirígíala un amigo íntimo de Patiño, el Dr. D. Juan Caamiña; persona tan mal vista en el pueblo, que á veces era insultado en las calles y llamado judío, etc. Escribían también en la *Gaceta*, D. Manuel Acuña, el presbítero D. José Francisco Regueiro, D. Antonio Benito Fandiño y el famoso Sinforiano López.

Periódicos de análogas tendencias á las de la *Gaceta*, eran en Santiago el *Cartel*, el *Estandarte*, el *Patriota*, etc... Riñó con estos periódicos rudas batallas el *Sensato*, periódico fundado en 15 de Agosto de 1811 por el Doctor Alvarez [...], el P. Fr. José Bentín [...], y el Canónigo D. Francisco Cabrera, Rector de Fonseca. En él colaboraban D. Benito Sotelo de Nóvoa, Freire Castrillón y D. Bernardo Caamaño, Párroco de Caldas de Reyes.

Aínda que as publicacións nomeadas por López Ferreiro nacen a partir de 1809 (da imprenta de Manuel Antonio Rey), o comentario é ilustrativo do ambiente compostelán nas datas dos nosos textos e a relación de títulos proporcionada dá idea do perfil da nómina de personalidades implicadas, entre as que menciona importantes figuras que xogaron un papel fundamental nas orixes do xornalismo galego e na recuperación da lingua galega como vehículo de expresión e de axitación; deixa entrever, ademais, un ambiente de crispación social entre os dous bandos, no que abundan outros historiadores cargando a maior violencia verbal no bando absolutista⁹. Para comprendermos mellor a amplitude do círculo intelectual contrario á ideoloxía reaccionaria dominante na igrexa compostelá, engadiremos aos seis ilustrados nomeados por López Ferreiro o cartógrafo Domingo Fontán, o matemático José Rodríguez, o impresor Manuel Antonio Rey (vicedirector da Sociedade Económica), Martín Hordaz (cura de Salomé), o coronel da Mariña José Gil Taboada e o seu irmán o conde Taboada, Mariano Espiñeira (cura de Cardama), Francisco Vázquez (cura de Bastabales), o profesor de dereito romano Felipe Mazarrasa, o avogado Caabeiro, Andrés Maquieira (cura de Sar), Miguel Roco (vicepresidente da "Junta de Sociedad"), Julián Areán, o bacharel Ignacio Salgado..., por citarmos só personalidades afectas a Patiño mencionadas no expediente da causa que lles forma a Universidade a el, a Juan Caamiña e a Domingo Fontán (Pérez Ballesteros 1889).

9 Valla como mostra a versión do seu coetáneo P. Pérez Ballesteros (1889: 26 204): "Bien conocidos son en Galicia los nombres del Dr. Patiño el sabio Bibliotecario de la Universidad y Presidente de la Sociedad Económica en la época aciaga en que se calificaba á esta de *club revolucionario* y masónico y se perseguía é insultaba á todos sus individuos; (al Dr. Patiño le apodaban *Traqueberraque* sus enemigos); del Dr. Camina periodista ilustrado y fundador del *Diario de Santiago* en 1812, redactor de *El Eco Marcial* de la Coruña que murió huído en Portugal y á quien habían titulado *Porca ladra* los partidos intransigentes; y especialmente, sobradamente conocidos y admirados son los talentos del sabio *Fontan* gloria de Galicia y autor de la famosa *Carta geográfica* de esta región".

Ora ben, a priori non hai que supor que o noso autor pertencera a ese círculo progresista. Podería moi ben formar parte do xa mencionado bando dos galegos dentro do cabido, e daquela ter ou non ter unha posición ideolóxica semellante á do grupo dominante na igrexa galega da época, moi reaccionaria. De feito, o ton empregado, xunto co bo coñecemento dos temas da curia, leva a X. R. Barreiro a suxerir que Fandiño puido copiar un texto de Manuel Freire Castrillón, activo xornalista que transita dunha posición aberta de anticlerical á de acérrimo absolutista e adversario público do grupo mencionado máis arriba. Pero tamén se podería deber a un personaxe coma o cóengo Manuel Acuña y Malvar, coñecido liberal e adversario público de Múzquiz, a quen ataca e critica por todos os medios posibles no contexto compostelán e diante do Congreso Nacional, o que lle vale duras represalias con penas de desterro. Uns anos despois da tortuosa oposición dos nosos diálogos, aínda pon o acento sobre o suceso, na reclamación furibunda que dirixe contra o arcebispo e o seu bando con ocasión doutra posesión irregular de prebendas a familiares, cun título que é en si mesmo unha declaración de guerra: *La constitución violada y mala fé guardada: ó bien sea La punible, injusta, despótica, tumultuaria, grosera, escandalosa, temeraria, ratera, atrevida, extravagante, cismática, ridícula, provincialista, quixotesca, intempestiva, zafia, degradante, farolera, clandestina, godoyana, anti-política, anti-religiosa, anti-constitucional, anti-canónica, anti-patriótica y nula posesión de quatro prebendas que ha dado el cabildo de Santiago en 24 de marzo de 1813 por contemporizar con el Arzobispo; ao mencionar a Rivera, dedícalle comentarios deste teor:*

y este, este ¿no es este aquel eterno adulador de los arzobispos y danzantes quando le viene á cuento? ¿aquel que [...]? ¿aquel que en 1807 fue del bando de Matagorda en la escandalosa oposicion de la canongía doctoral? ¿aquel que siendo exáminador del famoso concurso agenció el curato de Boiro [...] para su mayordomo, que al mismo tiempo es hijo del cura de Figueras? (1813: 23).

Non podemos deixar de sinalar que, cando menos, este personaxe excepcional serve de elo de unión entre ambos os grupos de adversarios de Múzquiz e aínda os motivos de todos para a dura invectiva. O crego e fidalgo Manuel Acuña Malvar é o único membro do cabido que ten abertas as páxinas da prensa liberal e frecuente estes círculos de forma pública. Foi de Salcedo (Pontevedra, 1757), estudou en Oviedo e Salamanca e pasou a instalarse en Compostela, como cóengo e beneficiado con varias prebendas obtidas grazas ao aberto nepotismo do seu tío, o arcebispo Sebastián Malvar Pinto. Pola súa ideoloxía, a súa conduta como cóengo e a súa posición estratéxica nun ambiente de aberta hostilidade, foi obxecto de persecución por parte de Múzquiz desde o mesmo momento en que este pisou Compostela, con penas que inclúen o desterro e a prisión; a relación entre

ambos non é a de simples adversarios políticos, pois está dominada pola carraxe e a xenreira (para un retrato completo do personaxe, véxase Barreiro 2007). Por iso, non é despropositado aventurar que nestas condicións de enfrontamento visceral, un temperamento coma o de Acuña Malvar non deixaría pasar a ocasión de lucir, contra o seu inimigo, os dotes retóricos para a denuncia aceda, oral e escrita, demostrados noutros momentos.

Tomando de novo a autorizada voz de X. R. Barreiro (2000: 22), faise preciso mencionar que os diálogos chegaron a nosoutros incluídos nunha colección de poemas manuscritos, reunidos e copiados coa “letra inconfundible” de Antonio Benito Fandiño, un dato que sen dúbida vincula dalgún xeito o coñecido liberal compostelán ao texto ou ao círculo en que se producen os diálogos, pero non abonda para atribuírle a autoría. En todo caso, como apunta Barreiro, proba a “participación de Fandiño nesta farándula poética”, que redacta composicións satíricas e festivas en que se combate “o luxo, a vaidade, a mesquindade, a cobiza e o favoritismo da elite eclesiástica da cidade”, co arcebispo e o cabido como albos preferentes. Non sabemos con que propósito colleccionou Fandiño ese feixe de textos anónimos, e por iso non podemos conxecturar sen marxe de dúbida que o *Diálogo dos esterqueiros* procede dalgunha das “reducidas corporacións de barulleiros” en que participa.

Non é o noso obxectivo analizar o texto desde o punto de vista do contido ideolóxico nin desde o punto de vista estilístico, perspectivas que sen dúbida axudarían a perfilar mellor o retrato do posible autor e a desbotar posibles atribucións. Na primeira dirección, conformámonos con suporlle ao autor un bo coñecemento directo da vida interna do pechado e complexo mundo da igrexa compostelá: persoas, cargos e encargos, papel de cadaquén, filias e fobias, intrigas e compoñendas, ritos e costumes, vida doméstica... Na segunda, sería preciso comprobar en que outras obras do momento, en castelán ou galego, ten cabida un ton algo desmesurado coma o empregado nestes diálogos. O noso propósito é analizar o texto desde o punto de vista da variación lingüística para tentar situalo entre as distintas variedades galegas —e por tanto orientar a procedencia ou instalación do autor cara a un ámbito xeográfico— e para tentar trazar un perfil que nos permita cotexalo con outros textos composteláns contemporáneos, salientando coincidencias ou disparidades relevantes.

4. Perfil lingüístico dos textos

O retrato lingüístico que se pode facer a través dun único texto —ben que estea en dúas partes, pouco distanciadas no tempo, coma o noso— topa con dificultades que convén ter presentes, para tomar coa debida cautela e afastamento as conclusións parciais a que poidamos ir chegando. Por obvias non deben deixar de expre-

sarse, tanto para os filólogos coma para os lectores doutras áreas. Mencionaremos só a pasar a dificultade de sabermos a ciencia certa por que un individuo escolle unha variante ou outra entre aquelas con que o puxo en contacto a súa biografía, dando por suposto que o maior número delas responderá á súa variedade lingüística de orixe ou á que adopta por se reinstalar prolongadamente noutro espazo xeográfico. Aquí interesa máis salientar que os trazos visibles e comentables poden atribuírse ao autor ou á modificación feita no texto pola casa editora (que adoito ten un criterio corrector e uniformizador, máis ou menos formalizado), no noso caso polo copista que nos deixa en herdo a única copia coñecida, manuscrita; e, no caso dos diálogos, resulta case imposible discernir que trazos son atribuíbles á variedade compartida polo autor e que trazos son só resultado dunha gran pericia na imitación dos falantes locais que quere retratar.

Os dous textos que nos ocupan son importantes para a historia da lingua galega e para a historia do galego escrito, porque unen a súa amplitude a unha datación moi temperá, no inicio do proceso de recuperación da escrita que se había mostrar con plenitude andado o século XIX. Ata onde hoxe coñecemos, neste novo período que arrinca no cambio de século só os anteceden un soneto de Pardo de Andrade (1797), a *Representación que hicieron los vecinos de Pontede-va* (1805) e, quizais, os dous sonetos con estrambote de Antonio Arias Teixeiro, "Desaogo del Duende contra dos ignorantes, que han querido criticar sus versos publicamente" (entre 1805 e 1812). Esta posición inaugural déixanos sen posibilidades de comparación coas solucións gráficas e as escollas lingüísticas realizadas en textos anteriores ou estritamente contemporáneos; para valorar esta eiva débese ter presente a importancia do ritmo nas propostas, difusión e aceptación das mudanzas do sistema de representación nos períodos de emerxencia. Así pois, só podemos cotexar o *Diálogo* con textos posteriores no tempo, sen sabermos a ciencia certa se atribuírmos as diferenzas a un cambio de pluma ou a un cambio de criterio no autor ou editor.

Escolmamos para esta tarefa dez trazos que xa foron salientados en traballos anteriores como caracterizadores dos textos deste período de reemerxencia, e moi particularmente para cotexar entre si os textos composteláns; fronte a outras seleccións posibles, estes son trazos ben representados nos dous textos analizados. Entre os aspectos fónicos e gráficos, consideramos a representación da gheada e do seseo e mais as solucións gráficas dadas a /ŋ/ e /ʃ/. Entre os aspectos de variación morfolóxica detivémonos no plural dos nomes e pronomes rematados en *-n* e *-l*, na solución dialectal de *-ANU/-ANA*, na forma adoptada nas terminacións do tipo *-son/-sion* e *-dál/-dade*, e, finalmente, na variante do MPN da P5 verbal.

O *Diálogo* presenta testemuños seguros de gheada en *lojo* e *Jodoy* (DE2), e mais en *Beja* 'Vega' (DE1); a eles poderíanse engadir *ningen* ~ *ninguen* (DE1) e *ningen* (DE2), *chegen* (DE1), *rengelaira*, *fogetes* [2v] e *freygesias* (DE2), se ben

nestes cabería argumentar lapsus por <gu>. Son poucos testemuños fronte ao uso recorrente de <g, gu>, pero abundan para marcar unha intención, que se fai algo máis evidente no segundo texto. A presenza deste trazo é relevante en si mesma, pois a súa representación gráfica falta en moitas outras obras que procuran o mesmo efecto de verosimilitude; éo aínda máis porque inaugura unha liña de textos composteláns anónimos en que a gheada se marca explicitamente, con maior ou menor constancia, ligados primeiro á imprenta de Manuel Antonio Rey (dous diálogos de 1813, con Juan Bautista Caamiña como editor, e nalgún caso posible autor; tres diálogos de 1820) e máis tarde á de José Fermín Campaña y Aguayo (catro diálogos de 1836, un diálogo de 1937; para o pormenor dos datos remitimos a Mariño 2003: 62). No estado actual de coñecemento dos textos escritos nestas primeiras décadas do séc. XIX, pódese afirmar que este trazo é tipicamente santiagués, pois fóra deste ámbito só se atopa no *Diálogo entre Gorecho é Mingos* (anónimo, A Coruña 1836); isto non significa que todos os autores composteláns optasen por esta solución, e neste punto convén sinalar que nin Fandiño nin Freire Castrillón¹⁰ se mostraron partidarios. Acompáñase, ademais, dalgúns casos evidentes de gueada, por ultracorrección en castelanismos, que axudan a caracterizar socialmente os personaxes: *pagues* 'paxes' (Diego) / *consequiero* 'conselleiro', *S^o Gosef, ogalá* [4v], *Vallejo ~ Vallego* (Pedro); só escapa a esta tendencia *Magistral*, que Pedro interpreta como alcume ("o Secretario, aquel que todos lle chaman por alcume o Magistral").

A representación do seseo con <s> é moi frecuente, sen ser constante, como ocorre noutros textos do período. Interésanos de forma especial o seseo prenu-clear, que nesta curta tradición se revela igualmente como un trazo moi ligado ao ámbito compostelán. Con maior ou menor grao de frecuencia e sistematicidade, atopámolo en todas as obras mencionadas a propósito da gheada, ás que hai que engadir outras desde as mesmas fileiras liberais, como o uso esporádico en *Proezas de Galicia* (1810) e na *Parola poléteca* (1822), e de forma máis decidida na *Décima constitucional* (1813), por Vicente Turnes (xa desde 1829) e no primeiro *Diálogo da Alameda* (1836); ora ben, tamén acolle o seseo con certa frecuencia a *Parola de Cacheiras* (c1836), o único diálogo de ideoloxía carlista en galego que chegou ata nós, escrito con toda probabilidade por un crego. Sen facermos un reconto estrito, podemos afirmar que os dous textos do *Diálogo* se aliñan cos que ofrecen unha alta porcentaxe de representación do seseo, nalgúns casos con vacilacións (*Galicia ~ Galisia, xusticia ~ xustisia, razon ~ rason, astrucia ~ astrusia*): tomando como exemplos as palabras máis abundantes, as 8 ocorrencias de ARCEBISPO

10 Sempre que sexa correcta a atribución a Manuel Freire Castrillón do "Artigo comunicado" publicado de forma anónima na *Estafeta de Santiago* o 23 de xuño de 1813.

distribúense en *arsibispo* (2), *arsobispo* (4) / *arzibispo* (1), *arzobispo* (1); no verbo FACER, usa *fas-* (3) fronte a *fac-* (4) e *faz-* (1); en DECER ~ DECIR, *des-* ~ *dis-* (21) fronte a *dec-* ~ *díc-* (4).

Na representación da nasal velar houbo un evidente cambio de criterio entre as dúas entregas. No primeiro diálogo predomina <n> (*algunas, una, unas, duna*, cun total de 11 ocorrencias) fronte á ausencia de grafema nasal (“*nua* cousa que eu sei”, DE1: 146), inseríndose dese xeito nunha tradición que non tiña resolto este problema gráfico; outros autores contemporáneos, como Manuel Pardo de Andrade, vanse manter nesa liña durante moito tempo. No segundo diálogo, en cambio, predomina <nh>, unha solución diferenciada de <n> [n] e de cero, que axiña se fai exclusiva ou predominante nos círculos composteláns: *unha, unhas, dunha e cunha* [18v], *ningunha* [1v], *algunha* [1v] / *una* [2v], *alguna* [2v]; a vontade de reemprazar <n> por <nh> é tal que en dúas ocasións atangue a *unhs* (“*pra unhs cadros*” e “*unhs chamanlles Moniteros*”, DE2: 332 e 446). Non se pode asegurar que o cambio de criterio se deba ao autor e non ao copista; en todo caso, cómpre sinalar que Fandiño é un firme partidario de <nh>, como todo o círculo que se moverá arredor da imprenta de Manuel A. Rey desde 1812¹¹; por vez súa, o anónimo «paysano católico» –que ao parecer agocha a figura de Freire Castrillón (1813)–, vacila entre <nh> e <n h>, unha diferenza gráfica que ben podería desaparecer nunha copia manuscrita.

Canto á representación de /ç/, outro trazo que baliza a historia da escrita galega moderna, no texto óptase por <x>, sen diacríticos (só nun caso se podería ler <x̄>, sen total seguridade: *dixēnle*, DE1: 79). Falta o circunflexo característico da escrita compostelá <x̄>, que arrinca de Fandiño na *Casamenteira* (1812), segundo información autorizada do seu amigo e editor, Juan María Pazos, no prefacio á primeira impresión, postuma¹²; por tanto, non sorprende que se empregue <x>, coma nos outros textos coñecidos antes desa viraxe, coma soa excepción de <xs> en *Proezas* (1810).

No plural dos substantivos en -n oscila da variante central en -s (*caixòs* e *capellàs*, DE1: 355 e 482) para a variante occidental en -ns (*rasons*, DE2: 34), única que emprega para o plural de *un* e *algún* (*uns* 7v, *uns* 2v, *alguns* 2v). É o mesmo comportamento que observamos na *Parola poléteca* (1822), a onde remitimos para a explicación da só aparente incongruencia (Álvarez/Montederramo

11 Nas primeiras décadas constitúe unha excepción importante a práctica do autor anónimo do compostelán *Diálogo entre Dominjos e Farruco* (imprenta de Rey, 1820), que opta por outra solución tamén diferenciadora, <n->; xa nos diálogos santiagueses de 1836, <nh> competirá con <n-> e, sobre todo, con <n-h>.

12 “Como nuestro dialecto gallego no tiene segun debiera arregladas una ortografía y una prosodia peculiares [...]. Sin duda le pareció de mejor efecto adaptar la x seguida de la vocal circunflexa para la pronunciacion que nos es peculiar y solo de viva voz puede esplicarse bien, separándose en esto de los idiomas portugués y francés que en iguales casos usan la j y la g” (Ourense 1849).

2006), e mais na *Tertulia da Quintana* (1820)¹³. Como sinala Mariño (2003: 176), nos diálogos de ambiente compostelán predomina a forma central, pois só os marcadamente occidentais –coma o da pontella da Chaínza–optan pola forma en *-ns*; distánciase tamén neste aspecto o texto atribuído a Freire Castrillón (*bendicións*). Este trazo combínase con outro que nos orienta cara ao lado occidental da isoglosa que separa as dúas variedades dialectais, sobre a que se sitúa o circundo compostelán: a solución sincrética *-an* para o feminino (*lan, hirmansiña*) e para masculinos e femininos procedentes de *-ANU* (*man* e *antemán, chan*); só escapa a esta uniformidade *grau de millo* (DE1: 321; en posible alternancia con *gran de millo*, DE2: 60¹⁴), unha diferenza de resultados entre palabras que aínda hoxe está ben presente na bisbarra, onde predomina *grao* (cf. *ALGa II*: compárense os mapas de *irmán* [31] e *chan* [35] co de *gran* [33]). Fronte a todos os outros diálogos composteláns, o plural das palabras rematadas en *-l* faise de xeito uniforme en *-les* (*papeles, caraveles, animais, fameleales, froles*); semella que máis adiante pulou a representación da forma tradicional *papés*, que pasa a alternar na escrita con *papeles*, que xa daquela debía estar fortemente implantada na fala espontánea (son excepción os que usan só *papés* ou *vocaes*, entre eles Freire Castrillón).

A escolla practicada nalgunhas terminacións nominais serve tamén para caracterizar de forma significativa a variedade lingüística empregada. Usa de forma reiterada a terminación *-son* (*confeson, esplicason, leuson, oposeson, poseson, proporson, votason*) e *-zon* (*relazon*) –coa excepción da forma vacilante *finson ~ finsion ~ fonsion ~ fursion*–, pero Galicia ~ Galisia, *gracia, gracias, leccencia, xusticia ~ xustisia*. Mariño (2003: 186) expón pormenorizadamente as escollas feitas nos distintos textos e alí remitimos para a comprobación de que son minoría os que optan de forma exclusiva ou preferente pola solución *-son ~ -zon*; entre eles atópanse algúns dos diálogos mencionados a propósito doutras similitudes. No mesmo lugar pódese comprobar que poucos textos mostran a mesma congruencia na escolla de *-ade* e *-ede*, no canto das formas truncadas (*falsidade, festividade, sua mercede, saude, Soledade, Universidade*, coa excepción de *humeda* nunha pasaxe que semella reproducir un dito popular: “esta he unha neviña que coa humeda non se garda”, DE2: 247); salientamos unha vez máis a semellanza coa práctica dos autores anónimos da *Parola Polêteca* e das *Tertulia da Quintana*, aos que só podemos engadir V. Turnes e o autor do *Diálogo de Dominjos e Farruco*.

13 Na primeira, sempre *contestacios, golondrés, ladrós, morrios* fronte a *uns* e *alguns*. Na segunda domina *prosisios, fundasios, sancristás, capellás, ladros* fronte a *uns* e *aljons*, pero hai tamén rexistros esporádicos de *-ns* (*millons* e *mans*); mencionaremos só como un apunte a ter en conta que algúns estudiosos sinalaron a Manuel Acuña Malvar como posible autor deste diálogo.

14 O texto di literalmente <grande millo>. A lección máis conservadora sería, logo, “e si non dera no conto / de mesturalo co meu, / non collía grande millo”, que tamén fai sentido.

Na P5 verbal usa de forma preferente a solución tipicamente occidental *deixès* e *deixà*, fronte á reemerxente *-desi-de* (*debedes, armade*), que acabaría por minorala no mesmo territorio, e mais a *deixai* e *deixar* no imperativo. A forma reducida en *-s* (*queirès*, 74,19%) predomina nas dúas entregas e en todos os tempos verbais fronte a *-des* (IPte, Fut. e SPte.), así como *-Ø* (*deixá*, 67,86%) o fai fronte a *-de* [*deixade*, 25%], a *-r* (*deixalo*, 1v) e a *-i* (*deixaibos*, 1v) no Imp.¹⁵. Mostra nisto a alternancia entre formas plenas e reducidas descrita por Mariño para os diálogos santiagueses (2003: 215), mais cunha forte inclinación para as máis características da fala local e coa incursión de formas excepcionais nese contexto xeográfico, nomeadamente *deixai*; esta pode ser unha interferencia meridional ou oriental, pero a concorrencia con *cantar* suxire unha fonte pontevedresa (cf. ALGa: I 26; téñase en conta que na altura a área de *-i* debía ser máis compacta e meirande cá actual)¹⁶.

5. ¿Un nome para un retrato?

En definitiva, a análise lingüística canxa mal coa posible atribución a Freire Castrillón, sempre no suposto de que sexa el o autor do «Artigo comunicado» de 23 de xuño de 1813, o único que nos permite facer o cotexo¹⁷. Nese texto non se representa nin o seseo nin a gheada, non está definitivamente resolta a grafía da nasal velar (*un ha*) e óptase por *bendicións, papés* e *vocães, ciudã*; ao non haber exemplos de descendentes de *-ANU/-ANA*, debemos concluír que só se asemella na solución gráfica dada a /ç/ —xeral na altura— e na preferencia de *facés* e *facé* sobre *facedes, facede*. En definitiva, se nos atemos ao perfil lingüístico, os diálogos dos esterqueiros e este artigo da Estafeta de Santiago non semellan da mesma autoría. Dado que a atribución deste a Freire Castrillón non é segura, habería que profundar na súa obra completa para tentar establecer con mellor criterio a autoría deste artigo, destes diálogos ou de ningunha das dúas obras, e nesta liña, non podemos deixar de advertir que a impericia versificadora do autor dos nosos diálogos non parece atribuíble a un poeta afeccionado que, como Freire Castrillón, deu ao prelo nas décadas precedentes obra poética culta en castelán.

O parecido é moito maior cos diálogos composteláns procedentes dos círculos liberais, a pesar de estaren distanciados no tempo, en tres cortes cronolóxi-

15 Os dous protagonistas trátanse de *vos*, como era usual entre compadres. Por iso, poderíase interpretar *-ches* como forma de P5 do IPto., comprobable en pequenas áreas hoxe discontinuas do occidente coruñés (ALGa: I 10), que alternaría coa maioritaria *-stes*: «¡Fixeches boa comparansa!» (DE1: 451). Ora ben, hai pasaxes en que se pasa sen dúbida á P2 de 'non cerimonia', como mostran estoutros fragmentos: «que foi ò que lle *fixeches*, que palabras el *che* dixó» (DE1: 38), «Ti no que *fixeches* mal foi nua cousa que eu sei» (DE1: 145).

16 Hai outro trazo excepcional sorprendente no contexto santiagués, o demostrativo *iso*, que apunta ao mesmo territorio meridional, coa vila de Pontevedra como límite norte («pro por iso non lle esquense o mirar pras Seoritas», DE2: 566).

17 Non podemos empregar para a mesma finalidade o texto de *La Pílingrina* (1787), escrito en castrapo con intención ridiculizadora.

cos. A similitude é especialmente relevante coa *Conversa no adro da igrexa* (1813) e coas dúas *Tertulia en la Quintana* (1820), que coinciden na maior parte dos trazos, con algunhas diferenzas de grao non concluíntes a causa do treito temporal que media entre as composicións¹⁸. Tendo á vista os dez trazos considerados, as diverxencias entre estes diálogos e os dous dos esterqueiros redúcense ás seguintes: a representación de /c/ con <s>, que como xa foi dito é consecuencia dun cambio de criterio posterior (1812); en DE1 e DE2 o plural dos nomes rematados en -l faise con -les (*papeles*), en CAI alternan as dúas variantes (*papeles*, *algasís*) e en TQ1 e TQ2 úsase só a forma reducida (*papés*), unha sucesión que podería explicarse doadamente como evolución dun mesmo autor ou grupo; en CAI alternan *abade* e *verdad*. Nun segundo nivel de gran similitude están o *Diálogo tercero en la Alameda de Santiago* (1836), *La Tertulia de Picaños* e *Sigue la Tertulia de Picaños* (1836): os tres presentan -sión (fronte ao característico -són) e a alternancia no plural de nomes en -l; TP1 e TP2 dan entrada ao feminino central *maña*; DA3 opón na P5 verbal de xeito uniforme *falás* a *falade*, distinguindo o MPN do imperativo do das restantes formas. No terceiro nivel sitúanse, con todo bastante próximos, os outros diálogos composteláns. Así pois, debemos concluir que, salvada a distancia temporal, o *Diálogo dos esterqueiros*, cando menos, pertence á mesma tradición gráfica e ao mesmo modelo de galego escrito cós restantes, o que non implica a mesma autoría¹⁹.

Este e outros trazos sinalados apuntan a un personaxe das características de Manuel Acuña Malvar: como cóengo, coñece á perfección o mundo que retrata e os feitos narrados; opositor acérrimo de Múzquiz, ao que denunciou por feitos semellantes en distintas ocasións; home de gran temperamento e capacidade de violencia verbal; frecuentador dos círculos liberais e escritor na súa prensa; orixinario de Salcedo (concello de Pontevedra), pero ben instalado en Compostela, podería ser quen de ofrecer un texto con fondas raigañas na lingua da comarca e só algunha ca outra pegada meridional. Engádase que os seus outros escritos de denuncia contra Múzquiz participan do mesmo carácter de reacción contra os resultados. Ora ben, non parece que o cóengo Acuña estivese en Santiago na altura, porque nas Actas Capitulares dos primeiros meses de 1807 non consta a súa asistencia a ningunha reunión do Cabido; fora recluído na Cartuxa de Aniago (Villanueva de Duero-Valladolid) por Múzquiz en 1803, e non saíría ata a inva-

18 Referímonos á frecuencia relativa na escolla, por exemplo, de *cantas* e *cantades*, que en DE se inclina cara á primeira e en CAI cara á segunda.

19 Débese ter presente que nin sequera unha coincidencia total nas escollas gráficas e morfolóxicas permitiría atribuír dúas obras a un mesmo autor sen marxe de dúbida. Por iso nos esforzamos en situalos dentro dun círculo, sen definir de maneira precisa o criterio de pertenza a este. O ditame lingüístico é máis determinante no senso contrario, pois un alto número de diverxencias obriga a considerar dous autores diferenciados.

sión francesa. Por parte, non se coñecen escritos en galego que lle foran atribuídos con certa marxe de seguridade —ou cun certo consenso entre os estudiosos²⁰—, polo que non podemos sometelos ao necesario cotexo practicado co atribuído a Freire Castrillón.

Imponse, cremos, a procura doutra personalidade concorde co retrato que acabamos de deseñar, desvelando para a historia da cultura galega novos elos da cadea, rescatando do anonimato e o esquecemento novos participantes de mérito nesta construción colectiva.

Agardamos que novas investigacións, desde esta mesma liña de investigación ou desde outros campos do saber, e novos achados permitan alumar mellor nun futuro próximo o nome do autor do *Diálogo dos Esterqueiros* e das outras personalidades que contribuíron de forma tan eficaz á reemerxencia e visibilidade do galego como lingua escrita nas primeiras décadas do século XIX, anunciando o rexurdimento.

Bibliografía

ALGa = GARCÍA, Constantino e SANTAMARINA, Antón (dirs.) (1990-): *Atlas Lingüístico Galego*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza e Instituto da Lingua Galega, vols. I-V | I: 1990; II: 1995; III: 1999; IV: 2003; V: 2005].

ACUÑA MALVAR, Manuel (1813): *La constitución violada y mala fé guardada: ó bien sea La punible, injusta, despótica, tumultuaria, grosera, escandalosa, temeraria, ratera, atrevida, extravagante, cismática, ridícula, provincialista, quixotesca, intempestiva, zafía, degradante, farolera, clandestina, godoyana, anti-política, anti-religiosa, anti-constitucional, anti-canónica, anti-patriótica y nula posesión de quatro prebendas que ha dado el cabildo de Santiago en 24 de marzo de 1813 por contemporizar con el Arzobispo*. Dala á luz para conocimiento del público el lic. D. Manuel ACUÑA Y MALVAR, canónigo de la misma Iglesia. Impreso en Santiago. Oficina de D. Manuel Antonio Rey. Año de 1813.

ÁLVAREZ, Rosario (2003): "Enfiando doas. O cultivo escrito do galego nos séculos XVI e XVII", *Galicien Magazin*, 14, pp. 33-39 [Galicien-Zentrum der Universität Trier].

ÁLVAREZ, Rosario e RODRÍGUEZ MONTEDERRAMO, Xosé Luís (2006): "Un prego solto en galego en defensa do liberalismo: «A parola poléteca», de 1823", *Boletín da Real Academia Galega*, 367, pp. 139-182.

20 Non é a primeira vez que soa o nome de Manuel Acuña Malvar como autor dalgún destes diálogos anónimos, seguindo a suxestión inicial de Isidoro Millán —quen lle atribuíu a maioría, se non todos—, aceptada por Álvarez Blázquez; sen dúbida foi a autoridade do mestre o que levou a X.R. Pena, como editor de *Sigue la tertulia en la Quintana*, a soste-lo como "verosímil que o anónimo autor do parrafeo poida ser don Manuel Acuña e Malvar", sen argumentar en que basea a atribución (1995: 119).

- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (2000): "A esaxerada vida de Antonio Benito Fandiño", en Antonio Benito Fandiño: *A Casamenteira*, Ourense, Linteo, pp. 17-35.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (2002): "A cultura da transgresión na Galicia do século XIX", en Castro, Xavier e Juana, Jesús de (eds.): *Historia da cultura en Galicia / XI Xornadas de Historia de Galicia*, Ourense, Deputación Provincial de Ourense, pp. 171-182.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (2006): "Literatura clandestina. A crítica social na Galicia de finais do século XVIII", en Sánchez Ferro, Pablo (dir.): *Entre liñas. Unha ollada á historia da cultura escrita: da idade antiga ó século XVIII*. Ourense, Universidade de Vigo, pp. 122-143.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (2007): "Manuel Acuña y Malvar. Un clérigo liberal e extravagante que quixo morrer en Ribeira", en Vidal, Nel e Teira, Luis (coords.): *Memorias de Ribeira*, Ribeira, Asociación Cultural Altofalante, pp. 17-35.
- CARBALLO CALERO, Ricardo (1978): "Testemunhos gráficos do galego *decer* «dizer»", *Verba*, 5, pp. 101-112.
- [FREIRE CASTRILLÓN, Manuel] (1787): *El nuevo Cosáreo de las Candelas, La Pilingrina*, Santiago de Compostela, Imprenta de D. Ignacio Aguayo.
- LÓPEZ FERREIRO, Antonio (1911): *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, Tomo XI, Santiago de Compostela, Imp. y Enc. del Seminario Conciliar Central.
- MARIÑO PAZ, Ramón (2003): *O idioma galego no limiar da súa renacemento. Estudo lingüístico de textos pregaleguistas*. Anexo de *Revista Galega de Filoloxía*, A Coruña, Área de Filoloxías Galega e Portuguesa, Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística.
- PENA, Xosé Ramón (1995): "Sigue *La Tertulia en la Quintana, ó segundo Dialogo entre los consabidos Andrúco, Xâcobe é Alberte* (texto esquecido de 1820)", *A Trabe de Ouro*, 21, pp. 117-123.
- PÉREZ BALLESTEROS, Pablo (ed.) (1889): "Archivo de la Universidad de Santiago. Año 1814. Testimonio de la causa formada por esta Real Universidad contra los doctores D. Joaquín Patiño catedrático y bibliotecario, D. Juan Camiña y don Domingo Fontán; que originariamente se remitió á Su Majestad (D. Fernando VII) por mano del Excelentísimo Sr. Ministro de Gracia y Justicia", *Galicia Diplomática*, 26, pp. 204-206; 33, pp. 249-251; 34, pp. 257-259; 35, pp. 261-263; 36, pp. 269-271; 37, pp. 277-278; 38, pp. 285-286; 40, pp. 293-295.

Poemas galegos de Julio Camba cando mozo e anarquista

XOSÉ MARÍA DOBARRO
Universidade da Coruña

Quen foi un dos grandes xornalistas hispánicos da primeira metade do século vinte, Julio Camba, tivo un tanto, ou algo máis?, que ver co desenvolvemento —todo o tanxencial que se quixer— da nosa literatura galega en verso. É obvio que moito máis co anarquismo e, despois, con tantas outras cousas que nin se saben moi ben. Mais, aquí e agora, non importan.

O que si interesa, por se tratar de anos xuvenís, é procurar fixar algún que outro fito da súa vida, por teren moito que ver cos seus principios literarios.

A *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, de Ricardo Carballo Calero, esa importantísima e fundamentalísima investigación (que viu a luz en tres edicións, —corrixidas e aumentadas— e que desde 1981 non se volveu reeditar), sempre lle dedicou algunhas liñas a Julio Camba como escritor galego. E non era para menos. Aínda nesa altura —xa non digamos nos tempos de Antonio de la Iglesia ou de Eugenio Carré— se trataba de sumar ou incorporar nomes de cultivadores do galego, e moito máis se estes eran relevantes na literatura estatal e/ou hispánica. Cando o investigador Ricardo Carballo —que seguía a ser un profesor sancionado, isto é, incapacitado para o exercicio da docencia pública— andaba argallando o que de serio había que contar desa nosa historia literaria, Julio Camba aínda vivía e tiña nome literario. E, coma el, tamén vivían abondas xentes que trocaran as ideas nas que se moveran infancias, mocidades e primeiras —e realmente serias?— vidas profesionais. Introducir datos persoais ou vitais nesas coordenadas, coa guerra civil aínda tan próxima e presente, non debía ser, sen dúbida, doado. Con certeza, o doutor Carballo, nos anos cincuenta e sesenta, tiña que lembrar manifestacións sobre o galego e o galeguismo que fixera Julio Camba

polos anos da fundación das Irmandades da Fala. Non dos da ditadura franquista. Velai, a título de exemplo, dous parágrafos tirados de *Playas, ciudades y montañas*, 1916

El gallego, que es un idioma dulce, armonioso y abundante en vocales, no sirve para la vida ni para la literatura. En gallego se pueden hacer algunas poesías —Rosalía las ha hecho maravillosas—, comprar algunos pescados y hablarles a las gallinas, a los pájaros y a las muchachas de aldea. Pero ¿cómo va a tener nadie la pretensión, no ya de escribir un artículo político o una crónica periodística? No se habla gallego más que en las aldeas.

El regionalismo gallego es de una cursilería desesperante. [...] Galicia es un país encantador; pero tiene un inconveniente: el galleguismo. En Madrid, en Buenos Aires, en La Habana, en todos los sitios donde hay colonia gallega, se puede estudiar un tipo muy curioso, que es el del gallego profesional. ¡Gallegos que viven de ser gallegos y que llevan tantos o cuantos años de gallegos militantes!

Mais, sabíase realmente o que pensaba o Camba dos finais dos seus días? É máis que probable que seguise a pensar o mesmo, pero era iso óbice para prescindir do seu nome por moi modestas que fosen as súas contribucións ó cultivo literario do idioma galego? Por outro lado, estaba o feito de que o primeiro historiador sistemático da literatura galega, Eugenio Carré Aldao, incluíra o seu nome e antoloxizárao na súa obra. Habería que eliminalo?

O que vén a conto é que figura como poeta galego. Carballo Calero (1981¹: 508) dicía:

Os irmáns Francisco e Xulio Camba Andreu cultivaron o galego na súa mocidade. Polos anos 1900 a 1901, Xulio versificaba na fala da súa terra. Poden se ver na *Revista gallega*, dúas composicións que levan o mesmo título de *Charamuscas* —en nota 17 indica: *Rev. gall.*, nº 299, 9 decbre 1900; e nº 316, 7 abril 1901. Tamén é de Xulio unha canción de emigrante datada en Buenos Aires en 1901 —en nota 18 *Recordos*. Carré: *Literatura gallega*, páxs. 201 s.

Como case sempre o profesor Carballo é preciso. Esas composicións viron a luz tal cal o indica. Non obstante erra na data de nacemento do escritor vilanovense. Di que naceu en 1882 cando a data da súa vida ó mundo é o 16 de decembro de 1884¹. Tivo esta lugar no seo dunha familia de clase media, o que lle permitiu obter axiña unha formación á que eran de por vida alleos a inmensa maioría dos galegos daquel tempo.

¹ Hai diferentes —algúns moi importantes, por certo— traballos de investigación que seguen a dar como ano de nacemento de Julio Camba Andreu o 1882. Tal é o caso desa magna historia do anarquismo galego que editaron Elisco Fernández e Dionísio Pereira (2004).

A lenda, que el mesmo contribuíu a conformar, dí que ós trece anos, fuxiu da casa e embarcou como polisón nun barco que ía á Arxentina. Mais iso non foi así².

Na sección “Notas Bonaerenses” do xornal *El Eco de Galicia* (345, Buenos Aires, 20 de maio de 1901) figura o seguinte solto:

D. Julio Camba— Hemos tenido el gusto de recibir la visita de este joven y estimado conterráneo, que acaba de llegar de Galicia. Hombre de claro talento é ingenio, ha colaborado en varios periódicos. Le damos la bienvenida, y le deseamos buena suerte en este país.

Chegou, xa que logo, á capital arxentina cando ía camiño dos dezasete anos e, ó que se ve, xa era coñecido aló como colaborador xornalístico. Manuel Castro López, responsable da publicación porteña, tiña fluídas relacións tanto cos rexionalistas coruñeses da “Liga” como coa *Revista Gallega*, da que algúns destes eran redactores, onde viran a luz os dous poemas de título “Charamuscas” citados por Carballo Calero. Mais tamén neste relevante semanario coruñés, dera a coñecer, a maiores, outros versos en galego (“Charamuscas. Tinta nova”, 309, 7 de abril de 1901) e en español³ (“En la muerte de Campoamor”, 317, 14 de abril de 1901).

Da outra publicación onde Camba colaborara antes de viaxar a Buenos Aires deunos noticia Antonio Odriozola (1993). Trátase do *Diario de Pontevedra*, que inseriu nas súas páxinas —sempre na sección “Las quincenas de “El Diario”, das que era director Javier Valcarce Ocampo— tres poemas en español (“Bagatela”, 15 de outubro de 1900; “De un abanico”, 1 de febreiro de 1901, e “¿Qué es el amor?”, 15 de abril de 1901) e un en galego (“Retranqueira”, 15 de xaneiro de 1901).

Ós vinte días de que o decenario galego dese a nova da súa arribada a Buenos Aires xa atopamos a súa primeira colaboración en *El Eco de Galicia*: o poema “Recordos” (347, 10 de xuño de 1901), do que adoitan falar historias e dicionarios de literatura⁴ porque foi o que incluíu Carré na antoloxía que figura na 2ª edición súa *Literatura Gallega* (1911)⁵. Pouco despois aparecerían outras dúas colabora-

2 Os citados Fernández e Pereira din que Camba “emigrou a Buenos Aires con 17 anos”.

3 Coherentemente, Carballo Calero non os cita na súa historia.

4 Tales son os casos, a título de exemplo, de Francisco Fernández del Riego (1971: 181): “[Xulio Camba] que, na súa mocidade, editou uns versos en galego, abondo nostáxicos, co título de *Recordos*,” e (1992: 59): “Nos seus tempos mozos publicou algunha composición en lingua galega. A primeira delas *Charamuscas*, apareceu na «Revista Gallega» en 1900. Ao ano seguinte figurou en «El Diario de Pontevedra» a titulada *Retranqueira*. Tamén en 1901 deu a coñecer en Buenos Aires *Recordos*, a súa poesía en galego máis difundida”. Ou Dolores Vilavedra, (1995: 102): “Na súa mocidade (anos 1900-1901) escribiu algún poema en galego, como as dúas composicións que aparecen en *Revista Gallega* co mesmo título de «Charamuscas». Emigrou a Bos Aires en 1901 e por ese motivo escribiu nese mesmo ano unha canción en galego titulada «Recordos», que aparece recollida na «Antología» de CR”.

5 Non así no Apéndice 3º —“Trabajos de algunos escritores regionales de los que no hay publicados libros de poesía en galego”— da 1ª, publicada inicialmente por entregas no propio *El Eco de Galicia*. O motivo

cións: “[;Tamén él! Ó notabre patriota]” (348, 20 de xuño de 1901) e “En la pradera” (354, 20 de agosto de 1901). A partir de aí perdémoslle a pista á súa vinculación coa colonia galega. *El Eco de Galicia* non volve falar del, nin sequera cando se produciu a súa expulsión do país.

Os estudosos, tanto de Camba como do anarquismo, din que axiña se introduciu en círculos anarquistas e que foi redactor de proclamas e panfletos. Eliseo Fernández e Dionisio Pereira (2004: 48) din que estivo vencellado ó voceiro *La Protesta Humana* e á “Federación Obrera Argentina”, así como que participou activamente na folga de 1902.

Na súa noveliña, de carácter autobiográfico, *El destierro* (1907), aparecida na colección “El Cuento Semanal”, conta que en novembro de 1902 tivo lugar unha tremenda folga xeral. Comenta como el se dedicara a escribir manifestos, nun estilo similar ó de Roque Barcia —como soubo despois, pois daquela non o coñecía—, que tiñan a finalidade de axitar as masas. Eran follas soltas que se pegaban nas paredes e que, segundo confesa, tiñan máis emoción que moito do que escribira despois desde presupostos máis no canon.

Buenos Aires chegou a paralizarse coa folga xeral. Perante esta situación de caos e coa finalidade de impedir o avance das ideas socialistas e anarquistas, traídas polos inmigrantes, fundamentalmente os galegos e os italianos, o goberno arxentino decidiu aprobar unha lei de excepción e de prevención, destinada a evitar que certos elementos estranxeiros perturbasen a orde pública e, mesmo, puidesen comprometer a seguridade do Estado, abusando da hospitalidade que este lles brindaba, tal como argumentaba o deputado Miguel Cané, cando a defendeu no Parlamento. O 23 de novembro de 1902 o Congreso Nacional sancionou a Lei de Residencia.

Na noveliña, refire que soubo da aprobación desa lei para expulsar os estranxeiros perigosos, ó tempo que se declaraba o estado de sitio na capital, por medio dun coñecido xornalista cando se atopaba co seu amigo e correlixionario Basterra.

Basterra, que tiña familia, decidiu axiña que procuraría fuxir a Montevideo antes de que o expulsasen e trataba de convencer a Camba de que o acompañase. Mais este non quería tal cousa. Cando o amigo lle manifestou que o deportarían a España di que lle contestou que lle farían un favor.

Ó día seguinte de despedirse de Basterra, cando saía á rúa, prendérono e, como estaba previsto na lei, embarcárono no vapor “María Cristina”.

é que aínda que a edición en libro é de 1903, a redacción da obra é anterior á aparición dos “Recordos” de Julio Camba. O que non se comprende moi ben é como non reproducíu —en ningunha das edicións— as “Charamuscas” aparecidas na *Revista Gallega*, da que era redactor.

No solto "Anarquistas repatriados. La filiación: —Los que son gallegos" aparecido en *La Voz de Galicia* (21 de decembro de 1902) pódese ler:

Dicen en Barcelona que cuando entre en aquel puerto el vapor *María Cristina*, en el cual deben llegar los anarquistas españoles que fueron expulsados de Buenos Aires y los cuales van trasladados á aquella ciudad, visitará el barco la policía.

Allí filiará á cada uno de los detenidos y le indicará las poblaciones en las que deben residir.

De dichos anarquistas Miguel Ríos y Ricardo Alfonsín, son naturales de La Coruña, y Manuel Lago, Julio Canela, Adrián Troitiño y Juan Calvo, son naturales de Pontevedra.

Julio Canela es un joven de 18 años y ejercía de periodista en la República Argentina.

Alfonsín es panadero, casado y tiene cuatro hijos.

O denominado Julio Canela non é outro que Camba.

O mesmo xornal do día seguinte, luns 22, daba conta da chegada do barco á capital catalá no solto "Anarquistas repatriados. Llegada á Barcelona. — Al Gobierno civil. — A la Coruña y á Cádiz. — Una protesta":

Ha llegado á Barcelona el trasatlántico español *Reina María Cristina*, que conduce los anarquistas españoles expulsados de Buenos Aires.

Fueron seguidamente á bordo los jefes de policía, quienes ordenaron el desembarco de los repatriados.

Unos se quedarán en Barcelona y otros significaron deseos de ir á residir á Cádiz y á La Coruña.

Desde el buque pasaron detenidos al Gobierno civil, en donde continúan.

Formularon ya una protesta por no habérseles puesto inmediatamente en libertad.

Mais nese mesmo xornal, do día 22, no solto "Anarquistas repatriados. En libertad" lese:

El Gobernador civil ha decretado la libertad de los anarquistas llegados de Buenos Aires.

Se les ha concedido autorización para residir en los puntos que elijan.

As noticias están datadas en Madrid, a primeira ás 2,10 horas e a segunda ás 2,15.

Unha vez en liberdade e coa posibilidade de se poder instalar onde deciden, *La Voz de Galicia* do día 23, informaba en "Anarquistas á la Coruña":

Los anarquistas Miguel Ríos y Ricardo Alfonsín llegados á Barcelona con muchos otros expulsados de la República Argentina solicitaron venir á fijar su residencia en La Coruña, de donde son naturales.

Aquí según parece, no les conocen sus correligionarios, pues aun cuando creen recordar al primero de ellos, como á un obrero entusiasta y afecto á las ideas de solidaridad, que de

nuestro puerto partió hace años para la América del Sur, no tienen la certidumbre de que sea el mismo.

Dicese que también vendrán á La Coruña é irán á Vigo los anarquistas Adrián Troitiño, Manuel Lago, Julio Canela y Juan Calvo, naturales de Pontevedra, expulsados asimismo de Buenos Aires y repatriados ahora.

Non sabemos, xa que os diarios deixaron de dar noticias sobre a repatriación, se Camba se dirixiu á Coruña, ou se, como parece máis lóxico, se instalou directamente en Vilanova ou en Pontevedra.

Uns anos despois, no artigo “La isla de Arosa” (*El Mundo*, 18 de maio de 1908), o xornalista arousán fai alusión a algunha das peripecias do retorno após a expulsión:

Quando yo vine de América, expulsado, se me ocurrió un día ir a visitar la isla de Arosa. Hace ya cinco o seis años, y todavía recuerdo, con una leve sonrisa cyranesca, la impresión de terror que produje en la isla. Detrás de mí oía con frecuencia el tímido cuchicheo de las mujeres y de los niños.

—¡El anarquista! ¡El anarquista!

El anarquista era yo. Los periódicos habían publicado mi historia en la sección telegráfica, con fecha de Cádiz —el primer punto de la Península en donde hizo escala el vapor que me conducía— y de Barcelona, el punto en que desembarqué. ¡Una historia de la que el protagonista se iba enterando a medida que la leía! Confieso que aquellos episodios, fantásticamente relatados para producir la emoción de toda España, me llenaban de orgullo: un orgullo que sería tan grande como el de César o el de Napoleón, si las erratas no hubiesen venido a acibararlo. ¡Triste suerte la de mi apellido, en manos de unos cajistas que no lo conocían! *El Imparcial* me llamaba Julio Canela, y *El Heraldó*, Cánoba. Nada tan ignominioso, sin embargo, como el apellido que me adjudicó *El País*, de cuyo carácter radical no podía esperar ningún revolucionario una errata tan ofensiva: ¡Julio Caníbal!

Nos primeiros meses despois do regreso colaborou en *El Diario de Pontevedra*, pero de contado marchou a Madrid. Segundo López García (2003: 35) a mediados de 1903 xa estaba na capital. Na prensa madrileña atopamos artigos seus en diferentes publicacións, tanto nas que podemos denominar convencionais (*El País*, *España Nueva* y *Los Lunes de El Imparcial*) como nas afíns ás súas ideas anarquistas.

Sobre a súa participación nestas segundas, Álvarez Junco (1976: 151) dinos que entre 1903 e 1906 foi devoto acérrimo de Nietzsche —se ben o criticase nalgúns temas como o do antifeminismo—, o que o levaba a valorar a individualidade solitaria, oposto á ortodoxia libertaria, á vez que era director do xornal ácrata *El Rebelde* (compartindo a responsabilidade con Antonio Apolo, agás cando este estaba preso e tíña a el toda) e colaborador doutros varios: *La Revista Blanca*, *El Trabajo*, *El Porvenir del Obrero*...

A partir de 1906 aceptou un posto de correspondente no estranxeiro de *La Correspondencia de España* e marchou a Constantinopla. Acababa definitivamente o anarquista militante e o autor de versos galegos.

Reproducimos os seis poemas galegos que coñecemos.

1

CHARAMUSCAS

Ao meu amigo ó notabre esquiretor gallego
D. Francisco Portela Pérez

Cando pasa ao meu lado algunha reyna
do luxo é do "confort"
en ves de cuvizal-as suas galas
inspirame porfunda compasión.
Porque terá cabalos á milleiros
é mozos á montós
pero ningún de todos seus amores
pode chamarse amor...

JULIO CAMBA

Revista Gallega, 299, 9 de decembro de 1900.

2

RETRANQUEIRA

(A meu bon amigo é enxebre esquiretor gallego D. Farruco Portela Pérez).

A noite é serea,
O mar está en calma
E d'a lua aparece no cénit
O disco de prata,
Alá lonxe chirrían os carros
Que veñen da braña
Y-os seus chirrios somellan queixumes
D'un pobo indixente que sofre é traballa...

Barqueiro: non bogues
A caron d'a praya
Que os salayos d'os nosos labregos
Divídenme á y-alma;
Vaite lonxe, lonxe,
Pr'ó centro d'as augas
Onde non se sinte ni ó cantar d'os carros
Ni ó xemir de nadia,
Pero... non fuxas
Deixa estar a lancha

Pois tamen ò movérel-os remos,
Parés que salayas...

.....
¿A onde irey ¡ouh gran Dios! que non sinta
Baguidos nin lástemas?
S'ê n-a terra solouzan os carros
S'ê n-o mar choromican as augas...
Soilo fora d'a pátreas, mais ¡probes!
Os fillos d'a Suevia non temos nin pátreas.

JULIO CAMBA

El Diario de Pontevedra, 15 de xaneiro de 1901.

3^o

CHARAMUSCAS

TINTA NOVA

(Ao correuto esquirtor D. José Vega Blanco)

O ceo sin nubes
tranquilo e sereo
surría, amostrando
purismo, contento
y-á pradeira que é sempre en Galicia
trasunto d'o ceo,
parecía tamen alegrarse
c'os doces amagos d'o fúlxido febo.

Frotaban n-a amosfra
ciscados á oito,
de froles distintas
cheirumes diversos,
e, formando con estes cheirumes
grandioso concerto
escoitábase a-o lonxe á armunia
que as aves conoras lle daban a os ventos.

¡Grandeza! ¡fertuna!
¡Saude é contento!
Sin vos, soilo pode
vivirse morrendo
—excramey a-o mirar un paisaxe
tan chuscarrandeiro

6 Reproduciuna o bonaerense *El Eco de Galicia* (342, 20 de abril de 1901) —un mes antes da chegada do autor— con algunha variante non significativa.

e a-o sentir as suaves caricias
que en todo o meu corpo faciame o céfiro.

Mais logo, ouservando
c'un probe d'un vello
n'o arró perecía
de fame é de teo.

-¡Inda hay xentes que sufren, me dixen,
disgracias á oito,
entramentrel-os ricos se gozan
gastando sin orde montos de diñeiro.

E, cheo de rábea
somentes por eso,
maldixen o goce
de terras e ceos

Pois, a-o ver que n-a calle quedaba
sin folgos un vello,
inda tiñan aquel pra surrirse
co'as festas d'os ricos parexas correndo...

As veces á pruma
lebada d'os demos
quer por en estrofas
ó conto do vello

máis, axiña arrepíntome é pároa
que os hinos guerreiros
soiío poiden grabarse con sangue
n'o libro subrime d'o humano porgreso.

JULIO CAMBA.

Revista Gallega, 309, 17 de febreiro de 1901.

4

CHARAMUSCAS

(Ao fecundo poeta D. Xavier Valcarce Ocampo)

¡Esto non pode ser! Xa se acabaron
os séculos de ilotas é de parias
y-e preciso que á greba aborrecida
se trasforme en xardín par' os que á labran.

Hoxe no'existen dreitos sin deberes
nin hay mais rey que á Libertá sagrada;
hoxe estamos n-a cume d'o porgreso
e o porgreso non vive con infamias.

¿Onde se vé unha terra como a nosa
xunguida sempre ao carro d'os que á aldraxan,

sin brazos que encamiñan os seus ríos
e sin maus que lle furen as montañas?

A emigración d'un lado é d'outro lado
Madri co'a sua inxente picaraña.
Millor dito; os efectos que se tocan
y-as esquecidas é funestas causas...

¡Ay! ¿Seguirá Galicia eternamente
sendo un pobo de ilotas é de parias?
¿Non haberá unha mau que nos levante?
¿Ninguén terá valor pra facer pátreas?

¡Poetas! Se querés que os vosos hinos
cheguen ao fondo d'as doidas almas,
templai en ódeo as liras é aprestaivos
a cantar ó esperguizo d'esta raza.

JULIO CAMBA.

Revista Gallega, 316, 7 de abril de 1901.

5

RECORDOS

¡Eu non sey como foy! Soilo alembro
n-a mente dorida
ó recordo tristeiro é punxente
d'un barco fixindo con rumbo á estes crimas;
d'unha praia que o mando d'a néboa
c'os ceos fundia;
e d'un pobo croberto de casas
que às ledas rayolas do sol relocian.

¡Ay! De cote verey, onde queira
que os ollos dirixa,
a poéteca imaxen d'o pobo
que dendesd'o barco mirey aquel día.
Alí abrín miña y-alma ós lumaes
eternos é fonchso d'o sol é d'a vida;
Alí, alegre, choutey de pequeno
por montes, por corgas, por vals, por campias;
E alí, en fin, d'unha nay gasalleira
sentín as suaves é puras caricias...

¡Eu non sey como foy! Pero quero
mandarlle á terríña
—xa que d'ela m'atopo aleixado

por mares inxentes— n-as a as da brisa,
 un queixume, unha bágoa é un suspiro,
 sinxelos interpres d'a murria bendita
 que me embarga por ver-os meus lares,
 o ceo purismo d'a amada Galicia
 e aquel pobo formado con chouzas
 alegres é brancas, d'as q'unha ...¡é á miña!

JULIO CAMBA

Bos Aires, San Xuan de 1901

El Eco de Galicia, Buenos Aires, 347, 10 de xuño de 1901.

6

¡Tamén él! Ó notabre patriota
 vay morar en compañía d'os mortos!
 ¡Tamén él, que enxugou tantas bágoas,
 fainos hoxe verterlas á todos!

¡Ay! amigos d'o enxebre defunto,
 eu non quero prestarvos consolo
 porque ansio, cal vos, n'este lance,
 chorar... chorar moito...

É as bagullas qu'os ollos desprendan
 xa que non lle den vida ò seu corpo
 ¡Que alimenten ò menos n'as almas
 d'Anido⁷ o recordo!

JULIO CAMBA

El Eco de Galicia, Buenos Aires, 348, 20 de xuño de 1901.

Bibliografía

- ÁLVAREZ JUNCO, José (1976): *La ideología política del anarquismo español (1868-1910)*, Madrid, Siglo XXI de España Editores.
- CARBALLO CALERO, Ricardo (1981³): *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, Vigo, Editorial Galaxia.
- FERNÁNDEZ, Eliseo e PEREIRA, Dionisio (2004): *O anarquismo na Galiza (1870-1970)*. *Apuntes para unha enciclopedia*, Santiago de Compostela, Positivas.

7 Refírese a Ángel Anido, médico doutor nado en Compostela en 1852 e falecido nese mes de xuño de 1901 en Paraná, provincia de Entrerrios, onde se atopaba para ver de curar unha filla. Figurou na alta sociedade arxentina durante anos por ser unha das personalidades máis meritorias e relevantes da colonia galega. Cando o décimo segundo cabodano de Rosalía, o 15 de xullo de 1897, organizou unha impresionante velada literario-musical na súa homenaxe.

- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1971²): *Manual de Historia da Literatura Galega*, Vigo, Editorial Galaxia.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1992²): *Diccionario de escritores en lingua galega*, Sada, Edicións do Castro.
- LÓPEZ GARCÍA, Pedro Ignacio (2003): *Julio Camba. El solitario del Palace*, Madrid, Espasa.
- ODRIOZOLA, Antonio (1993): "El juvenil anarquista Julio Camba y sus poesías en gallego: ante el próximo aniversario de su nacimiento", en *XV Premio Nacional de Periodismo Julio Camba*, Pontevedra, Caixa de Pontevedra, pp. 31-37.
- VILAVEDRA, Dolores (coord.) (1995): *Diccionario da literatura galega. I. Autores*, Vigo, Editorial Galaxia.

A creación do Instituto da Lingua Galega en 1971 e o desencontro normativo coa Academia

FRANCISCO FERNÁNDEZ REI
Instituto da Lingua Galega
Real Academia Galega

A Universidade de Santiago de Compostela presentou en maio de 1971 o *Gallego I*, método para a aprendizaxe da lingua que veu a ser coma un manancial inestimable no medio do deserto bibliográfico que daquela existía sobre a aprendizaxe e a modernización do idioma e que, en certo modo, constituíu a presentación oficial do Instituto da Lingua Galega (ILG).

No seu día Constantino García, director do Instituto, expuxo na revista *Grial* a xénese dese método e os problemas ortográficos e morfolóxicos ós que se enfrontou o equipo redactor (García 1971). E no ano da conmemoración do centenario da Academia, *Grial* publicou cartas de Ramón Piñeiro a Basilio Losada de 1970 e 1971 relativas á primeira normativa da Academia e á creación do ILG (Piñeiro 2006).

A miña contribución é, fundamentalmente, unha aproximación á (intra)historia da xénese do Instituto e do seu método de galego, que supuxo un desencontro coa Academia pola distinta concepción do modelo de lingua. Complétase cunhas notas sobre o ronsel dese inicial desencontro.

Baséome en diversas fontes escritas, particularmente nese documento excepcional que son as cartas de Piñeiro, que completo coa información, non menos excepcional, que me forneceron os principais redactores do devandito método (Xosé Luís Couceiro, Ramón Lorenzo, Guillermo Rojo e Antón Santamarina), que contestaron un breve cuestionario que lles pasei. As súas respostas, en xeral nun ton familiar, contribúen a humanizar a (intra)historia que se relata.

O meu profundo agradecemento a Couceiro, a Lorenzo, a Guillermo e a Antón por se esforzaren en rememorar vivencias dunha etapa do ILG que os “no-

vos” do Instituto descoñecemos. E tamén a D. Constantino, director do equipo redactor dese método de galego, a quen non me foi posible entrevistar. Hai uns anos deume para o meu arquivo un dossier de prensa sobre a aparición do *Gallego 1* e diversa documentación persoal desa época, que utilicei para escribir esta merecida homenaxe a Xosé Ramón Barreiro, actual presidente da RAG, institución á que teño a honra de pertencer.

I. As Normas da Academia de 1970 e 1971

Dicia Méndez Ferrín (1968:17) que a editorial Galaxia, a partir de 1950, fixo máis “pola unificación ortográfica do galego que a Academia en toda a súa durmiñenta e inútil historia. Sin preguntarlle a ninguén unificou a ortografía cuns criterios máis ou menos discutíbeles, pero sensatos”.

Ese labor de unificación tería que realizalo a Academia, pero non o fixo por falta de medios materiais e humanos. En 1970, aínda que o coñecemento científico do galego era moi incipiente, sentíase a necesidade dunhas normas do galego escrito; de aí que a RAG publicase o folleto a *Ortografía galega*, aprobada na sesión do 15 de febreiro dese ano. Contínha unha ampla introdución seguida das “Normas”, cun apartado para o abecedario, o acento ortográfico e as contraccións; e un cuarto apartado, “A norma supletoria”, onde se dicía que “nos casos non previstos nestas normas, serven de supletorias as usuáis na ortografía castelá”.

A ponencia que redactou as normas ortográficas integrábana os académicos numerarios Ricardo Carballo Calero, Xosé F. Filgueira Valverde, Isidoro Millán e Ramón Piñeiro. O 7 de marzo, días despois de seren aprobadas, Piñeiro (2006: 60) explicáballe a Losada que o criterio da comisión fora a prudencia e o ter en conta a evolución cultural:

Partimos do feito de que, nos cen anos de cultivo literario, o galego como lingua escrita, foi evolucionando cara a súa unificación. Como estamos nun intre delicado de afianzamento nos lectores galegos e de posible incorporación ó ensino, quixemos proceder con prudencia. Consideramos que o máis asinado era tomar por base a realidade actual do galego escrito, do galego que todos len e escriben, sistematizala e darlle carácter académico oficial. E ademáis, darlle incluso carácter provisional. A Academia concordou plenamente con estes puntos de vista.

En carta de 22 de marzo Piñeiro (2006: 61) comenta o desexo xeral dos académicos de que as normas se aproximen ó portugués:

En conxunto case todos os académicos coidan que se deberán achegar máis ó portugués, pro tivemos moi en conta que a única cultura gramatical e ortográfica dos mestres e dos nenos (e dos lectores) galegos é a castelá e convén partir dese feito pra facilitar a asimilación do galego como lingua escrita. Dentro de algús anos, cando o cultivo do galego esteña plenamente afianzado, será ocasión de que a mesma Aca-

demia dea un paso máis á procura das afinidades posibles co portugués, poisque ó cabo o noso ámbito cultural “natural” é o galego-luso brasileiro. O que ocorre é que temos que partir da situación creada pola dominación escrusiva do castelán e debemos de seguir un proceso evolutivo gradual, sin caéremos na tentación simplista de aceptar de plano e con carácter definitivo o dominio ortográfico castelán, como tan asaadamente pretende o Manolo Vidán, según terás visto na Voz de Galicia.

E a seguir conta a intrahistoria desa normativa. Na Xunta de Goberno había académicos como Carré “con criterios ortográficos ríxidos e pouco aceptables”, polo que algúns membros da RAG decidiron crear unha Comisión “espontánea” dentro da Academia para elaborar unha proposta de unificación ortográfica. Esa Comisión tivo que vencer o enorme interese de Manolo Vidán, que non era académico, de formar parte dela e que “emprendeu unha serie de viaxes pra falar co Millán, co Amable Baliñas, co Pepe Manteiga, co Ramón Lourenzo, co crego Consiliario do Ensino, etc. pra os convencer da incompetencia ‘técnica’ da Academia —e nalgús casos da incompetencia de Carballo— e pra crear un clima de oposición á Academia”. En palabras de Piñeiro (2006: 62), “nesa rarísima aitude ocúltase a soberba pretensión de que a Academia adoite como oficialmente súa a ortografía imposta por Vidán no Misal”.

Un ano despois a Academia editou as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (1971), cunha primeira parte (“Introducción ás normas ortográficas”), que era o texto de 1970, e unha segunda parte (“Algunhas normas para a unificación morfolóxica da lingua galega”), aprobada na sesión do 4 de xullo do 1971 cunha introdución e quince breves apartados normativos con cuestións fonéticas e morfolóxicas¹.

A Academia consideraba que o bo galego era o galego escrito, o literario, mentres que a fala era xerarquicamente inferior:

A Academia, neste caso, codificou as normas xa ouservadas polo pobo e polos escritores, tendo presente todo o desenrolo histórico da lingua. As formas maioritarias de máis prestixio son as xeralmente adoptadas. Como unha fixación da lingua supón unha lingua literaria, a tradición neste aspecto considérase de especial virtude. Certas formas estendidas na fala vulgar durante os séculos en que cesou o cultivo literario e que son préstamos que pugnan con rasgos esenciais do galego, non son admitidas, e propóñense as enxebres, conservadas como minoritarias ou cultas, ou ben restauradas por un movemento de reactivación literaria do idioma. Non se pretende, endebén, refacer a lingua de outrora como se resuscita un corpo morto, e,

1 Ricardo Carballo Calero foi o responsable fundamental da normativa académica (Alonso Pintos 2006b: nota 239, p. 183). Nunha entrevista con Piñeiro o 8 de outubro de 1987, da que conservo notas manuscritas, contoume que a Comisión das normas aprobadas en 1970 traballou sobre un esquema de Carballo; e para as normas aprobadas en 1971 traballou a mesma comisión, Millán, Filgueira, Carballo e Piñeiro. Este non asistiu á reunión, pero redactou unha emenda que defendeu Carballo.

foron, naturalmente aceptadas formas que evidentemente proceden dun influxo de adstrato ou superestrato (RAG 1971: 23).

Oficializábanse trazos básicos do galego escrito da época como <x> e <nh> e a eliminación de apóstrofos, guións e acentos distintos do agudo, e adoptábanse os plurais “canciós” e “animais” e as formas “irmán” (masc.) e “irmá” (fem.). En palabras de Alonso Pintos (2006a: 55), tratábase dunha “proposta arraigada na paisaxe ortográfica común, fundamentada nun repertorio de solucións tipográficas de base empírica contrastada que conquistara importantes espazos de visibilidade cos produtos editoriais da casa Galaxia”. Esa normativa da RAG tiña carácter provisional (“mentres outra cousa non se provea”) e aparecía “nun momento en que a nosa escrita ampliaba a comunidade de usuarios na que viña resistindo ata daquela para saír ao encontro dos novos tempos”.

2. A creación do Instituto da Lingua Galega

O 10 de maio de 1971 Piñeiro (2006: 67) anúncialle a Losada a creación do ILG:

Si todo ocorre como está previsto, o sábado pola mañá anunciarase a creación do Instituto de la Lengua Gallega na nosa Universidade. Trátase dunha entidade nova —promovida polo Departamento de Filoloxía Románica— que agrupará varias cátedras de distintos departamentos e terá autonomía técnica verbo da Facultade. Terá, ademais do Consello de Dirección, un Patronato, no que figurarán representantes da Academia, Padre Sarmiento, Fundación Barrié, Fundación Penzol, Fingoy, etc. Coído que este Instituto pode ter unha importancia extraordinaria, non só polo que supón de “compromiso idiomático” para a Universidade senon porque pode desenvolver un labor científico que ningún outro centro podería desenvolver. En realidade, en poucos anos pode haber unha verdadeira escola de Filoloxía e Lingüística Galega.

O ILG creouse ó abeiro da Lei de Educación vixente que contemplaba o estudo das denominadas linguas vernáculas, a que tamén se refería o artigo 2º dos Estatutos Provisionais da USC, que, por outra parte, no seu artigo 8º prevía a creación de institutos de investigación supradepartamentais.

Na sesión do Patronato do que ía ser o Instituto celebrada o 26 de xullo de 1971 presidida polo reitor Manuel García Garrido, aprobouse o “Proyecto de creación del Instituto de la Lengua Gallega”, con oito fins inmediatos: o primeiro era “El estudio, la promoción y cultivo de la lengua gallega”; e o segundo “la investigación sincrónica de la realidad lingüística del gallego actual”.

Nesa sesión propúxose como director a Constantino García González, Catedrático de Filoloxía Románica; como subdirector a Manuel Díaz y Díaz, Catedrático de Latín; e como secretario a Ricardo Carballo Calero, representante do Centro de Estudios Fingoy e profesor interino de Lingüística e Literatura Galega,

todos eles membros do devandito Patronato e docentes da USC. Despois de que Carballo fora nomeado Catedrático de Lingüística e Literatura Galega, o Patronato do ILG, na sesión de 26 de xuño de 1972, propúxoo como vicedirector, pasando Díaz a ser secretario.

Segundo Alonso Montero (1996: 71) parecía “cantado” que Carballo Calero idease e iniciase o ILG, porque era o primeiro e único profesor de galego da USC, era autor do único manual lexible sobre o idioma e dunha monumental e rigorosa *Historia da literatura galega contemporánea*, e era escritor en varios xéneros e un estupendo orador; pero antes da Guerra do 36 Carballo era un intelectual moi serio e moi comprometido co Partido Galeguista, e logo foi un dos vencidos nesa Guerra, polo que non parecía a persoa aconsellable para xestionar a creación dun Instituto do galego.

A idea e os comezos do ILG débense a Constantino García, que en 1966 chegara á USC desde Alemaña para ocuparse da cadeira de Filoloxía Románica, desde a que promovía traballos sobre galego, fundamentalmente de recolleita *in situ* de material léxico, nun momento en que a lingua propia de Galicia practicamente carecía de estudos.

Alonso Montero (1996: 71-72) salienta que Constantino García aínda non publicara traballos relevantes sobre galego nin era escritor en galego nin era un orador como Carballo. Era asturiano (e non galego), era novo (e non loitara na Guerra do 36) e carecía de ficha policial; e como Catedrático de Filoloxía Románica “tiña, forzosamente, un perfil profesional aséptico, que, unido ó seu talante persoal anodino, facían del o home idóneo para que as autoridades académicas e gubernativas se confiasen. E confiáronse” (p. 71). E engade Alonso:

Non sei en que medida utilizou estas bazas naquel tempo (maio de 1971) e naquel organigrama universitario, organigrama presidido por un rector de comportamentos fascistas, xa un pouco anacrónicos hai 25 anos. Refirome a Manuel García Garrido, catedrático de Dereito Romano, túzaro e inquisidor onde os haxa. O certo é que Constantino García, de biografía e imaxe tan antisubversiva, concibe e promove unha institución cuxa importancia —e problematicidade— quizais non percibiron nin o promotor nin as autoridades que sancionaron o invento.

A habilidade coa que se moveu Constantino García para crear o ILG é salientada polos redactores do método de galego. Como sinala Ramón Lorenzo, o reitor García Garrido, “con todo o franquista que era, deixouse convencer por Constantino e grazas a el foi adiante o Instituto”. De opinión semellante é Guillermo Rojo:

O reitor García Garrido, como é ben sabido, non podía estar a favor dun movemento favorable ao galego, pero Constantino, con grande habilidade, buscando tamén a protección externa (Fundación Barrié, por exemplo), conseguiu convencelo e forzou a creación do ILG, cousa que a min, por exemplo, me parecía simplemente imposible.

En palabras de Antón Santamarina, para crear o ILG, Constantino García tivo que vencer suspiciás e darlle un aspecto estritamente académico (“de la lengua gallega”) e buscar o amparo de persoas nada sospeitosas para o franquismo, o que explica que no Patronato estean Filgueira Valverde (polo Instituto Padre Sarmiento) ou Gerardo Fernández Albor (pola Fundación Penzol), pero que non estean galeguistas como Ramón Piñeiro ou Francisco Fernández del Riego.

En realidade o ILG nacía como un servizo paralelo do Departamento de Filoloxía Románica para poder captar e xestionar recursos para proxectos que o departamento non podía conseguir. Tratábase de pequenas axudas das fundacións Barrié de la Maza, Penzol ou Fingoy, que se destinaban, sobre todo, á recolleita léxica con enquisas polo dominio lingüístico galego a cargo de estudantes do final da licenciatura, que logo redactaban tesñas co material recompilado.

3. A xénese do método *Gallego 1*

A finais dos anos 60 había varias gramáticas do galego, as anticuadas de Saco Arce e de Lugrís Freire e as recentes de Carballo Calero e de Carré Alvarellos, pero aínda non existía un método práctico para aprender ou perfeccionar o idioma, que foi o obxectivo do equipo que formou Constantino García para redactar un manual que servise de modelo lingüístico para o ensino e asemade para a redacción dos traballos de investigación do Departamento de Filoloxía Románica.

En xaneiro de 1971 os profesores Xosé Luís Couceiro, Guillermo Rojo e Antón Santamarina, axudados por M.^a do Carme Ríos Panisse, Inés Leis e Luísa F. Pensado, comezaron a elaborar o borrador. Unha vez que estivo preparado, coa colaboración de Ramón Lorenzo, que daquela non era profesor do Departamento de Filoloxía Románica, o equipo unificou a lingua das lecturas e dos textos literarios e revisou conxuntamente a teoría gramatical. A comezos de marzo dese ano enviouse o borrador á xente da cultura galega de dentro e de fóra de Galicia, acompañado dunha carta na que se pedía a opinión particular sobre o método en xeral e sobre un inquérito con cuestións ortográficas, á vez que se convocaba para unha xuntanza o 20 de marzo (García 1971: 131).

3.1. A xénese vista por Ramón Piñeiro

O 8 de marzo de 1971, cando o *Gallego 1* aínda era un borrador, Piñeiro (2006: 63-65) coméntalle a Losada que “o *Método* está espléndidamente feito e, ademáis, é moi oportuno e necesario”. Considera que é moi interesante e prometedor que o departamento de Constantino García tomase tal iniciativa, polo que representa de incorporación activa da Universidade ós problemas da lingua nun momento en que se deberá incorporar ó ensino.

Para Piñeiro o método debe ser motivo de leducia para todos, pero “cousa unha miga distinta é a relativa á unificación idiomática”, que acababa de iniciar a Academia. O criterio xeral académico e o de bastantes escritores é “manter todas as afinidades razoablemente posibles do galego co portugués. Non se trata de aportuguesar o galego, pro sí de afirmar todas as características comúns, non só pola comunidade de orixe senón tamén porque a nosa expansión cultural ten como vía natural o ámbito luso-brasileiro”, mentres que os autores do método escolleron o “criterio fonetista”:

Non manexan a perspeitiva cultural da lingua nun horizonte de futuro, senón que se aferran aos datos fonéticos da lingua rural. Nin xiquera teñen en conta que o galego está na súa segunda gran revolución histórica, que é a conquista da cidade, o paso de lingua rural a lingua urbana, e polo mesmo que terá que perder moitas das súas características “campesinas” pra se adaptar ás necesidades expresivas da cultura urbana e mesmo da civilización industrial (a primeira revolución histórica foi o paso de lingua oral a lingua escrita, hai cen anos).

Piñeiro considera que Carballo Calero tiña que ser peza clave en todo este proceso, pero que se mantivo e se mantén á marxe:

[...] o equipo que traballa, formado por xóvenes, está baixo a impresión de que Carballo é hostil ao Método e máis á iniciativa do Departamento. Esta impresión non é rigurosamente xusta, porque a min tenme reconecido que é interesante que fagan o Método, pro considero que lle faltou en absoluto o tacto necesario pra non dar esa impresión. Penso que sinto unha íntima resistencia psicolóxica a se pór a discutir no Seminario cos rapaces que foron seus alumnos e que, certamente, teñen menos preparación e menos experiencia cultural que il. Coido que ise debe ser un fallo docente e, dende logo, un fallo diplomático do noso escelente amigo. O caso é que tal feito non fixo senón acentuar a aitude fonetista dos rapaces.

E manifesta que trata de evitar unha colisión “entre o Departamento e a Academia, risco favorecido pola actitude —moi honesta pro non moi hábil— do Carballo, que se escuda na autoridade da Academia, coa conseguinte tendencia a que no Departamento identifiquen a Academia con Carballo. Coido que acadéi desviar esa identificación e deixar ao marxe á Academia”.

Sobre a xuntanza do 20 de marzo para tratar os problemas de unificación ortográfica do método, Piñeiro non cre que lle fagan “demasiado caso a todo isto, máis ben destinado a cubrir as aparencias exteriores, pro non deixarán de lles impresionar certas opinións”. Comunícalle a Losada que vai asistir e que por escrito e oralmente vai dicir que na ortografía é “partidario de que se respeten as normas ortográficas estabrecidas pola Academia e, nas normas morfolóxicas, posto que non hai nada estabrecido, que son partidario de que se respeten as afinidades co portugués (“nacionáis” en lugar de “nacionás”). Penso decírllelo moi cordialmente, aceptando, desde logo, varias das solucións que propoñen”.

Nas palabras finais desta longa carta, Piñeiro manifesta estar encantado “de que os problemas da lingua vaian acadando vitalidade dabondo pra crearen estas tensións”, pero lamenta “que se cometan erros innecesarios por non focar o problema en toda a súa amplitude cultural”; e igualmente lamenta “de veras que o Carballo non esteña integrado no equipo de Románicas, poisque il era o chamado a incorporar esa amplitude de visión. A miña aspiración segreda é que, ao final, se chegue a establecer unha especie de acordo ou colaboración entre o Departamento e máis a Academia”, polo que xa acordaron que un número anual do *Boletín* da RAG o prepare o Departamento de Filoloxía Románica.

En carta do día 11 de marzo, Piñeiro (2006: 65) coméntalle a Losada as “ideas fundamentais que inspirarán as respostas de varios amigos á carta-inquérito” de Constantino García e manifesta que hai que defender a autoridade da Institución académica “frente a totalas manobras tendentes a destruíla”. A “consigna” de Piñeiro é diáfana: “aplaudir a iniciativa do *Método*, que é moi necesario e utilísimo, e colaborar con iles na unificación idiomática do *Método*, pro sin o menor menoscabo da autoridade da Academia”.

O 20 de marzo celebrouse a xuntanza na USC para tratar os problemas da norma e evitar as discrepancias entre o futuro ILG e a Academia. Ademais dos redactores, acudiron 25 persoas, entre elas académicos numerarios (Piñeiro, Carballo Calero, Filgueira Valverde, Ferro Couselo e X. M. Álvarez Blázquez), escritores (Franco Grande, Manuel María, García Bodaño), economistas (Xosé M. Beiras, X. López Facal), galeguistas (Marino Dónega, M. Caamaño, Camino Noya, Valentín Arias, Veiga Arias) e o latinista Díaz e Díaz (García 1971: 132).

Na crónica da xuntanza que fai Piñeiro (2006: 66), en carta do 22 de marzo, di que asistiron arredor de 30 persoas da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Santiago e Monforte, e que durou das 11 da mañá ás 7 da tarde cun descanso para un xantar colectivo. E a seguir conta os (des)acordos e a súa impresión da xuntanza:

Como che tiña dito, no ámbito do Departamento fórase desenvolvendo unha tendencia autarquizante e unha certa tensión —non moi disimulada— coa Academia. Tratouse de presentar como un fronte de “novos lingüistas” e outro de “vellos académicos”, o primeiro baseado na ciencia e o segundo na literatura (pronunciando esta palabra co desdén con que un positivista pronuncia a palabra “metafísica”), e, en realidade na lista dos convidados percibiase a intención de asegurar o predominio do Departamento frente aos “vellos académicos”. Con todo, ocorreu unha cousa escelente: que nas respostas que foron recibindo, tanto de novos como de vellos, parecía moi crara a adhesión á autoridade da Academia. Non en todas, pro si en moitas.

Segundo Piñeiro, Constantino García “decatouse moi ben do panorama e actuou con moito tino”, xa que declarou que se facía ese método en tres graos,

que a Universidade oficialmente editaría, porque era a responsable idiomática dos textos escolares para o ensino do galego, e que era necesario unificar a lingua deses textos, e que “o Departamento leva a cabo esta iniciativa unificadora ‘sin máis pretensións que esas do uso escolar e sin pretender entrar na esfera propia da Academia’. Esta declaración previa, feita con certo instinto diplomático, dispón os receios e facilitou o desenvolvemento do Coloquio, que foi aberto e cordial, ás veces abondo vivo e movido”.

A seguir sinala os puntos en que a maioría das opinións concordaron: 1) sufixo “-án” (masc.): “irmán”; 2) sufixo “-á” (fem.): “irmá”; 3) plural “irmáns”, “cans”; 4) plural “animáis”, “papéis” (e “val-es”, “pel-es” e compostos “pousafoles”, “chuchameles”); 5) conservación do grupo “-ct-” nos cultismos; 6) acentuación etimolóxica no imperfecto (“amabámos”).

No que respecta ás formas “collelo millo” e “coller o millo”, “todolos” e “todos os” di que houbo moito debate e que a postura do departamento “era moi rixida neste punto a favor das formas enclíticas”; e que en xeral, o departamento “tiña —e sigue tendo— dous puntos de vista fundamentais: non distinguir entre lingua falada e lingua escrita (poderíase decir que todo o reducen á fala) e o fanatismo antiportugués”. Remata manifestando a súa impresión de que a xuntanza foi “francamente boa, porque quedou anulada a pretensión encuberta de desplazar á Academia e porque o Departamento tuvo ocasión de comprobar que no país hai gran preocupación polo problema da lingua e solidariedade coa Academia”; e insiste no feito de que “a prudencia, a habilidade e o tino de Constantino foron a clave do éxito do Coloquio”.

En carta de 11 de abril Piñeiro (2006: 68) dille a Losada que cômpe ampliar as normas ortográficas con novas normas morfolóxicas:

Inda que se produciu a interferencia do Departamento de Filoloxía Románica, o certo é que polo de agora non houbo ruptura, como lles gustaría a certos elementos, e mantemos relacións moi cordiáis. Neste problema o meu papel diplomático é abondo activo e coído que eficazmente equilibrador. Penso que todo poderá ir adiante sin grandes atrancos e que todos contribuiremos a lle dar un bó pulo á nosa lingua. O papel da Universidade será ben importante, de certo.

3.2. A xénese vista polos redactores

A comezos de 1971 tres dos principais responsables do método *Gallego 1* estaban preparando cadansúa tese doutoral en lingüística galega moderna. Rojo defendería na USC, en marzo de 1972, unha tese sobre as perífrases verbais, mentres que en febreiro de 1973 defenderían, tamén na USC, as súas teses Santamarina e Couceiro, sobre a lingua das parroquias de S. Martín de Suarna (A Fonsagrada) e de Feás (Aranga), respectivamente. Lorenzo doutorárase en 1966 na Complutense

cunha tese sobre galego medieval, pero nos anos 60 publicara traballos sobre léxico e cuestións etnolingüísticas da zona da Amaía.

Dado que á hora de redactaren o borrador do método se tiñan que enfrontar a moi diversos problemas —e enfrontáronse mercé á súa formación lingüística—, realmente para o equipo do *Galego 1* ben pouca autoridade lingüística podía ter unha Academia que na súa normativa ortográfica dicía que “nos casos non previstos nestas normas, serven de supletorias as usuáis na ortografía castelá”. Outra cousa é a innegable autoridade moral dalgúns académicos, particularmente a dos que foran represaliados por seren coherentes co ideario galeguista e manter en aceso o facho galeguista nos escuros anos da posguerra.

Para Antón Santamarina, que se formara á calor da mesa-braseiro de Piñeiro na década de 1960 e que participara moi activamente en Compostela no seo da Asociación Cultural “O Galo”, da que fora presidente, a filosofía da normativa académica de 1970 “era a da *Gramática* de 1966 de Carballo, supoño que consensuada con Piñeiro, que de todos os ‘galaxios’ era o que tiña máis coñecementos gramaticais, incluído Carballo, e xa non digamos Filgueira; e desde logo tiña máis sentido idiomático e común ca ningún dos outros”.

Cando se embarcou na elaboración do método, para Santamarina a Academia non tiña autoridade normativa ningunha:

O caso é que aquelas pilulas de doutrina lingüística elaboradas pola Academia pareceunos (falo por min) o parto dos montes; con aquilo non se ía a sitio ningún. Fose como fose era unha cousa tan cativa que a autoridade da Academia non nos anonadou, entre outras cousas porque sabiamos máis galego nós daquela (eu tería 25 anos, Lorenzo 30 e tantos) que todos os académicos xuntos. Iso era tan evidente que mesmo unha persoa modesta coma min, a pesar da miña idade (e os novos adoitan ser arrogantes), podía velo de maneira meridiana. Con todo, cando fixemos o *Galego 1* vimos que non era bo que houberse varias normas; aínda que daquela non tiña moita importancia, porque o galego non estaba institucionalizado.

Desde a perspectiva de hoxe, para Santamarina as diferenzas entre Instituto e Academia eran “pormenoriños”, pero daquela as cativezas víanse de maneira máis esencialista.

Para Guillermo Rojo, vinculado daquela a “Voces Ceibes”², a Academia era unha institución pouco operativa, sen interese polo ensino do galego:

Era, para min, un organismo escasamente operativo, con intereses totalmente distintos dos que perseguíamos no ILG. Había, claro, a diferenza entre a Academia como entidade e a actitude dalgúns académicos. Dun punto de vista global, a RAG non tiña o menor interese en, por exemplo, o ensino do galego nos centros.

2 “Voces Ceibes” era un colectivo de canción social ou de protesta, que se creou en Santiago de Compostela en maio de 1968 á calor das loitas universitarias que estralaran ese ano na cidade compostelá.

Sobre a reunión cos galeguistas do 20 de marzo de 1971 para discutir os criterios do método e sobre “a prudencia, a habilidade e o tino” de Constantino García de que fala Piñeiro na crónica dese día, Rojo lembra:

Efectivamente, esa era a liña estratéxica de Constantino e, polo tanto, o choque podía producirse case exclusivamente no referente á normativa morfolóxica e ortográfica adoptada. Nesa reunión debeu de producirse a anécdota de Filgueira á que fago alusión antes³, pero non recordo tensión excesiva salvo nos aspectos mencionados, que pasaban sempre polo choque entre unha visión excesivamente innovadora e outra excesivamente conservadora. O choque real viña das diferenzas entre un grupo de persoas que pretendían que o galego estivese nos centros de ensino e outro grupo bastante distante dese obxectivo que, polo tanto, non vian moito problema nun galego “literaturizado”.

Verbo da preocupación do ILG pola introdución do ensino do galego nos centros, aspecto do que non se ocupaba a Academia, subliña:

Hai que ter en conta que os manuais, sobre todo nos primeiros tempos, tiveron un público constituído fundamentalmente por estudantes de media. Cando se publicou o *Gallego 1*, Constantino mandounos a algúns “en misión” polos centros de media para tratar de convencer os seus directores de que permitiran que se deran clases de galego usando estes textos. Houbo conversas e negociacións con profesores e, moi importantes, con inspectores. Por ese camiño chegouse a que o galego estivese presente nas PAU algún tempo despois.

E sobre a “rivalidade” entre Instituto e Academia que eu intuía a finais de 1974, cando pasei a formar parte do ILG, Rojo sinala:

É probable que esa “rivalidade” da que falas tivese maior entidade en 1974 que na época na que o ILG comezou a andar. Nos primeiros tempos, como digo, a RAG e o ILG (ou o seu inmediato antecedente) movíanse en mundos totalmente separados. A discrepancia viña, claro, no momento de chegar a traballar na normativa.

Ramón Lorenzo, que na súa época de estudante en Madrid fora un dos fundadores do Grupo Literario “Brais Pinto” e que sempre mantivo boa relación persoal con Ramón Piñeiro, lembra que os do Departamento de Filoloxía Románica lle fixeron chegar un borrador coa proposta dun método de galego e que lle pareceu unha idea excelente, polo que se integrou no equipo redactor:

O mesmo borrador chegoulle a Carballo, pero este era incapaz de colaborar con ninguén nun proxecto, porque el era dos que ordenaba e mandaba e non se puña a discutir solucións con ninguén. Cando rematámo-lo método, coas propostas que nos parecían máis axeitadas para o galego, enviamos unhas cen copias ós intelectuais

3 Segundo Rojo, Filgueira tomoulles o pelo ós redactores do método por proporen escribir “o día que millo-lo pasamos”, como máis abaixo se verá.

que andaban polo país para que o lesen e viñesen a unha reunión a Santiago para discutir sobre o método. Celebrouse esta reunión na Facultade e a ela asistiu moita xente, entre eles Álvarez Blázquez, Carballo, Piñeiro, Filgueira e moitos máis. A discusión foi feroz, pois todos traían propostas: non querían o plural en *-ós* (*razós*), a forma ca “coa” e outras moitas que proponíamos.

Segundo Lorenzo, a reunión do 20 de marzo de 1971 para debater os criterios normativos foi “feroz”, porque os “supostos” sabios tiñan moito que criticar:

Despois de varias horas houbo unha pausa e nesa pausa parece que actuou con intelixencia Filgueira Valverde. Debeulles dicir que aquel método era algo moi importante para o galego e que debían apoialo. O feito foi que na segunda parte da reunión todo foi unha balsa de aceite e aprobouse o método con moitas modificacións, pois entre o borrador entregado e o publicado no *Gallego 1* había moitas diferenzas. Naquela reunión Carballo estaba presente e non vía con bos ollos que nós non fosemos fieis ás normas ortográficas de 1970 que el propuxera na Academia e que non consultara con ninguén de nós.

Verbo da autoridade lingüística da Academia e de Carballo Calero, di Lorenzo:

Nós non aceptámo-las normas que propuña Carballo, e por enriba fixemos tres libros nos que non só propuñamos unha norma, senón que a aplicabamos, cousa que a Academia non soubo facer. Nin Constantino nin eu nin Antón, etc. lle dabamos categoría á Academia en cuestións lingüísticas, e tampouco a Carballo, cousa que lle doía e non tragaba ben. Carballo, aínda que foi secretario e subdirector do ILG, nunca participou en nada nin quixo saber nada do ILG, porque el se consideraba o gran sabio e pensaba que todos debían someterse ás súas ideas. A publicación dos tres Galegos atragantáronselle e a discordia continuou.

Xosé Luís Couceiro considera que na reunión do 20 de marzo os académicos Filgueira, Dónega e Ogando [estes dous aínda non eran numerarios] “quizás ‘convencidos’ ou ‘forzados’ pola autoridade moral de Piñeiro e polo voluntarismo de Constantino” apoiaron a iniciativa, que vían con bos ollos outros académicos e escritores:

Non sei se nesa reunión estivo Fernández del Riego, pero este con García Sabell, era claramente favorable, o que explica que nos recibiran con tódolos parabéns posibles os vigueses ós que fomos ver Antón Santamarina e eu para falarlles un pouco do que estamos facendo. Se non lembro mal falamos con Cunqueiro, Isla Couto, Franco Grande... Non sei se se falou co resto dos vigueses, especialmente cos Álvarez Blázquez.

Couceiro recorda o trato “acolledor e moi cordial” da visita a Vigo, porque o apelido Santamarina lles abría as portas dos galeguistas da cidade. Antón Santamarina, como se dixo, fora presidente da pioneira e activa Asociación Cultural

“O Galo” e os seus tíos Leonardo e Enrique, exiliados republicanos e catedráticos da Universidade Rutgers (Nova Jersey), tiñan boas relacións cos galeguistas de Galaxia, particularmente con Piñeiro

Para Couceiro, á vista dalgunhas actitudes, optouse por un “desapego normativo suave” en detalles ortográficos, sen buscar a confrontación, “e si unha aceptación social do galego, primeiro como unha lingua románica máis, e logo como unha lingua máis da comunidade”. O desencontro coa Academia nace seguramente no “complexo técnico” que quizais sentiu Carballo:

Era evidente que non remaba na mesma dirección que o resto do grupo, pero a maioría dos novos foramos alumnos seus e había un respecto, digamos intelectual, polo que significara Carballo Calero para o galego nos tempos de pedra. Ramón Lorenzo estaba libre; pero como estratexia o xefe [Constantino García], quería dentro do bote, mellor que fóra, aínda que ciara de vez en cando.

No proceso de redacción do método salienta Couceiro a ausencia de profesores doutros departamentos de lingua da Facultade de Filosofía e Letras “que lle poderían dar relevancia sociocultural”. Isto cambiou realmente cando se incorporou Manuel C. Díaz y Díaz, que viña de Salamanca como Catedrático de Latín e co prestixio que daquela lle daba o ter colaborado na *Enciclopedia Lingüística Hispánica* e ter publicado un libro [en Gredos], a *Antología del latín vulgar*. O latinista Díaz “asistiu practicamente a todas as reunións e revisou borradores dos *Galegos*. As únicas retencencias en directo que eu observaba eran as de Carballo”.

Dun xeito ou doutro, os outros autores do método fan referencia ó papel fundamental que tivo Díaz y Díaz, que contemplaba todo o asunto desde unha distancia profesional e que, case sempre con moi bo sentido, avaliaba tecnicamente as propostas dos redactores e era quen de situalas nun marco xenérico, liberándoo, polo tanto, das referencias concretas, moitas veces cargadas de implicacións persoais. Para Guillermo Rojo, “a súa foi para todos nós unha contribución impagable”⁴.

Verbo das retencencias de sectores da Universidade (e particularmente da Facultade de Filosofía e Letras) no proceso de creación do ILG, Rojo lembra:

As “retencencias” viñan probablemente de todas partes. E tamén probablemente por diferentes razóns. Os “grandes nomes” da Facultade de Filosofía e Letras encararon a creación do ILG cunha distancia similar á que amosaban con respecto a todo o que se facía no Seminario de Filoloxía Románica, tanto nos aspectos puramente académicos coma nos comportamentos persoais.

Respecto da achega de Carballo Calero na revisión dos materiais do método de galego e da súa contribución ó Instituto, Rojo sinala:

4 Polo que me conta Ramón Lorenzo, foi idea de Díaz usar un guión para separar o verbo do artigo *lo* cando, en principio, pensaban unilo ó verbo, tal como se facía co pronome átono *lo*.

Pouco fixo Carballo polo ILG. El era o secretario do Patronato, se non recordo mal. O traballo administrativo da secretaria facíao eu (sen saída ao exterior, como é natural). Discutía, con todos os demais os materiais que iamos redactando, co problema continuo de que, por pura congruencia, as nosas propostas coincidían poucas veces coas normas da RAG e tampouco a doutrina coincidía en moitos casos co que había na *Gramática* de Carballo. Non era buscado, claro, senón pura consecuencia dos diferentes puntos de partida, formacións, obxectivos, etc.

Recordo con bastante nitidez que por aquela época apareceu unha nova edición da *Gramática* de Carballo, que se beneficiara notablemente das contribucións de diverso tipo de Antón e Couceiro, pero que non mereceron nin unha mención de pasada.

4. A Recepción do método *Gallego 1*

A presentación do método *Gallego 1* o 14 de maio de 1971 pode considerarse a presentación oficial do Instituto da Lingua Galega. A portada do libro tiña unha representación do labirinto do petróglifo de Mogor (Marín) e debaixo os nomes Universidad de Santiago de Compostela e Instituto de la Lengua Gallega; e cada lectura ilustrábase con debuxos de Julio Maside.

O xornal compostelán *El Correo Gallego* (15 de maio de 1971, p. 8) daba a catro columnas ampla información da roda de prensa do reitor García Garrido para dar a coñecer seis obras do Secretariado de Publicacións que dirixía o catedrático de Latín Díaz y Díaz. A publicación “estelar” era o manual de galego:

Merece una atención especial la aparición del volumen primero del “Método de Gallego”, elaborado en el Instituto de la Lengua Gallega de la Universidad de Santiago. Profesores de Filología Románica y de otros Departamentos de la Facultad de Letras, trabajando en equipo, elaboraron un método para aprender gallego, cuyo borrador se envió después a unos sesenta intelectuales gallegos para que manifestasen sus opiniones. Respondieron la mayoría de ellos, y después se mantuvo con ellos una reunión de trabajo, de donde salió este método concebido con arreglo a las más modernas técnicas pedagógicas en materia de enseñanzas de idiomas. Este método puede ser utilizado por los que desean aprender gallego sin conocer nuestro idioma, como para que lo perfeccionen los gallegos.

O xornal coruñés *El Ideal Gallego* (15 de maio de 1971, p. 15) informaba a dúas columnas, baixo o titular “El rector de la Universidad presentó ayer el «Método de Gallego»”, e co subtítulo “Es la primera obra de una serie de gran interés para Galicia”:

Seguidamente, el rector dijo, al referirse al primer volumen del Método de Gallego, que esta obra supone la primera publicación sobre la lengua gallega que presenta la Universidad compostelana a través del Departamento de Filología Románica, y con ella comienza a cumplirse una de las metas que se ha propuesto nuestra Universidad

en la presente etapa ya que [en] el artículo segundo de sus estatutos se señala que las peculiaridades propias de la región serán atendidas e incorporadas a la Universidad gallega.

En *El Progreso* de Lugo (15 de maio de 1971, p. 7) informábase a dúas columnas da roda de prensa, pero con breve mención do método ("el primer tomo de los tres que publicará la Universidad a través del Secretariado de Publicaciones Universitarias referidas al idioma gallego"). Moi escasa é a información en *La Voz de Galicia* da Coruña (15 de maio de 1971, p. 13), cun titular "Presentación de publicaciones de la Universidad", unha fotografía dos presentadores e seis liñas de texto. Na liña 5ª díciase "Asimismo se presentó el libro *Gallego I*, que constará de tres volúmenes".

Días despois Taboada Chivite celebraba a aparición do *Gallego I*, coa súa "metodología estricta", obra do Seminario de Filoloxía da USC que dirixe Constantino García, e dentro "del Seminario funciona el Instituto de la Lengua Gallega que acaba de publicar el libro que incita este comentario. Acrecienta el mérito del señor García González su condición no gallega, que no obsta su entrega ejemplar al estudio de nuestro idioma"⁵.

Tamén se ocupaba do método González Garcés, que no comezo afirmaba que tal vez "en ningún idioma actual se investigue filológicamente de modo tan serio y profundo, meditado y vivo, como en el gallego. Paso decisivo y loable y exultante logro ha sido la creación del 'Instituto de la Lengua Gallega'. Que asegura la continuidad del estudio por especialistas en Lingüística"; e remataba sinalando que consideraba "injustificado e injusto el silencio en que queda la labor inexplicablemente anónima del Doctor Constantino García González y sus más directos colaboradores"⁶. A autoría do director e redactores do método aparecería anos despois no *Gallego 3* (ILG 1974: 219).

Rodrigues Lapa, despois de participar con Joseph M. Piel, Luis. F. Lindley Cintra e José Luis Pensado Tomé nun ciclo de conferencias sobre Filoloxía Galega e Portuguesa organizado polo Departamento de Filoloxía Románica con motivo da presentación do *Gallego I*, no xornal portugués *República* (25 de maio de 1971) no artigo "Lembrança da Galiza", informaba desas conferencias e da creación do Instituto e o seu método:

No passado 14, o Reitor da Universidade convocou os órgãos da imprensa, professores e estudantes, para lhes dar conta de certas realizações no campo lingüístico, arqueológico e de crítica literaria, levadas a cabo por elementos universitários. Entre estes trabalhos marcam posição o da Prof.^a Maria Boves Naves, "Las personas gra-

5 Taboada Chivite, Jesús (1971): "La Lengua Gallega y la Universidad", *La Región* (26 de maio), p. 3.

6 González Garcés, M. (1971): "Gallego-1", *La Voz de Galicia* (30 de maio).

maticales”; o de José María González Reboredo, “El folklore en los castros gallegos”; o de Ricardo Carballo Calero, “Lembranza de D. Gonzalo López Abente no día das Letras Galegas”, e sobretudo o 1º volume dum método do ensino do Galego, traballo bem elaborado de equipa, que fica sendo instrumento indispensable na didáctica da lingua. É um bonito volume, concebido segundo as exigências da pedagogia moderna, bem adaptado ao ambiente que procura servir, e a que não falta sequer o sentido do humor tão tipicamente galego.

Este manual é uma iniciativa do Instituto de Língua Galega, que acaba de ser criado na Universidade de Santiago. É figura principal da sua direcção o Prof. Constantino García, um asturiano que está prestando serviços inestimáveis a uma cultura que, em certa medida e por razões históricas, também lhe pertence. Dirigindo o Departamento de Filología Románica da sua Faculdade, está impulsionando, através de equipas de estudantes, a investigación etnográfica e lingüística da região, em moldes científicos de grande eficácia.

Unha vez que o método está na rúa Piñeiro (2006: 69), en carta de 27 de maio, informa a Losada da súa publicación e dos prexuízos dos redactores:

O libro universitario quedou ben e ten grande éxito no público. Evidentemente, no Seminario de Filoloxía Románica hai prexuízos que se reflexan no libro. Teñen a visión de fonetistas e de dialectólogos, que xa é de seu unha limitación —a eterna limitación da técnica! — e, a maiores uns certos prexuízos antiacadémicos e anti-varias-cousas. O Constantino, en realidade, leva a iniciativa, o peso e a responsabilidade da promoción realizadora, pro nos problemas do galego acepta os puntos de vista dos seus colaboradores. En todo caso, non se deixou arrastrar a un enfrentamento coa Academia e fixo o necesario para o evitar. Penso —e neso coincido con Constantino— que as discrepancias son secundarias e non val a pena resaltalas.

No P.S. desa carta Piñeiro suxírelle a Losada que aconselle ós do Centro Galego de Barcelona que escriban á Universidade “felicitándoa polo *Método*. Seria ben que recibisen prácemes”. E efectivamente, con data de 8 de xuño de 1971 recibiu Constantino García un escrito de Evaristo Pérez Valdés, secretario dese Centro para manifestar a “fonda satisfacción que foi para nos o comprobar a laboura enormemente eficaz da súa Sección e do Instituto da Lingoa Galega. No nome da nosa Sociedade —e ca satisfacción de ver a Universidade de Galicia encarada realmente cos problemas do país— espresámoslle a nosa gratitude”.

Basilio Losada tamén lle dá os parabéns a Constantino García en escrito de 5 de xuño de 1971; e o mesmo fan con data de 9 de xuño de 1971, desde a Asociación Amigos da Cultura de Pontevedra, o Presidente R. Barral Andrade e o Vicesecretario E. Baltar Feixó.

A fortuna do método de galego foi grande ás poucas semanas de editarse, tal como consta na acta da sesión do Patronato do ILG de 27 de outubro de 1971: “Hasta el 1º de octubre, y desde el 14 de mayo de 1971, fecha en que se dió al público, el número de ejemplares vendidos ascendía a 4.273, de una tirada de 8.000”.

Na sesión do Patronato de 26 de xuño de 1972 anúnciase a segunda edición do *Gallego 1* e primeira do *Gallego 2*, redactado integramente en galego, o mesmo que o *Gallego 3* de 1974.

Nos anos seguintes impartíronse moi diversos cursos para a aprendizaxe da lingua por toda Galicia, tanto en locais de asociacións culturais como en centros de ensino non universitarios, nos que se usaba o método do ILG, o que explica as diversas reimpresións e reedicións. A mediados dos anos 80 ían vendidos case 150.000 exemplares, cifra que proba o éxito acadado daquel pioneiro método.

5. O ideal de lingua e a ortografía do *Gallego 1*

Fronte ó sentimento maioritario da intelectualidade galeguista do momento, o equipo redactor do *Gallego 1* consideraba que o modelo de lingua culta tiña que partir da fala popular e de tradición literaria, pero ambas depuradas. No prólogo (ILG 1971: 5-7) explicase brevemente cal é o ideal de lingua deste manual de aprendizaxe no que se procurou fuxir da artificiosidade:

El gallego que aquí utilizamos es sencillo, sin dar cabida a los vulgarismos, y elevado, sin ser un producto de laboratorio. La tradición literaria y la lengua hablada en las calles y caminos han sido tenidas en cuenta, depuradas y conjuntadas. Creemos que esto es muy importante. Una lengua es un sistema de comunicación, válido en la medida en que cumpla la misión de transmitir a otros seres los propios pensamientos. Hemos huido, por tanto, de todo aquello que podría dar una impresión de artificioso al hablante espontáneo, pero también de lo que no tiene una utilización general a nivel de lengua hablada.

Os autores salientan que a unidade do galego oral é moi grande, o que resultaba asombroso por carecerse dunha “lingua culta, literaria o no, hacia la que tienda todo hablante en su afán de ser comprendido”. Pero como existen dobles ou tripletes morfolóxicos no galego popular, a escolla faise “a partir de la más pura e importante tradición literaria”; de aí solucións como “pantalóns” e “irmán”, que se acordaran na xuntanza do 20 de marzo de 1971, cando, en principio, a proposta do borrador era “pantalós” e “irmao”.

No relativo ás normas ortográficas os redactores do manual do ILG querían que se axustasen á realidade e que non caesen nun fonetismo puramente técnico. Adoptaron, en principio, as normas provisórias propostas pola RAG, con diferenzas que se referían á representación da segunda forma do artigo e ó resultado das contraccións das preposicións “a” e “pra” cos artigos masculinos:

Sobre el primer punto, hemos preferido una solución más gramatical. La asimilación de la -r o -s finales de determinadas formas con la l- inicial del artículo o formas oblicuas del pronombre de tercera persona está extendida prácticamente en toda Galicia y es tan importante dentro de la lengua como para ser reflejada en la orto-

grafía. La Academia registra esta asimilación cuando se trata del pronombre (*teño que levalo*), y no con el artículo (*teño que levar o neno á escola*). Nosotros utilizamos las grafías *teño que levalo*; *teño que levá-lo neno á escola*.

En el segundo caso, las normas académicas tienden a preferir *ao* y *á* y *pra* o, *pra* a. Nosotros hemos adoptado la grafía más utilizada por nuestros escritores: *ó*, *á*, *pró*, *prá*.

O ILG prefería estas grafías, en primeiro lugar, pola realidade fonética, pero tamén por ter en conta a tradición literaria e o criterio pedagóxico, xa que se trataba dun manual de aprendizaxe no que se procurou evitar dicotomías “como enseñar que se escribe “ao”, pero se pronuncia /ó/; se escribe “levar o neno ao médico”, pero se pronuncia /levá-lo neno ó médico/”.

Na morfoloxía nominal no borrador inicial proponíase “animás”, que era a solución da normativa da Academia. O ILG rexeitou a solución “animáis”, “papéis”, que segundo Piñeiro era a proposta maioritaria dos que acudiron á xuntanza do 20 de marzo e que a RAG proporía en xullo de 1971. Finalmente no método preferiuse o plural “animales”, porque “a tendencia moderna da lingua é a restauración dese sonido consonántico [l], cousa non infrecuente e, polo tanto, non sospeitosa de castelanismo. Esta tendencia é moi clara nos monosílabos e nos polisílabos rematados en “-ol”, “-il”, “el” e “-ul”: “alcoles”, “fusiles”, “papeles”, “baúles” (García 1971: 139). Con todo, no *Gallego 1* proponíanse os plurais “cadris”, “reás” e “adrás” (singular de “cadril”, “real” e “adral”).

Nos cultismos co grupo *-ct-* a opinión maioritaria da xuntanza do 20 de marzo, segundo Piñeiro, era manter o grupo. Nas lecturas do *Gallego 1* hai varias solucións: eliminación do “-c-” (“ditado”, “construtor”, “caráter”, “trator”, “arquitecto” ou “electricista”), representación da vocalización do “-c-” (“prospeuto”, “doutrina”) e conservación en formas moi cultas (“ecléctico”). A postura “popularista” que o ILG adoptou nos cultismos reconsiderábase en 1977 tras os plurais seminarios que deron orixe ás *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego* (1977).

No *Gallego 3* (ILG 1974: 33) explicábase o tratamento do grupo *-ct-* facendo unha clara distinción nos resultados de popularismos e cultismos:

O grupo *-ct-* nas palabras tradicionais chegou a vocalizá-lo *-c-* e deste xeito temos casos como *deitar*, *barbeito*, *loita*, *peito*, *noite*, *leite*, *oito*, *feito*, *eito*, *biscoito*, etc. Contra esta evolución están os cultismos, nos cales o grupo non foi sometido á lei da vocalización e por eso debemos escribir hoxe *afecto*, *directo*, *tacto*, *esacto*, *activo*, *efecto*, *actitude*, *espectro*, *perfecto*, *recto*, etc. A tendencia culta é a eliminar nestes casos a pronuncia do elemento *-c-*. Presta servizo, de tódolos xeitos, manté-lo *-c-* na grafía, porque se lle precede un *-e-* ou un *-o-*, indica que son abertos [...].

O que debemos rexeitar categóricamente son formas inventadas ou, ás veces, dialectales como *aspeito*, *aito*, *taito*, *reito*, *espeitro*, *perfeito*, *esaito*, *leitor*, *feito*, *doitriña*,

aititude, aitivo, etc., que non corresponden á realidade da lingua. A única posibilidade [sic] vulgar ou popular esistente é a vocalización do -c- en -u- en palabras moi usuales chegadas ó pobo, como *doutor, aspecto, contauto, doutrina, pauto* ou *perfeito*. Estas, por seren xerais, poden ser admitidas na escritura. O que non se pode facer é xeneralizar este procedemento a tódalas palabras, pois resultan vulgares e fóra do común casos como *caráuter, táutica, reuto*, etc.

Alonso Pintos (2006b:192) considera que o galego común que promove o ILG no seu manual “busca, á mantenta, adaptarse aos hábitos e pautas reais dos falantes, e eleva a fala a categoría de lingua exemplar. A escrita literaria tamén é tomada en conta, pero non co carácter primordial que se lle concedía no epítome da RAG. No *Gallego* outórgaselles aos falantes a razón idiomática, e estímase o seu galego como o mellor e o máis auténtico”.

Na carta de 27 de maio de 1971 a Losada, días despois de presentarse o manual de galego, Piñeiro (2006: 69) contrasta o ideal de lingua da Academia co do Instituto:

[...] O que pasa é que o criterio da Academia é un criterio no que se pensa a lingua como instrumento “culto”, de cultura, e non como mero instrumento oral de comunicación. Pártese da distinción entre a lingua coloquial e a lingua escrita. Esta segunda pode unificarse; a primeira non. Para os do Seminario, a única realidade é a lingua falada. Non comprenden a perspectiva cultural do problema. De todolos xeitos, a Academia proseguirá o seu labor na liña do seu criterio. En definitiva, os escritores serán quenos decidan. Que haxa unhas certas diverxencias non é grave.

Sobre a heterodoxia normativa do ILG e sobre o ideal de lingua do método, Guillermo Rojo sinala:

Efectivamente, as normas da RAG eran moi curtas e apenas solucionaban os problemas que se nos aparecían cando intentabamos converter o galego nun instrumento de expresión xeral. O recordo máis vivo para min neste punto é que a idea que tiñamos no ILG, probablemente excedida, era que a lingua escrita tiña que estar moito máis perto da lingua falada. O léxico, a morfoloxía, a ortografía, todo debía ir na mesma dirección. Entre os excesos que defendemos nos primeiros borradores, recordo que Filgueira Valverde tomounos bastante o pelo coa nosa proposta de escribir *o día que millo-lo pasamos* (ou algo así, non recordo a grafía exacta), levando a grafía da asimilación consonántica a un extremo sen dúbida excesivo: *nillo-lo* e *pio-lo*, dicía Filgueira.

Polo tanto, hai heterodoxia neste senso que apunto. Pero unha heterodoxia que buscaba (fracasando en moitos casos) que a lingua escrita fose un galego moderno, axeitado ao que se pretendía, pero sen perder o vínculo coa lingua falada, fronte a aquel galego distante, exclusivamente literario que se practicaba pola época na maior parte dos círculos galeguistas.

Verbo do ideal lingüístico do método, Antón Santamarina manifesta:

Parecíanos -e neste caso falo por min- que o galego debía de estar o máis ligado posible á maneira de falar da xente e as artificiosidades dábannos terrexio, polo menos a min. Así é que dentro do enxebre ou que considerabamos daquela enxebre, procurabamos darlle preferencia ó vivo sobre o histórico. Era unha "heterodoxia" en canto a ideal de lingua e realmente era unha maneira diferente de ver a política lingüística porque nos parecía que sería mellor de implantar o que era natural e xa sabido, e non o que había que aprender. Probablemente fose algo esaxerada a nosa postura, porque cando hai unificación sempre é forzoso escoller entre variantes e os que teñen como vivas as variantes que non se canonizan teñen que aprender a variante dos outros, que por moi viva e estendida que sexa, sempre será artificial.

A lingua literaria do momento, froito de sedimentación dunha tradición e mesmo de decantación por algunhas escollas, segundo Santamarina tiña moitas artificiosidades que non se podían admitir nun modelo de bo galego:

O galego da época, mesmo o de xente máis ou menos filóloga como Piñeiro, era un galego penoso. Piñeiro non se cortou en escribir *siñificado* no título do seu traballo *Siñificado metafísico da Saudade*; e menos mal que non puxo *metafísico* como faría Aquilino Iglesias Alvariño ou o mesmo Carballo da *Xente da Barreira*. Isto explica que pasásemos bastante do galego literario na medida en que estaba hiperalienado. Nos volumes do manual *Galego* había unha verdadeira persecución contra estas artificiosidades diferencialistas. Pasado o tempo aquela heterodoxia deixou de ter sentido, porque os do *siñificado* aprenderon o que era un cultismo e en segundo lugar tamén nós caemos da burra de que un galego elaborado é unha cousa máis complexa cá transcripción mecánica do que a xente di, debidamente limpada de castellanismos; limpeza que vén sendo unha artificiosidade non menor cá de que todos teñamos que dicir *pantalóns*.

Visto retrospectivamente, Santamarina considera que hai que recoñecer que "daquela tiñamos unha visión un pouco romántica da lingua e fiabamos pouco fino no que se refire á elaboración dun modelo idiomático no que entran mil factores, moitas veces só ideolóxicos", que o codificador debe ter en conta:

Tirabamos un pouco á brava. Hoxe sabemos que hai que aceptar compromisos e ceder en beneficio do que poderíamos chamar ben común. Iso aprendémolo máis tarde e fomos cedendo en moitas cousas a pesar de que sigo crendo que o modelo idiomático do Instituto de finais dos anos 70 era o máis coherente. Non o do método *Galego* que hoxe recoñezo demasiado "populista", tal como ten manifestado xente crítica co ILG.

Para Ramón Lorenzo, as diferenzas entre as normas da Academia e as do Instituto non eran moi grandes, "pero afectaban ó que para min eran a esencia do noso idioma e levou a ese distanciamento de varios anos".

6. O ronsel do desencontro do Instituto e a Academia

Despois de varios anos viuse que non se impuxera a proposta normativa do ILG, pero tampouco a da Academia, polo que ante a inminencia da entrada xeneralizada do galego no ensino e ante os atrancos que as distintas editoriais achaban, Xulián Maure, daquela responsable da editorial Anaya en Galicia, acudiu ó ILG para que actuase de anfitrión duns seminarios que clarexasen a situación e acabasen coas diverxencias existentes na procura dun acordo sobre unha única norma.

De decembro de 1976 a xuño de 1977 celebráronse na Facultade de Filoxía da USC uns seminarios “densos, tensos e abertos” (en palabras de Alonso Montero) que deron como froito as consensuadas *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego* (1977). Á pluralidade dos asistentes faciase referencia no limiar, que asinaba García-Sabell, daquela presidente da RAG:

Un equipo de lingüistas, escritores, académicos e mestres traballaron durante varios meses na elaboración destas normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. Na súa tarefa tiveron presentes as normas que, hai anos e con carácter experimental, publicaron a Real Academia Galega e mailo Instituto da Lingua Galega, así como a tendencia lusista que nos últimos tempos defenderon algúns escritores e lingüistas. O feito de teren procedido con deliberada atención ás tendencias existentes no proceso unificador, á percura dunha integración equilibrada das mesmas, representa unha actitude realista e construtiva que se reflexa de xeito positivo nos resultados. De certo que estas normas serán un instrumento eficaz pra esa alfabetización masiva na nosa lingua que a evolución dos tempos vai tornando necesaria e urgente.

Algúns académicos asistiron a algún dos seminarios (Carballo Calero, Francisco del Riego e Ramón Piñeiro)⁷, pero as *Bases* non as promoveu a Academia, polo que non as asumiu e seguiu coas súas sinxeliñas normas, que reeditou en 1977. O ILG aplicou as consensuadas *Bases* nas edicións revisadas do método de *Galego* e en todas as súas publicacións.

Como dixen antes, para os “novos lingüistas” do ILG —algúns dos cales como Lorenzo ou Santamarina coñeceran a calor da mesa-braseiro de Piñeiro—, a autoridade normativa da Academia en 1971 era practicamente nula; pois ben, para os “novísimos lingüistas” (Rosario Álvarez, Manuel González e eu mesmo), que non estiveramos arredor desa mesa-braseiro e que participamos activamente en todos os seminarios das *Bases*, para os que elaboramos centos de borradores de mapas co material inédito do *Atlas Lingüístico Galego*, á vista da actitude da Academia (e dos académicos) unha vez aprobada esa consensuada normativa,

7 Para a relación de asistentes véxase Rivas (1977). Nas notas que conservo dos seminarios das *Bases* a comezos de maio Carballo e F. del Riego asistiran a unha reunión e Piñeiro a dúas.

que autoridade lingüística tiña a RAG en 1977? Para min absolutamente ningunha. Outra cousa é o papel simbólico que lle recoñecía á institución e o respecto e admiración que sentía por algúns vellos académicos.

En 1979 Montero Santalla editou as *Directrices para a reintegración lingüística galego-portuguesa* e en 1980 a Asociación Sócio-Pedagóxica Galega publicou as *Orientacións para a escrita do noso idioma* (cunha versión reintegracionista en 1982); e a finais dos 70 Carballo Calero, desde a súa cátedra da USC, propugnaba unhas normas de achegamento ó portugués afastadas das da Academia Galega, das que el fora o principal redactor.

En 1980 a Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia publica as *Normas ortográficas do idioma galego*, elaboradas por unha Comisión de Lingüística presidida por Carballo Calero e da que Antón Santamarina era un dos vogais. Pensadas para o uso escolar, porque o galego xa se estaba introducindo oficialmente no ensino non universitario, e para a administración autonómica, estaban destinadas a converterse nas primeiras normas oficiais; pero a súa duplicidade expositiva (pódese escribir A, pero tamén se pode escribir B) invalidounas funcionalmente como pautado de referencia.

No Boletín Oficial da Xunta, 15/80, publicáronse unhas breves *Normas* para a aprobación de libros de texto e material didáctico para o ensino non universitario, resultado dunha Resolución da Subcomisión de Programación e Textos da Comisión Mixta Ministerio de Educación-Xunta de Galicia. Nestas normativa era de regra o plural *animais*, que o ILG admitira nas *Bases*, e en puntos de discordia ILG-RAG (*ó* e *ao*, representación ou non do alomorfo *lo*) admitíanse as dúas solucións. E para os casos non previstos resolveríanse "polas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, da Real Academia Galega e polas *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego* da Universidade".

A principios dos 80 o estudo do galego xa se introducira no ensino, pero existían varias propostas normativas, algunha das cales consideraba o portugués como ideal idiomático do galego. Nesta situación, aproveitando a tradución do Misal, Ramón Piñeiro acudiu ó ILG para propoñer unha comisión do Instituto e a Academia para unificar criterios normativos. O resultado foron as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* que as dúas institucións aprobaron en sesión conxunta o 3 de xullo de 1982.

O 15 de xuño de 1983 a Lei de Normalización Lingüística (LNL), que aprobou por unanimidade o Parlamento de Galicia, nunha Disposición Adicional dá-balle unicamente á Academia a autoridade no relativo á modificación da norma:

Nas cuestións relativas á normativa, actualización e uso correcto da lingua galega, estimarase como criterio de autoridade o establecido pola Real Academia Galega. Esta normativa será revisada en función do proceso de normalización do uso do galego.

Algúns dos redactores da ponencia da LNL (e desa Adicional) sabían perfectamente cal fora ata o momento o papel do ILG na codificación do galego e sabían da competencia técnica, como se pode ver no Diario de Sesións do Parlamento (nº 49, de 1983) cando se debateu a “Proposición non de lei, do Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa de D. Camilo Nogueira Román, sobre a Normativización da Lingua Galega”, en sesión celebrada o 23 de setembro de 1983.

Carlos Casares (pp. 2922-3), redactor da Ponencia da LNL, dicía nese debate:

Na Comisión encargada de redactar estas normas [as do ILG-RAG de 1982] traballaron dous Catedráticos de Lingüística, o Catedrático de Lingua e Literatura da Universidade de Santiago, máis un equipo de profesores que coincidiron na elaboración do Atlas Lingüístico de Galicia [sic], que é o material básico, indispensable para elaborar calquera normativa ortográfica e morfolóxica.

Polo tanto, non hai dúbida de que estas normas teñen a garantía absoluta de que foron elaboradas con criterios científicos que poden ser discutibles nos seus matices, pero non nos seus principios.

E Camilo Nogueira, que tamén interveu na redacción Ponencia da LNL e da Adicional (“e dalgunha forma intervín na redacción concreta desta Disposición Adicional”), manifestaba a posible superioridade técnica do ILG sobre a RAG en cuestión de normas, tal como se le nese Diario de Sesións (p. 2930):

Respecto das normas, eu estaba de acordo coas antigas da Real Academia, porque non querían corta-lo futuro. E non pola súa perfección técnica, porque posiblemente tecnicamente eran mellores as normas do Instituto da Lingua, pero as da Real Academia tiñan menos carga política restrictiva. Abrían un pouco máis o futuro, non cortaban, e esas [as de 1982] queren cortar moitas veces na súa formulación. As normas primitivas da Real Academia, que estaban vixentes ata hai moi pouco tempo, eran para min máis aptas como fórmula de interacción.

Á marxinación do ILG referíase o director da institución en 1984 no acto de inauguración da sede oficial do Instituto polo reitor Suárez Núñez, nun acto solemne ó que asistiron o presidente da Xunta Fernández Albor, o presidente do Parlamento Antonio Rosón, o delegado do Goberno e presidente da RAG García Sabell e moitas outras autoridades, tal como recollía *La Voz de Galicia* na noticia a catro columnas titulada “Constantino García lamenta públicamente que se haya apartado de la Ley de Normalización al Instituto da Lingua Galega” (16 de maio de 1984, p. 17).

No medio da noticia, baixo o encabezamento “Desafortunada decisión parlamentaria”, dise:

Por el contrario, Constantino García lamentó que el Parlamento gallego apartase al ILG del proyecto de aplicación de la Ley de Normalización Lingüística, y hubiera

puesto el tema en manos de la Academia Gallega. "Aquí está o presidente da Academia Galega e varios académicos e, perdoade que eu o diga, penso que foi un erro apartarnos a nós do tema, porque a Academia non poderá facelo sin contar connosco. O Instituto, anque oficialmente fomos separados polos parlamentarios [entre os que estaban os académicos Ramón Piñeiro e Carlos Casares] seguirá traballando pola Lei de Normalización, aunque sexa a través da Academia".

El director del ILG recordó cómo, anteriormente, la Xunta les había encargado la elaboración del Vocabulario Ortográfico e Morfolóxico, que será una especie de diccionario oficial y que se ha quedado estancado por esta decisión parlamentaria.

Cando o Instituto fixo 25 anos, Alonso Montero (1996: 73) referíase a esa exclusión da Adicional da LNL, á vez que sinalaba que "na realidade, a Academia, neste [o texto das *Normas* de 1992] e noutros 'textos' idiomáticos seus, benefíciouse do saber, da elaboración e, mesmo das formulacións do ILGA, sigla que, tanto nas *Normas* como noutras publicacións aparece como coautora".

E así foi realmente. Traballos de codificación do galego asinados polas dúas institucións fixéronse exclusivamente no ILG, como ocorreu co *Vocabulario ortográfico da lingua galega* de 1989, no que están os alicerces da práctica totalidade das entradas dos dicionarios e dos vocabularios temáticos editados desde finais dos 80; e o mesmo pasou co *Diccionario da lingua galega* de 1990. E no ILG aprobouse a finais de 1994 a revisión, actualización e ampliación das *Normas* de 1982, que logo a Academia aprobou en febreiro de 1995 sen alterar unha coma⁸.

Ademais, os *corpora* do galego medieval e do galego moderno existentes no ILG manexáronse á hora de redactar a proposta de reforma normativa que a Academia rexeitou en novembro de 2001, proposta conxunta que elaboraron o Instituto e as áreas de Filoloxías Galega e Portuguesa das tres universidades de Galicia.

En setembro de 2002, sendo Xosé Ramón Barreiro Fernández Presidente da Real Academia Galega, a institución aprobou a reapertura do estudo de modificación da normativa, para o que se creou unha comisión con catro académicos, un membro do ILG e un membro de cada unha das citadas áreas. En sesión celebrada o 12 de xullo de 2003 a RAG aprobou por "unha maioría moi ampla" a nova proposta de modificación. Respecto do texto inicialmente rexeitado no 2001, Barreiro salientou en roda de prensa que as diferenzas entre aquel documento de reforma e o agora aprobado non eran significativas (*La Voz de Galicia*, 13 de xullo de 2003, p. 50).

8 Actualmente hai seis membros do ILG que son numerarios da RAG, pero catro sono desde 1998: Constantino García González (12 de marzo de 1982), Manuel González González (7 de febreiro de 1992), Antón Santamarina Fernández (24 de outubro de 1998), Ramón Lorenzo Vázquez (7 de maio de 1999), Francisco Fernández Rei (25 de setembro de 1999) e Rosario Álvarez Blanco (6 de xuño de 2003).

A intensa (intra)historia da codificación da lingua galega desde as *Bases* de 1977 á “modesta” reforma do 2003 é un longo capítulo que algún día haberá que contar.

Bibliografía

- ALONSO MONTERO, Xesús (1996): “Instituto da lingua galega. 25 anos a contragolpe”, *Galicia Internacional* (xuño 96), pp. 70-74.
- ALONSO PINTOS, Serafín (2006a): “A Academia e a regulación do galego escrito. As normas de 1970 e 1971”, *Grial*, 171, pp. 50-55.
- ALONSO PINTOS, Serafín (2006b): *O proceso de codificación do galego moderno (1950-1980)*, [A Coruña]: Fundación Pedro Barrié de la Maza. Biblioteca Filolóxica Galega Instituto da Lingua Galega.
- GARCÍA, Constantino (1971): “Orixen e problemas do método de galego”, *Grial*, 32, pp. 129-141.
- ILG (1971): Instituto de la Lengua Gallega: *Gallego 1*, Santiago de Compostela: Secretariado de Publicaciones de la Universidad de Santiago.
- ILG (1974): Instituto de la Lengua Gallega: *Gallego 3*, Santiago de Compostela: Secretariado de Publicaciones de la Universidad de Santiago.
- MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís (1968): “Unidade lingüística galega”, en *O porvir da lingua galega*, Lugo: Círculo de las Artes, pp. 13-18.
- PIÑEIRO, Ramón (2006): “Cartas de Ramón Piñeiro a Basilio Losada, 1970-71. Sobre a normativa da lingua, a creación do ILG e a Academia”, *Grial*, 171, pp. 57-69.
- RAG (1971): Real Academia Galega: *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma*, A Coruña.
- RIVAS, Manuel (1977): “Poñerlle pés á lingua escrita”, *Teima*, 22, pp. 41-43.

...

...

...

...

...

...

...

...

...

...

A defensa da lingua galega nunha institución centenaria (Real Academia Galega 2001-2007)

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ
Real Academia Galega

É coñecido por case todos que a Real Academia Galega ten entre as súas funcións a de fixar e actualizar a norma lingüística do galego, e en consecuencia, elaborar a norma gramatical, ortográfica e fónica da lingua, así como establecer o inventario léxico e modernizalo permanentemente para dar resposta ás necesidades comunicativas da sociedade.

Pero probablemente sexan moitos menos os que saiban que a RAG ten tamén entre as súas finalidades as de velar polos dereitos do idioma galego, defender o seu estatus e promover o seu uso. É precisamente no labor centrado neste aspecto, moito menos coñecido, no que me vou centrar.

1. Por qué este período?

A elección do punto de partida é moi simple. O 2001 é o ano en que accede á Presidencia da RAG Xosé Ramón Barreiro Fernández.

Se durante o mandado de García-Sabell, ás veces inxustamente valorado, se puxeron as bases internas da Academia moderna, coa estruturación e dinamización dos seminarios de Lexicografía e de Sociolingüística, que desembocarian en logros tan importantes como os *Dicionarios* da RAG dos anos 1990 e 1997, as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* ou a realización do *Mapa sociolingüístico de Galicia (MSG)* (1992-1996); se durante o mandado de D. Francisco Fernández del Riego se puxo o acento nunha institución máis aberta, máis democrática e máis independente, coa redacción dos novos estatutos; no mandado de Xosé Ramón Barreiro logrouse avanzar significativamente nas dúas direccións: afondouse na estruturación interna da RAG, cun organigrama máis amplo

e eficaz, promoveuse un funcionamento cada vez máis democrático, pero sobre todo logrouse que a RAG mantivese como nunca o fixera antes os ollos abertos á realidade circundante e que se incardinase realmente nos problemas da sociedade galega.

2. Unha chamada de atención sobre a situación sociolingüística

Unha das primeiras actuacións de Xosé Ramón Barreiro como presidente da RAG foi a remisión ao goberno de Galicia e mais ao Parlamento de Galicia dun texto no que a RAG, despois de lembrar que a situación da lingua galega debe ser obxecto de especial preocupación nos programas de goberno, reclama a atención destas institucións sobre certos problemas urxentes da lingua galega, entre outros:

a) Algunhas disfuncións nos medios de comunicación públicos, como a difusión en castelán de produtos que se xeraron en galego, ou as fortes deficiencias fonéticas dalgúns profesionais dos medios. A RAG fai un chamamento para que a lingua dos profesionais do medios públicos de comunicación sexa un galego modélico.

b) A pouca presenza do galego nos medios de comunicación privados. Boa parte do que acontece en galego aparece nos medios reproducido en castelán. Deste xeito os medios transmiten unha imaxe deformante que en nada beneficia o galego. A RAG solicita dos medios privados un aumento anual do galego do 10%, para ir eliminando progresivamente a desproporción que existe entre a utilización do galego e a do castelán.

c) Solucións para o incumprimento da lexislación de uso do galego como lingua vehicular no ensino non universitario.

d) Necesidade de incidir no mundo da empresa para que se galeguicen os contratos dos traballadores e as nóminas, para que se realice a rotulación en lingua galega, e para que se fomente a etiquetaxe, publicidade e facturación para Galicia en lingua galega.

e) Necesidade de salvar a riquísima microtoponimia de Galicia antes de que esta se perda para sempre.

f) A conveniencia de afrontar a realización dunha nova Lei de Normalización Lingüística, que dea resposta á realidade social e xurídica actual.

Con motivo do envío deste texto, a RAG fixo xestións para que se fixese un pronunciamento público de todos os partidos respecto a estes puntos. O texto foi enviado ao Parlamento de Galicia e distribuído polo seu Presidente a todos os grupos parlamentarios. Pero probablemente o feito de que se fixese no momento en que estes grupos estaban aínda en proceso de constitución non favoreceu que se levase a cabo esta manifestación pública unitaria.

3. Un compromiso desde a toma de posesión: acabar co conflito normativo

No mesmo acto de elección como Presidente da RAG, X. R. Barreiro comprometeuse a tratar de pechar a ferida que quedara aberta ao non saír adiante o intento de acordo normativo que fora rexeitado polo Plenario da RAG. Trata de buscar novas vías e novas estratexias para avanzar pola vía da integración e da concordia, e presenta no Plenario do día 28 de setembro de 2002 a proposta de reabrir o tema da normativa, na busca da *pax* lingüística. Propón a constitución dunha comisión de estudo integrada por seis membros, tres representantes da RAG e tres representantes das tres Universidades de Galicia. Proposta que logrou sacar adiante, logo dun denso debate, aínda que cunha pequena modificación: a comisión ampliouse de seis a oito membros: catro académicos, un representante dos Departamentos de Filoloxía Galega de cada unha das Universidades de Galicia, e un representante do Instituto da Lingua Galega. Neste mesmo plenario nomeáronse como integrantes da comisión por parte da RAG: Manuel González González (que a presidirá), Xesús Ferro Ruibal, Salvador García-Bodaño e Andrés Torres Queiruga.

Este acordo comunicábase de maneira inmediata aos Departamentos de Filoloxía Galega das Universidades de Santiago, A Coruña e Vigo, así como ao Instituto da Lingua Galega e á Asociación Sociopedagóxica Galega. No mesmo escrito pídeseles ás Universidades e ao ILG que nomeen cadanseu representante para formar parte da comisión técnica de Estudo para a modificación das Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego. No Plenario do día 14 de decembro dáse conta do envío deste escrito, e da resposta do Departamento de Filoloxía Galega da Universidade da Coruña, designando a Manuel Ferreiro Fernández; do da Universidade de Santiago, designando a Ernesto Xosé González Seoane, e do Instituto da Lingua Galega, designando a Antón Santamarina Fernández. Unicamente faltaba por contestar o Departamento de Galego da Universidade de Vigo.

A Comisión constitúese o día vinte de xaneiro de 2003, e nesta primeira reunión o seu Presidente fai unha exposición das funcións da comisión:

- a) Establecer un procedemento de traballo, e informar del á RAG.
- b) Estudar os problemas sobre os que hai desacordo, e que foron presentados á RAG para a súa incorporación ás Normas oficiais. Será necesario revisar as modificacións e reestudalas para facer unha nova proposta. Isto non impide que non se poida, de o considerar conveniente, tratar algún aspecto novo, sempre que sexa referido ao estrito campo das Normas ortográficas e morfolóxicas.
- c) De se considerar pertinente, facer suxestións sobre o procedemento que convén seguir para acadar un maior consenso respecto ao texto que se chegue a presentar.

Acórdase que na acta de cada sesión se recollan todos os acordos aos que se chegue por unanimidade de todos os membros da comisión. Naqueles casos en

que non se consiga a desexada unanimidade, recolleranse as propostas da maioría dos seus membros, pero faranse constar en acta igualmente as posturas diverxentes para que sexan valoradas polo Plenario da RAG.

Considerouse conveniente establecer unhas datas fixas para as reunións da comisión, e acordouse que estas tivesen lugar cada luns, ás 16,30 horas, en Santiago de Compostela.

Ese mesmo día comézase xa coa discusión sobre o texto das Normas, e chégase a unha redacción de consenso para a Introducción.

Despois de distintas reunións da comisión, o académico Manuel González comunica ao Plenario reunido o día 26 de abril de 2003 que se chegou a unha proposta de acordo practicamente unánime, aínda que existen algunhas discrepancias sobre algún aspecto concreto, e fai entrega para acompañar á acta do Plenario dun texto provisional, xa que o seu contido está aínda a ser revisado polos membros da comisión para comprobaren a fidelidade dos acordos e para a corrección dalgún posible erro. Sinala que falta aínda o acto protocolario de sinatura da acta final, sinatura que tería lugar o día 14 de maio de 2003, e na que se recolle o acordo de remitir á RAG o texto final consensuado. Co fin de facilitar a discusión e de que os académicos trouxesen suficientemente madurada a súa opinión sobre este texto da proposta de modificación das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* enviouse a todos os académicos unha copia do texto completo da nova versión das Normas, acompañada dun extracto no que figuraban recollidos de maneira sintética os cambios producidos con respecto á edición das Normas do ano 1995. Este texto foi aprobado na sesión plenaria da RAG do 12 de xullo de 2003, e enviado inmediatamente á Xunta de Galicia por se o quería publicar no Diario Oficial de Galicia e para que levase a cabo as actuacións a que houber lugar. Ante o mutismo da Xunta de Galicia, na Xunta de Goberno da RAG do día 16 de setembro de 2003 acordouse que a RAG realizase unha edición propia do corpus íntegro das Normas, e que se procedese á preparación do texto e dos índices correspondentes.

4. Compromiso coa onomástica galega

4.1. Posta en marcha dun seminario de onomástica

Unha das finalidades recollidas no artigo 2 dos Estatutos da Real Academia Galega é a de estudar e propor a restauración da onomástica galega. Para dar cumprimento a esta función dunha maneira máis efectiva créase por acordo do Plenario de data 12 de xullo de 2003 un Seminario de Onomástica dentro da RAG, a proposta dos académicos Xesús Ferro Ruibal, Antón Santamarina Fernández e Manuel González González.

4.2. Proposta para incorporar na Lei do Solo

Pero a preocupación pola onomástica, e de maneira moi especial pola toponimia no seo da RAG era algo que se viña manifestando xa desde antes da creación deste seminario. Por exemplo, no Plenario do 22 de xuño de 2002, acordouse facer chegar aos responsables da elaboración da Lei do Solo o seguinte texto, coa recomendación de que as ideas nel recollidas fosen introducidas nesta lei:

A RAG rógalle ó Goberno da Xunta e ó Parlamento de Galicia que na nova redacción da Lei do solo se inclúa unha referencia explícita á preservación do patrimonio toponímico galego.

Se se crea un articulado específico e é necesaria unha "Exposición de motivos", esta debe facer fincapé nas novas formas de ocupación do territorio, na progresiva urbanización e na idea de que *a toponimia é parte fundamental do patrimonio histórico-cultural*, estreitamente vinculada ó medio xeográfico.

Propostas para incluír no articulado:

1. O Goberno de Galicia velará polo respecto da toponimia tradicional.
2. As urbanizacións de vivendas, polígonos industriais, parques eólicos, áreas de recreo, propiedades resultantes da concentración parcelaria ou calquera outra actuación sobre o territorio que poida dar lugar a topónimos susceptibles de se converteren en denominacións oficiais, deben ser respectuosas coa toponimia tradicional do lugar. Por toponimia tradicional enténdense non só os topónimos maiores (correspondentes a entidades de poboación), senón tamén os nomes de calquera realidade xeográfica.
3. A Xunta de Galicia pode obrigar a cambiar unha denominación cando esta conteña unha agresión deturpadora do patrimonio toponímico galego.
4. Nos requisitos legais para a concesión dunha licenza de actuación sobre o territorio deberá incluírse a proposta da denominación. Cando unha actuación construtiva abranga máis de un topónimo tradicional, calquera dos topónimos ocupados é preferible, na denominación da nova realidade, a un nome de nova creación. Se por algunha razón xustificada é necesario optar por un novo nome, este debe conter elementos presentes no repertorio toponímico tradicional galego.

4.3. Colaboración co SITGA

A toponimia é un tesouro no que quedan reflectidos aspectos importantes da historia dos pobos e dos territorios: dos seus habitantes ao longo da historia, da conformación do relevo, dos usos agrícolas, da vexetación, etc. Desafortunadamente, nos últimos tempos en Galicia desapareceu un número elevadísimo de topónimos tradicionais, e particularmente de microtopónimos, que é necesario recoller urxentemente a menos que queiramos perder definitivamente esta riqueza do noso patrimonio. A preservación da toponimia é unha preocupación á que desde hai tempo a Real Academia Galega é moi sensible, e por iso apoiou decididamente a posta en marcha no SITGA do proxecto de recollida sistemática da toponimia do territorio galego.

A Xunta de Goberno do día 4 de xuño de 2004 analizou, a proposta do académico Xesús Ferro Ruibal, a posibilidade de solicitar da Xunta de Galicia varios contratos dentro do Plan Labora para incorporar persoal á RAG que colabore na depuración dos materiais de microtoponimia recollidos no proxecto de recompilación da toponimia galega levado a cabo polo SITGA, e decide levar a proposta ao Plenario. Na súa reunión do día 19 de xuño acórdase colaborar co SITGA nesta iniciativa e solicitar da Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Xunta de Galicia a concesión dalgún contrato Labora para a realización deste traballo. Durante un ano, dous traballadores da RAG estiveron depurando os materiais de microtoponimia recollidos en distintos concellos de Galicia a través do proxecto emprendido polo SITGA.

4.4. O tratamento dos exotopónimos

No Plenario do 22 de xuño de 2002, debido á complexidade de problemas que presenta o tratamento dos exotopónimos, o Plenario acordou crear unha comisión para estudar as pautas que é máis conveniente seguir para a integración destes na lingua galega. Coa finalidade de unificar criterios no tratamento dos exotopónimos, e de maneira particular dos topónimos da Península Ibérica, que nalgúns casos están sometidos ao control dalgún tipo de lexislación, leváronse a cabo varias reunións con representantes do Institut d'Estudis Catalans e da Euskaltzaindia, en Barcelona, Bilbao e Santiago de Compostela.

4.5. O topónimo A Coruña

O día 3 de novembro de 2004 a RAG enviou unha nota aos medios de comunicación verbo da polémica suscitada polo topónimo "A Coruña", no que facía pública a súa postura a prol da defensa do nome galego do topónimo. A mesma postura manifestou a RAG no informe sobre este topónimo solicitado pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, informe do que se deu conta no Plenario do día 18 de decembro de 2004, e que figura como anexo á acta. Posteriormente, en distintas ocasións fixose chegar á alcaldía da Coruña cal era o sentir da RAG sobre a forma correcta do topónimo.

4.6. Outros manifestos

Ante a situación relativamente frecuente en que os concellos optan por outorgarlles nomes arbitrarios ás rúas e urbanizacións, en ocasións de dubidoso gusto e mesmo con proliferación de formas castelás, a RAG acordou no Plenario do día 4 de marzo de 2006, dirixirse aos distintos concellos para animalos a que respecten os topónimos tradicionais nos casos en que existan, e isto sen cuestionar en ningún momento a capacidade legal que teñen os concellos para dar nome ás rúas.

5. Dous estudos importantes sobre a situación sociolingüística do galego: o galego segundo a mocidade e a actualización do MSG

No ano 2003 o Seminario de sociolingüística da RAG publicou unha obra que leva por título *O galego segundo a mocidade*, estudo que produciu certa conmoción, porque revelaba a persistencia na nosa mocidade de certa minusvaloración da lingua galega, aínda que estas actitudes raramente se manifestan cando se lles pregunta directamente aos nosos mozos sobre a valoración que teñen do galego. As respostas consideradas politicamente correctas asolagan moitas veces os verdadeiros valores que moven os comportamentos lingüísticos. Neste estudo combínáronse tres métodos cualitativos complementarios: a técnica de máscaras (*matched guise*), os grupos de discusión, e as entrevistas en profundidade. Este traballo permitiu descubrir aspectos preocupantes para a saúde do galego, tales como:

a) A falta de vinculación da lingua galega co avance social, coa iniciativa, coa innovación, co dinamismo, e en xeral, cos factores que son indicadores de progreso.

b) A forte asociación da lingua galega ben co ruralismo ben con elites intelectuais.

c) Unha adscrición moi forte da lingua galega na mocidade á ideoloxía de carácter nacionalista.

d) Unha visión negativa das persoas que ao longo da súa vida cambian de código lingüístico, especialmente dos que cambian do castelán para o galego.

e) A extensión da idea de que existe un falso compromiso, cunha compoñente "farisaica", das forzas políticas e dos gobernantes coa lingua galega.

Neste momento estanse analizando os datos da *Actualización do Mapa sociolingüístico de Galicia*, que trata de examinar os cambios producidos na situación social da lingua galega durante os doce anos que van desde o 1992 ata o 2004. No novo estudo, introducíronse algúns aspectos novidosos con respecto ao do ano 1992, entre os que salientaría os seguintes:

– Mentres que no MSG-92 se estudaba o conxunto da poboación maior de 16 anos, no MSG-04 a atención fíxase na poboación entre 15 e 54 anos, porque neste intervalo están incluídas, por un lado, a banda de idade dos pais e das nais que máis inflúe na transmisión familiar, e, por outro, a da mocidade, na que se adoita producir en maior medida o cambio de lingua.

– No MSG-04 decidiuse prestar unha maior atención ás áreas urbanas e suburbanas, pola importancia demográfica e o dinamismo lingüístico que se observa nestes hábitats.

– O MSG-92 limitábase ao estudo da situación do galego dentro da Comunidade Autónoma de Galicia; en cambio, no MSG-04 incorporouse unha mostra representativa do territorio de fala galega nas Comunidades Autónomas de Asturias e de Castela-León.

– O tamaño da mostra do MSG-04 é sensiblemente inferior ao do MSG-92. No estudo de actualización realizáronse 9714 enquisas. O erro máximo da mostra para os datos globais de Galicia é de $\pm 1.03\%$, cun nivel de confianza do 95,5%.

– Aínda que se mantivo no esencial o contido do cuestionario do 1992 para permitir a comparación dos datos, o seu tamaño reduciuse lixeiramente, eliminando preguntas que ofrecían información redundante, e prestándolle menos importancia á información sobre as características sociolingüísticas dos ascendentes do entrevistado. Centrouse o interese na lingua presente nas principais redes de interacción persoal e nos diferentes ámbitos de uso. Solicitouse información sobre o comportamento lingüístico en novos ámbitos de uso coma o das tecnoloxías da información e da comunicación.

– Outra diferenza significativa relacionada co cuestionario é a lingua empregada no cuestionario e na enquisa. No MSG-92 o cuestionario estaba redactado unicamente en galego, co que era posible que nalgúns casos se estivese provocando respostas máis favorables para o galego, favorecidas polo efecto de desexabilidade social. En cambio no MSG-04 traducíuse tamén o cuestionario ao castelán, e o informante podía escoller a lingua de realización da enquisa.

– O cuestionario do MSG-04 investiga, amais das competencias en galego, tamén as competencias en castelán e en linguas estranxeiras.

Neste momento publicouse xa o primeiro volume deste novo estudo, que leva por título *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Vol. 1: Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. Neste volume pódense observar cambios significativos na situación sociolingüística desde o ano 1992 ao 2004, entre os que salientaría:

a) O retroceso global da transmisión primaria da lingua galega: mentres que no 1992 o 60,3% dos galegos declaraba ter como lingua inicial o galego, no 2004 só se declara monolingüe inicial en galego o 20% dos que teñen entre 15 e 54 anos.

b) Produciuse un incremento notable dos falantes cunha lingua inicial distinta do galego e do castelán, o que revela a crecente importancia da inmigración e do regreso de emigrantes galegos de países con outras linguas.

c) Actualmente o grupo máis numeroso é o dos bilingües iniciais (un 41%).

d) É moi importante sinalar unha tendencia esperanzadora para o galego, que indica unha certa recuperación de falantes iniciais de galego no grupo de menor idade. É un fenómeno que hai que seguir de cerca, para ver se esta tendencia se confirma e constitúe un principio sólido de recuperación do galego.

e) Mentres que no MSG-92 existía un salto abismal entre as capacidades para entender e falar o galego e as capacidades para lelo e escribilo, no 2004 estas diferenzas reducíronse debido ao aumento importantísimo das capacidades lec-

toescritoras en lingua galega, fenómeno ao que non debe ser allea a incorporación da lingua galega ao sistema escolar.

f) En canto aos ámbitos de adquisición lingüística, cómpre salientar o descenso de 8.4 puntos na escolla da familia como ámbito único ou preferente de adquisición do galego, e o incremento en 10.9 puntos da escola como lugar de aprendizaxe da lingua galega.

6. A iniciación do Plan Xeral de Normalización Lingüística

O día 22 de setembro de 2004 o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade o Plan Xeral de Normalización Lingüística. Este Plan foi promovido pola Xunta de Galicia, dirixido por unha Comisión Técnica, e na súa elaboración participaron representantes sobranceiros dos distintos sectores sociais e das forzas políticas con presenza no Parlamento, formando parte das comisións creadas para o estudo da situación do galego e para propoñer medidas encamiñadas á súa normalización. Pero antes de que a Xunta de Galicia decidise poñer en marcha a elaboración deste PXNL, a RAG iniciara xa os traballos para sentar as bases e directrices sobre as que se debía basear un Plan de Normalización Lingüístico de Galicia, e este documento elaborado pola RAG serviu de punto de partida para que o Consello da Xunta dese luz verde a esta iniciativa. Unha vez encamiñado o compromiso político de promover a realización do Plan Xeral de Normalización Lingüística, a RAG deixouulle o protagonismo ao Goberno e ás forzas políticas.

7. O Instituto Cervantes e a Casa das Linguas

Neste período a RAG asinou un convenio marco de colaboración co Instituto Cervantes, para idear e impulsar iniciativas conxuntas que contribúan á difusión do coñecemento da lingua e da cultura galegas no mundo.

Particularmente interesante é a posta en marcha da Casa das Linguas, unha iniciativa levada a cabo polo Instituto Cervantes e pola Universidade de Alcalá de Henares, na que participou a Real Academia Galega desde o primeiro momento. O proxecto da creación da Casa das Linguas presentouse aos medios de comunicación na sede do Instituto Cervantes en Madrid o día 5 de abril de 2005 nun acto, presidido polo Director do Instituto Cervantes, no que estaban presentes representantes da Asociación de Academias de la Lengua Española, a Real Academia Galega, a Euskaltzaindia, o Institut Raimon Llull, a Academia Valenciana de la Llengua, o Institut d'Estudis Balearics, a Universidade de Alcalá de Henares, e o Conselleiro de Cultura da Embaixada de Portugal en España. Posteriormente sumárianse a esta iniciativa o Instituto Camoens, o Institut d'Estudis Catalans e o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

A RAG non só impulsou decididamente a posta en marcha desta iniciativa, senón que contribuíu activamente á definición dos seus obxectivos xerais, que foron aprobados o día 21 de xuño de 2005:

- Ensinar e propiciar o ensino das linguas de España e Portugal.
- Divulgar o coñecemento sobre a situación sociolingüística das linguas de España e Portugal, así como de Iberoamérica.
- Fomentar a investigación sobre o contacto de linguas.
- Investigar e expoñer a situación das linguas americanas prehispanicas.
- Fomentar os estudos que afonden o sentimento de respecto ás linguas ibéricas e a conciencia dos países ibéricos como países plurilingües.
- Defender os dereitos lingüísticos como dereitos humanos individuais e colectivos.
- Contribuír á presenza das linguas ibéricas no ciberespazo.
- Crear mecanismos de colaboración con outras iniciativas lingüísticas, culturais e educativas.
- Calquera outra actividade de investigación, ensino ou discusión verbo das linguas ibéricas en contacto, fomentando de xeito especial as accións nos sistemas internacionais de investigación.

Grazas a esta iniciativa, calquera persoa pode asistir durante todo o ano a clases de lingua galega en Madrid nun céntrico local na rúa Lope de Vega, propiedade da Universidade de Alcalá de Henares, e que esta Universidade cedeu desinteresadamente para actividades académicas e culturais da Casa das Linguas.

8. O compromiso co galego exterior

A RAG ten entre as súas funcións a defensa e promoción do idioma galego, e non só do galego falado na Comunidade Autónoma de Galicia, senón tamén do galego falado nos territorios exteriores do occidente de Asturias, León e Zamora. Na actualidade fálase galego en 18 concellos do occidente de Asturias, onde viven 45000 persoas, en 19 concellos de León, onde viven algo máis de 31000, e en catro concellos de Zamora, cuns 1500 habitantes.

Na liña de defensa e promoción da lingua galega exterior levou a cabo unha serie de iniciativas, entre as que podemos mencionar:

a) A decisión de celebrar un Plenario extraordinario en Vilafranca do Bierzo o Día das Letras Galegas de 2002, dedicado ao Padre Sarmiento, e de centrar os actos principais desta conmemoración no Bierzo. Con estes actos a RAG pretendeu non só facer visible a realidade da lingua galega fóra das nosas fronteiras administrativas e chamar a atención sobre a situación de desamparo en que se atopa nalgún destes territorios, senón tamén homenaxear a todos cantos, en situación moitas veces de verdadeira dificultade, loitan por manter acceso o facho

da lingua galega e reivindicán un recoñecemento máis ca simbólico para a lingua propia destes territorios.

b) A decisión de nomear un académico correspondente por cada un dos catro territorios delimitados do galego exterior: galego de Asturias, Bierzo, galego de Zamora e galego de Estremadura, así como a de realizar un acto solemne de recepción na RAG destes catro académicos. Estes académicos correspondentes foron convidados a falar sobre a situación do galego nos seus territorios respectivos, como mostra do compromiso da RAG coa defensa da lingua galega falada fóra da Comunidade Autónoma.

c) O acordo de incorporar o estudo da situación do galego exterior na actualización do Mapa sociolingüístico galego que se está realizando desde o ano 2004.

d) A decisión de solicitar da comisión encargada da redacción do novo Estatuto de Autonomía a incorporación dun artigo no que se recoñeza a realidade do galego falado nas comunidades autónomas estremeiras con Galicia e da vontade de fomentar o seu cultivo.

9. A defensa da titulación do galego

No ano 2005 o Ministerio de Educación puxo en marcha un reordenamento das titulacións universitarias. E o día 13 de abril deste ano, a Subcomisión de Humanidades fixo unha proposta de titulacións de humanidades na que non figuraba a de Filoloxía Galega, que quedaba diluída dentro dunha titulación xeneralista de Linguas e Literaturas Modernas. Algo semellante pasaba con respecto á titulación de Filoloxía Catalá. A primeira decisión da RAG foi a de enviar unha carta de protesta dirixida ao presidente da Subcomisión de Humanidades, da que extraio a parte substancial:

Excmo. y Magnífico Sr.:

La Real Academia Galega es una institución que tiene, entre otros objetivos, el de velar por los derechos lingüísticos de Galicia, que tiene el gallego como lengua propia, según reconoce su Estatuto de Autonomía.

Hemos tenido noticia del acuerdo tomado el día 13 de abril por la Subcomisión de Humanidades en el que de manera sorprendente no figura el Graduado en Lengua y Literatura Gallegas, dentro de los títulos de grado referidos a los estudios de lengua y literatura. Esta extraña ausencia ha provocado que el tema fuese tratado por la Junta de Gobierno de la Real Academia Galega, en su reunión del día 19 de abril de 2005. La Real Academia Galega no puede ocultar su sorpresa ante tal propuesta, que va en una dirección totalmente distinta a la realizada por la reunión de decanos de las universidades españolas en la que se contempla el Graduado en Lengua y Literatura Gallegas.

Consideramos que no es asumible la inclusión de los estudios de lengua y literatura gallegas en una titulación genérica de Lenguas y Literaturas Europeas Modernas, sobre todo teniendo en cuenta que se mantiene el Grado de Lengua y Literatura Española. La RAG entiende como necesaria la incorporación del Grado de Lengua y Literatura Gallega (y del mismo modo catalana y vasca), de acuerdo con el carácter oficial de estas lenguas, y con la atención preferente que cada país debe prestar al estudio de su propia lengua y literatura. Parece una idea poco acertada darle al estudio del gallego, catalán y vasco el mismo tratamiento que el de una lengua extranjera. Este hecho podría ser políticamente muy mal interpretado y, desde luego no contribuiría en modo alguno a la convivencia entre las lenguas y los pueblos de España. Tenemos plena confianza en que finalmente se incorpore el Graduado de Lengua y Literatura Gallegas dentro de los nuevos títulos, del mismo modo que el referido a cada una de las demás lenguas de carácter oficial en el Estado.

Esta carta, xunto con outra enviada ao Secretario de Estado de Universidades e Investigación no mesmo sentido, foi seguida dunha serie de actuacións levadas a cabo de maneira coordinada co Institut d'Estudis Catalans e coa Euskaltzaindia ante distintas autoridades universitarias e do ministerio de Educación, que acabaron con resultados positivos. A RAG dirixirase ao Ministro de Educación nos primeiros anos do 2006 para agradecerlle o mantemento da titulación.

10. A defensa do estatus legal e social do galego

A RAG levou a cabo neste período moitas outras iniciativas que demostran un compromiso inquebrantable coa defensa do estatus legal e social da lingua galega. Sinalarei brevemente algunhas actuacións que poden parecer menores, pero que son indicativas de que sempre estivo coa mirada atenta a todas as incidencias lexislativas, políticas e sociais que podían afectar á saúde do galego.

10.1. Pedimento de oficialización do galego na Unión Europea

Cando Rodríguez Zapatero sae elixido Presidente do Goberno, a RAG dirixese a el por carta para, amais de felicitalo polo seu triunfo, agradecerlle o recoñecemento no seu discurso de investidura da realidade plurilingüe do Estado, e o compromiso de defensa de todas as linguas oficiais do seu territorio. Pero, sobre todo, solicitábaselle naquela carta ao Presidente acabado de elixir o seu traballo para o recoñecemento da oficialidade da lingua galega polas institucións da Unión Europea e a súa inclusión na Constitución Europea.

Na reunión da Xunta de Goberno da Academia do día 26 de maio de 2004 o seu Presidente deu conta da recepción dunha resposta de Rodríguez Zapatero a esta carta, na que este reitera o seu compromiso coa defensa do vasco, catalán e galego, linguas que considera como unha riqueza cultural de España, e o seu apoio para que sexan oficiais na Unión Europea, aínda que advirte de que o proceso non está exento de dificultades.

10.2. Ubicación de política lingüística

Desde hai xa anos viñase discutindo moito sobre o estatus que debía ocupar a Política Lingüística no goberno de Galicia, e cal sería a súa mellor ubicación no organigrama da Xunta de Galicia. O organismo do goberno que tiña nas súas mans a orientación da política lingüística era unha dirección xeral dentro da Consellaría de Educación. Aínda que non hai dúbida de que os aspectos educativos son fundamentais no desenvolvemento dunha política lingüística, encadrar a política lingüística dentro da educación manifesta unha visión reduccionista dos ámbitos de que se debe ocupar a planificación lingüística dunha lingua. Por isto, a Real Academia Galega viña defendendo desde hai tempo a conveniencia de elevar a Dirección Xeral de Política Lingüística ao nivel de Secretaría Xeral e a ubicación desta Secretaría Xeral en Presidencia, para que deste xeito puidese ter un campo de acción máis amplo, e unha incidencia maior na planificación das distintas consellarías da administración autonómica.

10.3. Estatuto de Autonomía

Na lexislatura que comezou o 2005 iniciáronse as conversas entre as distintas forzas políticas para levar a cabo a modificación do Estatuto de Autonomía de Galicia. A Comisión parlamentaria encargada de elaborar un borrador de texto estatutario reformado chamou para escoitar as súas propostas representantes de diversas institucións, organismos e sectores sociais de Galicia. Entre as institucións non podía faltar a RAG, quen lle fixo chegar á comisión:

106 Reiteradamente comentó doña Emilia en sus crónicas y ensayos (coincidiendo en ello con otros muchos) las deficiencias del Ejército y de la Marina españoles. Dos años más tarde, en las crónicas de *Cuarenta días en la Exposición* (*Obras Completas*, tomo XXI, Madrid: ed. de la autora, s.a. [1900], p. 170) reitera esta crítica, cuando describe el pabellón de los *Ejércitos de mar y tierra*: "No hay nación, cualquiera que sea el enigma de su porvenir, que no trate de perfeccionar su ejército y marina (...) Hasta Portugal —que (después de tanto burlarnos de *O terror de los mares*), hoy posee una Marina superior a la nuestra— se presenta bien en el pabellón de los Ejércitos [...] Suponia yo que España habría expuesto, pero no encontraba la instalación por ninguna parte. Di dos vueltas a la manzana, y acerté. El envío de España es una cristalera como de tres metros de alto, y en sus tres estantes se acomodan tres roses [gorros militares], doce condecoraciones y quince o veinte puños de espadas y sables de honor. A derecha e izquierda de la cristalera, dos mapas con los uniformes del ejército español, entre los cuales figuran todavía los que usaban nuestras fuerzas en la isla de Cuba"; tras de lo cual escribe, en párrafo aparte, sólo estos signos, como muestra de su sorpresa: "...??".

107 "Honda pena" añadido sobre la línea, en sustitución de lo tachado "Gran dolor".

108 A continuación de esa palabra escribe y tacha "los corazones de".

109 A continuación de esa palabra escribe y tacha otra, difícilmente legible [¿"el"?].

110 A continuación de esa palabra comienza a escribir otra; pero lo tacha y resulta ilegible.

111 Palabra añadida sobre la línea, en sustitución de lo tachado "casi iguales".

112 Palabra sobrescrita a "mi".

113 Palabra añadida sobre la línea, para sustituir a la tachada "pensamos".

114 "un abandono" añadido sobre la línea, para sustituir a varias palabras tachadas e ilegibles.

115 Desde "una indiferencia" hasta "lesa patria" añadido sobre la línea, para sustituir varias palabras tachadas y poco legibles: {¿"una indiferencia criminal de nuestros gobernantes"?}.

116 A continuación ha escrito y tachado "sin embargo".

117 Palabra añadida sobre la línea.

118 Antes de esta palabra ha escrito otra, luego tachada e ilegible.

en las *rodomontades espagnoles*¹¹⁹. Desde el primer día, España comprendió¹²⁰ que era¹²¹ más¹²² débil, y no por eso sintió pavor: resignada y hasta alegre afrontó la situación, fiando en que el Gobierno, sacudiendo su apatía, procuraría cuando menos que no sucumbiésemos sin defensa. Ha sido necesaria una serie amarguísima de desencantos y decepciones¹²³ para que el pueblo¹²⁴ empiece a desear la paz, no tanto¹²⁵ por temor al daño que puede inferirnos el¹²⁶ enemigo, cuanto¹²⁷ por miedo a nuevos desaciertos gubernamentales; como el más arrojado navegante ansía¹²⁸ salir de una embarcación, si cree que el piloto va a estrellarla contra¹²⁹ los escollos. Nuestra condición es tal, que una¹³⁰ sola¹³¹ jornada feliz, una sola victoria parcial¹³², nos prestaría ánimos para diez años de guerra.

Repito que, aunque tan animosos¹³³, no somos pretenciosos; y que ningún acto de¹³⁴ violencia manchó las explosiones¹³⁵ patrióticas de Madrid, al saberse que la guerra estallaba. De¹³⁶ nuestra actitud tranquila puede dar testimonio el honorable Mr. Woodford, último representante de los Estados Unidos en España¹³⁷. Si en los salones sufrió alfilerazos, en las calles no padeció¹³⁸ el menor insulto. La tarde del Jueves Santo, día en que no circulan carruajes en Madrid, hallándose

119 Entre la abundante obra que dejó manuscrita Pierre de Bourdielle, señor de Brantôme (h. 1540-1614), que comenzó a difundirse impresa a finales del XVII, está *Rodomontades et juremens des Espagnols* [*Bravuconadas y juramentos de los españoles*]. Pardo Bazán pudo conocer la versión del *Discours d'aucunes rodomontades et gentilles rencontres et paroles espagnoles*, recogido en el vol. VII de las *Oeuvres complètes* de Brantôme, editadas por L. Lalanne, Paris: J. Renouard, 1873. Aunque, al parecer, tuvieron más difusión las *Rodomontades espagnoles*, de Nicolas Baudoin (1590-1650), de las que A. Cioranescu ("Les Rodomontades espagnoles, de N. Baudouin", *Bulletin Hispanique*, XXXIX, 1937, pp. 339-355) cita no menos de veinte ediciones, algunas de ellas bilingües (español-francés) o traducidas, entre 1607-1685.

120 "España comprendió", añadido sobre la línea, en sustitución de varias palabras tachadas, de los que sólo algunas son legibles: "se tenía en España [...]".

121 A continuación de esta palabra ha escrito y tachado "más"; palabra que luego añade, al comienzo de la cuartilla siguiente.

122 Palabra añadida al margen; a continuación escribe y tacha "la".

123 Desde "y no por eso" hasta "y decepciones", escrito interlineado, tras haber tachado cuatro líneas, ahora prácticamente ilegibles algunas palabras.

124 "el pueblo", añadido sobre la línea.

125 "tanto", añadido sobre la línea.

126 "al daño que puede inferirnos el", añadido sobre la línea, en sustitución de la palabra tachada "al".

127 Palabra escrita sobre lo tachado "ni sólo".

128 Palabra añadida sobre la línea, en sustitución de la tachada "desea".

129 Siguen dos palabras tachadas e ilegibles.

130 Antes de esta palabra ha escrito otra al margen, tachada e ilegible.

131 Palabra añadida sobre la línea.

132 "una sola victoria parcial", añadido sobre la línea; antes de "parcial" ha escrito y tachado "meritoria".

133 "aunque tan animosos", añadido sobre la línea.

134 "ningún acto de", añadido sobre la línea, en sustitución de lo tachado "ni siquiera".

135 "las explosiones", añadido sobre la línea, en sustitución de varias palabras tachadas en ilegibles.

136 Antes de esta palabra había escrito y tachado "Se".

137 "España", añadido sobre la línea, en sustitución de lo tachado "Madrid".

138 Previamente había escrito, y tacha, "recibió".

las calles atestadas de gente, reinando gran efervescencia, y luciendo las señoras, sobre¹³⁹ la negra mantilla,¹⁴⁰ claveles rojos y amarillos y¹⁴¹ lazos de los mismos colores nacionales, paseóse Woodford a pie por los sitios más céntricos: la multitud se apartaba y le dejaba pasar en medio de glacial silencio. Lo mismo le sucedió cuando se mezcló a la muchedumbre que seguía al entierro del popular torero Frascuelo¹⁴². No hubo un silbido, no hubo una frase agresiva: allá en el fondo del alma, hervía el oleaje de la cólera; pero la superficie se mantenía serena, la actitud grave y digna¹⁴³.

Revestida¹⁴⁴ de igual¹⁴⁵ serenidad y calma¹⁴⁶ al dirigirme a¹⁴⁷ un público¹⁴⁸ entre el cual acaso se encuentre algún lector¹⁴⁹ de mis libros —desde hace años¹⁵⁰ traducidos y publicados en los Estados Unidos de Norte América¹⁵¹—, no¹⁵² puedo evitar que acuda a mi pluma el sagrado nombre¹⁵³ de¹⁵⁴ la paz. A nombre tan hermoso, sólo¹⁵⁵ he de añadir este comentario: si la paz es honrosa, muy honrosa¹⁵⁶, para nosotros, honrosa, muy honrosa¹⁵⁷ será también¹⁵⁸ para nuestros enemigos¹⁵⁹;

139 Palabra añadida sobre la línea, para sustituir otra tachada e ilegible.

140 A continuación de la coma escribe y tacha "los".

141 A continuación de "y" escribe y tacha "los".

142 "En mi juventud (escribe en su crónica del núm. 1653 de *La Ilustración Artística*, 1-IX-1913) me gustó el buen toreo, entonces representado por Frascuelo [Salvador Sánchez] y por Lagartijo [Rafael Molina Sánchez]".

143 Siguen, en punto y aparte, varias palabras tachadas, de las que sólo algunas son legibles: "Con la misma impasibilidad".

144 Palabra añadida al margen, tras haber escrito y tachado otras palabras, ahora ilegibles.

145 Inmediatamente antes de esta palabra ha escrito y tachado "esta".

146 "y calma", añadido sobre la línea.

147 Inmediatamente antes de esta palabra ha escrito y tachado "al".

148 Previamente había escrito, y tacha, "a los lectores que hasta hace poco / hace años".

149 "algún lector" añadido sobre la línea, en sustitución de lo tachado "los lectores"; en consecuencia, también corrige "encuentren", por "encuentre".

150 "hace años", añadido sobre la línea, en sustitución de lo tachado "años hace".

151 En efecto, a estas alturas (1898) se habían publicado en Estados Unidos estas traducciones: *Russia. Its People and its Literature* [*La Revolución y la novela en Rusia*], Chicago, 1890; *The Swan of Vilamorta* [*El Cisne de Vilamorta*], New York, 1891; *A Wedding trip* [*Un viaje de novios*], New York, 1891; *A Christian Woman* [*Una cristiana*], New York, 1891; *Homesickness. A Galician girl's romance* [*Morriña*], New York, 1891; *The angular Stone* [*La piedra angular*] New York, 1892.

152 Inmediatamente antes de esta palabra había escrito y tachado "declaro que si la".

153 "el sagrado nombre de", añadido sobre la línea.

154 Palabra añadida al margen, después de haber tachado "la palabra".

155 "A [sigue, tachado, "este"] nombre tan hermoso, sólo", añadido sobre la línea, en sustitución de varias palabras tachadas, de las que sólo algunas son legibles: "que y tampoco puedo / a la cual solo".

156 "muy honrosa", añadido sobre la línea.

157 "muy honrosa", añadido sobre la línea.

158 Desde "si la paz" hasta "será también", añadido sobre la línea y al margen, en sustitución de varias palabras tachadas, de las que sólo algunas son legibles: "el día en que la paz sea fuerte [...] tanto gloriosa será".

159 "para nuestros [escribe y tacha "adversarios"] enemigos", añadido sobre la línea, en sustitución de lo tachado: "gloriosa para los Estados Unidos, si es".

pero si al firmar los tratados¹⁶⁰ les ciega la ambición y la codicia, será de¹⁶¹ perpetua ignominia el recuerdo que quede de¹⁶² un¹⁶³ abuso de la superioridad material, y el¹⁶⁴ Juez supremo del Universo, invocado en el Acta¹⁶⁵ de independencia de los Estados de la Unión por aquellos varones insignes que fundaron la nacionalidad americana; el Dios de Benjamin Franklin, de Jefferson, y de Adams, señalará en el reloj del tiempo el minuto¹⁶⁶ inicial¹⁶⁷ de la hora en que un pueblo, apartándose de¹⁶⁸ los caminos de la verdad, da el primer paso en los de¹⁶⁹ la decadencia moral, que¹⁷⁰ prepara y trae fatalmente¹⁷¹ las demás¹⁷² decadencias.

Emilia Pardo Bazán

15 de Junio de 1898

160 "al firmar los tratados", añadido sobre la línea y al margen, en sustitución de lo tachado, ahora ilegible.

161 Palabra añadida sobre la línea.

162 "quede de", añadido sobre la línea, en sustitución de una palabra tachada e ilegible.

163 Palabra sobrescrita a "ese".

164 Palabra sobrescrita a "al".

165 Previamente había escrito la palabra con minúscula, pero la corrige.

166 Inmediatamente antes de esa palabra había escrito, y tacha, "primer".

167 Palabra añadida al margen.

168 Inmediatamente antes de esa palabra había escrito, y tacha, "del".

169 "los de", añadido sobre la línea, en sustitución de lo tachado "el de".

170 Inmediatamente antes de esta palabra había escrito, y tacha, algunas palabras ahora ilegibles.

171 "y trae fatalmente", añadido sobre la línea.

172 Inmediatamente antes de esta palabra había escrito, y tacha, "otras".

Dous rateos do século XIX do *Foro do Cabido de Eirapedriña* e do *Foro de Camba de Framán* (Bugallido, Ames)

RAMÓN LORENZO
Real Academia Galega

Cando eu era rapaz oíalle falar a meu pai do “prorrrateo” e téñolle visto nas mans un libro manuscrito, xa moi usado, que utilizaba para resolve-las dúbidas que lle xurdían con algún terreo. Pasados máis de cincuenta anos atopei na aldea de Framán este rateo nun momento en que lle andaba axudando a unha doutoranda da Universidade alemá de Jena a buscar materiais toponímicos na parroquia de Bugallido. Mentres lles facía preguntas a algunhas persoas coñecidas, apareceu unha señora con aquel rateo que eu vira na miña infancia e no que pensara moitas veces. Como hai unhas semanas tiven que elaborar un traballo sobre a toponimia menor das aldeas de Eirapedriña e Framán, pareceume oportuno volver a consultar este rateo do século XIX para ver que topónimos contiña. Un irmán meu que vive en Eirapedriña púxome á disposición este rateo conservado en Framán e atopoume outro que leva a data de 1755, aínda que a versión que contén tamén é do XIX, conservado nunha casa de Eirapedriña. Os dous rateos fóronme de moita utilidade para estuda-la toponimia das dúas aldeas e tamén me valeron para escribir este artigo de homenaxe ó Profesor Barreiro Fernández.

Non se trata dos dous manuscritos orixinais feitos no século XVIII, posto que estamos ante dúas actualizacións dos dous foros realizadas no século XIX pola mesma época, se ben a letra do *Foro do Cabido de Eirapedriña* parece algo máis antiga cá do *Foro de Camba de Framán*. Sabemos isto porque os dous “peritos de labranza” que actúan no *Foro de Eirapedriña* aparecen tamén como peritos nunha “Partija de los vienes que resultaron de la fincablidad (*sic*) de Francisco Rodríguez y su muguer Vicenta Piñeiro, vecinos que fueron en sus días del lugar de

Eyra Pedriña, en la Parroquia de San Pedro de Bugallido, echa en el año de 1862” (documento que me facilitou un veciño do lugar). É a mesma letra, cos mesmos erros, e no contido aparecen moitas das persoas mencionadas nos dous foros. O que se fixo nesa década do XIX foi poner ó día os dous foros, indicando cales eran os veciños sometidos a eles nese momento.

No *Catastro do Marqués da Ensenada* (1752) dise que o Conde de Altamira exercía o señorío sobre a parroquia de San Pedro de Bugallido, que pertence ó Concello de Ames, pero este conde non era o único que explotaba ós campesiños da parroquia, porque nos dous manuscritos de que dispoño, alén do *Foro do Cabido de Eirapedriña*, que ás veces tamén se cita no outro *Foro* cando se indican os límites dalgunha herdade (*Framán*, 3, 6, 7, 9, 66, 96, 107, 117), e do *Foro de Camba*, que pola mesma razón aparece citado no do *Cabido de Eirapedriña* (*Eirapedriña*, 5, 7, 8, 10, 61, 65, 73, 86, 178, 209), nos dous foros que analizo aparecen referencias a outros cantos foros, sempre en relación cos límites das herdades comprendidas neles. Un deles é o propio *Foro do Conde de Altamira* (*Eirapedriña*, 5, 6, 7, 8, 10, 11, 12, 22, 61, 111, 151, 152, 225, 233, 234, 235, 245; *Framán*, 3, 4, 6, 7, 9, 10, 11, 15, 25, 40, 43, 62, 104, 132, 134). Os outros son o *Foro de Abraldes* (*Eirapedriña*, 1, 5, 7, 8, 14, 53, 90, 142, 158; *Framán*, 5, 6, 10, 11, 16, 34, 50, 67, 79, 80, 85, 133, 148), o *Foro do Marqués de Bendaña* (*Eirapedriña*, 4, 9, 10, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 37, 39, 58, 68, 74, 79, 82, 87, 96, 120, 148, 163, 201, 213, 236; *Framán*, 4, 112), o *Foro do Cabido de Framán* (*Eirapedriña*, 6, 7, 8, 11, 12, 13, 33, 38, 63, 116, 143, 151, 234, 235; *Framán*, 2, 3, 4, 5, 7, 9, 10, 16, 37, 50, 57, 59, 63, 65, 67, 68, 70, 73, 76, 79, 86, 108, 121, 133) e o *Foro do Igrexario* (*Eirapedriña*, 6, 7, 14, 85), posto que o *Igrexario* tamén tiña terras, igual cá *Confraría das Ánimas*, como se indica no *Foro do Cabido*, onde unha herdade de labradío testa polo “lebante” con “tierra delas Animas” (*Eirapedriña*, 64). Polo tanto, entre o clero (tamén debían paga-los décimos e outras cargas eclesiásticas) e a fidalguía tiñan dominados os labregos, que debían traballar arreo para manterse a si mesmos e para que os poderosos vivisen con toda regalía.

Fôra dos foros eclesiásticos, os outros foros pertencen a familias moi coñecidas en Galicia. O Conde de Altamira na segunda metade do XVIII era D. Ventura Osorio de Moscoso e Fernández de Córdoba, que, amais de ser Conde de Altamira, era Marqués de Astorga, Conde de Cabra, Duque de Sanlúcar la Mayor, Marqués de Leganés e tiña outros moitos títulos máis. No XIX temos como XIII^o Conde a D. Vicente Pío Osorio de Moscoso e Ponce de León, que morreu sen descendencia en 1864.

A familia Abraldes era antiquísima e xa aparece na época medieval. Era unha liñaxe galega que tiña casa en Santiago, na rúa do Vilar, posuía a Casa Branca e Torre de Aríns, a Torre e Pazo de Guimaráns, etc. e estaba emparentada con numerosas familias nobres. No século XVIII era señor D. Juan Antonio Abraldes de

Mendoza, que herdou o morgado en 1735, morreu en 1782 na casa de Guimaráns e foi enterrado na igrexa de Santa Cruz de Ribadulla. Era fillo de D. Juan Antonio Abraldes, morto na súa casa de Guimaráns en 1735 e soterrado no convento de Santo Agostiño de Santiago, e de dona Teresa Nicolasa Becerra e Saavedra de Monroi. Máis tarde aparecen D.^a Dolores Abraldes Castrelos e o seu tío D. Dimas Abraldes Becerra de Monroi (Fray José-Antonio Crespo Pozo, *Blasones y linajes de Galicia. Tomo II. Parte Genealógica (A-F)*, Santiago, Editorial de los Bibliófilos Gallegos, 1962, 10-14).

Igual ocorría coa familia de *Camba* e co *Marqués de Bendaña*. O señor de Camba cando se fixo o foro era D. Melchor de Camba Ozores e Soutomaior, dono do Pazo de Miradores, en Salcedo (Pontevedra), de quen hai moita documentación no *Museo de Pontevedra*, e que era fillo de D. Gaspar de Camba Ozores e de dona Baltasara Clara de Soutomaior. Despois del temos a D. José Baltasar de Camba Soutomaior Ozores, que aínda vivía en 1846 e a quen sucedeu seu irmán D. José de Camba (Crespo Pozo, *íd.*, 265-270; Luis Pérez Fernández e Luis Fernando Pérez Méndez, *Historia de la Casa-Fortaleza de Camba*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 1998, 200-201). O Marquesado de Bendaña concedeuno o rei Carlos II o 27 de outubro de 1692 e na época do foro no XVIII era marqués D. Andrés Vicente Piñeiro y de la Torre, falecido en 1782 e casado con dona Joaquina Maldonado y Cañas. Tiñan a casa de Bendaña en Santa María de Bendaña, concello de Touro (Arzúa), un Pazo en Santiago, na Praza do Toural, a Casa-Torre de Bendaña en Caldas, etc. No XIX foi marqués ata 1876 D. Buenaventura Piñeiro Manuel de Villena (Crespo Pozo, *íd.*, 188-190).

Estes dous rateos son interesantísimos porque nos indican os nomes de tódalas herdades pertencentes a cada un dos foros e nos proporcionan os nomes dos foreiros e o que debían satisfacer en especie polas súas casas e herdades. Entre os dous hai bastante diferenza de tamaño, posto que o de *Eirapedriña* contén 250 páxinas (faltan ó final 2 ou 3 folios) e o de *Framán* só ten 152, o que quere dicir que o do *Cabido* era moito máis importante có de *Camba*, se ben hai que ter en conta que corresponden a aldeas diferentes.

Fóra do tamaño, a estrutura dos dous é a mesma, e foron redixidos en folios escritos polas dúas caras. Os dous comezan cunha especie de preámbulo no que se sitúa o foro. O de *Eirapedriña* di:

Prorrateo del Foral del Cavildo titulado del lugar de Eyra Pedriña, de la Parroquia de S^o. Pedro de Bugallido. Primera mente se forma el correspondiente apeo, o bien cea la diclinación de las casas y terrenos comprendidos en este referido foro en la manera siguiente. Nós, los peritos de labransa Manuel Blanco de S^o. Julián de Bastabales y Antonio Angueira de la de S^o. Juan de Calo, con vista de los documentos de foro que nos precentaron y señalamiento de los mismos posehedores de las referidas casas y

terrenos de que se compone el citado foro, pasamos reconocimiento, mensura y tasa de las espesadas casas y terrenos en la manera siguiente (*Eirapedriña*, 1).

Pola súa banda, no de *Framán* aparece:

Proteo (*sic*) de veinte y siete ferrados de centeno y tres gallinas que pagarán del foro titulado de Camba por el lugar de Framán, parroquia de S^o. Pedro de Bugallido, según la escritura de foro otorgada en la casa solar y fortaleza de Camba, freigüecía de S^o. Juan de Camba, coto y jurisdicción (*sic*) de dicha casa, en once de septiembre del año de mil siete cientos cinquenta y cinco, por ante el escrivano D^o. Manuel Araujo, vecino de Ortoño (*esta palabra foi engadida modernamente*), otorgado por D^o. Melchor de Camba Osoros y Soto Mayor, dueño de esta casa, su coto y jurisdicción, como dueño y dominio direuto del propio lugar, cuyo foro hiso a favor de Dom^o Angueira de Avajo, Angel de Framil, Benita Peres, Juan Domingues, Herminio? (*lese mal o comezo*) de Sar y Lorenzo de Rayces, vecinos del lugar de Framán, de S^o. Pedro de Bugallido, por manera que las casas y vienes correspondientes al citado foro constan yndividual mente en copia literal de la escritura del mismo otorgada en cuya fecha en número de cuatro ojas, con vista con vista (*sic*) de lo cual y del señalamiento que prestaron los consortes actuales se formó el correspondiente apeo en la manera siguiente" (*Framán*, 1).

Despois en cada foro vén a descrición das partidas de que consta, coa indicación do nome da partida, da superficie que ten e dos seus límites (*Eirapedriña*, 1-17; *Framán*, 1-11). Como mostra poñamos un caso:

18. Otra piesa de tojal en donde llaman Mesadas, que lleba de sembradura seis ferrados y veinte quartillos. Testa por el norte en vn camino de carro que llaman la corredera de las Gestas, que pasa á Pallas, Ameneiro Longo y otras partes; vendabal testa en otro camino de carro que pasa a La Telleira y le divide del Agro de Piliteiros, que corresponde al conde Altamira; lebante los bestiguios de vn camaro antiguo que al vendabal divide el Agro de Roque, que es del conde Altamira, y al norte el Agro de los Talliños, que es del foro de Abralde; poniente tierra del foro de Camba, que divide por vnos tallos que hay hacia la heredad de los herederos de Francisco Rodrigues. Hace de ancho en la cabeza del norte ciento cuarenta palmos y en la del vendabal ciento cinquenta palmos (*Eirapedriña*, 7-8).

Unha vez delimitadas as partidas, aparece un resumo, onde se indica o valor de todas elas e o que corresponde dar de foro en centeo e diñeiro (*Eirapedriña*, 17-18; *Framán*, 11). Feito isto, pásase xa á descrición individual. Ponse o nome do foreiro e vaise colocando cada unha das herdades que posúe, co nome que ten, distinguindo se é toxeira, leira, cortiña ou terreo a campo, coa súa superficie, os límites, a anchura en cada cabeza, o valor en reais e o que o foreiro ten que satisfacer de "pención" por ela. Unha vez descritas todas, ponse o valor en reais de todas elas e a renda total en centeo e diñeiro (*Eirapedriña*, 18-250; *Framán*, 12-149). Vexamos un exemplo:

Francisco Vilas del lugar de Framán, del mismo Foro, posehe los vienes siguientes. Primera mente: Agra de Arriba, vna de labradío con su punta de tojal. Sembradura: dies y nuebe quartillos y vn sesto de otro. Por si mismo. Norte Domingo Antonio Calvo con tierra del Cavildo de Framán; vendabal Vicente Niebes y José Velouta. Hace de ancho en la cabesa del lebante cinquenta palmos y medio y en el medio cinquenta y vno y medio y en la del poniente veinte y seis palmos y medio. Valor: dos cientos tres rreales. Pención: tres quartillos y cuatro octabas partes y media de otro (*Framán*, 65).

Os dous foros rematan cunha lista-resumo, na que se indica outra vez os nomes dos foreiros e o que lles correspondía pagar en centeo e diñeiro (*Eirapedriña*, 250 e seguintes; *Framán*, 149-151). Non sabemos como remataba o de *Eirapedriña*, debido a que despois da páxina 250 faltan varios folios, mais o de *Framán* remata coa firma e rúbrica de dúas das persoas incluídas no foro. Trátase de José Vilouta e Manuel Angueira, quen o fai a rogo de Manuela Tacende e Teresa Calvo (*Framán*, 152).

Ademais de todo isto, ó foro de *Eirapedriña* engadíronselle modernamente ó comezo dous folios, onde se escriben os nomes dos foreiros e se remite á páxina onde empeza cada foro individual. O de *Framán* tamén comeza cun folio onde está a lista incompleta dos foreiros, seguido doutro no que xa aparece a lista completa, igualmente coa indicación da páxina, os dous engadidos modernamente. Despois, formando parte xa do manuscrito primitivo, hai un folio onde volve aparecer outra lista completa coa remisión á páxina, seguido dun folio en branco. Estas páxinas non se teñen en conta na numeración, posto que os dous foros poñen o número 1 na páxina introdutoria que comeza por “Prorrateo” (*Eirapedriña*) ou “Proteo” (*Framán*). De aí que, cando cito páxinas, sigo a numeración do manuscrito e non teño en conta estas páxinas iniciais.

Como xa indiquei, o foro de *Eirapedriña* ten máis extensión có de Framán, como vemos no número de páxinas de cada un (250 páxinas fronte a 152) e como mostran os datos que poño a continuación. O *Foro de Eirapedriña* componse de 85 foreiros cun total de 1023 herdades, distribuídas en 43 “partidas” e valoradas en 72.198 reais e medio, polo que lles corresponde pagar 63 ferrados de centeo e 144 reais, todo o cal reducido a centeo fai un total de 87 ferrados (*Eirapedriña*, 17, 250). En cambio, o *Foro de Framán* componse só de 44 foreiros, cun total de 591 herdades, distribuídas en 30 “partidas” e valoradas en 39.893 reais e medio, polo que debían pagar de foro 27 ferrados de centeo e 12 reais e 26 marabedís por razón das tres galiñas, o cal reducido a centeo fai un total de 29 ferrados (*Framán*, 11, 149-151).

Hai outra diferenza importante entre os dous foros. As 30 “partidas” do foro de *Framán* están ubicadas todas en territorio pertencente a esta aldea, mentres que as 43 “partidas” do de *Eirapedriña* aparecen en zonas pertencentes hoxe ás

dúas aldeas: 27 en terreo de Eirapedriña e 16 no de Framán. Non debe estrañarnos esta circunstancia, pois as dúas aldeas están colindantes e ata os nosos días chegou a posibilidade de que veciños dunha aldea posúisen algunha herdade na outra, especialmente os de Eirapedriña en terreos de Framán, debido a que era unha aldea con máis veciños. Isto xa acontecía no século XIX con estes dous foros, pois no de *Framán* atopamos 10 veciños desta aldea con 338 herdades e 13 de *Eirapedriña* con 143, mentres que no de *Eirapedriña* aparecen 22 veciños do lugar con 466 herdades e só 9 de Framán, que posúen 254 herdades, se ben non debemos esquecer, como xa dixen, que 16 "partidas" do foro de *Eirapedriña* estaban ubicadas na aldea veciña e de aí que sexa normal que os 9 veciños poidan ter tantas propiedades no *Foro do Cabido*.

Se comparámo-los nomes dos foreiros, vemos que 9 veciños de Framán e 12 de Eirapedriña están presentes nos dous foros. Os de Framán chámanse *Francisco Vilas* (*Eirapedriña*, 18-46; *Framán*, 65-77), *Manuel Buela* (*Eirapedriña*, 61-71; *Framán*, 110-111), *Miguel Martínez* (*Eirapedriña*, 109-111; *Framán*, 104-106), *José Velouta* (*Eirapedriña*, 151-154; *Framán*, 60-61), *Jose do Pico* (*Eirapedriña*, 154-157; *Framán*, 59), *José Arca* (*Eirapedriña*, 178-179; *Framán*, 36-45), *Andrés Barreiro* (*Eirapedriña*, 195-197; *Framán*, 133-134), *Domingo Antonio Calvo* (*Eirapedriña*, 233-237; *Framán*, 12-35) e *Clemente García* (*Eirapedriña*, 241; *Framán*, 140-141). Os de Eirapedriña son *Francisco Núñez* (*Eirapedriña*, 47-53; *Framán*, 80-83), *Manuela Tacende* (*Eirapedriña*, 71-83; *Framán*, 96-100), *Manuel Cortiñas* (*Eirapedriña*, 89-98; *Framán*, 115), *Manuela García* (*Eirapedriña*, 98-105; *Framán*, 106-109), *María Otero* (*Eirapedriña*, 105-108; *Framán*, 112), *Manuel Domínguez* (*Eirapedriña*, 130-133; *Framán*, 114), *José Abilés* (*Eirapedriña*, 137-150; *Framán*, 63), *Josefa Rodríguez* (*Eirapedriña*, 157-160; *Framán*, 62), *Julián de Vilas* (*Eirapedriña*, 169-172; *Framán*, 148-149), *Teresa Calvo* (*Eirapedriña*, 185-188; *Framán*, 118-129), *Teresa Rodríguez* (*Eirapedriña*, 188-191; *Framán*, 130) e os herdeiros de *Francisco Rodríguez* (*Eirapedriña*, 208-216; *Framán*, 143-146). A estes hai que sumar un veciño de Framán que só aparece no *Foro de Framán*, que é *José Arufe* (*Framán*, 46-57), un foreiro de Eirapedriña que tamén se acha neste mesmo *Foro*, que son os herdeiros de *Manuel Pérez* (*Eirapedriña*, 147), e dez foreiros de Eirapedriña que só están no *Foro de Eirapedriña*. Son *Manuela Mariño* (*Eirapedriña*, 112-115), *María Nieto* (*Eirapedriña*, 124-125), *María Moñís* (*Eirapedriña*, 134), *Josefa de Tembra* (*Eirapedriña*, 160-166), *Jacobo Blanco* (*Eirapedriña*, 182-183), *Josefa de la Yglecia* (*Eirapedriña*, 183), *Teresa Vidal* (*Eirapedriña*, 191-192), *Teresa Vázquez* (*Eirapedriña*, 193-194), *Antonio Vázquez* (*Eirapedriña*, 198-202) e *Rofino López* (*Eirapedriña*, 228).

Dito isto, hai que engadir que non só atopamos veciños destas dúas aldeas nos dous foros, pois tamén hai foreiros que vivían noutros lugares, especialmente

nos que limitaban con Eirapedriña e Framán, cousa bastante normal se temos en conta a pouca distancia que había entre uns e outros e que mesmo aldeas de distintas parroquias compartían terreos de monte comúns. Dentro da parroquia de Bugallido, a aldea máis próxima a Eirapedriña é *Ghimarás* e a máis próxima a Framán, cruzando o monte, é *Firmistáns*. De aí que no *Foro de Eirapedriña* aparecen tres veciños de "Gimarás", con 14 herdades, os chamados *Francisco Abelleira* (*Eirapedriña*, 60), *Manuel Framil* (*Eirapedriña*, 136) e *José Cabo* (*Eirapedriña*, 179-181), así como outro denominado *Manuel Ferreiro* que posuía 7 herdades e vivía no lugar de *San Pedro* (*Eirapedriña*, 127-128), denominación coa que se coñecían ata época relativamente recente as casas que estaban onda a igrexa de San Pedro de Bugallido e que hoxe están incorporadas ó lugar de *Ghimarás*. E de aí tamén que no *Foro de Framán* atopemos tres veciños de *Firmistáns* con 75 herdades e no de *Eirapedriña* un total de 19 con 91 herdades, coa particularidade de que os tres do *Foro de Framán* tamén están no de *Eirapedriña*. Son *Vicente Niebes*, que ten un "cacero" en Framán (*Framán*, 83-95; *Eirapedriña*, 245), *Manuel do Paso* (*Framán*, 101-103; *Eirapedriña*, 125-126) e *Alonso Vilas* (*Framán*, 137; *Eirapedriña*, 207). Os restantes veciños de *Firmistáns* incluídos no *Foro de Eirapedriña* chámanse *Manuela Domínguez* (*Eirapedriña*, 122-124), *Manuel Gil* (*Eirapedriña*, 133-134), *Manuel Villar* (*Eirapedriña*, 135), *María Gil* (*Eirapedriña*, 136), *José Benito Varela* (*Eirapedriña*, 166-169), *José Miguez* (*Eirapedriña*, 184), *Julián Carballal* (*Eirapedriña*, 185), *Teresa Pariz* (*Eirapedriña*, 194-195), *Andrés Vidal* (*Eirapedriña*, 203-206), *Ramón Beaño* (*Eirapedriña*, 225-227), *Ramón García* (*Eirapedriña*, 232), *Domingo Antonio Noya* (*Eirapedriña*, 239), *Carmen Barbeites* (*Eirapedriña*, 242), *Luys Blanco* (*Eirapedriña*, 243-244), *Bernarda Barreiro* (*Eirapedriña*, 248-249) e *Juan de Castro* (*Eirapedriña*, 249).

Fóra destas dúas aldeas, tamén atopamos veciños doutros lugares da mesma parroquia, posto que no *Foro de Eirapedriña* aparecen con 7 herdades *Manuela Martínez* e *María Martínez*, veciñas de *Mourigade* (*Eirapedriña*, 222-223), con 9 herdades *Ramón Freire*, veciño do *Outeiro* (*Eirapedriña*, 230-232), e inclusive hai unha herdade da *Confraría de Ánimas* (*Eirapedriña*, 242); e no *Foro de Framán* están con 8 propiedades *Manuel Arceu* e *Teresa Prado*, veciños de *Buceleiras* (*Framán*, 116, 131-132).

Pasando a aldeas limítrofes pertencentes a outras parroquias, é normal que haxa foreiros das aldeas de *Xinzo*, *Beca*, *Chave de Carballo*, que son da parroquia de Bastavales, e *Sisalde*, que é de Ortoño. As citadas aldeas de Bastavales compartían terreos con Framán e o mesmo acontece nos nosos días. De aí que tanto no foro de Framán coma no de Eirapedriña haxa habitantes destas aldeas, pois xa dixeran que parte das terras do foro de Eirapedriña están en terreos ubicados en Framán. Destas aldeas están presentes os seguintes foreiros: de *Beca* aparece

con 2 herdades *José Martínez* (*Framán*, 63; *Eirapedriña*, 185); de “Ginso” con 14 herdades *Manuel Núñez* (*Framán*, 113-114), *María Míguez* (*Framán*, 115), *Roque Leborán* (*Eirapedriña*, 228-229) e *Dominga de Vilas* (*Framán*, 148; *Eirapedriña*, 224); de “Chabe de Carballo” con 67 herdades *Francisco Cornes* (*Framán*, 79-80; *Eirapedriña*, 53-60), *María de Arca* (*Framán*, 117; *Eirapedriña*, 83-89), *Andrea Torres* (*Framán*, 137-138; *Eirapedriña*, 208), *Antonio Prada* (*Framán*, 138) e *Ramón Martínez* (*Framán*, 142); de “Cisalde” están *María do Ceve* (*Eirapedriña*, 117-120), *Manuel do Ceve* (*Eirapedriña*, 128-130), *Teresa do Ceve* (*Eirapedriña*, 192-193), *Manuela do Ceve* (*Eirapedriña*, 249), os herdeiros de *Dominga Martínez* (*Eirapedriña*, 216-221) e *Ramón Vilanova* (*Eirapedriña*, 233), cun total de 55 herdades. Ademais, da parroquia de Ortoño temos a *Juliana Moyños* con 6 herdades, para a que se indica que vive en “Cioane” (*Eirapedriña*, 177) ou “Sioane de Ortoño” (*Framán*, 64). Como nesta parroquia non hai ningunha aldea co nome de *Seoane*, é de supor que se refira a algunha das casas próximas á igrexa, que ten como ad vocación a *San Xoán*.

No caso de foreiros que vivían en aldeas algo máis distantes, pode tratarse de persoas oriúndas de Eirapedriña ou Framán que foron casar a esas aldeas e herdaron bens no seu lugar de orixe. Así se indica claramente no caso de *Carmen Rodríguez*, que foi casar con Ramón Martínez á *Condomiña*, aldea de Ortoño, e que aparece nos dous foros con oito herdades (*Eirapedriña*, 239-240; *Framán*, 139). Hai que dicir, con todo, que estas aldeas poden estar a catro ou máis quilómetros de distancia. Así, podemos aínda citar da parroquia de Bastavales a *José Fontán* con 16 herdades e a *Ramón García* cunha toxeira (*Eirapedriña*, 173-176, 232), que vivían en “Vidaloyso”, e da parroquia de Ortoño ós herdeiros de *Antonio Sanamed*, que posúen unha toxeira en Eirapedriña e viven en *Lapido* (*Eirapedriña*, 224), e a *María Buela*, que aparece nos dous foros con seis herdades e vivía en *Castrigo* (*Eirapedriña*, 115-116; *Framán*, 118), parente, como se pode intuír, do citado *Manuel Buela* de Framán.

Xunto a estes debemos citar a varios foreiros da parroquia de Calo: en *Ame-neiro* vivía *Josefa Vilas*, que se acha nos dous foros con dúas herdades (*Eirapedriña*, 184; *Framán*, 64); na *Casalonga* estaba *Ygnacia Fernández*, que tiña catro herdades (*Eirapedriña*, 246-247); de *Francos* era *Ramón Angueira*, que tiña unha toxeira (*Framán*, 142), e da *Pedreira* atopamos a *Francisco Días* cunha toxeira (*Eirapedriña*, 60), a *Ramón Fernández* con outra (*Eirapedriña*, 230) e a *Manuel Fernández* con cinco (*Eirapedriña*, 121-122). Xa na parroquia de *Biduído* hai un foreiro chamado *Ventura Otero* que vivía na aldea de “Raycez” e que tiña unha toxeira en Framán (*Eirapedriña*, 246).

Finalmente, aparecen como foreiros outras dúas persoas de máis categoría, que debían ser bachareis, pois levan o título de *don*. Un deles é *Don Bernardo*

Aguirre, que vivía en *Laraño* e tiña unha toxeira en Eirapedriña (*Eirapedriña*, 239), e o outro é *Don Jorge Tojo*, que posuía seis toxeiros no mesmo lugar (*Eirapedriña*, 237-238) e para quen o manuscrito non indica o lugar onde vivía.

Hai outras particularidades comúns ós dous foros. Unha delas é que para indica-la superficie das herdades usan o *ferrado* e o *cuartillo* e outra que para indica-lo ancho, ben nas cabezas do norte e do sur, ben nas do leste e oeste, utilizan o *palmo*. A este uso universal de *palmo* únese a forma *vara*, que aparece nunha ocasión na expresión “tiene de largo treinta y siete *baras*” (*Eirapedriña*, 228). Para os puntos cardinais utilízanse os tradicionais *norte*, *vendabal* (ou *bendabal*), *lebante* e *poniente* e como moeda principal aparece o *real*, xunto ó *cuarto*, o *maravedí* (máis usado no de Framán) e nunha ocasión o *ochabo* (*Eirapedriña*, 160).

Pasando a outras cuestións, voume referir en primeiro lugar ós nomes de persoa. Os máis frecuentes que aparecen son os mesmos que poderíamos atopar hoxe, como ocorre con *Manuel* (8 no de Framán e 10 no de Eirapedriña) e *Manuela* (2 no de Framán e 8 no de Eirapedriña), *José* (6 no de Framán e 8 no de Eirapedriña) e *Josefa* (2 no de Framán e 5 no de Eirapedriña), *María* (4 no de Framán e 8 no de Eirapedriña), *Ramón* (2 no de Framán e 6 no de Eirapedriña), *Antonio* (4 no de Framán e 5 no de Eirapedriña), *Francisco* (4 no de Framán e 5 no de Eirapedriña), *Andrés* (1 no de Framán e 2 no de Eirapedriña) e *Andrea* (un en cada foro), *Miguel* (1 en cada foro), *Luis* (*Eirapedriña*, 77, 248), *Luys* (*Eirapedriña*, 243), *Dominga* (1 no de Framán e 2 no Eirapedriña), *Ventura* (*Eirapedriña*, 246), *Ignacia* (*Eirapedriña*, 246), así como os menos usuais *Rofino* (*Eirapedriña*, 75, 91, 228), variante de *Rufino*, e *Roque* (*Eirapedriña*, 228).

Hai nomes que xa daquela aparecen coa forma propia do castelán: *Alonso* (*Framán*, 64, 76, 77, 103, 137; *Eirapedriña*, 157, 204, 207, etc.), *Ángel* (*Framán*, 1), (*Framán*, 1), *Bernardo* (*Eirapedriña*, 82, 239, etc.) e o hoxe inusual *Bernarda* (*Eirapedriña*, 248), *Carmen* (*Eirapedriña*, 239, 242; *Framán*, 139, 151), *Clemente* (*Eirapedriña*, 241; *Framán*, 140, 151), *Domingo* (*Eirapedriña*, 233, 239; *Framán*, 1, 12, 149), *Jacobo* (*Eirapedriña*, 54, 71, 76, 82, 182, etc.), *Jorge* (*Eirapedriña*, 79, 82, 92, 120, 237), *Juan* (*Eirapedriña*, 249; *Framán*, 1), *Julián* (*Eirapedriña*, 53, 55, 56, 88, 169, etc.; *Framán*, 148, etc.) e *Juliana* (*Eirapedriña*, 3, 177, 186, etc.; *Framán*, 64, 150, etc.), (*Framán*, 1) e *Vicente* (*Eirapedriña*, 245; *Framán*, 83, 150). Alternan as formas *Teresa* (*Eirapedriña*, 185, 188, 191, 192, 193, 194, 224; *Framán*, 118, 130, 131) e *Taresa* (*Eirapedriña*, 175). As advocacións tamén se citan en castelán: *San Juan de Cabana* (*Eirapedriña*, 1), *San Juan de Cabana* (*Eirapedriña*, 1), como designación toponímica achámo-la forma propia galega *Paio* en *Pay Peres* (*Framán*, 52, 71).

Ó contrario dos nomes, os apelidos conservan, en xeral, a forma galega e só están castellanizadas as formas *Blanco* (*Eirapedriña*, 1, 54, 71, 76, 77, 82, 182, 202,

243, 248, etc.), *de la Yglecia* (*Eirapedriña*, 2, 134, 183), *Martines* (*Eirapedriña*, 19, 21, 23, 26, 29, 33, 54, 77, 248, etc.; *Framán*, 9, 15, 29, 31, 43, 52, 150, etc.) ou *Martínez* (*Eirapedriña*, 185, 216, 222, 223), *Niebes* (*Eirapedriña*, 6, 23, 155, 245, etc.; *Framán*, 12, 13, 14, 83, 150, etc.), *Nieto* (*Eirapedriña*, 124), *Otero* (*Eirapedriña*, 74, 105, 246, etc.; *Framán*, 27, 112, 150) e *Sanamed* (*Eirapedriña*, 224). Fronte a *Vilas* (*Eirapedriña*, 18, 53, 55, 56, 88, 169, 184, 207, 224, etc.; *Framán*, 64, 137, 148, 150, 151, etc.) e *Vilanoba* (*Eirapedriña*, 120, 220, 221, 233, 238), teñen a forma castellanizada *Villaberde* (*Framán*, 10) e *Villar* (*Eirapedriña*, 87, 135). Tamén hoxe está castellanizado en Eirapedriña o apelido *Abillés*, que nos dous foros aparece coa forma propia galega *Abilés* (*Eirapedriña*, 20, 24, 137, etc.; *Framán*, 63, 82, 150). Unha forma interesante é *Barbeites* (*Eirapedriña*, 167, 204, 210, 242, 243), que aínda se usaba popularmente cando eu era rapaz en lugar de *Barbeito*, e outra destacable é *Beaño* (*Eirapedriña*, 225, etc.), variante do actual *Viaño*. Ademais, úsase case sempre *Velouta* (*Eirapedriña*, 8, 11, etc.; *Framán*, 15, 20, etc.) ou *Belouta* (*Eirapedriña*, 69) e só en dous casos témo-la forma actual *Vilouta* (*Eirapedriña*, 110; *Framán*, 152).

Canto ós topónimos debemos facer unha distinción entre os maiores e os menores. Os topónimos maiores conservan a forma propia galega, como *Eyra Pedriña* (hoxe escrito *Eirapedriña*), *Framán*, *Firmistáns*, *Gimaráns* (pronunciado con *gheada*), *Mourigade* (tamén con *gheada*), *Buceleiras* (pronunciado *Buseleiras*), *Ginso* (hoxe escrito *Xinzo* e pronunciado *Xinso*), *Beca*, *Chabe* (hoxe escrito con *v*) *de Carballo*, *Vidaloyso*, *Lapido*, *Castrigo*, *Ameneiro* ou *Franco*s. En lugar do correcto *Sisalde* escríbese hipercharacterizado *Cisalde* (*Eirapedriña*, 117, 128, 192, 216, 233, 249), igual que aparece *Raycez* (*Eirapedriña*, 246) en lugar de *Raíces* (pronunciado *Raíses*). Ademais, para o hoxe inexistente *Seoane* atopamos *Cioane* (*Eirapedriña*, 177) ou *Sioane* (*Framán*, 64). O que pode ocorrer é que algún topónimo leve o artigo en castelán, como en *del Outeiro* (*Eirapedriña*, 230) e *de la Condomiña* (*Eirapedriña*, 239), formas que alternan con outras que se escribiron sen artigo, como *de Condomiña* (*Framán*, 139), *de Pedreira* (*Eirapedriña*, 60, 121, 230) e *de Casalonga* (*Eirapedriña*, 246).

No caso da toponimia menor tamén se respecta bastante a forma galega, agás naqueles casos en que era fácil a substitución pola forma castelá. Isto ocorre con *Agra de Avajo* (*Eirapedriña*, 5, 6, 21, 66, etc.; *Framán*, 3, 96, etc.), *Agríño de Avajo* (*Eirapedriña*, 4, 47, 83, etc.), *Monte de Avajo* (*Eirapedriña*, 12, 13, 37, etc.), *Pallas de Avajo* (*Eirapedriña*, 9), *Pena de Avajo* (*Framán*, 5), *Padín de Avajo* (*Framán*, 6), *Rebolta de Avajo* (*Eirapedriña*, 4, 47, etc.), *Monte Abierto* (*Eirapedriña*, 2, 10, 11, etc.; *Framán*, 33, etc.), *Dehesa de Diante* (*Framán*, 3, 8, 29, etc.), *Dehesa de Atrás* (*Eirapedriña*, 5, 9, 29, 30, 31, etc.; *Framán*, 4, 9, etc.), *Dehesa del Rey* (*Framán*, 89), fronte a un caso de *Devesa de Atrás* (*Eirapedriña*, 178). A isto vai asociada a

utilización maioritaria do artigo en castelán, aínda que o nome apareza en galego, como en *corredera de las Gestas* (Eirapedriña, 7, 8, 142; Framán, 6), *Agro de las Gestas* (Eirapedriña, 8, 26, 109, 142, 152; Framán, 6), *Agro de las Jestas* (Eirapedriña, 86), *Laxes de la Dehesa* (Framán, 9), *Lajes de la Dehesa* (Framán, 29, etc.), *Chan de la Dehesa* (Framán, 30, 108, etc.), *Chan del Alto de la Dehesa* (Framán, 108, etc.), *Leiras Longas de la Chan de la Estibada del Morouso* (Eirapedriña, 40, 57, etc.), *Goyñas de los Angueiras* (Framán, 7, 133, 137, etc.), *Agro de la Lagona* (Framán, 8) e *Agro de la Lagoa* (Framán, 8), *muro de la Pena* (Framán, 129), *Vico de la Costa* (Framán, 9, etc.), *Agro del Figeiral* (Framán, 2, 15), etc. Temos alternancia entre *Ortas de la Maya* (Eirapedriña, 48), *Ortas de la Mahiya* (Eirapedriña, 105, 112, 130, 137) e *Guerta de la Maya* (Eirapedriña, 3), *Guertas de la Maya* (Eirapedriña, 3, 5), *Guertas de la Mahiya* (Eirapedriña, 177) ou *Guertas de la Mahía* (Eirapedriña, 185, 189, 203). Con todo, hai que dicir que, ás veces, se reproduce o topónimo coa contracción da preposición *de* e o artigo en galego, como en *Agro do Moyño* (Eirapedriña, 4, 72, 99, 137, 177), *Agro do Monte* (Eirapedriña, 27, 193), *Cortiñas do Agro* (Eirapedriña, 155) ou *Fonte do Crego* (Eirapedriña, 14, 41, 60, etc.), etc. Xunto ó normal *Estibada del medio* (Eirapedriña, 14, 156, etc.), podemos atopar *Estibada do medio* (Eirapedriña, 14, 156, etc.). Dignos de mención son tamén *Prumán de Mourín* (Framán, 6, etc.), hoxe pronunciado *Purmán* ou *Pormán*, *Uceira* (Eirapedriña, 10), que hoxe se pronuncia *Ouseira*, e *Ayteiriño* (Eirapedriña, 6; Framán, 3, 9, etc.), hoxe coa forma *Eiteiriño*.

Canto ó léxico, tratándose de textos escritos por persoas habitúadas a falar en galego, é normal que en moitísimas ocasións aparezan formas galegas, na maior parte dos casos por descoñecemento da forma castelá. Como mostra véxanse as palabras *arró* (Eirapedriña, 9, 68, etc.; Framán, 17, 19, etc.), *ayra* (Eirapedriña, 2, 3, etc.; Framán, 5, 12, etc.), *brañón* (Eirapedriña, 214), *cacheiros* (Eirapedriña, 33, etc.; Framán, 98, 99, etc.), *camaro* (Eirapedriña, 7, 9, 10, 12, 13, 14, etc.; Framán, 19, 107, etc.), *camballón* (Eirapedriña, 15, 29, 37), *casote* (Eirapedriña, 89; Framán, 12), *congostra* (Eirapedriña, 2, 3), *gabia* (Framán, 38, 53), *machado* (Eirapedriña, 75, 195; Framán, 37, 104), *regeiro* (Eirapedriña, 4, 9, 10, 12, 14, 15, etc.; Framán, 4, 6, 11, 69, etc.) e *rigeiro* (Framán, 124), *regueiro* (Eirapedriña, 6, 7, etc.), *rego* (Eirapedriña, 9, 49, 62, etc.; Framán, 20, 48, 59, etc.), *riveiro* (Eirapedriña, 4, 27, 162, etc.; Framán, 50, 66, 70, 90, 110, 124, etc.), *seifas* (Framán, 67), *tallo* (Eirapedriña, 69, 92, etc.; Framán, 33, etc.), *tallos* (Eirapedriña, 29, etc.; Framán, 27, etc.), *tallón* (Eirapedriña, 19, 40, etc.; Framán, 31, 33, etc.), *tallones* (Eirapedriña, 76, 112; Framán, 26, 73), *tenso* (Eirapedriña, 13, 15, etc.; Framán, 45, 56, etc.), *testa* (Eirapedriña, 28, etc.; Framán, 45, 129, etc.), *testan* (Framán, 29, etc.), *testas* (Eirapedriña, 12, 31, etc.; Framán, 29, etc.). Xunto a *cancela* (Eirapedriña, 45, 52, 93, etc.; Framán, 17, 39, etc.), *cansela* (Eirapedriña, 33) ou *cansala* (Eirapedriña, 167),

achamos en castelán *cancilla* (*Eirapedriña*, 10, 32, 66, 67, etc.; *Framán*, 90, etc.) e, en lugar de *corredoira*, utilízase sempre a forma *corredera* (*Eirapedriña*, 7, 8, 142, 221, etc.; *Framán*, 6, etc.). Ademais, sempre que utiliza a forma castelá, topámonos co vulgarismo *guerta* (*Eirapedriña*, 1, 3, 53, etc.; *Framán*, 3, 10, 46, etc.) ou *guertas* (*Eirapedriña*, 3, 5, 177, etc.; *Framán*, 2, 59, etc.).

Desde o punto lingüístico estes textos son de grande importancia e abonda con pór unhas cantas notas sobre algúns aspectos fonéticos e gráficos relevantes para corroboralo. O século XIX era unha época de inseguridade gráfica e por iso nos textos atopamos moitos casos nos que se escribe *b* por *v* e viceversa. Así, por un lado temos *adbierte* (*Eirapedriña*, 41, 90), *atrabiesa* (*Framán*, 123), *ba* (*Eirapedriña*, 5, 16, etc.; *Framán*, 6, 131, etc.), *ban* (*Eirapedriña*, 12, 13, etc.; *Framán*, 10), *balen* (*Framán*, 11), *baras* (*Eirapedriña*, 228), *barios* (*Eirapedriña*, 132, 198), *becindario* (*Eirapedriña*, 3, 112, 124, 158, etc.), *Belouta* (*Eirapedriña*, 69), *berduras* (*Eirapedriña*, 1), *bestigios* (*Eirapedriña*, 9, 158, 189), *biega* (*Eirapedriña*, 221), *biego* (*Eirapedriña*, 5, 6, etc.; *Framán*, 3, 4, etc.), *biegos* (*Eirapedriña*, 153), *biene* (*Eirapedriña*, 108, 184, 235), *buelta* (*Eirapedriña*, 9), *cerbicios* (*Eirapedriña*, 53, 60, 61, 71, etc.), *Chabe* (*Eirapedriña*, 4, 53, 83, 208; *Framán*, 79, 117, 137, 138, 142), *debiden* (*Eirapedriña*, 6), *ebacuada* (*Eirapedriña*, 18), *equibocación* (*Eirapedriña*, 129), *fabor* (*Framán*, 1), *gabia* (*Framán*, 38, 53), *lebante* (*Eirapedriña*, 1, 2, 5, etc.; *Framán*, 2, 5, etc.), *lleba* (*Eirapedriña*, 6, 7, 11, etc.), *llebadores* (*Framán*, 11, 94, 149), *lleban* (*Eirapedriña*, 3), *Niebes* (*Eirapedriña*, 6, 23, etc.; *Framán*, 12, 13, etc.), *Noba* (*Framán*, 50), *nobena* (*Framán*, 13, 24, etc.), *nobenta* (*Eirapedriña*, 8, 9, etc.; *Framán*, 20, 52, etc.), *nuebe* (*Eirapedriña*, 8, 9, etc.; *Framán*, 25, 34, etc.), *ochabo* (*Eirapedriña*, 160), *octaba* (*Eirapedriña*, 22, etc.; *Framán*, 12, 16, etc.), *octabas* (*Eirapedriña*, 21; *Framán*, 20), *Rebolta* (*Eirapedriña*, 4, 16, etc.; *Framán*, 18, etc.), *serbicios* (*Eirapedriña*, 46), *serbintia* (*Framán*, 46), *vendabal* (*Eirapedriña*, 1, 2, 4, etc.; *Framán*, 2, 3, etc.) e *bendabal* (*Eirapedriña*, 3, 160, 217), *Vilanoba* (*Eirapedriña*, 120, 220, 221, 233, 238) ou *Villaberde* (*Framán*, 10). Por outro aparece *v* por *b*, como en *avajo* (*Eirapedriña*, 5, 6, 21, 66, etc.; *Framán*, 1, 3, 96, etc.), *cavildo* (*Eirapedriña*, 1, 6, etc.; *Framán*, 2, 3, etc.), *devajo* (*Eirapedriña*, 6, etc.), *de vajo* (*Eirapedriña*, 241, etc.), *devería* (*Framán*, 25), *do Ceve* (*Eirapedriña*, 27, 28, 29, etc.), *do Seve* (*Eirapedriña*, 115), *Riveiro* (*Eirapedriña*, 4, 21, 162, etc.; *Framán*, 50, 66, etc.), *vaja* (*Eirapedriña*, 6, 9, etc.; *Framán*, 10, 34, etc.), *vajan* (*Eirapedriña*, 55, 69, etc.) ou *vienes* (*Eirapedriña*, 250; *Framán*, 149).

Moitas veces falta un *h*, como en *acia* (*Framán*, 5), *alla* (*Eirapedriña*, 3, 16, etc.; *Framán*, 2, 5, 7, etc.), *a si ala* 'hacia la' (*Framán*, 2, 7), *desacer* (*Framán*, 152), *ermana* (*Eirapedriña*, 189), *orrio* (*Eirapedriña*, 2, 112, 203; *Framán*, 12), *orrios* (*Eirapedriña*, 3), *ylada* (*Eirapedriña*, 3) ou *yso* (*Eirapedriña*, 187; *Framán*, 43, 105, 123), e outras veces ponse onde non existe, como en *hancho* (*Eirapedriña*, 91),

haora (Eirapedriña, 158), *hauda* (Eirapedriña, 134) e *hayuda* (Eirapedriña, 46, 53, 60, 61, etc.), *Mahía* (Eirapedriña, 185, 189, 203), *Mahiya* (Eirapedriña, 105, 112, 130, 137, 177), *pihe* (Eirapedriña, 90, 112, 137), *posehe* (Eirapedriña, 1, 3, 5, 7, etc.; Framán, 1, 4, etc.), *posehen* (Eirapedriña, 1, 13, etc.; Framán, 4, etc.) ou *posehedores* (Eirapedriña, 1, 11, 17, 18, etc.; Framán, 149).

Xunto a *i* é moi frecuente o uso de *y*, como en *ayra* (Eirapedriña, 2, 3, etc.; Framán, 5, 12, etc.), *Eyra* (Framán, 12), *Ayteiriño* (Eirapedriña, 6; Framán, 3, 9, etc.), *Goyñas* (Framán, 7, 23, etc.), *Luys* (Eirapedriña, 243), *Moyño* (Eirapedriña, 4, 72, etc.), *Moyños* (Eirapedriña, 3, 177, 186; Framán, 64, 150), *Rojays* (Eirapedriña, 4, 9, etc.), *Vidaloyso* (Eirapedriña, 173, 232), *Yglecia* (Eirapedriña, 2, 134, 183), *ylada* (Eirapedriña, 3), *ynclución* (Eirapedriña, 7, 106, 145; Framán, 36), *yncluso* (Eirapedriña, 15; Framán, 31), *yso* (Eirapedriña, 187; Framán, 43, 105, 123), etc. Ademais sempre aparecen escritos con *q* as formas *quartillo* ou *quartillos*, *cinquenta* e o topónimo *Pasqual* (Eirapedriña, 4, 106, 138, 158, etc.).

Outro sintoma de inseguridade témolo na alternancia vocálica, que leva a escribir *e* por *i* e viceversa, como en *adquerimiento* (Eirapedriña, 21, 22, etc.; Framán, 96, 97, etc.), *adquerido* (Eirapedriña, 189), *adquerió* (Eirapedriña, 186), *debiden* (Eirapedriña, 6), *devide* (Eirapedriña, 6, 7, etc.; Framán, 2, 3, etc.), *metad* (Eirapedriña, 25, 55, etc.), *ofecinas* (Eirapedriña, 2), *Velouta* (Eirapedriña, 8, 11, etc.; Framán, 15, 20, etc.), *Belouta* (Eirapedriña, 69) e *Vilouta* (Eirapedriña, 110; Framán, 152), *diclinación* (Eirapedriña, 1), *linia* (Eirapedriña, 235; Framán, 70), *orrio* (Eirapedriña, 2, 112, 203; Framán, 12), *orrios* (Eirapedriña, 3), *Piliteiros* (Eirapedriña, 7; Framán, 6), *rigeiro* (Framán, 124) ou *Sioane* (Framán, 64). Outras alternancias danse entre *a* / *e*, como en *ayra* (Eirapedriña, 2, 3, etc.; Framán, 5, 12, etc.) e *Eyra* (Framán, 12), *Ayteiriño* (Eirapedriña, 6; Framán, 3, 9, etc.), *sasenta* (Eirapedriña, 17, 21, etc.; Framán, 48, 67, etc.), *satenta* (Eirapedriña, 6, 9, etc.; Framán, 48, 50, etc.) e *setenta* (Eirapedriña, 17, etc.), *Taresa* (Eirapedriña, 175) e *Teresa* (Eirapedriña, 185, 188, etc.; Framán, 118, 130, etc.), ou entre *o* / *u*, como en *Moñís* (Eirapedriña, 134), *Moñiz* (Eirapedriña, 2, 183), *Moyño* (Eirapedriña, 4, 72, 99, 137, 177), *Moyños* (Eirapedriña, 3, 177, 186; Framán, 64, 150), *Moynos* (Eirapedriña, 189) e *Arceu* (Framán, 29, 38, 103, 116, 150), *cumclución* (Framán, 149).

Outro fenómeno importante é a vocalización do *c* no grupo *ct*, que temos en *autuales* (Framán, 1), *actualmente* (Framán, 2) e *direuto* (Framán, 1), e os numerosos casos de *seseo* e *gheada*, acompañados de formas hipercharacterizadas. Temos *seseo*, por exemplo, en *a si ala* 'hacia la' (Framán, 2, 7), *Babensa* (Framán, 28, 29, 33), *caballerisa* (Framán, 3), *caballerisas* (Eirapedriña, 3; Framán, 1, 2), *cabesa* (Eirapedriña, 6, 11, etc.), *cabesalero* (Eirapedriña, 30, 67), *cansela* (Eirapedriña, 33, etc.) e *cansala* (Eirapedriña, 167), *Días* (Eirapedriña, 34, 60) e en moitos apelidos rematados en *-ez*, do *Paso* (Eirapedriña, 10, 19, etc.; Framán, 17, 18, etc.), *esforsado*

(*Eirapedriña*, 70, 78, etc.), *esforsados* (*Eirapedriña*, 71), *fortalesa* (*Framán*, 1), *Ginso* (*Eirapedriña*, 224, 228; *Framán*, 8, 113, 115, 148), *Gonsales* (*Eirapedriña*, 102), *labransa* (*Eirapedriña*, 1), *Miraso* (*Eirapedriña*, 28, 29, 30), *Moñís* (*Eirapedriña*, 134), *Osores* (*Framán*, 1), *pedaso* (*Eirapedriña*, 3, 89, etc.; *Framán*, 31, etc.), *piesa* (*Eirapedriña*, 8; *Framán*, 4), *poso* (*Eirapedriña*, 5, 12, etc.; *Framán*, 10, 11, etc.), *rasón* (*Eirapedriña*, 17; *Framán*, 151), *sarsales* (*Eirapedriña*, 112), *seifas* (*Framán*, 67), *Serrado* (*Eirapedriña*, 16; *Framán*, 8), *tensa* (*Eirapedriña*, 13, 15, etc.; *Framán*, 45, 56, etc.), *troso* (*Eirapedriña*, 158), *yso* (*Eirapedriña*, 187; *Framán*, 43, 105, 123), etc. Como contrapartida, aparecen tamén moitos casos nos que se escribe hiper-correctamente *c* en lugar do normal *s*, como en *a ci* 'así' (*Eirapedriña*, 90; *Framán*, 2), *yací* 'e así' (*Framán*, 149), *cacero* (*Framán*, 2, 83), *caceta* (*Eirapedriña*, 134, 177), *cacetas* (*Framán*, 2, 84), *ce* (*Eirapedriña*, 55, 67), *cea* (*Eirapedriña*, 1), *cerbicios* (*Eirapedriña*, 53, 60, 61, etc.), *Cisalde* (*Eirapedriña*, 117, 128, 192, 216, 233, 249), *citución* (*Eirapedriña*, 44), *cituada* (*Eirapedriña*, 16; *Framán*, 2), *cituidas* (*Framán*, 2), *cumclución* (*Framán*, 149), *divición* (sic) (*Eirapedriña*, 9), *divición* (*Eirapedriña*, 9, 112), *do Ceve* (*Eirapedriña*, 27, 28, 29, etc.), *Pariz* (*Eirapedriña*, 40, 175, 194, 224), *pención* (*Eirapedriña*, 18, 20, etc.; *Framán*, 28, 32, etc.), *poce* 'posúe' (*Eirapedriña*, 178), *precenta* (*Eirapedriña*, 41), *precentaron* (*Eirapedriña*, 1), *Raycez* (*Eirapedriña*, 246), *reprecente* (*Eirapedriña*, 46), *Tacende* (*Eirapedriña*, 14, 29, etc.; *Framán*, 3, 14, etc.), *Yglectia* (*Eirapedriña*, 2, 134, 183), *ynclución* (*Eirapedriña*, 7, 16, 106, 145; *Framán*, 36).

Por último, a *gheada* tamén está moi representada, como en *ajijón* (*Eirapedriña*, 153), *Figeiral* (*Framán*, 2, 15), *Folgeiras* (*Framán*, 8, 10, 26, etc.), *Gimaráns* (*Eirapedriña*, 16, 60, 114, 119, 136, 179), *Golgiña* (*Framán*, 10), *Migel* (*Eirapedriña*, 26, 54, 77, etc.; *Framán*, 15, 29, 31, etc.), *Regeira* (*Eirapedriña*, 66, 133, 166, etc.), *regeiro* (*Eirapedriña*, 4, 9, 10, etc.; *Framán*, 4, 6, 11, etc.), *rigeiro* (*Framán*, 124), *Sangiñeira* (*Framán*, 7, 82, 138, 142), xunto a grafías correctas como *Regueira* (*Eirapedriña*, 10, 11, etc.), *regueiro* (*Eirapedriña*, 6, 14, etc.), *Sanguiñeira* (*Eirapedriña*, 65, 209; *Framán*, 68, 90, 107, 115). Por outro lado, debido a que en castelán existía o son / /, inexistente no galego, é frecuente que o escriba cometa frecuentemente erros na escrita e utilice formas hiper-correctas con *gueada*, como en *agustan* (*Eirapedriña*, 46, 53, 71, 83, 108, etc.; *Framán*, 34, 45, 57, 95, etc.), *aguste* (*Eirapedriña*, 250), *biega* (*Eirapedriña*, 7), *biega* (*Eirapedriña*, 221), *biego* (*Eirapedriña*, 5, 6, 14, etc.; *Framán*, 3, 4, 7, 10, etc.), *biegos* (*Eirapedriña*, 153), *cogue* (*Eirapedriña*, 8), *ayra de magar* (*Eirapedriña*, 112), *megor* (*Eirapedriña*, 11), *muguer* (*Eirapedriña*, 18, 19, 20, 21, 23, 28, 29, 30, 31, 33, 34, 35, 36, 37, etc.) ou *Rogays* (*Eirapedriña*, 4).

A miña intención era dar a coñecer estes dous foros e describi-las súas principais características, mais é unha pena que non teña tempo para dedicarme ó

seu estudo, porque se podería facer un libro de carácter histórico-lingüístico para segui-la traxectoria dos foros, analizar por extenso a toponimia e a lingua, profundar na situación das dúas aldeas e no seu desenvolvemento e segui-lo rastro das persoas que aparecen citadas para ver como chegaron estas familias ós nosos días. O meu desexo é que algún investigador interesado poida levar a cabo este traballo.

Sobre notarios e uso do romanzo na Galicia de mediados do século XIII. Ao lor da data dun documento en galego do tomo de Caaveiro

HENRIQUE MONTEAGUDO
Consello da Cultura Galega
Universidade de Santiago de Compostela

O tomo de Caaveiro (Archivo Histórico Nacional [Madrid], Códices, 1439 B) é unha colectánea documental realizada nos primeiros anos da segunda metade do século XIII mediante copia dos diplomas orixinais¹. O momento da confección do cartorio debe situarse despois de 1253, visto que o documento máis recente incorporado á colección —á parte de dous acréscimos moi posteriores, engadidos ao final do volume, dos que falaremos deica pouco— leva data de meados dese ano. O códice consta de 114 folios de pergamino escritos a dúas columnas, onde foron copiados 270 instrumentos (máis os dous engadidos tardíos), a práctica totalidade deles redactados en latín². A única excepción constitúea unha escritura reproducida nos fols. 56r, 56v e 57r, en que se reúnen dous documentos estreitamente relacionados, un primeiro, máis breve, en latín, e un segundo, considerablemente longo, en galego (Fernández de Viana e González Balasch 1999: 223-25). Ambos os documentos levan data de 1240, un o día 29 de xullo, o outro o 14 de setembro. O primeiro é unha misiva mediante a cal Gonçalvo Rodriguez, arce-diago de Nendos, se dirixe a Pero Afillado, clérigo de Santa María de Obre, a Fre

1 O códice foi obxecto de dúas edicións sucesivas, ambas a cargo fundamentalmente dos mesmos editores: véxase Fernández de Viana, González Balasch e de Pablos Ramírez 1996-1997 e 1999. Aquí remitiremos á máis recente, revisada polos seus responsables. Por tanto, os números asignados aos documentos enviarán a esta edición. Endeben, o estudo codicolóxico, paleográfico e diplomático que precede á edición de 1996-1997 é moito máis amplo. En concreto, sobre a data da realización do cartorio, véxase Fernández de Viana e González Balasch 1996: 278-79 e 1999: 99 e 101.

2 Non así os dous acrecentamentos finais: o penúltimo documento (núm. 271) é un traslado ao galego realizado en 1316, o último (núm. 272) está en castelán, e foi escrito a finais da idade media.

Barro, clérigo de Santa María de Doroña, e a don Pedro Amigo, cóengo de San Xoán de Caaveiro, requiríndolles que realicen unha pesquisa sobre unha serie de freguesías dependentes do mosteiro. O segundo documento, que está en galego, é unha acta notarial por medio da cal os tres comisionados dan conta detallada do cumprimento do encargo.

A datación do documento redactado en galego, notable pola súa extensión, é sorprendentemente temperá. Pero aínda causa máis abraio a sistematicidade que exhibe a súa escrita e o carácter innovador dalgunhas das súas opcións lingüísticas. Isto, e o feito de estar formalmente labrado en letra gótica libraria, un molde escritural pouco frecuente fóra dos códices literarios e realmente excepcional na documentación medieval en idioma galego, confirenlle unha notable especificidade, que o faría a todas luces un documento digno de atención, aínda que finalmente resultase de data máis tardía. Precisamente, todo o devandito obriga a examinalo coa máxima cautela crítica. Isto é o que pretendemos realizar no presente contributo, tocando de camiño un par de puntos que interesan para o estudo da documentación, da historia e da lingua galega do século XIII: referímonos en concreto ao contributo do puxante notariado ao surto do romance na escrita instrumental e ás cronoloxías dos priores de Caaveiro, o arcediago de Nendos e outros personaxes daquelas terras de contra os meados do século.

1. Data do traslado do documento ao tomo. Aspectos paleográficos e codicolóxicos

O primeiro que hai que observar é que o traslado deste documento se realizou despois de ter finalizada a copia do conxunto do tomo. Isto fica de vulto pola propia singularidade da letra con que está trazado³, cando se compara cos documentos inmediatamente anteriores e posteriores. O procedemento de inserción do instrumento no códice (posto de relevo pola análise da encadernación deste), vén corroborar esta observación. Como dixemos, a escritura (núm. 139-140 da edición Fernández de Viana e González Balasch 1999) comeza no fol. 56r e remata no fol. 57r. Pois ben, o folio 56 forma parte do caderno núm. 7 do códice (un cuaternión), pero resulta que o fol. 57 non se integra no caderno seguinte, mais é unha folla solta. O máis probable é que este folio fose engadido ao cartorio con posterioridade á realización dunha primeira encadernación coa única finalidade de acabar de copiar o instrumento en aprezco.

3 Máis apertada e "moi pesada" segundo os editores (Fernández de Viana e González Balasch 1999: 100), Souto Cabo 2006: 18, esaxera ("un tipo moi imperfeito e pesado") ao tempo que a cualifica imprecisamente como "minúscula diplomática", cando é obvio que se trata de gótica libraria (a empregada no documento e no conxunto do tomo), aínda que se lle dea un uso diplomático

Efectivamente, o documento anterior ao que nos aquece (núm. 138) comeza no fol. 55v (col. *b*) e acaba no fol. 56r (col. *a*), onde ocupa soamente sete liñas. O noso texto comeza a seguir, na mesma columna *a* do fol. 56r, e continúa polo fol. 56v, en letra visiblemente apertada (con certeza, por ver de encaixar todo o texto no espazo sobrante do folio), e remata, xa cunha letra considerablemente máis folgada, no recto do folio 'solto' 57, onde ocupa toda a columna *a* e menos da metade da columna *b* (trece liñas), quedando o verso do folio en branco.

A sospeita de que se trata dun acrecentamento posterior á encadernación primitiva do códice vén reforzada ao comprobarmos que no fol. 58r comeza unha segunda sección do cartorio, cuxo inicio vén marcado mediante un grande 'I' maiúsculo miniado ao comezo do primitivo fol. 57 (actual fol. 58), mentres que a cesura entre a primeira e a segunda sección viría indicada, primitivamente, deixando en branco o folio 56v e (Fernández de Viana e González Balasch 1999: 98). De modo e maneira que na súa configuración primitiva o documento núm. 138 pechaba unha primeira sección do códice, e a seguir, nun novo folio, o documento núm. 141 (a numeración é actual, e débese aos editores) daba inicio á segunda. Así e todo, é moi probable que o espazo en branco que se deixou despois do documento núm. 138 (practicamente a totalidade do fol. 56, recto e verso), estivera reservado para a copia posterior do texto que nos interesa, pois non semella verosímil que se deixase rematar a primeira sección e se deixase unha separación coa segunda non mediante un folio en branco completo (o cal podería ser unha solución esperable), senón deixando sete liñas escritas no recto do folio, e o resto en branco.

Á vista do devandito, dá a impresión de que a inserción do texto en foco debía estar prevista xa no momento da confección do códice —destarte, non sería un acrecentamento facticio, improvisado posteriormente, se cadra con intención fraudulenta—, pero calculouse mal o espazo que ocuparía, e este erro obrigou a engadir un folio máis cando o traslado daquel se fixo efectivo, e se viu que era imposible encaixalo no espazo que se reservara. Se isto foi así, a pregunta é: ¿por que a copia dese texto non se realizou na secuencia do traslado do documento anterior, e se preferiu deixalo para máis tarde? Na nosa opinión, o feito de estar en galego (referímonos á acta notarial, documento núm. 139) debeu de aconsellar un aprazamento do traballo, pois probablemente os escribáns que estaban a copiar o tomo non tiñan práctica de escrita en romanzo, ou ben había dúbidas sobre como (ou se) inserilo no tomo. É así que a man que labrou este texto non interveu no resto do códice⁴. Segundo esta hipótese (que nos parece a máis plausible), o texto debeu de ser trasladado ao tomo por volta de 1254-1255.

4 No cartorio traballaron nove copistas diferentes, ademais do noso, segundo os editores: Fernández de Viana e González Balasch 1996: 285-286 e 1999: 100.

2. A data do instrumento orixinal. O arcediago Gonçaluo Rodriguez

Vaiamos agora á data dos orixinais. Como dixemos, no traslado atribúeselles aos dous exemplares copiados a data de 1240, a cal é sorprendentemente temperá para a carta en galego. Tanto, que, razoablemente, nun traballo recente o investigador J. A. Souto Cabo a puxo en cuestión e tentou rectificala (2006: 16-20). Ora, a primeira chata que este estudoso apón ao documento é que “apresenta unha *scripta* de tal modo inovadora e estável que nom pode deixar de levantar sospeitas quanto à possível antigüidade da súa cronología” (Ídem, 17). Esa observación é improcedente, dado que o lóxico é atribuír o carácter innovador e estable da *scripta* aos copistas que trasladaron o documento (con maior razón, se, como quere o estudoso aludido, a copia se realizou máis tarde), e non (ou non fundamentalmente) ao orixinal. Doutra banda, o dito investigador cuestiona a data de 1240 cun argumento de crítica diplomática: no noso documento aparece como arcediago de Nendos un *Gundisalvus Ruderici*, sendo que —como el mesmo documenta con base na información colixida do propio tomo— como mínimo desde ca. 1235 ata 1244 tal dignidade aparece reiteradamente atribuída a *Iohannes Cresconi* (en concreto, pódese aducir unha escritura precisamente de maio de 1240, a núm. 213). Por tanto, semella incontestable que 1240 debe ser descartada como data do orixinal.

Canto ao arcediago de Nendos, segundo Souto Cabo, o tal *Gundisalvus Roderici* só está documentado como tal a partir de 1255 e ata 1262-1266 (mellor, engadimos nós, ata 1269)⁵, datando o último rexistro dun seu suposto predecesor no cargo, *Martinus Petri*, en 1252 (doc. núm. 269). Segundo o razoamento do colega, se o tomo fose confeccionado ca. 1253-1255, dificilmente podería ser trasladado a el nesas datas un orixinal practicamente coetáneo. De aí deduce que o orixinal —se tal cousa existiu (de contado trataremos da hipótese de que se trate dunha falsificación moi posterior)—, podería ser de 1260. Xa que logo, habería que supor que á lectura da data orixinal ‘Era M^a CC^a L^a XXXXVIII^a’, na copia lle faltan dous ‘XX’. Esta data (1260) canxaría co feito de que *Gundisalvus Roderici* está documentado como arcediago de Nendos polo menos ata 1269, e concretamente comparece en dous diplomas de 1260⁶. A dificultade que o mesmo Souto Cabo

5 Véxase documento núm. 267 do Tombo B da catedral de Santiago (González Balasch 2004: 504-506). Doutra banda, á parte dos documentos aducidos por Souto (2006: 19), pódese citar un de 1260 a que se refire Porta de la Encina (1986: 240-41), aínda que este estudoso lle dá erroneamente a data de 1230.

6 Un deles foi dado a estampa por A. Martínez Salazar 1911: 28-29 (doc. núm. XI). Véxase tamén documentos de 4 de xuño de 1255 no tomo B da catedral de Santiago (González Balasch 2004: 505), 10 de maio de 1259 de Caaveiro (Fernández de Viana e González Balasch 2002: 351), 8 de decembro de 1259 no Tombo de Toxosoutos, agora lido como *Garsie Roderici* (Pérez Rodríguez 2004: 213-214) e de 1262-1266, outra volta de Caaveiro (Fernández de Viana e González Balasch 2002: 354) e mais de Monfero (López Sangil 1999: 49). Canto á máis ca probable identidade co G(arci)a Rodriguiz arcediago de Nendos que aparece na

atopa para admitir esta hipótese é a súa escasa verosemellanza: a data aparece reiterada nos dous documentos (o latino e o galego), e o 'esquecemento' repetido de dous 'XX' parécelle máis ben improbable. Esa consideración levou o noso colega a considerar a hipótese de se tratar dunha falsificación.

Pola nosa banda, coidamos que esta obxección non é de moito peso: se a equivocación foi provocada por unha interpretación torta das cifras romanas dos orixinais, podería pensarse ou ben que a lectura errónea se repetiu en cada unha das dúas ocasións (feito en absoluto estraño), ou ben que unha vez cometido o erro de copia da data no primeiro documento, este mesmo erro se transferiu para o segundo documento sen atender o orixinal.

Sexa como for, Souto Cabo estea a súa argumentación nun erro de vulto, xa que non reparou coa debida atención na documentación dispoñible. En efecto, despois de 1244 (última atestación de *Iohannis Cresconii* como arcediogo de Nendos), este investigador outorga tal prebenda a un tal *Gomez Roderici*, supostamente documentado en cadanseu diploma de maio de 1250 (núm. 240) e de 1252 (núm. 242)⁷, ao que, segundo el, sucedería fugazmente *M(artinus) Petri*, quen só aparece nunha carta de agosto de 1252 (núm. 269, xa citada). Primeiramente, hai que notar que o noso *Gundisalvo Roderici* aparece como *Archidiacono* nun documento de decembro de 1252 recollido no propio tomo (núm. 241), que o crítico simplemente pasou por alto. Pero hai máis: o suposto *Gomez Roderici* non é senón un falso dobre do noso *Gundisalvo* que os editores do tomo fabricaron ao desenvolveren incorrectamente a inicial *G* que figura no manuscrito. O obvio erro de lectura dos editores do documento non serve de desculpa, pois eles sinalan o desenvolvemento da inicial mediante parénteses —*G(omez)*—, e un crítico tan perspicaz coma Souto debeu de decatarse inmediatamente dun desliz ben visible⁸.

Nótese a secuencia dos documentos: o núm. 240 (ano 1250) le *Archidiaconus de Nendis G. Roderici*, o núm. 241 (de 10 de decembro de 1252), *Archidiacono Gundisalvo Roderico*, e o núm. 242 (que os editores datan entre 1252 e 1262), *Archidiaconus in Nendis G. Roderici*. Canto ao arcedianato atribuído a *M. Petri* no diploma de agosto de 1252, debe repararse en que a mención deste personaxe

carta do Tombo de Toxsoutos, e no instrumento de 1269 editado por Martínez Salazar (1911: 55-57) e mais por Maia (1986: 45-46), haberá que pensar nun erro de lectura destes editores. Doutra banda, Porta de la Encina (1986: 240-241) dá noticia dunha demanda presentada polo prior de Caaveiro contra G. Rodríguez reclamando a xurisdición do mosteiro sobre unha serie de parroquias; a data que se dá ao documento é 17 de outubro de 1230, pero debe tratarse dun erro do investigador, a data real será 1260.

7 En realidade, os editores atribúenlle a este diploma unha data incerta entre 1252 e 1262, o cal nos fai dubidar aínda máis da relevancia deste documento para a nosa discusión.

8 Ou mellor, aplicar a súa crítica ao asunto, pois el advirte que o nome está desenvolvido a partir da inicial, e razoa xustamente ao revés: véxase a súa nota 21 da p. 20.

aparece no documento a seguir da mención do bispo de Mondoñedo, I(ohannes) Sebastiani, o cal fai pensar que a diocese de referencia da súa dignidade era esta, non a de Santiago. Na documentación do mosteiro de San Salvador de Pedroso (próximo a Caaveiro), en dúas cartas datadas en 1250 e 1253, comprobamos que M. Petri era arcediogo na diocese de Mondoñedo, concretamente da terra de Trasancos, veciña a Caaveiro. Viña exercendo tal cargo polo menos desde 1232, segundo aprendemos dun diploma copiado no Tombo de Sobrado⁹.

Por parte, un instrumento copiado no Tombo C da catedral de Santiago, referido á freguesía de Ambroa, con data de agosto de 1249, lévanos a conxecturar que o arcedianato de Nendos se atopaba vougo ese ano, xa que aparece cuberto provisoriamente polo arcipreste: "archidiaconus domno archipresbitero"¹⁰. O esclarecemento da cronoloxía de Gundisalvo Rodriguiz como arcediogo de Nendos entre 1250 e 1269 ofrécenos un marco cronolóxico razoablemente fiable para a datación do diploma en aprezo, e a tarefa que se impón é tentar de precisala ata onde sexa posible dentro dese marco¹¹. O devandito tamén axuda a disipar a sospeita de falsidade que Souto Cabo bota sobre a escritura. Pero para acertar con maior precisión a data e esvaer totalmente esta sospeita é obrigado realizar unha crítica diplomática en profundidade. Para tanto, o seguinte elemento clave é a subscrición notarial.

3. Os primeiros "notarios del rey" en Galicia. Lourenzo Eanes

A subscrición notarial do noso documento reza "Eu Lourenço Eanes, notario del rey, que fuy presente e escrivi e poño y meu nome e synal"¹². Esta fórmula ten que chamar de xeito inmediato a atención de calquera estudoso familiarizado coa documentación galega das décadas centrais do século XIII. Advirtase que nos instrumentos inseridos no cartorio datados arredor de 1250 o habitual é atopar subscricións do tipo "Laurentius Martini qui notuit et cf." (núm. 118, ano 1248),

9 Para as escrituras de 1250 e 1253, véxase Cal Pardo 1984: 244-246 (núm. 9 e 10). No primeiro asina "M. Petri", no segundo, "M" Para a mención no Tombo de Sobrado, véxase Loscertales 1976: I, 387-88. Por tanto, é segura a identidade deste personaxe co que subscribe como "Martino, archidiacono de Trasanquos" un documento en 1235 -Cal Pardo 2005: 55 (núm. 33).

10 Fernández de Viana 1985: 119 (núm. 12).

11 Por exemplo, se o orixinal levase a data 1250, só fai falla supor que os copistas do tomo esqueceron copiar un 'X' da numeración romana orixinal, o cal non é moito supor nun códice inzado de erros de copia nas datas (en todo caso, é máis doado que esquecer dous 'X' dúas veces): "Casi siempre que hemos intentado comprobar si había correspondencia entre la fecha y [los] complementos, el resultado ha sido de discordancia, que hemos intentado solucionar suponiendo ausencias y malas lecturas de letras y números por los copistas" (Fernández de Viana e González Balasch 1999: 103).

12 Por mor de simplificar, non recolleremos no que ven a seguir as variantes gráficas ou morfolóxicas dos nomes que carezan de pertinencia para o noso asunto.

"Helias notuit et cf." (núm. 257, ano 1248), "Iohannes qui notuit" (núm. 48, ano 1252), "Iohannes qui scripsit" (núm. 242, 1252?)... A fórmula máis elaborada que achamos é "Laurentius Martini, in cuius manus fuit roboratum, cf. [*Signum et in signo*] Laurentius Martini notuit" (núm. 249, 1248). Só nun documento cuxo orixinal se nos dá como datado en 1252 (núm. 271)¹³ atopamos unha fórmula similar á que nos ocupa: "Eu, Pedro Rodriguez, notario publico del rey dado en Trasancos e en Besoucos, a todo ysto fuy presente e en mía presenza fiz escribir e meu signal y pugno e confirmo".

Tanto no caso deste documento coma no noso trátase de escrituras públicas que requirían a intervención dun notario recoñecido, confeccionadas segundo un procedemento específico que se foi xeneralizando na segunda metade do século XIII, sendo que a maior parte das cartas inseridas no tomo son escrituras privadas, confeccionadas segundo fórmulas máis primitivas (Bono 1989). Precisamente, algúns dos elementos máis novidosos do novo procedemento atópanse na subscripción notarial; moi significativo para o noso obxecto é o título "notario (publico) del rey" atribuído ora a Lourenço Eanes, ora a Pedro Rodríguez (Boullón Agrelo 2005: 52-53).

Como se sabe, é doutrina corrente entre os especialistas na historia do notariado en España e en Galicia que a institución dos 'notarios del Rey' foi promovida por Afonso o Sabio; xa que logo, adoita afirmarse (ou simplemente presuporse) que o establecemento desta figura é posterior a 1255, mentres que a súa implantación e difusión en Galicia adoita situarse no último terzo do século XIII¹⁴. Esta doutrina obrigaría a datar o documento en estudo despois 1255, e con máis visos de probabilidade, após 1260. Porén, segundo se desprende das nosas pescudas sobre a documentación da época, tal cronoloxía é susceptible dunha maior precisión, miúda en anos pero importante para o estudo dos documentos da metade do século XIII e talvez decisiva para o noso propósito.

Por caso, no arquivo da catedral de Ourense obra unha carta datada en 1233, con toda probabilidade procedente da terra da Limia (verosimilmente de

13 Trátase dun texto que foi acrescentado posteriormente (no ano de 1316) ao final do códice, mediante traslado ao galego debidamente certificado. Sobre el, a propósito do notario que subscribe, tornaremos a nosa atención deica pouco.

14 "A partir de 1265 tiene efectividad en la zona que nos ocupa [representada na documentación de Oseira] la implantación del notariado de nombramiento real en la forma que preveían las Leyes o cuerpos de doctrina de Alfonso X" (Lucas Álvarez 1975: 229). "La realidad del notariado gallego, en cuanto llevo investigado, me confirma que éste, en su fase de notariado del rey, es posterior al Fuero Real [1255] y que debió apoyarse en él para su constitución e implantación" (Lucas Álvarez 1989: 343). "La lectura de los documentos de Ferreira de Pallares nos lleva a la conclusión de que a partir de 1262 aparecen en aquella región los primeros notarios de nombramiento regio" (Rey Caiña 1991: 85). De xeito máis impreciso, Vázquez Bertomeu 1998: 998-1002 (endebén, nótase a precisión desta investigadora na nota 3 da p. 996: "en el caso de la ciudad compostelana son muy claros los indicios que apuntan a una recepción de las nuevas corrientes del derecho romano-canónico con anterioridad"). Para España, son referencia obrigada os traballos de Bono 1979, 1989.

Allariz) que vén subscripta por “*Nuno Nunonis, notarius domini regis Castellae et Legionis*”¹⁵. Por tanto, habería que retrotraer os primordios da institución do notariado de designación rexia en Galicia á década dos 30, e atribuír a iniciativa a Fernando III. Secasí, antes de ca. 1250 o notariado ‘del Rey’ debeu de ter un carácter pouco máis que experimental (cando menos en Galicia), pois non volvemos atopar rastro del nos dez anos seguintes ao diploma antecitado.

Contra finais dos 30 comezamos a ter noticia da carreira de *Michael Petri*, escribán que exerceu en Betanzos. Seguíndolle a pista, podemos facernos unha idea da evolución da figura do notario nos anos por vir. Arredor de 1238, o dito M. Petri intitúlase “*notarius iudicum domni regis*”, o que, se non nos enganamos, quere dicir que traballaba como escribán dos xuíces designados polo rei (unha especie de secretario xudicial). Xa en 1243 detén o título de notario público xurado do concello e dos xuíces do rei, o cal pode querer dicir secretario municipal e xudicial: “*publicus notarius concilii de Betanciis iuratus et iudicum domini regis notarius*”. Finalmente, seis anos máis tarde, o título que utiliza, aínda un tanto confuso, semella apuntar a notario do rei: “*concilii de Betanciis et iudicum et domini regis notarius iuratus*”¹⁶. Así e todo, ou M. Petri non acabou de asentarse no cargo, ou non se apousetou como notario rexio, pois bastantes anos máis tarde subscribe en romance como “Migell Petriz, notario jurado do Concello de Betanços” (1271?)¹⁷.

Xa na década dos 50, e deixando un intre á beira o tomo de Caaveiro, sáenos ao camiño o que chegaría ser decano dos escribáns rexios da Galicia coeva: *Fernandus Iohannis*, “*notarius domini regis in Allariz et in tota Limia*”, quen subscribe por primeira vez con tal título un diploma de agosto de 1253, moi recente aínda o ascenso de Afonso X ao trono —o que suxire que a designación fora cousa do seu pai. Este Fernan Eanes debe ser o mesmo que, con idéntico título, subscribe un diploma en latín datado en 1254 (Melón), e outro máis, xa en galego, en febreiro de 1259: “*Signo de Fernan Ianes, notario publico del Rey en Allariz*

15 Duro Peña 1996: 139 (núm. 146). O editor non advirte de ningún indicio que permita dubidar da inxenuidade do diploma, apreciación con que coincidimos, pois puidemos examinar o diploma en reprodución dixital, amable e axilmente facilitada polo Arquivo da Catedral de Ourense. Notemos de camiño que nos parece altamente probable que este notario Nuno Nunonis haxa que identificalo co Nuno notario do Concello de Allariz que subscribe o Foro do Burgo de Caldeas, dado, como se sabe, na vila de Allariz en 1228.

16 Fernández de Viana 1985: 114-115 (núm. 6), 115-16 (núm. 7) e 119-20 (doc. núm. 10).

17 Martínez Salazar 1911: 60-62 (núm. XXIV). A data da escritura reza “Era de mill. Et CC. LXXI Ano”. O editor advirte que debemos tomar a cifra por ‘ano’, non por ‘era’, tal como comprobou noutros documentos da época. Sobre M. Petriz, o mesmo estudoso informa (ibidem: 61, en nota): “Notario del concejo de Betanzos, dió fe, en los años de 1242 y 1246, de dos instrumentos escritos en latín y en otras dos escrituras de 1242 y 1247, también latinas y otorgadas en aquella entonces villa {...}”. Choca un tanto o lapso de 22 anos deste documento en romance con respecto ao anterior latino subscripto por Petriz. Por outra banda, as oscilacións canto ao título e o seu emprego non eran raras na época, tal como sinala Gomes para o Portugal coetáneo (2000: 250).

e in toda Limia¹⁸. Salientamos a localización destoutro notario rexio en Allariz, vila de xurisdición real coma Betanzos, vencellada de vello á dinastía reinante e cabezaleira da bisbarra da Limia, onde, por parte, supomos tivera asentado o notario rexio máis antigo que demos documentado, Nuno Nunonis. Dixemos antes que Fernán Eanes seguramente chegou a ser decano dos notarios rexios de Galicia: efectivamente, aínda exercía o cargo en 1283¹⁹.

Temos máis evidencias de que a institución do notariado rexio comezou a espallarse no centro e sur de Galicia antes de 1260: por caso, *Petrus Michaelis* subscribe instrumentos en San Clodio do Ribeiro de Avia desde 1258 a 1273 como “dominis regis notarius in terra Sancti Iohannis et de Nouoa²⁰. Na década dos 60 as mencións fanse máis frecuentes: en 1262 rexistramos na documentación de Oseira un “*Estevan Perez*, notario publico del Rey”, en 1265 comparecen un “*Pedro Miguélez*, notario del Rey” (que exercería ata 1285) na colección documental do mosteiro de Melón, e un *Francisco Peres*, “notario del Rey”, novamente na de Oseira²¹. En 1267, aparece un Johan Fernandez como “notario puplico del Rey en Orzellom e en Buual e en Castella e enno Bolo de Senda²². Doutra banda, na área de Ferreira de Pallares rexistramos un *Michael Fernandi* que xa en 1258 subscribe como “publicus notarius domini regis in Ponte Minei”, e que exerceu como tal en Pallares e Portomarín ata 1291²³, e un *Martin Pedrez* “notario del rey en Goyos et en Nalar” en 1262.

Pero se o arraigo da nova institución é temperán na Galicia meridional (con Allariz e Ribadavia como vilas de referencia) e centro-oriental (Portomarín e Ferreira de Pallares), semella que a setentrional, en particular Betanzos e as terras veciñas desta vila (Nendos, Pruzos, Trasancos e Bezoucos) non quedaron atrás. É de salientar que case sempre nos movemos en territorios de señorío real, e en todo caso fóra do dominio directo da igrexa de Santiago, un poder claramente refractario ao avance na escrita do idioma vulgar (Lorenzo 2004, 42-43 e 57; Boullón Agrelo 2005: 51).

18 Véxase Duro Peña 1996: 226-227 (núm. 260); Leirós Fernández, 1951: n.º 775, e Ferro Couselo 1967: I, 20 (núm. 9).

19 Maia 1986: 130-131 (núm. 54). En senllos documentos de 1274, véxase Duro Peña 1996: 343 (núm. 440) e Maia 1986: 129-139 (núm. 53). Ademais, é de notar que un dos seus fillos, Pedro Fernandez, herdou o oficio: “Pedro Fernandez, de mandado de meu padre Fernan Ianes, notario del rrey in Allariz et in toda Limia”, en dous documentos de 1259 (Boullón Agrelo 2004: 35; véxase tamén outro doc. de F. Eanes, *ibidem*: 39). Segundo Lucas Álvarez (1989: 399), Fernán Eanes exerceu ata 1294, pero coidamos que este autor confunde varios notarios distintos co mesmo nome. A mención de 1283 en Saez Sanchez 1944, 196-97.

20 Lucas Álvarez 1989: 448 e 423.

21 Ferro Couselo 1967: I, 21-24 (núm. 11), 24-25 (núm. 12), e 25 (núm. 13). Información complementaria en Lucas Álvarez 1989: 420.

22 Maia 1986: 128 (núm. 52).

23 Rey Caiña 1991: 85 e 86. Véxase tamén Lucas Álvarez 1989: 423 e 429.

No tocante á Galicia septentrional, mencionamos atrás Michaelis Petri. No propio tomo de Caaveiro, como xa deixamos indicado, figura un Pedro Rodríguez, “notario publico del Rey dado en Trasanquos e en Besoucos” (1252). Este debe ser o mesmo Petrus Roderici que subscribe tres cartas do mosteiro de Pedroso: unha de 1250 como “Petrus Roderici, iudex”, outra de 1253 como “iudex Regis”, e xa en 1257, nun instrumento en romanzo, como “Pedro Rodrigiz, notario publico del Rey en Trasancos”²⁴. Finalmente, na súa condición de notario rexio, subscribe en 1259 tres instrumentos máis relacionados con Caaveiro, todos tres en galego²⁵. A cronoloxía desta serie suxire (pero só suxire) unha corrección da data do orixinal da escritura copiada naquel tomo: tal vez habería que adiantala un pouco²⁶. Sexa como for, despois de 1260 non o volvemos documentar, o cal convida a conxectar que deixou de exercer ese ano ou non moito despois. Entre 1265 e 1269 o cargo de “notario publico del rey no julgado de Trasancos e Besoucos” era exercido por un tal Johan Rodríguez²⁷.

Aproximadamente polos mesmos anos albiscamos unha carreira que vai máis ou menos en paralelo á de Pedro Rodríguez. En 1252 rexistramos un diploma suscrito por “Martin presbiter, notarius iuratus concilii de Betanzos”, nun documento en latín. Cinco anos máis tarde sorprendemos a asinatura dun “Martinus Pelaet, notario jurado do concelio de Betanzos e da terra de Nendos” (en romanzo), que nese mesmo ano de 1257 espereita tamén como “Martinus Pelagii, notarius Superaddo” (en latín) e que reaparece en 1262 como “Martim Payz de Betanzos, publico notario e jurado in terra de Nendis” e en 1274 como “Martin Pelaez, notario publico e jurado del Rey en terra de Nendos”²⁸. Abraia a febril actividade de escribanía na vila de Betanzos e na veciña terra de Nendos durante eses anos, que testemuña a puxanza da vila e das bisbarras da redonda (sen dúbida, vencellada á de grandes mosteiros coma Monfero e Sobrado). Nun rápido escandallo, rexistramos, alén dos ditos, un “Johan Perez, dito Gallo, notario del Rey publico in terra de Nendos” (1262), un “Paay d’Arriba, notario del Rey dado em Betanzos” (1265), un “Affonso Perez, notario del Rey en Betanços” (1269), un

24 Cal Pardo 1984: 244 (núm. 9), 244-245 (núm. 10) e 246 (núm. 12).

25 Martínez Salazar 1911: 44-45 (núm. XIV), Fernández Viana e González Balasch 2002: 350-351 (núm. 12 e 13). No último figura como “notario del rey dado in Trasanquos e in Bezouquos”.

26 Lémbrese que, en todo caso, o traslado é moi posterior tanto á redacción do orixinal canto á confección do tomo, pois está certificado e datado en 1316.

27 Fernández Viana e González Balasch 2002: 353-354 (núm. 15); Martínez Salazar 1911: 55-57 (núm. XXI) = Maia 1986: 45-46 (núm. 4). Aínda que non se debe excluír a posibilidade de que dous (ou máis) notarios de designación real exercesen simultaneamente na mesma terra, non demos rexistrado exemplos na franxa cronolóxica e no ámbito da documentación en que efectuamos o noso escandallo.

28 Pallares Méndez 1979: 305 (núm. 44), 306-307 (núm. 46), 307-308 (núm. 47), 309 (núm. 49). O documento de 1257 tamén en Martínez Salazar 1911: 24-26 (núm. IX); aí aparece como testemuña P. Perez de Genroccio, clericus, do que falamos a seguir. O documento de 1262, en Maia 1986: 42-44 (núm. 2).

“Fernan Suariz, notario del rey dado en Betanzos” (1272) e un “Fernan Pelaez, Notario publico del Rey dado en Betanços” (1273)²⁹.

Doutra banda, e achegándonos aínda máis ao convento de Caaveiro, desde 1259 ata polo menos 1266 documéntase a actividade de Pedro Pedriz ou Perez (dito) de Jenroço, como “notario jurado del Rey dado in terra de Pruzos”³⁰. En 1265-1268 exercía ese cargo na mesma terra Domingo Payz ou Pelaez, quen na década dos 70 pasou a referenciarse na vila das Pontes d’Eume³¹, onde pola mesma época se rexistra outro notario del Rey, Lourenço Martiz³². Apálpase no que levamos dito que non era excepcional que o cargo de notario del Rey fose exercido simultaneamente na mesma xurisdición por varios escribáns, tal como se prevía no *Fuero Real*³³. En definitiva, o que nos interesa subliñar é que constatamos varias ocorrencias de notarios del rey en Galicia desde 1257, e algunha desde polo menos 1252/1253, e precisamente entre as máis temperás atópanse as áreas de influencia das vilas reguengas de Allariz e de Betanzos.

Visto que arredor da metade do século XIII nas veciñanzas do mosteiro de Caaveiro o notariado evoluiu a un ritmo tan dinámico, coa rápida difusión da figura do notario de designación real, é tempo de retornar ao noso Lourenço Eanes. Comezaremos por dar conta dos personaxes con ese nome e ese cargo que demos rexistrado entre ca. 1230 e ca. 1270. Un “Laurentius Iohannis iuratus notarius de Dezon” subscribe un diploma datado en 1251 (Lucas Álvarez 1975: 228). Podería ser o noso, aínda que a referencia a *Dezon* (Dozón), no centro de Galicia, semella que nos afasta demasiado das norteñas terras de Nendos, Pruzos e Bezoucos. Outro “Laurentius, notarius de Ferrol” subscribe un documento copiado no Tombo de Sobrado que leva data de 1232 (Loscertales 1976: I, 387-388). Por outra banda, no Tombo de Caaveiro aparece un “Laurentius, notarius” como redactor de dúas cartas datadas en 1226 (núm. 31 e 32), que probablemente haxa que identificar

29 Maia 1986: 41-42 (núm. 1), 44-45 (núm. 3), Martínez Salazar 1911: 60-62 (núm. XXIV), 62-63 (núm. XXV), 64-65 (núm. XXVI). Véxase tamén Lucas Álvarez 1989: 380-401.

30 Martínez Salazar 1911: 28-43 (núm. XI, XII e XIII) e 52-53 (núm. XIX), Boullón Agreló 2004: 35 (doc. de 1259-febreiro-19) —sobre este último documento, nótese Souto Cabo 2006: 46-47. Coidamos probable que a súa actividade notarial non sexa anterior á primeira data citada, pois en 1257 aínda confirma un instrumento como “P(edro) Perez de Genroccio, clericus” — véxase Pallares 1979: 306-307 (núm. 46) e a nosa nota 27.

31 *Ibidem*: 53-54 (núm. XX), 59-60 (núm. XXIII), 67-68 (núm. XXVIII). Documentos respectivamente, dos anos 1265, 1268, 1271 e 1275. Dá a impresión que a partir de ca. 1270, os notarios del Rey nesa zona xa sempre se refiren á vila do Eume, perdendo visencia a referencia á terra de Pruzos.

32 *Ibidem*: 57-58 (núm. XXII) e 65-66 (núm. XXVII), correspondentes aos anos 1270 e 1274, respectivamente.

33 “Establecemos que en las cibdades o en las uillas mayores sean puestos escriuanos publicos et iurados por mandado del rey o de qui el mandare e non por otro; e los escrianos sean tantos en la cibdat o en la uilla segund el rey uiere que ha mester e touiere por bien” (Libro I, título 8, lei 1). Citamos pola edición de Martínez Díez 1988: 211.

co devandito notario de Ferrol³⁴. Non descartamos que o noso Lourenzo Eanes e o Laurentius notario de Ferrol sexan a mesma persoa; en troques, dubidamos se hai que identificar este Lourenzo notario con outro (ou outros?) 'Laurentius' que subscribe(n) sen indicación de profesión ("notuit et confirmat") tres escrituras do mesmo Tombo dos anos 1227, 1245 e 1247. En todo caso, isto resulta de escasa relevancia para nós. Doutra banda, un individuo chamado Lourenzo Eanes aparece citado nun pergamiño procedente de Caaveiro, redactado en galego, que foi dado ao prelo por Martínez Salazar³⁵, quen, fundado en argumentos paleográficos e lingüísticos, o data aproximadamente entre 1242 e 1252.

En definitiva, só demos localizado o noso notario Lourenzo Eanes, con esa denominación e de identidade indubitable, no cartorio de Caaveiro, onde figura en tres diplomas. No primeiro, de 1246 (núm. 128), que subscribe como testemuña, vén cualificado como *scriptor*, vocábulo que daquela podía empregarse como sinónimo ben de 'amanuense', ben de 'notario'³⁶. En troca, o segundo e o terceiro dos instrumentos que subscribe, de agosto de 1252 (núm. 269) de xullo de 1253 (núm. 270) respectivamente, xa saíron da súa man: "Laurentius Iohannis, qui notuit et confirmat".

Tanto a denominación de *scriptor* do diploma de 1246 coma as fórmulas de subscripción que aparecen nestes dous documentos de 1252 e 1253 soan menos elaboradas, de inferior categoría e en definitiva anticuadas en comparanza coa subscripción como "notario del rey" (coa referencia específica ao *sinial*) que figura no instrumento que nos ocupa. Isto dá azo á conxectura de que o documento en discusión é posterior aos recén citados. Á mesma hipótese tamén apunta o feito que nos primeiros se use o latín, mentres que o último se escribiu en galego³⁷. Non obstante, téñase en conta a observación de Vázquez Bertomeu (1998, 999, en nota): "es fácil encontrar documentos validados por un mismo individuo y que en unos se refiera a su condición notarial, mientras que en otros no". De máis a máis, nas décadas centrais do século XIII dáse o caso de *scriptores* e notarios

34 É interesante notar que as dúas se refiren a negocios relacionados con lugares próximos a Ferrol citados no documento que estamos a estudar: na primeira, a outorgante doa ao convento de Caaveiro toda a súa herdade nas vilas de *Magalofes* e de *Laragia*, na segunda a correspondente outorgante doa herdades no lugar de Seselle, de San Vicente de *Camouquo*. Na primeira, ademais, figuran como testemuñas un Petrus Afilado, canonicus, e un Pelagius Barro, canonicus (véxase abaixo).

35 Martínez Salazar 1911: 8-10 (núm. IV).

36 Advirtase que Laurentius Martini, quen subscribe máis de quince instrumentos do cartorio de Caaveiro (desde 1232 a 1252), en dous documentos en que figura como testemuña vén cualificado tamén como *scriptor* (núm. 243 e 246, respectivamente dos anos 1245 e 1244). A diferenza do noso Laurentius Iohannis, este Laurentius Martini nunca emprega o título de *notario* nas subscripcións, nin sequera nos documentos en que utiliza o *signum* notarial (a partir de 1245, aínda que non de xeito regular).

37 Coidamos que se pode dar seguro que o orixinal estaba xa en galego, pois sería totalmente incongruente que o copista que os trasladou ao Tombo deixase en latín a carta do arcediago (núm. 140), e traducise ao galego a acta dos clérigos (núm. 139).

que alternan o uso do latín e do galego (acabamos de constatalo uns parágrafos arriba con Martin Pelaez en dous documentos do mesmo ano): factores como a categoría do instrumento ou a vontade dos outorgantes puideron ser decisivos no emprego dunha ou outra fórmula de subscrición notarial ou dun ou outro idioma. En resumo, a cronoloxía segura de Lourenzo Eanes límítase aos anos 1246 a 1253, e non temos argumentos concluíntes para adiantar o instrumento que nos ocupa para máis tarde da última data, aínda que non sería descabido conxecturar unha data (pouco) posterior.

4. Outorgantes e testemuñas

Achegándonos ao final da nosa pescuda, imos referirnos aos tres destinatarios do documento latino (núm. 140), que son, pola súa vez, os outorgantes do documento galego (núm. 139): “*Pero Afillado*, clérigo de Santa Maria de Ovre”, “*Fre Barro*, clérigo de Santa Maria de Doroña” e “*Don Pero Amigo*, coego de Sayoane de Caaveiro”. Comezando polo primeiro, un *Petrus Afiliado* “*canonicus*”, aparece en tres cartas da colección de Caaveiro, en datas que van de 1221 a 1226³⁸, pero este non debe ser o noso Pedro Afillado (véxase nota seguinte). Nunha carta de 1246 (núm. 128, xa citada, pois nela tamén testemuña “*Laurentius Iohannis, scriptor*”) volve aparecer *Petrus Afiliado* “*diaconus*”, que non podemos asegurar que sexa o mesmo ca o anterior, pero coidamos razoable identificar co noso “clérigo de Santa Maria de Ovre”, e que daquela se acharía nun chanzo anterior da súa carreira eclesiástica (e esta situación casaría admirablemente coa situación do *scriptor* *Laurentius Iohannis*, se interpretamos o vocábulo como ‘amanuense’). De todos os xeitos, sorprende a ausencia deste Pedro Afillado na documentación posterior, pois só volve aparecer no instrumento que deu orixe ao presente traballo. Para *Fre Barro* só demos localizado un candidato, *Pelagius Barro*, “*canonicus*”, rexistrado en dous documentos de 1226, pero con seguranza non é o noso³⁹.

Para *Petrus Amicus* “*canonicus*” temos noticias máis fiables, pois un personaxe con ese nome e a mesma especificación profesional se acha en catro escrituras do cartorio de Caaveiro datadas entre 1232 e 1252 (a data da última é dubidosa⁴⁰), o cal canxa ben cos anos en que nos movemos. Na primeira desas cartas o cóengo aparece cabo do cabaleiro Lope Perez d’Andrade, que tamén subscribe o docu-

38 Cartas núm. 46 (ano 1221), núm. 31 (ano 1226), núm. 67 (ano 1226).

39 Núm. 31 (ano 1226), núm. 67 (ano 1226). Estes Pedro Afillado e Pelagius Barro deben ser os mesmos que confirman (sen indicación “*canonicus*”) unha carta de 1188 (núm. 217), o cal obrigaría a descartalos. Por outra banda, a ausencia do tratamento de “*don*” no noso documento parece indicar con claridade que posúan dignidade de cóengos, a diferenza de “*don*” Pero Amigo.

40 Véxase nota dos editores ao documento núm. 48, Fernández de Viana e González Balasch 1999: 149. As cartas, con cadansúa data, son as núm. 180 (ano 1232), núm. 268 (ano 1245), núm. 248 (ano 1248) e núm. 48 (acabada de citar).

mento en foco (véxase abaixo). Ende máis, un "P(etrus) Amicus" subscribe unha carta de 1238 como "Sancti Tirsi [de Ambroa] capellanus" e un "Pedro Amigo", clérigo da freguesía de Ambroa figura nunha carta procedente de Monfero datada en 1261 sobre a que volveremos, pois nela aparecen outros dous persoeiros que figuran no noso documento: Lopo Perez d'Andrade e Pedro Perez de Leyro⁴¹. En definitiva, dun dos outorgantes do noso diploma, Fre Barro, nada certo sabemos; do outro, Pero Afillado, podemos estar razoablemente seguros de que era *diaconus* en 1246; do terceiro, Pero Amigo, dispomos de atestacións seguras entre 1232 e 1252, e moi probables ata 1261.

Vaiamos agora aos confirmantes. Habitualmente, a relación de testemuñas de moitos dos instrumentos contidos no tomo de Caaveiro datables contra 1250 vén configurada por unha lista de tres a seis cóengos do mosteiro de Caaveiro, ocasionalmente acompañados por dous ou tres clérigos de distinto rango e algún cabaieiro. Pola contra, a lista de testemuñas da carta que nos ocupa está composta basicamente de cabaleiros e leigos (o mesmo que acontece na escritura núm. 271, da que antes falamos), o cal ten que ver, sen dúbida, co seu carácter de instrumento público. Comezaremos por *Dom Fernan Perez d'Andrade*, "cavalleyro", membro dunha das liñaxes principais da terra de Pruzos, e, como tal, razoablemente ben documentado, pois aparece (baixo nome latino "Fernandus Petri, miles"), en cinco cartas da colección de Caaveiro, que van desde 1234 a 1252⁴². Aparece reiteradamente a carón de Rodrigo Gomez de Trastámara en documentos por volta de 1237-1238⁴³; non coñecemos as datas de nacemento e morte, pero sabemos que viviu bastantes máis anos, pois figura en cadansúa carta de 1259 e 1265 e en dúas de 1270⁴⁴. O seu irmán *dom Lopo Perez (d'Andrade)* ou Lupus Petri, que tamén subscribe o noso diploma, aparece en cinco cartas da colección de Caaveiro, datadas desde 1232 a 1253⁴⁵, e noutra máis procedente de Monfero, datada en 1261⁴⁶. En dous instrumentos de 1236 e 1252(?), ambos os irmáns aparecen como

41 Fernández de Viana 1985: 113-14 (núm. 5) e Martínez Salazar 1911: 36 (núm. XIII). A outorgante da primeira escritura (de 1238) é Elvira Petri, "filia de Petri Garsia de Ambrona", o cal suxire unha posible identificación cos trobadores Pedro Amigo (de Sevilla) e Pedro Garcia de Ambroa. A pesar da frecuencia do nome na área en que nos movemos e da ausencia do título de 'don' nas mencións do clérigo de Ambroa, a identificación entre o clérigo de San Tirso de Ambroa e o cóengo de Caaveiro seméllanos probable. En todo caso, coidamos que a pista é merecente dun estudo máis en profundidade.

42 Núm. 161 (ano 1234), núm. 190 (ano 1236), núm. 37 (ano 1245), núm. 271 (ano 1252) e núm. 242 (1252?).

43 Fernández de Viana 1985: núm. 2-3 (1237); Romaní 1989: núm. 440 (1238).

44 Véxase Fernández Viana e González Balasch 2002: 351 (núm. 13, doc. 1259-maio-10; subscripto polo notario Pedro Rodríguez, a que antes nos referimos: véxase nota 24), Maia 1986: 44-45 (núm. 3), e López Sangil 1999: 50.

45 Núm. 180 (ano 1232), núm. 231 (ano 1234), núm. 190 (ano 1236), núm. 242 (ano 1252?) e núm. 270 (ano 1253).

46 Martínez Salazar 1991: 40 (doc. núm. XIII). Ao seu carón figura Pedro Perez de Leyro, do que falaremos a seguir.

“prestamarii in Pruzos”. A presenza destes dous cabaleiros en cabeza da lista de confirmantes aparece, pois, cronoloxicamente congruente e ben xustificada desde o punto de vista do estatus social.

Para *dom Pero Perez de Leyro* non temos identificación totalmente indubitable no cartorio de Caaveiro: probablemente é un dos varios “Petrus Petri (miles)”, que aparecen en actas de 1246 a 1253 (neste último, cabo de Lopo Perez d’Andrade, o que é indicio razoable da súa identidade co noso)⁴⁷. Con seguranza debemos identificalo co personaxe do mesmo nome que comparece no diploma de Monfero de 1261 que xa amentamos ao tratar de Pero Amigo e Lopo Perez d’Andrade. Tamén é citado como pai de Tereija Perez nun instrumento do mosteiro datado en 1306⁴⁸. *Dom Ruy Perez de Brianca*, se como supomos é “Rodericus Petri, miles”, aparece rexistrado en cartas de 1224, 1236 (nesta cabo de Fernan Perez e Lopo Perez d’Andrade) e 1240⁴⁹. *Vermum Iohannis Malaver* aparece en tres cartas (nunha ocasión como “Veremudo Iohannis, dicto Malaver, miles”), todas elas da década dos vinte, datables entre 1224 e 1229⁵⁰, unha franxa cronolóxica un tanto arredada dos anos en que estamos a movernos. Algo parecido podería dicirse de *Pero Vermuez Marinao*, que só aparece nunha carta de 1225 (núm. 228: “Petro Veremudi, vocitato Marinao, miles”), onde tamén figuran o citado Vermum Iohannis e mailos escudeiros *Lopo Diaz* e *Pero Martinz* (“Luppus Diat”; “Petrus Martini”, ambos como “armiger”). *Iohan Perez de San Pantayon*, “arciprestes” (“Iohannis Petri Sancti Pantaleonis, archipresbiter”) e *Iohan Pelaiz*, “cavalleyro” (“Iohannis Pelagii, miles”) aparecen tamén nesa mesma carta de 1225. O primeiro está ademais documentado en dous instrumentos, de 1241 e de 1254⁵¹. Se, como é probable, o “Iohannis Pelagii (de Sancta Marina)” que rexistramos noutros documentos do tomo de Caaveiro, é este mesmo Johan Pelaiz, podemos documentalo en tres cartas de 1241 a 1246⁵².

47 Núm. 266 (ano 1246), núm. 267 (ano 1246), núm. 270 (ano 1253). Nun diploma de 1260, dado en terra de Pruzos, aparecen, ao lado do arcediago Gundisalvo Rodriguiz, “Johan Pelaez et sou sobrino Pedro Pedriz” (Martínez Salazar 1911: 28-29; doc. núm. XI), pero non nos atrevemos a identificar estes personaxes cos dous subscribentes do noso diploma do mesmo nome.

48 Fernández de Viana e González Balasch 2002: 363-64 (núm. 26).

49 Núm. 175 (ano 1224), núm. 190 (ano 1236), núm. 213 (ano 1240).

50 Núm. 228 (ano 1225), núm. 28 (ano 1225), núm. 52 (anos 1224-1229).

51 “Iohannis Petri, archipresbiter” só aparece, á parte do de 1225, nos núm. 225 e núm. 226 do tomo de Caaveiro (os dous do ano 1241), para o rexistro de 1254, véxase Fernández de Viana 1985: 120-21 (núm. 14). No doc. núm. 225 de Caaveiro testifican dous Iohannis Petri, un dos cales é arcipreste (por tanto, entendemos que o anterior), e o outro presbítero. Tamén temos un “Iohannis Petri, canonicus”, que puidera ser un deses dous, e que aparece en documentos de 1232 (núm. 180) —con “Petrus Amico, canonicus” e “Lupo Petri, miles”—, e en tres máis de 1245 (núm. 268), 1248 (núm. 248) e 1252? (núm. 48). Á vista da dificultade de aclarar estas identidades, decidimos dar por seguras só as mencións a “San Pantayon” ou a referencia ao cargo de “presbiter”.

52 Núm. 163 (ano 1241), núm. 252 (1246), núm. 266 (ano 1246).

Discusión e conclusións

Resumindo as referencias cronolóxicas máis ou menos seguras que posuímos, podemos comezar pola data de confección do tomo de Caaveiro, que parece razoable situar en 1253-1255 (sen que poidamos descartar totalmente unha data máis tardía). As cartas que nos interesan (núm. 139 e 140) levan data de 1240, pero hai dous argumentos decisivos para considerar que esta cifra está errada: primeiro, Gonçalvo Rodriguez non era arcediago de Nendos nese ano; segundo, dificilmente exercía naquela altura un 'notario del rey' na cercanías de Caaveiro. Con todo, tendo en conta que por vía da regra os diplomas medievais están inzados de erros de datación e que o Tombo de Caaveiro é un exemplo cabal deste fenómeno, parece excesivo considerar sen máis evidencias o documento unha falsificación. Pola contra, a subscripción por un notario rexio (co seu sinal incluído) e a congruencia xeral das referencias persoais que este contén dótano dunha verosimellanza máis ca aceptable. Da relación de testemuñas, semella un tanto sospeitosa a coincidencia de seis confirmantes cunha carta de 1225 (núm. 228), a uns trinta anos de distancia. Ende ben, dúas desas testemuñas están atestadas en datas moi próximas a 1250, e en todo caso, aínda que se tratase dunha lista ficticia (totalmente ou en parte), isto por si só tampouco desmentiría necesariamente a inxenuidade diploma, pois a práctica de 'adornar' as escrituras con tales listas era corrente na época. Pola contra, se a lista de testemuñas é real, a datación do diploma non pode verosimilmente caer por baixo de 1255. As cronoloxías de Rui Perez Brianca, Vermun Iohannis Malaver e Johan Perez de San Pantayon son especialmente significativas nese senso.

Catro confirmantes canxan ben nunha datación entre 1250 e 1255, aínda que con amplas marxes para adiante e para atrás destes marcos: Pero Afillado (con algunha dúbida sobre a súa identidade), Pero Amigo (aínda se o clérigo de Caaveiro non fose o mesmo ca o do mesmo nome que exerceu como capelán de San Tirso de Ambroa), Fernan Perez d'Andrade e o seu irmán Lopo. O mesmo se pode dicir do arcediago Gundisalvo Rodriguiz, quen pola súa banda nos impon un claro límite *post quem*, 1249. O notario Lourenzo Eanes apunta (coas reservas expresadas) cara á primeira metade da década dos 50. Cos devanditos vimbios, e con todas as cautelas que se deducen do conxunto da nosa exposición, coidamos que o momento de redacción do orixinal galego do documento puido situarse entre 1250 e 1255. Canto ao traslado ao tomo, non vemos a necesidade de retrasalo a un momento moi posterior ao remate do propio cartorio. Se fose moi posterior, o lóxico é que se recollese ao final do cartorio e con todas as formalidades previstas para un traslado oficial, igual que se fixo co documento núm. 271 (copiado en 1316, conforme dixemos).

En conclusión, xulgamos que o instrumento en foco constitúe unha das atestacións máis antigas da escrita en galego, e, dentro destas, pola súa extensión e sobre todo polas súas características paleográficas e scripto-lingüísticas, representa un dos exemplares máis sobranceiros e interesantes. De resto, pode constituir un dos exemplos máis temperáns de instrumento público labrado por un notario de designación real en Galicia.

Bibliografía

- BONO, José (1979): *Historia del Derecho Notarial Español*, Madrid, Junta de Decanos de los Colegios Notariales de España, 2 vols.
- BONO, José (1989): "La práctica notarial del Reino de Castilla en el siglo XIII. Continuidad e innovación", en *Notariado público y documento privado: de los orígenes al siglo XIV*, Valencia, Generalitat Valenciana, pp 481-506.
- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel (2004): "Catálogo dos documentos éditos en galego anteriores a 1260", *Cadernos de Lingua*, 26, pp. 5-46.
- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel (2005): "Consideracións sobre os primeiros textos escritos en galego na Idade Media", en Boullón Agrelo, Ana I.; Couceiro Pérez, Xosé L.; Fernández Rei, Francisco (eds.): *As tebras alumadas. Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 45-68.
- CAL PARDO, Enrique (1984): *El monasterio de San Salvador de Pedroso en tierras de Trancos*, La Coruña, Diputación Provincial.
- CAL PARDO, Enrique (2005): *Colección diplomática medieval do arquivo da Catedral de Mondoñedo*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega (2ª).
- DURO PEÑA, Emilio (1996): *Documentos da catedral de Ourense*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- FERNÁNDEZ DE VIANA, José Ignacio (1985): "Don Rodrigo Gómez y la sede Compostelana", *Actas del II Coloquio Galaico-Minhoto*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia - Instituto Cultural Galaico-Minhoto, vol. I, pp.107-122.
- FERNÁNDEZ DE VIANA, José Ignacio; GONZÁLEZ BALASCH, María Teresa; de PABLOS RAMÍREZ, Juan Carlos (1996-1997): "El tumbo de Caaveiro, 1ª parte", *Cátedra*, 3, pp. 267-437; "El tumbo de Caaveiro, 2ª parte", *Cátedra*, 4, pp. 221-395.
- FERNÁNDEZ DE VIANA, José Ignacio; GONZÁLEZ BALASCH, María Teresa (1999): "El tumbo de San Juan de Caaveiro", en De Castro Álvarez, C.; Fernández de Viana, J. I.; González Balasch, T.: *El monasterio de San Juan de Caaveiro*, A Coruña, Deputación Provincial da Coruña.
- FERNÁNDEZ DE VIANA, José Ignacio e GONZÁLEZ BALASCH, María Teresa (2002): "Pergamiños soltos do mosteiro de Caaveiro", *Cátedra*, 9, pp. 337-447.

- FERRO COUSELO, Xesús (1967): *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*, Vigo, Editorial Galaxia, 2 vols.
- GOMES, Saul António (2000): "O notariado medieval portugués. Algumas propostas de investigación", *Hvmanitas*, LII, pp. 241-286.
- GONZÁLEZ BALASCH, María Teresa (2004): *Tumbo B de la catedral de Santiago*, Santiago de Compostela, Cabildo de la S. A. M. I. Catedral de Santiago - Seminario de Estudos Galegos.
- LEIRÓS FERNÁNDEZ, Eladio (1951): *Catálogo de los pergaminos monacales del archivo de la S. I. Catedral de Orense*, Santiago, El Eco Franciscano.
- LÓPEZ SANGIL, José Luis (1999): *Historia del monasterio de Santa María de Monfero*, A Coruña, Deputación Provincial da Coruña.
- LOSCERTALES DE GARCÍA DE VALDEAVELLANO, Pilar (1977): *Tumbos del monasterio de Sobrado de los Monjes*, Madrid, Archivo Histórico Nacional, 2 vols.
- LORENZO VÁZQUEZ, Ramón (2004): "Emerxencia e decadencia do galego escrito (séculos XIII-XVI)", en Álvarez Blanco, Rosario; Fernández Rei, Francisco; Santamarina Fernández, Antón (eds): *A lingua galega: Historia e actualidade. Volume III*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega - Instituto da Lingua Galega, pp. 27-153.
- LUCAS ÁLVAREZ, Manuel (1975): "Documentos notariales y notarios en el monasterio de Osera", en *Actas de las I Jornadas de metodología aplicada de las ciencias históricas*, Santiago, Fundación Universtaria Española - Secretariado de Publicaciones dela Universidad de Santiago; vol. V, pp. 223-40.
- LUCAS ÁLVAREZ, Manuel (1989): "El notariado en Galicia hasta el año 1300", en *Notariado público y documento privado: de los orígenes al siglo XIV*, Valencia, Generalitat Valenciana, I, pp. 331-480.
- MAIA, C. de Azevedo (1986): *Historia do Galego-Portugués. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI*, Coimbra, Instituto Nacional de Investigación Científica.
- MARTÍNEZ DIEZ, Gonzalo (ed.) (1988): *Alfonso X. Fuero Real*, Ávila, Fundación Sánchez Albornoz.
- MARTÍNEZ SALAZAR, Andrés (1911): *Documentos gallegos de los siglos XIII al XVI*, La Coruña, Imprenta de la Casa de Misericordia.
- PÉREZ RODRÍGUEZ, Francisco Javier (2004): *Os documentos do Tombo de Toxosoutos*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- PORTA DE LA ENCINA, Antonio (1986): "Aportación al estudio del Monastero de Caa-beiro", *Estudios Mindonienses*, 2, pp. 225-258.
- REY CAÍÑA José Ángel (1991): "Scriptores y notarios en el monasterio de Ferreira de Pallares", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXXIX (101), pp. 77-93.

- ROMANÍ MARTÍNEZ, Miguel (1989): *Colección Diplomática do Mosteiro Cisterciense de Santa María de Oseira*, Santiago de Compostela, Tórculo Artes Gráficas, 4 vols.
- SAEZ SANCHEZ, Emilio (1944): "El monasterio de Santa María de Ribeira", en *Hipania*, 15, 187-201.
- SOUTO CABO, José Antonio (2006): "Inventario dos máis antigos documentos galego-portugueses", *Agália*, 85/86, pp. 9-88.
- VAQUERO DÍAZ, M.^a Beatriz (1997): "Documentación monástica e particular do Mosteiro de San Salvador de Celanova (Século XIII)", *Minius*, 6, pp. 51-72.
- VÁZQUEZ BERTOMEU, Mercedes (1999): "Notarios y documentos en Galicia (1100-1400): Los monasterios cistercienses", en *II Congreso Internacional sobre el Císter en Galicia y Portugal. Actas*, 4 vols. [Ourense]; II, pp. 995-1018.

O teatro de Lorca e os dramaturgos galegos

JOSE MARÍA PAZ GAGO
Universidade da Coruña

Para Xosé Ramón Barreiro,
mestre da Historia e da Cultura Galegas

O título deste traballo non debe facer pensar que me vou centrar nas influencias directas do teatro de Lorca nos dramaturgos galegos, que as hai e ás que me referirei. Non vou falar nin de fontes nin de ríos nin de regatos pequenos para non caer naquilo que, con humor e ironía, Pedro Salinas chamaba *Crítica Hidráulica*. Prefiro facer uso de conceptos de notable rendemento na teoría literaria contemporánea como o de *intertextualidade*, esa circularidade dos textos literarios que remiten continua e indefinidamente uns ós outros da que faláron Julia Kristeva ou Roland Barthes e que tan ben expresou Gérard Genette coa metáfora do *palimpsesto*. O fenómeno literario, en efecto, funciona dese xeito, intertextualmente, e as relacións do teatro de Lorca co noso é unha excelente manifestación do fenómeno especular xeneralizado que rexe a institución literaria e teatral: as influencias, coincidencias e interferencias son compartidas, operan en ambos os dous sentidos en igualdade.

Non se pode falar de Lorca e o Teatro Galego sen referirmonos a Valle Inclán, o gran renovador do teatro español contemporáneo; se Valle Inclán é a referencia obrigada do noso teatro, como Euloxio R. Ruibal ten posto de manifesto (2006), o teatro de Federico García Lorca debe moito á súa revolución dramaturxica e nesta circularidade intertextual temos que entender en boa parte as vinculacións do andaluz universal co teatro galego de hoxe. No eido da representación escénica,

doutra banda, Valle e Lorca estiveron igualmente vencellados ó primeiro director teatral, no senso moderno do termo, do noso país, Cipriano de Rivas Cherif.

Por coincidencias temporais e contactos biográficos, a incidencia máis importante da obra de Lorca dáse nos nosos novecentistas, autores próximos á Xeración do 27, que participan do movemento de renovación cultural e teatral propiciado pola República, fundamentalmente Eduardo Blanco Amor e Rafael Dieste. Existen influencias mutuas sen dúbida no caso do no noso maior dramaturgo, Álvaro Cunqueiro, e tamén é decisiva a pegada lorquiana en escritores de hoxe como Manuel María, Manuel Lourenzo, Euloxio R. Ruibal, Roberto Vidal Bolaño ou Miguel Anxo Fernán-Vello. Fóra do eido teatral, debe recordarse que o primeiro contacto da obra de Lorca co cinema se debe precisamente a un director galego, Carlos Velo, quen incorporou na banda sonora do seu documental *Almadrabas*, de 1935, algunhas cancións populares recollidas polo poeta granadino (Gómez Vilches 1995: 283).

Para afastarse do teatro burgués da época, do drama naturalista, Valle crea a farsa grotesca para monicreques que axiña se converte no xénero máis frecuentado polos nosos dramaturgos vangardistas, e moi especialmente por Lorca cos seus "títeres de cachiporra" e as farsas guiñolescas. Será este o modelo no que se inspira Rafael Dieste nas súas *Farsas para guiñol*, escritas nos anos trinta co Teatro-Guiñol das Misiones Pedagógicas, que incluírán no seu repertorio *El Retablillo de don Cristóbal* de Lorca, e Eduardo Blanco Amor nas súas *Farsas para títeres* dos anos corenta, que el mesmo traduce posteriormente ó galego. Se Blanco Amor lle dedicou numerosos escritos, tamén Dieste é autor dun texto importante sobre "El habla en el teatro de Federico García Lorca", emitido en 1946 por unha emisora de Bos Aires (Aznar Soler ed. 1983: 200-204).

1. Eduardo Blanco Amor e o teatro de Lorca

O caso máis interesante é sen dúbida o de Eduardo Blanco Amor, que manterá unha tan intensa como enigmática relación persoal e literaria co granadino tanto no eido da poesía como no do teatro. Neste caso, as declaracións do autor da *Es-morga* contribuíron a forxar un mito intencionalmente espallado por el que ten, non obstante, unhas sólidas bases na realidade.

En 1933, pola intermediación do seu antagonista Ernesto Guerra da Cal, Eduardo coñece a Federico e queda tan abraiado pola súa persoa que Alonso Montero chega a falar de *namoramento*. Será no período que vai do verán de 1934 a finais de 1935 cando Blanco Amor, correspondente de *La Nación* en Madrid, coñeza a fondo a obra teatral de Lorca, asistindo ás estreas das súas pezas máis importantes, como *Yerma*, e a lecturas privadas doutras obras como *Doña Rosita la soltera*. O que máis nos interesa é, por unha banda, a posible intervención que

Blanco Amor tivo na redacción destas dúas traxedias, tal como el mesmo confesa, e, por outra, o seu contacto co Lorca director teatral.

Efectivamente, ademais de escribir pezas teatrais experimentais e de vanguardia, antes de compor as súas grandes traxedias, Federico desenvolve unha notable actividade como director escénico nos eidos do teatro profesional, universitario con La Barraca e tamén no Teatro de Arte, como codirector con Pura Ucelay do Club de Teatro Anfistora co que estrea *Amor de Don Perlinplín con Belisa en su jardín* o 5 de abril de 1933 e trata de montar por primeira vez a súa peza surrealista *Así que pasen cinco años*.

Sitúase neste ambiente de teatro artístico, non comercial e de gran transcendencia estética, un dos terreos fundamentais de relación con Blanco Amor, onde xurdiu a posibilidade de coñecer a Lorca, porque o galego Ernesto Pérez Guerra era membro desta Aula teatral, derivación do Club Femenino de Cultura Cívica fundado por Pura, María Martínez Sierra e María Rodrigo. Xorden en Anfistora algúns dos equívocos sobre o tipo de relación que mantiveron Federico e Eduardo. O que parece seguro é que o ourensán non caeu ben neste selecto círculo teatral que vulgaría a súa actitude como "barriobajera" e "chulesca" (Gibson 1987: 233-236). De todos os xeitos, o testemuño que temos sobre este particular debe ser tomado con precaucións pois baséase nas declaracións interesadas de Ernesto Güerra, mal intencionadas ás veces polos feitos que referiremos e por razóns máis escuras como incluso os ciumes. Segundo Guerra da Cal, a Lorca non lle gustou nada a persoa de Blanco Amor, un "cursi" arxentino afectado e amaneirado en exceso, que incluso lle chegaría a resultar repulsivo pola súa homosexualidade militante e pola súa promiscuidade (cfr. Allegue 1993: 125). Estes xuízos non se corresponden en absoluto coas deferencias que Lorca terá co escritor ourensán afincado en Arxentina, como veremos.

Blanco Amor non soamente asistiu a varias estreas como a de *Peribáñez*, o 25 de xaneiro de 1935 (Gibson 1987: 340-341), senón que participará da actividade de Anfistora e incluso fora escollido para facer o papel protagonista de *El joven* nos ensaios de *Así que pasen cinco años* por outros membros do Club Teatral. Tal como nos conta o biógrafo Gonzalo Allegue (1993:126), para o papel deste "Joven" caracterizado pola súa ambigüidade sexual fora seleccionado Ernesto Pérez Guerra (Guerra da Cal), pero o coruñés Serafin Ferro, amante díscolo de Luis Cernuda e ó parecer admirador de Blanco Amor e do seu *sorriso leonardesco*, suxeriu o nome de Eduardo porque respondía mellor ó que Lorca chamaba un *epente*, o que crea máis non procrea.

O autor e director da montaxe estaba moi lonxe de aceptar esta improvisada elección porque, segundo o testemuño de Guerra da Cal, Lorca non soportaba a presenza nos ensaios do Club Anfistora do ourensán, a quen consideraría "cursi", frívolo e promiscuo ademais de mal poeta. Insisto en que temos que ter en conta

que estas impresións proceden dun Guerra da Cal mal intencionado, insistindo sempre en que a Federico nunca lle gustou Blanco Amor, chegando a afirmar que non soamente non lle ofreceu a súa amizade senón que non soportaba a súa presenza física nos ensaios de *Anfístora* por ser excesivamente frívolo, promiscuo amais de poeta mediocre (Allegue 1993: 127).

Polo testemuño dun membro do Club, Margarita Ucelay, sabemos que en *Anfístora* os actores eran seleccionados segundo o tipo físico e a voz por Pura Ucelay, responsable da primeira selección de actores a cal debía ser referendada por Federico (1987: 58), e tamén sabemos que houbo problemas no reparto de *Así que pasen cinco años* porque Lorca rexeitaba sistematicamente a aparencia física dos actores que pugnaban por facer o papel protagonista. Posiblemente tanto Blanco Amor como Guerra da Cal foron rexeitados, non polas súas personalidades senón polas propias obsesións do dramaturgo, tal como se desprende das afirmacións de Margarita Ucelay: "Uno era demasiado guapo, otro muy alto. Quería encontrar a alguien joven —desde luego— pero débil, delicado, varonil y no afeminado" (1987: 58-59). Nin Ernesto Guerra nin Eduardo Blanco Amor nin Serafín Ferro, todos eles galegos, cumprían esas difíciles e case que irreconciliábeis condicións que Lorca atopará, na primavera de 1936, en Luis Arroyo.

Temos que matizar a verdadeira natureza das relacións entre os dous homes de letras que foi *acceptable* para Allegue (1993: 128) e, polo que veremos, debeu ser inmejorable no eido teatral, a pesar de que non se conserve a correspondencia entre ambos os dous. Despois de coñecerse en *Anfístora*, Lorca debeu convidar a Eduardo a algunha das xiras co Teatro Universitario La Barraca, e de feito moi posiblemente o acompañou cos barracos a Toledo en marzo do mesmo 1933.

Na primavera de 1934, Blanco Amor visita o poeta en Granada, á volta da triunfal viaxe de Federico por Arxentina. Todo parece confirmar que Lorca e a súa familia o recibiron moi ben en La Huerta de San Vicente e, de feito, o autor de *El Romancero Gitano* entrégalle varios poemas inéditos de *El diván del Tamarit*; parece seguro tamén que nesas datas Blanco Amor axuda ó arabista Emilio García Gómez a pasar a limpo o orixinal do seu derradeiro libro poético para a súa publicación pola Universidade de Granada. O ourensán volverá a Granada ó ano seguinte, 1935, e de novo os Lorca o acollen cunha franca hospitalidade. Acompaña a Federico en excursións, paseos e visitas a amigos; faille entrega dos poemas galegos para a súa publicación e faille confidencias íntimas sobre asuntos teatrais e amorosos (Gibson 1987: 311-313 e 370-372).

De crer a Blanco Amor, este tería intervido decisivamente no desenlace criminal da súa traxedia *Yerma*. Sabemos que Lorca revisaba continuamente as súas pezas, dando á luz incluso varias versións. Nun primeiro momento, o asasinato de Juan executábao Yerma cortándolle a xugular cos dentes, e tería sido Eduardo

Blanco Amor quen lle indica a modalidade do estrangulamento, opción aceptada polo granadino debido á carga sexual implicada.

Cronoloxicamente é posible a suxestión de Blanco Amor pois Lorca tería rematados os dous primeiros actos no verán de 1933 pero non poñerá fin ó terceiro ata o seu regreso de Arxentina, momento no que Blanco Amor o visita na intimidade de La Huerta de San Vicente (Gibson 1987: 251). O que si e seguro é que Blanco Amor asistiu á estrea de *Yerma* na que foi moi activo.

Presenta máis problema o final da traxedia, final esencial á peza que xa fixo correr regueiros de tinta. Como demostra o prestixioso crítico galego afinado nos Estados Unidos Carlos Feal, Lorca inspírase no desenlace de *As Bacantes* de Eurípides, revisando o que lle parece na traxedia grega deficiente e dubidoso. O asasinato de Juan sería unha inmolación, un suicidio inconsciente por parte de Yerma para condenarse definitivamente á esterilidade (1983: 16 e seguintes.). A tradición mítocrítica norteamericana, de Robert Lima a Brian Morris, insiste en que Juan e Yerma morren por non querer render homenaxe ó Deus Dionisos, o seu inimigo común que dese xeito triúnfase sobre eles.

XOÁN: Béixame... así.

YERMA: Iso nunca. Nunca (Yerma dá un grito e apreta a gorxa do marido. Ese cae cara atrás. Aprétalle a gorxa até esganalo. Comeza o corro da romaría) Murcha.

Murcha, máis segura. Agora si que o sei con certeza. ¡E soa!... Co corpo seco para sempre. (Tradución de Fernán-Vello)

Non hai aquí ningún significado erótico, é a autoinmolación, a condena definitiva á frustración da súa maternidade imposíbel. Yerma condénase á esterilidade para sempre, rexeitando a sexualidade, o erotismo e a fecundidade como fan a noiva de *Así que pasen cinco anos* ou Doña Rosita la soltera... Tamén afirma Blanco Amor que Lorca tería en conta as súas ideas no final desta peza, *Doña Rosita la soltera*: ese remate cos vidros rotos, as ventás abertas e os visillos voando (Allegue 1993: 134). Esta posibilidade parece máis doada e, en todo caso, non deixa de ser natural que Lorca consulte as súas obsesións da frustración amorosa derivadas da súa condición homosexual con outro homosexual que ten a súa natureza moito mellor asumida ca el.

Efectivamente, sabemos que o 18 de xullo de 1935, en La Huerta de San Vicente, Lorca leulle a Eduardo Blanco Amor e ó seu amigo Pepe García Carrillo a versión definitiva de *Doña Rosita la soltera*. Eduardo publicou unha vibrante recensión en *La Nación*, "Nueva obra teatral de García Lorca". O ambiente, o momento e a ocasión é a máis propicia para facer suxestións, achegar trocos e dar opinións, antes da lectura pública que Lorca fará en Valencia para Margarita Xirgú e a súa Compañía, no mes de novembro dese mesmo ano (Gibson 1987: 371-372 e 392).

2. As pezas curtas de Cunqueiro e o teatro inconcluso de Lorca

Xa no Congreso Álvaro Cunqueiro convocado pola Xunta de Galicia en 1991, os conferenciantes encargados de falar do Teatro do escritor mindoniense coincidiamos en poñelo en relación con Lorca. En efecto, despois de citar as discutidas datas de redacción de obras lorquianas como *El público*, *Comedia sin título* ou *Así que pasen cinco años*, entre os anos 34 e 36, Ricard Salvat situaba dentro do teatro surrealista español os primeiros ensaios cunqueiráns dos que falaremos aquí: "Cunqueiro como Gombrowicz, Mihúra y, claro está Lorca, estaban en los aires estéticos del tiempo cuyas vanguardias literarias y artísticas no siempre pasaban por París" (1993: 452). Sobre *Rogelia en Finisterre*, escrita en español e publicada na revista *Vértice* en 1941, Salvat afirmaba que tamén ten grandes acentos lorquianos, despois de suxerir que Cunqueiro lera seguramente a Lorca naquelas inesquecibles edicións arxentinas de Losada (1993: 457). Nas intervencións de Xosé Cermeño¹ e na miña, xa se apuntaban as ideas que imos desenvolver.

De xeito moi parecido ó que ocorreu co chamado *Teatro inconcluso* de Lorca, conservamos noticias e breves fragmentos, a modo de esbozos dramáticos de gran valor, redactados por Cunqueiro nos anos trinta: se non quedan restos textuais de *Don Esplandián* ou de *Lume nas cerdeiras*, ópera ao xeito das romeirías, chegaron ata nós os prólogos *Rúa 26. Diálogo limiar*² (1932) e *Xan o bó conspirador* (1933). O primeiro apareceu no ano 32, no número 6 da revista lucense *Yunque*, xustamente na que se publicaba un dos poemas galegos de Lorca, o "Madrigal á cibdá de Santiago". Velaquí un primeiro contacto literario entre os dous dramaturgos e a conclusión segura de que Lorca leu este limiar dunha hipotética farsa titulada *Rúa 26*. Pero hai máis, Lorca e Cunqueiro coñecéronse con ocasión da derradeira viaxe do primeiro a Galicia, en novembro de 1932. Lorca impartiu unha conferencia sobre a pintora Marie Blanchard en Lugo, onde ceará e departirá, na casa de Ramón Martínez López, con varios intelectuais entre os cales se atopan Ánxel Fole e un novísimo e retraído Álvaro Cunqueiro (cfr. Fole 1955).

En ambos os dous casos se trata de esbozos que conteñen o xermolo de toda a revolución dramática protagonizada polas vangardas, e que recordan inmediatamente esbozos lorquianos como *Rosa mudable* e o tamén prólogo de *Dragón*. Efectivamente, nestes esbozos dramáticos, Cunqueiro conecta coas liñas da vangarda europea, do expresionismo ó surrealismo, que representa en España o

1 En palabras de Cermeño: "E a obra *Xan, o bon conspirador*, que segue os aires surrealistas e líricos -afastados do etnografismo ou da mera reivindicación nacionalista e racial - que aparecen nas obras, por exemplo, de Lorca. *Xan, o bon conspirador* é unha mostra pequena, pero importante da vontade rupturista do autor" (1993: 473).

2 Este texto era considerado como narrativo polo crítico César Antonio Molina, recentemente Teresa López sacouno á luz poñendo de manifesto a súa natureza dramática (A Coruña: Laiovento, 1995).

teatro menos coñecido de Lorca. Na concepción de *Xan, o bó conspirador*, o prólogo do que debería ter sido unha traxedia e escrito cara a 1933, Cunqueiro amosa os trazos da teatralidade surrealista³, de tal xeito que soamente pode compararse coa figura xigantesca de Lorca, autor el mesmo de prólogos e farsas, fragmentos e proxectos, breves apuntamentos teatrais da mesma época⁴.

Os tres personaxes do *Xan*: o home sen gravata, o home con gravata, a nena da fiestra, carecen de identidade persoal e por iso nin sequera teñen nomes propios, sendo identificados mediante un trazo da vestimenta (a gravata) e denominacións totalmente abstractas, case que alegóricas. En *Rúa 26*, os personaxes son O home negro e o Home branco, que se moven nunha escena con *unha fiestra disforme e cóncava*. Son exactamente os mesmos procedementos actoriais explotados nas pezas inacabadas de Lorca: os personaxes de *Rosa Mudable* son tamén dous homes anónimos, Hombre 1º e Hombre 2º, que dialogan sobre dun neno. No cadro 1º de *El público*, os personaxes serán El director e tres homes, seres anónimos dos que soamente se dan tamén indicacións respecto ó vestiario: o primeiro viste de chaqué e os homes 1º, 2º e 3º de frac. A acción da peziña de Álvaro Cunqueiro consiste no encontro casual dos dous homes, que parecen ter sido citados polo director probablemente.

Boa parte da transcendencia de *Xan, o bó conspirador* vén dada pola primeira indicación escénica que achega a acoutación introdutiva: *Un espello. Toda a escena un espello*. O espello usado aquí como elemento organizador de todo o espazo escénico é un dos procedementos explotados na estratexia pictórica do cadro dentro do cadro, como duplicación plástica do teatro dentro do teatro tan propio da teatralidade postvangardista. O dramaturgo mindoniense utiliza a estratexia especular no teatro para introducir o espectador na ficción escénica: Acomplindo unha espectacular transgresión dos niveis ficcionais, aínda máis audaz que a que fixera Pirandello, o Premio Nobel do ano seguinte, e semellante ó de Lorca no seu Teatro Imposible, Cunqueiro integra os espectadores no decorado e na acción, introducíndoos nunha escena atrapada entre a sala empírica na que se atopa o público real e a superficie especular do fondo do escenario onde se reflicte.

Cunqueiro é consciente da estratexia escénica que explota e, na súa liña transgresiva e metateatral, fai reflexionar sobre ela ós personaxes e ós espectadores: o home con gravata é explícito cando, dirixíndose o público real, di que o

3 Seguimos este texto reproducido a partir das notas manuscritas do escritor por Francisco Fernández del Riego en *Grial* 60, 1978 e 85/22, 1984, pp. 332-335. Inclúese unha ilustración de Seoane e a curiosa portada que deseñou o propio Cunqueiro.

4 Segundo Laffranque, non existen datas exactas para estes borradores, con toda probabilidade posteriores a 1925. Trátase de esbozos sobre as obras que Federico trata de rematar nos derradeiros anos da súa vida, 1935 e 1936 (1987: 9).

espello “-Parece un cadro: -Vostedes, señores espectadores, decatáranse axiña da importancia que ten o que esta nena se amose a unha fiestra para se refrexar nun espello”, importancia que vai aclarar o mesmo personaxe cando responde a cuestión que sobre ela lle propón a nena: “-Moitísima ¿non ves que cáseque semellas un cadro?”. Tanto *Rosa Mudable* como *Dragón* son moi probablemente borradores utilizados posteriormente para *Comedia sin título, Así que pasen cinco años* ou *El Público*, comezadas a principios dos anos trinta e deixadas no 36. Na derradeira destas pezas atopamos coincidencias temáticas como a apelación explícita ós espectadores e escénicas pois, segundo a acoutación escenográfica, *Las ventanas son radiografías* (1989: 7). En todas elas a estratexia dramática está baseada na interpelación que fai o director de escena ós espectadores.

De xeito moi semellante, mediante o mecanismo especular, Cunqueiro introduce o público na escena, na que está ademais representado por un personaxe que é un mero espectador do diálogo-acción dos dous homes, con e sen gravata. En efecto, a rapaza toma en todo momento a actitude dun receptor, tanto da peza teatral (espectador) como dos microtextos narrativos nela inseridos (lector, oínte) tal como revelan a maior parte das súas intervencións: “-¡Ai, o teatro me adivirte moito!, -¡que conte o conto!, ¡ande, conteo señor da cravata!, - O que non sabe é contar os contos”.

O tratamento semántico dos personaxes tamén amosa coincidencias intertextuais entre Cunqueiro e Lorca, quen converteu os seus personaxes femininos en símbolos da frustración amorosa, coa súa propia homosexualidade non asumida como pano de fondo. Ese é o sentido das mulleres que presentan os dous textos curtos cunqueiráns: da nena da fiestra dánsenos —tras unha curiosa información redundante e existencial: *-a nena é unha nena—* tres datos precisos na acoutación introdutiva: ten 12 anos e medio pero aparenta catorce, é vermella e -trazo anormal- ten *un ollo máis enriba do que o outro*. Esta misteriosa nena garda as claves da organización escénica deste esbozo: si temos en conta que na tradición occidental o espello é considerado como símbolo do amor e a muller nel reflectida representa o ideal amoroso⁵, a nena da fiestra é o obxecto inalcanzable da paixón do home da rúa, do cidadán de a pé, dese home con gravata que vai contemplar a rapaza dos seus soños e non alcanza a ver máis que o reflexo dunha sombra. Outros trazos semánticos desa moza anónima significan a beleza idealizada (vermella) e a imposibilidade de alcanzala pola súa extremada xuventude pois ten doce anos e medio. O home con gravata di que aparenta catorce, e de feito prohibelle dicir a

5 De aí a reiteración temática, na historia da Pintura, das Venus contemplándose nun espello, dende “O espello de Venus” do Tiziano ata a inigualábel “Venus do Espello” de Velázquez, pasando por Tintoretto, Veronés ou Rubens, nas que case sempre o precioso obxecto está nas mans de Cupido.

súa verdadeira idade. Os homes negro e branco de *Rúa 26* observan por un anteoillo dentro dun vaso de auga e falan entre eles do que queredían ollar: unha muller que sempre tivo dezaoto anos aínda que viviu cincocentos. A frustración amorosa, o núcleo temático de toda a dramaturxia lorquiana, emerxe na conclusión deste limiar: os dous homes non conseguen nin ver nin escoitar esta muller.

Os dous personaxes do *Xan, o bó conspirador* só saben que viñeron facer o prólogo dunha traxedia. Na montaxe de varias pezas curtas de Cunqueiro que eu dirixín co *Hipógrifo Violento Clube* en 1991, baixo o título *Función de Xan e Xulieta*, considerábase *Xan, o bó conspirador* como prólogo da *Función de Romeo e Xulieta, famosos namorados* incluída por Cunqueiro nas *Crónicas do Sochantre*. Son sorprendentes as coincidencias argumentais e dramaturxicas entre esta peza shakespereana e o Cuadro Terceiro de *El público*, onde: "El muro se abre y aparece el sepulcro de Julieta en Verona... Julieta está tendida en el sepulcro, do que saltará" (1989: 27). Na forma e no contido, os diálogos da Xulieta das dúas pezas aseméllanse extraordinariamente. Se escoitamos a Xulieta galega falar sobre as súas inxedanzas literarias: "¡Ai, o teatro me adivirte moito!, -¡que conte o conto!, ¡ande, conteo señor da cravata!, - O que non sabe é contar os contos", as mesmas preocupacións amosa a Xulieta andaluza cando di que non lle importan as discusións sobre o amor nin sobre o teatro: "Lo que quiero es amar" (1989: 27).

4. Lorca e os dramaturgos galegos actuais

No ano 1978, o número 2 dos *Cadernos da Escola Dramática Galega* publicaba dúas brevísimas farsas do Lorca de 1928, *A doncela, o mariñeiro e máis o estudante e O paseo de Buster Keaton*. Estas traducións de Francisco Pillado Mayor, levadas a escena pola EDG en 1980, eran a culminación do interese dun dos nosos máis importantes dramaturgos, Manuel Lourenzo, pola obra dramática de Lorca que tanto influíu na súa primeira etapa, da que apenas se conserva ningún título como *O moucho*, precisamente un dos personaxes citado de esguello na farsa de Keaton.

O escritor do Valadouro chega moi novo á Coruña onde comeza a frecuentar na súa adolescencia a Biblioteca de Francisco Pillado pai, alí descobre e le con entusiasmo o poeta granadino. Máis tarde, no Colexio Atlas, onde exerce o ensino e a súa insaciable afección ó teatro monta *El retablillo de Don Cristobal*. A pegada lorquiana é evidente na súa capacidade de asumir o popular, asimilándoo e transmitíndoo en pezas como *Crónica do sol de inverno* ou *Romería ás Covas do Demo*.

Tampouco Euloxio Ruibal é alleo á recepción do teatro lorquiano en textos como *Zardigot*, que pode lerse como teatro poético cunha dimensión fundamente dramática. A súa última obra longa, *Tolemia*, é un exemplo raro no noso teatro dunha gran traxedia rural e ecolóxica, na liña das grandes traxedias do último Lorca.

Miguel Anxo Fernán Vello, autor dunha fermosa tradución de *Yerma* montada polo CDG no ano 1990 con dirección de Blanco Gil, constitúe a mellor expresión do lirismo tráxico lorquiano nun dramaturgo galego, especialmente en *A casa dos afogados*. Neste drama poético de gran densidade atopamos personaxes de fonda raizame na obra de Lorca como *El niño muerto*, apuntado xa no esbozo *Drama fotográfico* e que pasará á peza onírica *Así que pasen cinco años*, onde lemos esta acoutación: "Por la puerta de la izquierda aparece el niño muerto con el gato... El niño viene vestido de blanco, de primera comunión, con una corona de flores blancas en la cabeza. Sobre su rostro, pintado de cera, resaltan sus ojos y sus labios de lirio seco" (1975: 77).

É este sen dúbida o mundo poético do teatro de Fernán-Vello quen representa o fenómeno xeneralizado de intertextualidade do que falabamos ó inicio, facendo así evidente que o teatro do granadino segue vivo tamén no noso eido teatral.

Bibliografía

- ALONSO MONTERO, Xesús e VILLAR, M. eds. (1998): *García Lorca en Galicia. García Lorca, poeta en lingua galega*, Vigo: Editorial Galaxia.
- ALONSO MONTERO, Xesús (1997): "Blanco Amor e García Lorca", *Xornadas Eduardo Blanco Amor*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 27-41.
- ALLEGUE, Gonzalo (1993): *Diante dun xuíz inxusto*, Vigo: Nigra.
- AZNAR SOLER, Manuel, ed. (1983): *Testimonios y Homenajes. Rafael Dieste*, Barcelona: Laia.
- AZNAR SOLER, Manuel (1992): *Valle-Inclán, Rivas Cherif y la renovación teatral española (1907-1936)*, Barcelona: Cop d'idees.
- AZNAR SOLER, Manuel (1995): "Farsa y guiñol en el teatro de Rafael Dieste", *Congreso Rafael Dieste*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 199-235.
- BRIAN MORRIS, C. (1995): "Yerma, abandonada e incompleta", *El teatro de Lorca. Tragedia, drama y farsa*, Cuevas García, C. ed., Málaga: Publicaciones del Congreso de Literatura Española Contemporánea, pp. 15-42.
- CERMEÑO, Xosé (1993): "Álvaro Cunqueiro, esperanzas e desesperanzas dun dramaturgo", *Congreso Álvaro Cunqueiro*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 471-477.
- CUEVAS GARCÍA, Cristóbal ed. (1995): *El teatro de Lorca. Tragedia, drama y farsa*, Málaga: Publicaciones del Congreso de Literatura Española Contemporánea.
- FERNÁN-VELLO, Miguel Anxo (1990): *Yerma. Federico García Lorca*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

- FOLE, Ánxel. (1955): "Recuerdo lucense de García Lorca", *Galicia Emigrante*, 8/2, en Alonso Montero, Xesús ed. 1998: 19-21.
- GARCÍA LORCA, Federico (1975): *Así que pasen cinco años*, Doménech, R. ed., Madrid: Magisterio Español.
- GARCÍA LORCA, Federico (1987): *Teatro inconcluso*, Laffranque, M. ed., Granada: Universidad de Granada.
- GARCÍA LORCA, Federico (1989): *El público*, Madrid: Ediciones Antonio Machado.
- GÓMEZ VILCHES, José (1995): "El cine en Lorca y Lorca en el cine", *El teatro de Lorca. Tragedia, drama y farsa*, Cuevas García, C. ed., Málaga: Publicaciones del Congreso de Literatura Española Contemporánea, pp. 275-284.
- GIBSON, Ian (1987): *Federico García Lorca. 2. De Nueva York a Fuente Grande (1929-1936)*, Barcelona, Grijalbo.
- LAFFRANQUE, Marie (1985): "Federico García Lorca: Teatro abierto. Teatro inconcluso", *La Casa de Bernarda Alba y el Teatro de García Lorca*, Doménech, R. ed., Madrid, Cátedra, 1985, pp. 211-230.
- PAZ GAGO, José María (1993): "Os proxectos teatrais de Cunqueiro: as pezas curtas", *Congreso Álvaro Cunqueiro*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 461-469.
- PAZ GAGO, José María (2000): "Valle-Inclán y el teatro gallego", *Signa*, 9, pp. 163-179.
- PILLADO MAYOR, Francisco (1978): *Dúas farsas de Federico García Lorca*, A Coruña: Cadernos da Escola Dramática Galega.
- RODRÍGUEZ RUIBAL, Euloxio (2006): *Valle-Inclán e o Teatro Galego. A recepción da obra dramática de Valle-Inclán na dramaturxia galega (1916-1973)*, Lugo: TrisTram.
- SALVAT, R. (1993): "Cunqueiro y el teatro europeo de su tiempo", *Congreso Álvaro Cunqueiro*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 451-460.
- SÁNCHEZ TRIGUEROS, Antonio (1995): "Federico García Lorca en escena (una invitación al teatro)", *El teatro de Lorca. Tragedia, drama y farsa*, Cuevas García, C. ed., Málaga: Publicaciones del Congreso de Literatura Española Contemporánea, pp. 179-198.
- UCELAY, Margarita (1986): "Federico García Lorca y el Club Teatral Anfistora: El dramaturgo como director de escena", *Lecciones sobre Federico García Lorca*, Soría Olmedo, A. ed., Granada: Diputación Provincial de Granada, pp. 49-64.

VIII
VARIA

VIII
—
AЯAV

Transversal.

Do escudo do reino á bandeira da nación

XOSÉ BARRO
Deseñador gráfico

Foi no descanso do primeiro partido da Selección Galega de Fútbol. Naquel escano de convidados sentei de par dalgúns escritores. "Por que deseñastes a camiseta de azul e branco?, a Galiza é verde". Naquel tempo morto, mentres os seareiros galegos atronaban San Lázaro, non fun quen de retrucar con xeito aquela pregunta, feita máis por enredar que por polemizar. A referencia á bandeira branca e azul transversal era para min evidente e cadraba case obrigada neste proxecto. Só tempo despois dei coa resposta desexada: "Nós non pintamos a natureza, pintamos a cultura". E a tradición cultural, traída e tecida de xeración en xeración, non sempre ten un principio lóxico, un deseño trazado segundo o pensamento racionalista actual, nin sequera próximo ao pensamento simbólico de hai séculos. O tempo e a sociedade poden mudar significados ou atribuír novos valores a vellos signos inicialmente vans. Este é o caso do escudo do reino e mais o da bandeira da nación. O escudo naceu por acaso, case coma un divertimento erudito; a bandeira non, que xorde por vontade dun grupo, pero é un sinal cun significado previo ben diferente. Sucesivas xeracións proxectaron os seus valores culturais e cargaron de significado os símbolos, mesmo fixeron mudar a súa forma. Velaquí unha visión transversal.

1. O escudo

Os escudos xorden a finais do século XI e primeira metade do XII como distintivos persoais de reis, nobres e señores. Algún tempo despois, os brasóns serán estendidos ás cidades, persoas ou entidades que teñen propiedades ou exercen, caso dos concellos, algún tipo de autoridade. Compre sinalar tamén que na Idade

Media un reino é un conxunto de terras baixo o dominio dun mesmo rei, el é o soberano, nin o espazo nin os seus habitantes teñen entidade de seu. Só máis tarde, os conceptos de territorio (a unión das persoas cun espazo) e de país (un territorio cunha cultura característica) van facer aparecer o concepto de reino como algo diferenciado dun rei concreto. Só así entenderemos que o rei dos galegos, como é nomeado nas fontes árabes, europeas e peninsulares¹, o soberano do reino cristián do noroeste da Península Ibérica, use un león como mobile no seu escudo persoal. Son as armas parlantes da súa dinastía, que proceden do nome da cidade que é sede rexia. Nos séculos XII e XIII, cando naquela Galiza extensa, na antiga *Gallaecia* romano-sueva, comezan a individualizarse outros territorios, os reis comezan tamén a nomearse de León e Galiza. A esta nova realidade xeopolítica van responder diferentes opcións gráficas.

1.1. O escudo de Santiago

Os deseñadores sabémolo ben, cando hai necesidade de significarse, cando unha entidade, empresa ou institución ten necesidade de proxectar a súa identidade cómpre crear un símbolo gráfico. Isto é así hoxe, pero foi necesario tamén ao longo da historia, de feito, os hoxe popularmente denominados logotipos teñen a súa orixe, máis ou menos remota, nos brasóns heráldicos ou nas marcas gremiais dos artesáns.

Dito isto, cómpre lembrar que cando na Galiza houbo unha entidade que quixo ser identificada co país, “deseñou” o seu símbolo e fíxoo segundo a lóxica propia do seu momento histórico, elixindo un elemento ben representativo. Isto ocorre a fins do século XIII, cando en 1282, ou anos despois en 1295, os concellos do reino da Galiza fan irmandade cos concellos do reino de León ou de Castela. Consérvase un selo de cera moi estragado, no arquivo municipal de León, no que un Santiago cabaleiro e un León exercen de figuras simbólicas respectivas. Murguía coñeceu estes documentos e conclúe:

[...] es, pues, evidente, que en un principio, el Santiago combatiente, representó al reino de Galicia y que a partir del siglo XVI empezó a usarse el Sacramento y, esto de modo tan general, que apenas si la imagen del Apóstol, recobra en ocasiones su antiguo derecho a representar a Galicia. (Murguía 1887: 11)

A descrición daquel selo, na propia carta de irmandade de 1295 é ben clara:

Et para guardar et conplir todos los fechos desta hermandat, fecimos facer un siello de duas tablas, que es de tal sinal: en la una tabla fegura de león e en la otra tabla fegura de caballero con una fegura de seña en la mano, en la otra mano fegura de

1 Véxase López Carreira 2005: 213-248.

espada; et las letras dicen así: Sello de la Hermandad de los Regnos de Leon et de Gallisia. (Rodríguez González 1993: 423)

Curiosamente, na listaxe dos concellos galegos que subscriben esta irmandade non figura o de Santiago de Compostela. Mesmo así, a elección da figura non é de estrañar, no tocante a prestixio, coñecemento e difusión europea, o tema xacobeo era o máis acaído na mentalidade galega medieval, tratábase de identificar un país que mesmo chegou a ser coñecido nalgunhas partes de Europa como *Jacobusland*, é dicir, o país de Xacobe, un santo galego que conquistou Europa.

Pero esta identificación Santiago-Galiza non vai acadar a institucionalización heráldica: o rei, que se nomea de León e Galiza, continúa a utilizar o símbolo dun león como propio da súa dinastía. Desaparecida aquela irmandade de concellos, na Galiza non vai existir outra entidade que necesite identificación co país até finais do século XV ou principios do XVI. Daquela será xa moi tarde para Santiago, da Europa chegou xa canonizado un escudo do reino.

Mesmo así, sen chegar a ocupar nunca o centro do escudo, o tema xacobeo, nalgunha das súas múltiples formas, vai acadar un lugar privilexiado entre os símbolos identitarios dos galegos, da Idade Media aos nosos días.

Postos a salientar algúns casos relevantes, compre citar que a cuncha de vieira vai ser a marca da ceca coruñesa desde tempos de Afonso X até Carlos II, en 1696, cando deixa de funcionar. Teño para min que as moedas batidas na Coruña, na Casa da Moeda máis importante da Galiza, levan un distintivo simbólico do seu país de orixe. Serán nada menos que 53 variantes gráficas da vieira as utilizadas en catro séculos; a forma non era pertinente, o tema si².

É necesario tamén lembrar, para entender a profusión de emblemas xacobeos como símbolos de Galiza na emigración, que o primeiro centro galego creado en América foi nomeado *Congregación del Apóstol Santiago*, unha entidade fundada en 1741, que agrupaba os galegos residentes en México e tamén os oriúndos da Galiza³. Pouco antes crérase en Madrid outra entidade semellante. O Apóstolo e os seus símbolos non deixarán xa de figurar no identitario da emigración, impoñéndose sobre todo a Cruz de Santiago que, da Habana a Bos Aires vai ser o distintivo da Galiza máis popular.

A Cruz aparece xa, vermella sobre fondo branco, na bandeira do *Tercio de Voluntarios Gallegos* creado en 1807 para a defensa do ataque inglés á cidade de Bos Aires. Un ano máis tarde, no 1808, desta vez na Galiza territorial, outra Cruz de Santiago figura noutra bandeira, é a do *Batallón Literario* que se alistou en

2 No século XIX creuse que un cáliz fora utilizado como marca da Casa da Moeda coruñesa na época dos Reis Católicos. Tempo despois sóbouse que esta marca era a arma parlante da casa da moeda de Cuenca, cidade que trocou a *cuenca* (cunca) propia das súas armas parlantes, por un moble de máis prestixio.

3 Véxase Gómez Canedo 1991: 117 (nota 232).

Santiago para combater as tropas napoleónicas. Neste caso, tamén sobre fondo branco, de par da Cruz, figuran bordadas as armas universitarias compostelás que desde 1771 levan o escudo da Galiza no seu centro.

Pero unha das formas nas que a Cruz de Santiago aparece máis próxima a acadar o centro simbólico, case equiparada ao cáliz, é cando se presenta *acolada*, termo heráldico que indica que a cruz vai situada detrás do escudo, como apertando a súa forma. Deste xeito aparece representada xa en 1696, no mapa do Reino de Galiza de Giacomo Cantelli da Vignola⁴. A fórmula fará fortuna e chegará ao século XX, pasando polo deseño das bandeiras das *Alarmas*, as milicias de 1808 contra os franceses⁵.

Ademais do *Banco de Galicia y Buenos Aires*, hoxe usan a Cruz de Santiago como emblema varios centros galegos e, entre outras entidades con proxección pública, o Club Celta de Vigo e mesmo a Federación Galega de Fútbol.

Como exemplo da vitalidade do uso da vieira como símbolo do país, só indicar dous símbolos de identidade creados aínda non hai moito, o da Casa de Galicia en Madrid, unha sorte de embaixada da Xunta de Galicia, e a do Pedrón de Ouro, unha fundación que cada ano nomea un galego exemplar. Só por citar algunhas cunchas históricas velaí a de Piombino (1733), o industrial italiano que promove a primeira fábrica de papel no Faramello; ou a deseñada por Camilo Díaz, xunto a unha bobina de película, para a empresa cinematográfica de Isaac Fraga, arredor de 1920.

Para rematar esta aproximación aos símbolos xacobeos como símbolos da Galiza, cômpre non esquecer que o día de Santiago foi elixido para celebrar o Día da Patria Galega polas Irmandades en 1919.

1.2. O escudo de Londres

Murguía intuíu que as armas de "Galicia" eran parlantes, é dicir, que pronunciando o nome da figura representada, díciase o nome do país. Desde os séculos XVII e XVIII, os heraldistas europeos víñano dicindo, pero na Galiza estaba xa moi arraigada a explicación luguesa. Ninguén quixo admitir unha explicación tan va como que de cáliz se puidese dicir "Galicia". Vicente Risco (1988) xogou coa semellanza fonética e incorporouna á creación da súa Orde Galega do Santo Graal, unha sorte de masonería nacional da que chegou a redactar un regulamento. Jaime Bugallal y Vela, na súa erudita achega sobre o noso escudo (1981: 8),

4 Poucos anos despois, na propia Galiza, hai outro exemplo deste curioso sincretismo; un Santiago cabaleiro leva unha bandeira co "Sacramento" nun gravado do *Memorial que el Reino de Galicia presentó a Carlos II por su diputado el Marqués de Mós* de 1699. Citado por Barreiro de V.V. 1888: 7

5 As dúas bandeiras consérvanse no Museo Arqueolóxico e Histórico Castelo de Santo Antón da Coruña, como depósito do Museo de Belas Artes da Coruña.

chega a admitir a posibilidade de que puidera existir un antigo armorial en lingua francesa que establecera a igualdade *calice* = *Galice*, nome en francés do noso país. Pero non foi até 1987 que se deu conta do elo perdido. O profesor Menéndez-Pidal Navascués publicaba entón un artigo no que informaba do *Segar's roll*⁶, un rolo medieval, coñecido por copias facsimilares posteriores que se conservan no Colexio de Armas de Londres. Realizado arredor de 1282, o *Segar's Roll* recolle entre outros o escudo dun *Rey de Galyce*. Son tres cálices de ouro sobre campo azul. É a representación máis antiga que se coñece do noso escudo (Menéndez-Pidal Navascués 1990: 15-24).

O paradoxo ten explicación. O primeiro punto do misterio resólvese axiña se consideramos que a corte londiniense é nesta altura de fala francesa, no poder están os normandos, que cruzaran a canle da Mancha para conquistar Inglaterra —1066—, impondo o francés como lingua cortesá. A seguir cómpre dicir que un armorial é un xénero de libro medieval, en rolo ou en códice, que tenta mostrar o maior número de armas, isto é de escudos heráldicos de reis ou nobres, sexan estes personaxes reais ou fabulosos, pero cantos máis, mellor. É un pasatempo erudito de moda entre a nobreza. Os *escriptores* e *iluminadores* que realizan as compilacións non pretenden deseñar en serio ningún escudo, pero onde non saben, inventan, dentro do xénero o recurso é lícito sempre que o artificio sexa verosímil.

Pero o reino da Galiza non era ningún reino fabuloso, tiña unha existencia real, mesmo xa en 1282 acoutada ao que poderíamos chamar a Galiza étnica, pero o reino non tiña un escudo de seu, diferenciado do escudo dos seus reis. Os autores do *Segar's Roll* non van deixar pasar a oportunidade de acrescentar a súa colección e crean as armas parlantes do rei da Galiza.

1.3. O escudo de Europa

Os autores de armoriais cópianse os uns aos outros, enténdese así que do modelo creado polo *Segar's Roll* aparezan despois variacións en armoriais realizados en diferentes países de Europa, mesmo tempo antes que na propia Galiza.

Pero o que en Londres eran tres, na Europa será un; o que na illa é laico, no continente vai ser sagrado. Velaquí as primeiras mutacións que vai sufrir o noso escudo.

Os tres cálices repetidos no *Segar's Roll* explícanse pola tendencia do deseño heráldico máis antigo a ocupar todo o campo do escudo; tres cálices eran necesarios para encher a forma triangular, característica dos escudos ingleses do momento. Pero aínda hai máis. Para os autores británicos, cáliz é o que para nós copa,

6 *Segar's Roll*, [MS. L.14, f. 26] College of Arms, Londres.

salvando que daquela a maioría da poboación bebía en cunca. É ben elocuente sobre esta cuestión que o cabaleiro británico Iohan Le Botiler (morto en 1285), literalmente Xoán o Boteleiro, é dicir o Copeiro, o que inicialmente tiña por oficio ou dignidade traer as copas e dar de beber ao rei, teña por armas parlantes tres cálices cubertos de ouro sobre campo de azur, nun deseño moi semellante ao escudo galego de Londres. Moitas familias inglesas apelidadas Butler, tamén Copeiro, usan as mesmas armas (Bugallal y Vela 1981: 9-10). Teño para min que no punto de partida, tal como os das familias inglesas citadas, o escudo galego é absolutamente laico.

1.3.1. A primeira mutación

Pero contra 1450, outros escudos do rei da Galiza aparecen en dúas obras realizadas nos Países Baixos, son o armorial *Bergshammar* e máis o armorial *Gymnich*⁷. Son, segundo Bugallal y Vela, as versións máis antigas que coñecemos despois da de Londres. Pero case 150 anos despois da invención do *Segar's Roll*, o escudo mutou. Nos dous armoriais citados, o cáliz virou a copón, isto é a cáliz cuberto. Tamén nas dúas representacións a tampa do copón remata nunha cruz. O pormenor non é gratuito, sinala ben ás claras que o copón non é copa profana, senón vaso sagrado, o único vaso sagrado, isto é o Santo Graal. Escusado é dicir que Graal non hai máis ca un, tres sería un absurdo; un só ocupa o centro do campo do escudo nas dúas versións citadas.

Teño para min que sen o nexo da lingua francesa, *calice* = *Galice*, os autores flamengos explicaron o moble da Galiza en clave culta e de prestixio. Aqueles antigos cálices ingleses non podían querer dicir outra cousa que o máis prezado vaso da cultura europea medieval, isto é o cáliz de Cristo, o cáliz de Artur e os cabaleiros todos da Táboa Redonda. Compre lembrar, como ensina Bugallal, que o copón, o cáliz cuberto, será a forma invariábel do moble do escudo da Galiza en todos os armoriais europeos.

1.4. O escudo do reino

Son cinco copóns postos en aspa ou *sotuer*. Velaquí a forma dos escudos de Galiza máis antigos que conservamos no noso país. Son os labrados nas antigas portas das vilas de Betanzos, anterior a 1492, e Viveiro, datado arredor de 1548 (Bugallal y Vela 1981: 14-15). A autoridade heráldica dos armoriais europeos acabou por convencer os galegos para adoptar aquela inicial invención inglesa. Tamén agora, case dous séculos despois daquela irmandade de concellos galegos,

7 O armorial *Bergshammar* consérvase no Arquivo do Estado en Estocolmo, Suecia. O armorial *Gymnich* atópase na Biblioteca Real de Bruxelas, Bélxica. Véxase Bugallal y Vela 1981: 11-12.

que utilizaba como emblema un Santiago cabaleiro, volve haber no país necesidade dun símbolo de identidade galega. Velaquí a Real Audiencia de Galiza, creada en 1480 polos Reis Católicos e, algo máis tarde, en 1528, a Xunta do Reino. Ambas as dúas institucións estarán presididas polo Capitán Xeneral. Esta é a estrutura do poder neste, na práctica, vicerreinado, no que capitáns xenerais e maxistrados serán sempre estranxeiros. Non deixa de ser un paradoxo que institucións creadas para "a doma e castración" de Galiza sexan as primeiras que necesiten manifestar a súa galeguidade.

1.4.1. A segunda mutación

Pero coa adopción da fórmula londiniense, o noso escudo sofre a segunda mutación. Para adaptarse á forma rectangular que se leva na Galiza deste tempo, para encher todo o campo do escudo, o mobile quintuplicase. É un procedemento semellante ao inglés no tocante á ocupación do espazo, mais o mobile é xa un copón, un cáliz cuberto, como definiron os armoriais europeos. Este modelo será utilizado inicialmente polas novas institucións galegas para deixar constancia da súa intervención na fortificación de cidades e grandes vilas. Sobre as portas colócanse tres escudos: no centro as armas do rei, aos lados as do concello e as do reino, cinco copóns dispostos en aspa ou *sotuer* sobre un campo máis ou menos rectangular. Salvo un dos de Viveiro, os copóns carecen de cruz no remate da tampa. O seu posíbel significado relixioso é aínda incerto.

1.5. O escudo de Lugo

Os galegos non entenden o modelo que chegou de Europa, acéptase pola autoridade dos armoriais, pero resulta estraño. É necesario buscarlle unha explicación cribel, simbólica, e o modelo aplicado en Betanzos e Viveiro vaise desbotar axiña. Na primeira década do século XVI parece haber xa unha teoría, iso indica un novo modelo de escudo labrado na fachada do Hostal dos Reis Católicos de Santiago de Compostela, edificio comezado en 1501 e rematado dez anos despois, segundo a inscrición da súa portada.

1.5.1. A terceira mutación

Entre dous anxos tenantes, enmarcado en volutas, sobre campo circular, mostrase un cáliz con hostia patente, situada na cabeza do cáliz. Para maior requinte, a hostia é raiante, dela semellan saír raios reflexivos que enchen todo o campo. Por se había dúbida, sobre a hostia grávase unha cruz.

Corenta anos despois da labra do Hostal esta teoría vai ser espallada por un libro de tanta difusión e predicamento como foi a *Descripción del Reyno de Galicia*, obra do Licenciado Molina, editada en Mondoñedo en 1550. Tal como

describe o asunto, a teoría da orixe lucense é xa nesta altura, mediado o século XVI, cousa común:

As Armas de Galicia. Folio LXIII.

As armas deste reino de Galiza son un cálice cunha hostia dentro, que teñen a súa orixe nas batallas ganadas aos mouros evitando que se perdesse este reino, porque antes que España se perdesse había en España en todas as partes o Santo Sacramento descuberto, e despois por aquela perda cando se recobrou puxéronse de novo nos altares máis cubertos e como Galiza saíra victoriosa da loita contra os mouros quedou con aquela cerimonia ou costume antigo de ter o sacramento descuberto e así o teñen agora por escudo e armas do reino, e disto xa falei antes ao referirme aos casos notables tocando á cidade de Lugo.

Aquel raro, antigo e senlleiro privilexio da catedral lucense para expoñer de forma permanente o Santísimo Sacramento acabou por explicar o escudo chegado de Europa, aínda que para iso houbera que mutar e mudar a forma do moble. Non abonda con coroar a tampa do copón cunha cruz, coma nos armoriais europeos, a hostia debe figurar explícita, patente, permanentemente exposta á visión de todos, coma en Lugo. Cos anos, esta teoría vaise enriquecendo e noméanse concilios que vencen o priscilianismo e mais o arrianismo como quere Castellá Ferrer na súa *Historia del Apóstol Santiago*, publicada en Madrid en 1610.

Para rematar a “teoría” de Lugo, o cabido catedralicio desta cidade solicitou e conseguiu da Xunta do Reino un donativo anual, que sería entregado en sesión solemne na misa maior do *Corpus Christi*, no nome dese católico reino, “renovando la memoria del origen de sus armas”, cerimonia que tivo lugar por primeira vez no ano 1672. Á festa do Corpus lucense segue acudindo hoxe unha representación das sete cidades galegas, case dous séculos despois da desaparición da Xunta do Reino, disolta por decreto, no ano 1834. Na procesión continúa a soar aínda a *Marcha do Antigo Reino de Galiza*⁸.

1.6. O escudo da Coruña

Utilizado aínda en contadas ocasións, o escudo de Galiza vai coller peso institucional na Coruña. Filipe II quere que a Real Audiencia de Galiza, e polo tanto o Capitán Xeneral, fixe a súa residencia. O lugar non pode ser máis que nunha cidade de reguengo, lonxe da influencia do señorío dos arcebispos composteláns, e desde 1563 as únicas institucións de goberno que van existir na Galiza instálanse na Coruña. A elección fará desta cidade a capital do vicerreinado.

8 O coengo Pallares y Gaioso, o mesmo que redacta a petición da doazón á Xunta do Reino, cita na súa historia *Argos Divina Sancta Maria de Lugo de los Ojos Grandes* (Santiago, 1700) un dragón verde en campo de ouro como brasón dos reis suevos, que sería substituído polo Sacramento desde aquel concilio de Lugo “contra los hereges sacramentarios”. O dragón aparecera xa como invención de Rodrigo Méndez de Silva, na súa obra *Población General de España*, Madrid, 1645, segundo destaca Bugallal y Vela.

Será aquí onde o modelo de escudo co “cáliz sumado de hostia patente” acabe por callar e acade o máis alto rango, ao ser incorporado ás armas do rei en lugar preferente, isto é, en “xefer”, como se denomina cando as armas da Galiza aparecen na parte superior do escudo, no centro, entre os cuarteis de Castela e León. Das trece representacións coñecidas con este rango, entre finais do século XVI e mediados do século XVIII, oito son da Coruña. Son escudos labrados en portas da cidade ou en fachadas de edificios oficiais como o exemplo máis antigo, situado na porta de carruaxes do pazo da Real Audiencia, hoxe coñecido como Capitanía, sen dúbida un escudo procedente dun edificio anterior ao actual. A listaxe complétase co que estaba situado na muralla da Maestranza (1607), os da torre e ábsida da igrexa de Santiago (principios do XVII), o da porta da antiga Casa da Moeda (1662), o gravado no libro das ordenanzas da Real Audiencia (1679), o do pulpito da igrexa de Santiago (s. XVIII) e mais o da porta do Parrote (s. XVIII).

Fóra da Coruña cómpre subliñar o que inclúe Castellá Ferrer na súa *Historia del Apóstol Santiago*, editado en Madrid en 1610; o labrado na tumba de Fernando II na catedral de Santiago, no século XVI, unha posibel iniciativa da Xunta do Reino; o que se conserva nunhas pedras armeiras no Museo Diocesano de Tui; e o que cita Porreño, a principios do século XVIII, que estaba situado na fachada da casa do concello de Ourense. Como remate, salientar que no escudo da Universidade de Santiago, as armas da Galiza figuran no centro, “sobre todo”, nun deseño aprobado por Real Orde en 1771.

A maior abastanza, é de salientar que o modelo coruñés do cáliz con hostia patente só, como único protagonista dun escudo, acada a labra en pedra solemne na porta de San Miguel da Coruña, rematada en 1595. Hoxe case esvaecido, este será o modelo elixido para canonizar o moble do escudo na capital do vicerreinado, será tamén o máis habitual nas cerimoniais oficiais da Xunta do Reino, como o que figura en 1689 na catedral de Santiago para celebrar as exequias de María Luísa de Borbón. É tamén o modelo utilizado en 1644 para coroar o escudo da Coruña nas súas casas consistoriais da praza da Faríña, labra que se conserva no pazo municipal de María Pita⁹.

1.7. O escudo dos nobres

As armas entran en combate. Desde mediados do século XVI, o escudo heráldico vai ser empregado como verdadeira arma defensiva e moitas veces como ariete principal nun combate dialéctico, que a nobreza galega, acompañada por algúns eruditos, non vai ter máis remedio que librar. Está en xogo a dignidade dos galegos, a súa propia.

9 Sobre o modelo coruñés e as súas representacións seguimos a Vaamonde Lores (1918-1922): “Un notable escudo de La Coruña”, *Boletín da Real Academia Galega*, núms. 126 a 147.

Durante os séculos XVI e XVII instálase na literatura española o *escarnio e mal dicer*, primeiro para os criados e serventas galegas, pero axiña se estende a todos os naturais deste reino e, do ladroízo, putería, falsidade e sucidade das persoas, pásase á falta de limpeza de sangue e á impureza da raza, que equipara galegos a mouriscos. “Antes moro que gallego”, di un refrán español do momento. Compre lembrar que é en 1609 cando Filipe III decreta a expulsión dos mouriscos para purificar os seus reinos. Por se fora pouco, o mesmo rei daba o seu apoio para declarar a Santa Teresa copatroa de España, paso previo para desbotar a Santiago; a piques estivo de prosperar a iniciativa. Xosé Ramón Barreiro sintetiza con precisión todo o proceso:

Ante a pasiva resistencia a unha asimilación cultural e social, a resposta é a marxinación, o vilipendio e o menosprezo, armas ben afiadas para producir a crise de autoestima dun pobo, porque, pensarían os galegos, algo teremos cando falan así de nós. (Barreiro Fernández 2006: 29-30)

1.7.1. A cuarta mutación

Nun desenvolvemento paralelo a esta situación, o noso escudo muta de novo, adaptación ao medio, apréciase para mellor resistir no combate. Xa desde mediados do século XVI se detectan algúns cambios; o cáliz transfórmase primeiro en viril, pero axiña dá un paso máis e chega a custodia, xa citada por Porreño en 1572. Agora a arte barroca axuda e o cambio vai a máis. En 1612, o Padre Oxea marca un fito. Coa publicación do seu mapa produce un auténtico ideograma de alto contido ideolóxico. Presenta a Galiza como reino independente, acompañada só do seu escudo, no que por primeira vez o moble é unha custodia, na súa forma canónica de tabernáculo rematado cunha cruz. De par do moble, tres a tres, seis cruces, estas tamén a primeira vez que aparecen no escudo. Para rematar as novidades, Oxea inventa un lema, unha moda do tempo, que tamén fará fortuna: *Hoc mysterium firmiter profiterur*, isto é: ‘Firmemente cremos neste misterio da fé’.

O escudo tiña mutado, o moble apreciárase e a mensaxe relixiosa fixérase máis mesta e redundante. Con imaxes e por escrito, o reino blindábase con argumentos reiterados.

Velaquí como van ser utilizados no combate ideolóxico. Dous anos despois da edición do mapa do Padre Oxea, o conde de Gondomar, Diego Sarmiento de Acuña, daquela embaixador en Londres do rei español Filipe III, escribe unha carta ao seu paisano Andrés de Prada, secretario de Estado. Esta misiva é unha alegación en favor da súa terra. Dentro da longa relación de agravios e defensas que esgrime non deixa de acudir ao noso escudo:

Y del antiguo poder y nobleza de Galicia es bastante muestra ser poseído todo aquel reino de señores naturales, con sólo el verdadero derecho de las gentes y in memo-

rial y antiquísima posesión y sucesión de sus pasados, sin otras cartas ejecutorías, ni títulos ganados por derechos civiles y así también el blasón, como quien primero escogió tomó el mejor de todos, que es el Santísimo Sacramento.

Contra 1622, o rexedor de Santiago, Bernardo de Luaces, reclamaba o voto en cortes no seu libro *Iuris Allegatio Pro Regni Galleciae...* Na súa portada figura xa o escudo canonizado por Oxea, con todas as súas cruces e o seu lema en orla.

Pero vai ser o conde de Lemos, Pedro Fernández de Castro, quen máis partido lle tire ao novo deseño barroco. Velaquí un parágrafo da obra anónima *El Buho Gallego*, publicada a mediados do século XVII e tradicionalmente atribuída ao noso conde:

[...] Como en estos tiempos los que nos preciamos de cristianos, obligamos a los confesos y penitenciados por la Santa Inquisición a que la traigan [la cruz], y por ella son conocidos; [...] como hacen en mi provincia (donde primero que en las más del mundo se ha fundado la fe) que no con una sino con seis que ornan la custodia, [...] podían hacer esta orla que adorna el Santísimo Sacramento que entre ellos se dignó habitar siempre, sin faltar su culto desde que la primera vez se celebró [...].

Argumentos semellantes, nos que sempre anda o escudo, estampado e por escrito, van aparecer noutras obras como a de Hernando de Ogea, *Historia del Glorioso Apóstol Santiago* (1615) ou mesmo na de Felipe de la Gándara, *El cisne occidental canta las palmas, y triunfos Eclesiasticos de Galicia ganados por sus hijos insignes...* (1678) que xa de entrada coloca na portada unha requintada versión do escudo coa custodia e demais engadidos achegados por Oxea. A apoteose chegará no século XVIII co P. Álvares Sotelo, que dedica nada menos que cinco capítulos da súa *Historia General del Reyno de Galicia* a analizar as armas do reino. Mediado o século, con P. Pascasio Seguí chégase ao paroxismo. Coa obra deste xesuíta, publicada en México en 1750, a lectura relixioso-ideolóxica do escudo xa non poderá ir máis lonxe, o libro dedica un dos sete discursos de que se compón ás armas e nome de Galiza. O seu título non pode ser máis elocuente: *Galicia, Reyno de Christo Sacramentado*, Seguí chega a atribuír o escudo á vontade de Deus e conclúe:

Que no es el glorioso escudo de Galicia efecto de las grandes cosas que hicieron los naturales de este reino, sino que antes bien son sus proezas efectos del soberano escudo con que les armó la Providencia. (Barreiro Fernández 1988: 49)

Cincuenta e oito anos despois de publicada esta obra, cando en 1808 se constituía a Xunta Superior de Galiza, asumindo todos os poderes na defensa do reino contra a invasión napoleónica, un escudo cunha requintada custodia vai ser estampado nos seus documentos como símbolo gráfico da súa soberanía.

1.8. O escudo de Murguía

Campa nas portadas, mesmo nas capas dos libros de historia de Galiza; protagoniza os estandartes e os selos das sociedades de emigrantes ou preside as cabeceiras dos xornais ou revistas ligadas ao movemento rexionalista. Durante o século XIX, o escudo convértese en contrasinal imprescindíbel da identidade galega.

Nunca antes fora tan necesario, nunca antes a Galiza necesitara expresar con tanta claridade a súa vontade de existir. Estamos no que na historia cultural e política se denomina Rexurdimento. Ben é certo que neste tempo, a edición de libros e xornais (a prensa é un medio privilexiado, que na Galiza xorde e se desenvolve co século) acelera e facilita a difusión, o debate e o combate das ideas. É, pois que somos un pobo, un país, unha rexión, unha patria ou unha nación, que todos estes conceptos foron formulados e discutidos ao longo do século, posto que en resumo existimos, debemos usar os atributos que nos acaen como tal pobo. Porque aquí había de antigo un reino con historia e se había reino, tiña que haber escudo; se había escudo, tiña que haber reino. Tal como na Idade Media, no discurso galego decimonónico, esta tautoloxía era infalíbel e o escudo converteuse nunha proba visíbel da nosa soberanía pasada e tal vez futura. Así o quería Bernardo Barreiro de V.V., “para este movemento regional que avanza de un modo irresistible”, cando en 1888 encabezaba o seu artigo “Armas y Blasones de Galicia” con este chamamento:

[...] y les ruego que, lejos de respetar mi propiedad literaria, se apresuren a reproducir y propagar, de cualquiera modo que sea posible, estos apuntes de heráldica tan necesarios á la unidad de pensamiento, no sólo histórico y artístico, sino político, de cuantos constituimos, en diversas partes del mundo la Hermandad Gallega del siglo XIX.

1.8.1. Volve a primeira mutación

Cando en 1860 saen da imprenta as primeiras entregas do tomo I da *Historia de Galicia* de Manuel Murguía, na portada do libro figura un escudo: no centro, un copón esférico, no campo, un sementado de cruces “recrucetadas e fixadas”, unha variación formal semellante á cruz de Santiago. A forma do copón deste escudo, a única difundida na Europa, foi apenas coñecida na Galiza. Figura nunha pequena pedra labrada na fachada do segundo andar do pazo da *Real Audiencia de Galicia* na Coruña, obra levantada a partir de 1750. Coa súa grande erudición, Murguía tomará esta forma dos armoriais europeos dos séculos XVI-XVIII. Este escudo vaise converter no modelo a seguir até o fin do século na illa de Cuba e vai aparecer tamén nalgunhas publicacións editadas na Galiza como *A Tía Catuxa* (1891). Manuel Murguía é o referente, a autoridade e mesmo o guiei-

ro político. O entusiasta e vehemente Bernardo Barreiro de V. V., no artigo antes citado, bótase contra Murguía por defender o escudo do copón esférico, láíase da falta de unidade formal e promove a do “verdadeiro” escudo da custodia, que el mesmo implanta no Centro Galego de Bos Aires, na súa primeira fundación de 1879. Este copón, proposto implicitamente como “verdadeiro” por Murguía, vai aparecer despois na cabeceira de *El Eco de Galicia*, o influente xornal editado na Habana por Waldo Álvarez Ínsua entre 1878 e 1901. No outro extremo, a publicación homónima fundada por Xosé María Cao en Bos Aires, en 1892, estampa na cabeceira un Santiago cabaleiro. A publicación habaneira comparte modelo de escudo coa Sociedade de Beneficencia de Naturales de Galicia, fundada na mesma cidade en 1872; co utilizado polo Centro Galego de Instrucción y Recreo, creado no 1879 tamén na Habana. Na mesma cidade, o propio Armada Teixeira estampa un escudo con copón esférico nunha edición especial da súa obra “Non máis emigración”.

As novas pedras armerías, labradas para os suntuosos edificios societarios da illa de Cuba, levarán todas copóns esféricos. É o mesmo modelo que en 1888 Manuel Murguía volve estampar, agora en ouro, na requintada capa da súa obra *Galicia*, editada en Barcelona. Insistirá neste modelo cando faga encadernar os catro tomos da *Ilustración Gallega y Asturiana*, a publicación dirixida por el desde Madrid. O mesmo copón esférico e pechado figura na *Revista Galaica* do Centro Galego de Bos Aires e no propio selo da mesma sociedade.

Mesmo así Murguía non logra a unidade total. Bos Aires e Montevideo utilizan escudos co moble en forma de custodia nos estandartes dos centros. O propio Murguía, quizais exercendo unha vez máis de guieiro, móstrase deliberadamente ambiguo e, seguramente integrador no seu artigo “Armas y Bandera de Galicia”:

[...] las armas de Galicia, á partir de los primeros años de la decimasexta centuria, son ya el cáliz con la hostia, ya el copón, ya la custodia sola ó asistida de dos ángeles. Las siete cruces y la leyenda se añadieron más tarde. (Martínez Murguía 1887: 10)

1.8.2. Volve a cuarta mutación

Pero a principios do século XX, Murguía vira o seu criterio cara ao escudo con custodia. A clave é un argumento político: un escudo semellante é o utilizado pola Xunta Suprema de Defensa de Galiza, entidade soberana constituída en 1808, a última vez que Galiza tivo un goberno independente. Á influencia desta nova formulación ideolóxica do patriarca non debe ser alleo un debuxo de escudo moi orlado de dragón “suevo” que se nos presenta cunha clara vocación de ubicuidade. Aparece nun cartón postal (ca. 1897) da Liga Gallega; reaparece, sempre o mesmo tema co mesmo debuxo, no membrete da Asociación Iniciadora y Protectora da

Real Academia Galega, nunha carta enviada a Murguía en 1904 por Xosé Fontenla Leal¹⁰; e acadará o prestixio de "verdadeiro" ao campar na portada da segunda edición (na primeira figura o escudo da Coruña) do tomo II da *Historia de Galicia* de Murguía, publicada por Uxío Carré, na Coruña, en 1906. Este mesmo debuxo vai ser o utilizado como modelo na simbólica bandeira con que un grupo de emigrantes agasalla a Castelao en 1940. Esta será tamén a bandeira do Consello de Galiza. O único cambio apreciábel no debuxo é o da coroa mural, distinción republicana que substitúe a coroa real¹¹.

Outros debuxos de escudos con custodia van figurar en proxectos do círculo de intelectuais galeguistas próximos a Murguía: en 1895 Galo Salinas incorpóroa á cabeceira da súa *Revista Gallega*; Uxío Carré fai o propio cando os Solidarios comezan a publicar, en 1907, *A Nosa Terra* e, ao ano seguinte, Francisco Tettamanicy sitúa unha custodia na capa do seu emblemático libro *La Revolución Gallega de 1846*. Pero, o que son as cousas, cando en 1923 morre o patriarca, na súa capela ardente, unha bandeira cun escudo de copón esférico cobre o seu corpo. É a mesma bandeira que a revista *El Eco de Galicia* da Habana confeccionou en 1908 para acompañar desde Cuba a Galiza o cadaleito de Curros Enríquez¹². O escudo é o utilizado pola revista e responde ao mesmo modelo que Manuel Murguía colocara, sesenta anos antes, no primeiro tomo da súa *Historia de Galicia*.

1.9. O escudo da Academia

O século XIX conclúe na Galiza en 1906, remata coa fundación da Real Academia Galega, a primeira institución con vontade de se converter na autoridade cultural do universo galaico. Manuel Murguía vai ser o seu primeiro presidente, pero os escudos por el utilizados non van ser os elixidos para figurar nos emblemas da institución, vaise impoñer a tradición coruñesa. O modelo será o cáliz con hostia patente que figuraba nas pedras armeiras da cidade, só ou en *xefe* dentro do escudo real.

1.9.1. *Imponse a terceira mutación*

Este modelo de moble será o que figure no diploma de académico, obra do pintor e calígrafo Seijo Rubio, na medalla e nos primeiros selos da institución. De par doutros modelos de escudo, esta elección tiña tamén precedentes no selo oficial do grupo político *Liga Gallega na Cruña*, creado en 1897. Este partido levará o cáliz con hostia ao monumento dos Mártires de Carral, inaugurado en 1904.

10 O cartón postal e a carta de Fontenla Leal consérvanse no Arquivo da Real Academia Galega.

11 A bandeira de Castelao consérvase na Real Academia Galega.

12 A bandeira de Curros consérvase na Real Academia Galega.

A propia Academia explica graficamente a súa elección co escudo que dispoñon na portada do tomo I do seu *Boletín* (1906-1907). Os editores fan figurar neste lugar un debuxo de escudo coas armas reais, co cáliz con hostia patente colocado en "xeфе". Pódese interpretar que a institución "sinala" claramente a tradición coruñesa do escudo, tradición "autorizada" polas institucións de poder do vicerreinado, ao tempo que "ilustra" o seu título de Real.

De todos os xeitos, a polémica ou incerteza sobre a forma do escudo debeu continuar. Xa en 1909, tres anos despois da fundación da Academia, un evento da relevancia e transcendencia da *Exposición Regional Gallega*, que se celebra en Santiago, elixe como moble do escudo unha custodia. Poida que esta importante proxección pública provocara que o académico Oviedo y Arce informara nunha xunta da institución, no mesmo ano de 1909, que preparaba un traballo sobre o escudo, estudo que vai demorar até 1917, cando vai ser lido na xunta ordinaria do 31 de xaneiro. A súa conclusión ratifica a elección inicial da Academia e os seus argumentos básicos son os da tradición coruñesa: descrición do Licenciado Molina en 1550; figura xunto coas armas reais no escudo da porta de carros do pazo da Real Audiencia, o máis antigo dos coruñeses; é o moble elixido no escudo do reino da porta de San Miguel da Coruña. Serán os mesmos argumentos que vai retomar César Vaamonde Lores no seu documentado artigo "Un notable escudo de La Coruña", que comeza a publicar no mesmo ano do informe de Oviedo e se dilata en varias entregas até 1923, todo no propio *Boletín da Real Academia Galega*. Esta extensa contribución erudita do Arquivista-Bibliotecario da RAG vai contribuír de xeito definitivo a fundar a elección gráfica da institución.

En 1930, á petición dos concellos de Ourense e da Coruña, a RAG emite un informe sobre o escudo e a bandeira, aprobado nunha xunta de goberno da institución celebrada o 8 de xullo de 1930:

El escudo de armas de Galicia es un cáliz áureo y sobre el, patente, la hostia en plata, todo en campo de azul, surmontado de corona real y aún con la añadidura de las siete cruces evocadoras de las siete provincias en que estuvo repartido el antiguo reino.

A pesar deste informe, que resultou polémico pola definición da bandeira azul e branca e non polo escudo, as variacións continuaron e mesmo nos primeiros xermolos de poder autonómico, como a Asamblea de Municipios de Galicia (1932-1936), o selo da institución emprega unha custodia, aínda que o Comité Central da Autonomía de Galicia utiliza selos de Castelao e Camilo Díaz nos que figura o cáliz coa hostia patente. En case todas as obras destes dous (tamén) deseñadores, artífices do universo gráfico da Xeración Nós e de todo o galeguismo anterior á Guerra civil, o cáliz, con ou sen hostia patente, acada un gran protagonismo. Na súa elección non xoga a autoridade da tradición coruñesa, os argumen-

tos que eles empregan son a identificación co Santo Graal, dentro da súa estratexia comunicativa de renovar formas medievais en clave contemporánea, na procura da soberanía estética.

No ano 1972, xa despois da Guerra civil, a Academia ten necesidade de dar a coñecer un novo acordo adoptado sobre as “Verdadeiras Armas do Antigo Reino de Galicia”:

De azul, cálice de ouro somado de hostia de prata e acompañado de sete cruces recortadas do mesmo metal, tres a cada lado, en pala, e unha no medio de xefe. Ao timbre, coroa real.

Esta é practicamente a mesma descrición que figura no artigo 3 da Lei de Símbolos de Galicia, aprobada pola Xunta de Galicia o 5 de maio de 1984. Pechábase así o “longo inconcreto e polémico proceso de semiosis” que levou ao noso escudo a unha “entropía simbólica” como escribía Baldomero Cores Trasmon-te, letrado do Parlamento da Galiza. Case oitenta anos despois da súa fundación aceptábase e fíxase por lei a elección da Academia.

Alén dos debuxos, o valor semántico actual do escudo non é outro que o de representar un país que hai no extremo occidental de Europa. Unha versión graficamente simplificada actúa como símbolo de identidade do seu goberno. Como tal, reproducése todos os anos millóns de veces.

2. A Bandeira

É ben sabido que a bandeira galega, branca e azul transversal, ten o mesmo deseño que o pavillón da Comandancia de Mariña da Coruña, un dos distritos ou seccións nos que a Mariña española divide a costa que ten baixo a súa autoridade. É tamén moi coñecida a fermosa historia de que esta bandeira ondeaba nos barcos do porto da Coruña e que foi interpretada como a bandeira galega polos emigrantes que abandonaban o seu país.

Ben é certo que os emigrantes, ao chegar aos países de destino, necesitaban sinais de identidade porque “un dos obxectivos inmediatos da creación dos centros galegos foi a defensa do grupo étnico fronte a valoracións sociais hostís”, como ten demostrado Xosé Ramón Barreiro. Compre lembrar tamén que os centros sociais ou de atención sanitaria foron entidades con grandes recursos económicos e con eles levantaron fachendosos edificios, necesitados dun sinal claro de identificación. Máis aínda, as organizacións de emigrantes foron as únicas que tiveron necesidade e vontade de significarse como galegas; ou case, na Galiza un pequeno grupo de intelectuais comparte as mesmas angueiras, son as persoas que ao longo do século XIX e principios do XX constrúen a identidade cultural e política do país, tamén os seus símbolos. Na emigración, as súas ideas serán

escoitadas, valoradas, e mesmo apoiadas economicamente e, nos seus edificios, despregarán a bandeira branca e azul transversal que chega da Galiza.

Nas liñas que seguen tentaremos poñer en claro cando, como e por que unha bandeira cun uso e unhas funcións ben restrinxidas pasou a ser a bandeira nacional.

2.1 A bandeira de Santiago

Está moi estendida a crenza de que a primeira bandeira galega que se coñece apareceu na Habana. Viría a ser a que se describe, mesmo cun gráfico explicativo da súa forma e cores, nun artigo titulado “La bandera de Galicia”. Pois ben, o tal artigo existe pero nunca foi publicado no xornal *El Eco de Galicia* da Habana, senón no mesmo ano de 1898 no xornal *El Eco de Galicia*¹³ de Bos Aires. Pero o que é máis relevante, este non é un artigo orixinal senón a transcripción dun texto publicado días antes na Galiza, nun xornal de Santiago de Compostela. A publicación da transcripción en Bos Aires responde ao chamamento do propio autor do artigo, que así se expresa:

Por esto consideramos un deber de patriotismo escribir el presente artículo, consultando con personas entendidas en la materia, y llamar la atención de la prensa regional para que se haga eco de nuestras leales advertencias y nos ayude en la noble empresa de reanimar el espíritu gallego, siempre tan decaído en nuestros pueblos y tan levantado y pujante en la emigración y en el destierro.

E esta “leal advertencia” compostelá achou eco tamén na coruñesa *Revista Gallega*¹⁴, o voceiro oficial da *Liga Gallega na Cruña*, naquela altura o único partido político galego, creado en 1897 polo círculo de intelectuais coruñeses seguidores das ideas rexionalistas liberais de Manuel Murguía. Non sen certa sorna, os redactores da *Revista* veñen a dicir ao compostelán que na cidade da Coruña hai tempo que é coñecida e de uso nas festas relixiosas que se fan na honra de María Pita, nas funcións teatrais e mesmo nos balcóns. Din aínda máis, a *Junta de Defensa y Resistencia de Galicia*, creada en 1893 para reclamar a permanencia na Coruña da Capitanía Xeneral da Galiza, usou nas súas múltiples actividades o distintivo duns laciños coas cores azul e branca. Compre poñer aquí, neste contexto, os dous cartóns postais coa reprodución da bandeira galega, editados pola *Liga Gallega*, quizais neste mesmo ano de 1898 ou máis seguro no 1897, ano da fundación do partido. Son quizais estas dúas pezas as representacións máis antigas que conservamos da bandeira galega¹⁵, pero desde logo non foron as primeiras.

13 *El Eco de Galicia*, Bos Aires, núm. 248 (10 de setembro de 1898), p. 2 e 3.

14 *Revista Gallega*, A Coruña, núm. 173 (3 de xullo de 1898).

15 Os dous cartóns postais consérvanse no Arquivo da Real Academia Galega.

2.2. A bandeira branca

Entre o ano 1887, no que Murguía publica o artigo “Armas y Bandera de Galicia”, e o ano 1897, no que a *Liga Gallega na Cruña* edita os dous cartóns postais, vai unha década na que podemos acoutar o tempo no que xurdiu a bandeira nacional.

Naquel coñecido artigo, Manuel Murguía (1887: 12) é ben claro: “La bandera de Galicia es blanca. Tal al menos se dice y asegura generalmente”. Esta afirmación do xa consagrado historiador da Galiza indicanos unha data na que a bandeira azul e branca aínda non existe.

Daquela, de onde vén esta bandeira branca?, e sobre todo, por que non callou como bandeira nacional? O propio historiador non se mostra moi entusiasmado na súa afirmación e a erudición que achega non dá para moitas certezas. Mesmo así a súa opinión fíxose común axiña. Cadra nela o editor de *Galicia Diplomática*, Bernardo Barreiro de V. V., moi crítico con Murguía na cuestión do escudo; aparece nun poema de Alberto García Ferreiro (1860-1902) dedicado á morte de Rosalía (“Cantora que altiva / coa branca bandeira / da nosa Galicia / risoña e trunfante / na vanguarda iba...”); será a bandeira citada por Alfredo Brañas¹⁶ en repetidas ocasións e é aínda, “blanca, como los infantiles pensamientos”, a bandeira que invoca Galo Salinas en 1895, ao presentar o número 1 da *Revista Gallega*, dous anos antes da fundación da *Liga Gallega*.

2.2.1. Un invento dos galeguistas

En 1930, xa popularizada a bandeira azul e branca, nos prolegómenos da tensión política da Segunda República, algúns autores como Couceiro Freijomil¹⁷ desenterran a esquecida bandeira branca fronte á “separatista” bandeira azul e branca, como se chegará a dicir. Descualificada por Couceiro por ser a da Comandancia de Mariña da Coruña, sinalada como un invento dos galeguistas nas últimas décadas, Vicente Risco asume a vontade de facer historia e retruca con vehemencia: “Galicia debe usar la bandera de su renacimiento, nuestra época es tan representativa en la historia de Galicia acaso como la de Gelmírez; sin duda más que aquella en que funcionaba la Junta del Reino”¹⁸. Esta histórica polémica rematou cun informe da Real Academia Galega, que na sesión plenaria do 8 de xuño de 1930, recolle un ditame do relatorio da xunta de goberno. Recoñece que en séculos pasados a bandeira foi branca pero agora: “A bandeira debe ser: branca con faixa azul celeste diagonal, do ángulo superior esquerdo ao inferior dereito...”.

16 Para as citas de Brañas sobre a bandeira e mais o poema, véxase Cores Transmonte 1986: 53-54.

17 Véxase Couceiro Freijomil 1930.

18 Citado por Couceiro Freijomil 1930.

Esta foi a bandeira que segundo o ditame da RAG izou no mastro do pazo de María Pita o alcalde da Coruña, o día 25 daquel mesmo mes de xullo de 1930. Cando ao ano seguinte sexa a proclamación da República, a mesma bandeira galega volve ondear no pazo municipal. A republicana, que chega ao concello coa manifestación popular, non dá a medida do mastro.

2.3. A bandeira nacional

Mais nunca houbo tal bandeira branca de Galiza. Houbo se cadra algún pavillón mariño, aínda que o máis seguro é que nunca chegara a pasar do papel impreso aos mastros dos navíos. Nos séculos XVII e XVIII algúns libros recollen coleccións de pavillóns de diversos monarcas, pero tal como os escudos nos antigos armoriais, moitos daqueles pavillóns teñen escasa realidade histórica. O exemplo máis claro vén na Lámina XVII do Dicionario da Mariña da Enciclopedia de Diderot e D'Alambert, no que están representados pavillóns de diferentes reis, entre eles o do rei da Galiza, que leva as súas armas heráldicas, copón e cruces, sobre fondo branco. De ter existido unha armada real galega, este sería o deseño do seu pavillón.

Ben elocuente sobre este asunto da bandeira branca é a opinión de Bugallal y Vela (1981: 56):

Pero no se debe olvidar que las banderas y estandartes blancos fueron frecuentes en los antiguos reinos europeos y que las dos principales dinastías de los tiempos modernos, Habsburgos y Borbones, adoptaron la bandera alba como enseña de sus monarquías, distinguiéndose unas de otras por los símbolos en ellas bordados o pintados.

Deixémolo claro, nestes pavillóns o branco tivo sempre un valor funcional, nunca semántico, é a ausencia da cor, un fondo necesario para poder bordar ou pintar as coloridas e complexas armorías dos diferentes monarcas. Se prescindimos dos escudos de armas non hai distintivo, sen marcas non hai bandeira. É o caso das escasas bandeiras utilizadas polos galegos nalgúns rexementos militares de voluntarios. Co fondo branco, para recibir no centro a Cruz de Santiago, é a do *Tercio de Voluntarios Gallegos*, creado por emigrantes en 1807 para defender Bos Aires do ataque inglés. Polo reverso, o fondo branco recibe as armas da coroa española. Outro exemplo, xa citado por Murguía no seu artigo é o da bandeira do *Batallón Literario* de 1808, no que unha cruz de Santiago acompaña as armas da Universidade de Santiago. O último exemplo é tamén da guerra contra os franceses, son as bandeiras das *Alarmas*, milicias populares de voluntarios. As dúas que se conservan levan o escudo de Galiza coa cruz de Santiago acolada e detrás unha panoplia de canóns, tambores e mantos de armiño. Nos escasos recantos sen figura, branco de fondo.

Os exemplos anteriores seguen as pautas dos antigos pavillóns e insignias que sinala Bugallal para os reinos europeos na Idade Moderna. Os cambios políticos van propiciar novas concepcións gráficas na Idade Contemporánea. E non deixa de ser un paradoxo que a cor branca acade por primeira vez significado na bandeira que inaugura o xénero, isto é no deseño da bandeira francesa ao ser engadida ás cores azul e vermella das escarapelas da milicia revolucionaria parisiense de 1789. Cando no mes de xullo deste ano, o rei Luís XVI recoñeza estas forzas como a nova Garda Nacional, o seu comandante, marqués de Lafayette, engade a branca como a cor da monarquía ás dúas cores da cidade de París. En 1794, este deseño acada o rango de bandeira nacional, sendo o pintor David quen fixa a orde das tres cores, situando a azul xunto ao mastro.

Con esta bandeira xorde un novo concepto gráfico, a bandeira nacional; é un novo símbolo para un novo concepto político xurdido da Revolución. Lonxe quedan os confusos pavillóns reais, apenas un soporte para a linguaxe heráldica, que dificilmente servían xa para distinguir a identidade dos navíos e agora, despois da Revolución, tampouco serven para identificar o pobo soberano. O modelo francés será a base das bandeiras das novas repúblicas, cores francas, dispostas en formas xeométricas sinxelas serán o escaso repertorio da nova linguaxe, que chegará mesmo a anovar os pavillóns das vellas armadas reais, como o do reino de España, que aparece en 1785, ao ser elixido polo rei Carlos III entre outros deseños. En 1843 este pavillón esténdese a todas as unidades militares; velaí a orixe da bandeira española, só cincuenta anos antes que a bandeira galega.

2.4. A bandeira necesaria

O escudo non abonda, todo país que o sexa necesita tamén unha bandeira nacional. É un imperativo derivado da Revolución Francesa, un emblema propio da Idade Contemporánea, pero é sobre todo unha peza gráfica de grande utilidade na comunicación pública (atributo exclusivo da nación, visibilidade a distancia, pregnancia), sexa esta exercida por gobernos, exércitos, ou movementos políticos que procuran a independencia ou un maior grao de liberdade para un país sen estado. É o caso da Irlanda, que acada a independencia en 1919 e fai oficial unha bandeira deseñada (a cor verde polos católicos, a laranxa polos protestantes e no medio a branca, coma un espazo de convivencia entre as dúas comunidades) setenta e un anos antes, en 1848, por un grupo político que procuraba a liberdade do seu país.

Na Galiza, ao longo do século XIX vaise ir desenvolvendo tamén a idea de que os galegos somos un pobo diferente e, entre 1885 e 1893, Manuel Murguía dá o paso definitivo ao elaborar o núcleo conceptual da súa teoría, que pasará intacto aos nacionalistas galegos do primeiro terzo do século XX (Beramendi e Núñez

Seixas 1995: 57). Como ben dixo Xosé Ramón Barreiro, “a distinción entre estado e nación é o elemento básico desta teoría. O estado é un produto político e por conseguinte efémero. A nación, en troques, é unha realidade cultural e social”. No ano 1889 Murguía publica na Habana *El Regionalismo Gallego*, no mesmo ano Alfredo Brañas publica en Barcelona a súa obra *El Regionalismo*. Só quedaba pasar á acción política. Ao ano seguinte constitúese a *Asociación Regionalista Gallega* (1890-1893), que agrupa os conservadores de Brañas e os liberais de Murguía, que serán respectivamente, secretario e presidente da nova organización. É o primeiro partido político galego e, no pouco tempo que dura a entente entre as dúas tendencias ideolóxicas, a organización desenvolve unha grande actividade.

O ano 1891 vai ser o ano clave dos rexionalistas. Comezan a publicar un voceiro oficial, *La Patria Gallega* (1891-1892); organizan, como acontecemento propagandístico, o traslado dos restos mortais de Rosalía de Castro, desde o cemiterio de Iria a San Domingos de Bonaval, en Santiago, onde un gran cortexo fúnebre percorre as rúas da cidade; celebran en Tui os Xogos Florais de Galicia, por primeira vez exclusivamente en lingua galega, pronunciando Murguía e Brañas importantes discursos; preséntanse ás eleccións municipais e conseguen dous concelleiros en Santiago, Salvador Cabeza de León e Xosé Tarrío, e outros dous na Coruña, Salvador Golpe e Taibo. O ano anterior, o Orfeón núm. 4 de Pascual Veiga organizara na Coruña un “Gran Concurso Internacional” para elixir o Himno Galego.

Nesta fervenza política necesitábase unha bandeira. É un desexo practicamente explícito nun texto simbólico de Alfredo Brañas; no primeiro parágrafo do primeiro artigo da primeira páxina do primeiro número de *La Patria Gallega* manifesta:

El regionalismo gallego.

No puede dudarse que es ya un hecho. Iniciado apenas el movimiento de concentración de fuerzas y, enarbolada la bandera de la patria sobre el mástil de nuestros sufrimientos y desventuras, rompióse el triste silencio de nuestra indiferencia [...].

Cinco anos antes, Murguía deixaba implícita a súa opinión sobre a importancia das bandeiras como emblemas políticos. Na mesma cita pódese adivinar tamén a consciencia da falta dunha “verdadeira” bandeira de Galicia:

Las lenguas son verdaderas banderas nacionales: llevan sus propios colores. Conservemos la nuestra y peleemos en su nombre y a su nombre.

É unha cita do discurso pronunciado nos Xogos Florais de Pontevedra de 1886, peza oratoria que está considerada como o anuncio do Rexionalismo político.

2.5. A bandeira dos rexionalistas

Pero non dispoñemos de ningunha cita que revele o como e por qué a bandeira, ou mellor o pavillón ou a matrícula da Comandancia da Mariña da Coruña chegou á categoría de bandeira nacional. Mesmo así, os datos de que dispomos indicannos que foi no 1891, neste ano de grande actividade política, que os rexionalistas, ou mellor algúns rexionalistas, ergueron a bandeira azul e branca como bandeira de Galiza. Sabemos tamén que foi aceptada axiña na Habana e que nesta última década do século XIX acadou xa certa difusión, conseguindo unha ampla aceptación social ao rematar a primeira década do século XX, todo o ampla que podía ser aceptada a bandeira dun país sen estado, aínda con escasa conciencia nacional. Vexamos os feitos.

Ademais do que suxire o contexto político, contamos cunha cita explícita que remite ao ano 1891 e aos rexionalistas. Vén no xa citado artigo publicado en Santiago de Compostela en 1988, que así explica o asunto baixo o título *La Bandera de Galicia*:

Sólo recordamos una solemnidad en que vimos el pavillón gallego desplegado a los cuatro vientos: fue cuando aquel puñado de escritores, en unión con la sociedad Económica llevaron a cabo la traslación de los restos de la gran Rosalía de Castro [...].

No ano seguinte, 1892, a bandeira acadaba xa o recoñecemento da emigración na Habana, porque o propio Centro Galego fai en Santiago a encomenda dun estandarte que, unha vez rematado é exhibido nun escaparate da cidade, no comercio dos señores Rey y Luengo:

Forman tan notable estandarte, dos paños de raso, de forma rectangular, de un metro setenta y cinco centímetros de altura por un y veintidós de ancho. El destinado a cara principal, como si dijéramos al anverso, tiene los colores de la Bandera de Galicia: campo blanco dividido por ancha banda azul diagonal, de izquierda a derecha, y ostenta, en su centro, el blasón gallego [...].¹⁹

Seis meses máis tarde, no outubro do mesmo ano 1892, o Centro Galego estreaba aquel "notable estandarte" e facía exhibición das cores nacionais ao participar na procesión cívica con motivo das festas na honra de Colón para celebrar o Cuarto Centenario do Descubrimento de América:

La carroza iba tirada por tres parejas de caballos empenachados de azul y blanco, con manchas en las que se entrelazaban las iniciales de la sociedad, llevando aquellos

19 "Artes industriales en Santiago, estandarte para el Centro Gallego de la Habana", *Gaceta de Galicia, Diario de Santiago*, ano XXI, núm. 87 (19 de abril de 1892). A requintada peza de raso, ategada de bordados, escudos das antigas provincias, palmas, polas de carballo e de loureiro e mesmo un verde dragón suevo, leva un reverso que indica un sincretismo simbólico que xa temos feito notar ao tratar do escudo: "el otro paño o cara posterior del estandarte sólo tiene como asunto decorativo un medallón con la representación ecuestre de Santiago Apóstol, en la Batalla de Clavijo".

a la brida seis palafraneros con malla de punto blanco, blusa de terciopelo azul y turbante de gró azul y blanco con guarniciones de oro y plata.

A carroza portaba un gran “medallón de raso blanco y azul, representación de Galicia”, segundo a crónica datada na Habana o 19 de outubro por Antonio Cea²⁰.

2.6. A bandeira de todos

Na última década do século XIX os galeguistas conseguiron izar unha bandeira, na primeira do século XX conseguirán facela popular, coñecida e aceptada en ámbitos sociais, ideolóxicos e territoriais diversos, tal como acae a un emblema que aspira a representar unha comunidade nacional. O propio Murguía, agora investido coa autoridade da Real Academia Galega, vai referendar unha opción cada ano máis popular.

Velaquí que en xaneiro de 1906, Curros Enríquez telegrafía ao futuro presidente da Academia desde A Habana, para trasladarlle unha consulta da *Asociación Iniciadora y Protectora de la Real Academia Gallega*. Fontenla Leal, presidente desta asociación, quere de Murguía “que dijera cuales eran los colores de nuestra bandera”. Nunha carta²¹ enviada ao tempo do telegrama, Curros explica que o Centro Galego vén utilizando un estandarte “con fondo blanco y transversal azul”²² pero a bandeira que usa é branca coa cruz vermella de Santiago. O propio poeta fornécenos nesta carta algunhas noticias máis. El sabe que a bandeira é a branca e azul transversal, como a que veu á Sociedad de Amigos²³ e ao Centro Galego de Madrid e pide desculpas por preguntar algo sabido, pero o asunto tiña a súa importancia, tratábase de izar unha bandeira no Teatro Tacón, para celebrar a “adquisición de este teatro por nuestra colonia”. Murguía contestou cun cablegrama, segundo consta no libro de rexistros da correspondencia da Real Academia Galega; a bandeira era aquela mesma, branca con azul transversal, que acollera ao propio Curros na súa coroación poética na Coruña en 1904²⁴.

Pero fóra do estreito círculo político-cultural do galeguismo, a bandeira acadada tamén recoñecemento como ben sinalan algunhas citas tiradas de xornais diversos.

En 1905, o Círculo Mercantil de Santiago faille un galano ao *Orfeón La Unión Artística Compostelana*, con motivo de acudir a Madrid ás *Fiestas Cervan-*

20 *Gaceta de Galicia*, 4 de novembro de 1892.

21 Carta de Curros Enríquez a Manuel Murguía, 21 xaneiro de 1906, Arquivo da Real Academia Galega.

22 Trátase case seguro do estandarte confeccionado en Santiago ao que xa nos temos referido. *Gaceta de Galicia. Diario de Santiago*, ano XXI, núm. 87 (19 de abril de 1892).

23 Refírese posibelmente á Liga de Amigos da Coruña, que nestes anos organizaba as festas da cidade.

24 *Revista Gallega*, A Coruña, núm. 553 (21 de outubro de 1905).

*tin*as, trátase dunha “bandera de raso azul y blanco para que la luciese en dichas fiestas”²⁵.

No ano 1906 prodúcese na Coruña un acontecemento que terá gran transcendencia pública andando o tempo. Un grupo de amigos deportistas que se xuntan no ximnasio Sala Calvet deciden fundar un club de fútbol, deporte aínda pouco coñecido. O 11 de marzo do ano seguinte, aquel *Club Deportivo de la Sala Calvet* decide levar no seu emblema a bandeira galega e que as cores da súa camiseta sexan tamén a branca e mais a azul; serán unhas decisións implantadas a partir de 1912. Federico Fernández-Amor Calvet, propietario da sala e principal promotor do que logo sería o Real Club Deportivo da Coruña, sabe ben o que fai, un número si e outro tamén a Sala Calvet anúnciase n’*A Nosa Terra*²⁶, publicación xurdida naquel ano de 1907 e dirixida polo núcleo que aínda forma a *Liga Gallega na Cruña*, integrante da coalición electoral *Solidaridad Gallega*, que agrupa a galeguistas, republicanos e agraristas e que vén sendo o pulo deste xornal.

Pois é precisamente d’*A Nosa Terra* de onde tiramos outras boas noticias. No mesmo mes de agosto da fundación da publicación, no ano 1907, os redactores, manifestan o seu optimismo polo que semella un crecente uso normalizado da bandeira na cidade da Coruña:

Nos congratulamos en extremo que este año como en los anteriores, alternen en el adorno de arcos y calles, con las armas y bandera nacionales, las armas y bandera de nuestra región.²⁷

Contra finais deste mesmo mes de agosto, a publicación dá cumprida información do *Festival de la Música Gallega*, organizado pola *Liga de Amigos* na praza de touros da Coruña:

El balconaje del segundo cuerpo ostentaba colgaduras de los colores nacionales y el del primer cuerpo, los colores regionales. Guirnaldas de mirto y flores rodeaban las columnas, balaustres y escudos. El tablado sito en el centro de la plaza, para los orfeones, estaba rodeado de la bandera gallega y con artísticas bandas de mirto y rosas.²⁸

Tal evento, para o que fixeron vir desde Cuba o mestre Chané, foi celebrado con pompa, coa recepción dos orfeóns no concello e posterior desfile pola cidade até a praza. Para maior solemnidade, o acto estaba presidido pola marquesa de Pardo Bazán. A presenza da bandeira nun festival de carácter “patriótico” podía ser previsible, pero a presenza da escritora, abertamente enfrontada a Murguía

25 *Gaceta de Galicia*, Santiago de Compostela, 12 de xullo de 1912.

26 *A Nosa Terra*, A Coruña, núm. 1 e seguintes (4 de agosto de 1907).

27 *A Nosa Terra*, A Coruña, núm. 2 (11 de agosto de 1907), p. 5.

28 *A Nosa Terra*, A Coruña, núm. 4 (25 de agosto de 1907), p. 3.

e aos galeguistas, indica unha aceptación do símbolo alén do círculo ideolóxico rexionalista.

Do ano 1908 non só temos noticias, temos unha bandeira, quizais a máis antiga que coñecemos, conservada na Real Academia Galega. Trátase da bandeira que cubriu o cadaleito de Curros Enríquez, desde A Habana até o cemiterio de Santo Amaro da Coruña, onde se celebrou un enterro multitudinario. A bandeira fora unha encomenda pagada pola revista habaneira *El Eco de Galicia*, que dirixía Waldo Álvarez Ínsua.

No 1909, ao se cumprir o centenario da batalla da Pontesampaio, créase unha medalla conmemorativa. O artigo 4º do Real Decreto do 13 de maio de 1909, publicado na *Gaceta* o 14, di así:

La medalla se usará con pasador de oro o dorado y cinta blanca con una franja diagonal azul, que es distintivo de la matrícula de Galicia.²⁹

Obviamente, aquela “matrícula de Galicia” non era outra cousa que a bandeira da Comandancia de Mariña da Coruña, chamada popularmente a “matrícula da Coruña”. Pero a confusión non era tal, aquela bandeira con franxa diagonal azul era xa a bandeira da Galiza; coa cita neste Real Decreto, o símbolo acadaba un certo recoñecemento oficial, mesmo que o goberno español utilizase o eufemismo “matrícula”. Sobre o mesmo asunto, o xornal pontevedrés *La Correspondencia Gallega* publicaba os días 7, 8 e 9 de xuño do mesmo ano, un número extraordinario sobre o centenario da batalla; a primeira páxina “aparece cruzada transversalmente por bandas con los colores de la bandera española y de la bandera gallega”³⁰.

Para rematar estas citas, dúas notas de prensa de 1910, especialmente significativas por aparecer a bandeira en contextos totalmente alleos ao movemento político galeguista, e mesmo no primeiro caso nun ambiente festivo onde a presenza da bandeira galega indica só irmandade galaica entre dúas cidades. É o caso dunha excursión viguesa a Santiago de Compostela que é recibida coa cidade engalanada:

La iniciativa particular se evidenciará, pues los vecinos de la Rúa del Villar, Platerías, Fajera y Fonseca, cooperan con la recepción ostentando colgaduras y adornos en las fachadas de las casas. Todo el pueblo estará engalanado, con los distintos motivos de los colores nacionales, de la bandera de Galicia blanca y azul y la de la matrícula de Vigo blanca y encarnada.³¹

En novembro do mesmo ano 1910, celébrase en Santiago de Compostela a *Asamblea Regional Católica* e a sesión inaugural é na igrexa de Santo Agostiño:

29 Citado por Couceiro Freijomil 1930.

30 *Diario de Galicia*, Santiago de Compostela, 12 de xuño de 1909.

31 *Gaceta de Galicia*, Santiago de Compostela, 22 de xuño de 1910.

El altar mayor ofrecía aspecto magnífico y suntuoso. Todo el había sido velado bajo amplias colgaduras con los colores blanco y azul de la bandera de Galicia.³²

Quedaba aínda moito que facer, pero a idea de que os galegos somos un pobo ía callando. Cando menos agora, apenas aos dez anos de comezado o século XX, a Galiza contaba xa cunha bandeira. Clubs de fútbol, orfeóns, excursionistas e organizacións relixiosas xuntábanse aos emigrantes e a aquel reducido grupo de homes e mulleres que ían conquistando un maior grao de liberdade para o noso país, todos cun mesmo símbolo. Ningún goberno impuxera aquela bandeira, ningún exército lle rendera honra, fora izada nos mastros por vontade popular.

Bibliografía

- BARREIRO DE V.V., Bernardo (1888): "Insignias y blasones de Galicia", *Galicia diplomática*, p. 7.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (1988): "A Historia da historia, (séculos XVI-XIX): aproximación a unha historiografía galega", en CASTRO, Xavier e DE JUANA, Jesús (dirs.): *IV Xornadas da Historia de Galicia*, Ourense, Deputación Provincial de Ourense, Servizo de Publicacións, p. 49.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (2006): "Os sinais da nosa identidade", en *Galicia, a forza da palabra*, Fundación Caixa Galicia, pp. 29-30. [Catálogo da exposición "Galicia, a forza da palabra", celebrada entre novembro de 2006 e febreiro de 2007 con motivo do centenario da Real Academia Galega].
- BERAMENDI, Xusto G. e NÚÑEZ SEIXAS, Xosé María (1995): *O nacionalismo galego*, Vigo, Edicións A Nosa Terra, p. 57.
- BUGALLAL Y VELA, Jaime (1981): *Origen y evolución de las armas de Galicia. La bandera de Galicia*, Madrid, Instituto Salazar y Castro, p. 8, [separata de *Hidalguía*].
- CORES TRASMONTA, Baldomero (1986): *Los símbolos gallegos*, Santiago de Compostela, Velograf, pp. 53-54.
- COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio (1930): *La bandera de Galicia*, Ourense, Imp. y pap. Galicia.
- GÓMEZ CANEDO, Lino (1991): *Los gallegos en el gobierno, la milicia y la Iglesia en América*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, p. 117, nota 232.
- LÓPEZ CARREIRA, Anselmo (2005): *O reino medieval de Galicia*, Vigo, Edicións A Nosa Terra, pp. 213-248.
- MARTÍNEZ MURGUÍA, Manuel (1887): "Armas y bandera de Galicia", *Galicia. Revista regional*, 1, p. 11.

32 *Diario de Galicia*, Santiago de Compostela, 11 de novembro de 1910.

- MENÉNDEZ-PIDAL NAVASCUÉS, Faustino (1990): "El origen inglés de las armas en Galicia", en *Actas del coloquio Galicia en la Edad Media*, Sociedad Española de Estudios Medievales, pp. 15-24.
- RISCO, Vicente (1988): *Doutrina e Ritual da Moi Nobre Orde Galega do Santo Graal*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia [edición facsimilar].
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Ángel (1993): *O tomo da cidade: Santiago, Camiño de Europa*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, p. 423.
- VAAMONDE LORES, César (1918-1922): "Un notable escudo de La Coruña", *Boletín da Real Academia Galega*, núms. 126 a 147.



Carta a Xosé Ramón Barreiro ó lor do sabre de Solís

DARIO XOHÁN CABANA
Real Academia Galega

Querido Presidente:

Eu seguiría aquí de boa gana a conversación que empezamos estoutro día na Academia sobre Glicerio Barreiro Freire, o xornalista lucense que tamén quixo ser o poeta áulico do triste patriciado local dos postremos tempos da Segunda¹ Restauración Borbónica. A verdade é que, aínda que a vida de Glicerio Barreiro non alcanzase a moito —que se cadra si—, o cadro histórico de Lugo en plena pallasada primorriverista podía dar o seu xogo, especialmente se faciamos aparecer bastante o famoso alcalde Ángel López Pérez, sonetariamente adulado daquela polo pobre Glicerio, e hoxe demasiado honrado en Lugo por unha memoria infiel, esquecida entre outras cousas de que desfixo a praza empedrada máis bonita de España —esta era a opinión de Afonso XIII, que seica as visitara todas— pra facer unha vulgar alameda. Ou de que dinamitou trinta metros de muralla romana cando xa estaba declarada monumento nacional —e o que quería era tirala enteira— pra abrir a máis fea das súas portas modernas, que é, con moita diferenza, a Porta do Hospital.

Mais pra dicirche a verdade, non é cousa de unirme á homenaxe de quen puxo tanta luz na historia contemporánea de Galiza dando intrascendentes

1 Non é que me trabuque, isto é un pequeno experimento. Quizabes débemos designar como Segunda Restauración Borbónica a que trouxo a Afonso XII en 1875 de volta do exilio ó que marchara con súa nai en 1868, chamándolle Terceira á que sucedeu tan pacificamente a Franco, e Primeira á que en 1814 convertera en rei o traidor Fernando VII despois do reinado de Xosé I Bonaparte (1808-1813), tan lexítimo coma calquera outro. Póño así en nota, de maneira que esta opinión tan estrambótica adquira sequera un leve verniz de seriedade.

noticias sobre un versificador modernista —en castelán— apenas sen outro interese có da curiosidade local. Xa che dixen aquel día que tiven a sorte de dar cunha misteriosa zarzuela en galego que lle ficara inédita, na que hai unha ducia ou dúas de versos dignos dalgunha lembranza, e que andaba facendo algunhas esculcas sobre o autor, por se acaso algún día me daba por publicar o achado meterlle un pouco de substancia anecdótica. Se eu escribíse agora sobre diso, quizabes che puidese contar algunhas cousas que ninguén sabe, fóra de min e de Juan Soto, o cronista oficial da provincia de Lugo. Pero xa haberá tempo a xeito pra estas minúsculas erudicións.

O que eu quero agora, porque iso cadra moito máis contigo e con esta ocasión, é acordarme do sabre de Solís, que estaba estes meses de atrás na exposición do centenario da Academia, posto en lugar de honra, e pra min polo menos presidindo case todo o que alí había. Así, en vez de poñerme en plan erudito local ostentando recónditas miudallas, direi humildemente grandes cousas nacionais que todo o mundo sabe, e que non necesitan repetirse, pero que eu quero repetir aquí no teu honor: no honor de quen mellor coñece a historia.

Vós —Axeitos e ti— tivestes este grande acerto: poñer ese sabre no seu sitio, no corazón mesmo da patria, da nación construíndose que foi o suxeito verdadeiro da exposición conmemorativa do centenario da Academia. Ese sabre severo, con gume e coto e canle de sangrar, áspero coma un coitelo de matar os cochos —aínda non se deberan inventar esas cromadas láminas sen corte que exhiben hoxe os oficiais de gala—; ese sabre de aceiro de verdade desenvaiñouse historicamente na Praza Maior de Lugo, acabada de abrir sobre os despojos da Desamortización, cando o coronel Solís, poñéndose á cabeza de dous batallóns, se pronunciou contra a ditadura reaccionaria de Narváez, abrindo así as portas á Revolución con que Galicia debería deixar de ser unha “colonia de la Corte”. Poucos intres máis gloriosos hai —se é que hai algún— na historia da nación galega.

Como sabes, eu traballo xusto nesa praza, na mesma casa do concello que foi testemuña daquel feito, e ás veces pñoime a pensar, ollando pola fiestra, naquel 2 de abril de 1846 —abril de lume e ferro, así lle chamou Manuel María— que puido ser pra nosoutros os galegos o mesmo que o 14 de xullo de 1789 é prós franceses, ou digo pra todos os demócratas, quero significar republicanos, do mundo enteiro. E ás veces tenme parecido ver a escena mesma: soldados, sarxentos, oficiais, lanzando o berro de liberdade no intre en que o coronel-comandante acababa a súa arenga e erguía o puño co seu nobre aceiro á caza dun raio de sol primaveral. Por iso cando inauguramos a exposición da Academia a min sobrecolléuseme o corazón diante do sabre de Solís, máis aínda se acaso ca diante da chistera de Murguía, ou do escritorio de Rosalía, ou das lentes de Castelao.

E se iso me pasou, foi tamén porque eu tiña moito ben apresas —dentro das miñas limitacións— as leccións que ti nos fuches dando. Non é que antes de ti non se soubera: Pondal sabía —*cando mo referino...*—, Murguía sabía, e o pobo intuía o que significaban os fusilados en Carral, o seu heroico intento e mais o seu tráxico fracaso, sementador de novos soños cada vez máis altos; e isto vese moi ben naquela foto onde está Lugris Freire dirixíndose a un pobo de burgueses, obreiros e labregos concentrados ó pé do monumento o 26 de abril de 1931. O galeguismo foi medrando e levedando sobre esa conciencia máis ou menos lendaria, e logo ti mostraches moito ben e de maneira irrefutable como e por que foi isto así. Pero ademais explicaches marabillosamente as liñas esenciais dese século XIX de Galicia, que semellaba tan confuso antes dos teus estudos. Canto me gustou, poño por caso, ler a túa refutación inexorable do mito dun campesiñado carlista. Puidera parecer que isto é un detalle sen maior importancia; pero cantas idioteces perigosas se fundamentaron nese mito, que aínda algúns indocumentados —a ignorancia interesada é moi tenaz— queren aducir pra afirmaren o presunto dereitismo do noso pobo.

E canto me gustou que, sen faceres caso de entusiasmos románticos nin de rutinas burocráticas, mostrases con impecable método científico o carácter pronacionalista da Revolución Galega de 1846, e que identificases nidiamente a clara liña progresista e galeguista que iría desembocar nas grandes formulacións de Manuel Murguía, e logo nas fraccións maioritarias das Irmandades da Fala e do Partido Galeguista, e por fin no nacionalismo marxista articulado partidariamente desde 1964. Ou sexa: no nacionalismo galego que agroma simbolicamente do sabre de Solís escintilando ó sol na Praza Maior de Lugo, que nace teoricamente na proclama do 15 de abril redactada por Antolín Faraldo, que se bautiza en sangue aínda antes de ter nome na derrota de Cacheiras e no martirio de Carral.

Digo ben: ese é o nacionalismo político galego, que en definitiva se remonta aínda a unha data anterior, a unha data exterior: o 14 de xullo de 1789. Porque o nacionalismo galego, a súa maior e mellor parte, é fillo da Revolución Francesa. A outra parte, a minoría, a dos saudosos do Antigo Réxime visto non cos microscopios implacables da historia senón cos ollos de Chateaubriand, nunca pasou de ser unha anécdota de nome case contraditorio nos seus termos: Dereita Galeguista. Con eles —catro gatos— están Brañas e Risco, dispostos a pregarse a España —tal como noutros sitios a Alemaña, que iso tamén se viu— en canto periga o que máis aman, que é a superstición e a propiedade; con nós, na pobreza e na riqueza, na saúde e mais na enfermidade, na crenza insubornable da soberanía popular que é fundamento da nación, militan Moncho Reboiras, Luís Soto, Otero Pedrayo, Benigno Álvarez, Xohán Xesús González, Bóveda, Castelao, Lugris, Murguía, Rosalía, Pondal, Faraldo. E milita tamén o sabre de Miguel Solís y Cuetos, capitán

xeneral revolucionario de Galiza, nacido en San Fernando, Cádiz, o 27 de marzo de 1816, e fusilado o 26 de abril de 1846 no adro de San Estevo de Paleo, concello de Carral, onde segue enterrado.

Así somos nosoutros: un sabre de aceiro toledano que pertenceu a un oficial andaluz é un dos símbolos sagrados do nacionalismo galego. Verdadeiramente, meu querido Barreiro, cada vez que escoito ese teimoso *flatus vocis* de "nacionalismo excluyente", eu esmendrélleme coa risa.

Historiador no mundo da cultura galega

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO
Real Academia Galega

Amigos e colaboradores conmemoran nestas páxinas o remate das actividades pedagóxicas que ten desenvolvido o profesor Xosé Ramón Barreiro Fernández nas aulas universitarias compostelás. Naceu o homenaxeado na vila mariñeira de Santa Uxía de Ribeira. Goréntanos lembrar na ocasión esta localidade da Barbanza na que Ribeira está situada. Barreiro ten que coñecer moi ben este macizo montañoso do neboento norte galego. Os dolmens e mámoas que nel perduran dan fe da existencia dunha poboación prerromana. De seguro que o catedrático tivo sempre na memoria as lendas sobre as grandezas primitivas de Galicia que podían localizarse naqueles lugares.

A península harmoniza paisaxes de montaña, de horizontes de ría, de costa aberta... Os restos prehistóricos combinábanse con vivires de pasados señoriais e monásticos. Barreiro lembrará, sen dúbida, dos anos de rapaz e de home maduro en épocas vacacionais, a cadea montañosa que ofrecían á súa ollada os altos do Pico de Castelo, da Curota, da Curotiña. E, xa que logo, o activo porto da súa vila natal. Tamén as factorías industriais e pesqueiras que andaban a cobrar prestixio. O trasfego dos peiraos, arrequecendo os traballos pescadores. A serra erguíase nesta marxe arousá no monte do Castro sobre Santa Uxía. Nos horizontes da ría asomaba Sálvora, onde os xenealoxistas situaban a orixe fabulosa dos Mariños de Lobeira.

Quixemos encetar o noso artigo con esta evocación das terras que envolvía a paisaxe ambiental dos primeiros anos do profesor que homenaxeamos. O escenario de Santiago foi despois onde se moveron os seus estudos e a súa docencia. Aquí decorreran as case totais actividades que realizou. Aquí prodúcese loxica-

mente a súa xubilación na cátedra na que ditou tantas leccións. Pensamos que a xubilación de alguén que mantivo a súa laboría profesional e que desenvolveu unha obra docente activa, polo cesamento faise historia. A xubilación de Xosé Ramón Barreiro deixa un baleiro na vida universitaria de Compostela. Déixaa no ámbito pedagóxico da historia contemporánea galega. Ten levado canda si un horizonte que quere dicir visibilidade e orde. Mirou desde Galicia. Manifestou de forma transparente unha vocación. A súa personalidade no mundo cultural galego, a multiplicidade de xentes nas que se reflectiu, aparecen na súa actividade diversa. Obedecen a unha necesidade que vén ser, ao mesmo tempo, fe e razón.

Se a personalidade do catedrático de Ribeira se centrou preferentemente no ensino da historia contemporánea, exerce e vén exercendo o cultivo da polivalencia. Pensamos que en toda personalidade polivalente cómpre procurar o núcleo onde abrolla. Vivir é ter que experimentar aquilo que se escribe. A personalidade vén ser o aspecto da persoa en brega coa circunstancia. A de Barreiro ten sido Galicia, principalmente a Galicia do XIX. Disto calcou evidente pegada na súa *Historia contemporánea de Galicia*. Pero asemade en moitos outros estudos nos que pescudou sobre acontecementos que tiveron significativa presenza no decorrer histórico do país. Por exemplo sobre a problemática foral do XVIII, ou, sobre os primeiros liberais galegos. Igualmente, a análise do federalismo e o rexionalismo na Galicia do XIX, e a do pronunciamento galego do 1846.

Simultaneamente coa docencia universitaria, Xosé Ramón Barreiro vén realizando a función de presidente da Academia Galega. Durante o seu mandado, a Corporación académica ten desenvolto un importante labor. Sobre todo nos eidos do idioma: a normativización, a colleita lexicográfica, a pescuda científica, o rigor no estudo da lingua constitúen temas de especial atención nas actividades institucionais. A cultura galega nos seus diversos aspectos ocupa a dedicación dos numerarios que integran a entidade. Pero todos eles, e o seu Presidente o primeiro, consagran especial interese ao prestixio idiomático. Porque teñen plena conciencia da importancia que o idioma ten como medio de expresión das nosas ideas. A linguaxe e o pensamento van indisolublemente unidos xa que son, no fondo, unha soa e mesma cousa.

Baixo a presidencia de Barreiro Fernández celebrouse o centenario da fundación da Academia. As festas culturais conmemorativas tiveron ampla dimensión e abrangueron múltiples expresións. A través delas o país puido coñecer a tarefa desenvolvida desde as horas iniciais en exposicións, reactualización de actos históricos, en publicacións e conferencias ilustrativas. A Academia presentou á actualidade expresivas amosas de laboría realizada durante cen anos de existencia. Botouse de ver así como se conxugou o sentido da tradición autóctona e o espírito universalista. A idea de tradición entendida como a transmisión dun patri-

monio que constitúe a esencia de identidade socio-cultural do país. Porén, unha tradición que supón a superación do pasado. A personalidade cultural, substancia tradicional diferenciada, arriqueceuse con visión anovadora que o decorrer do tempo impón.

Outra amosa das actividades que motivan o interese de Barreiro, aínda que pouco coñecida, é a bibliofilia. A súa afección preferente oriéntase a coleccionar libros raros e curiosos. Na súa biblioteca particular reuniu fondos históricos, políticos, eclesiásticos, ao parecer de inestimable relevo. Amante das publicacións manuscritas ou impresas en tempos pasados, Barreiro sabe ben que moitos daqueles textos maravillosos pereceron. Que foron milleiros e milleiros os que se queimaron. Que non se conservan máis que títulos. Na Idade Media, cando o pergameo custaba caro raspábase o texto orixinal cun coitelo. Escribíase logo a vida dos santos no lugar onde estaban escritos poemas gregos impíos ou obras de historia romana.

Xosé Ramón Barreiro centrou a súa vocación activa no decorrer da época contemporánea, pero iso non lle impediu sentir curiosidade e gusto polos aconteceres reflectidos nos libros de tempos devanceiros, como lector e como coleccionista. De todos os xeitos, nestes momentos da xubilación no ensino universitario, o que cômpre salientar é o seu labor docente na especialidade que cultivou. Tamén o interese das súas publicacións. Sobre todo, nas de tema galego. Nelas ten feito unha análise importante sobre feitos que marcaron fitos no decorrer histórico de Galicia nos últimos séculos.

Mestre na disciplina que profesou, moveuse doadamente no eido interpretativo de acontecementos e ideais protagonizados por figuras e institucións da política galega. A obra do historiador é, no caso del, máis complexa que colocar os feitos na orde da súa aparición. Aceptalos sen máis, atalos atropeladamente en grupos e colocarlles a estes unha etiqueta. O pensamento de Barreiro manifestouse guiado pola vocación, introducíndose no problema histórico galego do dezanove. Aparece como unha constante na maioría dos seus traballos.

O Pozo da Señora

VICTOR F. FREIXANES
Real Academia Galega

Para Xosé Ramón Barreiro,
que moito nos axudou a descubrir esta parte do mundo

Avanza a carreta coma unha nave polo medio da chaira, axitando o poderoso toldo e o seu pesado armazón de varas. De primeiras case que non se ve: un puntiño branco que escintila á luz da mañá esmagado entre as altísimas herbas. Pero os ollos da rapaza albíscana dende antes de que apareza, coma se o aire e o arrecendo da terra anunciasen a súa chegada. Ladra o can. Brinca fóra do pescante e corre lixeiro onda a cativa. Chámase Nei.

“¿Por que lle puxeches así?”, preguntoulle unha vez.

O home sorriu, cuspiu no chan, apertando os labios mentres afiaba a vara de ameneiro, e dixo: “Era o nome dun mariscal de Francia”. E engadiu: “Todos os cans desta parte do mundo chámanse da mesma maneira”.

O campo aparece inzado de pampullos, flores amarelas, que a brisa de maio fai abalar en grandes ondas. Un pouco máis alá, preto do río, florece a xesta. Alí está a barca. É unha plataforma cadrada, de grandes madeiras húmidas, como as que se poñen nas pontellas para que pasen as cabalgaduras. Dunha das estremas pende unha pértega que agora repousa enriba da cuberta. Con ela gobiñase a embarcación para pasar dunha beira a outra.

Hai tempo que o vendedor de ferralla cruza o río por este lugar: o Pozo da Señora, paraxe arredada das casas do Camiño Real, que vén dar un longo rodeo polas estribeiras da serra. Aquí unicamente viven o vello e mais a neta. Poden gañarse dous días no atallo, se a corrente vai mansa. Pero el nunca ten présa.

“Neste sitio afogamos o teu avó e mais eu unha compañía enteira de gachos, peste de Satanás, nos días terribles da francesada”, contoulle nunha ocasión.

Quizais non fosen tantos, un e outro esbardallaban bastante: o vello barqueiro, sentado a carón do lume, porque xa daquela lle custaba moverse, e el na porta da cabana, onde pasaba a noite. Pero a historia sempre era a mesma.

“Mandábaos un capitanciño novo, cangado todo de medallas, cun chapeu de plumas, moi pintureiro, que apareceu unha mañá entre os ribazos. ¿Acórdaste, Tomé?”, upábase o da carreta.

Aínda que lle preguntaba ao vello, no fondo falaba sempre para a rapaza.

“Disque entraron para esta parte porque viñan perdidos. Algúns non tiñan nin dezaseis anos. Unhas criaturas. Traían o pánico nos ollos, coma se acabaran de ver a boca do inferno, talmente. Moi bravo debe ser o Anticristo para mandar a xente así por estas terras. O teu avó deuse de conta axiña. Primeiro os homes e logo os cabalos, díxolles, para non ter que pasalos xuntos. Cómo berraban os condenados. ¿Acórdaste, Tomé, como berraban?”

E o outro:

“Acordo, ho. Tal parece que aínda os sinto, mala centella os coma. Nunca deixo de escoitalos. Así volvesen, habíamos de rebentalos outra vez, que non volveron”.

“¿Como habían volver?” retrucaba o compañeiro. “Aínda han de estar no fondo do río, arregañando os dentes e maldicindo do mundo, coma diaños. Os cabalos vendémolos na feira de Paradanta. Déronnos cartos por eles. Non é que fosen gran cousa, acabadiños que estaban, pero tampouco os pagaron mal. Arma-mos unha boa festa daquela. ¿Acórdaste, Tomé...?”

Os homes rían, sobre todo o da barca, con aquela risa nerviosa e sen dentes que a ela ben pouco lle gustaba, porque lle daba medo. Asustábaa a risa do vello tanto coma a imaxe dos rostros tumefectos dos soldadiños, os ollos fóra das cuncas, pois é así como din que aparecen os afogados, amarrados coma piñas de brancellao por non sei que escuras ataduras á profundidade das augas. “Nunca sabemos onde é que a temos”.

Sabía outras historias o moinante: noticias de países afastados, homes e ríos máis anchos ca aquel, cidades cheas de xente, ruidosas, relumbrantes. Pero ao vello non lle interesaban. No río sempre ocorrían as mesmas cousas: a primavera, o verán, o outono, o inverno... Igual que a máquina do Universo xira arredor de si e debuxa no ceo un círculo perfecto, así o mundo tamén, e mais as súas criaturas, segundo dispón a lei de Deus Noso Señor. “Cada quen ten o seu sitio”, repetía. “Todos levamos unha marca na fronte”. Era a rapaza, aínda unha nena, a que escoitaba abraiada as historias do home da carreta, que chegaba sempre anunciado polos

ladridos de Nei, unhas veces na porta da cabana, en inverno a carón da lareira, pois dese xeito agradecía a hospitalidade, tanto á ida coma ao regreso.

“¿Que me trouxeches?”

“Un axóuxere”.

Nunha caixiña de madeira. Abría a caixa e alí estaba. Parecía de prata, aínda que non o fose. O home contaba que pertencera a unha raíña de África. A raíña tiña unha cabra, unha cabra sabia, que lía nos libros antigos e sempre estaba a rumiar, metendo non sei qué cousas dentro, quizais preocupada polo final dos tempos ela tamén. A raíña chamábaa facendo soar o axóuxere.

Unha vez viu pasar uns xitanos. Viñan de San Mamede, con músicas e ferríños, e prenderon fogueiras non lonxe da casa. O vello non a deixou saír. Non se fiaba deles. Decía que eran irmáns ou parentes dos asasinados de Cristo. Durante toda a noite a rapaza viu arder as lumieiras do outro lado do río, atenta ás sombras dos peregrinos, escoitando as súas músicas. O barqueiro fixo tres viaxes para pasalos, a cambio dunha moeda de cobre de cada vez, mais logo que se foron, botou tres cruces e guindou as moedas ao río.

“¿Por que fas iso, avó?”

“Ese diñeiro non é noso”.

Os xitanos levaban canda si unha cabra. Faciana bailar enriba dun tallo mentres tocaban. ¿El sería a cabra da raíña aquela de África?, pensaba a rapaza.

Noutra ocasión o home da carreta tróuxolle unha fita colorada. Segundo lle explicou, era de seda e durante moito tempo servira de lazo para a capa do anano da torre de París.

“¿Como é de grande?”

“¿O anano?”

“Non, a torre”.

“Enorme. Ti nunca viches nada parecido”.

Ela nunca vira unha torre, aínda que o home falaba delas, e mais o seu avó, dende o catre onde agoniaba, atacado de reumas. As torres de Compostela, por exemplo. Ou as torres da catedral de Astorga, que era de onde viña o viaxeiro. Aquelas humidades, tan duras, sobre todo no inverno, non eran o máis apropiado para a saúde do vello. Pero o señor Tomé non quería moverse do río. O paso da barca pertencera ao seu pai, privilexio dos frades de Celanova, por un real e medio décimo, e el administrábaos dende entón, como o administraría e rendería o seu fillo, ou o seu neto, se tal tivese, que unicamente a tiña a ela, pois todos eran parte do río, coma as árbores, coma a herba que crece nas ribeiras, coma as almas dos condenados que habitan as profundidades, ¿e logo non?, sepultados entre os limos do fondo, ou como a Docísima Señora, que nas mañanciñas de maio pasea por riba das augas coma unha néboa branca, coma un sudario, e que un día ha

vir a acollernos nos seus brazos. Así o contaba o avó. E ela, cada día máis muller, deprende a manexar a pértega e a desprazar a xangada pola corrente, para seguir dando conta do servizo cando el xa non puidese facelo.

A única visita que o barqueiro realmente agradecía era a do home da carreta.

“¿Que me traes?”

“Un espello...”

Ulía a pimentón, a especias, a pellos de Castela e augardente. Tamén a ruda, que vendía polas portas das casas cando chegaba a esas cidades das que tantas cousas sabía. No interior da carreta, baixo o gran sabo de lona e o teito de coiros, candís de latón dourado, fitas e aparatosos fardos, o mundo era diferente, transformábase noutra cousa, e ela sentía que alí podía ser feliz. O vello decatábase diso.

“¿E isto que é?”

“Un papel de cor”.

“¿Para que?”

“Para que escriban os namorados”.

Non sabía escribir. El tampouco. Quizais nas cidades as damas e os cabaleiros soubesen facelo. De feito, o papel era para eles. A ela regaloulle unha peza de lenzo, moi branco, coma disque lucía a Señora do río cando paseaba por riba das augas, aquel reino misterioso. Coñecía a historia porque moitas veces lla contara o barqueiro. Cando se foi, avivando o paso da mula polo camiño da serra, ela pechou os ollos e intentou gravar na memoria o recordo de cada aceno, o tacto das súas mans, os seus silencios, para non perdelo, e mais o arrecendo do interior da carreta: a canela e a herba luísa, fitas coloradas e papeis de fantasía, cos ladridos do can Nei.

Foi moi duro aquel inverno. Nevou contra final de febreiro. O río asolagou as leiras, encheu os campos e non deixou pasar a carreta do moinante. Ninguén demandaba tampouco o servizo da barca. Santa María do Castro, a aldea máis próxima, quedaba a algo máis de tres leguas. Unha mañá, o señor Tomé púxose enfermo. Afofaba. A humidade do río metíase dentro, coma se se apoderase del, dicía. Tal semellaba que os rostros dos afogados acordasen de súpeto do seu profundísimo soño e emergullasen do avesedo das augas, aganchando polas ribadas, para lle roubar o alento. En realidade, había tempo que agardaba por eles. “¡Xa están aquí! ¡Xa os teño diante...!”; revolviase, axitado polas febres, enchoupado de suor e facendo renxer o catre con terribles sacudidas.

A agonía durou case que dúas semanas. Ela intentaba calmalo con ruda e con mentastros, tal que o avó lle ensinara, pois era a ciencia que tiñan, mais o barqueiro volvía unha e outra vez os ollos ao río, coma unha cisma:

“¡Xa están aquí...!”

De súpeto, parou. A respiración foi acougando, coma quen libra dun desesperado esforzo, combate de varios días, igual que aquela vez, cando chimpanaron no pozo, un por un, a revolución toda do Anticristo. ¡Como berran os malditos! E ela deixou de oír a risa do avó.

Ninguén a axudou. Estaba afeita a facelo. Amortalouno. Utilizou o lenzo que lle regalara o moinante. O lume da lareira ardeu aínda durante case unha semana. Pero logo foise apagando tamén, paseniñamente, case que ao tempo que a verdura volvía aos campos e apuntaban os primeiros gromos dos amieiros. A pesada respiración da brétema devalaba do outro lado das árbores coma unha misteriosa estadea. Envurullou o cadáver na mortalla, enleándoo varias veces, e coas forzas que tiña arrastrouno cara á barca. Apañou a pértega, empuxou as madeiras contra a corrente e as augas levárona de vagariño río abaixo coma se a obedecesen. Era un rito que se repetía, esta vez igual que as outras: agora el, antes o seu pai, moito antes o seu avó. Todos volvían ao río. Ela estaba alí para iso, dende o principio do mundo e ata o final dos tempos.

Por entre o mar de flores amarelas, anunciado polo arrecendo da terra, pois todo se repite e se renova, os ladridos do can Nei advirten da presenza bambeante da carreta do viaxeiro, apenas un puntiño branco por entremedias da chaira vestida de primavera. Amanece. Asubían os merlos. Locen novas as cerdeiras. Sentada na porta da cabana, a rapaza olla a pasada do vento, que acariña coa súa doce man manseliña a cabeleira da herba.

O Cabo. Brión, 2007

The first part of the document discusses the importance of maintaining accurate records of all transactions. It emphasizes that every entry should be supported by a valid receipt or invoice. The text also mentions the need for regular audits to ensure the integrity of the financial data. Furthermore, it highlights the role of the accounting department in providing timely and accurate information to management for decision-making purposes. The document concludes by stating that adherence to these principles is essential for the long-term success and stability of the organization.

In addition, the document outlines the specific procedures for handling cash payments and receipts. It requires that all cash transactions be recorded immediately and accurately. The text also discusses the importance of maintaining a clear and organized system for storing and retrieving financial records. It notes that this system should be designed to facilitate the identification and verification of all financial data. The document further states that all records should be kept for a minimum of seven years to comply with applicable regulations. Finally, it emphasizes the need for strict confidentiality and security measures to protect the organization's financial information from unauthorized access or disclosure.

The second part of the document provides a detailed overview of the organization's financial performance over the past year. It begins with a summary of the key financial indicators, including revenue, expenses, and net income. The text then presents a more in-depth analysis of these indicators, highlighting the factors that have contributed to the organization's overall financial success. It notes that the company has achieved a significant increase in revenue, primarily due to the successful launch of its new product line and the expansion of its market reach. Additionally, the document mentions that the company has managed to reduce its operating expenses, which has helped to improve its profit margins. The text also discusses the company's financial position, including its liquidity and solvency, and notes that the organization remains well-positioned to meet its long-term financial goals. Finally, the document concludes by expressing the company's confidence in its ability to continue to grow and succeed in the future.

Xosé Ramón Barreiro Fernández

SALVADOR GARCIA-BODANO
Real Academia Galega

Retrato vital a témpera.

Sobre o fondo, a ribeira ben amada
nesta terra de agardas e beleza,
cunha Historia ferida de incerteza
e o loitar pola lingua acurralada.

Voz tronante dende o alto proxectada
cara ó ensino de xestas e braveza,
ampla face –espello de nobreza–
e a sabenza nos libros consagrada.

Un vivir xeneroso e destemido
baixo o ondear amoroso da bandeira
que clama por un pobo redimido.

Con Beatriz e con Álvaro á beira,
sente o ser da nación a el fundido
e acolle na súa alma a patria enteira.

No Casal das Figueiras
Xaneiro de 2007

Sobre as *Cartas a un mozo galego*

CAMILO GONSAR
Real Academia Galega

A Xosé Ramón Barreiro, co desexo dunha feliz e
fecunda xubilación

É ben coñecida a importancia da faceta epistolar na figura de Ramón Piñeiro. As *Cartas a un mozo galego* publicadas hai uns meses por Galaxia son especialmente interesantes porque poñen de manifesto as dúbidas e meditacións de Piñeiro nunha fase inicial do seu pensamento sobre Galicia acabado de publicar o seu *Significado metafísico da Saudade*. Estou seguro de que tan interesantes como as respostas de Piñeiro serían as preguntas de Allué, mais o epistolario deste libro é unilateral, de Piñeiro a Allué e non viceversa. Xosé Luis Allué Andrade, monfortino, músico, poeta, ensaísta e científico, autor de obras de prestixio internacional sobre enxeñaría forestal era, e é, sen dúbida o máis polifacético e mellor preparado dos membros da Xeración dos 50. Polo demais, as cartas de Piñeiro teñen unha estrutura case invariable. Primeiro, dan conta das súas viaxes e movementos por Galicia: Lugo, Monforte, Sarria, etc., sempre guiado por algún motivo ou obxectivo moi concreto. Seguidamente, as respostas ás cuestións formuladas por Allué: sobre a compatibilidade da cultura *in abstracto* coas diversas culturas nacionais; sobre os diferentes tipos de transcendencia da soidade ontolóxica radical da persoa humana, etc. E, finalmente, unha referencia ás actividades entusiastas da mocidade de Santiago e un sutil chamamento para, dalgunha maneira, sumarse a elas.

Houbo, e seguirá habendo, intentos para perfilar dun xeito máis ou menos "científico" o concepto histórico e sociolóxico de "xeración". Como o presente escrito non pretende ser científico, senón soamente autobiográfico, desentendeime deste problema. Non obstante, falo dunha xeración, a "Xeración dos 50"

(X-50 para abreviar). Denomino así un grupo de rapaces nados arredor de 1930 que se incorporaron ao galeguismo na década dos 50. Compartían o mesmo ideal –o dunha Galicia galega–, e detestaban, claro é, a situación política española, é dicir, a ditadura de Franco. E non eran alleos, naturalmente, ao horizonte mundial, ensombrecido pola Guerra Fría.

Mais dentro da X-50, distingo dous subgrupos. O primeiro –G-A– formado arredor da Universidade de Compostela –e xenerosamente acollido por Borobó no xornal *La Noche*– que en Compostela levou a cabo con entusiasmo unha meritoria acción cultural, literaria e mesmo política (relatada por Franco Grande na súa obra *Os anos escuros*), o segundo subgrupo –G-B–, moi reducido, composto por mozos radicados, por diversos motivos, en Madrid, que é no que me vou centrar; trátase dun grupo marxinal, sen outra relación co centro do galeguismo –con Ramón Piñeiro– que a puramente epistolar.

Ben me decato da posibilidade de que eu presente como ideas, sentimentos e actitudes de tipo xeracional, ideas, sentimentos e actitudes, que eran exclusivamente miñas e dos amigos cos que tiña un trato máis frecuente. É un risco que non teño máis remedio que asumir.

E sigamos co G-B. O noso soño era Europa, unha Europa na que os diferentes estados históricos europeos quedarían difuminados en beneficio das rexións e nacións que os integran. A nosa capital era París. Pero non eramos nós os únicos entusiastas de Francia. As cancións francesas poboaban daquela o ambiente madrileño. Escoitabamos con devoción a Juliette Greco, a Georges Brassens, a Edith Piaf, a Ives Montand, etc. O existencialismo era tema das nosas conversas. Procurabamos ler a Camus, a Sartre, etc., tamén, curiosamente, unha novela inglesa *Contrapunto*, de Huxley. En canto á literatura española simpatizabamos coa Xeración do 98 e a súa visión crítica de España (incluída Castela, contra o que se adoita afirmar), a súa preocupación ética, a súa taurofobia (a mellor e máis desmitificadora descrición dunha corrida de toda a literatura atopámola no derradeiro capítulo de *La Busca*, de Baroja). Da Xeración do 27, hoxe tan de moda, afastábanos o seu populismo esteticista, o seu flamenquismo, as súas afinidades co homosexualismo, a súa taurofilia, etc. Do *boom* latinoamericano, como despois se lle chamou, non tiñamos nin sombra de noticia. E non o lamento. Non son capaz, como outros afirman selo, de descubrir o segredo da existencia nos contos de Cortázar, nin me interesan as profundadas de Borges.

Frecuentabamos as “Covas de Sésamo” pálido reflexo madrileño das caves parisienses, seguros de que alí atoparíamos algún amigo: Novoneira, Constantino Grandío, Allué, Abelenda con Evelin, a súa inseparable compañeira francesa, o futuro doutor Lope Estévez Rosales, Enrique Rodríguez Blein, o noso gran Piscator (léase “The Angler” de Isaac Walton) e, especialmente, Xaime Magariños. Lem-

bro –pero seguro que lembro mal, coma case todo o que aquí escribo– os versos de César Vallejo que, escritos na parede, nos saudaban ao baixar as escaleiras de Sésamo: “Moriré en París con aguacero/ una tarde que ya tengo en la memoria”. Mais os encontros en Sésamo podían ser sorprendentes. Baixaba eu un serán as súas escaleiras con Ramón Piñeiro, interesado en coñecer as Covas, cando, non ben chegamos ao soto –a estancia principal– vexo que Piñeiro e un home da súa idade máis ou menos, se funden nunha longa aperta. Era o dono de Sésamo, militante do PC, co que Piñeiro compartira varios anos de cadea.

Mencionei antes a Xaime Magariños. El exemplificaba o noso ideal de vida. Era coetáneo noso, pero Allué escribe con graza que “de maiores todos queríamos ser Magariños”. Eu mesmo lle dediquei a Magariños, co título de “Ruibal”, o capítulo central do meu primeiro relato longo “Como calquera outro día”. E o noso ideal de vida era resumible no famoso *Carpe diem* horaciano, e “a flor do día” consistía en conversas inesgotables cos amigos – “eu non vou ao cine porque me interrompe”, confesaba Magariños– e no aproveitamento de toda posibilidade que se presentase de viaxar gratis –ou sexa, en *auto-stop*– a onde fose. As *Cartas* que comentamos inclúen unha escrita por Magariños en París, nun café na ribeira do Sena, á vista da marabilla gótica de Notre Dame, mentres agarda pola chegada da súa amiga Françoise, coa que intercambia clases de debuxo –Magariños era pintor– por clases de francés. Xa ten un traballo, conta, e deféndese ben en francés –“xa podo discutir cos barbudos de Montmartre e Montparnasse”–; París é o seu mundo e pensa ficar alí todo o tempo que poida, gorentando a lixeira brétema, moi familiar para un galego, que envolve a cidade e que el cualifica como “un incienso europeo” tan axeitado para ler a poesía dun Hölderlin ou dun Rilke.

Polo tempo no que se escribiu esta carta, desembarcaba eu na estación Victoria de Londres, un serán xa declinante, limpo, claro e despexado, presidido por esa suave luz inglesa que salienta as cores sen ferilas. De inmediato quedei enfeitizado, non só pola luz, senón tamén pola atmosfera de calma, de silencio, de serenidade, e de confort e por unha sensación de elegancia indescribible e ubicua. Desde entón, prevaleceu en min –pero non en todos os meus amigos– o mundo inglés sobre o francés.

Polo de agora tratei de relatar feitos. No que segue tratarei, brevemente, de comentalos e de valoralos.

Para empezar: o noso soño europeo foi totalmente esnaquizado pola realidade. A Comunidade Europea existente é o produto dun cambalache entre estados, opostos a ceder nin un milímetro da súa soberanía. E, concretamente, a representación española en Bruxelas está formada en gran parte polo refugallo da clase política madrileña e, de maneira esmagadoramente maioritaria por dous

partidos, o PP e mais o PSOE, tradicionalmente centralistas e cunha visión excluín-te e reaccionaria do nacionalismo español. De feito só se poñen de acordo no Parlamento europeo para defender contra vento e marea as corridas de touros. Así e todo, penso que mellor isto que nada.

Polo que se refire a Piñeiro, penso que o seu labor, cualificado despectivamente como puramente culturalista por algúns políticos nacionalistas, foi dunha importancia transcendental para conservar e enriquecer o contido da nación galega. Aínda máis, sen Piñeiro moitos deses políticos nin sequera existirían. Por outra parte, o resultado dunha acción propiamente política, –sen negarlle os seus méritos– cal foi? A resposta é doada e o fracaso evidente: máis dunha década de maioría absoluta de Fraga Iribarne.

Se se me permite esta pedantería pseudo-hegeliana diría que Galicia é unha nación “en-si”, mais non “para-si”, non autoconsciente. En Euskadi, polo contrario, o “para si,” excede o “en-si”. Quizais sexa en Catalunya onde se dá un maior equilibrio entre estes dous momentos, no senso de ser unha nación “en-si” e “para-si”.

Naturalmente, o labor de Piñeiro non está exento de sombras, debidas, en boa parte, ao seu afán definitorio e ao seu apriorismo. Tal ocorre, por exemplo, cando lle apon á literatura galega dúas características esenciais: a imaxinación e a graza, o humor. Sen elas, non sería galega. De ser isto certo o cumio da literatura galega sería Cunqueiro. Nada que obxectar, en principio. Pero o problema é o “cunqueirismo”. Porque case todos os escritores se consideran dotados de imaxinación. Moí poucos, en cambio son os que teñen graza. E nada máis doado que dar “renda solta” á imaxinación. Mais se esta é totalmente arbitraria, sen soporte na nosa realidade nin relación clara con ela e, ademais, sen humor nin graza, os resultados serán decepcionantes. Refirome, por exemplo á sobreexplotación dos temas artúricos e franco-bretóns, iniciada, por certo, entre outros, polo propio Cunqueiro, e proseguida con obras de valor desigual. En todo caso, así como o novelista inglés Julian Barnes aconsellaba a prohibición de máis novelas inglesas ambientadas en Oxford, eu prohibiría, na nosa literatura, novas incursións nos temas anteditos. Na súa mellor obra, *Xente de aquí e de acolá*, Cunqueiro usa a imaxinación como instrumento para profundar na psicoloxía do labrego galego –ou lugués– e, efectivamente, a través da imaxinación cunqueiriana, acadamos un mellor coñecemento destes labregos, pero que vemos a través dos escuros soños da Musa da Historia? Nada; máis que escuros son opacos. Por último, a imaxinación expresada nunha prosa “incolora, inodora e insípida” produce obras como a *Saga fuga de J.B.*, dificilmente lexibles, malia o seu éxito de vendas.

Outro aspecto do apriorismo de Piñeiro foi a súa tendencia a considerar os seus amigos e seguidores máis novos como pezas a encaixar no seu plan cultural

para Galicia: isto puido ser contraproducente e atrevome a pensar que o foi no caso concreto de Allué.

Non estivo limitado por ningún apriorismo Celestino Fernández de la Vega no seu lúcido escrito "Perfil gallego de Valle-Inclán" (*Ínsula*, núms. 152-53). Á luz dunha previa e xenerosa comprensión do que significa ser "escritor galego" reflexiona Celestino sobre a obra de Valle e, deste xeito, chega a unha concepción máis completa da mesma e a unha máis rica e complexa idea do que significa o adxectivo "galego" aplicado a un escritor. Un bo exemplo de "círculo hermenéutico". E, para rematar, volvo á X-50. Penso que foi esmagada pola reticencia da Xeración anterior, a Xeración Galaxia, e polo éxito mediático das xeracións posteriores tanto en Galicia como en Madrid e as súas colonias. Persoalmente, non teño máis que motivos de agradecemento a Ramón Piñeiro e aos compoñentes da ilustre Xeración Galaxia. A Piñeiro —e ao prof. Martínez López— débolles, entre outros beneficios, o meu primeiro traballo, na Universidade de Syracuse. Pero a reticencia á que me refiro, está ben representada polo pouco simpático artigo de F. Cadaval (Carballo Calero) titulado "Kafka, Faulkner e outras kaes" (*La Noche*, 5 de xullo de 1956). Por outra parte, o mutuo arredamento entre o universo mediático (premios, xornais, TV, mesmo a revista galega de cultura, *Grial*) e a X-50 é, salvo contadas excepcións, total e absoluto: e isto paréceme, non lamentable, senón desexable e satisfactorio para as dúas partes concernidas.

The first of these is the fact that the...
The second is the fact that the...
The third is the fact that the...
The fourth is the fact that the...
The fifth is the fact that the...
The sixth is the fact that the...
The seventh is the fact that the...
The eighth is the fact that the...
The ninth is the fact that the...
The tenth is the fact that the...
The eleventh is the fact that the...
The twelfth is the fact that the...
The thirteenth is the fact that the...
The fourteenth is the fact that the...
The fifteenth is the fact that the...
The sixteenth is the fact that the...
The seventeenth is the fact that the...
The eighteenth is the fact that the...
The nineteenth is the fact that the...
The twentieth is the fact that the...
The twenty-first is the fact that the...
The twenty-second is the fact that the...
The twenty-third is the fact that the...
The twenty-fourth is the fact that the...
The twenty-fifth is the fact that the...
The twenty-sixth is the fact that the...
The twenty-seventh is the fact that the...
The twenty-eighth is the fact that the...
The twenty-ninth is the fact that the...
The thirtieth is the fact that the...
The thirty-first is the fact that the...
The thirty-second is the fact that the...
The thirty-third is the fact that the...
The thirty-fourth is the fact that the...
The thirty-fifth is the fact that the...
The thirty-sixth is the fact that the...
The thirty-seventh is the fact that the...
The thirty-eighth is the fact that the...
The thirty-ninth is the fact that the...
The fortieth is the fact that the...
The forty-first is the fact that the...
The forty-second is the fact that the...
The forty-third is the fact that the...
The forty-fourth is the fact that the...
The forty-fifth is the fact that the...
The forty-sixth is the fact that the...
The forty-seventh is the fact that the...
The forty-eighth is the fact that the...
The forty-ninth is the fact that the...
The fiftieth is the fact that the...
The fifty-first is the fact that the...
The fifty-second is the fact that the...
The fifty-third is the fact that the...
The fifty-fourth is the fact that the...
The fifty-fifth is the fact that the...
The fifty-sixth is the fact that the...
The fifty-seventh is the fact that the...
The fifty-eighth is the fact that the...
The fifty-ninth is the fact that the...
The sixtieth is the fact that the...
The sixty-first is the fact that the...
The sixty-second is the fact that the...
The sixty-third is the fact that the...
The sixty-fourth is the fact that the...
The sixty-fifth is the fact that the...
The sixty-sixth is the fact that the...
The sixty-seventh is the fact that the...
The sixty-eighth is the fact that the...
The sixty-ninth is the fact that the...
The seventieth is the fact that the...
The seventy-first is the fact that the...
The seventy-second is the fact that the...
The seventy-third is the fact that the...
The seventy-fourth is the fact that the...
The seventy-fifth is the fact that the...
The seventy-sixth is the fact that the...
The seventy-seventh is the fact that the...
The seventy-eighth is the fact that the...
The seventy-ninth is the fact that the...
The eightieth is the fact that the...
The eighty-first is the fact that the...
The eighty-second is the fact that the...
The eighty-third is the fact that the...
The eighty-fourth is the fact that the...
The eighty-fifth is the fact that the...
The eighty-sixth is the fact that the...
The eighty-seventh is the fact that the...
The eighty-eighth is the fact that the...
The eighty-ninth is the fact that the...
The ninetieth is the fact that the...
The ninety-first is the fact that the...
The ninety-second is the fact that the...
The ninety-third is the fact that the...
The ninety-fourth is the fact that the...
The ninety-fifth is the fact that the...
The ninety-sixth is the fact that the...
The ninety-seventh is the fact that the...
The ninety-eighth is the fact that the...
The ninety-ninth is the fact that the...
The hundredth is the fact that the...

La liberté guidant le peuple (vórtice)

XOSÉ LUIS MÉNDEZ FERRÍN
Real Academia Galega

Ao maxisterio histórico e nacional de
Xosé Ramón Barreiro Fernández.

Factoría de papel moeda no Castro de Lousame,
Domingos Fontán cos De la Riba e Compañía. Chop, chop: as pozas
dos curtumes de Beltrán Garra no Sarela.
Vexo aqueles que en Londres e París soñaron regresos sempre dilatados.
Núñez de Taboada, dicionarista e confidente a soldo de Vidocq.
Acedume nos ollos leva Pardo de Andrade.
O avó militar de Don Ramón: esparterista.
Na eira de Trasalba renxe o portón con laios constitucionais.
Ponse Sarmiento: "En Celanova non teñen os frades libro que mereza a
pena".
Así foi que Europa puxo fin aos Estados Pontificios.
Garibaldi: camisolas vermellas con Carducci e todos os amigos de eiquí,
tipo Xoán Deus.
Pro antes, a posta en libre circulación dos bens conventuais
arrecendeu ao xasmín e ceibados foron cadoiros de saudade cambiadora.
Rosendo Salvado xa non manda en San Martiño Pinario, madía leva.
Agora góbernalles aos australianos os soños, os birimbaos e a pintura ru-
pestre
qué remedio lle queda.
Aínda que resultaron fusilados os creguiños na Pastoriza.
Era cando Pío Nono lle declaraba a guerra ao estado xeral das cousas
no Mundo.

Neste poema agora faise noite e entra o medo.
Muller con capota incrustada de abelorios acibeche,
ollos calcificados,
nunha man as condecoracións militares e na outra o relicario
que contén un corazón de amado.
Xoana de Vega, visitadora do preso, dama luar e poético-conspirativa
que foi desexada por Alberto Camino pesia á diferenza de idade.
So os *ciels-de-lit* da súa alcoba acubillou o axente revolucionario.
O aldeán cabaneiro sen terra andaba aos oficios ambulantes
E pedía por portas ao xa non se valer do corpo nin da ialma.
“Fun de Santiago a Padrón / cun chover que era arroiá”, ela.
Outros probes ían con Tomé das Congostras roubar nos camiños
e iso ocorría no tempo no que puñan Jean Harguindey Broussain
interno nos marianistas de Bayonne, ou así.
Pías de salgazón con regos para tornar o saín.
Difundírase a xávega e a traíña ía dominando no sistema extractivo.
Introduce a punta do pé Solís na estribeira esquerda.
O cabalo negro venta arexas de fronde e estremécelle a illarga.
Pono ao trote o fráxil coronel romántico; en Lugo estamos.
Ergue Solís o sabre co puño á altura da vista, guíao, *Liberté*.
Na Acibecharía un oficial noviño vai morrer na botica de Martínez.
“Cando mo referino”, por Pondal.
Polas rúas en tumulto pálidos estudantes de chapeu *haut-de-forme*,
trabuco laranxeiro, gravatas mal lazadas e sen dúbida fraques azuis.
Meniños de Sar co peito nu e pistola Lefauchaux en cada man.
1846 e as tetas fartas de *Liberté* aleitoaban crepúsculos de fogo.
O quinqué de petróleo: un dandi le no pazo aldeán a Diderot
e pensa.
La Corogne, reza no Arco de Bonaparte, onde Austerlitz e Iéna.
Arco de Triunfo que espera o desfile de nós os insurrectos da Terra.
“Á miña amiga María Bertorini, nativa do País de Gales”, Rosalía.
Xardín de San Carlos, que se foda Moore.
Templo da Franxa, Café de La Esperanza, Castelo de Santo Antón.
Sinforiano López, enforcado.
Díaz Porlier, traizoado polos seus na Ponte de Sigoeiro
e pendurado do pescozo até morrer en público, 1815.
Pedro Agar, morto en combate.
As barbas de Pastor Horta aseméllanse ás de Don Casto
pro non son en absoluto heroicas.

Logo, Señores, a noticia:

Sobre a Coruña cae o felón Morillo cos xabardos do Duque de Angulema copiosamente abenzoados polo Papa de Roma.

Mesmo os leiróns e as cascudas fuxiron da Coruña esborrallada.

Foron, Señores, corenta días e corenta noites de bombardeo.

Houbo María Pita rediviva que a Historia non menciona.

E alí o estaba Pedro Méndez Vigo cos ollos postos en *Liberté*, que non daba chegado.

Véxoo cunha vendaxe suxa a lle cubrir a ferida da testa, a Don Pedro.

Até que o vello farmacéutico Chao tomou medidas en Ribadavia.

E a bomba que lle levou a Eguía a man dereita e mais tres dedos da esquerda,

lástima.

As Chozas da Carbonaría, as Loxas da Masonaría Simbólica.

O furierismo nacional galego.

Baldomero Brandón e Elices, da Casa de Diabelle, Couto Mixto ou

Místico:

el cae agora cun cacho de metralla nos miolos, Luchana.

Simultaneamente, Juan Manuel Bedoya ergue o manteo até os ollos

por non ver a danza do Bispo Iglesias Lago sobre os honrados sepulcros ideais.

Vei como se achega o socialismo utópico; arelai a República Cantonal.

E o labrego gordo e contribuínte censatario reza á noite o rosario, en familia e cos criados nos que se inclúe Balbinos.

Avendaño pintaba decorados para Verdi.

E Galicia comeza a aprender de novo o propio nome,

que ser segue sendo palabra aceda. Aínda que un día

dirá alguén como se dixo no Banquete de Conxo e para sempre:

“A espiral desenvolvéndose”. Con outras palabras:

“Ya rompe nuestra aurora y centellea”.

Vilanova dos Infantes, xuño 2007

THE UNIVERSITY OF CHICAGO PRESS

THE UNIVERSITY OF CHICAGO PRESS
1207 EAST 58TH STREET
CHICAGO, ILLINOIS 60637
TEL: 773-709-3200
WWW.UCHICAGO.PRESS.EDU

THE UNIVERSITY OF CHICAGO PRESS
1207 EAST 58TH STREET
CHICAGO, ILLINOIS 60637
TEL: 773-709-3200
WWW.UCHICAGO.PRESS.EDU

Poesía e cosmovisión

LUZ POZO GARZA
Real Academia Galega

Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández,
Presidente da Real Academia Galega.
Sempre en Galicia

O poeta comparte o enigma do universo. Forma parte da súa inmensidade e da súa ordenación. Jung confesa admiración e asombro diante dos abismos e cumios da alma, da súa natureza inespacial dunha cantidade mesmo infinita de imaxes acumuladas organicamente a través de millóns de anos de evolución. A impresión que a Jung lle produce a alma humana é semellante á visión dunha noite estrelada pois o equivalente do mundo interno só se atopa no mundo externo: se acado o meu mundo a través do *medium* do corpo –di o filósofo– acadarei así mesmo o mundo cósmico polo *medium* da alma.

“Cosmos”, xa se sabe, significa orde do universo fronte a “Caos”. De aí, penso eu, que o artista sinta a imperiosa necesidade de construír a obra a partir da propia cosmovisión integral da realidade que acada por sentidos, afectividade e concepto. O poeta necesita da contemplación como ben sabían os místicos. Así o subliña o Valle-Inclán da *Lámpara maravillosa*, que se acende para coñecer a Beleza. A mesma que se ilumina para descubrir a Deus e ser iluminados pola Graza. Camiñar sobre unha liña de luz na indagación poética, como Valente, e amencer antes da aurora na noite escura da alma. Con paradoxos, que invalidan a lei lóxica da equipotencia e propician a intuición nunha mensaxe ambigua e autorreflexiva, para unha representación particular do obxecto. A linguaxe poética se non é auroral, non é. Primeira palabra de Paraíso. Verbo adámico xa quizais mordido pola serpe. Todo dentro dun ritmo estético transgredido, do que falan os estetas rusos. A experiencia dínos que un ritmo, constantemente sostido na propia ordenación, perde relevancia e mesmo chega a anular certos elementos da mensaxe...

Borges comparte as ideas que Valéry formulara nos anos trinta: a historia da literatura tería que ser, non a historia persoal do escritor senón a historia do espírito humano. Non sería, pois, preciso nomear a ningún autor polo nome neste concerto comunitario que, evidentemente, apreciamos excesivo. Nun tempo atrevínme a dicir, lembrando a León Felipe, que toda a poesía do mundo podería ser un único poema. O que imaxinamos moi fermoso sen omitir identidades. Dixen: “o que varía é a luz”, ou sexa a *cosmovisión* e a inspiración. Así andaríamos nunha ladaíña de verbas para engadir unha faísca máis á claridade total. Levamos un vaso aceso na man como ofrenda. Lampadiña comunicante. Distinta, pero idéntica na unidade eterna. Coincidente nesa inmensidade interior da que fala Gaston Bachelard. Da que xa falaba Jung cando descobre que o inconsciente é todo menos un sistema persoal illado. “Eu son o obxecto de todos os suxeitos nunha inversión total da miña conciencia habitual”.

A ciencia afirma e confirma a unidade cósmica e declara a unicidade de feito, pola que non hai suxeitos idénticos. Tamén a unicidade metafísica dos seres espirituais puros. Francis Thomson escribe algo fermosísimo sobre a relación das cousas ocultamente ligadas entre si: “non podes arrincar unha flor sen perturbar as estrelas”. Ao profesor amado, Carl Sagan, téñolle escoitado este delicado pensamento cando remataba as leccións sobre os avatares do cosmos. E subliñaba aquelas palabras que nos identifican co ceo: “Somos po de estrelas”. Desta unidade creadora que vai do po estelar ata Sócrates, o Buda Sakia-Muni e Cristo, a través de millóns de tempos que parecen marear o noso entendemento continxente, limitado, quedanos a brevidade milenaria de Lao Tse: “O Tao enxendra o UN. Despois vén todo o demais”. Quedanos a vía da salvación. Quedanos a intuición da inmortalidade. Para moitos, o concepto poético da transmigración do karma. Borges fala dunha pasaxe de Empédocles de Agrigento nunha anagnórise existencial prolongada: “Fun doncela, fun un ramallo, fun un cervo e fun un peixe mudo que xorde do mar”. Borges aclara que César atribuíu esta doutrina aos druídas.

E velaquí que nós podemos comprobar esa atribución, feita por César á doutrina de Empédocles, á súa orixe druídica. Vémolo *no Leabhar Ghabhala, O libro das invasións*, edición de Ramón Sainero. Trátase do manuscrito do século XII escrito en gaélico irlandés sobre as ondas invasoras que a misteriosa terra irlandesa houbo de soportar en tempos recuados: os primitivos milesios, fillos do lendario Breogán, entre os que destaca o sabio poeta Amirgin. Eduardo Moreiras incorporouno ás páxinas de *Nordés* desde Douglas Hyde: versión inglesa do Libro de Leinster Mística da unidade cósmica:

Eu son o vento que esbara na mar
Eu son a onda da mar..

Desde Jean Markale, versión francesa do gaélico, levei ao libro *Ondads do mar de Vigo*, en 1996, esas palabras máxicas, na mesma liña de Eduardo Moreiras. O ser na identidade dos seres:

Eu son o boi dos sete combates
 eu son a ave de presa sobre o cantil...

Despois inicié un seguimento da rendibilidade estilística do texto, enfatizando o *pattern* do inicio EU SON. Está en Bécquer ("Yo soy ardiente, yo soy morena, / yo soy el símbolo de la pasión"), onde Bousño descobre a "ruptura del sistema de lo psicológicamente esperado" nunha estrofa visionaria.

Está o *pattern* inicial en Gerardo Diego: "Ángel de Lluvia" de *Ángeles de Compostela* ("Yo soy la paz del Apóstol Santiago, / yo soy el ángel, la nube que anega"). Está moi reiteradamente en Álvaro Cunqueiro, que estudei especialmente en *Álvaro Cunqueiro e "Herba aquí ou acola"* (1991) ("Eu son Edipo", "Eu son Danae", "Eu son Paltiel", "Eu son Dagha"). Ten dito Cunqueiro que arrastra con el moita xente antiga que coñece cando a encadea na fábula.

Vimos ideas compartidas no enigma do universo poético. Hai unha tradición soterrada e outra tradición circundante. Hai en cada artista un pulo de enerxía potencial e cinética, fonte de orixinalidade. Non é posible apropiarse a *cosmovisión* estraña, que non só se incorpora coa fala, senón que se integra na existencia desde a primeira infancia. A realidade espiritual decisivamente ten moito que ver. A capacidade receptiva. A xenética... O poeta ao longo da vida, modifica ou cambia a *cosmovisión* anterior. A poesía de Rosalía foi excesivamente asediada pola crítica que entrou a saco na súa biografía. Ela, sempre ensoñando sombras. Ás veces transitando entre tumbas, imaxina a ánima materna vagando por esferas anteriores á gloria. Ás veces, invocando os espíritos benéficos:

siempre allí, cuando evoco mis sombras
 o las llamo, respóndenme y vienen.

Otero Pedrayo describe a súa *Rosalía* dramática entre sombras discretas, interrogantes: fala a *Sombra*: "¿Que imos ser se ti nos deixas?"

O médico poeta Luís Pimentel bateu coas sombras en contendas pluais nas que, directa ou indirectamente, aludía a Rosalía.

Un dos máis emblemáticos asaltos revélase neste poema, cuxo título resume o tema: "Quero cantar sin gaita", contén munición deste calibre:

"Xa queimei os meus farrapos / en Compostela."
 "¿A quen poido decirlle / sé duro impracable cos mortos?"
 "(Campanas de Bastabales, / de Anllóns...lonxe; / torres na brétema)"
 "ela [...] ¡boneca de sombras!"
 "¿Qué enterro camina / tralo horizonte?"

Hai un poema estrela que supera todos os deste tipo. Foi admirado por Dámaso Alonso e aparece en castelán en *Barco sin luces*:

A ROSALÍA DE CASTRO

*No lloréis más.
Ella lloró por todos y para siempre.
Callemos.*

Yo te veo así:
crespones en las estrellas,
ojos abiertos de niños muertos
clavados en la sala del pazo.

Callemos.

En los rincones se encendieron los altares del silencio.
Lluvia de flores de estameña, en los tristes pasillos.
Con tu boca torcida,
llamas a muertos y naufragos desde la solana,
entre brétema y tarde infinita.

Delantal de camposanto y campanas entre mar y niebla.
Barco muerto y negro en el camino,
pómulos amarillos, deformes por el dolor.

Balcón nunca abierto, lleno de pájaros muertos y hojas secas,
manos entre mirto y luna
bajo el agua verde del estanque.

¿Qué haces en la tarde que está siempre muriendo,
O en la noche que nunca se termina?
Sin cuerpo ni traje ni ruido.

Corona de sombras, música de pianos enlutados.

(Llueve sobre las rosas y sobre la escalinata del pazo).

No libro *A bordo de Barco sin Luces* (1990), ou o mundo poético de Luis Pimentel, no capítulo "Refuga-las sombras", poño unha cita do autor lucense onde confesa o seu compromiso de poeta destinado a combater as galopadas da sombra:

Eu son o poeta *alexido* (o subliñado é meu)
 para fustigar, facer fuxir
 os misteriosos cabalos de sombra

A actitude de Pimentel non admite dúbida. Eríxese en árbitro polo poder que lle confire a defensa da nova estética. No fermoso poema que amaba Dámaso Alonso, hai un enérxico rexeitamento do choro galaico –“No lloreis más”– pois xa *Rosalía tiña esgotada a linguaxe estética do pranto*. Todo o que segue confirma este aserto, pero o censor constrúe o texto en clave simbolista –“suxerir, non nomear”, pedía Mallarmé–. A visión rosaliana preséntasenos, se ennobrecida, non menos analizada en pormenores, de relevancia obsoleta, en relación con outros tempos, sen actual vixencia: existencia enloitada pola morte; comunicación co alén; voces fúnebres; escuridade e mágoa; degradación física da cantora por tanta dor, aflicción e penar –“boca torcida”: “pómulos amarillos”– estancias pechadas á luz; invocación sibilina dos mortos e chamadas aos naufragos desde a solaina do pazo ... *son opostas cosmovisións as de Rosalía e Pimentel*.

Lembrarse que Rosalía é plurivisionaria. Carballo Calero afirma que hai nela tres poetas: o de *Cantares*, o de *Follas Novas*, o de *En las orillas del Sar*. García-Sabell: Rosalía é unpoeta metafísico.

En fin, a censura múltiple de Rosalía por Pimentel non escusa a grandísima admiración e o amor pola primordial Nai de Galicia: Mais Pimentel, como Manuel Antonio, proclama o novo ideario de Giner de los Ríos en palabras de Antonio Machado, o poeta máis universal da Institución Libre. A nova *cosmovisión* –do MÁIS ALÁ de Manuel Antonio– enrola ó noso Pimentel. Antonio Machado recoñécese. Non poetiza, edifica para o século XX:

Vivid, la vida sigue,
 los muertos mueren y las sombras pasan,
 lleva quien deja y vive el que ha vivido.
 ¡Yunques, sonad: enmudeced, campanas!

Diálogo

HELENA VILLAR JANEIRO
Consello da Cultura Galega

A vida, devagar,
leva-nos tudo,
e deixa-nos na boca o gosto de ser mudo.
Miguel Torga

Se a poeta pregunta
quen gardou en sartego de granito
a Ioan das Estivadas nunha igrexa de Noia,
quen lle labrou a estética almofada
que lle sostivo a morte
mentres tanto o seu corpo conseguiu ser tan duro como a pedra
e onde está Ioan cos seus inmortais soños,

o historiador quizabes me responda,
despois de ter loitado coa mudez,
de destecer as fiañas do tempo cunha luz que é nocturna a calquera hora,
de visitar cos dedos a alma do papel,
de convencer as pedras de que falen
e de esculcar os signos máis ocultos nas ocultas searas,
que Ioan das Estivadas e os seus soños,
quen lle gardou a morte no sartego dunha igrexa de Noia
e quen labrou a estética almofada
quedaron nas palabras que conservamos.

1910


...

...

...

...

Este libro,
A patria enteira. Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández,
que promoven e coeditan o Consello da Cultura Galega,
a Real Academia Galega
e a Universidade de Santiago de Compostela,
saíu do prelo nos obradoiros da
Imprenta Universitaria
en Compostela o 23 de abril de 2008,
festividade de san Xurxo e Día do Libro



Sobre o fondo, a ribeira ben amada
nesta terra de agardas e beleza,
cunha historia ferida de incerteza
e o loitar pola lingua acurralada.

Voz tronante dende o alto proxectada
cara ó ensino de xestas e braveza,
ampla face -espello de nobreza-
e a sabenza nos libros consagrada.

Un vivir xeneroso e destemido
baixo o ondear amoroso da bandeira
que clama por un pobo redimido.

Con Beatriz e con Álvaro á beira,
sente o ser da nación a el fundido
e acolle na súa alma a patria enteira.

Salvador García-Bodaño



COLECCIÓN HOMENAXES



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA




USC

UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

A PATRIA ENTEIRA

Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández



HOMENAXES



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA



U SC

UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA